

Tomo I

**PARLAMENTARIOS  
DE GALICIA**

**BIOGRAFÍAS DE DEPUTADOS  
E SENADORES (1810 - 2003)**


Parlamento de Galicia  
Real Academia Galega

Blank handwriting practice page with a grid of dashed lines and a central column of dots for tracing.

86 43226 - J














# PARLAMENTARIOS DE GALICIA

BIOGRAFÍAS DE DEPUTADOS  
E SENADORES (1810 - 2003)



R. 16026

Publicacions de RAB, 2003



PARLAMENTARIOS

DE GALICIA

BOLETÍN DE LEGISLACIÓN

DE GALICIA (BOLEG)

PARLAMENTARIOS  
DE GALICIA

# PARLAMENTARIOS DE GALICIA

BIOGRAFÍAS DE DEPUTADOS  
E SENADORES (1810 - 2003)

Coordenador Xeral:

Xosé R. Barreiro Fernández

2ª Edición, correxida e aumentada

PARLAMENTO DE GALICIA E REAL ACADEMIA GALEGA  
Santiago de Compostela 2003



# PARLAMENTARIOS DE GALICIA

## BIOGRAFIAS DE DEPUTADOS E SENADORES (1810 - 2003)

Coordinador  
Xosé A. Barreiro Fernández

Editorial Galaxia

PARLAMENTO DE GALICIA E REAL ACADEMIA GALICIA  
Consejo de Cultura 1995



ÍNDICE

PARLAMENTARIOS DE GALICIA

# PARLAMENTARIOS DE GALICIA

## BIOGRAFÍAS DE DEPUTADOS E SENADORES (1810 - 2003)

Investigadores e Redactores do texto:

Xosé R. Barreiro Fernández

Beatriz López Morán

Xosé Luis Mínguez Goyanes

Investigadores:

María Xesús Souto Blanco

Xosé M. Amado López

PARLAMENTO DE GALICIA E REAL ACADEMIA GALEGA  
Santiago de Compostela 2003

PARLAMENTARIOS  
DE GALICIA

BIOGRAFÍAS DE DEPUTADOS  
(2002)

© Xosé R. Barreiro Fernández  
Beatriz López Morán  
Xosé Luis Mínguez Goyanes

REVISIÓN LINGÜÍSTICA  
VOLUME I

Carme Cambre García  
Xosé Luis Martínez Allegue  
M<sup>a</sup> Dolores Sánchez Palomino  
M<sup>a</sup> Dolores Sánchez Vales

VOLUME II  
Purificación Toba Quintáns

EDITA

Parlamento de Galicia  
Real Academia Galega

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Brétema Comunicación

IMPRIME

Sertrico, S.L. A Coruña

ISBN

Tomo I: 84-87987-25-7

Tomo II: 84-87897-26-5

O.C.: 84-87987-27-3

DEPÓSITO LEGAL

C-1847-2003

# ÍNDICE

PRESENTACIÓN

José María García Leira

## PARLAMENTARIOS DE GALICIA

BIOGRAFÍAS DE DEPUTADOS  
E SENADORES (1810 - 2003)

### TOMO I

---

- 11      Presentación do Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia  
         José María García Leira
- 13      Presentación do Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega  
         Francisco Fernández del Riego
- 15      Introducción Xeral  
         Xosé R. Barreiro Fernández
- 23      Deputados e Senadores de Galicia 1810 - 1923



# INDICE

## PARLAMENTARIOS DE GALICIA

BOGARAS DE DEPUTADOS  
E SENADORES (1980 - 2003)

		1
		TOMO I
11	1980 - 1984	
13	1984 - 1988	
15	1988 - 1992	
23	1992 - 1996	
25	1996 - 2000	
27	2000 - 2003	

## PRESENTACIÓN

**José María García Leira**

EXCMO. SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

O Parlamento de Galicia asinou, no seu día, un convenio de colaboración coa Real Academia Galega, co fin de publicar un libro no que apareceran as biografías de tódolos parlamentarios galegos que houbo entre os anos 1810 e 2003, tanto os das Cortes Xerais, Congreso dos Deputados e do Senado, incluídos os procuradores da época non democrática, coma dos deputados do Parlamento de Galicia.

Esta publicación é o resultado dunha investigación exhaustiva, dirixida e coordinada polo académico e catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, don Xosé Ramón Barreiro Fernández, na que foi necesario utilizar numerosos arquivos, o mesmo centrais como galegos, sendo especialmente investigados os das Cortes, do Senado, do Histórico Nacional, das deputacións provinciais galegas, arquivos municipais, do Reino de Galicia, etc.



Entendemos que esta publicación supera as outras do mesmo tipo, xa que logo abrangue un período moi longo que se inicia coas Cortes de Cádiz e se remata na presente lexislatura, tanto das Cortes Xerais coma do Parlamento de Galicia, e ó través das máis de 2.000 fichas biográficas dos parlamentarios de casa dous séculos, pódese facer o seguimento e a evolución histórica do noso parlamentarismo.

Este libro publícase neste ano 2001 en que estamos a celebrar o vixésimo aniversario da aprobación do Estatuto de Autonomía para Galicia de 1981 e, polo tanto, vén a engadir un fito máis na exaltación desta efeméride tan salientable da nosa autonomía e que o Parlamento de Galicia está a conmemorar coa solemnidade que lle corresponde.

Por outra parte a edición deste excelente traballo, que se ocupa dun tema puramente biográfico, ata agora só abordado para exemplos illados, faise neste caso de forma sistémica e total, co que se ocupa un baleiro existente no campo de coñece-



## PARLAMENTARIOS GALEGOS NA HISTORIA

**Francisco Fernández del Riego**

EXCMO. SR. PRESIDENTE DA REAL ACADEMIA GALEGA

Ofrécese nesta obra, por vez primeira na nosa historia, un estudio pormenorizado dos parlamentarios que representaron a Galicia durante o longo período que vai do ano 1810 ó 2003. Neste tomo inicial trázanse as biografías dos deputados e senadores galegos que exerceron as súas funcións como tales entre 1810 e 1823. O que lle ha suceder ocuparase das correspondentes ós persoeiros da chamada Asamblea Nacional de Primo de Rivera, ós deputados da República, ós Procuradores da época franquista, ós que, despois da restauración democrática, viñeron actuando co Congreso e no Senado de Madrid, así como no Parlamento Galego.



Botábase de falta na nosa bibliografía un traballo que tratase polo miúdo e de cheo, o proceso histórico da actividade desenvolvida por parlamentarios galegos ó longo das diversas lexislaturas. Por iniciativa de Real Academia Galega a través da súa Sección de Historia, o Presidente e a mesa do Parlamento de Galicia, resolveron propiciar a edición da obra investigadora. Este é o primeiro volume, que acaba de saír do prelo. Obedece a un propósito de densidade e rigor na súa elaboración. Aséntase nun dobre designio: Por unha banda, tenta ser unha realización histórica da paisaxe política protagonizada, nas diversas etapas, por representantes do noso país. Pola outra, a traducción das características problemáticas que as singularizaron. En calquera caso, trátase dun estudio vivo, ben documentado, referido ó mundo lexislativo fóra e dentro de Galicia.

A autoría do proxecto débese ó catedrático de Historia Contemporánea e membro directivo da Academia Sr. Barreiro Fernández. Foi el tamén que dirixiu o equipo de traballo, integrado por cinco historiadores cualificados. Todos eles, apoiándose en fatigosas esculcas documentais, colaboraron na non doada empresa. Rescataron, en boa parte do anonimato, case dous mil nomes de políticos que representaron a Galicia nas diferentes estancias parlamentarias.

Este de agora, e o volume que lle seguirá, constituén un estudioso ortodoxo, escrito segundo os cánones establecidos na actualidade para tales traballos.

Quere dicirse que os investigadores coñecen a fondo o seu mester. E que non relearon esforzos para fornecer unha visión moderna, sistemática, da cuestión tratada. En primeiro termo, porque nos ilustran axeitadamente sobre unha realidade histórica. En segundo lugar, porque abrangueron a súa laboría cun espírito de verdadeiro rigor científico, afastado de toda posible facilidade de improvisación.

O Arquivo Universitario de Santiago, os Históricos provinciais e, principalmente, o magnífico do Reino de Galicia, foron minuciosamente examinados polos investigadores. En moitas ocasións bateron coa insuficiencia de información, sobre todo no tocante a datos fundamentais de carácter etopeico e prosopográfico. Pero a longa e delongada pescuda, atinxiron o obxectivo dunha información básica da que se carecía. A metodoloxía empregada tivo que variar obrigadamente segundo os casos.

Cabe salientar, en definitiva, que a obra marca un fito no coñecemento da vida política que, durante os séculos XIX e XX, protagonizaron parlamentarios galegos. Revela un aporte, sen dúbida de grande interese, seriamente documentado. As súas páxinas ofrecen un innegable proveito. Despois de as ler, un sabe moitísimo máis sobre a verdadeira realidade do tema. Froito dun profundo traballo de pescuda, o seu contido amósase exposto nun estilo preciso, que cadra compridamente coas características da obra.

## INTRODUCCIÓN XERAL

No ano 1997 a Real Academia Galega, a través da súa sección de Historia, formulou ó Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia unha proposta de investigación para elabora-la biografía dos deputados e senadores que representaron a Galicia, respectivamente nas Cortes e no Senado, desde 1810, ano de apertura das primeiras Cortes da España contemporánea, ata a actualidade.

Durante case que catro anos, desde que o Parlamento, logo de reflexiva decisión, acordou patrocinar este proxecto, un equipo de historiadores baixo a dirección do profesor Xosé R. Barreiro, traballou afanosamente nesta obra

Os referentes inmediatos da mesma, xa concluídos e publicados actualmente - *Diccionario de los Parlamentarios de Vasconia* (1808-1876) e o *Diccionario Biográfico de los Parlamentarios de Castilla y León* (1876-1923)- máis limitados cronoloxicamente, non fan senón subliñar a envergadura e a excepcionalidade do noso traballo. Entre outras razóns, porque o noso horizonte é máis ambicioso xa que pretende trazar o perfil biográfico de tódolos deputados e senadores dos séculos XIX e XX no Congreso, Senado e Parlamento de Galicia, engadindo ademais ós representantes da chamada Asemblea Nacional de Primo de Rivera e ós procuradores en Cortes da época franquista. Non se pretende, naturalmente, lexitimar a posteriori nin a representatividade nin o réxime ó que serviron, senón ofrecer ó lector unha nómina das persoas que, con mellor ou peor fortuna, prestaron un servizo ó país.

Hai que aclarar que o traballo se refire ás persoas que representaron ás circunscricións de Galicia. Quedan polo tanto excluídos aqueles galegos que representaron a outras circunscricións ou que foron parlamentarios por outros conceptos.

A ambición do proxecto que recolle máis de 2.000 nomes, obrigounos necesariamente a reduplica-los esforzos para intentar supera-las constantes dificultades que atopamos no curso da investigación. E queremos facer especial fincapé nos escollos e no conseguinte esforzo para superalos porque soamente así poderemos acadar-la comprensión do lector ante as posibles limitacións que toda obra desta natureza comporta.

Ben é verdade que o traballo que presentamos, aínda sen pretender que nos sirvan de escudo protector, tivo que salvar unha serie de dificultades históricas arraigadas na nosa tradición cultural.

En primeiro lugar, quixéramos sinalar a escasa atención que se lle prestou na cultura hispánica ós distintos xéneros testemuñais, xa sexan de expresión subxectiva (confesión, diario, memoria, autobiografía) ou obxectiva (biografía, ensaio, etc.). Esta carencia proverbial de escritos memorialistas parece acentuarse desde o século XIX, cando o liberalismo varreu o sistema político do Antigo Réxime e deu preferencia, como base de selección para os gobernantes, ó mérito persoal e non ás virtudes herdadas da



nobreza. Co liberalismo, en efecto, desapareceu aquela xenerosa floración de nobiliarios nos que, correcta ou incorrectamente, con estudiado interese, se ensartaban as xineas familiares. Desde o século XVI Galicia foi pródiga en nobiliarios, nos que aínda hoxe se mergullan xenealoxistas, e mesmo intrépidos historiadores, na procura de datos e títulos que rescatar.

Pero o liberalismo que, como filosofía moral, sempre fomentou o individualismo como motor da historia, en contra do socialismo colectivista, non foi quen de salvagardar do esquecemento ós seus propios nomes. Non debe ser alleo a este proceso a vontade de distanciamento do liberalismo con respecto á "cultura nobiliar" anterior, tan importante para a aristocracia e que para a burguesía non constituía máis que un certo prestixio social que non afectaba directamente ós seus intereses.

Acusouse, curiosamente, á historiografía liberal de concentrarse na vida política e militar como se ambas foran o eixo central do Estado. Parece evidente, para os lectores de Pirla ou Modesto Lafuente, que Coroa, Exército e Política constitúen a bisagra articuladora do proceso histórico español do século XIX. Pero este aserto da historiografía liberal, aparentemente favorecedor da divulgación da vida dos próceres da política, limita as referencias individuais a unha elite de notables, que constitúen a "vis histórica" do Estado (os Reis, Espartero, Narváez O'Donnell, Serrano e Prim) ós que habería que engadir os líderes indiscutidos do parlamentarismo español (Olózaga, Argüelles, Mendizábal, Castelar, Posada, González Bravo, Martos, etc.). Esta visión oligárquica, paradoxalmente, posibilita que estes grandes nomes proxecten sombras e penumbras sobre a gran maioría dos restantes políticos, actores secundarios que a penas teñen acceso ó escenario público.

Esta situación explica a escasa presenza dos políticos no campo da biografía, protagonizada por escritores, actores, periodistas e dignidades eclesiásticas ó longo do século XIX. Non cambia o panorama co exercicio adulatorio da obra de Sánchez de los Santos e de Pedro E. Tébar nin co interese satírico das obras de Martínez de Villergas ou de Segovia.

Resulta aínda máis sorprendente o panorama español, neste senso, se botamos unha ollada polo resto dos países europeos onde os repertorios biográficos de políticos abundan ó longo deste proceso histórico. En Inglaterra, por exemplo, xa no ano 1747 se iniciou a edición do primeiro diccionario biográfico en sete volumes, proseguido no século XIX por Chalmers co seu *The General Biographical Dictionary*. A maior abundamento, ademais doutros dictionarios biográficos coma o que comeza no ano 1917 a Universidade de Oxford, no ano 1964 iniciouse a publicación da monumental *The History of Parliament* que aínda prosegue.

Se pasamos a Francia, abonda con mencionar os 84 volumes da *Biographie Universelle*, publicada entre 1810 e 1855, ademais doutros grandes dictionarios, para debuxar un rico panorama da biografía. Durante o século XIX tanto en Alemaña, que publica un diccionario en 45 volumes, en Bélxica que aparece outra obra similar en 28 volumes, en Austria e outras nacións ocupan o xénero biográfico e os políticos en particular un lugar destacado, que non decae tampouco no século XX.

En España temos que agardar a 1908 para ver o comezo da publicación da *Enciclopedia Universal Europeo-Americana*, magna obra máis coñecida popularmente como Espasa, que segue a ampliarse na actualidade. Sen embargo, como diccionario biográfico de políticos ten soamente un relativo valor pola escasa información que proporciona.

Se observámo-lo caso de Galicia o baleiro deste tipo de estudos é aínda máis notorio, a penas paliado polo esforzo realizado pola *Gran Enciclopedia Gallega*, que permiti rescatar algúns nomes do silencio pero, quizais porque se carecía dunha investigación básica ou polo carácter dominante naquel momento dunha cultura social máis ca individual, a nómina dos deputados galegos é escasa e non representa nin o 15% dos que figuran na nosa obra.

Outro factor sen dúbida determinante e con notable incidencia na nosa penuria cultural no eido dos estudos biográficos é a deficiente organización das fontes documentais e as dificultades que presentan estas para o seu manexo. En non poucas ocasións os arquivos centrais non son máis que inmensos almacéns de papeis encarpetados que levan un título sen a menor correspondencia cos contidos. Para realiza-lo tipo de traballo que presentamos, o sentido común parece guíanos ós arquivos das Cortes e do Senado onde deberían figurar cunha certa organización cronolóxica os nomes obxecto de investigación. Certamente é imprescindible atender esta fonte documental pero non é menos certa a decepción que produce comproba-la insuficiencia de información para tecer doadamente unha semblanza biográfica aceptable.

Resultounos, sen embargo, de gran utilidade a información procedente do ben organizado Arquivo Universitario de Santiago, na sección de Expedientes Persoais, a pesar de que o seu ficheiro está limitado ós deputados que estudaron nesta Universidade. Foron, así mesmo, de gran axuda para a nosa investigación as consultas libradas nos arquivos históricos provinciais e das correspondentes deputacións e, moi especialmente, no magnífico Arquivo do Reino de Galicia. Menos fructíferas resultaron as consultas nos arquivos municipais que, excepción feita dos das capitais, incluída a antiga Betanzos, non superaron as deficiencias xeradas polos traslados constantes, pola dispersión dos fondos, a escasa dispoñibilidade para o investigador, sen esquecer outros notorios inimigos seculares como o lume e a incuria.

Por último, no noso repaso xustificativo das ausencias biográficas e memorialistas da nosa cultura non podemos menos que aludir ás carencias da historia local galega. Non poderíamos chegar a esta conclusión se contemplámo-lo proceso desde un plano exclusivamente cuantitativo onde podemos catalogar máis de cento cincuenta monografías; pero si se o ángulo de observación inclúe aspectos cualitativos.

De contado notamos que as devanditas monografías, orientadas cara o pasado, deteñen a información nas portas da historia contemporánea. Este criterio excluínte, que informa á totalidade dos estudos locais, é ben patente na obra de dous recoñecidos autores como son Couceiro Freijomil (*Historia de Puentedeume*) e o P. Eiján (*Historia de Ribadavia*). Inútil que pescudemos nestas dúas obras, case que canónicas neste tipo de estudos, información política contemporánea a pesar da tradición das

vilas historiadas que, ademais, foron ó longo dos séculos XIX e XX capitais de distritos electorais. Descoñecemos as razóns concretas de tal silencio como non sexa a participación dos autores destas obras no subconsciente colectivo, moi xeneralizado nese momento, de que a política dividía, creaba afinidades e grupos diversos e, por conseguinte, era algo pouco recomendable moralmente.

Os eruditos locais que, cando traballan cunha metodoloxía axeitada ós seus coñecementos son uns extraordinarios colaboradores do historiador, non se decatan que cando prescinden dos aspectos políticos, están a mutilar a vida social da súa vila ou comarca. Soamente as fontes hemerográficas, tan ricas no mundo rural e local, compensaron as deficiencias da historiografía local.

A pretensión de elaborar unha semblanza individual de cada deputado e senador na que constaran os datos fundamentais de carácter etopéico e prosopográfico –lugar de nacemento, estudos, profesión, situación económica, vida familiar e intelectual– resultou un obxectivo imposible en non poucos casos. Despois dun exhaustivo percorrido polas fontes documentais sinaladas, sen obviar informacións privadas e ata familiares, non foi posible iluminar e ilustrar determinados nomes dalgúns deputados e senadores que se resisten a mostrar a súa identidade. Tal sucede noutros traballos similares ó noso.

Polo que respecta á metodoloxía que informou a nosa investigación, destacamos en primeiro lugar a filiación política e mesmo partidista de cada deputado e senador. No caso daqueles representantes que mantiveron a súa representación durante varios anos, ó longo de varias lexislaturas, permitiéronos facer unha valoración da súa traxectoria política, facilitada na medida en que o distanciamento temporal foi decantando os méritos correspondentes. Pero a partir de 1923 as semblanzas adoptan criterios máis obxectivos e distanciados, limitándonos a consigna-los cargos obtidos e actuacións máis importantes que protagonizaron. Este criterio queda moito máis marcado no perfil dos deputados e senadores máis recentes.

Para alixeira-lo texto, prescindimos de referencias arquivísticas, hemerográficas e bibliográficas, que se consignarán coa correspondente bibliografía no segundo volume.

É habitual na metodoloxía deste tipo de traballos que a información se limite estritamente ó campo biográfico. Sen embargo, e para unha mellor comprensión das traxectorias vitais correspondentes, pareceunos importante incluír no segundo tomo unha serie de anexos complementarios, de gran interese por canto facilitarán a consulta da obra. No primeiro anexo expoñemos de xeito pormenorizado a relación de tódalas lexislaturas e de tódolos deputados e senadores que obtiveron escano nas mesmas. No segundo anexo proporcionamos ó lector noticia dos cambios electorais experimentados ó longo de todo o período estudado: supresión de distritos, creación doutros, etc.

Pareceunos imprescindible, por último, para o período da Segunda República e para a actual etapa constitucional e estatutaria, engadí-las adscricións partidarias dos deputados e senadores. Para os períodos anteriores obxecto de estudo (1808-1923)



non sempre ten utilidade consignar este dato debido ós constantes cambios e bandazos experimentados polos deputados ó longo da súa vida parlamentaria. Aínda así, sempre que foi posible fixar a súa adscrición partidista, facémola constar no corpo do texto.

Hai que indicar tamén que no segundo volume, é dicir o correspondente ós representantes galegos máis recentes, empregouse en ocasións o recurso ós testemuños dos propios protagonistas ou dos seus descendentes. En ocasións este recurso foi clave para poder completa-lo seu perfil biográfico. Recurriuse tamén ás veces á información que proporcionan as novas tecnoloxías, metodoloxía que cada vez está a empregarse máis polos historiadores.

Para realizar este traballo formamos un equipo de cinco historiadores, catro doutores e un licenciado en Historia. A redacción do proxecto e a dirección xeral do mesmo corresponde a Xosé R. Barreiro Fernández, catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago e hoxe Presidente da Real Academia Galega.

Colaboraron así mesmo a doutora en Historia Beatriz López Morán, catedrática de Historia no Instituto Rafael Dieste da Coruña; Xosé Luís Mínguez Goyanes, doutor en Historia e funcionario da Comunidade Galega que na actualidade desenvolve o cargo de Vicesecretario Xeral da Universidade da Coruña; María Xesús Souto, doutora en Historia e profesora da Universidade de Santiago e, finalmente, Xosé Amado López, licenciado en Historia.

Os cinco membros citados colaboraron na investigación e só tres deles participaron ademais na redacción definitiva do texto: Xosé R. Barreiro Fernández e Beatriz López Morán ocupáronse das biografías dos parlamentarios galegos desde 1810 ata 1923 e Xosé Luís Mínguez Goyanes desde 1923 ata hoxe.

#### Coda

O traballo que presentamos, resultado dunha longa e demorada investigación, non pretende outra cousa que ofrecer ó gran público as biografías daqueles que mereceron a honra de nos representar politicamente. Pero creemos que tamén os historiadores en xeral, os investigadores da ciencia política e da socioloxía histórica atoparán neste libro unha información básica da que se carecía, para poder afondar noutros aspectos e servir de punto de partida a novas investigacións. Precisamente porque somos conscientes das limitacións do noso traballo invitamos a tódolos lectores, segundo amable recomendación de Castelao noutra ocasión semellante, a que o perfeccionen e melloren coa súa crítica.

Exhumar e rescatar do anonimato máis de dous mil nomes de políticos que representaron a Galicia nas distintas instancias parlamentarias, foi un esforzo grande, pero estamos convencidos, e sentímonos gratificados por esto, de que tamén fixemos un labor patriótico ó servizo da grandeza de Galicia.

### Agradecementos

En primeiro lugar, ó Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia, Xosé M<sup>a</sup>. García Leira e ós restantes membros da Mesa do Parlamento, D. Miguel Santalices Vieira, D. Bautista Álvarez Domínguez, D. Juan Pedrosa Vicente e D. Miguel Cortizo Nieto. Hai que suñiar tamén o apoio do persoal administrativo do Parlamento e singularmente do seu oficial maior, D. Xosé Ramón Cólera Leirado.

En segundo lugar, ó que foi Presidente da Real Academia Galega, o Excmo. Sr. D. Francisco Fernández del Riego, que apoiou tamén o proxecto coa súa indiscutida autoridade.

Tamén ós directores e responsables dos arquivos e bibliotecas de Galicia que en todo momento se prestaron a axudarnos no noso traballo. Non poden faltar algúns agradecementos singularizados: a María Martínez e Ramona Mañas, funcionarias do Arquivo do Senado; a Carmen Molina; a Ricardo Gurriarán, a María Álvarez Crespo e a E. Cal Pardo polas informacións que nos deron.

Mención especial queremos facer as secretarías da Real Academia Galega, Lourdes Revaldería e Raquel González, que tantas horas e afecto puxeron para facer posible esta obra.

## NOTA SOBRE A SEGUNDA EDICIÓN

A primeira edición desta obra, aparecida o 15 de setembro do ano 2001, esgotouse en apenas tres meses. O Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia, D. Xosé María García Leira e a Excmo. Mesa do Parlamento de Galicia encomendaron á Real Academia Galega a preparación dunha segunda edición.

Realizouse esta segunda edición baixo a dirección do Excmo. Sr. D. Xosé Ramón Barreiro Fernández, Coordinador Xeral da mesma, polos doutores en Historia Dona Beatriz López Morán (Tomo I) e Don Xosé Luis Mínguez Goyanes (Tomo II). Correxíuse todo o texto, engadíronse noticias e informacións, rectificáronse algúns erros, ampliáronse as biografías e as ilustracións.

A pesares do esforzo realizado é posible que os lectores e, sobre todo, os especialistas da historia biográfica atopen aínda algúns xuízos que merecían outra consideración ou mesmo erros. Que non dubiden en comunicármolos na seguridade de que, unha vez comprobados, serán corrixidos nas sucesivas edicións desta obra.

Con Ovidio agardamos a comprensión dos nosos lectores:

*"Haec quoque, quod facio, iudex mirabitur aequus,*

*Scriptaque cum venia qualiacumque leget".*

A Coruña, vran de 2003





TOMO I  
DEPUTADOS E SENADORES  
DE GALICIA 1810 - 1923



TOMO I

DEPUTADOS E SENADORES  
DE GALICIA 1810 - 1923



## — A —

**ABADÍN GUERRA, Antonio**

Naceu en Viveiro o 20 de outubro de 1774, fillo de Luís Abadín e Teresa Fernández, de Viveiro. No ano 1792 obtivo unha capelanía na parroquia de San Xoán do Freixo (diocese de Mondoñedo).

Estudou Artes e Teoloxía na Universidade de Santiago. Foi ordenado de presbítero o ano 1801. No ano 1804 solicita licencia para presentarse a concurso na arquidiocese de Santiago. E obtivo o curato de S. Cristovo de Reis (Teo - Padrón).

A Guerra de Independencia veu altera-lo seu labor sacerdotal e en xeral a súa vida. Descoñecémo-los servicios prestados por Abadín á causa patriótica contra os franceses pero deberon ser notables cando repentinamente aparece elixido pola provincia de Mondoñedo, á que pertencía por nacer en Viveiro, tralos comicios a Cortes do ano 1810. O 24 de setembro dese mesmo ano xurou en Cádiz o cargo de deputado.

Tivo unha escasa presenza nas Cortes porque a súa mala saúde obrigouno a solicitar, o 19 de agosto de 1811, catro meses de permiso para intentar recuperarse. Como proseguía a enfermidade, o 28 de xaneiro de 1812 solicitou unha prórroga desde a súa parroquia de Reis. Solicitou incluso que, se as Cortes o estimaban conveniente, aceptasen a súa renuncia e desen paso ó suplente (Francisco Xerome de Coca). As Cortes concedéronlle unha nova prórroga e en marzo de 1813 chegoulle-la noticia da súa morte en San Cristovo de Reis.

Á vista das súas escasas actuacións en Cortes, parece que era partidario do absolutismo, xa que se opuxo ó proxecto de lei de prensa (sesión do 19 de outubro de 1810).

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1810-1813      Deputado pola provincia de Mondoñedo

**ABALLE, Manuel María**

Naceu na antiga fortaleza de San Paio de Fiolledo (Salvaterra do Miño, Ponteareas, Pontevedra), da que foi señor. A importante herdanza familiar chegou a el bastante reducida. Os seus antepasados foran donos e señores da Casa da Granxa (Cambados), da Casa de Salceda de Caselas (Tui), que aínda pertencía á liñaxe familiar, da Casa de San Pedro de Val Miñor (preto de Vigo), da Casa de Marrán (Fornelos de Montes, Pontevedra) e da Casa de Ponteareas. Casou con Ánxela Cervela Novoa e Teixeiro.



Vivió na cidade de Tui. Foi rexedor do concello desta cidade, na que gozaba dun manifesto poder social. A Guerra de Independencia sacudiu a vida da nosa fidalguía obrigándoa a asumir posicións políticas e funcións representativas. Moitos dos nosos fidalgos saíron do anonimato ou do reducido espazo no que eran coñecidos para proxección nunha actividade para a que, desde logo, non estaban preparados. Isto é o que sucedeu con Aballe, o señor de Fiolledo.

Participou, como persoa destacada en Tui, na constitución da Xunta Provincial contra os franceses. Posteriormente foi un dos sete membros da Xunta Superior do Reino de Galicia que se constituíu en xuño de 1808, tras ser elixido en Tui para representar esta provincia.

Máis tarde foi designado, xunto co conde de Ximonde, para representar a Galicia na Xunta Central constituída en Aranzueo o 25 de setembro de 1808, da que foron presidente e secretario, respectivamente, o conde de Floridablanca e Martín de Garay. Dezasete eran as xuntas alí representadas, o que supón un total de trinta e catro membros. Sobre eles recaeu todo o poder político do Estado. Quizais por iso os primeiros decretos que promulgaron foron para outorgarlle á Xunta o tratamento de Maxestade, ó presidente o tratamento de Alteza e o de Excelencia a cada un dos membros. Ó mesmo tempo fixéronse un soldo de 120.000 reais por cada representante.

Ameazada por Napoleón a cidade de Madrid, a Xunta Central decidiu retirarse a Badaxoz, posteriormente a Sevilla e finalmente a Cádiz, un itinerario que Aballe cubriu naqueles días angustiosos.

A Xunta disolveuse o 29 de xaneiro de 1810, dando paso á Rexencia e convocando as novas Cortes. Aballe asinou o decreto de extinción da Xunta Central.

Debeu de retornar entón a Tui, aínda que por pouco tempo, porque foi elixido no ano 1813 para ocupar unha praza de deputado pola provincia de Tui nas segundas Cortes. Consta a súa presenza no Congreso o 1 de marzo de 1813, momento no que foi elixido membro da comisión de Agricultura.

Cando Fernando VII chegou a España, un grupo de deputados, militantes do absolutismo, elevaron ó Rei o coñecido como *Manifiesto de los Persas*, no que solicitaban que Fernando VII asumise novamente o poder absoluto. Aballe foi un dos asinantes deste manifesto. Foi a primeira vez que mostrou explicitamente a súa ideoloxía.

Pechadas as Cortes, retornou a Tui (non nos consta que fose agraciado polo Rei), onde se mantivo ata que os acontecementos de 1820 volveron darlle novo protagonismo.

Oposto ó sistema constitucional, Aballe formou parte, como consultor nato da Xunta Apostólica, constituída en Tui para loitar contra o sistema constitucional. Baixo o amparo desta Xunta formáronse varias partidas realistas na provincia de Tui. Asediados polo exército e as milicias, os membros da Xunta tiveron que refuxiarse en Portugal, onde foi presidente da mesma o noso biografado. Perseguido e incautados os seus bens, Aballe deu exemplo de absoluta fidelidade ás súas conviccións absolutistas.

Cando o 31 de xaneiro de 1824, Ignacio Manuel Pereira, xefe militar dos realistas, elevou ó Rei unha memoria na que expoñía os merecementos dos mesmos, ó referirse a Aballe, e logo de enumera-los seus sacrificios, engade "de feliz recordación", o que nos fai pensar que xa morrera nesta data.

---

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1813-1814    Deputado pola provincia de Tui

---

---

**ABASCAL, Juan**

---

**M**oi fragmentarias son as informacións das que dispoñemos deste deputado que representou a Galicia nunha lexislatura.

Naceu no ano 1784. En 1806 iniciou a súa carreira administrativa como interventor de Correos en Burgo de Osma, e no ano 1807 trasladouse a Córdoba como oficial da administración de correos.

Adoptou en forma manifesta a ideoloxía e a militancia liberais, polo que foi perseguido polos absolutistas e houbo de abandonar Córdoba. Sen embargo, ó pouco tempo foi readmitido como administrador de Correos na cidade de Granada. No ano 1818 volveu ser perseguido, neste caso pola Inquisición, e foi detido.

Entramos nun período confuso da súa biografía. Para algúns cronistas, Abascal delatou os compañeiros liberais e por iso non só foi excarcerado senón que ademais foi nomeado en 1819 comisario ordenador do Exército. É unha cuestión que non aparece clara.

No Trienio Constitucional, foi designado administrador de Correos de Valencia no ano 1821 e xefe político ou gobernador desta provincia en 1823.

Concluído o Trienio, Abascal exiliouse a Francia, onde foi un dos protexidos de Lafayette.

Retomou a España en 1834 e ó ano seguinte foi nomeado administrador de Correos de Barcelona. Nesta cidade participou nas conxuras e no pronunciamento de 1835. Posteriormente, e como pagamento ós seus servizos, foi designado administrador do Correo Xeral de Madrid, cargo do que foi deposto en 1837.

Os progresistas da Coruña, que coñecían ó seu liberalismo exaltado, incluírono nas listas electorais do ano 1839. Abascal resultou elixido por esta provincia.

---

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1839-1840    Deputado pola provincia da Coruña

---

---

**ABELLA, Eugenio**

Comerciante e industrial de Ferrol, asociouse con Victoriano Braña (vóx.) no ano 1847 para montar varias empresas en Ferrol e na Coruña. A máis importante foi a Casa de Crédito, que pretendía achegar recursos e levanta-lo estaleiro da Graña (Ferrol), onde se empezou a botar barcos desde 1848. Asociado tamén con Braña e Victor Méndez rexistrou no ano 1851 a fábrica de vidros "La Minerva", na cidade da Coruña.

Conservador e seguidor de Narváez, o mesmo que os socios Braña e Méndez, ofreceron ó célebre xeneral a madeira necesaria para construír un barco de guerra. Este barco, que levaría o nome de Narváez, foi botado no ano 1850 e tivo que ser despezado no 1856 por inservible.

Interesoulle entrar na política sen dúbida para consolida-los seus negocios. Representou o distrito de Pontedeume en dúas lexislaturas, o que non foi obstáculo para a quebra das súas empresas en 1854.

Como deputado tivo unha actuación pouco relevante.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña
Lexislatura 1853	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña

---

**ABELLA CASARIEGO, Enrique**

Foi Abella Casariego un enxeñeiro de Montes que no ano 1881 recibiu unha bolsa do Goberno Español para realizar investigacións xeolóxicas na illa de Filipinas. Posiblemente o Goberno pretendía realizar prospeccións na busca de minerais susceptibles de ser tratados industrialmente. Sen embargo, Abella o que fixo foi investigar sobre terremotos e volcáns, tema interesante pero seguramente lonxe das pretensións ministeriais.

Como consecuencia desa viaxe publicou *El mayor volcán de Albay* (1885), *El Monte Maquilang y sus actuales emanaciones volcánicas* (1885), *La Isla de Biliván y sus azufrales* (1885), *Terremotos de Nueva Vizcaya*, etc.

Prestou outros servizos ó Estado, como de gobernador de Almería.

Desde a morte de Manuel Becerra Bermúdez (1896), señor e dominador do distrito de Becerreá, quedou o distrito sen deputado propio ata que chegou Abella Casariego, que o enfeudou desde a lexislatura de 1899 ata o 22 de decembro de 1906. Nesta data presentou a dimisión.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Becerreá	Lugo
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Becerreá	Lugo
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Becerreá	Lugo
Lexislatura 1905-1906	Deputado polo distrito de Becerreá	Lugo (Só ata o 22 de decembro de 1906)

**ACEVEDO Y POLA, Manuel María**

Naceu en Vigo o 19 de xaneiro de 1769. Era fillo de Manuel Jacinto Acevedo y Navia (Vigo, 1710 - Asturias, 1783), de orixe asturiana, e de María Josefa Pola Navia, filla do señor de Miraflores, rexedor de Oviedo e máis tarde rexedor perpetuo desa cidade. O seu pai, oficial do exército, era mariscal de campo no momento da súa morte.



O noso biografado tivo dous irmáns: Vicente Acevedo, militar que tivo de axudante a Riego, e José María, que deixou a milicia para ingresar na orde carmelita e morrer en loor de santidade no ano 1837.

Morto seu pai cando tiña catorce anos, a súa nai, coñecida en Vigo como *A Mariscala*, quixo que o seu fillo estudiasse Dereito en Oviedo.

Protexido por Campomanes e Jovellanos, levaba camiño de ser un consecuente e ilustrado burócrata (conseguiu ser maxistrado da Audiencia de Oviedo) se a Guerra de Independencia e a crise ideolóxica non o absorbese plenamente.

Integrado moi cedo no liberalismo, foi nomeado xefe político de Asturias e como tal presidente da Deputación, cargo que desempeñaba no ano 1813. Desta época proceden dúas obras: *Discurso pronunciado... en la apertura de los estudios públicos de esta ciudad de Oviedo el día 20 de mayo de 1813* (Oviedo, 1813) e *Oración pronunciada en la sesión pública de la Sociedad Económica de Amigos del País de Asturias el 10 de febrero de 1814* (Oviedo, 1814). Era amigo persoal de Portier que lle prologou e publicou un *Discurso de D. Manuel María de Acevedo, jefe político de Asturias sobre la elección de Diputados... Impreso a expensas del Brigadier D. Juan Díaz Portier* (Oviedo, 1813).

A caída do réxime liberal supuxo a súa depuración e o desterro a un convento.

A restauración das liberdades políticas no ano 1820 significou a súa recuperación, de maneira que foi nomeado outra vez xefe político de Oviedo.

No ano 1823 exiliouse, como tantos liberais, a Inglaterra. Radicalizou a súa ideoloxía política e formou parte dos comuneiros que publicaron en Londres, de marzo a xuño de 1825, *El Español Constitucional*, dirixido por el e por Pedro Pascasio Fernández Sandino. Esta radicalización púxose de manifesto nun artigo publicado en 1824 no seu xomal (co pseudónimo de Miso-Basileo), no que optaba pola república para España "aniquilando la familia reinante y exterminando al clero".

Retornou a España coa amnistía da raíña Cristina e foi elixido procurador en Cortes por Asturias de 1834 a 1836 e pola provincia de Pontevedra de 1836 a 1837. A súa actuación nas Cortes foi practicamente nula, xa que só falou unha vez e sen ningún interese. Elixírono senador por Asturias no período que vai de 1837 a 1838.

Morreu no ano 1840.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1836-1837      Deputado pola provincia de Pontevedra





### ACHA ÁLVAREZ, Tomás

Naceu este ilustre mariño na cidade da Coruña no seo dunha familia fidalga polos dous costados. A familia Acha Patiño procedía de Cambados pero desde o século XVIII residía na Coruña.

Tomás Acha Álvarez era fillo de Manuel Acha Patiño, administrador de rendas da Coruña, e de María del Carmen Álvarez Trelles, de orixe asturiana.

Dous irmáns seus, Ramón e Juan, ingresaron como gardamariñas entre 1818 e 1819. O noso persoeiro, que era o terceiro fillo do matrimonio, ingresou no mesmo corpo en 1819.

Foi ascendendo na súa carreira de mariño de acordo cos servizos prestados. No ano 1863 alcanzou o grao de brigadier, en 1868 ascendeu a contraalmirante e en 1870 era xa membro do Consello de Estado de Guerra e Mariña.

Politicamente militou sempre no progresismo. No ano 1841 o Comité Progresista da Coruña quixo propoñelo como candidato a deputado, pero non acadou o escano ata o ano 1854. Nas eleccións de 1858, presentouse polo distrito de Ferrol, pero foi vencido por Aguirre de Tejada.

En 1865 formaba parte da Xunta Xeral do Partido Progresista e o seu nome aparece firmando o manifesto no que o partido optaba polo retraemento electoral, paso previo á conspiración que se consolidaría no ano 1866 co obxectivo de derrocar-la monarquía isabelina.

No Sexenio alcanzou moito protagonismo. Ademais do ascenso a contraalmirante e do nomeamento como conselleiro de Estado, representou a provincia da Coruña no Senado en dúas lexislaturas.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1871-1872	Senador pola provincia da Coruña
Lexislatura 1872-1873	Senador pola provincia da Coruña

### ADORNO FUENTES, José (Marqués de Alboloduy)

Pertencía a unha preeminente familia de Xerez, rica en terras e propiedades. Casou con Elvira Fernández de Córdoba y Bohorquez, filla política de Manuel de Pavía, Marqués de Novaliches. Foi ela quen achegou ó matrimonio o título do marquesado.

Representou en diversas lexislaturas as provincias de Málaga e Cádiz. Na lexislatura de 1867 tivo a representación do distrito de Ronda (Málaga). Retirouse da política

activa en 1868, para retornar no ano 1875 como alcalde de Xerez. Nas lexislaturas de 1876, 1879, 1884 e 1896 representou no Congreso o distrito de Xerez (provincia de Cádiz).

Durante o Sexenio, aínda que se retirou da política parlamentaria, foi sen embargo un dos primeiros políticos en afiliarse ó Partido Afonsino e ocupou a presidencia do Comité Afonsino na cidade de Xerez.

Foi sempre seguidor de Cánovas.

Ademais da súa riqueza inmobiliaria, consta que tiña depositadas en títulos bancarios 365.000 pesetas.

Resultou elixido senador pola provincia de Ourense na lexislatura de 1907. Posuía a Gran Cruz de Isabel a Católica e era xentilhome de Cámara da S.M. desde 1864.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1907-1908      Senador pola provincia de Ourense (Non rematou a lexislatura)

### AGUADO MORA, Isidro

Son moi escasas e fragmentarias as noticias que temos deste deputado.

Era avogado e militaba no Partido Liberal. Foi representante dun distrito de Madrid na Deputación Provincial.

Na lexislatura de 1881 resultou elixido polo distrito de Chantada Manuel Somoza de la Peña; sen embargo, o 27 de decembro de 1881 chegou ás Cortes, procedente do Ministerio de Gracia e Xustiza, unha denuncia por un presunto abuso de poder cometido por Somoza na provincia de Alacant, da que fora gobernador, denuncia que o Congreso rexeitou. Con todo, o 21 de febreiro de 1883 presentou a demisión, quizais porque acababa de recibilo nomeamento de gobernador de Burgos.

Os liberais lograron promovelos para ocupa-la vacante de Somoza de la Peña. Aguado saíu entón elixido deputado por Chantada nunhas eleccións parciais. Tomou posesión do escano o 21 de decembro de 1883, o que significa que practicamente non chegou a estar no Congreso.

Nas eleccións de 1886 obtivo a representación do distrito de San Clemente (provincia de Cuenca), pero morreu nese mesmo ano e foi substituído na representación do distrito por Gustavo Morales.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1881-1884      Deputado polo distrito de Chantada      Lugo (Substitúe en decembro de 1883 a Somoza de la Peña)



**AGUIAR MELLA, Santiago**

Procedía da Casa da Riva, en Pantiñobre (Arzúa, A Coruña), aínda que como unha rama menor da mesma. Era fillo de Jacobo Aguiar Mella, que nacera na Coruña, e de Joaquina Toxo, natural de Santiago.

Naceu o noso protagonista en Santiago, na parroquia de Santa Susana, e cursou os estudos de Leis na universidade compostelá. En xuño de 1833 obtivo o grao de licenciado en Leis e no ano 1834 o de bacharel en Canons.

Mantiña a familia unha certa vinculación coa universidade, porque xa o seu pai fora colexial de San Xerome.

Dedicouse á carreira xudicial. En 1841, e aproveitando que o seu progresismo casaba moi ben co réxime político vixente, logrou ser nomeado xuíz de Primeira Instancia da Coruña. En 1843 ascendeu a fiscal da Audiencia de Mallorca e un ano despois a fiscal da Audiencia de Burgos.

Mentres residiu na cidade da Coruña foi socio da Sociedade Económica de Amigos do País, reconstituída no ano 1841, da que formaban parte as persoas máis cualificadas da cidade. A prensa do momento fíxose eco da súa humanidade e bonhomía.

Só representou a Galicia nunha ocasión, no Bienio Progresista.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Legislatura 1854-1856      Deputado pola provincia da Coruña

**AGUILAR ANGULO, Rafael (Marqués de Villamarín)**

Naceu en Écija (Sevilla) en 1820. Era fillo de Fernando Aguilar e de María de la Concepción Angulo.

Estudou Dereito e dedicouse á carreira xudicial. Posteriormente fixo oposicións ó corpo xurídico da Armada.

Casou con Ana María Castañeda Benítez. Herdou o marquesado de Villamarín no ano 1870.

Foi ascendendo no corpo xurídico militar da Armada, no que chegou a ser ministro togado do Almirantado e finalmente membro do Consello Supremo de Guerra e Mariña.

Militou sempre no Partido Liberal.

Obtivo a súa primeira representación como senador por Burgos na lexislatura de 1872 a 1873 e por Murcia no ano 1886.

Morreu en Madrid o 9 de outubro de 1886, cando era senador por Murcia.

Representou só nunha ocasión a Galicia, na lexislatura de 1881 a 1882, como senador pola provincia de Lugo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1881-1882      Senador pola provincia de Lugo

### AGUILAR MONSERRAT, Antonio

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1872-1873      Deputado polo distrito de Vigo      Pontevedra

### AGUILAR Y CORREA, Antonio

#### (Marqués de la Vega de Armijo)

«**E**l Sr. Marqués de la Vega de Armijo y yo representamos dentro del partido y en este banquete una gran síntesis: El Sr. Marqués representa el pasado con todas sus glorias, porque representa la aristocracia, esa aristocracia que no olvida los grandes intereses de la nación... y yo como hijo del pueblo, soy un débil eco del presente, porque es mi ocupación más preciada el ser en todas partes la encarnación del espíritu y de los intereses populares» (Montero Ríos).



Neste brinde pronunciado por Montero Ríos o 15 de agosto de 1885, na Caeira (Pontevedra), na herdade de Riestra, perfílase a biografía do marqués: un aristócrata que loitou sempre pola liberdade política, pero unha liberdade que non magoase nunca os seus grandes intereses económicos e sociais.

Naceu en Madrid o 30 de xuño de 1824. Era a súa unha familia de aristócratas, así que os títulos foron chegándolle coa naturalidade das cousas determinadas pola historia familiar: marqués de la Vega de Armijo, vizconde de Pegullal, conde de Bobadilla, marqués de Mos, grande de España. Estudiu Leis nas Universidades de Sevilla e Madrid e de seguida se integrou na política, da man de O'Donnell. Foi deputado, por vez primeira, no Bienio Progresista (1854-1856) pola provincia de Córdoba, e exerceu como secretario do Congreso. No ano 1858 foi gobernador civil de Madrid coa Unión Liberal.

Enfeudouse no distrito de Montilla (provincia de Córdoba), polo que obtivo escano de deputado desde 1859 ata 1872. Retirouse da política oficial desde 1873 ata 1876. A partir deste momento, sen renunciar á provincia de Córdoba nin á de Madrid, que representou entre 1884 e 1886, abriu unha nova fronte política na provincia de Pontevedra, que representaría durante once lexislaturas. Ás veces resultou elixido por tres distritos, como en 1886, en que saíu por Madrid, por Lucena (Córdoba) e por Pontevedra, e nas eleccións de 1898, en que o foi por Lucena (Córdoba), por Montilla (Córdoba) e pola Estrada (Pontevedra).

Paralelamente, Vega de Armijo desenvolveu unha intensa actividade na alta política española: no ano 1861 foi nomeado ministro de Fomento por O'Donnell en substitución do marqués de Corvera. En 1863, sempre baixo a presidencia de O'Donnell, pasou ó Ministerio de Gobernación. No ano 1866, tamén con O'Donnell retornou ó Ministerio de Fomento.

Participou activamente nos preparativos do Sexenio Revolucionario. No ano 1869 foi vicepresidente do Congreso. Optou pola monarquía, aínda que non por Amadeo de Savoia, o que explica a súa marxinación do poder durante ese reinado. Retirouse da política cando se instaurou a Primeira República e retornou durante a Restauración, sempre nas filas do Partido Liberal.

Co Partido Liberal de Sagasta foi nomeado ministro de Estado nos anos 1881 e 1883. Retornou ó Goberno como ministro de Estado en 1888, cargo no que permaneceu ata 1890 a través de diversos cambios de goberno. Novamente foi ministro de Estado con Sagasta no ano 1892. A partir de 1893 e ata 1895 foi presidente das Cortes e ocupou idéntico cargo entre 1898 e 1905.

Esta extraordinaria carreira política rematou simbolicamente no ano 1906, cando a Coroa lle encomendou a Vega de Armijo formar goberno. A delicada situación política só lle permitiu ser presidente do Consello de Ministros desde o 4 de decembro de 1906 ó 25 de xaneiro de 1907.

O 13 de xuño de 1908 morreu en Madrid.

Prestou outros importantes servizos ó Estado, en postos como embaixador en Moscova, Estocolmo e París.

A súa cultura, recoñecida por todos, e as magníficas relacións sociais que se procurou durante unha vida política tan prolongada, explican que formase parte de todas as grandes academias: a de Xurisprudencia, a de Ciencias Morais e Políticas, a de Historia (da que foi presidente), así como do Ateneo de Madrid. Non pertenceu á Real Academia Española, quizais polo seu hábito, nunca corrixido, de soltar unha palabra malsoante en cada frase que pronunciaba...

Vinculado a Galicia pola súa nai, a marquesa de Mos, nun momento da súa vida decidiu residir con máis asiduidade no seu castelo de Soutomaior, o que explica a pretensión de crear na provincia de Pontevedra un feudo electoral. Isto non resultaba nada fácil, porque todo estaba moi ben repartido e o binomio Riestra / Montero Ríos controlaba todo o poder do Partido Liberal. Era Vega, sen embargo, teimoso. Como ministro de Gobernación soubo colocar en Pontevedra gobernadores co encargo explícito de que lle abrisen un espazo electoral para el. O gobernador Eduardo Matos, que Vega puxo en Pontevedra, actuou con tal eficacia que logrou abrir un oco nos distritos da Estrada e Pontevedra, para o que foi necesario que Riestra, algo distanciados de Montero Ríos, apoiase a estratexia. O brindado de 1885, ó que nos referimos ó principio desta crónica, pretendía xustamente lograr un acordo entre Riestra, o marqués e Montero Ríos. Aínda que Vega pretendeu erixirse en xefe provincial do Partido Liberal, sempre tivo que pagar a peaxe de Montero Ríos, señor da provincia e de media Galicia.

Como deputado foi un traballador incansable nas comisións. Por exemplo, na lexislatura de 1876 a 1879, na que representou a Pontevedra, formou parte das comisións de Código Rural, Tesouro Público (da que foi presidente), Ferrocarril do Noroeste, Garda Rural, Ferrocarril Pontevedra-Carril (da que tamén foi presidente) e Ferrocarril Ourense-Tui. Na lexislatura de 1879 a 1881, en representación igualmente do distrito de Pontevedra, foi o presidente da segunda sección, e formou parte da comisión do Monte de Piedade, da de Caixas de Aforros, da do Ferrocarril Pontevedra-Redondela, e da de Mensaxe á Coroa.

Non era bo orador, pero falaba con convicción e, sobre todo, a longa experiencia nas Cortes permitíalle elixir os momentos cruciais para expoñer as súas ideas. "Le falta - escribía Linares Rivas - esa inspiración que engendra a elocuencia, fállale valentía y elegancia en la frase", pero compensáboo co seu traballo nas comisións e coas súas influencias nas esferas do poder.

Nunhas das biografías que coñecemos del díse que "es una de las fisionomías habituales más melancólicas que conocemos. Con su palidez mate ordinaria, las invariables patillas, que acentúa más el surco tristísimo de sus mejillas y la inclinación constante de su cabeza, parece la víctima predilecta de las dolencias gástricas". Noutra afirmase que era "alto, ligeramente rubio, tiene una blancura mate que permite distinguir las venas más insignificantes, los ojos azules, pero vivos y expresivos, la nariz aguileña, la frente espaciosa, la boca grande, el bigote, las patillas y la cabellera hermosas, viste con distinción, ríe frecuentemente, gesticula con vehemencia y tiene tal espíritu de movilidad que pronto se nota donde quiera que él se presente". Nas súas ideas "es firme como una roca".

Como pode observarse, non coinciden demasiado estes dous retratos de Prúgent e Linares Rivas. O que para o primeiro era tristeza e melancolía, era para o segundo mobilidade, actividade e mesmo ledicia.

Tamén circulou por Madrid a seguinte quarteta:

"Noble, orador, diputado,  
gobernador y ministro  
si hubiera sido algo menos  
más valdría Vega Armijo".

Nunca quixo pertencer ó Senado porque o consideraba como unha pensión.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito da Estrada	Pontevedra
Lexislatura 1899-1903	Deputado polo distrito da Estrada	Pontevedra
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito da Estrada	Pontevedra
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito da Estrada	Pontevedra
Lexislatura 1907-1908	Deputado polo distrito da Estrada	Pontevedra





### AGUIRRE DE TEJADA, Manuel (Conde de Tejada de Valdoserá)

A vida deste deputado é o perfecto exemplo dunha persoa absolutamente entregada ó servizo do Estado. O Estado foi, neste caso, agradecido, xa que o cubriu de honores.

Naceu en Ferrol o 28 de decembro de 1827, fillo de Francisco de Aguirre y O'Neale, tenente de navío, e de María Segunda Tejada y Porras Eulate y Santa Cruz, filla tamén de mariños.

A súa nai enviuvou nova e contraeu segundo matrimonio con José María Quindós, marqués de San Sadurniño (Ferrol). Era polo tanto, medio irmán de José Quindós Tejada.

O outro irmán do noso protagonista, Patricio Aguirre de Tejada, foi oficial da Mariña, preceptor e logo secretario particular de Alfonso XIII, de quen recibiu o título de conde de Andino. Pode, pois, observarse cómo Aguirre de Tejada, ademais das súas condicións persoais, dispoñía dunha importante rede de apoios.

Estudou a carreira de avogado na Universidade de Madrid e ó remata-los estudos xa entrou na administración, ocupando o cargo de oficial no Ministerio de Ultramar.

No ano 1854 foi un dos expertos na administración elixidos por Gutiérrez de la Concha, capitán xeneral de Cuba, para reorganiza-la administración da illa como xefe de sección da Secretaría do Goberno Superior Política. Os tres anos pasados en Cuba especializárono no tema de ultramar e permitíronlle establecer fortes vínculos coa burguesía hispanocubana, da que logo sería defensor e intermediario na península, especialmente tras ser nomeado ministro de Ultramar en 1884.

Regresou a España no ano 1857 ó ser elixido, por vez primeira, deputado por Ferrol. Apoiou nas Cortes dese ano a lei de imprenta de Nocedal, apoio do que logo se arrepentiría porque, como confesou (sesión do 7 de xuño de 1864), de seguida comprendeu que *"la reacción podía ser perjudicial al país"*.

Integrado xa no partido La Unión Liberal de O'Donnell, representou a Ferrol novamente entre 1858 e 1863. En realidade, as eleccións de 1858 de Ferrol foron anuladas o 25 de febreiro de 1859, pero foi reelixido na seguinte convocatoria. Durante esta lexislatura tivo unha destacada actuación no debate da Lei do Consello de Estado (sesións do 20 de abril de 1859 e do 20 ó 23 de maio de 1859), no que se acreditou como un experto en dereito administrativo. En contra de Olózaga, do catedrático Aguirre e, ás veces, de Posada Herrera, defendeu a autonomía do ámbito administrativo, é dicir, a independencia da xurisdicción contencioso-administrativa respecto da vía xudicial ordinaria. Así mesmo mantivo que o posible conflito entre ámbalas dúas xurisdicións debía de ser competencia do Consello de Estado, como poder delegado da Coroa.

A Unión Liberal premiouno con ascensos na súa carreira administrativa e O'Donnell nomeouno director xeral de Administración e Fomento.

No ano 1862 foi protagonista, xunto con outros deputados, dunha escisión dentro da Unión Liberal, o que provocaría a caída de O'Donnell no ano 1863. Aguirre de Tejada foise virando paseniño cara ó Partido Moderado. Xa cos moderados acadou o escano, sempre por Ferrol, nas lexislaturas de 1863 a 1864, 1864 a 1865 e 1865 a 1866. Durante esta etapa participou nalgunhas comisións, pero a penas interveu no Congreso.

Non participou nos acontecementos de 1868 e situouse definitivamente no sector monárquico a carón de Cánovas. O seu retraemento explica que non estivese presente nas Cortes do Sexenio.

A Restauración foi moi xenerosa con el. Cánovas nomeouno ministro de Ultramar no goberno que durou do 18 de xaneiro de 1884 ó 27 de novembro de 1885; novamente, no seu derradeiro goberno (de 1895 a 1897), nomeouno ministro de Gracia e Xustiza, substituíndo a Romero Robledo. Tamén foi gobernador do Banco de España, presidente do Tribunal Contencioso Administrativo, presidente do Consello de Estado entre 1895 e 1900, presidente do Senado, senador vitalicio desde 1877 e senador por dereito propio de 1903 a 1904, e embaixador perante a Santa Sé de 1904 a 1905. Formou parte igualmente da Academia de Ciencias Morais e Políticas.

Alfonso XII concedeuulle o condado de Tejada y Valdosera no ano 1875.

Morreu en Madrid en 1911.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
Lexislatura 1858-1863	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
Lexislatura 1865-1866	Deputado pola sección da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1876-1877	Senador pola provincia da Coruña	

#### AGUIRRE GARCÍA, Frei Gregorio (Bispo de Lugo) ==

Segundo a lexislación vixente durante a Restauración, as provincias eclesiásticas tiñan un representante no Senado. Como o arcebispo era xa senador por dereito propio, acordouse que o escano de senador que correspondía á provincia eclesiástica fora rotatorio entre os bispos sufragáneos.

A Aguirre, bispo de Lugo, correspondeulle ser senador na lexislatura de 1893 a 1896, aínda que realmente só representou a súa diocese entre 1893 e 1894, porque neste ano xa foi nomeado arcebispo de Burgos.



Naceu o 12 de marzo de 1835 en Pola de Gordón (provincia de León). Estudiu Filosofía no seminario de León, en 1856 recibiu o hábito franciscano no convento de Pastrana (Guadalaxara) e profesando no ano 1857.



Completados os estudos, foi profesor en Pastrana. En 1862 pasou ó colexio de Consuegra e despois novamente a Pastrana. Foi rector destes dous colexios; no ano 1878 foino tamén do colexio de Almagro e máis tarde do de Puebla de Montalbán.

En 1885 foi presentado polo Rei para o bispado de Lugo. Realizou nesta diócese un positivo labor pastoral e de reafirmación pública da Igrexa: construíu o Seminario Maior, revitalizou o mosteiro de Samos, trouxo e reinstalou na cidade os franciscanos, consolidou economicamente as Irmás da Caridade.

No ano 1894 foi preconizado arcebispo de Burgos, cidade á que chegou o 1 de setembro de 1894. En 1907 foi nomeado Cardeal da Igrexa.

En 1909 foi trasladado á sé primacial de España, Toledo. Defendeu os dereitos da Igrexa fronte ós proxectos secularizadores do Goberno de Canalejas.

Morreu o 9 de outubro de 1913.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1893-1894    Senador pola provincia eclesiástica de Santiago



#### ALADRO KASTRIOTA, Juan Pedro

Naceu en Xerez da Fronteira o 8 de maio de 1845.

Entrou a formar parte da carreira diplomática e desempeñou diversos postos no Ministerio de Estado ata 1867. Posteriormente ocupou cargos diplomáticos en Viena, París, Bruxelas, A Haia e Bucarest.

Amigo persoal de Alfonso XII, cando este morreu renunciou á carreira diplomática e estableceuse en París coa intención de recupera-lo trono de Albania, sobre o que tiña supostos dereitos. Entre os seus antepasados estaba a princesa Kastrioti, filla do gran Jorge Kastrioti Skandemberg, que tanto loitou pola independencia de Albania do Imperio Turco.

Aladro iniciou unha intensa actividade para liberar a Albania de Turquía, co apoio de certos sectores do pobo que veron nel a reencarnación do mítico Skandemberg. Organizou comités en Italia, Grecia e Exipto, reuniu asembleas de notables e deu vida á Liga de Pissend en favor da independencia de Albania, pero todo o seu esforzo resultou falido.

Consta que representou o distrito de Vilalba en dúas ocasións durante o Sexenio, pero non tiña absolutamente ningunha relación nin con Vilalba, nin con Galicia.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872 (1ª)	Deputado polo distrito de Vilalba	Lugo
Lexislatura 1872 (2ª)	Deputado polo distrito de Vilalba	Lugo

**ALAU COMAS, Eugenio**

Naceu en Oviedo no ano 1816. Fillo de médico, estudiou Medicina en Barcelona, de onde procedía a súa nai.

Desde estudante deu síntomas dun progresismo radical que o levou a formar parte da milicia de Barcelona e a loitar contra as partidas carlistas de Cataluña. Rematou os estudos de Medicina en Montpellier.

Instalouse en Valladolid. Foi catedrático desta universidade, e adquiriu gran reputación como médico e home de cultura. No ano 1860 fundou a revista *La Concordia*, para os profesionais da Medicina e da Farmacia.

Mantivo o seu compromiso co progresismo radical e foi unha das figuras máis destacadas do levantamento de 1868. Sendo vicepresidente da Xunta Revolucionaria de Valladolid, foi o encargado de cumprir-lo rito habitual de tirar polo balcón o retrato de Isabel II.

Foi rector da Universidade de Valladolid, membro do Consello de Instrucción Pública e presidente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Valladolid.

Obtivo a representación polo distrito da Pobra de Trives nas segundas eleccións de 1872, aínda que a lexislatura a penas durou uns meses.

Xa durante a Restauración e militando no Partido Fusionista, ó que arribaron moitos dos antigos revolucionarios, foi preciso buscarlle acomodo nalgunha lista como senador. Iso explica que o Goberno o propuxese como candidato ministerial para senador pola provincia de Ourense entre 1881 e 1884. En representación de Ourense e como membro das comisións de Presupostos, Ferrocarrís, Canais, Hospitais e Estradas, Alau defendeu máis os intereses da provincia de Valladolid cós de Ourense. Posteriormente foi senador pola Universidade de Valladolid entre 1884 e 1885.

Morreu en Valladolid o 4 de abril de 1886.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito da Pobra de Trives	Ourense
Lexislatura 1881-1884	Senador pola provincia de Ourense	

**ALBERT DESPUJOLS, Carlos de**

Avogado e membro dunha importante familia de comerciantes cataláns, foi situado no distrito de Ortigueira pola poderosa familia dos Gullón-García Prieto que controlaban o distrito desde que Fernández Latorre decidira, de acordo con eles, presentarse pola Coruña e cedérle-lo distrito. Por iso obtivo a representación nas lexislaturas de 1920 e 1923 por un distrito que posiblemente nunca visitou.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Ortigueira	A Coruña
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Ortigueira	A Coruña



### ALCALÁ GALIANO, Antonio

A figura de Alcalá Galiano encheu a escena literaria e política de España entre 1820 e 1865. Sen ningún vínculo con Galicia, que posiblemente nin visitou, representouna sen embargo na lexislatura de 1840 a 1841 como deputado pola provincia de Pontevedra.

Naceu en Cádiz o 22 de xullo de 1789. O seu pai, oficial da Mariña, morreu na batalla de Trafalgar. Coidaron del dous tíos, Vicente Alcalá Galiano, do Consello de Facenda, e Antonio Alcalá Galiano, maxistrado en Madrid.

Coa súa protección abriuse camiño na Corte e foi nomeado oficial da Secretaría de Estado. Ós dezanove anos contraeu un primeiro matrimonio con María Dolores Aguilar, matrimonio que durou pouco tempo e do que naceu o seu fillo Dionisio. Participou nos faladoiros de Martínez de la Rosa, conde de Toreno, e iniciou a súa colaboración en xornais como *El Redactor General*, *La Tertulia* e outros. Xa en Cádiz, onde se refuxiou cando España foi invadida polas tropas francesas, contactou con Istúriz, Mendizábal e Evaristo San Miguel, e ingresou na masonería. A represión absolutista obrigouno a emigrar a Xibraltar onde se dedicou, cos demais exiliados, a prepara-la conspiración liberal.

No ano 1820, fracasado o seu intento de ser deputado, deuse a coñecer como brillantísimo orador na sociedade *La Fontana de Oro*. En 1821 foi elixido deputado por Cádiz e o seu fogoso verbo sacudiu aquelas Cortes liberais. Nas Cortes de 1823, ante a consternación da asemblea pola decisión de Fernando VII de non pasar a Cádiz, cando as tropas de Angulema asolaban España, foi Alcalá Galiano quen presentou aquela histórica moción de considera-la momentánea incapacidade do Rei, moción que foi votada e aprobada. Restaurado o absolutismo, exiliouse a Inglaterra, onde, como el escribiu, tivo que "comer el pan salado ajeno y medir las ásperas escaleras de nuestros hospedadores". Como falaba perfectamente o inglés, puido vivir do ensino e da pluma ata o punto de obter unha cátedra de Literatura Española na recentemente fundada Universidade de Londres.

Retornou a España o 14 de xuño de 1834, amnistiado pola Raiña. Contraeu novo matrimonio con María Manuela Miranda, da que tivo outro fillo, Antonio, e reiniciou a súa actividade política. Sendo deputado por Cádiz desde 1834 a 1839, manifestouse xa claramente favorable a unha solución liberal moderada para España, o que provocou que o liberalismo radical o acusase de *tibio*. Foi nomeado ministro de Mariña polo seu amigo Istúriz, aínda que exerceu durante pouco tempo o cargo (do 15 de maio ó 13 de agosto de 1836). Neste ano, a causa da victoria dos radicais, tivo que exiliarse de novo, esta vez a Francia, onde permaneceu durante catorce meses.

No ano 1840, rexeitado polo seu moderantismo en Cádiz, obtivo escano pola provincia de Pontevedra, que representou ata 1841. Participou con asiduidade nas Cortes e seguiu sendo un dos grandes oradores, pero a súa voz xa non tiña eco,

nin espertaba o entusiasmo de antes. Incorporado plenamente á corrente conservadora, houbo de defenderse nestas Cortes dos durísimos ataques que lle dirixiu Joaquín López e Olózaga pola súa apostasía política (sesións do 29 de febreiro e do 24 de marzo de 1840).

O conservadorismo premiouno con diversos cargos e honores. No ano 1845 recibiu a Gran Cruz de Carlos III e foi designado pola Raíña senador vitalicio. Exerceu o cargo de ministro plenipotenciario en Lisboa desde 1851 ata 1854. En 1856 Narváez nomeouno ministro de Fomento. O 11 de abril de 1865, afectado pola revolta estudiantil que el mesmo provocara cunha inhábil política represora na Universidade Central, morreu dun ataque de apoplexia en pleno consello de ministros.

En vida, a súa figura foi valorada moi desigualmente. Todos, desde Larra ata Pastor Díaz pasando por Espronceda, recoñeceron que foi sen dúbida o máis grande orador das Cortes de España, aínda que sobre a súa obra literaria manifestasen opinións diversas. Non lle faltaron a Alcalá Galiano xuízos amargos, como o expresado por Martínez Villegas: "Galiano es muy erudito, porque tiene mucha memoria. Se presenta original hasta en lo copiado, sabe más que crea, ha aprendido más que inventado, pero parece que crea lo que sabe, que inventa lo que ha aprendido, e engadiu: no falta quien atribuya al vino su elocuencia". Chamoulle hidrófilo, en clara alusión á súa condición de bebedor. Fermín Caballero, que lle tiña malquerencia, recoñeceu sen embargo que nas Cortes do Estatuto foi chamado *Cicerón del Estamento*, e engadiu:

"Posee un conjunto de cualidades oratorias que lo hacen el mejor tribuno del pueblo, el más sobresaliente orador de las Cortes si se atiende sólo a las formas, es una máquina de hablar perfectamente construída, que dice bien siempre y que en la substancia pende del que le de cuerda".

Autor dunha extraordinaria obra, na que destacan para o noso obxecto *Recuerdos de un anciano* (Madrid, 1878) e *Memorias de Don Antonio Alcalá Galiano*, publicadas polo seu fillo (Madrid, 1886). Alcalá Galiano forma xa parte da grande historia intelectual de España. Ó día seguinte da súa morte o xornal *El Contemporáneo* de Madrid escribía: "Solo deseamos derramar una lágrima cerca del lecho en que descansan los restos mortales del que, fuesen cuales fuesen los errores que como toda criatura humana pudo cometer, fue en vida y será en muerte un título de orgullo para la generación presente y una gloria para su patria. Alcalá Galiano ha muerto a los 73 años de edad y después de haber ocupado diferentes veces los primeros puestos del Estado ha muerto POBRE. Esta palabra es el juicio verdadero de su historia, es el título de honra que lega a su esposa e hijos... Esta palabra será el más glorioso epitafio que puede colocarse sobre su tumba".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1840-1841    Deputado pola provincia de Pontevedra



**ALCALDE, José Manuel**

Presentáronsenos moitas dificultades para traza-la biografía deste deputado, pola existencia de varios contemporáneos co mesmo apelido e polo costume que había entón de altera-los apelidos, e ás veces mesmo os nomes, cando se tiña máis de un.

Cremos que naceu en Ponteareas no ano 1790, fillo de Juan Ventura Alcalde Bugarín, escribán daquela localidade, e de Rosa Vieites de Puga Sarmiento de Sotomayor. Xa que logo, o nome completo do noso biografado sería José Manuel Alcalde Vieites.

En 1808 cursaba estudos na Universidade de Santiago cando a invasión francesa o obrigou a abandona-la cidade e a retornar a Ponteareas. Volveu retoma-los estudos no ano 1816. Acolléndose a unha Real Orde na que se concedía ós alumnos que viran interrompidos os seus estudos a posibilidade de examinarse das disciplinas diante dun tribunal, o 9 de xuño de 1819 obtivo a licenciatura en Leis e o bacharelato en Canons e, no mesmo ano, o doutoramento en Leis.

Descoñecémo-los méritos que concorían na súa persoa, pero en 1821 resultou elixido deputado por Galicia nas segundas Cortes do Trienio. Tendo en conta que naquelas eleccións só foron promovidos os candidatos de recoñecido liberalismo, debemos concluir que Alcalde militaba no liberalismo, aínda que posiblemente nun liberalismo moderado.

No 1821, cando gañou o escano, aparece nas fontes consultadas como "avogado y propietario", o que nos leva a pensar que aínda non era sacerdote.

Nas Cortes o seu papel foi moi pouco lucido. A penas participou e formou parte da comisión de Actas. Un cronista daquelas Cortes fai del a seguinte descrición: "El tiple de capilla. Voz de monja que entona una lamentación en las tinieblas del Jueves Santo. Poco pulmón y por tanto no puede oírsele bien... suele sentarse inmediato al Sr. Cortés (refírese a Domingo Cortés, tamén deputado) y estira como éste su figura para seguir las insinuaciones del divino (refírese a que votaban con Argüelles)".

Na famosa sesión do 11 de xuño de 1823, foi un dos poucos deputados que se opuxeron á exoneración do Rei para constituír unha Rexencia. Quizais por iso non nos consta que fose perseguido ó remate do Trienio.

Xa sacerdote, foi cóengo da catedral de Tui, arcediago de Taboaxe e posteriormente provisor e vicario xeral do bispado. É posible que fora o autor dun folleto aparecido en Santiago no ano 1842 e titulado *Respuesta a la carta que bajo el nombre de un Venerable Eclesiástico de San Justo, se publicó en 1842 en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra*. 67. Este folleto, que está firmado por José Manuel Alcalde, presbítero de Tui, pretende saír ó paso non só do que escribiu o "venerable eclesiástico de San Justo" senón máis ben da normativa que pretendía impoñe-lo celoso gobernador da provincia de Pontevedra. Decía este nunha circular que os párrocos debían percibi-los aranceis de acordo co arancel do arcebispo Blanco, de Santiago, publicado trescentos anos atrás. Máis aínda, parecía acusa-los párrocos de simonía por per-

cibiren os dereitos de pascua e outras gabelas parroquiais. Alcalde rexeitou tal criterio e demostrou a legalidade dos dereitos que habitualmente se percibían.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1822-1823    Deputado por Galicia

---

### ALFARO GODÍNEZ, Agustín

---

Periodista importante, sen relación ningunha con Galicia, a pesar do cal nos representou nunha ocasión por decisión de Florencio Rodríguez Vaamonde, a quen substituíu no distrito de Ribadavia.

Colaborou na revista *El Alba* (1838-1839) de Madrid con contos e composicións poéticas, así como tamén nas revistas *Semanario Pintoresco*, *La Ilustración Católica*, *El Heraldo* e *El Fénix* (1857-1859). Con Agustín Esteban Collantes publicou os sete tomos do *Diccionario de agricultura práctica y economía rural* (1851-1855).

Ademais da súa actividade periodística e como autor de libros, traballou na administración do Estado, onde chegaría a ser xefe superior de Administración Civil.

Militou sempre no Partido Moderado e os gobernos moderados coidaron del. En ton desenfadado, Sánchez Silva, cando fai a descrición dos deputados de 1850, di de Alfaro: "Tuvo la asesoría de minas con un buen sueldo, pretendió ser diputado y lo nombraron de Real Orden (alude á forma en que Rodríguez Vaamonde o situou en Ribadavia). Luego fue jefe superior de administración civil a pesar de no haber sido jefe político, puesto reservado a los ahijaditos políticos". Como deputado, engade Sánchez Silva, ten "buena entonación", porque como secretario do Congreso "tiene que leer el acta". Finalmente conclúe que, se en 1843 era moi delgado, "un fideo", con cada posto que foi ocupando adquiriu "arrobas de carne", polo que en 1850 era xa "un diputado de tomo y lomo".

En canto á súa faceta política, como queda dito, nas eleccións de 1846 resultara elixido Florencio Rodríguez Vaamonde, quen, ó ser nomeado ministro de Gracia e Xustiza e pasar en 1847 ó Senado, deixou libre o escano de deputado no que sitou a Alfaro. Por iso Sánchez Silva dicía que Alfaro fora deputado por Real Orde. A súa entrada no Congreso produciuse concretamente o 18 de decembro de 1847.

Como deputado foi membro das comisións de Corrección de Estilo (posto que polo xeral se reservaba ós escritores), de Liberdade de Imprenta (da que foi secretario) e de Etiqueta. No ano 1849 foi elixido secretario do Congreso.

Participou poucas veces nos debates. Posiblemente a súa actuación máis longa tivo lugar na sesión do 11 de febreiro de 1849, na que se manifestou en contra do proxecto de lei de minas, tema no que era un experto.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1846-1850    Deputado polo distrito de Ribadavia    Ourense

---



**ALFONSO, Domingo**

Só representou a Galicia nunha lexislatura que durou un mes, polo que non nos consta que chegase a tomar posesión do escano.

Naceu na cidade da Coruña. Rematou os seus estudos de Latinidade en 1832 e no ano 1839, cando cursaba quinto de Leis solicitou o grao de bacharel. Acabada a carreira, traballou de avogado na Coruña.

Militou no Partido Progresista, no sector dos anti-ayacuchos (opostos a Espartero). O 12 de marzo de 1843 firmou, xunto con Alsina, Suances, Hipólito Otero, Arias Uría e Vázquez Bugueiro, todos eles deputados, un *Manifiesto* no que facían constar a súa defensa da constitución de 1837 e a súa oposición a que se aprobase outra constitución, así como a súa defensa das leis de deputacións e de concellos baseadas na maior autonomía posible. Defendían igualmente un sistema tributario que nivelase os ingresos e os gastos "sin consideraciones personales de ningún género", reclamaban a redacción dun código de responsabilidade ministerial, esixían dos conselleiros de Estado unha explicación polo miúdo dos gastos dos fondos do Estado e a súa renuncia a aceptaren calquera emprego ou condecoración do Goberno mentres exercesen como deputados. Tal manifesto, publicado despois das eleccións, tiña como obxectivo advertir a Espartero de que non asumirían as súas liñas de goberno. Como se sabe, estas Cortes foron suspendidas ó mes de abrirse.

Domingo Alfonso resultara elixido suplente nestas eleccións, pero, cando Xoaquín María López renunciou ó escano por preferi-lo de Barcelona, que tamén gañara, foi substituído polo noso persoeiro.

Non volvemos ter noticia del ata 1856 en que parece como concelleiro da Coruña.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**Lexislatura 1843 (1<sup>a</sup>)

Deputado pola provincia de Coruña

**ALONSO, Juan Bautista**

Tres foron os eixes da súa vida: a dedicación literaria, que practicamente remata no ano 1856, a súa dedicación profesional como avogado de prestixio en Madrid, e a fiel e inquebrantable militancia no Partido Progresista. Aínda que exerceu moitos anos como deputado, non foi esta a faceta máis destacada da súa biografía.

Naceu en San Lorenzo de Salcidos (preto da Guarda) o 14 de setembro de 1801, no seo dunha familia media. O seu pai era mestre de obras ou contratista, e o seu oficio levouno a traballar en Béjar (provincia de Salamanca). Isto é o que explica a vinculación do noso persoeiro con esta cidade.

Perdeu a nai sendo un neno e foi recollido e educado polo seu tío J. Bautista Losada, párroco de Salcidos, ata os doce anos. Con esta idade reclamouno seu pai desde Salamanca, onde iniciou os estudos de Filosofía. A morte do pai obrigouno a traballar de escribán, axudado por dous parentes dominicos de Salamanca.

Pola súa conta, e quitándolle horas ó ocio, foi estudiando Dereito, carreira que rematou na Universidade de Madrid no ano 1829.

Xa en Madrid foise introducindo nos ambientes literarios e mantivo estreitas relacións con Espronceda, Larra e García Gutiérrez. Colaborou con composicións poéticas nos xornais *El Correo Literario* (1832), *Diario de Avisos* (1835) e *El Alba* (1838-1839), todos eles de Madrid. No ano 1835 publicou un tomiño de *Poesías*, ben recibido pola crítica, entre as que destacan, polo seu carácter sentimental, as dedicadas á súa terra.

Comprometido co liberalismo progresista, colaborou en xornais como *El Eco del Comercio*, *El Guirigay* e *La Abeja* e ó mesmo tempo iniciou a súa carreira profesional, que é sintomática do seu carácter tenaz e loitador: entrou como amanuense no bufete do ilustre avogado Cambronero, anos máis tarde xa era pasante, converteuse logo no home de confianza de Cambronero e finalmente substituíuno á fronte do seu importante e acreditado despacho, que sería o sostén da súa economía.

A súa militancia no Partido Progresista foi recompensada por este con cargos de responsabilidade. No ano 1840 foi membro da Xunta Nacional progresista, na que el e o tenente xeneral Rodil eran os únicos galegos. En 1843, e ante a resistencia de Espartero a rectifica-lo goberno, foi un dos deputados enviados a Galicia para promover-lo levantamento. Cando a elite do Partido Progresista publicou o 20 de novembro de 1865 un manifesto a favor do retraemento electoral, a súa sinatura figuraba ó lado das de Prim, Sagasta, Aguirre, etc. Neste mesmo ano foi membro da Xunta Central do partido con Madoz, Calatrava, Fernández de los Ríos e outros.

Malia o seu poder no partido, a penas se beneficiou nas distintas etapas de goberno progresista. Á parte de deputado, só foi subsecretario de Gobernación, sendo ministro Fermín Caballero (1843).

No ano 1839 saíu elixido deputado suplente por Madrid, o mesmo que no ano 1841, pero neste último ano obtivo un escano pola provincia de Pontevedra. A súa actuación máis destacada foi a defensa da capitalidade provincial de Pontevedra fronte a Vigo.

Pontevedra premiou a defensa que fixo da cidade renovándolle o escano nas dúas eleccións de 1843 e posteriormente en 1854. No ano 1865 gañou un escano pola sección de Santiago, provincia da Coruña.

Desde 1856 dedicouse con maior intensidade ó despacho de avogado en Madrid e reservoulles un espacio menor á política e ás letras.

A chamada Revolución de 1868 atopouno vello e achacoso. Con todo, encomendóuselle a presidencia do Consello de Estado, presidencia que perdeu en 1875, aínda

que permaneceu como membro do Consello. Foi elixido senador pola provincia de Murcia (1872-1873).

Tiña fama como orador. A súa portentosa facundia facíalle, ás veces, divagar máis da conta. Imaxinativo, esmaltaba de metáforas os seus discursos, que gozaron daquela de recoñecemento. Un dos seus biógrafos, o galego A. Vicenti, dixo del que era "un progresista viejo, es decir, un hijo de la Revolución y de la Enciclopedia lleno de fe en cuanto a los destinos de la humanidad, pero un tanto volteriano en el juicio de los hombres; tenaz en sus odios más que en sus gestos y mejor dispuesto -como todos sus compañeros- para la adversidad y para la lucha que para la victoria, o lo que es igual, para el gobierno".

Morreu en Madrid o 5 de decembro de 1879.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura	1841-1842	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura	1843 (1ª)	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura	1843 (2ª)	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura	1854-1856	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura	1865-1866	Deputado pola sección de Santiago	A Coruña

### ALONSO DÍAZ, Benito María

Naceu o 10 de setembro de 1815 en Ribadeo. Era fillo de Justo Alonso, posiblemente de profesión comerciante, e de Manuela Díaz. O seu pai procedía da provincia de León e a súa nai era de Ribadeo.

Estudou varios anos como alumno interno do seminario de Mondoñedo. No ano 1831 incorporou á Universidade de Santiago tres cursos de Filosofía e un de Teoloxía cursados nese seminario e iniciou os estudos de Leis, que debeu rematar no curso 1841-1842.

Descóñecemos cándo se estableceu como avogado na Coruña. Sabemos que, concluídos os estudos de Leis, debeu pasar algúns anos en Ribadeo, porque en 1843 representou este distrito na Deputación Provincial de Lugo. No mesmo ano foi nomeado xuíz de Primeira Instancia de Taboada (Lugo). Xa establecido na Coruña, consta que en 1866 pertencía á Xunta Directiva do Colexio de Avogados da cidade.

Os acontecementos de 1868 atoparon nel un fervente defensor. Por iso foi, xunto con Federico Tapia e outros, un dos membros da primeira Xunta Revolucionaria, constituída o 29 de setembro dese ano na Coruña e presidida por Juan Manuel Pereira, ata entón encarcerado en San Antón. Ben é certo que esta primeira xunta tivo só vinte e catro horas de vida. As forzas vivas da cidade constituíron o día seguinte outra, presidida polo burgués Andrés Garrido, e integrada por representantes liberais de tódolos sectores, excepto radicais como Pereira, Montero

Tellinge, Federico Tapia ou Benito María Alonso.

Representou a provincia de Lugo en dúas ocasións no ano 1843 e nada temos que salientar da súa participación en Cortes.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1843 (1ª)	Deputado pola provincia de Lugo
Legislatura 1843-1844	Deputado pola provincia de Lugo

### ALONSO LÓPEZ, José

Pertence Alonso López á primeira xeración dos liberais galegos, da que foi egrexio protagonista.

Naceu en Ferrol no ano 1763. Era fillo de Fernando Alonso e de María de Noval, veciños de Ferrol pero oriúndos de Ortigueira. Ingresou na Armada en 1786 e obtivo praza de piloto. Alonso López beneficiouse da grande escola matemática creada naquela cidade desde que se constituíra a Compañía de Gardamariñas en 1766. O maxisterio de Vimercati, de Agar, de Ulloa e outros creou unha escola de grandes matemáticos e científicos, sen comparación posible en Galicia e mesmo en gran parte de España. No ano 1791 Alonso foi destinado ó Observatorio Astronómico da Academia de Gardamariñas. En 1793 foi nomeado profesor interino da mesma e logo, en 1797, profesor con praza en propiedade. Sobre outros datos da súa biografía, el mesmo dixo-nos que era solteiro e que estaba só no mundo (sesión do 15 de decembro de 1812).

Proba da súa competencia é o feito de que, cando a Universidade de Santiago tivo que designar tribunal para xulga-los candidatos a unha cátedra no ano 1800, el foi un dos elixidos, xunto con Francisco Roldán, enxeñeiro hidráulico, e Francisco Yebra, director da Academia de Matemáticas e Hidrografía do Consulado da Coruña. O tribunal nomeou daquela catedrático a José Rodríguez, o ilustre matemático de Bermés.

Entre 1800 e 1802 foi encargado polo arcebispo de Santiago de levanta-lo plano xeográfico do seu arcebispado. No ano 1803 foi nomeado comisario dos Camiños de Galicia.

Gozaba dun creto xeneralizado como matemático, enxeñeiro e xeógrafo, e mesmo as crónicas aluden ó dominio que tiña de sete idiomas. A súa capacidade matemática e científica era compartida tamén por outros dous irmáns seus: Antonio Alonso, contador de Mariña que morreu a bordo dun buque da Armada no ano 1810, e Juan Alonso, enviado a París polo seu irmán para ampliar estudos entre 1802 e 1806. Este último foi encargado polo Goberno, á súa volta, de clasifica-la colección de instrumentos físicos que tiña a Academia de Gardamariñas de Ferrol e posteriormente empregado no laboratorio físico-químico do Palacio Real de Madrid.

A vida do noso protagonista experimentou un cambio radical no ano 1808. A pesar



do atractivo que para un científico tiña afiliarse ó bando afrancesado e a pesar da forza que este tiña na cidade de Ferrol, onde os afrancesados estaban dirixidos polo xeneral Obregón, Alonso alistouse desde o primeiro momento no bando nacional. En 1808 foi nomeado comandante de Enxeñeiros para a fortificación da ría de Ferrol.

Representando a Xunta desta cidade pasou á Coruña e formou parte da Xunta Suprema do Reino de Galicia. No ano 1810 foi elixido por esta Xunta (e non polas cidades, como se di) deputado a Cortes en Cádiz.

A súa actividade como deputado temos que cualificala de frenética. Participou nas comisións de Agricultura, Mariña, Correos, Organización das Provincias e outras. Presentou dúcias de proxectos, entre os cales os máis notables foron a supresión dos señoríos xurisdiccionais (1 de xuño de 1811), a creación da fábrica de moeda en Ferrol (22 de xuño de 1811) e da fábrica de moeda de Galicia (28 de xuño de 1811), a exención de certos tributos eclesiásticos en Lugo (22 de xullo de 1811), a supresión do voto en Santiago (25 de febreiro de 1812), a exención do tributo que o porto da Coruña pagaba á Inquisición (16 de febreiro de 1813), etc.

A prensa absolutista de Galicia púxoo no seu punto de mira e denunciou frecuentemente as súas propostas.

Non coinciden os escasos autores que escribiron sobre Alonso López na súa interpretación sobre a represión sufrida a partir de 1814. Guillermo Escrigas asegura que tivo que exiliarse ata 1820, o que cremos máis probable. Para outros, Alonso López foi agraciado por unha R.O. de 13 de agosto de 1816 co nomeamento de comisario de Camiños de Galicia.

Volveu ás Cortes do Trienio no ano 1820. Formou parte das comisións de Camiños e Canais, de Comercio, Industria e Mariña, e de Organización da Armada. Sen embargo, xa non tivo o mesmo ímpeto das Cortes de Cádiz na presentación de proxectos. Só presentou un, o 22 de xullo de 1820, sobre a necesidade de reduci-la presión fiscal ós máis pobres para asegurar-lo aumento da poboación. Non falou nunca nesta lexislatura.

Alonso López foi membro da masonería, aínda que descoñecemos cando ingresou nela. Era elevado o número de deputados galegos masóns no Trienio.

É autor dunha extraordinaria obra: *Consideraciones generales sobre varios puntos históricos, políticos y económicos a favor de la libertad y fomento de los pueblos y noticias particulares de esta clase relativas al Ferrol y su comarca*, en seis tomos, impresa inicialmente en Madrid en 1820, aínda que algúns tomos foron impresos máis tarde. Obra enciclopédica, pouco metódica, reveladora do seu gran saber, e que en certa maneira é a primeira historia de Ferrol.

Morreu, pobre e perseguido, en Ferrol o 26 de decembro de 1824, en plena represión absolutista. A morte foi benigna con el xa que o privou de ver cómo a obra das Cortes, na que tanto empeño puxera, era eliminada por Fernando VII.

No curioso libro de bosquejos biográficos dos deputados de 1820 e 1821, sen dúbida escrito por un galego que aínda non puidemos identificar, faise del a seguinte descrición: "cuitadiño, cuitadiño: buen patriota, buen ingeniero, buen marino, e bon caballeiro" (sic).

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1810-1813	Deputado en Cortes en representación da Xunta Suprema de Galicia
Lexislatura 1820-1821	Deputado en representación de Galicia

## ALONSO RODRÍGUEZ, Ramón Justo

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1873-1874	Deputado pola sección de Mondoñedo	Lugo
-----------------------	------------------------------------	------

## ALSINA SELISIS, Vicente

Naceu na Coruña o 22 de outubro de 1794. Era fillo dun comerciante catalán. A Guerra de Independencia levouno a integrarse na milicia, desviándoo da súa primeira dedicación comercial. Sendo cadete no ano 1810, tomou parte na guerra contra os franceses, foi ferido nos Pirineos en 1813 e abandonou o exército no ano 1818 co grao de subtenente.

Progresista radical, participou de xeito decisivo na defensa da cidade da Coruña, no ano 1823, contra as tropas francesas. Elixido oficial da milicia nacional, a súa bravura e a súa paixón liberal fixeron que ascendese en poucos meses a capitán e logo a comandante da dita milicia. Cando capitulou a cidade, Alsina tivo que esconderse durante algún tempo para evitar que os absolutistas, que dominaban a situación, o prendesen. Máis tarde foi procesado e encarcerado, e posiblemente (aínda que non nos consta) permaneceu na emigración durante algúns anos.

Á morte de Fernando VII, coa paulatina instauración do liberalismo, Alsina recobrou protagonismo. Formou parte do Concello da Coruña xa no ano 1833, representando os comerciantes. En 1835 aparece como xefe político da provincia de Lugo, colaborando eficazmente co capitán xeneral para desfacer as partidas carlistas.

Líder indiscutible do progresismo coruñés, alcalde varias veces da súa cidade, esta soubo correspondelo elixíndoo practicamente cada vez que se presentou a deputado. Empezou no ano 1836 e mantívose, con breves interrupcións, e aínda que o Goberno fose ultraconservador, ata 1856. Non tivo, que saibamos, responsabilidades de goberno en ningún ministerio. Foi vicepresidente primeiro das Cortes do Bienio Progresista.

Alsina era home de partido (pertencía ó Comité Central do Partido Progresista), máis disposto a loitar nas barricadas contra os absolutistas que a debater nas Cortes. Nunca falou no Congreso e case non participou nas comisións. Foi membro de toda-



las Xuntas Revolucionarias constituídas en 1835, 1840 e 1843. A súa sinatura estaba sempre presente en todo documento que defendese a liberdade, a supresión das ordes relixiosas, a desamortización ou obxectivos semellantes.

No ano 1848, vendo cómo os sucesos de Francia contaxiaban o pobo madrileño, decidiu participar nas barricadas. Procesado, tivo que fuxir a Francia, onde estivo ata 1849.

Non era home de fortuna. Non podía selo quen, descoidando o comercio que lle deixara o seu pai, vivía para a política pero sen beneficiarse dela. No ano 1839, o cónsul francés na Coruña elevou un interesante informe ó seu Goberno no que retrataba o perfil moral e político dos deputados a Cortes de Galicia. De Alsina di que era comerciante e pequeno propietario da Coruña, "violento de carácter, hostil a los extranjeros, especialmente a los franceses. Poco estimado por los administrados que ven en él al jefe de los exaltados".

Coincide este retrato co que fai un cronista madrileño que estudia os deputados do 36 un por un: "Guárdate de tener pendencia personal con este gallego, que es fornido, forzudo y de malas pulgas. Si conforme tiene carácter y decisión política tuviera autoridad, pronto acabaría con López (refírese ó xefe da guerrilla carlista galega López) y demás facciosos del campo, empezando por los del poblado. Echarle, echarle facciosos!".

Estes xuízos teñen a súa confirmación no retrato de Alsina que se atopa no Museo de Belas Artes da Coruña: baixo de corpo, repoludo, moi forte, o seu xesto e a súa mirada inquisidora denotan un forte carácter.

Debeu morrer no ano 1862 na Coruña.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura	1836 (1ª)	Deputado pola provincia da Coruña	
Lexislatura	1836-1837	Deputado pola provincia da Coruña	
Lexislatura	1841-1842	Deputado pola provincia da Coruña	
Lexislatura	1843 (1ª)	Deputado pola provincia da Coruña	
Lexislatura	1846-1850	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura	1851-1852	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura	1853-1854	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura	1854-1856	Deputado pola provincia da Coruña	

#### ALVARADO, Salustio Víctor

Ata o Sexenio non deu sinais de vocación política, aínda que si de vocación periódica e literaria. Consta que colaborou no xornal de Madrid *La Discusión*, *Diario Democrático* e participou nos Xogos Florais da Coruña de 1861, onde foi premiado un traballo seu que levaba por título *Necesidad de escribir la historia filosófica de Galicia desde los tiempos más remotos hasta nuestros días y su utilidad para el porvenir*.

Estudio Dereito, execeu como avogado e foi notario durante algún tempo en Viveiro.

Tamén se integrou na carreira xudicial como fiscal e colaborou na revista xurídica *Boletín Judicial de Galicia*.

Casou con María del Carmen Alvo González. Era curmán de Nicanor Alvarado.

Militou no Partido Republicano, polo que disputou un escano de deputado nas eleccións de 1869, aínda que fracasou. Intentouno de novo nas primeiras elección de 1872, presentándose polo distrito de Viveiro, pero volveu fracasar. Como se sabe, nestas eleccións os republicanos ían coligados cos carlistas. Os republicanos pretendían presentar por Viveiro o célebre Miguel Morayta, mentres que os carlistas preferían outro candidato. Ó fin decidiron presentar a Alvarado. Temos unha proclama do 27 de marzo de 1872, na que consta que Alvarado se presenta por Viveiro como republicano federal, pero contando cos votos carlistas. Finalmente resultou elixido Francisco Sanz Rioboo, porque o sector carlista decidiu non apoiar a Alvarado.

Sen embargo, Alvarado saíu elixido nas eleccións republicanas do ano 1873. Durante o Sexenio foi nomeado gobernador civil da provincia de Lugo.

Morreu en Valladolid no ano 1886 cando era fiscal daquela Audiencia.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1873-1874	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
-----------------------	-----------------------------------	------

### ALVARADO CASANOVA DE SOTOMAYOR, Nicanor (Marqués de Trives) ==

Fillo de Buenaventura Alvarado e de Jacinta Casanova, naceu en Trives (Ourense) o 12 de xaneiro de 1830 e estudou Leis na Universidade de Salamanca.

Casou con María Luisa Carlota Barroeta, de Guetaria.

Nicanor foi seguindo os pasos do seu pai, cos ollos postos no distrito de Trives, ocupado durante moitos anos por Suárez de Puga.

Agardou o seu momento. O réxime da Unión Liberal e, sobre todo, o ministro Posada Herrera, o seu maior intrigante, tentou descabezar en 1858 a representación política tradicional, que non controlaba, e substituíala por outra fornada de deputados máis novos. Na provincia de Ourense foron Álvarez Bugallal e Nicanor Alvarado os homes novos que se aprestaron a combater contra a vella garda dos partidos liberais, neste caso representada por A. Torres Valderrama, contra o que loitou Álvarez Bugallal, e por Suárez de Puga, vencido por Alvarado.

Foi así cómo Nicanor Alvarado obtivo a representación do distrito de Trives na longa lexislatura de 1858 a 1863. Nas Cortes o seu papel foi moi modesto.

Novamente obtivo a representación na seguinte lexislatura (1864-1865) aínda que

con non poucas dificultades. Tamén nesta ocasión se enfrontou a Suárez de Puga e, aínda que Alvarado era candidato ministerial, é dicir, estaba apoiado polo Goberno, aquel obtivo numerosos votos. Suárez de Puga impugnou a acta. A comisión emitiu un dictame favorable, pero contando con dous votos en contra entre os membros da propia comisión. Por fin Alvarado puido xura-lo seu cargo de deputado o 19 de abril de 1864. Quizais isto explique que non participase de ningunha forma no Congreso.

Simultaneou a representación en Cortes co traballo como funcionario en varios ministerios, onde cesou no ano 1868.

Oposto ó levantamento de 1868, retirouse só parcialmente da vida política, porque gañou a representación por Trives nas eleccións de 1871 e nas primeiras de 1872. Antes de 1868 fora secretario político da raíña Isabel II.

Coa Restauración, Alvarado recuperou o distrito de Trives, que representou entre 1876 e 1881 e entre 1884 e 1886. Posteriormente pasou ó Senado. No ano 1879 foi subsecretario de Gracia e Xustiza que, coidamos, foi o cargo político máis importante que exerceu.

Novamente foi elixido deputado no ano 1891 polo distrito de Trives, posto ó que renunciou o 6 de xullo de 1891 por ser nomeado senador vitalicio. No distrito substituíno Manuel Cano Cueto.

Como deputado e durante a Restauración, traballou ben nas comisións, aínda que non gustaba de facer grandes parlamentos. Nas Cortes de 1876 formou parte das comisións de Presupostos, Leis municipais e provinciais e Ferrocarril Ourense e Vigo. Nas Cortes de 1879 a 1881 participou nas comisións de Presupostos, Cable telegráfico e Organización dos Tribunais. Só falou nesta lexislatura o 1 de maio de 1880, cando se discutía a lei de presupostos. A Pobra de Trives apoiouno porque traballou pola construción e mellora da estrada de Ponferrada a Ourense, que pasa por Trives, finalizou as obras da igrexa parroquial de Trives e conseguiu outras melloras, polo que a vila, agradecida, dedicoulle unha rúa e colocou unha placa nas paredes exteriores da igrexa.

A Monarquía quixo recompensa-los servizos prestados por Nicanor Alvarado e o seu pai concedéndolle no ano 1875 o título de marqués de Trives. Tiña unha regular fortuna en bens inmoables e un depósito bancario de 193.000 pesetas.

Morreu en Madrid o 16 de xullo de 1896.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1859-1863	Deputado polo distrito da Pobra de Trives	Ourense
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito da Pobra de Trives	Ourense
Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito da Pobra de Trives	Ourense
Lexislatura 1872 (1ª)	Deputado polo distrito da Pobra de Trives	Ourense
Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito da Pobra de Trives	Ourense
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito da Pobra de Trives	Ourense
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito da Pobra de Trives	Ourense
Lexislatura 1887-1891	Senador pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito da Pobra de Trives	Ourense

**ALVARADO DE SOTOMAYOR, Buenaventura**

Pertencía a unha familia fidalga de Monforte, onde naceu. Cursou Artes na Universidade de Salamanca, pola que se graduou no ano 1817. No ano 1819 incorporou os estudos feitos en Salamanca na Universidade de Santiago onde estudiou Leis.

En 1835 era alcalde maior na Pobra de Trives e a partir deste momento quedaría, tanto el coma a súa familia, vinculado a esta terra que tantas veces representaron en Cortes el e o seu fillo Nicanor. A partir de 1838 consta como xuíz de Trives.

Ascendeu gradualmente as escalas da carreira xudicial. No ano 1854 foi fiscal da Audiencia de Burgos, en 1857 fiscal da Audiencia de Valladolid e en 1861 tenente fiscal do Tribunal Supremo. No ano 1864 foi fiscal do Supremo.

A súa vinculación profesional con Trives facilitou que resultase elixido deputado pola provincia de Ourense en 1836, nas segundas eleccións de 1843 e na lexislatura de 1864.

O seu papel nas dúas lexislaturas foi case nulo. Un cronista da época descríbeo así en 1836: "Galleguito joven, petimetre y más dulce que su propio dialecto. Una vez que le oímos se expresó con facilidad y con frases tan almibaradas como la mejor conserva de azahar. Si no avanza mucho en opiniones más es por miedo que por falta de voluntad".

Nas eleccións de 1837 volveuse presentar e saíu suplente.

O seu arredamento de Trives explica que se instalase alí como deputado Tomás Suárez de Puga.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1836 (1 <sup>a</sup> )	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1843 (2 <sup>a</sup> )	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Pobra de Trives	Ourense

**ÁLVAREZ BOHÓRQUEZ, Mauricio (Duque de Gor)**

Personalidade destacada nas Belas Artes. Era Director da sección de Pintura na Academia de San Fernando. Na súa xuventude pintou varios cadros de temática histórica. O seu amigo Moscoso de Altamira nomeouno en 1834 membro da Comisión encargada de la reforma de la Primera Enseñanza en España.

Foi Prócer do Reino en 1834-1835, senador pola Coruña en 1843-1844 e senador vitalicio desde 1845.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1843-1844	Senador pola provincia de Coruña	
-----------------------	----------------------------------	--



---

**ÁLVAREZ BROCALANDO, Juan**

**E**stamos ante un persoeiro apaixonante para a microhistoria política de Galicia, que esvara entre as mans do historiador pola súa tendencia, seguramente moi meditada, a firma-la maior parte dos documentos só como Juan ou Álvarez.

Naceu en Cuba arredor de 1839 (consta que no ano 1872 tiña trinta e tres anos) e sabemos que viviu en Ferrol desde 1858 porque no padrón municipal de 1871 figura que residía na cidade desde había trece anos. Consta igualmente como propietario.

No ano 1867 está detrás do xornal *El Pollo. Periódico satírico y literario*, xunto con Francisco Suárez e Nazario R. de Puzo.

Formou parte do Partido Republicano Federal, constituído en Ferrol, e foi un dos dirixentes civís do levantamento desta cidade no ano 1872, levantamento ben estudado por A. Gomis Rodríguez, que tiña como obxectivo a instauración inmediata do réxime republicano federal. Foi secretario da xunta provisional constituída en outubro de 1872.

Derrotados os que se alzaran en Ferrol, Álvarez Brocalando fuxiu, exiliándose posiblemente en Portugal. Unha xenerosa amnistía permitiulle retornar e no ano 1873 logrou a representación polo distrito de Carballo.

As noticias que temos indicannos que debeu renunciar á vida política para dedicarse ós seus negocios. En 1884 era concelleiro de Ferrol.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1873-1874

Deputado polo distrito de Carballo

A Coruña

---

---

**ÁLVAREZ BUGALLAL, Benigno**

**N**aceu en Santa María de Areas (Ponteareas) o 5 de setembro de 1837. Era fillo do rexistrador da propiedade Xosé Álvarez Cabrero e de Manuela Bugallal Muñiz. Por conseguinte, irmán de Saturnino Álvarez Bugallal.

Casou coa súa curmán Pilar Roig Bugallal.

Ingresou no exército, ascendendo ata xeneral de División. Foi Comandante Xeneral de Cartaxena.

Politicamente aproveitouse da traxectoria do seu irmán, Saturnino Álvarez Bugallal, moito máis capaz ca el. Cando Saturnino morreu en Lisboa no ano 1885, o noso protagonista xa puido seguir os pasos do seu sobriño Gabino Bugallal, que iniciou a súa extraordinaria carreira política en 1886. Estes apoios explican o seu nomeamento como subsecretario de Guerra, no ano 1892, con Azcárraga como ministro.

Iniciouse na alta política na lexislatura de 1884, na que saíu elixido por dous distritos, Chantada e Ponteareas. Decidiu entón mante-lo primeiro, no que había menos competencia.

Nas seguintes eleccións, ata a súa morte, saíu sempre polo distrito de Chantada.

Militou no Partido Conservador. Morreu en Alicante no ano 1894.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo
Lexislatura 1886-1891	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo
Lexislatura 1893-1894	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo

### ÁLVAREZ BUGALLAL, Saturnino

**S**oy lo que fui toda mi vida, vine aquí con mis antecedentes de siempre, lo que no hice fue ningún género de abdicación, a lo que no me presté nunca fue a ninguna clase de resello ni progresista ni democrático". (Diario de Sesións, 7 de outubro de 1869).

Así, con voz tronante, fixo a súa profesión de consecuencia política nunhas Cortes que lle eran absolutamente adversas, as primeiras Cortes da Gloriosa.



Álvarez Bugallal fora sempre así: monárquico, católico, autoritario e conservador, e xamais desertou das súas fidelidades. Murguía, tan afastado dos seus principios políticos, pero admirador seu, así o recoñecía. Desde mozo, sendo estudante na Universidade de Santiago, mostrara xa aquel estilo inconfundible de ser: amante da tradición (mentres os demais lían a Espronceda el estudiaba a Horacio e a Virxilio), defensor da Igrexa e dos seus valores, constitucional pero conservador.

Nacera en Santa María de Areas (Ponteareas) o 11 de febreiro de 1834 no seo dunha familia de clase media. Estudiu Dereito en Santiago e foi membro da chamada xeración de 1856 (a de Aguirre, Pondal, Salustio Alvarado, Rodríguez Seoane, Anciles, Olivares, Soto Obanza, etc.), que repartía o seu tempo entre as clases e a preocupación literaria e política. Concluíu a carreira en Madrid.

O mozo Álvarez Bugallal, con só vintecinco anos, obtivo o escano por Bande nas eleccións de 1858. Chegaba no momento xusto, cando Posada Herrera e O'Donnell, do que Murguía, con evidente esaxeración, dicía que a súa incapacidade política era só comparable a *lo monstruoso de su fortuna*, montaban a Unión Liberal. Querían aparentar unha ruptura política introducindo unha nova xuventude no Parlamento, aspecto este que captou perfectamente Pérez Galdós cando escribiu: "la limpieza y gallardía de tantos jóvenes o viejos rejuvenecidos que subían a oficiar en los altares de la patria con vestiduras nuevas, infundían confianza y evocaban imágenes de bienestar".

Álvarez Bugallal, co apoio do Goberno e o inmediato do seu tío Ramón Bugallal, párroco de Muíños, obtivo o escano logo dunha escandalosa elección, como llo recordaría González Bravo no Congreso: "El señor Bugallal a mis ojos hoy no es el representante del distrito, es el representante de su tío". (Diario de Sesións, 14, 15



de xaneiro de 1859).

En Madrid moi pronto destacaron a súa laboriosidade e o seu moderantismo, dúas calidades moi apreciadas para ascender politicamente. No ano 1860 foi nomeado fiscal de Imprenta e exerceu a súa función como se esperaba del, é dicir, en detrimento da liberdade de prensa. Os periodistas cebáronse en Bugallal e fixeron circular cuartetas denigrantes. Moitas delas naceron do xenio versificador de Manuel del Palacio (por metade maragato e galego), como aquela que di:

Existe un libro inmoral  
que se llama Saturnino.  
Cuando hablas tú, me parece  
que estoy leyendo ese libro".

Ó remate do seu labor como xuíz de Imprenta deixou un ronsel de inimigos, tanto progresistas coma demócratas, pero quedou asentado o seu creto como home autoritario e fiel cumpridor dunha norma. Nas eleccións de 1863-1864 foi derrotado en Pontevedra por Lafuente Alcázar, xenro de Rodríguez Vaamonde, aínda que obtivo escano por Tui.

No ano 1865 obtivo representación pola provincia de Pontevedra.

Mentres, ía escalando postos na administración do Estado. Cando se promulgou a lei hipotecaria, Romero Ortiz foi nomeado director xeral para a súa aplicación. A pesar das discrepancias políticas entre eles, Romero Ortiz non dubidou en nomealo subdirector xeral e, xuntos, levaron adiante a difícilísima tarefa de aplicar e desenvolver a lei. Máis tarde foi nomeado fiscal de Facenda na Audiencia de Madrid, posto do que dimitiu ó caer O'Donnell, a quen lle gardou unha exemplar fidelidade ata a súa morte.

Cando se iniciaban os preparativos para a Revolución de 1868, Bugallal deixou a Unión Liberal, implicada neste proceso, e aproximouse paseniñamente a Cánovas. Co triunfo da Revolución obtivo escano por Pontevedra nas eleccións de 1869. Naquelas Cortes viviu sen dúbida o seu momento máis glorioso. Con Cánovas, Silveira e Elduayen estivo en tódalas batallas fronte á marea revolucionaria: en defensa da unidade católica (3 de maio de 1869); en defensa da monarquía borbónica: "Aunque hoy se halle el Trono vacante, ya se ocupará, ya se levantará con el concurso de la Nación y de la Cortes", dixo en medio do ruxido do Parlamento, e non pensaba en Amadeo de Saboia, ó que non votou, senón na solución borbónica. Opúxose totalmente á amnistía dos dereitos de imprenta (7 de outubro de 1869), a indemniza-los militares desterrados desde 1865, porque para el significaba subvencionar a insurrección (28 de outubro de 1869), e á monarquía de Amadeo, prognosticando que este réxime será efímero como un meteoro (18 de novembro de 1869); fixo unha afervoadada defensa de Isabel II cando foi denunciada pola perda de xoias da Coroa (14 de decembro de 1869) e defendeu o arcebispo de Santiago, cardeal García Cuesta, para o procesamento do cal se pedía licencia, enfrontándose nisto a Montero Ríos (25 de febreiro de 1870).

Volveu obter escano por Pontevedra nas eleccións de 1871, nas de abril de 1872 e

nas de agosto de 1873.

Chegada a Restauración, este ciclópeo defensor da monarquía borbónica, tardou en ver recoñecidos os seus méritos. Cánovas non debía sentir por el moito afecto, quizais por ter unha personalidade demasiado acusada, por aquel mirar insolente (en realidade produto da miopía) que atemorizaba, polos seus prontos de xenio irrefreable, polo descoído no vestir, xa que, como di Linares Rivas nun retrato que fixo de Bugallal: "Descuida sobremanera su traje y su toilette, importándole un ardite que las prendas que viste sean de moda o hayan caído en desuso, que sean nuevas o viejas, que lleven colores casados o que formen la más chillona discordancia".

Cánovas nomecuno fiscal do Tribunal Supremo, tal vez confiando nel para resolver asuntos tan noxentos como a acusación de homicidio contra o bispo da Seu d' Urgell, que Bugallal resolveu de acordo coas probas pero sen dúbida tamén de acordo cos desexos do Goberno.

Cando a maxinación de Bugallal empezaba a ser demasiado acusada, Cánovas nomecuno ministro de Gracia e Xustiza en 1879, cargo que ocupou a penas uns meses. En decembro deste mesmo ano volveu ser nomeado para o mesmo cargo, aínda que tamén por pouco tempo, e foi substituído por Cos Gayón. Finalmente foi designado embaixador en Lisboa, onde morreu o 5 de maio de 1885 ós cincuenta e un anos de idade.

Malia a súa morte temperá, Bugallal consolidou un enorme prestixio na Corte, non só pola súa intensa actividade política senón tamén pola súa sólida formación xurídica, posta de manifesto en conferencias na Academia de Xurisprudencia de Madrid e en rigorosos informes; así mesmo pertenceu á Real Academia de Ciencias Morais e Políticas. Dito prestixio abríulle-las portas ós seus sobriños, especialmente a Gabino, que superou o seu tío no currículo político. Neste sentido, atribúese a Álvarez Bugallal a estrea dunha nova forma de caciquismo en Galicia, ben secundada pola súa familia.

Saturnino Álvarez Bugallal Saturnino non gozaba do don da oratoria, quizais, como dicía Linares Rivas, polas dificultades orgánicas que tiña para expresarse, porque "no se si en la garganta, si en el paladar o en sus labios surgen dificultades y tropiezos que cortan su lenguaje y lo embarazan". Sen embargo, compensaba estas dificultades cunha lóxica parlamentaria irrefutable desde a súa ideoloxía, cun apaixonamento que obrigaba as Cortes a escoitalo necesariamente.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1858-1863	Deputado polo distrito de Bande	Ourense
Legislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Legislatura 1865-1866	Deputado pola sección de Vigo	Pontevedra
Legislatura 1869-1871	Deputado pola sección de Vigo	Pontevedra
Legislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Pontearreas	Pontevedra
Legislatura 1872 (1ª)	Deputado polo distrito de Pontearreas	Pontevedra
Legislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Pontearreas	Pontevedra
Legislatura 1876-1879	Deputado pola provincia de Ourense	
Legislatura 1879-1881	Deputado pola provincia de Ourense	
Legislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Bande	Ourense
Legislatura 1884-1886	Senador pola provincia de Ourense	



### ÁLVAREZ DE TOLEDO Y GUTIÉRREZ DE LA CONCHA, Tristán (Duque de Bivona)

Moitos distritos galegos foron utilizados polos diferentes gobernos durante a Restauración para situar neles a deputados cuneros sen ningunha relación con Galicia. Estamos ante un dos casos máis rechamantes.

Para Sánchez de los Santos, Tristán Álvarez de Toledo naceu en Madrid no ano 1871, pero Fernández Bethancourt afirma que naceu en Nápoles o 9 de febreiro de 1869. Cunha moi boa formación, foi un dos deputados máis activos e importantes do Congreso español, como aseguran os seus biógrafos. Foi secretario do Congreso durante sete lexislaturas, desde 1898 ata 1904, director xeral de Agricultura no ano 1902 e de Correos e Telégrafos en 1908. Entre 1905 e 1906 foi gobernador civil de Barcelona.

Como deputado por Galicia non tivo ningunha actuación importante. Só foi deputado unha vez por Quiroga na lexislatura entre 1896 e 1898, é dicir, cando iniciaba a súa carreira política.

Posteriormente enfeudouse no distrito de Jaca (Huesca), que representou desde 1899 a 1907 (antes fora deputado por Boltaña, Huesca, entre 1898 e 1899). Xa no ano 1907 pasou ó Senado por Granada e a partir de 1910 foi senador vitalicio. Posuía grandes propiedades en Alhama e Totana (provincia de Murcia).

Era fillo do conde de Xiquena e no ano 1898 accedeu ó ducado de Bivona con grandeza de España. Morreu en marzo de 1926.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
-----------------------	-----------------------------------	------

### ÁLVAREZ GUTIÉRREZ, Antonio María

Deberon situalo como senador por Lugo desde o Goberno, seguramente por carecer de circunscrición. De feito, na lexislatura de 1843 aparece como senador por Badaxoz. Representou a Lugo en dúas lexislaturas seguidas durante o Sexenio.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872 (2ª)	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1872-1873	Senador pola provincia de Lugo

## ÁLVAREZ LORENZANA Y VÁLGOMA, Francisco Antonio

### (Marqués de Vilagarcía e vizconde de Barrantes)

O accidentado percorrido do sangue nobiliario é o que explica que o noso protagonista, que procedía dos Armesto de Veiga de Forcas (Lugo), nacera en Cacabelos e, sen embargo, máis tarde chegara a ostenta-lo marquesado de Vilagarcía e o vizcondado de Barrantes. Renunciamos a segui-lo percorrido xenealóxico que explica estas mutacións, porque tampouco os xenealoxistas o teñen claro.

Como queda dito, naceu en Cacabelos no ano 1802. Era fillo de Benito Antonio Álvarez y Válgoma e de Josefa Manuela Armesto, familia fidalga polos dous costados con propiedades en Galicia, Vilafranca do Bierzo e Cacabelos.

Sabemos que era avogado e que ingresou cedo na administración do Estado, en concreto no Ministerio de Facenda co cargo de contador de valores. En 1838 era xefe de contaduría de valores

Foi elixido, por vez primeira, para representa-la provincia de Pontevedra na lexislatura de 1834 a 1836. Fermín Caballero, autor da coñecida obra *Fisonomía Natural*, na que se retratan os deputados, di del: "sabe cabildear y tiene cualidades que le recomiendan para negociar cosas arduas pues no le falta cachaza y sufrimiento en los trabajos del prójimo, ni la experiencia de lo que es llevar la cruz a medias. Habla poco y mal y es escurridizo y largo como un galgo".

Na lexislatura de 1844 a 1846 saíu elixido deputado suplente por Pontevedra, pero como Ferreira Caamaño resultara elixido polas provincias da Coruña e Pontevedra, optou pola primeira e deixou libre Pontevedra para el.

Debía ser consciente o marqués das súas carencias oratorias porque non falou en ningunha das lexislaturas nas que representou a Galicia, aínda que non se pode nega-lo seu concurso no traballo diario das Cortes. Na lexislatura de 1844 a 1846 formou parte da comisión de Pensións e da de Aranceis e foi presidente dunha comisión.

O seu silencio impide situalo politicamente.

Sabemos que morreu en 1849 porque o 31 de outubro dese ano o Congreso recibiu aviso do seu falecemento.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1834-1836	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1836 (1 <sup>ª</sup> )	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1837-1838	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1846-1849	Deputado polo distrito de Cambados Pontevedra





### ÁLVAREZ MENDOZA, Ángel

Deputado que conseguiu entrar na órbita dos Montero Ríos e García Prieto, ós que lles debeu a súa carreira política.

Naceu en Zaragoza no ano 1873. Cursou en Burgos o ensino secundario e posteriormente licenciouse en Dereito e en Filosofía e Letras pola Universidade Central, onde así mesmo recibiu o doutoramento en Leis.

Abriu bufete propio en Madrid, pero de seguida pasou ó bufete de Montero Ríos, no que entrou en decembro de 1893. Cando o seu protector pechou o despacho para presidi-lo Senado, Álvarez Mendoza foi repescado polo xenro daquel, García Prieto, que o integrou tamén no seu bufete.

Militou, por conseguinte, no monterismo e posteriormente no prietismo.

Resultou elixido deputado por vez primeira na lexislatura de 1905 a 1907, polo distrito de Castrojeriz (Burgos). Fora colocado alí polo Partido Liberal aproveitando a crise das elites burgalesas a consecuencia da disidencia garracista do ano 1901, que arrastrou ó Partido Conservador un amplo sector do Partido Liberal. Isto fixo que o Partido Liberal quedase descabezado na provincia, o que propiciou a chegada dun deputado cunero. Álvarez Mendoza gañou na pugna ó candidato conservador Crespo de Lara, quen denunciou inutilmente o fraude electoral.

Pretendeu ser reelixido na lexislatura de 1907, pero foi derrotado polos conservadores.

Os liberais colocárono no ano 1910 no distrito de Lalín, o que foi posible polo paso ó Senado de Justo Martínez, que ata ese momento viña representando o dito distrito. Pouco temos que salientar da súa actuación parlamentaria nese posto. Algúns comentaristas apuntan que era un orador metódico, razoador e persuasivo. No ano 1914 foi subsecretario de Instrucción Pública.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra

### ÁLVAREZ MIRANDA, Vicente

É o prototipo do mozo inqueda, romántico, contradictorio, sen unha definida vocación profesional. Militou sempre no liberalismo.

Naceu en Santa María de Vilaseán (Ribadeo), o 30 de maio de 1815. Estudiu no seminario de Mondoñedo Humanidades e Filosofía. Cando estudiaba Teoloxía aban-



donou o seminario para dedicarse á milicia, sen dúbida atraído polo prestixio e o consecuente apoio que lle podía presta-lo seu tío, o xeneral Latre. Como oficial do exército loitou na zona de Aragón contra as tropas carlistas de Cabrera, e foi condecorado. Rematou a guerra carlista coa graduación de capitán e conseguiu ser destinado á praza de Valladolid, comandancia que estaba ó mando de Latre.

Abandonou o exército en outubro de 1840 e, unha vez instalado en Madrid, colaborou en diversas revistas literarias, no xornal republicano *El Huracán*, en *El Eco del Comercio* e noutros. Aínda que xa se dera a coñecer no ano 1835 cunha tradución do francés, titulada *Zeluin o arte de amar*, será a partir de 1842 cando os xornais anuncien obras súas con algunha frecuencia. É o caso de *Fragmentos bélicos*, que *El Eco del Comercio* anunciou o 20 de xuño de 1842. En 1844 colaborou en *La Risa*, que dirixía Ayguales de Izco. Tamén escribiu en 1845 no xornal *El Porvenir*, de Santiago, dirixido por Faraldo.

Foi elixido deputado en Cortes pola provincia de Lugo nas eleccións de 1841, sen que a súa presenza se fixese notar nas Cortes.

Debeu de residir algúns anos en Sevilla, onde nos consta a súa presenza no ano 1843; non é seguro, en cambio, que representase a Sevilla nas Cortes, como afirman algúns dos seus biógrafos (caso de Amor Meilán). A súa estancia en Andalucía levou-no a redactar unha obra en dous tomos, *Glorias de Sevilla*, que apareceu en 1859 ó pouco tempo da súa morte.

Trala etapa andaluza debeu de regresar a Madrid, porque no mes de xaneiro de 1851 varios xornais da capital refiren que tiña unha especie de academia poética de improvisación, e mesmo era frecuente que fixese demostracións públicas da súa destreza improvisadora.

Obtivo por oposición unha cátedra de Latín no instituto de Bilbao, o que explica a aparición nesta cidade dalgunhas obras de Álvarez Miranda, como *El Hijo de María* (Bilbao, 1852), que é un poema histórico en vinte cantos, e posteriormente algunha obra de tipo pedagóxico, tamén en verso, como o libriño *Tesoro del estudiante* (Bilbao, 1854).

Álvarez Miranda, que non atopaba acougo en ningures, aparece en 1854 como cónsul xeral de Amberes e en 1856 foi cónsul de Veracruz (México), onde morreu no ano 1858.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1841-1842      Deputado pola provincia de Pontevedra

### ÁLVAREZ PESTAÑA, José María

Pertencía a unha familia afidalgada de Rubiá (Valdeorras, Ourense) e posiblemente era fillo de J. Manuel Álvarez de Castro. A familia vivía en Ourense.

Estudou Filosofía no convento franciscano de Ourense e incorporou estes estudos na Universidade de Santiago en 1800. Logo estudou Leis e graduouse como bacharel en 1804. Debeu remata-la súa carreira entre 1807 e 1808.

Abriu bufete de avogado na Coruña. No ano 1813 foi designado fiscal de Censura nesta cidade. Foi un censor moi estricto e duro contra as publicacións absolutistas, xa que militaba no liberalismo máis radical. De aí que en 1814, nunha denuncia dirixida a Fernando VII e redactada polos absolutistas coruñeses, se diga de Álvarez Pestaña: *"Abogado y Fiscal de la Junta de Censura; tan republicano que delata todos los papeles que defienden los derechos de V.M. y nuestra santa religión"*. Sen dúbida tivo que exiliarse a partir desa data.

Perdémola pista de Álvarez Pestaña ata 1834, en que foi elixido procurador da provincia de Ourense nas eleccións do Estatuto Real. No mesmo ano foi, ademais, nomeado oidor da Real Chancelería de Navarra, o que nos fai pensar que certamente permaneceu no exilio, porque este nomeamento parece querer recompensalos anos transcorridos sen poder exercer a súa carreira xudicial.

Un cronista galego das Cortes de 1834, do que descoñecemos o nome, fai del o seguinte retrato: *"Aunque es oidor oye mal y ve peor todavía. Habla largo y tendido las pocas veces que toma la palabra"*. E conclúe: *"Parece un cuitadiño gallego"*.

Novamente foi elixido deputado pola provincia de Ourense en 1836, pero non se incorporou ó escano ata maio de 1837. A lexislatura rematou en novembro dese ano sen que interviñese nunca nin formase parte de comisión ningunha.

No mesmo 1837 foi elixido senador pola provincia de Ourense e novamente reelixido para o mesmo posto nas eleccións de 1839 e 1844. Tras estas últimas xa non se incorporou, porque o 11 de outubro dese ano foi designado senador por decisión real en representación da provincia de Ourense, en substitución de Manuel María Losada. Finalmente no ano 1845 foi nomeado senador vitalicio.

Desde 1843 era ministro da Real Audiencia de Madrid, cidade na que residía, concretamente na fonda La Europa, e permanecía solteiro.

Do apaixonamento e da exaltación liberal dos seus anos mozos pouco lle quedaba xa a Álvarez Pestaña, que nas súas actuacións no Senado se mostraba como un convencido moderado, defendendo os intereses económicos do clero.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1834-1836	Procurador pola provincia de Ourense
Lexislatura 1836-1837	Procurador pola provincia de Ourense
Lexislatura 1837-1839	Senador pola provincia de Ourense
Lexislatura 1839-1840	Senador pola provincia de Ourense
Lexislatura 1844-1845	Senador pola provincia de Ourense
Lexislatura 1845-1846	Senador vitalicio

**ALVIRA Y MARTÍN, Clemente**

Natural de Guadalaxara, onde naceu o 23 de novembro de 1865. Sen relación ningunha con Galicia, non sabemos cómo nin por qué representou en tres lexislaturas a provincia de Ourense no Senado.



Enxeñeiro militar, era un importante propietario da provincia de Guadalaxara. Dedicado ós negocios, foi delegado da Compañía Arrendataria de Tabacos para esa provincia. Así mesmo participaba dunha importante industria de resinas de Guadalaxara. Isto pode explica-la súa fortuna, consistente non só en terras e negocios, senón tamén en fondos moi importantes depositados no Banco Credit Lyonnais e no Banco Hispanoamericano.

Pertenceu a varias comisións do Senado que mostran as súas principais preocupacións: comisión de Créditos extraordinarios, de Inspección de bancos, de Presupostos xerais, de Estradas, comisión encargada de regula-lo traballo nocturno nas fábricas, etc. Mentres representou a Ourense só participou nunha comisión onde puido defende-los intereses dos seus representados, a da estrada entre Forcadela e Guilarei. Dimitiu do cargo de senador por razóns de saúde o 4 de xullo de 1917.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1910-1914	Senador pola provincia de Ourense
Lexislatura 1914-1916	Senador pola provincia de Ourense
Lexislatura 1916-1917	Senador pola provincia de Ourense

**ALZUGARAY YANGUAS, Ricardo**

Trátase dun deputado moi activo que non atopou acougo na súa terra navarra e por iso tivo que representar varios distritos.

Obtivo por primeira vez a representación de Pamplona na lexislatura de 1864.

Liberal, formou parte do comité liberal-fuerista-monárquico, constituído en 1869, en oposición ós carlistas. Presentouse nese ano polo distrito de Estella, pero foi vencido polo carlista Múzquiz. Alzugaray denunciou a incapacidade legal de Múzquiz, en prisión e procesado, polo que foi anulada a acta. Nas eleccións parciais a este distrito Alzugaray decidiu non presentarse.

Nas dúas eleccións de 1872, os liberais situárono no distrito de Lalín, por onde saíu elixido. Novamente obtivo a acta por Lalín nas eleccións de 1876 (tamén saíra por Alcoi, pero renunciara a este escano). Dimitiu o 10 de xaneiro de 1878 como deputado por Lalín e obtivo nunha elección parcial a representación por Alcoi.

Morreu en Madrid o 3 de outubro de 1878.

Foi un obstinado defensor da construción do ferrocarril de Pamplona a Francia, de maneira que Navarra puidese conectar coa vía internacional. Expresión desta lexitima teimosía non só foi a súa actuación parlamentaria senón tamén a súa obra *Ferrocarril de los Aldudes, su importancia, legalidad y conveniencia* (Madrid, 1862). Colaborou en diversos xornais como *La Revista Ibérica*, *Crónica de Ambos Mundos*, etc.

Exerceu tamén diversos e importantes postos de representación xudicial e política. Foi fiscal do Tribunal Supremo en 1876, director xeral de Política e Administración e, no momento da súa morte, era subsecretario do Ministerio de Gobernación.

Como representante de Galicia foi un deputado activo. En 1876 formou parte das comisións de Presupostos e Constitución, foi secretario da comisión de Eleccións ó Senado e tamén participou nas comisións de Empréstito a Cuba, Organización do Exército e Reformas da Lei de Procesamento Civil.

Politicamente foi xirando cara ó Partido Conservador, no que militou durante a Restauración. Na sesión do 24 de abril de 1876, cando era deputado por Lalín, manifestou o seu ideario. Mostrouse contrario á constitución de 1869 e confesouse claramente ministerial, é dicir, seguidor da política de Cánovas del Castillo. O seu liberalismo no Sexenio debe ser interpretado dentro do peculiar contexto da situación navarra, na que o feito de non ser carlista situábao no bando liberal, pero coas connotacións de fuerista e monárquico.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872 (1ª)	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra
Lexislatura 1872 (2ª)	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra
Lexislatura 1876-1878	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra

## ALLENDE, Santos

Escasas e moi fragmentarias son as noticias que temos deste militar que representou a Galicia só nunha ocasión.

Oficial liberal de orixe asturiana, sen dúbida tivo que exiliarse a partir de 1823 porque non o localizamos nos Estados Militares de España que publicaba anualmente o Goberno.

Debeu retornar coa amnistía de 1832 e no ano 1834 ascendeu a brigadier do Exército español.

Destinado á praza da Coruña e seguidor de Pablo Morillo, conde de Cartaxena, colaborou con este no desmantelamento do absolutismo en Galicia, perseguíu os carlistas e deu probas máis que suficientes do seu progresismo. Así, o 27 de agosto de 1835 firmou unha proposición dirixida á Raíña na que solicitaba a inmediata destitución do Goberno e facía ve-la necesidade de acometer unha serie de reformas na liña que seguiría despois Mendizábal: supresión das ordes relixiosas, substitución da lei electo-



ral, nacionalización dos bens das ordes suprimidas, etc. Por iso os liberais da Coruña promovérono como deputado da provincia nas eleccións de 1836.

Concluída a lexislatura, retornou á Coruña e serviu nesta praza. Estivo presente no pronunciamento progresista de 1840 (formou parte da Xunta constituída nesta cidade), pero a súa adscrición esparterista determinou a súa caída cando no ano 1844 Espartero tivo que exiliarse.

A partir de 1843 perdémo-la pista deste bravo militar.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1836 (1<sup>a</sup>)      Deputado pola provincia da Coruña

**ALLER RODRÍGUEZ, Saturnino**

Era avogado e durante un período controlou a comarca entre Ordes e Mesía, valéndose, como o denuncia a prensa agraria do momento, dos caseiros que tiña na zona de Mesía.

Politicamente foi de Linares Rivas para arimarse despois a Montero Ríos.

Desde 1890 aparece como poderoso cacique na comarca.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1905-1907      Deputado polo distrito de Ordes      A Coruña

**AMADO, José Benito**

Moito máis coñecido pola súa dedicación literaria tivo, sen embargo, unha curta pero activa vida política sempre no Partido Progresista. Pertencía a unha acomodada familia burguesa de Marín, vila onde naceu o 19 de marzo de 1822.

Estudou a carreira náutica, que lle proporcionou o título de piloto, aínda que descoñecemos se realmente chegou a exercer. As súas inquedanzas literarias levárono a vivir entre Galicia e Madrid. Sabemos que no ano 1843 residía en Madrid, onde intentaba entrar nos círculos literarios. En 1847 era redactor do xornal madrileño *El Amigo del País*. No mesmo ano escribía no xornal de Madrid *La Verdad*. En 1845 iniciou en Pontevedra as súas publicacións cunha obra titulada *Misterios de Pontevedra*. Colaborou en varios xornais de Galicia, como *El Porvenir* que no ano 1845 dirixía *Faraldo* en Santiago.



A súa extraordinaria capacidade versificadora está espallada en dúcias de revistas do momento. Cónstanos que no ano 1853 estaba novamente en Madrid á fronte dun



proxecto editorial denominado *Biblioteca Poética*.

En 1854 foi elixido pola provincia de Pontevedra para representala no Parlamento Español. A súa actuación parlamentaria non se fixo notar.

Desde 1856 ata 1866 parece que se retraeu da política activa e se dedicou con máis intensidade a colaborar en diversas revistas literarias e a publicar obras como *Las rosas encantadas* (Pontevedra, 1859), o libro de poesía *María o la Virgen del Valle*, que inclúe descrições das tradicións de Galicia, o poema épico *Los Nodales*, unha colección titulada *Doce docenas de sonetos*, etc. No *Álbum de la Caridad* apareceu a súa composición *El canto de la negra* que gozou no seu momento de moita popularidade e mereceu críticas moi positivas. Tamén cultivou a poesía en galego nalgunhas composicións. Foi así mesmo colaborador do xornal republicano *La Discusión* (Madrid, 1856-1870).

Desde 1866 Amado participou activamente na preparación do levantamento de 1868. Neste ano foi nomeado presidente da Xunta Revolucionaria de Pontevedra.

Sen dúbida como premio á súa actividade política foi nomeado en 1868 gobernador de Ourense. Tamén foi elixido Senador pola provincia de Pontevedra na lexislatura de 1871 a 1872 e nas segundas eleccións de 1872.

Desapareceu novamente do panorama político a partir da Restauración.

Morreu no ano 1886.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1871-1872	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1872 (2ª)	Senador pola provincia de Pontevedra

### AMARELLE MALPICA, José Andrés

Natural de San Martín de Cores (Ponteceso) onde debeu nacer no ano 1798. Era fillo natural de José Antonio Amarelle y Aldao e de Narcisa Malpica. Esta é a razón pola que unhas veces aparece como Amarelle Malpica e outras como Amarelle y Aldao. Como o seu pai morreu sen contraer matrimonio herdou o vínculo do morgado Francisco Amarelle, presbítero, irmán do seu pai, que atendeu os seus estudos. Estudiu Leis na Universidade de Santiago, con certo atraso, xa que concluíu os estudos en 1832, ós trinta e tres anos. No expediente da universidade consta que, pola pouquidade das rendas da súa nai, solicitou unha bolsa no ano 1829.

Exerceu como avogado en Cesullas, onde contraeu matrimonio con Tareixa Rodríguez de Andrade Romero, da que tivo, polo menos, dous fillos, Francisco e Calixto, este último elixido senador no ano 1898.

Nas eleccións de 1846 saíu elixido deputado polo distrito de Carballo José Sierra Noya que, ó resultar igualmente elixido polo distrito de Medina Sidonia (Cádiz), renun-

ciou ó primeiro escano. Nas segundas eleccións realizadas en Carballo para cubrir esa vacante foi elixido Amarelle, que entrou no Parlamento en 1847. A súa presenza foi curta porque renunciou, sen explica-las razóns, o 13 de marzo de 1848. Foi substituído, tras unhas novas eleccións, por Antonio María Fernández Heredia, vizconde do Cerro das Palmas.

Volveu ser elixido por segunda vez nas eleccións de outubro de 1850 para unha nova lexislatura que remataría en abril de 1851, e aínda por terceira vez nas eleccións de xuño de 1851 para a lexislatura que se prolongaría ata 1852. Consta que no ano 1857 era intendente honorario.

Amarelle pertence ó grupo dos deputados mudos. Só falou nunha ocasión na primeira lexislatura para denuncia-lo retraso considerable do Goberno no pagamento ó clero, retraso que era xa de quince meses.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Carballo	A Coruña
Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Carballo	A Coruña
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Carballo	A Coruña

### AMARELLE RODRÍGUEZ, Calixto

Naceu en 1843. Era fillo de José Andrés Amarelle Malpica (véx.) e de Tareixa Rodríguez Romero de Andrade, que achegou ó matrimonio o pazo de Sinde (Canduas, Cabana), herdado dos seu pais Cipriano Rodríguez e de Juana Romero de Andrade, e o pazo do Bosque (Cesullas, Cabana), coas súas correspondentes rendas. Os Amarelle, en troques, só tiñan participación nos bens do pazo de Nemeño (Malpica), que quedou nas mans doutra rama dos Amarelle. Procedía, por conseguinte, o noso biografado da vella fidalguía galega.

A caída das rendas determinou que os Amarelle se dedicasen á avogacía e ó exército. Por iso Francisco Amarelle Rodríguez, irmán de Calixto, exercía nos anos setenta do século pasado como secretario do Goberno Civil da Coruña; foi el quen herdou os dous pazos citados.

Ingresou no exército no ano 1862 na Escola especial do Estado Maior. Participou como oficial nas campañas contra as faccións carlistas en Cataluña en 1872, ascendendo a comandante.

En 1873 operou en Andalucía contra os insurrectos republicanos, ascendendo a coronel.

Foi promovido a xeneral de brigada en 1891 e nomeado gobernador militar de Lugo e posteriormente de Cidade Real.

Ata o ano 1896 non aparece o seu nome como deputado. Nesta lexislatura representou o distrito de Corcubión, un dos poucos que non estaban enfeudados en Galicia.

Concluída a lexislatura, resultou elixido como senador pola provincia da Coruña, pero non chegou a tomar posesión nin a xura-lo seu cargo. Novamente resultou elixido para o Congreso por Corcubión na lexislatura de 1899 a 1901, pero non chegou a tomar posesión ata o ano 1900. Finalmente resultou elixido deputado en 1901 polo distrito da Coruña, pero morreu o 17 de xullo de 1901 en plena lexislatura.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Corcubión	A Coruña
Lexislatura 1898-1899	Senador pola provincia da Coruña	(Non tomou posesión)
Lexislatura 1900-1901	Deputado polo distrito de Corcubión	A Coruña
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña

### AMORES AYALA, Federico de (Conde de Urbina)

Naceu en Sevilla contra 1874, xa que un biógrafo seu afirma que en 1914 tiña corenta anos. Pertencía a unha opulenta e aristocrática familia.

Estudou Dereito na Universidade de Sevilla. Foi concelleiro, alcalde e deputado provincial de Sevilla.

Representou ó distrito de Arzúa na lexislatura de 1914. Hai que ter en conta que nesta lexislatura foi Sanjurjo Neira quen obtivo o escano nunha primeira elección, pero presentou a renuncia no mesmo ano de 1914. Nunhas segundas eleccións parciais resultou elixido Amores Ayala, que xurou o cargo o 3 de novembro de 1914.

Foi comendador de Carlos III e Gran Cruz de Isabel a Católica desde 1908.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
-----------------------	---------------------------------	----------

### ANDRADE YÁÑEZ RIVADENEIRA, Juan

Natural de Monforte de Lemos, debeu ser sobriño do Dr. Antero Yáñez Rivadeneira, un avisado cacique local que xogou as súas bazas entre o absolutismo e o liberalismo co obxectivo de fortalecer a súa familia e situar axeitadamente os seus fillos na alta política do Estado. Andrade, o noso persoeiro, foi posiblemente o primeiro éxito de Antero, mentres esperaba que os seus fillos crecesen e estivesen en disposición de merecer (véx. Yáñez Rivadeneira).

Estudou Dereito e dedicouse á carreira xudicial. No ano 1838 era xuíz de termo de Ourense e no 1842 xa fora ascendido a maxistrado da Audiencia de Oviedo. A partir desta data perdémo-lla pista de Andrade.

Resultou elixido na lexislatura de 1836 a 1837 pola provincia de Ourense. En xuño de 1837 solicitou das Cortes licencia para volver á súa casa por razón de enfermidade. De aí que en 1837 non estivese presente na firma da Constitución por parte dos deputados, pois viuse obrigado a firmala por delegación.

Interveu en cinco ocasións durante a lexislatura, pero sempre en cuestións menores e sen participar en ningún debate importante.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1836-1837      Deputado pola provincia de Ourense

### ANDRÉS GARCÍA, Jacobo de

Era natural de Santiago, fillo de Pedro de Andrés García, oriúndo de Ortigosa de Cameros e veciño de Santiago, coñecido como "O Buleiro" por ser administrador de bulas e espolios do arcebispado de Santiago, e de Josefa González Mendoza, oriúnda da Pobra do Caramiñal. Seu pai tiña unha considerable fortuna.

Estudou Dereito na Universidade de Santiago e graduouse no ano 1824 de bacharel e no 1827 de licenciado e doutor. A disertación do doutoramento, que se conserva no Arquivo Universitario de Santiago, demostra o depurado latín que escribía.

Na propaganda electoral apareceu como catedrático de Universidade, sen dúbida na Facultade de Dereito, pero non o era en Santiago senón posiblemente na Universidade de Madrid, xa que viviu nesta cidade desde 1829.

Foi deputado de Galicia en dúas ocasións: a primeira, na lexislatura de 1851, representando o distrito de Arzúa, e a segunda no anos 1857-1858, representando o distrito de Carballo.

Non foi un político infuente en Galicia. Como deputado, tivo escasas intervencións. Formou parte dun grupo de deputados que na lexislatura de 1857 seguiu a Cándido Nocedal na súa oposición á aprobación da Lei Moyano. En efecto, Nocedal, seguido de sesenta e dous 62 deputados, sete deles galegos, era contrario ó proxecto de lei por estimar que non se lle recoñecían á Igrexa os seus dereitos en educación. Este grupo de neocatólicos constitúe un antecedente do integrismo ideolóxico que tanta importancia terá no futuro da historia de España.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1851-1853	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Carballo	A Coruña

### ANDRÉS MORENO GARCÍA, Santiago de

De ilustre familia burguesa de Santiago de Compostela, durante a Restauración destacou socialmente en Compostela. Foi membro de case tódalas institucións recreativas e sociais desta cidade e estivo presente en canto acontecemento relevante se vivise nela.

Iniciou a súa carreira política no Sexenio, sen dúbida da man de Montero Ríos.



Republicano durante o Sexenio, fíxose posteriormente constitucionalista durante a Restauración.

Que a súa relación con Montero Ríos debía ser moi estreitaponse de manifesto en 1899 cando deixa o distrito de Muros, que pasa a ser ocupado por Montero Villegas, fillo de Montero Ríos.

Sempre representou o distrito de Muros.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña
Lexislatura 1872 (1ª)	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña
Lexislatura 1872 (2ª)	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña
Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña
Lexislatura 1886-1891	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña
Lexislatura 1893-1895	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña

### ANDUAGA, Gabriel

Este deputado representou a Galicia nunha lexislatura. Colaborou en varios xornais de Madrid e foi redactor de *El Clamor Público*, xornal progresista que dirixía F. Corradi. Compatibilizou este oficio co seu traballo como funcionario do Ministerio de Fomento. No ano 1864 era funcionario da Dirección Xeral de Obras Públicas.

Foi elixido na lexislatura de 1867 a 1868 pola sección de Ourense, sen que saibamos se a súa elección foi unha imposición do Goberno, como era frecuente, ou se respondeu á existencia no distrito dunha base social que o apoiaba.

No Congreso formou parte da comisión de Forzas Navais, da que foi secretario. Non participou en ningún debate nin solicitou a palabra en toda a lexislatura. Presentou algunhas peticións dirixidas ós ministros, como a que elevou ó ministro de Gracia e Xustiza para que non foran suprimidos algúns xulgados. Téñase en conta que neste ano o Goberno fixo unha remodelación dos Xulgados de Primeira Instancia, eliminando, na provincia de Ourense, os xulgados de Allariz e Viana.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1867-1868	Deputado pola sección de Ourense	Ourense
-----------------------	----------------------------------	---------

### ANGOLOTI MERLO, Joaquín

Naceu en Madrid o 22 de xuño de 1830. Era fillo do poderoso industrial Joaquín Angoloti, natural de Cartaxena, e de Estefanía López Merlo, natural de Argote.

Non tiña absolutamente ningunha relación con Galicia e a súa candidatura foi froito sen dúbida do desexo de darlle un posto, en vista das dificultades que había para situalo noutra provincia.



Xa fora deputado polo distrito de Porto Rico entre 1881 e 1883.

No ano 1886 resultou elixido senador pola provincia de Ourense.

Formou parte de diversas comisións: a da Estrada de Madrid a Badaxoz, as do Ferrocarril de Valencia-Liria e de Techa-Jumilla, a das Minas de Azougue, a do Presuposto Xeral do Estado, etc. Como se pode observar, ningunha das comisións tiña relación con Galicia, que Angoloti non apoiou en ningunha das súas intervencións.

Era persoa de gran fortuna, industrial e con importantes fondos no Banco de Castilla e noutros.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1886-1891      Senador pola provincia de Ourense

---

### ANGOSTO LAPISBURU, Luis

---

---

Naceu en Cartaxena o 16 de marzo de 1849, fillo do capitán de navío Félix Angosto e de Luisa Lapisburu, ámbolos dous de Cartaxena. Era oficial da Armada, coma o seu pai. Obtivo a primeira representación no Congreso na legislatura de 1884 a 1886, polo distrito de Santa Cruz de Tenerife.

Resultou elixido senador pola provincia de Ourense na legislatura de 1891. Posteriormente foi senador pola provincia de Murcia, de 1896 a 1898, e deputado por Cartaxena de 1899 a 1900.

No expediente que preceptivamente se lles abría a tódolos senadores para acreditarlos seus ingresos, consta que era propietario de cinco casas en Cartaxena e depositario de importantes cantidades no Banco de España (100.000 pesetas) e no Banco de Madrid (251.000 pesetas).

Cando representou a Ourense no Senado, formou parte das comisións de Clases Pasivas, Estatística e Forzas Navais, así como da comisión que tratou a lei de ascensos na Armada e doutras nas que se debateu sobre algunhas estradas.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1891-1893      Senador pola provincia de Ourense

---

### ARAÚJO ALCALDE, Castor

---

---

Naceu en Bouzas (Pontevedra) o 28 de marzo de 1820, fillo do escribán José Araújo Troncoso de Lira e de Luisa Jacoba Alcalde Vieites de Puga, ámbolos dous de familia fidalga. Polo seu pai procedía dos señores de Pedra Pequena (Ponteareas, Pontevedra).

Foi o octavo de dez irmáns, dos que interesa lembrar tres: C. Isidro Araújo de Lira, fundador e director do *Diario de la Marina*, o máis acreditado xornal de Cuba durante moitos anos; José Araújo Alcalde, aio do infante Sebastián, irmán do marido de Isabel II, Francisco de Asís; e finalmente Mariana Araújo, que casou con José Ramón Bugallal Muñoz, notario de Ponteareas e artífice do lanzamento político dos Bugallal. Tamén foi sobriño do ex-deputado e provisor de Tui José Manuel Alcalde (véx.).

Pertenceu, por conseguinte, a unha familia ampla e moi vinculada á política.

Estudou na Escola Normal Central de Madrid e, sendo aínda mozo, foi nomeado director da Escola Normal de Pontevedra e posteriormente da Escola Normal de Zaragoza. Cómpre ter en conta que os escasos expertos en pedagogía que había daquela, sobre todo se procedían de familias importantes, foron obxecto de todo tipo de atencións por parte do Goberno. Cando se creou o novo corpo de Inspectores Xerais de Ensino Primario pola Real Orde do 3 de marzo de 1849, os seis primeiros nomeados foron profesores expertos en pedagogía, autores de varios libros de texto e, ademais, persoas pertencentes a familias distinguidas: Joaquín Avendaño, de Vigo, Mariano Carderera, o noso Castor Araújo Alcalde, José de Arce Bodega, Francisco Merino Ballesteros e Francisco Riotord Felú. Ademais dos 12.000 reais asignados en concepto de soldo, estas persoas tiñan dietas fixadas para cubri-las viaxes e os dereitos de autor dos seus libros, que eran obxecto de tiradas moi elevadas pola carencia de libros de texto. Gozaban, pois, dunha saudable economía.

Casou en Madrid con Antonia Reguenga, de Pontevedra, da que tivo dúas fillas.

Publicou a obra *Cuaderno litografiado para facilitar la lectura de manuscritos en las escuelas de instrucción primaria*, dedicada a Francisco de Asís (sen dúbida a través do seu irmán).

Morreu na Habana o 8 de outubro de 1865, lugar ó que fora destinado para un importante posto administrativo.

Só foi deputado por Galicia nunha ocasión.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1857-1858 Deputado polo distrito de Pontecaldelas Pontevedra

#### ARCE, Carlos Luis de

Carlos Luis de Arce foi fillo de José María de Arce y Calderón de la Barca e de María Salomé Burriel Montemayor de Sandoval. Naceu na Casa do Piñeiro en Pesqueiras (Chantada, Lugo). Procedía polos dous costados da alta fidalguía galega. O seu pai fora membro do Consello Supremo de Guerra e intendente do Exército do Reino de Galicia. A súa nai era filla de Pedro Burriel, que fora presidente da Real Chancelería de Valladolid e ministro do Consello de Castilla.

Ingresou no exército e foi ascendendo ata a graduación de tenente coronel, momento no que pediu a excedencia. Pasados quince anos, solicitou o reingreso, e tivo a fortuna (a pesar do tempo transcorrido fóra do exército) de ascender a coronel e a brigadier, que foi a súa máxima graduación.

Politicamente Arce conviviu con todos. Aínda que polo período durante o cal estivo no Exército podería pensarse que militaba no liberalismo, sabemos que na etapa absolutista gozou de prebendas por parte de Fernando VII, xa que ocupou diversos cargos na administración, especialmente no ramo da facenda. Posteriormente, cando caeu o absolutismo, tampouco tivo problemas para integrarse no liberalismo, pero sempre cos moderados ou conservadores.

Casou, de acordo co P. Crespo, con Jacoba de Parga, herdeira do seu tío Jacobo de Parga Puga, membro do Consello de Estado.

Como sucedeu con tantos católicos, non tivo ningún tipo de escrúpulos para investir en bens desamortizados, co que ampliou extraordinariamente o poder da Casa do Piñeiro, tal e como estudiou o profesor Villares Paz. Entre 1837 e 1849 investiu 323.000 reais, cos que mercou os bens pertencentes ó antigo mosteiro de Pesqueira, dependente do de San Paio. Pagaba no municipio de Chantada pola cota da riqueza rústica impositible a importante cantidade de 23.000 reais, a máis alta do concello.

Do seu carácter habilidoso faise eco Sánchez Silva, cronista das Cortes de 1850: "Aunque es propietario y vino al congreso con síntomas de independiente, trabaja por su cuenta. Es corto de talla pero ha sido muy largo para pescar el empleo de brigadier habiéndose retirado de teniente coronel hace 15 años".

Gañou por primeira vez un escano nas eleccións de 1846. En realidade, quen resultara elixido fora Pedro José Pidal, pero este optou polo distrito de Villaviciosa por onde tamén saíra elixido. A vacante foi cuberta por Arce.

Volveu ser deputado nas lexislaturas de 1851 e 1853. Formou parte dalgunha comisión pouco complexa, como a de Pensións (1853). Non consta que falase nunca e mesmo houbo unha lexislatura, entre 1847 e 1850, na que non consta que participase en comisión ningunha, aínda que asistía ás sesións e votaba. Nunca foi senador, como se asegura nalgún sitio.

Debeu morrer no ano 1857.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1846-1850	Deputado pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo



### ARDANAZ Y UNDABARRENA, Constantino

Varios enxeñeiros de orixe vasca estiveron ligados a Galicia pola construción do ferrocarril e diversos proxectos de obras públicas. Un deles, Elduayen Gorriti, quedou xa para sempre en Galicia, na cidade de Vigo. Outros, como Areitio ou Ardanaz, do que agora nos ocupamos, exerceron aquí durante algún tempo; Galicia correspondeunos sobradamente proporcionándolles unha base política para o seu ascenso na vida pública.

Constantino Ardanaz naceu en Bilbao o 5 de febreiro de 1820. Estudiu na Escola de Enxeñería de Camiños, da que logo foi profesor de camiños, canais e portos, así como de economía política, segundo afirman os seus biógrafos.

Traballou en diversas rexións de España: en Cataluña, na obra do Ensanche de Barcelona e na rectificación do curso do Llobregat; en Andalucía, dirixindo as obras do ferrocarril Sevilla-Cádiz; en Madrid, na construción do Canal de Lozoya.

No ano 1854 pasou a traballar no Ministerio de Fomento como oficial de secretaría, o que posiblemente espertou a súa vocación política, apagada ata ese momento.

Nas eleccións de 1857 obtivo un escano de deputado por Ribadeo, escano que repetiu no período de 1858 a 1863. No 1858, formando parte da Unión Liberal, foi nomeado director xeral de Agricultura, Industria e Comercio. No 1862 foi designado membro do Xurado da Exposición Universal de Londres.

Neste mesmo ano de 1862 participou nunha conxura contra O'Donnell, e en certa maneira contra o proxecto da Unión Liberal, formando unha disidencia con Cánovas, Elduayen e Ríos Rosas. Ardanaz estaba preparando o seu porvir político.

En 1864 volveu ser deputado por Ribadeo, apoiado polo novo Goberno conservador. No ano 1865 foi nomeado conselleiro de Estado, na sección de Facenda.

Ata 1873 estivo sempre presente nas Cortes como deputado por Ribadeo, agás o período comprendido entre 1866 e 1868.

Non consta que colaborase activamente na preparación do levantamento de 1868, pero si se aveu á situación creada. Seguidor e admirador de Prim, o Goberno Provisional de Serrano recuperouno para o Consello de Estado. No Goberno de Prim, do 12 de xuño de 1869 ó 27 de decembro de 1870, foi ministro de Facenda.

De novo foi deputado por Ribadeo desde 1869 ata 1872 e logo por Chantada tras as primeiras eleccións de 1872 e despois de 1872 a 1873. Na famosa votación do 18 de novembro de 1870 para a elección de Rei, non votou a Amadeo de Savoia nin a ningún outro, senón en branco.

Morreu no ano 1873.



A súa actuación parlamentaria foi moi notable. Xa nas Cortes de 1858 a 1863 participou en diversas comisións, especialmente nas dúas que mellor se acomodaban á súa preparación: a comisión de Presupostos e a de Ferrocarrís Galegos. Foi, sen embargo, na lexislatura de 1864 onde Ardanaz mostrou a súa extraordinaria competencia en múltiples comisións: a de Goberno Interior, a de Crédito para os Ferrocarrís, a do Ferrocarril Escadrón-Binaroz (da que foi presidente), a de Garda Rural (da que tamén foi presidente), a de Descubertos do Tesouro (da que actuou como secretario), a de Acuñación da Moeda, etc. Os seus discursos, especialmente os que versaban sobre temas relativos á facenda, eran dunha solidez extraordinaria. Non dubidou en presentar presupostos alternativos ó do Goberno (sesións do 7 e do 8 de maio de 1864); defendeu, por razóns orzamentarias, recortes nos proxectos da Mariña, opúxose á creación dun novo corpo da Garda Rural, apoiando a Garda Civil, racionalizou sempre de acordo co presuposto a megalomanía ferroviaria, etc.

Era suave nas formas, agradable pero contundente, como recoñeceu o deputado Polo (4 de xuño de 1864), e os seus adversarios políticos temían o dominio que tiña dos temas económicos. Nunca fixo referencia nos seus discursos a razoamentos ideolóxicos. Era un tecnócrata da política.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1858-1863	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1865-1866	Deputado pola sección de Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1869-1871	Deputado pola sección de Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1872 (1ª)	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo
Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo

#### AREAL RODRÍGUEZ DE FIGUEROA, Esteban

Natural de Tui, casou con Josefa Rodríguez, tamén de Tui. Estudiu Dereito na Universidade de Santiago e dedicouse á carreira xudicial.

Foi membro destacado do Partido Progresista da provincia de Pontevedra e deputado provincial en representación do distrito de Tui en 1841 e 1854. Formou parte da Xunta Revolucionaria de Tui do ano 1843, así como da de 1846; como presidente, conseguiu formar unha milicia de aproximadamente catrocentos voluntarios. Posteriormente foi obxecto de represalia.

No Bienio Progresista foi nomeado xuíz de Primeira Instancia especializado nos temas de vendas de bens nacionalizados. Por iso o seu nome é habitual nas actas levantadas durante estes anos para sancionar ou ratificar as adquisicións de bens desamortizados, así como nas que se referían a quebras empresariais, redención de foros,



etc. En 1856 foi xuíz do Mar (Valencia); en 1863, Gobernador de Oviedo; en 1868, maxistrado da Audiencia da Coruña.

No ano 1872 foi maxistrado da Sala Criminal da Audiencia de Barcelona. É a última información que puidemos atopar sobre este ilustre progresista. Morreu en Barcelona.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1843 (1ª)	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1843 (2ª)	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Pontevedra

### AREITIO ARRUGAETA, Toribio

Naceu en Durango (Biscaia) o 16 de abril de 1807, fillo de José Areitio Palacios e de María Josefa de Arrugaeta Echanove. A ficha biográfica aparecida no magnífico *Diccionario Biográfico de los Parlamentarios de Vasconia* dinos que ata 1830 non hai máis noticias del. Neste ano obtivo o título de arquitecto pola Real Academia de San Fernando.

En vez de traballar de arquitecto púxose ó servizo do enxeñeiro José de Agustín de Larramendi, que foi o seu mestre. Formou parte da comisión de División das Provincias e en 1835 foi nomeado axudante terceiro do Corpo de Enxeñeiros e como tal traballou en diversas obras. Xa integrado como funcionario no ministerio de Fomento foi asumindo co paso dos anos novas responsabilidades, ó tempo que ía ascendendo como funcionario e tamén no ramo da enxeñería.

Posiblemente coñeceu Galicia por primeira vez en 1841 cando acompañou o director xeral para recoñecer-lo estado das nosas estradas.

En 1847 redactou o plan xeral para a iluminación marítima de costas e portos. No mesmo ano o Goberno ascendeuno como funcionario, de xeito que en 1852 era xa oficial primeiro do Ministerio de Fomento. En 1853 ascendeu a enxeñeiro xefe de primeira clase e once anos despois acadou a máxima categoría de enxeñeiro xeral de primeira clase.

Foi elixido deputado por vez primeira polo distrito de Durango, e nunha segunda ocasión polo distrito do Carballiño, sen que coñezamos quen o propuxo para tal posto, pois parece que, agás algunha visita por motivos do seu traballo no Ministerio, en Galicia era un descoñecido. Sen embargo, sabendo do seu poder dentro do Goberno no ámbito das estradas, é posible que alguén o propuxera coa finalidade de intentar conseguir beneficios para o distrito. Non nos estrañaría que o seu valedor para saír polo Carballiño fose o ex-ministro Seijas Lozano, que lle tiña moita estima porque durante o seu mandato (1848-1849) lle encomendara a redacción das normas para a contratación dos servizos de obras públicas. Non é casual que Seijas Lozano fose o deputado polo Carballiño entre 1846 e 1850 e que xustamente nas eleccións de 1850 resultase elixido Areitio.

Volveu saír elixido nas lexislaturas de 1851, 1853 e 1857. Non lle resultou fácil obterlo escano en 1853 porque nas sesións do 6 e do 16 de marzo dese ano, Pascual Madoz denunciou no Congreso unha serie de tropelías cometidas na elección.

Como deputado formou parte dalgunhas comisións, como a de Ferrocarrís, na que era experto, pero a penas pronunciou ningún discurso. Morreu en Durango o 8 de setembro de 1868.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense

### ARELLANO, Jorge

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra
Lexislatura 1873-1874	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra

### ARÉVALO GENER, Luis

Temos poucas noticias deste deputado, que só representou a Galicia nunha lexislatura.

Sabemos que estudiou Dereito. En Madrid dedicouse ó periodismo durante varios anos. Colaborou co xornal *El Tribuno* (1853-1855) e tamén na redacción do *Diccionario Enciclopédico*, publicado por Gaspar y Roig.

Entrou como funcionario no Ministerio de Ultramar. No ano 1861 era xefe de sección na Dirección Xeral de Ultramar, Dirección que rexentaba o galego Augusto Ulloa, o cal foi, posiblemente, o seu protector para conseguir un escano por Carballo.

No ano 1864 era secretario do Ministerio de Ultramar.

Foi elixido deputado polo distrito de Carballo na lexislatura de 1858 a 1863.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1858-1863	Deputado polo distrito de Carballo	A Coruña
-----------------------	------------------------------------	----------

### ARÉVALO MIERA, Ignacio María

Naceu en Rueda, provincia de Valladolid, o 31 de xullo de 1821. A súa familia posuía grandes propiedades naquela provincia.

Estudou Dereito na Universidade de Valladolid, pola que recibiu o grao de licenciado no ano 1842. Casou con Rosa Bayón Martínez, condesa de Troncoso.

Concluída a súa carreira, viviu en Rueda, onde traballou de avogado ata 1846, ano no que decidiu marchar a Madrid. Alí participou como profesor na Academia de Xurisprudencia da Corte, que era unha forma de especializarse nalgunha rama do dereito. En 1849 estableceuse como avogado en Valladolid e decidiu dedicarse á política, primeiro como deputado provincial e posteriormente polo distrito de Mota do Marqués, que representou en 1850 e 1851.

No ano 1865 resultou elixido deputado pola provincia de Ourense, sección de Ourense, sen que saibamos quen foi o valedor.

O seu fillo, Quintín Arévalo Bayón, conde de Troncoso, tamén foi deputado en Cortes.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1865-1866    Deputado pola sección de Ourense    Ourense



#### ARIAS DÁVILA MATHEU, Francisco Javier (Conde de Puñonrostro e Conde de Cumbres Altas)

Debeu nacer en Cádiz. Nesta cidade casaran os seus pais Felipa Carandolet Castañón e Juan José Arias Dávila (véc.) no ano 1810.

Compatibilizou ben a vida militar coa cortesá. Como militar chegou na Restauración a tenente xeneral do exército, tras pasar anteriormente por tódolos graos de oficial, ademais de ser director xeral de Artería e director do Estado Maior. Pero, como dixemos, non desdeñou a vida cortesá, e así formou parte do grupo íntimo da raíña Isabel II, foi nomeado xefe superior do Palacio da Raíña e intendente xeral da Real Casa e Patrimonio. Foron chegándolle os títulos de conde de Cumbres Altas, o primeiro que tivo; conde de Puñonrostro, que herdou do pai en 1851; marqués de Casasola de Maenza, desde 1863, e grande de España de primeira clase.

Fiel á raíña Isabel, foi un dos poucos xenerais que non quixo xurar obediencia a Amadeo de Savoia, polo que foi encausado e desterrado de España.

Militou no Partido Moderado Histórico, do que foi proclamado vicepresidente. Foi tamén alcalde de Madrid.

Coa Restauración recuperou as condecoracións e os postos no exército que perdera no ano 1872.

Representou a Galicia só nunha lexislatura. En 1876 foi elixido senador pola provin-

cia de Segovia, na que tiña grandes e importantes posesións de terra. No ano 1884 foi elixido presidente do Senado, no que estaba por dereito propio.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1850-1841	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
-----------------------	---------------------------------	---------

### ARIAS DÁVILA MATHEU, Juan José (Conde de Puñonrostro)

Fillo do conde de Puñonrostro e grande de España, dedicouse ó Exército, e foi destinado como oficial a América. Estando en Quito coñeceu a Felipa Carondolet Castañón, filla de Francisco Héctor de Carondolet, barón de Carondolet, comandante xeneral da provincia de Quito e presidente da Real Audiencia de Quito, e de María Concepción Castañón Aragonrri, sobriña do xeneral Castañón, que nacera en 1759 na Coruña, onde seu pai Juan Felipe Castañón fora intendente.

Casaron Juan José e Felipa o 15 de xullo de 1810 en Cádiz, onde Arias Dávila foi nomeado delegado de Santa Fe de Bogotá ante as Cortes de Cádiz.

Cando morreu o seu pai, o noso biografado recibiu os títulos de conde de Puñonrostro, marqués de Casasola e marqués de Maenza.

No Exército foi ascendendo ata brigadier.

Representou no Senado a provincia de Ourense en dúas legislaturas e nos anos 1834 e 1835 formou parte do estamento de próceres, por dereito propio.

Morreu o 4 de setembro de 1850.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1837-1838	Senador pola provincia de Ourense
Legislatura 1840-1841	Senador pola provincia de Ourense

### ARIAS DE LA TORRE, José

Na cidade de Lugo, como noutras cidades galegas, a defensa do liberalismo político foi asumido polos membros da vella fidalguía que se dedicaban a profesións liberais e eran conscientes de que o absolutismo xa non tutelaba axeitadamente os seus intereses de clase.

Foi sen dúbida José Becerra y Llana quen xa desde 1810 marcou o camiño que había de segui-la fidalguía se non quería perde-la oportunidade de iniciar un novo tempo histórico. Coa súa conducta en materia de política, el foi, en certa maneira, o modelo, aquel que trazou o camiño recorrido despois por moitos outros, como Arias de la Torre, Juan Diego Osorio, Jacobo Pardo Somoza, Anselmo Rodríguez, etc.

Na década dos corenta do século pasado, cando se trataba de defini-la modalida-



de de Estado para España, este grupo xogou un papel decisivo, enfatizando o seu progresismo fronte ós absolutistas para chegar a un modelo equilibradamente moderado que era o que, en definitiva, mellor defendía os seus intereses. Por iso o seu protagonismo político foi de curta duración: entre 1833 e 1846, exactamente no período no que en España se definía o modelo de Estado. Cunha clara conciencia de clase utilizaron tódolos instrumentos de poder ó seu alcance: a Deputación, o Concello da capital lucense, o Congreso e o Senado.

Arias de la Torre, que procedía de Becerreá, era un avogado residente na cidade de Lugo, que estivo presente en tódalas aventuras políticas progresistas dos anos corenta: foi membro da Xunta de Goberno Provisional de 1840, presidente da Xunta Revolucionaria de 1843, representante de Lugo na Xunta Central de 1843 e membro case permanente da Deputación Provincial durante estes anos. Resultou elixido deputado en Cortes en tres ocasións, todas elas entre 1841 e 1843.

Cumprido o seu papel, Arias de la Torre recolleu en beneficio propio os resultados da súa loita política. No ámbito persoal logrou ser nomeado maxistrado da Audiencia de Valencia no ano 1844, e no ámbito familiar ampliou extraordinariamente o seu patrimonio, investindo ente 1837 e 1849 433.000 reais na adquisición de bens desamortizados, procedentes do mosteiro de Penamaior.

Como deputado o seu papel foi de pouca importancia, pero nas Cortes el e os progresistas de Lugo axudaron en forma notable ó derrocamento do réxime de Espartero. Cando este pechou as Cortes en 1843, Arias de la Torre trouxo de Madrid o encargo de mobiliza-los efectivos progresistas, especialmente nos cuarteis, para provoca-la caída de Espartero. Non se decataron daquela os progresistas de que a caída do seu antigo mito traería consigo a instauración do réxime moderado e a creación dun novo mito alternativo, pero conservador: Narváez.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1841-1842	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1843 (1ª)	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1843 (2ª)	Deputado pola provincia de Lugo

### ARIAS DE PRADA, Benito

**N**aceu en Rubiá (Valdeorras) o 14 de marzo de 1742.

Despois de estudar Leis entrou moi cedo ó servizo da administración do Estado. Foi avogado dos Reais Consellos, alcalde do Crime na Audiencia de Extremadura (1793), oidor da Chancelería de Valladolid (1803), alcalde de Casa e Corte (1806) e no ano 1808 alcanzou un dos graos máis altos na administración ó ser nomeado membro do Consello de Castela.

A Guerra de Independencia trastornou inicialmente a súa brillante carreira, pero logrou recuperala cando resultou elixido no ano 1813 deputado en Cortes pola provin-



cia de Ourense.

O 4 de novembro de 1813 comunicou á Cortes que atrasaría a súa chegada. O 30 de xaneiro de 1814 xurou por fin como deputado. Formou parte das comisións de lexislación e posteriormente, o 2 de marzo de 1814, pasou a ser membro do Tribunal de Cortes.

Como deputado galego a penas interveu nos debates pero de seguida se puxo de manifesto a súa vinculación co grupo absolutista. De feito, foi un dos firmantes do *Manifiesto de los Persas* en favor do absolutismo de Fernando VII.

O Rei correspondeuno con xenerosidade. Cando se reconstituíu o Supremo Consello Real de Castela, baixo a presidencia do duque do Infantado, Benito Arias aparece como ministro do mesmo, recuperando así a praza que lle fora concedida no ano 1808. Así mesmo foi nomeado gobernador da Sala de Alcaldes da Casa e Corte; en virtude deste cargo encomendóuselle a vista dunha serie de expedientes abertos contra prominentes políticos afrancesados e liberais. Nos anais do liberalismo español a súa memoria quedou manchada polo rigor e mesmo pola crueldade empregada na persecución dos liberais españois.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1813-1814      Deputado pola provincia de Ourense

---

### **ARIAS SEOANE, Antonio**

---

Personalidade de escasa proxección política. Só nunha ocasión representou a Galicia no Parlamento.

Naceu en Tui o 17 de febreiro de 1803. Era fillo do administrador de Rendas Reais, Gregorio Arias Seoane, e de Benita Gutiérrez de Mier de Bustamante y Calderón. A súa irmá Juana casou con Fernando Díaz de Rábago.

Estudou en Santiago. Foi colexial de San Xerome e cursou Artes entre 1815 e 1818, ano no que obtivo o bacharelato en Artes *de mérito*, o que quere dicir que estaba exento do pagamento das taxas polos seus méritos sobresaiñtes.

Posteriormente estudou a carreira de Leis; obtivo o grao de licenciado en setembro de 1826 e o doutoramento o 5 de novembro de 1826. Como era frecuente entón, simultaneou Leis con Canons, carreira na que se licenciou en 1830.

Consta que concursou a cátedras na Universidade de Santiago, e conseguiu a de Hebreo.

Só coñecemos del unha breve incursión na política durante o Goberno de Espartero (1840-1843). No ano 1841 formou parte da Deputación de Pontevedra e saíu elixido deputado en Cortes por esa provincia, pero a súa actividade parlamentaria foi practicamente nula.

Nun informe enviado polo cónsul francés da Coruña ó ministro de Exteriores de Francia coa relación de deputados e senadores e a súa adscrición política, dise que Arias Seoane (que daquela quedara suplente pola provincia de Pontevedra) era profesor da universidade, propietario de terras nos arredores de Santiago e politicamente moderado.

Foi tamén catedrático da Universidade de Valladolid e decano en Leis.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1841-1842      Deputado pola provincia de Pontevedra

### ARIAS TEIXEIRO, Frei Veremundo

Escasa atención lle prestaremos a frei Veremundo Arias Teixeira, non por carecer de importancia e significación a súa personalidade (de aí a serie de biografías escritas sobre el), senón porque, aínda que foi elixido deputado por Galicia, non chegou a tomar posesión da súa acta.

Naceu en Cabanela, freguesía de Banga (O Carballiño, Ourense) o 6 de marzo de 1741, onde foi bautizado co nome de Benito Antonio, que logo cambiaría, ó profesar cos beneditinos, polo de frei Veremundo. O P. Crespo Pozo infórmanos de que era fillo de Pedro Arias Teixeira, avogado da Real Audiencia, e de Petronia de la Peña, dona da casa de Cabanela. Debemos advertir que noutras biografías non se lle atribúe esta paternidade, senón outra. Aquí preferimos segui-lo P. Crespo Pozo.

Tomou o hábito beneditino no mosteiro de Coreas (Asturias) e estudou en Irache. Rematou os estudos de Teoloxía e Canons. No ano 1782 incorporou os estudos á Universidade de Salamanca, onde rexentou varias cátedras. En 1804 foi nomeado bispo de Pamplona.

Convocadas as Cortes no ano 1810, resultou elixido deputado pola provincia de Ourense. Unha vez constituídas, recibíuse unha comunicación súa pola que solicitaba licencia para non incorporarse debido a unha enfermidade. Claramente oposto á política das Cortes, liderou desde Mallorca, illa na que se refuxiou, un grupo de sete bispos, que enviaron unha representación ás Cortes o 15 de marzo de 1812 para solicitaro restablecemento da Inquisición. Uns meses despois, nunha Instrucción Pastoral do 1 de xullo, os mesmos bispos condenaron o *Diccionario Crítico Burtlesco* de Gallardo, un dos liberais máis exaltados. No ano 1813 publicaron outra Pastoral na que denunciaban a lexislación das Cortes.

Nas eleccións de 1813, Arias Teixeira foi elixido deputado en Cortes por Navarra. En 1814 Fernando VII premiou a súa fidelidade ó absolutismo co arcebispado de Valencia, cidade na que morreu o 15 de febreiro de 1824.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1810-1813      Deputado pola provincia de Ourense      ¡Non tomou posesión!

**ARIAS URÍA, José**

Naceu en Ferrol, posiblemente no ano 1799, fillo de Ángel Arias de la Cal e de Francisca Uría. Os seus pais foron vivir a Betanzos, onde tiñan importantes propiedades, concretamente en Tiobre. Por conseguinte, o noso biografado creceu e fíxose politicamente en Betanzos.

Estudou Leis na Universidade de Santiago, pola que obtivo o grao de bacharel en Leis no ano 1825, logo de ser sometido a unha depuración política, como tódolos universitarios, por manifestar tendencias liberais durante o Trienio. Debeu concluí-la súa carreira noutra universidade porque no Arquivo de Santiago o seu currículo chega a 1825.

Desde 1834, xa instalado en Betanzos como avogado, foi sen dúbida o líder do progresismo betanceiro.

Desde 1839 obtivo a representación no Congreso da provincia da Coruña en tódalas eleccións controladas polos progresistas (1839, 1841, 1843 e 1854).

Fiel sempre ó Partido Progresista, foi o presidente da Xunta Revolucionaria de Betanzos no ano 1840, da Xunta Revolucionaria de 1843 e da Xunta de 1846, desde a que defendeu o levantamento dese ano, motivo polo cal foi condecorado en 1855 coa Cruz do Valor e da Constancia e foi declarado Benemérito da Patria.

Aínda que esparterista, cando en 1842 cando coñeceu de preto a dictadura imposta por Espartero e os Ayacuchos, non dubidou en formar parte do bloque progresista anti-Espartero, coa finalidade de salva-lo progresismo. O 28 de maio de 1842 presentou no Parlamento, xunto con outros cinco deputados, unha proposición na que denunciaba o Goberno de Espartero *porque en repetidos actos y en ocasiones diferentes ha obrado fuera del círculo legal*. A aprobación desta proposición, que comportou un voto de censura, fixo cae-lo Goberno o 17 de xuño de 1842, pero Espartero decidiu facer fronte a este sector nomeando un goberno aínda máis militar. Arias Uría veu a Galicia para mobiliza-lo pobo e presidiu a Xunta Revolucionaria de Betanzos do ano 1843.

A caída de Espartero foi moi ben aproveitada polo Partido Moderado para senta-las bases dun réxime de longa duración que non se interrompería ata 1854.

A partir dese momento Arias Uría desapareceu do escenario político, pero non abandonou a súa actividade. Membro da Deputación Provincial da Coruña, último reducto dos progresistas ata que foron depurados, atopámolo no ano 1848 apoiando un levantamento contra os moderados. Somoza Cambero, Pereira, Romero Ortiz e outros, como Arias Uría, en conexión co republicanismo de Madrid, tentaron levantar varios rexementos da Coruña. Unha vez descuberto o intento, todos eles foron detidos no castelo de San Antón.

Definitivamente, orientou a súa vida cara ó eido xudicial. Coa chegada ó poder dos progresistas en 1854 Arias foi ascendido a maxistrado da Audiencia de Mallorca. Alí estaba cando foi elixido deputado ese mesmo ano.

Co réxime progresista xa en total descomposición, Espartero designouno ministro de Gracia e Xustiza, cargo que ocupou do 15 de xaneiro de 1856 ata o 14 de xullo de 1856. Arias Uría non era evidentemente un político de primeira fila no ámbito estatal, non era o xefe dun partido, pero era un progresista consecuente. Espartero sabía ben e mesmo lembraba que no ano 1842 fora un dos deputados que máis loitaron contra a súa dictadura. Pero é propio dos grandes homes esquecer, e Espartero era evidentemente un grande home.

No reducido período de tempo do seu ministerio atendeu preferentemente dúas cuestións: a elaboración da Lei Orgánica do Poder Xudicial e as relacións coa Igrexa. Neste segundo eido deixou claro ós bispos na Real Orde do 6 de febreiro de 1856 o seu compromiso de limar ou rebaixa-las tensións, pero mantendo o principio de que o clero debía reduci-la súa actividade ás igrexas, pois "fuera de aquel recinto, el sacerdote debe ser el más fiel y sumiso de los súbditos del poder temporal", principio, que, como é lóxico, non podía acepta-la Igrexa de España.

Arias Uría, que estaba casado con Josefa Sande, morreu na Coruña o 3 de xaneiro de 1873. No seu testamento dispuxo que fose enterrado en Betanzos.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1841-1842	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1843 (1ª)	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia da Coruña



#### — ARMADA LOSADA, Juan (Marqués de Figueroa)

Procede este ilustre político da poderosa liñaxe dos Armada, tan vinculada a Galicia e a Asturias, que soubo sempre combina-la política coa literatura e o señorío coa sinxeleza e a humanidade.

Naceu en Madrid o 4 de maio de 1861, fillo de Juan Armada Valdés, tamén representante de Galicia (véx.), e de Ramona Losada Miranda, irmá do conde de Maceda, que achegou ó matrimonio, entre outros bens, o marquesado de Figueroa. O noso protagonista herdou este título á morte da

súa nai en 1879.

Casou Juan Armada con María de Valvanera Izquierdo y Zárate, dona do pazo de Cambados.

Estudou Dereito na Universidade de Santiago e na Universidade Central, onde obtivo o doutoramento en Leis.

Iniciou a súa vida política no ano 1891, cando obtivo a representación de Pontedeume, e foi elixido deputado por este distrito en tódalas lexislaturas ata 1910. A partir deste ano representou o distrito da Coruña, polo que saíu igualmente elixido en



tódalas lexislaturas ata 1923.

Militou no Partido Conservador e posteriormente pasou ó partido maurista, do que foi en Galicia a figura máis importante.

O seu currículo político é realmente importante. Foi vicepresidente do Congreso en catro lexislaturas, conselleiro de Estado e director xeral do Contencioso.

En varias biografías dise que foi ministro de Agricultura e Obras Públicas en 1905, dato que non nos consta. Si foi, en cambio, ministro de Gracia e Xustiza no Goberno de Maura entre o 25 de xaneiro de 1907 e o 21 de outubro de 1909. Durante o seu mandato ministerial promulgou a lei de xustiza municipal, a lei da condena condicional e a reforma da lei hipotecaria.

Desenvolveu unha actividade intelectual moi intensa. Foi membro numerario da Real Academia de Ciencias Morais e Políticas e da Real Academia Española (en calidade de tal respondeu ó discurso de ingreso de Ramón Cabanillas en 1930). Así mesmo foi membro activo e vicepresidente do Ateneo de Madrid e presidente da Unión Iberoamericana.

Autor moi prolífico, publicou obras poéticas como *Del solar galaico* (1917), *Libro de Cantigas* (1928), novelas como *El último estudiante* (1883), *Antonia Fuertes* (1885), *La Vizcondesa de Armas* (1887), *Gondar y Forteza* (1900), e libros de ensaio e conferencias, tales como *De la poesía gallega* (1889), *Del Renacimiento literario y artístico de Galicia* (1890), *La música popular gallega* (1906), *El problema de la educación moral* (1912), *Fernán Caballero y la novela de su tiempo*, *El Americanismo español* (1922), *Contestación al Discurso de Ramón Cabanillas para su ingreso en la Real Academia de la Lengua* (1930).

Morreu este ilustre político en Madrid en novembro de 1932.

Non tivo descendencia, polo que á súa morte o título de marqués de Figueroa pasou á súa irmá Joaquina Armada Losada, casada co catedrático Miguel Gil Casares (véx.). Despois herdou o título o fillo de Miguel e de Joaquina, Juan Gil Armada.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1891-1892	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña
Lexislatura 1893-1895	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña
Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1914-1915	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña



**ARMADA Y FERNÁNDEZ DE CÓRDOBA, Iván (Marqués de Ribadulla)**

Aínda que non chegou a tomar posesión do escano de senador que obtivo no ano 1896, introducímolo aquí para completa-la imaxe política dos Armada en Galicia.

Non concordan os autores sobre a súa data e o seu lugar de nacemento: para algúns, naceu en Xixón en 1840, mentres que para outros naceu en Madrid en 1845.

Era fillo de Álvaro Armada Valdés e de María Manuela Fernández de Córdoba, condesa de Revillagigedo.

Estudou Dereito e Filosofía e Letras e ampliou estudos en Inglaterra e Francia.

Era persoa considerada moi culta e fondamente relixiosa. Levado pola súa relixiosidade, realizou no ano 1875 unha peregrinación a Xerusalén e ós Santos Lugares, acompañando a Fernández Sánchez e a Freire Barreiro, catedráticos da Universidade de Santiago, e o médico coruñés Pérez Reoyo. Froito daquela peregrinación foron tres obras: *Santiago, Jerusalén, Roma*, de Fernández Sánchez e Freire Barreiro (Santiago, 1880-1881), recentemente reeditada; *Viaje a Egipto, Palestina y otros países de Oriente*, de Pérez Reoyo (Lugo, 1882-1883), e un libro do noso protagonista, do que non puidemos coñecer nin o título. Nalgunha referencia a Armada, Pérez Reoyo cualifícao de "místico".

Coñecía e amaba a botánica. Os magníficos xardíns do pazo de Santa Cruz foron, en certa maneira, obra de Juan Ignacio Armada e posteriormente o noso protagonista foi quen introduciu as camelias e os eucaliptos no seu xardín e nunha propiedade que tiña en Ortigueira.

Foi elixido senador pola Coruña na lexislatura de 1896. Debía estar xa moi enfermo porque non chegou a tomar posesión. Morreu en Santiago o 4 de outubro de 1898.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1896-1898    Senador pola provincia da Coruña (Non tomou posesión)

**ARMADA Y GUERRA, Juan Antonio  
(Marqués de Santa Cruz de Ribadulla)**

Con Juan Antonio Armada y Guerra iníciase a serie de ilustres membros desta familia que representaron tanto no Congreso coma no Senado algunha circunscrición de Galicia. Dous dos seus fillos (Álvaro e Juan) representaron o distrito de Santiago case sen interrupción desde 1846 ata 1872. Outros dous descendentes (Álvaro Armada Fernández de Córdoba e Juan A. Armada Fernández de Córdoba) foron senadores e outro descendente máis (Juan Armada Losada), representou así mesmo a Galicia.

Juan Antonio Armada y Guerra, nacido en Maracaibo o 31 de xaneiro de 1796, o

noso biografado, era fillo do quinto marqués de Santa Cruz de Ribadulla, Juan Ignacio de Armada Mondragón (o coronel xefe do Batallón Literario de Santiago no ano 1808, que morreu o 25 de xaneiro de 1824 sendo brigadier de Infantería) e de Petra Guerra y Briones, de Guadalaxara. Á morte do seu pai herdou o marquesado de Santa Cruz de Ribadulla.

Estudou en Santiago, e xa neste período mostrou inquedanzas literarias e ideolóxicas que eran seguidas de preto pola Inquisición compostelá. Con Casiano del Prado, Ramón Lasagra, Antonio Ferro Montaos e outros nove intelectuais constituíron en 1816 unha sociedade literaria, da que foi presidente o noso protagonista e vicepresidente Ferro Montaos. Nela lían e discutían obras procedentes de Francia. Nesa data a Inquisición decidiu actuar contra Casiano del Prado e Ferro Montaos. Armada e Lasagra lograron saír indemnes. No ano 1815 era cadete do Real Corpo de Artilería.

Posiblemente para calma-las súas inquietudes os seus pais deberon recomendarlle tomar estado. De feito, casou no mesmo ano 1816 con Rosario Valdés, de Asturias, o que explica a súa vida posterior entre Asturias e Madrid.

Con este matrimonio púxose de manifesto unha das estratexias dos Armada: traer á familia títulos nobiliarios por vía de consorte. Neste caso, a dona achegou ó matrimonio o condado de Canalejas e o marquesado de San Esteban del Mar.

Coma seu pai, foi oficial do exército e morreu no ano 1851 co grao de brigadier, acaído en 1833. Foi Director da Sociedade Económica de Santiago e benfeitor da mesma.

Nunca foi deputado por Galicia senón senador, desde 1834, en que foi prócer do Reino, ata 1845. A partir de 1846 e ata a súa morte foi designado senador vitalicio pola Coroa.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1834-1835	Prócer do Reino de Galicia
Lexislatura 1837-1838	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1839	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1844-1845	Senador pola provincia de Pontevedra

### ARMADA Y VALDÉS, Álvaro (Conde de Revillagigedo)

Naceu en Oviedo en maio de 1817, fillo de Juan Antonio Armada y Guerra e de Rosario Valdés. Non herdou o marquesado de Santa Cruz de Ribadulla ata 1851, e o condado de Canalejas e o marquesado de San Esteban del Mar de Natahoyo ata 1871, data na que morreu a súa nai.

Contraeu matrimonio en 1838 con Manuela Fernández de Córdoba, condesa de Revillagigedo e, sempre de acordo coa tradición familiar, honrou o título da súa dona, xa que sempre usou o de conde de Revillagigedo, aínda que lle correspondese por vía de consorte.

Oviedo, Santiago e Madrid son tres referencias fundamentais na súa formación. No colexio de San Mateo de Madrid foi discípulo de Alberto Lista e Aragón, quen sen dúbida o orientou cara ás letras. Hábil versificador, participou en varias reunións literarias, publicou en Madrid no ano 1846 un tomo de poesías co pseudónimo de Barón de Fritz.

As poderosas relacións familiares explican que en 1835, con só dezaioito anos, fora nomeado agregado da Embaixada de España en París, cidade na que residiu soamente un ano pero que lle serviu para desenvolver as súas inqúedanzas literarias.

A significación da súa familia, con pazos en Oviedo e Xixón, e os seus propios méritos convertérono en rexedor de Oviedo. En 1843 foi elixido deputado provincial por Pravia, na deputación de Oviedo. No ano 1844 iniciou a súa carreira política no Partido Moderado representando a Oviedo nas Cortes. A partir de 1846 e ata 1860, con moi poucas interrupcións, foi deputado en Cortes polo distrito de Santiago. Só entre 1857 e 1860 representou a Xixón, deixando o distrito de Santiago libre para o seu irmán. No ano 1860 foi designado senador vitalicio, cargo que ocupou ata 1868.

Foi gobernador de Madrid en 1852. Intentou corrixir algúns dos que el estimaba abusos na sociedade madrileña, como o enterro da sardiña, que prohibiu. A oposición do pobo madrileño, que comportou a súa saída do cargo, pasou a unha cuarteta, que se repetía por Madrid:

"Dejó el Conde de existir  
 ahogado por una espina.  
 Morir por una sardina  
 es muy glorioso morir".

Desde 1860 Armada pasaba a meirande parte da súa vida no seu pazo de Xixón, dedicado á administración das súas grandes propiedades e a cultivar o seu espírito artístico. Na súa residencia celebrábanse xustas poéticas e actuacións musicais (consta que el participaba activamente coa súa bela voz de barítono). Escribiu moito, aínda que a maior parte da súa obra quedou inédita. Morreu en Xixón o 23 de xuño de 1889.

Como deputado e senador tivo escasa significación, sen que participase habitualmente nas sesións, aínda que consta que asistía a elas.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Legislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Legislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Legislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña

### ARMADA Y VALDÉS, Juan (Marqués de Figueroa)

Irmán de Álvaro Armada Valdés, foi, por conseguinte, fillo de Juan Antonio Armada Guerra e de Rosario Valdés. Casou con Ramona Losada y Miranda, irmá do conde de Maceda, que levou ó matrimonio o marquesado de Figueroa. Juan Armada utilizou este

título, que lle chegou por vía de consorte.

Gran propietario, no ano 1871 era o sexto máximo contribuínte, por bens territoriais, da provincia da Coruña. Foi Coronel de Arteria e axudante do xeneral Echagüe na Guerra de África.

Colleu o relevo do seu irmán Álvaro e representou o distrito de Santiago desde 1857 ata 1872, con breves interrupcións.

O mesmo que o seu irmán, non destacou no Congreso polos seus dotes parlamentarios. Foi, sen embargo, un asiduo asistente e traballou nas comisións. Nas Cortes de 1863 foi elixido terceiro secretario das mesmas. Nas de 1864 foi nomeado secretario da comisión de Lei Electoral, polo que tivo que actuar bastante no Congreso, pero sempre en representación da comisión. Nas Cortes de 1869 a 1871 participou na comisión do ferrocarril compostelán.

Pertenceu ó Partido Moderado. Nas Cortes de 1870, cando se decidiu a elección do rei de España, non votou a Amadeo de Savoia, senón ó duque de Montpensier.

O seu fillo Juan Armada y Losada, marqués de Figueroa, foi tamén deputado (véx.).

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Legislatura 1858-1862	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Legislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Legislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Legislatura 1865-1866	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Legislatura 1869-1871	Deputado pola sección de Santiago	A Coruña

### ARMERO MILLARES, Luis

Os Armero, oriundos da Rioxá, aparecen instalados en Pontevedra no século XVIII. Manuel Silvestre Armero, pai do noso biografado, era avogado dos Reais Concellos e casou con Josefa Millares y Dabal, natural de Noia, motivo polo que se estableceu nesta vila, da que foi alcalde en varias ocasións e despois rexedor perpetuo. No ano 1808, cando tivo lugar a afrancesada, foi un dos encargados de face-lo alistamento de voluntarios para a guerra. Posteriormente residiu en Madrid ó ser nomeado asesor da Superintendencia Xeral da Real Facenda.

Luis Armero Millares debeu nacer en 1794. Iniciaba os seus estudos de Dereito en Santiago cando se formou, en 1808, o Batallón Literario, no que aparece alistado como cadete con tan só catorce anos. No ano 1815 era xa subtenente e profesor de matemáticas e xeografía no Colexio Militar de Santiago. En 1819 figura xa como tenente. A súa lealdade á monarquía absoluta proporcionoulle o cargo de oficial da Secretaría de Estado no ano 1824. En 1829 recibiu a Cruz da Fidelidade pola súa adhesión á monarquía de Fernando VII.

Aínda que a súa dedicación á administración lle impediu os ascensos fulgurantes



doutros militares, non freou a súa carreira militar, que foi progresando paseniño ata acadala graduación de mariscal de campo.

No ano 1840 obtivo a representación da provincia de Pontevedra no Congreso. Deputado pouco afeito a falar na cámara, defendeu o seu voto particular, discrepante da comisión á que pertencía (sobre o proxecto de lei de dotación do culto e clero), na sesión do 10 de xuño de 1840. Este discurso foi a máis importante contribución de Armero en toda a súa traxectoria parlamentaria, achega coñecida porque o seu autor fixo dela unha edición non venal profusamente repartida: *Voto particular sobre la dotación del culto y clero...* (Madrid, 1840). Esta é tamén a única publicación súa da que se ten noticia.

Á parte de defende-lo clero e o seu dereito a administra-los bens da Igrexa (no que hai unha acusación implícita á desamortización de Mendizábal, que foi un dos que lle responderon), o máis característico do discurso de Armero é a doutrina na que se sustenta. Así, afirma que a separación entre a Igrexa e o Estado é unha abstracción que vai en contra da constitución histórica de España: *Las raíces de nuestra independencia nacional, de nuestra monarquía y de nuestra Iglesia forman un mismo tronco*, é dicir, proceden da mesma cerna histórica, de maneira que España ou é católica ou non é España. Esta tese, non orixinal, pero poucas veces defendida no Congreso con tal paixón, será, como se sabe, o dogma central do integrismo posterior.

Aínda que o seu voto foi rexeitado, Armero converteuse nun dos obxectivos da persecución dos progresistas radicais, que o destituiron no ano 1840. Foron eles os que lanzaron a sospeita da súa conivencia co carlismo.

Afiliado desde 1844 ó Partido Moderado de Narváez, formou parte do seu Comité Central. Cando os moderados ocuparon o poder, non só obtivo representación pola Coruña senón que ademais foi elixido vicepresidente do Congreso (cargo que exerceu de 1845 a 1846) e posteriormente senador vitalicio.

Morreu o 1 de febreiro de 1853.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1840-1842	Deputado pola provincia de Coruña
Lexislatura 1843-1844	Deputado pola provincia de Coruña
Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia de Coruña

## ARRESTO, Constantino

Intelectual, periodista e ocasionalmente político, este pontevedrés que naceu no ano 1830, segundo Couceiro Freijomil, ou no 1833 segundo J. A. Durán, militou sempre no progresismo ideolóxico e no republicanismo político, como o seu sobriño Indalecio Armesto.

Sendo moi novo colaborou, xunto co seu irmán Pedro, Luis de la Riega e Fernández Monge, no xornal satírico e crítico *La Revista* (Pontevedra, 1849), onde escribía co pseudónimo de *El Lindo Don Diego*.



Xa en Madrid, colaborou nos xornais *La Democracia*, *La Discusión* e *El Crédito*. Amigo e seguidor de Pi i Margall, tamén tivo devoción por Castelar.

Os republicanos lograron que saíse elixido deputado por Pontevedra nas segundas eleccións de 1872. Serviu os gobernos do Sexenio como gobernador de Ourense, Xirona, Alacant, Córdoba e San Sebastián.

Na lexislatura de 1881 pretendeu obte-la representación por Ponteareas, é dicir, introducirse no coto reservado dos Bugallal. Aquilo foi considerado como unha especie de *casus belli* que os Bugallal non podían aceptar. Por iso lograron que as Cortes, na sesión do 15 de outubro de 1881, declarasen nula a elección, polo que houbo de realizarse unha segunda elección parcial, na que, por suposto, Armesto xa non estivo presente.

En Pontevedra era moi apreciada a súa tertulia: "Gusto de oírle en sus discusiones familiares tratar de literatura, en que posee vastísimos conocimientos, pero admira hablando de política... se reconoce en el un político de talento y de carácter", escribe un anónimo autor.

Morreu en Madrid no ano 1900.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra	
Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Ponteareas	Pontevedra	(Anuladas)

### ARMESTO, Indalecio

Aínda que non chegou a tomar posesión do seu escano pola cidade de Pontevedra, que obtivo nas eleccións de 1873, o feito de que a declaración de nulidade da súa acta procedera de denuncias dos seu inimigos, e de que non fora substituído, lévanos a dedicarlle unha pequena nota biográfica.

Naceu en Pontevedra o 29 de setembro de 1838, fillo de Ramona Armesto e de pai descoñecido.



Dificultades económicas da familia impedíronlle proseguir na súa xuventude o habitual currículo académico. Tivo que traballar en Pontevedra e en Madrid en diversos oficios, o que lle conferiu un certo autodidactismo que se advirte nas súas obras, especialmente na máis coñecida *Discusiones sobre la Metafísica* (1878) que, precisamente por iso, mereceu críticas dispares.

Ata 1869 non puido concluí-lo bacharelato e ata 1874 non conseguiu a licenciatura en Dereito. Preparaba os exames no tempo que lle deixaban libre os distintos empeños periodísticos, as campañas políticas e mesmo as viaxes non sempre desexadas, xa que en máis dunha ocasión foi desterrado da súa cidade por supostos delitos perio-

dísticos ou de opinión.

A atmosfera familiar en Pontevedra predispúxo para o periodismo, para a tertulia elevada, para a discusión e a polémica. O seu avó, Pedro Armesto, xa destacara como periodista e polemista, o mesmo que o seu tío Constantino Armesto, periodista e político republicano. A cidade de Pontevedra mantiña abertos varios cenáculos polos que discorría un pensamento moderno, liberal e un tanto anticlerical.

Aínda que viviu durante algúns anos en Madrid, onde contactou coa Institución Libre de Enseñanza e se empapou da vida literaria madrileña, isto non o enchía plenamente e sempre atopou no seu fogar pontevedrés a atmosfera ideal para o seu traballo.

Colaborou en Madrid en xornais importantes como *La Discusión* ou *Las Antillas*, pero foi a prensa pontevedresa (*El Progreso*, que dirixiu, *La Justicia*, que tamén dirixiu, *El Buscapié*, *El Derecho*, etc.) a que recolleu o mellor do seu saber.

Os seus artigos eran densos e tiñan a pretensión de crear unha conciencia liberadora. Revela a súa obra un espírito profundamente didáctico, creador de conciencia pública. De aí que unha serie de mozos pontevedreses se arrimasen a este humanista, fondamente revolucionario, pero apracible nas formas. Deste xeito, foise convertendo pouco a pouco en Pontevedra no referente máis lúcido e consecuente dun ideario liberador, republicano, democrático e anticlerical.

Xamais refugou a polémica, xa fose contra os ben pensantes da dereita ou contra os *malditos* do pensamento socialista, xamais aforrou a crítica dura contra os poderes fácticos (os Riestra ou Montero Ríos), sabendo as consecuencias graves que tal actitude lle produciría. Tampouco calou ante a belixerancia clerical, o que explica, máis que as doutrinas contidas no seu libro sobre a metafísica, a condena que esta obra mereceu do arcebispo de Santiago no ano 1878.

Foi gañando así o respecto dos intelectuais e o entusiasmo dos mozos. Morreu o 22 de febreiro de 1890, posiblemente a consecuencia dun atentado do que fora obxecto meses antes por parte dunha dona, contrariada polo seu desafecto.

A Pontevedra laica e a intelectualidade de toda Galicia sentiu que coa súa morte desaparecía un símbolo.

Politicamente parece ser que militou sempre no Partido Demócrata e logo no Republicano. Colaborou activamente na conspiración para derrubar a Monarquía, o que provocou o seu exilio a Portugal. Reincorporouse no ano 1868 e exerceu como gobernador e presidente da Deputación de Pontevedra entre o 27 de outubro de 1868 e o 1 de xaneiro de 1869. Foi elixido deputado en Cortes en 1873, pero os seus inimigos políticos manobraron para anular a súa acta, co pretexto de que non renunciara a un posto retribuído que tiña con anterioridade.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1873-1874	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra (Non tomou posesión)
-----------------------	--------------------------------------	---------------------------------

**ASTRAY-CANEDA ÁLVAREZ, Julio**

Nos seus anos mozos colaborou en varios periódicos "avanzados", como se dicía Nenton, é dicir, progresistas, como *La Perseverancia*, de Pontevedra. Posteriormente militou nas filas democráticas, isto é, no Partido Republicano, o que explica que fose elixido deputado polo distrito de Ribadavia nas segundas eleccións de 1872.

A súa importante fortuna (na Restauración era o máximo contribuínte da cidade de Santiago, a moita distancia do segundo), fundamentada en bens inmobles e rendas forais, posiblemente determinou que fose moderando os seus ímpetus xuvenís.

Formou parte da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, onde se preocupou do tema do ferrocarril. De aí a publicación do folleto *Reflexiones sobre la memoria relativa al proyecto del ferrocarril económico directo de La Coruña a Santiago* (Santiago, 1882). Da súa evolución ideolóxica é sintoma o poema relixioso *La traslación del Apóstol Santiago*, obra de moi escaso mérito tanto desde o punto de vista histórico coma literario, pero que lle serviu, sen dúbida, para lavar algúns pecados de xuventude ante a pudibunda cidadanía compostelá.

Xa na Restauración obtivo novamente representación en dúas lexislaturas polo distrito de Verín.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1872 (2ª)	Deputado polo distrito de Ribadavia	Ourense
Lexislatura 1886-1891	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito de Verín	Ourense

**ÁVILA RODRÍGUEZ, Tiberio**

Versátil personalidade a do noso biografoado. Ademais de estudar Leis e Farmacia, dedicouse con mérito á pintura. Logo de estudar Farmacia en Madrid ingresou na Academia de San Fernando e gañou por concurso unha praza de pensionado da Deputación de Ourense que ocupou durante cinco anos. Obtivo logo a cátedra de Anatomía Artística na Escola de Belas Artes de Barcelona, onde impartiu clases que se condensan na súa obra *Anatomía y Fisiología para uso de los artistas* (Barcelona, 1906).

Paz Novoa, que o coñecía, escribiulle a Murguía, cando este se interesou por el, que Ávila "es joven de alguna esperanza, pero creo que no ha sido el amor al arte lo que le llevó a Madrid sino el que profesaba a una muchacha rica con la cual se casó". Paz Novoa non cría nel como pintor.

Naceu en Viana do Bolo no ano 1843.

A súa militancia política mantívose sempre no Partido Republicano, e cando se verificou a escisión do republicanismo na Restauración, seguiu a Salmerón. O 1 de abril de 1888 asinou o *Manifiesto Republicano*.

Participou activamente na conspiración que precedeu a chamada Gloriosa (1868) e

no ano 1873 resultou elixido deputado polo distrito de Valdeorras (Ourense).

Parece ser que, ó cae-lo Sexenio e producirse a Restauración, como tantos outros republicanos, desapareceu da Corte e viaxou a Viana, onde viviu algún tempo. No ano 1879 asinou o Manifesto Federal, con outros ex-deputados republicanos. Posteriormente retornou a Madrid, onde se dedicou á avogacía. A pesar da súa militancia republicana non tivo reparos en facer retratos de Alfonso XII e Álvarez Bugallal.

Estando xa en Barcelona, dedicado á súa cátedra, foi novamente elixido deputado polo distrito da cidade entre 1893 e 1895. No Congreso opúxose ás corridas de touros.

Morreu en Barcelona en 1933, superados os noventa anos. Foi homenaxeado polas Cortes da II República. Significa isto que puido vivir na súa ancianidade no réxime republicano ó que foi sempre fiel.

Na súa faceta de pintor destacou como retratista en Barcelona.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1873-1874	Deputado polo distrito de Valdeorras	Ourense
-----------------------	--------------------------------------	---------

## — B —

### BAAMONDE GUITIÁN, Manuel

Na sociedade lucense da Restauración había un grupo político conservador, liderado polo conde de Pallares, que logrou instalar no poder os seus adictos. Entre estes atopábase, ademais de Maseda Vázquez de Parga, sobriño do conde de Pallares, Manuel Baamonde Guitián.

O grupo logrou coloca-lo noso protagonista como presidente da Deputación de Lugo no período de 1885 a 1886.

Manuel Baamonde Guitián non debía ser ambicioso no eido da política, pois unicamente logrou saír deputado nunha ocasión.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
-----------------------	-----------------------------------	------

**BAEZA, Joaquín**

Naceu en Pontevedra no ano 1829. Só puido realiza-los estudos primarios e de secundaria, pero non estudos universitarios por ter que ocuparse dos intereses da súa familia.

"Hijo de padres liberales (escribe o autor da biografía que aparece no libro *Los diputados pintados por sus hechos*), ha militado siempre en el partido progresista, contribuyendo con su fortuna, su saber y a riesgo de su persona y libertad, al triunfo de Septiembre".



Foi sempre progresista. Máis aínda, cando o progresismo pontevedrés entrou en crise, a partir de 1856, xunto con Rodríguez Seoane e José Benito Amado, reorganizou o partido na provincia, e mantivo co seu impulso xeneroso o ideario progresista. Sen embargo, e unha vez derrocada Isabel II, Baeza sentiuse atraído polo Partido Republicano, ó entender que se perpetuaban neste os valores políticos por el defendidos e non xa no Partido Progresista, un partido que cumprira o seu papel pero que non tiña futuro. Casou con Teresa Becerra, irmá do deputado liberal José Becerra.

Colaborou nalgúns xornais de Pontevedra, aínda que non poidamos dicir que fose un periodista moi coñecido, especialmente na revista *La Constancia*, dirixida ós mestres, e na segunda fase do xornal *El Progreso*, cando pasou a dirixilo Indalecio Armesto.

Representou en tres lexislaturas a Galicia, e sempre por Pontevedra: foi elixido por primeira vez na lexislatura de 1854-1856, cando o progresismo pontevedrés foi capaz de elixir sete progresistas entre os dez deputados da provincia.

Volveu ser elixido na lexislatura de 1869. Nesta ocasión formou parte das comisións de Actas, Desestancamento do Sal e de Tabacos, Embargos de Facendas, Presupostos e a de Garantías Constitucionais. Foi deputado moi traballador nas comisións pero pouco dado a pronunciar discursos ou a participar nos grandes debates. Sen embargo, cando se suscitou o polémico tema do desestancamento do sal, Baeza participou defendendo a supresión do desestancamento por entender que era a mellor forma de defende-los intereses industriais da provincia, especialmente no ramo do salgado.

Nas segundas eleccións de 1872, representou no Senado a provincia de Pontevedra.

Nunha biografía escrita no ano 1869 afirmase del: "independiente de carácter y rica posición económica".

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1869-1871	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1872 (2ª)	Senador pola provincia de Pontevedra





## BARBER SÁNCHEZ, Francisco

Formouse politicamente á sombra de Eduardo Cobián Roffignac. Como axudante no seu importante despacho de avogado, chegoulle no ano 1910 o momento en que o seu protector decidiu darlle o pase á alta política. A prematura morte impediulle alcanzar outras metas máis altas.

Naceu en Zaragoza o 1 de decembro de 1873. Estudiu Dereito en Madrid, onde compaxinaba os estudos co exercicio dun periodismo activo e vivo, en xornais como *El Imparcial*, *La Correspondencia de España*, *El Heraldo* e

outros.

Nos períodos en que o seu protector foi ministro, exerceu determinadas tarefas na Administración do Estado, como secretario do propio ministro. Ocupou praza de funcionario no Ministerio de Gracia e Xustiza.

Iniciou a súa presenza no Congreso no ano 1910, sempre da man do seu protector Cobián, quen tivo que facer xogos malabares para facelo deputado. Neste ano Cobián saíu elixido polo distrito de Xinzo de Limia. O 9 de febreiro foi designado ministro de Facenda. Renunciou ó escano de Xinzo para pasar a ocupa-lo distrito de Valdeorras, ó cal fixo renunciar previamente ó seu fillo, Juan José Cobián Fernández de Córdoba.

Nunha segunda elección, celebrada o 4 de setembro de 1910, foi elixido Barber para o distrito de Xinzo, e, posteriormente, pasou a enfeudarse no distrito de Valdeorras.

Consta que na lexislatura de 1910 foi un deputado laborioso e que formou parte das comisións de Presupostos, de Folgas Ferroviarias, e de Derrogación da Lei de Xurisdiccións.

Un entusiasta e admirador seu escribiu acerca del: "Sabe más leyes que Licurgo y tiene en la cabeza el Alcubilla para ganar todos los pleitos que se le confían, que no son pocos. Pero lo característico de Barber no es eso, aunque ello le llene la despena y le haga confortable la vida. Lo característico es el ángel, la simpatía vivísima que sabe inspirar a todo el mundo, el don de gentes para atraer, la inteligencia despierta y luminosa para hacerse estimar profundamente de cuantos le conocen y para alcanzar el éxito en cuanto emprende".

Xa dixemos que posteriormente se enfeudou no distrito de Valdeorras, que lle cedeu, unha vez máis, Cobián, o seu protector.

Foi un deputado moi querido no distrito. Conseguiu un apeadeiro-estación para Vilamartín, vías comarcais, repoboacións forestais e tamén acadou postos de traballo para xente do distrito afectada economicamente pola crise vitícola producida pola filoxera.

Coidaba a prensa e visitaba con frecuencia o distrito. Con motivo das disputadas eleccións de 1920, en que loitou contra o candidato ministerial, Marcelino Suárez, recibía homenaxes da poboación de Valdeorras.

Foi gobernador civil de Barcelona en 1923, un momento de moita conflictividade social, en que tivo que oporse non poucas veces ás decisións do capitán xeral, o marqués de Estella.

Morreu Barber o 25 de xullo de 1923.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1911-1914	Deputado por Xinzo de Limia	Ourense
Lexislatura 1914-1916	Deputado por Valdeorras	Ourense
Lexislatura 1916-1918	Deputado por Valdeorras	Ourense
Lexislatura 1918-1919	Deputado por Valdeorras	Ourense
Lexislatura 1919-1920	Deputado por Valdeorras	Ourense
Lexislatura 1920-1923	Deputado por Valdeorras	Ourense (Foi anulada esta elección)
Lexislatura 1923	Deputado por Valdeorras	Ourense

**BÁRCENA Y FRANCO, Manuel**  
(Conde de Torre Cedeira)

Foi unha das personalidades máis representativas de Vigo no século XIX. Naceu nesta cidade o 26 de agosto de 1834. Era fillo de Juan Bárcena, natural de Vigo, e de María del Pilar Franco, de Benavente. Por parte de seu avó, Bernardo Bárcena, participaba da fidalguía. Polo seu matrimonio enlazou coa poderosa familia burguesa de Santiago.



A súa cuantiosa fortuna procedía tanto de rendas de terras, en Vigo, Redondela, Bouzas, Lavadores, A Caniza, Crecente, Arbo, Setados e Salvaterra, como do comercio e da industria. Era propietario dun importante almacén de combustible, en Vigo, e dunha fábrica de curtidos en Lavadores.

A súa espléndida residencia no corazón do Vigo vello, no centro da rúa Real, era un dos referentes dunha cidade que atopou en Bárcena un líder indiscutible. Foi alcalde de Vigo. Patrocinou a creación da Caixa Municipal de Aforros e Monte de Piedade, prestando sen xuro ningún 20.000 pesetas para a súa construción, con planos do gran arquitecto Genaro de la Fuente.

Co tempo tamén el chegou a ter banca propia.

Formou parte das asociacións máis importantes constituídas na cidade de Vigo durante moitos anos. En 1878, cando era presidente da asociación La Tertulia, tivo ocasión de recibir a Xulio Verne, que desembarcou no porto de Vigo o 3 de xuño dese ano. Agasallou a Verne, que viña coñecer tanto Vigo como Rande.

Favoreceu sempre tódolos proxectos que significarasen a modernización da cidade. Por iso foi moi celebrada a concesión no ano 1891 do título de conde de Torre Cedeira para el e os seus descendentes.

Politicamente militou no Partido Conservador, pero a súa bondade facíao un interlocutor sensible para tódolos grupos políticos.

Iniciou a súa actividade política no Sexenio, ó acepta-la representación do seu distrito, no ano 1871, como vocal da Deputación de Pontevedra, da que en 1874 foi presidente.

Foi senador por Pontevedra na lexislatura de 1872-1873. Retornou ó senado no ano 1884, onde exercería sempre a representación desta provincia.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872-1873	Senador pola provincia de Pontevedra (Non chegou a tomar posesión)
Lexislatura 1884-1886	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1886-1891	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1891-1893	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1903-1904	Senador pola provincia de Pontevedra

### BARGÉS EMBIL, Arturo

**A**bsolutamente descoñecido en Galicia á que representou só durante algúns meses.

Nas eleccións de 1886 a 1891 foi elixido polo distrito de Lalín Ángel Urzáiz Cuesta (véx.), que exerceu a súa representación ata o ano 1889. Dimitiu como deputado e foi preciso realizar eleccións parciais, eleccións que se celebraron o 5 de xaneiro de 1890 e nas que resultou gañador Arturo Bargés Embil.

Tomou posesión do cargo o 24 de xaneiro de 1890, polo que a penas participou nas Cortes.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1886-1891	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra (Só a partir de xaneiro de 1890)
-----------------------	---------------------------------	---

### BARÓ Y SUREDA, Teodoro



**A**única relación que tivo este político e escritor catalán con Galicia foi o seu nomeamento de gobernador civil da Coruña, no ano 1885. Quizais se decatou nese momento da posibilidade de alcanzar un distrito en Galicia, como así sucedeu.

Naceu en Figueras no ano 1842. Estudiu Filosofía e Letras, e Dereito na Universidade de Barcelona.

Foi tenente alcalde do Concello de Barcelona, gobernador civil de Málaga, Ávila, Sevilla e A Coruña. Militou sempre no Partido Liberal de Sagasta.

Foi tamén director xeral de Beneficencia e Sanidade.

Destacou como escritor. Deixou escritos varios dramas, como *La Tramontana*, *Un drama en la Corte* e comedias en catalán. Traduciu a *Historia de Francia* de Guizot, publicou poemas en catalán, un tratado titulado *Elementos de Historia Universal* e, no ano 1906, *Biografías de Catalanes Ilustres*. Foi director de *La Crónica de Cataluña* e do xornal *El Diario de Barcelona*. Colaborou en *La Ilustración Artística*, *La Velada*, *El Mercurio*.

Politicamente, foi deputado por Barcelona nas lexislaturas de 1881-1883 e 1884-1886. Na lexislatura de 1893-1895 foi deputado polo distrito de Figueras (Xirona).

Representou tamén o distrito de Xinzo entre 1887 e 1890, onde substituíu o 5 de maio de 1887 o deputado Manuel Enríquez Vallarino.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1886-1890	Deputado por Xinzo	Ourense (só desde 1887)
-----------------------	--------------------	-------------------------

### BARREIRO FERRO, José Joaquín

Naceu en Santiago no ano 1814. Procedía polos dous costados da fidalguía galega pois era fillo de Fernando María Barreiro e Moscoso, coronel de infantaría do rexemento de Mondofíedo e de Juana Ferro Baleato, da casa de Castroteito. Polo pai derivaba da casa dos Barreiro (Arca, O Pino, preto de Santiago) e da casa de Vieite de Boimorto (Arzúa). Estaba, por conseguinte, moi vinculado ó distrito de Arzúa, que representou en Cortes en varias ocasións.

Casou, en primeiras nupcias, con María Luisa Taboada, filla dos señores de Tor (Lugo), matrimonio que o consolidou na aristocracia galega. En segundas nupcias, casou con Alejandra de la Riva, da familia burguesa dos da Riva, de Santiago, que posibilitou a súa aproximación á alta burguesía compostelá. Da segunda muller tivo, polo menos, unha filla, Mercedes Barreiro de la Riva.

Novo aínda, ós trinta e dous anos, obtivo o escano polo distrito de Arzúa nas eleccións de 1846, e tomou posesión del o 18 de febreiro de 1847. Tiña entón sona de ser pouco comunicativo e algo fachendoso.

Como deputado foi, ó longo da súa extensa vida parlamentaria, unha absoluta nulidade. Practicamente non tivo unha soa intervención, a penas formou parte das comisións parlamentarias, pero é posible que fóra do Parlamento exercese con habilidade a función tutelar dos veciños do seu distrito, porque estes o mantiveron no cargo, con escasas interrupcións, desde 1846 ata 1870.

Desde o primeiro momento Barreiro amosou un talante ultraconservador, apoiando



cos seus votos tódalas mocións que significaban defensa da unidade católica, do Pontificado. Defendeu a expedición militar a Italia para protexe-lo Pontífice, etc.

Consta que durante algún tempo ocupou interinamente a xefatura política da Coruña.

Logo foi nomeado xerente do primeiro Banco de Santiago (1856), e, no ano 1858, comisario rexio do Banco da Coruña, cun substancioso soldo de 40.000 reais, o que o obrigou a renunciar ó escano no Parlamento.

Se resumímo-la súa participación como deputado, Barreiro representa o distrito de Arzúa na lexislatura de 1846-1850. Non pertence a ningunha comisión nin fala en ningunha sesión. Consta que está moitas veces ausente. Sae novamente elixido na lexislatura de 1850-1851 e tampouco participa. Na de 1851-1852 é derrotado por Jacobo de Andrés García. Na de 1853-1854 é elixido pero a súa acta é declarada grave e non chega a ser aprobada antes de remata-la lexislatura. Está ausente das Cortes ata 1857 en que retorna polo distrito de Arzúa. Na lexislatura de 1858-1863 sae elixido pero renuncia pola incompatibilidade co seu posto de xerente do Banco da Coruña. Volve no ano 1863 e mantense nesta lexislatura e na seguinte de 1864. Desde 1865 está fóra das Cortes ata as eleccións de 1869.

Neste mesmo ano preséntase nunha candidatura católico-monárquica, formada por carlistas e neocatólicos, e obtén escano pola provincia da Coruña.

Liberado da fidelidade á raíña Isabel II, parece ser que se integra no carlismo. Nas Cortes de 1864 defende cos seus votos (segue sen falar) a unidade católica. Morre en Madrid o 6 de xuño de 1870.

#### ■ REPRESENTACIÓN DE GALICIA

Lexislatura 1846-1849	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña (Non tomou posesión)
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
Lexislatura 1859-1863	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña (Renunciou)
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
Lexislatura 1869-1870	Deputado pola provincia da Coruña	



#### BARRERAS MASSÓ, José

Naceu en Vigo. Era fillo de José Barreras Canellas, que se instalou nesta cidade no ano 1852, como comerciante de efectos navais e industrial con fábricas de conservas no Areal e en Balea, e de Esperanza Massó Ferrer, de Bueu.

Como pode observarse os cataláns mantiñan unha forte endogamia por razóns posiblemente económicas, xa que a unión destas dúas familias, os Barreras e os Massó, permitiron constituír un poderoso grupo empresarial.



Estudou Enxeñería Industrial e, rematada a carreira, integrouse nos negocios familiares.

Casou con N. Bolívar, así mesmo de orixe catalana e filla de empresarios.

En 1881 consta xa como vocal da Xunta de Obras do Porto de Vigo. Sen embargo, foron os negocios familiares os que lle proporcionaron un rápido benestar. Morreu seu pai no ano 1889 e de seguida o noso protagonista foi nomeado presidente do Consello de Administración da sociedade Hijos de Barreras, S.A. A empresa dedicábase á instalación de máquinas e de caldeiras inglesas, especialmente nas fábricas de conserva.

No ano 1892 inaugurou os estaleiros do Areal, que foron trasladados a Coia en 1918. Así mesmo, a empresa familiar posuía dúas fábricas de conserva en Guixar e Aldán, e varios barcos de pesca.

Formaban parte da sociedade, unha vez morto o pai, súa nai (ata o seu falecemento) e os irmáns, Julio, Federico e Fernando Barreras Massó.

Foi presidente da Asociación de Industrias Pesqueiras de Vigo e, cando se retirou, foi nomeado presidente honorario.

Como pode observarse estamos ante un representante da alta burguesía viguesa.

Só se presentou nunha ocasión ás eleccións, e obtivo a representación polo distrito de Redondela.

Como era de esperar nunha persoa tan ocupada, o seu paso como deputado polo Parlamento non deixou memoria ningunha.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1920-1923    Deputado polo distrito de Redondela    Pontevedra

**BARRIO RUÍZ VIDAL, Ramón**

Só representou nunha lexislatura o distrito de Xinzo. No Congreso non formou parte de ningunha comisión, nin tomou nunca a palabra. Toda a súa actuación se reduciu a votar e a presentar, só nunha ocasión, unha solicitude da Deputación de Ourense.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1881-1884    Deputado polo distrito de Xinzo    Ourense

**BARROS, Francisco Javier**

Aínda que nas actas de Cortes consta como Francisco Javier Barros, pensamos que se trata de Francisco García Barros, porque na correspondencia particular que

posuímos de García Barros aparece indistintamente como Barros e García Barros.

Era fillo de Manuel García Barros, natural de Tourón (Pontevedra), con pazo nesta parroquia e moitas propiedades. Herdara de seu tío, Manuel Barros Figueroa, cónego de Santiago e rector da Universidade (1799-1805), moitas casas e propiedades en Santiago.

Seu pai, licenciado en Dereito por Santiago, foi tamén rector da Universidade no ano 1822. No 1823 foi nomeado gobernador da Coruña e ministro de Gobernación, cargo ó que renunciou.

A chegada das tropas de Angulema obrigouno a fuxir a Xibraltar, e, desde esta praza, pasou a Portugal onde permaneceu detido varios anos. Restaurado o liberalismo, retornou a España e foi novamente nomeado gobernador da Coruña.

Francisco Javier Barros era un dos fillos de Manuel García Ramos. Estaba empregado na depositaría de rendas, da facenda de Pontevedra. No ano 1846 sumouse ó levantamento deste ano e foi nomeado pola Xunta de Pontevedra, que presidía José María Santos, depositario dos fondos. En calidade de tal incautouse de preto de 700.000 reais pertencentes a Facenda para o pagamento das tropas.

Derrotados, fuxiu, coma seu pai, a Portugal. A amnistía de 1847 permitiulle retornar a España. Iniciouse entón un longo proceso contra el en que se lle reclamaba a xustificación dos pagamentos realizados durante o levantamento. Viu cómo as súas propiedades e rendas foron embargadas polo Goberno, pero logrou saír da situación, aínda que con moitas dificultades.

Ata 1860 non se viu libre das tenaces de Facenda e, xustamente neste ano, xa declarado hábil para o exercicio dos dereitos civís e políticos, foi elixido deputado provincial da Deputación de Pontevedra, e novamente nos anos 1862, 1864 e 1866. En 1867 obtivo a representación pola sección de Vigo.

Como deputado, a súa actuación foi nula, xa que non formou parte de ningunha comisión nin falou nunca no Congreso.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1867-1868	Deputado pola sección de Vigo	Pontevedra
-----------------------	-------------------------------	------------

### =====**BARTOLOMÉ SANTAMARÍA, Ricardo**

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Ourense	
Lexislatura 1873-1874	Deputado polo distrito de Xinzo	Ourense

**BAS VASALLO, Federico**

Sen ningunha vinculación con Galicia, representou as provincias da Coruña e Ourense no senado.

Era natural de Zaragoza, onde naceu no ano 1872. De orixe humilde, conseguiu co seu esforzo e os apoios políticos conservadores un posto na Administración.

Licenciado en Leis, entrou na administración de Correos como oficial quinto e foi ascendendo lentamente na escala ata ser xefe de negociado da Dirección Xeral de Correos.



Solicitou a excedencia para dedicarse á política.

No ano 1894 casou con Luisa Rivas de Rivera (tiña el vintedous anos e a muller, que era orfa, dezasete), natural de Santoña (Santander), que levou ó matrimonio un dote do que el se serviría para xustifica-la renda necesaria para optar a senador.

No ano 1902 foi elixido concelleiro do Concello de Madrid e pouco despois foi designado tenente alcalde.

En 1914 resultou elixido senador polas provincias da Coruña e de Lugo, e optou pola primeira provincia. Previamente xa fora deputado por Castuera (Badaxoz), entre 1907-1910.

No Senado formou parte de varias comisións: foi secretario da comisión de Reforma da Lei Municipal (1914), formou parte así mesmo da comisión de Obras para o Porto da Coruña e do Ferrocarril de Tanxer a Fez. No ano 1917 formou parte da comisión de Presupostos Xerais do Estado e, no 1923, das comisións de Formento e Facenda.

Ademais da representación por Galicia, como xa dixemos, foi deputado de 1907 a 1910 por Castuera (Badaxoz), e na lexislatura de 1920-1921 por Llerena (Badaxoz).

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1914-1915	Senador pola provincia da Coruña
Lexislatura 1916-1917	Senador pola provincia da Coruña
Lexislatura 1918-1919	Senador pola provincia da Coruña
Lexislatura 1919-1920	Senador pola provincia da Coruña
Lexislatura 1923	Senador pola provincia da Coruña

**BASADRE, Diego María**

Combinando as versións xenealóxicas que nos proporcionan o P. Crespo e Martínez Barbeito, aínda que sen demasiada seguridade de que tratemos todos do mesmo personaxe, parece ser que Diego María Basadre foi fillo de Eliseo Basadre, oficial de Artilería e descendente dos Basadre de Ardán (Arzúa), e de Josefa de Abona Sánchez.

Seguindo a Martínez Barbeito, Diego Basadre casou con María Vicenta Abralde Castelos, filla do marqués de Monroi, do pazo de Periscal (Sofán, Carballo, A Coruña), residentes na cidade da Coruña.

No ano 1809, e antes da ocupación francesa, foi alcalde ordinario do concello de Santiago. O 1 de xaneiro de 1813 foi elixido terceiro rexedor do Axuntamento Constitucional de Santiago

Basadre foi no ano 1820 membro suplente da Deputación de Galicia (daquela era única) e no mes de abril do mesmo ano foi membro da Xunta de Contribucións de Santiago. Parecen indicar estas responsabilidades que Basadre era persoa liberal e que gozaba da confianza do poder.

No ano 1841, cando se restableceu a Sociedade Económica de Amigos do País da Coruña, pasou a formar parte dela, onde foi nomeado presidente da Sección de Agricultura.

Representou a Galicia só en dúas ocasións. Na lexislatura de 1837 foi elixido senador, sen embargo non chegou a tomar posesión do cargo. Novamente foi elixido no ano 1840 pola provincia da Coruña.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1838	Senador pola provincia da Coruña (renunciou ó cargo)
Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia da Coruña

## BASADRE, Pascual

Son moi fragmentarias as noticias que nos chegaron sobre este deputado.

En 1817 residía en Santiago, pois era o director interino da Escola de Cadetes onde se formaban 40 mozos. Saltou o seu nome no ano 1817 cando houbo un intento de pronunciamento en Santiago, liderado polo avogado Ferro Caaveiro e outros civís, en que contaban co apoio de varios cadetes e de suboficiais do rexemento de Granada con base en Santiago. Nesta ocasión o proceso instruído non citaba para nada a Basadre. Sen embargo, parece constar que este estaba adscrito á masonería co nome simbólico de Padilla 1º, tal e como aparece na documentación dos *Papeles reservados de Fernando VII*. No ano 1822 residía en Madrid, onde contraeu matrimonio, na parroquia de San Ildefonso, con María de los Dolores Mendoza y Larralde.

Non volvemos atopar a Basadre ata 1840 en que foi elixido pola provincia da Coruña, igual ca Diego María Basadre, con quen non debemos confundilo aínda que resultasen elixidos ó mesmo tempo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia da Coruña
-----------------------	-----------------------------------



**BASANTA MIRANDA, Bartolomé**

Poderoso rendeiro (era un dos maiores contribuintes por bens territoriais da provincia de Lugo), naceu en Cabarcos (concello de Barreiros) en 1812, fillo de Fernando María Basanta e de Ramona Miranda. Residiu toda a súa vida en Viveiro (Lugo) e representou o seu distrito no Parlamento en dúas ocasións.

Casou con Juana Polo de la Sierra.

Mantívose bastante tempo afastado da vida política. No ano 1867 foi elixido alcalde de Viveiro e, posiblemente, esta elección suscitou nel certa ansiedade política.

Durante o Sexenio, nas segundas eleccións do ano 1872, resultou elixido senador pola provincia de Lugo, aínda que a penas participou nos debates.

No antedito sexenio optou xa de forma clara pola restauración afonsina, e así foi xefe do Partido Afonsino en Viveiro e a súa comarca.

Iso explica que, xa coa Restauración, obtívose sen problemas a representación de Viveiro en dúas lexislaturas, a de 1876-1878 e a de 1879-1881. Sen embargo, Basanta non tiña ambicións políticas. Quizais iso explique que, como deputado e xa antes como senador, a penas participase nos debates e nas comisións.

Na lexislatura de 1876-1878 non formou parte de ningunha comisión, nin interveu máis ca unha vez, só para presentar unha solicitude dos mestres de Viveiro. Na lexislatura de 1879-1881 tampouco formou parte de ningunha comisión nin interveu nunca.

A Monarquía agradeceu os servizos prestados por Basanta Miranda á causa da Restauración concedéndolle a Gran Cruz de Isabel a Católica.

Morreu o 13 de abril de 1885.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1872-1873	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1876-1878	Deputado por Viveiro	Lugo
Lexislatura 1879-1881	Deputado por Viveiro	Lugo

**BASULTO JIMÉNEZ, Manuel (Bispo de Lugo)**

Naceu en Adanero (Ávila) o 17 de maio de 1869. Estudiu nos seminarios de Ávila, Salamanca e Valladolid. Licenciado en Teoloxía e Dereito. Ordenado de presbítero en 1892. Profesor dos seminarios de Ávila e Madrid. Cónego de León e Madrid.

En 1909 foi proposto para a diocese de Lugo da que tomou posesión en 1910.





En 1913 formulou un plan de financiamento para a construción de casas rectorais, xesto que quedou na memoria colectiva do clero lucense. No ano 1919 foi trasladado á diocese de Jaén. O bispo Basulto foi unha das vítimas de Guerra Civil porque foi fusilado en Vallecas (Madrid) o 22 de agosto de 1936.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1916-1917      Senador pola provincia eclesiástica de Santiago



#### BATANERO MONTENEGRO, Manuel

Naceu en Madrid o 9 de maio de 1830. Era fillo de Blas Batanero e de María Andrea Montenegro, ámbolos dous de Madrid, aínda que súa nai era de procedencia galega. En Quiroga tiñan unha importante presenza e, no pasado, a súa casa Da Costa rivalizaba en poder coa casa de Lamela dos Quiroga Vázquez.

Seu pai era maxistrado na Audiencia de Cáceres, o que explica que o noso biografado estudiasse parte do bacharelato, entre 1843 e 1845, no instituto de Cáceres. Posteriormente, rematou os estudos secundarios na Coruña, onde sen dúbida fora destinado seu pai, e, a continuación, púxose a estudar dereito na Universidade de Santiago, carreira que concluíu no ano 1853.

Tanto el coma seu irmán, Antonio Batanero, integráronse na sociedade coruñesa, onde exercían como avogados, colaboraban en diversas institucións culturais como El Liceo, escribían nos xornais e tamén iniciaron a súa actividade política. Manuel Batanero representou varias veces o distrito de Muros na Deputación Provincial da Coruña.

Presentouse no ano 1864 polo distrito de Ordes co apoio do Goberno, e tivo que enfrontarse a Pedro Calderón y Herce, fillo do ex-ministro Saturnino Calderón e sobriño do tamén ministro Fernando Calderón Collantes. Aínda que consta que Batanero foi proposto como deputado, a acta foi declarada grave, e o opositor Pedro Calderón conseguiría, xa noutra lexislatura, que o Tribunal Supremo recoñecese o seu dereito.

Batanero, amigo persoal do ex-ministro Moyano, quen o apadriñou na política, pertencía ó grupo dos moderados históricos e formou parte do directorio deste partido.

Mediocre deputado ata a Restauración, destapouse a partir do ano 1876 como un dos deputados máis combativos e laboriosos. Na lexislatura de 1876-1879, formou parte das comisións de Presupostos e Ferrocarril do NO. Sen embargo foi nas sesións, mentres se debatía a constitución, cando apareceu o seu ultraconservadorismo. Con Moyano, Pidal y Mon, Caramés e Neira Flores, presentou unha emenda ó proxecto do artigo 11, nos seguintes termos: "La religión de la Nación Española es la católica, apos-

tólica, romana y la misma Nación está obligada a sostener el culto y a sus miembros. Se prohíbe el culto y la propaganda de otras religiones". Defendeu a emenda na sesión do 28 de abril de 1876 e do 1 de maio de 1876, cun apaixonado discurso en prol da relixión católica, argumentando que a unidade relixiosa era tan lóxica e natural como a unidade do idioma castelán ou a unidade do sistema métrico decimal. Acusado no debate de carlista, respondeu que sempre fora afonsino.

Na lexislatura de 1879-1881, formou parte da comisión de Xulgados Municipais e da comisión encargada de prepara-la resposta ó Discurso da Monarquía. A súa participación nesta lexislatura foi máis constructiva. Na sesión do 21 de febreiro de 1880 preocupouse da continuación das obras do porto da Coruña e das estradas de Muros a Noia e Negreira-Santa Comba.

Na lexislatura de 1881-1884, formou parte de varias comisións e foi un membro moi activo do Congreso. Na sesión do 2 de decembro de 1881 presentou unha solicitude do Concello de Muros para que se restablecesen na Universidade de Santiago os estudos de Filosofía e Letras e tamén Ciencias. Na sesión do 13 e do 14 de decembro de 1881 opúxose ó reparto do imposto de consumos por ser directamente prexudicial para Galicia, por ser proporcional á poboación.

Renunciou á súa acta no ano 1885.

Os máis importantes cargos políticos que exerceu foron o de fiscal de Débeda e o de inspector xeral de Facenda.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña (Anulada a acta)
Lexislatura 1867-1868	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Carral	A Coruña
Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña
Lexislatura 1878-1881	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña
Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña
Lexislatura 1884-1886	(Renunciou a 26 de decembro de 1885)	

#### BAUER MORPURGO, Gustavo

Fillo do Excmo. Ignacio Bauer e Landauer, natural de Budapest, banqueiro veciño de Madrid, e da Excma. Iola Morpurgo e Parente, natural de Trieste (Austria), e neto por liña materna do barón José de Morpugo, naceu en Madrid o 4 de setembro de 1867.

Ós vinte anos, é dicir, o 12 de novembro de 1887 renunciou á nacionalidade austríaca e optou pola española.

Como di un dos seus biógrafos, "dedicado toda la vida a los negocios de la alta banca, es Director de una de las



casas bancarias máis respetables de Madrid, en conexión con outras del extranjero, y su voto es una garantía indiscutida para juzgar en pro o en contra de cualquier asunto financiero”.

Este financeiro, que viviu ata 1910 apartado da vida política, decidiu presentarse, e o Goberno ó face-lo encasillado pensou que podía encaixar nun dos tres distritos que tiña a cidade da Coruña, coa que, por outra parte, non tiña vinculación ningunha.

Foi así como resultou elixido no ano 1910.

Posteriormente, o Goberno entendeu que podía facer mellor papel integrado no senado, o que explica que saíse elixido entre 1914 e 1916 pola provincia de Ourense.

“Si tuviera afición a la oratoria”, escribe un biógrafo, “es seguro que en el Parlamento su opinión tendría en los asuntos de su competencia, como tiene en el mundo financiero, una autoridad extrema”. Non se pode dicir con mellores palabras que durante a lexislatura non participou con discurso ningún.

Morreu en Madrid o 23 de novembro de 1916, cando iniciaba o seu segundo mandato como senador por Ourense.

#### ■ REPRESENTACIÓN DE GALICIA

Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1914-1916	Senador pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1916-1918	Senador pola provincia de Ourense	

### BAZTAN Y URNIZA, Francisco Javier (Bispo de Oviedo)

Naceu en Sada, provincia de Navarra o 28 de abril de 1844, procedía dunha familia nobre. Estudiu no Seminario de Pamplona e licenciouse en Canons e Teoloxía no Seminario Central de Toledo. Ordenouse de presbítero o 13 de abril de 1869.

Foi cóengo da catedral de Cidade Real, exercendo nesta diocese de provisor e vicario xeral da mesma.

Posteriormente trasladouse á diocese de Pamplona na que foi cóengo profesor e Rector do Seminario desta diocese.

No ano 1904 foi nomeado bispo de Oviedo, permanecendo nesta diocese ata 1926 en que presentou á renuncia. Morreu en Pamplona o 14 de decembro de 1926.

Representou nunha lexislatura á provincia eclesiástica de Santiago á que, daquela, pertencía o bispado de Oviedo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura de 1910-1911	Senador pola provincia eclesiástica de Santiago
--------------------------	---

**BECERRA ARMESTO, Joaquín**

Os Becerra, da casa de Galegos (Lugo), atoparon na política liberal un *modus vivendi* que compensou a progresiva perda do poder fidalgo que posuíran durante séculos.

Abriu o camiño José Ramón Becerra, deputado liberal desde as Cortes de Cádiz. Pero el non era o titular da casa, senón o seu irmán Gonzalo, e, como consecuente e intelixente segundón, procurou na política unha saída. Dúas das súas irmás, Teresa e Josefa, casaron tamén con políticos e militares liberais: a primeira con Baeza e a segunda con Pita da Veiga.

Gonzalo Becerra Llamas, fillo de José Becerra, casou con Carmen Armesto Zubieta, e deste matrimonio naceron Manuel Becerra Armesto, que casou con Josefa Malvar de la Maza, José Becerra Armesto, gobernador de varias provincias e Joaquín Becerra Armesto, o noso protagonista. Era, por conseguinte, sobriño de José Ramón Becerra (véx.).

O seu irmán, Manuel Becerra Armesto, tivo varios fillos. Unha das fillas, Josefina, casou con Eugenio Montero Villegas, fillo de E. Montero Ríos. Estamos, por conseguinte, ante unha familia fidalga ampla, reconvertida en razón da política.

Esta reconversión desprazou o centro do seu poder cara a varias capitais: Lugo, Madrid, Santiago, etc.

Naceu Joaquín Becerra en Santiago o 24 de xullo de 1844. Despois de cursa-lo bacharelato, ingresou na Academia de Artillería de Segovia, e na Escola de Subtenentes de Madrid. Era alumno desta escola cando tiveron lugar os acontecementos do Cuartel de San Xil (1866), e presentouse voluntario para loitar contra os sublevados. Foi detido polos insurrectos e salvou a súa vida gracias a un amigo capitán. Destinado na Coruña, os acontecementos de 1868 abríronlle as portas da vida política. Foi elixido deputado por Celanova nas segundas eleccións de 1872.

Estaba na Coruña cando tivo lugar o levantamento de Ferrol do ano 1872, en que colaborou efectivamente con Sánchez Bregua, capitán xeral de Galicia, para derrotalos insurrectos. Por esta participación ascendeu a comandante e foi condecorado coa Cruz Vermella do Mérito Naval.

Na guerra carlista do norte, Becerra volveu ter unha destacada actuación.

Tentado novamente pola vida política, volveuse presentar na lexislatura de 1875 polo distrito de Celanova, pero foi vencido polo ministerial A. Escobar.

Retirouse á súa casa, onde se puxo a redactar unha memoria titulada *Fortificación y defensa del Ferrol*, que non sabemos se chegou a publicar.

Volveuse presentar e resultou elixido na lexislatura de 1881-1884 polo distrito de Celanova, e na seguinte lexislatura polo distrito de Ferrol. Na de 1889-1890 foi senador pola provincia de Pontevedra, e pola provincia da Coruña entre 1898-1899. Finalmente



foi deputado polo distrito de Ferrol entre 1900-1901 e 1901-1903. Sempre elixido polo partido liberal de Sagasta.

Como deputado formou parte de varias comisións, especialmente daquelas que tiñan relación coa milicia. Así, por exemplo, na lexislatura de 1881 formou parte da comisión da Cruz de San Fernando, da de Organización do Exército, Recrutamento e Quintas Militares (foi secretario), etc.

Falando no Congreso na sesión do 30 de novembro de 1881 sobre o presuposto da guerra, manifestou a súa incomodidade persoal por ter que contradicir ó ministro de Guerra, que era nada menos que Martínez Campos. Aproveitou a ocasión para defender que os oficiais do Exército e da Mariña deberían estar moito máis representados no Congreso, como sucedía no Parlamento inglés no que unha terceira parte a formaban oficiais, mentres que en España a penas chegaban a vintecinco os militares representados. Recoñeceu que para un militar resultaba incómodo argüír a un "general tan respetable" como M. Campos. Este respondeulle que alí non falaba como militar senón como deputado, pero lembroulle que así como a tódolos deputados se lles esixía respecto, moito máis a un militar "por el mal efecto que sus palabras podrían producir en el Ejército". Quizais por iso, Becerra non volveu insistir no tema.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872 (2 <sup>a</sup> )	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense
Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
Lexislatura 1889-1890	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1890-1899	Senador pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1900-1901	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña



#### BECERRA BERMÚDEZ, Manuel

Na vida de Becerra Bermúdez mestúranse a historia e a lenda que el mesmo fomentou. Recentemente, o profesor Ricardo Pérez y Verdes biografou o noso político, e neste labor realizou un esforzo extraordinario para clarificar certos tramos da súa vida que aparecen mistificados noutros relatos biográficos.

Non naceu no ano 1823, como todos afirman, seguindo ó propio Becerra, senón o 20 de outubro de 1820, na parroquia de Santa María de Outeiro (Lugo). Tampouco parece ser certo, como el mesmo testemuña, que a súa familia fose tan extremadamente pobre. Seu avó e seu pai foron administradores de bens alleos e tamén posuían terras propias. Permaneceu en Lugo ata o ano 1844. Descoñecemos cáles foron os seus estudos primarios e as súas dedicacións. Becerra, anos máis tarde, cando quixo salienta-lo seu esforzo persoal dixo: "hice mis estudios como puede hacerlos un pobre... que esos



son mis cuarteles de nobleza y no los oculto porque entiendo que el hombre es como el hierro que batiéndolo se fortalece".

En Madrid sobreviviu dando clases de matemáticas, que non sabemos onde estu- diou, pero non consta (como din algúns biógrafos) que se matriculase na Escola de Enxeñeiros.

Situado politicamente no sector radical do progresismo, participou nos disturbios políticos de marzo e maio de 1848 nas rúas madrileñas, cando se intentou iniciar un proceso revolucionario por contaxio do que sucedía en Francia. Home de barricadas e de discurso popular, Becerra comezou a ser coñecido nas bases democráticas (pre- cedente do Partido Republicano), pero tamén comezou a ser coñecido pola policía. No ano 1849 fundouse o Partido Demócrata, do cal semella que foi un dos máis destaca- dos líderes, xunto a Rivero, Ordax Avecilla, Aguilar, etc.

Non houbo acontecemento politicamente subversivo no Madrid de mediados de século no que Becerra non participase. No ano 1854 foi detido pola policía e destina- do ó duro cárcere do Saladero (Madrid). É o momento no que Becerra entra na lenda popular.

En 1856 foi desterrado a Bilbao por razóns políticas, e pasou logo a Francia, onde permaneceu só cinco meses. O 10 de abril de 1857 contraeu matrimonio na antedita cidade con María Ortiz de Durana, viúva de Rafael Coronel Castillo, quen había tempo que o protexía na súa casa en Madri

Colaborou nos xornais máis radicais: *La Tribuna del Pueblo*, *El Pueblo*, *La Discusión*, *La Democracia*, etc.

Tomou parte, no ano 1866, no levantamento dos sarxentos do cuartel de San Gil, o que o obrigou a exiliarse novamente en Francia, onde contactou con Prim e os outros líderes políticos exiliados, e preparou o levantamento de 1868. Unha vez que en setem- bro deste mesmo ano, triunfou o golpe de estado, Becerra retornou do exilio, e entrou en Pontevedra o día 30.

Neste momento Becerra iniciaba unha viraxe política que lle sería moi rendible no futuro. Sendo como era un dos líderes indiscutibles do Partido Republicano, con Martos e Rivero, saíría do partido e favorecería unha aproximación a unha nova monarquía, a representada por Amadeo. É dicir, formaría parte do grupo chamado dos "cimbríos" que serían considerados traidores polos republicanos. Iniciábase así unha nova etapa da súa vida: a de membro da alta política. Atrás quedarían, xa só para a lembranza, os días de barricadas e de subversión.

Deputado nas Cortes de 1869, foi nomeado ministro de Ultramar por Prim, no goberno que se iniciou o 18 de xuño de 1869 ata o 27 de decembro de 1870.

Instaurada a República e estando no poder os seus antigos socios, Becerra exi- liouse novamente en Francia onde permaneceu ata a Restauración. De volta, Becerra pasou a formar parte da chamada Esquerda Liberal, con Montero Ríos, Gasset, etc., e

finalmente integrouse no Partido Liberal de Sagasta. Precisamente con Sagasta volveu ser ministro de Ultramar desde o 30 de novembro de 1888 ó 21 de xaneiro de 1890, e desde o 21 de xaneiro de 1890 ata o 5 de xullo de 1890. Novamente, e sempre con Sagasta, foi nomeado ministro de Ultramar no goberno entre o 12 de marzo de 1894 e o 4 de novembro deste mesmo ano.

O 19 de decembro de 1896 faleceu en Madrid Manuel Becerra. As notas necrolóxicas aparecidas na prensa de toda España a penas recordaron os seus anos de loita e de oposición, os anos de lenda popular onde o pobo o tiña entronizado pola defensa da liberdade e da democracia, valores que nunca esqueceu e ós que xamais renunciou, porque o corazón deste home, pequeno, gordo e de torpe andar, foi sempre un corazón popular. Na lexislatura de 1869-1871 representou a Madrid; na de 1871-1872 a Becerreá. Nas dúas eleccións de 1872, saíu por Madrid e Becerreá; na de 1873-1874 por Becerreá. En 1877 saíu senador por Cuenca.

Nas seguintes eleccións representou case sempre o distrito de Becerreá, por onde sempre saíu elixido desde 1881 ata 1893.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1871-1872	Deputado por Becerreá	Lugo
Lexislatura 1872 (1ª e 2ª)	Deputado por Becerreá	Lugo
Lexislatura 1873-1874	Deputado por Becerreá	Lugo
Lexislatura 1881-1884	Deputado por Becerreá	Lugo
Lexislatura 1884-1886	Deputado por Becerreá	Lugo
Lexislatura 1886-1891	Deputado por Becerreá	Lugo
Lexislatura 1891-1893	Deputado por Becerreá	Lugo
Lexislatura 1893	Deputado por Becerreá	Lugo
Lexislatura 1893	Senador vitalicio	

### **BECERRA Y LLAMAS, José Ramón**

Simboliza moi axeitadamente o rol que exerceu, a partir de 1808, un sector da fidalguía galega respecto ó liberalismo. Representante da fidalguía luguesa do interior, sen renunciar á súa clase, loitou a favor das liberdades, que conciliou sempre cos intereses lexítimos dos distintos sectores. Máis aínda, non sendo el o vinculeiro da familia, atoparía na administración liberal un status que lle permitiría vivir a súa longa vida coa seguridade proporcionada por un retiro sen dúbida copioso e as rendas da terra.

Os Becerra y Llamas (orixinariamente, Lamas) eran oriúndos de Navia de Suarna. Nas terras de Santiago de Galegos no pazo de Abaixo, a familia tiña afincadas as súas raíces. Era fillo de Luis Antonio Becerra Llamas e de María del Carmen Cancio y Bermúdez, familia fidalga que se proxectou socialmente gracias a dous tíos seus, cónegos de Astorga e de Santiago, que a prestixiaron e fortaleceron economicamente. Tivo varios irmáns; un deles, Gonzalo Becerra y Llamas, o vinculeiro, casaría con Carmen Armesto, de quen procedería o militar Joaquín Becerra Armesto, deputado, do que xa falamos.

De acordo coa información que nos proporciona o P. Crespo Pozo, José Ramón Becerra naceu o 13 de outubro de 1775 en Galegos; e casou o 8 de abril de 1798 en San Martín de Carballido (tamén na Fonsagrada). Pero con respecto a este punto non concordan os autores e os datos: G. Caraffa silencia o nome da muller; outros autores como Yebra de Ares din que a súa dona, de Carballido, foi Josefa Gómez Rancaño y Saavedra. Na partida de nacemento do seu neto Manuel Becerra, bautizado na igrexa de San Pedro (Lugo) o 1 de xullo de 1849, dise que os avós paternos eran José Ramón Becerra e María Antonia Campoamor. (Datos que nos proporcionou o profesor Dr. Ricardo Pérez Verdes). É posible que Becerra contraese máis dun matrimonio.

Na Universidade de Santiago consta que estudaron seus tíos e outros descendentes, pero non aparece o expediente do noso biografado.

Como era frecuente, a familia tiña casa en Lugo. No ano 1808 José R. Becerra era rexedor perpetuo do concello desta cidade. En 1810 foi elixido pola provincia para que a representase nas Cortes de Cádiz, onde se afiliou desde o primeiro momento á corrente liberal. A penas falou pero participou activamente en varias comisións (de Agricultura, Premios, Correos). Coincidindo posiblemente cunha estancia en Lugo, foi elixido alcalde no ano 1812, elección que resultou ilegal por falla de capacidade do candidato, xa que non era natural desta cidade nin levaba cinco anos residindo nela, o que propiciou a elección como alcalde de Antonio Vázquez de Parga.

Non consta que fose perseguido polos absolutistas entre 1814 e 1820 seguramente porque se retirou da vida pública e se acolleu, posiblemente, no pazo de Navia.

Reapareceu no ano 1820, ano en que foi novamente elixido para representar a Galicia nas Cortes liberais. Pero tampouco nesta ocasión destacou nas Cortes, xa que a penas tomou parte nas comisións. Sen dúbida foi neste momento cando radicalizou as súas posicións políticas, xa que consta que se integrou na masonería, o que explica a boa imaxe que tiña nos xornais radicais do Trienio.

Rematada a lexislatura no ano 1821, na provincia de Lugo participou activamente na persecución das partidas realistas, apoiado polo alcalde da Fonsagrada José Ramón Pasarín. Quizais tivo que emigrar porque el mesmo o insinuou, en 1834, cando dixo que tardaba en ir a Cortes porque tiña desorganizados os seus asuntos "por causa de su dilatada emigración".

Volveu reaparecer Becerra nas primeiras eleccións do ano 1834, en que foi elixido procurador no Congreso. Seguía a ter boa prensa, xa que na obra *Fisonomía Natural* dise del: "Basta mirarte para convencerse de que aquela persona gallarda y venerable tiene una buena pasta, un alma bella y un patriotismo puro".

Desde 1834 ata 1843, Becerra estivo presente nas Cortes en tódalas lexislaturas, agás nas de 1837 e 1840. Ó mesmo tempo, integrouse plenamente na Administración, xa que no ano 1838 estivo como gobernador de Ourense, e logo cesou para ser elixido alcalde da cidade de Lugo. No ano 1840 presidiu a Xunta Auxiliar Pogresista constituída na provincia de Lugo, e no 1841 pasou a ser alcalde da súa cidade. En 1842 foi nomeado novamente gobernador de Lugo e, no mesmo ano, gobernador de Ourense.

Tantas ocupacións explican que a súa presenza nas Cortes fose puramente testemuñal, xa que a penas participou nas comisións, e nunca falou.

Becerra parece que se instalou definitivamente en Madrid e se retirou da política activa, aínda que seguía tendo unha presenza efectiva no progresismo español. No ano 1854, residente nesta cidade, consta como membro destacado da Xunta do Partido Progresista.

Morreu en Madrid no ano 1870, en pleno proceso democrático. O Goberno tomou o acordo, a proposta de Sagasta, de concederlle a Gran Cruz de Carlos III.

Becerra non foi un teórico do liberalismo, pero si un eficaz axente que serviu o ideario liberal con exemplar dedicación. Nas Cortes tivo unha actuación pouco lucida. Quizais foi na lexislatura de 1837 cando tivo unha participación máis interesante. Publicou un folleto en que apoiaba a desamortización, pero, sobre todo, facía constar que a desamortización era beneficiosa para os campesiños porque permitía a redención foral, e porque o campesiñado vería que non se lle podía aumentar a renda foral. O folleto *A los labradores* revela que Becerra tiña unha perfecta e clara visión do problema foral de Galicia e cómo traballou para que a reforma agraria liberal non provocase o campesiñado e así evitar que a propaganda carlista puidese penetrar no campo galego. Tampouco debemos esquecer que el e a súa familia eran importantes rendeiros, xa que no ano 1837 Becerra consta como o terceiro máximo contribuínte da cidade de Lugo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1810-1813	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1820-1821	Deputado por Galicia
Lexislatura 1834-1836	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1836 (1ª)	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1836-1837	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1841-1842	Deputado pola provincia de Ourense

#### ===== BELMAS ESTRADA, Mariano

Son escasas as noticias que temos deste senador que representou a provincia de Lugo en dúas lexislaturas a pesar de non ter ningunha relación familiar nin económica con Galicia.

Supoñemos que naceu en Madrid no ano 1850. Estudiu arquitectura e posuía o título que o acreditaba como arquitecto.

Carecía de fortuna. Na declaración que fixo para poder ser senador consta que tiña unha casa da súa propiedade en Madrid, valorada en 15.000 pesetas, e uns depósitos bancarios de só 26.000. Vivía, por conseguinte, do seu traballo como arquitecto, no que estivo moi acreditado. Era propietario da *Gaceta de Obras Públicas* e da revista *Higiene Popular*.



No ano 1894 foi deputado provincial en Madrid

Representou a provincia de Lugo entre 1898-1899 e 1901-1902. Foi escasa a súa participación no Senado. Formou parte de dúas comisións, unha para o proxecto dunha estatua para Velázquez e outra para a rede telefónica.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1898-1899	Senador pola provincia de Lugo
Legislatura 1901-1902	Senador pola provincia de Lugo

**BELLO TROMPETA, Luis**

O gran periodista e pedagogo Bello Trompeta, que tanto escribiría sobre as escolas de Galicia, resultou elixido polo distrito de Arzúa no ano 1916, por unha desas carambolas da política da Restauración.

Naceu en Alba de Tormes o 6 de decembro de 1872. Estudiu Leis na Universidade Central, e de seguida pasou ó bufete de Canalejas, que foi inicialmente o seu protector político.



En 1898 ingreou no *Heraldo* de Madrid e posteriormente pasou ó xornal *El Imparcial*. En 1903 fundou con Cristóbal de Castro e Cuartero a revista *Crítica*. No ano 1904 firmou o manifesto, con Unamuno, Valle Inclán, Azorín, Pío Baroja e outros, en protesta pola concesión do premio Nobel a Echegaray.

En 1906 pasou a dirixi-la famosísima páxina "Los Lunes del Imparcial". Con Ortega fundou en 1906 a revista *Faro*. En 1913 fundou a revista *Europa*. Sempre con Ortega, fundou neste mesmo ano a revista *España*. En 1916 foi nomeado director de *El Liberal* de Bilbao; e saíu elixido deputado polo distrito de Arzúa, aínda que dimitiu en 1918, antes de remata-la legislatura.

Colaborador de *El Sol*, visitou as escolas de Galicia a partir de 1926, sobre as cales enviou amplas e moi interesantes crónicas ó seu xornal, crónicas que foron posteriormente publicadas no libro *Viaje por las escuelas de Galicia* (Madrid, 1973), en edición preparada por Gonzalo Anaya.

Despois da Dictadura e xa na República, Bello obtivo no ano 1931 o escano de deputado, non por Galicia, e foi membro da comisión de Redacción da Constitución. Novamente saíu elixido deputado no ano 1933, por Lleida. Foi detido en Barcelona en 1934, e morreu o 6 de novembro de 1935. O destino foi benevolente con el ó levalo antes de vivi-la Guerra Civil.

Sempre mantivo o seu compromiso coa rexeneración pedagóxica en España. Formou parte do Patronato das Misións Pedagóxicas. En Galicia o seu labor foi segui-

do moi atentamente, e en 1927 constituíuse en Pontevedra o grupo Luís Bello de orientación pedagóxica.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
(Cesou o 19 de xaneiro de 1918, e foi substituído por Alfredo Vicenti Rey)		



#### — BÉRANGER Y RUIZ DE APODACA, José María

Estamos ante un ilustre mariño, cunha apertada follla de servizos, que nun momento dado da súa vida, deixou a tranquilidade do seu posto seguro e da súa magnífica carreira para meterse de cheo na vida política, que, afortunadamente para el, lle abriu aínda máis as portas do éxito.

Naceu en Cádiz no ano 1824 (algúns autores din que naceu en 1820), nunha familia de mariños. Ingresou ós trece anos no corpo de Gardamariñas, e, ós 24, xa mandaba o bergantín Constanca. No 1852 ascendía a capitán de fragata.

Todo cambiou para Béranger no ano 1867-1868. Enviado polo Goberno a Inglaterra, para supervisar a construción da fragata Victoria, púxose en contacto con Prim, exiliado naquela nación, e comprometeuse formalmente a colaborar no golpe de estado que se estaba a fraguar. Béranger, como Topete e outros ilustres mariños, participou na conspiración. Cando chegaron a Ferrol as primeiras noticias do levantamento de Topete en Cádiz, Béranger, con destino en Ferrol, ó mando da fragata de guerra Victoria, uniuse ó levantamento, e coa súa decisiva intervención logrou que o departamento de Ferrol en poucas horas se proclamase contra a Raiña. Foi así como Béranger iniciou a súa actividade política.

Nas eleccións de 1869, Béranger obtivo a acta pola cidade de Lugo, unha vez que Becerra Bermúdez, que saíra por esta cidade e por Madrid, optou pola segunda das actas. Por iso non chegou ó Parlamento ata o 8 de febreiro de 1870. Non resultou fácil para Béranger que a súa acta fose aprobada, porque o seu contrincante nas eleccións, Somoza de la Peña, contaba con importantes apoios entre os deputados galegos, un dos cales (Calderón y Herce) denunciou que Béranger era totalmente estranho a Galicia. Máis aínda, sostíña que este escano non tiña outro obxectivo que conseguirlle a Béranger un posto no Parlamento, porque así convida a quen ía ser de seguida nomeado ministro de Mariña.

Os feitos déronlle a razón a Calderón y Herce, porque o 21 de marzo de 1870, é dicir, ó mes e medio de entrar no Parlamento, Béranger substituíu a Topete como ministro de Mariña.

Por conseguinte, o noso deputado por Lugo practicamente non tivo ningunha inter-

vección no Congreso nin chegou a formar parte de ningunha comisión.

Antes de ser elixido deputado e nomeado ministro, o Goberno Provisional de 1868 xa premiara diligentemente a súa participación no levantamento, ascendéndoo a contraalmirante e nomeándoo vicepresidente do Almirantado.

Béranger nunca militara politicamente, pero agora decatábase de que para sosterse na política tiña necesariamente que integrarse nun partido. Formou parte do Partido Radical, quizais pola súa amizade con Cristino Martos.

Novamente obtivo escano, neste caso polo distrito de Ferrol, nos anos 1871-1872 e 1872 a 1873. Conseguiu para Ferrol no ano 1871 a Escola Naval Flotante que desapareceu en 1910.

Coa Restauración pasou algúns anos á expectativa, agardando os novos rumbos da política. Logo aproximouse no posible ós gobernos do momento, que o recompensaron nomeándoo capitán xeneral do Departamento de Cádiz, comandante xeneral do Apostadero da Habana, almirante do Consello Superior da Mariña, etc. Definitivamente pasou a formar parte do Partido Liberal e isto propiciou o seu nomeamento como ministro de Mariña (27 de novembro de 1885 ó 7 de outubro de 1886), e novamente entre 1890-1891 e 1895-1897 (con Cánovas de presidente). Foi tamén senador por Almería (1876-1877) e pola Coruña (1881-1882). Posteriormente, por dereito propio e vitalicio. Morreu en Madrid no ano 1907.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1869-1870	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
Lexislatura 1881-1882	Deputado pola provincia da Coruña	

## BERMÚDEZ DE CASTRO Y VILLAR, Pedro

Representa o sector dos intelectuais ilustrados que enlazan co liberalismo e o asu-  
Rmen como sistema social. Naceu no pazo de Pallas, en San Jorge de Artes (O Carballiño), fillo de Juan del Villar Bermúdez de Castro e de Antonia Suárez de Figueroa Pardiñas, no ano 1764.

Dedicouse á avogacía na cidade da Coruña, onde foi decano do Colexio de Avogados en 1806, en 1815 e en 1820.

Foi xuíz de Alzadas no Tribunal do Comercio do Consulado da Coruña.

No ano 1802 publicou a obra *Discurso imparcial o demostración de los justos límites a que se extienden y reducen los derechos de los hijos naturales y sus descendientes en España*.

Membro da Sociedade Económica de Santiago, tamén fixo útiles contribucións

sobre o estado da agricultura coa súa obra *Memoria sobre la necesidad y modo de dar más grande impulso a la agricultura en España* (1815), obra que foi moi valorada na prensa madrileña (*Diario de Avisos e Gaceta de Madrid*), pero que no seu espírito se sitúa tanto polo título como polos contidos en plena Ilustración.

Como avogado publicou a importante defensa que fixo do conde de Maceda contra Violante Wanden, que reclamaba do conde unha pensión para os seus fillos baixo o suposto de que eran fillos naturais del (1816).

Pedro resultou elixido procurador en Cortes nas eleccións de 1834, pola provincia da Coruña. Pero nas Cortes a súa actividade foi escasa. O autor do folleto *Fisonomía Natural* retrátalo como "anciano canoso, alto y delgado" que apoiaba cos seus votos o ministerio.

A última noticia que temos de Pedro é do ano 1838, e nela aparece como maxistrado da Real Audiencia da Coruña.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1834-1836      Procurador en Cortes pola provincia da Coruña

### BERMÚDEZ DE CASTRO, José María

Naceu en Viveiro no ano 1799 e procedía da fidalguía galega. Era fillo de Gaspar José Bermúdez de Castro Taboada e de María de los Dolores Pardo Vaamonde Quiroga. Pola súa contabilidade (que se conserva no Arquivo da Deputación da Coruña) sabemos que percibían rendas nos partidos de Viveiro, Pontevedra, Ribadavia, Santiago, Ferrol e A Coruña; que dispoñían de pazos en San Pantaleón das Viñas, de Montecelo (Betanzos); en Xeve (Pontevedra); e en Viveiro. Na contabilidade tamén consta que entre 1817 e 1826 percibiu 400.000 reais de rendas, e, no período entre 1827 e 1836, 700.000 reais.

Ingresou moi novo como gardamariña na Armada, que seguramente abandonou. Casou cando só tiña dezasete anos e a súa dona 14, é dicir, na idade mínima requirida polas leis canónica e civil. Foi a súa esposa María del Carmen Mosquera Ribera, filla de Gonzalo María Mosquera, señor de Benlaces, mestrante da Real de Valencia, coronel de milicias da Coruña, e de María Joaquina Ribera Pardo Osorio. Desta forma, Bermúdez de Castro emparentou, por vía de afinidade, co conde de Torre Múzquiz, casado coa súa cuñada Luisa; e con Miguel Pardo Bazán, casado coa cuñada Joaquina. O matrimonio celebrouse o 9 de setembro de 1817.

Tiveron cinco fillos. O primoxénito, Francisco de Paula, casou con Aurelia Suárez de Deza Tineo, filla de Apolinar Suárez de Deza, un dos fidalgos máis poderosos e ricos de Galicia, que temporalmente residía no pazo de Mariñán (A Coruña). A filla Antonia casou con Manuel Calderón Herce, fillo de Saturnino Calderón Collantes. Outra filla, Leonor, casou con Ildefonso Flórez de Losada, señor do Castro de Valdeorras. Queda, pois, claro que os Bermúdez de Castro estaban mergullados na



elite política da época isabelina.

O noso protagonista pertencía a esa fidalguía galega que rachou definitivamente co absolutismo e co carlismo e apostou polo liberalismo. Na súa xuventude non só foi liberal senón ademais liberal radical. Foi membro activo da Sociedade Patriótica. Formou así mesmo, de maneira destacada, na Milicia Nacional, e posteriormente na Garda Nacional. No ano 1834, cando se recuperou o liberalismo en España, foi comandante da Milicia Urbana da Coruña e asinou, o primeiro, unha exposición de adhesión á Raíña.

Foi elixido por primeira vez deputado nas eleccións que se celebraron o 26 de febreiro de 1836. Resultou elixido pola provincia de Lugo, porque nese momento estaba aí como gobernador.

Non se incorporou ó Congreso porque a lexislatura se pechaba o 23 de maio de 1836. Pola contabilidade sabemos que viaxou a Madrid no mes de abril, por conseguinte estaba na capital, pero a rápida disolución da lexislatura pode explicar que tomara posesión do cargo.

Foi elixido tamén na seguinte lexislatura. Celebrábanse as eleccións o 2 de outubro de 1836 e abríase o Congreso o 24 de outubro de 1836. Tampouco aparecería Bermúdez de Castro inicialmente, porque seguía en Galicia empeñado en asuntos públicos de defensa do réxime isabelino fronte ós carlistas. Incorporaríase por fin no mes de maio de 1837. A súa presenza no Congreso non tivo relevancia ningunha. Só formou parte dunha comisión secundaria, de etiqueta, pero non falou nunca nin tampouco presentou proxecto ningún. Clausurouse a lexislatura o 4 de novembro de 1837 e retornou a Galicia.

Neste ano volveu ser nomeado gobernador civil da Coruña, aínda que cremos que exerceu o cargo interinamente, e, no ano 1838, substituíu a Vicente Alsina como alcalde primeiro da cidade da Coruña.

A partir de 1840, Bermúdez de Castro desaparece da vangarda política, e reaparece no ano 1856 como alcalde da Coruña, cargo que exerceu ata 1858.

Foi cabaleiro da Orde de San Xoán, individuo da Mestranza de Ronda, tiña a Encomenda de Isabel a Católica.

Debeu morrer no ano 1877.

(\*Agradecemos á historiadora Carmen Molina as importantes noticias que nos proporcionou para elaborar esta biografía.)

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1836 (1*)	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1836-1837	Deputado pola provincia de Lugo

---

### **BERMÚDEZ DE CASTRO, Salvador** **(Marqués de Lema, duque de Ripalda e príncipe de Santa Lucía)**

**D**edicamos unha breve ficha a este ilustre político porque só foi deputado de Galicia por unhas horas.

Naceu en Xerez da Fronteira no ano 1817. Militou sempre no Partido Moderado. Embaixador en Nápoles, prestoulle grandes servizos ó rei Francisco II, quen lle concedeu o ducado de Ripalda. O principado de Santa Lucía, título italiano, posuíao por consorte. Despois de realizar un intenso labor diplomático en México (onde Narváez tentou constituír unha monarquía no ano 1845 para o infante español Enrique) e en Nápoles, retirouse a vivir en Roma no Palacio da Farnesina, residencia da súa dona, onde faleceu no ano 1883, ós sesenta e sete anos, a causa dunha pulmonía.

Nas eleccións de 1846 saíu deputado por Valdeorras por esta circunscrición Ildelfonso Flórez del Páramo, que renunciou ó escano para pasar ó senado. Volvéronse celebrar eleccións no ano 1849 para cubrir esta vacante. Presentouse Bermúdez de Castro e outro candidato co apoio do Goberno. Cando no mes de decembro se discutiu a acta no Parlamento, varios deputados galegos (Ferreira Caamaño, Coira e Malvar) denunciaron a elección por irregular e recoñeceron que invitaron os electores a non votar a Bermúdez de Castro, por ser totalmente alleo a Galicia. A acta saíu aprobada na sesión do 31 de decembro de 1849 polo apoio manifesto do Goberno. Sen embargo, Salvador Bermúdez de Castro, dando probas da súa integridade, "renunciou por graves e importantes consideracións" ó día seguinte, o 1 de xaneiro de 1850.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1846-1849	Deputado por Valdeorras	Ourense (Non chegou a tomar posesión)
-----------------------	-------------------------	---------------------------------------

---

### **BERMÚDEZ DE LA PUENTE, José**

**C**ompre comezar recoñecendo a dificultade coa que nos atopamos para fixa-la xenealoxía do noso biografado. O gran xenealoxista Carlos Martínez Barbeito, a quen seguimos nesta ocasión, dá dúas evolucións xenealóxicas ben distintas e mesmo contradictorias ó referirse ás casas de Nantón e de Soelle. Seguirémo-lo que escribe sobre esta segunda casa porque o mesmo Martínez Barbeito nos indica que a información a recibiu de José Bermúdez de la Puente, conde de Castelo e descendente do noso protagonista.

Era fillo de Ramón Bermúdez de Acevedo, mestrante de Sevilla, e de María del Carmen de la Puente Acevedo, que eran curmáns. Seu pai herdara diversos títulos e casas (pazos) do seu irmán José María Bermúdez, que era conde de Ximonde por matrimonio con Jacoba Cisneros de Puga. Este matrimonio, os condes de Ximonde, que tanta e tan activa participación tivo nos acontecementos de Galicia, especialmente na guerra carlista, morreu sen sucesión. As súas propiedades foron herdadas por diversas familias, entre as que se atopaba Luciano de Puga (véx.).

O noso protagonista, que herdou do pai o título de mestrante de Ronda, casou con María del Carmen Bermúdez Varela, tamén curmán, señora de Ramirás, que é o que explica a concesión por Alfonso XII do condado de Ramirás. Ademais, a familia tamén posuía o condado de Castelo.

Tiñan na Rúa Nova un magnífico palacio, situado no que no seu tempo fora o Colexio de Irlandeses e a sede da antiga Universidade de Santiago, antes da construción do Colexio de Fonseca.

A incursión de Bermúdez na política foi curta. Só representou nunha ocasión o distrito de Padrón.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1884-1886

Deputado polo distrito de Padrón

A Coruña

### BERMÚDEZ DE SANGRO, Francisco

Era fillo de Francisco Bermúdez de Castro Sangro Teixeiro, señor do pazo de Piñeiro (Caamouco, Ares, A Coruña), e de Teresa Moscoso Miranda Omaña Navia. Naceu no pazo de Caamouco. Na utilización dos seus apelidos o noso biografado preferiu antepoñe-lo apelido Sangro, de orixe napolitana.

Alistouse como gardamariña na Armada e proseguiu a súa carreira ata chegar a ser capitán de navío.

Casou con Jacoba Montenegro Páramo, de ascendencia lucense.

O seu protagonismo comezou no ano 1808. Vivía na cidade da Coruña, na casa-pazo que tiña na rúa de Damas, cando foi designado con Joaquín Freire de Andrade pola Xunta Suprema de Galicia, para que ambos fosen en calidade de embaixadores acreditados ante o Goberno de Londres, co fin de recabar apoio económico e militar do Goberno inglés para loitar contra os franceses. O éxito foi absoluto: conseguiron que o rei Jorge III enviase como delegado a Sir Charles Stuart, que un corpo de exército mandado por Arthur Wellesley, futuro duque de Wellington, viñese a Lisboa, que as tropas do marqués da Romana, que estaban acantonadas en Dinamarca, retornasen a España, que a Mariña Inglesa protexese as costas galegas, que fosen repatriados os prisioneiros españois de anteriores guerras e, finalmente, que concedesen un empréstito reintegrable, do que se fixo fiador o propio Bermúdez de Sangro cos seus bens.

O ilustre deputado de Betanzos, Luis Rodríguez del Monte (véx.), tamén capitán de fragata da Armada, morreu a comezos do 1813. As Cortes reclamaron o suplente, José de Lema Fuentes, que tamén morrera. Entón foi elixido Bermúdez de Sangro o 3 de febreiro de 1813, que entrou nas Cortes e xurou o 19 de xullo do mesmo ano. Asinou a



derradeira acta desta lexislatura o 14 de setembro de 1813.

Morreu este gran galego no ano 1818 no seu pazo de Vilasuso (Sumio, Carral, A Coruña) e foi enterrado, por disposición súa, na igrexa de Sumio.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1810-1813	Deputado por Betanzos	A Coruña (Substituíu en xullo de 1813 a Rodríguez del Monte)
-----------------------	-----------------------	--

### BERMUY JIMÉNEZ DE COCA, Juan de Dios (Marqués de Benamejí)

Naceu en Casalilla (Xaén) o 3 de xullo de 1842, fillo do marqués de Benamejí, Francisco de Paula Bermuy, e de María Feliciano de Coca.

Herdou o título de marqués de Benamejí, que comportaba a grandeza de España, no ano 1866 por morte de seu pai.

Politicamente era independente e descoñecemos cómo e quen o apoiou para obter a representación polo distrito de Ordes nas segundas eleccións do ano 1872 e no 1873.

Pola información que hai del no Arquivo do Senado, sabemos que era posuidor de grandes propiedades en Benamejí (Xaén) e Palenciana (Córdoba). Por iso resulta sorprendente que no proceso aberto, a petición del, contra o Banco Hipotecario de España, no ano 1895, solicitase do Xulgado de Primeira Instancia de Córdoba a declaración de pobreza.

Como deputado por Galicia nada de que dar noticia podemos atopar nas Actas de Cortes.

Consta que no ano 1877 era senador por dereito propio.

Morreu en Córdoba o 24 de marzo de 1899.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872 (2ª)	Santa María de Ordes	A Coruña
Lexislatura 1873-1874	Santa María de Ordes	A Coruña

### BEZARES, Nicolás

Descoñecemos quen foi este deputado. Só sabemos que resultou elixido deputado suplente pola provincia de Pontevedra na lexislatura de 1836. Pola súa calidade de suplente foi chamado a substituír a Antonio Rubín, pero non tomou posesión do cargo ata o mes de marzo de 1837, por conseguinte, a penas estivo seis meses no Congreso.

Interveu en tres ocasións nas sesións en cuestións sen interese ningún.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1836-1837	Deputado pola provincia de Pontevedra
-----------------------	---------------------------------------



**BLANCO, Fermín Martín**

Presbítero, catedrático na Universidade de Osma, foi atraído polo bispo de Ourense, Quevedo Quintano, por se-la persoa en quen confiaba para organizarlo novo seminario de Ourense. Quevedo nomeouno cóengo da catedral, catedrático de teoloxía e rector do seminario, que empezou a funcionar no ano 1804.

Estando en Ourense foi elixido deputado por esta provincia nas eleccións de 1813, eleccións gañadas polos absolutistas, que situaron nas Cortes os catro deputados que lle correspondían á provincia. Un deles foi Fermín Martín Blanco.

Xurou a súa acta de deputado o 20 de xaneiro de 1814 e pasou á comisión de Poderes. Aquelas cortes, pechadas no mes de maio, a penas deron ocasión para que se manifestasen os deputados.

Foi un dos asinantes do *Manifiesto de los Persas*, en que se lle pedía ó Rei que asumise o poder absoluto.

A fidelidade a Fernando VII foi recompensada coa concesión dunha coenxía na Catedral de Santiago, cidade á que se trasladou e onde estableceu a súa residencia.

O claustro da Universidade propúxoo ante o Rei como rector, cargo do que tomou posesión o 14 de outubro de 1818. Como se sentía enfermo, presentou en febreiro de 1819 a renuncia, que non lle foi aceptada, e o Goberno, por unha real orde, confirmouno como rector. En febreiro de 1820 instaurouse o réxime constitucional. O sector máis liberal da Universidade opúxose á permanencia de Martín Blanco como rector. Reclamado pola Xunta Suprema da Coruña para explicar varios incidentes en que participaran e mesmo provocaran os universitarios (en razón dos sucesos políticos que vivía Galicia), mentres estaba na antedita cidade o 7 de marzo de 1820 os liberais forzaron unha elección a rector coa intención de cesalo. Foi elixido o cóengo Pedro Méndez Acuña, máis sensible ás novas circunstancias políticas. Sen embargo o día 10 presentouse Blanco para reclama-lo rectorado. A aparente bicefalia foi habilmente resolta por este, que seguiu sendo rector pero sen exercer. Facíao a través do vicerrector Bernardo Flores, catedrático de dereito.

Por fin o 19 de outubro de 1820 o claustro elixiu o novo rector, elección que recaeu no presbítero Manuel Antonio Raña.

O cabido de Compostela nomeouno administrador do voto de Santiago en Granada, onde morreu no ano 1834.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1813-1814 Deputado pola provincia de Ourense

---

**BLANCO DE LA TOJA, Juan María**

Un dos personaxes claves na política lucense de mediados do século pasado.

Naceu en San Pedro de Vilar (Vimianzo), e iniciou os estudos na Universidade de Santiago, no ano 1820, onde obtivo a licenciatura en Dereito no 1828.

En 1832 foi nomeado asesor da Intendencia de Porto Rico. Foi en América onde iniciou unha brillante carreira funcional que lle proporcionou gran fortuna persoal. No ano 1842 era maxistrado honorario da Audiencia de Porto Rico, mentres mantiña o seu posto na intendencia.

Nas eleccións de 1844, as primeiras eleccións moderadas, obtivo a representación do distrito de Chantada, representación que compatibilizou coa asesoría en Porto Rico. No ano 1849, e sendo igualmente deputado por Chantada, foi ascendido á asesoría da Habana, nomeamento que foi moi comentado desfavorablemente na prensa do momento.

Foi un gran deputado. Colaborou activamente en tódalas lexislaturas, en que formou parte de distintas comisións. Os seus discursos eran notables en todas aquelas cuestións relacionadas con orzamentos e facenda, nas cales parece que foi un grande experto. Foron notables, ademais, os seus discursos sobre o proxecto de liberdade de imprenta (9 de xaneiro de 1845), en que se opoñía á supresión do xurado, o discurso en contra do proxecto de nova constitución (9 de novembro de 1844) en que defendía a Constitución de 1837, e o discurso sobre a escravitude (31 de xaneiro de 1845). Nestes discursos manifestouse como un consecuente político moderado: opoñíase á reforma da Constitución de 1837 porque entendía que o país chegara xa a unha estabilidade política que non debía ser agredida. O perigo para el era a Constitución do 12, "el comodín de todos los pronunciamientos", pero unha vez que o liberalismo foi capaz de consensuar unha constitución, atentar contra ela era algo así como "un golpe de estado", que suicidaría o Parlamento "y también puede hacer rodar el Trono". Aínda que os augurios non se cumpriron, o deputado amosou un talante equilibrado, bastante distante do conservadorismo que nese intre mostraba o Goberno.

No discurso sobre o tráfico de escravos, dixo que desde había doce anos viña combatendo a escravitude, que ben a coñecía por residir en América. Por conseguinte, era favorable á supresión do tráfico de escravos, pero opúxose a que se fixese nese momento un pronunciamiento para satisfacer a demanda do Parlamento inglés. Afirmou que os ingleses procuraban unicamente o seu beneficio e non prohibían o tráfico por razóns humanitarias, do contrario non se explicaba por qué o permitían na India. Facíanlo para prexudicar a España.

Aínda que formou parte do partido moderado, manifestou sempre bastante independencia de xuízo e mesmo de voto. Sabemos que no ano 1850 formaba parte da facción de Nocedal, a quen representaba na provincia de Lugo.

Chegou a ter tal creto político nesta provincia, que ata 1854 practicamente non se

tomaba unha decisión sen contar co seu apoio e aprobación.

Nun dos acalorados debates das Cortes, ergueuse para defende-la memoria de Fernando VII. Recoñeceu que nada lle debía politicamente á Revolución, pois "si algo tengo se lo debo al augusto Padre de nuestra Reina", sen dúbida referíndose ó seu primeiro nomeamento no ano 1832.

Se nas Cortes gozou de prestixio, na prensa non sempre atopou o mesmo respecto e consideración. Un dos cronistas do momento, Sánchez Silva, dixo que a súa inutilidade fora pagada excesivamente polos gobernos liberais. Pola asesoría que ocupaba en Porto Rico, "es uno de esos empleos monstruos que entre derechos y torcidos suele dar al cabo del año más de 20.000 duros de utilidad". E engadía: "es pequeño, ronquito... tiene mucha afición a gastar brillantes, gruesas cadenas de oro y otras zaran-dajas".

#### ■ REPRESENTACIÓN DE GALICIA

Lexislatura 1844-1846	Deputado por Chantada	Lugo
Lexislatura 1846-1850	Deputado por Chantada	Lugo
Lexislatura 1853-1854	Deputado por Chantada	Lugo
Lexislatura 1857-1858	Deputado por Chantada	Lugo

### BLANCO RAJOY POYÁN, Ramón

Foi o primeiro dunha importante estirpe de políticos que, con ese apelido, representaron a Galicia nas Cortes durante varias xeracións.

Naceu en Verín o 16 de decembro de 1855. Estudiu Leis.

Xa avogado, trasladouse á cidade da Coruña onde o seu bufete chegou a ter gran sona. No ano 1891 foi elixido decano do Colexio de Avogados desta cidade.

Con motivo de ser elixido senador pola Coruña no ano 1907, tivo que acreditar a súa riqueza. E por iso sabemos que percibía un importante caudal de rendas procedentes da terra nos concellos de Vimianzo, Laxe e Zas, e que era, ademais, propietario dunha casa na rúa Tabernas, nº 6, da cidade da Coruña.

Entrou no Congreso no ano 1881. Por algún motivo provocou o deputado Feijoo Sotomayor, un galego que estaba no Congreso representando un distrito americano. Parece ser que Feijoo Sotomayor quixo obte-la representación por Verín nesta lexislatura, ou ben tiña un candidato amigo, que perdeu ante Blanco Rajoy. Feijoo denunciou na sesión do 24 de xuño de 1882 a situación da provincia de Ourense na que o gobernador, o señor Merelles, impoñía o seu arbitrio e os seus candidatos, que non eran candidatos do Goberno, como era o caso de Blanco Rajoy, senón de Merelles.

Blanco Rajoy soubo defender tanto a súa candidatura como a Merelles, o seu protector. Feijoo dixo de Blanco Rajoy ironicamente que "sus altas cualidades, como su persona, fueron a todo el mundo desconocidas hasta el año 1881, año de su feliz alumbramiento". Chamoulle "infante político, con un año de edad, improvisado barón de ten-

dencias desconocidas, sin experiencia ni tradición liberal, condición que S. S. podrá adquirir para el siglo venidero".

O debate parlamentario puxo de manifesto a loita polo poder no coto electoral de Verín, un coto non enfeudado, sempre a disposición do Goberno ou dos poderes provinciais, que a partir do ano 1891 caeu baixo o control de Luis Espada Guntín, por certo emparentado por afinidade con Blanco Rajoy, que representou o distrito desde 1891 ata 1923.

Novamente Blanco Rajoy foi elixido senador pola provincia da Coruña na lexislatura de 1907-1908 e por Lugo no ano 1914, en elección parcial, para substituír a Federico Carlos Bas, que saíra por Lugo e a Coruña e decidiu representa-la provincia da Coruña.

Morreu na Coruña o 1 de xaneiro de 1920.

Algúns dos seus biógrafos destacan a súa extraordinaria dialéctica tanto no foro coma no senado. As súas emendas á lei hipotecaria, aprobada no ano 1909, son da súa autoría.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1881-1884	Deputado por Verín	Ourense
Lexislatura 1907-1908	Senador pola provincia de Coruña	
Lexislatura 1914-1915	Senador pola provincia de Lugo	



#### BLANCO-RAJOY ESPADA, Benito

Ramón Blanco Rajoy Poyán (véx.) iniciou unha estirpe de prestixiosos avogados e de hábiles políticos conservadores que se prolongou no tempo ata alcanza-la democracia.

Blanco-Rajoy Espada era fillo de Ramón Blanco Rajoy Poyán e naceu na Coruña o 12 de abril de 1891, onde seu pai exercía a avogacía. Este último, que nacera en Verín, emparentou, por vía matrimonial con Luis Espada Guntín, que tiña enfeudado aquel distrito.

Estudou o bacharelato nos colexios agostiños de Valencia de Don Juan e León, e Dereito na Universidade de Santiago, onde obtivo a licenciatura no ano 1911. Logo pasou á Universidade Central para cursa-lo doutoramento (1912).

No ano 1913 gañou as oposicións a avogados do Estado. Máis tarde solicitou a excedencia.

Presentouse no ano 1919 ás eleccións e obtivo a representación do distrito de Corcubión, que volveu alcanzar nas eleccións de 1920 e 1923. Participou nas comisións de Presupostos, Gracia e Xustiza e Traballo. Tamén formou parte da comisión de Redacción do Código de Comercio.



Integrouse na fracción conservadora de Dato, onde permaneceu ata o asasinato deste en 1921.

Neste mesmo ano foi nomeado director xeral de Rexistros e do Notariado, e máis tarde subsecretario do Ministerio de Gracia e Xustiza.

Foi decano do Colexio de Avogados da Coruña entre 1930-1934 e de 1940 a 1959

Descoñecemos cáal foi a súa actitude política durante a Dictadura de Primo de Rivera, pero cando se instaurou a República apareceu de inmediato o seu nome como un dos líderes indiscutibles da dereita coruñesa. Gozaba de prestixio como avogado, era un bo orador e mantiña unha importante infraestrutura política nas comarcas de Carballo, Vimianzo e Corcubiión, que puxo a rendibilizar en favor da dereita.

Presentouse coma independente ás primeiras eleccións, ás de 1931, nas que obtivo escano (un dos catro obtidos pola dereita), ademais de se-lo deputado máis votado. Volveu saír nas eleccións de 1933, en que xa representaba a CEDA (Confederación Española de Derechas Autónomas), da que era un dos líderes indiscutibles. Máis aínda, o partido pregoulle que se fixese cargo da súa presidencia en Ourense no ano 1935, ó morrer Carlos Taboada, dirixente cedista de Ourense. Finalmente tamén saíu nas eleccións do 1936.

No Congreso tivo unha importante participación, especialmente nos temas agrarios nos que se consideraba un experto e mesmo un defensor de "las regiones minifundistas". Adheriuse ó Movemento, aínda que durante o transcurso da Guerra Civil viviu en Portugal e Alxeria. En 1939 incorporouse á avogacía do Estado en Lugo, e posteriormente na Coruña. Foi xefe da avogacía do Estado nesta cidade ata a súa xubilación en 1960. Morreu na Coruña no 1966.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Corcubiión	A Coruña
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Corcubiión	A Coruña
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Corcubiión	A Coruña
Lexislatura 1931-1933	Deputado pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1933-1936	Deputado pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1936	Deputado pola provincia da Coruña	

### BLAS MUÑOZ, Bonifacio de

Naceu este ilustre político en Villacastín (Segovia) o 14 de maio de 1829. Era fillo de Faustino Blas e de Andrea Muñoz, ámbolos dous de Villacastín.

Estudou Latinidade en Segovia, e posteriormente Dereito en Madrid, onde obtivo o doutoramento no ano 1854.

Rematados os estudos, entrou xa na Administración,



no Ministerio de Gracia e Xustiza.

Politicamente era progresista. Foi un dos máis ferventes e fieis seguidores do xeneral Prim, a quen seguiu en tódolos intentos e conspiracións para derrocar a Isabel II.

No ano 1865 acompañou a Prim pola provincia de Segovia, que tan ben coñecía, para contactar con diversos grupos que aspiraban a dar un golpe de estado contra ó réxime encarnado por Isabel II.

Presentouse por primeira vez ás eleccións en 1866 e fracasou.

Foi nomeado delegado do Comité Revolucionario de Madrid para ver a Prim, que estaba no exilio. Os acontecementos obrigárono a exiliarse en Francia.

Unha vez que triunfou o golpe de estado de 1868, retornou a España. Foi un dos que acompañaron a Serrano na súa clamorosa entrada en Madrid despois da batalla de Alcolea.

Prim recompensou os seus servicios nomeándoo embaixador nos Países Baixos, posto ó que renunciou para poder presentarse ás eleccións e participar máis directamente na vida política de España.

En 1869 foi elixido deputado, por primeira vez, polo distrito de Segovia. Foi novamente deputado nas eleccións de 1871-1872, polo distrito de Santa María la Nueva (Segovia) e, outra vez, nas dúas eleccións de 1872 por este mesmo distrito.

Por Real Decreto do 20 de novembro de 1871 foi nomeado ministro de Estado ata o 21 de decembro de 1871; novamente desde o 21 de decembro de 1871 ata o 20 de febreiro de 1872 e, por terceira vez, do 20 de febreiro de 1872 ó 26 de maio deste mesmo ano.

Á chegada da Primeira República, retirouse momentaneamente da vida política activa por estar en desacordo co novo réxime.

Coa Restauración recuperou a súa actividade, pero xa por pouco tempo. Resultou elixido senador pola provincia da Coruña na lexislatura de 1876-1877. Neste mesmo ano foi nomeado senador vitalicio.

Morreu o 2 de abril de 1878.

Ademais de político activo e de home de estado, foi un acreditado periodista, que colaborou con asiduidade no xornal *La Iberia*, e tamén publicou varios libros, o de máis sona, *Lecciones de Derecho Político*.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1877    Senador pola provincia da Coruña

**BOGUERIN, Francisco Javier**

Naceu en Madrid o 1 de decembro de 1824. Estudiu nesta mesma cidade na Escola Especial de Enxeñeiros de Camiños, onde concluíu os seus estudos no ano 1846. Estivo destinado en Asturias e posteriormente traballou no proxecto do ferrocarril de Barcelona-Tarragona. Foi, por conseguinte, un dos enxeñeiros pioneiros do ferrocarril español.

No ano 1856, destinado en Madrid, proxectou varias estradas da provincia.

En 1858 foi o encargado de elabora-los proxectos do ferrocarril Ourense-Vigo. Isto foi o que o trouxo a Galicia.

Debeu chegar, máis ou menos, ó mesmo tempo ca Elduayen, outro enxeñeiro que se aclimatou a Galicia e en especial a Vigo.

Boguerin, sen embargo, non amosou ambicións políticas durante bastante tempo, xa que non consta que se presentase ás eleccións antes de 1876.

Aínda que sempre pertenceu ó Partido Liberal, durante o Sexenio non manifestou actividade política ningunha.

Gañou o escano polo distrito de Tui, nas primeiras eleccións da Restauración. Traballou activamente nas comisións de Sinistros de Ferrocarrís, Construcción do Ferrocarril Oviedo-Pravia (foi secretario), Ferrocarril Cidade Real-Madrid (secretario), Ferrocarril Ourense-Vigo (secretario) e noutras comisións, como Beneméritos da Patria ou Etiqueta. A súa especialidade na temática ferroviaria e o feito de ser secretario de tres comisións sobre o ferrocarril, explican que as veces que falou fose como membro delas.

Nas eleccións de 1879 tivo que cede-lo distrito de Tui ós Ordóñez, amos electorais daquel territorio, e el pasou a representa-lo distrito de Redondela.

Nas Cortes seguiu participando activamente nas comisións técnicas, de Estradas e Ferrocarrís e na comisión de Presupostos.

Foi elixido novamente polo distrito de Redondela na lexislatura de 1884-1886, lexislatura que non puido rematar porque morreu nesta última data.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Redondela	Pontevedra
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Redondela	Pontevedra

**BOTANA MÍGUEZ, Joaquín**

Naceu na casa señorial de Dioño (Prevediños, Concello de Touro, A Coruña), chamada A Casa Grande.

Estudou Dereito na Universidade de Santiago onde se licenciou, e doutorouse posteriormente en Madrid

De regular fortuna, ademais do pazo e das terras vinculadas a el, posuía dúas casas en Santiago, e consta que cando foi nomeado senador no ano 1891, tiña depositados en diversos bancos de Galicia e de Madrid 166.000 pesetas, suma que lle producía importantes réditos.

Foi concelleiro de Santiago, deputado provincial en representación tamén de Santiago e alcalde desta cidade. Desde 1868 militou sempre no Partido Afonsino. Na Restauración foi do Partido Conservador.

Tentado pola política, logrou ser elixido deputado polo distrito de Santiago nunhas eleccións parciais celebradas no ano 1878, tras unha serie de renuncias electorais. Nas eleccións de 1876 Alejandro Castro (véx.), que resultara elixido deputado e tamén senador, optou polo Senado. En eleccións parciais resultou elixido deputado por Santiago Juan José Viñas (véx.), que se mantivo no cargo desde 1876 ata 1878. O 5 de xuño de 1878 comunicou ó Congreso que fora elixido senador pola Universidade de Santiago, motivo polo que renunciaba ó escano. Celebráronse entón as terceiras eleccións parciais para cubri-la vacante e foi elixido Joaquín Botana, naquel momento alcalde de Santiago, que tomou posesión do cargo o 31 de outubro de 1878.

Resultou novamente elixido por Santiago na lexislatura de 1879-1881 e na de 1884-1886.

Na lexislatura de 1891 a 1893 foi elixido senador pola provincia da Coruña e novamente na de 1896 a 1898.

Como deputado e senador foi un político mudo, xa que non lle coñecemos un só discurso. Foi sen embargo activo no traballo das comisións: formou parte de varias nas que se trataban asuntos importantes para Galicia, como a do Ferrocarril Pontevedra-Redondela. Presentou na lexislatura de 1879-1881 unha solicitude da Real Sociedade Económica de Santiago para que se restablecesen na Universidade compostelá as facultades de Filosofía e Ciencias.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1876-1878	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña (Tomou posesión en outubro de 1878)
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1891-1893	Senador pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1896-1898	Senador pola provincia da Coruña	



**BRAÑA, Victoriano**

Industrial da Coruña que se ergueu repentinamente como un arriscado empresario, pero tan axiña como se levantou así esmoreceu. Comezou a estar presente na vida empresarial coruñesa no ano 1847 (na matrícula de comerciantes non aparece entre 1830 e 1845), cando con José Víctor Méndez, de Madrid, e con Eugenio Abella, de Ferrol, creou unha empresa con máis dun millón de reais. No 1847 a mesma compañía (Razón Social Braña, Abella y Cía) creou o estaleiro da Graña, en Ferrol, e o 1 de xuño de 1848 botou a corveta Hispano-Cubana, Correo nº 2 destinada á travesía entre a illa de Cuba e Porto Rico. O 14 de xullo de 1848 botou o Correo nº 3 para face-la carreira de Filipinas.

A carencia de bancos que lles proporcionasen capital foi suplida pola propia compañía, que abriu unha casa de crédito e, para atraer capitais, ofrecía un xuro do 15% anual, que logo rebaixou a un 12%.

Ó mesmo tempo, a compañía inaugurou en 1851 a fábrica de vidro La Minerva, da que aparece como xerente Victoriano Braña. Consta tamén que a compañía foi casa armadora de buques tanto para o transporte de mercadorías coma de persoas.

Resulta un pouco sorprendente que tanto Braña coma os seus socios, Eugenio Abella e J. Víctor Méndez, se presentasen ás eleccións e procurasen por tódolos medios ser deputados, cando o habitual na burguesía coruñesa era manterse distante da loita parlamentaria. Quizais pensasen que o seu compromiso político e as alianzas cos poderes públicos lles podían proporcionar aínda máis apoios para o seu crecemento aparentemente imparable. Neste contexto pode explicarse que a Cía Braña-Abella lle regalase ó Goberno a madeira necesaria para construí-lo barco de guerra que levaba o nome de Xeneral Narváez.

Victoriano Braña presentouse ás eleccións de 1850, eleccións controladas polo Goberno que presidía Narváez, e, non sen dificultades, obtivo o escano do distrito da Coruña, tras vencer nada menos que a Vicente Alsina, que representara a cidade xa en cinco lexislaturas.

Como deputado nada temos que salienta da súa actuación. En realidade estaba en Madrid atendendo máis os seus negocios cós intereses da cidade. E era lóxico que se preocupase da súa facenda porque aquel imperio montado por el e Abella tiña os pés de barro.

A caída de Narváez e a chegada ó poder do conde de Sartorius significaron para eles o principio do fin. En 1853 remataron a construción do buque Francisco de Asís, que era de madeira e de velas, pero o Goberno rexeitoullo por considera-lo material de mala calidade. Teñamos así mesmo en conta que o barco Xeneral Narváez, que foi botado no ano 1850, foi destruído por inútil no 1856 sen chegar a ser armado. Quere isto dicir que ou ben os barcos estaban mal constituídos ou tiñan nos gobernos poderosos inimigos.

A consecuencia de todo isto foi a quebra das empresas desta razón social a partir de 1854, co que se descubriu que tiñan un pasivo de 20 millóns de reais.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1850-1851      Deputado polo distrito da Coruña

### BRUGADA PANIZO, Víctor

**E**ra un deses políticos escuros, pouco brillantes, pero absolutamente fieis a un amo. Brugada, polo que sabemos del, estaba moi unido ó político Aguilar y Correa (véx.) a quen seguiu na súa movida vida política.

Aguilar, que controlaba dous distritos en Córdoba, un deles o de Lucena, conseguiu triunfar tamén na provincia de Pontevedra, a pesar da oposición sistemática de Montero Ríos, a quen non agradaba ter que limita-lo seu poder territorial para aceptar outro competidor da mesma camada política.

Cando Aguilar Correa era ministro de Gobernación, situou como gobernador da provincia de Pontevedra a Vega, un hábil manipulador electoral, que preparou (co apoio de Riestra) para o seu amo o distrito da Estrada.

Aguilar Correa, marqués de la Vega de Armijo, necesitaba deputados fieis e amigos para que ocupasen aqueles distritos que el persoalmente non puidese cubrir.

Iso explica que Brugada apareza como deputado por Lucena (Córdoba) na lexislatura de 1898-1899, xusto para supli-lo marqués de la Vega de Armijo, que tiña a manía de presentarse en dous ou en tres distritos nos que logo situaba peóns da súa camada.

Isto foi tamén o que sucedeu na lexislatura de 1901-1903. Presentouse o marqués pola Estrada, pero renunciou a tomar posesión do cargo e houbo que celebrar unha segunda elección, na que colocou o seu fiel peón Brugada Panizo, que por iso representou este distrito nunha ocasión (a toma de posesión foi o 3 de xaneiro de 1902).

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1901-1903      Deputado polo distrito da Estrada      Pontevedra  
 (Tomou posesión do cargo o 3 de xaneiro de 1902)

### BUCETA RAMÍREZ, José

**N**aceu en San Pedro de Lantaño (Pontevedra), e iniciou os estudos de Artes na Universidade de Santiago en 1831. En 1834 comezou os estudos de Leis na mesma universidade, estudos que debeu rematar en 1842 ou 1843.

Foi deputado provincial en Pontevedra en 1854 e en 1856.

Representou a Galicia en tres lexislaturas. Na de 1846-1850 o deputado de Cambados era Álvarez Lorenzana, marqués de Vilagarcía (véx.), que morreu no ano 1849. Nunhas eleccións parciais resultou elixido Buceta para cubri-la vacante. Posteriormente foi reelixido nas dúas lexislaturas seguintes.

Aínda que participou en algunhas comisións, non tomaba parte nos debates.

"Buena figura y elegante", afirma del Sánchez Silva, "pero poco más. Vota con el Gobierno como su antecesor el Marqués de Villagarcía".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra (Só foi deputado en 1849-1850)
Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra

### BUCH, Ramón

Industrial conserveiro de orixe catalana, residente en Vigo, tivo unha meteórica irrupción na vida política (entre 1840 e 1846), desaparecendo logo da primeira liña da actividade política para dedicarse exclusivamente ós seus negocios. Era o fillo de Félix Buch Arnau, industrial do salazón en Vigo e de Josefa Díaz, de Vigo. Casou con Carmen Buet Dalmáu de Iosa (Barcelona). Tiveron dous fillos, Ramón e Avelina Buch.

Militante no progresismo e máis en concreto no esparterismo, Buch foi un máis dos seducidos por Espartero, en quen vían o redentor de España.

Temos que destacar que a inmersión de Buch na política activa debeu responder a un plan deseñado polo colectivo catalán de Vigo, de poderosa forza económica e social e do que sabemos que actuaba sempre moi solidaria e colectivamente. Isto pode explicar que os cataláns vigueses, sempre á marxe das actividades políticas, se incorporasen con efectivos tan notables como Buch, Martir Molins, Arrom e Vidal, Pou e outros. En realidade esta incorporación á política activa viña determinada non só por un ardoroso sentimento de liberdade, senón tamén por motivacións moito máis prácticas. Os cataláns do Areal, como eran chamados en Vigo, viñan reclamando desde había moitos anos, ou ben unha considerable rebaixa no prezo do sal, ou ben o desestancamento deste. Entendían que unha gran parte da crise da industria galega do salgado procedía dos abusivos prezos do sal. O fluído contrabando de sal portugués non era suficiente para cubri-las súas demandas.

En 1840 creron que chegara o momento de incorporarse ás conxuras en favor de Espartero, para obte-lo respaldo moral e político suficiente que lles permitise reclama-la solución ó problema do sal. Por este motivo encontramos a Ramón Buch presidindo a Xunta constituída ese ano en Vigo en apoio dunha política progresista radical.

En xuño de 1843 movilizáronse novamente os progresistas. O progresismo galego escindiábase en dous: os antiesparteristas (que era a maioría, que se sentía defraudada

pola actitude dictatorial de Espartero e apostaba por un goberno dirixido por López e os esparteristas atrincheirados en Vigo e Ourense.

Buch seguía presidindo a Xunta de Vigo pero non colaboraba co progresismo antiesparterista de Galicia, polo que non estaba presente nin representado na Xunta Superior de Galicia, que os progresistas constituíron en Lugo no ano 1843.

Máis aínda, Buch desde Vigo liderou un movemento, en certa maneira contrarrevolucionario contra os propios progresistas, que conseguiu o apoio do exército daquela cidade e que se verificou en Vigo co fin de recupera-lo mando de Espartero en España. Fracasado o intento, Buch tivo que exiliarse durante algún tempo.

Foi en 1843, nas eleccións celebradas no mes de febreiro, cando Buch decidiu presentarse pola provincia de Pontevedra e obtivo o mellor resultado de tódolos que se presentaron. Elixido deputado, os acontecementos impedíronlle estar presente nas Cortes, porque esta lexislatura a penas durou dous meses, xa que o 20 de maio de 1843 foron suspendidas estas.

Novamente reapareceu Buch á fronte do progresismo vigués no Levantamento de 1846 que, concluído cos fusilamentos de Carral, significou a última gran derrota do progresismo galego. Buch exiliouse pero ó pouco tempo amnistiárono e retornou ós seus negocios.

En 1847 constituía en Vigo con outros moitos vigueses ilustres o Círculo Recreativo. A partir dese momento perdémo-lo rastro da súa vida.

#### ■ REPRESENTACIÓN DE GALICIA

Lexislatura 1843-1844      Deputado pola provincia de Pontevedra

### BUENAGA GAZMURI, Senén

Á vista da súa curta vida (morreu ós trinta e dous anos) e da intensidade desta, podemos dicir que, coma tantos románticos do seu tempo, presentía que os seus días serían breves e por iso a apurou ó máximo.

Naceu en Vigo este gran descoñecido o 24 de marzo de 1817. Era fillo do comerciante santanderino José María Buenaga y Sainz e de María Juana Gazmuri e Ibarra, natural de Deusto (Biscaia).

Estudou en Vigo Latinidade baixo a dirección do presbítero Sebastián Botana, entre 1827 e 1830. Pasou a estudar Artes na Universidade de Santiago, pero coincidiu a súa chegada co peche das universidades decretado por Fernando VII. Retornou a Vigo e seguiu estudando co profesor Botana. No ano 1831 quixo continua-los estudos na Universidade de Santiago, pero o feito de permanecer esta pechada seguramente lle fixo toma-la decisión de integrarse no Exército.



Aínda que non temos diante a súa folia de servicios, intuimos que o Exército o utilizou en misións máis políticas ca estrictamente militares, porque figura en misións en París, onde o Rei Luis Felipe o condecorou como oficial da Lexión de Honor, en Berlín, Roma e Lisboa.

No ano 1846 preparouse unha expedición, baixo o patrocinio de Inglaterra e España, con destino ó Ecuador, para establecer unha monarquía que había de beneficiar a un dos fillos da raíña nai, María Cristina, e do seu segundo esposo, o duque de Riánsares. Aquilo fracasou, e Buenaga figura como un dos organizadores de tal aventura cortesá.

No ano 1849 aparece como xefe do Estado Maior do exército expedicionario a Italia para defende-los Estados Pontificios.

As implicacións políticas e as diferentes misións encomendadas explican a serie de ascensos de Buenaga, que no ano 1851 era xa mariscal de campo.

Persoa moi culta, Buenaga non só conservaba toda a documentación das misións que se lle encomendaban senón que, ademais, redactaba a historia dos acontecementos por el vividos.

Era un debuxante excepcional. Nunha especie de álbum foi coleccionando os seus debuxos, nos que recollía a variedade de terras e tipos cos que se atopara na súa vida, mesturados con autógrafos e debuxos de pintores como Genaro Pérez Villamil.

Todo este riquísimo material apareceu hai anos en Almería, pero foi mercado sen que saibamos por quén nin en qué lugar de España se atopa.

No ano 1851 os amigos vigueses propuxérono para deputado pola cidade de Vigo, e gañou as eleccións celebradas no mes de maio deste mesmo ano.

Sen embargo, non puido tomar posesión do seu escano, porque morreu afogado en Santander o 28 de agosto de 1851.

Nunhas eleccións parciais celebradas máis tarde obtivo a representación por Vigo Manuel Llorente.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1851      Deputado pola provincia de Pontevedra (Non tomou posesión)

## OS BUGALLAL

II **C**uando hasta el mismo Cánovas era vencido en Cieza, el distrito de Puenteareas permanecía inalterable: en todas las elecciones generales de aquel tiempo salió victorioso don Saturnino Álvarez Bugallal". Así hacía historia parlamentaria o xormal *La Correspondencia Gallega* no ano 1891, recoñecendo ademais que seu tío José Ramón Bugallal Muñoz "se había hecho inexpugnable en medio de todas las tormentas de la Revolución". Non importaba que a Setembrina puxera patas arriba a organización electoral e política de España. En todas partes menos en Puenteareas, onde Bugallal Muñoz, tío de Álvarez Bugallal, "era inexpugnable".

Ainda que cada un dos deputados da familia Bugallal recibirá un tratamento individualizado, o lector agradecerá, sen dúbida, que fagamos unha consideración global que faga posible a comprensión do fenómeno político dos Bugallal.

Non estamos, sen embargo, ante un caso illado. A situación repetirase cos Montero Ríos, cos González-Besada, cos Gasset, cos Riestra, cos Ordóñez... En tódolos casos se repiten as situacións, as estratexias e os procesos; na base, unha familia que reorganiza cautelosamente os efectivos de acordo coas circunstancias, unha familia de clase media baixa, sen recursos económicos que poidan explica-lo ascenso social, e na familia sempre un xenio da estratexia política que pode ou non coincidir co gran protagonista do salto social e político. Un deses xenios da política galega que, neste caso, non perdía o tempo en escaramuzas locais, que sabía mirar lonxe e que aspiraba a todo. Sabía que a conquista do poder pasaba por conquistar Madrid e, por iso, consumiu boa parte das enerxías e dos recursos familiares en promove-lo membro da familia máis capaz. Xa este se encargaría, chegado o momento da gloria, de resarcir sobradamente o que custou o seu ascenso.

Iso foi o que fixo José Ramón Bugallal Muñoz, o xenio dos Bugallal, cando promoveu o seu sobriño Saturnino Álvarez Bugallal como punta de lanza da estratexia familiar disposta a todo. E conseguiu, en a penas sesenta anos, todo: poder político, poder económico, poder social.

A Galicia da Restauración, tan parecida á Galicia Isabelina, e a España da Restauración posibilitaban estes acelerados ascensos, e os hábiles souberon aproveitar-la necesidade que o sistema tiña de reforza-los seus efectivos co sangue novo e forte dos que viñan de abaixo. Como no seu día investigou Tuñón de Lara, en ningún período da historia de España houbo tantas posibilidades para os meteóricos ascensos sociais. Ó remate do proceso a monarquía estaba sempre disposta a santifica-lo ascenso cun título nobiliario. Así se homologaban tódolos sectores, calquera que fose a súa orixe, en beneficio da permanencia do sistema.

A saga dos Bugallal saíu do anonimato cando José Ramón Bugallal Muñoz, notario e fillo doutro notario, Pedro Lorenzo Bugallal, apostou claramente polo seu sobriño Saturnino Álvarez Bugallal (xa estudiado), que obtivo o seu primeiro escano no ano 1858 polo distrito de Bande. El abriu o camiño para toda a familia política. Deputado, senador, embaixador e ministro, Saturnino non só devolveu á familia os recursos inves-

tidos, senón que ademais consolidou o poder familiar e fixo que o apelido Bugallal pasase a formar parte do privilexiado elenco das familias políticas en alza na Corte.

Saturnino non tivo fillos. Á súa sombra situouse tamén o seu irmán Benigno Álvarez Bugallal, oficial do Exército e persoa de limitados recursos intelectuais, que atopou acougo no distrito de Chantada.

Repentinamente chegou a segunda xeración, a dos fillos de José Ramón Bugallal, que viñan enche-lo baleiro deixado por seu tío Saturnino, que acababa de morrer en Lisboa, ós cincuenta e un anos, no 1885.

José Ramón Bugallal, xefe indiscutible do Partido Conservador en Ponteareas e no sur da provincia de Pontevedra, de onde quixo ser gobernador só para consolidar a súa xefatura, viu chegado o momento de promover os seus fillos, en canto acadaron a maioría de idade: Gabino Bugallal Araújo foi o primeiro. Fixo unha meteórica carreira, porque ós vinte e cinco anos xustos, a idade mínima requirida pola lei, era xa deputado, e despois dunha rápida experiencia como director xeral en varios ministerios, ós corenta e dous anos logrou ser ministro por primeira vez para rematar en 1921 como presidente interino do Consello de Ministros.

Os outros dous fillos, Darío e Isidoro Bugallal Araújo, foron tamén deputados.

Como era limitada a familia de sangue, pasou á familia por afinidade. Foi así como un xenro de Gabino Bugallal, Manuel Fernández Barrón, obtivo a representación de Ponteareas durante varias lexislaturas. Outro xenro, Luis Usera Bugallal, logrou a representación polo distrito de Xinzo, tamén en varias lexislaturas.

Para situar tantos membros da familia foi preciso controlar varios distritos. Se Ponteareas foi a cabeza de ponte do poder bugallalista, Bande, Chantada, Xinzo, Ribadavia, Pontecaldelas (ocasionalmente) e Ourense foron outros distritos ó servizo dos intereses da familia.

Varios caciques locais, ó se sentiren bloqueados pola extensión do poder bugallalista, non dubidaron en establecer capitulacións case de vasalaxe cos Bugallal, e así recibiron, en troques da súa fidelidade e dependencia, o usufructo dalgúns distritos. Tal foi o caso de Senén Canido en Celanova, de Luis Espada en Verín e de Mon i Landa na Caniza.

A medida que ascendía o poder dos Bugallal ían reconvertendo as súas estratexias, especialmente as económicas. Mentres Ponteareas foi o centro do seu poder, os Bugallal afanábanse, como demostrou Candeira Mosquera, en acumular rendas forais, valéndose ás veces de trampas e enredos pseudolegais. Pero cando xa o centro do poder estaba en Madrid, os Bugallal souberon compasar-lo ritmo da vida económica co poder social que xa tiñan: investimentos en billetes de Filipinas, investimentos en bolsa, depósitos no Banco de España, etc.

Os adversarios políticos dicían que Ponteareas era propiedade absoluta dos Bugallal. Un agudo periodista do *Diario de Pontevedra* (7 de xullo de 1885) que acom-

pañaba os liberais en viaxe de propaganda política, comentou que pasaran por Ponteareas porque "el Sr. Bugallal nos permitió el paso, pues pudo levantar el rastrillo, colocar sus fuerzas en las almenas de su torreón y tratarnos como a habitantes del llano", e engadía máis adiante, referíndose ó momento de entraren en Mondariz: "Ya hemos pasado del dominio del Sr. Bugallal y hemos entrado en el del Sr. Peinador. Podemos, pues, respirar".

Resumindo: en a penas sesenta anos, os Bugallal, unha familia descoñecida e de limitados recursos, atravesaron tódalas capas sociais intermedias para entrar na elite nobiliaria ó recibir Gabino o título de conde de Bugallal. Na súa tumba José Ramón Bugallal, o gran estratega familiar, que morreu no ano 1891, debeu sentirse plenamente satisfeito. Nunca ninguén, desde tan pouco, chegara a tanto.



### BUGALLAL ARAUJO, Darío

**N**aceu o 23 de xullo de 1863. Era fillo de José Ramón Bugallal e de María Araujo Alcalde, e irmán de Gabino e de Isidoro Bugallal Araujo.

Estudou Dereito. Exerceu a avogacía e posteriormente, por oposición, foi rexistrador da propiedade e notario.

Casou o 15 de xullo de 1897 con María del Carmen Iravedra Pérez. Cando no ano 1899 realizou a súa declaración no Senado para xustificala renda, contaba xa cunha considerable fortuna, non se sabe se procedente da súa profesión ou do dote da súa dona, xa que ademais de ser notario de Madrid, tiña propiedades na Paz (Madrid), en Navalcarnero (en Pozuelo de Alarcón tiña casa-hotel e herdade), e valores no banco de 300.000 pesetas, máis outras 300.000 en billetes da Illa de Cuba. Poderosa fortuna que é difícil de explicar en a penas cinco anos de profesión notarial.

Iniciou a súa vida parlamentaria como deputado por Ponteareas na lexislatura de 1896. Posteriormente, procuraba presentarse a deputado e ó mesmo tempo a senador para elixir, segundo as circunstancias, ou ben o Congreso ou ben o Senado. Así, por exemplo, nas eleccións do ano 1907 obtivo un escano no Congreso por Ponteareas e a representación de Ourense no Senado. Optou por este último e deixou a praza de Ponteareas para o seu irmán Isidoro. En 1914, e posiblemente gracias ás influencias do seu irmán Gabino, foi nomeado por Real Decreto do 30 de marzo de 1914, senador vitalicio, co que pasou a ocupa-la vacante de Presilla.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1896-1898	Deputado por Ponteareas	Pontevedra
Lexislatura 1899-1900	Senador pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1907-1909	Senador pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1914	Senador vitalicio	



**BUGALLAL ARAÚJO, Gabino (Conde de Bugallal) —**

**D**e toda a saga dos Bugallal foi sen dúbida Gabino quen acadou o nivel máis alto. Naceu en Ponteareas o 19 de febreiro de 1861. Era fillo de José Ramón Bugallal Muñoz e de María Araújo Alcalde, sobriño, por conseguinte, de Saturnino Álvarez Bugallal.



Comezou a estudar Leis na Universidade de Santiago, carreira que concluíu en Salamanca. Cando a penas cumprira os vinte e cinco anos, idade mínima requirida pola lei, conseguiu saír deputado polo distrito "familiar" de Ponteareas.

O primeiro cargo que tivo foi o de fiscal do Xulgado de Ponteareas, pero de seguida pasou a Madrid onde iniciou o seu extraordinario currículo. Foi auxiliar de avogado no bufete de seu tío, Álvarez Bugallal, e alí coincidiu con tan importantes políticos como Maura, Senén Canido e Luis Espada. Aquel bufete foi unha segunda universidade para Bugallal, onde aprendeu non só a aplicación das leis, senón tamén a dura lección de que o éxito se fai lentamente, comezando por abaixo. Porque desde abaixo andou Gabino Bugallal o duro camiño da Administración: traballou tres anos como auxiliar na Dirección de Rexistros, foi gobernador de Granada e tamén traballou na Secretaría de Gracia e Xustiza. Logo foi director xeral da Administración, director xeral da Débeda Pública, fiscal do Tribunal Contencioso-Administrativo, fiscal do Tribunal Supremo, conselleiro de Estado, secretario do Congreso.

Foi ministro por primeira vez, de Instrucción Pública, do 20 de xullo de 1903 ó 4 de decembro do mesmo ano. Posteriormente, foi ministro de Facenda desde o 15 de novembro de 1912 ata o 8 de decembro de 1915 e desde o 19 de xullo de 1919 ata o 4 de maio de 1920. Foi tamén de Gobernación do 12 de marzo de 1920 ó 12 de agosto de 1921, e de Gracia e Xustiza no ano 1920. Por uns días, cando en 1921 foi asasinado Dato, exerceu interinamente como presidente do Consello de Ministros.

Pertenceu como membro numerario á Real Academia de Xurisprudencia e á de Ciencias Morais e Políticas.

Os seus extraordinarios servizos á Monarquía e a España foron agradecidos pola Coroa, que lle outorgou o condado de Bugallal.

Casou con Cristina Rodríguez-Fajardo y Codesido, da casa da Parda (Pontevedra) e da casa de Marco (Sendelle, Boimorto).

Sempre formou parte do Partido Conservador.

Publicou varios discursos e algún libro. No ano 1907 asistiu como mantedor ós Xogos Florais de Lugo e con este motivo publicou o *Discurso pronunciado como Mantenedor de los Juegos Florales de Lugo*, Lugo, 1907. No 1921 publicou o discurso pronunciado no seu ingreso na Real Academia de Ciencias Morais e Políticas co

título *Inviolabilidad Parlamentaria*. No mesmo ano publicou en Madrid o discurso pronunciado no Congreso dos Deputados con motivo do asasinato de Dato.

Morreu en París o 31 de maio de 1932.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1886-1890	Deputado por Ponteareas	Pontevedra
Lexislatura 1891-1892	Deputado por Ribadavia	Ourense
Lexislatura 1893-1895	Deputado por Ponteareas	Pontevedra
Lexislatura 1896-1898	Deputado por Ourense	
Lexislatura 1898-1899	Deputado por Bande	Ourense
Lexislatura 1899-1901	Deputado por Xinzo de Limia	Ourense
Lexislatura 1901-1903	Deputado por Ponteareas	Pontevedra
Lexislatura 1903-1904	Deputado por Ourense	
Lexislatura 1905-1907	Deputado por Bande	Ourense
Lexislatura 1907-1910	Deputado por Bande	Ourense
Lexislatura 1910-1914	Deputado por Pontecaldelas	Ourense
	(Na lexislatura de 1914-1915 saíu por Villena, Alacant)	
Lexislatura 1916-1918	Deputado por Bande	Ourense
Lexislatura 1918-1919	Deputado por Bande	Ourense
Lexislatura 1919-1920	Deputado por Bande	Ourense
Lexislatura 1921-1923	Deputado por Bande	Ourense
Lexislatura 1923	Deputado por Bande	Ourense



#### BUGALLAL ARAÚJO, Isidoro

Fillo de José Ramón Bugallal e de María Araújo Alcalde, e irmán, por conseguinte, de Gabino e de Darío Bugallal Araújo.

Naceu o 3 de setembro de 1854. Estudiu Dereito na Universidade de Santiago. En Madrid foi avogado auxiliar de seu tío Saturnino Álvarez Bugallal. No ano 1883 gañou as oposicións a rexistrador da propiedade. O exercicio da súa profesión obrigouno a residir en Ponteareas, Chantada, Vigo, Huelva, Illescas e finalmente en Madrid.

Foi varias veces deputado provincial en representación do distrito de Ponteareas, e, desde 1903 ata a súa morte no ano 1914, estivo no Congreso representando sempre a Ponteareas, agás na derradeira elección, a de 1914, en que foi elixido por Ourense.

No Congreso formou parte de diversas comisións; e cando tiña que pronunciarse, sempre o facía con "oratoria razonadora clara y nutrida de conceptos".

Publicou diversas obras: *Dos semblanzas de Cánovas* (1898), *Suiza española: Paseando por Galicia* (1903), *Notas políticas. Antes y después del Desastre* (1898).

Casou, con María Pérez de Castro, da Casa de Castrelo e, en segundas nupcias,

con Piñar Marchesi Buhigas.

Foi membro numerario, desde 1900, da Real Academia de Xurisprudencia, secretario da Sección de Ciencias Morais e Políticas, do Ateneo de Madrid, e tamén correspondente da Real Academia Galega.

Morreu o 22 de abril de 1914.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1903-1905	Deputado por Pontearreas	Pontevedra
Lexislatura 1905-1907	Deputado por Pontearreas	Pontevedra
Lexislatura 1907-1910	Deputado por Pontearreas	Pontevedra
Lexislatura 1910-1914	Deputado por Pontearreas	Pontevedra
Lexislatura 1914	Deputado electo por Ourense (cando faleceu)	

### BURELL CUELLAR, Julio

Gran periodista e extraordinario político que, aínda que non naceu en Galicia nin viviu moito tempo na nosa terra, tiña un coñecemento moi personalizado dos problemas que nos afectaban.

Sendo xornalista de *El Nuevo Herald*, desprazouse a Galicia para seguir de cerca unha campaña electoral na Caniza (Pontevedra), que logo publicou no xornal madrileño. Foi tamén amigo persoal do líder agrarista Basilio Álvarez. Todo isto permitiulle coñecer os nosos problemas agrarios, tal e como consta nunha enquisa que lle fixo o xornal galego *El Faro de Vigo*.



Naceu Burell en Iznájar (provincia de Córdoba), en febreiro de 1859. De mozo foi un republicano de barricadas e de acción proselitista. Co tempo foi temperando o seu talante político e pasou ó Partido Liberal na ala "canalejista".

Colaborou como periodista nos xornais: *El Progreso*, *Heraldo de Madrid*, *Nuevo Herald*, *la Opinión*, etc.

Iniciou a súa vida política en Galicia, na lexislatura de 1887-1890, en que substituíu no distrito de Corcubión a Adolfo Torrado Ozores. Posteriormente foi deputado dos distritos da Caniza e de Arzúa.

A partir de 1905 enfeudouse no distrito de Baeza (Xaén), que representou nas lexislaturas de 1905-1907, 1907-1910, 1910-1914, 1914-1915 e 1916-1918. Na lexislatura de 1918-1919 representou o distrito de Xaén. Morreu o 21 de febreiro de 1919.

Foi importante o seu currículo político e no campo da Administración: director xeral de Agricultura, Industria e Comercio (1907), director xeral de Obras Públicas (1905), ministro de Instrucción Pública do 9 de xuño de 1910 ó 2 de xaneiro de 1911 e nova-

mente do 9 de decembro de 1915 ó 19 de abril de 1917, ministro de Gobernación do 20 de abril de 1917 ó 10 de xuño do mesmo ano.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1887-1890	Deputado polo distrito de Corcubión	A Coruña
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito da Ceniza	Pontevedra
Lexislatura 1903-1904	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña



#### BUSTELO GONZALEZ, Ramón

Naceu en Ribadeo o 9 de marzo de 1868. Aínda que estudou Dereito, a súa dedicación principal foron os negocios, especialmente os financeiros.

O milagre dunha economía tan saneada e da serie de negocios nos que aparece Bustelo (casa consignataria, almacenista, comercios e unha banca) ten nome e apelidos: Francisco Martínez Bengoechea, que era o gran plutócrata, e que deixou a súa inmensa fortuna parcialmente en mans de Bustelo. É dicir, Bengoechea morreu o 13 de novembro de 1900 en París, e deixoulle a herdanza a tres persoas, unha delas Bustelo.

Só no Banco de España tiña Bengoechea no ano da súa morte 1.500.000 pesetas, e no Crédito Lionés 610.000. Debemos engadir a esta fortuna a titularidade da consignataria de buques, os almacéns, comercios e banca.

Desde que no ano 1901, ben fortalecida a súa fortuna, decidiu inicia-la carreira política, Bustelo residiu en Madrid, na rúa do Barquillo, nº 14, "pero sin dejar de pasar (temporadas) en Ribadeo donde tiene establecida su casa de banca".

Enfeudouse no distrito de Ribadeo, representación que obtivo sen dificultade desde 1901 ata 1923, agás o período de 1907 a 1910 en que preferiu por algún motivo saír como senador pola provincia de Lugo, quizais para darlle oportunidade a Rovira Pita de saír deputado por este distrito.

Os biógrafos de Bustelo convertéronse en panxiristas do deputado: "Su influencia social y electoral en el distrito de Ribadeo es muy grande y legítima, como fundamentada en el beneficio público a los intereses generales de aquellas comarcas y en el beneficio continuo y generoso en la relación privada con muchos de sus electores... Con estas prácticas y con un carácter bondadoso y cortés, se figurará cualquiera el arraigo que tiene en el distrito el Sr. Bustelo y la devoción en que le tienen todos sus electores, creciente cada día, porque el Sr. Bustelo no cesa de procurar beneficios y provechos para su distrito" (Sánchez de los Santos).

Sen embargo, e aínda que Bustelo estaba tan seguro do afecto e apoio dos seus electores, desde 1909 saíu sempre polo artigo 29, é dicir, sen eleccións, ó se-lo único



candidato. Por iso resulta sorprendente que Sánchez de los Santos dea por seguro o afecto dos electores, cando Bustelo desde 1909 non lles deu a oportunidade de manifestalo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1907-1910	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo

### BUSTO GARCÍA RIVERO, Lorenzo del

Tanto Lorenzo del Busto coma o seu irmán Pedro del Busto, chegaron a Lugo, segundo parece traídos por Fernández Villaverde, como *cuñeros* nun momento en que o conde de Pallares, o líder indiscutible do conservadorismo da cidade de Lugo, estaba xa en decadencia (morreu no ano 1908) e o seu sobriño Maseda Vázquez de Parga, que ía se-lo seu substituto, estaba perdendo terreo na disputa do poder local.



Os políticos conservadores tiñan os ollos postos en Lugo para situar homes de confianza e amplia-lo seu poder persoal, cousa que non puideron facer mentres o conde estivo en activo e na plenitude do seu poder.

Por iso viñeron a Lugo os irmáns Lorenzo e Pedro del Busto.

Lorenzo naceu na Habana o 13 de xuño de 1856. Ingresou na Armada, onde tiña o grao de comandante de Infantería de Mariña cando pediu a excedencia para dedicarse á política.

Ó longo da súa intensa vida política, toda ela sobre o distrito de Lugo, que representou no Congreso e no Senado, recolleu condecoracións e honores: cabaleiro da Orde de Santiago, Medalla do Mérito Naval, Gran Cruz de San Hermenexildo, Medalla da Coroación.

Non dispuña de grandes recursos económicos. Consta que ademais do soldo de comandante en excedencia (4.400 pesetas) percibía os réditos que lle proporcionaban oitenta accións do Banco de España e corenta e dúas da Compañía Arrendataria de Tabacos. En total tiña unha renda anual de 20.252 pesetas.

Pertenceu sempre ó Partido Conservador.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Lugo
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Lugo
Lexislatura 1914-1916	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1918-1919	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1919-1920	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1920-1923	Senador pola provincia de Lugo

**BUSTO RIVERO, Pedro**

Irmán de Lorenzo del Busto (véx.), foi o que abriu un espacio na provincia de Lugo que aproveitaría moito máis o seu irmán, porque o noso biografado só representou a Galicia nunha lexislatura. (Véxase o comentario que facemos de Lorenzo del Busto Rivero).

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Lugo
-----------------------	--------------------------------

**BUTLER ANGUITA, Eduardo**

Aínda sen ter moitos datos biográficos, si sabemos que Butler Anguita formaba parte dunha gran familia militar, xa que no Anuario do ano 1900 atopamos 6 membros (fillos e sobriños), en distintos corpos do Exército e escalas deste.

Desde 1881 foi vicealmirante da Armada Española, na reserva, e desde 1891 tiña a Orde Militar para premia-los servicios especiais.

Representou a Galicia só nunha ocasión como senador pola provincia da Coruña.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1898-1899	Senador pola provincia da Coruña
-----------------------	----------------------------------

## — C —

**CAAMAÑO PARDO, Rafael**

Era fillo de Vicente Caamaño Varela, natural de Santiago de Compostela pero aveciñado, no Ferrol e de María Josefa Pardo Copeiro, natural de Cazás (Xermade, Lugo).

O seu pai era un rico facendado de Galicia, señor xurisdiccional de Romelle, Goiáns, Guindimil e Leboráns.

Naceu en Ferrol o 14 de abril de 1762. Ingresou na Armada, como garda mariña no ano 1782. Participou en 1784 no bombardeo de Arxel. Sendo tenente de fragata foi nomeado encargado de negocios ante o Gran Mestre da illa de Malta. Regresou a España e loitou contra as tropas francesas. Ascendido a capitán de navío, herdou en 1819 o pazo dos Caamaño en Ferrol. Foi nomeado Comendador da orde de S. Xudas e, por iso, era coñecido en Ferrol, como "O Comendador". Foi un gran benfeitor do Hospital da Caridade desta cidade. Contribuíu a fundación do Museo Naval de Madrid. Morreu o 24 de febreiro de 1849.

A súa relevante personalidade social, explica que resultara elixido senador pola provincia da Coruña en tres lexislaturas, e finalmente en 1845 foi nomeado pola Raíña senador vitalicio.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1837-1838	Senador pola provincia da Coruña
Lexislatura 1840-1841	Senador pola provincia da Coruña
Lexislatura 1843-1844	Senador pola provincia da Coruña

**CABALEIRO TORRENTE, Antonio**

As noticias que temos deste deputado, que só representou a Galicia nunha lexislatura, son moi fragmentarias.

Ingresou na carreira militar. Foi un dos oficiais máis inclinados cara a Administración ca cara ó mando das tropas. Sabemos que cando foi elixido deputado xa era oficial do Ministerio da Guerra. En 1842 proseguía neste ministerio. Ascendeu a brigadier en 1846 e no 1855 era membro do Tribunal Supremo da Guerra e da Armada. En 1857 aparece como xubilado do Tribunal Supremo de Guerra e Armada.

Foi elixido pola provincia da Coruña para a lexislatura de 1836 a 1837.

Nas Cortes nunca interveu, agás na sesión do 24 de xuño de 1837 en que se opuxo, con outros moitos deputados, ó Proxecto de lei sobre abolición dos décimos.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1836-1837	Deputado pola provincia da Coruña
-----------------------	-----------------------------------

**CABELLO SEPTIÉN, Pedro**

Aínda que naceu en Liérganes (Cantabria), o 28 de decembro de 1812, viviu a maior parte da súa vida en Zamora. Foi nesta cidade e provincia onde fundou o seu imperio económico. Era fillo de Francisco Cabello, senador vitalicio entre 1846 e 1847, e de Josefa Septién.

Investiu na desamortización de Madoz 348.900 reais, que lle permitiron adquirir 1.844 fanegas de terra en Arquillos, Avezames, Monfarracinos, Taragabuena, Molacillos, Villalube, etc. Mercou ademais na cidade de Zamora diversas casas, como a chamada Los Momos e a terceira parte da Afandega Maior. Por iso foi considerado un dos tres máximos contribuíntes da provincia de Zamora. Tiña tamén unha pequena banca e era titular de depósitos no Banco de España por valor de 1.200.000 reais.

Foi delegado en Zamora da Compañía de Ferrocarriles de Medina del Campo a Zamora, Ourense e Vigo. Así mesmo foi membro da Sociedade Económica de Amigos del País de Zamora, comisario da Xunta Provincial de Agricultura, Industria e Comercio de Zamora, alcalde desta cidade en dúas ocasións (de 1859 a 1860 e de 1875 a 1881), concelleiro e deputado provincial.

Como senador representou en dúas ocasións a provincia de Lugo. Posteriormente representou no Senado a provincia de Zamora nas lexislaturas de 1889 a 1890 e de 1893 a 1894 e en 1898, foi designado senador vitalicio.

Politicamente estivo sempre co Partido Liberal.

Como representante de Galicia nada temos que dicir del porque nada fixo en favor dos seus representados. Morreu en Madrid o 24 de agosto de 1900.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1881-1884	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1886-1887	Senador pola provincia de Lugo

**CABEZAS Y MONTEMAYOR, Rafael**

Non tivo este deputado ningunha relación con Galicia. Temos que consideralo, por conseguinte, como un cunero a quen o Goberno situou ocasionalmente nun distrito galego.

Naceu Rafael Cabezas en Badaxoz en 1822. Tanto el coma seu irmán Miguel, amosaron desde mozos unha extraordinaria capacidade para os asuntos económicos e de facenda. En 1841 estaba traballando nas oficinas de Facenda de Badaxoz e posteriormente nas de Cáceres.

Chegado a Madrid, alguén descubriu a súa competencia e o colocou no Ministerio de Facenda nun posto subalterno. Foi ascendendo paso a paso no ministerio ata chegar a subsecretario de Facenda, cargo que tiña en 1867 cando foi elixido deputado por Lugo.



Nas eleccións de 1867 Pla y Cancela consegue dúas actas, unha pola Coruña e outra por Lugo. Renuncia a esta e o Goberno decide situar na vacante a Cabezas, que posiblemente xamais estivera nesta provincia. Celebradas as eleccións parciais en xuño de 1867, obtén o escano do que toma posesión o 13 de xuño. Por ocuparse doutros labores, non falou nunca nin consta que participase en ningunha comisión.

A Revolución de 1868 significou o seu ostracismo político ata 1875. Sen embargo foi entón cando dedicou a súa extraordinaria competencia a temas económicos en favor da empresa privada. É por iso que aparece como un dos fundadores do Banco de Castilla e logo do Banco Hipotecario, do que foi conselleiro.

Coa Restauración retornou á política e foi elixido deputado por Tremp (Lleida), cargo que desempeñou desde 1876 ata 1898. Neste ano pasou ó Senado por dereito propio. O seu irmán Miguel, gran axente de bolsa, representou no Congreso só o distrito de Sors (Lleida) entre 1879 e 1881.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1867-1868      Deputado polo distrito de Lugo

### CADAVAL, Juan José

Natural de Tui donde naceu o 28 de outubro de 1788. Seguiu a carreira militar. Participou en América contra os independentistas. Trasladado a La Habana foi nomeado subinspector xeneral das tropas de Cuba (1834) e alcalde da cidade de La Habana. Estaba en Cuba cando foi elixido para representar á provincia de Pontevedra.

No Congreso non destacou e foi escasa a súa participación. O discurso máis importante pronunciouno na sesión do 3 de marzo de 1838, cando se discutiu a reforma dos poderes da Coroa. Na sesión do 11 de xuño de 1838 votou a favor da lei sobre a continuación do décimo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1837-1838      Deputado pola provincia de Pontevedra

### CALDERÓN CERUELO, Pedro (Marqués de Algara de Gres)

Éra fillo de Pedro Calderón Herze. En 1902, ó morrer sen sucesión o seu tío Manuel Calderón Herze, herdou o título de Algara de Gres e o pazo de Figueiras (San Pedro de Folladela, Melide, A Coruña).

Vivió en Madrid, no número 24 da rúa do Prado. Foi funcionario no Ministerio de Gracia e Xustiza e representou varios distritos galegos, sen lograr enfeudarse en ningún



deles. Parece que foi unha persoa apoucada e os seus biógrafos, pese á loable intención de salienta-las súas virtudes e méritos, só poden dicir del que era "abogado muy inteligente y despierto de carácter muy bondadoso".

Sempre pertenceu ó Partido Conservador.

#### ■ REPRESENTACIÓN DE GALICIA

Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Ortigueira	A Coruña
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
Lexislatura 1907-1908	Deputado polo distrito de Coreubión	A Coruña
	(Renunciou á acta o 10 de marzo 1908, sendo substituído por Daniel Iturralde Mac-Pherson)	
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña



#### ————— CALDERÓN COLLANTES, Saturnino

Como seu irmán Fernando (véx.), merece un lugar destacado nesta historia parlamentaria. Fillo de Manuel Santiago Calderón e de Saturnina Collantes, naceu en Reinosa (Santander) arredor dos anos 1805 ou 1806. Iniciou os estudos de Lóxica, Matemáticas e Metafísica na Universidade de Salamanca e posteriormente, cursa algunha disciplina na Universidade de Valladolid, no curso de 1820. En 1821 estudou Economía Política na Sociedade Económica de Madrid e proseguíu Leis na Universidade. En 1823 incorporou todos estes estudos á Universidade de Santiago onde continuou e concluíu Leis, que debeu rematar en 1829.

Esta mobilidade debeuse a que acompañou a seu pai, primeiro a Valladolid, logo a Madrid onde desempeña o cargo de deputado nas Cortes do Trienio, e finalmente a Galicia, exiliado ou desterrado polas súas ideas liberais.

Saturnino nunca renunciou ás ideas liberais que sen dúbida lle inculcou seu pai. Non obstante, xamais militou no progresismo e moito menos en ningunha das súas expresións máis radicais. En 1824 e desde Santiago, solicitou a Madrid, concretamente á Universidade e ó Concello, un informe no que se declarase que nunca estivera afiliado á Milicia Nacional.

Con motivo do casamento de Fernando VII e Cristina, publicou en 1829 e por inspiración da nova raíña, unha oda na que expón claramente a súa posición en favor dunha apertura do réxime político.

Por iso Saturnino vai formar parte do selecto grupo de políticos que rodean e apoian a Pablo Morillo, destinado a Galicia como capitán xeneral en 1832, coa misión de desmantelar alí o absolutismo e prepara-la proclamación de Isabel II.

Saturnino, que tras remata-la carreira se instalou en Santiago como avogado

porque nesta cidade residía a Real Audiencia, foi designado logo rexedor perpetuo do concello da Coruña e correxedor do concello de Ferrol, sen dúbida co encargo de depurar de absolutistas este concello

En 1834, e sen cumprir aínda a idade regulamentaria dos 30 anos, foi elixido procurador en Cortes representando a provincia de Ourense. A pesar de ser "delgadillo y de poco físico", como comenta un cronista da época, a pesar do seu "estilo afectado", das súas "proposiciones aventuradas", das súas "decisiones ex trípode e de un juego de voz tan barítono y violento, alto unas veces, precipitado otras y desabrido siempre", Saturnino impresionou naquelas Cortes pola contundencia das súas afirmacións, pola sólida doutrina, polos coñecementos de teoría constitucional e polo caudal de lecturas que poñía de manifesto cada vez que pronunciaba un discurso. Podemos asegurar que Calderón y Collantes gañou nestas primeiras Cortes un creto que lle auguraba unha brillante carreira política.

Neste ano de 1834 casa con Petra Herce Varela, filla dos señores da casa de Figueiras (San Pedro de Folladela, Melide, A Coruña), Pedro Pablo Herce, rexedor da Coruña e de Santiago, e María del Carmen Varela Fondevila, que recibira en herdanza o citado pazo de Figueiras. Os Herce tiñan casa en Santiago e na Coruña.

Do matrimonio naceron dous fillos, Manuel e Pedro, dos que falaremos máis adiante porque ámbolos dous foron deputados galegos.

Calderón Collantes foi elixido deputado por Ourense en 1834, 1836, 1837 e 1840 e, entre 1846 e 1847, polo distrito de Celanova (Ourense), para máis adiante, en 1847, ser designado senador vitalicio.

Como deputado non se caracterizou por defender proxectos para Galicia ou para a provincia que representaba. O seu punto de mira era máis elevado. Era consciente da necesidade de construír un modelo de Estado que garantise o proceso de liberalización da sociedade española pero, ó mesmo tempo, que consolidase o pacto social entre alta burguesía e aristocracia. É dicir, liberal pero conservador, claramente isabelino e por conseguinte, radicalmente anticarlista, pero cunha concepción elitista do poder. Defendeu a necesidade non só do sufraxio censatario senón tamén dun sufraxio moi restrinxido e só para os que máis contribuían á facenda. Un cronista das Cortes facíase eco das súas opinións: "No concibe que sin tierra, prados ni foros, pueda haber verdadero interés por la patria".

Opta pola desamortización, pero procura evita-los excesos.

Foi ministro de Gobernación por vez primeira en 1840, cando só tiña 34 anos e baixo a presidencia de Evaristo Pérez Castro. Aínda que era moi novo, ninguén se estrañou, tal era o prestixio de que gozaba.

Volveu ser ministro con Narváez entre 1849 e 1851, nesta ocasión de Fomento. Gozaba Saturnino de gran prestixio no Partido Moderado, como revela o feito de pertencer á súa cúpula política. Foi tamén ministro de Estado no primeiro Goberno

da Unión Liberal, con O'Donnell, entre 1858 e 1863. Din que presentou a dimisión en 1863 por defende-la política do xeneral Prim en México, política inspirada por el mesmo.

No ano 1863 marchou a París, onde morreu en 1864.

#### ■ REPRESENTACIÓN DE GALICIA

Lexislatura 1834-1836	Deputado pola provincia de Ourense
Lexislatura 1836 (1 <sup>ª</sup> )	Deputado pola provincia de Ourense
Lexislatura 1837-1839	Deputado pola provincia de Ourense
Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia de Ourense
Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia de Ourense
Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1846-1849	Deputado polo distrito de Celanova Ourense (Só ata 1847)

### == CALDERÓN-COLLANTES Y HERZE, Manuel (Marqués de Algara de Gres)

**E**ra fillo de Saturnino Calderón Collantes e de Petra Herze.

Sen grandes ambicións políticas, non realizou a carreira que sen dúbida esperaban del o seu pai e tío. Era avogado.

Casou con Antonia Suárez de Deza e Tineo, unha das sete fillas de Apolinar Suárez de Deza, un dos rendeiros máis poderosos de Galicia xa que o seu inmenso patrimonio se estendía polas catro provincias galegas e mesmo pola provincia de León.

Foi introducido na política polo seu tío Fernando, que na mesma lexislatura conseguiu situa-los dous sobriños. Con ese obxectivo presentouse nas eleccións de 1858 por dous distritos, o de Ordes e o de Celanova. Renunciou ó de Celanova para que nunhas posteriores eleccións uninominais, é dicir, só para ese distrito, o seu sobriño Manuel conseguise o escano sen esforzo. Tomada posesión do escano de Ordes, renunciou a el para entrar no Senado e, deste xeito, noutras eleccións uninominais, o seu outro sobriño, Pedro, fose proclamado deputado por Ordes.

O seu tío deixouno, por conseguinte, en Celanova coa pretensión de que se enfeudase neste distrito. Ó principio parecía que a operación ía resultar perfecta, xa que Manuel obtivo sen dificultades a reelección en 1863. Sen embargo nas seguintes eleccións, as de 1864, xa non saíu elixido. Reapareceu novamente en 1865, esta vez polo distrito de Ourense. E así rematou a súa presenza no Congreso.

Retornou brevemente á política en 1877, cando foi elixido senador pola provincia da Coruña. Logo desapareceu da escena política.

Como parlamentario foi home máis de comisións ca de discursos. Entre outras formou parte da do Ferrocarril de Ponferrada á Coruña e da de Actas. Practicamente nunca falou no Congreso.



O 23 de decembro de 1875 Alfonso XII concedeulle o marquesado de Algara de Gres en atención a seu pai polos servicios prestados ó Estado. Debeu morrer no ano 1902.

Consta que percibiu moitas rendas nos concellos de Arteixo, Bergondo, Betanzos, Boqueixón, Cerceda, A Coruña, Laracha, Oleiros, Ordes, Oza, Ponteceso e Santiago (A Coruña), Xinzo, Verín (Ourense) e de Carbia e Silleda (Pontevedra). Recibira como heranza por parte do pai, 1.625.910 reais. Moitos dos bens eran propios e outros pertencían á súa dona. Estamos ante un caso de rendismo tradicional, e non consta que investise en bens industriais ou comerciais.

Non tivo descendencia e trala súa morte, o seu título pasou ó sobriño, Pedro Calderón Ceruelo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1859-1863	Deputado por Celanova	Ourense
Lexislatura 1863-1864	Deputado por Celanova	Ourense
Lexislatura 1865-1866	Deputado por Ourense	
Lexislatura 1877-1878	Senador pola provincia da Coruña	

### CALDERÓN-COLLANTES Y HERCE, Pedro

Fillo de Saturnino Calderón Collantes e de Petra Herze, naceu na cidade da Coruña o 22 de marzo de 1836. Residiu con seus pais en Madrid. Cursou Leis e Canons na Universidade Central, pola que se licenciou en 1861.

Como contaba cos poderosos apoios do pai e do tío, nada máis remata-la carreira foi nomeado fiscal, no ano 1862, nun dos xulgados de Madrid, cargo que exerceu ata 1865.



En 1862 seu tío Fernando Calderón renunciou ó escano de Ordes para que o seu sobriño, logo dunhas eleccións para o distrito, conseguise ser elixido deputado ata o remate da lexislatura. A pretensión da familia era manter enfeudado este distrito, o que conseguiu, agás nas eleccións de 1864 nas que Batanero logrou arrebatarllo. A familia Calderón non permitiu tal descaro e iniciou unha acción xudicial denunciando as irregularidades cometidas nestas eleccións. De feito o Congreso declarou no ano 1864 *grave* a acta de Ordes, polo que quedou este distrito sen deputado, mentres que a familia Calderón chegaba ata o Supremo, que se pronunciou en favor de Pedro, ó que houbo que restituírle o escano de Ordes, aínda que xa estaban noutra lexislatura.

Enfeudado Pedro en Ordes, non tivo problemas para saír elixido nas eleccións de 1864 e 1865.

Asegurado por ese lado o poder político en Galicia, necesitaba Pedro escálalos postos da Administración. As circunstancias non lle eran moi favorables porque os gobernos sabían da súa inclinación en favor dos revolucionarios que preparaban o golpe de estado de 1868.

Pedro aproveitou o golpe de estado de 1868 para iniciar a súa carreira administrativa á sombra de Romero Ortiz. En 1868 entrou como primeiro oficial no Ministerio de Gracia e Xustiza e como membro da Deputación Provincial de Madrid.

Nas eleccións de 1869 obtivo escano polo distrito de Santiago. Nas Cortes e na votación do 18 de novembro de 1870, non votou a favor de Amadeo de Saboia senón do Duque de Montpensier, o que seguramente influíu negativamente na súa posterior carreira.

Saíu elixido deputado novamente en 1872, representando o distrito de Muros. A partir deste momento, defraudado quizais da Revolución que axudara a instalar, retirouse da política activa á que non retorna ata 1884 e xa como senador.

Por mor da súa delicada saúde, solicitou nos anos 1877, 1878 e 1881 licencias para curar. Traballou entón como xefe de sección do Ministerio de Gracia e Xustiza.

Foi un activo deputado e senador, participando na lexislatura de 1863 a 1865 na sección de actas e na de peticións. Na lexislatura de 1869 a 1871 foi secretario das comisións de contas e da de aranceis, e membro moi activo das comisións de sociedades mercantís, xulgados, relatores e escribáns de Audiencia, etc.

Participou con frecuencia con discursos sobre cuestións puntuais como a lei electoral (4 de abril de 1870), a lei provincial (7 de xullo de 1870) e moito máis frecuentemente como relator da Comisión de Actas. O 20 de xaneiro de 1864 produciuse un apaixonado debate no Congreso entre el e o ilustre avogado Pla y Cancela a causa das actas de Betanzos. Amosouse moi sensible Calderón na cuestión das actas porque acabara de experimentar na súa carne a inxustiza nas eleccións de Ordes. Denunciando as actas de Betanzos, que favorecían a Caramés, e como replicara Pla que as manipulacións electorais se daban en tódalas lexislaturas, respondeulle Calderón que as súas palabras eran "muy ofensivas para mi delicadeza y para mi posición en Galicia". Pla, que non contaba ese día coa maioría suficiente, alargou a discusión ata que foi suspendida, saíndo ó día seguinte favorable a Caramés. Como Calderón lamentara esta actuación de Pla en termos moi violentos, varios deputados amosaron a súa irritación contra o mozo deputado que en posteriores días e lexislaturas se mantivo moito máis calmado.

Na lexislatura de 1881 a 1884 só falou unha vez, o 12 de decembro de 1881, o que parece demostrar unha saúde quebrada ou ben o desencanto da política.

No Senado, a onde retornou en 1884, designado pola Sociedade Económica de León, traballou intermitentemente, quizais a causa das súas doenzas. Consta

que no período comprendido entre 1884 e 1885, a súa actividade foi notable nunha Cámara pouco propicia para o traballo. Foi, pola contra, practicamente nula entre 1887 e 1889 e novamente activa entre 1889 e 1890.

Morreu en Madrid en febreiro de 1891.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1862-1863	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
Legislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
Legislatura 1865-1866	Deputado pola sección de Santiago	A Coruña
Legislatura 1869-1871	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Legislatura 1872 (1ª)	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña
Legislatura 1881-1882	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña

### CALDERÓN OREIRO, Vicente (Conde de San Juan) ==

Naceu o 18 de abril de 1821 en Santiago. Era fillo de José María Calderón y Losada, conde de San Juan, e de Socorro Oreiro Basadre, que achegou ó matrimonio como dote, o pazo de Sobrecarreira, en Sigrás (A Coruña). Socorro era filla do brigadier José Oreiro e de Juana Basadre. Os condes de San Juan, aínda que residían na rúa Nova de Santiago, tiñan o seu espléndido pazo de Antequera en Santa María de Oín (Rois, A Coruña).



Estudou Dereito en Santiago e Madrid e obtivo a licenciatura en Leis en 1844.

Non foi o conde de San Juan un destacado político, como o prestixio familiar e as magníficas relacións que tiña poderían facer pensar. Foi deputado e senador e ademais exerceu o cargo de gobernador civil nas provincias da Coruña e Pontevedra.

Sen embargo debemos salienta-la súa capacidade para fundar unha numerosa familia política mediante unha serie de matrimonios. Primeiro casou con Luísa Roffignac, que morreu sen deixarlle descendencia. O segundo matrimonio significou un salto cualitativo, xa que casou con Carme Ozores e Mosquera, filla dos señores da casa de Rubiás, grandes de España e marqueses de Aranda.

Calderón Oreiro ampliou extraordinariamente o seu campo político e de poder a través dos seus fillos e fillas. O primoxénito e herdeiro, Benito Calderón Ozores, casa con Eugenia Montero Villegas, filla de Eugenio Montero Ríos. Benito morreu novo, permitiéndolle á viúva un segundo matrimonio. O fillo do primeiro matrimonio, Vicente Calderón Montero Ríos, será o quinto conde de San Juan. A súa filla Carme casa con José Riestra López, primeiro marqués de Riestra e figura moi importante no mundo da política e da banca. Deste xeito Riestra e Montero Ríos, xa vencellados pola política, anoxan aínda máis os seus destinos. O seu fillo Joaquín casou coa filla do poderoso Bárcena

Franco, de Vigo, do que tamén temos ficha biográfica. O seu fillo Xosé Calderón, conde San Juan, casou con Hermitas Puga, filla de Luciano Puga.

Tivo aínda máis fillos pero sen tanta importancia na política de Galicia.

Politicamente estivo sempre cos moderados, concretamente formando parte do sector neocatólico que, liderado por Nocedal, se mantivo nas filas do Partido Moderado pero inclinado cara ó conservadorismo. Adquiriu relevancia este grupo na lexislatura de 1857, na que o conde de San Juan obtivo o escano de deputado por Noia, e como tal opúxose ó proxecto de Lei de Educación de Moyano que, non o esquezamos, era de carácter moderado. Nocedal e os sesenta e dous deputados que o apoiaban, pretendían ampliar-las dereitos de control da Igrexa no ensino. Retirado da política activa no ano 1868, retornou coa Restauración.

Como deputado e senador a penas participou nas lexislaturas nas que estivo presente, nin consta que formase parte de comisións.

Foi gobernador e, por conseguinte presidente da Deputación de Pontevedra do 12 de decembro de 1863 ata o 10 de maio de 1864. Tamén foi gobernador da provincia da Coruña en 1875. Morreu o 19 de setembro de 1888.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1857-1858	Distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1864-1865	Distrito de Vilalba	Lugo
Lexislatura 1867-1868	Distrito de Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1876-1877	Senador por Lugo	
Lexislatura 1877-1878	Senador pola Coruña	
Lexislatura 1879-1880	Senador pola Coruña	
Lexislatura 1884-1885	Senador pola Coruña	

### CALDERÓN OZORES, Benito

**B**enito Calderón Ozores era o fillo primoxénito de Vicente Calderón Oreiro, conde de San Juan, e de Carmen Ozores Mosquera, filla do señor de Rubiáns, grande de España.

Ó biografa-la figura de seu pai, xa salientámo-la estratexia matrimonial despregada pola familia, que lle permitiu enlazar cos novos poderes en alza.

Casou Benito con Eugenia Montero Villegas, filla do gran político compostelán.

Herdou á morte do pai, en 1888, o condado de San Juan, polo que pasou a ocupar cuarto lugar na orde dos que ostentaron esta dignidade. Así mesmo herdou o magnífico pazo de Antequera (Santa María de Oín, Rois, A Coruña).

Iniciou a súa vida política como deputado por Santiago, escano que lle puxo en bandexa o seu sogro Montero Ríos, quen renunciara a el para ocupar-lo posto de sena-



dor tralas eleccións de 1889. Nuns comicios parciais ocupou o distrito Benito Calderón, do que tomou posesión o 19 de marzo de 1890.

Volveu ser reelixido nas eleccións seguintes, pero a morte veu trunca-la súa carreira política no ano 1893.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1889-1890	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña

### CALDERÓN OZORES, Joaquín

Fillo de Vicente Calderón Oreiro, conde de San Juan, e de Carmen Ozores Mosquera, e irmán, por conseguinte, de Benito Calderón Ozores (véx).



Proseguindo a estratexia matrimonial, deseñada sen dúbida por seu pai, casou ós 33 anos con Dolores Bárcena de Andrés García, de 23 anos, o 31 de agosto de 1899. A súa muller era filla do poderoso Manuel Bárcena Franco, conde de Torrecedeira, alcalde de Vigo e senador pola provincia de Pontevedra,

Militar do corpo de Artilería, pediu a excedencia no ano 1919 cando era tenente coronel.

Militou no Partido Conservador.

O biógrafo Sánchez de los Santos, sempre inclinado a favorecer e incha-las biografías dos deputados e senadores, só pode dicir del: *"Es un hombre muy ilustrado, muy listo y de extraordinarias simpatías personales y de mucho don de gentes"*.

Ainda que en Galicia tiña o pazo de Antequera (Ois, Rois), como afirma Carlos Martínez Barbeito, viviu permanentemente en Madrid, no número 29 da rúa de San Xerome.

Seu fillo, Joaquín Calderón Bárcena, continuou a estratexia familiar casando coa súa curmá, a filla do segundo marqués de Riestra.

Non parece fose persoa de grandes recursos, porque na certificación de rendas e depósitos que presentou no Senado, só fixo consta-lo depósito en vales situado na Banca Riestra, que lle proporcionaban unha renda anual de 6.576 pts.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1918-1919	Senador pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1919-1920	Senador pola provincia de Ourense	



## CALDERÓN Y COLLANTES, Fernando (Marqués de Reinosa)

**E**stamos ante unha gran figura da política galega.

Naceu en 1811 en Reinosa (Santander). Era fillo de Manuel Santiago Calderón e de Saturnina Collantes. Seu pai fora deputado nas Cortes do Trienio e cando terminou, auto-exiliouse e veu vivir coa familia á cidade da Coruña. Iso é o que explica que, tanto Saturnino coma Fernando Calderón Collantes, dúas grandes figuras da política decimonónica, se formasen politicamente en Galicia, á que representaron.

Iniciou os seus estudos no convento de Medina do Pomar (Burgos). En 1825, tras incorpora-los estudos realizados á Universidade de Santiago, comeza Leis e Canons, que rematou en 1831 e 1833 respectivamente. Iniciou en Ribadeo a súa carreira xudicial no ano 1836.

Liberal consecuente, foi o xefe da Milicia Nacional de Ribadeo, onde perseguiu as partidas carlistas. En 1838 foi nomeado xuíz de Vigo, cidade onde destacou pola persecución a que someteu ós carlistas e ós bandoleiros do seu territorio.

Pretendendo segui-lo ronsel político de seu irmán Saturnino, que iniciaba nas Cortes unha espléndida carreira en 1834, presentouse por Pontevedra ás eleccións de xullo de 1839. Parece ser que Fernando cometeu daquela tantos atropelos, que o Alcalde de Vigo se viu na precisión de denunciá-lo ante as Cortes. Estas, na sesión do 10 de setembro de 1839, tomaron a providencia de abrialle expediente.

Fracasada esta primeira tentativa, procurou consolida-la súa carreira xudicial. Foi designado fiscal da Audiencia de Valladolid. En 1843 era fiscal segundo na Audiencia de Valencia, de onde pasou á de Barcelona e finalmente, en 1848, á de Madrid, onde puido dedicarse á alta política contando co apoio de seu irmán. En 1857 foi elixido rexente da Audiencia de Madrid para logo ir ó Tribunal Supremo e en 1860, ó Consello de Estado.

No ano 1865, cando pertencía á Unión Liberal, conseguiu por vez primeira o Ministerio de Gracia e Xustiza, nun goberno presidido por O'Donnell.

Entre 1875 e 1879, durante a Restauración e cando militaba no Partido Conservador, volveu ser ministro de Estado e de Gracia e Xustiza con Cánovas del Castillo.

Intensa foi tamén a súa actividade como deputado. Saíu elixido nas eleccións de 1843 pola provincia da Coruña, cando exercía na Audiencia de Valencia. Volveu saír nas de 1844. Posteriormente e desde 1846, ano en que as eleccións empezaron a convocarse por distritos, Calderón Collantes resultou elixido por Ordes, onde tiña os seus valedores electorais, agás nas lexislaturas de 1853 e 1854. A partir de 1862 pasou ó

Senado e deixoulle o distrito ó seu sobriño Manuel Calderón Herce.

Foi sempre un activo e importantísimo deputado do Partido Moderado ata que en 1858, ingresa na Unión Liberal. Os seus discursos no Congreso eran atentamente escoitados pola solidez da súa doutrina. Participou activamente nos debates da Lei da Reforma Electoral (25 de novembro de 1844), da Reforma da Constitución de 1837 (1 de novembro de 1844), sobre o tráfico de negros e a escravitude (4 de febreiro de 1845), da Reforma da Administración de Xustiza (20 de xaneiro de 1846) e da Lei do Notariado (19 de xaneiro de 1848). Ademais foi varias veces vicepresidente e presidente de varias comisións.

No Senado tivo igualmente unha intensa actuación.

No Sexenio volveu ó Congreso. Naquelas Cortes excitadas e radicalizadas permaneceu en silencio durante meses, ata que rexorde no ano 1870 xa claramente identificado co Partido Conservador, o cal defende (22 de novembro de 1870). Na célebre elección do 18 de novembro de 1870, non votou a candidatura de Amadeo de Saboia senón a do duque de Montpensier, decisión que o afastaba definitivamente dos partidos do Goberno.

Na Restauración resultou elixido senador por Sevilla en 1872 e pola provincia de Soria en 1876.

Polo que respecta ó seu pensamento político, Calderón Collantes era un conservador, máis teórico ca práctico. Partía do suposto de que a natureza facilitáballe á cidadanía os medios suficientes para a súa subsistencia, ata o punto de afirmar, ante o escándalo da maioría: *la pobreza es signo de estupidez. Por punto general lo sostengo y no me importa que se rechace por algunos con gestos y ademanes.* (Sesión do 25 de novembro de 1844).

Engade que se un día o Congreso pasa a estar formado na súa meirande parte por proletarios, tódalas clases sociais entrarían nunha xeral alarma.

Calderón militou no Partido Moderado, pero o seu fondo liberalismo opúñase a calquera intento de limita-los dereitos das persoas e das institucións. Por iso loitou bravamente contra a Lei de Imprenta e de Orde Pública de Narváez, por iso condenou con duras palabras o Goberno nos sucesos de San Daniel. Isto explica cómo se foi distanciando politicamente do Partido Moderado.

Non participou na conspiración de 1868 e a partir deste momento, retorna ó Partido Conservador de Cánovas del Castillo asegurándose desta forma os ministerios de Gracia e Xustiza e de Estado.

Non era un gran orador, pero si seguro e convincente. Dominaba á perfección a máquina interna do Congreso e aínda que non sempre pronunciou brillantes discursos, facía uso dos seus dotes de interpretación "*para meter bulla*" nas súas intervencións, como di un cronista da época. Bulía moito a falar e, por veces, os taquígrafos non podían segui-lo torrente da súa disertación. Exteriormente era persoa atilada e de aspecto

xuvenil, calidades polas que un cronista di que parecía "*un San Luis Gonzaga*".

Alfonso XII premiou os seus servicios concedéndolle o título de marqués de Reinos.

Morreu en Madrid en 1890.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1843 (2ª)	Deputado pola provincia de Coruña	
Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia de Coruña	
Lexislatura 1846-1850	Deputado pola provincia de Coruña	
Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
Lexislatura 1858-1862	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
Lexislatura 1862-1863	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
Lexislatura 1869-1871	Deputado pola sección de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1871-1872	Senador pola Coruña	
Lexislatura 1872 (2ª)	Deputado por Arzúa	A Coruña

==== CALVO DELGADO, Enrique

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1873-1874	Deputado por Fonsagrada	Lugo
-----------------------	-------------------------	------

==== CALVO SOTELO, José



A Guerra Civil e o posterior franquismo convertérono en símbolo da chamada barbarie vermella, en protomártir do novo réxime co que, de vivir, sen dúbida mantería distancias. Calvo Sotelo foi un sólido político e xurista, un gran xestor, aínda que fosen discutibles algunhas das súas decisións facendísticas máis importantes. Sen embargo foi aproveitado polo réxime ó convertelo nun dos seus símbolos, cando ben sabemos as insalvables diferencias que mantiña coa doutrina e a persoa de José Antonio. Aínda está agardando a biografía que se merece e na que a súa personalidade apareza

sen as contaminacións que a propaganda franquista creou en torno a súa personalidade.

Naceu en Tui o 6 de maio de 1893. Era fillo dun xuíz destacado nesta cidade. Estudiu o bacharelato nos institutos da Coruña e Lugo e posteriormente cursou Dereito nas universidades de Zaragoza e Madrid. Os traslados de seu pai e da familia explican estes cambios de cidade e centro de estudos.

En 1914 entrou como oficial da Administración no Ministerio de Gracia e Xustiza e



en 1916 gañou as oposicións ó corpo de avogados do Estado. Tamén no ano 1917 foi nomeado profesor auxiliar na Facultade de Dereito da Universidade de Madrid.

Afilouse ó maurismo e moi novo demostrou a súa gran capacidade e actividade política na xuventude maurista. Os seus enfoques anticaciquís e as ideas que tiña sobre a reorganización administrativa do Estado, favorables a un recoñecemento das rexións como ente administrativo, aproximárono inicialmente ás Irmandades da Fala e, aínda que non consta que se integrase nelas, si consta que os nacionalistas das Irmandades apoiaron a súa candidatura polo Carballiño nas eleccións do ano 1919, nas que resultou elixido.

En 1921 foi designado gobernador civil de Valencia.

Coa chegada da Dictadura de Primo de Rivera, Calvo Sotelo escalou moi importantes postos na Administración. Foi nomeado director xeral da Administración Local. Algúns galeguistas, como Losada Diéguez e Vicente Risco, agardaban grandes cousas de Calvo Sotelo e moi especialmente o ansiado proxecto de rexionalización. Por iso non dubidaron en colaborar desde as Deputacións Provinciais de Pontevedra e Ourense, respectivamente, nos primeiros momentos da Dictadura. En canto se deron conta de que as promesas ou mesmo os proxectos de Calvo Sotelo atopaban no Directorio Militar un total rexeitamento, optaron por retirarse e deixar de prestar á Dictadura unha colaboración que nunca foi entendida desde o nacionalismo militante.

En 1925 foi designado ministro de Facenda e como tal realizou un labor moi importante. Da época do seu mandato son a creación dos bancos de crédito local e Banco Exterior de España, CAMPSA, o Estatuto das clases pasivas, a Lei de contrabando e defraudación, etc. Os historiadores da economía valoran o paso de Calvo Sotelo polo Ministerio de Facenda de forma ben distinta, e quizais desde perspectivas máis ideolóxicas ca económicas. Mentres que para Velarde Fuertes, Calvo Sotelo foi o eixo diamantino dunha política económica exemplar, para J. Fontana a política económica da Dictadura e por conseguinte o labor de Calvo Sotelo, só tivo unha pretensión publicitaria que escondía erros gravísimos dos que a economía española se resentiu durante moito tempo.

Abandonou o ministerio en 1929 cando a Dictadura agonizaba. Entón concentráronse nel os ataques que desde tódolos ángulos, se lle fixeron á Dictadura. Exiliouse en Lisboa e logo en París, cando se lle abriu un proceso por responsabilidades políticas durante a Dictadura. Permaneceu no estranxeiro ata 1934. En Francia trabou contacto co pensamento da extrema dereita, fundamentalmente con *Action Française*, que influirá decisivamente no seu pensamento político posterior.

Coa República Calvo Sotelo situouse desde o primeiro momento en Acción Española, no sector máis radical do integrismo, e particularmente en Renovación Española, partido que dirixiu. Resultou elixido deputado nas tres convocatorias por varios distritos galegos e de fóra de Galicia. Na primeira lexislatura non puido conseguilo escano por sentenza inhabilitadora do Tribunal de Incompatibilidades do 7 de decembro de 1932. É un fogoso parlamentario e eríxese líder do Bloque Nacional en

1936. As súas intervencións no Congreso en 1936 foron moi críticas coa República.

Foi asasinado o 13 de xullo de 1936. Unha morte aleivosa e politicamente absurda que acelerou o golpe de Estado.

Nas eleccións de 1931 resultou elixido pola provincia de Ourense pero non chegou a tomar posesión do escano. En 1933, tras saír elixido por Madrid, A Coruña e Ourense, acepta a representación por Ourense. En 1936 foi elixido novamente por esta provincia por Renovación Española.

Caivo Sotelo foi autor da obra *Mis servicios al Estado* (Madrid, 1931), que é unha especie de autobiografía política, dotada dun ton moi apoloxético en canto que pretende responder ás duras críticas que recibira desde a caída da Dictadura. Con anterioridade publicara *El proletariado ante el socialismo y el maurismo* (1915), *La doctrina del abuso del derecho subjetivo* (1917), *La contribución y la riqueza territorial de España* (1926), *Estudio económico de la Hacienda Española en el momento actual* (1929), *En defensa propia* (1932), *Las responsabilidades políticas de la Dictadura* (1933) e, en dous tomos, *La voz de un perseguido* (1933). Ademais colaborou en distintos xornais de España e América.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1931-1933	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1933-1936	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1936	Deputado pola provincia de Ourense	

### CALLEJA, Juan Nepomuceno

A única noticia que temos deste deputado é que representou o distrito de Bande.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Bande	Ourense
-----------------------	---------------------------------	---------

### CALLEJÓN VILLEGAS, Juan de

O Sexenio incorporou á nómina de deputados galegos unha serie de persoas, a maior parte *cuneros*, que exerceron os seus cargos tan efemeramente que resulta practicamente imposible segui-la súa traxectoria biográfica. Este é un deses casos. Só exerceu de deputado durante cinco meses.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito da Fonsagrada	Lugo
-----------------------	--------------------------------------	------

## CAMPOAMOR CAMPOSORIO, Ramón de

Este gran poeta foi tamén un político de renome.

Naceu en Navia (Asturias) o 24 de setembro de 1817 no seu dunha familia acomodada. Seus pais eran Miguel Campoamor e Manuela Camposorio

Estudou Humanidades en Santiago e posteriormente Medicina na Universidade Central.

Iniciouse na carreira administrativa como se facía entón, é dicir, dende os postos máis baixos. Empezou de auxiliar no Consello Real e pouco a pouco foi ascendendo ata chegar a oficial primeiro da Subsecretaría de Facenda en 1868.

Colaborou nos xornais máis importantes e cofecidos do momento, como *El Español*, *El Estado* e *El Correo Nacional*. Paralelamente publicou as súas obras literarias *Doloras y Humoradas*, *Colón*, *Guerra a la Guerra*, *Ayes del alma*, *Ternezas y Flores*, e as obras filosóficas e políticas *Lo absoluto*, *El personalismo*, *Estudio y semblanza de D. Antonio Cánovas del Castillo*, etc.

Militou primeiramente no Partido Moderado, pero manifestou sempre unha certa independencia partidista. Fiel a Isabel II, retirouse da política activa a partir de 1868 e retornou coa Restauración.

Como non tiña distrito propio, tivo que percorrer media xeografía de España para atopar un distrito favorable. Por iso foi deputado por Xátiva (Valencia) en 1857, Pego (Alacant) en 1863, Alcoi (Alacant) en 1865, Tenerife en 1876, Antequera (Málaga) en 1879, e Madrid en 1884, e senador por Murcia en 1889 e por León en 1891.

Foi gobernador de Alacant, Valencia, Castellón e en 1876, director xeral de Gobernación. Nese camiñar pola xeografía española, tamén foi representante de Galicia no Senado. Morreu en Madrid o 12 de febreiro de 1901.



### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1896-1898 Senador pola provincia de Ourense

## CANCIO VILLAMIL, Mariano

É o prototipo do funcionario activo, responsable e con visión dos grandes problemas de España no ramo da Facenda na que foi un experto. Dotado dunha sensibilidade política que nos anos mozos o levou a militar na esquerda presocialista (así o testemuñan os seus escritos no xornal *El Eco de la Juventud* (1850), que dirixía F. Garrido), soubo sempre separala súa condición de funcionario das actividades políticas. Foi neste senso, un dos pioneiros en reclamar un estatuto para o funcionariado



que o puxese a cuberto das mutacións políticas.

Naceu en Oviedo en 1824 e era fillo de Víctor Cancio Díaz de Cerio e de Francisca Pérez Villamil. Estivo de neno vencellado a Mondoñedo, distrito que representaría máis tarde.

Moi novo emigrou a Madrid onde atopou en 1839 un traballo de auxiliar dun ministerio. Logo foi seguindo paso a paso o *curriculum* do funcionariado, desde oficial e xefe de sección ata chegar a xefe de administración do Ministerio de Fomento. No camiño, ademais do seu exemplar traballo na administración, foi presentando numerosas memorias ós ministros respectivos, como o *Proxecto de Lei Xeral de Augas*. Seguidor dos plans do ilustre político e funcionario Constantino de Ardanaz (vèx.), organizou desde o Ministerio de Fomento as grandes obras do Canal de Isabel II, a reforma da Porta do Sol de Madrid, os ensanches de Madrid e Barcelona, a Casa da Moeda, etc.

Ascendido a interventor de Ordenación de Pagos e logo ordenador xeral de Pagos, elaborou un gran informe sobre o estado da contabilidade.

Foi deputado por Mondoñedo desde 1865. Aínda que non participou na preparación do golpe de Estado de 1868, o Goberno, que inicialmente o destituíu, de seguida recorreu a el encomendándolle a Dirección da Contabilidade e a Lei do Tribunal de Contas. O 15 de febreiro de 1871 foi designado director do Tesouro Público, tras deixar na mesa do ministro a memoria sobre a situación do Tesouro.

O 27 de xuño de 1872 foi designado intendente xeral de Facenda na illa de Cuba. Retornou en 1874 e publica en Madrid a *Exposición dirigida al Excmo. Sr. Ministro de Ultramar acerca del estado económico de la Isla de Cuba*, unha obra xustamente valorada hoxe en día cando os temas cubanos volven estar novamente de actualidade na historiografía española.

Volveu a Cuba para funda-lo Banco Hispano Colonial, e permaneceu na Illa desde 1876 a 1878. Retornado a España, foi encargado novamente polo Goberno para reorganiza-la economía da illa de Cuba, despois da paz de Zanjón. Logo foi designado Conselleiro de Estado.

Compatibilizou as responsabilidades administrativas cunha importante produción publicista que, polo xeral, está sempre en relación coas súas responsabilidades administrativas: *Memoria sobre la situación del Tesoro*, Madrid 1871; *Situación del Tesoro en la isla de Cuba*, A Habana 1873; *Carta dirigida al Excmo. Sr. D. Julián de Zulueta, Presidente del Casino Español*, A Habana 1874; *Proyecto para resolver la cuestión económica de la Isla de Cuba*, A Habana 1874; *Situación económica de la Isla de Cuba*, Madrid 1876; *Cuba, su presupuesto de gastos*, Madrid 1881; *La Trasatlántica Española*, Madrid 1887.

Xa se comprende que vivindo con tal intensidade as responsabilidades encomendadas, o Congreso foi para Cancio unha especie de compensación política. Como deputado a penas tivo actuacións, a non ser que se tratasen de aspectos



puntuais nos que el tiña tanta información. Por iso participou nas comisións de presupostos, facenda, tribunal de contas, marismas, pero non foi orador nin tivo grandes e prolongadas actuacións. Destacou, sen embargo, pola súa actuación no Congreso na sesión do 31 de marzo de 1880 cando se opuxo á totalidade do presuposto para a illa de Cuba.

Morreu en Madrid o 28 de xullo de 1894.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1865-1866	Deputado polo distrito de Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1869-1871	Deputado polo distrito de Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1872 (1 <sup>ª</sup> )	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1891-1893	Senador pola provincia de Lugo	

### CANIDO PARDO, Senén

Nunca o nome de Senén Canido apareceu nas grandes recompilacións biográficas nin foi obxecto de valoracións históricas nos diversos traballos aparecidos. Foi unha persoa discreta, un extraordinario xurista, práctico e pouco dado a escribir e publicar.

O seu nome pode parecer menor ó lado dos Bugallal, Montero Ríos, González Besada, Riestra, Cobián, etc., e sen embargo, sacoulle á súa discreción unha extraordinaria rendibilidade, porque foi un dos políticos máis presentes nas diversas lexislaturas. Foi deputado durante quince lexislaturas e senador vitalicio ó remate da súa longa carreira política. Dende o ano 1884, no que iniciou a súa presenza no Congreso, foi deputado ininterrompidamente e sen excepción ningunha ata 1919 (trinta e cinco anos seguidos) e finalmente senador. Posiblemente ningún político galego poderá presentar este asombroso *curriculum*.



Naceu en Pontevedra, posiblemente en 1845. Estudiu Leis e dedicouse á xudicatura, na que terminou como maxistrado do Tribunal Supremo.

Sempre do Partido Conservador, logo da fracción datista, foi designado director xeral de Gracia e Xustiza no Ministerio de Ultramar en 1890, cargo que non aceptou porque agardaba, e conseguiu no mesmo ano, ser designado fiscal do Tribunal de Contas. En 1895 foi nomeado director xeral de Contribucións, cargo que tampouco aceptou, porque aspiraba e conseguiu ser ministro togado do Tribunal de Contas.

Non nos consta que exercera outros empregos públicos.

Residiu en Madrid onde participou activamente no Ateneo como vicepresidente da Sección de Ciencias Históricas. Numerario da Real Academia de Xurisprudencia,

tamén foi vicepresidente desta selecta institución.

Morreu en Pontevedra o 27 de agosto de 1929.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Xinzo	Ourense
Lexislatura 1886-1890	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense
Lexislatura 1891-1892	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense
Lexislatura 1893-1895	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense
Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense
Lexislatura 1914-1915	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense
Lexislatura 1919-1920	Senador vitalicio, por dereito propio	

#### ==== CANO CUETO, Manuel

Na lexislatura de 1891 a 1893 o distrito da Pobra de Trives elixiu, como era habitual, a Nicanor Alvarado Casanova. Sen embargo, o 6 de xullo de 1891 foi designado senador vitalicio e por iso renunciou á acta de deputado.

Resultou elixido en eleccións parciais Manuel Cueto Cano, sen vencello ningún con Galicia.

Naceu en Sevilla en 1849. Realizou os primeiros estudos no colexio de San Zoilo en Carrión de los Condes, posteriormente iniciou os estudos de Dereito na Universidade de Sevilla e proseguíunos na de Madrid, pero non chegou a concluílos.

Colaborou no xornal *El Independiente* e na *Revista Sevillana*, fundou *La Legitimidad* e prestou tamén varias colaboracións noutros xornais e revistas.

Foi membro da Real Academia Sevillana de Buenas Letras, presidente do Ateneo de Sevilla, membro da Sociedad de Excursiones de Sevilla, etc.

Prestou importantes servizos ós gobernos porque foi gobernador de Huelva, Cádiz, Málaga, Sevilla e Córdoba.

Como representante do distrito da Pobra de Trives nada temos que salientar.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito da Pobra de Trives	Ourense
-----------------------	---	---------

**CANTERO SEIRULLO, Antonio**

A execución das obras públicas, especialmente o trazo do ferrocarril, trouxo a Galicia enxeñeiros e técnicos. Moitos deles afincáronse aquí. Pénsese en Elduayen Gorriti, que se consubstancializou coa cidade de Vigo, Constantino Ardanaz, que representou varios distritos de Galicia, Toribio Areitio Arrugaeta, enxeñeiro coma os anteriores, que tamén representou ó Carballiño. Tal é o caso de Cantero Seirullo.



Naceu en Valencia o 3 de abril de 1893. Estudiu Enxeñería. Dende 1856 empezou a traballar nas obras do ferrocarril. Pouco a pouco foi escalando postos importantes nas empresas. En 1876 era xa director xerente da Compañía Medina a Zamora e de Ourense a Vigo.

As obras e a alta dirección da empresa fixeron que Cantero pasara moito tempo en Galicia, que chegou a coñecer bastante ben. O 12 de xuño de 1876 estaba en Vigo para percorre-lo trazado feito entre esta cidade e Redondela. Efectivamente, o *Faro de Vigo* destacou como o propio Cantero conducía a máquina do tren que revisaba a vía xa concluída. Saíu ás 6 da mañá e retornou á estación de Vigo ás 8 da mañá. Os nove quilómetros percorridos foron enxalzados na crónica do xornal vigués como un grande acontecemento. Un poeta inspirado cantáballe o seguinte poema á máquina:

"Hermosa, altiva, gentil  
se alzaba sobre la vía  
entre la gasa sutil  
que se eleva del pensil  
al nacer un nuevo día".

Nada ten pois de estraño, que Cantero Seirullo, tocado pola ambición da política, atopase acomodo no distrito de Celanova, contando por suposto coa benevolencia dos Bugallal.

Presentouse ás primeiras eleccións da Restauración en 1876 e resultou elixido. No Congreso figurou como un deputado moi activo e traballador nas comisións, en particular na do ferrocarril Oviedo-Pravia, na da organización do Exército, na do Código penal marítimo, etc. Sen embargo interveu pouco nos debates e unicamente se pronunciou cando se trataba o tema dos ferrocarrís.

Na lexislatura de 1879 a 1881 tamén representou ó Carballiño. Non participou en debate ningún, pero seguiu a traballar eficazmente nas comisións, especialmente na do ferrocarril Mérida-Sevilla.

Novamente foi deputado pola Estrada na lexislatura de 1884, aínda que non accedeu ó Congreso ata 1885. Finalmente foi senador por Pontevedra no ano 1891.

Pola información aberta no ano 1891 para tomar posesión como senador, sabe-

mos que tiña importantes aforros, situados en títulos da Débeda Pública por valor de 191.000 pts. Non consta que tivese outras propiedades.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1884-1886	[Deputado desde 1885] Deputado polo distrito da Estrada	Pontevedra
Lexislatura 1891-1893	Senador pola provincia de Pontevedra	

### CAÑA GAMERO, Fortunato

Só representou a Galicia dous meses na lexislatura de 1872 a 1873. Nas eleccións do 24 de agosto de 1872 resultou elixido polo distrito da Pobra de Trives (Ourense) Alejandro González Olivares, que non chegou a tomar posesión. Nunhas novas eleccións parciais, resultou elixido Gaña Gamero. Tomou posesión o 25 de xaneiro de 1873 e foron disoltas as Cortes o 22 de marzo de 1873.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito da Pobra de Trives	Ourense
-----------------------	---	---------

### CARAMÉS GARCÍA, Domingo

Poucos e fragmentarios son os datos que temos sobre este deputado que xa no ano 1879, era o máis veterano do Congreso.

Foi militar e pediu a excedencia cando era coronel para dedicarse a diversos negocios, especialmente ós do ferrocarril. Foi conselleiro do ferrocarril do Noroeste.

Politicamente foi sempre moderado e xa na Restauración se fixo afonsino e militou no Partido Conservador.

Como deputado foi activo e traballador nas comisións, pero practicamente nunca fixo uso da palabra para debater algún punto ou facer algunha proposición.

Entrou por vez primeira no Congreso na lexislatura do ano 1863, representando o distrito de Betanzos, e só participou obrigatoriamente en dúas seccións ou comisións. O mesmo sucedeu na lexislatura de 1864.

Xa na lexislatura de 1876 a súa actividade en comisións foi constante. Formou parte das de Incompatibilidades, Deputados militares, Ferrocarril de Luchana (da que foi presidente), Foros, Código penal marítimo, Igrexa e Exército, Uniforme do Exército, Ferrocarril do Noroeste, Estado Maior e Venta de cuarteis do exército.

Na lexislatura de 1879, tamén mantivo unha intensa actividade. Preside as comisións de Foro do Exército, Estado Maior e Ferrocarril Betanzos-Ferrol.



Aínda que non se pronunciou verbalmente, sabemos que, nas grandes discusións para a redacción da Constitución de 1876, se aliñou co sector máis retrógrado e firmou unha emenda contra a liberdade de cultos en España.

Dende 1863 ata 1886 sempre estivo no Parlamento representando a Galicia agás en 1865, de 1869 a 1871, na primeira lexislatura de 1872 e de 1873 a 1876, do que se deduce que ou non se presentou ou non saíu elixido nas eleccións dos períodos revolucionarios.

Foi moi respectado no Congreso pola súa veteranía e pola súa discreción e laboriosidade. Case todos os deputados que se refiren a el o fan en termos laudatorios.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña
Lexislatura 1867-1868	Deputado da sección da Coruña	
Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña
Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña
Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Ortigueira	A Coruña
Lexislatura 1886-1887	Senador pola provincia da Coruña	

### CARBALLO COUSIDO, Daniel

A cidade da Coruña ergueu unha estatua a este deputado nun dos lugares máis nobres, nos xardíns de Méndez Núñez, obra do escultor Querol e soporte do arquitecto Mariño, que foi erixida en 1896 por subscripción popular e a iniciativa do Circo de Artesáns. A cidade estáballe agradecida pola súa eficaz xestión ante o Goberno.

Naceu na Coruña o 18 de marzo de 1824, fillo de Tomás Carballo e de Tomasa Cousido. Estudia Artes na Universidade de Santiago e inicia Leis en 1838, que non nos consta que rematase.

No ano 1846 solicitou da Universidade de Santiago ser avaliado para poder exercer de rexente de segunda clase nun instituto.

Axiña marchou a Madrid onde colaborou nos xornais *La Nación* (1850) e *El Fomento* e traballou no *Boletín Oficial do Ministerio de Comercio, Industria e Obras Públicas*, que se inicia en 1848.

En Madrid conectou coas novas xeracións máis politizadas, integrándose no progresismo político. Resultou elixido deputado en 1854 pola provincia da Coruña. Retornou ó Parlamento na lexislatura dos anos 1859 a 1863, xa vencellado á Unión

Liberal de O'Donnell, vencendo no distrito da Coruña a Juan Flórez, victoria para el amarga porque tivo que escoita-las recriminacións de varios deputados polo escándalo das eleccións na Coruña, onde gañou gracias ós manexos do gobernador Andrés de Castro.

Ante as dificultades de saír elixido pola Coruña, obtivo en 1865 o escano por Xinzo de Limia. Durante o Sexenio recupera a representación do distrito da Coruña entre 1869 e 1871.

A estancia en Madrid impediulle contar, coma outros deputados, cun distrito enfeudado, por iso tivo sempre que saír por aqueles distritos que lle proporcionaba o Goberno. Entre os anos 1871 e 1872 representou a Betanzos e máis tarde a Ortigueira. Morreu en Madrid o 14 de decembro de 1889.

Como deputado a penas destacou. Aínda que era persoa máis de comisións ca de tribuna, tampouco nos consta que nas comisións realizase un labor importante.

En cambio debeu ser Carballo unha persoa moi influente nos distintos ministerios e, sobre todo, leal cos seus representados. Ó pouco de morrer, aparece na revista cubana *La Tierra Gallega*, unha detallada relación dos seus servizos prestados a Galicia. Curros, que dirixía a publicación, quixo sen dúbida agradecerlle algo. O lector poderá atopala serie de beneficios que Carballo prestou a Noia (arranxo da igrexa parroquial), Ordes (casa-escola), Betanzos (instituto, biblioteca, arranxo de estradas), Ortigueira (peirao, estrada de Ferrol, parque de ostrasicultura), Oza (igrexa parroquial) e A Coruña (aprobación do proxecto e presuposto da casa do Concello, proxecto de abastecemento de augas, proxecto de peirao e embarcadoiro, creación do instituto, creación da escola normal, cuartel de Alfonso XII, edificio para o Gobernador, Hospital Militar, reembaldosado da praza de Santa Catalina, expropiación de dezasete casas para o ensanche).

Politicamente Carballo exerceu algúns cometidos, como os de secretario do Goberno Civil de Madrid, director xeral de Facenda e vocal da Xunta Consultiva de Aduanas do Ministerio de Facenda (1861).

Sabemos que en 1879 estaba á fronte dunhas minas de Río Tinto, é dicir, que á parte da política, sen dúbida colaborou co mundo empresarial. Na Restauración dise que conseguiu o título de marqués de Brabanzón. No ano 1884 resultou elixido senador pola Coruña, pero non chegou a tomar posesión.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1858-1863	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1865-1866	Deputado polo distrito de Xinzo	Ourense
Lexislatura 1869-1871	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña
Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito de Ortigueira	A Coruña
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Ortigueira	A Coruña

**CÁRDENAS URIARTE, José de**

Ilustre periodista e político, sen vinculación ningunha con Galicia, representou a Lugo nunha lexislatura porque así o decidiu o Goberno de Cánovas del Castillo, quizais porque carecían doutro distrito para situalo.

Naceu en Sevilla en 1846. Estudiu Leis e foi avogado. Deuse a coñecer como periodista, dirixindo a *Revista Contemporánea* e o xornal *El Tiempo*.

Afonsino e conservador, desempeñou na Administración do Estado distintos cargos: director xeral de Agricultura, director xeral de Instrucción Pública (1888), conselleiro de Instrucción Pública, gobernador civil de Madrid, e mesmo o de ministro de Agricultura e Obras Públicas do 16 de decembro de 1904 ata o 26 de xaneiro de 1905, un ministerio efémero.

Ben relacionado co mundo das finanzas e dos negocios, foi presidente do Consello de Administración da Compañía Arrendataria de Tabacos, membro da Cámara Agrícola de Madrid e director xerente do Canal de Isabel II.

Cando en 1882 foi elixido senador pola Sociedade Económica de Madrid, fixo constar no seu expediente de rendas que posuía 204.000 pts. situadas en depósito nun banco a un 4%, 188.000 noutro banco co mesmo xuro, 31.000 pts. situadas en débeda pública, 52.500 en billetes de Cuba e 40.000 de rendas en Sevilla. Era, por conseguinte, unha persoa rica.

Aínda que iniciou a súa vida política en Galicia en 1876, posteriormente representou moitos distritos. En 1879 saíu elixido polo distrito de Salas de los Infantes (Burgos), de 1884 a 1892 foi deputado por Almería, entre 1893 e 1895 polo distrito de Purchena (Almería) e novamente ocupou un escano por esta provincia de 1898 ata 1901.

Nos anos 1881 e 1882 e en 1901 e 1902, foi senador pola Sociedade Económica de Madrid e a partir de 1903 foi senador vitalicio. Unha vida política moi intensa.

Morreu en Madrid o 21 de abril de 1907.

Tocante á representación por Galicia, que só exerceu durante a lexislatura de 1876 a 1879, desempeñou o seu labor como deputado nas comisións de Presupostos, Escolas Agrícolas, da que foi secretario, Código Rural, Lei de Orde Pública, Aproveitamento Forestal, e a da filoxera, da que foi presidente.

A penas interveu nos debates e cando falou, foi sempre como membro dalgunha comisión. Por suposto, xamais se referiu a Galicia nas súas escasas intervencións.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1876-1879

Deputado polo distrito de Lugo

Lugo



## CARO Y DEL ARROYO, Joaquín (Conde de Peña Ramiro)

Foi un aristócrata implicado na alta política familiar, porque xa seu pai fora un destacado político e o seu cuñado Esteban Crespí de Valldaura, conde Castrillo y Orgaz, foi tamén deputado e senador.

Era fillo de Joaquín Caro Álvarez de Toledo, descendente, á súa vez, de Pedro Caro Salas e de Tomasa Álvarez de Toledo, marqueses de La Romana, duques de Montalto e grandes de España. Casara Joaquín Caro pai con María

Manuela Arroyo y Morte e deste matrimonio naceron polo menos dous fillos: o noso biografado e a súa irmá, que casou con Esteban Crespí de Valldaura.

Seu pai, por segundón, non puido herda-los títulos e por iso recuperou en 1871 o condado de Peña Ramiro, que tamén pertencía á familia pero que non estaba sendo utilizado. De aí que dende 1871 ata o ano 1911, ano en que morre, ostentase o título de conde de Peña Ramiro, que herdará seu fillo Caro y del Arroyo.

As propiedades familiares estaban situadas en Alicante, Zamora, Valencia de don Juan (León) e Madrid. Non consta que fosen propietarios en Galicia. Por iso resulta estraño que Caro del Arroyo conseguira o distrito de Becerreá, que mantivo durante bastantes lexislaturas. A única explicación que se nos ocorre é que, como seu pai exercía en vida un poderoso influxo electoral no distrito de Vilafranca do Bierzo, que representou en dúas ocasións e, dada a proximidade, é posible que influíse para que o seu fillo obtivese a representación por Becerreá.

Debeu nace-lo noso biografado en torno a 1879. Sabemos que cursou Leis na Universidade Central e que era persoa culta.

Militou sempre no Partido Conservador e a partir de 1919 na fracción de Dato.

Ocupou algúns cargos na Administración. Foi gobernador civil de Sevilla, director xeral de Belas Artes (1919) e subsecretario de Instrucción Pública (1921)

O único distrito que representou foi o de Becerreá.

### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Becerreá	Lugo
	(Cesou o 11 de xaneiro de 1909 sendo substituído por Antonio Goicoechea)	
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Becerreá	Lugo
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Becerreá	Lugo
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Becerreá	Lugo
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Becerreá	Lugo
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Becerreá	Lugo



**CARRASCOSA Y GABALDÓN, Pascual (Bispo de Ourense)**

Naceu en Quintanar del Rey, provincia de Cuenca o 28 de decembro de 1847.

Estudou no Seminario de Cuenca e posteriormente licenciouse en Canons en Teoloxía nos seminarios centrais de Valencia e Toledo. Foi ordenado de presbítero o 21 de decembro de 1872.

Foi nomeado profesor do Seminario de Cuenca. Acompañou, como secretario, a Valero y Nacarino, nomeado bispo de Tui. En 1882 o seu protector foi trasladado como bispo de Cuenca e Carrascosa o acompaña.

Elixido bispo de Ourense no ano 1895, tomou posesión da diocese no ano 1896. Manifestou sempre unha gran preocupación polos sacerdotes anciáns ou enfermos, fundando a primeira casa sacerdotal de Galicia.

Morreu en Xunqueira de Ambia (Ourense) o 15 de maio de 1904.

Representou á provincia eclesiástica de Santiago entre 1899 e 1901.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura de 1899-1901      Senador pola provincia eclesiástica de Santiago

**CARRERA, Policarpo**

Naceu en Santiago de Bararocelle (Abadín, Lugo). Estudou no Seminario de Mondoñedo desde 1823 a 1826. Incorporou os estudos de Humanidades á Universidade de Santiago, onde no curso de 1826 a 1827 estudou primeiro de Leis.

Pechada a Universidade en 1831, estudou nunha pasantía de Xínzo e en 1833 cursou cuarto de Leis e obtivo o grado de bacharel nesta facultade, na Universidade de Santiago. Esta é a derradeira información que aparece no arquivo da Universidade de Santiago.

Membro do Partido Progresista, en 1843 aparece formando parte da Xunta Provincial de Lugo, constituída para loitar contra Espartero. Logo aparece como importante inversor en bens desamortizados.

Obtivo a representación pola provincia de Lugo na lexislatura de 1854 a 1856.

En 1871 era alcalde da cidade de Mondoñedo e un ano despois, sempre no Sexenio revolucionario, aparece presidindo a Deputación de Lugo. É a derradeira información que temos de Policarpo Carrera.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1854-1856      Deputado pola provincia de Lugo

**CARRETERO SÁNCHEZ, Tomás**

Apenas exerceu algúns meses como deputado por Galicia, pero a súa apaixonada vida política merece que lle dediquemos un espacio. Ademais é absolutamente descoñecido en Galicia ou polo menos non aparece nos máis importantes repertorios biográficos.

Naceu en Santiago o 8 de abril de 1824. Iniciou os estudos na universidade, que non rematou por circunstancias familiares, como din algúns biógrafos ou sinxelamente por *falta de afición*, como din outros.

Tiña, polo menos, dous irmáns: Urbano, que foi pintor, e Camilo, republicano e activista que morreu nunha barricada nos sucesos de 1848 en Madrid.

Tomás chegou a Madrid ós 20 anos e participou, desde o primeiro momento, das inxedanzas políticas de Camilo. Desapareceu de Madrid e marchou a América, concretamente a Cuba e a Estados Unidos, onde parece ser que se dedicou á representación comercial. Retornado a España e xa formando parte do Partido Demócrata, antecedente do Partido Republicano, viaxou por Inglaterra, Rusia, Suíza e Alemaña. Mentres os seus correligionarios dicían que Carretero estaba estudando os movementos sociais destes países, algún biógrafo alude a que seguía exercendo de representante industrial e comercial e mesmo afirmaban algúns dos seus inimigos políticos, que estaba "en intelixencia secreta con una importante compañía religiosa", en clara referencia á Compañía de Xesús. O que non nos din é en qué puido servir Carretero á Compañía.

Participou na conxura que derrocou a Isabel II en 1868, sendo un dos membros da Xunta Revolucionaria constituída en Madrid.

Iso explica que figurase nas listas de Galicia e que en 1869 fose elixido polo distrito de Xinzo de Limia onde era un absoluto descoñecido.

No Congreso formou parte das comisións de Sal e Tabaco, do Ferrocarril compostelán e doutras menores, nas que a penas participou e case nunca falou. O 17 de decembro de 1869 comunicoulle ás Cortes que o Goberno o designara administrador da Aduana da Habana e que por iso renunciaba ó escano. Substituíuno Alejandro González Olivares en 1870.

O seu republicanismo do ano 1869 foise temperando cos anos. Segovia, no seu libro *Figuras y Figurones*, pon de manifesto o seu carácter díscolo e enredante, resultado quizais dun excesivo afán de protagonismo. Serviu á democracia e á revolución pero tamén se beneficiou dela.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Legislatura 1869-1871

Deputado polo distrito de Xinzo de Limia

Ourense

**CASAL RODRÍGUEZ, José**

Natural de Monforte, cidade da que foi alcalde en 1842. Era avogado con fama consolidada.

Formou parte do progresismo lucense e tivo unha destacada actuación no período comprendido entre 1840 e 1846, ademais de desempeñar un importante labor na Deputación Provincial en 1843. Cando neste ano se constitúe a Xunta Central de Galicia na cidade de Lugo, Casal foi o primeiro secretario interino da mesma, ata a posterior elección en que foi nomeado Hipólito Otero.

Representou en dúas ocasións a Galicia. A primeira foi no Bienio Progresista (1854-1856) cando a flor e nata do progresismo lucense está presente e gaña as eleccións.

Mantívose retirado da vida parlamentaria ata a lexislatura de 1871 a 1872 en que sae elixido senador pola provincia de Lugo. Os cidadáns de Monforte sempre lembrarán a súa intermediación en 1871 cando conseguiu que o colexio de Monforte tivese o dereito a expedir títulos de bacharelato.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1854-1856

Deputado pola provincia de Lugo

Lexislatura 1871-1872

Senador pola provincia de Lugo

**CASARES GIL, José**

Foi un exemplo moi claro da endogamia universitaria compostelá. Naceu en Santiago o 10 de marzo de 1866. Era fillo do catedrático Antonio Casares e súa nai debeu ser irmá dos catedráticos Gil Villanueva. Tamén era cuñado dos Armada e tío de Gil Casares (véx.).

Estudou Farmacia e Ciencias. Alumno moi destacado, non lle resultou difícil obte-la cátedra de Técnica Física e Análisis Químicos na Universidade de Barcelona. Posteriormente trasladouse a Madrid onde desempeñou o seu traballo académico.

Ampliou os estudos en Europa e foi un apaixonado defensor das investigacións feitas en Europa, especialmente en Alemaña. Convidaba de cotío os seus mellores alumnos para que ampliasen os estudos fóra de España.

Seguindo o ronsel do seu avó Antonio Casares, os seus primeiros traballos foron sobre o estudo das augas, *Análisis químico de las aguas minero-medicinales de Lugo* (Lugo 1894), *Análisis de las aguas minerales de La Toja* (Barcelona 1905). Os seus tratados foron estudados nas universidades de toda España, *Química Mineral*, *Análisis Químicos*, *Tratado de Análisis Químico* (dous tomos), etc.



Non por iso desprezou a vida política. Vencellado ó Partido Liberal e máis especificamente ó monterismo, foi a baza que os monteristas do claustro xogaron para impedir que a representación da Universidade no Senado estivese copada polo Partido Conservador, representado por Hinojosa.

Resultou elixido no ano 1905, aproveitando que Hinojosa pensaba retirarse momentaneamente da política. Dende 1910 e ata 1920 representou permanentemente a Universidade de Santiago.

Participou menos na vida política máis activa, aínda que foi conselleiro de Instrucción Pública.

Como senador por esta universidade, participou de 1905 a 1907 nas comisións de Validez dos títulos académicos no estranxeiro, defendeu a prohibición do uso de explosivos para a pesca e pronunciou un importante discurso sobre o orzamento do Ministerio de Instrucción Pública.

Na lexislatura de 1910 formou parte das comisións de Propiedade literaria, Estradas de Galicia, Gracias e Pensións e da de Corrección de estilo, entre outras.

Na lexislatura de 1914 apoiou a construción da casa de Correos e Telégrafos de Santiago e apoiou a necesidade dun novo réxime pedagóxico para as carreiras de Filosofía e Letras e de Ciencias.

Na lexislatura de 1918 formou parte da comisión de Instrucción Pública e apoiou a cesión do ex-convento de Santo Domingo ó concello de Lugo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1905-1907	Senador pola Universidade de Santiago
Lexislatura 1910-1914	Senador pola Universidade de Santiago
Lexislatura 1916-1917	Senador pola Universidade de Santiago
Lexislatura 1918-1919	Senador pola Universidade de Santiago
Lexislatura 1919-1920	Senador pola Universidade de Santiago

### CASAS COUTO, Carlos de

Natural de Ribadeo e rico propietario ou facendado, militante do partido liberal, non atopou moitas posibilidades para conquistar un escano mentres exerceron o seu liderado os conservadores Quiroga López Ballesteros, líder dos liberais lucenses, e o conde de Pallares. Na medida en que as forzas destes dous líderes se foron desgastando e perdendo influencia, por conseguinte, na elaboración dos *encasillados* provinciais, foron asomando outros candidatos que ata este momento a penas contaran.

Tal é o caso do noso deputado, que non obtivo a representación ata a lexislatura de 1905.

Ó cabo de moitos anos, Casas Couto volveu ser elixido deputado nas elec-



cións de 1923.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Lugo	
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo

### CASPE RODRÍGUEZ, Fernando

Só sabemos que era funcionario do Ministerio de Facenda. En 1861 era vocal da Xunta Consultiva de Facenda, en Madrid.

Resultou elixido na lexislatura de 1867 a 1868. Asistiu polo menos a algunhas sesións, pero non formou parte de comisión ningunha nin tomou a palabra en ningunha ocasión.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1867-1868	Deputado pola sección de Pontevedra
-----------------------	-------------------------------------

### CASTRO BOLAÑO, José María

O ilustre xurisconsulto galego que está agardando unha biografía, a penas atopará espacio nesta obra pola sinxela razón de que aínda que saíu elixido deputado por Lugo nas eleccións de 1837, non chegou a tomar posesión do escano.

Naceu en San Salvador de Ladra (Vilalba) o 30 de outubro de 1803, pero viviu desde pequeno en Viveiro onde estudiou Latinidade co crego e gran latinista Pantoja, tamén profesor de Pastor Díaz e Cociña.

Na Universidade compostelá estudiou Filosofía e Dereito, e licenciouse en Leis en 1826.

Casou con Amalia Pita Lamas e máis adiante decidiu trasladalo seu acreditado bufete de Viveiro a Lugo por mor da educación dos fillos.

Politicamente foi sempre un liberal moderado que, como escribe o seu sobriño Parga Sanjurjo, *tenía en la cabeza la monarquía y en el corazón la democracia*. Durante a súa estancia en Viveiro colaborou na consolidación do liberalismo fronte ó carlismo e foi elixido comandante accidental da Milicia Nacional daquela vila e alcalde en 1840. No ano 1837, como dixemos, foi elixido deputado a Cortes pola provincia de Lugo, pero non chegou a tomar posesión.

Xa en Lugo adoptou posicionamentos políticos máis conservadores. A pesar das presións exercidas polo seu amigo Pastor Díaz, que lamentaba que un intelectual da súa talla non fose coñecido nin prestase servicios ó Estado, decidiu permanecer nesta cidade exercendo como acreditado avogado, como ilustre xurisconsulto (os seus artigos e o libro sobre *El Foro* o consagraron como o máximo experto de Galicia na cues-

ción foral) e como profesor de instituto.

A morte da súa dona e de tres dos seus seis fillos convertérono nunha persoa triste e resignada. Rexeitou reiteradamente as propostas de que se presentase ás eleccións por Vilalba, xa que contaba absolutas garantías de éxito. Morreu o 17 de febreiro de 1876.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1837-1838      Deputado pola provincia de Lugo (Non tomou posesión)



#### CASTRO CASAL, Alejandro de

É a súa unha intensa biografía política que dificilmente cabe no espazo que lle podemos dedicar.

Naceu o 23 de abril de 1812 na cidade da Coruña, onde seu pai, o capitán de navío Juan de Diego de Castro, exercía como director da Fábrica Nacional de Tabacos. Súa nai era María del Carmen Casal.

Tivo polo menos dous irmáns, Alejandro e Luís, este tamén mariño e capitán xeneral do Departamento de Ferrol.

Casou con María de la Concepción Álvarez Lorenzana, irmá do marqués de Vilagarcía.

Como seu pai, ingresou na Escola de Gardamariñas de Cádiz, pero posteriormente deixou a carreira militar.

Rematada a carreira de Dereito ingresou no Ministerio de Facenda nun posto secundario. Pouco a pouco, e ó vaivén dos cambios políticos, o noso protagonista foi ascendendo na burocracia administrativa.

Militou politicamente no moderantismo e foi por iso polo que foi ascendido nos períodos de predominio moderado e destituído cando gobernaban os progresistas, como en 1843. Nese ano prepárase en Galicia unha conxura para levanta-lo exército contra Espartero. Detido algún tempo, foille sobresida a causa. Erixido Narváez líder do Partido Moderado, Alejandro Castro permaneceu sempre á súa sombra como un dos máis destacados líderes da cúpula do partido.

En 1848 foi nomeado gobernador de Valencia. En 1852, perseguido por Sartorius fuxiu a Francia, pero ós poucos meses retornou a Madrid e foi designado gobernador de Madrid e logo director xeral de Rendas. O Bienio Progresista (1854-1856) deixouno fóra do xogo político, aínda que permaneceu como deputado. Retornou novamente coa caída do progresismo e en 1857 foi nomeado embaixador de España en Cerdeña.

Con Arrazola de presidente do Consello de Ministros foi ministro de Ultramar do 17 de xaneiro de 1864 ata o 1 de marzo de 1864. Xa con Narváez como presidente do Consello de Ministros foi ministro de Facenda desde 1864 a 1865.

Novamente con Narváez foi ministro de Ultramar e logo de Estado entre 1866 e 1867.

Coa Revolución, e xa morto Narváez, retirouse da política activa e traballou en favor da Restauración. Nesa época afiliouse ó Partido Conservador e con Cánovas como presidente do Consello de Ministros, volveu ser ministro de Estado do 21 de decembro de 1874 ata o 12 de setembro de 1875.

Con anterioridade, en 1867, foi designado embaixador ante o Vaticano. O seu carácter duro e pouco dúctil, a súa manía de definir con trazos pouco gratos e ás veces ferintes ós personaxes do Vaticano (consta que desde Roma enviaba unha especie de partes ó ministerio nos que salería a distintas altas personalidades vaticanas, o que chegou a oídos da Raíña que se sentiu molesta e mesmo indignada) explican que, como escribiu o Nuncio Franchi á Antonelli, secretario de Estado, a súa renuncia á embaixada non supuxese ningunha desgracia porque o seu carácter "superficial y ligero ha perjudicado a las relaciones existentes entre el Gobierno y la Santa Sede".

Como deputado temos que dicir que se enfeudou no distrito de Caldas de Reis, que lle foi absolutamente fiel desde 1850, ano no que foi elixido por vez primeira, ata 1865.

Foi un deputado laborioso cando as súas ocupacións gobernativas ou como embaixador lle permitían asistir ó Congreso, do que tamén foi presidente. O seu carácter ferinte e ás veces destemperado provocou nas Cortes, especialmente cando exerceu de presidente, algúns conflitos serios coma no ano 1867, a raíz dunha estridente polémica con Constantino de Ardanaz.

Desde 1867 ocupou un escano no senado, primeiro como representante de Pontevedra e desde 1877, como vitalicio.

Morreu en Zarauz en 1881. Levaba un ano impedido en cadeira de rodas.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Caldas de Reis	Pontevedra
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Caldas de Reis	Pontevedra
Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Caldas de Reis	Pontevedra
Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Caldas de Reis	Pontevedra
Lexislatura 1858-1862	Deputado polo distrito de Caldas de Reis	Pontevedra
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Caldas de Reis	Pontevedra
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Caldas de Reis	Pontevedra
Lexislatura 1867-1868	Senador por Pontevedra	
Lexislatura 1876-1877	Senador por Pontevedra	

**CASTRO LAMAS, Joaquín María Eugenio**

Debeu nacer no pazo de Castro de Samoedo (Osedo, Betanzos) en torno ó ano 1800. Era fillo de Joaquín María de Castro Patiño y Luaces e de María Josefa Lamas de la Torre. Procedía da fidalguía galega, da casa de Castro de Samoedo polo pai, e da casa de Quintalonga pola nai. Era fillo segundón porque o herdeiro foi o seu irmán Bernardo de Castro Luaces Lamas.

Entre 1813 e 1815 estudou como cadete no Colexio Militar de Santiago, onde obtivo as mellores cualificacións e foi condecorado con "el ojal de distinción".

Decidiu no ano 1820 deixa-la carreira militar e solicitou a convalidación dos estudos realizados para iniciar Leis. Debeu remata-la carreira en 1823 porque consta que ó ano seguinte, solicitou da Universidade de Santiago a revalidación do título de licenciado en Leis "obtenido durante aquela fatal época", pois con esas palabras define o período do Trienio.

Pertenceu ó Colexio de Avogados da Coruña e tivo bufete aberto. Simultaneaba o exercicio da avogacía co traballo na Asesoría da Intendencia Militar da Coruña.

Posteriormente entrou no ramo da xustiza. En 1838 era xa maxistrado da Audiencia da Coruña, en 1843 da de Valencia, en 1850 é presidente da Sala Primeira da Audiencia da Coruña e en 1854, presidente da Sala Terceira da Audiencia de Zaragoza.

Perdémolle a pista ata 1857, ano en que o atopamos como vocal supernumerario da Deputación Provincial da Coruña e membro honorario da Xunta Suprema de Guerra e Mariña.

Desde o punto de vista político tivo escasa proxección. Figura ocasionalmente asinando algún manifesto, como o do 6 de novembro de 1840 contra Espartero, o que significa que militou no moderantismo.

Foi deputado só en tres ocasións, entre 1839 e 1840 pola provincia de Ourense e pola Coruña entre 1844 e 1846. Neses períodos non nos consta que interviñese en ningunha ocasión, aínda que si que formou parte das comisións de Presupostos, Casos de reelección, Resposta ó discurso á Coroa (1844), etc.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia de Ourense
Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia de Ourense
Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia da Coruña

**CASTRO LAVANDEIRA, Vicente de**

Avogado da cidade de Santiago. En 1810 foi elixido para representa-la provincia de Santiago nas Cortes de Cádiz. Carecemos de datos persoais e unicamente podemos ofrece-la súa actuación en Cortes.



Xurou o seu cargo o 10 de setembro de 1810. Na famosa sesión do 14 de outubro de 1810, cando se ten que discuti-lo Proxecto de lei de liberdade de prensa, debate que en certa maneira sitúa a cada deputado nun determinado bloque ideolóxico, o noso biografado vota contra a liberdade, amosando desta maneira a súa integración no bloque absolutista.

O 18 de marzo de 1812 non xura a Constitución porque se atopaba en Galicia curando a xordeira que padecía. O 31 de marzo de 1812 escribiu desde Cuntis, onde di estar, solicitando a ampliación da licencia por seis meses. O 25 de xullo de 1812 escribiu novamente ó Congreso, que reclamaba con urxencia a súa presenza, demostrando cun certificado médico que segue a curarse.

O 10 de febreiro de 1813 recibíuse unha nova carta del dende Galicia, anunciando que non pode reincorporarse. Por iso non firma a derradeira acta de peche da lexislatura.

Realmente foi un dos deputados que menos participou nas Cortes.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1810-1813      Deputado pola provincia de Santiago

### CAVALCANTI DE ALBUQUERQUE Y PADIerna, José (Marqués de Cavalcanti)

Militar nacido en Cuba o 1 de decembro de 1871 e xenro de Emilia Pardo Bazán, pois casou con Blanca Quiroga Pardo Bazán, da que non tivo descendencia. Foi deputado por Betanzos nunha ocasión pero a penas tivo relevancia o seu labor político.

Estudou na Academia Militar desde 1888 ata 1892, en que termina de alférez. No ano 1895 foi destinado a Cuba onde pasou a maior parte da guerra. Retornou a España en 1898 como comandante e con algunhas condecoracións. En 1904 foi nomeado agregado militar na Embaixada de España en Roma.

En 1909, xa como tenente coronel, foi destinado a Melilla onde participou en diversas batallas. Alí contaxiouse do espírito africanista da oficialidade española, caracterizado por un fondo resentimento pola perda de Cuba, Filipinas e Porto Rico e por unha radical desconfianza do sistema político vixente.

En África ascendeu a coronel e recibiu a Laureada de San Fernando pola batalla de Taxdirt.

Máis adiante foi un dos xenerais procesados polo fracaso da campaña contra Abd-el Krim, proceso que se resolveu satisfactoriamente para a súa folia de servizos. Dous telegramas que se conservan no Arquivo da Real Academia Galega testemuñan os



seus apoios naqueles difíciles momentos. Un deles era do Rei e o outro era dun xove oficial chamado Francisco Franco.

Ascendeu a tenente xeneral unha vez que foi depurada a súa conducta en África.

O parentesco cos Quiroga Pardo Bazán, posiblemente lle facilitou a participación ocasional na vida política. Nas eleccións do ano 1914 resultou elixido polo distrito de Betanzos Pedro de Miranda e Cárcer, quen presentou a dimisión. Abriuse logo unha segunda elección parcial na que Cavalcanti resultou elixido por Betanzos nuns comicios difíciles e que foron impugnados. Tivo, pois, a ocasión de defende-la súa acta en 1915 manifestando certa soltura na defensa. Tomou posesión da acta o 2 de febreiro de 1915.

Militar por encima de todo, Cavalcanti non debeu quedar moi ben impresionado polo seu paso polo Congreso, porque non volveu presentarse.

Reapareceu politicamente no ano 1923, acompañando a Primo de Rivera no golpe de Estado. Daquela era xefe do cuarto militar do rei Alfonso XIII, e foi designado vicepresidente do Primeiro Directorio Militar.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1914-1915

Deputado polo distrito de Betanzos

A Coruña



#### CEA NAHARRO, Eduardo

Naceu o 9 de outubro de 1843. Era fillo de Manuel de Cea Gándara, natural de Allariz e veciño de Vigo, e de Francisca Naharro Párraga. Fidalgos por tódolos costados.

Herdou Eduardo Cea unha importante fortuna: A casa pazo de Talleiro na Limia (Ourense), o pazo da Torre de Cuadrado en Nigrán (Pontevedra) e rendas nos concellos de Barro, Bouzas, Caldas, Cuntis, Cerdedo, Gondomar, O Grove, Marín, Moraña, Nigrán, na cidade de Pontevedra, Portas, Poio, Ribadumia e Vilaboa. Tamén en Abadín, Vilanova de Lourenzá, Foz e Mondoñedo, cidade na que tamén tiñan casa importante con capela no interior, que foi onde casou con Joaquina Varela de Luaces, de Santiago de Compostela. A muller, entre outras propiedades, aportou no seu dote a finca e casona de Paradela (Pontevedra).

Estudou Dereito e foi avogado, pero nunca exerceu a súa profesión.

Militou no Partido Conservador e era unha persoa moi católica. El e a muller viviron no pazo dos seus antepasados, no chamado Pazo do Barón de Casa Goda, en Pontevedra.

Tivo unha longa experiencia na política provincial xa que foi deputado nos anos

1874, 1876, 1877 e 1880, sempre na Deputación Provincial de Pontevedra.

Foi elixido deputado polo distrito de Mondoñedo para a lexislatura de 1896 a 1898 e senador pola provincia de Pontevedra para a de 1901 a 1902. Nas Cortes nunca pronunciou importantes discursos, pero si traballou en comisións, especialmente na de estradas provinciais e na comisión para fixa-lo exército permanente.

Era mestrante de Sevilla.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1901-1902	Senador pola provincia de Pontevedra	

### CIRIA VINENT GAUNA Y GOLA, Manuel (Marqués de Cervera)

Pertencía a unha alta familia aristocrática na que se acumularan os títulos de marqués de Cervera, marqués de Villaitre, conde de Valdeparaíso e marquesado de Añavete.

Non sabemos qué estraño atractivo tiña o distrito de Ordes para a alta aristocracia porque o seguinte deputado, na lexislatura entre 1872 e 1873, foi o grande de España de primeira clase, Juan de Dios Bermuy y Coca, marqués de Benamejí.

O noso protagonista en realidade pouco máis fixo ca tomar posesión porque aquelas Cortes só estiveron abertas mes e medio.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872 (2ª)	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
-----------------------	---------------------------------	----------

### CISNEROS NUEVAS, Enrique de

Naceu en Sevilla en 1826. Era fillo de José Cisneros Lanuza, coronel retirado, e de María Manuela Nuevas. Estudou Dereito na Universidade de Sevilla, que concluíu en 1848.

Colaborou en moitos xornais andaluces, como *El Sevillano*, *El Independiente*, *El Diario de Sevilla*, *El Vergel*, etc.

Casou en 1849 con María Díaz de Zembrera e decidiu trasladarse a Madrid para dedicarse ó teatro. Dérase a coñecer en Sevilla coa obra dramática *El Alcázar de Sevilla*.

En Madrid, sen renunciar á gloria literaria que parece ser que lle foi esquiva, iniciou a súa colaboración política á sombra de O'Donnell.



Colaborou nos xornais *El Criterio* e *El Norte Español* e dirixiu *La Unión Liberal*, órgano deste partido (1854).

En 1858 e sempre dentro da Unión Liberal, foi nomeado gobernador de Cidade Real; en 1863, de Palencia; máis tarde de Córdoba; en 1864 de Alacant e despois de Cádiz.

En 1866 vinculouse ó movemento que preparaba o golpe de Estado que acabaría co reino de Isabel II. Intermediario entre os conxurados da Península e os do exilio, visitou varias veces Francia e Portugal neses anos.

Victorioso o levantamento de 1868, foi designado xefe de sección do Ministerio de Ultramar.

En 1869 saíu elixido deputado por Cidade Real e, novamente polo mesmo distrito, na lexislatura de 1876. En 1879 foi elixido deputado por Porto Rico.

Tamén foi membro do Consello de Estado en 1880, 1881 e 1884. Ademais desempeñou o cargo de director xeral de Gracia e Xustiza do Ministerio de Ultramar (1881). Morreu en Madrid o 25 de decembro de 1898.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1894-1896      Senador pola provincia de Lugo (Tomou posesión en 1895)



#### COBIÁN ROFFIGNAC, Eduardo

Foi un dos grandes políticos galegos da Restauración.

Naceu en Pontevedra o 20 de marzo de 1857. Era fillo de Eduardo Cobián e de Soledad Roffignac Flórez. Por liña materna procedía dunha familia de orixe francesa, a dos Roffignac, e polos García Flórez, da burguesía. Eran de clase media pois non consta que os seus pais dispuxesen de fortuna.

Estudou Dereito na Universidade de Santiago e decidiu marchar a Madrid, onde abriu bufete que de seguida conseguiu un extraordinario prestixio, ata o punto de que foi un dos avogados da Casa Real no preito que os irmáns Sanz mantiveron contra ela. Interveu moi directamente no asunto da illa de Cortegada (Carril, Pontevedra), que a elite política e financeira pontevedresa lle regalara a Alfonso XIII co propósito de levantar alí unha mansión para pasa-los veráns a familia real, obxectivo que se desbaratou porque a raíña Victoria optou por veranear no norte de España. Cobián quedou nunha situación pouco airosa e decidiu presenta-la dimisión como avogado da Casa Real.

Aínda non cumprira 30 anos cando iniciou a súa andaina parlamentaria.



Asociándose ós Bugallal puido entrar no distrito de Xinzo, que enfeudou. Sen embargo o primeiro distrito representado, en 1886, foi o da Caniza. Á partir de 1893 xa representou a Xinzo con escasas interrupcións.

A fama que en Madrid tiña o seu bufete ademais do apoio real, explican o seu éxito político. O 20 de xullo de 1903, Fernández Villaverde, outro ilustre galego, presidente do Consello de Ministros e encargado de formar goberno, noméao ministro de Mariña, nun executivo no que estaban cinco galegos (F. Villaverde, González Besada, Gasset, Bugallal e Cobián), cargo que exerce só ata o 5 de decembro de 1903. O 27 de xaneiro de 1905 Fernández Villaverde desígnao novamente ministro de Mariña, nesta ocasión ata o 23 de xuño de 1905.

Cobián, que militara sempre no Partido Conservador, pasa ó liberal, na fracción *canalejista*. Por iso o 9 de febreiro de 1910 foi designado por Canalejas ministro de Facenda, pero renunciou ó ministerio ó enfrontarse a Canalejas polo tema da chamada *lei do candado*.

Volveu militar no Partido Conservador e logo figurou na fracción maurista. Foi vicepresidente do Congreso en 1903, e gobernador do Banco de España.

Como orador era claro, preciso e moi contundente, aínda que carecía de elocuencia. Como deputado non tivo reparos en provocar dimisións ou el mesmo dimitir para facer oco a amigos ou familiares. Tiña por costume presentarse por máis dun distrito para logo xogar cos escanos en favor dos seus. Así, por exemplo, nas eleccións de 1901, Álvaro López Mora arrebatoulle o escano de Xinzo. Cobián resistiuse e logrou que a acta fose declarada nula para logo, nunha elección parcial, volver recupera-lo distrito de Xinzo que consideraba seu.

En 1910 obtivo a representación por Tenerife e por Xinzo. Quedouse con Tenerife para situar en Xinzo o seu protexido Barber Sánchez. Sen embargo, querendo representar un distrito galego, forzou a dimisión de seu fillo Juan José Cobián, deputado por Valdeorras, para nunha elección parcial facerse co distrito de Valdeorras.

Morreu en Madrid o 20 de abril de 1918.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1886-1891	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito de Xinzo	Ourense
Lexislatura 1898-1899	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1899-1901	Senador pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Xinzo (tomou posesión o 6 de febreiro de 1902)	Ourense
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Xinzo	Ourense
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Xinzo	Ourense
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Xinzo	Ourense
Lexislatura 1910-1914	Deputado por Valdeorras (Toma posesión o 22 de xuño de 1911)	Ourense
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Xinzo	Ourense
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Xinzo	Ourense



### == COBIÁN Y FERNÁNDEZ DE CÓRDOBA, Juan José

Eduardo Cobián Roffignac tivo dous fillos polo menos, que tamén foron deputados. Eduardo, o maior, avogado e interventor do Estado, tiña ambicións políticas. Foi deputado por Xetafe, onde nacera, e pola provincia de Zamora. O golpe de Estado de 1923 trincou a súa carreira.

Doutro carácter tivo que ser Juan José Cobián, o outro fillo, que debeu nacer en Xetafe en 1884. Aínda que era tamén avogado e interventor do Estado nas Compañías ferroviarias, gustaba máis dos estudos científicos e das viaxes ca da política. Por iso só unha vez foi deputado e seguramente sen gran entusiasmo e para cubrirille as costas a seu pai.

Nas eleccións de 1910, o pai situou no seu feudo de Xinzo a un amigo, Barber Sánchez, que era pasante do seu despacho e xefe do seu negociado. Saiu por Tenerife pero, como pretendía ser deputado por Galicia, obrigou o fillo Juan José a que dimitise para pasar el ó distrito de Valdeorras.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura	1910-1914	Deputado polo distrito de Valdeorras	Ourense
(Renunciou o 2 de xuño de 1911)			



### == COCIÑA VIZOSO, Vicente Manuel

Formou parte daquela extraordinaria xeración universitaria de 1846, con Faraldo, Neira de Mosquera, Romero Ortiz, F. Añón, os irmáns Rúa Figueroa, etc. Unha xeración liberal, aberta ós ventos da cultura europea, fundamente romántica e quizais por todo iso a primeira xeración galeguista da nosa historia.

Naceu en Celeiro (Viveiro, Lugo) o 13 de febreiro de 1818, fillo de Manuel Cociña, mariño civil, e de Vicenta Vizoso. A morte de seu pai cando era aínda un rapaz significou un importante trastorno económico para unha familia que poderíamos tipificar como de clase media.

Estudou no Colexio Insigne de Viveiro e posteriormente pasou a estudar Dereito na Universidade de Santiago.

A intensa vida cultural daquela Compostela atraeuno con gran forza. Mergullose nela colaborando en xornais. Publicou o libriño *Lecciones críticas de la Historia del Derecho Romano y Español* (1841), obra moi buscada, non tanto polo interese do que nela se di, que é escaso, como por tratarse dunha xoia bibliográfica pola súa rareza. Foi presidente da Academia Literaria de Santiago, institución na que esta xeración se

formou e debateu os temas máis importantes do momento.

Cociña era liberal, mesmo progresista, pero non radical. Iso o separaba de Faraldo, Romero Ortiz e outros compañeiros de xeración. Ponse isto de manifesto no xornal *El Centinela de Galicia*, que fundou e dirixiu entre 1843 e 1844 na Coruña con Tiburcio Faraldo o irmán de Antolín, xulgado por algúns como moderado, afirmación que non se sostén lendo os seus artigos.

Posteriormente pasou a Madrid, o destino de tódolos mozos provincianos con ansias de medrar na vida cultural e política, sobre todo cando fracasou no seu intento de saír deputado pola Coruña e por Lugo nas eleccións de 1844.

Xa en Madrid, fundou o xornal *El Oriente*. Foi o momento máis comprometido na súa vida literaria e política. Para oporse á política de prensa do Goberno de Sartorius, convocou os directores dos xornais máis importantes de Madrid para facer unha fronte común contra o Goberno. O 28 de decembro de 1853 asinaron un manifesto os directores de *El Clamor Público*, *La Época*, *Las Novedades*, *La Nación*, que dirixía o galego Rúa Figueroa, *El Tribuno*, *Diario Español* e *El Oriente*. Acordaron, con toda intención e para advertir xa non ó Goberno senón á Coroa, da-la noticia do parto da raíña nun lugar secundario dos seus xornais e sen ningunha felicitación.

En febreiro de 1854, o brigadier Hore, Ruiz Pons e os irmáns Artales lideran un levantamento en Zaragoza, adiantándose ó levantamento que Espartero tiña xa preparado. Fracasa o levantamento de Zaragoza, pero as represalias do Goberno chegan a perseguir tanto a Tiburcio Faraldo como a Cociña, que saen de Madrid. Iso explica a súa morte o 29 de abril de 1854 en Córdoba. Morreu Cociña cando a gloria empezaba a recoñecelo.

Obtivo a súa primeira representación en Cortes nas eleccións de 1850 e a segunda, por Viveiro, nas de 1853. Trelles, a pesar das reclamacións presentadas polo seu adversario Antonio Coira, resultou confirmado no escano o 15 de marzo de 1853. Renunciou Trelles e saíu elixido Cociña, pero, se temos en conta que o 10 de decembro de 1853 se suspenden as sesións, xa se comprende que Cociña non formase parte de ningunha comisión.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Viveiro (só desde o 26 de novembro de 1853)	Lugo

### COGHEN, Juan Antonio

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Allariz	Ourense
Lexislatura 1865-1866	Deputado pola sección de Ourense	

**COIRA ARES, Antonio María**

Fillo do escribán Manuel Coira Fernández e de Liberata Ares Montenegro, naceu en Viveiro en 1806.

Estudou no Convento de Santo Domingo de Viveiro e máis tarde incorporou estes estudos á Universidade, onde estudou Dereito. Licenciouse en Leis en 1833 e o 9 de novembro de 1834 obtén o doutorado.

Entre 1833 e 1843 tivo bufete aberto de avogado na cidade da Coruña. Posteriormente ingresou no corpo xudicial como maxistrado da Audiencia de Oviedo. Os maxistrados non estaban menos expostos cós demais ás presións e circunstancias políticas. Sabemos, pois, que en 1849 o ministro de Xustiza Lorenzo Arrazola o destituíu. Retomou ó exercicio da avogacía na cidade da Coruña. En 1851 era decano do Colexio de Avogados da cidade.

Cando mudaron as circunstancias retornou novamente á maxistratura xa que o ano 1857 estaba de primeiro maxistrado da Sala Segunda da Audiencia de Pamplona, e continuaba no mesmo posto en 1861, pero xa na Sala Primeira.

Persoa de talante moi conservador, logrou ser elixido por vez primeira nas segundas eleccións de 1843, as que aparecen xa controladas polo Partido Moderado. Sen embargo aquela lexislatura foi tan curta (ábrese o 15 de outubro de 1843 e péchase o 27 de decembro de 1843) que cremos que Coira non chegou a tomar posesión do escano. Na segunda elección de 1844 obtivo o escano pola provincia da Coruña e tamén pola de Lugo pero optou pola primeira.

Novamente saíu elixido en 1846 polo distrito de Viveiro, e proseguíu no mesmo na lexislatura de 1850 a 1851. Nas eleccións de 1853, Coira denuncia, con outros oitenta e dous electores, as irregularidades e trampas cometidas, denuncia que foi estimada pero xulgada insuficiente pola Comisión de Actas como para anula-la acta.

Como deputado foi laborioso, moi preciso nas cuestións xurídicas e brillante defensor dos dereitos do clero. Tivo unha notable participación nos traballos das comisións (pertenceu ás de Represión de vagos, Devolución dos bens ó clero, Peticións, Presupostos, Estradas, Lei electoral, Casos de reelección, etc.), defendeu con autoridade en importantes discursos a restitución das ordes relixiosas (13 de xaneiro de 1846), debateu sobre a Lei electoral (4 de febreiro de 1846), sobre presupostos (17 de xaneiro de 1850) e sobre a dotación das ordes relixiosas (25 de xaneiro de 1845).

O 6 de febreiro de 1845 foi o encargado de defender unha emenda presentada por varios deputados galegos sobre o tema da escravitude. Propuxo que a nova lei sobre tráfico de negros (prohibindo o tráfico) non lles afectase ós propietarios de negros nas illas de América e que non se prohibise a inmigración voluntaria de colonos africanos ás Antillas españolas porque as autoridades e empresarios da Habana aseguraban que non se podía garanti-la man de obra pola sinxela reprodución vexetativa. Curiosamente os mesmos que asinaron esta emenda foron os que con maior empeño defendían en nome da liberdade a devolución dos bens ó clero.



#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1843 (2 <sup>a</sup> )	Deputado pola provincia de Coruña	
Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo

### COLMEIRO PENIDO, Manuel

Foi Colmeiro, xunto con Posada Herrera e Silvela, un dos fundadores do Dereito Administrativo moderno en España. A súa cátedra e os seus libros de texto formaron a centos de funcionarios e políticos que desenvolveron a ciencia administrativa e puxeron a planta da organización do Estado liberal. O seu influxo foi enorme e recoñecido non só en España senón tamén no estranxeiro. É un dos escasos intelectuais españois que sistematicamente aparecen nos dicionarios de Dereito e de Economía Política do século XIX.

Naceu en Santiago de Compostela o 1 de xaneiro de 1818. Formouse na Universidade de Santiago onde estudou Filosofía e Leis e doutorouse en Dereito en 1841. Casou con María Paz Salvá.

Aínda que formou parte dunha das xeracións máis ideoloxizadas e activas politicamente da Universidade (a xeración dos Faraldo, Neira de Mosquera, Rúa Figueroa, Cociña, Romero Ortiz, Augusto Ulloa, etc.), Colmeiro amosouse, sorprendentemente, alleo a este movemento romántico e político. É coma se, sendo consciente do papel relevante que o destino lle tiña reservado, quixese manterse á marxe, sen contaminarse, alleo a todo tipo de compromisos ideolóxicos e políticos que puidesen estorba-lo seu futuro *curriculum*. É dicir, apostou habilmente pola neutralidade sabendo que lle reportaría inmediatos beneficios.

Por iso non o atopamos nos procesos revolucionarios de 1840 e 1843 nin por suposto, no levantamento de 1846 cando a Universidade se converteu no motor civil daquel movemento progresista e galeguista. Colmeiro, en troques, aproveitou as posibilidades que o sistema ofrecía. Por iso recibiu a orde de tonsura non coa intención de facerse presbítero, senón para poder gozar dalgunha prebenda clerical compatible con calquera outra dedicación. Foi designado profesor rexente da Universidade e recibiu en 1845 o apoio de Faraldo, Romero Ortiz e demais redactores da revista *El Porvenir*, cando por unha discutible decisión rectoral quedaba sen cátedra. Participou nun debate urbanístico de Santiago, sobre a construción dun cemiterio. En 1842, presentouse a un concurso que convocou a Sociedade Económica e obtivo o premio pola súa *Memoria sobre el modo más acertado de remediar los males inherentes a la extremada subdivisión de la propiedad territorial de Galicia* (1843), é dicir, Colmeiro non estaba absolutamente ausente do movemento intelectual de Galicia, pero quen lea estes traballos, atopa un espírito moderno pero alleo a todo tipo de compromiso ideolóxico e político ou levemente inclinado a manter posicións conservadoras que, certamente, chocaban co pensamento que circulaba naqueles anos na prensa e na publicística de Galicia.

Pastor Díaz, o seu referente intelectual, dirixiuno a distancia e no ano 1847, apoiouno decididamente para facelo catedrático de Dereito Político e Administrativo na Universidade Central, cando aínda non cumprira trinta anos. Previamente obtivera a cátedra de Economía Política da Universidade de Santiago, pero xa non chegou a rexentalá porque gañou a cátedra de Madrid.

Traduciu o tratado de *Economía Política* de Droz (1842), que foi o seu primeiro ensaio. En 1845 publicou en Madrid os dous tomos do seu *Tratado Elemental de Economía Política Ecléctica* e, xa por fin, o seu tratado *Principios de Economía Política*, publicado por vez primeira en Madrid en 1859 e do que lle coñecemos catro edicións ata 1873.

Como a súa cátedra na Central era de Dereito Político e Administrativo publicou o correspondente libro de texto, *Elementos de Derecho Político y Administrativo* en 1858 e do que coñecemos sete edicións ata 1887. Á parte publicou en 1850 o seu tratado *Derecho Administrativo Español*, do que ata 1876 saíron catro edicións.

En 1855 publicou en Madrid dous tomos sobre o tema *De la Constitución y del Gobierno de los Reinos de León y Castilla* e en 1858, *Derecho Constitucional de las Repúblicas Hispanoamericanas*. Retornou ó tema das Cortes de León e Castela na súa obra en dous tomos, *Cortes de los antiguos Reinos de León y Castilla*, de 1883. En 1863 publicou unha *Historia de la Economía Española*.

Foi académico numerario da Real Academia de Historia, na que ingresou cun discurso sobre os políticos e arbitristas españois dos séculos XVI e XVII. Foi tamén numerario da Real Academia de Ciencias Morales e Políticas na que ingresa cun discurso titulado *Biblioteca de los economistas españoles de los siglos XVI, XVII y XVIII*, tan calcado a un traballo de De la Sagra, que non podemos dicir que sexa unha investigación orixinal.

Politicamente, Colmeiro estaba situado nunha independencia moderada, o que lle permitiu convivir sen problemas con gobernos distintos. A súa personalidade intelectual facilitoulle ser nomeado senador vitalicio en 1881 e, por conseguinte, sentirse á marxe da loita política cotiá.

Representou por vez primeira un distrito galego, o de Pontevedra, na lexislatura de 1865 a 1866, despois do intento fracasado de saír deputado en 1853 por Cambados. Posteriormente foi senador por Pontevedra na lexislatura de 1871 a 1872. Xa non representou máis a Galicia. Na lexislatura de 1879 a 1880 foi senador pola Real Academia de Historia e desde 1881, xa foi senador vitalicio.

Como deputado e senador por Galicia nada temos que salientar. Como moitos deputados foran alumnos del, gozaba dun recoñecemento xeral tanto no Congreso coma no Senado. Ademais o seu saber administrativo convertíao nun opositor perigoso. Todo isto axudou a crear en torno ó Colmeiro político unha aureola que el mesmo cultivou, non adoptando, polo xeral, posicións nas cuestións máis debatidas politicamente.

Galicia débelle ben pouco a este gran intelectual. Desde que chegou a Madrid nos seus anos mozos e gozando xa do privilexio dos escollidos, non precisou nin pedi-los votos galegos nin crea-la súa infraestrutura política. Por iso foi un fervoroso da vida madrileña, á que se integrou sen que dese mostras de nostalxia da súa terra. Por iso tamén permaneceu alleo ás correntes intelectuais galegas e galeguistas.

Máis aínda, o seu esquema administrativo hipercentralista (que se pon de manifesto nas súas obras, aínda que foi temperando cos anos aquel fervor centralista, como se amosa nas últimas edicións dos seus libros), chocou en Galicia coas arelas galeguistas. O enfrontamento con Murguía, silencioso, oculto, nunca elevado á categoría de polémica (pero que explica o xuízo negativo que deu por encargo da Real Academia da Historia ó tomo III da Historia de Murguía), procede dos posicionamentos tan distantes destas dúas personalidades sobre o modelo administrativo de España.

Evidentemente Colmeiro venceu daquela, pero o tempo veu darlle a razón a Murguía.

Morreu en Madrid o 11 de agosto de 1894. A súa morte e enterro constituíron un acontecemento naquel Madrid que sempre o tivo como un madrileño máis. En Galicia só algunhas curtas notas necrolóxicas lembraron que aquel sabio nacera no país.


#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1865-1866	Deputado polo distrito de Pontevedra
Legislatura 1871-1872	Senador pola provincia de Pontevedra

### COMAS Y ARQUES, Augusto

Naceu en Madrid o 2 de febreiro de 1834 aínda que seus pais eran de procedencia catalana. Estudiu o Bacharelato en Barcelona e logo comezou Leis, que conclúe na Universidade de Madrid.

Rematada a carreira entrou como pasante no prestixioso bufete de Laureano Figuerola. Opositou a cátedras de universidade e obtivo a de Valencia onde só estivo ano e medio, para logo ocupar unha praza de catedrático na Universidade Central.



Gran civilista, gozou dun extraordinario prestixio, especialmente desde a publicación da súa obra en seis tomos *La revisión del Código Civil*.

Demócrata convencido, tardou en entrar na vida política a pesar dos esforzos feitos polos seus amigos Montero Ríos e Cristino Marcos. Finalmente deixouse convencer e presentárono como candidato polo distrito de A Caniza nas eleccións de 1872 nas que obtivo o escano.

Parece ser que Sagasta o tentou en dúas ocasións para que aceptase os ministe-

rios de Gracia e Xustiza ou o de Fomento, aínda que en balde. Só aceptou ser nomeado director de Estatística do Ministerio de Fomento coa condición de renunciar ó soldo e, como lle foi aceptada, non puido rexeita-la invitación.

O seu puritanismo en materia económica levouno a entregarlle ó Banco Español da Habana dous millóns de pesetas, que era a súa minuta pola mediación que fixera entre o banco e empresas francesas.

Absolutamente descoñecido en Galicia e moito menos na Caniza, podemos dicir que foi deputado por casualidade.

Si lle interesou o Senado, onde o atopamos a partir de 1881 representando a Universidade de Valencia ata o ano 1886, e posteriormente como senador vitalicio.

Un retrato da época defíneo como de "nariz aguileña, ojos vivos y penetrantes, pero dulces, color moreno aceitunado, elegante en el vestir y en sus maneras, cuidadoso de su persona. Muy puritano en cuanto a intereses".

Morreu en Madrid o 15 de agosto de 1900.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1872-1873

Deputado polo distrito da Caniza

Pontevedra



#### CORONEL ORTIZ, Rafael

Curta pero intensa foi a vida do fillastro de Manuel Becerra.

Naceu en Guntín (Lugo) o 25 de outubro de 1838, fillo de Rafael Coronel Castillo e de María Ortiz de Durana. Desde neno viviu coa súa familia en Madrid. Alí estudou no selecto colexio de Vicente Santiago Massarnau. Posteriormente estudou Leis na Universidade Central, licenciouse en 1861 e obtivo o doutorado en xuño de 1862 apadriñado por Emilio Castelar, quen pronunciou un espléndido discurso.

Desde moi novo amosou que, como se dicía entón, *era de ideas avanzadas* en política. Colaborou en xornais como *El Látigo* (1855), *La Democracia* (1856), que dirixía Fernando Garrido, *El Clamor Público* e *La Soberanía Nacional* (1856) de Sixto Cámara. Neste mesmo ano de 1856 fundou con outros compañeiros *El Porvenir*.

En 1857 a súa nai, viúva, contraeu matrimonio con Manuel Becerra Bermúdez (véx.) quen o puxo en contacto cos grupos máis politizados do futuro Partido Republicano. Colaborou nos xornais *El Pueblo*, *La Discusión* e posteriormente en *La Democracia* de Castelar.

Tanta ocupación política e literaria non lle impediu preparar oposicións a cátedras



de Dereito, aínda que sen éxito.

Entre 1864 e 1865 era membro do Comité Central do Partido Demócrata e entre 1867 e 1868 participa activamente nos preparativos revolucionarios.

En agosto de 1868 refuxiouse en Francia de onde retorna unha vez que triunfa o levantamento do mes de outubro.

En 1869 obtivo a representación de Galicia por Mondoñedo, candidatura na que sen dúbida debeu influír non pouco Becerra Bermúdez. Ó mesmo tempo os seus sacrificios foron premiados pois foi designado oficial terceiro do Ministerio de Gobernación.

Morreu en plena xuventude o 16 de decembro de 1873 en Madrid.

Na única lexislatura en que representou a Galicia, a de 1869 a 1871, tivo unha notable participación. Interveu en distintas comisións como a da permanente de Actas (secretario), abolición de quintas, desestancamento do sal, navegación de cabotaxe, forza permanente do exército, etc. O 6 de marzo de 1869 defendeu con vehemencia e calor a cidade de Mondoñedo, que representaba, a causa do asasinato do enviado do Ministerio de Fomento, que pretendía contabiliza-la prata que había na catedral. Parece ser que alguén fixo circular-lo rumor de que pretendían espolia-la igrexa-catedral e o resultado foi o asasinato.

Moito se agardaba de Coronel Ortiz, ó que se lle abrían as portas da fama e da fortuna, pero a morte levouno cando só contaba trinta e cinco anos.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1869-1871    Deputado polo distrito de Mondoñedo    Lugo

### **CORTEJARENA Y ARDEBÓ, Francisco de**

Só representou a Galicia no Senado durante algúns meses.

Naceu en Madrid o 18 de xuño de 1835, fillo de Aniceto Cortejarena, de Bilbao, e de Josefa Ardebó, natural de Madrid, aínda que orixinaria de Cantabria. Estudou Medicina na Universidade Central.

Herdou unha importante fortuna xa que, só en depósitos bancarios, xustifica en 1891 500.000 pts. no Banco de España, sen conta-los bens inmobles.

Foi elixido senador por Madrid, por vez primeira, na lexislatura de 1891 a 1892, tamén por Madrid na lexislatura de 1896 a 1898 e pola Real Academia de Medicina, da que era membro numerario, na lexislatura de 1898 a 1899.



Representou como senador a provincia de Ourense na lexislatura de 1899 a 1901, pero renunciou o 5 de xaneiro de 1900 ó ser nomeado director xeral de Sanidade. Foi substituído por Eduardo Cobián Roffignac.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1899-1900

Senador pola provincia de Ourense

### CORTÉS GONZÁLEZ, Domingo

A súa é unha biografía eminentemente universitaria. Viviu para a Universidade compostelá e sufriu as conmocións políticas que nela se produciron.

Naceu en Santiago en 1786. Estudiu Leis e Canons e ordenouse sacerdote. Licenciouse en 1814 e xa quedou vencellado á Universidade cubrindo determinadas cátedras ata que en 1818, ascende á cátedra de Institucións Canónicas que comparte con Ramón Rei.

Cortés figura profusamente na documentación universitaria, formando parte de diversas comisións e redactando informes por encargo do Claustro. É dicir, Cortés era un profesor estreitamente vencellado ó equipo de goberno universitario, aínda que xa desde 1818, amosa certo criterio independente ó formula-la proposta de que para ser rector da Universidade, debía desaparece-la cláusula en que se prescribía que o nomeamento tiña que recaer nun prebendado da Catedral, para que puidese selo calquera catedrático universitario.

A súa vida experimentou un profundo cambio cando foi proposto e saíu elixido deputado por Galicia nas Cortes do ano 1822.

Ata ese momento Cortés a penas se significara politicamente, aínda que xa o feito da súa proposta e elección, pon de manifesto que as minorías liberais confiaban no seu liberalismo.

Na documentación secreta do Arquivo de Palacio, en Madrid, aparece como masón, xunto con outros deputados, o que en principio non ten por que aceptarse xa que as acusacións, ás veces, carecían de fundamento.

A súa participación nas Cortes e a denuncia de pertencer á masonería foron suficientes para que a Xunta de Purificación o declarase impurificado e fose destituído como profesor da Universidade. Nesta situación estivo ata 1840 en que foi repostado.

As mutacións experimentadas nos plans de estudos determinaron que tivese que pasar por diversas cátedras ata que definitivamente quedou como profesor de Dereito Canónico e Disciplina Eclesiástica. Foi xubilado en 1866 e morreu o 11 de xullo de 1869.

Cortés non superou a súa expulsión da Universidade. Retirado completamente da vida intelectual e social, non publicou ningún traballo e foi un de tantos catedráticos ágrafos da universidade.

Sabemos que tivo un fillo que foi o seu consolo durante os longos anos de reclusión voluntaria.

Como deputado a súa actuación foi mediocre. Falou nas Cortes algunhas veces pero sempre sobre cuestións menores. Fiel seguidor de Argüelles, votaba sempre de acordo coas súas inclinacións. Unha testemuña da época dános unha visión de Cortés ben pouco favorable: "Galeguiño tan pigmeo y tan poca cosa que es menester una lente para distinguirlo. Cuerpo tan extraordinariamente elástico que continuamente se está estirando y encogiendo. Cuando llega al caso de votar, alza la cabeza, pega un estirón, observa al Divino (Argüelles) y vota con él".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1822-1823    Deputado por Galicia

### CORTEZO PRIETO, Carlos María

A eminente personalidade deste deputado entra por dereito propio nesta obra aínda que non fose nativo de Galicia.

Naceu en Madrid o 1 de abril de 1850, fillo de Víctor Cortezo, natural de Zamora e empregado, e de Jesualda Prieto, natural da Coruña.

Estudou Medicina en San Carlos (Madrid) e posteriormente prestou os seus servizos médicos no Hospital da Princesa (1873) e no de San Antonio Abade de León. Gañou por oposición a cátedra na Universidade de Granada, á que renunciou para poder seguir en Madrid.

Foi un dos fundadores da Sociedade Española de Hixiene e do Instituto de Hixiene e Seroloxía.

Gozou de gran fama como médico e como autor de obras como *Lecciones de Patología y Clínica Médica*, *Influencia de la bacteriología en la terapéutica*, que lle serviu para ingresar en 1891 na Real Academia de Medicina, *Tendencias de la Medicina Moderna*, *Estudio sobre el cólera morbo asiático*, etc. En 1816 foi elixido presidente da Academia de Medicina.

Na súa xuventude militou no republicanismo e foi un fiel seguidor de Castelar. Posteriormente, na Restauración, mantivo unha posición dúctil, quizais pola grande amizade que mantiña con Cánovas pero tamén con outros políticos liberais como Moret.

Foi director xeral de Sanidade en 1899 e 1902 e conselleiro de Estado. Aínda que algún biógrafo di que foi ministro de Instrución Pública en 1905, no Goberno de Fernández Villaverde, non nos dá este dato. Foi vicepresidente



do Congreso en 1903.

Sánchez de los Santos non escatima eloxios para os deputados e senadores biografados, pero no caso de Cortezo parece ser que eran merecidos. Di que é un "maestro, todo ciencia, todo arte, todo sencillez, todo bondad".

Saiu elixido por vez primeira polo distrito de Sahagún, provincia de León, na lexislatura de 1891 a 1893. Fracasou no seu intento de proseguir neste distrito. Na de 1899 obtivo o distrito de Pontearreas e logo o de Bande, que representou ata 1905. Posteriormente pasou a ser senador pola provincia de Ourense e, o 17 de setembro de 1906 foi designado senador vitalicio por Real Decreto.

Morreu en Madrid o 24 de agosto de 1933.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Pontearreas	Pontevedra
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Bande	Ourense
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Bande	Ourense
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Bande	Ourense
Lexislatura 1905-1906	Senador pola provincia de Ourense	

### CORTIÑAS NEIRA, Pedro

Natural de Ribadavia. Estudia Leis na Universidade de Santiago. No ano 1776 obtivo o grado de bacharel en Leis.

Foi avogado e resultou elixido pola provincia de Ourense nas primeiras lexislaturas para representar esta provincia nas Cortes de Cádiz.

Xura o cargo de deputado o 24 de setembro de 1810 e ó pouco tempo, auséntase das Cortes por motivos de saúde. Non firmou a Constitución de 1812 nin a derradeira acta.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1811-1813	Deputado pola provincia de Ourense
-----------------------	------------------------------------

### COS-GAYÓN Y PONS, Fernando



Unha personalidade que viviu ó servizo da política, na que alcanzou gloria. Non tivo relación ningunha con Galicia, á que representou ininterrompidamente dende 1881 ata a súa morte en 1899.

Naceu en Lleida en 1825.

Foi no periodismo onde se deu a coñecer. En 1842 colaboraba no xornal *El Heraldo*, con Pastor Díaz, García Tassara, etc. Colaborou así mesmo cos xornais e revistas *El*



*amigo del País, Semanario Pintoresco, La Ilustración, La Correspondencia de España, El Occidente, La Época, etc.*

Militando sempre no Partido Conservador, foi ascendendo gradualmente na Administración do Estado. Xa antes de 1868 era oficial nos ministerios de Gobernación e Fomento. Máis adiante foi censor de teatros, director de *La Gaceta de Madrid*, antecedente do actual Boletín Oficial e secretario da Intendencia da Casa e Patrimonio Real.

Coa Restauración entrou no Congreso e foi ascendendo aínda máis na Administración: director xeral de Contribucións (1875), subsecretario de Facenda e ministro de Gracia e Xustiza, por vez primeira entre 1880 e 1881, substituíndo a Álvarez Bugallal no Goberno que presidía Cánovas. En certa maneira, Cos-Gayón foi un político cunero en Lugo, pero a súa promoción a un distrito desta cidade, que representou durante dezasete anos, ten algúns elementos que debemos considerar. Foi o propio Conde de Pallares, por norma tan oposto ós *cuneros*, quen o convenceu de presentarse por Lugo coa garantía de que, gobernasen os conservadores ou os liberais, el sempre tería o escano. Introducendo a Cos-Gayón por Lugo, Pallares tiña asegurado un poder efectivo en Madrid e nos gobernos conservadores e ó mesmo tempo a categoría de Cos, xa ex-ministro, non podía ser desmentida por ninguén e, finalmente, o noso biografado, ocupado cos asuntos políticos en Madrid, deixáballo ó Conde o control absoluto do partido en Lugo. Por iso, Fernando Cos-Gayón é un *cunero* buscado e mimado polos conservadores da capital lucense.

Novamente foi ministro, esta vez de Facenda, do 18 de xaneiro de 1884 ó 26 de novembro de 1885, e do 5 de xullo de 1890 ó 22 de novembro de 1891 ata o 10 de decembro de 1892. Finalmente foi ministro da Gobernación do 23 de marzo de 1895 ó 4 de outubro de 1897.

Formou parte da Real Academia de Ciencias Morais e Políticas, foi vicepresidente do Congreso e vocal da Xunta Consultiva da Moeda.

Foi deputado, por vez primeira, na lexislatura de 1876 polo distrito de Cartaxena, no que proseguiu na de 1879 a 1881. Na cidade de Lugo o partido conservador buscoulle un oco, gracias ó sistema de outorgarlle á cidade de Lugo, como ó da Coruña, tres deputados pola circunscrición da capital. Por iso Cos-Gayón se enfeudou nesta cidade, que representou dende 1881 ata a súa morte.

Morreu en Madrid o 20 de decembro de 1898.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito da capital	Lugo
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito da capital	Lugo
Lexislatura 1886-1890	Deputado polo distrito da capital	Lugo
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito da capital	Lugo
Lexislatura 1893-1895	Deputado polo distrito da capital	Lugo
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito da capital	Lugo



### COTARELO VALLEDOR, Armando

Intelectual ilustre que prestou grandes servizos á cultura galega coa que chegou a integrarse, a pesar da súa procedencia asturiana.

Naceu en Vegadeo (Asturias) o 28 de decembro de 1879. Estudiu Filosofía e Letras na Universidade de Madrid. Dende moi novo, sendo aínda estudante, publicou traballos na prensa e obras de creación.

Con só vinte e catro anos gañou a cátedra de Lingua e Literatura Española na Universidade de Santiago, unha cátedra que formaba parte do chamado Curso Preparatorio para Filosofía e Letras, carreira que sen embargo, non se estudiaba en Santiago. Ser, por conseguinte, catedrático de Lingua nun curso preparatorio era pouco para a ferverza dun intelectual tan novo.

Dende o primeiro momento sintonizou coa vida intelectual extrauniversitaria, naquel momento quizais máis rica cá propia vida universitaria. Iso foi o que o levou a contactar coas inquiredanzas galeguistas aínda que el non participou plenamente do ideario galeguista, pero si coa vangarda intelectual que daquela representaba o galeguismo. En 1909 foi secretario da gran Exposición Rexional de Santiago, presidiu en dúas ocasións o Ateneo León XIII, dirixiu en 1908 a revista *Centenario* para conmemoralo centenario da Guerra da Independencia, colaborou a cotío nos xornais galegos e fundou e dirixiu a revista histórica *Ultraya* (1919-1920).

Anualmente foi crecendo o *curriculum* de Cotarelo Valledor, publicando rigorosos estudos históricos e literarios como *La leyenda de doña Estefanía la Desdichada* (1907), *Teatro de Cervantes* (1911), *Matrimonios de Ramiro I de Asturias* (1922), *El convento de San Francisco de Cambados* (1923), *Alfonso III el Magno* (1933), publicando novelas como *Memorias de un escolar de antaño* (1919 e 1921), *El Pazo* (1923), etc. Foi sen embargo no teatro e especificamente no teatro galego, onde a importancia de Cotarelo foi máis decisiva. *Trebón* (1922), *Sínxebra* (1923), *Lubicán* (1924), *Hostia* (1926), *Mourenza* (1931), etc., son algunhas das súas obras.

O compromiso de Cotarelo coa cultura galega foi xustamente correspondido. En 1920 ingresa como numerario da Real Academia Galega. No ano 1923 os mozos que forman o Seminario de Estudos Galegos noméano primeiro presidente e director da sección de Filoloxía.

Unha das facetas máis sobresáintes de Cotarelo foi a de conferenciante. Filgueira Valverde estudou o novo modelo de conferencia que impuxo Cotarelo, que cualifica de exemplar, vulgarizadora, directa sen estériles recursos á historia, simpática e ó mesmo tempo seria. Abre un camiño en Galicia, seguido posteriormente polos seus discípulos, entre eles Filgueira.

O marco de Santiago empezou a quedarlle pequeno xa que aspiraba a seguir os pasos de Cotarelo Mori, seu pai, en Madrid.

Debeu sorprender que un sabio dedicado case exclusivamente á investigación e a divulgación da cultura, aceptase a proposta de ir como deputado nunha candidatura liberal ou prietista. A única explicación que se nos ocorre é que iso lle permitía marchar para a capital, onde tiña postas as súas aspiracións. Saiu elixido polo distrito de Santiago nas eleccións de 1919, o couto reservado a García Prieto e ós fillos de Montero Ríos, o couto monterista por antonomasia.

No Parlamento defendeu o dereito da Universidade de Santiago a contar coas facultades de Filosofía e Ciencias e algo debeu pasar porque, ó pouco tempo, Rodríguez de Viguri concedeu as dúas facultades.

En 1927, nunha estraña operación política e para tapar algún candidato hostil, Primo de Rivera decidiu que as letras galegas tivesen dous representantes na Real Academia Española. Os elixidos foron Ramón Cabanillas e Cotarelo Valledor. Iso obrigouno a pasar longas tempadas en Madrid. Por fin, en 1939, consegue o traslado definitivo á capital. O franquismo non lle regateou honores, que el aceptou compracido, o que explica que en 1949 fose elixido procurador en Cortes. Morreu en Madrid o 8 de decembro de 1950.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1919-1920      Deputado polo distrito de Santiago      A Coruña

**COTÓN ZÚÑIGA, Miguel**

As circunstancias, máis que o valemto das persoas, explican a presenza nas Cortes de deputados que resultan elixidos sen que saibamos moi ben por qué.

Nas eleccións de 1834 moitos ilustres galegos procuraron por tódolos medios non resultar elixidos porque a elección, naquela conxuntura política, cando non se sabía moi ben o rumbo que tomaría o Estado, era máis unha especie de condena ca un privilexio.

Isto explica a elección de Miguel Cotón Zúñiga, un avogado compostelán, que tiña unha determinada presenza social (era vicecensor da Sociedade Económica de Amigos del País, de Santiago) pero carecía de ambición política e, sen dúbida, foi elixido para cubrir un posto que liberou a algún outro de ter que asumila representación.

Nas Cortes a súa presenza nin se notou, porque como escribía unha testemuña presencial das mesmas era "un galleguíño que calla como un morto y vota como un empleado sempiterno". A súa figura tampouco o predispoñía para encher un espacio que simbolicamente debía representar, porque como di o mesmo cronista "en las carnes parece un ermitaño (y) en la faz un mártir de las angustias".

Nunca máis volveu figurar na vida política galega, nin sequera como candidato.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1834-1836      Deputado pola provincia de Coruña

**CRESPO VILLAR, José**

Nas eleccións para a lexislatura de 1871, saíu elixido deputado por Lalín Eugenio Montero Ríos. Sen embargo renunciou a este escano e nunhas eleccións parciais celebradas en 1872 foi elixido Crespo Villar, que non puido aproveita-lo seu escano xa que tomou posesión o 24 de xaneiro de 1872, o mesmo día en que se disolvían as Cortes.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1871-1872

Deputado polo distrito de Lalín  
(só desde 1872)

Pontevedra

**CUENCA SAN JUAN, Lorenzo**

Pedro Cuenca de Lerena, natural de Valdemoro (Toledo), chegou a Galicia como oficial de Facenda na primeira etapa liberal, entre 1810 e 1814. Estaba casado con Rita de San Juan Leis, da Coruña. Traían con eles dous fillos, Lorenzo e Melitón, que se dedicou a empresas económicas de abastecemento do exército, uniformes militares, construción de estradas, etc. Lorenzo, que debeu nacer entre 1800 e 1801, educouse fóra de Galicia e, segundo algunhas biografías, foi licenciado en Leis.

Ademais desta case anecdótica primeira relación con Galicia, Lorenzo vai afincarse máis tarde en Tui ó casarse con Dolores Kindelán e Díaz de Rábago, viúva de Alejandro Marquina, que non debe confundirse con Alejandro Marquina Álvarez, de quen falaremos posteriormente.

Tivo catro fillos, un deles, Pedro Cuenca y Díaz de Rábago, tamén deputado (véx.).

Desde a constitución do distrito da Caniza (Pontevedra), Cuenca resultou elixido, entre 1846 e 1863, en tódalas eleccións menos nunha, a de 1850. Nas de 1863, deixoulle o distrito a seu fillo, pasando el ó Senado como representante de Pontevedra e, desde 1877, como senador vitalicio.

Exerceu os cargos de gobernador e oficial do Ministerio de Facenda e, entre 1863 e 1864, de subsecretario da Gobernación, baixo o mandato do marqués de Miraflores, sendo ministro Florencio Rodríguez Vaamonde.

Como deputado a súa actuación foi escasa, tanto no traballo das comisións como nas intervencións. Quizais teñamos que salienta-la súa oposición frontal á Lei de liberdade de prensa, xunto con Nocedal, na sesión do 6 de xaneiro de 1855. Sen embargo, desempeñou un importante papel na consecución da construción da ponte internacional de Tui. Sempre militou no Partido Moderado.



## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1858-1862	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1864-1865	Senador por Pontevedra	
Lexislatura 1876-1877	Senador por Pontevedra	

**CUENCA Y DÍAZ DE RÁBAGO, Pedro**

Naceu en Tui o 3 de xullo de 1829, fillo de Lorenzo Cuenca e Dolores Díaz de Rábago.

Estudou Gramática na cidade de Tui e posteriormente cursou algún ano na Universidade de Santiago. Posteriormente entrou na milicia.

Participou na Campaña de África e logo foi destinado a Filipinas. Estaba nesa colonia asiática cando seu pai, sen dúbida para conseguir traelo a España, decide non presentarse no distrito da Caniza e reservalo para seu fillo.

Máis militar ca político, participou na Guerra Carlista do Norte entre 1873 e 1874 e foi logo a Cuba como xefe do Estado Maior da Capitanía da Habana.

Ascendeu a capitán xeneral do Exército e morreu en Madrid en 1896.

Non tiña absolutamente ningunha vocación para a política. Se aceptou o distrito da Caniza, foi sen dúbida para poder regresar de Filipinas á Península. Iso explica que, na lexislatura de 1863, participase nalgunhas comisións pero sen intervir nunca nin definirse politicamente.

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1853-1864	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
-----------------------	----------------------------------	------------

**CUERVO, Eugenio Manuel**

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1843-1844	Senador pola provincia de Lugo
-----------------------	--------------------------------

**CUERVO Y CASTRILLÓN, Antonio**

Naceu en Vega de Ribadeo (Castropol) e era fillo de José Cuervo Castrillón e de Rosa Reguera, e irmán, por conseguinte, de Ramón Cuervo Castrillón (véx).

Estudou Leis na Universidade de Oviedo.

Os escasos datos que temos del indicánnos que era progresista, xa que en 1843 e representando a Santiago, forma parte da Xunta Revolucionaria creada ese ano na provincia da Coruña.

No Bienio Progresista (1854-1856), foi nomeado gobernador de Lugo e posiblemente debeu cometer algunhas desmesuras no exercicio do cargo porque, o 25 de xullo de 1856 o seu sucesor, pertencente xa ó Partido Moderado, publicou a orde de busca e captura de Cuervo Castrillón, de quen consta a súa fuxida, posiblemente ó estranxeiro. Sábese tamén que previamente fora gobernador da provincia da Coruña. Así mesmo foi fiscal dunha audiencia que non puidemos identificar.

Representou a provincia da Coruña na lexislatura de 1854 a 1856 e como deputado, o seu labor foi practicamente nulo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia da Coruña
-----------------------	-----------------------------------

### CUERVO Y CASTRILLÓN, Ramón

Os Cuervo y Castrillón eran unha familia asturiana moi vencellada a Galicia, que residía en Vega de Ribadeo (Castropol).

Ramón Cuervo era fillo de José Cuervo Castrillón e de Rosa Reguera. No seo da propia familia puido vivir intensamente o sentimento patriótico porque seu pai, avogado, que en 1803 era deputado do común en Ribadeo, participou na Guerra de Independencia, durante a cal foi un dos secretarios da Xunta Superior do Principado.

Debeu nacer entre 1803 e 1805. Estudiu na Universidade de Santiago pola que se doutorou en Leis o 2 de agosto de 1829.

Cuervo Castrillón era liberal porque a Xunta de Purificación, constituída en Santiago en 1825, tardou en declaralo purificado por razóns políticas.

Ingresou no corpo xudicial. En 1839 era rexente da Audiencia de Zaragoza e posteriormente pasou á de Oviedo, na que xa é honorario en 1857. Vivía aínda no ano 1872.

Era liberal e de firme carácter e na súa xuventude pertenceu á facción exaltada.

Saíu elixido deputado pola Fonsagrada por vez primeira en 1853, logo, no Bienio Progresista, pola provincia de Lugo e finalmente, en 1857, outra vez pola Fonsagrada. Sen embargo debeu renunciar ó escano porque houbo unha segunda elección na que saíu elixido Vázquez Curiel.

Como deputado non ten ningunha significación xa que a penas participou nas sesións.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito da Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito da Fonsagrada	Lugo

**CUESTA NÚÑEZ, Justo Pelayo**

Foi un dos grandes deputados e políticos galegos do século XIX. Estaba emparentado polos dous costados con deputados e mariños célebres como Núñez Falcón, Méndez Núñez, o seu curmán, Urzaiz, o seu cuñado e co, tamén cuñado, xeneral e deputado Loriga.



Naceu en Marín o 1 de novembro de 1823. Era fillo do militar e deputado Sebastián Cuesta (véx.), coronel no momento de nace-lo noso biografado, e de Josefa Núñez Fernández. Era neto ademais de Manuel Cuesta e de María del Carmen Fernández, de Vigo.

Iniciou os seus estudos en Monforte en 1836. Alí rematou Humanidades, que incorporou á Universidade de Madrid onde se doutorou en Dereito.

Instalou o seu bufete de avogado na cidade da Coruña pola proximidade á Real Audiencia. Posteriormente trasladouse a Madrid, cidade na que tivo un moi acreditado bufete. Na capital compatibilizou a dedicación á avogacía con servizos á Administración Pública e á Universidade. Serviu á Administración como subsecretario de Gracia e Xustiza e como administrador xeral do Ministerio de Facenda. Foi catedrático de Dereito Internacional da Universidade Central e posteriormente rector da Institución Libre de Enseñanza.

Casou con Juana Loriga Taboada, filla do xeneral, e tamén deputado, Antonio Loriga Reguera.

A súa actividade parlamentaria foi moi notable. Obtivo a primeira representación no Congreso polo distrito de Vigo nas eleccións do ano 1853. Nas Cortes tivo que defende-la súa acta ante Prim, quen apoiaba en Vigo un candidato dos fomentadores cataláns. Aínda que Cuesta obtivo 86 votos fronte ós 51 do seu opoñente Bertermatí, a acta foi declarada nula e non puido tomar posesión. Nestas eleccións quedou moi claro que Justo, que intentaba enfeuda-lo distrito de Vigo, non tiña arraigamento na sociedade desta cidade debido ó control exercido polos cataláns. Iso explica que o distrito de Vigo fose moi disputado ata 1857 en que as forzas sociais da cidade atopan en Elduayen o candidato idóneo, quen se enfeudará no distrito. Cuesta non aceptou de bo grado o arranxo e aínda en 1864, o 22 de xaneiro, e a pesar de que obtivera representación por outro distrito, atacou durisimamente a Elduayen denunciando as súas corrupcións electorais.

O fracaso de 1853 disuádeo de concorrer a novas eleccións ata 1863, ano en que se presenta polo Carballiño e por Vigo. Conseguiu o escano Seijas Lozano polo Carballiño, a quen substituíu Cuesta Núñez o 26 de xaneiro de 1864, permanecendo só cinco meses como deputado, mentres que por Vigo saíu elixido Elduayen. Obtivo novamente representación polo Carballiño en 1864 e polo distrito de Ourense en 1865. Aí rematou a súa presenza no Congreso, pero a partir do ano 1872 e ata 1877, foi senador pola provincia de Ávila, posteriormente senador pola Coruña e finalmente senador

vitalicio ata a súa morte. Por Ávila: 1872-1873, pola Coruña 1879-1880. E desde 1881 é senador vitalicio.

No Congreso tivo unha presenza activa e constante. Ademais de pertencer a varias comisións, participou sempre de forma destacada en varios e importantes debates como o da Lei de imprenta (sesión do 13 de xuño de 1864), o desestancamento do sal (sesión do 14 de maio de 1864), a Lei electoral (sesión do 30 de marzo de 1864), o ferrocarril galego (22 de febreiro de 1864), etc.

Para a historia de Galicia quedou xa o seu proxecto de redención de foros que presentou e defendeu no Parlamento o 30 de marzo de 1864 e o 1 de abril de 1864.

Así mesmo participou intensamente no Congreso Agrícola que se celebrou en Santiago en 1864, defendendo con Montero Ríos e outros ilustres intelectuais a redención foral, como paso previo para a gran reforma agraria que precisaba este país. A súa tese foi vencida tanto no Congreso Agrícola coma nas Cortes.

O 9 de xaneiro de 1883 Sagasta noméao ministro de Facenda, cargo que ocupou só ata o 13 de outubro de 1883.

En 1885 foi nomeado presidente do Consello de Estado.

Non aceptou xamais ningunha distinción nin título. No testamento que fai o 22 de novembro de 1875 e que deu a coñecer José Millán, deixáballes moi claro ós testamenteiros que quería ser amortallado sen ningún signo de distinción, nunha caixa ordinaria e nunha fosa común onde enterraban os pobres e coa prohibición expresa de que se lle puxera unha lápida ou algunha referencia á súa persoa.

Morreu en Madrid o 15 de abril de 1889 na sobria pobreza na que vivira toda a vida.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra (anulada)
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1865-1866	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1879-1880	Senador pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1880-1881	Senador vitalicio	

#### ===== CUESTA OBÍN, Sebastián Antonio de la

Os Cuesta procedían de Torazo (Asturias) e afincáronse en Vigo onde Sebastián Cuesta presentou testemuñas no ano 1824 para acredita-la súa fidalguía.

Era fillo de Manuel de la Cuesta e María del Carmen Obín Barrera, veciños de Torazo (Asturias). Casou con Josefa Núñez Fernández da Casa Grande dos Núñez Falcón de Vigo. Era, por conseguinte, tío de Méndez Núñez e pai de Justo Pelayo Cuesta Núñez.

Consta en tódalas biografías que, como militar, tiña o grado de brigadier, circunstancia que non puidemos confirmar por non ser posible localizalo nos anuarios milita-



res dende 1833 para adiante.

En 1820 figura como coronel agregado do Rexemento de Burgos con praza na cidade de Ferrol. Foi elixido presidente da Xunta constituída nesta cidade no mes de febreiro ó alzarse contra o Goberno, xunta que se dissolve no mes de marzo, cando atopamos a Sebastián xa destinado na cidade da Coruña, onde exerceu como comandante da Milicia Nacional.

Foi elixido procurador en Cortes nas eleccións de 1834. Aseguran os seus biógrafos que no momento da elección, exercía de gobernador militar da praza de Ferrol, pero o *Estado Militar de España* do ano 1834 indica que o gobernador era o brigadier Pedro Delgado, o mesmo que aparece en 1833.

Como procurador tivo escasa relevancia. Defendeu os intereses dos fomentadores galegos dos excesos do custo do sal estancado. Un cronista da época retrátalo como "gallegote franco... que se expresa con fuerza y sin miel".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1834-1836      Deputado pola provincia de Pontevedra

### **CUETOS Y CASTRO, Olegario de los**

**S**imboliza perfectamente o modelo xa clásico do oficial liberal e progresista, masón e exiliado.

Naceu en Ferrol o 6 de marzo de 1795 e procedía de familia de mariños. Iniciou os estudos de gardamariña en Cádiz en 1809, ascendeu a alférez en 1810 e bautizouse militarmente na guerra contra os franceses. Embarcado, pasa longas tempadas en América, participando na guerra de independencia de Sudamérica.

Progresista radical, interveu na conspiración que deu paso ó Trienio Liberal. En 1821 ascendeu a tenente de fragata.

Estando en América, tivo noticias da invasión de España polos Cen mil fillos de San Luís. Revolucionario antes ca militar, desoíu as ordenanzas e embarcouse nun navío norteamericano para defende-lo liberalismo en España. Cando chega, o absolutismo xa dominaba en España. A Audiencia de Sevilla xulgouno por masón, por liberal e por desoí-las ordes do mando e condenouno á pena de morte, que non se executa porque Cuetos emigra a Inglaterra.

No exilio coñeceu a Mendizábal e colaborou activamente con Llorente e Espoz y Mina na conspiración para derroca-lo absolutismo en España.

Regresou a España en 1832 gracias á amnistía que decretou a raíña rexente Cristina.

Cando Mendizábal foi designado primeiro ministro en 1835, nomeou a Cuetos xefe

da súa secretaría e ese mesmo ano ascendeu a capitán de navío da Armada. En 1836 retirouse da Mariña e cesou como xefe de secretarios de Mendizábal. Ese mesmo ano resultou elixido deputado pola provincia de Cádiz, onde tiña a súa residencia. Nas segundas eleccións de 1836 foi elixido pola Coruña.

O 10 de maio de 1843, no Goberno de Álvaro Gómez Becerra, foi designado ministro da Mariña e provisionalmente ministro de Estado. Aínda que este goberno durou só cinco meses, foi criticado asperamente polos seus correligionarios progresistas por participar nun goberno non nitidamente progresista.

Como deputado a súa actuación foi escasa. Só interveu en cinco ocasións e sempre para defende-los dereitos dos mariños.

Retirado totalmente da política, morreu en Madrid o 28 de decembro de 1844.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1836-1837      Deputado pola provincia de Coruña

## — Ch —

### CHACÓN Y SARROLA, José María

Era fillo do mariño Salvador María Chacón (que no ano 1810 foi comandante xeneral do Departamento de Ferrol) e naceu en Puerto de Santa María. Ingresou como gardamariña en Ferrol en 1795, e rematou a súa formación como alférez de fragata en 1798. No 1809 ascendeu a tenente de fragata. Na súa folla de servicios están recollidas unha serie de viaxes a América e oito meses en Inglaterra, xa que fora apresado pola Mariña de Guerra inglesa. En 1816 ascendeu a capitán de fragata. Foi comandante do Apostadero de Puerto Cabello (Veracruz); logo mandou a fragata Constanca e ascendeu a capitán de navío no ano 1825 e a brigadier no 1829. En 1836 foi nomeado capitán xeneral do Departamento de Ferrol, por primeira vez, xa que ocupou este cargo novamente en 1842.

No ano 1835, sendo primeiro ministro Mendizábal, Chacón foi ministro de Mariña (do 14 de setembro de 1835 ó 15 de maio de 1836).

Ó deixa-lo ministerio foi nomeado xefe da Escuadra e comandante xeneral de Ferrol, como xa antes dixemos.

Novamente foi nomeado ministro de Mariña en 1838, cando era primeiro ministro Evaristo Pérez de Castro. Dimitiu por disensións con varios membros do Gabinete, o 10

de maio de 1839.

No 1846 ascendeu a tenente xeneral e capitán xeneral do Departamento de Cádiz. Morreu en San Fernando o 9 de decembro de 1848.

Foi elixido deputado pola provincia da Coruña en 1839. Tamén foi senador por esta mesma provincia na lexislatura de 1841-1842.

Como deputado e senador nada hai que salientar da súa actuación.

Politicamente era liberal, pero non esquezamos que gran parte da súa carreira fíxoa á sombra do absolutismo e non consta que polo seu liberalismo sufrise ningún tipo de persecución. Por conseguinte, estamos ante un profesional que soubo adaptarse ás conxunturas políticas. Unha copliña contemporánea, anónima, recoñéceo moi ben:

"Dicen que fue buen marino  
que además fue liberal  
y que estaba en su elemento  
sobre las olas del mar;  
pero en tierra, aunque dos veces  
fue ministro, lo hizo tan  
medianamente, que al verlo  
decía el gremio naval:  
este marino no entiende  
la aguja de marear."

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1841-1842	Senador pola provincia da Coruña

### CHAO FERNÁNDEZ, Eduardo

Farmacéutico, periodista, empresario, historiador, pero sobre todo político republicano. Era home de personalidade desbordante e dunha actividade frenética; e así é que publicou unha *Historia de España*, fundou xornais, asistiu a reunións subversivas en Ostende, defendeu unha barricada nas rúas de Madrid, dirixiu o Ministerio de Fomento, redactou unha constitución para España, etc.

Naceu en Ribadavia o 5 de novembro de 1821, onde seu pai, José Chao, posuía unha farmacia. A familia Chao tiña fama de progresista, e correu o rumor de que a carta-bomba que segou a man do capitán xeneral Eguía, en Santiago no ano 1830, procedía de Ribadavia. Fose verdade ou



non, Eguía perseguíu a Chao e este decidiu trasladarse coa familia a Vigo. Máis tarde, cando cambiaron as circunstancias políticas e o liberalismo se impuxo, Chao e familia viñeron vivir a Santiago. Nesta cidade estudaron os seus fillos, e José Chao atopou no pai de Murguía, Xoán Martínez, tamén farmacéutico, un amigo e correligionario. Foi así como os destinos dos Chao e os Murguía se cruzaron.

Eduardo Chao estudou Latinidade en Vigo co presbítero e preceptor de latinidade José Ramón Correa, no ano 1834, e logo un ano de filosofía en Ribadavia, estudos que incorporou á Universidade de Santiago onde cursou varios anos, e despois concluíu na Universidade de Madrid os estudos de Farmacia.

En Madrid, a onde debeu chegar nos anos corenta, iniciou a súa actividade periodística, sempre nos xornais máis radicais: *El Huracán*, *La Guindilla*, *El Argos*, *El Látigo*, *El Murciélagu*. Tamén colaborou e dirixiu a *Revista Químico Farmacéutica de Madrid* (1850-1851), foi redactor do xornal *La Discusión. Diario Democrático*, dirixiu *El Crédito* (1858-1865) e *El Correo de España* (1862) que circulaba principalmente por América.

No ano 1847 casou con Rosario Cabezón, da Rioxa, casamento que non amainou a súa ferverza revolucionaria, porque consta que en 1848 se atopaba nas barricadas de Madrid con ocasión do intento de pronunciamento político dese ano.

En 1854 estaba novamente nas barricadas para asegura-lo levantamento liberal. Conseguiu entón a súa primeira acta de deputado, pola provincia de Pontevedra.

Os progresistas, que estaban no poder, agradecidos, quixeron recompensar a Chao dándolle un posto de oficial no Ministerio de Gobernación. Pero Chao a penas permaneceu seis meses no posto. O seu era outra cousa: a empresa, o aire libre, a loita política.

A súa experiencia no ramo do xornalismo levouno a entrar como empresario editorial. Desde as súas empresas podía axudar economicamente a amigos e tamén á causa progresista. Un pobre podía ser e entendíase que fose revolucionario, pero un empresario de prestixio que conspirase, que seguise nas barricadas, significaba algo moi distinto. Que ese mesmo empresario pagase máis ou menos puntualmente, pero pagase as colaboracións dos poetas, dos intelectuais, mesmo dos conservadores, convertérase xa nun fenómeno sociolóxico que a clase poderosa non entendía. Todo iso fíxoo Eduardo Chao.

No ano 1865 aparece comprometido nos sucesos do 10 de abril en Madrid, tamén na sublevación dos rexementos de Bailén e Calatrava no 1866 e na insurrección de xuño dese ano. A presión policial obrigouno a exiliarse en Francia, pero por pouco tempo, xa que aparece ó lado do xeneral Pierrat cando este deu un golpe, que fracasou, no Alto Aragón.

Exiliouse logo en Bruxelas, e foi un dos máis importantes revolucionarios na preparación do levantamento de 1868. Saiu elixido deputado pola provincia de Ourense. A Xunta Revolucionaria de Madrid nomeouno director de Telégrafos.



No ano 1873 viu colmadas as aspiracións de toda unha vida de loita intelectual e política cando se proclamou a Primeira República. O 24 de febreiro de 1873 Estanislao Figueras, primeiro ministro do Goberno, nomeouno ministro de Fomento, cargo que ocupou ata o 11 de xuño dese mesmo ano.

Moitas das ideas meditadas durante anos intentou levalas a cabo no seu curto mandato: constitución da comisión do Mapa Xeolóxico de España, organización das Xuntas de Portos, creación da Xunta do Canal de Aragón, inspección e vixilancia de Ferrocarrís e Estradas, etc.

Como sempre compaxinou a súa actividade política coa literaria, neses anos foron aparecendo unha serie de obras teoricamente da súa autoría, aínda que existe a sospeita, bastante fundada, de que algúns traballaban para el: *Diccionario Democrático*, *Historia de España*, *Geografía Histórica de España*, *Diccionario Enciclopédico de la Lengua Española*, etc.

Os seus biógrafos incorren, como é natural nunha biografía tan complexa, en varios erros no que respecta á súa actividade política e parlamentaria. Imos intentar da-los datos máis seguros.

Saíu deputado pola provincia de Pontevedra en 1854. Na famosa votación do 28 de novembro de 1854 onde Espartero someteu o tema da monarquía, o voto de Chao foi un dos 21 votos contrarios á monarquía.

Non volveu saír deputado ata 1869, esta vez pola provincia de Ourense. A súa asistencia ás Cortes foi interrompida moitas veces por razóns de saúde. Formou parte das comisións de Sociedades de Crédito, das Clases Traballadoras e da dos Cables Telegráficos Submariños.

A penas interveu nas discusións e o seu nome só aparece como presentador de solicitudes e peticións ás Cortes dalgúns concellos.

Saíu novamente deputado, esta vez polo distrito de Vigo, nas eleccións de 1871. E no ano 1872 presentouse como deputado e senador. Saíu por Alacant, Barcelona e Xirona. Finalmente en 1873 saíu deputado por Xirona.

A partir da Restauración retirouse da política activa e seguiu cos seus negocios. Pasaba moito tempo en Vigo, onde construíu ás súas expensas o Observatorio Meteorolóxico, ademais de presidir sociedades de Socorros Mutuos e de colaborar activamente na creación da Escola de Artes e Oficios. Coa súa filla Ramona, xa viúvo, no seu chalé vigués pasou os derradeiros anos da súa vida. Morreu este incansable loitador en Madrid o 21 de decembro de 1887.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1869-1871	Deputado pola provincia de Ourense
Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Vigo Pontevedra



### CHAPAPRIETA Y TORREGROSA, Joaquín

Personalidade política da Restauración, que pasou a través do deserto da Dictadura primoriverista e reapareceu na Segunda República.

Naceu en Torrevieja (Alacant) o 26 de outubro de 1871. Estudiu Dereito e exerceu como avogado. Foi un importante propietario agrícola que quixo moderniza-los seus cultivos e deu exemplo das posibilidades dunha agricultura moderna.

En política situouse á sombra dos Gasset, que lle reservaron o distrito de Noia que tradicionalmente era da propia familia.

Empezou sen embargo a vida política afastado de Galicia, en Cieza (Murcia) por onde resultou elixido deputado na lexislatura de 1905-1907.

En 1912, aproveitando a vacante do distrito de Ordes por morte do deputado Lombardero Franco, os gassetistas situárono en Ordes ata 1914. Posteriormente foi deputado por Noia en dúas lexislaturas. A partir de 1918 os Gasset decidiron que se presentase como senador porque precisaban o distrito de Noia para outro dos Gasset, Gasset Alzugaray. Non tivo problemas Chapaprieta para saír senador pola Coruña.

Reapareceu na Segunda República. Inicialmente militou nas filas da Dereita Liberal Republicana de Alcalá Zamora e Maura, pero cando se presentou e obtivo escano por Alacant no ano 1933 fíxoo como independente. Tamén resultou elixido nas eleccións de febreiro de 1936.

Formou parte da Deputación Provincial de Madrid (1898), foi director xeral da Administración (1903), director xeral de Propiedades (1913), subsecretario de Gracia e Xustiza (1915) e subsecretario de Facenda (1916 e 1918). Foi ministro de Traballo, do 7 de decembro de 1922 ó 1 de setembro de 1923.

Pola declaración feita no Senado para xustifica-los seus ingresos, sabemos que era persoa de regular fortuna.

Como deputado foi sempre moi laborioso. Na lexislatura de 1910 formou parte das comisións de Obras Públicas, Obras Hidráulicas, Repoboación Forestal, e Reforma da Lei do Ferrocarril.

Morreu en Madrid no ano 1951, e deixou unha especie de memorias, que titulou, intencionadamente e contra o libro de Gil Robles, *La paz fue posible*, que foi impreso en Madrid en 1972. Memorias de escaso interese humano e político.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1912-1914	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1918-1919	Senador pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1919-1920	Senador pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1920-1923	Senador pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1923	Senador pola provincia da Coruña	

## — D —

**DARRIBA DO REGO, Manuel**

Para as eleccións de 1879 o Goberno decidiu facer un macrodistrito na Coruña, incluíndo o territorio desde Carballo ata Carral e asignándolle tres deputados, e outro macrodistrito en Lugo, incluíndo Lugo, Sarria e Vilalba, tamén con tres deputados.

No distrito de Lugo, o conde de Pallares resistiuse a incluír dous *cuneros* nas eleccións de 1879, como era a pretensión do Goberno, tendo que ceder no caso de González Vallarino. Por iso acordouse que se presentasen como ministeriais, Pardo Montenegro e Pérez Batallón, e o terceiro, González Vallarino, *cunero*.

Cando os pactos estiveron pechados, presentou de súpelo un cuarto candidato, Darriba do Rego, pouco coñecido na política lucense porque residía en Madrid.

Coa súa fama de home rico, que parecía fundada, unha intelixente campaña en contra dun deputado *cunero*, González Vallarino, e mais os apoios do Partido Liberal e dalgún xornal afín a esta tendencia, case logrou o milagre de obte-lo escano pese a non ser ministerial nin contar co favor do conde de Pallares.

A mesa, pouco favorable a Vallarino, decidiu impugnar tódalas papeletas nas que os electores puxeran Villarino, en vez de Vallarino. Por iso a mesa decidiu designar deputado a Darriba.

Os amigos de Vallarino, e moi especialmente Romero Robledo, que era o seu "padriño", lograron que a Comisión de Actas rectificase a proposta de dar como gañador a Darriba, sandando a posible nulidade das papeletas e declarando deputado a Vallarino.

Resultou sen embargo elixido para a seguinte lexislatura, a de 1881 a 1884, xa cos liberais e como candidato ministerial.

Retornou en 1893, pero non ó Congreso senón ó Senado, sempre pola provincia de Lugo.

No expediente económico feito no ano 1893, para tomar posesión do escano de senador, consta que era propietario de vinte e catro casas na rúa do Espírito Santo, de Madrid. Non significa isto que só posuira estas casas, xa que os senadores presentaban os títulos ou propiedades que fosen suficientes para xustificar a renda fixada para ser senador.

Darrida do Rego non destacou nin como deputado nin como senador.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1879-1881	Deputado por Lugo (anulada)
Lexislatura 1881-1884	Deputado por Lugo
Lexislatura 1893-1894	Senador pola provincia de Lugo

**DECOROSO VÁZQUEZ-GÓMEZ, Ricardo**

Deuse a coñecer no Sexenio Revolucionario formando parte da Xunta constituída en Ferrol en 1868. Foi un membro moi activo desta xunta, porque consta que actuou como delegado da mesma para somete-las corporacións das vilas máis importantes. Con sesenta homes armados presentouse en Ribadeo obrigando a dimitir a toda a corporación, acusada de falta de entusiasmo polo proceso revolucionario, e nomeando a outro alcaide e concelleiros.

Premiaron os seus servizos presentándoo como ministerial polo distrito de Quiroga (Lugo) nas eleccións de 1872, nas que obtivo o escano.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
-----------------------	-----------------------------------	------

**DELGADO ALFÉREZ, Laureano**

Avogado, debeu nacer en Xaén, provincia que representou en catro lexislaturas. Na de 1872 a 1873 foi deputado polo distrito de Cazorla (Xaén) e na de 1873 a 1874 novamente resultou electo por ese distrito.

Nos primeiros anos da Restauración retirouse da vangarda política, para logo reaparecer na lexislatura de 1886 a 1890, en que foi elixido outra vez por Cazorla.

En 1905 presentouse e saíu elixido polo distrito de Xaén.

Non nos consta que tivese relación ningunha con Galicia. Foi presentado como ministerial polo distrito de Pontevedra na lexislatura de 1893 a 1896, polo cal gañou o escano.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito de Pontevedra	
-----------------------	--------------------------------------	--

**DELGADO GARCÍA, Wenceslao**

O 22 de abril de 1908 morreu seu pai, o deputado por Viveiro, Eleuterio Delgado Martín (véx.). O Goberno estaba interesado en que o sucedese seu fillo, o noso Wenceslao Delgado García, polo tempo que restaba da lexislatura. Iso é o que explica que nos refiramos brevemente a el.

Naceu en San García (Segovia) en 1877. Estudiu Dereito na Universidade Central.

Traballou, tamén coma seu pai, na Compañía Arrendataria de Tabacos. Foi presidente honorario da Cámara de Comercio de Segovia.

Despois da súa experiencia como deputado por Viveiro, cóstanos que representou o distrito de Nieva (Segovia) nas lexislaturas de 1916 e de 1918.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1908-1910	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
-----------------------	-----------------------------------	------



**DELGADO MARTÍN, Eleuterio**

Naceu en San García (Segovia) o 18 de abril de 1852.

Estudou Dereito, pero as súas especialidades foron sempre a economía e a facenda. Opositou e gañou unha praza de avogado do Estado. Logo ingresou na Dirección Xeral do Contencioso.

Foi letrado da Compañía de Tabacos ou Tabacaleira, posteriormente xefe de letrados e finalmente, xerente da mesma. Pertenceu tamén ó Sindicato Nacional de Maquinaria Agrícola e a outras sociedades como a de Construcións Metálicas e a Sociedade de Crédito Iberoamericano.

Dirixiu as revistas *La Hacienda* e *El Comercio*.

Publicou diversas obras especialmente sobre temas económicos, como *Apuntes de Derecho Económico del Estado* (1886), *La Renta de Tabacos* (1892), *Los Cambios* (1904), *Política Financiera* (1908), etc.

Foi ministro de Facenda moi pouco tempo, entre o 20 de novembro de 1906 e o 3 de decembro de 1906 nun goberno liberal de Moret, no partido do cal militou sempre.

Morreu en Madrid o 22 de abril de 1908.

Ademais de representa-lo distrito de Riaza (Segovia) entre 1905 e 1908, tamén o fixo co de Viveiro en tres lexislaturas. Foi substituído en 1908 por seu fillo Wenceslao Delgado García (véx.).

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
Lexislatura 1907-1908	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo

**DÍAZ, Ventura**

Naceu en Andújar (Xaén), fillo de Pedro Díaz e de Xosefa Artillero. Estudou Filosofía ou Artes no Seminario de Baeza e posteriormente Dereito na Universidade de Granada. Concluíu os estudos na Universidade de Sevilla.

O seu liberalismo ocasionoulle persecucións e meses de cárcere e por iso decidiu exiliarse a Francia, onde permaneceu tres anos. Retornou no ano 1834.

A partir do retorno a España ingresou na Administración, na que foi subindo paseñamente tódolos seus chanzos ata chegar a ministro. Comezou como oficial do Goberno Civil de Córdoba, onde estivo tres anos, e foi ademais comandante da milicia nacional.

Pasou logo a secretario do Goberno Civil de Badaxoz, onde actuou ás veces como

xefe político ou gobernador interino.

En 1841 ascendeu a secretario do Goberno Civil de Sevilla. En 1843 foi designado gobernador en comisión da provincia de Cáceres e logo da de Zamora. Renunciou a este cargo porque daquela xa militaba no moderantismo e non coincidía coas ideas progresistas do Goberno.

O Goberno moderado nomeouno gobernador da provincia de Pontevedra ó caer Espartero. Alí permaneceu tres anos tendo que enfrontarse no mes de outubro de 1843 a un pronunciamento en Vigo.

De Pontevedra ascendeu ó Goberno Civil da Coruña e no ano 1847 ó de Barcelona.

A súa gran experiencia nas provincias explica que os gobernos o utilizasen nas situacións en que había problemas graves que solucionar. Por iso Sartorius o enviou como gobernador a Málaga, despois a Valencia e logo a Badaxoz.

Definitivamente convertido ó liberalismo conservador e fiel seguidor de Bravo Murillo, foi nomeado ministro de Gobernación no Goberno de transición de Istúriz o 14 de xaneiro de 1858, parece ser que por recomendación de Bravo Murillo.

Xa no Goberno presentou a mediados de abril un proxecto de lei sobre o ferrocarril dos Alduides (País Vasco), proxecto que foi contestado na prensa acusando o ministro de pretender beneficiarse economicamente naquela operación. O Consello de Ministros rexeitou o proxecto e V. Díaz veuse na obriga de dimitir, polo cal permaneceu no poder a penas cinco meses.

Ventura Díaz foi moi atacado pola prensa satírica progresista, achacándolle un carácter no que se mesturaba o autoritarismo, ás veces esaxerado, e unha candidez total. Unha quarteta satírica referíase a esa candidez natural de Díaz:

"Más debió a su catadura  
y a su humor tornasolado,  
aún llamándose Ventura,  
ser un ser desventurado".

Representou a Galicia só nunha ocasión, na lexislatura de 1844 a 1846. Nela formou parte de varias comisións: Devolución dos bens desamortizados non vendidos ó clero, Administración dos montes e Goberno interior. Non participou nos grandes debates. Só lle coñecemos unha importante actuación, na sesión do 4 de febreiro de 1845 na que debateu o tema do tráfico de escravos. A súa postura era favorable á supresión do tráfico, non por razóns humanitarias senón porque de non facelo así, estaba en perigo un tratado comercial con Inglaterra.

Na lexislatura de 1863 a 1864 foi designado senador vitalicio, cargo do que non chegou a tomar posesión.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1844-1846      Deputado pola provincia de Lugo

**DÍAZ AGERO GUTIÉRREZ, Agustín****(Conde de Malladas)**

Naceu en Salamanca o 28 de agosto de 1841. Era fillo de José Díaz Agero, de Béjar (Salamanca) e de Eugenia Gutiérrez, de Salamanca, grandes propietarios. Estudiu as carreiras de Enxeñería e de Leis. Ampliou os seus estudos na Universidade de Gante (Bélxica). Seu pai foi un importantísimo inversor en bens desamortizados, xa que no ano 1848 gastou 3.746.000 reais para adquiri-la encomenda de Malladas (La Moraleja, Madrid). De aí o título de conde de Malladas que logo herdou seu fillo.



Membro do Partido Moderado, entrou na política no ano 1867 e retirouse dela durante o Sexenio, traballando na construción do ferrocarril Medina del Campo-Salamanca, nas liñas Madrid-Plasencia e Vilalba-Segovia, e no porto de Pajares en Asturias. En 1864 publicou *Memoria sobre el material de ferrocarriles*.

Coa Restauración recuperou a súa actividade política, representando o distrito de Coria (Cáceres) en 1879 e o de Madrid en 1891. Ademais foi senador por Cáceres en 1884, por Ávila en 1898 e posteriormente vitalicio desde 1899. Foi membro do Consello de Administración do Ferrocarril de Salamanca.

Presidente do Casino de Madrid desde 1890 e durante dezasete anos, logrou a construción do magnífico edificio desta entidade. Foi varias veces edil do Concello de Madrid, e a el se lle deben diversas obras de axardinamento, paseos e arboredos. Consta que tiña propiedades en Coto Robliza de Cojos (Salamanca). Fóralle concedida a Gran Cruz de Isabel a Católica, a de Villaviciosa, a do Cristo de Portugal, a de S. Gregio o Magno, etc.


Desde 1888 herdou o título de conde de Malladas, constituído tres anos antes. Morreu en Madrid o 20 de decembro de 1924.

Representou a provincia de Pontevedra nas eleccións de 1867. Como deputado formou parte das comisións do Ferrocarril e de Peticións. Tamén foi secretario por idade do Congreso.

Non presentou ningunha emenda, nin pregunta, nin falou nas Cortes.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Legislatura 1867-1868    Deputado pola sección de Pontevedra    Pontevedra



## DÍAZ COBENA, Luis

Persona dun extraordinario prestixio en Madrid por ter un dos bufetes máis acreditados, pero descoñecido en Galicia a pesar de que nos representou durante moitas lexislaturas.

Iniciouse na política representando o distrito de Noia na lexislatura de 1884 a 1886, pasou logo ó distrito de Redondela e foi senador por Badaxoz entre 1899 e 1900 e posteriormente por Lugo e Ourense.

Sánchez de los Santos di del que "varias veces ha sido por la opinión indicado para ministro y algunas los jefes conservadores encargados de formar Gobierno le ofrecieron la cartera de Gracia y Justicia, pero siempre la ha rehusado". Foi varias veces decano do Colexio de Avogados de Madrid. Tanto no Congreso coma no Senado foi un membro activo das comisións das que formou parte, que foron as de Administración local, Reforma de concordato, Responsabilidade civil, Portos, e Base para reorganiza-los xulgados municipais, da que foi presidente en 1903.

Por Real Decreto do 2 de febreiro de 1909 foi nomeado senador vitalicio e ocupou a vacante que deixara o marqués del Bosch de Arés. Morreu en Madrid o 17 de agosto de 1915.

### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1891-1892	Deputado polo distrito de Redondela	Pontevedra
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Redondela	Pontevedra
Lexislatura 1903-1904	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1905-1906	Senador pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1908-1909	Senador pola provincia de Ourense	

## DÍAZ CORBELLE, Felipe Benicio

Naceu en Viveiro en 1821. Era irmán de Nicomedes Pastor (véx.), quen foi o seu padriño de bautizo e de tal maneira o apadriñou, que Benicio foi sempre a sombra, o secretario e o home de confianza de seu irmán.

Cursou a carreira de Leis e rematouna en 1846.

O seu irmán conseguíulle diversos postos na Administración do Estado e chegou a ser ordenador xeral de pagamentos do Ministerio de Gobernación, antes oficial primeiro de Gobernación.

Só foi deputado por Galicia nunha ocasión, entre 1858 e 1862, representando o distrito de Viveiro.



Como deputado a penas se fixo notar. Formou parte da comisión de Peticións e non interveu nunca.

Morreu en 1862, poucos meses antes ca seu irmán.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1858-1862	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
-----------------------	-----------------------------------	------

### DÍAZ CORBELLE, Nicomedes Pastor

Naceu o gran escritor e político en Viveiro o 15 de setembro de 1811 no seo dunha familia que podemos valorar como de clase media. Era fillo de Antonio Díaz Insua, do corpo de administración da Armada e máis tarde contador de Correos de Lugo e logo de Ferrol, e de María Corbelle Senra, filla de Antonio López Corbelle, comerciante e administrador de Correos de Viveiro, e de Nicolasa Fernández Senra, filla á súa vez dun comerciante de Viveiro. O noso biografado non procede, por ningún dos costados, nin da fidalguía nin da terra, o que en Galicia non deixa de ser un caso raro.



Nicomedes Pastor foi o primeiro de doce fillos, non todos superviventes. Estudiu Latínidade entre 1818 e 1821 no colexio da Natividade de Viveiro e posteriormente, entre 1821 e 1825, no Seminario de Mondoñedo.

Incorpora estes estudos na Universidade de Santiago, en 1825 cursa primeiro de Leis e vive como fámulo (unha especie de servidor) no Colexio Maior de Fonseca. Non puido licenciarse Nicomedes en Santiago ó ser pechada a universidade por mandato ministerial. Concluíu na Universidade de Alcalá, que non fora pechada, e obtivo o título de licenciado en Leis o 31 de outubro de 1831.

Deste xeito Díaz Corbelle iniciou a súa vida en Madrid. Como sucedía naquel tempo, os ascensos dos mozos inquedados estaban sempre apadriñados por persoas ben situadas. Nicomedes Pastor atopou en Santiago o apoio de Ramón Fort e en Madrid o do gran protector Manuel Fernández Varela, administrador de bulas. Posteriormente foi o xeneral Latre, moi vencellado a Galicia, quen o introduciu no faladoiro de Manuel José Quintana e quen lle procurou o posto de oficial segundo da Subdelegación de Fomento en Cáceres, o seu primeiro traballo remunerado. Foi así como Pastor Díaz comezou a gozar ós vintecatro anos dunha estabilidade económica que liberaba a súa familia. En 1836 ocupou a praza de secretario do Goberno Civil de Santander e ó ano seguinte a de oficial do Ministerio de Gobernación. En 1838 foi nomeado gobernador de Segovia, onde viviu unha experiencia desacougante porque durante o seu mandato, a cidade foi ocupada polos carlistas e Nicomedes tivo que andar fuxido polas serras. En 1839 foi gobernador de Cáceres.

As ocupacións políticas e administrativas non lle impediron dedicar horas á creación literaria. En 1840 publicou un tomo de *Poesías* que significou un acontecemento literario en toda España. Ata ese ano a súa pluma dedicárase a facer crítica literaria no xornal *El Conservador* ou no *Museo Artístico y Literario*, e a escribir en *El Siglo* (1834), *El Español* (1841-1842), etc.

A partir de 1840 Pastor Díaz vive xa en Madrid, centro da súa posterior actividade literaria e política.

Era persoa relixiosa e socialmente conservadora. Naquel abano de proxectos políticos, Pastor Díaz non dubidou en apostar polo Partido Moderado, un partido liderado por personalidades que viron a posibilidade de contar cunha pluma crítica e non por iso menos elevada, cunha conducta pública recoñecida e limpa e, sobre todo, cun home que non tiña condicións de liderado e que, por iso, non competiría xamais con ningún.

Por iso en 1840, comprometido xa con esta formación política e por encargo "de varios prohombres del partido moderado", tentou convence-la raíña rexente Cristina, quen lle tiña aprecio, de que adoptase unha solución política, na que por suposto non entraba Espartero, que foi quen a expulsou e iniciou unha nova etapa política. Pastor Díaz pagou con dous meses de cárcere esta mediación. Como compensación entrou na nómina dos xornais *El Sol* (1842-1843) e logo en *El Heraldo* (1842-1854), xornais que como demostrou Federico Suárez Verdeguer, foron pagados integramente pola nai da Raíña desde París.

O cárcere significou para Pastor Díaz, entre outras cousas, unha radical hostilidade contra Espartero, e indirectamente contra o Partido Progresista, e un fortalecemento público da súa persoa, sobre todo no campo moderado.

Coincidindo coa expatriación de Espartero, saíu elixido deputado en 1843 pola provincia da Coruña.

O moderantismo, no poder a partir de 1844, agradeceulle a Pastor Díaz os seus traballos nomeándoo secretario do Banco Isabel II ó pouco de ser fundado. En 1844 presentouse polas circunscricións da Coruña, Lugo e Cáceres. Foi derrotado nas dúas provincias galegas, pero obtivo a representación por Cáceres, provincia que representou ata 1846. Representando a Cáceres pronunciou un discurso contra a reforma da Constitución de 1837 na sesión do 30 de outubro de 1844, onde manifestou toda a súa madurez política. Entendía el e o grupo dos *puritanos*, ó que pertencía, que o obxectivo de desarma-lo radicalismo liberal fora conseguido plenamente cando o Parlamento deixou sen efecto a Constitución de 1812 e dotou o Estado dunha constitución equilibrada e suficientemente moderada. Remover novamente o tema constitucional era cargar unha barrica de pólvora disposta a estalar en calquera momento. No ano 1845 pronunciou outros discursos sobre o tema da desamortización e do orzamento de culto e clero nos que se puxo de manifesto, unha vez máis, o seu atinado raciocinio. Propugnaba un orzamento digno, pero non a devolución das terras non vendidas á Igrexa.

Presentouse novamente nas eleccións de 1846 polo distrito de Viveiro. Non só foi

derrotado por Antonio María Coira, senón que tivo ademais que sufrirlos desaires da poboación, que chegou a apedra-la súa casa. Aquela ferida posiblemente nunca foi curada de todo. De feito non volveu a presentarse por Galicia. O ano 1847 foi o da súa consagración: subsecretario de Gobernación, presidente do Real Consello de Agricultura, Industria e Comercio, membro numerario da Real Academia Española e finalmente, o 28 de abril de 1847 foi nomeado ministro de Fomento, cargo que exerceu ata o 3 de agosto do mesmo ano.

Narváez nomeouno por decreto rector da Universidade de Madrid o 10 de setembro de 1847, cargo que ocupou ata 1850.

No ano 1851 saíu elixido por Naval Moral de la Mata (Cáceres). En 1854, o duque de Rivas, primeiro ministro, destinouno a Cerdeña como ministro plenipotenciario de España. E pouco despois, Espartero aproveitou a súa experiencia política e enviouno a Turín.

O'Donnell, xefe da Unión Liberal e presidente do Consello de Ministros nomeouno o 14 de xullo de 1856 ministro de Estado, ministerio que ocupou ata o 12 de outubro do mesmo ano.

En 1858 foi designado senador vitalicio, cargo que compatibilizou co de embaixador en Portugal entre 1859 e 1861. En 1863, e por terceira vez, Pastor Díaz foi nomeado ministro de Gracia e Xustiza.

Morreu en Madrid o 22 de marzo de 1863, célibe e na digna pobreza, que fora sempre divisa da súa vida.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1843-1844    Deputado pola provincia da Coruña

---

### DÍAZ CORDOVES GÓMEZ, Gumersindo

---

Naceu en Consuegra (provincia de Toledo) no ano 1855. Estudiu Dereito na Universidade Central. Exerceu de avogado.

Pertencía a unha familia poderosa economicamente. Cando no ano 1908 tivo que facer o expediente para senador vitalicio fai constar que era propietario na provincia de Toledo, sendo un dos primeiros contribuíntes por riqueza rústica. Ademais tiña unha casa na rúa Alcalá de Madrid e 200.000 ptas. a un 4% na débeda pública.

Militou sempre no partido conservador. No ano 1890 foi designado Gobernador Civil e en 1895 Director Xeral de Propiedades do Estado. Exercía este cargo cando se presentou e resultou elixido deputado polo distrito de Orgaz (Toledo). Novamente foi reelixido no ano 1898-1899, e nas legislaturas dos anos 1901-1903; 1903-1905; 1906-1907 e 1907-1909.

Sen embargo, con anterioridade, xa representara a dous distritos de Galicia, o de Verín entre 1884-1886 e o de Pontecaldelas entre 1891-1893. No ano 1908 foi designa-

do senador vitalicio.

López Soler dedicoulle a seguinte cuarteta:

"El señor Don Gumersindo  
 diputado por Toledo  
 ¿Qué tendrá de cordobés?  
 ¡Cómo no sea el sombrero...!"

Morreu o 17 de abril de 1921.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1884-1886	Deputado por Verín	Ourense
Lexislatura 1891-1893	Deputado por Pontecaldeas	Pontevedra

**DÍAZ DE RÁBAGO AGUIAR, Antonio**

Curta foi a súa vida política, como curta foi tamén a vida biolóxica deste deputado.

Era fillo de Joaquín Díaz de Rábago e de Concepción Aguiar Pazos, a herdeira do pazo da Pobra do Caramiñal, como filla do mariscal de campo Juan de Aguiar Lema, e do pazo de Trasouteiro en San Vicenzo de Vimianzo. Seu pai foi un ilustre intelectual, economista, sociólogo e autor dunha ampla obra recollida en oito volumes.

Antonio Díaz de Rábago tiña entre os seus irmáns a Andrés Díaz de Rábago, casado con Narcisca Pérez Esteso e a Carmela Díaz de Rábago, que casou con Vicente Arias de la Maza, matrimonio de quen proceden Carmela Arias Díaz de Rábago, condesa de Fenosa e Joaquín Arias Díaz de Rábago, vicepresidente da Fundación Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.

As únicas noticias que temos do noso protagonista indicannos que resultou elixido deputado polo distrito de Cambados na lexislatura de 1893 a 1896 e novamente na de 1898 a 1899. Morreu o 6 de setembro de 1898.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
	(O morrer foi substituído por E. Montero Villegas)	

**DIÉGUEZ, Mariano**

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Lexislatura 1872 (1ª)	Deputado polo distrito de Verín	Ourense



## OS DIÉGUEZ AMOEIRO

Repentinamente e durante O Sexenio apareceu na provincia de Ourense, unha xeración de xoves políticos, os Diéguez Amoeiro, que a partir de Verín, lugar do seu nacemento e teatro das primeiras actividades políticas, parecían pretender erguerse na provincia de Ourense como un novo poder familiar.

Dirixía o grupo o pai, Benito Amoeiro, un progresista de avoengo que residía en Verín e que soubo proxectar nos fillos as vellas virtudes do progresismo histórico.

Benito Amoeiro loitou de forma incansable contra os carlistas e iso provocou que os seguidores da causa lle puxesen prezo á súa vida, o que o obrigou a residir algúns anos en Portugal.

Puido ver cómo os seus ideais prenderon nos fillos. O seu fillo Luis reconstruíu, coa axuda do pai, o Partido Progresista na comarca de Verín. Xunto cos seus irmáns Cástor e Benito e en permanente contacto con Sagasta, traballou desde 1866 na preparación do levantamento contra a monarquía isabelina. Nese ano lograron conectar con varios oficiais do rexemento de Monterrei e cos carabineiros da fronteira e todos eles constituíron un grupo disposto a pronunciarse na primeira ocasión que se presentase.

No ano 1867 abríronse varios procesos por conspiración contra os irmáns Diéguez Amoeiro. Por iso Luis e posiblemente algún outro irmán tiveron que exiliarse temporalmente en Portugal.

A persecución, sen embargo, non os deixou en paz tampouco en Portugal. Luis foi detido e enviado por algún tempo ó cárcere de Peniche (Lisboa), de onde puido saír gracias a unha amnistía.

Cando finalmente se pronunciou a Mariña en 1868, vemos cómo tódolos Diéguez Amoeiro protagonizan diversas actividades, forman parte das xuntas revolucionarias e mesmo empezan xa a tocar poder. Luis aparece como secretario da Xunta Revolucionaria de Verín e ó pouco tempo como secretario do Gobernador de Ourense.

Nas eleccións celebradas durante o Sexenio, os Diéguez Amoeiro copan a representación por Verín e por Xinzo e sitúan a outro irmán como senador por Ourense.

Todo parecía, pois, indicar que un novo poder familiar irrompía no horizonte ourensán. Sen embargo os Diéguez Amoeiro a partir de 1875 esvaécense do escenario político.

**DIÉGUEZ AMOEIRO, Benito**

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1871-1872	Senador pola provincia de Ourense
Lexislatura 1872-1873	Senador pola provincia de Ourense

**DIÉGUEZ AMOEIRO, Cástor**

**R**epresentou en dúas ocasións o distrito de Verín

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872 (2ª)	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Lexislatura 1873-1874	Deputado polo distrito de Verín	Ourense

**DIÉGUEZ AMOEIRO, Luis**

**N**aceu en Verín no ano 1838. Estudiu ata segundo curso de Teoloxía no Seminario de Ourense, que abandonou para estudar Dereito e que cursou na Universidade de Madrid. Rematou os estudos en 1863 e instalouse como avogado na vila de Verín.

Como xa dixemos, coa axuda e dirección do seu pai, reconstituíu o Partido Progresista de Verín. No ano 1867 autoexiliouse en Portugal para evitar ser procesado. Sen embargo, foi detido e encarcerado en Lisboa.

No ano 1868 foi un dos animadores do levantamento deste ano na comarca de Verín e na provincia de Ourense.

Resultou elixido na lexislatura de 1869-1871 polo distrito de Xinzo de Limia (Ourense).

No Congreso formou parte das comisións de establecementos penais e de peticións. Só interveu nunha ocasión no Congreso para defende-la supresión da pena de morte.

No ano 1868 foi nomeado secretario do Gobernador de Ourense e en 1871, gobernador de Zamora. No ano 1870 apoiou a idea de que Espartero fora rei de España.

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1866-1871	Deputado polo distrito de Xinzo	Ourense
-----------------------	---------------------------------	---------

**DISDIER CROOKE, Enrique**

Proviña dunha familia de Málaga, onde naceu. Era fillo de Federico Disdier Escobar.

Tiña un irmán, Luis Disdier, que representou o distrito de Cervera del Pisuerga (Palencia).

Só representou nunha lexislatura a Galicia, onde era un perfecto descoñecido. Pertenceu ó Partido Conservador.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Becarres	Lugo
-----------------------	------------------------------------	------

**DOMÉNECH, Julián**

Naceu no ano 1812 en Calzada de Oropesa (Puente del Arzobispo, Toledo) onde o seu pai exercía como médico.

Estudou en Madrid e iniciou os estudos de Farmacia, pero a súa vocación era a economía. Vencellos de amizade e mesmo dun parentesco remoto, levárono a traballar durante cinco anos co banqueiro José Safont, con quen aprendeu o mecanismo da administración facendística.

O seu progresismo político ten relación co nomeamento de comisionado para a amortización da provincia de Lugo, que o Goberno de Espartero fixo no seu favor no ano 1841. Esta é a explicación da súa vinculación con Galicia.

En Lugo integrouse de seguida co importante grupo de progresistas da cidade, ós que seguiu cando decidiron no ano 1843 rachar con Espartero, acusado de dictador, e oporse ós candidatos presentados polo Goberno nas eleccións dese ano.

O 18 de marzo de 1843 os progresistas antiesparteristas celebraron unha festa en Lugo para conmemoral-la victoria sobre os esparteristas. Con Arias de la Torre, Buenaventura Magín Pla e outros, estaba Doménech.

No ano 1846 seguía en Lugo como administrador dos bens nacionais, representaba nesta cidade os bancos de Isabel II e da Unión, e levaba a administración do tabaco, o sal, o papel selado, etc., é dicir, era o administrador das rendas estancadas.

Posteriormente foi destinado á cidade da Coruña como administrador dos bens do Estado. Logo pasou a Albacete como intendente. Sabemos que estivo tamén en Valladolid como xefe de Estatística.

En 1851 estivo novamente na cidade de Lugo como administrador das contribucións directas da provincia. Foi nese ano cando resultou elixido deputado polo distrito da Fonsagrada.

Cos anos, Doménech non só perdeu a fervenza radical da mocidade senón que se

pasou ó Partido Moderado.

Importante rendeiro, intendente honorario e socio da Económica Matritense, non resultou un deputado activo nin para o seu distrito nin para Galicia.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1851-1852    Deputado polo distrito de Fonsagrada    Lugo

### DOMÍNGUEZ, Buenaventura

Naceu en San Pedro de Outes (Serra de Outes, A Coruña). Estudiu na Universidade de Santiago. No curso de 1786 graduouse de bacharel en Artes e no de 1791 en Teoloxía, carreira esta última que debeu rematar en 1795.

Estaba de párroco en Saiar (Caldas, Pontevedra), cando a Guerra de Independencia veu mudar tantas cousas no país. Seguramente Buenaventura colaborou económica e humanamente na loita contra os franceses sen agardar ningún recoñecemento, como fixeron centos de cregos galegos. Sen embargo alguén puxo o seu nome derriba da mesa cando se tratou de elixir deputados no ano 1813, as segundas eleccións que se celebraban en España, e resultou elixido. É moi posible que o primeiro sorprendido fora el mesmo, porque ser deputado cando a metade do Estado seguía ocupada polas tropas francesas, cando era preciso agardar a que un barco o levase a Cádiz e iniciar unha nova vida, á que Buenaventura non estaba habituado, era un sacrificio dificilmente compensable coa gloria de se-lo elixido.

Ainda que escribira ás Cortes o 4 de novembro de 1813 anunciando que estaba de camiño, non debeu chegar a Cádiz antes do mes de xaneiro de 1814, dado que a comisión das Cortes aprobou os seus poderes o dezasete dese mes. Xurou como deputado o 31 de xaneiro e incorporouse ás tarefas. Formou parte da comisión de contas.

Foi un dos deputados galegos favorables ó absolutismo e a súa firma aparece no *Manifiesto de los Persas* pedíndolle a Fernando VII que asuma o poder absoluto.

Buenaventura debeu padecer algunha grave enfermidade porque xa non puido volver a Galicia nin á súa parroquia. O 26 de maio de 1814 o xornal absolutista de Santiago *El Sensato* daba conta da súa morte coas seguintes palabras: "El ex diputado Domínguez, cura de Sayar, digno de nuestra memoria y gratitud, que ha llenado sus deberes a satisfacción de todos los buenos y siempre se mantuvo firme en defensa de la buena causa, acaba de fallecer en Madrid".

Como deputado, Domínguez pasou algúns momentos difíciles coma cando pretendeu falar en certa ocasión cos lercháns que estaban nas galerías das Cortes, e parece ser que pagados por un sector dos liberais, que a berros lle impedían facer uso da palabra. Buenaventura denunciou habilmente aquel acoso non por ser un deputado absolutista, que esa era a causa dos berros, senón por ser un deputado galego.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1813-1814    Deputado pola provincia de Santiago



**DONOSO DE LA CAMPA FERNÁNDEZ, Marciano**

Representou a provincia de Lugo en tres lexislaturas no Senado, cámara na que foi sen dúbida un dos senadores máis activos.

Na lexislatura de 1896 a 1898, foi secretario das comisións do Canal de Miraflores, Modificación da lei de recrutamento do exército, Reforma do Código de xustiza militar, Estrada de Viveiro a Mondoñedo, e vicepresidente da Comisión xeral de presupostos. Así mesmo actuou de secretario en dúas comisións de ferrocarrís.

Na lexislatura de 1898 a 1899, foi secretario das comisións para fixa-la forza militar permanente e doutras tres de estradas e ferrocarrís. Tamén formou parte da que acordou cede-lo Forte de San Carlos ó concello da Coruña.

Donoso de la Campa foi avogado e gañou as oposicións a avogado do Estado. Foi conselleiro togado do Consello Supremo de Guerra e Mariña. No ano 1900 foi nomeado senador vitalicio.

Morreu o 26 de xullo de 1902.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1896-1898	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1898-1899	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1899-1900	Senador pola provincia de Lugo

**DORADO LÓPEZ DE ZÁRATE, Francisco**

(Conde de Campomanes e Marqués de Villanueva de la Sagra)

Naceu en Madrid o 28 de agosto de 1858 e era fillo de Mariano Dorado Retamar, natural de Guereña (Badaxoz) e de María del Carmen López de Zárate Ramírez de Arellano, de Madrid. Por seu pai procedía da vila de Don Benito (Badaxoz) e pola nai, de Madrid. Os pais da súa nai eran os marqueses de Villanueva de la Sagra, título que herdou o noso biografado.

Estudou Dereito na Universidade Central de Madrid.

Incrementouse extraordinariamente o seu patrimonio cando casou con Ignacia Rodríguez Campomanes, condesa de Campomanes.

Foi este matrimonio o que o enlazou dalgunha maneira con Galicia, porque a súa dona era a filla única do matrimonio formado por Manuel Rodríguez Campomanes Armesto, conde de Campomanes, o maior contribuínte por riqueza rústica da provincia de Lugo, e Josefina Cano Palacios.

Herdou a súa dona o título de condesa de Campomanes en 1875 cando morreu seu pai, co que vivía en París.

O noso biografado posuía bens, pola súa muller, en Bóveda, O Incio, Lugo,

Monforte, Pantón, Paradela, Pedrafita, Quiroga e O Saviñao. Así mesmo tiña propiedades en Mérida por parte tamén da muller, e pola súa parte posuía terras e rendas en Piedrabuena (Cidade Real) e na provincia de Badaxoz.

Descoñecemos por qué razón un oficio do 14 de novembro de 1906, incorporado ó seu expediente no Senado, indicaba que debería ser coñecido como marqués de Villanueva de la Sagra e non como conde de Campomanes.

Representou a Galicia na lexislatura de 1898 como deputado por Lugo, na de 1901 por Fonsagrada, na de 1903 como senador por Lugo, o mesmo que na lexislatura de 1905 a 1907.

Non volveu estar no Parlamento ata 1916 en que representa no Congreso o distrito de Don Benito (Badajoz). Finalmente resultou elixido senador pola Coruña na lexislatura de 1923. Morreu o 17 de outubro de 1933.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Lugo
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito da Fonsagrada Lugo
Lexislatura 1903-1905	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1905-1907	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1923	Senador pola provincia da Coruña

## DORADO PIZARRO, Manuel

A única relación que tivo con Galicia foi a de ser curmán de Francisco Dorado López de Zárate, conde de Campomanes (véx.).

Naceu na vila de Guereña (Badaxoz) o 26 de setembro de 1865 e era fillo dos terratenentes Secundino Dorado Retamar, tío de Dorado López de Zárate, e de Ana Pizarro Torres, natural de Alburquerque (Badaxoz).

Casou en 1889 con Josefa Briones García, natural de Alcocer (Guadalaxara), que residía en Madrid coma o noso biografado.

A súa primeira experiencia política tívooa na lexislatura de 1907 a 1910 en que obtivo escano polo distrito de Don Benito (Badaxoz). Posteriormente foi elixido senador pola provincia da Coruña para a lexislatura de 1916 a 1918.

Era un gran propietario rústico con patrimonio en Don Benito, Villaconejos (Cuenca), Guadalaxara e Madrid.

Pertenceu sempre ó Partido Conservador.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1916-1918	Senador pola provincia da Coruña
-----------------------	----------------------------------

**DORAL Y ANUNCIBAY, Antonio**

O distrito de Ferrol proporcionou a Galicia a posibilidade de contar con ilustres mariños como representantes seus. Por regra xeral a representación mariña só utilizou o Congreso para defende-los intereses da súa clase a a penas un pode ler nos seus discursos unha palabra en defensa dos intereses de Galicia ou do seu distrito. Desvencellados das necesidades do territorio que representaban, entendían que a súa deputación so tiña dous obxectivos: premia-la súa carreira e aproveita-la súa estadía no Parlamento para ilustralo sobre os problemas que afectaban a Armada. A biografía política deste deputado confírmao.

Naceu en Cartaxena no ano 1788, segundo aseguran algúns biógrafos. Fillo dun capitán de fragata, non podía ser alleo á endogamia que tanto caracterizaba a Armada. Sentou praza de gardamariña en Ferrol en 1803. Participou como alférez na batalla de Trafalgar. Na Guerra de Independencia, en terra, participou en varias accións contra os franceses, polas que conseguiu o ascenso a tenente de navío en 1814.

No ano 1815 interveu no levantamento de Porlier, o que lle supuxo arresto e procesamento. Quedou en liberdade no ano 1819. Despois dunha longa estancia en Filipinas, retornou a Ferrol onde en 1829 foi procesado, seguramente por conspiración, o que non lle impediu ascender a capitán de navío en 1830.

No ano 1840 estaba á fronte da Capitanía de Cádiz, pero destituíuno a Xunta Revolucionaria creada a consecuencia do levantamento dese ano, o que parece indicar que as ideas políticas de Doral estaban xa lonxe do progresismo da súa xuventude.

Desde 1843, ano en que foi ascendido a comandante maior da Armada, pasou a maior parte do tempo en Madrid ocupando cargos da alta burocracia da Armada, agás en 1846 cando foi nomeado comandante xeral interino da praza de Ferrol. Nese mesmo ano foi ascendido a xefe de escuadra.

No goberno presidido por Bravo Murillo fíxose cargo interinamente do Ministerio de Mariña, entre o 20 de xuño de 1851 e o 8 de agosto do mesmo ano. Novamente volveu ser ministro de Mariña, nesta ocasión como titular, do 14 de abril ó 19 de setembro de 1853. Cesou por desacordo co Consello de Ministros ó tomar atribucións que non lle foran confiadas.

Morreu en Madrid o 21 de xuño de 1855.

Representou a Ferrol desde xuño de 1849 ata 1850 e no ano 1851. A primeira vez tivo que substituír a Gutiérrez de Rubalcava, deputado desde 1846, que ó ser destinado á Capitanía do porto da Habana, non podía seguir no escano. Na segunda ocasión, en 1851, foi elixido polo distrito, pero cesou ós poucos meses para pasar ó Senado como vitalicio. Substituíuno na mesma lexislatura o marqués de San Saturnino.

Non falou en ningunha ocasión, nin consta que presentase ningún proxecto.

Pertenceu ás comisións de Presupostos, Etiqueta e Dereitos de importación dos ferros do estranxeiro.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1849-1850	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
Legislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña

**DURÁN DE CASTRO VIDAL, Antonio**

Natural de Tui, pero veciño de Santiago de Ribarteme (Tui, Pontevedra). Estudiou Latinidade no colexio de San Francisco de Tui co frade Álvaro Estévez, e primeiro de Filosofía, que incorporou na Universidade de Santiago. Rematou Filosofía e posteriormente cursou Leis na mesma universidade.

Era avogado da Real Audiencia, alcalde maior e rexedor decano do concello de Tui cando foi elixido deputado pola provincia de Tui no ano 1810.

Tanto el coma o outro deputado por Tui, Rodríguez Vaamonde, amosaron nas Cortes o seu saber xurídico, unha exquisita prudencia e a convicción da necesidade de que as Cortes tiñan que afondar nos graves problemas que afectaban a sociedade española. Por iso Rodríguez Vaamonde e Durán de Castro se situaron ó lado dos reformistas. Iso non significa que o noso biografado fose un liberal radical. Ponderadamente inclinou o seu voto en favor do discurso que apostaba pola reforma do Estado e da sociedade española.

Ingresou nas Cortes o 20 de setembro de 1810 e formou parte das comisións de Supresión de empregos públicos e de Supresión de prebendas. Votou en favor da liberdade de prensa na votación da sesión do 19 de outubro de 1810. Tamén Durán de Castro permaneceu máis tempo ausente ca presente. Non puido xura-la Constitución de 1812 porque estaba en Galicia con licencia por razóns de saúde. Por iso o 22 de agosto de 1812 solicitou que lle aceptasen a dimisión en carta dirixida dende Ribarteme. As Cortes non lla aceptaron e solicitáronlle que retornase. Parece que non volveu porque non figura a súa firma na derradeira acta.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1810-1813	Deputado pola provincia de Tui
-----------------------	--------------------------------



**DURÁN Y LIRA, Santiago**

Pertencía á fidalguía galega tudense e a unha familia tradicionalmente militar, con representantes no Exército e na Armada. Naceu en Vigo no ano 1824. Ingresou na Armada en 1836.

Casou con Josefa Loriga Herrera Dávila, do pazo de Sobrecarreira (Sigrás, A Coruña), irmán de Juan Loriga Herrera Dávila, un dos preceptores de Alfonso XIII.



Feron fillos deste matrimonio o xeneral de artillería Antonio Durán Loriga e o insigne matemático Juan Jacobo Durán Loriga, ambos veciños da cidade da Coruña. Foi membro do Consello Supremo da Armada, conselleiro de Estado.

O noso protagonista foi elixido deputado polo distrito de Ferrol nas eleccións de 1876, cando era contraalmirante da Armada. Militaba no partido de Cánovas.

Foi nomeado ministro de Mariña por Jovellar, o presidente do Consello de Ministros, o 12 de setembro de 1875 e novamente por Cánovas del Castillo, o 2 de decembro de 1875.

Ó cesar como ministro tivo que someterse novamente á reelección. Posteriormente recibiu a Gran Cruz de Carlos III e por este motivo foi obrigado novamente a someterse á reelección. Durán y Lira debeu pensar que o distrito non era merecente de tantos trastornos e comunicou que renunciaba a presentarse por razóns de saúde. Iso explica que fose elixido Nicasio Pérez López para ocupa-la súa vacante. Morreu o 21 de novembro de 1881 cando era comandante xeneral do porto de Manila (Filipinas).

Xa se comprende que, como deputado, non tivo actuación ningunha.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1876-1879 Deputado polo distrito de Ferrol (só uns meses)


## — E —

### EGUIZÁBAL, José Eugenio de

En realidade non chegou a ser deputado por Galicia xa que aínda que resultou elixido por Pontevedra nas eleccións de 1867, pasou ó Senado porque tamén foi nomeado senador vitalicio o 11 de abril de 1867.

Foi un xurisconsulto eminente, autor da obra *Apuntes para una historia de la legislación española sobre imprenta 1480-1873*, que a familia publicou no ano 1879 cando xa falecera.

Foi avogado dos colexios de Valencia e Madrid, membro do Consello de Estado, vicepresidente da Academia de Xurisprudencia e Lexislación e deputado por Madrid en 1844.



#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1867-1868 Deputado pola provincia de Pontevedra  
(Non xurou o cargo)



### = ELDUAYEN MATHE, Ángel (Marqués de Elduayen)

Naceu o 6 de marzo de 1855. Era fillo de José Elduayen Gorriti. O segundo apelido desconcértanos porque o pai estivo casado dúas veces, con Carmen Martínez Montenegro e con Pura Fontán Tortosa, pero ningunha delas levaba o apelido Mathe.

Ingresou na Armada e no ano 1891 era xa tenente de navío, e en 1913 capitán de fragata.

Casou con María Jiménez de Sandoval Saavedra. No ano 1896 a Coroa concedeu-lle o título de marqués de Elduayen, o que significa que o título de marqués do Pazo de la Merced, concedido a seu pai, non o herdou este fillo.

Debeu morrer en 1922 porque constatamos que neste ano o seu fillo, José Elduayen e Jiménez de Sandoval, casado coa princesa de Hohenlohe Schillingsfrust, condesa de Orsay, ostenta xa o título de Marqués de Elduayen.

Presentouse por vez primeira ás eleccións en 1891 e obtivo a representación por Villacastriño (Xaén) e por Vigo. Optou por Vigo. A partir deste momento mantivo a representación por Lalín ata 1903. Nese ano pasou ó Senado, no que representou a provincia de Pontevedra ininterrompidamente ata 1920.

Como deputado e senador formou parte de moitas comisións, especialmente daquelas que tiñan relación coa Armada, Vigo ou a provincia. Así, por exemplo, en 1903 formou parte da comisión do Senado que estudiaba a agregación do concello de Bouzas a Vigo ou da que estudiaba e declaraba de interese xeral o porto de Moaña.

En todo caso, a cidade de Vigo debeu nota-la diferenza de estar representada polo pai ou polo fillo. Aquel sentou as bases do Vigo moderno, este foi un mero continuador con menos poder no Goberno.

Do Partido Conservador.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Lexislatura 1893-1895	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra
Lexislatura 1903-1904	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1905-1907	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1907-1910	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1910-1914	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1916-1917	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1918-1919	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1919-1920	Senador pola provincia de Pontevedra	

**ELDUAYEN Y GORRITI, José**

A cidade de Vigo, cunha burguesía e clase media poderosas, aspiraba a constituírse na gran cidade do sur de Galicia. Necesitaba ferrocarril e estradas que rompesen o seu illamento, porto e peiraos e uns plans de urbanización e ensanche. E dicir, pretendía pesar moito máis nos destinos de Galicia.

Para iso necesitaba un representante político estable en Madrid, con poder nos ministerios, sensible ás demandas da cidade e ademais, eficaz no labor de conseguir partidas dos orzamentos que fixesen posible crear unha gran cidade.

Desde 1846, ano en que apareceron os distritos electorais e, por conseguinte, desde que Vigo e a comarca tiveron voz e voto directo para elixirlos seus representantes, esta cidade andou á procura dun líder, que non atopou ata 1857.

Elduayen cumpría tódalas esixencias. Era novo pero maduro, obstinado, ambicioso, sabía achegarse á sombra do verdadeiro poder, que non sempre é quen o exerce no ministerio, e sobre todo, amaba intensamente a Vigo a onde chegou no ano 1855. Entre a cidade e Elduayen estableceuse unha especie de, e perdóesenos a expresión teolóxica, unión hipostática, que resistiu tódalas circunstancias e ventos contrarios.

Elduayen naceu en Madrid en 1823 e estudou a carreira de Enxeñería de Camiños. En 1855, ós 32 anos, foi destinado como enxeñeiro xefe de segunda clase ó distrito de Ourense pero con residencia na provincia de Pontevedra. Elduayen foi vivir a Vigo e xamais se arrepeniu da súa decisión.

Presentouse ás eleccións de 1857 e obtivo a representación por Vigo. Para iso conseguiu, coa mediación de Narváez, ser proclamado deputado ministerial, aínda que el persoalmente era pouco sensible ó Partido Moderado. Sen embargo ante a posibilidade de que o Goberno presentase a Moyano, decidiu perde-la súa independencia (pretendía presentarse como independente) e tapona-la chegada dun peso pesado da política nacional que posiblemente se enfeudaría no distrito. Saíu elixido pero as súas conviccións políticas non ían de acordo coa marcha do Goberno moderado.

Cando caeu Narváez e se impuxo a Unión Liberal, Elduayen atopou no partido a atmosfera axeitada á súa sensibilidade. En Madrid encontrou o mozo Cánovas, con quen se fundiu nunha lealdade e amizade que xamais rachou. Elduayen captou de inmediato que Cánovas era home de futuro e colocouse á súa sombra. Cando no ano 1862 Cánovas rompeu coa Unión Liberal, Elduayen foi con el. Quedaban, en certa maneira, á intemperie política pero sabían que chegaría a súa hora.

Pouco a pouco Elduayen foi escalando postos na Administración e o pobo empezo a valora-la súa mediación. O 23 de xuño de 1863 inauguráronse as obras do ferrocarril e con elas viña a esperanza para a cidade, aínda que pasarían moitos anos antes de rematarse a vía férrea.



No ano 1864 foi nomeado subsecretario de Gobernación, con Cánovas como ministro. En febreiro de 1865 apoiou con entusiasmo no Congreso a solicitude dos fomentadores para o desestancamento do sal. Desde 1857 ata 1867 saíu elixido ininterrompidamente polo distrito de Vigo.

No Sexenio non se arruinou a súa carreira política nin se retirou da escena coma tantos outros. Presentouse ás eleccións de 1869 e foi elixido deputado por Vigo. Naquel momento Elduayen era xa un conservador e aínda que aceptaba o feito revolucionario, dispúxose a combatalo nas Cortes, na minoría monárquica que quedou. Tiña só corenta e seis anos e sabía que lle quedaba aínda por diante moito camiño por percorrer.

A partir de 1871 entrou en conivencia cos monárquicos para restaura-la monarquía.

Amosou unha moi intensa actividade conspiradora, ata que chegou o momento en que Cánovas lle encargou que fose a Francia e se mantivese ó lado do príncipe Alfonso XII. Cánovas non quería que ninguén interferise na súa estratexia de restaura-la monarquía e para iso situou á beira do príncipe a Elduayen, a persoa de maior confianza para el.

Cando foi proclamada a Restauración, Elduayen foi un dos contados políticos que entrou en España no séquito do futuro rei Alfonso XII.

Por fin chegara o momento. Elduayen na Restauración adquiriu un extraordinario poder, xa que era o segundo do Partido Conservador, sempre despois de Cánovas.

Cánovas nomeouno gobernador de Madrid en 1877 e logo presidente do Banco de España. Elduayen comezou despois a exercer-la serie de ministerios que lle encomendaron: Ministerio de Ultramar en 1879, Ministerio de Estado entre decembro de 1879 e febreiro de 1881, novamente de Estado entre o 18 de xaneiro de 1884 e o 27 de novembro de 1885, de Gobernación en 1891, e de Estado entre 1896 e 1897. O asinato do seu amigo Cánovas precedeu á súa morte, que tivo lugar en Madrid o 24 de xuño de 1898. Desde 1880 era senador vitalicio.

Elduayen integrouse plenamente na cidade de Vigo casando con María del Carmen Martínez Montenegro, da casa e pazo de Lavandeira (Vigo). Era filla de Javier Martínez Sarmiento, octavo marqués de Valladares, e de Joaquina Montenegro Tavares de Sotomayor, da casa de Lavandeira.

Ó morrer Javier, a esposa de Elduayen converteuse na novena marquesa de Valladares. Era por conseguinte marqués consorte pero ademais, na Restauración, Elduayen conseguiu o título de marqués do Pazo de la Merced, creado para el. No ano 1895 a Raíña outorgoulle o Toisón de Ouro.

O matrimonio Elduayen-Martínez Montenegro tivo polo menos unha filla, María de los Milagros de Elduayen y Martínez, que casou con Fernando Quiñones de León, marqués de Alcedo. Estes tiveron só un fillo que morreu sen descendencia en Castrelos en 1918, polo que seu pai, que morreu no ano 1931, legou o seu pazo ó Concello de Vigo.

Foi un deputado laborioso e constante. Non era elocuente e sabíao, por iso, nos



máis de vinte anos de vida parlamentaria, case nunca participou nos grandes debates, agás no da sesión do 13 de decembro de 1869, no que cunha valente intervención e ante unhas Cortes totalmente hostís, defendeu a Isabel II, acusada de rouba-las xoias da Coroa, e a monarquía como forma de goberno. Faltábanlle, segundo a opinión de A. Linares Rivas, facilidade na expresión, galanura no estilo, recursos oratorios e mesmo calidades físicas, porque a súa voz era áspera e a súa expresión acendíase, de maneira que "toda la sangre de sus venas afluye al rostro que parece próximo a estallar", pero tiña opinións propias, maduras e reflexivas.

O seu aspecto físico era duro e "ya revela que no hay que buscar allí dulzura, amabilidad, candidez ni bonhomía, sino al contrario, resolución, energía y cierta predisposición a dudar de los hombres. Era de buena estatura y regulares carnes. El color es moreno, tiene poca barba y buen bigote. La faz resulta un tanto adusta por su gran seriedad, que interrumpe rara vez leve sonrisa".

As biografías laudatorias, sobre todo as que se refiren á súa vinculación con Vigo, atribúenlle infinidade de servizos. Unha relación publicada en El Faro de Vigo o 30 de xaneiro de 1891, atribúelle as estradas de Redondela a Porriño, da Caniza a Filgueira, da Estrada a Silleda, de Pontevedra a Cambados, de Vigo a Baiona, de Gondomar a Tui, de Paradela a Porriño e das Travesas a Vincios, os portos de Carril, Marín e Baiona, os faros de Sálvora, Ons e Cabo Silleiro, o peirao de ferro en Vigo, a casa do Concello de Vigo, as torres da Colexiata de Vigo, a apertura da rúa do Ramal e a de circunvalación (García Barbón), o recheo do Malecón, a propiedade do Carne destinada a hospital, o hospital Elduayen, etc.

Os seus inimigos, que tamén os tivo e moi poderosos, facían chanza da súa capacidade técnica como enxeñeiro coa seguinte cuarteta:

"Este es aquel ingeniero  
que por la gracia de Dios  
se puso a trazar un túnel  
y al fin le salieron... dos".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Lexislatura 1858-1863	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Lexislatura 1865-1866	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Lexislatura 1869-1871	Deputado pola sección de Vigo	Pontevedra
Lexislatura 1871-1872	Deputado pola sección da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1872 (2ª)	Deputado pola sección da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1873-1874	Deputado pola sección da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1876-1878	Deputado por Vigo	Pontevedra
Lexislatura 1879-1880	Senador pola provincia de Pontevedra	

**ENRÍQUEZ, Francisco María**

Natural de Ourense, estudiou a carreira de Dereito na Universidade de Santiago e obtivo o grao de bacharel en Cánones en 1802.

Residiu na cidade de Ourense onde traballou de avogado. Cando no ano 1820 se crearon os primeiros xulgados de primeira instancia, a Xunta constituída en febreiro na Coruña, designouno xuíz de Ourense.

Militante activo do liberalismo nesta cidade, representou o partido nas eleccións de 1821 e resultou elixido deputado por Galicia nas segundas Cortes do Trienio.

Nas Cortes parece ser que non tivo unha actuación moi destacada porque non falou nunca e só formou parte dunha comisión, da do Tribunal de Cortes. Un cronista da época escribe del: "Si habla tanto en los pleitos como en las sesiones, quedarán bien enterados los jueces de la justicia de la causa de los defendidos. Se sabe que hay un diputado de este nombre por las votaciones, en las que se conforma con la mayoría de los de su provincia. Amigo del orden". Se temos en conta que os redactores deste comentario eran favorables ós deputados radicais, explícase a escasa simpatía que lle teñen e a apostila final de que era "amigo del orden", é dicir, moderado.

Pechadas as Cortes por decisión de Fernando VII, retornou a Ourense onde os absolutistas e moi especialmente significados membros do Cabido, o agardaban para denunciálo por liberal. Foi desterrado da cidade, en compañía do ilustre cóngo Bedoya, e permaneceu bastante tempo nunha residencia de frades, unha especie de cárcere benigno.

Enríquez comprendeu que a campaña feita contra el en Ourense ía ser prexudicial para a súa profesión e, ó ser desposuído do xulgado, decidiu trasladarse á cidade da Coruña onde traballaba de avogado xa no ano 1831. Mesmo chegou a ser decano do Colexio de Avogados desta cidade.

Cando se recuperou a liberdade política, Enríquez fixo vale-los dereitos adquiridos e en 1838 aparece xa como maxistrado da Audiencia de Galicia.

Que permaneceu fiel ós principios liberais sabémolo porque, cando a Xunta de 1840 solicita un informe sobre o comportamento moral e político de tódolos funcionarios, o informe de Enríquez foi moi favorable: "bueno en su moralidad y adhesión". A referencia á adhesión quería dicir que era favorable ó liberalismo.

No ano 1842 seguía como maxistrado da Audiencia onde seguramente se xubilou.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Legislatura 1821-1823      Deputado por Galicia

**ENRÍQUEZ GONZÁLEZ, Aurelio**

Naceu en Veigadecabo (Valdeorras) o 18 de xullo de 1845. Era fillo do médico do Barco, Francisco María Enríquez e de Teresa González Vega. Estudiu o bacharelato no instituto de Ourense e posteriormente licenciouse en Medicina na Universidade de Santiago no ano 1868. Doutorouse na Universidade de Madrid en 1869.



Especializado en Hidroloxía Médica, foi director dos balnearios de Cestona, Baños del Bierzo, Elorrio (1875), Puente Viego (1876), Betelú (1890) e Archena (1895).

Foi así mesmo fundador e presidente honorario da Sociedade Española de Hidroloxía Médica. Foi médico do Ferrocarril do Noroeste, do Hospital de Ponferrada e tamén médico persoal de Sagasta e seguidor da súa política liberal.

Casou con Julia Prado Meruéndano.

Tivo negocios de minas.

A súa dedicación profesional só lle permitiu participar ocasionalmente na vida política na que non tivo ningún papel relevante. Foi deputado por Valdeorras de 1872 a 1873. Posteriormente foi deputado por Ponferrada de 1886 a 1890 e entre 1893 e 1895, e senador pola Coruña de 1896 a 1897, aínda que non chegou a tomar posesión. Volveu ser deputado por Valdeorras entre 1898 e 1899 e posteriormente de 1901 a 1903.

Morreu en Baños de Montemaior o 30 de xullo de 1910 cando era senador vitalicio, nomeamento que acababa de recibir.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Legislatura	1872-1873	Deputado polo distrito de Valdeorras	Ourense
Legislatura	1896-1897	Senador pola Coruña (non tomou posesión)	
Legislatura	1898-1899	Deputado polo distrito de Valdeorras	Ourense
Legislatura	1901-1903	Deputado polo distrito de Valdeorras	Ourense

**ENRÍQUEZ VILLARINO, Manuel**

Posiblemente natural de Xinzo, importante propietario desta vila, representouna só durante un ano. Elixido nas eleccións de 1886, tomou posesión do seu escano o 14 de abril de 1886 e presentou a dimisión o 1 de abril de 1887, sendo substituído por Teodoro Baró Sureda.

Militou sempre no Partido Liberal de Sagasta.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Legislatura	1886-1889	Deputado polo distrito de Xinzo	Ourense
		(Só foi deputado un ano)	

**ESCOBAR CAMPO, Ángel**

Escasas noticias temos deste deputado que representou a Galicia só nunha lexislatura. Debía ser oriúndo de Albacete e residía en Madrid.

Foi avogado e tivo propiedades importantes en Roda (Albacete), Hoia del Pazo e Madrid. Era un dos maiores propietarios da provincia de Albacete. Unhas das propiedades, *Concejo*, tiña 490 ha.

Representou o distrito de Celanova na lexislatura de 1876 a 1879.

Participou activamente nas comisións da Carreira Administrativa do Estado, de Garantías Constitucionais, de Catedráticos, da Reforma do Código Penal e do ferrocarril Ourense-Tui.

Non destacou como orador e as escasas veces que falou no Congreso, foi como membro da algunha das comisións. Formou parte tamén das comisións de Estradas de Sarria a Pedrafita, de Baralla a Meira, etc.

Posteriormente foi deputado polo distrito de Almansa (Albacete) na lexislatura de 1879 a 1881 e senador na lexislatura de 1884 a 1885, representando a Sociedade Económica de Madrid.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1876-1879    Deputado polo distrito de Celanova    Ourense

**ESPADA GUNTÍN, Luis**

Da órbita dos Bugallal, tivo asegurado o distrito de Verín, que representou durante trinta e dous anos, sen competencia ningunha.

Fillo do maxistrado José Espada Novoa e de Benita Guntín, naceu en Ourense o 15 de novembro de 1859.

Estudou Dereito en Santiago, que concluíu na Universidade Central. Rematados os estudos entrou de pasante no bufete de Álvarez Bugallal, berce dunha serie de grandes deputados. A protección de Álvarez Bugallal abriulle sen dúbida as portas da Administración do Estado, porque consta que no ano 1880 era xa oficial letrado do Ministerio de Gracia e Xustiza.

Sempre co Partido Conservador, foi gobernador de Ciudad Real e de Toledo, director xeral da Administración (1900), fiscal do Tribunal de Contas (1903), director xeral de Obras Públicas (1904), vicepresidente do Congreso en 1905 e 1914, subsecretario de Facenda (1907), ministro de Fomento, por pouco tempo, en 1915 e 1921, conselleiro de Estado e presidente do Tribunal de Contas en 1923 e 1930, Ministro de Instrucción Pública en 1920.



Pasada a Dictadura, volve ser deputado novamente na lexislatura de 1936, polo partido da CEDA. Residindo en Madrid a comezos da Guerra Civil, o seu domicilio foi rexistrado varias veces. Ademais foi acusado de esconde-lo seu sobriño Benito Blanco-Rajoy, tamén exdeputado de CEDA.

Morreu en Madrid en 1937.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Lexislatura 1936	Deputado pola provincia de Ourense	

**ESPADA NOVOA, José**

Dedicou a maior parte da súa vida ó Dereito e á Xustiza mentres que a política partidista só lle interesou ocasionalmente. Isto explica que só se presentase nunha ocasión ás eleccións, nas que saíu elixido.

Naceu en Santo André de Penosiño (Celanova, Ourense) o 3 de outubro de 1816 e era fillo de Juan Manuel Espada e de Antonia Novoa.

Estudou Latinidade en Arnoia e logo entrou no Seminario de Ourense onde parece que estudou Filosofía e Teoloxía (menos un curso), e ordenouse de Menores.

Deixou o Seminario e pasou á Universidade de Santiago, incorporando no curso de 1833 os estudos feitos, e no ano 1838 licenciouse en Leis e Cánones.

Estableceuse como avogado en Ourense e contraeu matrimonio con Benita Guntín.

Iniciou a súa carreira xudicial en 1847 como promotor fiscal do Xulgado de Ourense, estivo logo no Xulgado de Lugo e posteriormente de xuíz en León e Toledo e de xuíz de instrucción en Madrid.

No ano 1868 foi nomeado maxistrado da Audiencia de Albacete e posteriormente, en 1870, da de Pamplona. O Goberno designouno presidente da Audiencia de Porto Rico, posto que non aceptou. Pasou a Granada como presidente da Audiencia e alí morreu o 5 de outubro de 1874.

En 1863 intentou presentarse a deputado por Celanova, pero poucos días antes de celebrárense as eleccións, o 6 de outubro, publicou un manifesto anunciando a retirada da súa candidatura.

Presentouse ás eleccións de 1864 por Ourense. Como deputado non se manifestou e votou sempre co Goberno.

Era de mediana estatura, moreno, moi serio, con bigote e patillas moi coidadas e de aspecto pulcro.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1864-1865 Deputado pola provincia de Ourense



#### ESPAÑA Y PUERTA, José

Naceu na Villa de Soto de Cameros (Logroño) o 4 de febreiro de 1819. Era fillo de Cecilio España e de María Puerta Romero, familia bastante acomodada. Estudiu no Seminario de Tudela e posteriormente licenciouse en Dereito na Universidade de Zaragoza.

Estableceuse de avogado en Logroño ata 1851, ano en que se trasladou a París para ampliar estudos en Ciencias Morais e Políticas.

Desde moi novo militou no progresismo máis radical. Era coñecido de Olózaga, quen cando se instaurou o Bienio Progresista en 1854 e foi designado embaixador en París, lle confiou a secretaría da embaixada.

Retornou a España e pasou a formar parte da redacción do xornal *Las Novedades*, que dirixía Francisco de Paula Montemar. No ano 1860 pasou a Italia, como correspondente do xornal, desde onde enviou moi celebradas crónicas de guerra.

Posteriormente volveu a Italia como representante e apoderado do empresario José de Salamanca (véx.), que construía o ferrocarril italiano.

A Revolución de 1868 impresionouno de tal maneira que volveu a España para colaborar co novo réxime. No ano 1869 foi elixido deputado a Cortes polo distrito de Albacete e foi tamén nomeado conselleiro de Estado.

Nas eleccións de 1871 foi elixido senador pola provincia de Albacete, escano que novamente obtivo para as lexislaturas de 1871 a 1872, 1872, e 1872 a 1873.

Coa chegada da República retirouse da política ata 1881, ano en que resultou elixido senador pola provincia de Pontevedra. En 1883 foi nomeado senador vitalicio.

Morreu o 10 de agosto de 1889.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1881-1884 Senador pola provincia de Pontevedra

**ESPINOSA VARELA, Benito**

Estamos ante un estraño personaxe da política. Foi elixido en dúas ocasións para representar a Galicia, tanto no Congreso coma no Senado e nas dúas ocasións renunciou ou, mellor dito, non chegou a tomar posesión impedindo desta forma que fose elixido outro para substituílo.

Foi un importante rendeiro do Deza. Político de baixo voo, procurou sempre o control do distrito de Prado (Lalín), disputado con outras poderosas familias, como a de Pardo e a de Villar.

Pertenceu ó Partido Moderado e como escribe un cronista contemporáneo, aínda que dicía que estaba vello para dedicarse a política, nada se movía no seu distrito sen a súa aprobación.

No ano 1837 resultou elixido senador pola provincia de Pontevedra e ó mesmo tempo deputado provincial. Optou por permanecer como deputado provincial quizais por entender que a súa presenza en Pontevedra era moito máis beneficiosa para a súa casa e para o seu partido.

Novamente resultou elixido para o Congreso na lexislatura de 1846 a 1850 e tam pouco consta que tomase posesión.

Os novos rumbos da política parece ser que favoreceron máis ós Pardo e ós Villar, que representaron na Deputación o distrito de Prado desde 1845 ata 1856. Neste ano un novo Espinosa, José, posiblemente fillo de Benito Espinosa Varela, colleu o relevo do poder do distrito, que mantivo ata 1863.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1837-1838	Senador pola provincia de Pontevedra (Renuncia)	
Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Prado (Lalín)	Pontevedra
	(Non tomou posesión)	

**ESTÉBANEZ CALDERÓN, Serafín**

Este ilustre escritor non tiña ningunha vinculación con Galicia, pero as circunstancias da política fixeron que representase a Ourense nunha lexislatura.

Naceu en Málaga o 27 de decembro de 1799 e estudiou a carreira de Leis na Universidade de Granada.

Tío e protector de Cánovas del Castillo, orientouno nas lecturas e gustos literarios, o que Cánovas agradeceu na súa obra *El Solitario y su tiempo*, tendo en conta que un dos pseudónimos que empregou Estébanez foi precisamente o de *Solitario*.



Literariamente colaborou en *El Correo Literario* (1830-1834), no xornal moderado *El Herald*, e na *Gaceta de Madrid*. Autor de diversas obras, moi recoñecidas polos críticos, tamén participou na Administración do Estado. Foi ministro togado do Tribunal Supremo de Guerra e Mariña, do que se xubilou en 1856. En 1849 foi auditor do exército español que pasou a Italia para defende-los Estados Pontificios. Posteriormente foi conselleiro de Estado.

Os críticos valoran nel non só a súa capacidade creativa no eido literario, senón ademais a súa capacidade de descubrir elementos culturais ocultos ou pouco coñecidos. A súa obra *Escenas Andaluzas* recolle frases, modismos e estilos do pobo andaluz.

Pertenceu á Real Academia da Historia.

Entre as diversas representacións políticas que tivo, temos que salienta-la representación pola provincia de Ourense na lexislatura de 1844 e 1846. Formou parte das comisións de Corrección de Estilo e practicamente foi un deputado mudo en toda a lexislatura.

Morreu en Madrid o 5 de febreiro de 1867.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia de Ourense
-----------------------	------------------------------------

### ESTÉVEZ ARROJO, Manuel

Representou o distrito da Fonsagrada na lexislatura de 1879 a 1881, e unicamente actuou nunha ocasión para presentar unha solicitude ó Goberno sobre a construción do ferrocarril do Noroeste.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito da Fonsagrada	Lugo
-----------------------	--------------------------------------	------



### ESTÉVEZ CARRERA, José

Naceu en Pontevedra o 8 de maio de 1869. Cursou os estudos de Dereito nas Universidades de Santiago e Oviedo.

Foi administrador de beneficencia da provincia de Ourense. Posteriormente gañou as oposicións a rexistrador da propiedade.

Avogado e rexistrador da propiedade, aínda que durante moitos anos en excedencia, entrou a formar parte do bufete



de Gabino Bugallal e, por conseguinte, entrou na órbita política deste poderoso grupo. Por iso enfeudárono no distrito de Ribadavia, que representou sen interrupción desde 1914 ata 1923.

Nas eleccións de 1916 cometéronse tantos atropelos que o 19 de maio de 1916, o Tribunal Supremo veuse na necesidade de declara-la nulidade das eleccións do distrito de Ribadavia. Repetíronse estas e novamente resultou elixido Estévez Carrera.

Especializouse na temática foral e na concentración parcelaria. Por iso publicou algúns artigos sobre estas cuestións e formou parte na lexislatura de 1914 da comisión de concentracións parcelarias.

Sempre do Partido Conservador.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Ribadavia	Ourense
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Ribadavia	Ourense
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Ribadavia	Ourense
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Ribadavia	Ourense
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Ribadavia	Ourense
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Ribadavia	Ourense

## — F —

### FABRA DEAS, Gil María

Só sabemos deste deputado que pertencía a unha familia de banqueiros. Tiña un Sirmán, Nilo María Fabra Deas, que foi senador na lexislatura de 1891 pola provincia de Alicante.

Militou sempre no Partido Liberal de Sagasta.

Presentouse ás eleccións de 1881 polo distrito de Pobra de Trives, que representara o marqués de Trives. A súa candidatura, aínda que avalada polo Goberno liberal de Sagasta, foi duramente contestada polos seguidores de Alvarado o marqués de Trives. Fabra foi proposto pola Comisión Electoral como deputado de Trives, pero os conservadores lograron paralizar nas Cortes o expediente, mediante unha querrela criminal presentada polo marqués.

A Comisión das Cortes tomou o 16 de outubro de 1881 a decisión de declarar esta acta como grave. Sen embargo, Fabra logrou supera-las dificultades e o 10 de xullo de 1882 tomou posesión da súa acta.

Volveu ser elixido nas eleccións celebradas no ano 1886, eleccións controladas novamente polos liberais, porque nas eleccións de 1884-1886, convocadas polos conservadores foi elixido España Guntín.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Trives (Tomou posesión no ano 1882)	Ourense
Legislatura 1886-1890	Deputado polo distrito de Trives	Ourense

### FALCÓN RODRÍGUEZ, Cristóbal María

Naceu en Vigo, posiblemente en 1787. Era fillo de Domingo Falcón, administrador de rendas de tabaco, na provincia de Tui e de Josefa Rodríguez. Seus pais eran de Santiago.

En 1795 ingresou como colexial en San Xerome de Compostela, onde cursa artes, estudos que remata en 1799. Neste mesmo ano iniciou Leis e Cánones. No ano 1808 presentouse como voluntario para formar parte do Batallón Literario, no que foi rexeitado "por su notoria inhabilidad para el servicio militar". Esta inhabilidade procede da súa malformación corporal, xa que era coñecido como *El Jorobadito de Vigo*. Solicitou ser destinado á praza de Vigo para realizar servicios e funcións patrióticas, para o que se pon á disposición do Comandante da praza. Foi nomeado secretario da Xunta de Vigo ata a ocupación da cidade polos franceses. Expulsados estes e reconstituída novamente a Xunta volveu exercer como secretario. En 1812 foi nomeado Alcalde de Vigo.

Rematada a Guerra de Independencia, viaxou a Madrid para presenta-la súa folla de servicios patrióticos e solicitar un posto na Administración. Pero unha denuncia presentada (segundo cría o propio Falcón) por Gabriel Méndez de Quirós, que o substituíu na alcaldía, onde o acusaba de liberal, provocou a súa detención en Madrid o 23 de xuño de 1814. Nesta cidade permaneceu setenta días encarcerado e, posteriormente, foi condenado a oito anos de desterro de Madrid ou en Vigo.

No ano 1817 vivía en Santiago onde foi novamente detido ó descubrirse unha conspiración liberal contra o goberno, da que era un dos máis destacados organizadores.

Liberado en 1820, foi nomeado xuíz de Sar (distrito de Santiago) e posteriormente oidor da Audiencia de Valencia. No ano 1823 fuxiu, coma tantos outros, a Inglaterra, onde permaneceu dez anos. Regresou a España no ano 1833.

No mesmo ano foi restaurado no corpo xudicial, como maxistrado da Audiencia de Cáceres, de onde pasou á Audiencia Territorial de Madrid, que foi o último destino que lle coñecemos.

Politicamente foi un liberal moi radical, representou a provincia de Pontevedra só entre 1836-1837, no Congreso.

Como deputado participa nalgunhas comisións, como a de Asuntos eclesiásticos,

pero non nos consta que falase nunca nas Cortes. En temas tan importantes como os da liberdade de prensa, que pasa polo Congreso en febreiro de 1837, non toma ningún partido.

Foi tamén senador pola provincia de Pontevedra no ano 1841 e no ano 1843 foi elixido de novo senador, pero non chegou a tomar posesión.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1836-1837	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1841-1842	Senador pola provincia de Pontevedra

### FARIÑA, José

Só sabemos deste deputado que representou nunha ocasión a provincia de Lugo, que era licenciado en Dereito e que ingresou moi pronto como funcionario do Ministerio de Facenda. Foi ministro do Tribunal de Contas (1872-1877) e desde 1863 tiña a condecoración da Orden de Isabel a Católica.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1841-1842	Deputado pola provincia de Lugo
-----------------------	---------------------------------

### FEDERICO MARTÍNEZ, Francisco de

Naceu en Madrid o 15 de abril de 1846. Estudiu a carreira de Enxeñeiro que concluíu en Madrid no ano 1870.

Por razóns do seu traballo estivo destinado en Sevilla, Almería, e finalmente en Pontevedra, a onde chega no ano 1886 para face-lo estudio dun porto entre Pontevedra e Marín. Desde 1881 era xa enxeñeiro de primeira clase.

En Pontevedra casou cunha filla do marqués de Riestra.



Tanto o seu sogro como o marqués de la Vega de Armijo apadriñaron a Federico Martínez, reservándolle o distrito de Redondela, que representou ininterrompidamente desde 1893 ata 1910 (oito lexislaturas continuas) ano en que o sucedeu o seu fillo.

Foi vicepresidente primeiro do Congreso.

Cando o marqués de la Vega de Armijo foi encargado de formar goberno, designou ó noso protagonista ministro de Fomento, cargo que desempeñou desde o 4 de decembro de 1906 ata o 25 de xaneiro de 1907, de tal xeito que en tan curto período

de tempo non puido proxectar ningunha obra.

Foi sempre do Partido Liberal.

Fillo adoptivo de Redondela e de Burgo de Osma, morreu en Madrid no ano 1910.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito de Redondela	Pontevedra
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Redondela	Pontevedra
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Redondela	Pontevedra
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Redondela	Pontevedra
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Redondela	Pontevedra
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Redondela	Pontevedra
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Redondela	Pontevedra
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Redondela	Pontevedra



#### FEDERICO RIESTRA, Francisco de

Naceu en Pontevedra o 12 de xullo de 1884. Era fillo de Francisco Federico Martínez, ex-ministro, e dunha filla do Marqués de Riestra. Estudiu Dereito, e licenciouse en Dereito Civil e Canónico.

Morreu seu pai no ano 1910 e, de inmediato a familia á que pertencía procuroulle o distrito de Redondela que quedaba vacante.

No Congreso formou parte de varias comisións e, gracias ás súas xestións, parece ser que o seu distrito resultou moi beneficiado. Logrou que foran poxadas as obras para a construción das estradas de Cesantes e de Fornelo de Montes, a estrada que comunicaría Redondela e Mondariz e Castrocaldelas e outras obras na estación do ferrocarril.

Din os cronistas do momento que era unha persoa ilustrada, que falaba correctamente o francés.

Resultou elixido deputado nas eleccións de 1910, nas de 1914 e finalmente nas de 1916, cesou o 20 de xullo de 1916, e ocupou o distrito o seu sobriño, Raimundo Riestra Calderón, é dicir, o distrito permanecía na familia Riestra.

Politicamente militou no partido liberal.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Redondela	Pontevedra
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Redondela	Pontevedra
Lexislatura 1916	Deputado polo distrito de Redondela (Cesou neste ano)	Pontevedra



**FEIJOO SOTOMAYOR, Urbano**

Natural, parece ser, de Ourense, marchou para Cuba no ano 1844, onde residían algúns familiares e onde o seu irmán Camilo, militar, rexentaba unha importante empresa azucreira.

Ata 1854 viviu exclusivamente dedicado ós seus negocios na illa de Cuba. Neste ano obtén a representación pola provincia de Ourense, sen dúbida para poder realizar, no Congreso, o seu proxecto de levar familias galegas para a Illa. Isto precisa algunha aclaración: a abolición da trata de negros e da escravitude en Xamaica e en Santo Domingo, que fornecían as demandas de man de obra da Illa de Cuba, favoreceu a inmigración, primeiro dos chineses, e, posteriormente, dos españois. Feijoo Sotomayor convence a Xunta de Fomento da Habana para que consiga do goberno español licenza para a emigración de galegos por estimar que, ademais de bos traballadores, eran máis firmes na defensa da españolidade da Illa.

No ano 1853, e coincidindo coa grave crise económica que sufriu Galicia, constitúese na Habana unha Comisión Central de Socorros para Galicia, da que era vocal o noso biografado. Pensou entón na posibilidade de substituí-la inmigración chinesa pola española e máis especificamente pola galega. Isto implicaba por unha parte que o goberno español eliminase as trabas para a emigración de España, o que se logra no ano 1854. E por outra parte, pretendía que o Goberno Español lle concedese o monopolio da emigración galega a Cuba. Esa foi a razón principal pola que volveu a España no ano 1854 e, xa como deputado, defender no Congreso o seu proxecto, cualificado nada menos que de "empresa patriótica".

Feijoo, de acordo con varios armadores da Coruña e Vigo (Bruno Herce, Braña-Abella e Cia, Babé, V. Molíns, Curvera e Rovira) inicia a súa operación económica no ano 1854 levando a Cuba mil setecentas corenta e dúas persoas.

A empresa de Feijoo foi un total fracaso debido a que os estancieros cubanos se negaban a acepta-lo monopolio de Feijoo que, desta maneira, tiña as mans libres para fixa-los prezos dos galegos situados en Cuba e, ademais, como denunciaban os propios estancieros, ós galegos non os podían castigar nin facer traballar demasiadas horas, como sucedía cos negros.

Urbano Feijoo y Sotomayor foi un deputado que só veu a Galicia para beneficiarse e nada debe quedar da súa memoria para a posteridade. Tamén representou no Congreso, nalgunhas lexislaturas, distritos cubanos. Presentouse varias veces pola provincia de Ourense xa na Restauración, pero sempre foi derrotado.

Na revista *El Padre Cobos* (1855) dise de Feijoo: "Es un pobrecito que sólo tiene algunos millones de caudal, la echa de independiente y de desprendido y se opuso a que los empleados diputados cobren del presupuesto. Las tribunas braman de entusiasmo mientras habla el orador gallego"

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1854-1856

Deputado pola provincia de Ourense

**FEIJOO Y RÍO, Manuel**

Naceu en San Breixo de Berán (Leiro, Ourense), fillo de Nicolás Feijoo e Antonia del Río. Estudiu na Universidade de Santiago, na que se licenciou no ano 1828.

Abriu un bufete en Ourense onde o atopamos no ano 1837. Empezou a traballar moi pronto na Administración do Estado xa que en 1836 aparece como subdelegado de Rendas (que debía compatibilizar co exercicio libre da profesión) e en 1839 cónstanos que era secretario da Deputación de Ourense.

En 1837 obtén a súa primeira representación pola provincia de Ourense. Provincia pola que foi elixido novamente na lexislatura de 1840. Sempre baixo a sombra do partido moderado, foi nomeado Gobernador Civil desta mesma provincia no ano 1843. En 1851 obtén a representación por Ourense, capital, así como tamén no ano 1853.

Nas Cortes non tivo un papel lucido. Só nas de 1853, nas cales foi elixido vicepresidente primeiro. Participou nalgunhas comisións, como a de Carbóns para Filipinas, pero pertenceu ó grupo dos chamados "muditos" porque non nos consta que falase nunca.

A última noticia que temos deste político sitúao no ano 1854 como maxistrado da sala terceira da Audiencia de Valladolid.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1837-1839	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense

**FERNÁNDEZ, Fernando Felipe**

Só sabemos que representou a provincia de Ourense entre 1871-1872 e que resultou elixido nunha candidatura carlista.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
-----------------------	-----------------------------------	---------

**FERNÁNDEZ, Juan Francisco**

Comerciante da cidade da Coruña, formou parte do partido progresista que lideraba Vicente Alsina (véx.).

O 11 de setembro de 1840 pronúnciase á cidade da Coruña contra o Goberno, nun movemento preparado en toda España, para expulsa-la raíña rexente e situar a Espartero como rexente do Reino. Na Coruña, constitúese unha Xunta que publica nese

mesmo día unha proclama, que aparece asinada entre outros por V. Alsina e Juan Francisco Fernández.

Cando se preparan as eleccións de 1841 os progresistas da cidade colocárono como candidato e obtivo a representación.

Resultou elixido novamente suplente nas eleccións de 1843 e asinou neste ano unha *Manifestación*, asinada tamén por outros deputados e suplentes da provincia da Coruña, na que se comprometían a defende-la constitución de 1837, a defende-la nova lei de concellos e deputacións, á reforma do sistema tributario, á formación de códigos, a esixir ós actuais Conselleiros de Estado conta estreita dos caudais do Estado e a renunciar a todo emprego e condecoración do Goberno actual. O manifesto foi unha declaración de guerra contra o Goberno de Espartero, obxecto de crítica por parte do partido progresista que acusaba ó seu antigo líder de dictadura e corrupción.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1841-1843      Deputado pola provincia de Coruña

### FERNÁNDEZ ALSINA, Enrique (Marqués de Loureda)

Natural da cidade da Coruña e sobriño de Vicente Alsina, o gran líder do progresismo coruñés; Fernández Alsina soubo conciliar habilmente a tradición familiar (nas dúas vertentes: económica e política) e a realidade das novas circunstancias económicas e políticas de España, de maneira que sen ser infiel á chamada da tradición adaptouse axeitadamente ó novo tempo histórico.

Casou con Elvira Herce, emparentada coa fidalguía galega e co mundo do comercio e da política.

Fernández Alsina adquiriu o pazo de Loureda (San Estebo de Loureda, A Coruña) e moitas das propiedades vinculadas ó pazo. Sen embargo, non confiou a súa economía exclusivamente ás rendas da terra. Tivo importantes negocios na cidade da Coruña. Foi o representante da Compañía de Tabacos na provincia da Coruña e participou como socio importante de varios bancos. Morreu na Coruña en marzo de 1915.

No ano 1871 e en agradecemento á súa fidelidade a Amadeo de Savoia, concedéuselle o título de marqués de Loureda, fundándose no motivo pouco convincente de que era vicepresidente do Congreso, e en memoria de Vicente Alsina que, de vivir, non estaría moi conforme cun título nobiliario.

Foi elixido deputado, por vez primeira, na legislatura de 1871-1872, por Carballo e novamente por Carral na de 1872. Desapareceu posteriormente da política activa, reintegrándose a partir de 1886.

Nas primeiras eleccións de 1871 resultou elixido por Carballo, Francisco Cejudo

Peralta, que cesou ó pouco tempo e foi substituído por Fernández Alsina.

Como deputado a penas tivo ningunha significación.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Carballo	A Coruña
Lexislatura 1872 (1 <sup>ª</sup> )	Deputado polo distrito de Carral	A Coruña
Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito da Coruña	
Lexislatura 1886-1890	Deputado polo distrito da Coruña	
Lexislatura 1893-1895	Deputado polo distrito da Coruña	
Lexislatura 1896-1899	Deputado polo distrito da Coruña	
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito da Coruña	

### FERNÁNDEZ BAEZA, Lino

Éra fillo de José Fernández Baeza e de Leocadia Viñales. O pai era administrador de Rendas do Estado e por iso tanto el coma o seu irmán Pascual Fernández Baeza recorreron diversos países e estudaron en moitas cidades.

Naceu en Ponferrada sobre 1799, temos unha descrición física del de cando entrou na Universidade de Santiago no ano 1821: "De cara regular, pelo y cejas rojo, ojos castaños, nariz abultada, barbilampiño y boca regular". Nada se di sobre a súa altura, aínda que sabemos que o seu irmán Pascual era case anano.

Estudou no colexio dos agostiños de Ponferrada o primeiro curso de Artes. Nese ano o pai foi destinado a Mondoñedo e Lino estudia no Seminario algúns cursos que incorpora á Universidade de Santiago no ano 1821, onde estudia Leis. Posteriormente estudou en Valladolid.

Xa licenciado en Dereito debeu opositar a letrado do exército, porque consta que foi auditor da Capitanía Xeral de Galicia.

No ano 1842 era fiscal da Audiencia de Filipinas. En 1864 estaba destinado como membro do Tribunal Supremo de Guerra.

Resultou elixido deputado, por vez primeira, polo distrito de Ponferrada (provincia de León) na lexislatura de 1853-1854.

Só representou nunha ocasión a Galicia, na lexislatura de 1867-1868.

Formou parte da Comisión sobre Xuíces de Paz e non falou nunca, nin realizou preguntas, nin presentou solicitudes ante o Goberno.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1867-1868	Deputado pola sección de Santiago	A Coruña
-----------------------	-----------------------------------	----------



**FERNÁNDEZ BARRÓN, Manuel**

Natural de Ponteareas, casou con Carmen Bugallal Rodríguez Fajardo, filla de Gabino Bugallal, polo tanto, Fernández Barrón foi xenro do gran político.

Fernández Barrón foi avogado e, como era natural, militou sempre no partido conservador; chegou a ser conde de Bugallal por consorte. O título pasou, á morte de Gabino, á súa filla Matilde, que morreu sen sucesión, razón pola que chegou a Carmen Bugallal e ó seu marido, en calidade de consorte.

O matrimonio de Fernández Barrón e Carmen Bugallal tivo cinco fillos.

Resultou elixido, por vez primeira, no ano 1916, polo distrito familiar de Ponteareas. A partir deste momento xa se enfeudou neste distrito que representou ata que, no ano 1923, a Dictadura suspende o Congreso e impide as eleccións.

Politicamente o cargo máis importante que desempeñou foi o de director xeral do Rexistro da Propiedade e do Notariado.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Ponteareas	Pontevedra
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Ponteareas	Pontevedra
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Ponteareas	Pontevedra
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Ponteareas	Pontevedra
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Ponteareas	Pontevedra

**FERNÁNDEZ BOLAÑO, Nicolás**

Naceu na cidade da Coruña no ano 1799, nunha familia acomodada. Iniciou os seus estudos na Universidade de Santiago o curso 1814-1815. No ano 1818 obtén o grao de Bacharel en Leis, carreira que debeu rematar en 1820. No arquivo universitario de Santiago hai unha certificación do profesor Camino, do ano 1819, na que pondera e valora en forma entusiasta a dedicación e capacidade deste alumno.

Exerceu como avogado na Coruña, e no ano 1833 foi elixido decano do seu Colexio.

Na cidade era persoa que gozaba de grande consideración. Cando se reconstitúe, por decisión do gobernador civil, Fernando Corradi, a Sociedade Económica, Fernández Bolaño pasa a ser secretario desta. No ano 1848 era vicepresidente do Consello Provincial da Coruña e presidente da Comisión Provincial de Instrucción. Tamén foi gobernador Interino da provincia, polo menos na vacante entre Ventura Díaz e o sucesor Francisco Belza.

Representou a Galicia en dúas lexislaturas sen que puxera excesivo interese na vida parlamentaria.

Aínda que sempre foi liberal co tempo foise moderando. No Trienio (formando parte, por conseguinte, do liberalismo exaltado, *conditio sine qua non* para formar parte do

concello), foi concelleiro no ano 1822. Resulta elixido en 1837 e 1840 cando é o progresismo quen marca a política en Madrid e provincias. Pero a partir deste momento modérase tanto que acepta unha condecoración de Isabel II por non participar no levantamento de 1846.

Solteiro, morreu na Coruña no ano 1854 a causa do cólera que asolou Galicia. Deixou a súa importante biblioteca ó Real Consulado.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1839	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia da Coruña

### ===== FERNÁNDEZ CID, José Rafael

**A**vogado da cidade da Coruña, foi un liberal moderado que foi elixido deputado nas segundas eleccións do Trienio Constitucional.

Asiduo participante nas sesións, formou parte das comisións do Tribunal de contas, pero non pronunciou ningún discurso nin tivo ningunha actuación destacada.

Un cronista contemporáneo escribe: "Abogado gallego que non quere incomodarse en hablar mucho porque como van a entrar los calores podría calzarse un tabardillo. Amigo del orden". Polas expresións utilizadas polo cronista, que pertencía ó sector progresista radical, Fernández Cid era un liberal moderado. Por iso non consta que tivese problemas cando se restaurou o goberno absolutista.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1821-1823	Deputado polo Reino de Galicia
-----------------------	--------------------------------

### ===== FERNÁNDEZ DE CASTRO, Pablo

**E**stamos ante un clérigo ó que a Guerra de Independencia e os acontecementos que seguiron, sacaron do anonimato.

No ano 1808 era párroco de Santa Eulalia de Bouses (Oimbra, Ourense). Por algunha razón que descoñecemos, pasou a formar parte da Xunta Superior de Galicia, constituída en decembro de 1809, unha vez que foron expulsados os exércitos franceses.

Participou activamente na Xunta.

Cando o bispo de Ourense, Pedro Quevedo, tivo problemas coas Cortes por negarse a xura-la soberanía nacional, e foi desterrado, Pablo Fernández de Castro converteuse nunha especie de secretario do bispo, procuroulle acomodo na diocese

de Ourense, pero en territorio portugués. O propio bispo menciona con agradecemento os servizos prestados por este clérigo.

Nas eleccións celebradas en 1813, Pablo Fernández de Castro foi elixido deputado pola provincia de Ourense.

Chega a Cádiz en xaneiro de 1814 e xura como deputado o 30 de xaneiro de 1814. A súa laboría nas Cortes foi escasa, pero sempre na mesma dirección: entorpece-lo proceso de liberalización da sociedade española, situándose desde o primeiro momento na fracción absolutista. Cando as Cortes regulamentan o protocolo para recibir ó rei, aprobado na sesión do 2 de febreiro de 1814 e no que as Cortes deixaban moi claro que o rei estaba sometido ás Cortes, Fernández de Castro votou en contra. Cando as Cortes deciden expedientar ó deputado Reina, por soste-la soberanía absoluta do rei, el foi un dos dezanove deputados que se opuxeron ó expediente. Finalmente foi un dos firmantes do *Manifiesto de las Persas* para devolverlle ó monarca a soberanía absoluta.

Pechadas as Cortes, Pablo Fernández de Castro foi gratificado cunha canonxía do Cabido de Santiago. Máis aínda, foi nomeado Administrador do Cabido en Andalucía para o cobro das rendas do Voto de Santiago. Parece ser que no exercicio da súa administración (un dos oficios mellor remunerados) para recobra-los pagamentos do Voto (que fora suprimido no ano 1810) empregou pouco tacto, porque empezaron a chegar ó Cabido denuncias contra el, procedentes de Andalucía. O Cabido prégalle que actúe moderadamente no exercicio da súa administración. Este respondeulle ó Cabido cunha ampla memoria dos seus méritos políticos durante as pasadas Cortes, que nos serviron parcialmente para redactar esta biografía.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1813-1814 Deputado pola provincia de Ourense

### FERNÁNDEZ DE HENESTROSA BOZA, Francisco

Representou o distrito de Hinojosa del Duque (Córdoba) na lexislatura de 1884-1886; nas eleccións de 1891 resulta elixido polo distrito de Canarias e no ano 1893 foi elixido por Santa Cruz de Palma (Canarias).

Finalmente representou o distrito de Ribadavia entre 1896 e 1898.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1896-1898 Deputado polo distrito de Ribadavia Ourense



### FERNÁNDEZ DE LA HOZ, José María

Ilustre personalidade do dereito e da política, que tanxencialmente tocou a política galega, polo que só lle dedicaremos un reducido espacio.

Naceu en Madrid no ano 1812. Estudiu Dereito Civil e Canónico na Universidade de Alcalá, onde se licenciou no ano 1834. Entrou como pasante no acreditado bufete de Cambronoero ata independizarse. No ano 1864 lembraba nas Cortes (sesión do 27 de xaneiro de 1864) que Romero Robledo fora pasante do seu bufete.

Como avogado participou en causas moi célebres, como a que se lle abriu a Sor Patrocinio, a coñecida como a *Monxa das Chagas*, de grande influxo na Corte e sobre todo na persoa de Isabel II; o proceso contra os bispos de Palencia e Orihuela, ós que defende, acusados polo goberno de conspiración carlista; defendeu o célebre bandleiro Mariano Balseiro, compañeiro de Luis Candelas, etc. A defensa dos bispos e da monxa quizais fora inducida polo seu tío político Frei Cirilo de Alameda, futuro Cardeal de Toledo e Primado de España.

Foi fiscal da Audiencia de Madrid e membro do Tribunal Supremo de Guerra e da Armada. Foi ministro de Gracia e Xustiza entre o 14 de xaneiro de 1858 e o 30 de xuño de 1858, no Goberno Istúriz.

Politicamente mudou bastante de posición: moderado con Narváez, do que se separa no ano 1845 para pasar a formar parte do grupo chamado puritano, con Pacheco e Pastor Díaz. Posteriormente entra na Unión Liberal, aínda que na tendencia máis conservadora. No ano 1866, Narváez, que non esquecera a súa conducta anterior, detívoo e desterrouno a Canarias. Neste momento, Fernández de la Hoz xa participaba na conspiración contra Isabel II.

Desde 1868 apareceu ó lado de Sagasta e na Restauración apoiou unha monarquía constitucional.

Quizais estas mutacións nas familias políticas pode explica-la dificultade que tivo para gozar dun distrito propio nas eleccións xa que se viu obrigado, en cada lexislatura, a solicitar un posto, ben do Goberno, cando este lle era favorable, ben dos amigos de partido. Obtén a primeira representación na lexislatura de 1844-1846 pola provincia de Madrid; na de 1846-1848 representou o distrito de Madrid e desde 1848 a 1851 foi deputado polo distrito de Villanueva de los Infantes (Cidade Real). Representou novamente este distrito entre 1857 e 1858 e volveu a representar a Madrid entre 1865 e 1866. No Sexenio foi deputado por Torreaguna (Madrid) e tamén entre 1871 e 1872, 1872, 1876-1878.

Nas eleccións de 1864 resulta elixido deputado por Ponteareas Lafuente Alcaraz, que, ó mesmo tempo sae elixido por Huete (Cuenca), e opta por este último. Iso libera ó distrito de Ponteareas, que nunhas segundas eleccións elixe a Fernández de la Hoz. Cómpre ter en conta que xa se presentara nas eleccións de 1863 por Ponteareas e Tui e naquela ocasión foran declaradas nulas as dúas eleccións nas que se enfrontou a



Bugallal e a Lafuente Alcázar.

Na lexislatura de 1864 participou activamente nas comisións e así mesmo pronuncia importantes discursos (sesión do 23 de abril de 1864 sobre delitos electorais, do 15 de xuño de 1864 sobre débeda amortizable, do 21 de abril de 1864 na que xustificou o seu paso polo Ministerio de Gracia e Xustiza, etc). Desarraigado de Galicia non atopamos ningunha referencia ó distrito ou á rexión que representaba.

Sánchez Silva di deste deputado: "Cuando habla parece un predicador de la orden de San Francisco" por incorrecto nas súas expresións. "Goza, sin embargo, del aura popular como criminalista y orador; y respetamos esa reputación que se ha adquirido, aunque para lograrla haya influido más que todo su voz sonora y campanuda. Es alto, robusto, fresco y colorado".

Na Restauración foi Senador por Lleida e en 1877, senador vitalicio. Colaborou activamente na Comisión de Codificación e foi autor de importantes obras xurídicas. Morreu en Madrid no ano 1887.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1864-1865	Distrito de Ponteareas	Pontevedra
-----------------------	------------------------	------------

### FERNÁNDEZ DEL PINO, Juan

**A**vogado da cidade da Coruña, formou parte do partido progresista. Pertenceu á milicia nacional da que foi elixido inspector.

Presentado polos progresistas como candidato nas eleccións segundas de 1836, obtivo o escano.

Nas Cortes tivo un papel pouco lucido porque só interveu nunha sesión e sen interese ningún.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1836-1837	Deputado pola provincia de Coruña
-----------------------	-----------------------------------

### FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, Francisco

Ilustre personalidade sen ningunha vinculación con Galicia.

Naceu en Albacete o 23 de setembro de 1833, era fillo dun militar liberal perseguido polas súas ideas e irmán do célebre novelista, Manuel Fernández González.

Estudou Filosofía e Letras e Dereito. Catedrático de Instituto, foi posteriormente catedrático de Metafísica na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Madrid.



Foi rector desta Universidade e membro do Consello de Instrucción Pública.

Pertenceu á Real Academia de Belas Artes e á de Historia e morreu estando electo para a Real Academia Española de la Lengua.

Autor dunha obra cuantiosa, colaborou tamén en xornais como *El Herald*, *La Razón*, *Época*, *La España Moderna*, *Revista Ibérica* e outros.

Foi senador en catro lexislaturas: entre 1878-1879 pola Universidade de Valladolid, e entre 1879-1880 e 1881-1882 pola mesma Universidade. Tamén foi senador pola Habana entre 1891-1893.

Representou á provincia de Pontevedra só nunha ocasión no Senado. Formou parte da comisión que aprobou a cesión ó concello da Coruña (1901) do forte de San Carlos.

Morreu en Madrid o 30 de xuño de 1917.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1899-1901	Senador pola provincia de Pontevedra
-----------------------	--------------------------------------

### FERNÁNDEZ HEREDIA Y VALDÉS, Antonio (Vizconde del Cerro del Pinar de la Isla de las Palmas)

Representou a Galicia só durante algúns meses na lexislatura de 1846-1850.

Foi un importante rendeiro. Casado con María de la Concepción Pérez de Tafalla e Zuloaga, vizcondesa del Cerro del Pinar de la Isla de las Palmas, sendo el, por conseguinte, vizconde por consorte.

Pertenceu ó corpo diplomático e un dos cargos que exerceu foi o de primeiro introductor de embaixadores.

No ano 1860 foi condecorado coa Orden de Isabel a Católica e tamén foi membro da Orden Militar de Montesa.

Na lexislatura de 1846-1850 resultou elixido polo distrito de Carballo, José Sierra Noia que optou polo distrito de Medina Sidonia. Nunhas eleccións parciais substituíuno, en 1847, José Andrés Amarelle que renunciou ó escano o 13 de marzo de 1848. Nunhas terceiras eleccións parciais foi elixido Fernández Heredia quen tomou posesión no ano 1849.

Non formou parte de ningunha comisión nin participou con ningún discurso nin proposta. Consta, sen embargo, que asistía ás sesións.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Carballo	A Coruña (só entre 1849-1850)
-----------------------	------------------------------------	-------------------------------

**FERNÁNDEZ LATORRE, Juan**

Novelesca e extraordinaria foi a vida deste deputado galego. Naceu na Coruña o 8 de outubro de 1849, era fillo de Vicente Fernández Hermida, mestre arneiro da Mestranza de Artillería e de Nicolasa Latorre Vallejo. Tivo outros catro irmáns.

Levado polo espírito familiar e porque a endogamia militar lle podía proporcionar un acomodo, ingresou no exército. A máxima graduación que obtivo foi a de sarxento. Máis adiante, e xa formando parte das milicias nacionais, puido ascender a capitán, pero preferiu deixa-lo exército e dedicarse a outras empresas.



Como era frecuente na baixa oficialidade do exército naquel tempo, Fernández Latorre militou moi pronto nas filas do partido republicano. Descoñecemos cáles foron as súas dedicacións durante moitos anos. En Madrid formou parte da chamada Rebelión dos Sarxentos do cuartel de San Gil (22 de xuño de 1866), primeiro intento frustrado de derrocar a Isabel II. Foi detido e amnistiado. Exiliouse en Francia.

Retornou a España e, como fillo da revolución, participou, en diversos movementos insurreccionais en favor da instauración da República. Deste tempo consérvase unha enérxica proclama, asinada por el, na que convida ós cidadáns a formar parte do partido republicano.

A instauración da Primeira República significou a súa primeira experiencia política. Foi nomeado secretario do concello de Granollers onde obtén a representación a Cortes polo distrito de Granollers (1873-1874). No ano 1916 este concello quixo conmemoral-la súa memoria dedicándolle unha rúa en agradecemento ós seus esforzos para construír unha ponte sobre o río Congost que, curiosamente, en 1916 aínda non se concluíra.

A caída da República supuxo o seu segundo exilio en Francia onde pasou cinco anos vivindo das súas colaboracións no xornal *El Imparcial*, do galego Gasset Artime.

Retornou a España no ano 1879 e iniciou entón a súa verdadeira formación periódica no grupo Carvajal, o ideólogo de *El Demócrata*, no que Fernández Latorre colaborou. Os "carvajalianos" constituían un grupo moi peculiar, formado por Carvajal, J. Arnau, Miguel Moya e o propio Fernández Latorre. Todos eles participaban dunha mística republicana e dunha evidente paixón polo periodismo como instrumento do cambio social de España. É dicir, renunciaban á acción directa de tipo revolucionario para apostar por unha revolución en profundidade: a revolución das ideas.

Formou parte do Partido Demócrata Progresista, no que militaban entre outros Montero Ríos e Eduardo Chao. Participou activamente nas campañas do partido que, por razóns políticas, se concretan nos famosos "banquetes democráticos", como o celebrado en Ourense en 1881, no que o noso protagonista aparece como un líder recoñecido, presidindo o acto.

Fernández Latorre estaba preparado intelectual e ideoloxicamente para levar a cabo en Galicia algúns dos compromisos contraídos no grupo "carvajaliano": leva-lo ideario democrata ás provincias. Iso explica que, uníndose a outros dous democratas, J. Manuel Martínez Pérez e Antonio Prieto Puga (a este xa o coñecía de vello porque participara con el no cuartelazo de San Gil) fundara *La Voz de Galicia*, que aparece por primeira vez o 4 de xaneiro de 1882. Este xornal, na súa primeira editorial, expon os seus obxectivos: A defensa dos intereses de Galicia, a defensa dos valores democráticos na sociedade e o compromiso co Partido Democrata Progresista, de Salmerón e Ruíz Zorrilla. Fernández Latorre foi o seu primeiro director.

Co tempo foise apazugando o seu fervor revolucionario, pero mantivo a súa capacidade de seducción, sobre todo coas mulleres. Casou, en primeiras nupcias con Teresa Galcerán, unha muller viúva e rica, de Ferrol que morreu en 1891. Posteriormente casa con outra distinguida viúva, Pilar Camón Lindoso, que morreu en 1896 e, finalmente, casa con Felisa Ozores de Prado, da casa dos Marqueses de San Martín de Ombreiro, matrimonio que o emparentaba, polo menos por afinidade, coa aristocracia galega.

Aquel Fernández Latorre das barricadas xuvenís foise aclimatando ós dictados do poder económico, social e político, aínda que o seu xornal sempre conservou, durante a súa vida, un pulo laico, e radical que chocaba coa domesticada gran prensa da época. Isto, e unha intelixente dirección fixeron que *La Voz de Galicia* se consolidase moi pronto como o gran xornal do norte e centro de Galicia, mentres que o *Faro de Vigo* o facía no sur.

Só lle faltaba a Fernández Latorre recupera-la experiencia política dos anos setenta cun escano no Parlamento. Vinculado ó partido liberal, non tivo dificultades en conseguir un feudo propio: o distrito de Ortigueira que representou dende 1891 ata 1911, en que pasa a representar á Coruña. Nas eleccións de 1910 obtén dous escanos: o de Ortigueira, que cede a Gullón e o da Coruña, que acepta.

Foi director xeral de Obras Públicas en 1906, subsecretario do Ministerio de Gobernación en dúas ocasións, no ano 1905 e no ano 1910; gobernador de Madrid, dende o ano 1910 ata a súa morte (en Madrid, o 15 de marzo de 1912). Como Gobernador caracterizouse por unha rixida e implacable persecución contra o lumpen madrileño o que lle ocasionou non poucas ameazas e sensabores.

Nunca tivo grandes aspiracións de ocupar ministerios. Prefería ser útil ós distritos que representou. Foi especialmente sensible ós intereses da cidade da Coruña. Gracias ás súas xestións ensancháronse as pontes da Pasaxe e do Burgo, acelerouse a construción do Sanatorio Marítimo de Oza, a construción da estrada de circunvalación, a demolición da antiga Bateria de Salvas para abri-la cidade ó porto, etc.

A súa contribución á cultura foi así mesmo moi importante: formou parte da sociedade do Folklore, da Real Academia Galega. Fundou, con Martínez Salazar, a Biblioteca Gallega, extraordinario esforzo editorial que Fernández Latorre só iniciou e que logo Martínez Salazar proseguiu con paixón patriótica.



Con ocasión da súa morte, Murguía, que o admirou, escribiu: "Prolongación de su vida es hoy su periódico, en cuyas columnas parece que reviven todas las pasadas energías".

A súa obra, *La Voz de Galicia*, que permanece no seo da familia do fundador, segue a testemuña-la enerxía e fortaleza daquel home, Fernández Latorre, que sempre tivo o corazón á esquerda.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1891-1893	Deputado por Ortigueira	A Coruña
Legislatura 1893-1896	Deputado por Ortigueira	A Coruña
Legislatura 1896-1898	Deputado por Ortigueira	A Coruña
Legislatura 1899-1901	Deputado por Ortigueira	A Coruña
Legislatura 1901-1903	Deputado por Ortigueira	A Coruña
Legislatura 1903-1905	Deputado por Ortigueira	A Coruña
Legislatura 1905-1907	Deputado por Ortigueira	A Coruña
Legislatura 1907-1910	Deputado por Ortigueira	A Coruña
Legislatura 1911-1912	Deputado por A Coruña	

### FERNÁNDEZ LOSADA, Cesáreo

Médico ilustre que naceu en Celanova (Ourense) o 30 de xuño de 1831. Era fillo do moi coñecido médico de Celanova Ignacio Benito Fernández e de Francisca Losada.

Estudou no Instituto de Ourense e comezou medicina na Universidade de Santiago, que rematou en 1856 na Universidade de Madrid.

Concluída a carreira ingresou no corpo de sanidade militar, reorganizado no ano 1855. Como tal sanitario participa na campaña de África onde, por encargo de O'Donnell, tivo que atender e, segundo parece, curar a Muley-el-Abbas, xefe militar das tropas mouras e irmán do sultán Sidi Mihamed, condición que poñían para asina-la paz de Tetuán o 26 de abril de 1860 entre España e Marrocos.



Os éxitos sanitarios de Fernández Losada determinaron que fose designado médico de cámara da raíña Isabel II, cargo que exerceu ata a súa expulsión no ano 1868.

Aínda que se di que era un grande experto (de feito curara varios xenerais de feridas por lances de honra ou atentados, como sucedeu co xeneral Primo de Rivera) nada puido facer por Prim cando sufriu o atentado, xa que el foi o médico que o atendeu.

Estivo destinado no Norte na Guerra Carlista e posteriormente na Guerra de Cuba onde foi nomeado Inspector Xeral de Sanidade.

Foi autor de varias obras, como *Consideraciones higiénicas para el ejército de Cuba* (1896), *Consideraciones higiénicas de la ciudad de La Habana* (1897), e fundou o

Museo Anatómico e Patolóxico do Hospital Militar de Madrid.

Politicamente non consta que militase en ningún partido, aínda que a súa vinculación persoal con Isabel II probablemente non favorecese a súa carreira na etapa do Sexenio.

Foi elixido deputado por Ourense, non no ano 1869, como se escribe en varios lugares, senón no ano 1867, é dicir, na derradeira lexislatura antes de entrar no Sexenio Revolucionario.

Nas Cortes participou en dúas comisións e non falou nunca, unicamente presentou diversas peticións ó Congreso e fixo algunhas preguntas a ministros sobre asuntos do seu sector.

Morreu en Barcelona no ano 1910.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1867-1868    Deputado pola provincia de Ourense

### FERNÁNDEZ PEREIRA, BENITO

Foi un produto do proceso revolucionario do Trienio. Foi un deses axitadores políticos que son fundamentais para mante-la exaltación ideolóxica en determinados momentos pero que logo resultan irritables cando a sociedade pretende organizarse e normalizarse. Por iso, nestas situacións de tranquilidade non atopan acougo e son unha especie de incómodos sociais.

Avogado, de oratoria exaltada, aparece na Coruña, xa unha vez consumada a victoria liberal, exercendo o papel de animador da Sociedade Patriótica da que foi secretario. Cando o 23 de novembro de 1820 chegou a esta cidade a noticia de que acababa de producirse un intento contrarrevolucionario, houbo unha manifestación na que a xente percorría as rúas con fachos acesos e berrando en favor da liberdade. Previamente, Benito Fernández Pereira motivou á xente cun discurso vehemente.

O 1 de febreiro de 1821 apareceu un xornal na Coruña titulado *El Gorrion* que estaba dirixido e en boa parte redactado por el. Non se conserva ningún exemplar, pero as informacións que nos chegaron indican que era tan radical que foi prohibido varias veces pola Xunta de Censura, hai que ter en conta que esta era de signo liberal. Pecha o xornal no mes de abril do mesmo ano e substitúeo por outro *El Mensajero Coruñés*, tamén dirixido por el, do que tampouco queda ningún número.

A represión absolutista de 1823 encarcerouno. Conseguiu fuxir do cárcere e exiliouse. A policía interceptoulle varias cartas dirixidas á súa dona Regina Romero, que tiña un neno de seis meses que o pai non coñecía. Foi tamén detida a súa muller e o subdelegado de policía "aplicándolle la terrible ley del tormento para arrancar las declaraciones que él quería prestase, alucinado con la equivocada idea de que le hacía un

distinguido servicio a S. Majestad" conseguiu que firmara a declaración despois de doce confesións e catro acareos.

Retornou a España no ano 1833, gracias á amnistía.

Foi elixido deputado na primeira elección de 1836, que dura só dende o 26 de febreiro de 1836 ó 23 de maio de 1836. A pesar de que a lexislatura só durou tres meses, Fernández Pereira deuse a coñecer nas Cortes. O anónimo autor dun libro sobre os deputados desta lexislatura di o seguinte do noso biografiado: "Sabe el agibilibus que es un portento porque ha comido pan de muchos hornos... Perora con profusión, instigado por la facilidad natural que tiene para soltar palabras a borboton... No es común ver un hablador tan hojarasco e hinchado y que tanto abuse de los adjetivos pues los ensarta a docenas".

Como tantos exiliados, Fernández Pereira non se decatara que a España de 1836 se parecía pouco á de 1823 e que non era o mesmo excita-las masas dende o balcón do concello da Coruña que pronunciar un discurso no Parlamento.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1836 (1ª)      Deputado pola provincia de Pontevedra

### FERNÁNDEZ PÉREZ DE SOTO, Ricardo

Naceu en Tui en 1853. Estudiuu Leis en Santiago. Concluída a carreira, abriu un bufete en Tui e de contado adquire gran resonancia no campo criminalista, fundamentalmente pola defensa que realiza con motivo do crime de Luciana Borcino, de Baiona, viúva do vigués, José Vázquez Varela.

Marchou para Madrid no ano 1879, alí exerce como pasante do bufete de Montero Ríos. A defensa que realiza de Dolores Ávila, no chamado *Crimen de Fuencarral*, deulle renome en toda España. O alegato forense que presentou foi considerado tan extraordinario que case toda a prensa de España o reproduciu.

En Madrid traballa tamén como letrado da Beneficencia Provincial. Baixo a sombra de Montero Ríos, entra como concelleiro e tenente alcalde do concello de Madrid. Foi así mesmo deputado provincial de Madrid e presidente da Deputación de Madrid.


Reorganizou a Asociación Obreira da capital de España.

Cando tanto se agardaba deste ilustre avogado e activo político, morreu en Madrid o 3 de outubro de 1905.

Só representou a Galicia nunha lexislatura.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1896-1898      Deputado polo distrito de Chartada      Lugo



## FERNÁNDEZ POYÁN, Manuel

Natural de Ortigueira, avogado e importante rendista. Na efervescencia política que viviu Galicia nos anos corenta do século pasado, cando se trataba de deseñar un novo modelo de estado, Fernández Poyán colaborou en forma moi activa cos progresistas galegos. No ano 1843 organizou no mes de xullo unha Xunta gobernativa en Santa Marta de Ortigueira. Como membro da mesma formou parte da Xunta Provincial Revolucionaria da provincia da Coruña. Cando se constitúe no ano 1843 a Xunta Central de Galicia, na cidade de Lugo, Fernández Poyán foi nomeado secretario desta.

Cando estaba en Ortigueira ten noticia do levantamento de Solís en abril de 1846. Xuntou unha pequena partida de once homes, secuestraron o correo (para que non chegasen ás autoridades os partes do capitán xeneral e do Goberno) e cun cabalo e algunhas escopetas saíron ó encontro do exército de Solís que pensaron que estaba en Neda. Cando chegaron, xa Solís levantara ó exército. Así foron seguindo a estela do exército sen conseguir localizalo. Ó chegar a Santiago decatáronse do fracaso do levantamento. Fernández Poyán fuxiu a Portugal onde permaneceu ata a amnistía. Os demais compañeiros foron xulgados e condenados ós presidios de África, pena que non cumpriron porque a amnistía os colleu na Coruña agardando o barco que os levaría ata África.

No ano 1848 aparece complicado noutra conspiración republicana liderada polo deputado Pereira, por Somoza Cambero e outros. A conspiración foi abortada (foi fusilado un sarxento na Coruña) e Fernández Poyán estivo algún tempo detido no castelo de San Antón.

Na lexislatura de 1854 foi elixido deputado pola provincia da Coruña. Xa desde 1840 aparece ocasionalmente na documentación como fiscal do xulgado de primeira instancia de Ortigueira, do que, sen dúbida, foi depurado cando entraron no poder os conservadores.

No ano 1864 celebrouse en Santiago un congreso agrícola. Un dos temas propostos para discusión foi o da supresión foral, moción presentada por Montero Ríos e Pelayo Cuesta. Fronte a esta proposta presentouse outra en favor da permanencia do sistema foral, tese que foi defendida polos rendistas. Cando parecía que a cuestión non tiña saída, Fernández Poyán presentou unha terceira vía: deixa-la cuestión para máis adiante agardando a que novos estudos clarificasen mellor un tema que dicía afectaba a estrutura social de Galicia. A terceira postura, apoiada por Amor Labrada, Varela Cadaval e outros, en realidade viña dá-la razón á segunda das posturas, a defendida polos propietarios rendistas. Esta moción foi aprobada. O xornal compostelán *La Opinión Pública*, inspirado por Montero Ríos, atacou duramente a Fernández Poyán polo seu oportunismo que freou unha postura moito máis progresista como era a da supresión do foro. Fernández Poyán respostou cun artigo no *Boletín Xudicial de Galicia* salientando os inconvenientes que a supresión provocaría.



Os cronistas das Cortes de 1854, destacan deste deputado a súa "buena voz y excelente entonación" perífrases que habitualmente se empregaban para dicir que carecía de ideas e só tiña boa voz.

A última noticia que temos del é do ano 1872 en que consta que exercía como fiscal da Sala do Crime na Audiencia de Burgos.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1854-1856 Deputado pola provincia de Coruña

### FERNÁNDEZ SAN ROMÁN, Eduardo

(Marqués de San Román)

Lustre militar e político, cunha ampla biografía, e do que unicamente faremos unha breve sinopse porque a súa relación con Galicia foi ocasional e case anecdótica.

Naceu en Zaragoza o 13 de outubro de 1818. Cando só contaba con doce anos ingresou no exército. En 1835 intégrase no segundo rexemento da Garda Real, coto das familias máis aristocráticas. Participa en varias campañas, como as do sitio e conquista de Morella. No ano 1838, cando só tiña vinte anos, ascende a comandante. Unha vez finalizada a Guerra Carlista (1839), Fernández San Román instálase no Estado Maior, no que ingresa mediante oposición. Practicamente non abandonaría as funcións administrativas, mentres ía ascendendo por antigüidade: no ano 1844 era coronel, en 1847 brigadier, en 1853 mariscal de campo e en 1866 tenente xeneral. Non tivo pouco que ver coa súa inicial ascensión, a íntima amizade con Narváez, que mesmo lle cede o seu distrito electoral de Loja (Granada), onde nacera, para que o representase no ano 1846.



En Madrid, no Estado Maior, Fernández San Román vaise especializar en temas de reorganización do exército, un tema de máxima actualidade, e no que en España a penas había expertos. Funda e dirixe en 1847 a *Revista Militar*, sen dúbida unha importante publicación, moderna e europea, coa que acada un gran prestixio. No ano 1852 publica a obra *Estadística, organización e institucións militares del Ejército Español*. En 1849 sofre un consello de guerra e foi desterrado, por mandato de Narváez, o seu protector, porque na revista que dirixía se opuxo ó envío dun corpo do Exército a Italia, para defende-los Estados Pontificios. Esta censura non menoscabou o seu prestixio, ó contrario, dende este momento foi aceptado pola oposición a Narváez.

No ano 1868 decide exiliarse para non participar no levantamento contra Isabel II. O xeneral Prim decidiu entón borrarlo das listas do exército español, censura que tampouco lle perxudicou, xa que retornou a España no ano 1875 e foi restaurado no escalafón, nomeado capitán xeneral de Castela a Vella en 1875 e honrado por Afonso XII co título de Marqués de San Román. Morreu en Madrid no ano 1887.

Se valorámo-la súa obra intelectual temos que salientar que foi duramente criticado polos militares por toma-la decisión de afastarse da vida activa militar, é dicir, do mando, e refuxiarse en postos administrativos, sen que isto minguase o seu permanente ascenso na carreira militar. Considerábano máis político que militar.

Era persoa "fina, elegante, simpática", todos lle recoñecen dotes oratorias e considéranlo un escritor moi ben formado. Algúns dos seus detractores din que fixo gran parte da súa carreira "faldeando", porque era "ídolo de las damas y uno de los protagonistas en los salones de la buena sociedad".

A súa relación con Galicia xa dixemos que foi ocasional. Nas eleccións do ano 1857 sae elixido polo distrito de Betanzos, Bartolomé Hermida, que cesa; e nunhas novas eleccións, obtén a representación Fernández San Román que non ten ningunha actuación importante nas Cortes.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1857-1858    Deputado polo distrito de Betanzos    A Coruña



#### FERNÁNDEZ VALBUENA, Ramiro (Bispo auxiliar de Santiago)

A provincia eclesiástica de Santiago nomeaba un representante en cada lexislatura para o Senado, cargo que os bispos da provincia foron asumindo de maneira rotatoria para evitar dese xeito ter que elixir. O metropolitano, arcebispo de Santiago, xa era senador por dereito propio.

Na lexislatura de 1919-1920 representou á provincia de Santiago o bispo auxiliar de Santiago, Fernández Valbuena.

Nacera en Huelder (León) o 11 de maio de 1848. Estudou no Seminario de San Froilán (León), ordenouse como presbítero no ano 1874, e posteriormente, graduouse como doutor en Teoloxía e Dereito Canónico no Seminario Central de Toledo. Foi profesor do Seminario de León ata 1879, este cargo compaxinábao co de rexente da parroquia de San Salvador.

En 1880 pasou á catedral de Badaxoz como cóengo penitenciario. No ano 1881 foi designado rector do Seminario de Badaxoz. No ano 1892 gañou as oposicións a penitenciario da catedral de Toledo e nese mesmo ano foi nomeado rector do Seminario.

Converteuse moi pronto nun escritor polemista. Libros e folletos, de moi variada temática e calidade, saíron da súa pluma durante todos estes anos. Dominado por unha especie de incontinenencia escriturística, estivo presente en xornais, revistas, publicaba folletos e monografías supostamente científicas. O mesmo escribía contra os krausistas, acusados por el e por outros de heterodoxos, que defendía os dereitos da Igrexa en materia de ensino, ou elaboraba un informe histórico sobre o Bel-Ham-Midrás

(casa de estudos dos xudeus en Toledo) ou un tratado sobre a historia asiria.

Foi nomeado bispo auxiliar do cardeal Martín de Herrera o ano 1911, e aínda que as ocupacións pastorais lle restaron forzas para dedicarse tan integramente a escribir non por iso deixou de publicar, con certa periodicidade, libros e folletos. Entre as obras máis coñecidas están: *El Darwinismo en solfa*, *La Luz del Vaticano*, *La Cabra de Salomón*, *La Religión a través de los siglos*, obra na que estaba empeñado e da que saíron tres volumes, cando morreu.

Escasa foi a súa dedicación no Senado. Consta que fixo un rogo ó Ministerio de Facenda lamentando as deficiencias que se observaban nos servizos ferroviarios de Galicia.

Morreu no ano 1922.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1919-1920      Senador pola provincia eclesiástica de Santiago

### FERNÁNDEZ VICTORIO ARENAS, Servando

Naceu en Galdo (Viveiro) en 1834. Era fillo de Antonio Fernández Victorio, de Galdo, e de Ignacia Arenas, de Avilés (Asturias). Cursou Dereito, estudos que rematou na Universidade Central. Abriu un bufete de avogado na vila de Viveiro e aquí casou, cando tiña 25 anos, con Acacia Cociña, filla do ilustre periodista e deputado Vicente Manuel Cociña (véx.) e de María de la Concepción Riveira.

O matrimonio tivo oito fillos, dos que unicamente sobreviviu un, Nicolás Fernández Victorio, militar ilustre nas guerras de Cuba e Filipinas, que ostentou o grao de xeneral e que morreu no ano 1953.

O noso protagonista ingresou na carreira xudicial. Foi fiscal dos xulgados de Vilanova e Geltrú, do Barco de Valdeorras, de Xinzo e de Igualada. Exercía neste xulgado cando tivo lugar o alzamento republicano de Tremp (Lleida). O seu comportamento foi premiado elevándoo a un xulgado de Barcelona. No ano 1870 trasladárono a Madrid para instruí-la causa polo asasinato do xeneral Prim. Ós poucos meses, cando xa entregara ó escribán un auto de procesamento contra un alto personaxe da política e o suplicatorio ás Cortes para proceder ó seu procesamento, foi separado da causa e obrigado a trasladarse como maxistrado da Audiencia de Cáceres.

Coa Restauración retorna a Madrid onde ocupa un xulgado, pero foi de seguida depurado, acusado de exercer como deputado no período republicano. Viuse na necesidade de abrir un bufete en Madrid para subsistir. A Restauración decidiu repoñelo ofrecéndolle a presidencia da Audiencia de Filipinas. Tocoulle asistir á entrega de Manila no ano 1898, despois de que el mesmo, á fronte dos chamados "Voluntarios da Audiencia", resistira durante moitos días o asedio. Chegado o momento no que a Xunta de autoridades tivo que pronunciarse en favor da capitulación, só houbo dous votos contrarios, un deles o do Presidente da Audiencia.

Retornou a España e o Goberno nomeouno presidente da Real Audiencia de Oviedo, onde se xubilou. Retirado a Barcelona, morreu no ano 1907.

A cidade de Viveiro, a solicitude do seu cronista Xesús Noia, dedicoulle, por unánime acordo do Concello, unha rúa.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1873-1874	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra
-----------------------	---------------------------------	------------

## OS FERNÁNDEZ VILLAVERDE

Constitúen unha saga familiar que se enfeudou no distrito de Pontecaldelas. Distrito ó que representaron durante cincuenta anos, directamente ou mediante persoas interpostas da familia.

Inicia a saga Pedro María Fernández Villaverde, deputado pola provincia de Pontevedra dende 1837, cando aínda non había distritos electorais. A partir de 1846 e ata 1854 representa continuamente o distrito de Pontecaldelas.

Pedro María Fernández Villaverde era unha persoa moi integrada na Administración. Coñecía perfectamente os mecanismos administrativos debido a que fora gobernador civil en varias ocasións, asesor de rendas e asesor xeral do goberno da Habana. Tamén, nunha ocasión, chegou a ser subsecretario de Gobernación. Os postos que habitualmente tivo na Administración foron de tipo medio.

A familia deu o gran salto co fillo, Raimundo Fernández Villaverde. Ministro en varias ocasións, entroncado maritalmente coa distinguida familia dos Roca de Togores, dispoñendo do título de Marqués de Pozo Rubio. Sempre no partido conservador, Fernández Villaverde, que posuía xa unha importante fortuna, mesmo chegou a conseguir unha fracción, un grupo liderado por el; son os chamados *Villaverdistas*, aínda que permanecesen fieis ó partido conservador.

Fernández Villaverde nunca quixo ser senador, enfeudou en Pontecaldelas ata o punto de que en tódalas lexislaturas entre 1876 e 1905 non houbo máis deputado que el.

Morre en 1905 e como o seu fillo era menor de idade, polo que non podía aspirar a ocupar o distrito de Pontecaldelas, comezou a funcionar entón a estratexia familiar. É por isto que os Roca de Togores ocupan o distrito de Pontecaldelas ata 1910. En 1914, cando o fillo de Raimundo Fernández Villaverde alcanza a maioría de idade, os Fernández Villaverde volven controla-lo distrito, Raimundo Fernández Villaverde e Roca de Togores ocupará o distrito ata 1923.

As estratexias familiares de ocupación e enfeudamento nun distrito serían imposibles se non houbo un pacto de non agresión entre os grandes señores da Galicia



electoral. Os Bugallal, os monteristas, os gassetistas, etc., respectaban estes pactos e garantían que ningún intruso pasase a ocupa-lo distrito mentres se preparaba ou chegaba á idade necesaria quen, para eles, loxicamente debía facerse cargo del.

## FERNÁNDEZ VILLAVERDE, Pedro María

As fragmentarias noticias que temos do primeiro dos Fernández Villaverde indican anos que era avogado e que se dedicou á Administración do Estado. Entre 1835-1836 foi gobernador da provincia de Pontevedra, e organizou a persecución dos carlistas, especialmente na comarca de Tabeirós.

No ano 1837 aparece como asesor de Rendas Provinciais de Pontevedra e neste mesmo ano sae elixido por primeira vez deputado pola provincia de Pontevedra. No Parlamento ten importantes actuacións. Na sesión do 17 de xaneiro de 1838 solicita que a lei de redención de foros nacionalizados sexa xenerosa nos prazos, para que os campesiños poidan redimi-las terras e acceder á propiedade plena. O 22 de xaneiro de 1838 denuncia que a declaración de estado de excepción dunha provincia, como a de Pontevedra pola guerra carlista, significa que se inhiban as autoridades civís en beneficio dalgún "teniente o capitán" que exerce o poder despoticamente. Por iso solicita unha regularización do estado de excepción.

No ano 1839 foi destinado como Asesor e Tenente Gobernador da Habana. Iso explica que aínda que resulta elixido deputado a Cortes no ano 1840, sexa substituído por Claudio González Zúñiga.

Nas primeiras eleccións por distritos, as de 1846, resulta elixido por tres distritos: Pontecaldelas, Pontevedra e Salas (Asturias). Renuncia a Salas e Pontevedra aínda que permaneceu como deputado por Pontecaldelas. Nesta lexislatura foi un dos deputados galegos máis laboriosos. Presenta unha emenda o 8 de febreiro de 1848 á lei de quintas, para exceptualos novicios e profesos destinados ás misións de Asia. Manifesta unha peculiar concepción das misións, considéraas o mellor instrumento de colonización. Un misionero, di, é máis eficaz ca dúascentas mil baionetas.

Nesta lexislatura (1846-1850) foi nomeado subsecretario de Gracia e Xustiza. Cando cesa, foi nomeado conselleiro Real, cobrando o mesmo soldo de 50.000 reais ó ano.

Nas eleccións de 1853 tivo unha forte oposición. Presentouse Javier María Mendoza, que inicialmente resultou elixido. Sen embargo, Fernández Villaverde, logra que a Comisión e o Congreso declaren a acta nula (sesión do 6 de decembro de 1853). O Congreso decidiu entón que se realizasen novamente as eleccións, sen embargo, o deputado Orovio, na mesma sesión, argúe que non é lóxico que a nulidade da acta por defectos cometidos por Mendoza prexudique a Fernández Villaverde e convence ó Congreso para que sen nova elección entre a ocupa-lo escano. E así foi, porque o 7 de decembro de 1853 xa aparece como deputado por Pontecaldelas.

O implacable Sánchez Silva fai del un retrato pouco agradecido: "Desde su asiento suele estar molestando a todos los diputados; si son bronceados, es decir, de su color, [moderados] con advertencias, y con réplicas si son contrarios; pero en viéndose precisado a usar de la palabra en el Congreso, se produce con dificultad y no dice más que vaciedades. Bajo, grueso y lisiado en una pierna, acaso por la mano de Dios".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1839	Deputado pola provincia de Pontevedra.
Lexislatura 1839-1840	Foi anulada a acta de Pontecaldelas, aínda que o proposto era el.
Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia de Pontevedra. Foi substituído o 1 de xullo de 1840 por Claudio González Zúñiga.
Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia de Pontevedra. Foi substituído por Diego López Ballesteros.
Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Pontecaldelas (Pontevedra)
Lexislatura 1850-1851	Deputado por Prado e Pontecaldelas. Renuncia ó primeiro
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Pontecaldelas (Pontevedra)
Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Pontecaldelas (Pontevedra)



#### FERNÁNDEZ VILLVERDE, Raimundo (Marqués de Pozo Rubio)

Naceu en Madrid o 20 de xaneiro de 1848. Era fillo de Pedro María Fernández Villaverde. Estudiu no Instituto de San Isidro (Madrid), e posteriormente cursou a carreira de Dereito na Universidade Central. Na Universidade, chegaría a ser catedrático de Dereito Penal e supernumerario de Dereito Mercantil.

Politicamente milita durante bastantes anos no partido radical de Ruíz Zorrilla e no ano 1872 sae elixido por Caldas. Durante a Primeira República sepárase do partido radical e aproxímase ó partido afonsino.

Coa Restauración, Fernández Villaverde vai ascender moi rápido. No ano 1875 era concelleiro de Madrid e tenente alcalde.

Na lexislatura de 1876 resulta elixido polo distrito de Pontecaldelas, restaurando a sucesión que deixara o pai en 1854. Paralelamente empezou a escala-los postos da alta Administración do Estado. No ano 1877 foi nomeado director xeral da Administración e en 1878, interventor xeral do Estado. Entre 1880 e 1884 foi subsecretario do ministerio de Facenda. No ano 1884 foi nomeado gobernador civil de Madrid.

En 1885 substitúe a Romero Robledo como ministro de Gobernación, baixo a presidencia de Cánovas. Sempre baixo a presidencia deste, retornou ó poder no ano 1890 como ministro de Gracia e Xustiza (do 5 de xullo de 1890 ó 23 de novembro de 1891), logo como ministro de Gobernación (1891) substituindo a Elduayen. No ano 1899, baixo a presidencia de Silvela foi ministro de Facenda, en dous gobernos consecutivos. Os seus estudos sobre o presuposto parece ser que lle serviron para, por fin, equilibra-

la facenda española.

No ano 1902, tamén con Silvela, foi ministro de Facenda.

Por fin, o 20 de xullo de 1903, alcanza a cima da súa carreira administrativa cando o Rei o designou Presidente do Consello de Ministros, cargo que ocupa ata o 5 de decembro de 1903.

O Rei encómendalle novamente a Presidencia do Consello de Ministros o 27 de xaneiro de 1905, que ocupa ata o 23 de xuño de 1905.

Menos dun mes despois morría en Madrid, o 15 de xullo de 1905.

Foi tamén Presidente do Congreso dos Deputados; membro numerario da Real Academia de Ciencias Morales y Políticas, da Real Academia de Xurisprudencia (da que tamén foi Presidente) e da Real Academia Española da Lingua.

O Rei, premiouno co título de Marqués de Pozo Rubio.

Como deputado, e fóra das lexislaturas nas que foi ministro, amósase como un dos máis activos, e a súa palabra era escoitada con respecto. Participou en moitas comisións, pero preferentemente naquelas relacionadas co tema da facenda e da economía, das que era un indubidable especialista, incluso a nivel teórico, xa que ten varias investigacións sobre temas orzamentarios.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Caldas	Pontevedra
Lexislatura 1876-1877	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
Lexislatura 1886-1891	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
Lexislatura 1896-1899	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra

## FERNÁNDEZ VILLVERDE Y ROCA DE TOGORES, Raimundo

Fillo de Raimundo Fernández Villaverde e dunha descendente do Marqués de Molíns. En canto tivo a idade mínima requirida pasou a enfeudarse no distrito de Pontecaldelas, que podemos considerar que era xa familiar. Naceu en Pontecaldelas en 1889; licenciouse en Dereito pola Universidade de Madrid, en 1908. Como había pouco que sacar del, os seus panexiristas din o seguinte: "Muy



agradable y simpático en el trato social, como amparado de los intereses generales de su distrito".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
Legislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
Legislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
Legislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
Legislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
Legislatura 1923	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra

### FERREIRA CAAMAÑO, Juan

Naceu na parroquia de San Miguel de Treos (Vimianzo, A Coruña) o 18 de agosto de 1803. Fidalgo polos dous costados, era fillo de Andrés Ferreira Lemos, natural de Asma, Chantada que era avogado e serviu como xuíz, morrendo no ano 1808. Súa nai foi María Rosa Caamaño, a cal supoñemos que pertencía á casa de Xora (Treos).

Iniciou os seus estudos na Universidade de Santiago no ano 1818, que concluíu como licenciado en Leis e Cánones no ano 1829.

Ata 1832 traballou de avogado. Neste ano integrouse na xudicatura. Foi xuíz de San Martín de Valde Iglesias, logo de Navahermosa e finalmente de Alcalá de Henares, cargo que ocupaba no ano 1840.

Como era habitual naqueles anos, o cargo de xuíz supoñía igualmente participar na milicia nacional defendendo os territorios da súa xudicatura, das faccións carlistas. A súa follla de servicios como comandante da milicia nacional dos distritos nos que exercía como xuíz aparece moi apertada, debido a diversas accións militares entre 1834 e 1838. Por isto, foi condecorado en 1837 coa Gran Cruz de Cabaleiro de Isabel a Católica e en 1838 coa Cruz de Comendador de Isabel a Católica.

A súa proximidade a Madrid e a fama que adquire pola resolución en defende-lo Trono de Isabel II, mereceu o afecto persoal da Raíña rexente. Esta, cando pasou por Alcalá cara a Barcelona, recibíuno, e mesmo parece que Ferreira a advertiu dun posible golpe de Estado de Espartero. Cando o golpe de Estado se verificou e se constitúe no ano 1840 a Xunta de Madrid, Ferreira, fiel a Cristina, resistiuse a obedecer á Xunta, polo que foi destituído e perseguido. Isto provocou que se integrase nas tropas do xeneral Aldama e de León para oporse a Espartero, ata que resultou imposible tal acción.

Condenado dende 1840 a 1844 ó ostracismo político, retorna neste último ano cando os moderados alcanzan o poder.



En 1844 foi nomeado gobernador civil de Lugo e neste mesmo ano obtén a primeira representación en Cortes pola provincia da Coruña, representación que mantén practicamente en tódalas lexislaturas, agás na de 1854, é dicir, no réxime progresista.

Cando estaba nas Cortes, en Madrid, ten noticias da posible sublevación do exército en Galicia. Esta sublevación tivo lugar en Lugo o 2 de abril de 1846, a onde Ferreira chega en calesa cando xa a cidade fora ocupada polos sublevados, e organiza a contraofensiva. Neste momento xogou un papel decisivo no fracaso do levantamento deste ano.

Os gobernos moderados que coñecían sobradamente a súa fidelidade foron premiando: nomeárono maxistrado do Supremo Consello de Guerra e Mariña, avogado consultor do Corpo de Enxeñeiros de Camiños, etc. Por suposto en canto ascendían os gobernos progresistas era sistematicamente cesado destes postos.

En Galicia, sen embargo, atopou un distrito, o de Cee, que conseguiu enfeudar e no que non tiña ningunha oposición.

Como parlamentario foi sempre un deputado pouco afeito a pronunciar discursos, pero dun traballo e tenacidade encomiables.

Cando entrou no Congreso no ano 1844 (obtivo escano polas provincias da Coruña e Pontevedra e quedou pola da Coruña) fixo unha defensa apaixonada do clero (sesión do 15 de novembro de 1844) pola situación indecorosa e mesmo miserable na que vivía. Para non ser mal interpretado advertiu que el non apoiaba o clero "fanático, ignorante e carlista, sino al clero ilustrado y virtuoso" que se vía mesmo na necesidade de pedir esmola para subsistir.

Membro en case tódalas lexislaturas da comisión de actas, viuse obrigado a intervir frecuentemente para defende-la comisión, aínda que non pronunciou grandes discursos. Na sesión do 30 de decembro de 1849 fixo un ataque durísimo contra Salvador Bermúdez de Castro, que obtivera a representación por Valdeorras, polos amaños electorais e sobre todo por non ser galego e descoñece-lo seu territorio. Bermúdez de Castro dimitiu ó día seguinte.

Galicia está presente en case tódalas súas actuacións no Congreso. A necesidade de construír estradas, debido ó aillamento de Galicia, no tema do ferrocarril (sesión 19 de marzo de 1859) e noutra célebre discusión (sesión do 29 de xaneiro de 1859) deixa moi claro cal é o seu pensamento sobre a legalidade da desamortización. Ten que reunir estas circunstancias: ser aprobada polas Cortes, aprobada pola Coroa e aprobada pola Santa Sé.

Un cronista das Cortes de 1850 danos o seguinte xuízo de Ferreira como deputado: "Habla con ojos, pies y manos. Habla con todo el cuerpo y si fuera lícito hablar a puñetazos seguramente quedaría por este terrible gallego el campo de la discusión... Los diputados se van saliendo con disimulo siempre

que toma la palabra porque parece un energúmeno...".

Este gran deputado galego que só mereceu dos Gobernos unha escasa e inxusta consideración, vivía en Madrid e alí debeu morrer en data que descoñecemos.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1844-1846	Deputado pola provincia da Coruña	
Legislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Cee	A Coruña
Legislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Carballo	A Coruña
Legislatura 1851-1853	Deputado polo distrito de Cee	A Coruña
Legislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Cee	A Coruña
Legislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Cee	A Coruña
Legislatura 1858-1863	Deputado polo distrito de Cee	A Coruña
Legislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Cee	A Coruña
Legislatura 1864-1865	Inomeado Senador vitalicio	
	Deputado polo distrito de Cee	A Coruña



#### FERRERAS TORO, José

Iniciou a súa carreira parlamentaria no ano 1876 como deputado polo distrito de Sort (Lleida), en substitución de Rómulo Moragás.

Na lexislatura de 1881-1884 obtivo a representación por dous distritos: por Caguas (Porto Rico) e por La Almunia (Zaragoza), optando por este último. Na lexislatura de 1886-1890 resulta elixido deputado polo distrito de Madrid.

En 1891 foi elixido senador pola provincia de Ourense, posiblemente como resultado do encasillado feito polo ministerio ó non ter onde situalo. Cando remata a lexislatura na que representou a Galicia, foi elixido senador polo distrito de Santa Clara (Cuba).

Consta que era un importante capitalista con negocios en Cuba. No ano 1896 apareceu no Senado unha solicitude para que o Senado concedese licencia para poder procesalo a causa dun artigo seu aparecido no xornal *El Correo*, titulado "Abusos de Cuba". Non consta cál foi a resposta do Senado.

A partir de 1894 foi designado senador vitalicio.

Morreu en Madrid o 2 de xaneiro de 1904.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1891-1893	Senador pola provincia de Ourense	
-----------------------	-----------------------------------	--

**FERRO MONTAOS, Francisco Javier**

Naceu en Santiago, probablemente no ano 1796, era fillo de Francisco Javier Ferro Caaveiro e de María Montaos. Pertencía, por conseguinte á pretixiosa familia do arquitecto Ferro Caaveiro. Seu pai era avogado e exerceu de xuíz durante o período liberal.

Na familia paterna atopou o contexto liberal e progresista que marcou a súa vida. No ano 1817, seu pai foi acusado de dirixir unha conspiración contra o estado absolutista, polo que foi detido. Na prensa compostelá do período 1808-1814, os absolutistas arremeteron contra seu pai, ó que cualificaban de "borrachón calleiras".

No ano 1816, cando estudiaba na Universidade de Santiago, onde tiña de compañeiros a Casiano del Prado e a Ramón Lasagra, foi acusado de ler libros prohibidos e de formar parte dun faladoiro de ideas avanzadas e por conseguinte perigosas. A Inquisición detívoo no ano 1816, xunto con Casiano, e por iso tivo o privilexio de ser un dos derradeiros habitantes dos cárceres inquisitoriais, definitivamente pechados en 1820.

Rematou a carreira de avogado e decidiu instalarse en Madrid, onde abriu un bufete.

Ainda que residía en Madrid, os progresistas galegos coñecían ben a súa fidelidade política e por iso contaron con el en varias lexislaturas.

Representou a provincia da Coruña desde 1836 ata 1842 coa única excepción da lexislatura de 1840. Na lexislatura de 1841-42 saíu elixido pola Coruña e pola provincia de Madrid.

Como deputado non tivo grandes actuacións no Congreso, se exceptuámo-la súa participación no proxecto da lei de imprenta (sesión do 25 de febreiro de 1837). Defendeu a liberdade de imprenta como consubstancial ó liberalismo, pero estima que, naquel intre (guerra civil carlista), é preciso controlar indirectamente a prensa, esixíndolles ós editores unha forte consignación previa como depósito.

Foi un deputado traballador nas distintas comisións, especialmente na comisión constitucional.

O único cargo que coñecemos que lle proporcionou o Goberno foi o de asesor da Dirección Xeral de Minas, no ano 1853.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1836-1837	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1837-1838	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1841-1842	Deputado pola provincia da Coruña



### FIGUEROA TORRES, José (Vizconde de Irueste, Conde de Mejorada del Campo, Duque de Las Torres)

Apenas representou a Galicia uns meses, polo que o comentario que lle facemos é breve.

Era fillo de Ignacio Figueroa y Mendieta e de Ana Torres Córdoba e Sotomaior. Irmán, por conseguinte, do Conde de Romanones, Álvaro Figueroa.

Tivo unha intensa vida política e económica. Representou a Guadalajara entre 1884 e 1886, logo representou por uns meses a Valdeorras. Posteriormente foi deputado por Baeza (Xaén) entre 1896 e 1901. Morreu neste ano de 1901, no mes de decembro.

Polo que respecta á representación por Valdeorras substituíu a Manuel Quiroga Vázquez o 16 de xaneiro de 1892 e renunciou ó escano o 5 de decembro de 1892.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1891-1893	Deputado por Valdeorras	Ourense
(Só dende o 16 de xaneiro de 1892 ó 5 de decembro de 1892)		



### FIGUEROA Y MENDIETA, Ignacio (Marqués de Villamejor)

Representou, nunha ocasión, no ano 1872 o distrito de Pontedeume.

Naceu o 22 de abril de 1808 en Llerena, Badajoz. Era fillo do tenente de Dragóns da Raíña, Luis Figueroa e de María Luisa Mendieta.

Casou con Ana Torres Córdoba e Sotomaior, vizcondesa de Irueste e marquesa de Villamejor, dende 1853, título que achegou ó matrimonio, convertendo a Ignacio Figueroa en marqués consorte.

Foi grande a riqueza que conseguiu Figueroa e, sobre todo, moi ben diversificada. Era propietario dunha fundición de plomo na Carolina, dunha fábrica metalúrxica en Barcelona, doutra fábrica de chumbo preto de Cartaxena, que foi destruída no ano 1873 durante a revolta cantonalista. Edificou en Madrid unha barriada, o paseo de Atocha, que durante moitos anos levou o seu nome.

Foi pai do famoso Álvaro Figueroa y Torres, Conde de Romanones, así como de José Figueroa Torres (véx.).

Iniciou a súa vida política como deputado polo distrito de Gualajara ó que representou



entre 1864 e 1868 e novamente entre 1876 e 1877. En 1877 foi Senador vitalicio.

Como dixemos, representou a Pontedeume nas segundas eleccións de 1872.

Como deputado non tivo unha destacada actuación e só participou nas comisións e debates nos que había asuntos económicos. Posiblemente a súa mediocre actuación no Congreso como orador tivo moito que ver coa súa saúde, porque era case xordo.

Tiña a Lexión de Honor do Goberno francés. Morreu o 11 de marzo de 1899.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1872 (2 <sup>a</sup> )	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña
------------------------------------	--------------------------------------	----------

### FLÓREZ, Jacobo

Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago, ingresou na carreira xudicial, exercendo como xuíz de Santiago.

Pertenceu ó partido moderado. Foi concelleiro de Santiago e representante deste distrito na Deputación Provincial da Coruña polo menos nos anos 1837 e 1841.

No ano 1846, era concelleiro do concello de Santiago cando tivo lugar o levantamento. A Xunta constituída nesta cidade depurou varias persoas polo seu acusado moderantismo. Flórez foi tamén depurado do posto de concelleiro.

Representou a provincia da Coruña en dúas lexislaturas: as de 1834 e 1836. Non destacou en ningunha das sesións de Cortes.

Un cronista contemporáneo describía así a súa presenza nas Cortes: "Era juez de apelación en Santiago cuando lo nombraron por primera vez y fue el único a quien reeligieron. Ellos sabrán el por qué, aquí todos sabemos que es pequiníto, cutadiño, regular votante y nada más".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1834-1836	Deputado pola provincia da Coruña
Legislatura 1836 (1 <sup>a</sup> )	Deputado pola provincia da Coruña

### FLÓREZ DE LOSADA Y QUIROGA, Alfonso

Era fillo do prominente político ourensán Ildelfonso Flórez Losada del Páramo, señor da vila do Castro de Valdeorras e de Dolores Quiroga Puga, filla dos Condes da Torre, da casa Grande de Pobra de San Xulián. Naceu na casa do Castro no ano 1835.

Estudou Leis e licenciouse en Dereito.

Era un gran propietario rendista con terras no Barco, Carballeda, Rubiá, Vilamarín, e casas en Valdeorras.

Casou no ano 1862 con Leonor Suárez de Deza e Tineo, filla do tamén prominente político e rendista Apolinar Suárez de Deza (véx.).

Obtivo a súa primeira representación na lexislatura de 1865 pola sección de Xinzo de Limía. Retirouse logo da política activa, a que non retornou ata 1889. Na lexislatura de 1886-1891 foi elixido polo distrito de Redondela o marqués de Bendaña, Tomás Piñeiro Aguilar, que renunciou ó escano ó ser nomeado no ano 1889 ministro Plenipotenciario en Constantinopla. A súa renuncia foi cuberta, nunhas eleccións parciais, por Alfonso Flórez, motivo polo cal toma posesión no ano 1889. Esta elección compensáballo os agravios sufridos no ano 1886 cando decidira presentarse por Valdeorras. Enfrontouse a Enrique Santana López, que tiña todo o apoio do Gobernador e do líder conservador Manuel Quiroga Vázquez. O cura de Petín ameazou con negárle-la absolución ós que votaran a Flórez, segundo a prensa do momento. Os partidarios de Santana chegaron a apedra-la súa casa.

Na lexislatura de 1893-1895 foi elixido deputado polo distrito de Valdeorras. Finalmente na lexislatura de 1898-1899 resultou elixido senador pola provincia de Ourense.

Foi, o noso biografiado, un deputado intermitente, o que fai pensar que carecía de ambición política.

Morreu no ano 1923.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1865-1866	Deputado pola sección de Xinzo	Ourense
Lexislatura 1889-1890	Deputado polo distrito de Redondela	Pontevedra
Lexislatura 1893-1895	Deputado polo distrito de Valdeorras	Ourense
Lexislatura 1898-1899	Senador pola provincia de Ourense	

### FLÓREZ DEL PÁRAMO LOSADA, Ildefonso

Naceu na Casa do Castro (Valdeorras) no ano 1800. Era fillo de Juan Flórez, de San Salvador de Quiroga e de M<sup>a</sup> Josefa de Páramo e Arias do Val de Lemos. Casou en 1824 con María de los Dolores Quiroga y Puga. A súa muller procedía dos Quiroga da casa Grande de Pobra de San Xiao e dos Puga dos Condes de Torre Penela.

A través dos fillos e sempre dentro dunha estratexia familiar moi propia do Antigo Réxime, reproduciu as súas conquistas patrimoniais e aristocráticas, xa que o seu fillo, Alfonso Flórez, casou con Leonor Suárez de Deza, filla de Apolinar Suárez de Deza, unha das familias máis poderosas en rendas de Galicia. Outra filla, Clotilde Flórez Páramo Quiroga e Puga, casou co Conde de Torre Penela. Finalmente, outra filla, Pastoriza, casou con Manuel Batanero, tamén deputado (véx.).

Obtivo representación para o Senado pola provincia de Lugo na lexislatura de 1843-1844, e sae deputado polo distrito de Valdeorras para o período 1846-1849. Neste ano pretendía realizar unha operación que foi duramente criticada no Congreso: a renuncia

á acta por Valdeorras, para situar neste escano a Salvador Bermúdez de Castro, mentres que el pasaba ó Senado, como senador vitalicio. A operación foi denunciada por Ferreira Caamaño e polos deputados galegos (véx. Bermúdez de Castro, Salvador) que o acusaban directamente de controla-las eleccións en Valdeorras a través do ex-frade e profesor de instituto, Sr. Guitián, e doutras persoas.

As consecuencias de tal discusión deberon afectarlle, porque Bermúdez de Castro dimite ó día seguinte e el non toma posesión do escano senatorial.

Morreu na súa casa do Castro no ano 1850.

Como deputado non tivo ningunha actuación destacable.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1843-1844	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1846-1849	Deputado polo distrito de Valdeorras	Ourense
Lexislatura 1849-1850	Senador vitalicio (non toma posesión)	


**FLÓREZ FONDEVILA, Luis**

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872-1873	Senador pola provincia de Ourense
-----------------------	-----------------------------------

**FLÓREZ FREIRE, Juan**

Un dos alcaldes máis recordados da cidade da Coruña, Juan Flórez, non naceu nesta cidade senón en Ferrol o 9 de xaneiro de 1799. Era fillo do tenente de navío (logo director da fábrica de Trubia e membro do Tribunal Maior de Contas da Armada) Manuel Fernández Flórez e de Rosa Freire Rus. Juan alterou os apelidos do pai, como se pode ver. Era fillo único.



Ingresou como garda mariña en Ferrol no ano 1819 e realizou ata 1834 o habitual curriculum dos oficiais de Mariña: alférez de fragata (1824), alférez de navío (1827) e tenente de fragata (1833). Formou parte da Comisión de Planos Hidrográficos e Navegación en Europa e América.

No ano 1834 pasou á Administración do Estado, como oficial segundo da subdelegación de Fomento da Coruña, onde permaneceu ata 1838. Neste ano ascendeu a oficial primeiro do Goberno Político da provincia da Coruña, cargo que exerceu ata 1840. Neste ano exerceu como secretario da Xunta Provincial, creada con motivo do pronunciamiento progresista.

Juan Flórez integrouse no tecido da cidade, na que ocupa postos como o de vocal na Xunta Provincial de Beneficencia, na de Instrucción Pública e nas da Caixa de Aforros e Monte de Piedade.

Foi elixido alcalde, por vez primeira, o 3 de marzo de 1846, cargo que desempeña ata o 23 de decembro de 1847. Foi novamente alcalde do 3 de maio de 1851 ó 10 de xullo de 1854. Como alcalde da cidade desenvolveu unha intensa actividade: reparou e abriu prazas públicas, xardíns, reformou o Hospital e o Hospicio, recuperou o aniversario de María Pita con celebracións (feiras e festas) para atrae-lo turismo.

De seguido, Flórez Freire entrou nos negocios do ferrocarril, asociado con Juan Martínez Picabia, o que seguramente o levou a presentarse a deputado pola cidade na lexislatura de 1857-1858. Xa no Congreso, desenvolveu unha intensa actividade en favor do ferrocarril galego. Máis aínda, logrou do Goberno unha licencia para a construción do ferrocarril do Noroeste (Galicia-Asturias), pero non atopou licitadores polas baixas subvencións que oferta o Goberno.

Juan Flórez, fixo que outros patricios galegos se interesasen no ferrocarril, como o Conde de Pallares ou Vázquez de Parga, os cales realizan unha intensa campaña coas deputacións e concellos para crear un fondo ou capital necesario para a construción do ferrocarril. O seu interese, que non sempre foi rectamente entendido, fracasou estreptosamente. Consta, sen embargo, que Flórez non saíu lesionado nos seus intereses económicos xa que apareceu como membro do Consello de Administración da Compañía de Bertrán de Lis.

Intentou presentarse novamente nas eleccións do ano 1858, pola cidade da Coruña, pero foi vencido por Daniel Carballo. Na discusión en Cortes (sesión do 10 de decembro de 1858) sobre a acta da Coruña, Flórez atopou un gran defensor no deputado de Ribadavia, Teófilo Rodríguez Vaamonde quen denunciou que Carballo obtivera o escano utilizando medios non lexítimos. Fixo unha apaixonada defensa de Juan Flórez: levaba 25 anos residindo na Coruña e prestara grandes servizos á cidade "no como hombre político, porque el Sr. Flórez nunca ha sido hombre político ni quiere serlo" senón como cidadán que só pensaba no engrandecemento da súa cidade. A Coruña non quería que a representasen políticos senón deputados que lle construísen o ferrocarril, o porto e lle fixeran outras melloras. Por iso cento sesenta electores comprometéronse nunha xuntanza a votar a Flórez. Sen embargo, o Gobernador manipulou os resultados e fixo que gañase Carballo por 10 votos. O concello da Coruña acordou o 15 de xuño de 1858 poñe-lo seu retrato no salón de sesións en agradecemento polo seu labor.

Na resposta a Rodríguez Vaamonde un deputado pretendeu rebaixa-los méritos e popularidade de Juan Flórez na Coruña. "En una época no lejana", di o deputado, "fue maltratado públicamente". Sobre a circunstancia de que non era político, engade: "No es político pero le gusta vivir y mangonear en política... apoyando a todos los gobiernos y no apoyando por lo mismo a ninguno". Traballou evidentemente moito, pero en beneficio dos seus intereses "porque es un concesionario de los estudios del ferrocarril".



Aquelas eleccións obrigárono a imprimir un folleto, que é a única obra que lle coñecemos: *Exposición que D. Juan Flórez, candidato por aclamación de la ciudad, capital de la provincia de La Coruña, eleva al Congreso en queja de las exacciones y nulidades cometidas en la elección del 31 de octubre de 1858.*

Nunca máis se volveu presentar para o Congreso.

Recoñecido pola cidade e polo Estado (Cabaleiro da Real Orden de San Hermenexildo, e Cabaleiro da Real Orden de Carlos III) viviu ata o 2 de setembro de 1870, día en que morreu na súa cidade, que segue a conserva-la súa memoria histórica.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1857-1858 Deputado pola provincia da Coruña

### FLÓREZ SUÁREZ DE DEZA, Apolinar

Naceu no pazo do Castro de Valdeorras. Era fillo de Alfonso Flórez de Losada Quiroga e de Leonor Suárez de Deza e Tineo. Procedía, por conseguinte, polas dúas ramas da alta fidalguía galega (a dos Flórez de Páramo e a dos Suárez de Deza) e da alta política.

Estudou enxeñería, na rama de electricidade e pasou moitos anos de estudos en Inglaterra. Neste país realizou non poucos traballos empresariais. Tamén se encargou da electrificación da vila de Valdeorras.

Obtivo a súa primeira e única acta electoral na lexislatura de 1905-1907, por Valdeorras, na que derrotou a Marcelino Suárez González, fillo político de Manuel Quiroga Vázquez. Debemos ter en conta que este, que ostentou a representación de Valdeorras durante moitas lexislaturas, estaba retirado da política, seguramente por enfermidade, xa que morreu no ano 1906. A vitoria da casa do Castro sobre a casa Grande de Viloría (a casa dos Quiroga Vázquez) era un símbolo da caída dos da casa de Viloría, que controlaran o distrito durante tanto tempo. Pero tampouco isto significa que a casa do Castro impuxera o seu poder na comarca. Novos poderes, alleos a Galicia, preparaban o seu desembarco no distrito: Barber Sánchez vaise enfeudar nel desde 1914, ata 1923.

Como deputado por Valdeorras participou nalgunhas comisións como a da estrada de Vilafranca ó Barco, facendo, segundo se dixo, que a estrada mudara de trazado para pasar polo seu pazo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1905-1907 Deputado polo distrito de Valdeorras Ourense

---

**FOCIÑOS VALENZUELA, José**

Fociños Valenzuela, que debía ser natural de Lalín e que procedía da fidalguía galega polos dous costados, representou o distrito de Arzúa en dúas lexislaturas.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
Lexislatura 1873-1874	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña

---

**FOLLA MIRAGAYA, Román**

Sabemos que tiña propiedades en Vilaboa, Culleredo (A Coruña) e exerceu durante algún tempo de Gobernador Civil. Son as únicas noticias que temos deste deputado.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Pontevedra	A Coruña
Lexislatura 1886-1891	Deputado polo distrito de Pontevedra (Cesa o 14 de xullo de 1889, e é substituído por Sors Martínez)	A Coruña

---

**FONDEVILA VAAMONDE, Joaquín**

Natural de Santiago de Compostela, fillo de Pedro Francisco Varela Fondevila, rexedor perpetuo da cidade de Santiago, deputado de Santiago ante a Xunta do Reino, señor da casa das Figueiras (Folladela, Melide) e de Manuela Vaamonde e Barrio de Figueroa, filla dos señores das casas de Riveiro de Baltar e Balmil. Era, por conseguinte, sobriño do Ilmo. D. Juan Varela Fondevila, bispo auxiliar de Santiago.

Fillo segundón (o vínculo foi herdado pola súa irmá María do Carme Varela Fondevila, que casou co militar e rexedor de Santiago e A Coruña, Pedro Pablo Herce) tivo que procurarse o futuro como funcionario do Estado.

Temos escasas noticias do noso biografado, do que sabemos que cando foi elixido deputado por Galicia era oficial da Secretaría de Estado.

Elixido deputado no ano 1820, tivo no Congreso un papel pouco lucido, aínda que traballou nas comisións de Política, Ultramar, Xunta provisional, División do territorio, etc.

A actuación máis importante tívola na sesión do 10 de outubro de 1821 cando se discutían as capitalidades das novas provincias. Como compostelán, defendeu a capitalidade provincial para a cidade de Santiago, por ser sede arcebispal, universitaria, residencia dun rexemento provincial e ademais porque dende sempre exercera a capitalidade de Galicia. Como se sabe, o Congreso foi pouco sensible a estes argumentos e fixou a capital na cidade da Coruña.

Unha testemuña presencial das Cortes de 1820, xulgou así a Fondevila: "Sordomudo con tímpanos y aurículas perfectas, estatua con ojos de Argos, mosquita muerta sin aguijón. Pero home muito bo, home instruído e de bo corazón, mais eu solo lle diría que anduvera mais directo".

Rematada a lexislatura sabemos que no ano 1822 formou parte da Xunta Protectora da liberdade de imprenta. A partir deste momento perdémo-la súa pista.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1820-1821    Deputado por Galicia

### FONTÁN RODRÍGUEZ, Domingo

Afortunadamente Fontán Rodríguez conta con diversas aproximacións biográficas polo que nesta reseña preferimos referirnos principalmente á súa actuación política e como deputado, aspecto menos tratado nas biografías.

Naceu en Portas (Caldas) o 17 de abril de 1788. De seus pais, Rosendo Fontán e Sebastiana Rodríguez, a penas sabemos cousa ningunha. Nunhas notas autobiográficas dinos só que eran "de no escasa fortuna", o que nos fai pensar que debían ser labradores. O seu tío, Sebastián Rodríguez Blanco, párroco de Noia (A Coruña) correu cos gastos da súa educación.



Estudiante incansable, licenciouse en Teoloxía no ano 1812, ano no que tamén acadou o grao de doutor. En 1813 licenciouse en Artes e doutorouse en 1814. Estudiu tamén, aínda que non concluíu as carreiras, Leis e Cánones, nos que era bacharel.

Discípulo de Rodríguez, o gran matemático compostelán, decidiu ampliar estudos nesta rama do saber, chegando a substituír ó seu mestre na cátedra, no ano 1818.

A universidade utilizou, dende o primeiro momento, os servizos deste mozo de extraordinaria sabedoría, substituíu varias cátedras, a de Retórica, Lóxica, Matemáticas ata que no ano 1818 obtivoa a de Matemáticas.

Formou parte dun grupo liberal compostelán, con Rodríguez, Camiña, Patiño, e iso produciulle satisfaccións pero tamén desventuras. No ano 1814 foi procesado pola Real Audiencia, por delación dos profesores Cabrera e Corral, que o acusaban de liberal, francmasón e de defender ideas subversivas na súa cátedra. No ano 1815 foi repostado.

En 1820, Fontán súmase ó levantamento da Coruña e por iso foi nomeado secre-

tario da Deputación Provincial de Galicia, con residencia na Coruña. Foi denunciado no ano 1823, o que lle supón que o suspendan na cátedra e quedar privado de voz activa e pasiva no claustro. Novamente foi sometido a purificación en 1825, pero a Comisión declara que non está purificado, o que conseguirá en 1826.

Casou con Manuela Rivas Gómez, natural da Coruña, e no ano 1826 tiveron un fillo, Félix, que naceu en Santiago.

En 1834 foi nomeado Catedrático de Física, Mecánica e Delineación na Sociedade Económica de Santiago. Neste mesmo ano naceu en Santiago o seu segundo fillo, Manuel.

En 1835 foi nomeado pola Raíña, director do Observatorio Astronómico de Madrid e catedrático da Escola de Enxeñeiros Xeógrafos. O que explica que deixase Galicia e se trasladase a Madrid. Desde 1817 traballou na súa grande obra, o Mapa Xeolóxico, que rematou en 1834.

Saíu elixido deputado por Galicia por primeira vez no ano 1836, en representación da provincia de Pontevedra.

Foi un deputado exemplar pola asistencia, polo traballo intenso nas comisións e pola valentía que demostrou cantas veces tivo que defender nas Cortes causas difíciles e mesmo antipopulares. Lendo atentamente os diarios de sesións decatámonos de seguida de cómo a súa recta conducta e a súa palabra denunciadora molestaban a moitos deputados. O grande Olózaga (sesión do 12 de xaneiro de 1838) díxolle con sorna que o seu "celo ardiente" polo ben público acalora indebidamente a súa imaxinación. Outro deputado achácalle que "se enfada por todo" (sesión do 9 de xaneiro de 1838). Todo iso viña a conto pola filípica de Fontán contra a *empreomanía* que levaba a España ó desgobierno, polo exceso de cesantes que por riba seguían cobrando o que acababa co presuposto (sesión do 23 de xaneiro de 1838).

Fontán foi o causante dunha das sesións máis tensas na lexislatura de 1838 cando o 9 de marzo de 1838 denuncia publicamente a Bartolomé Gallardo, o célebre Bibliotecario do Congreso, polos seus escritos que "destilan hiel". Para castigar a Gallardo presenta unha moción coa que pretende pecha-la Biblioteca das Cortes, por inútil e por non estar atendida, polo que solicita que os libros pasen á Biblioteca Nacional. Esta moción foi aprobada en medio dun grande escándalo xa que os progresistas defenderan afervoadamente o Bibliotecario.

Fiel representante da provincia de Pontevedra defende con paixón na sesión do 19 de decembro de 1836 a capitalidade desta cidade; no mes de maio de 1837 defende a necesidade de construír un lazareto na ría de Arousa ou de Pontevedra para evitar que tódolos barcos teñan que pasar por Mahón.

No ano 1837 cando se debatían temas tan importantes como a supresión do dezmo ou dos mosterios, Fontán amosou unha postura moi equilibrada. Negou que os dezmos fosen a causa do atraso económico en Galicia (sesión do 3 de xuño de 1837) fronte ás opinións do deputado Sancho que dicía: "yo deseo que se derriben



todos los conventos, que no quede ni uno solo". "Es preciso quitar esos nidos", respondía irónicamente Fontán. "El señor Sancho cree que basta destruir los nidos. Su señoría sabe bien que todos los años se destruyen los que hacen los pajaritos y este no es obstáculo para que al siguiente vuelvan a hacerlos de nuevo" (sesión do 3 de xuño de 1837).

Opúxose rotundamente a deixa-lo clero na pobreza, porque en Galicia, "en mi país aquellos [los curas] son la botica de los pobres" (sesión do 1 de xullo de 1837).

Galicia e os seus intereses estiveron sempre presentes na boca de Fontán. Denunciou a situación dos caseiros, a desproporción das contribucións que pagaba Galicia con respecto a outras provincias, debido ás falseadas estatísticas de poboación. Defendeu con paixón a Universidade de Santiago e a cidade, que debería se-la capital de toda Galicia. "Universidade que fai un ano, un xefe político, *tratando de sorprender al Gobierno* quixo trasladar á Coruña" (sesión do 22 de xuño de 1838).

Na sesión do 11 de febreiro de 1842, manifestou todo o desencanto que lle producía o réxime liberal: "antes [co absolutismo] no teníamos escuelas, no teníamos caminos y lo mismo estamos en el día", antes un capitán xeral, un intendente e unha Audencia eran suficientes para gobernar Galicia. Agora ademais do capitán xeral, hai catro intendentes, catro deputados, catro xefes políticos, moitos máis xuíces, concellos e alcaldes "y el resultado es que lo mismo que estábamos, estamos".

Tanto levaba no seu corazón a Galicia, que nunha sesión nas Cortes de febreiro de 1837 o deputado González Alonso reprochoulle a súa manía de falar sempre de Galicia, esquecendo que representaba como tódolos deputados a España.

Fontán levou moi mal que os amigos non o propuxesen para deputado nas eleccións de 1840. Publicou entón unha proclama destinada ós electores de Galicia, especialmente ós de Pontevedra e Lugo (que eran os que elixían), chea de amargura e proclamando que el nunca foi deputado para facer favores, para empregar ou recomendar. Cando comezou a vida política, engade, era director do Observatorio de Madrid, exactamente o mesmo que é hoxe.

Retirado definitivamente da política no ano 1844, resentido pola dirección que colleran os asuntos públicos, dedicouse á ciencia e á súa fábrica de curtidos de Lousame.

Morreu en Cuntis o 24 de outubro de 1866, sendo trasladado o cadáver, por disposición da familia, a Santiago.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1836-1837	Deputado pola provincia de Pontevedra
Legislatura 1837-1839	Deputado pola provincia de Pontevedra
Legislatura 1839-1840	Deputado pola provincia de Lugo
Legislatura 1841-1842	Deputado pola provincia de Pontevedra
Legislatura 1843-1844	Deputado pola provincia de Pontevedra



### FONTÁN RODRÍGUEZ, Juan Francisco

Naceu en Pontevedra o 5 de setembro de 1823. Debía ser fillo de Joaquín Fontán e, por razóns do cargo do pai, seguramente viviron na provincia de Cuenca, porque Joaquín Fontán representou o distrito de Huete entre 1859 e 1863.

O noso biografado foi funcionario da Administración do Estado na rama de Facenda.

Iniciouse politicamente, polo distrito de Huete (Cuenca) na lexislatura de 1864-1865, na seguinte lexislatura representou o distrito de Vigo.

Retirouse da política activa durante o Sexenio e novamente retorna na Restauración, enfeudándose no distrito de Cambados que representou en tres lexislaturas.

Algún cronista que se refire a Fontán dinos que era unha persoa de trato moi amable, de carácter moi modesto e que amosaba pouca inclinación pola política.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1865-1866	Deputado pola sección de Vigo	Pontevedra
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra

### FONTANILLES, Joaquín

Oficial do exército que participa como liberal e progresista no período 1840-1846. Destinado na cidade da Coruña non tiña gran significación política.

Dedicábase á administración militar, na que era un experto, como o acredita a súa obra, *Ideas Generales sobre Administración Militar*, que se imprimiu na Coruña en 1842.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1843-1844	Senador pola provincia da Coruña
-----------------------	----------------------------------

### FRAGA MASCATO, Eugenio

A única información que temos deste deputado é que estivo casado con Encarnación Padín Torrado, filla de José María Padín Moure, da casa de Corbillón (Cambados) e de Ramona Torrado Feijoo. Quere dicir que descendía da casa de Torrado, casa brañonada da rúa do Príncipe, de Cambados, onde deberon vivir Fraga Mascato e a súa dona. A súa filla, Ramona Fraga Padín, casou con Francisco González Pardo e a súa neta Encarnación González Pardo Fraga casou con Isidoro Millán, avogado ilustre de Pontevedra e deputado a Cortes (véx.).

Representou o distrito de Cambados só nunha lexislatura, na que substituíu a Celso de la Riega.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1888-1890    Deputado polo distrito de Cambados    Pontevedra

### FREIRE CASTRILLÓN, Manuel

Personaxe complexo que está agardando unha biografía. Naceu en Santiago no ano 1751. Era fillo de Antonio Freire Castrillón e de María García de la Mata, veciños de Santiago pero oriúndos de Cerdido (Mondoñedo). O seu pai tiña unha pequena tenda de quincalla que el mantivo.

Estudou Teoloxía en Santiago. Dende moi cedo amosou un gran temperamento crítico e incómodo, acompañado dunha non común capacidade subversiva. Cando se constituíu a Sociedade Económica de Santiago, participou nela con durísimas composicións poéticas contra a aristocracia. Máis adiante atacou nun famoso escrito pseudo-poético *La Piligrina*, as devocións populares como supersticiosas e a voracidade económica do clero que atende estas devocións; neste escrito mestura galego e castelán, ou mellor dito, inventa unha lingua mestiza. Logo, e baixo pseudónimo, denunciou a Inquisición de Santiago. Finalmente e asociado cun monxe beneditino, frei Bernardo Seoane, acusou de supersticioso e falsificador de milagres ó famosísimo relixioso frei Diego de Cádiz, que fora traído polo Arzobispo e Cabildo de Santiago para predicar unha misión.

Quere isto dicir que Freire Castrillón, ata 1808, foi un subversivo do sistema vixente, ou sexa, da monarquía absoluta, aínda que as súas críticas nunca se concretaron na persoa do monarca.

As autoridades, sen embargo, non actuaron contra el, quizais temerosos do poder social que parecía ter. Máis aínda, as institucións procuraron atraelo, seguramente coa intención de que, dentro delas, orientase as súas críticas contra outras institucións. Só así pode explicarse que a Sociedade Económica o nomease secretario perpetuo no ano 1793, ou que o Concello de Santiago o elixise persoeiro do Común en 1783, 1788, 1796 e 1807 e deputado do Común en 1793 e 1798 ou que a mesma Inquisición o integrase entre o seu persoal.

¿Qué poder tiña Freire para gozar de tanta inmunidade? Non tiña poder económico porque seguía vivindo do seu comercio de quincalla. No ano 1803 e con outro socio intentou fundar unha fábrica de lenzos en Santiago pero a experiencia foi un total fracaso.

Tampouco tiña poder social porque aínda que casou no ano 1792 con María Reguera Mondragón, da casa de Leis, o título e as propiedades quedaron en posesión do vinculeiro, é dicir do seu cuñado, Andrés Reguera Mondragón, coronel do rexemento provincial de Pontevedra.

A inmunidade da que dispuxo procedía sinxelamente do temor que producía a súa pluma crítica e a súa capacidade para ferir e menosprezar ós demais. Só a Inquisición intentou procesalo en dúas ocasións por lectura de obras prohibidas e polas acusacións que fixo contra a institución (acusacións que remitiu ó Goberno), pero ó final, a mesma Inquisición optou por atraelo dándolle un posto. É dicir, as institucións comprenderon que Freire era subornable e empregaron esta fórmula.

A súa ideoloxía e conducta experimentaron unha radical transformación no ano 1808. Unha vez máis, as autoridades (o arcebispo Múzquiz) ou personalidades como o Conde de Taboada exerceron a xusta e necesaria presión sobre el para atraelo cara á súa causa. Freire converteuse no líder popular do absolutismo. Colaborou na prensa con artigos incendiarios contra os liberais, fundou xornais como *La Estafeta de Santiago* no que defendeu os principios absolutistas e iniciou a publicación de folletos, como os chamados *Napoleacas*, nos que empregou o mesmo odio contra Napoleón que contra os liberais.

No ano 1810 foi elixido deputado a Cortes, as primeiras de Cádiz, pola provincia de Mondoñedo. En Cádiz non participou practicamente en nada, dedicándose a formar parte do sector absolutista, oposto a reformas e a subvertir-la situación, despregando unha intensa actuación. Ó mesmo tempo, e subvencionado por alguén, monta unha editorial para publica-las *Cartas* do filósofo Rancio.

De volta a Santiago no ano 1813 proseguíu na súa campaña antiliberal, utilizando unha linguaxe soez contra as persoas, denunciando reais pero case sempre inventadas conductas antipatrióticas e xerando odio contra a súa persoa practicamente en tódalas capas sociais, o que explica algúns atentados que sofre.

No ano 1814, restablecido o absolutismo, redacta da súa propia man terribles denuncias contra os liberais, especialmente contra os escritores, que envía ó Rei para merecer ante Fernando VII.

Tamén denuncia varios catedráticos da universidade, que de feito foron suspendidos e desposuídos das súas cátedras, e no ano 1816 na súa ousadía chega a denunciar ás autoridades da propia universidade pola templanza na represión. Isto obrigou ó Claustro a pronunciarse da seguinte maneira: "Tal delator [refírese a Freire Castrillón], física, moral y civilmente pequeno, está en oposición con todo lo grande de cualquier clase y condición que sea... blasfemó de palabra y por escrito de las imágenes de la Virgen, se motó de las bendiciones y prácticas piadosas de la Iglesia, calumnió a los más respetables misioneros, M. R. Arzobispos, Cabildos eclesiásticos y congregaciones religiosas, denigró la buena memoria del último abuelo de la Magestad reinante... y profesa saña y odio a la Universidad".

Cando se restablece o sistema constitucional no ano 1820, Freire foxe de Santiago e embarca para Italia onde debeu morrer ó pouco tempo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1810-1813

Deputado pola provincia de Mondoñedo

Lugo



**FUENTE, José María de la**

Representou sempre distritos da provincia de Ourense. Era, a dicir dos cronistas contemporáneos, facendado e empresario importante, aínda que non fomos capaces de saber qué negocios tiña.

Pertenceu á xunta ourensá do Partido Moderado e no Congreso o seu voto foi sempre fiel ós intereses do seu partido.

Case non falou nunca nas Cortes e formou parte dalgunhas comisións, como a de lexislación sobre ferrocarrís, o que nos fai presumir que os seus negocios poderían estar relacionados co ferrocarril.

Sánchez Silva cando analiza a lexislatura de 1849-1850 fai del a seguinte semblanza: "Es gallego y no era fácil que fuera desprendido, ha seguido la carrera de los negocios". Engade que fixo unha fortuna considerable.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1843 (1ª)	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1843-1844	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Allariz	Ourense

**FUENTE PITA, Salvador**

Naceu en Vigo, nun pazo hoxe demolido que estaba na rúa de Sombreiraos e que foi parcialmente destruído no ano 1875.

Naceu nunha familia castrense: Salvador Fuente Pita, o pai, chegou a brigadier en 1814. O seu irmán, José, morreu en 1823 en Medina del Campo, nunha acción contra os realistas. Outro irmán, Manuel, tamén militar, morreu no ano 1834. O seu irmán Félix morreu, sendo tenente, no ano 1835 na acción de Mendigorria loitando contra os carlistas. O único sobrevivente desta familia de militares foi Salvador, o noso protagonista que chegou a alcanza-lo grao de coronel.

Representou o distrito de Vigo só nunha ocasión.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
-----------------------	--------------------------------	------------

## — G —

**GALVAN LLOPIS, José**

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Bande	Ourense
-----------------------	---------------------------------	---------

**GÁLVEZ CAÑERO, Virgilio**

Só representou a Galicia nunha lexislatura.

Naceu o 10 de xaneiro de 1842. Era fillo de José Gálvez Cañero, xuíz de Almendralejo (Badajoz) e posteriormente de Mula, Antequera e Vélez (Málaga). Posteriormente dedicouse á avogacía. O seu pai tamén fora un liberal progresista, varias veces deputado, subsecretario de Gracia e Xustiza en 1843 e redactor do xornal *El Clamor Público*. Naceu, por conseguinte, nunha familia moi politizada e progresista. Era, ademais, cuñado de Augusto Ulloa (vex.)

Estudou a carreira de enxeñeiro de Camiños, carreira que concluíu no ano 1863. Ata 1866 traballou nas obras do ferrocarril de Madrid e no ano 1866 foi destinado a Galicia e residiu na Coruña.

Presentouse e gañou o escano de Viveiro nas eleccións de 1871.

De saúde moi delicada, morreu o ano 1879.

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
-----------------------	-----------------------------------	------

**GAMAZO ABARCA, Juan Antonio**

A poderosa sombra dos Gamazo, a familia política máis poderosa de Castela, asomouse tamén, aínda que timidamente, por Galicia.

Foi Germán Gamazo Calvo, o pai do noso biografoado, o que creou o grande imperio económico e político dos Gamazo. A través dunha hábil estratexia familiar emparentou cos De la Cuesta, De la Mora, Pimentel, Arnús, Güell, Maura e co marqués de Comillas, é dicir, cunha parte moi importante da plutocracia española do

século XIX e parte do XX.

Naceu Juan Antonio en Madrid no ano 1883. Era fillo, como dixemos, de Germán Gamazo Calvo e de Regina Abarca, que estaba relacionada cos clans dos Maura e De la Mora.

Estudou cos xesuítas en Chamartín e despois en Salamanca, Madrid e Deusto, e ampliou estudos en Frankfurt (Alemaña) e en Namur (Bélxica).

Casou con Marta Arnús Gayón, o que o emparentou co marqués de Comillas.

Herdou da familia un enorme patrimonio agrícola en Valladolid, ademais de sólidos investimentos nos campos da electricidade, do téxtil, da construción, dos ferrocarrís, da empresas navieiras, dos bancos en España e México, etc. Era un dos grandes capitalistas da España da Restauración.

Alfonso XIII recompensou o fillo e honrou a memoria do pai outorgándolle, probablemente no ano 1909, o condado de Gamazo.

Só foi deputado por Galicia na lexislatura de 1907 a 1910, pero entrou nas Cortes o 22 de decembro de 1908 en substitución de José Quiroga Velarde polo distrito de Valdeorras.

Posteriormente foi deputado por Medina del Campo (Valladolid) en tódalas lexislaturas ata 1923.

Sobreviviu á Dictadura e reapareceu na Segunda República, nutrido económica e doutrinalmente a revista *Acción Española*, núcleo ideolóxico duro do anti-republicanismo e da fronte integrista. Nas eleccións de 1936 resultou elixido deputado por Renovación Española pola provincia de Valladolid.

Morreu en Madrid o 10 de xullo de 1968.

Fiel á dinastía borbónica, parece ser que foi un dos aristócratas que axudaron economicamente a Alfonso XIII en Roma e colaborou eficazmente co conde de Barcelona.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1907-1910	Deputado por Valdeorras Ourense (Desde o 22 de decembro de 1908 ata 1910)
-----------------------	--

### GARCÍA, Gabriel José

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1838	Senador pola provincia de Ourense
-----------------------	-----------------------------------



## GARCÍA BARZANALLANA, José

Ilustre personalidade de dilatada vida política, intelectual e administrativa. Para o partido moderado, no que sempre militou, foi imprescindible contar co seu concurso e posto que carecía dun distrito enfeudado, os gobernos procuraron situalo en diversos distritos. Isto explica que aparecese como deputado por Alcañiz (Teruel), por Alcoi (Alicante), por Guadalaxara, Lugo, Viveiro, etc.

Aínda que non tiña ningunha relación con Galicia, representouna en dúas ocasións

Naceu en Madrid o 27 de xullo de 1819. Era fillo de José García Barzanallana, funcionario e de dona Soledad García de Frías. A mobilidade funcional do seu pai explica que estudiase en Madrid e Salamanca o bacharelato e a carreira de Dereito en Salamanca, Zaragoza, Madrid, Valencia e Barcelona, cidade onde a rematou no ano 1839.

No ano 1841 entrou na administración do Estado, na que ocupou diversos postos. Foi secretario da Xunta Revisora de Aranceis de Aduanas de 1847 a 1850 e previamente traballara na Inspección Xeral de Aduanas do Mediterráneo. No ano 1853 ingresa como oficial na Secretaría de Facenda. Despois foi subdirector de Aduanas, de Rendas Estancadas e do Tesouro. En 1858 foi director xeral de Aduanas. Posteriormente foi director xeral da Débeda e no ano 1865 ministro Togado do Tribunal de Contas, do Consello de Estado de Facenda, etc.

Durante o Sexenio retirouse da política activa, fundou co conde de Toreno o xornal *El Tiempo*, xornal monárquico, e traballou en pro da restauración monárquica.

Durante a Restauración foi ministro de Facenda de 1876 a 1877. Logo foi nomeado presidente do Tribunal Contencioso Administrativo e entre 1896 e 1897 gobernador do Banco de España.

Así mesmo pertenceu á Real Academia de Ciencias Morais e Políticas, da que foi secretario Perpetuo e tamén foi director da Compañía Arrendataria de Tabacos.

Morreu en Madrid o 21 de febreiro de 1903. Foi autor de varias obras de tema facendístico.

Xa dixemos que foi un deputado que non tivo un distrito permanente. Na lexislatura 1857-1858 saíu elixido por Alcañiz (Teruel), e exerceu de secretario do Congreso, tamén saíu por Guadalaxara (1866-1868), por Alcoi (Alacant) na lexislatura 1866-67.

Representou o distrito de Viveiro entre 1864 e 1865, no ano 1876 foi elixido senador por Lugo e posteriormente senador vitalicio.

Como representante galego nada hai que destacar na súa actuación parlamentaria.

### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
Lexislatura 1876-1877	Senador por Lugo	



**GARCÍA CAMBA, Miguel**

Estudou Leis e orientou a súa vida á Maxistratura. Formou parte da Comisión encargada de erixir los novos xulgados de Primeira Instancia, sendo nomeado xuíz en 1835, con residencia en Pontecaldelas. Un informe sobre el diño que "este ilustrado juez que la Divina Providencia colmó de virtudes para hacerse amar de sus semejantes, recorrió parroquia por parroquia todo el partido judicial... no guiándole otro norte que la comodidad y bien público de estos pueblos". Este xuízo tan favorable procede de alguén que vive en Pontecaldelas, vila na que García Camba decía, nun informe á Raíña do 3 de setembro de 1836, que debería se-la capital do partido xudicial, daquelha en A Lama.

No ano 1842 foi nomeado Maxistrado da Audiencia Territorial de Madrid e posteriormente foi trasladado como Maxistrado de La Habana, posto moi solicitado polos altos soldos que se percibían na illa.

Politicamente militou sempre no partido progresista e, desde a Restauración, militou no partido liberal. No ano 1853, cando se constitúe en Madrid o Comité Progresista, formou parte del.

No Parlamento tivo unha presenza máis ben escasa. Resultou elixido por vez primeira nas eleccións de 1843, as progresistas, pola provincia de Ourense. Despois da Restauración volveu ser elixido na lexislatura de 1876-1879 polo distrito de Becerreá.

A súa participación no Parlamento foi importante a nivel de comisións, formou parte das de suplicatorios, ferrocarril Ourense-Vigo, uniformes do exército, Mensaxe de Contestación a Coroa, de Pensións (presidente), ferrocarril Pontevedra-Carril e da Comisión Foral (presidente). Na lexislatura de 1879 foi presidente do Congreso, por idade.

Na sesión do 22 de maio de 1876 defenden a inamovibilidade dos xuíces, fronte á opinión de Álvarez Bugallal. Defínese como "progresista tradicional dinástico".

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1843 (1 <sup>a</sup> )	Deputado pola provincia de Ourense
Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito de Becerreá Lugo

**GARCÍA CAMBA DE LA VEGA, José Ramón**

Era natural de Portela de Valdeorras (concello de Vilamartín). Naceu no ano 1824.

Estudou Leis e orientou a súa vida á maxistratura. No ano 1872 era xuíz de Celanova. Casouse con Dolores Suárez de Puga y Goiri. Pertenceu ó partido liberal aínda que manifestou toda a vida unha fonda relixiosidade.

Representou a Galicia nunha lexislatura, a de 1867-1868 pola sección de

Xinzo de Limia.

No Congreso non formou parte de ningunha comisión, nin falou nunca. Retirouse da política desde 1868 ata 1893 en que foi elixido para o Senado. Novamente representa á provincia de Ourense no senado en 1898 e 1901.

Morreu na súa casa de Portela o 14 de xaneiro de 1905.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1867-1868	Deputado pola sección de Xinzo	Ourense
Lexislatura 1893-1894	Senador pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1898-1899	Senador pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1901-1902	Senador pola provincia de Ourense	



#### GARCÍA DE LA RIEGA, Celso

En Galicia é moito máis coñecido pola súa obra histórica, pola defensa apaixonada da orixe pontevedresa de Colón e polas polémicas con Murguía, que como político e activo funcionario da Administración do Estado.

Naceu en Pontevedra o 26 de agosto de 1844. Sendo moi novo entrou como escribente no Goberno Civil de Pontevedra, primeiro paso na súa posterior carreira dentro da Administración.

No ano 1873 acompañou o ministro republicano Soler y Pla nunha viaxe a Cuba e alí quedou empregado na Administración do Estado. Martínez Campos nomeouno secretario do Goberno Civil da Habana. Máis tarde foi interventor da Administración da mesma cidade.

Regresou a España no ano 1879. En 1881, cos liberais, foi nomeado xefe do negociado do Ministerio de Ultramar; máis tarde pasou no mesmo posto ó Ministerio da Gobernación e en 1899 foi nomeado xefe de negociado do Ministerio de Facenda.

Anteriormente, entre 1888 e 1890, fora gobernador civil de León. En 1900 foi delegado de Facenda en Santander, cargo ó que renunciou por razóns de saúde. Xubilouse como xefe da Administración de primeira clase e retirouse a Pontevedra.

Colaborou intensamente na prensa: en *El Imparcial*, *La Correspondencia de España*, e nos xornais galegos *La Voz de Galicia*, *La Temporada de Mondariz*, *El Heraldo Gallego* e outros.

A súa obra máis importante foi *Galicia Antigua* (Pontevedra, 1904), na que refutou as teses de Murguía sobre a suposta orixe céltica da poboación galega. A obra provocou as iras de Murguía. García de la Riega uniuse a Riguera Montero e a Leopoldo Pedreira para facer unha fronte intelectual contra a chamada por eles Cova Céltica (clara referencia a Murguía, Carré Aldao, Tettamancy, Vaamonde Lores, etc), integrada

por seguidores das teses murguianas sobre o celtismo.

Publicou tamén *La Gallega, nave capitana de Colón en el primer viaje de descubrimientos* (Pontevedra, 1899). No ano 1898 pronunciou unha conferencia na Sociedade Xeográfica de Madrid onde expuxo as súas teorías sobre o lugar de nacemento de Colón, que el situaba en Pontevedra, tese que ampliou en 1914 coa publicación da súa obra *Colón español. Su origen y patria*.

Morreu o 3 de febreiro de 1914. Eladio Oviedo Arce, sen dúbida instigado por Murguía, demostrou que De la Riega manipulara algúns documentos para proba-la orixe pontevedresa do grande almirante. Este feito cubriu de moita sombra a cientificidade de De la Riega.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1880-1888 Deputado polo distrito de Cambados Pontevedra  
(En realidade só estivo dous ou tres meses, porque cesou o 16 de maio de 1888 ó ser nomeado gobernador de León. Substituíuno Fraga Mascato)

### GARCÍA DE LEANIZ Y ARIAS DE QUIROGA, Javier ==

Natural de Sevilla, debeu nacer no ano 1871.

Estudou Dereito e, ó remata-los estudos, a influencia do seu pai Leonardo García de Leaniz (véx.) procuroulle un posto como letrado no Tribunal de Contas. Pasou logo como oficial ó Ministerio de Ultramar e posteriormente, cando se pechou este ministerio, ó Ministerio de Facenda.

Cando aínda estaba no Ministerio de Ultramar, tivo que resolver negocios de certa dificultade como o cambio da moeda circulante en Porto Rico. Por estas responsabilidades foi premiado coa Cruz de Carlos III.

No Ministerio de Facenda foi xefe de negociado da Sección de Presupostos da Intervención Xeral. Nos oito anos que pasou neste ministerio ascendeu a xefe da administración. Era ademais xefe particular do gabinete do ministro de Facenda.

Cando resultou elixido por vez primeira polo distrito de Chantada, renunciou á xefatura da administración e pediu a excedencia.

Nas Cortes de 1907, as primeiras para as que resultou elixido, tivo unha participación relevante, especialmente como secretario da difícil e importante Comisión de Presupostos. Nela defendeu as ideas do seu xefe, Osma, ministro de Facenda.

Os medios de comunicación recolleron o seu discurso sobre a reforma dos impostos.



No ano 1908, e xa caído Osma, o novo ministro de Facenda, Sánchez Bustillo, chamouno para ocupa-lo cargo de director xeral do Tesouro, cargo que García de Leaniz non aceptou, quizais para dar testemuño da súa fidelidade co ex-ministro Osma. Este xesto foi admirativamente comentado na Corte e na prensa.

Presentouse novamente ás eleccións de 1910 e obtivo a representación por Chantada. Por terceira vez presentouse no ano 1914, pero as eleccións foron anuladas, e finalmente resultou elixido o ilustre xuriconsulto galego, Pérez Porto. Militou sempre no Partido Conservador.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo
Legislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo

### ===== GARCÍA DE LEANIZ Y ZAMARA, Leonardo

**N**aceu en Sevilla, onde estudou a carreira de avogado. Exerceu a súa profesión na cidade natal, onde era considerado como un dos avogados máis prestixiosos.

Ós trinta e oito anos foi alcalde de Sevilla. Tamén foi profesor de Dereito da universidade desa cidade. En Sevilla e na provincia contaba con importantes propiedades.

Resultou elixido por vez primeira nas eleccións de 1872, en representación do distrito de Écija (Sevilla). No ano 1891 resultou elixido senador pola provincia da Coruña. Só nunha ocasión ostentou esta representación. Na lexislatura de 1896 a 1898 foi senador polas Illas Canarias.

Gozaba de prestixio no Senado, polo que lle encomendaron a secretaría de varias comisións, como a que tratou a reorganización dos tribunais, a que se creou coa finalidade de evitar inundacións e a que levou a estrada de Ferrol a Cedeira. Tomou parte noutras comisións nas que se formulaban temas e problemas que tiñan que ver con Galicia, como a construción dos portos de Muros e Corrubedo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1891-1893	Senador pola provincia de Coruña
-----------------------	----------------------------------

### ===== GARCÍA DE QUESADA, Blas

**E**a súa unha biografía estritamente profesional ata 1868, data na que as circunstancias determinaron o seu paso pola política.

Naceu en Mahón no ano 1813. Era fillo de José García de Quesada y Pizarro e de Antonia López Pinto. O seu pai era oficial da Armada. A familia tivo tres fillos, os tres militares. Un deles, liberal, morreu con Torrijos; Francisco chegou a brigadier do Exército de Terra e Blas foi mariño.

Ingresou como gardamarifa no ano 1826 e ascendeu a alférez de navío en 1832.



Participou na guerra carlista que tivo lugar no norte. Posteriormente pasou varios anos en América e Filipinas. Tamén participou na campaña de África e logo foi destinado á Habana como capitán do porto.

No ano 1864 foi nomeado comandante xeneral de Ferrol. Estando en Ferrol sorprendeuno o levantamento de Topete. A súa adhesión ó levantamento comportou que os partidos o propuxesen como deputado pola provincia da Coruña nas eleccións de 1869.

Como deputado participou nas Comisións de Forzas Navais (da que foi presidente), Etiqueta e Peticións.

Non falou nunca no Congreso. A súa actuación quedou reducida á presentación dalgunhas solicitudes, como a do concello de Sada para reducir impostos ou a dos veciños de Villanueva de Jara pola que propoñían a Espartero como Rei de España.

No Congreso mantivo unha postura política independente, votando de acordo coas súas ideas.

Rematada a lexislatura, foi elixido senador pola Coruña noutras dúas ocasións.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1869-1871	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1871-1872	Senador pola provincia da Coruña
Lexislatura 1872 (2ª)	Senador pola provincia da Coruña

### GARCÍA DURÁN, Leopoldo

Naceu nas Neves (Ponteareas, Pontevedra) no ano 1884. Estudou no colexio dos Escolapios en Celanova e posteriormente trasladouse á Universidade Central para estudar Dereito.

En Madrid exerceu durante varios anos como Fiscal Substituto.

Resultou elixido por vez primeira na lexislatura de 1914 polo distrito de Alacant. Posteriormente representou desde 1918 ata 1923 o distrito do Carballiño (Ourense).

Militou no partido conservador e no ano 1922 foi designado director xeral de Prisións. Posteriormente ingresou como funcionario na Dirección Xeral do Timbre.

As eleccións de 1919 foron moi discutidas. Gañounas, por vez primeira, Xosé Calvo Sotelo. García Durán, derrotado, presentou unha reclamación que non foi atendida. Iso deulle ocasión de publica-la única obra que del coñecemos: *Escrito presentado al tribunal de actas protestadas. Distrito de Carballiño*, Madrid 1919.


#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense

**GARCÍA ESCUDERO, Valentín**

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
-----------------------	---	------------

**GARCÍA FERNÁNDEZ, Castor**

**C**remos que era fillo de Mauricio García e naceu en Viana do Bolo.

Estudou Maxisterio, cando esta carreira empezaba a asentarse socialmente, e posteriormente foi Inspector de primeiro ensino. Os inspectores constituían un copo privilexiado. Non só percibían un soldo digno, tiñan ademais dietas bastante xenerosas por desprazamentos pero as súas entradas mais importantes procedían dos libros de texto que eles mesmos redactaron, con sucesivas reedicións.

Atraído pola política, representou por vez primeira a Xinzo na lexislatura de 1865. Seguiu nas Cortes (por Bande e Xinzo) en 1871 e 1872. A chegada da primeira República levouno a renunciar ó Congreso, retornando na lexislatura de 1876 e logo na de 1879-1881. Formou parte nesta lexislatura das comisións de Contas, Mensaxe da Coroa, Ferrocarril Redondela-Pontevedra. Sen embargo non pronunciaba discursos e a penas interviña nas discusións.

A partires de 1884 e ata 1893 foi senador varias veces pola provincia de Ourense.

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1865-1866	Deputado pola sección de Xinzo	Ourense
Legislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Bande	Ourense
Legislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Xinzo	Ourense
Legislatura 1876-1877	Deputado pola provincia de Ourense	
Legislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Legislatura 1884-1888	Senador pola provincia de Ourense	
Legislatura 1891-1893	Senador pola provincia de Ourense	

**GARCÍA FLÓREZ, Ramón**

**S**abemos que fixera a carreira de Gardamaría e era oficial da Armada. Liberal radical, estivo implicado no levantamento de Porlier do ano 1815. Era entón tenente de navío. Foi procesado. Posteriormente colaborou en forma activa no levantamento de 1820 na cidade de Ferrol.

Tivo, sen dúbida que exiliarse a partir de 1823. Retornou no ano 1832 e residiu en Vigo.

Participou en tódolos pronunciamentos liberais e progresistas. No ano 1840, unha vez que triunfa o levantamento progresista foi nomeado subinspector da milicia en

Pontevedra e ó mesmo tempo é presidente da Xunta desta cidade.

No ano 1841 forma parte da Deputación Provincial de Pontevedra.

Novamente está presente no levantamento de 1843, presidindo a Xunta de Pontevedra e por pouco tempo foi Gobernador e Presidente da Deputación de Pontevedra en agosto de 1843.

Como pode observarse García Flórez nunca faltou á chamada do progresismo. Desde 1836 era capitán de fragata retirado.

Representou a provincia de Pontevedra na lexislatura de 1836-1837, nomeamento que debemos interpretar como unha especie de satisfacción polas persecucións sufridas durante o absolutismo.

Nas Cortes, a súa presenza pasou desapercibida.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1836-1837 Deputado pola provincia de Pontevedra

### **GARCÍA GALLO, Mauricio**

Era avogado e dedicouse á maxistratura. No ano 1838 exercía como xuíz en Ribadavia onde proseguía en 1840. Unha información ocasional indícanos que a súa fortuna persoal era escasa.

Persoa de ideoloxía progresista radical, viuse favorecido nos seus ascensos nas épocas de goberno dos progresistas. Isto explica que en 1842 fose nomeado maxistrado da Audiencia da Coruña.

No ano 1860 logra o ascenso á Audiencia de Madrid e en 1872 consta que foi presidente da Sala primeira do Tribunal Supremo.

En 1840 os progresistas ourensáns elíxeno para representalos nunha Xunta central que se pretendía constituír en Madrid. É dicir, formaba parte do sector dos chamados *centralistas* que constituían o sector máis radical do progresismo.

Nas tres lexislaturas nas que foi elixido representou sempre á provincia de Ourense. A chegada do moderantismo ó poder obrigouno a cambiar de distrito pero logrou ser elixido por Vilafranca do Bierzo (León).

Un cronista das Cortes de 1846 a 1850, Sánchez Silva, fai del un breve retrato. Di que tiña unha mirada de xuíz, pero no seu trato era "simpático y como amigo de los más francos".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1839 Deputado pola provincia de Ourense

Lexislatura 1839-1840 Deputado pola provincia de Ourense

Lexislatura 1843 (1ª) Deputado pola provincia de Ourense



## GARCÍA GÓMEZ, Juan José

Sen vinculación ningunha con Galicia, nin con Porto Rico, nin con Burgos, rexións e provincias que representou, foi un cunero levado a un e outro lado pola amizade persoal que tiña con Canalejas, que foi quen o promoveu.

Naceu en Madrid o 23 de xuño de 1856.

Estudou Dereito e Ciencias Exactas, carreiras que concluíu antes de cumprir os vintedous anos. Orientou a súa dedicación profesional ós arquivos e bibliotecas, ámbito no que destacou. Chegou a ser inspector do corpo de arquiveiros e arquivero xefe do Ministerio de Facenda.

Como periodista colaborou no xornal madrileño *El Imparcial* e fundou e dirixiu a revista *El Economista*.

Representou como deputado o distrito de Humacao (Porto Rico) na lexislatura de 1886 a 1890. Seguiu representando este distrito nas lexislaturas de 1891 a 1893, de 1893 a 1895 e de 1896 a 1898.

Na lexislatura de 1901 a 1903 foi elixido senador pola provincia da Coruña e de novo na seguinte lexislatura.

Reapareceu en 1910 como senador pola provincia de Burgos, representación que repetiu na lexislatura de 1916 a 1917. Morreu en Madrid o 28 de abril de 1917, cando era senador por Burgos.

### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1901-1903	Senador pola provincia da Coruña
Lexislatura 1903-1904	Senador pola provincia da Coruña

## GARCÍA MACEIRA, Manuel

Naceu en Tui o 21 de decembro de 1816. Estudou Teoloxía en Santiago e doutorouse en Salamanca onde o seu irmán, Lucas, era catedrático de Dereito. Pertencía, o noso biografado, a unha familia tudense que dispuxo perfectamente as súas estratexias para crear un espazo de poder a mediados do século XIX. O eixo da familia era Juan García Maceira, tío do noso protagonista e ó que se lle supoñía unha inmensa fortuna, ata o punto de que na sesión que tivo lugar nas Cortes o 28 de xaneiro de 1854, o deputado Uhagón dicía del que "es el Rotschild de la comarca". Os García Maceira tiñan Banca propia *Andrés Maceira y Hermano* e fábricas de madeira, curtidos e textil. Tamén tiñan barcos.

O noso protagonista era catedrático de Hebreo na Universidade de Salamanca cando foi reclamado pola familia para dirixir os negocios. Deixou a cátedra e xa viviu en Tui.



Sempre foi conservador. Foi amigo persoal de Cánovas que estivo na súa casa en Tui no ano 1884.

A familia parece que se consolidou cando Telmo Maceira, membro da mesma, foi nomeado bispo de Tui no ano 1855, por traslado da sé de Mondoñedo. O goberno tudense de Maceira foi obxecto de moitas controversias, precisamente polo descarado apoio que lle prestou á súa familia.

Obtén a representación por Tui, por vez primeira, na lexislatura de 1853. Tardou en tomar posesión do escano o que fai o 8-III-1853 e non consta que formara parte de ningunha comisión nin falara nunca. Pasado o Bienio Progresista co que non sintonizaba (era moderado) retorna ó Congreso na lexislatura de 1857-1858 e prosegue na lexislatura de 1858-1863.

Presentouse ás eleccións de 1863 por Tui e foi vencido por Fernández de la Hoz. En realidade a acta foi declarada nula polos abusos cometidos polos dous contendentes. De nada valou que Elduayen na sesión do 28-I-1864 defendera apaixonadamente a acta de García Maceira acusando ó Goberno de desprazalo (en realidade acusou ó Ministro galego Rodríguez Vaamonde). Nunha elección parcial posterior, resultou elixido Fernández de la Hoz. García Maceira nunca máis foi deputado por Galicia.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1858-1863	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra



### GARCÍA PRIETO, Manuel (Marqués de las Alhucemas)

Formouse no bufete de Montero Ríos, impregouse do estilo do seu mestre, formou parte da súa familia. Chegou, primeiro baixo a vixilante mirada do seu sogro e, despois, voando pola súa conta, ata onde non puido chegar ningún dos fillos do *Cuco de Lourizán*, cumprindo vicariamente as ambicións do político galego. Pero careceu da grandeza intelectual e xurídica de Montero, un dos políticos máis odiados pero tamén máis admirados da España do século XIX.

Naceu en Astorga o 5 de novembro de 1859 e sempre levou con el algo da cazuarrería e da reserva dos maragatos, dos que procedía por parte de nai, que as veces freaba a súa grandeza.

Recibira do seu pai, don Manuel Vicente García, un prestixioso letrado que chegou a ser maxistrado do Tribunal Supremo, a paixón polo dereito. A súa nai, Ramona Prieto Crespo, levaba nos apelidos o signo inconfundible da súa procedencia maragata.

Entrou a traballar no bufete de Montero Ríos. Pouco despois casou cunha das súas fillas, Victoria Montero Ríos Villegas.

Na rede política creada polo seu sogro, García Prieto constituíu non só unha peza fundamental senón que, ademais, foi capaz de proxectala, xerando unha segunda rede en íntima conexión coa de Montero. Fíxemonos en que a rede familiar de Montero a formaban dous fillos, Avelino e Uxío Montero Villegas (cada un deles enfeudado nun distrito), e tres xenros: García Prieto, Eduardo Vincenti Reguera e Benito Calderón Ozores. A esta rede vai engadir García Prieto a súa propia rede: Álvaro, o seu irmán, deputado por Castela; un dos xenros, Manuel Sáinz de Vicuña, deputado por Galicia e Castela; outro xenro, Carlos Albert, tamén deputado; e o seu sobriño, Pío Gullón, que, á súa vez, reproduce outra rede formada por Eduardo Gullón Dabán, Manuel Gullón García Prieto, Antonio Gullón del Río, Camilo Gullón del Río. Tres redes ensartadas unhas noutras que a medida que a morte as ía mingando por algún dos lados, ampliábase por outros a través dos sucesivos recambios propiciados polos matrimonios.

Centrándonos en García Prieto, unha vez que rematou a carreira de dereito, opoñíu ó corpo xurídico militar e ganou a praza, na que estivo a maior parte dos anos en excedencia.

Xa independizado do bufete do sogro, puxo o seu propio bufete, un dos máis acreditados de Madrid, que se constituíu en escola de novos políticos.

A medida que ía mingando a capacidade biolóxica do seu sogro, García Prieto empezou a representa-los intereses familiares nas áreas do poder político.

Entrou no Congreso no ano 1888, polo distrito de Astorga, en substitución do parente Pío Gullón Iglesias. Cando Montero Ríos pasou ó Senado, reservou o seu distrito de Santiago para o xenro Calderón Ozores, que chegou a ser deputado entre 1891 e 1893. Ó morrer Calderón, Montero Ríos situou en Santiago ó outro xenro, García Prieto, que representou o distrito ininterrompidamente dende 1893 ata 1911, ano en que, xa elevado ó marquesado das Alhucemas, pasou ó Senado. O distrito compostelán non saíu da familia monterista, porque no ano 1914 pasa a ocupa-lo distrito, Montero Villegas e logo o xenro Sáinz de Vicuña.

García Prieto ocupou a fiscalía municipal de Madrid, foi xuíz do xulgado do Centro de Madrid, e rematou a súa carreira xudicial como maxistrado do Tribunal Supremo e vocal permanente do Tribunal Internacional da Haia.

A carreira na Administración foi, así mesmo, extraordinaria. No ano 1897 foi director xeral do contencioso do Estado e posteriormente subsecretario de Ultramar.

Foi ministro por primeira vez cando o seu sogro Montero Ríos era presidente do Consello de Ministros, do 23 de xuño de 1905 ó 1 de decembro de 1905, tempo en que exerceu de ministro da Gobernación. Do 1 de decembro de 1905 ó 9 de xuño de 1906, foi ministro de Gracia e Xustiza con Moret na presidencia, do 6 de xullo de 1906 ó 30 de novembro do mesmo ano, Ministro de Fomento, con López Domínguez de presi-

dente. Ministro de Estado do 9 de febreiro de 1910 ó 12 de novembro de 1912, con Canalejas. Foi durante este último mandato cando tivo que xestionar-lo tratado con Marrocos, xestión pola que en 1911 foi agraciado co marquesado de Alhucemas.

En 1912 foi novamente ministro de Estado, baixo a presidencia de Romanones. Xa constituido en líder da facción prietista do partido liberal foi chamado por Alfonso XIII para presidi-lo Goberno; como presidente do Consello de Ministros exerceu dende o 20 de abril de 1917 ata o 11 de xuño de 1917. Volveu presidi-lo Consello de Ministros do 1 de novembro de 1917 ó 21 de marzo de 1918. Unha crise de goberno levou a Maura a presidi-lo Consello de Ministros do 21 de marzo ó 9 de novembro de 1918, pero este, non por iso, deixa de utiliza-los servicios de García Prieto que proseguíu como ministro de Gobernación.

O 9 de novembro de 1918 retornou García Prieto á presidencia do Consello de Ministros ata o 5 de decembro de 1918.

Cando a situación política española estaba en plena crise, retornou á presidencia do Consello de Ministros do 7 de decembro de 1922 ó 1 de setembro de 1923 e, finalmente, do 1 de setembro ó 13 de setembro de 1923, cando o golpe militar do xeneral Primo de Rivera acababa co agonizante sistema restauracionista.

Retornou aínda García Prieto no ano 1930 para participar no goberno de Aznar, como ministro de Gracia e Xustiza; goberno que dará paso á instauración da Segunda República.

Despois da morte de Sagasta, e dada a necesidade do partido liberal de ter unha única xefatura, García Prieto traballou incansablemente en favor do seu sogro Montero Ríos. Este venceu fronte a Moret, pero o partido quedou fraccionado pola manifesta aversión dun sector contra Montero. A morte de Canalejas, que parecía poder recuperala xefatura única truncou esta posibilidade. Xurdiron varias fraccións, as principais foron a prietista e a romanonista, lideradas por García Prieto e o conde de Romanones, o que explica que durante os mandatos liberais presidisen o Consello de Ministros, García Prieto ou Romanones.

Morreu este ilustre político en San Sebastián no ano 1938, en plena Guerra Civil.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1893-1895	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1910-1911	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña

Logo, a partir de 1911 foi Senador vitalicio e desde 1914 en diante, representou a Navalcarnero (Madrid), Ponferrada, etc.

---

**GARCÍA QUINTANA, Domingo**

**N**aceu en Lugo aínda que viviu a maior parte da súa vida en Cádiz. Desprovistos de datos biográficos, teremos que referirnos a el estritamente como deputado.

Foi elixido deputado pola provincia de Lugo o 25 de marzo de 1810. Chegou a Galicia procedente de Cádiz, onde se dedicaba ó comercio; ós poucos días de ser elixido, e de inmediato, mobilizou os demais deputados para saír rapidamente para Cádiz. As cartas que se conservan daqueles días poñen de manifesto o seu patriotismo e a súa incansable actividade.

Xa en Cádiz foi, sen dúbida ningunha, o deputado galego máis activo nas Cortes. A súa exaltación patriótica, que se manifestaba en tódalas discusións, estaba acompañada por unha desmesura nas apreciacións das conductas dos demais que deseguida lle provocaron problemas. Desconfiaba dos xenerais, dos recadadores de impostos, das contratas que a Rexencia tiña que facer con firmas estranxeiras para aprovisiona-lo exército. Todo isto foi xerando nas Cortes unha hostilidade contra este deputado que provocaba que ningunha das súas propostas fora aprobada e iso afondaba aínda máis o seu resentimento.

O 21 de novembro de 1810 oponse ó contrato entre a Facenda e a Casa Hackley para subministra-los exércitos. O 28 dese mes, propuxo o nomeamento dun síndico e vicesíndico nas Cortes, que non foi tomado en consideración. Ó día seguinte, o 29 de novembro, pediu que as Cortes se pronunciasen contra os traidores, os negociantes beneficiados pola guerra, etc., que tampouco foi tomada en consideración. O 7 de decembro presenta unha proposición para recadar 10 millóns de pesos, proxecto que é rexeitado por impracticable. O 13 de decembro puxo a proba a paciencia dos deputados, xa que leu durante dúas horas un proxecto seu para recadar fondos para a guerra. Foi a partir deste momento cando, a proposta do deputado Espiga, acordou o Congreso que só se puidese ler un folio, pasando o resto á Comisión. O 23 de decembro protagonizou outra viva discusión: denunciou a Rexencia polo seu silencio a varias propostas dos deputados galegos, aproveitando a ocasión para facer un cántico á contribución de Galicia á Guerra de Independencia, que foi interpretado por moitos deputados como un exceso de arrogancia xa que toda España contribuía á guerra.

O 9 de xaneiro de 1811 presenta un revolucionario proxecto de representación de América nas Cortes. Entende que terían que estar representadas as catro clases de habitantes: os indios, os crioulos, os mestizos e os europeos. Así mesmo solicita que se elimine gradualmente a escravitude. Ninguén toma en consideración as súas propostas.

O 28 de febreiro de 1811 volve referirse ó seu tema preferido: cómo recadar fondos para rematar axiña coa guerra. Defende que toda a riqueza e a prata das igrexas, agás as "que rocen el Sacrosanto Cuerpo" deben ser entregadas á



Facenda e logo, se as institucións as queren recuperar deberían paga-lo equivalente mediante taxación. Engade que cantos se resistan deberían ser fusilados. Tampouco foi tomada en consideración.

No ano 1811 distribúese en Cádiz o seu folleto, impreso na Coruña: *Manifiesto que hace a la nación española en general y al Reino de Galicia en particular yo diputado en Cortes por la provincia de Lugo, DON Domingo García Quintana, Coruña 1811.*

As graves acusacións que contén contra militares e civís determinaron que a Rexencia emitise orde de detención contra García Quintana o 24 de maio de 1811, destinándoo á súa propia casa como cárcere, pola súa condición de deputado. O tema entrou nas Cortes, que se fixeron eco do acontecido na sesión do 13 de xullo de 1811. Os deputados aproveitan a ocasión para desembarazarse deste deputado incómodo. O 5 de decembro de 1811 García Quintana, despois de moitos consensos, aceptou renunciar ó seu escano. Pero quixo explicarlle a toda España a causa da súa renuncia e por iso publicou outro escrito: *Expuesto que hace a la Nación Española Don Domingo García Quintana, Cádiz 1811*, no que conclúe "que el diputado es un soldado civil con una obligación de defender su puesto igual a la que tiene de retirarse oportunamente cuando de su permanencia solo espera un desengaño".

Con el Galicia perdeu a voz máis incómoda, a máis exaltada e patriótica, pero non sempre a boa intención pode cubrir co seu manto os despropósitos.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1810-1811      Deputado pola provincia de Lugo



#### GARCÍA SÁNCHEZ, Agustín

Naceu en Betanzos o 2 de xullo de 1847. Era fillo de Ramón Antonio María García Rodríguez, doutor en Dereito, e de Dolores Sánchez-Espiñeira Mirás.

Estudou o bacharelato en Santiago e na Universidade desta mesma cidade estudio Dereito, licenciándose no ano 1872.

Exerceu como avogado toda a súa vida na cidade de Betanzos. Aínda que, por parte da súa nai herdara a vocación política, xa que moitos antecesores exerceran de alcaldes de Betanzos e mesmo o seu pai foi alcalde da cidade, tardou bastante en entrar na política activa. Xefe do partido liberal de Betanzos, foi elixido deputado entre 1893 e 1896.

Para se defender dos ataques procedentes dos seus inimigos políticos, fundou no ano 1904 o xornal *La Aspiración* (Betanzos) que durou ata 1912.

Morreu en Betanzos o 17 de outubro de 1934.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña
-----------------------	------------------------------------	----------

### GARCÍA TASSARA, Gabriel

Ilustre escritor e diplomático que, por esas casualidades da política, representou só nunha ocasión a Galicia no Congreso. Non tiña ningunha relación con Galicia.

Naceu en Sevilla o 19 de xullo de 1817 no seo dunha familia modesta. A súa nai, viúva, casou de novo co oficial de artillería Manuel Barreiro, que foi un verdadeiro pai para Gabriel e para o seu irmán Carlos (este chegaría a ser xeneral do exército e senador por Sevilla).

Estudou Humanidades e comezou a carreira de Dereito en Sevilla que non chegou a rematar. Atraído pola bohemia literaria e sabedor do seu talento, marchou no ano 1839 para Madrid, destino da xuventude inqueda. Tivo a fortuna de entrar no faladoiro chamado *Parnasillo*, onde tivo unha moi intensa relación con Larra, Espronceda, Romero Larrañaga, Roca de Togores, etc. Iniciou as súas publicacións en revistas como: *Diario de Avisos*, *El Correo Nacional*, *El Artista*, *Semanario Pintoresco*, etc.

Ó mesmo tempo gañou a confianza de Pedro Pidal, Pacheco, Pastor Díaz, Donoso Cortés e outros grandes políticos que o protexeron politicamente. Xa integrado no partido moderado, colabora asiduamente nos xornais: *El Herald*, *El Sol*, *El Piloto*, etc.

No ano 1857 o goberno nomeouno enviado Extraordinario e ministro Plenipotenciario en Estados Unidos de América.

Morreu este grande escritor o 14 de febreiro de 1875.

Representou nas Cortes nunha ocasión o distrito da Fonsagrada. A razón foi a seguinte: nas eleccións de 1846 saíu elixido deputado don Miguel Rodríguez Guerra, a súa acta, sen embargo, foi anulada e, por iso, o Goberno aproveitou a ocasión para situar no distrito a García Tassara, que tomou posesión no Congreso o 13 de abril de 1847. Foi nomeado secretario do Congreso e formou parte da comisión de Corrección de estilo. Quizais pola súa condición de secretario só falou unha vez e sen ningún interese.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Fonsagrada	Lugo
-----------------------	--------------------------------------	------

**GARCÍA UZAL, Manuel**

O noso biografado residiu en Madrid e formou parte do movemento carbonario español. Foi un dos republicanos históricos aínda que primeiro fose un progresista radical, capitán do rexemento de Luchana.

No ano 1840, aínda que non había unha agrupación republicana española, dentro do partido progresista existía unha tendencia claramente republicana formada por Pedro Méndez Vigo, o poeta Espronceda, Patricio Olavarría, Díez Morales, Ayguals de Izco, Ordax AVECILLA e García Uzal, ademais do importante continxente catalán liderado por Terradas.

Olavarría que fora elixido deputado pola Coruña e renunciara ó escano, fundou en 1840 *La Revolución*, xornal de curta duración, xa que foi prohibido polo Goberno. No mesmo ano saíu *El Huracán*, no que colaboraron os galegos Álvarez Miranda (véx.), Romero Ortiz (véx.) que residía en Santiago, e Martínez Villergas. Tamén García Uzal colaborou neste xornal claramente republicano.

García Uzal fundou e dirixiu *El Peninsular*, tamén republicano, que apareceu o 1 de xaneiro de 1842. Foi duramente perseguido e García Uzal tivo que suspender a súa publicación, pero fixo inscribir nunhas follas volandeiras o seguinte lema: "todos los Españoles PuedEN Imprimir y publicar libremente SUs ideas sin previa censura, con sujección a Las leyes. ART. 2º de la constitución", para que os lectores de *El Peninsular* puidesen recoñecer nesas follas o mesmo pensamento democrático e republicano do xornal.

Cando se constitúe en 1849 o Partido Demócrata, é dicir, o Partido Republicano, están presentes García Uzal, que formou parte do primeiro Consello Directivo, e Olovarría, xunto cos novos: Becerra, Martos, Garrido, Chao, etc.

García Uzal resultou elixido deputado por Galicia en dúas lexislaturas, nas de 1841 e 1843. En ningunha delas, xa que estaba en absoluta minoría ideolóxica, puido manifesta-los seus obxectivos, polo que os reservaba para as páxinas da prensa.

O moderado Rico y Amat na súa obra clásica sobre as Cortes, manifesta a súa admiración pola oratoría de García Uzal. Segundo a súa opinión tiña tódalas condicións para ser un tribuno e un axitador: "Sus discursos, pocos y breves, eran brillantes, concisos, intencionados y deslumbradores".

Unha vea patriótica e sentimental, un acento apaixonado e unha vehemencia popular facían de Uzal un tribuno, capaz non só de axita-las masas senón tamén de poñer racionalidade, sempre republicana, en calquera debate.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1841-1842	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1843 (1ª)	Deputado pola provincia da Coruña

**GARCÍA VALERIO, Ángel**

Foi sempre do partido liberal. Era avogado

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña

**GARRIDO MARTÍNEZ, Esteban**

Escasas son as noticias que temos deste deputado que só representou a Galicia nunha lexislatura.

Foi periodista e escritor, colaborou nos xornais: *La España*, *El Padre Cobos* e *El Pensamiento Español*. Foi funcionario do Ministerio de Gobernación, gobernador civil, e director xeral de Agricultura.

Foi deputado, por vez primeira na lexislatura de 1876 a 1878, na que representou o distrito de Torrecilla de Cameros (Segovia) e posteriormente na lexislatura de 1879-1881 representou o distrito de Corcubión (A Coruña).

Gozaba de gran prestixio no Parlamento, no que chegou a ser presidente da maioría das comisións: da do ferrocarril Igualada-San Sadurní de Noia, suplementos de créditos, canais e portos, estradas de terceira orde.

Nas discusións parlamentarias demostrou que tiña un fondo coñecemento dos asuntos a tratar. Dende o 30 de abril de 1880 ata a sesión do 5 de maio de 1880 participou de forma moi activa no tema das subvencións concedidas polo Goberno ás empresas. Explicou que a razón fora para atraer-lo capital estranxeiro a España, por iso non deben ser superiores ó 50% do investimento. Pero tal e como se conceden, denunciou que constituían unha vergoña, especialmente nas empresas ferroviarias.

Militou no partido conservador e foi un fiel de Cánovas.

Morreu o 5 de marzo de 1895.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Corcubión	A Coruña
-----------------------	-------------------------------------	----------



## OS GASSET

Ser donos do xornal *El Imparcial*, sen dúbida, o xornal de maior circulación e influencia política en España e colocar na elite da alta política a Rafael Gasset y Chinchilla, fillo do fundador de *El Imparcial*, Eduardo Gasset, vaille reportar á familia altos dividendos políticos.

Non foron os Gasset, como os bugallais ou os monteristas, cobizosos de grandes espazos territoriais políticos. Durante a Restauración centraron os seus obxectivos en dominar de forma practicamente absoluta dous distritos inmediatos na provincia da Coruña: o de Padrón e o de Noia. Precisan, ocasionalmente, dalgún outro distrito para situar algún membro da ampla familia política, na procura dun distrito en Galicia ou fóra dela para enfeudarse. Neste caso contaban co apoio das grandes familias políticas e situaban a un Gasset en Ordes ou en Arzúa, pero sempre por pouco tempo.

A patrimonialización do poder político na Restauración facilitaba a operación de reprodución da representación nos fillos, sobriños, cuñados, xenros ou empregados. Ortega Munilla, cuñado de Rafael Gasset e, por conseguinte, xenro de Eduardo Gasset situouse no distrito de Padrón sen oposición dende 1898 ata 1914. O mesmo sucede con Joaquín Chapapieta e Torregrosa. Morto o seu padriño político, Joaquín López Puigcever, tivo que buscar acomodo, que atopou na familia Gasset, que o situou en Noia, desprazándose para isto Rafael Gasset a Cidade Real, e posteriormente pásano ó Senado para deixar Noia libre para outro membro máis novo da familia Gasset.

### **GASSET ALZUGARAY, Ricardo**

Naceu en 1894. Era neto de Eduardo Gasset Artime, fillo de Rafael Gasset Chinchilla (véx.) e de M<sup>a</sup>. Concepción Alzugaray y Lapeyre, filla do ex deputado Ricardo Alzugaray Yanguas (véx.).

Polas fragmentarias noticias que del temos sabemos que foi avogado, con bufete en Madrid. Así mesmo era propietario dun balneario no Incio (Lugo) e da fábrica de electricidade de Belesar (Lugo). Casou con Carmen Dorado, descendente de Campomanes.

A súa primeira representación como deputado foi polo distrito de Almagro (Cidade Real), na lexislatura de 1916-1918.

Na lexislatura de 1918, obtivo a representación por Noia outro membro da familia, Gerardo Gasset Neira, que era curmán seu.

Sen embargo, Gasset Neira renuncia ó escano e nunhas eleccións parciais resultou elixido Ricardo Gasset Alzugaray. Por iso non toma posesión do escano ata 1919.

Concluída a lexislatura resultou elixido novamente nas dúas seguintes. Durante a Segunda República militou no partido Radical e posteriormente ingresou na Unión Republicana.

En 1933 foi Gobernador da provincia da Coruña.

Nas eleccións de 1936, saíu elixido deputado pola Unión Republicana.

Permaneceu fiel á República, asistiu en Valencia ás Cortes e tamén participou nas Cortes celebradas en Figueras, en febreiro de 1939. Parece ser que foi ministro de Comunicacións no Goberno Giral (1936)

Exiliouse en Francia, onde fundou o xornal *L'Espagne*. Asistiu regularmente ás sesións da Comisión Permanente das Cortes que se celebraron en París ata maio de 1940. Morreu en España en 1966.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1918-1920	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña (Comeza en 1919)
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1936	Deputado pola provincia de Lugo	



#### **GASSET CHINCHILLA, José**

Naceu en Madrid o 19 de outubro de 1870 e era fillo de Eduardo Gasset Artime e de Rafaela Chinchilla e Díaz de Oñate. Foi, por conseguinte, irmán dos deputados Rafael, Eduardo e Ramón Gasset Chinchilla.

Desde 1894 levou a xerencia de *El Imparcial*, xornal fundado polo seu pai. En 1904 fundou *El Gráfico*, primeiro diario gráfico de España, de curta vida. O 31 de maio de 1906 constitúese a Sociedade Editorial Española, a máis poderosa de España, e nela foi o xerente e administrador.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
-----------------------	---------------------------------	----------

#### **GASSET NEIRA, Gerardo**

Éra fillo de Eduardo Gasset Chinchilla e de María Neira Gasset.

Estudou Dereito e pertenceu á carreira diplomática.

Herdou o pazo de Vista Alegre (Ponte Ulla, Vedra, A Coruña) e parece ser que tamén as Torres de Xunqueira, xunto co seu irmán Ramón Gasset Neira.

Representou a Padrón só nunha lexislatura e posteriormente saíu elixido por Noia no ano 1918, renunciando en favor do seu sobriño Gasset Alzugaray.

Publicou *El Imprescindible* (1923), *A la Deriva* (1925) e *Nuestra Señora de Gundián* (1945), unha capela que está fronte por fronte do pazo de Vista Alegre, en terras do Ulla.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Lexislatura 1918	Deputado polo distrito de Noia (Renuncia)	A Coruña

### GASSET Y ARTIME, Eduardo

“Gasset es un conjunto hermosamente artístico de nervios y de pólvora... un Hércules intelectual, insensible a la fatiga y al desaliento”. Así escribía del un dos seus biógrafos.

Naceu en Pontevedra o 12 de xuño de 1832 nunha familia distinguida pero de escasos recursos económicos. Eran os seus pais José Gasset Montaner, fillo dun brigadier, e Agueda Artime, de Padrón.



Traballa desde os 11 anos nun banco e é de supoñer que nos oficios máis humildes nos primeiros anos. Como tanto outros mozos busca en Madrid a fortuna. Ó lado de Ánxel Fernández de los Ríos, o ilustre escritor progresista, formase como periodista, pero o sustento diario procede dos diversos traballos que como substituto, auxiliar, etc, realizou no ministerio de Facenda. Por fin no ano 1854 (quizais a consecuencia do éxito do partido progresista que ocupa o poder) entra como oficial segundo da Caixa de Depósitos. A súa experiencia bancaria explica que fora nomeado tenedor de libros das caixas de depósitos de Segovia, Albacete, Murcia, Cuenca, Burgos, Oviedo e Madrid. A vida era evidentemente dura, pero nada podía coa súa indomable vontade.

Empeza a colaborar nos xornais: *Novedades*, *Semanario Pintoresco* que termina por dirixir por renuncia de Fernández de los Ríos, no ano 1855, que pasa á súa propiedade.

Neste mesmo ano casou con Rafaela Chinchilla e Díaz de Oñate, de Marbella, que era sobriña do xeneral Serrano co que Gasset íntima persoal e politicamente.

Pouco a pouco vai ascendendo na Administración. No ano 1858 é xefe de nego-

ciado da dirección de Débedas. No mesmo ano, obtén a representación no Congreso por Padrón. En 1861 foi nomeado Inspector Xeral de Contribucións. En 1862 funda o xornal *El Eco del País*, que será o órgano oficioso do partido unionista e que cede no ano 1864 ó seu cuñado Rafael Chinchilla.

En 1865 foi nomeado Gobernador da provincia de Pontevedra e traballaba na empresa privada como conselleiro da Sociedade do Crédito Comercial.

Gasset funda *El Imparcial* en 1867, o primeiro gran periódico de España, un periódico popular e un periódico ideolóxico. Aparece xusto cando a oposición á monarquía isabelina estaba en crise total. Os líderes estaban no cárcere ou no exilio. *El Imparcial* vai se-lo mellor instrumento da revolución.

Xa no Sexenio, Gasset, por unha parte, proseguíu a súa aventura xornalística. Ademais de *El Imparcial*, funda no ano 1870, *La Ilustración de Madrid*. Favorable á solución monárquica, é un dos persoeiros que van a Italia para escoltar ata España a Amadeo de Saboya.

O 14 de xuño de 1872, Ruiz Zorrilla noméao ministro de Ultramar. Intenta unha profunda reforma económica da illa de Cuba, aposta pola gradual supresión da escravitude e, neste punto, foi onde chocou con Ruíz Zorrilla que quería unha inmediata supresión da escravitude. Iso obrigouno a dimitir.

A popularidade de Gasset en España era inmensa e por iso tamén aumentou o número dos seus inimigos. Varias coplas circulaban polo país sobre o seu innegable éxito. Unha dicía:

"Antidinástico fui  
de Ultramar Ministro soy  
¡Aprended, locas, de mi  
lo que va de ayer a hoy"

Noutra dicíase:  
"Galleguito aprovechado  
que El Imparcial ha fundado  
y tienen en él un filón.  
Nota: Siempre es diputado  
por Padrón."

Cando chega a Restauración soubo acomodarse ós novos tempos.

Formou parte do partido progresista democrático con Martos, Montero Ríos, Becerra, Echegaray. Cando o partido se escinde, el segue a fracción que acepta a monarquía restaurada.

Morreu o 20 de amio de 1884.



Como deputado, Gasset non gozaba do don da oratoria, quizais por iso a penas falou no Congreso e no Senado. Interveu, sen embargo, nas comisións, especialmente cando a temática rozaba os aspectos económicos nos que era un indubidable experto.

Representou por vez primeira a Galicia no ano 1858 en que saíu elixido polo distrito de Padrón. Posada Herrera tiña persoal interese na súa vitoria e o gobernador logrouno nunhas eleccións marcadas pola fraude. Non foi por conseguinte moi gloriosa a súa entrada no Congreso. Antes de enfeudarse no distrito de Padrón, pasou polo de Pontecaldelas no ano 1863-1864 aproveitando a dimisión do deputado Leoncio Rubín.

Desde 1865 recuperou o feudo padronés, porque aínda que nas eleccións de 1865 e 1869 saíse polo subdistrito de Santiago, de acordo coa lexislación electoral, os votos que recibiu foron os procedentes de Padrón. Na lexislatura de 1871-1872 saíu polo distrito de Cambados, retornando outra vez no ano 1872-1873 a Padrón. Na Restauración as veces que saíu elixido foi sempre por Padrón. Pertenceu a moi diversas comisións: Amnistía, Ferrocarril compostelán, Cemiterios, Banco español, Tribunal de contas, etc. Xa dixemos que practicamente nunca falou no Congreso.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1858-1862	Deputado por Padrón	A Coruña
Lexislatura 1863-1864	Deputado por Pontecaldelas	Pontevedra
Lexislatura 1865-1866	Deputado por Santiago	A Coruña
Lexislatura 1869-1871	Deputado por Santiago	A Coruña
Lexislatura 1871-1872	Deputado por Cambados	Pontevedra
Lexislatura 1872-1873	Deputado por Padrón (Tamén saíu Senador por Teruel)	A Coruña
Lexislatura 1876- 1879	Deputado por Padrón	A Coruña
Lexislatura 1879-1881	Deputado por Padrón	A Coruña

#### GASSET Y CHINCHILLA, Eduardo

Fillo de Eduardo Gasset e Rafaela Chinchilla, naceu en Vigo o 28 de xullo de 1865. O seu pai era gobernador de Pontevedra. Estudiu a carreira de Leis.

Os seus biógrafos unicamente salientan del o feito de que pasou a vivir a Galicia para servir mellor os seus intereses. A realidade é que Eduardo Gasset casou coa súa curmá, María Neira Gasset (filla de Gerardo Neira Flórez e de Eugenia Gasset Artime, irmá de Eduardo Gasset Artime) e por iso herdou o pazo de Remesil, en San Cristovo de Dombodán, Arzúa. Herdou así mesmo o pazo de San Cristovo, en Santa Uxía de Faro (Touro, A Coruña). Mercou tamén as Torres das Xunqueiras (Xobre, Pobra do



Caramiñal) que herdaron os seus descendentes, os Gasset Neira. En Pontevedra foi o representante ou delegado da Compañía Arrendataria de Tabacos. Foi presidente do Consello de Administración da *Esponjera del Sur de España*. Foi considerado un home rico. Ata 1894 residiu en Madrid e foi o xerente de *El Imparcial*. En 1894 veu para Galicia.

Eduardo Gasset, ó que moitos historiadores confunden co seu pai Eduardo Gasset Artime, non destacou politicamente, aínda que representase a Galicia durante moitos anos e en distintos distritos.

Iniciouse no distrito de Padrón na lexislatura de 1893 a 1896, pasou despois ó distrito de Betanzos, representou o distrito da Coruña e posteriormente optou ó Senado para deixa-los distritos libres para outros membros da familia política.

No Senado preocupouse realmente dos problemas de Galicia, e formou parte de comisións nas que había que defende-las necesidades de Galicia. Na lexislatura de 1905 a 1907, cando xa era senador pola provincia da Coruña defendeu os plans de saneamento da cidade da Coruña e a necesidade da estrada de Betanzos á Golada. Na lexislatura de 1907 a 1908, na que tamén foi senador pola Coruña, preocupouse polas estradas de Portonovo ó Grove.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Coruña	A Coruña
Lexislatura 1905-1907	Senador pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1907-1908	Senador pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1910-1911	Senador pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Lexislatura 1916-1917	Senador pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1918	Senador vitalicio	



#### GASSET Y CHINCHILLA, Rafael

Naceu en Madrid o 23 de novembro de 1866.. Era fillo de Eduardo Gasset e de Rafaela Chinchilla.

Foi avogado e gañou as oposicións ó corpo de interventores de Facenda. Estivo moi vencellado con Cuba (que visitou e da que fixo briosas campañas no xornal *El Imparcial*), á que representou no Parlamento. Integrouse a partir de 1898 no rexeneracionismo, desenvolvendo intensas campañas en favor da modernización da economía nacional, especialmente na rama da agricultura.

Un dos seus biógrafos describe así a súa dedicación intelectual e política: "Tiene en si mismo los factores del triunfo legítimo y durable: fósforo en la cabeza, nobleza y rectitud en el alma, sana ambición en la voluntad y energías de varón fuerte en el alma y en el cuerpo. Ha tenido además dos aciertos extraordinarios: especializar sus facultades y su laboriosidad constante en cuanto la dedica a la política y especializarla en materia tan olvidada de gobernantes y políticos como la Agricultura. 'Agua para los campos y caminos para todas partes', además de 'más escuelas' constituyen su bandera." (Sánchez de los Santos).

Director de *El Imparcial* desde 1884, con só 18 anos, contou co apoio fundamental de Ortega Munilla. Máis tarde puxo o xonaf ó servicio da súa política o que creou no periódico unha importante crise, posto que se perdía a independencia que o caracterizara na época na que o dirixira o seu pai.

Foi Ministro, por vez primeira, de Agricultura e Obras Públicas no ano 1900 aínda que por pouco tempo, do 18 de abril ó 23 de novembro de 1900. Volveu ser ministro de Agricultura e Obras Públicas con R. Fernández Villaverde na Presidencia, do 20 de xullo ó 3 de novembro de 1903.

Os liberais decátanse do papel rexenerador de Gasset e atráeno cara a si. Foi ministro de Fomento con Moret desde o 1 de decembro de 1905 ata o 6 de xullo de 1906 e novamente do 30 de novembro ó 4 de decembro de 1906. Retornou cos liberais, con Moret e Canalejas ó ministerio de Fomento desde outubro de 1909 ata outubro de 1913. Volveu con Romanones ó Ministerio de Fomento desde o ano 1916 ó 1917 e con García Prieto do 7 de decembro de 1922 ó 1 de setembro de 1923.

Gasset Chinchilla deixou a súa pegada na memoria colectiva como o ministro que levou a cabo proxectos de expansión económica, especialmente polos plans de regadío e polo impulso dado ás infraestructuras viarias.

Foi tamén o impulsor do desenvolvemento do asociacionismo campesiño gracias á súa lei de 1906.

Iniciou a súa actividade parlamentaria na lexislatura de 1891 a 1893 na que representou ó distrito de Santiago (Illa de Cuba). No ano 1893 foi deputado pola Estrada en substitución do marqués de Vega de Armijo e, xa a partir de 1896 representou ó distrito de Noia sen interrupción ata 1910, en que o deixou para Chapaprieta e posteriormente para outros membros da familia.

Desde 1910 ata 1923 representou ó distrito de Cidade Real. Na derradeira elección da Restauración, a de 1923, representa ó distrito de Vigo, decisión que foi moi contestada nesta cidade porque Gasset, que fora tantos anos ministro, nunca apoiara decisiivamente á cidade de Vigo. A Liga de Defensores de la Ciudad publicou un comunicado no que manifestaba a súa oposición a esta candidatura e propoía a Adolfo Gregorio Espino. Celebradas as eleccións, resultou elixido Gasset. Casou en 1887 con M<sup>a</sup>. Concepción Alzugaray y Lapeyre, de Navarra. Do matrimonio tivo cinco fillos. Volveu casar no ano 1899 con Rita Díez de Ulzurum, filla do marqués de San Miguel de Aguayo. Tiveron tamén cinco fillos.

Morreu en Madrid en abril de 1927.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito da Estrada	Pontevedra
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Noia (nestas eleccións tamén saíu pola Habana, renunciando)	A Coruña
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra



#### ===== GASSET Y CHINCHILLA, Ramón

Naceu en Madrid o 18 de outubro de 1873, era fillo de Eduardo Gasset Artime e de Rafaela Chinchilla e Díaz de Oñate de Marbella. Irmán de Eduardo, Rafael e Jose Gasset Chinchilla.

Entregado ó xornalismo participa como xornalista de *El Imparcial* no conflito militar de Melilla en 1893; en 1895 marcha a Cuba para informar da guerra e en 1896 pasa a Estados Unidos, facéndose pasar por periodista italiano fílle unha entrevista a Estrada Palma, xefe de propaganda do Partido Liberador de Cuba, e futuro presidente da nación.

"Don Ramón es hombre de inteligencia y corazón esforzado. en 1909 fue voluntario a Melilla a combatir por el honor de la bandera española"(Sánchez de los Santos).

A súa vida política foi curta. No ano 1906 dimitiu o seu irmán Eduardo como deputado por Arzúa para pasar ó Senado, e nunhas eleccións parciais pasa a ser deputado Ramón. Tomou posesión o 16 de xaneiro de 1906.

Nas eleccións de 1910 obtén a representación, como deputado, polo distrito de Gaucín, Málaga. Nas lexislaturas de 1914 e 1916 resulta elixido Senador pola provincia de Cidade Real. Acredita neste momento que ten en Madrid un laboratorio de Radiografía e 189.000 pts. en accións na Sociedade Literaria de España, sociedade creada con *El Imparcial*, *El Liberal* e *El Herald* no ano 1907 e na que a familia Gasset Chinchilla tiña a maioría das accións.

Tamén foi Inspector Xeral de Ensino..

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Arzúa (só desde o 16 de xaneiro de 1906 e ata 1907)	A Coruña
-----------------------	--	----------



**GAYO, Juan del**

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1840-1841    Senador pola provincia da Coruña

**GAYOSO, Antonio José**

Antonio José Gayoso naceu en Vilamoure (Lugo) en 1777, casou con Joaquina Ulloa de las Riberas, da casa de Bóveda, e morreu o 18 de outubro de 1850. Tivo unha filla, Ramona Gayoso Ulloa que casou con Ramón de Neira Montenegro (véx.).

Foi deputado pola provincia de Lugo nas segundas Cortes de Cádiz.

Na Guerra de Independencia loitou en Asturias e no momento de ser elixido deputado era sarxento maior dos Voluntarios de Asturias.

Nas Cortes formou parte da Comisión Militar e nunca se manifestou. Pertencía ó sector absolutista e por iso firmou no ano 1814 o chamado *Manifiesto de los Persas*.

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1813-1814    Deputado pola provincia de Lugo

**GAYOSO DE LOS COBOS TELLEZ GIRÓN, Jacobo**  
**(Marqués de Camarasa, Conde de Ribadavia,**  
**Grande de España de primeira clase)**

Naceu en Santiago o 14 de outubro de 1816. Era fillo de Joaquín María Sarmiento de los Cobos, marqués de Camarasa, marqués de La Puebla de Parga, conde de Amarante, conde de Castrogeriz, conde de Ricla, conde de Ribadavia con grandeza de España de primeira clase. A súa nai era Josefa Manuela Téllez-Girón Pimentel, filla dos Duques de Osuna e do Conde Duque de Medinaceli. Dos seis fillos habidos neste matrimonio o noso biografado foi o primoxénito. Jacobo, o segundo, sucedeuno; Ángela foi condesa de Brunetti; María Josefa, duquesa de Tamamei; Joaquina, condesa de Toreno e Encarnación, marquesa de San Miguel.

Era propietario de terreos e tiña rendas nas provincias de Valladolid, Palencia (Astudillo); Lugo (Páramo, Guntín, Portomarín, Palas de Rei, Antas de Ulla, Monterroso, Chantada, Taboada, Pantón e Sober); A Coruña (Rois, Padrón, Noia); Pontevedra (Caldas); Ourense (Manzaneda, Pobra de Trives, Petín, Rúa, Vilamartín, Barco, Rubiá e Carballada); de Xaén (Baeza, Bejigar, Canena, Rus, Lupión, Mármol, Sabiote, e Ubeda); Zaragoza, etc.

Residía en Madrid.

O noso biografado fora na lexislatura de 1834-1835 prócer do Reino e na lexislatu-

ra de 1845-1846 senador vitalicio.

Optou ó distrito de Barco de Valdeorras, escano que gañou nas eleccións de 1851.

Morreu no ano 1871, solteiro. Por iso tódolos títulos e herdanzas foron para o seu irmán Jacobo Gayoso de los Cobos.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1851-1852

Deputado polo distrito de Barco

Ourense



#### GIL CASARES, Miguel

Fronte ós senadores e deputados chegados a Galicia que a penas tiñan ningunha relación con esta terra, Gil Casares é un compostelán universitario.

Naceu en Santiago o 22 de novembro de 1871. Era fillo do catedrático de Ciencias, Ramón Gil Villanueva e neto, por parte da nai, Valentina Casares Teijeiro, do célebre catedrático e farmacéutico Antonio Casares. O seu tío, don Jacobo Gil Villanueva era así mesmo catedrático de Dereito e foi Decano durante moitos anos. Por vía materna estaba ademais emparentado con Maximino Teijeiro, catedrático de Medicina e rector da Universidade compostelá. Un persoeiro, pois, compostelán e universitario. Casou con Joaquina Armada, irmá do marqués de Figueroa.

Estudou o bacharelato en Santiago e despois na Facultade de Medicina de Santiago de Compostela. Rematou os estudos no ano 1893, con Premio Extraordinario e doutorouse en Madrid en 1894. Amplía estudos en Alemaña. Exerceu como profesor da Universidade de Santiago. No ano 1897 obtivo a cátedra de Pediatría e pasou posteriormente á cátedra de Clínica Médica.

Publicou traballos da súa especialidade en revistas de España, Francia e Alemaña. Ideou e inventou un aparato, que chamou o paleógrafo para auscultar. Ademais dos temas estrictamente científicos sobre os que ten diversas publicacións, compre salientar outras obras como: *Historia clínica de La Dama de las Camelias* (Santiago 1908), *Crónicas de un viaje a La Habana*, (Santiago 1928) e *Aspectos de la lucha antileprosa* (Santiago 1929).

Durante a Restauración, as Universidades tiñan facultade para nomear un senador. Gil Casares foi o derradeiro senador da Universidade compostelá, como amosou Cores Trasmonte na súa monografía sobre os senadores desta Universidade.

No Senado, Gil Casares non só defendeu a Universidade de Santiago senón tamén os intereses de Galicia. Preguntoulle ó ministro da Guerra si era certo que Santiago ía

ser privada da guarnición militar.

Preséntoulle ó ministro de Facenda unha memoria sobre a necesidade de abri-lo porto de Vilagarcía para a exportación da madeira galega.

Ó ministro de Fomento preguntoulle polas razóns do mal servicio prestado polo ferrocarril de Medina a Vigo.

Solicitou así mesmo que os barcos transatlánticos que transportaban emigrantes españois levasen un médico español e que emitise informes sobre o trato dispensado polas compañías ós emigrantes.

Foi membro das Irmandades da Fala.

Morreu en Santiago o 12 de abril de 1931, cando a ciencia, Santiago e Galicia tanto aínda precisaban del.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1921-1922	Senador pola Universidade de Santiago
Lexislatura 1922-1923	Reelixido pola Universidade, pero a suspensión e peche do Parlamento, consecuencia do golpe de Estado de Primo de Rivera, impediu que tomase posesión.

### GIL DE REBOLEÑO GONZÁLEZ DE CABANZÓN, Guillermo

Deputado cunero, sen ningunha vinculación con Galicia á que representou só nunha ocasión.

Naceu en Labarces (Santander) no ano 1866. Era fillo de Celedonio Gil de Rebolledo e de Juliana González, os dous veciños de Labarces.

Casou con Dolores Noval Zavala, veciña de Madrid pero de procedencia cántabra.

Polo expediente económico que se lle abriu para ser senador por Santander, sou-bemos que a base da súa riqueza procedía da muller, que era propietaria de varias casas en Madrid.

Representou o distrito de Muros entre 1896 e 1898. Posteriormente pasou ó Senado, no que representou a Santander na lexislatura de 1908 a 1909 e á provincia de Cádiz nas lexislaturas de 1919 a 1920 e 1921 a 1922.

Era avogado.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña
-----------------------	---------------------------------	----------



### GOICOECHEA COSCULLUERA, Antonio

Naceu en Barcelona o 21 de xaneiro de 1876, de pai vasco e de nai cubana. Viviu na illa de Cuba onde estudou as primeiras letras e o bacharelato. Deixou os pais en Cuba e veu a Madrid para estudar Dereito, nesta cidade viviu co seu tío, o financeiro Benito Goicoechea.

Licenciado e Doutor pola Universidade Central, entrou como profesor auxiliar na Facultade de Dereito.

Opositou para oficial do Consello de Estado e aprobou a oposición. O seu compañeiro de oposición e número 1 na mesma foi Niceto Alcalá Zamora.

Foi concelleiro do concello de Madrid, subsecretario do Ministerio de Gracia e Xustiza e ministro de Gobernación só durante tres meses, no ano 1919 e baixo a presidencia de Maura.

Goicoechea foi conservador pero pasouse ás filas do maurismo. Católico integrista, publicou obras como: *Catolicismo social*, *La libertad religiosa como programa político*, *San Francisco y la acción social*. Sempre dentro deste concepto hipercatólico e integrista, publicou tamén: *Los deberes sociales de la mujer*, *El feminismo político y el influjo social de la mujer*.

Durante a Restauración, a súa ideoloxía era ultraconservadora pero aínda había unha posibilidade de consenso con el. Durante a Segunda República radicalizou de tal forma as súas posicións que se situou na nómina dos golpistas, é dicir, dos que nunca pensaran chegar a unha solución coa República senón sinxelamente a barreira de España. O seu nome está detrás da revista *Acción Española* e de varios intentos desestabilizadores.

Logrou a súa primeira representación por Becerreá (Lugo) no ano 1909. Sen ningunha relación, que saibamos, con Galicia, debeu aproveitarse de que Caro y Arroyo, deputado dende 1907, tivera que dimitir para presentarse el nunhas eleccións parciais. Por iso non entra no Parlamento ata o 14 de abril de 1909 cando xa ía transcorrida máis da metade da lexislatura.

Volve presentarse na lexislatura de 1910, pero foi anulada a acta. Feita unha elección parcial sae deputado Vicenti Rey, aínda que non chegou a tomar posesión. Realízase unha nova elección o 25 de xullo de 1911, e resulta elixido.

No ano 1919 resulta elixido por Monforte e Puente del Arzobispo (Toledo), el escolle Monforte.



Na lexislatura de 1921 a 1922 foi elixido senador por Murcia.

Formou parte da Real Academia de Ciencias Morales e Políticas.

Na Segunda República saíu elixido deputado de Renovación Española pola provincia de Cuenca. Tamén se presenta por Cuenca nas eleccións de 1936, por Renovación Española. A acta foi declarada nula .

Morreu en Madrid no ano 1953.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1907-1910	Deputado por Becerreá	Lugo (Toma posesión no ano 1909)
Lexislatura 1910-1914	Deputado por Becerreá	Lugo (Toma posesión no ano 1911)
Lexislatura 1919-1920	Deputado por Monforte	Lugo

### GOICORROTEA MONTORO, Ramón (Marqués de Goicoerrotea)

O noso biografado tivo unha dilatada vida política: foi deputado a Cortes polo distrito de Egea de los Caballeros (Zaragoza) na lexislatura de 1876 a 1878, pero renunciou ó cargo o 15 de xaneiro de 1878 e foi substituído por Tomás Castellano Vilarroya. Foi novamente elixido deputado a Cortes nas eleccións de 1884 e 1891 polo distrito de Tarazona (Zaragoza). Na lexislatura de 1896 a 1898 foi senador representando á provincia de Toledo.

Os cambios de distritos e provincias revelan que carecía dunha base electoral constante nun distrito. Por iso debemos supoñer que a súa elección como senador pola provincia de Lugo en 1899 obedecía á necesidade do Goberno de procurarlle un posto no Senado, aínda que non tivese ningunha relación con Lugo.

Casou con Laura de Gamboa.

Foi director xeral da Débeda (1891), ministro do Tribunal de contas.

Cando representou á provincia de Lugo entre 1899 e 1900 foi secretario da comisión de estradas da provincia de Lugo (Friol-Ponte Meixide-Santiago) e da comisión de estradas de Valencia-Xativa, Alacant.

Supoñemos que morreu no ano 1912 porque neste ano herdou o título o seu fillo, Francisco Goicoerrotea.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1899-1900	Senador pola provincia de Lugo
-----------------------	--------------------------------



### GÓMEZ DE LA SERNA, Javier

Só presentaremos unha breve ficha biográfica para un político que foi elixido por Lugo para o Senado e non chegou a tomar posesión.

Debía ser fillo do gran xurista don Pedro Gómez de la Serna (véx.) que tamén representou a Galicia.

Era avogado e o seu bufete era un dos máis importantes de Madrid.

No ano 1905 foi nomeado director xeral de Rexistros.

Publicou monografías xurídicas e tamén foi autor de varias obras literarias.

Foi elixido por Lugo para o Senado, pero non puido presentar a tempo os papeis. Con anterioridade fora deputado por Hinojosa del Duque (Córdoba) de 1891 a 1899; de 1901 a 1903; de 1905 a 1907 e en 1910.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1916-1918

Senador pola provincia de Lugo

(Non tomou posesión)



### GÓMEZ DE LA SERNA, Pedro

O gran mestre dos xuristas de España tamén foi deputado por Galicia, aínda que só nunha ocasión.

As súas obras: *Elementos de Derecho Civil y Penal de España* que publicou con Montalbán (a primeira edición, en 1838), *Instituciones del Derecho Administrativo Español* (1ª edición, 1843), *Apéndice de las instituciones del Derecho Administrativo Español* (1ª edición, 1847), *Prolegómenos del Derecho* (1ª edición, 1845).

As súas obras eran de texto obrigado en tódalas Facultades de Dereito.

Ademais dirixiu, con Rey García, a *Revista de Legislación y Jurisprudencia*, o que lle permitiu seguir influíndo xuridicamente sobre xuíces e avogados.

Gómez de la Serna naceu en Mahón no ano 1806, fillo do brigadier Gaspar Gómez de la Serna, que morreu no ano 1808 na Guerra de Independencia, e de Ana Tully, Camarista da Raíña.

Fixo os estudos primarios e secundarios en Madrid (nas Escolas Pías de San Antonio Abade e nos Reales Estudios de San Isidro) e posteriormente concluíu Leis e Cánones en Alcalá.

Foi liberal e serviu á consolidación do réxime; loitou contra o carlismo nos postos de goberno que exerceu: Corridor de Alcalá en 1833, xefe político de Guadalaxara (1836-1839), antes xuíz de Cidade Real (1836), xefe político de Biscaia (1839-1842). Previamente xa gañara unha cátedra de Prácticas Forenses na universidade (1831).

Esparterista visceral, foi nomeado ministro de Gobernación o 19 de maio de 1843, cargo que só exerceu dous meses xa que o 23 de xullo de 1843 caeu o goberno. Exiliado Espartero en Inglaterra, Gómez de la Serna acompañouno durante tres anos, despois regresou a España para tomar posesión do escano que gañou en Galicia, a proposta dos seus amigos progresistas, no ano 1846.

A partir do seu retorno de Inglaterra centrou xa máis a súa vida no ensino universitario, na investigación xurídica e nas publicacións. Unha noticia que lemos no *Heraldo* (25 de agosto de 1847) dinos que contraeu matrimonio coa señorita De Peña "poseedora de una considerable fortuna". É a única noticia que temos da súa dona.

Volveu ser ministro de Gracia e Xustiza no efémero goberno do duque de Rivas, entre o 18 e o 20 de xullo de 1854. Cando O'Donnell preside o primeiro goberno do Bienio progresista comentábase en todo Madrid que volvería ser ministro. Non foi así, e O'Donnell consolouno nomeándoo fiscal do Tribunal Supremo (1854-1856). No ano 1870 foi nomeado presidente do Tribunal Supremo, cargo que ocupaba cando morreu en Madrid o 12 de decembro de 1871.

Durante a súa vida tivo outros moitos cargos e condecoracións: conselleiro de Estado, catedrático da Universidade Central, académico da Historia, académico da Matritense de Lexislatura e Xurisprudencia, etc.

Foi deputado por Soria nas lexislaturas de 1839, de 1841 a 1842, de 1843 e de 1854 a 1856, e Senador por Soria entre 1858-1859 e 1871.

Cando estaba no exilio, os esparteristas galegos lograron sacalo deputado pola cidade de Ourense na lexislatura de 1846. Tomou posesión do escano o 21 de febreiro de 1847. Foi, non só nesta lexislatura, senón en todas nas que participou, un dos deputados máis laboriosos. Participou en tódolos proxectos xurídicos cunha precisión modélica, que lle viña do seu oficio de gran sabio xurista. Cando representaba a Ourense enfrontouse na sesión do 17 de abril de 1847 co moderado Rodríguez Baamonde, na discusión sobre a lei de propiedade literaria. O seu laicismo levouno a opoñerse a que os bispos tivesen o privilexio de publica-las cartillas de rezo.

Un comentarista das Cortes di que os ministros lle temían cada vez que presentaba un proxecto, porque Gomez de la Serna criticaba ata os puntos e as comas. Falaba sen pretensión oratoria pero con tal acopio de datos que abafaba. Falaba excesivamente rápido e con mala pronunciación.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
-----------------------	-----------------------------------	---------

---

---

**GÓMEZ GONZÁLEZ, Manuel****■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

---

**Legislatura 1871-1872** Senador pola provincia de Pontevedra

---

---

---

**GÓMEZ MUNAIZ, José**

A única noticia que temos deste deputado é que foi membro do xurado do Certame Literario de Ourense en 1876, en honor do P. Feijoo.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

---

**Legislatura 1873-1874** Deputado por Cambados Pontevedra

---

---

---

**GÓMEZ NOVOA, José**

José Gómez foi avogado e residiu na cidade de Ourense, cidade da que foi primeiro alcalde, no ano 1840. Como primeiro alcalde asinou o 14 de outubro de 1840 unha proclama na que defendía a autonomía municipal e se opoñía ó proxecto de lei de reforma dos concellos.

En 1842 continuaba como alcalde e era membro da deputación de Ourense. Neste ano solicitou do Goberno unha condecoración polo apoio prestado en setembro de 1840 ó levantamento de Espartero contra a raíña rexente María Cristina.

Supoñemos que realizou investimentos en bens desamortizados xa que percibía importantes rendas en Montederramo e en Cualedro.

Gómez Novoa foi, sen dúbida, un hábil político local, cunha presenza bastante continua no concello e na Deputación Provincial, como o pon de manifesto o feito de que no ano 1872 fose vicepresidente desta institución.

Só foi elixido nunha ocasión.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

---

**Legislatura 1843 (1ª)** Deputado pola provincia de Ourense

---

---

---

**GONZÁLEZ, Francisco**

Progresista "avanzado", licenciouse en Dereito e exerceu de fiscal do xulgado de Santiago, cidade na que foi comandante da Milicia Nacional.

No ano 1838 o capitán xeneral de Galicia, Gerónimo Valdés recibiu a noticia de que o exército acababa de deter a Ramón Ramos, fillo dun dos líderes do carlismo galego.



Sabe Valdés que as declaracións de Ramos poden ser fundamentais para acabar co carlismo, tanto de acción como de apoio. Por iso nomea dúas persoas de absoluta confianza e de probado liberalismo para o proceso: Pedro Sanjurjo Pérez (véx.) como auditor de Guerra e Francisco González, como fiscal. A cambio do indulto, o xove Ramos confesou o que o fiscal e o xuíz precisaban e iso axudou moito a limita-las accións dos carlistas.

En 1841 xa era xuíz de primeira instancia de Santiago. Seguía sendo un dos líderes do progresismo compostelán, como o demostra o feito de que en setembro de 1840, cando se pretendeu constituír unha Xunta Suprema de Galicia, el foi un dos tres deputados enviados pola cidade para tal obxecto. Foi fiscal da Audiencia de Valladolid, maxistrado da Audiencia de Valladolid, Oviedo e A Coruña auditor de Guerra.

Un informe do cónsul inglés na Coruña, enviado ó seu ministro, e no que facía un perfil dos novos deputados elixidos en Galicia, dicía de Francisco González que era "de opiniones exaltadas e inclinado a la intriga".

No ano 1856, o seu amigo Arias Uría (véx.), ministro de Gracia e Xustiza, ascendeuno a maxistrado da Audiencia de Porto Rico. Así mesmo, neste ano foi condecorado coa Gran Cruz de Isabel A Católica.

Representou só nunha ocasión á provincia da Coruña no Congreso.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1839-1840 Deputado pola provincia de Coruña

### GONZÁLEZ ALONSO, Lisardo

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1893-1896 Deputado polo distrito de Barde Ourense

### GONZÁLEZ-BESADA MEIN, Augusto

Foi un dos grandes políticos galegos do partido conservador. Formado a carón de Fernández Villaverde perpetuou as virtudes deste ilustre político: ponderación mental, preparación axeitada para o dominio dos temas da administración e das finanzas, lealdade ó grupo, pero sempre mantendo a súa propia personalidade. Orador metódico e persuasivo sen chegar a ser brillante, demostraba nos seus discursos a fonda preparación e o tempo que lle dedicaba ó estudio dos grandes problemas.



Naceu en Tui o 24 de xuño de 1865. O seu pai, Basilio González Besada, foi un emi-nente avogado e xurisconsulto, autor dunha obra moi práctica sobre foros. Era tamén

un católico integrista como o demostra o seu libro *Dios es la verdad* (1870).

Estudou o noso biografado na Universidade de Santiago, onde rematou no ano 1884 a licenciatura en Dereito. Durante a súa estancia en Santiago, destacou nos foros estudiantís pola súa afección literaria e pola súa participación nas asociacións xuvenís católicas.

Marchou para Madrid disposto a abrirse camiño na Administración e na política. Gañou as oposicións a rexistrador da propiedade, abriu un bufete e foi entón cando se colocou á sombra de Fernández Villaverde, o seu valedor político. Foi gobernador de Pontevedra e da provincia da Coruña, subsecretario de Facenda, conselleiro de Instrucción Pública, presidente das Cortes e ministro. Con Fernández Villaverde de presidente do Consello de Ministros, González Besada foi nomeado ministro de Facenda no ano 1903 (do 20 de xullo ó 5 de decembro). Fernández Villaverde nomeouno posteriormente ministro de Gobernación, cargo que exerceu do 27 de xaneiro ó 23 de xuño 1905. Maura nomeouno ministro de Fomento, cargo que desempeñou do 25 de xaneiro de 1907 ó 21 de outubro de 1909, despois pasou a Facenda. Retornou a Facenda, con Maura, no ano 1918 (do 21 de marzo ó 9 de novembro), este foi o derradeiro gran servizo que prestou ó Estado.

Morreu en Madrid o 3 de xuño de 1919.

González Besada foi un político extremadamente culto e autor dunha importante obra tanto periodística como en libros.

De estudante dedicouse intensamente ó estudio da literatura galega, como o amosan as súas publicacións: *Cuadro de la literatura gallega en los siglos XIII y XIV*, Pontevedra 1886; *Historia crítica de la Literatura Gallega. Edad Antigua*, dous tomos, A Coruña 1887. Daquelas lecturas e investigacións deu aínda mostras no ano 1916, cando publicou o discurso de ingreso na Real Academia Española, *La mujer gallega y Rosalía*. Outras ocupacións financeiras e políticas, obrigárono a cambia-lo rexistro das súas publicacións: *La reconstrucción económica del País* (1906), *La situación del crédito público* (1917), *El Crédito Público después de la Guerra* (1918). A súa derradeira obra foi a *Memoria sobre el proyecto de Ley de Colonización Interior* (1919).

A súa cultura e poder abríronlle as portas das tres grandes academias: a da Lingua, a de Ciencias Morais e Políticas e a de Xurisprudencia.

Iniciouse como deputado no distrito de Cambados na lexislatura de 1899 a 1901, representou este distrito ata 1907 en que pasa a Alxeciras (Cádiz). Nas eleccións de 1910 preséntase e sae elixido por Almería. Nas eleccións de 1914 obtivo a representación por Lugo, á que renunciou, e por Alcoi (Alacant). A partir de 1916 e ata a súa morte representa a Lugo.

Atribúeselle, e parece ser que con fundamento, á súa protección a construción dos malecóns de Pontevedra, a celebración da gran Exposición Rexional de Galicia (Santiago 1909), a creación da cátedra de Galego-Portugués na Universidade Central, que ocupou Said Armesto. Asistiu persoalmente á inauguración do monumento a

Rosalía de Castro en Santiago. Tamén foi el quen conseguiu o indulto para Emiliano Iglesias, o deputado radical pontevedrés, polos sucesos da Semana Tráxica.

A morte de González Besada foi moi sentida en Galicia porque se perdía un dos protectores máis decididos no desenvolvemento económico e na vida cultural.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Lexislatura 1919	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra

### GONZÁLEZ-BESADA Y GIRÁLDEZ, Carlos

Era fillo de Augusto González-Besada. Estudiu Dereito na Universidade Central e unha vez acabados os estudos, o seu pai procuroulle un posto de vicecónsul de España en París.

A repentina morte do seu pai, no ano 1919, alterou os seus plans. Decidiu regresar a España e presentarse polo mesmo distrito que representaba o seu pai no momento da súa morte (Lugo), nas eleccións parciais convocadas con este fin.

Saiu deputado por Lugo, tomando posesión o 26 de xaneiro de 1920.

Volveu ser elixido pola cidade de Lugo nas eleccións de 1920 e nas que se celebraron en 1923 foi elixido por Monforte.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1919-1920	Deputado (desde 1920) polo distrito de Lugo	Lugo
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo

### GONZÁLEZ CARBALLEDA, Félix

Nas eleccións de 1879, Saturnino Álvarez Bugallal obtén a representación de dous distritos, o de Ponteareas e o de Ourense. Xa nas Cortes, e a pesar dos requirimentos para que o deputado que tivera máis de un distrito optara a un, deixando libre os demais, os deputados as veces retardaban esta opción, de acordo cos intereses dos candidatos dipostos a sucedelo no distrito vacante.

Álvarez Bugallal non renunciou ó distrito de Ponteareas (quedándose no de Ourense) ata 1880, posiblemente agardando a que o candidato que a el lle interesaba estivera en condicións de optar con garantía ó distrito.

González Carballeda sométese a unhas eleccións parciais e resulta elixido en 1880 por Ponteareas. Ingresa nas Cortes e formou parte das comisións de Crédito extraordinario e de Ferrocarril Monforte-Ourense.

Nas eleccións de 1884, Becerra Armesto que na anterior lexislatura fora deputado por Celanova, opta polo distrito de Ferrol, de acordo co "encasillado" que fixo o Ministerio, deixando libre o de Celanova, que foi destinado ó noso protagonista.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1879-1881	Deputado por Ponteareas	Pontevedra	(Tomou posesión en 1880)
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense	



### GONZÁLEZ DE CASTEJÓN, Francisco (Conde de Castejón)

Xa na lexislatura de 1834-1835 foi prócer do reino pola provincia de Ourense, designación que, como se sabe, non estaba sometida a elección.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1841-1842	Senador pola provincia de Ourense
-----------------------	-----------------------------------

### GONZÁLEZ DE MONTAOS, Manuel Gaspar

Era cóengo penitenciario da catedral de Santiago cando foi elixido en 1813 para representa-la provincia de Santiago nas Cortes reunidas de Cádiz.

O 17 de xaneiro de 1814 o seu nomeamento recibía dictame favorable e o 31 deste mes xuraba e tomaba posesión do seu cargo de deputado.

O 1 de marzo de 1814 pasou a formar parte da Comisión de Comercio. Non falou nunca, só fixo unha proposta o 18 de abril de 1814, sen ningún interese. O seu absolutismo queda comprobado se temos en conta que foi un dos asinantes do *Manifiesto de los Persas*.

Descoñecemos se retornou a Santiago despois de pecha-las Cortes en maio de 1814, aínda que todo parece indicar que debeu quedar en Madrid desempeñando algún posto oficial, porque, no ano 1816, o Cabido de Santiago publicou edictos para cubri-la súa canonxía de Penitenciario.

Nos anos 1817 e 1818 exerceu de contador da Comisaría da Cruzada, en Madrid e



de 1819 a 1820 foi membro honorario da contaduría do consello de Facenda, en Madrid.

A partir deste momento carecemos de noticias sobre este deputado

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1814 Deputado pola provincia de Santiago

### **GONZÁLEZ DE OLAÑETA, Ulpiano** **Marqués de Valderrazo, Visconde de los Antrines**

**S**ó foi deputado por Galicia durante 16 días, desde o 6 de marzo de 1873 ata o 22 de marzo de 1873, substituíndo no distrito de Bande a Mosquera García.

Naceu en Madrid o 13 de maio de 1847, fillo de Antonio González, Marqués de Valderrazo, de Mombuei (Zamora), do corpo diplomático e senador e de María Josefa de Olañeta, de Cuzco (Perú).

Foi educado en Londres, onde o seu pai era embaixador.

Estudou Dereito e ingresou no corpo diplomático.

Militou sempre no partido liberal. Colaborou na revista *La Ilustración Española* e noutros xornais. Publicou obras como *La libertad de imprenta*, *El Divorcio*, *El Matrimonio Civil*, *Viaje por Abisinia* que é unha biografía do seu pai.

No ano 1873 herda o marquesado de Valderrazo á morte do pai.

Iníciase na vida parlamentaria no ano 1873 en que substitúe a Mosquera García (vex.) como deputado polo distrito de Bande. No ano 1874 foi concelleiro e tenente alcalde de Madrid. Posteriormente representou, na lexislatura de 1876-1878, ó distrito de Santa Fe (Granada), na lexislatura de 1881-1884, 1886-1889, 1891-1893, 1893-1895 ó distrito de Llerena (Badaxoz). Entre 1894-1896 foi senador por dereito propio. No ano 1888 foi vicepresidente do Congreso.

Foi embaixador de España en Italia, no Quirinal, en 1911 e tamén embaixador ante Portugal. Morreu en Madrid o 24 de xuño de 1928.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1872-1873 Deputado polo distrito de Bande Ourense  
Tomou posesión o 6 de marzo de 1873

---

---

**GONZÁLEZ GARRA, Wenceslao**

Importante propietario e navieiro, membro do partido conservador.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra

---

---

**GONZÁLEZ GUTIÉRREZ, Pedro****■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Pontevedra
Lexislatura 1873-1874	Deputado polo distrito de Pontevedra

---

---

**GONZÁLEZ MONTERO, Salvador**

O distrito de Mondoñedo que nas eleccións de 1863 ocupara o Conde de Pallares, quedou baleiro porque o Conde decide retirarse da política, por un problema persoal, e os Pardo Montenegro, que pretendían o distrito, non entraban naquel intre nos plans do Goberno. Por iso en 1864 o Goberno coloca a un cunero Rodríguez Rubía que seguramente nunca visitara o distrito. A partires de 1865 desaparecen os distritos individuais que quedan agrupados en dúas seccións: Lugo e Mondoñedo. Este foi o momento do que se valeu o Goberno para situar na sección de Mondoñedo a varios cuneros: Gabino Tejado, Carlos Jiménez e González Montero.

No Congreso, o noso protagonista que xurou o cargo o 4-IV-1867, participou na Comisión de Ferrocarril de Xerez tomando parte nos debates pero só como membro desta comisión.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1867-1868	Deputado pola sección de Mondoñedo	Lugo
-----------------------	------------------------------------	------

---

---

**GONZÁLEZ OLIVARES, Alejandro**

Supoñemos que era fillo do catedrático da Universidade, José González Olivares, médico de recoñecido prestixio en Santiago.

É dos políticos que emerxen no momento revolucionario de 1868. O novo Goberno revolucionario nomeouno gobernador de Ourense (o que indica non só que participaba do ideario revolucionario senón que ademais colaborara activamente coa revolución nos seus preparativos) e un mes antes das eleccións presentou a súa dimisión de gobernador para poder optar a un distrito dentro da propia provincia, como estaba

regulado por lei.

Decidiu non presentarse nas eleccións de 1869, pero en canto quedou libre un distrito da sección de Xinzo por renuncia de Carretero Sánchez (véx.), destinado como administrador das Aduanas da Habana, presentouse e obtivo o escano vacante. Sen embargo, cando presentou a súa documentación no Congreso, hai unha forte oposición para outorgarlle a posesión, porque o deputado por Ourense, Diéguez Amoeiro (véx.) denunciou fraudes e abusos cometidos polo noso candidato para obter o escano fronte ós méritos do seu contrincante, Juan Iguesón Miramón, xuíz de Madrid. Esto pon de manifesto as tensións que xa había na provincia de Ourense entre os mesmos que apoiaran a revolución. Sen embargo, o voto favorable da maioría converteuno en deputado a partir do 12 de febreiro de 1870.

González Olivares, a pesar de que era un novato nas Cortes, soubo enfrontarse de forma brillante nada menos que con Álvarez Bugallal, un dos consagrados nas cortes. O 2 de abril de 1870 Álvarez Bugallal acusou ó Ministro de Fomento, Echegaray, de afirmar nun discurso que chegaría un día no que en ningún centro escolar se estudiaría a relixión positiva. Álvarez Bugallal defende a relixión e vai máis alá, atacou os fundamentos do novo sistema revolucionario.

En resposta ó inesperado discurso de Álvarez Bugallal (naquelas Cortes claramente escoradas cara ó anticlericalismo), varios deputados (Becerra Bermúdez, Martos, Gaspar Rodríguez, Rojo Arias e González Olivares) presentaron unha moción na que apoiaban o pensamento e as palabras de Echegaray. Encargouse González Olivares de defender a moción na mesma sesión do 2 de abril de 1870. Acusou elegantemente a Álvarez Bugallal, lembrándolle que fora un represor da liberdade de prensa, que defendera a monarquía nun momento no que a prensa libre poñía ó descuberto os seus vicios, que andara con cirios nas procesións facendo ostentación da súa relixiosidade. Álvarez Bugallal que non agardaba aquel ataque recorreu ó ataque persoal: este deputado era un ninguén, "viene del desierto", é dicir, ninguén o coñece, vén da nada, dando a entender que a súa pequenez non pode compararse coa súa gloria. Naquela sesión apareceu o Álvarez Bugallal máis mediocre.

Non consta que se volvera a presentar ás eleccións ata 1884 en que resulta elixido polo Carballiño, posteriormente en 1891, por Lalín, e despois foi senador por Lugo en dúas ocasións.

Formou parte de moitas comisións, especialmente das de pensións, xurados mixtos, facenda, Tribunal de contas, Quintas do Exército, e doutras.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1869-1871	Deputado pola sección de Xinzo	Ourense
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Carballiño	Ourense
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra
Lexislatura 1893-1894	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1898-1899	Senador pola provincia de Lugo	

**GONZÁLEZ PEDROSO, Manuel**

Sen vinculación coñecida con Galicia, este ilustre escritor e crítico literario representou nunha ocasión o distrito de Ourense.

Naceu en Madrid no ano 1822. Na capital de España iniciouse no xornal *El Globo* (1844-1845), e deuse a coñecer como crítico teatral no xornal moderado *La España* (1848-1869). No ano 1848 publicou en Madrid o drama trágico *Paulo el Romano*. Colaborou no diario católico *El Pensamiento Español* (1860-1868) con artigos antiliberais que o aproximaban ó neocatolicismo. No ano 1854 fundou con Navarro Villoslada, Suárez Bravo e Esteban Garrido a publicación *El Padre Cobos*, que dirixiu Cándido Nocedal, publicación que desapareceu no ano 1865, cando Nocedal foi nomeado ministro de Gobernación.

Cando os moderados, especialmente os neocatólicos, estaban no poder, González Pedroso ocupou algúns cargos, dos que era destituído cando os progresistas chegaban ó Goberno. Así sabemos que no ano 1853 foi censor de teatro, que neste mesmo ano ingresou na Administración como oficial quinto, de 2ª clase, do Ministerio de Gobernación, pasando de seguida a 2º oficial do mesmo ministerio. No ano 1857, sendo ministro de Gobernación o seu amigo e protector Nocedal, foi nomeado director Xeral de Beneficencia e Sanidade.

Nas eleccións do ano 1857 foi elixido polo distrito de Ourense, Manuel de Seixas Lozano. Como dimitiu, nunhas segundas eleccións, o Goberno moderado propuxo a González Pedroso para substituílo.

No Congreso non nos consta que participase nos poucos meses nos que exerceu como deputado.

Morreu en Madrid o 27 de decembro de 1862. O xornal *La Época* (27 de novembro de 1863) daba a noticia de que morrera. Dupanloup que viña a España para recoller información sobre santa Tareixa, encargáalle a González Pedroso que lle axudase, e parece ser que tiña importantes informacións para o famoso bispo, que lamentou sentidamente a morte do xornalista.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
-----------------------	-----------------------------------	---------

**GONZÁLEZ SAN MARTÍN, Ángel**

Naceu o 17 de maio de 1866. Dispoñía dunha gran fortuna, xa que só no Banco consta que tiña no ano 1901 un depósito de 750.000 pesetas. Sen conta-las propiedades inmobiliarias.

Obtivo a primeira representación no Senado nas eleccións de 1901 pola provincia de Córdoba. Posteriormente foi senador pola provincia de Ourense entre 1903 e 1904 e



1905 e 1907, sen embargo o 5 de decembro de 1906 presentou a renuncia a senador para ocupar outro cargo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1903-1905	Senador pola provincia de Ourense
Lexislatura 1905-1907	Senador pola provincia de Ourense (Dimite en 1906)

### GONZÁLEZ VALLARINO, Felipe

Naceu en Oviedo o 9 de decembro de 1836, fillo de Francisco de Paula González, maxistrado da audiencia de Burgos e membro do Consello do Rei, e de María Dolores Vallarino, ámbolos dous de Sevilla.

Estudou Dereito na Universidade de Sevilla, estudos que rematou en 1859. Doutorouse pola Universidade Central en 1860.

Como tódolos mozos con aspiracións, viviu en Madrid, onde se iniciou nos primeiros postos da Administración. Parece ser que gozaba da alta protección de O'Donnell, quen o recomendou no ano 1861. En 1862 empeza a traballar no Ministerio de Gracia e Xustiza como auxiliar de ordenador de pagos, ó ano seguinte ascendeu a auxiliar da clase cuarta do Ministerio de Fomento. En 1863 consegue meterse na carreira xudicial como promotor fiscal dun distrito de Madrid. Neste posto estará ata 1868 en que pasa a maxistrado da Audiencia de Oviedo.

No ano 1866 casaou con Feliciano de la Puente Acepechea.

En 1875 ascende no Ministerio de Gracia e Xustiza a xefe de Administración de primeira clase.

Como pode observarse González Vallarino realizou unha lenta ascensión nas ramas da Administración e da Xustiza, o que posiblemente explica que procurase no Congreso e no Senado a compensación da súa falta de promoción na vida política.

Obtivo a primeira representación polo distrito navarro de Baztán na lexislatura de 1876 a 1878. O 22 de decembro de 1879 tomou posesión no Congreso como deputado polo distrito de Lugo, en substitución, nunha elección parcial, de Manuel Darriba do Rego, elección que posteriormente foi anulada. O desembarco deste político en Lugo debeuse ó interese de Silvela e, sobre todo, de Romero Robledo. O conde de Pallares, árbitro da situación, non tiña moi claro se interesaba ou non para presentalo por Lugo. Nas eleccións de 1879 presentouse e foi derrotado por Manuel Darriba. Vallarino contaba co apoio en Madrid de Romero Robledo e de Silvela, que lograron anula-la elección a favor de Darriba ó aduciren que os votos dados a Vallarino en lugar de Vallarino, e que foran anulados, tiñan que ser computados. Sen embargo, en Lugo gozaba de pouca estimación porque por unha carta escrita por Matías López (véx.) a Antonio



María Cedrón dise del que "es un cunero que en ninguna parte le quieren, goza de muy mala fama pero es muy hábil y se hizo rico. Andaluz y muy charlatán". Así mesmo acúsano de ser avogado en preitos feos. Ademais, nas Cortes, votou con frecuencia cos liberais a pesar de saír nas listas conservadores, xa que consta que mantiña contactos con estes, especialmente co deputado liberal Cándido Martínez (véx.) que foi quen o apoiou para que saíse deputado por Ribadeo.

Na lexislatura de 1884 a 1886 foi deputado por Ribadeo.

Como representante de Lugo tivo unha actuación notable, sobre todo no seu traballo en comisións, xa que pertenceu as de Presupostos, Reducción de concellos, Incompatibilidades, Tratado comercial de España e Austria, Ferrocarril Mérida-Sevilla, Organizacións dos tribunais colexiais, etc. Na sesión do 10 de febreiro de 1880, expuxo a mala situación económica na que se atopaba Galicia e a dificultade que existía para facer fronte ó pagamento dos impostos. Na sesión do 18 de maio de 1880 tivo unha longa actuación sobre a reforma penal. Na súa intervención, que demostra unha boa formación xurídica, defendeu que o fin da pena máis que a corrección do delincente é a satisfacción obxectiva polo delito cometido. Opúxose, por conseguinte, ós grandes investimentos en centros penitenciarios, precisamente porque non confiaba na corrección do delincente.

Volveu representar a Lugo na lexislatura de 1891 a 1893, pero nesta ocasión no Senado. Segue a demostrar gran actividade nas comisións, e formou parte das de Descanso dominical, Regulamento do Senado (como secretario) e na comisión de Estradas (ningunha por certo de Galicia).

Desde 1893 e ata 1903 representou no Senado á Universidade de Valladolid. Finalmente dende 1903 foi nomeado senador vitalicio.

Morreu en Madrid o 1 de abril de 1920.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1891-1893	Senador pola provincia de Lugo	

#### ==== GONZÁLEZ ZÚÑIGA, Claudio

**N**aceu en Pontevedra o 3 de agosto de 1784. De mozo marchou para Madrid cos Irmáns de San Xoán de Deus, congregación á que pertenceu ata 1826, ano no que se secularizou. Aspecto este da súa biografía sempre oculto. A congregación dispuxo que estudiase medicina no Colexio Médico-Quirúrxico de San Carlos de Madrid, para atenderlos doentes que tiña a congregación.

Durante a Guerra de Independencia serviu como médico en varios hospitais, retornando a Pontevedra ó remate da guerra.

Aínda que afastado da Congregación, seguía formando parte dela. No Trienio Constitucional, toma partido definitivamente polo liberalismo. Iso fixo que a cidade o nomease o seu primeiro alcalde. En condición de tal e á fronte dos liberais perseguíu os absolutistas, que ameazaban con ocupar Pontevedra. Defendeu o sistema liberal, mesmo fronte ás tropas do duque de Angulema. Por iso cando caeu o sistema liberal, en agosto de 1823, decidiu refuxiarse nun barco de contrabandistas ancorado en Beluso ata que considerou que podía regresar a Pontevedra.

De inmediato foi denunciado por liberal e tivo que dar conta da súa conducta ó capitán xeneral Eguía, que se mostrou con el "tan brutal y grosero" que don Claudio chegou a pensar que o ía matar. Estivo detido e desterrado mentres se lle abrían varios procesos: un na Real Audiencia de Galicia, do que saíu indemne, e outro eclesiástico, xa que seguía sendo clérigo.

Publicou varias obras. A primeira, impresa en Santiago no ano 1822 *Discurso sobre la historia y progreso de la Medicina y Cirujía*, foi motivo de denuncia, xa na época absolutista, por herético, o que novamente o levou ó cárcere.

Dedicado ó exercicio da medicina, máis sosegadamente, foi publicando outras obras, *Descripción Económica de la provincia de Pontevedra* (1834), *Proyecto de reforma de la ley electoral vigente* (1840), *Historia de Pontevedra* (1846) que é un fervoroso canto, aínda que escasamente crítico, á súa cidade. No ano 1848 volveu publicar unha *Descripción Geográfica, estadística, económica e histórica de la ciudad capital de Pontevedra*, que é un manifesto en favor da capital provincial desta cidade fronte ó interese da cidade de Vigo por substituíla.

Nas eleccións de 1840 saíu elixido deputado suplente. Ó renunciar ó escano Pedro Fernández Villaverde, González Zúñiga solicitou o 2 de maio de 1840 substituír ó dimitido. Chegou ó Congreso e tomou posesión o 1 de xullo de 1840. Sen embargo, o 25 de xullo de 1840 foron suspendidas as Cortes, polo que don Claudio non puido manifestarse nin formar parte de ningunha comisión. Volveu ser alcalde de Pontevedra no ano 1844 desenvolvendo unha grande actividade: solicitou do Arcebispo os terreos dos Churruchaos para construí-lo cárcere; encargoulle ó enxeñeiro Juan Rajo os planos da Ponte da Barca, habilitou o ex-convento de Santo Domingo para acuartelamento da Garda Civil e do exército, mandou face-los planos para construí-la espaciosa escaleira da fachada da igrexa de San Francisco, etc. Cesou o 29 de xullo de 1845 ó ser nomeado Conselleiro Provincial.

Morreu este ilustre intelectual o 3 de novembro de 1857 na súa amada cidade de Pontevedra que o lembra e ten na súa memoria histórica.

---

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1840

Deputado pola provincia de Pontevedra

---

---

**GOROSTIDI ALBÉNIZ, Francisco**

Naceu en Madrid o 12 de outubro de 1849, fillo do funcionario José María Grostidi Bordagaray e de Ángela Albéniz Amestoy, veciños de Getaria e San Sebastián. Descoñecemos por qué a raíña Isabel II e o seu marido quixeron ser padriños do seu bautizo.

Rematou o bacharelato en 1868, a licenciatura en Dereito Administrativo en Madrid en 1871 e a licenciatura en Dereito Civil na mesma Universidade en 1872.

Non nos consta que exercese ningún posto na Administración do Estado.

Na lexislatura de 1876 a 1879 representou, como deputado, o distrito de Azpeitia (Guipúscoa). Na lexislatura de 1884 a 1886 seguiu representando a Azpeitia e na de 1886 a 1890, a Zumaia (Guipúscoa). Na obra *Diccionario biográfico de los Parlamentarios Vascos*, dirixido polo amigo J. Aguirreazkuenaga, e de onde extraemos estes datos, amplíase a información sobre a súa actividade no Congreso, representando ó País Vasco.

Na lexislatura de 1896 a 1898 foi senador pola provincia de Pontevedra. Nesta lexislatura formou parte das comisións sobre Créditos do Tesouro en Filipinas (foi secretario), Reforma da lei de Instrucción Pública (foi secretario), Estradas (entre outras a de Tui-Goján), etc. Consta que era solvente aínda que non tiña fortuna.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1896-1898      Senador pola provincia de Pontevedra

---



---

**GOYGORRI DE LA TORRE, Federico**

Un ilustre mariño que só ocasionalmente, e por razón do encasillado que facía o Goberno, saíu senador por Pontevedra nunha lexislatura. Non tiña ningunha relación coa nosa terra.

Naceu en Málaga o 3 de novembro de 1849. Ingresou na Armada no ano 1863 e pouco a pouco foi ascendendo.

Foi un mariño moi vencellado á vida política. Foi Gobernador Civil das provincias de Baleares, Huesca, Navarra e Guadalajara.

Resultou elixido por vez primeira deputado polo distrito de Sagunto (Valencia) no ano 1881. Representou tamén os distritos de Gandesa (Tarragona) entre 1886 e 1889, novamente a Sagunto (Valencia) entre 1898 e 1899.

Na lexislatura de 1901 resultou elixido senador pola provincia de Valencia. Na lexislatura de 1905 a 1907 saíu senador pola provincia de Pontevedra, pero só estivo un ano, en 1905, no Senado.



Finalmente no ano 1906 o Rei nomeouno senador vitalicio.

Sempre militou no partido liberal, pero era unha persoa aceptada polos dous partidos da quenda.

No ano 1914 era xa contraalmirante da Armada. Atrás quedaban os anos de agregado naval na embaixada de España en Francia. O posto máis alto na Administración civil foi o de xefe superior da Administración Civil.

Estaba condecorado coa orde militar de Santiago, coa cruz do Mérito Militar, oficial da Lexión de Honor, Encomenda de Isabel a Católica, Mestrante de Zaragoza, etc.

Foi un grande experto en temas militares e procuraba formar parte das comisións de temática militar. Cando representou a Galicia no Senado en 1905 foi secretario da comisión encargada de procura-lo bronce para a estatua do duque de Tetuán, secretario da comisión encargada de vixiar a non utilización de explosivos na pesca, secretario da comisión sobre represión por delitos dentro do exército, sobre ascensos (tamén secretario). Participabou moi activamente, preguntandolles ós ministros sobre diversas cuestións e pronunciando varios discursos importantes, especialmente no tema de presupostos.

Foi un exemplo de cómo os militares teñen moito que ensinar cando se integran nas institucións civís.

Morreu este ilustre mariño o 21 de abril de 1915. Aínda que non estaba integrado en Galicia, foi na lexislatura que nos representou un exemplo de laboriosidade.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1905-1907 Senador pola provincia de Pontevedra (Só estivo o ano 1905)

### GROTA ORTIZ, Carlos

Naceu o 4 de novembro de 1830.

Non interveu na alta política ata a Restauración. Representou en tres lexislaturas o distrito de La Vecilla (León), as de 1876 a 1878, 1879 a 1881 e 1884. En canto saíu elixido deputado, renunciou en favor de Lucio González Martínez, para pasar el ó Senado.

Como senador representou a provincia de Pontevedra entre 1884 e 1886.

Formou parte das comisións da Liña Férrea de Cádiz (secretario), Estradas de Badaxoz, Cáceres e Zaragoza (secretario), Estrada de Redondela A Guarda-Ponte Internacional do Miño (secretario) e Inutilización da moeda de bronce e cobre (secretario).

En 1875 era funcionario do Ministerio de Fomento, no mesmo ano foi director xeral de Facenda; en 1879 director xeral de propiedades e Dereitos do Estado, e no ano 1880 ministro do Tribunal de Contas.

Parece ser que tiña minas propias en Río Tinto.

Foi do partido conservador e finalmente da disidencia de Romero Robledo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1894-1896	Senador pola provincia de Pontevedra
-----------------------	--------------------------------------

### GUARDIA Y CORENCIA, Miguel de la

Escasos son os datos que temos deste deputado, que só representou a Galicia nunha lexislatura.

Era catedrático de Dereito Civil na Universidade de Granada e avogado.

Representou na lexislatura de 1872 a 1873 o distrito de Baeza (Xaén). Na lexislatura de 1886 a 1888 representou o distrito de Xaén. No ano 1888, ó ser nomeado director xeral de Gracia e Xustiza renunciou ó escano, pero no ano 1889 substituíu no distrito de Girona a Juan Fabra Florete.

Na lexislatura de 1893 a 1896 foi deputado polo distrito de Ordes (A Coruña) e na lexislatura de 1898 a 1899 foi elixido pola provincia de Granada como senador.

Morreu en Granada o 5 de febreiro de 1899.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
-----------------------	---------------------------------	----------

### GUILLELMI GÁLVEZ, Lorenzo

Ningunha relación tiña con Galicia este deputado que representou o distrito de Lalín na lexislatura de 1884 a 1886.

Militar de carreira, deixou o servizo activo coa graduación de comandante.

Debeu inicia-la súa vida política na Restauración, porque aínda que na documentación procedente do Senado aparece un Lorenzo Guillelmi como deputado por Canarias na lexislatura de 1844 a 1845, que por certo foi declarada nula, non cremos que se trate do mesmo Lorenzo Guillelmi, senón do seu pai ou dun parente do noso biografado.

Foi nomeado segundo xefe da Dirección de Correos en 1875 e despois ordenador xeral de Pagos do Ministerio de Estado.

Empezou como deputado polo distrito de Molina de Aragón (Guadalaxara) nas

lexislatura de 1876 a 1878 e 1879 a 1881.

Despois de ser deputado por Lalín en 1884, foi elixido senador pola provincia de Soria, no ano 1891.

Sabemos que tiña propiedades na provincia de Soria. Foi titor do vizconde de Eza en 1879. Cando fixo o expediente para acredita-los seus ingresos ante o Senado, non mencionou as súas propiedades, agás dunha casa en Madrid, na rúa das Salesas e un depósito no Banco de España de só 5.000 pesetas.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra
-----------------------	---------------------------------	------------

**GUITIÁN FARIÑA, Claudio**

É o terceiro dos Guitián que nestes anos aparece representando a Monforte. Colle o relevo de Guitián García, que representou por última vez a este distrito entre 1884 e 1886, e continua a estirpe dos Guitián ata 1891.

Sabemos del que era de Monforte, enxeñeiro de minas.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1886-1891	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
-----------------------	------------------------------------	------

**GUITIÁN GARCÍA, Antonio**

O camiño aberto por José Guitián García é proseguido xa na Restauración por Antonio Guitián García, o seu irmán.

Presentouse ás eleccións de 1879, e resultou proposto deputado, sen embargo varios deputados pediron con insistencia a anulación da acta por supostos moi graves defectos. Estes deputados pretendían (entre eles Aureliano Linares Rivas) que fose declarada nula a acta e que se tomase a decisión de elixi-lo candidato oposto Isidro Aután. A denuncia foi tomada en consideración o 17 de marzo de 1880 e na sesión do 31 de marzo do mesmo ano, as Cortes declararon nula a acta.

Feita de novo a elección, novamente resulta elixido o noso protagonista que, por fin, toma posesión o 2 de xuño de 1880.

Nesta lexislatura formou parte da comisión de Ensenanza de Gramática e non tomou parte nos debates.

Foi novamente elixido deputado por Monforte no ano 1884, eleccións que tiveron lugar baixo a tutela do partido conservador.

Foi el quen logrou do Ministro de Gobernación, Romero Robledo, que debía se-lo

seu protector e padriño, o Real Decreto do 27 de xaneiro de 1885 no que se lle concedeu a Monforte o título de cidade. Nese momento era alcalde de Monforte Benito Guitián. O Concello acordou colocar unha lápida de mármore no salón de sesións conmemorando o acontecemento e facendo na acta mención explícita de Antonio Guitián "por haber conseguido tan justo título para su pueblo".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo (Tomou posesión en 1880)
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo

### GUITIÁN GARCÍA, José

Concluído en Monforte o predominio dos Yáñez Rivadeneira e mentres non se constituíu o novo poder de Guillermo Osma y Scull, houbo un período de evidente dominio da familia Guitián que, a través de varios membros, controlou o concello desta vila, que eles axudaron a converter en cidade, como se viu cando falamos de Antonio Guitián, e a representación do distrito.

Abre esta nova fase, José Guitián García que, ó amparo do cambio provocado pola Revolución de 1868, logra saír elixido deputado polo distrito de Monforte na lexislatura de 1872 a 1873.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
-----------------------	------------------------------------	------

### GULLÓN GARCÍA PRIETO, Alonso



Pertencía a familia *extensa* dos monteristas/prietistas/gullonistas (véx. Montero Ríos)

Naceu en Madrid o 18 de maio de 1884. Licenciado e Doutor en Dereito pola Universidade Central.

Contando con tan notables apoios non lle resultou difícil entrar na Administración do Estado, como Gobernador de Santander, vocal do Consello Superior de Emigración e no último goberno da Restauración, o de 1923, foi nomeado subsecretario do Ministerio de Gobernación.

Nas eleccións de 1910, Fernández Latorre saíu elixido deputado por Ortigueira e polo distrito de Coruña. Para facerlle un importante favor ós monteristas, Fernández Latorre quedou co distrito da Coruña e cedeu o de Ortigueira para que nunhas elec-



cións parciais obtívase o distrito Alonso Gullón. Quedará enfeudado neste distrito.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1911-1914	Deputado polo distrito de Ortigueira	A Coruña (Non tomou posesión ata o 17 de marzo 1911)
Legislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Ortigueira	A Coruña
Legislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Ortigueira	A Coruña
Legislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Ortigueira	A Coruña
Legislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Ortigueira	A Coruña
Legislatura 1923	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña

### GUTIÉRREZ DE CAVIEDES, Manuel

Éra fillo de Ignacio Gutiérrez de Caviedes e de Antonia Gutiérrez de la Torre, naturais de Cabezón de la Sal (Caduérniga, Santander), aínda que o seu avó, tamén chamado Ignacio Gutiérrez de Caviedes, nacera en Betanzos e fora, ademais de avogado Real, Alcalde Maior de Ferrol e A Graña.

Casou con Josefa Ramona de Leis Varela que procedía da casa de Boallo (Berdoias, Vimianzo) e da casa de Lens (Ames) e achegou ó matrimonio un inmenso patrimonio, as casas e pazos de Ramil (Rus, Carballo); de Reiboo (Liñaio, Ames); de Soesto (Laxe); de Vilacoba (Trazo) e de Vilamid (Vilouchada, Trazo), coas súas terras e dereitos.

Gutiérrez de Caviedes optou polo liberalismo, fronte ó carlismo e esta opción foille moi saudable económica e politicamente.

No ano 1837 foi Gobernador e Presidente da Deputación de Pontevedra e en 1838 era comandante do Destacamento de Urbanos de Vilagarcía.

Representou só nunha ocasión a Galicia, na lexislatura de 1834 a 1836, aínda que non consta, polas actas, que realmente chegara a participar no Congreso porque é posible que fose destinado a algún posto de responsabilidade para defende-la monarquía isabelina fronte ós carlistas.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1834-1836	Deputado pola provincia da Coruña
-----------------------	-----------------------------------

### GUTIÉRREZ DE LA CÁMARA, Emilio

Oficial de Cabalería, que se retirou no ano 1891 con trinta e cinco anos de servicios ó exército.

En 1876, ó ser elixido deputado por Tabeirós (A Estrada, Pontevedra) era Axudante de Campo do ministro da Guerra. Foi condecorado coa Cruz Roxa de 2ª clase do Mérito Militar pola súa actuación na Guerra de Cuba.

Casou con dona Matilde de la Torre Perovani, cubana. A súa nai Elvira Perovani de

la Torre deixou á súa morte unha importante herdanza. Había dous inxenios azucreiros e outras moitas propiedades. Deixou seis fillos e de seguida comezaron as disputas familiares pola herdanza. Dicimos esto porque foi o motivo polo que o noso biografo, que resultou elixido senador no ano 1886 por Porto Príncipe (Cuba) e no 1891 por Sancti Spiritus (Cuba), non puido chegar a tomar posesión ó non ser capaz de xustificalo mínimo de riqueza esixible para ser senador. Por conseguinte, era rico pola súa muller pero a riqueza estaba intervida xudicialmente mentres non se resolvía o litixio entre os herdeiros.

Como deputado por Galicia temos que dicir que foi bastante activo nas comisións pero case nunca falou no Congreso. Unicamente interveu no nome das comisións cando se trataba dalgún asunto militar especialmente de carácter corporativo.

Foi membro da lexislatura de 1876 das comisións de Forza permanente do exército, e do Estado Maior. E na lexislatura de 1879 foi membro das comisións de Deputados militares, Ferrocarril de Belmés a Pozo Blanco e de Estradas (ningunha de Galicia).

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1879	Deputado por Tabeirós	Pontevedra
Lexislatura 1879-1881	Deputado por Coidas	Pontevedra

### ===== GUTIÉRREZ DE LA VEGA, José Antonio

Pertencía a unha familia latifundista da provincia de Cidade Real "de viejo abolengo y ejerce en aquellos pueblos positiva influencia social, que, mantenida durante muchos años por las buenas obras, se convierte a la hora necesaria en legítima fuerza política" (Sánchez de los Santos).

Desde 1872 representou o distrito de Villanueva de los Infantes (Cidade Real). Logo, na lexislatura de 1884 representou o distrito de Albocácer (Castellón). No lexislatura de 1891 a 1892 retornou novamente a Villanueva de los Infantes, distrito que abandonou para deixar espacio para o seu irmán Andrés Gutiérrez de la Vega. Entre 1896 e 1900 foi senador por Cidade Real.

Representou a Galicia só nunha ocasión, na lexislatura de 1886 a 1891, polo distrito de Ordes. Naquela lexislatura resultara elixido por Ordes Luciano Puga Blanco, pero dimitiu e Gutiérrez de la Vega foi elixido nunha elección parcial, polo que tomou posesión o 17 de marzo de 1887. Participou na Administración do Estado con algúns cargos, como ministro do Tribunal de Contas en 1896 e 1899.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1887-1891	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
-----------------------	---------------------------------	----------

**GUTIÉRREZ DE RUBALCAVA CASAL, Joaquín  
(Marqués de Rubalcava)**

Ferrol proporcionoulle a Galicia unha moi cualificada representación de membros da Armada. O noso biografado é posiblemente un dos paradigmas desta representación.

Fillo do tenente xeneral da Armada don Alejo Gutiérrez de Rubalcava e sobriño do ex-ministro Mazarredo, naceu en Ferrol o 19 de marzo de 1803.



Sentou praza de gardamaría o 13 de novembro de 1819. Despois foi cubrindo todo o curriculum da Armada: alférez de fragata no ano 1829, oficial do Ministerio de Mariña dende 1846, capitán do porto da Habana (1847-1851), retornou á secretaría de Mariña, brigadier no ano 1852, director do Depósito Hidrográfico no ano 1854, xefe da Escuadra no ano 1857, capitán xeneral do Departamento de Cartaxena (1859), conselleiro de Estado polo ministerio de Ultramar, presidente da Xunta Consultiva da Armada, ministro en 1864 e 1866.

No ano 1868 retirouse da política e negouse a recoñecer a Amadeo polo que ten que dimitir de tódolos cargos.

Coa Restauración foi repostado en todos eles, ascendeu a Almirante da Armada e o ano 1878 recibe o marquesado de Rubalcava.

Politicamente situouse sempre como un liberal independente pero a partir de 1868 pasou a integrarse no partido conservador.

Foi ministro de Mariña en dúas ocasións: no ano 1864, cun goberno da Unión Liberal (do 17 de xaneiro de 1864 ó 1 de marzo de 1864) e noutra ocasión con Narváez en 1866, tamén por pouco tempo.

Saíu elixido pola provincia da Coruña no ano 1845, para substituír a Bernardino Malvar, que dimitiu. Entrou nas Cortes en decembro de 1845 e estas suspendéronse o 17 de marzo de 1846, polo que o noso biografado só participou na comisión de Casos de reelección e non falou nunca.

Resultou novamente elixido nas seguintes eleccións de 1846, nesta ocasión polo distrito de Ferrol. Estivo bastante tempo ausente do Congreso, con licencias, e o 2 de marzo de 1848 foi nomeado capitán do Porto de Santa María, polo que tivo que dimitir como deputado, posto no que o substituíu o tamén mariño Doral (véx.).

Como deputado non falou en ningunha das dúas ocasións nin consta que traballase asiduamente nas Comisións.

No lexislatura de 1863 a 1864 e xa sen ningunha relación con Galicia, foi senador por

dereito propio e no ano 1877 foi nomeado Senador vitalicio.

Morreu este ilustre mariño en Madrid o 13 de abril de 1881.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1845-1846	Deputado pola provincia de Coruña
Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Ferrol A Coruña

— H —

**HENRY TIÓ, Joaquín Ricardo**

Naceu na Coruña, seguramente en 1790. Era fillo de Ángel Henry Veira, oficial dos Correos Marítimos da Coruña, editor do xornal coruñés *El Diario de La Coruña* (1808-1809) e autor de varias obras, e de María Antonia Tió de las Casas, filla dun comerciante de Calella (Barcelona).

O noso protagonista ingresou no corpo da administración xeral de Correos Marítimos e Terrestres, con destino en Xirona no ano 1815, cando publicou a obra *El Oficinista Instruído*, da que era coautor con seu pai, que xa morrera, e que se trataba dun libro de consulta para os empregados deste ramo.

Posteriormente ingresou como oficial do Ministerio de Gobernación.

Foi elixido deputado nas eleccións de 1837 e o seu papel nas Cortes foi practicamente nulo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1838	Deputado pola provincia de Coruña
-----------------------	-----------------------------------

**HERCE COUMES-GAY, Aquilino**

Procedía polas dúas ramas de familias foráneas pero instaladas na cidade da Coruña desde había moitos anos. Os Herce, comerciantes, participaron moi activamente no goberno da cidade desde os comezos do século XIX.

Un irmán do noso protagonista, Bruno Herce Coumes-Gay, foi nomeado alcalde da cidade en 1875 e exerceu o cargo ata 1879. Estamos por conseguinte nun momento moi favorable para o ascenso político da familia, aínda que posteriormente non se consolidou.

Nas eleccións celebradas en 1876, resultou elixido Eliseo Sánchez Basadre por un dos distritos da Coruña, pero ó presenta-la súa renuncia, posibilitou que nunhas novas



eleccións saíse elixido Herce, quen tomou posesión do seu escano no Congreso o 20 de maio de 1876.

Foi un membro moi activo nas comisións, pois formou parte da de Peticións (secretario), Mérito militar, Etiqueta e Lei constitutiva do Exército (secretario).

Participou nalgúns debates sobre o tema do ferrocarril.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1879 Deputado polo distrito de Coruña

**HEREDIA, Narciso**  
**(Conde de Ofalia y Marqués de Heredia)**

Xa no ano 1834-1835 representou como prócer á provincia de Lugo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1838 Senador pola provincia de Lugo

Lexislatura 1840-1841 Senador pola provincia de Lugo



**HERMIDA SANTABAIA, Bartolomé**

Naceu en Tui o 11 de xaneiro de 1801, fillo de Juan Hermida Carabelos e Manuela Santabaia. Quedou orfo ós catorce anos e coidou del e dos seus bens un tutor que proxeitou a súa vida intelectual. Entrou na Universidade de Santiago onde cursou Filosofía, catro anos de Teoloxía e Leis e Cánons. Rematou os seus estudos no ano 1824. Casou con Teresa Romero, de Tui.

Traballou de avogado na cidade de Tui durante quince anos, o que compatibilizou con outros cargos como o de corrixidor de Tui, fiscal de Facenda e subdelegado de Rendas de Tui.

Xa entón formaba parte do Partido Moderado o que provocou que a Xunta Revolucionaria, creada no mes de setembro de 1840 ó ocupar Espartero o poder, o destituíse, e mesmo parece ser que tivo que exiliarse.

Agardou a que os seus, os moderados, pasasen ó poder. En 1844, ademais de obte-la representación nas Cortes pola provincia de Pontevedra, foi elixido alcalde de Tui.

En 1846 foi nomeado polo ministro Mon intendente de Lugo co encargo de pór en funcionamento a nova lei tributaria. Estaba na cidade de Lugo cando o 2 de abril de 1846 o exército se pronunciou contra o Goberno. Carecía a provincia de gobernador, porque o deputado Ferreira Caamaño (véx.), que era o titular, se atopaba no Congreso en Madrid. Ocupaba accidentalmente o seu posto o seu secretario Miguel Rodríguez

Guerra, que foi detido. Hermida logrou fuxir e refuxiouse en Vilafranca do Bierzo onde o atopou Ferreira e xuntos retornaron á provincia para recuperala.

O Goberno premiou os seus servicios trasladándoo á Intendencia da Coruña, intendencia de primeira clase, da que foi destituído polo ministro de Facenda Salamanca, en marzo de 1847. Coa caída do Goberno, no mesmo ano 1847, foi novamente reposo en decembro do mesmo ano.

En 1853, sempre gobernando os moderados, foi designado gobernador da provincia da Coruña. As fraudes electorais cometidas nas eleccións deste ano foron denunciadas nas Cortes polo deputado progresista Madoz, que se referiu persoalmente a Hermida como o autor da fraude no distrito de Ordes.

Volveu caer en desgracia no Bienio Progresista, para reaparecer en 1857 cando o ministro García Barzanallana o nomeou director da Caixa de Depósitos do Ministerio de Facenda. A última noticia que temos de Hermida procede do ano 1861 en que aparece como vocal da Xunta Consultiva da Moeda do Ministerio de Facenda.

Dúas veces foi deputado por Galicia. A primeira, na lexislatura de 1844 a 1846 e representando a provincia de Pontevedra pero, como o 17 de outubro de 1845 fora designado intendente da provincia de Lugo, tivo que dimitir e ocupou a súa vacante Joaquín López Vázquez. No curto tempo en que exerceu de deputado pertenceu ás comisións de Presupostos e Peticións. Pronunciou dous discursos, o primeiro o 22 de novembro de 1844 en que defendeu que na futura lei electoral deberían formar parte do Senado os irmáns, tíos e primos carnais do Rei, proposta que foi rexeitada. Falou por segunda vez na sesión do 20 de xaneiro de 1845 sobre a dotación do culto e do clero. Defendeu nesa ocasión a necesidade de dotar con dignidade ós sacerdotes e puxo o exemplo dos membros das colexiatas de Baiona e Vigo, que estaban sumidos na indixencia dende que lle foran nacionalizados os bens á Igrexa.

A segunda vez foi deputado na lexislatura de 1857 pero foi substituído ó pouco tempo por Eduardo Fernández San Román (véx.).

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Betanzos A Coruña



#### HERMIDA VEREA, Benito María

Benito María Hermida, o fidalgo de Andeade, constitúe un modelo pouco común de político do século XIX. Provisto dunha importante fortuna en rendas e dun patrimonio inmobiliario importante que, por suposto, desatendeu ó longo da súa vida, converteu a política no exercicio do seu señorío sobre a terra e o territorio que os seus antepasados dominaran. Desaparecido o señorío xurídico, algúns fidalgos como Hermida Vereá ou Seoane Varela, utilizaron a política como instrumento non coactivo para seguir a dirixir e apadriñar

unhas xentes que, segundo eles entendían, seguían a precisar da súa protección.

A súa casa, o pazo de Andeade ou a casa de Santiago, estaba sempre aberta para os paisanos e para as súas necesidades, non necesariamente económicas. Para unha familia era moito máis importante que don Benito librase o fillo do servizo militar cós cartos que lle puidese emprestar. En troques, Benito Hermida esixía fidelidade e non outra cousa.

De tal maneira crían que aquela era a súa terra e que aqueles veciños eran seus, que non toleraban de ningunha maneira a intrusión doutra persoa para representa-lo distrito. Cando en 1885 Nido Segalerva pretendeu disputarlle o distrito, Vereá cometeu as habituais manipulacións electorais ata conseguir frustra-lo intento. Por iso desde 1876 representou o distrito de Arzúa sen ningunha interrupción ata 1899, en que decidiu pasar ó Senado. Vintecinco anos de control do distrito.

Naceu en Santiago o 9 de febreiro de 1825. Era fillo de Humberto Ramón de Hermida e Bazán e de María Vereá Aguiar, que casaron o 25 de marzo de 1823 na capela do pazo de Andeade, dos Vereá Aguiar. Era neto, por parte paterna, de Humberto de Hermida Losada, mestrante de Granada e señor das casas de Leiro Grande, Osebe, Mein e Rosende, e por parte materna, de Pedro Alcántara Vereá Aguiar Mosquera, brigadier dos Reais Exércitos, rexedor de Santiago e señor de Andeade, e doutras casas.

Non debeu cursar estudos superiores aínda que as biografías din que foi avogado.

Fixo unha primeira incursión na política no Sexenio, porque foi elixido senador pola provincia da Coruña nas segundas eleccións de 1872. Logo retirouse e reapareceu na Restauración.

Formou parte do Partido Liberal, o de Sagasta. Tivo boa experiencia política por canto representou o seu distrito en seis ocasións na Deputación Provincial da Coruña. No ano 1878 o poeta Evaristo Escalera dedicoulle a seguinte poesía, valorando o seu progresismo:

"Formar en el pelotón  
que marcha a paso de carga  
tras del ideal que embarga  
los sueños de la nación.  
¿Quién triunfará en esta acción?  
No quiero ser visionario  
ni pecar de estrafalarlo  
diciéndote a ti que en guerra  
siempre ha mordido la tierra  
el pendón reaccionario"

Xa dixemos que se estreou na alta política en 1872, como senador, aínda que estivo practicamente ausente toda a lexislatura a causa dunha enfermidade.

Foi elixido deputado polo distrito de Arzúa nas primeiras eleccións da Restauración. A súa participación no Congreso nesta ocasión non foi importante. Só formou parte da comisión máis sinxela, a de protocolo ou etiqueta, e non falou nunca aínda que presentou algunhas solicitudes a favor do seu distrito.

Na lexislatura de 1879 a 1881 participou na comisión de resposta á mensaxe da Coroa, que era unha comisión importante pero que só funcionaba a comezos da lexislatura. Interveu nunha ocasión, na sesión do 16 de xuño de 1879, concretamente na discusión pola acta de Ordes.

A partir da lexislatura de 1881 procurou estar presente nas comisións de Obras Públicas e de ferrocarrís. Aínda que non pronunciou discursos (algúns cronistas recoñecen que "carece del don de la palabra"), era moi hábil nos consensos establecidos nos corredores, que é onde se fai a política real. Por iso interveu nas comisións do ferrocarril Ponferrada-A Coruña e nas das estradas Ourense-San Clodio, Avión-Esposende, etc.

Na lexislatura de 1898 seguiu formando parte das comisións de estradas provinciais, como a de Viveiro-Meira-Mondoñedo.

Cando pasou ó Senado continuou procurando estar nas comisións de Obras Públicas, sen dúbida porque eran as máis rendibles para os galegos.

Ademais de deputado a Cortes e deputado provincial, foi director da Sociedade Económica de Amigos del País de Santiago, logo director honorario, e doutras sociedades compostelás. Sen embargo o seu primeiro cargo político, no ano 1857, foi o de alcalde de Touro, concello no que estaba asentado o seu pazo de Andeade.

En 1860, Isabel II nomeouno comendador de número da Orde de Isabel a Católica. Con anterioridade a Raíña nomeáralo cabaleiro da Real Orde de Carlos III e Alfonso XII outorgoulle a Gran Cruz de Isabel a Católica.

Casou con Dolores Segovia Cisneros, de Noia, e tivo só unha filla, Carmen Hermida Segovia.

Benito Hermida, señor de Andeade, Cumeiro, Leiro Grande, Osebe, Loureiro, Salmonte e Rosende, cos seus respectivos pazos, foi un dos poucos deputados que non obtivo beneficios económicos da súa longa permanencia na alta política. Ó contrario, a súa economía resentíuse pola súa prodigalidade e desatención na administración da súa casa e polas longas estadias en Madrid. Non consta que ningún membro da súa familia se aproveitase do seu indubidable poder para escalar nos postos da alta administración. A pesar de que estivo case trinta anos na política, non creou unha clientela familiar, como os Montero, os Bugallal, os Gasset, os Riestra, todos eles contemporáneos de Hermida Vereá. El, como Seoane Varela, concibía a política, acertada ou equivocadamente, como o exercicio do señorío sobre un territorio que sempre fora obrigación da súa familia protexer, coidar e controlar, obrigación á cal entendía que non debía renunciar por imperativo histórico.



Morreu en Andeade o 2 de xuño de 1905.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872 (2ª)	Senador pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
Lexislatura 1886-1890	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
Lexislatura 1893-1895	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
Lexislatura 1899-1900	Senador pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1901-1902	Senador pola provincia da Coruña	

## HERMIDA Y PORRAS

### BERMÚDEZ MALDONADO, Benito Ramón

Naceu en Santiago o 22 de abril de 1736 e era o terceiro fillo de Manuel de Hermida y Porras, oidor e alcalde Mayor da R. A. de Galicia e de Xosefa Antonia Bermúdez Maldonado Figueroa.

Estudiante do Colexio de Fonseca e un dos seus máis significados protectores, estudou en Santiago e Madrid a carreira de Leis. Empezou a traballar pronto no ramo xudicial. En 1768 era oidor da Chancelería de Granada, en 1786 presidente da Audiencia de Sevilla, en 1792 membro do Consello de Castela e procurador da Cámara de Castela, cesado por Godoy, pero restaurado en 1799. Desterrado en 1802 por defender con excesivo entusiasmo os dereitos ou inmunidades eclesiásticas, foi designado por Fernando VII secretario do despacho de Gracia e Xustiza.

Durante a ocupación francesa formou parte da Xunta Central e do Consello de Rexencia.

En 1810 foi elixido deputado a Cortes en representación da provincia de Santiago.

A súa experiencia na Administración e o indubidable prestixio que tiña (nas primeiras eleccións a presidente das Cortes en Cádiz Lorenzo de Dou obtivo cincuenta votos mentres que el logrou corenta e cinco), foron habilmente utilizados polo sector absolutista das Cortes obrigándoo a tomar posicións extremas en case tódalas cuestións discutidas, o que provocou unha dura reacción dos liberais contra el.

O 27 de setembro de 1810 foi elixido para formar parte da comisión encargada da redacción do proxecto de lei de liberdade de prensa. Dende o primeiro momento manifestouse abertamente contra tal proxecto. Cando na sesión do 21 de abril de 1810 se discutiu o proxecto sobre a xustiza e a abolición da tortura, Hermida (sen case voz para falar, o que torturaba non pouco os secretarios das Cortes) defendeu, en determinadas



circunstancias, a utilización da tortura como modo probatorio. A súa intervención desatou as iras dos liberais que, liderados por Argüelles, o atacaron moi duramente.

O 26 de abril de 1810 defendeu, ante o estupor das Cortes, que estas exercesen o seu poder en nome do Rei e que as leis non podían ser aprobadas nas Cortes senón polo Consello de Castela. Xa se pode comprender o escándalo que a súa proposta ocasionou.

Vendo cómo decaía o seu prestixio e posiblemente desencantado do rumbo que tomaban as Cortes, deixou de intervir. Temos que agardar á sesión do 8 de xaneiro de 1813 para saber que enviou un escrito pedindo que se retirase o proxecto de supresión da Inquisición. Asinou a última acta o día 14 de setembro de 1813.

Hermida foi un dos escasos deputados que defenderon a candidatura da infanta Carlota Joaquina de Borbón para raíña de España. En realidade Hermida quería salvar a Monarquía, que entendía estaba en perigo naquelas Cortes. De aí que publicase varios folletos sobre este tema.

Morreu o 1 de febreiro de 1814 sen poder recibir a Fernando VII e sen poder gozar da restauración do absolutismo polo que tanto loitara.

Autor de varias obras, como a polémica *Último recurso de la Nación Española para conservar su existencia* (1813), *Breve Noticia de las Cortes* (1811) e *Pensamientos militares de un paisano* (1809). Hermida preséntasenos como unha ilustre personalidade incapaz de entender e dixerilo que significaban as novas ideas. En só tres anos nas Cortes perdeu o gran prestixio gañado en longos anos de estudo e goberno.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1810-1813    Deputado pola provincia de Santiago

### HERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Joaquín

Politicamente militou no carlismo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1871-1872    Deputado polo distrito de Ordes    A Coruña

### HERRANZ, Juan José (Conde de Reparaz)

Naceu en Murcia o 29 de agosto de 1839 no seo da máis alta aristocracia xa que seus pais eran os duques de Medina de la Torre.

En Madrid, e realizados os habituais estudos, dedicouse integramente ó periodismo e ó teatro.

Colaborou como redactor nos xornais e revistas *El Eco del País* (1862-1865), *El*

*Estandarte* (1868-1869), *Las Noticias* (1864-1866), *El Arte* (1866), *La Ley* (1867-1869), *El Noticiero de España* (1868), *El Diario del Pueblo* (1873), *La Familia* (1875), *Los Niños* (1877), *La Ilustración Española y Americana e Pluma y Lápiz* (1902).

Foi tamén autor dramático, faceta na que podemos destacar entre outras as obras *Cada uno en su casa* (1868), *El grito en el cielo* (1870) e *Honrar padre y madre* (1873).

En 1902 foi elixido membro numerario da Real Academia Española.

Morreu en Madrid o 1 de marzo de 1902.

Só representou a Galicia nunha lexislatura, a de 1884 a 1886.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1884-1886 Deputado polo distrito de Valdeorras Ourense

### HINOJOSA NAVEROS, Eduardo

Sabio xurista e historiador que representou no Senado a Universidade de Santiago en varias lexislaturas.

Naceu en Alhama (Granada) o 25 de novembro de 1852, fillo de Juan Hinojosa Labrada e de Manuela Naveros, de Granada.

"Doctor en Filosofía y Letras y en Derecho. Catedrático por oposición de Historia Antigua y Media de España en la Universidad Central.....ex Director General de Instrucción Pública, Consejero de Instrucción Pública, individuo de número de las Reales Academias de la Historia, Española y Ciencias Morales y Políticas. Secretario perpetuo de la de Historia, Bibliotecario perpetuo de la de Ciencias Morales y Políticas, Correspondiente de la Real Academia de Buenas Letras de Barcelona, Doctor en Filosofía Honoris Causa por la Universidad de Friburgo en Baden, Correspondiente del Instituto de Francia, miembro honorario de la Sociedad Jurídica de Berlín, ... Oficial de la Legión de Honor de Francia". (Sánchez de los Santos).



Creador da nova escola histórica, que introduciu nos estudos de historia o rigor documental, foi capaz de concilia-la súa dedicación investigadora, que no seu momento era das pioneiras de España, cos servicios ó Estado, porque foi gobernador civil de Alacant, Valencia e Barcelona e director xeral de Instrucción Pública.

Católico case ultramontano, foi un dos iniciadores con Pidal da Unión Católica. Foron Silvela e Pidal, en conivencia cos ultracatólicos do claustro compostelán (Brañas, Cabeza de León), os que empuxaron a Hinojosa a presenta-la súa candidatura para representa-la Universidade de Santiago no Senado. Desta forma taponaban o montexismo da Universidade de Santiago.

Representou a Universidade compostelá dende 1899 ata 1910 cun descanso na

lexislatura de 1905 a 1907.

Posteriormente foi senador pola Real Academia da Historia.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1889-1901	Senador pola Universidade de Santiago
Lexislatura 1901-1903	Senador pola Universidade de Santiago
Lexislatura 1907-1910	Senador pola Universidade de Santiago

### HOMBRE DEL VILLAR, Segundo

Estudou Dereito e dedicouse á carreira xudicial. No ano 1838 estaba destinado de xuíz de primeira instancia en Noia.

Foi tamén importante propietario. No Sexenio, cando Paz Novoa e outros deputados galegos presentaron o proxecto de redención foral, aprobado en agosto de 1873 e vixente ata xaneiro de 1874, Segundo Hombre foi un dos propietarios e xuristas máis opostos ó proxecto e posteriormente á lei de redención foral.

Ergueu en Galicia a bandeira da permanencia do foro, sen a redención por parte dos foreiros nin a reversión a favor dos propietarios do directo. Publicou nos anos 1872 e 1873 no xornal coruñés *El Ejemplo* varios artigos a favor da continuidade do foro. Iso explica que a vida política de Hombre teña dúas etapas. Na primeira, que inicia en 1850, cando foi elixido deputado polo distrito de Noia, a penas se notou a súa presenza. Transcorridos bastantes anos afastado da vangarda da política, Segundo Hombre volta de novo no ano 1872, pensamos que co apoio de cantos defendían as mesmas ideas sobre o sistema foral, na súa maior parte, os propietarios do directo.

Por iso en 1872 resultou elixido senador pola Coruña e no mesmo ano foi nomeado vicepresidente da Deputación desa provincia.

Aínda volveu ser senador durante a Restauración, na lexislatura de 1881 a 1882.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1872 (2ª)	Senador pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1881-1882	Senador pola provincia da Coruña	



### HUE GUTIÉRREZ, Fernando (Bispo de Tui)

Foi elixido senador pola provincia eclesiástica de Santiago en dúas ocasións, en 1886 e en 1887, e nas dúas perdeu o seu dereito por non presentarse a tomar posesión.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1886-1887	Senador pola provincia eclesiástica de Santiago (Non tomou posesión)
Lexislatura 1887-1888	Senador pola provincia eclesiástica de Santiago (Non tomou posesión)





## IGLESIAS BARCONES, Gumersindo

Naceu en Vilafranca do Bierzo (León). Fillo de Cayetano Iglesias, pertigueiro da Colexiata de Vilafranca e de María Antonia Barcones.

Vivió á sombra de seu irmán Tomás, que realizou unha espléndida carreira eclesiástica: chantre da Colexiata, bispo de Mondoñedo en 1851 e patriarca das Indias, cargo que implicaba ser arcebispo e residir en Madrid sen estar suxeito a ningún metropolitano e dependendo directamente do Papa.

A súa chegada a Mondoñedo explica que fose preparando o distrito en favor de seu irmán, que obtivo a representación por vez primeira para a lexislatura de 1857 a 1858, cando xa o bispo levaba cinco anos fora de Mondoñedo.

Tamén conseguiu saír novamente elixido para a lexislatura de 1858 a 1862.

No Parlamento adoptou posicións cada vez máis conservadoras. Cando se discutiu a Lei Moyano, el foi un dos que máis se opuxo a ela porque entendía que reducía excesivamente as competencias da Igrexa en materia educativa. Todo parece indicar que Iglesias Barcones militaba xa no pequeno grupo dos ultracatólicos que lideraba Nocedal.

O feito de enfrontarse ó Goberno foino privando da capacidade de intermediación cos seus clientes do distrito de Mondoñedo. Cando en 1863 o conde de Pallares sondou a situación electoral de Mondoñedo como un posible recambio de Iglesias Barcones, atopouse cunha situación de desamparo, tal e como os caciques rurais lle comentaran, xa que non realizara ningún favor, non colocara a ningún do distrito e, incluso, nin sequera contestara as cartas que desde Mondoñedo lle escribían solicitando axudas. Un destes caciques rurais escribiulle ó conde de Pallares que mentres Iglesias Barcones fose deputado, "ningún hijo de este pueblo sería empleado".

As escasas simpatías que lle tiñan fóronse perdendo. Por iso, non lle resultou difícil ó conde de Pallares desbancalo e saír elixido na lexislatura de 1863.

### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1858-1862	Deputado polo distrito de Mondoñedo	Lugo



## ILUNDAIN Y ESTEBAN, Eustaquio (Bispo de Ourense)

Naceu en Pamplona o 20 de setembro de 1862. Estudiu no Seminario de Pamplona e posteriormente no Seminario Central de Toledo, onde se licenciou e doutorou en Teoloxía.

Recibiu as ordes de presbiterado en 1886.

Desde 1884 ata 1900 foi profesor do Seminario de Pamplona. Ese ano gañou unha canonxía en Cidade Real. Desde 1901 foi profesor e rector do Seminario de Ciudad Real ata que logrou gañar unha praza de cóengo na catedral de Segovia. Tamén aquí foi nomeado rector do Seminario.

En 1904 foi elixido para a diocese de Ourense, da que tomou posesión como bispo o 25 de marzo de 1905. Na diocese de Ourense realizou un importante labor. Reformou o edificio do Seminario, concluíu as obras do Círculo Católico de Obreiros e reparou o pazo ou residencia do bispo. Tamén creou o xornal *La Región*, para o que logrou a achega económica dos leigos de Ourense mentres el só contribuíu coas súas bendicións, e que utilizou para contrarresta-la forza da prensa liberal da cidade.

Todos estes méritos quedaron ocultos ou polo menos sombreados, debido á súa pouco prudente actuación nos acontecementos relacionados cos chamados *sucesos de Oseira*. Coa mellor intención pretendeu retirar-lo baldaquino do ex-mosteiro de Oseira, que ameazaba ruína, ó cal se opoñía o pobo, traballado desde Ourense polos agraristas, os liberais e posiblemente polas organizacións socialistas, que mobilizaron os veciños para impedi-lo traslado do baldaquino. A intervención da forza pública supuxo unha xornada de loita en Oseira no ano 1909.

Ilundain non foi evidentemente responsable directo dos feitos, pero no seu afán de impoñe-la autoridade, a forza pública provocou a traxedia.

O Vaticano e a Monarquía non lle deron importancia a aquel suceso.

Ilundain foi premiado cun ascenso á sé de Sevilla e no ano 1925 foi elevado ó cardealado.

Representou a provincia eclesiástica de Santiago na lexislatura de 1907 a 1910. Morreu en Sevilla en 1937.

### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1907-1910      Senador pola provincia eclesiástica de Santiago

## INFANTE CHAVES, Facundo

---

Foi a súa unha intensa vida, romántica, aventureira e accidentada. Podería se-lo arquetipo de moitas outras biografías de militares que sempre apostaron pola liberdade.

Naceu en 1787 en Villanueva del Fresno (Badaxoz), fillo de Juan Infante e Quiroga e de Facunda Chaves. Estudou en Badaxoz e Sevilla. Coma tantos outros formouse militarmente durante a Guerra de Independencia, que iniciou de subtenente e rematou de capitán. Durante a guerra foi capturado polos franceses en Valencia, dos que conseguiu fuxir venturosamente.

Claramente comprometido co movemento liberal, no ano 1819 tivo que emigrar ó estranxeiro onde permaneceu ata 1820. Nese ano saíu elixido deputado por Estremadura e tamén en 1822, e desempeñou as funcións de secretario do Congreso.

En 1823 tivo que exiliarse novamente en Inglaterra e logo en América, na compañía doutros dous ilustres liberais, o xeneral Seoane e Antonio González, futuro primeiro ministro. Estiveron en Brasil e pasaron a Perú durante a etapa da independencia das colonias americanas. No Perú non tivo reparo Infante en se-lo secretario de Sucre, quen o nomeou ministro de Interior, cargo que ocupou durante dous anos. Xa se pode comprender que logo fose acusado mesmo de traizón a España.

Retornou a España coa amnistía de 1834. Nomeado gobernador de Soria, tivo unha destacada actuación contra as faccións carlistas. Logo foi subsecretario do Ministerio de Gobernación, cargo ó que renuncia en 1835. Este ano ascende a brigadier e é designado gobernador militar de Madrid. En 1837, e por enfermidade do ministro Conde de Almodóvar, encargouse interinamente do Ministerio da Guerra. En 1840 ascendeu a mariscal de campo e foi nomeado gobernador militar de Barcelona. Ó ano seguinte e presidindo o Consello de Ministros o seu compañeiro de aventuras americanas Antonio González, é designado ministro de Gobernación. En 1843, logo de ser capitán xeneral de Granada, vai ó exilio con Espartero ata 1847. No ano 1848 foi ascendido a tenente xeneral. En 1854, cos progresistas no poder, é nomeado director da Garda Civil. En 1860 pasou a formar parte do Consello de Estado, ó que renuncia en 1863. Tomou parte na revolución de 1868 e nas Cortes de 1869 foi elixido presidente. Morreu o 27 de decembro de 1873.

A súa carreira política discorreu paralela á militar, xa que representou moitas veces a Estremadura, especialmente a Badaxoz. A Galicia só a representou nunha ocasión, na lexislatura de 1846 a 1850 e polo distrito de Betanzos. Como Saturnino Calderón Collantes obtivera a representación por Betanzos e por Celanova e optara por esta última, Infante obtivo a representación por Betanzos nunhas segundas eleccións. Como estaba no exilio non tomou posesión ata o 22 de novembro de 1847. Tampouco rematou a lexislatura porque, designado Tenente Xeneral, presentou a dimisión no ano 1849 e foi substituído por Leonardo de Santiago. Pertenceu sempre ó Partido Progresista e como deputado tivo unha importante participación na sesión do 29 de xaneiro de 1848,

cando defendeu a liberdade comercial do sal, porque o seu estancamento prexudicaba notoriamente o sector industrial. Na sesión do 14 de xaneiro de 1848 defendeu a liberdade de Italia fronte ás pretensións vaticanas.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1846-1850

Deputado polo distrito de Betanzos

A Coruña



IRIARTE Y URDANIZ, Martín José

Foi un dos militares formados nas duras xornadas das guerras de independencia española e americana. Progresista e esparterista, formou parte do grupo chamado dos Ayacuchos.

Naceu en Urriza (Navarra) en 1801 e era fillo de Joaquín Iriarte e de María Urdániz. Formouse na Escola de cadetes de Pontes (Asturias) durante a Guerra de Independencia.

En América foi detido e permaneceu en prisión durante dous anos. Puido reincorporarse ó exército de Rodil e retornou a España no ano 1825. Participou ó mando de Rodil na guerra carlista no norte de España.

A súa vinculación con Galicia débese a que en 1839 estivo destinado na provincia de Ourense como comandante xeral da provincia para perseguir as faccións carlistas. Naquel momento era coronel efectivo. O 10 de setembro de 1840, en conexión con outros altos militares do resto do Estado, pronunciouse en Lalín (publica unha proclama) para instaurar un réxime progresista, colocar a Espartero de rexente e expulsar de España a raíña Cristina.

O progresismo galego vibrou ante Iriarte, que foi recibido en Santiago con composicións poéticas. Triunfante o pronunciamento e constituídas as Xuntas, estas elevaron a Iriarte a capitán xeral de Galicia e destituíron a Laureano Sanz, que seguía sendo fiel ó Goberno.

Nas eleccións progresistas de 1841 Iriarte saíu elixido deputado e senador pola provincia da Coruña e optou polo Senado, onde chegou a ser secretario.

En xullo de 1843, cando máis duros eran os ataques ó réxime esparterista, foi nomeado capitán xeral de Galicia para soste alí a causa de Espartero. Todo foi inútil e no mesmo ano de 1843, marchou exiliado con Espartero a Inglaterra, onde permaneceu ata 1846. No ano 1843 o seu amigo Espartero ascendéao a tenente xeneral. Pero antes de pasar a Inglaterra, Iriarte estivo algún tempo en Portugal en conexión cos progresistas de Vigo e, xuntos, intentaron un contragolpe de estado en outubro de 1843, que tamén fracasou. Foi entón cando marchou para Inglaterra.

Retornou en 1846 para lidera-lo levantamento dese ano en Galicia. Pediu o mando



supremo do Exército e como a Xunta Superior non llo deu (o mando tiñao o comandante Solís), marchou a Astorga para levantar un corpo de exército que impedise a chegada a Galicia de efectivos militares. Tamén fracasou no seu intento. Refuxiouse entón en Portugal, onde foi detido polas autoridades e entregado a España. Desterrouse de novo a Inglaterra.

Retornou en 1854 cando novamente o progresismo conseguiu o poder e saíu elixido deputado por Cuenca. Dende 1858 ata 1860 foi senador vitalicio.

Como senador galego non tivo practicamente ningunha actuación destacable.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1841-1843    Senador pola provincia de Coruña

---

### ITURRALDE MACPHERSON, Daniel

---

Representou primeiramente o distrito de Medina Sidonia (Cádiz) na lexislatura de 1898 a 1899. Resultou novamente elixido polo mesmo distrito en 1901. No ano 1907 presentouse por dous distritos galegos, pola Fonsagrada e por Corcubión. Resultou elixido pola Fonsagrada e tomou posesión do escano o 4 de maio de 1907, ó cal renunciou o vinteito do mesmo mes para deixarlle o distrito a Portela Valladares.

Pouco tempo estivo fóra do Congreso porque Pedro Calderón Ceruelo, que fora elixido polo distrito de Corcubión, decidiu dimitir. Celebráronse unhas eleccións parciais o 15 de marzo de 1908 e resultou elixido Iturralde para o distrito de Corcubión, da acta do cal tomou posesión o 26 de marzo de 1908.

Non retornou ó Congreso ata 1916 en que novamente se presentou e resultou elixido deputado polo distrito de Medina Sidonia (Cádiz).

Morreu o 7 de xullo de 1917.

Foi avogado e militou sempre no Partido Liberal.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1907-1910    Deputado polo distrito de Corcubión    A Coruña (Desde 1908)

---

## — J —

**JIMÉNEZ GARCÍA, Gregorio**

Este xeneral do Estado Maior do Exército, poeta e home de letras de ampla cultura, que fora gobernador de Xaén e representara o distrito de Albocàsser (Castelló de la Plana) no Congreso entre 1876 e 1878 e entre 1879 e 1880, resultou elixido senador pola provincia de Ourense, pero non chegou a tomar posesión.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1884-1886    Senador pola provincia de Ourense (Non tomou posesión)

**JIMÉNEZ GETALL, Carlos  
(Marqués de Casa Jiménez)**

Durante o período no que o conde de Pallares decidiu retirarse temporalmente da política (de 1864 a 1871), o distrito de Mondoñedo deixou de estar enfeudado, situación que o Goberno aproveitou para colocar nel candidatos que dificilmente encaixaban noutros lugares. Este foi o caso de Rodríguez Rubí, Gabino Tejado e Carlos Jiménez, persoeiros absolutamente descoñecidos no distrito que representaron durante eses anos.

Naceu en Cádiz o 4 de novembro de 1812. Iniciou estudos de Medicina que deixou para dedicarse ós negocios. Estableceuse en Xibraltar ó fronte da Casa Labra Zulueta. Pasou a vivir en Madrid desde 1845.

Na Restauración foi membro do partido de Cánovas e agraciado por Alfonso XII co marquesado de Casa Jiménez. Deputado por Mondoñedo en 1867, senador por Cádiz e Madrid, no ano 1895 foi designado senador vitalicio. Filántropo, fundou en Carabanchel unha escola e o asilo de Santa Cruz.

Morreu en Madrid o 20 de marzo de 1899.

Non consta que Jiménez formase parte de ningunha comisión de traballo no Congreso, pero participou nos debates, especialmente cando se trataba de asuntos relativos ós orzamentos ou á facenda, nos que parece que tiña unha boa formación. Así, interveu na discusión sobre os presupostos que tivo lugar na sesión do 13 de xuño de 1867, e moito máis amplamente, cun importante discurso na sesión do 4 de xullo do mesmo ano sobre a débeda pública.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1867-1868    Deputado pola sección de Mondoñedo    Lugo

— L —

**LACY HENRÍQUEZ, Mariano de**

Cando, no ano 1864, foi elixido por primeira vez deputado polo distrito de Verín, era brigadier do Exército español. Novamente resultou elixido en 1867. Pouco traballou no Congreso porque consta que estaba bastante enfermo; de feito, unha lectura atenta das actas deixa ver que asistiu en contadas ocasións: Só formou parte da comisión de Gracias e Pensións. Desde 1866 tiña a Orde de Isabel a Católica.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Legislatura 1867-1868	Deputado pola sección de Xinzo	Ourense

**LAFUENTE ALCÁZAR, Sebastián de**

Estamos ante un deputado dos chamados "ambulantes" porque carecían dun distrito propio. A súa vinculación con Galicia procede do feito de se-lo xenro de Florencio Rodríguez Vaamonde, poderoso e influente político galego.

Naceu o 20 de xaneiro de 1829 en Garcinaro (Cuenca), no seo dunha familia campesiña. Estudiu no instituto de Cuenca e posteriormente cursou Dereito na Universidade de Madrid. Rematou o doutoramento no ano 1856 e abriu un bufete propio na capital.



Colaborou asiduamente no xornal *El Faro Nacional*, dirixiu logo *El Fénix*, xornal unionista, e incorporouse máis tarde ós xornais *El Conciliador* e *El Horizonte*, dos que foi redactor.

Militante da Unión Liberal, proporcionoulle ó seu partido o escano por Ponteareas no ano 1858; posteriormente rompeu con O'Donnell e pasou á facción máis conservadora do partido. Isto explica que, sendo o seu sogro ministro de Gobernación, fose nomeado subsecretario de Gracia e Xustiza en 1863.

Como queda dito, obtivo a súa primeira acta electoral por Ponteareas no ano 1858. Nas eleccións de 1863 saíu elixido deputado por Huete (Cuenca), e nas de 1864 pola Caniza (Pontevedra). Xa non representará máis a Galicia. Desde 1869 ata 1871 foi deputado por Cuenca e desde 1872 ata 1886, con breves interrupcións, senador pola mesma provincia.

En representación de Galicia fafou repetidas veces, aínda que como membro de

comisións. Participou nas comisións de Actas, Presupostos, Aranceis e Ferrocarril Galego.

Debeu de morrer no ano 1908.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1858-1862	Deputado polo distrito de Pontearreas	Pontevedra
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra



### LAGO GONZÁLEZ, Manuel (Bispo de Tui e arcebispo de Santiago)

Naceu en Tui o 26 de outubro de 1865. Estudiu no seminario desta cidade e posteriormente obtivo a licenciatura e o doutoramento en Teoloxía na Universidade Pontificia de Santiago en 1893.

Desde moi novo militou nas filas carlistas e colaborou nos xornais *El Eco del Miño* e *La Integridad de Tui*.

Foi ordenado sacerdote no ano 1888. Había entón en Tui un grupo de sacerdotes ben preparados intelectualmente e militantes activos do carlismo. Destacaban tres deles: os irmáns Cerviño González (un dos cales, Florencio, chegaría a bispo) e Lago González. A súa prosa elegante e a súa capacidade poética, moitas veces utilizada como arma de combate político a través da sátira, converteron o grupo nunha forza social que se acrecentaría cando chegase Hué Gutiérrez como bispo da diocese. Este bispo, tamén carlista, púxose el mesmo e puxo o seminario á súa disposición.

Os liberais galegos, incluso os conservadores, como os Ordóñez e González Besada, viron neste grupo un perigo para as súas pretensións de control político.

Pola súa parte o grupo, que contactou con Brañas en Santiago, foise rexionalizando pouco a pouco. Dito doutra maneira, na década dos noventa do século pasado o carlismo conectou co galeguismo, o que explica, por exemplo, que Lago González fose o maior animador dos Xogos Florais de Tui do ano 1891.

O Goberno, e mesmo a Igrexa (que estaba vivindo un período de aproximación á Monarquía co conseguinte desapego da causa carlista), chegaron a preocuparse por ese grupiño integrista de Tui que, por medio da prensa, mantiña unha permanente loita contra os Ordóñez, a pesar do seu conservadorismo. Aproveitando a morte do bispo Hué Gutiérrez, o nuncio e o Goberno promoveron como bispo de Tui a Menéndez Conde, co encargo expreso de desfacer ese grupo de presión. Isto explica que Lago González marchase para Lugo no ano 1896, onde sería acollido polo bispo da cidade.

En 1909, Lago foi preconizado bispo para a diocese de Osma, en 1917 foi trasla-



dado á diocese de Tui, e finalmente no ano 1923 recibiu o nomeamento de arcebispo de Santiago. O seu galeguismo provocou na xuventude nacionalista un movemento de afervorado apoio. O sector católico do nacionalismo viu nel o profeta que viña galeguizar-la Igrexa compostelá. Lamentablemente a morte levouno moi cedo, porque morreu o 19 de marzo de 1925 cando a penas puidera dar mostras do seu entusiasmo galeguizador.

Persoa de extraordinaria cultura, como manifesta a súa magnífica e selecta biblioteca, mercada á súa morte pola Universidade de Santiago, aceptable poeta, bo teólogo e humanista, as súas ocupacións pastorais impedíronlle publicar obras sólidas, para as que estaba especialmente ben preparado.

O profesor Filgueira Valverde, membro daquela xuventude que o recibiu con fervor, preparou unha magnífica antoloxía da súa poesía en galego, introducida por unha biografía que aínda segue sendo a mellor sobre Lago.

Estando de bispo en Osma, representou no Senado o arcebispado de Burgos entre 1914 e 1915. Posteriormente, sendo xa bispo de Tui, representou a provincia de Santiago entre 1918 e 1919.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1918-1919    Senador pola provincia eclesiástica de Santiago

### LAMAS MENÉNDEZ, Ramón

Era natural de Ribadeo. No ano 1821, cando foi elixido deputado en Cortes, só fixo constar que era "propietario". Máis aínda: segundo parece, era un dos máximos contribuíntes da provincia de Lugo.

Foi elixido deputado para a segunda lexislatura do Trienio. Un cronista contemporáneo, asistente as sesións do Congreso, dinos que era parente do ministro Moscoso de Altamira e descríbese como "gran gallego y si no gallego grande".

Aínda que liberal, non era radical. Na célebre sesión do 11 de xuño de 1823, cando se someteu a discusión e votación a proposta de Alcalá Galiano para considerar que Fernando VII perdesse momentaneamente a razón, el foi un dos que se opuxo a tal proposición.

Como deputado, a súa actuación foi practicamente nula. Só participou nalgunha comisión, como a das Deputacións Provinciais, pero nunca se manifestou oralmente.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1821-1823    Deputado por Galicia

**LAMAS VARELA, Luis**

Naceu en Noia o 24 de agosto de 1841. Era fillo do avogado Fernando Lamas e de Francisca Varela, árboles dous naturais de Noia. A vinculación co mundo xudicial procedía xa do avó paterno, Antonio Lamas, que fora procurador dos tribunais, e do avó materno, José Ángel Varela, natural de Obre, que exercera de escribán.

O mozo Luis Lamas, despois de estudar Leis, orientou a súa vida laboral cara a á avogacía e logo á maxistratura. Foi ascendendo na carreira xudicial pouco a pouco. No ano 1872 era avogado fiscal na Sala Criminal da Audiencia Territorial de Madrid. En 1889 acadou o máximo ascenso ó ser nomeado maxistrado do Tribunal Supremo.

Resultou elixido deputado polo distrito de Noia nas eleccións de 1886, cargo que xurou o 15 de abril dese ano. Sen embargo, non chegou a remata-la lexislatura porque dimitiu o 13 de novembro de 1889, cando ascendeu a maxistrado do Tribunal Supremo. Sucedeuno no posto Pedro Pais Lapido, un compostelán moi vinculado a Noia.

Aínda tería Lamas Varela outra oportunidade para representar a Galicia. Nas eleccións de 1893 saíu elixido senador pola provincia da Coruña.

Morreu o 21 de xaneiro de 1895.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1886-1889	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1893-1894	Senador pola provincia da Coruña	

**LANDA PÉREZ, Juan Manuel**

No feudo monterista de Pontevedra, entre os longos mandatos de Vega de Armijo e de Vicenti Reguera, aparece nunha soa lexislatura Landa Pérez, un político de escasa significación, colocado alí polos monteristas como unha solución momentánea de recambio.

Naceu Landa Pérez en Pontevedra o 20 de agosto de 1828, fillo de Juan Manuel Landa e de Ana María Ibáñez, de Ortigosa (Logroño).

Iniciou a súa vida política con bastantes anos e pouca ambición.

Consta que a súa familia tiña moitas propiedades en Pontevedra, Marín, Caldas, Poio, Vilaboa, Xeve, Cambados, Vilanova, Vilagarcía, Sanxenxo, Meis, Ribadumia, Barro, Cotobade e Redondela. Eran rendas forais de escasa importancia económica que a familia debía de ter xa medio perdidas, pois, como veremos, con tantas rendas foi incapaz de xustifica-las entradas que a lei esixía para poder ser senador.

Gañou un escano como deputado polo distrito de Pontevedra nas eleccións de 1884. Foi presentado polos monteristas como solución de urxencia, ata o momento en que se presentase Eduardo Vicenti. Isto ocorreu en 1886 e a partir de entón Vicenti enfeudouse xa en Pontevedra.

Rematada a lexislatura en 1886, resultou elixido senador pola provincia de Pontevedra. Sen embargo, ó non poder xustifica-lo seu patrimonio, decaeu no seu dereito. Repetiu-se a mesma situación na lexislatura de 1887 a 1888, na que saíu elixido senador por Pontevedra, e tampouco daquela conseguiu xustifica-lo patrimonio mínimo necesario. Precisamente isto parece revela-la súa escasa ambición, porque estes casos sempre se amañaban con préstamos temporais para saír do apuro.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Lexislatura 1886-1887	Senador pola provincia de Pontevedra	(Non tomou posesión)
Lexislatura 1887	Senador pola provincia de Pontevedra	(Non tomou posesión)

### LASAÑA, Juan

Oficial do Exército que loitou ás ordes de Mina e contaxiouse do seu liberalismo. Sendo coronel, tivo que exiliarse a Francia no ano 1823. Vivía en Baiona cando contactou con Mina, poñéndose ás súas ordes para invadir España cun corpo do Exército e "liberala" en 1830.

Retornou no ano 1832, gracias a amnistía, e pasou á reserva como oficial militar.

En 1836 foi elixido alcalde de Madrid e deputado pola provincia da Coruña.

Nas Cortes púxose de manifesto o seu talante liberal pero, como sucedeu con moitos dos exiliados, non estaba disposto a permitir que o radicalismo volvесе devolvelos ó exilio. Por iso na sesión do 25 de febreiro de 1837 defendeu a liberdade de prensa, aínda que con certas restriccións. Opúxose ó proxecto de lei que obrigaba a depositar 40.000 reais a tódolos editores de xornais. Era, pois, un liberal disposto a evitar que a liberdade servise de instrumento de destrucción política, como sucedeu no Trienio Constitucional, pero entendía que as restriccións habían de ser legais e non económicas, como pretendía o proxecto de lei.

Posteriormente foi gobernador de Granada e de Madrid. Aínda representou a Galicia noutra lexislatura máis. Tamén foi senador por Lugo no ano 1841, designado polo Rei.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1836-1837	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1839-1840	Senador pola provincia de Lugo

### LASSUS Y FONT, Enrique

A única vinculación deste deputado con Galicia foi o tempo que pasou como maxistrado da Real Audiencia de Galicia nos anos setenta.

Naceu en Granada o 2 de novembro de 1832. Era fillo de Pedro Lassus, orixinario

de Nay (Francia) e de María del Carmen Font, natural de Granada.

Curso Dereito e seguiu a carreira xudicial, na que chegou a maxistrado do Supremo no ano 1890. Xa nese posto, presentouse como senador por Ourense e saíu elixido. No Senado participou activamente nunha serie de comisións: comisión de Presuposto para Porto Rico, comisión de Estradas (ningunha de Galicia), así como as comisións que trataron a modificación da lei do xurado e o establecemento das servidumes de paso para a transmisión de enerxía eléctrica. Como era habitual, este tipo de representantes de Galicia eran traballadores pero nunca representaron nin defenderon os intereses galegos.

Foi de novo senador pola provincia de Xirona na lexislatura de 1898 a 1899.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1893-1894	Senador pola provincia de Ourense
-----------------------	-----------------------------------

### LAZCANO MORALES DE SETIÉN, Felipe

Descoñecemos os datos persoais deste deputado, polo que só ofreceremos algúns apuntamentos sobre a súa actuación política.

Era avogado e militante do Partido Conservador, na súa fracción ciervista.

Entrou no Congreso por vez primeira na lexislatura de 1919 a 1920 representando a Mondoñedo, distrito que perderan os monteristas.

Logrou escano tamén nas dúas lexislaturas seguintes. Sen embargo, tras saír elixido deputado en 1923, a súa acta foi declarada nula o 5 de xuño dese mesmo ano. Como o Congreso permaneceu pechado durante a Dictadura, non tivo posibilidade de recuperala acta.

En 1933 foi candidato independente da CEDA. Realizou toda a campaña cos membros deste grupo e resultou elixido deputado pola provincia de Lugo, con 66.186 votos, por detrás de Rodríguez de Viguri, que foi o deputado que máis votos acadou na provincia.

Nas eleccións da Fronte Popular presentou a súa candidatura como agrario, pero dentro do Bloque Nacional. Asistiu e participou na campaña, case sempre cos dirixentes da CEDA. O 11 de febreiro de 1936 o seu coche foi apedrado despois dun mitin na vila do Porto do Son.

Non resultou elixido no ano 1936.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Mondoñedo (Anulada a elección)	Lugo
Lexislatura 1933-1936	Deputado pola provincia de Lugo	



**LEIS CERNADAS, Agustín de**

Debeu de nacer en Betanzos sobre 1830, fillo de José Francisco de Leis Cernadas e de Benigna Cerdido Brandariz. O seu pai, señor dos pazos de Lema (San Paio de Brexo, Cambre) e de Santa Cruz de Mondoio (Oza dos Ríos), casara en primeiras nupcias con Faustina Pacheco Tizón, da que tivera unha filla, Concepción de Leis Pacheco, que herdou o título da nai, condesa de la Concepción. Agustín Leis, que naceu do segundo matrimonio, herdou do pai os dous pazos, pola súa condición de varón.



Estudou en Betanzos e posteriormente cursou Dereito na Universidade de Santiago, carreira que concluíu no ano 1858.

Casou con Matilde Ponte Laplana, natural de La Almunia de Doña Godina (Zaragoza) e filla dun oficial militar, coa que tivo nove fillos, dos que sobreviviron cinco.

Dedicouse á administración do seu patrimonio. Percibía rendas nos concellos de Coirós, Oza, Cesuras, Cambre e Betanzos, cidade esta última onde nacera e onde construíu unha casa moderna na rúa Valdoncel, entre 1880 e 1882.

Non consta que tivese unha grande ambición política. Resultou elixido deputado por Betanzos en dúas ocasións e nos dous casos a súa participación no Congreso foi case nula. Dous dos seus fillos, Calixto e Agustín de Leis Ponte, foron alcaldes da cidade de Betanzos.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Legislatura 1959-1862	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña
Legislatura 1865-1866	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña

**LEMA MARTÍN, Eladio**

Naceu en Vigo o 7 de outubro de 1852. Era fillo de Eladio Lema, fundador de *Faro de Vigo*, empresario ambicioso e un dos propulsores da cidade de Vigo, e de Vicenta Martín, de Ferrol.

Substituíu o seu pai na dirección de *Faro de Vigo* desde o 4 de novembro de 1881 e foi o seu propietario único á morte daquel no ano 1887. Con Lema Martín o xornal seguiu sendo o voceiro da modernidade de Vigo e da súa comarca, de maneira que neste sentido non experimentou ningunha variación.



Tódolos biógrafos salientan a súa bondade e o seu talento xeneroso, non só coa cidade senón tamén cos seus empregados. Baixo a súa dirección *Faro de Vigo* abriu

varias subscripcións para os damnificados polas guerras de Cuba e Filipinas. Por todo isto foi lexitimamente condecorado polo Goberno.

Carecía de ambicións políticas, polo que ata 1891 non foi deputado provincial, e decidiu ocupar este posto foi para mellor defender na Deputación os intereses de Vigo. Permaneceu como deputado provincial ata 1920.

Non se presentou ó Senado ata 1921, ós sesenta e nove anos, e representou a provincia de Pontevedra de 1921 a 1923.

No expediente aberto para xustifica-lo mínimo de renda requirida para poder ser senador, aparece como persoa economicamente opulenta. Ademais da propiedade do xornal *Faro de Vigo*, consta que tiña 200 obrigacións de 500 pesetas nos tranvías de Mondariz e 759 accións de 500 pesetas depositadas no Banco de Vigo.

Militou sempre no Partido Conservador e foi director do seu xornal durante corenta e sete anos. Morreu en Vigo o 5 de setembro de 1928.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1921-1922	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1923	Senador pola provincia de Pontevedra



#### LINARES RIVAS, Aureliano

“Orador ardiente e incansable... y escritor y literato excelente”, escribe del E. Prugent. Habería que engadir: un político que se fixo a si mesmo, consecuente cos ideais que en cada momento profesou e amante de Galicia.

Naceu en Santiago o 1 de xullo de 1841. Estudiu Leis na Universidade de Santiago e ós vinte anos abriu un bufete nesta cidade, onde permaneceu durante catorce anos. Xa consagrado como un bo avogado trasladouse á Coruña, onde tivo bufete durante dez anos. Na Coruña axiña se converteu en líder do Partido Unionista. O seu nome empezou a ser considerado en Madrid, e cando Olózaga viaxou á Coruña, quixo coñecelo persoalmente.

Presentouse ás eleccións de 1869 e fracasou. Saíu elixido deputado por Carballo nas primeiras eleccións de 1872.

Afastouse do proceso revolucionario e iniciou a súa conversión a prof do rei Alfonso, para o que se mantivo á marxe da vida política desde 1872 ata 1876.

Resultou novamente elixido deputado por Carballo na lexislatura de 1876. Naquelas Cortes comezou a destacar. Foi membro do Partido Constitucional e, desde a oposición, criticou duramente o conservadorismo do Goberno. Unha das características da súa oratoria parlamentaria era a de procurarse inimigos importantes e fustrígalos ata que forzosamente tivesen que defenderse. Entón envolvíao cunha afiada dialéctica.

Deste xeito conseguiu ser unha especie de portavoz oficioso do Partido Constitucional, que atopou nel unha nova e valente voz e, ó mesmo tempo, logrou ser recoñecido e valorado polos seus e polos demais.

Na lexislatura de 1876 enfrontouse nada menos que con Romero Robledo, ministro de Gobernación (sesión do 10 de abril de 1876), porque atrasara a convocatoria de eleccións municipais mediante sufraxio universal, en contra do que prometera. Como Romero Robledo facía caso omiso, Linares acusouno de que "se le indigestan los discursos parlamentarios". Unha vez que conseguiu que o ministro respondese moi xenericamente, atacouno dicindo que "tiene la magia de decir muchas cosas sin sustancia alguna" e acusou o Goberno de apoiarse nunha "dictadura administrativa".

Resultou novamente elixido na lexislatura de 1879 a 1881, na que tivo unha vez máis a Romero Robledo como obxecto preferente das súas críticas (sesión do 26 de febreiro de 1880).

Cando saíu elixido no ano 1881, o seu partido, presidido por Sagasta, chegou ó Goberno. O ministro de Gracia e Xustiza, Alonso Martínez, nomeouno fiscal do Tribunal Supremo. Ó pouco tempo, e vendo que o ministro se opoñía ó xurado, Linares Rivas dimitiu e converteuse nun opositor radical de Alonso Martínez e indirectamente de Sagasta. Iniciou daquela o seu lento lanzamento e a súa separación do Partido Liberal. Nas sesións do 19 e 20 de maio de 1882 pronunciou un magnífico discurso que era unha durísima crítica contra Alonso Martínez. Nel afirmaba que este pretendía converterla xustiza nunha roda da Administración. Linares defendeu o xurado para tódolos procesos criminais, sen excepción ningunha, como salvagarda da propia xustiza. No mencionado discurso Linares chegou ó ataque persoal, acusando a Alonso Martínez de enganar a Sagasta ou a este de se-lo seu cómplice.

Na sesión do 26 de maio de 1882 acusou o Goberno de Sagasta, do seu partido, de non cumprilos tres grandes compromisos contraídos coa cidadanía: a lei de asociacións, a lei de organización dos tribunais e a lei da reforma do regulamento de Cortes. Concluíu dicindo que o Goberno de Sagasta estaba obrigando á disidencia. Pola súa parte, a disidencia consumouse xa en 1883. Neste ano, aceptou o nomeamento como ministro de Gracia e Xustiza nun goberno presidido por Posada Herrera e en 1891 xa estaba consolidado no Partido Conservador de Cánovas, que o nomeou ministro de Fomento, cargo que exerceu do 23 de novembro de 1891 ó 11 de decembro de 1892.

Por terceira vez estivo á fronte dun ministerio, de novo o de Fomento, no ano 1896, nun goberno presidido por Cánovas. Cando Cánovas foi asasinado, o goberno continuou con Marcelo Azcárraga ata o 4 de outubro de 1897.

A morte veu cortar esta magnífica carreira o 31 de marzo de 1903. Por disposición súa, os seus restos foron trasladados á cidade da Coruña.

Ademais de ser un destacado deputado, no aspecto profesional Aureliano Linares Rivas foi letrado da Compañía do Ferrocarril Asturias-Galicia. Foi tamén un meritorio escritor. A súa obra *La Primera Cámara de la Restauración. Retratos y semblanzas*

(Madrid, 1878) revela unha capacidade de análise nada común, así como de independencia para retratar los grandes homes que iniciaron a Restauración. É un dos libros de descrições e biografías de políticos máis penetrantes e útiles.

Así mesmo foi membro numerario da Real Academia de Ciencias Morais e Políticas.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872 (1 <sup>a</sup> )	Deputado polo distrito de Carballo	A Coruña
Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito de Carballo	A Coruña
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1901-1903	Senador vitalicio	

#### LINARES RIVAS, Maximiliano

A familia Linares Rivas tivo tres ilustres representantes na política galega dos séculos XIX e XX: Aureliano, sen dúbida un dos máis grandes políticos galegos, Manuel Linares Rivas, fillo do anterior e moi coñecido pola súa obra literaria, e finalmente Maximiliano, irmán de Aureliano.

A fama do seu irmán e mesmo a do sobriño ensombreceron dalgunha maneira a figura de Maximiliano, deputado e senador que a penas aparece nos dicionarios biográficos.

Representou a Galicia en catro lexislaturas, tanto no Congreso como no Senado. A primeira noticia que temos da súa intervención no mundo da política é de 1880, ano no que representa o distrito de Ferrol na Deputación Provincial da Coruña, representación que ostentou ata 1886.

Polo seu expediente económico de ingreso no Senado, sabemos que tiña unha mediana fortuna, xa que, ademais de posuír unha casa en Santiago, mercada no ano 1874 e situada no número 4 da Praza de San Miguel, dispoñía de 95.000 pesetas en títulos de débeda e de preto de 300.000 pesetas en débeda interior. Non consta ingreso ningún procedente do exercicio dalgunha profesión, o que parece indicar que era rendeiro.

Obtivo a primeira representación no Congreso o 7 de xullo de 1892, en substitución de Pegerto Pardo Belmonte, mediada a lexislatura que duraría de 1891 a 1893. Neste último ano foi elixido senador pola provincia da Coruña. No Senado desenvolveu unha intensa actividade, tanto nas comisións coma nos plenarios. Como membro de comisións interveu nos proxectos de estradas entre Mugar dos e Redes e entre Tarabelo e Meirás, así como no proxecto do ferrocarril entre Vigo e A Ramallosa. Como senador



presentou emendas ó proxecto de lei de refundición da lexislación municipal e provincial e interveu nas discusións sobre a lei de administración local e a lei dos presupostos xerais.

Representou o distrito de Betanzos na lexislatura de 1896 a 1898. Finalmente foi elixido senador na lexislatura de 1899 a 1901. Tamén nesta ocasión tivo unha importante participación no Senado. Formou parte das comisións que trataron as estradas entre o Mesón do Vento e Monforte, entre Muros e Corcubión e entre Pontevedra e O Grobe, así como da que tratou o ferrocarril entre Pontevedra e Rodeiro. Presentou o proxecto de presupostos do Ministerio de Facenda e do Ministerio de Gracia e Xustiza, o proxecto de reforma do Código Penal e da lei do xurado, e pronunciou discursos sobre as obras do porto da Coruña e a reforma do Código Penal. Foi el tamén quen solicitou do Goberno o bronce necesario para construí-lo enreixado do monumento a Concepción Arenal, por tratarse dun produto monopolizado polo Estado.

Debeu de morrer no ano 1900.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Fonsagrada (Tomou posesión o 7 de xullo de 1892)	Lugo
Lexislatura 1893-1894	Deputado pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña
Lexislatura 1891-1893	Deputado pola provincia da Coruña	

### LINARES RIVAS ASTRAY, Manuel

Fillo de Aureliano Linares Rivas, naceu en Santiago o 3 de febreiro de 1867. Estudiu Leis na Universidade de Santiago coa intención de dedicarse á carreira xudicial, propósito que abandonou para escribir obras de teatro. Como dramaturgo, podemos dicir que foi un autor moi prolífico e de grande éxito, aínda que posiblemente a facilidade que tiña para compoñer as súas obras actuou un tanto en detrimento do valor literario das mesmas.



Estreou a súa primeira obra, *Aires de fuera*, en Madrid, o mesmo día no que morreu seu pai: o 31 de marzo de 1903. A partir deste momento, alentado polas críticas favorables, Manuel Linares Rivas escribiu moitas pezas que eran representadas en Madrid e en provincias. Téñase en conta que as súas *Obras Completas* constaban ata o de agora de dezaseis volumes, que non incluían as aparecidas a partir de 1922. Recentemente apareceron na Coruña varias dúcias de obras teatrais manuscritas de Linares Rivas, que foron moi ben editadas polo profesor Fidel López Criado (A Coruña, Excm. Deputación Provincial, 2000).

Con todo, a súa dedicación principal ó teatro non lle impediu ser deputado e senador, pero si atender con continuidade os problemas dos distritos representados.

Iniciou a súa experiencia como deputado no ano 1891, polo distrito de Ordes, que representou en tres lexislaturas. Posteriormente pasou ó Senado en representación da provincia da Coruña.

Como senador, debemos destaca-lo seu traballo en comisións. Na lexislatura de 1903 formou parte da comisión que informou sobre a agregación de Bouzas a Vigo, da que estudiou a declaración do porto de Moaña de interese xeral, así como da comisión que analizou a continuación das estradas de Rábade a Mondoñedo e de Vilalba a Meirás.

Na lexislatura de 1907, actuou como secretario de varias comisións, o que parece revelar certa preocupación polos asuntos administrativos da súa competencia. Participou na comisión creada no Senado co obxecto de estudia-la concesión da licencia ó concello de Vigo para alienar parte do Monte do Castro, así como das comisións que trataron as estradas da Coruña a Arteixo, da Estrada a Avión e de Gondar a Vilagarcía.

Foi membro numerario da Real Academia Española.

Morreu na Coruña o 6 de agosto de 1938.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
Lexislatura 1903-1904	Senador pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1907-1908	Senador pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1914-1915	Senador vitalicio	

## LOBIT, Vicente

Escasos datos temos deste deputado que residía na cidade de Ourense, posiblemente como empregado da administración do Estado, e que participou en diversas Xuntas constituídas nesa cidade a mediados do século XIX.

Representou a provincia de Ourense en dúas ocasións. No ano 1869 foi gobernador da provincia de Pontevedra e en 1872 da de Valladolid.

Carecemos de máis información sobre el.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1843 (2ª)-1844	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Ourense	

**LOMBARDERO FRANCO, José**

Nun hoxe esquecido libro de Luis Antonio Olmet, *Su Señoría* (1911), atopamos unha maxistral descrición da personalidade de Lombardero: "Lombardero vive para la política, Lombardero no ama, no bebe, no juega, no busca la diversión en lugares de frivolidad. Carece por completo de vicios. Carece, casi en absoluto, de afectos... Lombardero vive en Madrid con toda la pobreza de un estudiante rico. Tiene una estancia sobre la calle de Sevilla con una cama, un armario y una mesa... Come en compañía de un grande amigo D. Arcadio Albarrán. Después recibe la visita de cien coruñeses que acuden, invariables, a pedirle algo. Vase al Congreso. Allí no divaga. O está en su escaño, atento a la sesión o labora entre bastidores haciéndose temer por su ingenio y por esa perfidia secreta, despiadada y hórrida con que, sonriendo, comenta las majaderías de cualquier político. Hasta que termina la sesión, no se marcha. Cena someramente. Bebe su taza de café. Trabaja, duerme. Y al día siguiente, sin variar, incansable, continúa su vida".



Lombardero naceu na cidade da Coruña en outubro de 1864. Estudiu Dereito e exerceu de avogado na súa cidade natal. Pero as súas grandes vocacións eran o periodismo e a política, dúas actividades que nel irían unidas. Como periodista colaborou activamente en *La Voz de Galicia*, da que foi director entre 1887 e 1889; foi tamén redactor de *El Imparcial* e *El Nacional*, dous xornais de Madrid. A finais de século, sen que saibámo-la razón, acompañou a Luciano Puga nunha viaxe a Cuba, da que retornou en 1894.

Adquiriu a cabeceira *El Noroeste* da Coruña, que refundou en 1896, e rodeouse dunha nómina de periodistas novos, algúns dos cales serían logo destacados escritores, como Luis Antonio de Olmet, Pan de Soraluze, Leonardo Rodríguez (despois tamén importante político, véx.), Pepe Sors, Paco Llorens, Claudio López Rúa, etc.

Politicamente foi sempre un fiel seguidor de Romero Robledo. Unha vez morto este, pasou co seu equipo político ó servizo de Maura.

Foi elixido deputado por vez primeira na lexislatura de 1901 a 1903, polo distrito de Arzúa. Posteriormente foino polo distrito da Fonsagrada, e na lexislatura de 1907 a 1910 por Ordes. Nesta última lexislatura asumiu a defensa no Congreso do proxecto maurista de reforma da administración local, como vocal e logo secretario da comisión que estudiou dito proxecto. En realidade, levou todo o peso do debate. Terminada a discusión, Maura recompensou os seus servizos nomeándoo director xeral de Administración Local.

Na lexislatura de 1910 a 1914 obtivo escano por dous distritos, o de Ordes e o de Pontedeume. O 7 de outubro de 1910 decidiu optar polo segundo. Non puido concluí-la lexislatura porque unha grave doenza acabou coa súa vida o 26 de outubro de 1912. Foi substituído na representación do distrito polo seu íntimo amigo coruñés Xulio Weiss (véx.). Tódolos cronistas do momento coinciden en que Lombardero sería moi axiña

ministro porque ninguén dubidaba da súa competencia e da súa fidelidade política.

Morreu na mesma austeridade que fora a norma da súa vida, unha vida que, en opinión de Olmet, foi sempre "cenobítica, exclaustrada, austera como la de un ermitaño".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Arzua	A Coruña
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito da Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Pontedeume (Exerceu desde 1910 a 1912)	A Coruña

### ————— LÓPEZ, Juan

Elixido deputado no ano 1857 polo distrito de Viveiro, no Congreso de seguida pasou ó grupo neocatólico liderado por Cándido Nocedal, votando por conseguinte en contra do proxecto da lei Moyano.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
-----------------------	-----------------------------------	------

### ————— LÓPEZ BALLESTEROS, Luis



Naceu no pazo da Golpillería (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra) no ano 1782, de familia fidalga.

Colaborou activamente na guerra contra os franceses e iniciouse administrativamente na Xunta do Reino de Galicia, dando xa daquela mostras, a pesares da súa xuventude, da súa excepcional condición para a administración e xestión dos asuntos económicos.

Restaurado o absolutismo entrou a traballar no Ministerio de Facenda como oficial duodécimo, pero os seus progresos foron de tal natureza que o 19 de abril de 1818, Fernando VII nomeouno Director Xeral de Rendas e os honores de membro do Consello Superior de Facenda.

Tivo a habilidade de non aceptar cargo algún durante o Trienio Constitucional, preservando desta maneira o seu futuro. Cando Fernando VII restableceu novamente a monarquía absoluta, López Ballesteros foi nomeado Ministro de Facenda. O seu traballo e capacidade administrativa, que hoxe os historiadores todos lle recoñecen, non foi suficiente para endereitar una economía en estado de quebra total, como demostrou no seu día o profesor Fontana.

Foi el quen creou as intendencias da Armada e de Guerra, a Xunta de Fomento da Riqueza Pública, a Caixa de Amortización da Débeda, a Xunta de Aranceis e a forma-



ción do Presuposto Anual. Fundou así mesmo o Banco Español de San Fernando, apoiou a creación en Madrid da Bolsa de Comercio, regulou os Pósitos e os servizos de Minas e Obras Públicas. Polo seu influxo elaborouse o primeiro Código de Comercio de España.

Como pode observarse foi quen sentou as bases da alta administración do Estado Español.

A pesares de coincidir co absolutismo máis extremo e de exercer de Ministro con Fernando VII na súa etapa anticonstitucional, todo salientaron de López Ballesteros a súa prudencia, a súa neutralidade ideolóxica e mesmo política. Sen dúbida foi un dos conselleiros da Raíña María Cristina favorecendo a transición do absolutismo a un réxime preliberal.

A súa habilidade e capacidade na xestión dos asuntos públicos explican a súa permanencia tantos anos no Goberno a pesares de contar con durísimos adversarios no mesmo, sempre por razóns políticas, porque López Ballesteros nos Consellos de Ministros, cuías actas podemos coñecer por ser publicadas, apoiaba en todo o caso a prudencia, a tolerancia e nunca favoreceu as políticas de dureza a exterminio.

Non aceptou nunca ningún título aristocrático.

Morreu en Madrid no ano 1853.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1838	Senador pola provincia de Pontevedra [Non chegou a tomar posesión]
Lexislatura 1844-1845	Senador pola provincia de Coruña
Lexislatura 1845-1846	Senador vitalicio por nomeamento real

## LÓPEZ BALLESTEROS, Romualdo

Fillo do ex-ministro Luis López Ballesteros, do pazo de Golpilleira (Vilagarcía), viviu un pouco baixo a sombra benéfica do seu pai e do seu irmán Diego López Ballesteros, que foi quen herdou do pai a capacidade administrativa e política.

Romualdo López Ballesteros era licenciado en Dereito e exerceu como avogado. Entrou cedo na administración do Estado e fixo carreira sobre todo no Ministerio de Facenda, do que foi subdirector xeral de Aduanas e Aranceis en 1857 e xefe de sección en 1864.

Representou a Galicia só en dúas lexislaturas, ambas por Lugo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1865-1866	Deputado polo distrito de Sarria Lugo



### LÓPEZ BALLESTEROS FERNÁNDEZ, Luis

Naceu en Mayaguez (Porto Rico) o 12 de agosto de 1869. Estudiu a segunda ensinanza no colexio de Valdemia (Mataró, Barcelona) desde 1879 a 1885. Posteriormente cursou Filosofía e Letras na Universidade de Madrid.

Sendo moi novo iniciouse como periodista e escritor. Colaborou no xornal *La Regencia*, de Gamazo, e posteriormente nos xornais *La Correspondencia de España*, *El Heraldo de Madrid*, *El Diario Universal* e *El Imparcial*, do que foi director durante varios anos.

Tamén se deu a coñecer como escritor. Publicou as obras *Semblanzas y Cuentos e Junto a las Máquinas*, a novela *Lucha Extraña*, dramas como *Después del Combate e Raza vencida* e a opereta *La Buenaventura*. Traduciu ó castelán as obras de Guimerá *Andrónica* e *La Miralla*.

Militou sempre no Partido Liberal. No ano 1902 foi gobernador de Málaga, en 1905 de Cádiz e en 1906 de Sevilla. Despois dunha ampla experiencia política, foi nomeado gobernador civil de Madrid en 1918.

Só representou a Galicia en dúas lexislaturas. Na de 1901 a 1903 resultou elixido deputado polo distrito de Chantada, pero renunciou ó escano o 26 de maio de 1902, ó ser nomeado gobernador civil de Málaga. Na lexislatura de 1907 a 1910 foi deputado polo distrito de Lugo. Desde 1910 ata 1923 representou o distrito de Vélez Rubio, na provincia de Almería, en sete lexislaturas seguidas.

Foi un escritor castizo, liberal de corazón, amigo íntimo de Moret e home apreciado pola clase política.

Morreu en Madrid o 3 de xullo de 1933.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Chantada (Renunciou o 26 de abril de 1902)	Lugo
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Lugo	

### LÓPEZ BALLESTEROS SANTAMARINA, Diego

Fillo do ex-ministro de Fernando VII, Luis López Ballesteros, e de Luisa Pérez Santamarina, á súa vez filla do poderoso burgués compostelán Ramón Pérez Santamarina.

Foi educado en Madrid, pero sen dúbida a formación política recibiuna na propia casa, lugar de encontro dos políticos máis importantes de España na época do seu pai. Progresistas como Toreno e Mendizábal tiñan o seu pai en grande estima non só polos seus coñecementos en materia de facenda, senón tamén porque foi un dos poucos

políticos da etapa absolutista sensible á desgracia dos liberais no exilio, que procurou mitigar na medida das súas posibilidades.

Por iso recibiu o apoio de Toreno e Mendizábal cando estes chegaron ó poder. Toreno incluíuno na nómina estatal como alto empregado do Ministerio de Facenda e Mendizábal nomeouno director xeral de Arbitrios e Amortización. No Ministerio de Facenda fixo case toda a súa vida política. Ocupou tamén as direccións xerais de Rendas Estancadas, de Contribucións Indirectas e finalmente de Contribucións Directas.

En 1850 Sánchez Silva describiuno como un "buen empleado", moi eficaz como recadador e engadiu que os seus 50.000 reais de soldo "y la facultad de dar y quitar destinos y fortunas, le convierten en un pequeño Dios en la tierra". Pero ninguén pode negar que todos estes méritos foi gañándoos co seu traballo, coa súa dedicación e a súa competencia.

No ano 1857 era conselleiro de Estado polo Ministerio de Facenda, no que proseguía no ano 1861. Por fin, A. Mon nomeouno ministro de Ultramar no último goberno da Unión Liberal, cargo que desempeñou desde o 1 de marzo de 1864 ata o 16 de setembro de 1864. Entre os seus compañeiros de goberno tivo, entre outros, a Cánovas del Castillo.

Politicamente sempre militou no Partido Moderado. Cando Narváez funda en 1840 o Partido Monárquico-Constitucional Diego López Ballesteros aparece xa como membro destacado do mesmo. Posteriormente seguiu sendo fiel ó partido, polo menos ata 1858, ano no que parece que ingresou na Unión Liberal liderada por O'Donnell.

Foi elixido deputado por Galicia en dezaseis lexislaturas, número ó que poucos puideron achegarse. A primeira vez que logrou un escano foi na lexislatura de 1837 e a derradeira na de 1872, sempre en representación da provincia de Pontevedra.

Como deputado non se fixo notar polos seus grandes discursos, senón pola precisión coa que falaba sobre asuntos de facenda, aínda que as súas intervencións foron escasas. Procurou formar parte das comisións que dun ou doutro modo rozaban esa materia. Así, na lexislatura que se estendeu de 1844 a 1846, foi membro de tres comisións moi axeitadas ós seus coñecementos: a de dotación do culto e clero, a de presupostos e a de estradas. Como integrante destas comisións tivo que informa-lo Congreso, pero fóra destas obrigadas comparecencias non gustaba de participar nos debates.

Na lexislatura de 1846 a 1850 conseguiu o escano de deputado tras unha segunda votación, cando Fernández Villaverde, que saíra elixido por Pontevedra capital e por Pontecaldelas, optou por este segundo distrito. De aí que López Ballesteros non tomase posesión ata o 18 de febreiro de 1847. De seguida foi elixido membro das comisións de contabilidade de Facenda, de presupostos e de reforma da lei electoral (desta última foi Presidente). Esta circunstancia obrigouno a pronunciar varios discursos.

Resultou elixido de novo en 1853, pero a acta foi anulada e xa non puido tomar

posesión.

Na lexislatura de 1858 a 1862 tivo unha actuación moi sobresaínte, especialmente polo seu traballo en comisións, xa que presidiu a de presupostos, a do ferrocarril de Santiago e as chamadas seccións cuarta e sexta, ó tempo que foi vicepresidente do Congreso. Por iso Sánchez Silva dicía del no ano 1850 que era "como Juan Palomo, yo me lo guiso y yo me lo como", porque como era director xeral de Contribucións, nos seus discursos no Congreso non facía senón defender e xustificar as medidas que el mesmo logo aplicaría en materia de contribucións.

Sánchez Silva ofrécenos tamén a seguinte descrición: era "alto, grueso, jovial y de aspecto agradable aunque sólo tiene indicios de narices y cabello".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1839	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1843 (2 <sup>a</sup> )	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Capital	Pontevedra
Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Prado	Pontevedra
Lexislatura 1851-1853	Deputado polo distrito de Prado	Pontevedra
Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Prado (Anulada a acta)	Pontevedra
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Prado	Pontevedra
Lexislatura 1858-1862	Deputado polo distrito de Prado	Pontevedra
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Prado	Pontevedra
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Prado	Pontevedra
Lexislatura 1865-1866	Deputado polo distrito de Prado	Pontevedra
Lexislatura 1866-1867	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Prado	Pontevedra



#### LÓPEZ DE CARRIZOSA Y DE GILES, Álvaro (Conde del Moral de Calatrava)

Naceu en Xerez da Fronteira o 10 de abril de 1861, fillo de Francisco J. López de Carrizosa, marqués de Casa Pavón, e de María del Rosario de Carrizosa. O seu irmán Miguel representou tamén varios distritos de Galicia (véx.). Álvaro debeu de sentirse atraído pola forza política de Elduayen. Foi situado no distrito da Pobra de Trives, que carecía dun deputado enfeudado. Desde 1896 ata 1919 representou este distrito, coa única excepción da lexislatura de 1901, na que foi senador pola provincia de Ourense. Con

anterioridade a 1896 xa resultara elixido deputado polo distrito de Priego de Córdoba (Córdoba), na lexislatura de 1891 a 1893.

Era licenciado en Dereito. Entre os cargos que desempeñou temos que salienta-lo de secretario do Congreso en 1896 e o de subsecretario de



Gobernación en 1903 e 1907.

Sempre permaneceu no Partido Conservador, aínda que nun determinado momento pasou á fracción maurista. Foi conselleiro do Banco de Castilla, de Altos Hornos de Biscaia, de Electra Marroquí e da empresa sidero- mineiro-metalúrxica Los Guindos, da que foi tamén vicepresidente. Era un dos cen maiores contribuíntes de Madrid.

Como deputado tivo unha actuación pouco relevante, aínda que foi traballador nas comisións. Na lexislatura de 1901 foi un dos deputados máis constantes en facerlle un seguimento ó Goberno, liberal por suposto, mediante moitas preguntas sobre asuntos que, polo xeral, afectaban a Galicia. Preocupouse do problema das traíñas, que tiña divididos os mariñeiros galegos e formou parte da comisión creada para declarar monumento nacional a catedral de Mondoñedo. Participou, así mesmo, nas comisións que trataron a estrada de A Coruña a Corcubión e a de Morgadans a Vincios.

López Soler, co seu cáustico enxeño, dedicoulle a seguinte poesía:

"Al Conde de Moral de Calatrava  
tras la cartera se le cae la baba;  
pero Maura no cree llegado el día  
de darle la cartera todavía.  
Será ministro, y yo no sé por donde;  
si le haré lo que enseña o lo que esconde."

Equivocou a profecía López Soler, xa que Álvaro López de Carrizosa non chegou a ser ministro.

Tiña a condecoración da Gran Cruz de Isabel a Católica, e foi tamén cabaleiro mestrante de Ronda, do Cristo de Portugal, etc.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito da Pobra de Trives	Ourense
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito da Pobra de Trives	Ourense
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito da Pobra de Trives	Ourense

### LÓPEZ DE CARRIZOSA Y DE GILES, Miguel (Marqués de Mochales)

Naceu en Cádiz o 13 de xuño de 1857, fillo de Francisco Javier López de Carrizosa y Pavón, marqués de Casa Pavón, cabaleiro mestrante da Real de Sevilla, xentilhombre da S. M. e auditor honorario da Mariña, e de María del Rosario de Carrizosa, natural de Xerez.

Licenciouse en Dereito pola Universidade de Sevilla no ano 1874 e casou na mesma cidade en 1882 con María Dolores Elduayen Martínez Montenegro, filla de José



Elduayen e de María del C. Martínez Montenegro, da casa e do pazo da Lavandeira, en Vigo. O vínculo co todopoderoso Elduayen facilitoulle a carreira política e, en concreto, polo que nos atinxe, abriulle as portas da política galega.

Militou sempre no Partido Conservador, como o seu sogro, e formaba parte do selecto grupo dos canovistas, é dicir, daqueles conservadores que tiñan acceso franco ó líder do partido.

No ano 1884 presentouse ás eleccións polo Puerto de Santa María (Cádiz) e por Vigo. Aínda que obtivo o escano por ámbolos dous distritos, preferiu o de Vigo, sen dúbida con vistas a enfeudarse no mesmo. Non o logrou, e por iso mantivo sempre aberta a posibilidade de enfeudarse en Xerez da Fronteira, como así sucedeu a partir de 1899.

O seu currículo como deputado e senador foi o seguinte:

Representou a Vigo nas lexislaturas de 1884 a 1886 e de 1886 a 1891. No ano 1891 foi nomeado director xeral de Propiedades e Dereitos do Estado. Na lexislatura de 1893 a 1894 foi senador pola provincia de Cádiz e na de 1896 a 1898 representou a Cambados. O distrito de Vigo foi conquistado por Urzáiz y Cuesta, que se enfeudou nel.

Na lexislatura de 1898 a 1899 foi senador pola provincia de Ourense. Desde 1899 ata 1907 representou a Xerez en catro lexislaturas consecutivas. Finalmente, a partir de 1908 foi xa senador vitalicio.

Ademais do cargo, xa mencionado, de director xeral de Propiedades e Dereitos do Estado, desempeñou outros, sempre con gobernos conservadores. Así, foi director xeral de Correos e Telégrafos e subsecretario de Facenda. O 17 de xullo de 1919 foi nomeado ministro de Abastecementos no Goberno de Sánchez Toca, pero morreu ós catro días do seu nomeamento.

O afecto persoal que lle tiña o rei Alfonso XIII púxose de manifesto no decreto do 19 de xullo de 1919, polo que ordenaba que se lle desen honores de capitán xeneral con mando en praza. Por iso solicitou a tódolos bispos e arcebispos que celebrasen por el oficios de defunto.

En vida recibiu tamén diversos honores, como os de mestrante de Ronda e comendador da Lexión de Honor. Desde 1883 ostentou o título de marqués de Mochales.

Foi membro numerario da Real Academia de Xurisprudencia e vocal do Instituto de Reformas Sociais. Publicou obras como *Estudio acerca de la actual Caja de Pensiones (Madrid, 1912)*.

Morreu, como dixemos, o 21 de xullo de 1919, en Madrid.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Lexislatura 1886-1891	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Lexislatura 1898-1899	Senador pola provincia de Ourense	

## LÓPEZ DE LAGO BLANCO, Rafael

**A**vogado e ilustre xurisconsulto galego, autor da obra *Memoria sobre foros y sociedad gallega, escrita con arreglo a lo dispuesto en el Real Decreto de 2 de febrero de 1880, como vocal correspondiente de la Comisión General de Codificación* (A Coruña, 1894).

Foi elixido deputado polo distrito de Monforte no ano 1881. Na sesión do 25 de maio de 1882 participou no debate sobre o proxecto de Lei de Axuízamento Criminal e defendeu o mantemento do xurado. Era a primeira vez que falaba no Congreso.

### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
-----------------------	------------------------------------	------

## LÓPEZ DE SA, Miguel

**N**o ano 1907 era maxistrado do Tribunal Supremo, do que consta que xa estaba xubilado no ano 1916.

Representou no Senado a provincia da Coruña en catro lexislaturas.

Nas eleccións de 1910 os tres senadores que correspondían á provincia da Coruña eran Eduardo Gasset Chinchilla, Eduardo Torres Taboada e Felipe Romero Donallo. Este renunciou á acta en 1911, posiblemente ó ser nomeado gobernador civil da Coruña. Nunhas novas eleccións resultou elixido López de Sa. Novamente foi elixido en 1916, 1918 e 1919, sempre pola provincia da Coruña.

Nas eleccións de 1923 saíu elixido senador pola provincia de Badaxoz.

Non consta que traballase moito nas Cortes. Só participou nalgunhas comisións exentas de dificultades, como a que promoveu a declaración da catedral de Santiago como monumento nacional, a que postulaba a mesma declaración para as murallas de Lugo ou a que estudiou a agregación do municipio de Oza á Coruña.

### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1910-1914	Senador pola provincia da Coruña (Tomou posesión no ano 1912)
Lexislatura 1916-1918	Senador pola provincia da Coruña
Lexislatura 1918-1919	Senador pola provincia da Coruña
Lexislatura 1919-1920	Senador pola provincia da Coruña



### LÓPEZ DEL PAN, José Salvador

Representante do Antigo Réxime ó seu paso por Cádiz, cando foi deputado pola provincia da Coruña non modificou en nada nin a súa ideoloxía nin as fidelidades contraídas. Polo contrario, reforzou o seu absolutismo.

Naceu en Santiago o 6 de xullo de 1764, fillo de José Ignacio López del Pan, avogado real e rexedor da Coruña, e de Luisa Méndez Román y Sollozo. Coursou Canons e Leis na Universidade de Santiago, estudos que debeu de rematar no ano 1788, porque en 1789 aprobou o preceptivo exame para poder exercer-la avogacía.

Herdou o morgado da casa de Vilar de Nós (San Pedro de Nós, Oleiros, provincia da Coruña).

Casou dúas veces: a primeira, en Madrid, con María Simona de Vera, descendente dos condes de Elcias, coa que tivo dúas fillas das que só unha sobreviviu; a segunda, con María del Carme Brandariz, da que non tivo descendencia.

Tanto por herdanza paterna coma polos dous matrimonios, contaba cunha regular fortuna en rendas da terra. Era tamén rexedor perpetuo da cidade da Coruña.

No ano 1799 foi nomeado para ocupar unha praza vacante na Audiencia de Asturias. De oidor desta audiencia exercía ó se produciren os acontecementos de 1808. Parece ser que López del Pan mostrou un comportamento pouco patriótico cando o pobo tomou as armas contra os franceses. O 3 de maio de 1808 tivo que presidir, por indisposición do rexente da Audiencia, Francisco Antonio Toubes, a Xunta Xeral do Principado. Nela o deputado da Xunta José María García Busto fixo un chamamento á mobilización xeral do Principado. López del Pan, como Presidente, opúxose a tal mobilización e levantou a sesión sen permitir tomar un acordo, o que foi interpretado polos líderes do movemento popular como demostración de conivencia cos franceses. Este incidente provocou que, ós poucos días, fose detido polo alférez de navío Manuel Miranda y Gayoso.

Con dificultades regresou López del Pan á Coruña, cidade na que residía cando o 11 de febreiro de 1810 foi elixido deputado suplente pola provincia da Coruña. Como Antonio Sánchez Boado, deputado titular, presentou a súa dimisión, resultou novamente elixido como titular López del Pan o 22 de xullo de 1810.

Cando chegou a Asturias a noticia da súa elección, Miranda Gayoso presentou dúas denuncias contra el polos "actos de sumisión y deferencias de dicha Audiencia [e por conseguinte de López del Pan] hacia el gobierno intruso, obstinándose en publicar sus infames e inicuas órdenes a pesar de la oposición del pueblo. Más aún, empleando los medios más exquisitos de la seducción, de la intriga y el terror para desvanecer el patriotismo y espíritu público", xa que, segundo a denuncia, López del Pan ameazou "con pena de vida" a quen non entregase o seu armamento.



As denuncias non prosperaron, pero si retardaron a chegada de López del Pan a Cádiz.

Nas Cortes tivo unha actuación mediocre. Afiliado desde o primeiro momento ó sector absolutista, opúxose á lei de liberdade de prensa (19 de outubro de 1810), á lei de extinción do voto de Santiago (2 de marzo de 1812), defendeu a Inquisición (6 de xaneiro de 1813), así como o arcebispo Múzquiz, acusado de seguir chamándose señor de Santiago cando as Cortes xa aboliran os señoríos (13 de xaneiro de 1813).

Xa que logo, López del Pan non sintonizou co liberalismo da provincia que representaba. A súa elección só pode explicarse porque os electores descoñecesen a súa ideoloxía.

O seu absolutismo foi premiado xenerosamente pola Monarquía, que o nomeou o 23 de maio de 1814 alcalde de Casa e Corte. No Trienio sufriu persecución e mesmo foi encarcerado durante algún tempo, acusado de fomenta-lo realismo contra os decretos das Cortes de 1820.

O absolutismo volveuno premiar co nomeamento de ministro togado do Supremo Consello da Guerra.

Morreu en Madrid, onde residía, o 18 de xullo de 1834.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1810-1813 Deputado pola provincia da Coruña

### LÓPEZ FERNÁNDEZ, Cayo

Só representou a Galicia na lexislatura de 1884, como senador pola provincia da Coruña.

Foi deputado polo distrito de Alcázar de San Juan (Ciudad Real) na lexislatura dos anos 1871 e 1872. Na lexislatura seguinte, a de 1872, representou o distrito de Villanueva de los Infantes, tamén de Ciudad Real. No ano 1886 volveu ser elixido polo distrito de Alcázar de San Juan. Renunciou ó seu posto de deputado o 30 de novembro de 1888, para acepta-lo cargo de conselleiro de Estado.

Era un importante propietario na provincia de Ciudad Real, especialmente na bisbarra de Alcázar de San Juan, onde mercou en 1864 unhas vintecinco propiedades, e na de Cuenca, nos concellos de Belmonte (vintecatro propiedades), Mesas (noventa e seis), Mata del Cuervo, Villanueva e Monreal (corenta e dúas propiedades).

Consta que, ademais das propiedades rústicas, posuía unha casa en Madrid no barrio de Chamartín, ademais do depósito que tiña no ano 1884 no Banco de España, por un montante de 250.000 pesetas.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1884-1886 Senador pola provincia da Coruña

**LÓPEZ GUIJARRO, Salvador**

**N**aceu en Granada o 23 de agosto de 1834, no seo dunha familia acomodada.

Estudou Filosofía e Dereito na Universidade de Madrid.

Compatibilizou desde novo o periodismo coa dedicación política. Foi redactor de *El Reino* (1860) e *La Época* (1861-1862), e dirixiu *La Razón Española* (1863), xornal inspirado por Joaquín Francisco Pacheco. Tamén dirixiu *La Patria* (1865-1866).

En 1865, cando era gobernador da provincia de Tarragona, resultou elixido deputado por primeira vez, por Lleida.

Cando era gobernador de Tarragona dirixiu un escrito á Coroa, firmado por varias personalidades da provincia, no que lamentaba determinadas actitudes políticas. Foi desterrado por mor dese escrito, o que provocou que, a partir de 1867, participase na conspiración contra a Monarquía. Tralo triunfo do levantamento de 1868, foi recompensado co nomeamento de ministro plenipotenciario en Grecia.

No ano 1871 obtivo a representación en Cortes polo distrito de Mora de Rubiales (provincia de Teruel), escano que repetiu na lexislatura de 1872.

Cada vez máis enfrontado cos republicanos, que foron obxecto do seu ataque no xornal *La Política*, pouco a pouco foise pasando ó bando dos monárquicos alfonsinos, e como tal colaborou en *El Diario Español*.

Retornou á política activa na Restauración, época na que resultou elixido deputado nas lexislaturas de 1876 a 1878 e de 1879 a 1881 polo distrito de Mora de Rubiales.

Tamén foi ocupando postos importantes na administración do Estado, sempre durante a Restauración. Ocupou a Dirección Xeral de Beneficencia, a Dirección Xeral de Propiedades e Dereitos do Estado, a Dirección Xeral de Imprenta e a Subsecretaría do Ministerio de Ultramar.

No ano 1891, Cánovas nomeouno ministro do Tribunal de Contas.

Sen relación con Galicia, resultou elixido deputado polo distrito de Caldas. Non consta que fíxese nada en beneficio do seu distrito.

Os contemporáneos considerábano un importante periodista, pero "un político contemplativo", é dicir, sen excesivo entusiasmo polas tarefas e batallas do Congreso.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1864-1866

Deputado polo distrito de Caldas

Pontevedra

**LÓPEZ LÓPEZ, Daniel**

Este ilustre periodista e profesor de inglés naceu na Coruña en 1859. Emigrou a Montevideo e posteriormente recorreu América do Norte, Inglaterra e outros países. Magnífico coñecedor do idioma inglés, débenselle varios traballos sobre autores ingleses e diversas traducións.



Retornou a España no ano 1881, opositou e gañou unha cátedra de Inglés no instituto de Bilbao; posteriormente pasou á Escola Central de Comercio, en Madrid, onde foi catedrático da mesma disciplina e director do centro.

Colaborou en xornais como *El Correo*, *El Diario Universal* e outros.

Atraído pola política e á sombra de Canalejas, que foi o seu amigo e apoio, obtivo a primeira representación en Cortes polo distrito de Ordes na lexislatura de 1898. Representou despois varias veces diferentes distritos de Galicia (Ordes, Ferrol e A Coruña), pero tamén outros, como o de Daimiel (Ciudad Real) na lexislatura de 1907 a 1910 e o de Murcia, na lexislatura de 1914 a 1916. Tamén representou a Guadalaxara no Senado, na lexislatura que transcorreu entre os anos 1921 e 1922. Por último, cabe dicir que foi director xeral de Agricultura.

Publicou *Shakespeare en España, Historia del reinado de Guillermo III* (Madrid, 1906) e *Historia de la revolución en Inglaterra* (Madrid, 1908), ámbalas dúas traducións de Lord Macaulay, así como *La política liberal. Conversación con D. José Canalejas* (Madrid 1912), obra que apareceu no mercado cando Canalejas xa fora asasinado.

Morreu en Madrid no ano 1933.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
Lexislatura 1902-1907	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Ferrol (Desde 1911)	A Coruña
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito da Coruña	
Lexislatura 1918-1919	Senador pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1919-1920	Senador pola provincia da Coruña	

**LÓPEZ LÓPEZ, Matías**

Nesta segunda edición preferimos transcribir, na súa maior parte, a magnífica biografía que Ricardo Gurriarán publicou na Gran Enciclopedia Galega, nun apéndice desta obra. Só engadiremos algunhas anotacións de tipo político.

"Natural da vila lucense da Sarria - donde naceu o 24 de febreiro de 1826-, fixo os seus primeiros estudos, e únicos, na escola da súa vila natal, da que saíu para aprender o oficio de xastre. Ós dezaioito anos foi recla-



mado por un tío seu que residía en Madrid e nun principio traballou como oficial de xastrería, non por moito tempo porque as continuas mofas dos seus compañeiros, polo mal que se expresaba en castelán, determinaron o abandono definitivo do seu oficio. Da súa viaxe á capital, Neira Cancela, nun solto empapado de épica, publicado na revista *El Gallego* en 1889, escribía: "Y una mañana, carretera arriba, haciendo el viaje como los segadores, henchido el pecho de esperanzas, y el bolsillo de la chaqueta de mendrugos de pan, se dirigió a la Corte..."

En 1845 entrou a traballar nun comercio de chocolate, e ós dous anos xa era caixeiro, dada a súa laboriosidade e a confianza que nel tiña depositada o patrón. Pasaron cinco anos desde que comezara a traballar no seu segundo oficio na capital ata que o xove Matías, cos 6.000 reais que aforrara, se independizase e abriu unha tenda de sedas e chocolates. Pouco despois mercou uns muíños movidos por cabalerías. Exemplo de hábil e emprendedor comerciante, viaxou ó estranxeiro para visitar industrias do seu ramo co fin de modernizar a súa. Froito da súa estadia en Francia, mercou unha máquina de vapor para empregar na fabricación de chocolate. Foi moi axiña un deses comerciantes burgueses que pronto albiscou por onde ían as estratexias capitalistas aplicando a innovación tecnolóxica como elemento fundamental de progreso. A evolución non se fixo esperar, pois en 1859, ó seu regreso do estranxeiro, mercou unha casa na madrileña rúa da Palma e montou nela a nova industria. En menos de un ano aumentou a venda dos seus chocolates a máis de mil libras diarias, ó dicir do seu biógrafo Martínez Ginesta, e ós dous anos, debido á demanda do mercado, tivo que ampliar o negocio mercando unha casa a carón súa, unha nova máquina de quince cabalos e aparellos de moer. En 1866 a súa industria chocolateira fabricaba máis de 4.000 libras diarias, con turnos fabrís de día e noite.

A calidade dos seus produtos viuse avalada polos éxitos internacionais. En 1862, na Exposición de Londres, obtivo primeiros premios. Sería o comezo dunha continuada presenza en eventos comerciais internacionais polo mundo adiante. Na década dos sesenta obtivo as seguintes mencións por presentación de produtos en exposicións: medalla de ouro en Baiona (Francia), en 1864; neste mesmo ano bronce no certame de Burdeos, tamén bronce na Exposición de O Porto de 1865; prata na Exposición Universal de París de 1867. Tamén foi premiado pola Academia nacional da Gran Bretaña. A partir destas distincións o triunfo dos Chocolates Matías López foi imparabile. En 1867 mercou un soar de 20.000 pés cadrados, na mesma rúa da Palma, para montar unha gran fábrica. A demanda de chocolate estase a incrementar e Matías López, en tan só sete anos, monta o que ían ser as súas definitivas instalacións no Escorial, ó dicir da época, unha das primeiras que existen en Europa.

Os éxitos nas exposicións continúan, agora no cumio das mencións, as medallas de ouro: Nápoles en 1871, Londres en 1873, París 1878, na que lle



é concedida a medalla de Cabaleiro da Lexión de Honra. Sen obter a máxima distinción, tamén acode a Viena, Filadelfia e Madrid.

[...]

Casou con Andrea, tivo varios fillos e gracias ó casamento dunha das súas fillas co Marqués de Ugena, emparentou coa aristocracia española. Á súa dona concederíasele o título de marquesa de Casa-López, logo do pasamento do industrial, a finais do século pasado. En Sarria aínda se poder ver a súa residencia de verán, de nome Villa-Andrea, en homenaxe á súa esposa. Desde que se consolidara como industrial na capital madrileña viña a pasar tódolos veráns a Sarria. Tamén nesta vila luguesa, Matías López, exercendo de filántropo, construíu un complexo escolar de importancia; en varias ocasións doou cartos para obras públicas e relixiosas. Na súa memoria púxoselle o nome a unha das principais rúas de Sarria."

[...]

Non foi persoa con ambicións políticas. Non exerceu nunca ningún cargo político, excepción feita dos de deputado ou senador, a pesar de que, segundo parece, foi invitado en bastantes ocasións a asumir algunha responsabilidade.

Como moitos burgueses da súa época, tiña ideas peculiares sobre a riqueza pública. Defendía a privatización dos bens públicos, especialmente dos montes, pero ó mesmo tempo opúñase á tala destes, favorecendo así a repoboación forestal como medio de xerar riqueza en mans privadas.

Era liberal, pero moderado. Optaba pola liberdade, compatible en todo caso coa orde. Non apoiou o sufraxio universal, senón o restrinxido, quizais por estimar que podería abri-las portas da anarquía.

Representou pro vez primeira a Galicia na lexislatura de 1872, tras saír elixido deputado polo distrito de Sarria. Xa na Restauración representou novamente a Sarria na lexislatura de 1876 a 1879. Non falou nunca no Congreso, só presentou algunhas representacións. Na última lexislatura citada formou parte dalgunhas comisións, como a de Gracias e Pensións e a que tratou a construción dun cárcere-modelo.

No ano 1877 resultou elixido senador pola provincia de Lugo, pero renunciou ó posto para poder continuar como deputado por Sarria.

Aínda que fuxía dos cargos políticos, era estimado pola súa fortuna. Foi honrado coa Gran Cruz de Isabel a Católica, coa Encomenda a Isabel a Católica e coa Lexión de Honor. A súa morte a Monarquía concedeulle á viúva o título de Marquesa da Casa-López.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Sarria	Lugo
Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito de Sarria	Lugo
Lexislatura 1883-1884	Senador vitalicio	

**LÓPEZ MORA, Álvaro**

Naceu en Santiago de Compostela o 18 de marzo de 1853. Estudiu Dereito e Filosofía e Letras. Emigrou a Cuba, onde rexentou durante algún tempo a cátedra de Dereito Canónico na Universidade da Habana e ingresou na carreira xudicial.

De regreso en España, logrou o escano polo distrito de Padrón no ano 1887, en substitución de Rafael Antonio Orense y Figueroa. A partir dese momento representou diferentes distritos en moitas legislaturas, tanto no Congreso coma no Senado. En 1903 foi senador pola provincia de Cáceres, en 1905 pola de Huelva e en 1917 representou a Madrid.

Casou con Manuela Gasset Chinchilla, filla de Eduardo Gasset Artime.

Tiña unha economía saneada, porque no expediente aberto en 1893 co obxecto de xustificar los ingresos requiridos para ser senador, consta un depósito de 196.200 pesetas, cédulas hipotecarias por valor de 197.000 pesetas máis, unha casa na rúa das Salesas en Madrid, construída por el no ano 1890, e un terreo edificable en Mesonero Ramos, do que era propietario xunto con outros socios.

En 1898 foi nomeado director xeral do Contencioso, en 1905 director xeral da Administración, dous anos máis tarde director xeral de Correos e Telégrafos e en 1909 subsecretario do Ministerio de Gracia e Xustiza.

Como deputado e senador traballou moito en comisións. Cando era senador pola provincia da Coruña, en 1894, participou nas comisións constituídas para a cesión do baluarte de San Carlos ó concello da Coruña, foi secretario da comisión encargada de crear as caixas de pensións para a clase obreira, así como da que estudou os proxectos dos portos de Cariño e Bares; tamén o foi, entre outras, da comisión que tratou a necesidade de fixar aranceis para os cereais procedentes do estranxeiro. En total, foi secretario dunhas vinte comisións. quen coñece a forma en que actuaban por dentro o Congreso e o Senado sabe que, en realidade, era o secretario o que levaba o peso das discusións, dos proxectos e mesmo da preparación dos decretos. López Mora gañou sobradamente o soldo que percibía do Estado.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Legislatura 1886-1891	Deputado polo distrito de Padrón (Entrou no Congreso o 13 de xullo de 1887)	A Coruña
Legislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Legislatura 1893-1894	Senador pola provincia da Coruña	
Legislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Xínzo	Ourense
Legislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Xínzo	Ourense

ISó no ano 1901, porque o 3 de febreiro de 1902 foi anulada a acta; substituíuna Cebián Raffignacel

**LÓPEZ PELEGRÍN Y BORDONADA, Santos**

Na súa longa vida política só representou a Galicia nunha lexislatura, entre 1901 e 1903, como deputado por Lugo.

Naceu en Molina de Aragón (provincia de Guadalaxara) o 5 de outubro de 1861, fillo de Santos López Pelegrín, natural de Santo Domingo de la Calzada (Logroño), que representou a provincia de Guadalaxara en varias ocasións, e de Petra Bordonada, de Molina de Aragón.



Militar de profesión, casou no ano 1902, sendo comandante de enxeñeiros, con Rita Sains-Ezquerria y Muria, que procedía dunha familia de Burgos por parte de pai e de Zaragoza por parte de nai.

En 1908 era tenente coronel en excedencia, en 1911 coronel e en 1918 xeneral de brigada.

Tiña unha economía saneada, o que lle permitiu cumprir sen problemas as condicións económicas requiridas para ser senador.

Como queda dito, cóstanos que foi deputado nunha lexislatura, entre 1901 e 1903, en representación de Lugo. A partir deste momento foi senador pola provincia de Guadalaxara nas lexislaturas de 1903 a 1904, de 1905 a 1907, de 1907 a 1909, de 1910 a 1911, de 1914 a 1915 e de 1916 a 1917. Desde 1918 foi xa senador vitalicio.

Como deputado por Galicia a súa actuación foi pouco importante. Na lexislatura de 1901 a 1903 formou parte dalgunhas comisións que trataron asuntos militares.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1901-1903    Deputado polo distrito de Lugo

**LÓPEZ VÁZQUEZ BALLESTEROS, Joaquín**

Debeu de nacer en Redondela. Seus pais foron Pedro López de la Peña y Zumalave, intendente de Rendas Reais de Redondela e natural de Santiago de Compostela, e María Vicenta Vázquez Ballesteros, de Vilagarcía. Era irmán de Ramón López Vázquez Ballesteros (véx.).

Dedicouse ós negocios e debía de ser experto en temas de administración. Foi nomeado intendente de Rendas Nacionais de Alacant antes de 1840. As mutacións políticas determinaban case sempre os cesamentos nos postos máis importantes. Joaquín López Vázquez Ballesteros, que militou sempre no Partido Moderado, cesou en 1840 cando chegaron os esparteristas ó poder.

No ano 1843 situámolo en Pontevedra como delegado dunha empresa encargada do transporte do sal; en virtude deste cargo establecía contratos cos fomentadores da

ría de Pontevedra.

Consta tamén que foi un importante investidor en bens desamortizados, tanto na cidade de Pontevedra coma na provincia.

Representou en tres lexislaturas a cidade e a provincia de Pontevedra. Resultou elixido por vez primeira na segunda lexislatura de 1843, de tan curta duración que practicamente non lle deu tempo a chegar a Madrid. Na lexislatura de 1844 a 1846 obtivo a representación Bartolomé Hermida, que foi substituído no Nadal de 1845 polo noso protagonista. Tampouco consta que formase parte de comisións nin que tivese intervención ningunha.

Finalmente foi elixido na lexislatura de 1851 a 1852.

Como deputado, pois, a súa actuación foi case nula.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1843 (2ª)	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia de Pontevedra (Desde 1845)	
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra

### LÓPEZ VÁZQUEZ BALLESTEROS, Ramón

Constitúe un dos exemplos típicos da evolución da nosa fidalguía e da acomodación ós novos tempos impostos polo liberalismo. Naceu en Redondela, fillo de Pedro López de la Peña y Zumalave, natural de Santiago e intendente de Rendas Reais de Redondela e de María Vicenta Vázquez Ballesteros, de Vilagarcía. Os pais eran ámbolos dous fidalgos. De acordo coa estratexia familiar propia do Antigo Réxime, os pais lograron contactar co poderoso mecenas galego Manuel Fernández Varela, comisario xeral da Santa Cruzada, que residía en Madrid, e foi este quen o propuxo como colexial de Fonseca, onde ingresou no ano 1825.

Fernández Varela, como era habitual, coidou da súa colocación, unha vez rematados os estudos de Dereito na Universidade de Santiago en 1828. De aí que en 1833 obtívase o nomeamento de alcalde do Crime na Audiencia de Cáceres. Un ano despois morrería o seu protector.

Tralo falecemento de Fernando VII en 1833, a situación política española experimentou un cambio total. O novo Estado liberal foi desenvolvendo paseniño a súa actividade e consolidándose como unha realidade. López Vázquez, como tantos outros, formados privilexiadamente nos anos do absolutismo, integrouse sen problemas no novo cadro político.

Xa pola súa conta e sen necesidade dos apoios familiares, foi ascendendo na carreira xudicial. Pasou así de maxistrado na Audiencia de Valladolid a ministro da Sala Primeira do Tribunal Supremo, posto que ocupaba en 1857. No ano 1864 actuou como presidente do Tribunal Supremo por se-lo membro máis antigo do mesmo. Gozaba xa



daquela da Gran Cruz de Isabel a Católica.

Desde que en 1837 decidise presentarse ás eleccións, ata 1868 en que aparece por derradeira vez como senador vitalicio, representou sempre a provincia de Pontevedra, e fíxoo como deputado en oito lexislaturas e varias veces como senador, aínda que neste caso non electo.

Militou sempre no Partido Moderado e no período que vai de 1840 a 1843 participou en duras campañas contra o Goberno de Espartero.

Como deputado non destacou polo traballo en comisións, agás na lexislatura de 1844 a 1846 en que formou parte de cinco comisións e falou nalgunha ocasión sobre presupostos ou sobre a reforma da lei electoral (sesión do 6 de febreiro de 1846). Tampouco brillou polos seus discursos.

No ano 1850, sendo deputado por Tui, mereceu de Sánchez Silva un xuízo que queremos reproducir: "Jurisconsulto de recto juicio y sana conciencia, pero es ministerial acérrimo". Segundo Sánchez Silva isto explicaba o ascenso do posto de asesor de Facenda ó de ministro togado do Tribunal Maior de Contas, con 40.000 reais de soldo. Engade tamén a nosa fonte que "es alto, grueso, moreno y circunspecto" e que "piensa más que habla".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1839	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1843 (2ª)	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra

### LORENZANA LEMOS, Manuel Benito

Personaxe moi atractivo do que só podemos ofrecer algunhas informacións fragmentarias que, non obstante, poden resultar suficientes para enmarcar este clérigo, masón e deputado durante o Trienio.

A primeira noticia que temos de Lorenzana procede do ano 1796, data na que exercía como profesor de Teoloxía no seminario de Monforte. Daquela foi denunciado á Inquisición por defender proposicións atrevidas en materia teolóxica. Novamente foi denunciado no ano 1800 por Benito Rodríguez Casanova, escribán de Monforte, por defender nas súas conversacións proposicións materialistas (como que a alma non podía ser inmortal), por ler libros prohibidos, por facer mofa dalgúns santos que para el tiñan que estar no Inferno e por esconder unha hostia consagrada para mandarlle a unha moza chamada María Teresa García.

A Inquisición fixo comprobacións e non atopou materia delictuosa porque gran parte das acusacións foron suficientemente refutadas. Sen embargo, a Inquisición

insistiu no ano 1805. O único que puido demostrar entón foi que Lorenzana tiña fama de ser un magnífico profesor e non constaba que defendese doutrinas condenadas, pero fallaba na vida privada: asistía a festas de paisano, recibía mulleres no seminario, aínda que non se podía demostrar ningún tipo de impudicia, e xogaba moito ás cartas con diñeiro, paixón na que tódalas testemuñas coincidían. Ben é certo que Lorenzana era clérigo, pero non sacerdote, e por conseguinte, ó non recibí-las ordes maiores, non estaba obrigado ó voto de castidade. Tampouco lle atoparon ningún libro prohibido na requisa que a Inquisición fixo da súa biblioteca. Por todo isto, o Tribunal acordou só reprendelo pola súa conducta.

Pero os inimigos de Lorenzana, que debían de ser moitos, sobre todo clérigos, non pararon e en 1809 denunciárono de novo por colaboracionista cos franceses. A denuncia pasou ó Tribunal de Seguridade, pero Lorenzana, persoa moi hábil, tiña preparada a súa defensa. Presentou dous testemuños, un do concello de Monforte no que se facía consta-la súa conducta patriótica, e outro, e definitivo, de frei Beda Peña, abade de San Vicente de Monforte e gran patriota, redactado dous días antes de que o abade fose executado polos franceses.

Ata 1820 non volvemos ter noticias deste interesante clérigo que posiblemente no período absolutista (1814-1820) debeu de sufrir novas persecucións. Nese ano resultou elixido deputado para as Cortes liberais, signo inequívoco de que o noso biógrafo-do militaba no liberalismo máis progresista.

Como deputado mostrouse "constitucional a pie firme", como reza unha crónica da época. Participou nas comisións de Reforma de Regulares, Infraccións á Constitución, Tribunal de Cortes e Lexislación, así como da comisión que tratou o tribunal para xulgalas causas dos deputados.

Interveu poucas veces e case sempre en temas fiscais e relixiosos. Opúxose ós proxectos de contribución en Galicia (18 de outubro de 1820), ó estancamento do sal (7 de novembro de 1820) e ós aranceis (10 de novembro de 1821), e manifestouse a favor de que Galicia importase liño de Rusia para non perde-lo tren da industria (2 de decembro de 1821). Interveu tamén na cuestión dos señoríos (30 de xuño de 1821) e apoiou os regulares, que se atopaban nunha situación económica extrema (27 de novembro de 1820).

Algunhas noticias indirectas apuntan que era membro da masonería.

No ano 1825 volveu ser obxecto de represión, ó ser declarado impurificado. Non obstante, retornou a Monforte e seguiu exercendo como profesor de Teoloxía.

A partir deste momento Lorenzana ocúltasenos para sempre.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1820-1821      Deputado por Galicia

---

**LORIGA REGUERA, Antonio**

Naceu no Grobe en 1785, pero os seus pais procedían da casa de Sobrecarreira (Sigrás, A Coruña). Foi seu pai Domingo Loriga Romero de Caamaño, señor da casa citada, e súa nai Josefa Reguera Mondragón, procedente da casa do Achal, en San Salvador de Barbeito (Vilasantar, A Coruña). Pertencía, pois, á fidalguía tanto por liña paterna coma por liña materna. Seu pai foi artilleiro (rematou a súa carreira como coronel de Artillería), vocación que herdou o fillo.

Antonio Loriga ingresou no colexio de Artillería no ano 1799. Participou na Guerra de Independencia.

De ideoloxía liberal, foi nomeado en 1822 xefe político interino de Galicia e presidente da única deputación galega. Cesou no cargo cando en Galicia se crearon catro xefaturas políticas e outras tantas deputacións provinciais.

Pola súa ideoloxía foi sometido en 1824 á depuración e ata 1826 non quedou purificado.

Mentres ía ascendendo na carreira militar, compatibilizou os seus servizos con outras dedicacións oficiais, como director da Fábrica de Armas de Trubia e de Sargadelos (en 1828, co grao de tenente coronel), profesor da Academia de Artillería, director da Mestranza da Coruña (1833), presidente da recentemente creada Academia de Belas Artes da Coruña, novamente gobernador da Coruña en 1834, etc.

No ano 1842 ascendeu a brigadier e no 1848 a mariscal de campo. Desde 1842 era vocal da Xunta Superior Facultativa de Artillería.

Casou con Rosa Taboada y Mondragón, parente súa procedente da casa de Liñares (Lalín) e parente tamén dos condes de Taboada. O matrimonio tivo varios fillos: Santiago Loriga Taboada, tamén xeneral de Artillería; Eliseo, igualmente xeneral de Artillería; Francisco, que debeu de emigrar a Cuba e representouna durante moitos anos no Senado; Juana, que casou con Pelayo Cuesta (véx.), etc. Desta familia, que honrou en forma moi distinta a Galicia, proceden así mesmo o aviador Loriga e o matemático Durán Loriga.

Antonio Loriga morreu na Coruña en 1855.

Representou a Galicia en dúas ocasións. A primeira foi na lexislatura de 1837 a 1838. En realidade era suplente, pero, ante as ausencias doutros deputados, como Moscoso Podrido e Pita Pizarro, tivo que ir ó Congreso; de aí que a súa incorporación non se producise ata o 2 de xaneiro de 1838. Durante esta etapa no Congreso practicamente non falou, posto que tan só presentou algunhas preguntas. A segunda ocasión na que representou a Galicia foi na lexislatura de 1840.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1837-1838	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia da Coruña

**LOSADA, Manuel María**

**S**ó representou a Galicia nunha lexislatura, a que se prolongou desde 1834 a 1836, chamada a lexislatura do Estatuto Real, unha das menos populares da historia parlamentaria.

Era natural de Valdeorras e, ó parecer, tiña moita facenda porque, cando o Boletín Oficial do ano 1834 dá conta da súa elección, engádese "hacendado de Valdeorras".

Residiu durante moitos anos na cidade da Coruña, xa que era oidor da Real Audiencia de Galicia. Debía de gozar da consideración do rei Fernando VII porque en 1818 delegou nel a representación para face-la ofrenda ó apóstolo Santiago, tal e como consta na seguinte publicación, única que se lle coñece: *Arenga que en 25 de julio de 1818 ha pronunciado el Sr. D. Manuel Losada, del Consejo de S.M. y su oidor en la Real Audiencia de La Coruña, ante el altar mayor de la S.A.M.I. del Santo Apóstol y Señor Santiago, al ofrecerle, en nombre del Rey nuestro señor (que Dios guarde), los mil escudos de oro de costumbre* (Santiago, 1818).

De talante moi conservador, o seu comportamento foi resumido coas seguintes palabras desprezativas polo correspondente dalgún periódico que foi anotando a actuación dos procuradores en Cortes dos anos 1834 a 1836, e que sen dúbida era progresista: "Compañero de Puga [refírese a Pedro Ventura de Puga] y tan buena púa como el, en todo y por todo", xuízo que debemos interpretar como un rexeitamento do seu conservadorismo político.

En 1843 e 1844 foi nomeado senador por Ourense, pero non consta que tomase posesión.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1834-1836    Procurador en Cortes pola provincia de Ourense

**LOSADA BERNALDO DE QUIRÓS, Ramón**

**E**ra fillo de José Hermenegildo Losada Piñeiro e de Catalina Bernaldo de Quirós, baronesa do Sacro Imperio. Os pais eran coñecidos como condes de Oleiros, título que non parece que estivese recoñecido.

Fixo carreira na Armada e no ano 1814 xa era brigadier de Infantería de Mariña.

O levantamento de febreiro de 1820, que deu paso ó réxime constitucional, pillouno en Ferrol e non parece que Ramón Losada mostrase ningún entusiasmo constitucional desde o primeiro momento. De feito, non formou parte da Xunta constituída naquela cidade o 23 de febreiro de 1820. Así se entende que, cando resultou elixido deputado en 1820, un artigo aparecido no *Diario Constitucional de La Coruña* denunciase que Losada aparecía nunha causa aberta "por dudarse de su opinión a este sistema", e engadise que había testemuñas "de su ningún afecto por aquel entonces a la Constitución".



A denuncia chegou ás Cortes e na sesión do primeiro de xullo de 1820, cando era preciso da-lo dictame sobre o seu nomeamento como deputado, a comisión encargada dictaminou que cumpría suspender a aprobación da súa acta, dado que existían varias denuncias contra el. Pero Losada tivo a fortuna de contar con Toreno, Moscoso de Altamira e Muñoz Torrero como valedores do seu liberalismo. Os apoios de Moscoso de Altamira e Muñoz Torrero foron decisivos, porque o primeiro residía en Ferrol e fora o presidente da Xunta desa cidade e porque o segundo acababa de chegar ás Cortes procedente de Galicia, onde estivera detido e onde, unha vez liberado polo pronunciamento de febreiro de 1820, puidera contactar cos líderes do liberalismo coruñés. Sen dúbida tiña informes positivos de Losada e da súa fidelidade ó sistema constitucional. A pesar de que Calatrava lideraba o sector que se opoñía á aprobación da acta, esta foi aprobada o mesmo 1 de xullo.

Parece ser que en Madrid estaban moito máis seguros da ortodoxia liberal de Losada que en Galicia, porque o 21 de marzo de 1820 apareceu na *Gaceta de Madrid* o seu nomeamento como xefe político e gobernador interino de Galicia, nomeamento que só debeu de durar algúns días porque no mes de abril Agar y Bustillo aparecía xa nomeado capitán xeneral de Galicia e xefe político, segundo decisión da Xunta Superior de Galicia, con sede na Coruña, que debeu de protestar de inmediato polo nomeamento de Losada.

Nas Cortes, Losada tivo unha notable presenza. Formou parte das comisións de Milicias Nacionais, Forzas Armadas, Armada, Prisión, etc. O 28 de novembro de 1821 foi elixido vicepresidente das Cortes, o que representaba un importante aval do seu liberalismo.

Non obstante, falou poucas veces no Congreso. O 10 de xullo de 1820 presentou unha moción para que os nomes de Porlier, Lacy e Acevedo fosen gravados en ouro nas paredes do Congreso, ó lado dos de Daoiz e Velarde, e o 11 de novembro do mesmo ano defendeu o dereito dos militares a votar.

Un asistente ás sesións describiu así a Losada: "Galleguito fino y de alma, marino amable, prudente y callado".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1820-1821    Deputado por Galicia

### LOSADA MIRANDA, Baltasar (Conde de Maceda e San Román) =====

Ser deputado a Cortes significa normalmente en calquera biografía un evidente ascenso social e político, á parte das significacións patrióticas que tal feito poida ter. Esta circunstancia, sen embargo, adquire unha relevancia moito menor en personaxes como o que presentamos. Baltasar Miranda, fillo de Francisco Javier Losada, tenente xeneral do Exército, e de Joaquina Miranda Sebastiani, dama da Raíña e natural da Coruña, herdou en 1857 do seu irmán José Miranda, que morreu sen sucesión, os seguintes títulos: marqués de Santa María del Villar, marqués de Atalaya (cedido a

Francisca Javiera Losada y Miranda), conde de Maceda, conde de San Román, vizconde de Fefiñans (cedido a María de los Dolores Losada y Miranda), ademais da grandeza de España de primeira clase.

Era natural de Madrid e casou con María Luisa Torres Barrenechea, nacida en San Sebastián. Froito deste matrimonio foi Baltasar Losada Torres, que contraeu matrimonio con Lucía Ozores y Saavedra, filla dos señores de Rubianes. O enlace supuxo a unión de dúas grandes familias galegas e a herdanza de numerosos títulos nobiliarios, como os de conde de Priegue, conde de Maceda, etc.

Militou no Partido Conservador e representou a Galicia no Congreso en dúas ocasións, tralas eleccións de 1863 e 1864, sempre como deputado polo distrito de Carballo.

Foi un dos vicepresidentes do Congreso en 1863, formou parte dalgunhas comisións pero non falou nunca nin presentou ningunha moción ou pregunta ós ministros.

Na lexislatura de 1864 tamén resultou elixido senador. Por último, foi senador vitalicio por designación real desde 1877. Durante o Sexenio retirouse da política activa.

Morreu no ano 1907.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Carballo	A Coruña
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Carballo	A Coruña
Lexislatura 1864-1865	Senador pola provincia da Coruña	



#### LOSADA TORRES, Baltasar (Conde de Maceda y San Román)

Este ilustre prócer representou a Galicia en dúas lexislaturas.

Naceu en Madrid o 22 de decembro de 1861. Era fillo de Baltasar de Losada y Miranda e de María Luisa Torres Barrenechea. Ostentou os títulos de conde de Maceda, conde de San Román, marqués de Santa-María del Villar e grande de España de primeira clase.

Casou o 28 de maio de 1885 con Lucía Ozores Saavedra, filla maior dos marqueses de Aranda, da casa de Rubianes, así mesmo grandes de España.

Residiu en Madrid aínda que tiña importantes propiedades en Galicia. Herdou o pazo de Xaz, en San Martiño de Dorneda (Oleiros), e o da Mota en Ois (Coirós, Betanzos).

Parece que era amigo persoal de Alfonso XIII, que o nomeou monteiro maior do

Reino, cargo honorífico que lle permitía estar co Rei nas cacerías.

Na súa actuación como deputado galego non hai nada que salientar. Representou o distrito de Xinzo na lexislatura de 1891 a 1892 e o de Ourense na de 1899 a 1901.

Por Real Decreto do 24 de xaneiro de 1917 Alfonso XIII nomeouno senador vitalicio.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1891-1892	Deputado polo distrito de Xinzo	Ourense
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Ourense	

### LOYGORRI DE LA TORRE, Federico

Foi un ilustre mariño que tan só nunha lexislatura, e por razón do encasillado que facía o Goberno, saíu elixido senador por Pontevedra. Non tiña ningunha relación coa nosa terra.

Naceu en Málaga o 3 de setembro de 1849. Ingresou na Armada no ano 1863 e pouco a pouco foi ascendendo.

Estivo moi vinculado á actividade política, e así foi gobernador civil das provincias de Huesca, Navarra e Guadaluara, e das Baleares. Resultou elixido deputado por primeira vez polo distrito de Sagunto (Valencia), en 1881. Máis tarde representaría o distrito de Gandesa (Tarragona), entre 1886 e 1889, e novamente o de Sagunto entre 1898 e 1899. Na lexislatura de 1901 foi senador pola provincia de Valencia. Na de 1905 a 1907 saíu elixido senador pola provincia de Pontevedra, pero só estivo no Senado o ano 1905. Finalmente, en 1906 o Rei nomeouno senador vitalicio.



Sempre militou no Partido Liberal, pero era unha persoa aceptada tamén polo Partido Conservador.

No ano 1914 era xa contraalmirante da Armada. Atrás quedaban os anos de agregado naval na Embaixada de España en Francia. O posto máis alto que acadou na Administración Civil foi o de xefe superior da mesma.

Estaba condecorado coa Orde Militar de Santiago, a Cruz do Mérito Naval, a Cruz do Mérito Militar, a Encomenda de Isabel a Católica; era Oficial da Lexión de Honor, Mestrante de Zaragoza, etc.

Era un grande experto en temas militares e procuraba formar parte das comisións que trataban asuntos desa índole. En 1905, como representante de Galicia no Senado, foi secretario das seguintes: comisión encargada de procura-lo bronce para a estatua do duque de Tetuán, comisión que debía vixiar para que non se utilizasen explosivos na pesca, comisión que tratou a represión por delitos dentro do Exército e comisión que tratou os ascensos. Participaba moi activamente, preguntando ós ministros sobre diver-

sas cuestións e pronunciando diferentes discursos, fundamentalmente relacionados cos presupostos.

Foi un exemplo de cómo os militares poden ensinar moito cando se integran nas institucións civís.

Morreu o 21 de abril de 1915. Aínda que non se atopaba integrado en Galicia de ningún xeito, na lexislatura na que nos representou foi un exemplo de laboriosidade.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1905-1907 Senador pola provincia de Pontevedra (So estivo o ano 1905)



#### LUACES ALONSO-MAGADAN, César

Naceu o 31 de xaneiro de 1859.

Foi enxeñeiro da Armada, e no ano 1910 alcanzara xa a categoría de inspector xeral. Para chegar a este posto tivo que recorrer-lo longo camiño dos ascensos. En 1903 era enxeñeiro de segunda clase da Armada, en situación de excedente pola súa dedicación á política.

Foi elixido deputado polo distrito da Fonsagrada nas eleccións de 1899, e a partir de 1903 representou ininterrompidamente a provincia de Ourense no Senado.

Era un experto en temas navais e militares. Foi un senador moi concienciado do seu papel; baste dicir que na lexislatura de 1907 exerceu de secretario en dezasete comisións, o que pon de manifesto o seu traballo e o respecto que lle tiña o Senado ó encomendarlle ditas tarefas.

Gozaba dunha cómoda posición económica que lle permitía manterse en excedencia. Consta que en 1903 tiña en depósitos de débeda perpetua preto de 500.000 pesetas, ó que hai que engadi-lo soldo que percibía como enxeñeiro excedente da Armada.

Morreu en Madrid o 18 de decembro de 1916.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito da Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1903-1905	Senador pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1905-1907	Senador pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1907-1908	Senador pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1910-1911	Senador pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1914-1915	Senador pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1916	Senador pola provincia de Ourense	



**LUANCO Y GAVIOT, Emilio**

**E**ra capitán de fragata da Armada cando foi elixido deputado polo distrito de Ferrol.

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1891-1893    Deputado polo distrito de Ferrol    A Coruña

**LUQUE COCA, Agustín de**

**I**lustre militar e ministro da Guerra en varios gobernos, pero sen vinculación persoal con Galicia, da que foi representante nunha ocasión.

Naceu en Málaga o 27 de setembro de 1850. Ingresou na Academia Militar de Infantería. Oficial do Exército cunha honrosa folla militar, labrada especialmente nas guerras do Norte e de Cuba, ascendeu en 1893 a xeneral de brigada e en 1899 a tenente xeneral.



Militou sempre no Partido Liberal, co que foi ministro da Guerra desde o 1 de decembro de 1905 ata o 4 de decembro de 1906 en catro gobernos sucesivos. Repetiu posteriormente no cargo desde o 21 de outubro de 1909 ata o 9 de febreiro de 1910, nun goberno de Moret. Con Romanones como presidente do Goberno fíxose cargo de novo do Ministerio da Guerra desde o 15 de novembro de 1912 ó 25 de outubro de 1913 e do 9 de decembro de 1915 ó 20 de abril de 1917.

Foi así mesmo capitán xeneral de Sevilla e director xeral da Garda Civil.

Moi laureado, obtivo a Gran Cruz por méritos de guerra, a Gran Cruz de María Cristina, a do Mérito Naval, a de San Hermenegildo, etc.

Na súa xuventude colaborou asiduamente en revistas de temática militar.

Como representante da nación, foi senador pola provincia de Palencia na lexislatura de 1905 a 1907 e pola provincia de Lugo na lexislatura de 1907. En 1908 foi nomeado senador vitalicio.

Como senador en representación de Galicia no ano 1907, a penas participou en comisións que afectasen o noso territorio. Foi presidente da comisión que tratou os ascensos de sarxentos, así como da que tratou a exención de pagos ós beneficiarios para que lograsen os títulos de condes de Daoiz e de Velarde; tamén foi membro da comisión que estudou a concesión de bronce (material que estaba monopolizado polo Exército) para face-las estatuas de frei Luis de Granada e Benigno Quiroga Ballesteros, e pouco máis.

Morreu en Madrid en 1936.

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1907-1908    Senador pola provincia de Lugo

## — LI —

**LLADÓ Y VALDÉS, José**

Joaquín Quiroga Espín, fillo de Benigno Quiroga, seguindo a tradición familiar, enfeudouse no distrito de Quiroga que era tan deles como o seu nome. Sen embargo decidiu pasarse ó distrito de Lugo, a partir da lexislatura de 1914. Moi probablemente os Quiroga promoveron a chegada ó distrito de Quiroga dun *cunero* como Lladó y Valdés que, por unha parte, ó carecer de base no distrito nunca podería ser un obstáculo para as súas pretensións e, ademais, a fama de home rico e poderoso en Madrid podía proporcionarilles apoios.

Lladó era avogado, pertencía ó Partido Liberal, fracción de Romanones, e estaba introducido na administración e nas altas instancias da maxistratura xudicial. No ano 1918 era membro do Consello de Estado, logo foi director xeral da Administración e no ano 1923 era fiscal do Tribunal Supremo.

Era ademais conselleiro da Compañía Arrendataria de Tabacos e asesor da Compañía Madrileña de Tranvías.

Representou o distrito de Quiroga desde 1916 ata 1923.

Cando se anulou as primeiras eleccións da Segunda República na provincia de Lugo, substituíu a Elola e obtivo o escano de deputado por Lugo nas segundas eleccións celebradas o 21 de setembro de 1931.

Pouco saboreou a súa representación porque morreu o 9 de outubro de 1933. Formaba parte do Partido Republicano Independente.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1931-1933	Deputado pola provincia de Lugo	

**LLAMAS ISLA, Juan José**

A primeira noticia que atopamos deste deputado é do ano 1820. Consta que residía na Coruña (aínda que sospeitamos que a súa procedencia era lucense), que era subtenente da Milicia Nacional e naquel momento profesaba un progresismo moi radical, como o demostra a súa activa participación na Sociedade Patriótica da Coruña, berce do radicalismo liberal durante o Trienio.

Sometido ás depuracións habituais naqueles tempos, reaparece xa nos anos trinta, como avogado, sempre residindo na Coruña e como funcionario da Administración do Estado.

Sen embargo, á altura do ano 1840, xa debía estar de volta dos seus xuvenís pronunciamentos radicais, porque o 6 de novembro de 1840 asinou unha enéxica proclama contra Espartero, líder indiscutible do progresismo español, polo menos ata 1843.

Resultou elixido deputado por vez primeira na lexislatura de 1839 e seguiu na de 1840. O seu papel no Congreso non tivo ningunha relevancia.

Foi un investidor de certa importancia en bens desamortizados.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia da Coruña

### LLORENTE Y PASTOR, Manuel

Extraordinaria personalidade a de Llorente, protagonista dunha vida a cabalo entre a realidade e a lenda. Os biógrafos que ata hoxe lle dedicaron algunhas páxinas, silenciaron aspectos fundamentais da súa vida, que son os que o fan diferente.

Naceu en Vigo no ano 1781, fillo de Manuel Llorente Romero e de Magdalena Pastor, da casa do Piñeiro (Vigo). Ingresou moi novo no exército, e ós dezaioito anos era subtenente do Rexemento Provincial de Pontevedra. Loitou na Guerra de Independencia contra os franceses e deu síntomas desde o primeiro momento do seu fondo e visceral liberalismo.

Estaba destinado en Santiago, como oficial, cando o 29 de novembro de 1814 foi denunciado á Inquisición polo castrense frei Francisco Giráldez, por "libertino, fracmasón y delincuente contra la religión y la fe". No proceso houbo testificacións que aseguraban que cando estaba en Valladolid coaccionaba os oficiais de menor graduación para que entrasen na sociedade masónica desta cidade. O párroco de Sar, a quen a Inquisición solicitou informes, só atestou que era libertino porque era xogador (de cartos) notorio, porque nas súas conversas se mofaba do clero e da Igrexa e tiña unha caixaña con figuras obscenas que mostraba ós amigos. A Inquisición non atopou materia delictuosa e, polo momento, deixou aberta a causa.

En 1815 participou no levantamento liberal do xeneral Porlier, polo que foi detido por algún tempo. Sen embargo no ano 1817 aparece formando parte dunha conspiración liberal, que tiña o seu centro en Santiago. Novamente detido, el mesmo nos conta que o xeneral Pescy, gobernador militar de Santiago, lle dixo que ben sabía que as acusacións eran infundadas e díxollo "acompañado de varias lágrimas", e engade Llorente, "efecto sin duda de la facilidad que tiene en hacerlo

cuando quiere, sin ser movidas de placer ni dolor". Foille sobresida a causa.

En 1819 contraeu matrimonio en Santiago con Carmen Rey Losada, da que polo menos tivo un fillo, Hipólito Llorente Rey, tamén militar.

A súa dona procedía da casa de Picón (Santalla de Arca, O Pino, Santiago), filla de Fernando Rey do Barreiro e de Catalina Losada Bernaldo de Quirós.

No ano 1821 foi elixido deputado polo Reino de Galicia. Neste momento era sargento maior da Columna de Granadeiros Provinciais.

Pouca actuación tivo nas Cortes, pero os liberais radicais sabían que contaban co seu voto e por iso un cronista do Congreso, ó que se lle notaba a súa tendencia radical, fixo del a seguinte ficha: "Militar intrépido, sin tacha y acérrimo defensor de los patriotas. Fue uno de los descamisados que quisieron restablecer con el desdichado Porlier la Constitución".

Na célebre sesión do 11 de xuño de 1823, cando as Cortes aceptaron a proposta de Alcalá Galiano de exonerar a Fernando VII por incapaz, Llorente foi un dos que votaron a favor desta proposta. Derrotados os constitucionalistas, un tribunal de Sevilla condenouno a morte cos outros deputados que votaran esta proposta. Llorente fuxiu a Xibraltar e desde alí viaxou a Inglaterra onde pasou dez anos de exilio. Durante este período traballou con Mina e outros exiliados na preparación da invasión de España. Mantiña aberta unha fluída comunicación con Galicia como denunciaron ó Goberno os espías en Inglaterra.

Retornou a España no ano 1833, gracias á amnistía. Por algún tempo foi subsecretario do Ministerio de Guerra. Reincorporouse ó exército e publicou algunhas obras de carácter militar que, sen dúbida, preparou en Inglaterra.

No ano 1834 foi elixido procurador por Galicia, é dicir, deputado. Retornou con gloria a unhas cortes que volvían abrirse desde que no ano 1823 foran pechadas. Era dos poucos que participara nas últimas e nestas novas Cortes. Outro cronista, quizais menos radical, facía a seguinte ficha del: "Militar apuesto, que no atiende más oratoria que la del sable... Es buen mozo y parece que lo sabe".

Como deputado era unha nulidade xa que a penas interviña nin traballaba nas comisións, pero era unha especie de representante ou símbolo daquel primeiro e utópico liberalismo.

O seu exilio e posiblemente a mancha no seu expediente pola reprobación ó Rei determinaron que os seus ascensos fosen tardíos. Por iso temos que dicir que non é certo que acadase o ascenso a tenente xeneral do Exército como aseguran algúns dos seus biógrafos. Rematou a súa carreira como mariscal de campo, e morreu en Madrid o 30 de xaneiro de 1873.

Aínda foi deputado galego unha terceira vez: no ano 1851. Nas eleccións dese ano polo distrito de Vigo, obtivo a representación Senén Buenaga, pero ó dimitir ó pouco tempo, celebráronse no mes de outubro novas eleccións, nas cales Llorente



obtivo a victoria sobre Pelayo Cuesta por só dez votos de diferenxia. Llorente celebrou ruidosamente, como o facía todo, a súa victoria cunha festa no pazo do Piñeiro (Vigo), como podemos ler nos xornais da época.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1821-1823	Deputado por Galicia	
Lexislatura 1834-1836	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra

### LLORENTE Y PAZOS DE PROVEN, Jacobo (Marqués de Astáriz)

Natural de Pontevedra, curtiuse como militar na Guerra de Independencia en que chegou a ostentar o grao de coronel.

Concluída esta guerra, amosou unha clara inclinación polo proxecto liberal. Por iso no ano 1820 foi un dos que apoiaron o levantamento constitucional. Cando en 1821 era capitán do provincial de Compostela (como se sabe os graos obtidos na Guerra de Independencia tiveron que ser homologados polo Estado e non sempre atoparon na escala a equivalencia que antes tiñan) foi elixido deputado suplente para as Cortes, pero non deputado titular, como ás veces se di. Esta é a razón pola que non participou no Congreso durante o Trienio.

Foi, sen embargo, moito máis eficaz en Galicia porque no ano 1823, á fronte da Milicia Nacional Activa de Ferrol, bateu en Ponte de Castro (Sobrado dos Monxes) unha partida realista que lle provocou, como anunciaba a *Gaceta de Madrid* do 22 e do 30 de marzo de 1823, vinte mortos e seis prisioneiros.

Esta comprometida actitude proconstitucional explica que tivese que exiliarse no estranxeiro desde 1823 ata 1832.

Nomeado Morillo no ano 1833 capitán xeral de Galicia, e iniciada a guerra carlista, este trouxo da fronte vasca unha serie de oficiais da súa absoluta confianza, como Sanjuanena e Llorente, ós que se lles encomendou a persecución do carlismo, utilizando para iso tódolos medios legais e paralegais.

Llorente foi nomeado en 1835 comandante militar e ó mesmo tempo gobernador civil da provincia de Lugo. As súas alocucións ós militares, ás autoridades e ó pobo revelan o seu carácter autoritario. Vexámo-lo que dixo nunha alocución do 24 de setembro de 1835 en Lugo: "Mis órdenes nunca se repiten, las llevo a debido efecto, interin no son derogadas". A diferenza do seu antecesor o xeneral Sanjuanena, que empregou medios claramente ilegais na persecución do carlismo (conducta que o capitán xeral Morillo aprobaba), o marqués de Astáriz procurou no posible xeneraliza-los indultos para desarmar psicoloxicamente os carlistas, cousa que facía porque "además de ser español soy gallego y ese lazo más me obliga a esforzarme para manifestaros cuan sensible me es ver la sangre que se derrama".

Sen embargo, chegado o caso, tamén foi cruel cos vencidos.

No ano 1836 Morillo trasladouno como comandante xeral da praza de Santiago. Nesta cidade non tivo escrúpulos para proceder contra o arcebispo Vélez e contra o bispo auxiliar, ós que obrigou a abandona-la sede e a ser desterrados fóra de Galicia.

En medio de tantas ocupacións militares aínda tivo tempo de representar a Galicia no Congreso no período entre 1834 e parte de 1835. Un comentarista das Cortes, sen dúbida algunha galego, facía del o seguinte comentario, pouco explícito: "No descomponía baraja entre sus colegas de La Coruña, porque sobre ser gallego y callado y ministerial y nada gallardo era aínda máis morgao, militar y emigrado".

Como deputado non destacou.

En 1838, sendo Latre ministro de Guerra co que coincidira en Galicia, foi nomeado subsecretario de Guerra e ascendido a brigadier.

Debeu morrer en Santiago no ano 1848.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1834-1835      Procurador pola provincia da Coruña

## — M —



### MACEIRA DE PAZOS, Telmo

Naceu en Tui o 12 de febreiro de 1798. Estudiu Humanidades cos franciscanos de Tui, Filosofía no mosteiro beneditino de Poio e dous anos de Teoloxía novamente en Tui. Incorporou todos estes estudos na Universidade de Santiago, obtendo o bacharelato en Teoloxía no ano 1818, Licenciado e Doutor tamén en Teoloxía en 1822, bacharelato en Canons en 1821.

Ordenado de sacerdote no ano 1823, foi nomeado párroco de Santa María de Vide (Tui). Como os títulos obtidos no Trienio Constitucional carecían de valor, por decisión de Fernando VII, tivo que revalidar novamente os grados de Licenciado e Doutor en Teoloxía no ano 1827.

A súa familia, dos Maceira e García Maceira, e gracias á competencia de Juan

García Maceira, dispuña dunha situación privilexiada economicamente. A firma "Andrés Maceira y Hermano" tiña banca propia, barcos entre España e Portugal, fábrica de madeira, fábrica de curtidos e fábrica téxtil. A medida que a familia foi ascendendo socialmente, Telmo parece que se beneficiou tamén da estela do poder. No ano 1828 gañou por oposición a canonxía de Maxistral da catedral de Tui e en 1850 fôo nomeado Deán da mesma.

Era Deán cando foi elixido senador pola provincia de Pontevedra no ano 1843-1844 e posteriormente a Coroa o nomeou senador vitalicio en 1851-1852.

Os seus méritos persoais maila axuda do poder económico familiar explican que fora proposto para a diocese de Coria, nomeamento que non se fixo efectivo porque namentres vacou a diocese de Mondoñedo e foi destinado a esta diocese. Foi bispo de Mondoñedo entre 1852 e 1855.

Neste ano foi proposto para a diocese tudense. Estaba a súa familia neste intre situada na cima do poder económico. O deputado Uhagón en pleno Congreso decía deles que eran "Los Rotschild de la comarca". O seu sobriño García Maceira, cadeirá-dego de Hebreo en Salamanca, fora elixido deputado por Tui no ano 1854 e despois renunciaría á cátedra para dirixi-los negocios familiares.

Por iso os inimigos da familia, que eran moitos, non viron ben o seu nomeamento para a diocese de Tui, entendendo que se xa dispuñan do poder económico, do poder político e era excesivo que agora se engadise o poder eclesiástico.

Quizais iso explica a aparición duns escritos, que non podemos ver, nos que se acusaba ó bispo Maceira de nepotismo e de non deixar claras as contas (na etapa anterior de cóengo de Tui) do Cabido. Acusacións seguramente sen fundamento, que produciron a reacción popular en favor do seu bispo, pero que deberon minar a súa saúde sempre escasa, porque morreu o 9 de agosto de 1864.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1843-1844	Senador pola provincia de Pontevedra
Legislatura 1851-1852	Senador vitalicio de designación real

### MACÍA CASTELO, Demetrio

Estamos ante unha das biografías máis limpas da representación galega. A pesar do seu peso efectivo no Partido Progresista xamais se beneficiou cun nomeamento no seu favor, nin quixo formar parte da Administración estatal. Unha folla de servicios ó país limpa de todo tipo de ambicións desmedidas ou de pretensións.

Naceu en Viana do Bolo o 31 de marzo de 1821 e procedía da fidalguía polos dous costados. Tanto seu pai José Macía coma a súa nai Antonia Castelo, foran titulares de dous morga-



dos. O caudal de rendas que entraba na casa era suficiente para garantir unha cómoda existencia. Casou con Petra Valcarce Válgoma. Conseguiu, quizais por herdanza, o pazo de Arriba de Arcos, en Valdeorras, a onde se trasladou en 1870.

Estudou Leis en Santiago de Compostela, onde terminou os seus estudos no ano 1843. Nada máis remata-la carreira abriu un bufete de avogados en Viana.

Ós 25 anos logrou ser nomeado deputado provincial en Ourense nas eleccións de 1847.

Presentouse a deputado por vez primeira polo distrito do Barco de Valdeorras nas eleccións de 1851. El representaba ó partido progresista e aquelas eleccións foron gañadas polo conde de Ribadavia, candidato do Goberno e moderado.

Mudaron as circunstancias e en 1854 eran os progresistas quen estaban no poder, polo que Macías Castelo non tivo ningunha dificultade para obte-la victoria. Foi a súa primeira representación.

Volveu ser deputado polo Barco de Valdeorras nas eleccións de 1858. Nesta ocasión era a Unión Liberal quen dominaba o panorama político. Macía Castelo ingresou na Unión Liberal pero ó pouco tempo, sentíndose contrario ó rumbo conservador que O'Donnell lle daba ó partido, separouse, e xunto con Olózaga, Aguirre, Sagasta, Calvo Asensio e algún outros, constitúe a minoría progresista das Cortes.

Rematada a lexislatura en 1863, retornou a Viana e seguiu traballando de avogado. Novamente representou o seu distrito na Deputación Provincial e sobre todo dedicou os seus esforzos a reorganiza-lo Partido Progresista na provincia de Ourense, da que foi o seu representante nos congresos celebrados en Madrid en 1864 e 1865.

Un progresista como Macía non podía facer menos ca colaborar activamente coa conspiración do ano 1868, formando parte da Xunta Revolucionaria de Viana. Triunfante esta, foi elixido novamente deputado pola sección de Xinzo, o antigo distrito do Barco de Valdeorras. No ano 1870 cando España elixía Rei, era partidario de Espartero e para iso asina a proclama de 30 de maio de 1870.

Volveu ser elixido nas primeiras eleccións de 1872.

Coa Restauración, integrouse na maioría monárquico-constitucional onde estaban os seus amigos de sempre.

Nas eleccións de 1881, resultou elixido senador pola provincia de Ourense. Foi o derradeiro servizo prestado ó país.

Como deputado non tivo unha actuación brillante. Colaborou nas comisións e votou sempre de acordo coas súas conviccións progresistas. Practicamente non falou nas Cortes.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1858-1863	Deputado polo distrito do Barco de Valdeorras	Ourense
Lexislatura 1869-1871	Deputado pola sección de Xinzo	Ourense
Lexislatura 1872 (1 <sup>ª</sup> )	Deputado polo distrito do Barco de Valdeorras	Ourense
Lexislatura 1881-1882	Senador pola provincia de Ourense	



**MACIA RODRÍGUEZ, Eduardo**

Debeu ser fillo do ilustre Demetrio Macia Castelo (véx.), e unicamente sabemos que representou o distrito de Bande nunha lexislatura. Foi o autor da obra, *Los principios liberales puestos al alcance de todos en fórmulas sencillas*, Plasencia 1896.

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1884-1886

Deputado polo distrito de Bande

Ourense

**MADARIAGA CASTRO, Rogelio**

Naceu en Lugo, posiblemente no ano 1862.

Iniciouse como periodista, colaborando en diversos xornais. Sen embargo os seus estudos e lecturas preferentes eran de tema económico, de aí que se convertese de seguida nun dos especialistas máis importantes e serios do xornalismo económico español. Colaborou na revista financeira *La Estafeta*, que se editaba en Madrid e París e que en 1903 pasou a chamarse *España Económica y Financiera*, da que foi director.



Colaborou tamén en *El Imparcial*, en temas económicos.

Publicou obras como *Los economistas españoles*, *El pago en oro de los derechos de aduanas*, *Los valores mobiliarios*, *Las huelgas en los servicios públicos*.

A súa especialidade explica que o Goberno español o designase delegado para representalo en diversos congresos económicos celebrados en Europa. Así mesmo foi nomeado polo Banco de España, delegado no estranxeiro para que lle proporcionase información económica.

Formou parte sempre do Partido Conservador.

Representou a Galicia só nunha ocasión, na lexislatura de 1914 a 1916, na que foi deputado por Bande. Con anterioridade representara o distrito de Belchite (Zaragoza) na lexislatura de 1896 a 1898.

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1914-1916

Deputado por Bande

Ourense

**MALVAR TABOADA, Bernardino**

Naceu en Noia e procedía da fidalguía galega polos dous costados. Era fillo do oficial do exército Julián Malvar y Pinto, e de Josefa Taboada Tejada. Seu pai era posuidor dunha importante fortuna, parte da cal perdeu na quebra da Sociedade dos

Cinco Remiso de Madrid. Tamén foi político, xa que consta que foi senador pola provincia da Coruña na lexislatura de 1837 a 1839, aínda que nos arquivos do Senado consta que renunciou ó escano, por iso non expoñémo-la súa biografía.

Liberal, pero moi moderado, entrou no Congreso na segunda lexislatura de 1843 a 1844, na que a penas interveu. Continuou nas Cortes ó resultar elixido para a lexislatura de 1844 a 1846, pola provincia da Coruña. Foi elixido un dos secretarios do Congreso e formou parte de comisións como a do tráfico de negros e a de corrección de estilo. Participou con bastante frecuencia pero en cuestións menores e sen pronunciar nunca discurso ningún. El mesmo recoñeceu o 31 de decembro de 1849, que non tiña hábito de falar en público e de feito, naquela ocasión en que forzosamente tivo que intervir con certa amplitude porque atacaba a Salvador Bermúdez de Castro polas actas de Valdeorras, o seu discurso embarullouse bastante, provocando algunhas risas no solemne recinto.

Foi deputado novamente na lexislatura de 1846 a 1850. Nesta ocasión o distrito de Noia elixiu o célebre industrial e ministro José de Salamanca, que tamén saíu por Alcoi e que aceptou este e deixou o de Noia. Por iso nunhas eleccións parciais foi elixido Malvar, que non tomou posesión ata o 22 de decembro de 1848.

Rematada a lexislatura, foi nomeado gobernador de Ourense, cargo que ocupaba cando foi elixido, de novo por Noia, para a lexislatura de 1851 a 1852 e tamén para a de 1853 a 1854, na que consta que asiste na primeira fase pero xa non na segunda (1854).

No ano 1845, e sendo deputado, foi nomeado asesor da Superintendencia de Facenda de Filipinas, polo que tivo que dimitir como deputado. Tratábase dun posto posiblemente de moita responsabilidade, pero indubidablemente moi ben remunerado. Por iso os cronistas madrileños comentaban con certa admiración o seu xesto de enfrontarse no ano 1849 ó candidato do Goberno S. Bermúdez de Castro, polas presuntas ilegalidades cometidas na súa elección por Valdeorras, que procurou que o ministro do ramo prescindise dos servicios de Malvar como asesor da Superintendencia de Filipinas. Así o recoñece o cronista das Cortes Sánchez Silva, sempre cáustico, que di del que era un "galleguito como del codo a la mano pero que barre hacia dentro", engadindo logo, que renunciou á Asesoría polo sucedido nas actas de Valdeorras. Renuncia que puido posible, pero que case sempre leva oculta unha destitución previa por parte do ministro de Ultramar.

Descoñecemos con qué fundamento di González López que, unha vez elixido deputado, a súa primeira preocupación foi a recuperación das sumas que se lle debían a seu pai pola quebra xa citada.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1843-1844	Deputado pola provincia de Coruña	
Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia de Coruña	
Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña

**MAQUIEIRA, Ramón**

Oficial do exército que no momento de ser elixido deputado por Pontevedra tiña a graduación de capitán. Practicamente non estivo presente nas Cortes, porque o reclamou a guerra carlista. De feito consta que no ano 1837, as Cortes lle estenderon licencia para estar ausente das mesmas.

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1836-1837 Deputado pola provincia de Pontevedra

**MARIÑO DE ILLADE, José**

Naceu en San Pedro de Cangas (Lugo) o 18 de marzo de 1774. Era fillo de Domingo Mariño de Illade e de Xosefa Basanta Pedrosa. Ordenouse presbítero en 1799. Vicerrector do Seminario de Santa Catalina de Mondoñedo e profesor de Teoloxía no mesmo, foi elixido o 7 de febreiro de 1813 como deputado para representar en Cádiz á provincia de Mondoñedo.

Sen embargo, Mariño de Illade, antes de tomar posesión como deputado, envía un escrito ás Cortes denunciando a nulidade da súa e doutras eleccións pola serie de atropelos e abusos cometidos: "Mucho dicen los papeles públicos", di Mariño na súa denuncia, "de los extraordinarios manejos en las elecciones y mucho más callan por respeto a las clases privilegiadas, estando a la vista los grandes artificios que se buscan para no cumplirse los justos decretos de S.M."

O que Mariño denunciaba eran as manipulacións empregadas polos eclesiásticos (e que foron tamén denunciadas nas Cortes polo deputado de Betanzos Rivera, tamén presbítero, pero sobre todo liberal), para conseguir que a maioría dos deputados galegos fose absolutista, como así sucedeu.

Tomou posesión do seu escano o 19 de abril de 1814 e a súa participación foi practicamente nula, porque a penas quince días despois de tomar posesión, as Cortes foron pechadas por Fernando VII.

Dedúcese que Mariño Illade era liberal porque a súa firma non aparece no famoso documento *Manifiesto de los Persas*, asinado polos restantes deputados galegos. A partires desta data perdémo-la memoria deste deputado.

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1813-1814 Deputado pola provincia de Mondoñedo

**MÁRQUEZ DE LA PLATA ALCOCER, Manuel**

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1903-1905 Deputado polo distrito de Valdeorras Ourense

**MARQUINA ÁLVAREZ, Alejandro**

Naceu en Ourense o 12 de xaneiro de 1819. Era fillo do ardente liberal Camilo Marquina, coronel do Exército de Espoz y Mina.

Estudou Filosofía e Matemáticas no colexio de Monforte e ós 16 anos ingresou no Exército.

Xa como oficial participou na persecución das partidas carlistas en Galicia. Precisamente sendo tenente ascendeu a capitán a consecuencia dunha acción contra a partida do xefe carlista Guillade.

Cando era tenente coronel decidiu solicita-lo retiro para dedicarse ós asuntos familiares.

En 1864 foi gobernador da provincia de Ourense, un ano despois gobernador de Segovia e en 1866, deputado por Zaragoza.

Politicamente foise moderando e militou na Unión Liberal pero na fracción máis conservadora.

Non era habitual que no Congreso tomase a palabra, pero si consta que era activo e traballador no labor das comisións. Na lexislatura de 1863 a 1865, mentres estivo no Congreso e non foi reclamado polos compromisos anexos á súa condición de gobernador, formou parte das omisións do ferrocarril de Santiago, de pensións e da de redencións do exército.

Na lexislatura de 1864 a 1865 participou con solicitudes ou preguntas ó Goberno, na sesión do 4 de xuño de 1864, sobre dereitos pasivos da administración militar e sobre incompatibilidades na sesión do 20 de abril de 1864, etc.

Na lexislatura de 1869 a 1871, na célebre sesión do 18 de novembro de 1870, cando se elixiu o Rei de España, non votou a don Amadeo senón ó duque de Montpensier.

Nesta lexislatura formou parte da comisión de edificios conventuais destinados ó servizo público permanente do exército, da que foi secretario, da de execución de penas impostas ós militares, etc.

Na lexislatura de 1869 a 1871 participou nas sesións en bastantes ocasións, pero sempre como membro dunha comisión e para defende-los dictames das mesmas.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Ourense	
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense
Lexislatura 1869-1871	Deputado pola sección de Vigo	Pontevedra
Lexislatura 1872 (2ª)	Senador pola provincia de Ourense	



**MARTELO NÚÑEZ, Ramón**

Naceu en Laxe (A Coruña) en 1805. Estudiu a carreira de Dereito e dedicouse á xudicatura.

No ano 1837 sabemos que era xuíz de Xinzo de Limia e que tivo un destacado papel na persecución das partidas carlistas da provincia de Ourense.

En 1840 era xuíz de Pontevedra e foi membro da Xunta de Vixilancia e Defensa creada nesta capital. En 1843 estaba na cidade da Coruña onde tamén formou parte da Xunta constituída alí. Neste ano foi nomeado gobernador.

Resultou elixido só nunha lexislatura, a do Bienio Progresista, o que revela, xunto coa súa anterior actuación, que era un progresista en política.

Tamén se beneficiou da desamortización, xa que no ano 1856 redimiu varios censos por valor de 19.000 reais pertencentes ó cabido de Santiago.

Foi tamén xuíz de Ferrol e no ano 1871 figura como un dos cincuenta máximos contribuíntes da provincia da Coruña.

No ano 1872 e por pouco tempo, foi presidente da Deputación da provincia da Coruña.

Foi pai de Evaristo Martelo Paumán, poeta e rexionalista galego.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1854-1856 Deputado pola provincia da Coruña

**MARTÍN FERNÁNDEZ, Mariano**

Naceu en Valladolid o 10 de decembro de 1866, fillo de Pedro Martín Revillo e de Leonor Fernández, propietarios de Valladolid.

Licenciouse en Dereito pola Universidade de Valladolid en 1887.

A súa dedicación máis importante foi o periodismo e o mundo das empresas xornalísticas. Dirixiu *La Opinión* de Valladolid, foi xefe de redacción de *El Liberal* de Madrid, correspondente en temas políticos do xornal de Valladolid *El Norte de Castilla* e colaborador asiduo e director de *Los Lunes Literarios* de *La Libertad* utilizando os pseudónimos *Doctor Blas* e *El Bachiller Franquezas*.

Publicou así mesmo varias obras, como *Zorrilla y su coronación*, *Perfiles madrileños*, *Almoneda concejil*, *Martingalas*, e varias pezas teatrais.

Martín Fernández non só foi periodista, tamén participou en varias empresas económicas pero relacionadas co periodismo. Foi un importante accionista de *El Norte de Castilla* (tiña 410 accións de 500 pts.) e formou parte do Consello de Administración da

Sociedade Editorial de España e da Xunta Directiva da Asociación da Prensa de Madrid. Tamén era accionista, con 250.000 pts. da Electra Popular Vallisoletana e no ano 1923 tiña en depósitos no Banco de España e no Banco Cooperativo del Comercio 186.000 pesetas.

Representou a Lugo en tres ocasións, como deputado en 1916 e como senador en 1920 e 1923. Tamén foi deputado por Valladolid na lexislatura de 1918.

Formou parte do Partido liberal, concretamente do sector albista.

Morreu en Madrid o 10 de maio de 1940.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Lugo
Lexislatura 1920-1923	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1923	Senador pola provincia de Lugo

### **MARTÍNEZ, Bernardo**

**E**ra provisor e gobernador eclesiástico da diocese de Ourense en 1810, por ausencia en Cádiz do bispo Quevedo, e cóengo daquela cátedra cando foi elixido deputado para representar a Galicia nas Cortes de Cádiz, o 15 de maio de 1810.

Xa en Cádiz aliñouse, desde o primeiro momento, co sector servil ou ultraconservador. Opúxose ó proxecto de lei sobre a liberdade de prensa (14 de outubro de 1810), á lei de abolición do voto de Santiago (18 de xaneiro de 1811), defenden ó seu bispo Quevedo Quintano no contencioso aberto coas Cortes por negarse a xura-la Constitución sen restriccións (17 de agosto de 1811).

Na sesión do 2 de decembro de 1812 protagonizou un incidente nas Cortes cando acusou ós deputados liberais de non emprega-los mesmos criterios cando se trataba de condena-los escritos contrarios á doutrina da Igrexa, cós utilizados noutras circunstancias.

Na sesión do 8 de xaneiro de 1813 apoiou a proposición do deputado absolutista Inguanzox a favor do Tribunal da Inquisición.

Na sesión do 25 de abril de 1813 opúxose ó proxecto de Calatrava sobre a xurisdicción dos tribunais eclesiásticos, acusando a proposición de falsa e de herética, o que provocou outro grande escándalo nas Cortes.

Bernardo Martínez foi, como pode observarse, un consecuente absolutista, na liña marcada polo seu bispo Pedro Quevedo Quintano.

Por algunha correspondencia privada á que tivemos acceso, o noso biografado mantiña un permanente contacto coa súa diocese e con Galicia e funcionaba como

unha especie de cualificada caixa de correos para ducias de aspiracións a prebendas eclesiásticas e oficios civís, as que procuraba atender, especialmente cando viñan avalladas por algún familiar.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1810-1813      Deputado pola provincia de Ourense

### MARTÍNEZ, José

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1838      Deputado pola provincia de Ourense

### MARTÍNEZ AGUIAR, Manuel

Aínda que de facto non exerceu a representación de Galicia porque non chegou a tomar posesión como senador pola provincia de Ourense, facémoslle unha breve ficha.

Naceu en Cuba arredor do ano 1856. Era un importante comerciante e financeiro da Illa. Fundou na Habana o *Boletín de los Voluntarios*, que dirixiu durante moitos anos.

Comprou o histórico xornal madrileño *La Iberia* no que investiu a cantidade de 500.000 ptas.

Resultou elixido senador pola provincia de Ourense para a lexislatura de 1893 a 1895, sen embargo renunciou ó cargo e non chegou a tomar posesión.

Con anterioridade fora deputado polo distrito de Burgo de Osma (Soria) na lexislatura de 1886.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1893-1895      Senador pola provincia de Ourense (Non tomou posesión)

### MARTÍNEZ BANDE, Vicente

O distrito electoral de Viveiro foi un claro exemplo de cómo funcionaba o *turnismo* político. Nas eleccións de 1881, con Goberno liberal, gañou o liberal Francisco Sanz; en 1884, con Goberno conservador, gañou o conservador Rebellón Zubiri; nas de 1886, liberal, gañou o liberal Francisco Sanz; nas de 1891, conservador, obtivo o escano Rebellón; en 1896, conservador, volveu saír Rebellón; en 1898, de novo liberal, obtivo o escano o liberal Martínez Bande; e en 1899, con Goberno conservador, volveu Rebellón.

A partir de 1901 o distrito de Viveiro deixou de ser alternante para converterse nun

distrito enfeudado exclusivamente polos liberais. Eleuterio Delgado e Martínez Bande controlárono ata 1910 e, a partir de 1914, Soto Reguera.

O avogado e liberal Martínez Bande, por conseguinte, non é máis ca unha peza do puzzle político, que obtivo a representación en tres lexislaturas ata que foi desbancado por Eleuterio Martín, tamén liberal, que se enfeudou no distrito.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo

### MARTÍNEZ BARCIA, Severino

Case todo o período revolucionario, entre 1871 e 1874, a representación do distrito de Tui foi ocupada por Martínez Barcia, do cal carecemos de información.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1872 (1ª)	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1872 (2ª)	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1873-1874	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra

### MARTÍNEZ CUARTERO, Luis

Nada tiña que ver con Galicia este poeta lírico que en Madrid acadou certa fama, que dirixiu en 1869 o xornal conservador *El Siglo*, e que só publicou unha obra completa na súa vida, *Mujeres del Evangelio* (1873), co pseudónimo de Larmig, obra que foi moi estimada por Núñez de Arce.

Representou a provincia da Coruña na lexislatura de 1867 a 1868, aínda que, por razóns de saúde, estivo bastante tempo afastado de Madrid e das Cortes.

Non consta que participase en comisión ningunha e só interveu nunha sesión, a celebrada en xuño de 1867, cun discurso sobre a situación dos barcos ingleses apresados por España.

Fíxolles varias preguntas ós ministros, case todas elas referidas a cuestións marítimas.

Morreu (suicidouse) o 6 de xuño de 1879.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1867-1868	Deputado pola sección da Coruña
-----------------------	---------------------------------



**MARTÍNEZ DE ABELLANOSA Y VITORES, José María**

Poucos datos temos deste deputado que só nos representou nunha lexislatura e que non tiña vinculación ningunha con Galicia.

Naceu na Rioxa, posiblemente no ano 1878. Estudiu en Madrid na Facultade de Dereito onde se licenciou.

Xa como avogado traballou na capital de España.

Fundou e dirixiu a revista *La Paz Social*, na que se poñían de manifesto tanto as súas moi conservadoras ideas como a preocupación polos problemas sociais.

Representou o distrito do Carballiño na lexislatura de 1914.

Sánchez de los Santos, na breve biografía que lle dedica e non tendo demasiadas cousas que dicir del, escribe o seguinte: "Su modestia corre parejas con su afabilidad y nunca sacrificará el cargo a su interés particular, sino éste a aquel: tal es su divisa. Con toda justicia puede decirse de él que es un padre benemérito de la Patria".

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
-----------------------	--------------------------------------	---------

**MARTÍNEZ DE VELASCO, José**

Naceu en Madrid o 16 de xuño de 1877. Era fillo de José Martínez Escolar, de Aranda de Duero, avogado en Madrid e tamén senador, e de María Soledad Velasco y Yagüe, de Madrid.

Cando iniciou a súa andaina parlamentaria nas Cortes e para diferencialo de seu pai, a Dirección Xeral do Rexistro obrigouno a utiliza-los apelidos Martínez de Velasco e non Martínez Escolar, como pretendía.

Estudou Dereito na Universidade de Madrid. Casou en 1904 con Josefina Arias de Miranda, tamén filla de deputado e senador. Nese ano xa era oficial do Consello de Estado. Permaneceu no Consello xa que en 1916, era oficial excedente do mesmo e en 1931 oficial maior.

Levado por seu pai e o seu sogro Diego Arias de Miranda, dous políticos de raza adscritos a Canalejas, entrou na política parlamentaria na lexislatura do ano 1910 e saíu elixido deputado polo distrito de Riaza (Segovia).

Representou a Galicia na lexislatura do ano 1916 por Mondoñedo. Novamente obtivo este distrito na lexislatura de 1918.



Posteriormente representou a provincia de Burgos no Senado en tres lexislaturas consecutivas, as de 1920, 1921 e 1923.

Foi subsecretario de Gracia e Xustiza e director xeral de Depósitos nos últimos gobernos da Restauración.

Proseguiu a súa carreira política na Segunda República. Organizou o Partido Agrario e gracias ós votos rurais logrou saír deputado na lexislatura de 1931 pola provincia de Burgos cun partido chamado Independente. Novamente resultou elixido para a lexislatura de 1933, xa co Partido Agrario.

Foi nomeado alcalde de Madrid. No ano 1934 foi designado ministro sen carteira con Lerroux, ministro de Agricultura, Industria e Comercio con Chapaprieta e ministro de Estado con Portela Valladares en 1935.

Nas eleccións de 1936 non obtivo escano. Foi preso cando estaba o Movemento e foi asasinado con outros políticos no cárcere Modelo de Madrid.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Mondoñedo	Lugo

### ==== MARTÍNEZ ENRÍQUEZ SARMIENTO DE VALLADARES, Francisco (Marqués de Valladares)

Naceu en Ourense, fillo de Benito Alonso Enríquez Sarmiento de Valladares e de Isabel Sanjurjo y Montenegro. Viviu sen embargo parte da súa vida en Vigo, cidade de que defendeu nas Cortes ata conseguir que fose proclamada capital provincial nas Cortes de 1821.

Casou con Juana de Puga e Villamarín, da casa patrucial de Calvos de Randín.

A súa actividade política iniciouse no Trienio Constitucional.

Foi elixido deputado polo Reino de Galicia en 1820, formando parte das comisións de Liberdade de imprenta, Deputacións provinciais, Exame de contas, Organización de regulares e Comercio. Participou activamente na lexislatura.

Para beneficia-la economía galega, opúxose ás importacións de liño de Rusia (sesión do 10 de novembro de 1821) e ós constrinximentos para obrigar ós galegos a que pagasen puntualmente as contribucións (sesión do 18 de outubro de 1820). Tamén defendeu o desestancamento do sal (sesión do 7 de novembro de 1820), o que beneficiaría ós fomentadores cataláns e á poboación de Galicia que empregaba moito sal para salga-la carne de porco, argumentando que o estancamento non facía máis ca favorece-lo contrabando do sal procedente de Portugal.

As actuacións máis apaixonadas, sen embargo, foron con motivo da discusión

sobre a fixación das capitais provinciais. Defendeu, fronte a Pontevedra, a necesidade de situa-la capital en Vigo. Vigo, dixo, certamente non ten as casas patruciais de Pontevedra pero ten "barricas de sardinas prensadas, fisgas o tridentes, redes, nasas y otros mil aparejos para la pesca y la industria". Vigo era o principio dun pobo, pero Pontevedra era o término ou fin do que xa fora. Apostar por Pontevedra era apostar polo pasado, facelo por Vigo era apostar polo futuro.

Para sacar adiante a súa proposta tivo que enfrontarse nas Cortes con dous poderosos deputados: Moscoso de Altamira e o xeneral Quiroga.

A pesar de tratarse dun aristócrata, Enríquez actuou coma un burgués. Os cataláns de Vigo, a base social dunha cidade moi pequena, "un villorrio" dicía algún deputado, sentíronse representados por este deputado que só levaba sete anos vivindo na cidade, e na que era rexedor.

Un cronista contemporáneo, e galego, escribiu no ano 1821: "Miña xoia, miña xoia! Eres a honra da nosa terra si estimas en menos o teu marquesado que un parraliño da Constitución. Si todo eso sabes ¿Por qué non falas e fas calar ós servilóns?".

Resultou novamente elixido deputado nas Cortes do ano 1834, pola provincia de Ourense. Nesa ocasión mantívose nun discreto segundo plano, intervindo a penas, o que fixo escribir a un cronista das Cortes: "Puede gloriarse Galicia de haber enviado a las Cortes procuradores tales que han hecho su papel como si fueran sordomudos. El Marquesito es uno de tantos a pesar de su abogacia, geografía y demás etcéteras".

Rematadas as Cortes, foi nomeado gobernador e presidente da Deputación de Pontevedra do 27 de xuño de 1836 ó 11 de outubro do mesmo ano. Foi alcalde da cidade de Vigo desde o 13 de novembro de 1843 ata o 31 de marzo de 1844.

En 1840 foi elixido senador pola provincia de Lugo e volveu selo entre 1846 e 1847, xa por designación real.

No ano 1840 os moderados no poder convocaron eleccións. Cando no mesmo ano, e gracias ó golpe de Estado de Espartero, gobernan os progresistas, a Rexencia Provisional publicou un manifesto denunciando que as eleccións se realizaran ilegalmente polas trampas cometidas. O Marqués de Valladares presentou unha exposición no Senado protestando pola descalificación e presentando a dimisión do cargo de senador "por juzgarlo incompatible con su decoro hasta tanto que el Alto Cuerpo les hubiese lavado de la mancha con que aquella acusación les había afeado".

Foi un dos grandes beneficiarios da desamortización. Calcula o profesor Villares que investiu 1.400.000 reais, dos que 239.000 foron investidos na provincia de Lugo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

---

Legislatura 1820-1821	Deputado polo Reino de Galicia
Legislatura 1834-1836	Deputado pola provincia de Ourense
Legislatura 1840-1841	Senador pola provincia de Lugo
Legislatura 1846-1847	Senador por designación real

---

**MARTÍNEZ GONZÁLEZ BENGOCHEA, Francisco**

Era enorme a fortuna da familia Martínez G. Bengoechea, de Ribadeo. No ano 1875 o seu irmán José aparecía como o maior contribuínte da provincia no ramo industrial. A familia foi consignataria de buques, tivo almacéns de aceite, comercios, e soubo mover moi ben os seus valores nos mercados europeos.

Cando o noso biografado morreu en París o 4 de decembro de 1900, deixou ademais das súas propiedades e dos seus dereitos na empresa familiar, 501.000 pts. no Banco de España a un 4%, 610.000 pts. no Crédit Lyonnais e 1.500.000 pts. noutra conta do Banco de España.

Tentado pola política, non lle resultou difícil a Francisco Martínez G. Bengoechea atopar un oco por Ribadeo. Este distrito estaba controlado desde 1884 polo Partido Conservador, que dispuxo del ata 1893. Nese ano o noso protagonista logrou saír elixido na súa primeira lexislatura. Na seguinte, a de 1896, volveron recupera-lo distrito os conservadores, pero xa desde 1898 e ata 1907, Ribadeo pasou a ser un distrito exclusivamente liberal.

Membro do Partido Liberal, dicíase que Bengoechea, que por ese apelido era coñecido, tiña fío directo con Sagasta e, por iso, foi quen de eliminar a tódolos que quixeron interpoñerse na súa candidatura.

Resultou elixido en 1898 e en 1899 e sen dúbida seguiría como deputado enfeudado, se non morrese no ano 1900. Sen embargo o distrito e a súa enorme herdanza foi recollida por Ramón Bustelo González, que se enfeudou no distrito desde 1901 ata 1923 cunha soa excepción, a da lexislatura de 1907 a 1909, en que Bustelo preferiu descansar no Senado.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
	Ata Nadal de 1900	

**MARTÍNEZ MARTÍNEZ, Justo**

Naceu en Santiago o 6 de agosto de 1842.

Estudou Medicina, Cirurxía e tamén Dereito, e licenciouse nesta facultade e na de Medicina.

Ingresou no Corpo de Sanidade Militar no ano 1866. En 1893 era subinspector médico, logo ascendeu a inspector de sanidade e máis tarde, a inspector de primeira clase.



Os ascensos tiveron bastante que ver coa súa participación como sanitario na guerra carlista do Norte e na guerra de Cuba.

Paralelamente foi consolidando a súa economía con inversións empresariais. En 1878 fundou unha sociedade para o abastecemento de augas a Carrión de Calatrava (Ciudad Real). Rematou e entregou a obra en 1879 e mantivo ata 1893 a súa explotación. Tiña o 32% do capital da empresa.

Tamén foi propietario de accións na sociedade madrileña *Tranvías del Este*. Consta que traballou tamén de avogado en Madrid, que tiña un depósito bancario de 296.000 pts., casa e terreos en Arillo (Oleiros, A Coruña) e no ano 1901, figura como banqueiro nunha certificación da Administración de Contribucións da Coruña.

Foi elixido deputado, por vez primeira, no ano 1873, nas eleccións republicanas. Posteriormente foi elixido senador pola provincia de Pontevedra, deputado en dúas ocasións por Lalín e senador vitalicio a partir de 1910.

Debeu ser un político laborioso e, polo xeral, encomendóuselle a secretaría de moitas comisións, especialmente as que se referían a temas ou asuntos de Galicia. Na lexislatura de 1893, en que representaba como senador a provincia de Pontevedra, foi o secretario das comisións encargadas de dictaminar los informes sobre as estradas de Portomarín a Guntín, A Ponte Pasaxe a Sada, Ourense ós Peares, Arillo a Mera, Arillo a Carballo e Sada a Santa Cruz. Tamén foi o secretario da comisión que debía informar do ferrocarril Santiago a Pontevedra.

Na lexislatura de 1898 a 1899, na que tamén representaba no Senado a provincia de Pontevedra, foi o secretario das comisións das estradas de Carril a Chapa, Praia de Miño a Vilamateo e Viveiro a Meira.

Na lexislatura de 1901, foi secretario das comisións das estradas de Pazos de Borbén a Carrasqueira e de Meirás a Betanzos.

Finalmente, na lexislatura de 1910, foi presidente das comisións das estradas de Forcadela a Guillarei, Goián a Tabegón e Santa Comba a Santiago. Tamén defendeu a construción en Santiago dunha casa de Correos e Telégrafos e autorizou a Xunta de Obras do Porto da Coruña para emitir obrigacións por tres millóns para rematar as obras pendentes. López Soler, escribiu del o seguinte:

"Este diputado  
es un viejo verde  
que con las cocotas  
juega al gana-pierde  
y como de amores  
tiene esa manía

luego nunca dice  
-Esta boca es mía".

Morreu na Coruña o 27 de agosto de 1930.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1873-1874	Deputado por Tabeiros (A Estrada)	Pontevedra
Lexislatura 1893-1894	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1898-1899	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1901-1902	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1903-1904	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra

### MARTÍNEZ MONTAOS, Ramón

Funcionario do Ministerio de Facenda.

No ano 1858 recibiu a condecoración de cabaleiro da R. O. Americana de Isabel a Católica.

Era liberal progresista e só representou a Galicia nunha lexislatura.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1841-1842	Deputado pola provincia de Pontevedra
-----------------------	---------------------------------------



### MARTÍNEZ MONTENEGRO, Cándido

Martínez Montenegro representa moi ben un tipo de político e deputado pouco brillante nas sesións, escasamente coñecido pola prensa, porque esta sempre selecciona os oradores prestixiosos e os políticos ruidosos, pero dunha eficacia e laboriosidade exemplares. Laborioso no seo das diversas comisións ás que pertenceu e laborioso tamén na procura dos consensos políticos.

Formou sempre parte do Partido Liberal e foi un dos membros máis importantes do Partido Constitucional (como se sabe unha corrente do Partido Liberal) precisamente polo seu talante.

Naceu en Mondoñedo o 9 de marzo de 1831.

Estudou Leis na Universidade de Santiago e obtivo a licenciatura no ano 1854.

Empezou a súa carreira desde abaixo. Foi xuíz de paz de Mondoñedo, logo representou o distrito da súa cidade na Deputación Provincial de Lugo. No ano 1874 era xa oficial maior da Secretaría do Ministerio de Fomento.

En Madrid colaborou en diversos xornais políticos sempre con artigos de actualidade política. Foi un dos fundadores da Sociedade de Escritores e Artistas e membro da Sociedade Matritense.

Iniciou a súa carreira política no ano 1871, representando o distrito de Mondoñedo, que volveu a elixilo nas dúas eleccións de 1872. Retirouse durante a República e retornou coa Restauración, resultando elixido no ano 1876. A partir deste momento representou a Mondoñedo en tódalas lexislaturas, agás na de 1896 a 1898, ata a súa morte en 1899.

En 1881 foi nomeado conselleiro de estado e novamente no ano 1883.

Foi intenso e inmenso o seu labor en comisións, das que foi secretario e presidente da maior parte delas. Na lexislatura de 1876 foi secretario das comisións de Foros, Protección de menores, Beneficencia e das do Ferrocarril Ourense a Tui e do Lleida a Reus.

Na lexislatura de 1879, ademais de se-lo cuarto secretario do Congreso e o da sección quinta, actuou como secretario das comisións de Reducción de concellos, Conducción de presos e das do Ferrocarril Teruel-Sagunto e Betanzos-Ferrol. Na sesión do 21 de xullo de 1879 pronunciou un discurso sobre o ferrocarril de Ourense a Vigo e denunciou o incumprimento dos prazos por parte da empresa concesionaria. O seu discurso, sen alardes literarios, amosa un profundo coñecemento da materia de que trata.

Durante a lexislatura de 1881 a 1884 presidiu as comisións de Portos de segunda orde, Suplicatorios e a da estrada Ourense a San Clodio e participou como vocal noutras comisións como as da Organización do corpo de comunicacións, Ferrocarril Nalón-Eo, Estacións telegráficas, etc.

Morreu este gran traballador da política o 21 de decembro de 1899. Escalera dedicoulle a seguinte poesía:

“Del Congreso, en el santuario,  
le he visto siempre afanoso,  
llevar activo y celoso  
su puesto de secretario.  
De la libertad sectario,  
su doctrina no es ficticia,  
y amante de la justicia,

que reclama de mil modos,  
pidiéndole para todos,  
la quiere ver en Galicia."

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1871-1872	Deputado por Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1872 (1ª)	Deputado por Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1872 (2ª)	Deputado por Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1876-1879	Deputado por Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1879-1881	Deputado por Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1881-1884	Deputado por Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1884-1886	Deputado por Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1886-1890	Deputado por Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1891-1893	Deputado por Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1893-1896	Deputado por Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1896-1899	Deputado por Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1899	Deputado por Mondoñedo	Lugo

### MARTÍNEZ MONTENEGRO, Joaquín

Debeu ser irmán de Cándido Martínez Montenegro, o deputado enfeudado polo distrito de Mondoñedo, cidade na que seguramente naceu.

Resultou elixido en 1876 polo distrito da Caniza (Pontevedra) pero, afectado por unha grave enfermidade, non chegou a entrar no Congreso ou, mellor dito, si tomou posesión pero estivo sempre ausente das Cortes e non formou parte de ningunha comisión.

As Cortes tiveron noticia de que morrera o 10 de xaneiro de 1878.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
	(En 1878 substituído por D. E. Pelletán)	

### MARTÍNEZ RUIZ, José (Azorín)



O gran escritor, nacido en Almodóvar (Alacant) no ano 1876, foi tamén deputado no Congreso español e nunha ocasión representou a un distrito galego, o de Pontearreas, que logrou co permiso e apoio dos Bugallal.

Colaborou intensamente na prensa do momento, nos xornais *El Globo*, *El Imparcial*, *España*, etc. Publicou obras xustamente valoradas que o converteron nun clásico das letras españolas, como *La Voluntad*, *España Castilla*, *Al margen de los clásicos*, *El Alma Castellana*, *Antonio Azorín*, etc. Foi un gran admirador da poesía de Rosalía de Castro a axudou a universalizala súa obra.



Ideoloxicamente experimentou unha grande evolución, desde o anarquismo xuvenil, pasando polo republicanismo ata desembocar no conservadorismo e politicamente na fracción máis conservadora, a *ciervista*. Por iso un poeta deslinguado como López Soler dedicoulle a seguinte composición a Azorín:

"Cuando libelista,  
desleal y artero,  
era su lenguaje  
como el de un cochero.  
Hoy en *cold cream* moja  
todos sus escritos.  
*Cuando pitos, flautas;*  
*cuando flautas, pitos.*  
Cuando el *Charivari*  
de su artera crítica  
no escapó ni uno  
de la grey política.  
Hoy dice que todos  
son unos benditos.  
*Cuando pitos, flautas;*  
*cuando flautas, pitos.*  
Cuando de anarquista  
hizo apostolado  
siempre procuraba  
por el explotado.  
Hoy solo procura  
por los *grabielitos*...  
*Cuando pitos, flautas;*  
*cuando flautas, pitos*".

O seu programa político era dunha simplicidade que revela máis ca ideas, a súa acomodación a un poder; "No he hecho ninguna promesa", dixo nunha entrevista no ano 1914, "he dicho solo: haré lo que pueda". Noutro lugar: "Mis ideas políticas se reducen a esto: aumento de la prosperidad de mi país, si nuestro vecino tiene dos pesetas en el bolsillo, hagamos porque tenga cuatro. Si él tiene dinero, tendrá libertad, será alegre, será vibrante, será comprensivo, viajará, leerá y no necesitará en suma que en *La Gaceta* aparezcan tales o cuales leyes diciéndole que es libre". Non é de estrañar que quen lese estas palabras entendese que esta simplicidade programática estaba escondendo un entreguismo ós beneficios que lle proporcionaban os seus amigos políticos.

Iniciouse como deputado polo distrito de Purchena (Almería) na lexislatura de 1907 a 1910. Na lexislatura de 1914 a 1915 representou o distrito de Ponteareas coa anuen-

cia dos Bugallal, que querían premiarlle algún servizo. Posteriormente foi deputado por Sorbas (Almería) nas lexislaturas de 1916 a 1918, 1918 a 1919 e 1919 a 1920.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1914-1915	Deputado polo distrito de Ponteareas	Pontevedra
-----------------------	--------------------------------------	------------

### MARTÍNEZ TABOADA, Antonio

Deputado moderado pola provincia da Coruña, absolutamente descoñecido.

No libro *Fisonomía Natural* (1836), que é unha distendida crónica dos parlamentarios de 1836, o autor, que era sen dúbida galego, di del o seguinte: "Voto seco, pero mejor voto que el del Santo Apóstol de la Tierra", frase que non sabemos moi ben qué quere dicir. O mesmo autor engade a seguinte cuarteta que tampouco ten moito sentido:

"Vinde, vinde coruñesas  
vinde nenas a cantar  
ao voso procurador  
porque tiña que falar".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1836 (1 <sup>a</sup> )	Deputado pola provincia da Coruña
------------------------------------	-----------------------------------



### MARTÍNEZ VIGIL, Ramón (Bispo de Oviedo)

Naceu en Tiñana (Siero, Oviedo) no ano 1840. Ingresou na Orde dos dominicos e estudou no colexio de Ocaña (Toledo). Solidamente formado nas ciencias eclesiásticas. A Orde nomeouno profesor da Universidade dos dominicos de Manila. Posteriormente foi procurador xeral da Orde e finalmente proposto para a diocese de Asturias.

Con motivo da guerra de Cuba e Filipinas, Martínez Vigil apresurouse a organizar na súa diocese un batallón de voluntarios que recibiu o nome do Batallón do Principado, que saíu para a guerra en setembro de 1896, recadando para iso 700.000 pts. na súa diocese.

Representou a provincia eclesiástica de Santiago, á que estaba vencellada daquela a diocese de Oviedo, en dúas ocasións, en 1891 e en 1901.

No Senado presentou varias exposicións dos bispos da metrópole de Santiago para que se establecesen cátedras obrigatorias de Relixión nos institutos e opoñendo-

se á liberdade de ensino.

Pronunciouse varias veces en temas que lle afectaban á Igrexa como o cumprimento do concordato, ensino relixioso, etc.

Morreu no ano 1904.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1891-1893	Senador pola provincia eclesiástica de Santiago
Legislatura 1901-1902	Senador pola provincia eclesiástica de Santiago

**MARTÍNEZ VIÑALET, José**

Ilustre mariño, que representou a Galicia en dúas legislaturas e nas dúas ocasións por Ferrol.

En 1845, cando contraeu matrimonio con María de los Ángeles Adrián, era tenente de navío. Ascendeu a capitán de navío en 1857.

Foi director de Armamento e Expedicións do Ministerio de Mariña durante varios anos.

Foi elixido por vez primeira en 1864 e logo en 1867, pola sección da Coruña, xa que desapareceran os distritos, pero os votos sen dúbida os recibiu de Ferrol.

Nas Cortes participou na Comisión de Presupostos e nunca presentou solicitude ou petición, nin pediu a palabra.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
Legislatura 1867-1868	Deputado pola sección da Coruña	

**MARTOS LLOBELL, Cristino**

Éra fillo do ilustre político Cristino Martos Balbí, ex-ministro no Sexenio e presidente do Congreso de Deputados.

Debeu nacer no ano 1865 e estudou Leis.

Resultou elixido nunha ocasión polo distrito de Chantada, do que non tería que presumir porque dependeu da vontade do Goberno, que o impuxo nese distrito.

Foi deputado por primeira vez na legislatura de 1893 polo distrito de Orgaz (Toledo). Nas eleccións de 1901 resul-



tou elixido polo distrito de Chantada. A partir deste momento ostentou a representación doutros distritos: no ano 1905 do de Gaucín (Málaga), na lexislatura de 1903 foi senador pola provincia de Málaga. Na de 1910 senador pola provincia de León e, finalmente, na de 1916 por Sorbas (Almería).

Estamos ante un caso de deputado incapaz de enfeudarse nun distrito e que resulta elixido cando ten un goberno favorable que o propón e apoia.

Politicamente militou sempre no Partido Liberal.

Nos informes económicos que constan no Senado dise que en 1900 colleu en arrendamento por cincuenta anos as minas que eran propiedade de Manuel Martínez de Tejada, que no mesmo ano subarrendou en favor de Eduardo Gálvez León. Eran as minas Casilda, Tersa e Cameros.

Foi gobernador civil da Coruña e Málaga e no ano 1910 director xeral de Instrucción Pública.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo
(Non tomou posesión ata o 7 de novembro de 1902, substituíndo a Luis Ballesteros Fernández)		

### MASEDA VÁZQUEZ DE PARGA, Pedro Pastor

Éra fillo de José María Maseda Quiroga, señor do pazo de Gaibor (Begonte, Lugo) e de Manuela Vázquez de Parga Somoza Pallares, irmá do conde de Pallares.

Casou en 1842 con María del Carmen Díaz, de Viveiro e irmá de Nicomedes Pastor Díaz.

Maseda quedou, pois, integrado en dúas redes familiares de gran peso político: a rede do seu cuñado Pastor Díaz, que sen dúbida lle serviu nos primeiros anos da súa actividade política, e a rede posterior do seu tío o conde de Pallares, da política do cal foi un fiel servidor e asesor.

Foi seguramente o seu cuñado quen o apoiou para conseguir un posto na Administración do Ministerio de Facenda. En 1861 era segundo xefe da Dirección Xeral de Contribucións e no ano 1864 era segundo xefe da Dirección Xeral de Consumos. En 1872 era contador da Dirección Xeral da Débeda Pública.

Nunha primeira fase da súa actividade política, Maseda apostou polo poder central, non só mediante un posto na Administración senón ademais logrando saír elixido deputado en dúas eleccións, por Viveiro en 1863 e por Mondoñedo en 1865. Nas Cortes tivo unha actuación mediocre, formando parte de comisións secundarias como a de Etiqueta e Peticións e non participando nunca nos debates importantes.

O Sexenio significou para Maseda unha especie de período de reflexión ou de ela-



boración de novas estratexias a empregar. Apegado ó conde de Pallares, o seu tío, de quen era o brazo dereito e ás veces o esquerdo, participou na creación dunha ampla rede clientelar que afectaba a Lugo, e ós distritos de Vilalba e Mondoñedo. Seguidor de Cánovas como o seu tío, entre as estratexias despregadas estaba o control da Deputación lucense. Renunciou persoalmente á política de Madrid e concentrou toda a súa actividade no control do poder local. Iso explica que o grupo do conde de Pallares controlase a Deputación durante toda a Restauración. Se Miguel Rodríguez Guerra a presidiu entre 1878 e 1882, Antonio Camba entre 1884 e 1885 e Baamonde Guitián de 1885 a 1886, o noso biografado presidiuna e controlouna en 1892, 1894, 1896, 1898 e 1900. A comezos do século XX foi o propio fillo do conde de Pallares, Germán Vázquez de Parga quen presidiu a Deputación, entre 1904 e 1906.


Estamos, por conseguinte, ante un político que percorreu o camiño inverso. Iniciouse na alta política estatal para reconverterse en favor do control da política local, base de operacións do equipo que rodeaba o conde de Pallares, de quen era lugartemente o seu sobriño Pedro Pastor Maseda.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1863-1865	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
Legislatura 1865-1866	Deputado polo distrito de Mondoñedo	Lugo

**MATHEU Y DE GREGORIO, Manuel María de Grimaldi**

Naceu en Barcelona o 24 de decembro de 1800, fillo de comerciante catalán. Tamén o noso biografado se dedicou ós grandes negocios. Dende 1820 comezou a amosar un fervoroso liberalismo que o levou a alistarse na Milicia Nacional de Barcelona. Cando se instaurou o absolutismo en 1823, dedicouse preferentemente á vida comercial pero mantendo as súas inquedanzas liberais.



No ano 1834 o Goberno solicitou a súa axuda para asegurar o abastecemento dos exércitos do Norte, dada a penuria da Facenda e el, do seu peculio, adiantou o necesario para o abastecemento dos exércitos e para os hospitais de guerra. En 1854 a Facenda de España aínda non liquidara totalmente os desembolsos feitos vinte anos antes.

Vivió exiliado en Francia unha tempada, circunstancia da cal descoñecemos os motivos, e retornou no ano 1840 cando se impuxo a rexencia de Espartero. Foi entón cando se presentou por Barcelona e Pontevedra, provincia esta pola que conseguiu a acta nas eleccións de 1841. Cremos que trala candidatura de Matheu pola provincia de Pontevedra estaban os fomentadores cataláns de Vigo. Por Barcelona só saíu suplente.

Cando en 1841 os moderados intentaron rescatar a Isabel II da tutela de Espartero, propiciando o golpe de estado do xeneral Diego de León, que sabre en man pretendía

entrar na estancia rexia para secuestra-la raíña e levala ó País Vasco onde atoparía a súa nai Cristina, expulsada de España. Matheu deu 2.000 reais a cada un dos alabardeiros que naquela xornada defenderon a escaleira do palacio real impedindo os obxectivos do xeneral Diego de León.

Mais aínda, gobernando Espartero e como os pagos ó exército non estaban suficientemente regulados, consta que Matheu actuou como unha especie de banco, adiantando as cantidades precisas. Por iso cando Espartero emigrou e se exiliou en Inglaterra, Matheu seguiu, temeroso das represalias dos moderados entón no poder.

Retornou a España en 1848, para participar nos sucesos de Madrid e onde os revolucionarios chegaron a controla-las rúas principais para impoñe-la República. Por este motivo Matheu foi desterrado novamente de España e foi vivir a París.

Seguiu conspirando e cando triunfou o golpe de Estado de 1854, foi a Zaragoza para recibir a Espartero, ofrecerlle os cartos necesarios e acompañalo ata Madrid e acollelo na súa casa mentres non se arranxou o pazo para o xeneral.

Foi deputado a Cortes por Barcelona de 1854 a 1856. Durante esa lexislatura Madoz recoñeceu publicamente nunha ocasión que como Ministro de Facenda, tivera que solicitar un préstamo de dez millóns de reais a Matheu para atende-los gastos máis perentorios. Só impuxo un interese do 3%.

Nada temos que salientar deste deputado galego en canto ó exercicio do seu cargo. A Matheu temos que valoralo polo que foi: un liberal patriota que puxo a súa gran fortuna ó servizo da causa da liberdade.

No ano 1865 herdou o título de marqués de Grimaldi a raíz da morte de Leopoldo de Gregorio, o último poseedor do mesmo, posiblemente o seu avó materno.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1841-1842 Deputado pola provincia de Pontevedra

#### ==== MAYO DE LA FUENTE, Manuel

**F**uncionario da Administración, foi un gran experto en temas financeiros. Traballou como oficial do Ministerio de Facenda e foi ascendendo ata formar parte da Xunta Consultiva de Aduanas e Aranceis do Ministerio de Facenda onde o atopamos xa en 1857 e proseguía no ano 1877.

Representou a Galicia en dúas lexislaturas. No Congreso formou parte das comisións de Presupostos (secretario), Débedas amortizables (secretario), Reforma do Regulamento de Cortes, Capelanías Colativas, etc.

Formando parte das distintas comisións ás que pertenceu, especialmente como secretario, tivo que intervir moitas veces no Congreso, pero non como deputado por Galicia senón como membro da comisión. Cómpre destacar dous dos seus discursos, o pronunciado na sesión do 31 de maio de 1867, respondéndolle a un discurso de tres

horas do deputado Polo sobre os presupostos do Estado, e o do 2 de xullo de 1867, sobre a débeda amortizable.

Indubidablemente era un gran experto nos temas financeiros.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1867-1868	Deputado pola sección de Vigo	Pontevedra

### MAZO GHERARDI, Cipriano del

Este ilustre periodista e diplomático naceu en Huelva o 21 de setembro de 1829. Estudiu en Granada e como tantos mozos ilusionados por facer carreira pasou a vivir en Madrid. Empezou a traballar no Goberno Civil da capital como aspirante a un posto na administración civil.



Fundou e dirixiu desde 1855 ata 1860 *El Occidente*, un periódico político moderado co que se deu a coñecer. Fíxose nel O'Donnell e gracias á súa protección foi nomeado gobernador de varias provincias. Conseguiu a acta de deputado por Selaia (Santander) para a lexislatura de 1857 e por Egea de los Caballeros (Zaragoza) en 1858. Renunciou ó escano no ano 1860, porque O'Donnell o nomeou en 1860 inspector xeral de Ferrocarrís e Sociedades Anónimas de Cuba, onde permaneceu ata 1863.

En 1865 foi nomeado gobernador civil de Granada. Desde Granada, e sempre baixo a protección de O'Donnell, pasou novamente á Habana como gobernador político de Cuba e alcalde corrixidor da Habana. Cando caeu O'Donnell en xullo de 1866, Mazo presentou a renuncia e retornou a España.

Participou na conxura de 1868 e durante o Sexenio foi ministro plenipotenciario en Lisboa e no ano 1869 en Viena, onde permaneceu ata 1872 en que recibiu, a petición propia, a destitución. En 1874 foi nomeado novamente ministro plenipotenciario en Viena ata o mes de marzo de 1875.

Integrouse na Restauración, coma moitos dos seus compañeiros do Sexenio, e foi nomeado embaixador de España en Roma e posteriormente en Londres, onde morreu o 1 de abril de 1904.

Representou a Galicia en dúas ocasións pola provincia de Lugo, as dúas como senador, nas lexislaturas de 1876 a 1879 e de 1879 a 1881, sen que isto significara unha especial relación co país. O Goberno situouno en Lugo como puido facelo noutra circunscrición. Era un caso normal e habitual de *cunerismo*.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1879	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1879-1881	Senador pola provincia de Lugo

---

---

**MEDINA VITORES, Ricardo**

**N**aceu en Valladolid o 30 de xaneiro de 1841, fillo de Julián Medina, de Valladolid, e de Pilar Vitores, natural de Fresneda de la Sierra.

Consta que era un rico propietario de terras, en Becerro, Zaratán, Tordesillas e Los Caños (Valladolid), onde tiña varios colonos. Lendo o informe económico que del se conserva no Arquivo do Senado dá a sensación de que vivía só das súas rendas.

Non nos conta que obtivese outros escanos cós de senador por Lugo.

No Senado, na lexislatura de 1881, non participou en comisión ningunha na que se proxectasen beneficios para Galicia ou para Lugo, á que representaba. As comisións das que formou parte foron para a creación dunha escola de profesores en Ximnástica en Madrid, ademais da de Arquivos e Bibliotecas e doutras.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1881-1884	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1886-1891	Senador pola provincia de Lugo

---

---

**MÉNDEZ, José Víctor**

**N**atural da cidade da Coruña, estudou Dereito, pero dedicouse integramente ós negocios. Tivo nesta cidade unha importante empresa mercantil e investiu en bens desamortizados. Era considerado unha persoa adifeirada.

Por algún tempo foi recadador de contribucións na cidade de Madrid.

Liberal, pero bastante moderado, foi un político que consensuaba incluso cos progresistas, que o tiñan en gran estima, como se puxo de manifesto no ano 1858, no momento da súa repentina morte.

Enfeudouse no distrito de Padrón, ó que representou en cinco lexislaturas.

Presentouse, por vez primeira, en 1845. O progresista Suances denunciou nas Cortes os supostos atropelos cometidos por Méndez e os seus seguidores para obter a acta. A Comisión de Actas non tomou en consideración as denuncias e foi aprobada a súa acta.

Asistiu sempre pero nunca falou. Tomou parte en varias comisións especialmente na primeira lexislatura á que asiste, a de 1846 a 1850, como as de Administración, Etiqueta, etc.

Morreu repentinamente o 22 de novembro de 1858. As Cortes tiveron noticia do seu



falecemento polo oficio enviado por Miguel Bryan, o seu sogro, o 29 de xaneiro de 1858.

En eleccións parciais resultou elixido Manuel María Moreno para substituílo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña

**MENDOZA MAYOL, Manuel**

Oficial do Exército dedicado preferentemente a Administración. No ano 1864 era oficial segundo do Ministerio da Guerra, posto que recuperara porque ó tomar posesión do escano de deputado en 1857, tivera que pedi-la excedencia na Administración.

Foi brigadier desde 1854 e en 1873 ascendeu a mariscal de campo, o grado máis elevado ó que chegou na súa carreira militar.

Foi deputado por Ortigueira na lexislatura de 1857 a 1858, na que non destacou.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1857-1858	Deputado por Ortigueira	A Coruña
-----------------------	-------------------------	----------

**MENÉNDEZ CONDE, Valeriano (Bispo de Tui)**

Representou en dúas ocasións no Senado a provincia Eclesiástica de Santiago e, aínda que non se trata dunha elección habitual porque eran os bispos os que facían a elección, pensamos que debemos incluílo.

Naceu en San Martín de Luiña (Oviedo) o 24 de novembro de 1848 no seo dunha humilde familia labrega formada por Valeriano Menéndez Conde e Manuela Álvarez.

Estudou no Seminario de Oviedo a carreira eclesiástica. Ordenado presbítero, exerceu de coadxutor de Pravia, párroco de Illás (Avilés) e profesor do Seminario.

Colaborou en varios xornais asturianos e axiña destacou como gran orador eclesiástico.

No ano 1884 obtivo na Universidade Pontificia de Santiago a licenciatura en Teoloxía, e o doutorado.



Fixouse nel o cardeal Payá y Rico e apoiouno para gañá-las oposicións á unha coenxía de Santiago, a de Maxistral, precisamente a dedicada a oratoria sagrada, e nomeouno profesor do Seminario. Cando Payá foi trasladado como cardeal primado a Toledo, levou consigo a Menéndez Conde que, no ano 1888, foi nomeado bispo auxiliar de Toledo. Dous anos despois, en 1890, converteuse en bispo de Tui. Coñecía moi ben o Goberno a fidelidade de Menéndez Conde á Monarquía e por iso, lle encomendou que eliminase o poderoso grupo carlista que había en Tui e que controlaba o Seminario e a administración da diocese. Menéndez Conde atraeu a animadversión de parte do seu clero pero limpou o Seminario de carlistas.

Conde formaba parte do grupo episcopal favorable a un acercamento ó réxime restauracionista, pero era firme na defensa dos dereitos da Igrexa. Por iso os seus escritos son contundentes nos ataques ó Goberno cando estimaba que conculcaban algún dos artigos do concordato.

No ano 1914 foi elevado ó arcebispado de Valencia, que pouco puido aproveitar porque morreu nesa mesma cidade o 3 de febreiro de 1916.

Representou a provincia eclesiástica de Galicia en dúas ocasións. Xa como arcebispo de Valencia foi senador por dereito propio, pero non chegou a tomar posesión.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1896-1898	Pola provincia eclesiástica de Santiago
Lexislatura 1904-1905	Pola provincia eclesiástica de Santiago

## MENÉNDEZ PIDAL, Juan

Naceu este ilustre asturiano en Madrid o 31 de maio de 1858, fillo do maxistrado Xoán Menéndez e Fernández Codero e de Ramona Pidal Pando.

A profesión do pai obrigouno a vivir en varios lugares e coñecer distintas culturas. Entre 1868 e 1869, estudiou parte do bacharelato na Coruña, que concluíu en Oviedo en 1873. Estudiou dous anos de Leis na Universidade de Oviedo, carreira que terminou en Madrid.

Casou en Córdoba con Ana Cuenca Romero y Albornoz del Castillo en 1890.

Colaborou desde mozo en diversos xornais, como *El Mundo Político*, de Madrid, xornal do Partido Moderado. En Oviedo fundou en 1883 a revista satírica *El Trasgo* e en Córdoba *La Lealtad*. Colaborou tamén en *Blanco y Negro*, *La Ilustración Española*, *Revista de archivos e Bibliotecas y Museos*.

No ano 1896 ingresou no corpo de Arqueiros.

Formou parte da directiva da Unión Católica, invento do seu parente Alejandro Pidal y Mon, que co apoio dalgúns bispos e do Vaticano, pretendía crear un partido confesional, fiel ós preceptos do Syllabus, pero separado do carlismo. Como se sabe esta organización acabou integrándose no Partido Conservador de Cánovas.

Foi gobernador civil de Pontevedra entre 1899 e 1901, de Guadalaxara entre 1902 e 1903 e de Burgos de 1904 a 1905.

No ano 1914 foi elixido membro numerario da Real Academia Española. Publicou entre outras as obras *Poesía popular. Colección de viejos romances*, Madrid 1885 e *La Democracia Cristiana*, Madrid 1902.

Só nunha ocasión representou a Galicia, entre 1891 e 1893, sen que teñamos que salientar nada do seu mandato. Morreu o 27 de decembro de 1914.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
-----------------------	-----------------------------------	------

### MERELLES, Domingo Antonio

Personalidade complexa que aparece por vez primeira nas eleccións de 1837 presentándose como deputado pola provincia de Ourense e resultando elixido, aínda que logo renunciou. Posteriormente, no ano 1839, foi elixido de novo, tamén por Ourense.

A chegada de Espartero foi moi ben aproveitada por Merelles, que tivo varios cargos políticos en Oviedo e Ourense.

Foi avogado, pero non exerceu. Tiña especiais condicións para os negocios, que o levaron a ser "uno de los más ricos propietarios de la provincia de Orense", como recoñeceu nas Cortes o seu propio fillo Adolfo Merelles (1869). Sabemos que os seus negocios foron moi diversos. No ano 1843 e residindo en Santiago, mercou unha casa nesta cidade por valor de 81.000 reais. Consta que tamén tivo propiedades en Oviedo. Posteriormente tivo ó seu cargo unha explotación de minas preto de Ribadavia.

Politicamente militou no liberalismo progresista.

Vivía en Santiago cando tivo lugar o levantamento de 1846. Desde o primeiro momento formou parte da xunta constituída nesta cidade o 4 de abril de 1846, e que presidía Pío Rodríguez Terrazo, outro ilustre progresista e ex-alcalde de Santiago.

Sen embargo, ós dous días, Merelles escapou de Santiago quizais desconfiando de que o levantamento fracasase. Do Porto na obra *Reseña histórica de los últimos acontecimientos políticos de Galicia* (1846), na que se narran os acontecementos do levantamento de 1846, di que un dos membros da Xunta desapareceu "en la ceguedad de su cobardía hasta le faltaba espacio para huir", e cualifícao de "tahir de la revolución". Aínda que non indica o seu nome, polo contexto é o único que poder ser, xa que os demais aparecen no exilio e logo indultados. Todos menos el.

Iso non lle impediu volver tomar parte do levantamento de 1854 e de solicitar condecoracións do Goberno por ser comandante da Milicia Nacional da provincia de Ourense.

Posteriormente, a partir de 1858, afiliouse á Unión liberal e por iso resultou elixido deputado a Cortes polo distrito do Carballiño.

Non consta que falase nas Cortes nin que participase activamente. A súa gran fortuna e o cultivo da política na familia explican que tanto o seu fillo como o seu neto, representasen a Galicia posteriormente.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1859-1862	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1871-1872	Senador pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1872 (2ª)	Senador pola provincia de Ourense	



#### MERELLES CAULA, Adolfo

Os Merelles eran poderosos económica e politicamente na provincia de Ourense. Iniciou a estirpe Domingo Antonio Merelles (véx.), varias veces deputado e o segundo máximo contribuínte da provincia. Militou no progresismo radical e posteriormente foi mudando ata militar na Unión Liberal.

Colleu o relevo o seu fillo Adolfo Merelles, elixido por vez primeira para a lexislatura de 1869 a 1871, cando a penas contaba a idade regulamentaria de vintecinco anos.

Naceu en Ourense o 2 de xuño de 1843. Empezou estudando Enxeñería en Madrid, que non concluíu. Pasou a Santiago onde estudou e se licenciou en Dereito. Viaxou nos veráns a diversos países estranxeiros.

Nas eleccións de 1869, non sendo o candidato do Goberno, logrou a victoria polo apoio prestado por seu pai e as redes montadas na provincia.

Non contribuíu para nada na provincia na victoria do Sexenio e cando saíu deputado, descoñecía-se a qué partido se arrimaría. Os comentaristas políticos situábano no Partido Conservador, non obstante axiña quedou demostrado que non era un radical, aínda que se entendía moito mellor cos liberais ca cos conservadores.

Na primeira lexislatura, a de 1869 a 1871, formou parte de diversas comisións, mesmo como secretario dalgunha delas, pero non falou nunca. Foi deputado ata as segundas eleccións de 1872, ás que non se presentou. Volveu novamente ó Congreso a partir de 1876, enfeudándose no distrito de Ribadavia.

Entrou na Administración do Estado da man de Sagasta, que o colocou de xefe de sección do Ministerio de Ultramar. Máis tarde foi director xeral de Administración e Fomento do Ministerio de Ultramar.

No ano 1876, xa instaurada a Restauración, resultou elixido por Ribadavia Gabriel



José Anduaga. Merelles conseguiu que a acta fose anulada e pasou el a cubri-lo escano. A medida que foi madurando en anos e experiencia, Merelles soltoouse no Congreso e pronunciou varios discursos, aínda que non consta que estivese tocado polas alas do xenio en canto orador.

En Ourense foi moi criticado pola súa inconcreción política. Máis preocupado pola realización dos proxectos que presentaba ca pola súa adscripción ideolóxica, os dous partidos principais, en certa maneira, considerábano seu.

Foi varias veces gobernador da provincia de Ourense. O seu nome saía con demasiada frecuencia sempre que se discutían as actas desta provincia. Polo xeral os vencidos reclamaban a nulidade das actas polos atropelos cometidos e sempre aparecía Merelles Caula como inductor. Algo debía ter Merelles cando todos, defensores e detractores, coincidían nel.

Con el non remata a estirpe dos Merelles porque o seu fillo, Merelles Martel, proseguíu a traxectoria familiar.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1869-1871	Deputado por Ourense	
Legislatura 1871-1872	Deputado por Ribadavia	Ourense
Legislatura 1872 (1 <sup>ª</sup> )	Deputado por Ribadavia	Ourense
Legislatura 1876-1879	Deputado por Ribadavia	Ourense
Legislatura 1879-1881	Deputado por Ribadavia	Ourense
Legislatura 1881-1884	Deputado por Ribadavia	Ourense
Legislatura 1884-1886	Deputado por Ribadavia	Ourense
Legislatura 1886-1891	Deputado por Ribadavia	Ourense
Legislatura 1891-1893	Senador pola provincia de Ourense	
Legislatura 1893-1895	Deputado por Ribadavia	Ourense
Legislatura 1896-1898	Senador pola provincia de Ourense	
Legislatura 1889-1901	Deputado por Ribadavia	Ourense
Legislatura 1901-1903	Deputado por Ribadavia	Ourense
Legislatura 1903-1905	Deputado por Ribadavia	Ourense
Legislatura 1905-1907	Deputado por Ribadavia	Ourense
Legislatura 1907-1910	Deputado por Ribadavia	Ourense

#### MERELLES MARTEL, Adolfo

Fillo de Merelles Caula, naceu en Madrid no ano 1883.

Estudou Dereito na Universidade de Madrid.

O feito de vivir na capital, separado das bases territoriais que durante case oitenta anos mantiveran ós Merelles, explica que unicamente apareza durante unha legislatura como representante de Ribadavia.

Os biógrafos din del: "Ilustrado y prematuro de juicio el



señor Merelles y Martel, hará mucha carrera, a poco que el azar le favorezca".

Descoñecemos outros datos deste deputado que xa non volveu ó Parlamento.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Ribadavia	Ourense
-----------------------	-------------------------------------	---------

### MILLE Y SUÁREZ, Eladio

**N**aceu en Ferrol en outubro de 1856.

Ingresou no ano 1877 no Corpo Xurídico Naval. Foi ascendendo e no ano 1890, foi nomeado auditor xeral da Armada con destino en Madrid. Representou en tres lexislaturas o distrito de Ferrol, desde 1903 ata 1910.

Foi condecorado coa Medalla de Alfonso XIII e era comendador da Orde de Isabel a Católica.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña

### MIRANDA, Antonio María

**P**ertencía a unha poderosa familia fidalga lucense con rendas e propiedade na Terra Chá. A súa familia sempre estivo vencellada ó concello de Lugo xa que consta que un Francisco Miranda, probablemente seu pai, foi membro do Concello en 1823 e un dos asesores da comisión creada por Pablo Morillo, conde de Cartaxena, para consensuar coas tropas francesas do duque de Angulema, a entrega do Exército ó mando de Morillo.

O noso protagonista foi rexedor do concello de Lugo en 1834 e alcalde de 1835 ata 1838, ó se-lo terceiro máis votado despois do conde de Campomanes e de Capón Castro, inhabilitados para o cargo por diversas razóns.

Segundo o profesor Villares, foi un importante inversor en bens desamortizados, xa que consta que mercou por 370.000 reais as rendas do priorado de Riázó, que dependía do mosteiro de Samos, aínda que mantemos dúbidas sobre se realmente foi o noso protagonista o inversor ou máis ben outro Antonio María Miranda Trelles. Casou con Antonia Díaz e morreu en 1859.

Foi elixido deputado suplente por Lugo para a lexislatura de 1837 a 1838, á que asistiu por ausencia dun deputado titular. Sen embargo, o seu papel nas Cortes foi máis ben deslucido.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1838	Deputado pola provincia de Lugo
-----------------------	---------------------------------

**MIRANDA DE CARCER, Pedro**

Só temos fragmentarias noticias deste deputado que representou a Betanzos en catro lexislaturas.

Estudou Dereito e posteriormente gañou as oposicións a avogado do Estado.

Serviu sempre ó Partido Conservador co que foi gobernador civil e presidente da Deputación da Coruña.

Foi deputado por Betanzos na lexislatura de 1903 a 1905 e xa seguiu ininterrompidamente neste distrito ata 1910. Novamente elixido por este distrito nas eleccións de 1914, morreu o 22 de novembro de 1914. Foi substituído por Cavalcanti (véx.).

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1903-1905	Deputado por Betanzos	A Coruña
Lexislatura 1905-1907	Deputado por Betanzos	A Coruña
Lexislatura 1907-1910	Deputado por Betanzos	A Coruña
Lexislatura 1914-1916	Deputado por Betanzos	A Coruña
(Morreu o 22 de novembro de 1914)		

**MIRANDA OLMEDILLA, Fernando**

Era fillo de Fernando María Miranda Mon Velarde e de María de las Angustias Olmedilla Escobedo. Vivía en Ribadeo pero os seus dereitos e rendas estendíanse polas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra.

Pertencían á familia a casa-fortaleza de Camba, a casa de Lagariños, as xurisdicións de Vilaquinte, o couto de Viville e Pidibal en Santiago de Ares (Castropol) e outras propiedades. Foi cuñado do capitán xeral Latre, casado con Marina Miranda Mon Olmedilla.



Casou con Carmen Miranda Miranda, filla de Pedro Miranda Miranda, señor das casas de Miranda, Río das Canizas, Boavista e Santiago, e de Felipa Becerra.

Tivo, polo menos, nove fillos dos que só sobreviviron Fernando Miranda Miranda, casado con Dolores Suárez de Puga, e Pedro María Miranda Miranda casado con María del Consuelo Magdalena Peiralón, segunda condesa de Vilapún.

O noso protagonista foi un liberal exaltado que, como case todos na súa familia, pertenceu ó Exército. Exiliado polas súas ideas liberais, sabemos que no ano 1830, e sendo xa coronel, estaba refuxiado en Perpiñán, en contacto co xeneral Mina, conspirando contra Fernando VII.

Retornou gracias a amnistía do ano 1832 e en 1834, foi elixido para representa-la provincia de Lugo nas Cortes do Estatuto. Foi así mesmo reelixido nas primeiras eleccións de 1836 e para a lexislatura de 1836 a 1837, aínda que nesta non consta que estívese presente nas Cortes.

A razón desta ausencia está en que foi nomeado capitán das milicias urbanas -a elección dos mandos das milicias facíase por elección e a súa condición de oficial do Exército explica a súa elección- creadas para perseguir as partidas carlistas.

Morreu nunha acción no ano 1839.

Foi moi sentida a súa morte porque o seu liberalismo contaxioso e a súa prominente condición social, convertérono nun dos indiscutibles líderes do progresismo lucense.

Un cronista contemporáneo e asistente ás sesións de Cortes dinos del que era "valiente, patriota a toda prueba y progresista sin fin". Recoñece que a súa actuación nas Cortes foi escasa xa que "recitó pocas arenguillas". Infórmanos tamén o cronista de que era "gordo, recolorado y caribobo como persona, desgarrado de cuerpo y traje como gallego", interpretamos que quere dicir que non vestía á moda.

Xa dixemos que foi elixido por terceira vez para a lexislatura de 1836 a 1837, pero foi substituído.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1834-1835	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1836 (1ª)	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1836-1837	Deputado pola provincia de Lugo (foi substituído)

### **MIRANDA RODRÍGUEZ, Fernando**

Estudou a carreira de Leis e dedicouse á xudicatura. No ano 1840 exercía de xuíz na cidade da Coruña.

Foi deputado pola provincia de Ourense na lexislatura de 1836 a 1837.

Nas Cortes demostrou que era un experto nos temas xurídicos referidos a Galicia, especialmente nas cuestións referidas ó foro. Ás veces que interveu fixoo cunha pouco común precisión, distinguindo os diversos elementos que interviñan na relación foral e facendo fincapé na necesidade de ser precisos na cuestión. Deixou un bo recordo naquelas Cortes. Lamentablemente non volveu ó Congreso.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1836-1837	Deputado pola provincia de Ourense
-----------------------	------------------------------------




## MON Y LANDA, Alejandro

Este ilustre político naceu en Pontevedra o 4 de decembro de 1852, aínda que a súa familia era oriúnda de Asturias.

Era doutor en Dereito e licenciado na sección de Administración pola Universidade de Santiago.

Militou sempre no Partido Conservador.

Foi alcalde da cidade de Pontevedra en 1879 e 1890 e tamén deputado provincial.



Consta como propietario e avogado. Tivo despacho en Pontevedra e dúas fermosas propiedades en Poio e en Feáns (Pontevedra), que cultivaba. Tivo tamén unha granxa e terreo en Michelena (Pontevedra).

Resultou elixido deputado pola Caniza (Pontevedra), por vez primeira, para lexislatura de 1891 a 1893 e a partir dese momento nunca tivo dificultades para obter a representación. Resultou tamén elixido para a lexislatura seguinte, a de 1893 a 1896, pero sen expresa-lo motivo presentou a renuncia, sendo substituído por Francisco Silvela de la Vielleuze. Retornou novamente ó Congreso polo distrito da Caniza en 1898 e, xa sen interrupción, proseguiu ata 1910. Foi seguidor fiel de Silvela e de Maura.

Sánchez de los Santos escribe: "Tanta y tan legítima es su fuerza en el distrito, que perdería el tiempo el que intentara disputarle la representación". Outros tiñan outra idea coma, por exemplo, López Soler que di:

"Ya está ahí Mon  
el clerical,  
a continuación  
de ese Catón,  
de ese almufí  
medio oriental  
y cazurrón  
que llaman Pii,  
Pidal y Mon".

Deixou o distrito para o seu fillo, tamén Alexandre Mon y Landa, coincidencia en nome e apelidos que confundiron a máis dun historiador.

Tivo fama de posuír unha extraordinaria biblioteca.

### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra



## MON Y LANDA, Alejandro

Fillo do outro Alexandre Mon y Landa (véx.), naceu en Pontevedra o 16 de febreiro de 1886.

Cursou a carreira de Dereito na Universidade dos Xesuítas de Deusto e concluíuna na Universidade de Salamanca en 1907, ano en que obtivo a licencia. Tamén se licenciou en Filosofía e Letras na Universidade de Granada o ano 1908. Recibiu o doutorado en Leis pola Universidade de Madrid en 1909.

Destacado estudante, militou moi cedo na política integrándose nas filas do Partido Conservador e prestando unha especial atención ós problemas do agro galego, o que posiblemente explique que no ano 1910 publicase a monografía *Estudio de los foros en Galicia*, obra que, con evidente esaxeración, foi valorada por Sánchez de los Santos como "La última palabra sobre la materia".

Colaborou no Círculo Católico de Obreros da cidade de Pontevedra, do que foi nomeado presidente de honor cando, a causa de exercer de deputado en Madrid, non puido proseguir o seu labor. Varios sindicatos agrícolas da provincia de Pontevedra, como o de Arbo, a Sociedade Agrícola de Crecente, tamén o nomearon o seu presidente de honor.

En Madrid foi vicepresidente do Centro Galego e presidente tamén de honor do Montepío General de España de empleados subalternos de Instrucción Primaria.

Estes títulos honoríficos poñen de manifesto a qué grupos se achegaba Mon y Landa, e evidencian un enfoque moderno da acción política, indo á procura dos problemas e dos votos e non agardando a que o caciquismo funcionase no seu lugar.

Colleu o relevo do pai no distrito da Caniza, á que representou ininterrompidamente dende 1910 ata 1923.

### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra

## MONARES INSA, Rafael

Alleo por nacemento, por vocación e mesmo por representación parlamentaria a Galicia, fóra dunha ocasión, ofrecemos del os datos máis importantes. Era fillo de Rafael Monares Cebrián, que desde 1864 era senador vitalicio, e naceu en Valencia o 18 de outubro de 1839.

Sabemos que era enxeñeiro de camiños, carreira que rematou en 1864 e que representou en varias lexislaturas o distrito de Almunia (Zaragoza).

Entrou no Parlamento polo distrito de Ribadeo en 1883. Nas eleccións celebradas en 1881 resultou elixido por Ribadeo Eduardo Pardo Montenegro, que morreu no ano 1882. Por iso non puido tomar posesión Monares ata o 17 de xaneiro de 1883. O alcalde de Ribadeo, Francisco Díaz Maseda, propúxolle ó Concello felicita-lo novo deputado, proposta que foi aceptada por unanimidade. Un agudo periodista, o licenciado Fernando San Julián escribiu ó respecto: "Aquí los Diputados son flores de un día, cada situación trae el suyo, con gran contentamiento de la parte cantante, que se cree un portento de habilidad y diplomacia por aplicar siempre este principio: El Gobierno debe proteger más a los pueblos que votan siempre a los candidatos que aquel designa. Por eso a Ribadeo le crece el pelo".

Posteriormente representou o distrito de Almunia (Zaragoza) nas lexislaturas de 1886 a 1890, 1891 a 1893, 1893 a 1895, 1896 a 1898 e 1898 a 1899. Finalmente representou o distrito de Calatayud (Zaragoza) na lexislatura de 1903. Morreu en Madrid o 3 de decembro de 1903, substituíndoo en Calatayud G. Maura Gamazo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1891-1894	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
	(Toma posesión en xaneiro de 1883)	

### MONTALVO COLLANTES, Calixto

Representou o distrito de Ribadavia nunha lexislatura. Estando en Madrid, e no medio da polémica aberta entre liberais e carlistas, foi autor dun folleto titulado *Carta de un moderado al Excmo. Sr. D. Justo Medio*, Madrid 1838.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Ribadavia	Ourense
-----------------------	-------------------------------------	---------

### MONTAUT Y DUTRIZ, Manuel

Representou a provincia de Ourense nunha lexislatura, a de 1867 a 1868.

Formou parte da comisión do ferrocarril de Xerez a Bonanza. Non falou nunca, nin participou activamente.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1867-1868	Deputado pola sección de Ourense	
-----------------------	----------------------------------	--



### MONTEJO Y ROBLEDO, Telesforo

Importante político, sólido parlamentario, ex-ministro, que representou nunha ocasión a Galicia pero que non tiña vinculación ningunha con este país.

Naceu en Segovia o 1 de maio de 1818. Estudiu Leis e dedicouse á carreira xudicial. Progresista radical, tomou parte nos levantamentos progresistas de 1840 e 1843. No ano 1854 ascendeu a promotor fiscal de Madrid. Volveu participar no levantamento de 1866 polo cal foi detido. Tomou parte nos preparativos do chamado Movemento Revolucionario de setembro de 1868, en canto que foi un dos membros da Xunta Revolucionaria de Madrid.

Foi gobernador civil de Sevilla en 1861, togado do Tribunal Supremo de Guerra e Mariña en 1871, vicepresidente do Senado, presidente do Tribunal Contencioso Administrativo e conselleiro de Estado no ano 1888.

No Goberno de José Malcampo, sucesor de Ruiz Zorrilla na Presidencia do Consello de Ministros, foi ministro de Fomento do 5 de outubro de 1871 ó 21 de decembro de 1871.

Representou, por vez primeira, o distrito de Briviesca (Burgos) dende 1869 ata 1871. Posteriormente foi senador por Segovia na lexislatura de 1871 a 1872 e na primeira de 1872.

Coa Restauración retornou ó Senado e representou a provincia da Coruña na lexislatura de 1876 a 1879. Sabemos que tomou posesión do seu escano no ano 1877. Foi secretario e vicepresidente do Senado.

No Senado, na lexislatura en que representou a Galicia, tivo unha moi notoria actuación. Formou parte dalgunhas comisións, pero destacou polos seus discursos e polas interpelacións ás que someteu o Goberno. Lamentablemente ningún asunto que se referise á Coruña ou a Galicia mereceu o seu interese.

Foi senador novamente na lexislatura de 1881, pero xa vitalicio.

Morreu o 24 de abril de 1896.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1879      Senador pola provincia da Coruña

### MONTENEGRO DE PUGA, Antonio (Marqués de Leis)

Naceu en Ourense o 18 de decembro de 1822. Era fillo de José María Montenegro Gago e de Manuela de Puga Puga. Á morte do pai en 1846, herdou o marquesado de Leis.



Era un adifeirado propietario de Galicia, con bens e rendas nas provincias de Ourense, A Coruña e Pontevedra. Viviu e morreu célibe polo que á súa morte, a súa inmensa fortuna disgregouse. O marquesado de Leis foi herdado pola súa segunda curmá María de la O Castro y Garcés de Marcilla, casada co notario Isauro Pardo y Pardo, tamén senador (véx.) e, por consorte, marqués de Leis.

Pertenceu sempre ó Partido Conservador e representou no Senado en dúas lexislaturas a provincia de Ourense.

Como senador nada temos que salientar.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1879	Senador pola provincia de Ourense	(Desde 1877 a 1879)
Lexislatura 1879-1881	Senador pola provincia de Ourense	

### MONTENEGRO DE PUGA CARANTOÑA, Antonio (Marqués de Leis) =====

**E**ra señor de Trabanca e descendía de nobres stirpes fidalgas da provincia de Pontevedra. Casou con María Josefa Gago de Tabares Pimentel. A esposa aportou importantes bens, especialmente a casa de Barro (Santa Mariña de Barro, A Baña, A Coruña), á que estaba vinculado o marquesado de Leis.

Comprouse facer unha aclaración sobre este título, do que se conta que foi concedido no ano 1844. O marquesado de Leis fora outorgado no ano 1735 por Carlos III, rei de Nápoles, ó mariscal de campo Bernabé Romero de Leis, polos servizos prestados na campaña de Italia. Tratábase, por conseguinte, dun título napolitano, non español. Este título foi, por fin, e despois de varias dilixencias practicadas, recoñecido en España por decreto do 1 de xuño de 1844 como título de Castela.

Antonio Montenegro de Puga era marqués de Leis, título aínda napolitano, por matrimonio coa marquesa.

Dedicouse á milicia, na rama de Artilería. En 1830 ascendeu a brigadier.

Por R.D. do 16 de marzo de 1829, Fernando VII establecía o Colexio de Cabaleiros Cadetes, con sede en Valladolid, do que o seu regulamento foi aprobado o 2 de maio de 1830. Montenegro, por comisión real, elaborou diversos libros de texto para este colexio. No ano 1830, sendo aínda coronel, publicou a obra *Elementos de Geografía Astronómica y Física*, que dous anos despois foi declarada libro de texto nos colexios de humanidades do Reino. No mesmo ano publicou un *Mapamundi* con destino ó Colexio de artilería.

En 1834 era coronel do Provincial de Pontevedra, cando foi elixido procurador en Cortes pola provincia de Pontevedra.

Nas Cortes non tivo intervencións notables. Un cronista da época referíndose á súa actuación en Cortes di: "Coronel del provincial de Pontevedra, diputado de Pontevedra. Voto ministerial y punto en boca". No ano 1835 residía en Ourense. Foi membro da Deputación Provincial e formou parte da reconstituída Sociedade Económica de Amigos do País.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1834-1835	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1838-1839	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1834-1835	Senador pola provincia de Pontevedra

### MONTENEGRO GAGO, José María (Marqués de Leis)

Fillo de Antonio Montenegro Puga e de María Josefa Gago de Tabares Pimentel.

Foi el, como asegura Martínez Barbeito, quen obtivo no ano 1844 o recoñecemento do título napolitano de marqués de Leis como título de Castela (véx., Montenegro Puga, Antonio).

Como primeiro marqués de Leis herdou unha gran fortuna en rendas e bens inmo-  
bles.

Casou con Manuela de Puga, filla do ilustrado Pedro Ventura de Puga, señor de Fontefiz, (A Peroxa Ourense). Tivo Pedro Ventura só dúas fillas, a primeira das cales morreu nova e sen descendencia. Por iso toda a fortuna pasou ó marqués de Leis por medio da súa segunda filla, casada con este. Xa se comprende entón que a fortuna do marqués de Leis se ampliara extraordinariamente.

Sen embargo, pouco puido saborear estas riquezas porque morreu no ano 1846.

Representou a Galicia no Senado en dúas lexislaturas.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1838	Senador pola provincia de Ourense
Lexislatura 1843-1844	Senador pola provincia de Ourense



### MONTERO RÍOS, Eugenio

Personalidade extraordinaria que desborda calquera intento de encadralo nunha biografía breve.

Naceu nunha casa humilde da rúa dos Xasmíns, de Santiago (nin para Montero Ríos e a súa casa houbo amnistía por parte dos constructores e do Concello porque fai poucos anos foi demolida), o 13 de novembro de 1832.

Pertencía á clase media, o seu pai era notario pero de

reducida clientela, e parece ser que a familia quizais pola apatía do pai, quizais pola familia numerosa que tiña, non dispuña de medios económicos á altura da súa condición de notario.

Eran os seus pais Ángel Montero e Francisca del Río e tiveron cinco fillos.

Ós 10 anos ingresou no Seminario de Santiago. Estudiu Humanidades, Filosofía e catro anos de Teoloxía. Abandonou o Seminario e axiña cursou Dereito na Universidade de Santiago de Compostela.

Sorprende extraordinariamente que Montero Ríos non destaque nin sequera apareza formando parte da xeración de Murguía, Aguirre, Rodríguez Seoane, Álvarez Bugallal, Rosalía de Castro. Ou ben a necesidade de remata-los estudos obrigouno a retraerse da sociedade ou ben, estudadamente, quixo manterse illado do movemento intelectual e político, preservando a súa imaxe para o futuro. En calquera caso, Montero Ríos pasa totalmente desapercibido naquel Santiago fervente dos anos 1854-1858.

No ano 1858 vai a Madrid para face-lo doutorado. Como era habitual, os xoves meritorios que chegaban de provincias para face-lo doutorado buscaban a protección dun catedrático na Universidade Central que os promocionara. Descoñecemos a quen se arrimou Montero Ríos. É moi posible que fora ó catedrático de Disciplina Eclesiástica, Aguirre.

A súa sólida formación, penetrante intelixencia, sensibilidade progresista e unha forza moral ou coraxe para asumi-los retos intelectuais máis difíciles, algo que se descubría co seu trato, pero que era difícil de intuír polo seu corpo débil e diminuído, debéron ser os elementos determinantes do apoio que recibe na Central, porque ó ano seguinte de face-lo doutorado, en 1859, gaña a cátedra de Disciplina Eclesiástica da Universidade de Oviedo.

No ano 1860, e gracias a unha permuta, logra vir para Santiago. Retornaba a súa cidade, da que saíra no ano 1858, laureado co prestixio dunha cátedra con só 28 anos.

Era habitual entón que os novos catedráticos leran un discurso de ingreso na Facultade. O 17 de marzo de 1861, nunha sesión solemne á que asistiu a crema da sociedade compostelá, leu o discurso moi pensado e cunha evidente intención provocadora. O tema era *Ultramontanismo y Cismontanismo en la historia y en la ciencia*, e no discurso facía un manifesto valente en favor da liberdade de pensamento e denunciaba o escurantismo que a Igrexa exercera durante séculos. O discurso serviu para deixar moi claro cal era o seu pensamento e as súas opcións intelectuais.

No ano 1864 logra, por concurso, unha cátedra na Universidade Central. As clases e o seu bufete, que de seguida comezou a acreditarse, consumen o seu tempo. Parecía que a política non entraba nos seus propósitos. Non era así porque, coa habilidade que lle era habitual, e certo secretismo, que foi unha constante na súa vida, está presente na preparación da conxura para derroca-lo Trono de Isabel II.

A partires de 1868 todo muda na súa vida. Pasa a formar parte da elite intelectual

que está detrás de Serrano e de Prim, informando, asesorando e dando ideas para canlear o proceso político.

No ano 1869 logra a representación pola provincia de Pontevedra, xa baixo a protección dos Riestra.

Nomeado Subsecretario de Gracia e Xustiza inicia a súa intensa vida política e reformista. Basta ler os discursos pronunciados durante o Sexenio (recuperados fai pouco por Margarita Barral Martínez e Emilia García López) para decatarse da proxección renovadora, mesmo revolucionaria, que Montero Ríos pretendía impoñer.

O seu pensamento é claro: a sociedade española precisa liberarse da tutela eclesiástica na conformación do seu corpus xurídico básico. Aposta por un laicismo ben entendido. Non nega os valores católicos como determinantes da forma de ser, do estilo de España, nin pon en dúbida ningún dos referentes dogmáticos, o que sinxelamente pretende é separar claramente o poder eclesiástico do poder civil, encomendándolle a éste a exclusiva de marca-las leis sociais.

Aceptou o Ministerio de Gracia e Xustiza en 1869-1871 e posteriormente en 1872-1873.

Cando Amadeo abandona España, Montero Ríos, amigo persoal do Rei, acompaña ata Lisboa. Iníciase así un período de retirada da política activa ata 1880.

Retorna neste ano á política e inicia a súa evolución, non ben comprendida sempre: no ano 1882 é da esquerda dinástica, no ano 1884 do partido demócrata, en 1885 do partido fusionista, e logo do partido liberal.

A fidelidade con Amadeo parece ser que é o que explica que non aceptara ningún ministerio ata a morte de Alfonso XII.

Volve a ser ministro en 1885 e en 1892. En 1905 e por un período moi curto, entre o 23 de xuño de 1905 e o 1 de decembro de 1905, é Presidente do Consello de Ministros. Cubría así o seu currículo político, pero demostraba tamén o distanciamento que quería manter co poder porque nunca mais aceptou unha responsabilidade ministerial.

Casou no ano 1862 con Avelina Villegas Rubiños, que parece ser que foi a única muller da súa vida. Tivo oito fillos dos que só lle sobreviviron cinco. Os fillos tamén lle serviron para os seus proxectos políticos.

Controlou a provincia de Pontevedra, sempre asociado a Riestra, na que situou ó seu xenro Eduardo Vincenti; controlou o distrito de Santiago no que colocou primeiro o xenro Calderón Ozores e posteriormente a García Prieto, outro xenro. Os dous fillos, Avelino e Eugenio, tiveron cada un seu distrito. Esgotada por ese lado a posibilidade de reproducir o caciquismo a nivel local, recorreu ós Gullón, parentes de García Prieto e a varios dos pasantes do seu bufete, e a amigos como Fernández Latorre.

Especialmente amosouse cobizoso co control da súa cidade de Santiago. Houbo



momentos nos que todo, o rectorado, o concello e o distrito estaba dominado polos monteristas en troques a esta fidelidade, Montero Ríos amosouse xeneroso coa cidade.

O monterismo foi, por conseguinte, unha das múltiples formas de exercer-lo caciquismo en Galicia. Lourizán, o e seu pazo, era A Meca para os meritorios do poder político, tal e como escribiu Lamas Carvajal:

"Nuestros políticos más celebrados  
ya sean alcaldes o diputados,  
un mismo rumbo siguiendo van,  
como los moros sobre camellos  
van a la Meca, sentado ellos  
en tren dirígense a Lourizán.  
Allí están todas sus esperanzas,  
de allí proceden sus bienandanzas  
Allí está el germen de su ambición,  
el arca santa del fusionismo  
y allí recibe canto el santón".

Morreu Montero Ríos en Madrid o 12 de maio de 1914.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1869-1871	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1886-1888	Deputado polo distrito de Santiago

## MONTERO RÍOS, José

Naceu en Santiago o 20 de xullo de 1830, fillo do escribán receptor Ángel Montero e de Francisca del Río. Tiña outros cinco irmáns: María Pastoriza, Ángel Álvaro, Eugenio (o gran político do que xa falamos) e María de la Concepción.

Estudou na Universidade de Santiago a carreira de Medicina, que rematou co título de licenciado o 31 de xullo de 1851.

Opositou ó Corpo de Sanidade da Armada, no que exerceu ata 1861, ano en que se retirou por razóns de saúde.

En 1863 foi nomeado profesor auxiliar da Facultade de Medicina. Un ano despois obtivo a cátedra de Clínica Médica na Universidade de Granada pero no mesmo ano xa estaba na Universidade de Madrid como catedrático de Patoloxía Xeral e Anatomía Patolóxica.

Estando en Madrid foi nomeado rector da Universidade de Santiago, polo Goberno do Sexenio.

En 1870 volveu a Madrid onde foi nomeado decano da Facultade de Medicina. O goberno designouno entón rector da Universidade da Habana.

Montero Ríos actuaba como unha especie de comodín ó servizo dos gobernos do momento. Estivo dous anos como rector na Habana e logo retornou a Madrid.

Obtivo a súa primeira representación en Cortes polo distrito de Tabeirós (A Estrada) na lexislatura de 1871. Posteriormente foi senador por Pontevedra, pola Universidade de Santiago e finalmente, vitalicio a partir de 1886.

Como profesor a penas publicou un ou dos traballos, pero isto era bastante frecuente naquela universidade onde ser catedrático e ágrafo non significaba ningún desdouro.

Como senador formou parte de varias comisións moi diferenciadas. Estivo nas comisións de Estradas de San Clodio a Esposende, Ponferrada, Belmonte, Baralla, etc.

Morreu en Madrid el 27 de outubro de 1890.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Tabeirós	Pontevedra
Lexislatura 1872-1873	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1881-1882	Senador pola provincia de Santiago	
Lexislatura 1884-1885	Senador pola provincia de Santiago	
Lexislatura 1886	Senador vitalicio	



#### MONTERO TELINGE, Juan

Naceu en Santiago o 21 de decembro de 1800, tan preto da catedral como que seus pais estaban de empregados nela. Quedou orfo moi neno e tivo que vivir da raquítica pensión que o Cabildo lle pasaba a súa nai, pensión que se suspendeu cando o mozo Montero formou parte da Milicia Nacional compostelá, proba evidente do seu liberalismo.

Entrou na Universidade e mesmo chegou a cursar algúns anos de estudos, pero tivo que abandonalos ós vintedous anos ó exiliarse por motivos políticos en 1823.

Mentres pertenceu á Milicia Nacional da que foi sarxento, foi un dos membros máis activos na persecución das partidas realistas polas terras de Arzúa e Melide, partidas moi vencelladas ós Cabidos galegos, o que pode explica-la represión económica que sufría a súa nai.

Marchou a Cuba e dende alí a Francia, establecéndose en Burdeos como encadernador de libros.

Retornou a Galicia coa amnistía de 1833. De Santiago marchou á Coruña, onde tra-

ballou de encadernador e posteriormente conseguiu un posto de oficial de Facenda da cidade, concedido durante o mandato de Espartero e do que foi destituído en 1844.

As súas aptitudes para os negocios e as finanzas axiña atoparon medio de desenvolverse na Coruña. Casou coa filla dun comerciante e asociouse ó seu sogro iniciando un ascenso económico que o situou entre a crema da burguesía coruñesa: Fábrica de chocolates, conselleiro do Banco da Coruña e mesmo comercio con casa de cambio.

O seu enriquecemento non significou unha renuncia ós seus ideais. Foi alcalde durante o Bienio Progresista, cargo que exerceu entre o 12 de outubro de 1854 e o 26 de agosto de 1855.

Formou parte da conspiración dos anos 1866 a 1868 e cando se deu o golpe de estado no ano 1868, aparece formando parte da Xunta Revolucionaria desta cidade.

Iso explica que fora elixido deputado a Cortes nas eleccións de 1869 polo distrito da Coruña.

A falla de experiencia e o atraso nos estudos (na sesión do 3 de abril de 1869 recoñeceu que deixou os libros no ano 1822 e que non volveu a coller outro na man, o que non deixa de ser unha *boutade* porque foi encadernador deles) posiblemente explican que a penas participase nos discursos, pero si tivo unha activa participación nas comisións, xa que foi secretario da de Actas, pertenceu á de Contas, Ferrocarrís de Galicia e Asturias (foi o presidente da comisión), da de Pensións, Carbóns para o porto de Barcelona (foi o Presidente), Suplicatorios.

Como deputado, foi o portavoz ante o Goberno das queixas, solicitudes e peticións de distintos gremios da Coruña: notarios, profesores de Belas Artes, comerciantes, etc. Cando se tratou de elixir rei de España, presentou a candidatura de Espartero, representando á Tertulia Progresista da Coruña.

Volveu ser deputado pola Coruña no ano 1873, nos escasos meses que durou a lexislatura, e senador entre 1872 e 1873 e tamén entre os anos 1884 e 1885, xa como vitalicio.

No xornal *El Correo Gallego*, de Ferrol (13 de novembro de 1892), apareceu unha noticia que, sen dúbida, tiña unha intención satírica e polémica. Titulábase "Abjuración del Sr. Montero Tellinge". Díciase que na Coruña causara sensación a súa conversión gracias á mediación de S. Xosé, a quen a familia encomendou nos "sete domingos de S. Xosé", confesouse e comulgou. Devolveu ó Gran Oriente as insignias e documentos masónicos.

A noticia non pode interpretarse literalmente porque feita a comprobación de tal abxuración no Boletín Oficial da diócese de Santiago, nada apareceu que o confirmara.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1869-1871	Deputado pola sección de Coruña
Lexislatura 1872-1873	Senador pola provincia da Coruña
Lexislatura 1872 [1ª]	Deputado polo distrito da Coruña
Lexislatura 1884-1885	Senador vitalicio

**MONTERO VILLEGAS, Andrés Avelino**

**N**aceu en Madrid en agosto de 1875. Era fillo do gran político Uxío Montero Ríos e de Avelina Villegas Rubiños.

Estudou Dereito e abriu un bufete en Madrid, pero a sombra benéfica de seu pai proxectouno cara á política, na que nunca destacou coma o seu proxenitor, pero deulle un benestar e unha situación social posiblemente moi superior ós seus merecementos.

Nada máis cumprí-la idade regulamentaria, a familia situouno no distrito de Mondoñedo, no que se enfeudou durante seis lexislaturas.

No Congreso participou en diversas comisións como as de Reorganización da carle de Isabel II, de estradas, de tribunais para menores, etc.

O tema da protección dos menores foi, sen dúbida ningunha, a gran preocupación e ocupación intelectual e social do noso autor. Publicou en 1913 a obra *Tribunales para niños*, na que recolleu varios artigos publicados no xornal *La Correspondencia de España*. Figuraba nesta obra un prólogo de Carton de Wiart, ministro de Xustiza de Bélxica. No ano 1919 publicou *Antecedentes y comentarios a la ley de tribunales para niños* e aínda en 1921, volveu publicar sobre o mesmo tema *Ley de Tribunales para niños*.

Participou en varios congresos, celebrados en España e no estranxeiro, intervindo sobre o tema da protección da infancia e dos menores.

Politicamente só conseguiu ser nomeado subsecretario do Ministerio de Gracia e Xustiza por Canalejas. Exercendo este cargo modificou a lei sobre os procuradores dos xulgados. Tamén foi nomeado fiscal do Tribunal Supremo.

Fóra xa das súas actuacións políticas, Montero Villegas foi avogado asesor do Banco de España e conselleiro da Compañía Arrendataria de Tabacos.

Desde 1916 ata a súa morte, foi senador pola provincia de Lugo.

Morreu o 24 de agosto de 1925.

O sempre mordaz López Soler dedicoulles a este deputado e ó seu irmán Eugenio a seguinte copliña:

"A más de estar empleados  
les dan un acta rural.  
Como que son diputados  
de cordón umbilical".



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1907-1909	Deputado polo distrito de Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1916-1917	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1918-1919	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1919-1920	Senador pola provincia de Lugo	

**MONTERO VILLEGAS, Eugenio**

Naceu en Madrid en novembro de 1873, fillo de Uxío Montero Ríos e de Avelina Villegas Rubiños.

Estudou Dereito en Madrid e licenciouse en Dereito Civil e Canónico.

Como sucedeu co seu irmán Avelino (véx.), en canto cumpriu a idade regulamentaria, é dicir, os vintecinco anos, a familia conseguiu situalo no distrito de Cambados, aproveitando que o 6 de setembro de 1898 morrera o deputado deste distrito Antonio Díaz de Rábago.



Non era, sen embargo, o distrito que a familia destinaba para o noso político. O distrito de Muros era un deses distritos alternativos en que non había un deputado enfeudado. Por iso a partir das eleccións de 1899, Montero Villegas saíu elixido deputado por Muros en sete lexislaturas consecutivas.

Non obstante, a familia decidiu no ano 1911 trasladalo ó distrito de Santiago, considerado clave para a estratexia política dos Montero Ríos en Galicia. Por iso foi García Prieto, xerxo de Montero Ríos, quen se enfeudou neste distrito. Sen embargo, García Prieto recibiu o marquesado das Alhucemas en 1910 e a oferta dun escano de senador con carácter vitalicio. A familia decidiu entón que, unha vez celebradas as eleccións de 1910, obtendo García Prieto o distrito de Santiago e Montero Villegas o de Muros, renunciásen os dous e mediante unha elección parcial este saíse deputado por Santiago.

A partir deste momento, resultou elixido por Santiago en tódalas eleccións ata 1917, ano en que morreu.

O 31 de maio de 1917 o seu cuñado García Prieto, presidente do Consello de Ministros, logrou que o Rei o designase senador vitalicio. Sen embargo o noso biografado xa non tomou posesión, pois morreu ós poucos meses, o 9 de setembro de 1917.

No Congreso formou parte das comisións sobre retiro dos oficiais da Armada,

Reforma do Código Penal, Presupostos nos anos 1906 e 1907, Nomeamento para o ascenso e separación dos funcionarios do Ministerio de Gobernación, etc.

Foi secretario do Congreso en dúas lexislaturas.

Foi xuíz municipal de Chamberí (Madrid) no ano 1904, director xeral de Agricultura, Subsecretario de Gracia e Xustiza, subsecretario xeral de Instrucción Pública e ministro do Tribunal de Contas.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña
Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Muros (Dimite en 1911)	A Coruña
Lexislatura 1911-1914	Deputado polo distrito de Santiago (Desde 1911)	A Coruña
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1916-1917	Deputado polo distrito de Santiago (Morreu en 1917 sen concluír a lexislatura)	A Coruña

### MOORE WOOD Y DE PEDRO, Rafael (Marqués de San José)

O título de marqués de San José, que procedía do século XVIII, recibíuno da súa nai Joaquina de Pedro Nash e esta de Joaquín de Pedro, senador vitalicio desde 1846.

O noso protagonista resultou elixido senador pola provincia de Valencia en 1878, pero non lle foi admitido o expediente por algunha razón que descoñecemos.

Só representou a Galicia nunha ocasión, entre 1893 e 1896.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito de Pobra de Trives	Ourense
-----------------------	---	---------



### MORAL LÓPEZ, Antonio del

Nunca puido supoñer aquel oficial novo de Artillería que chegou destinado á Coruña, que esta cidade lle abriría as portas de par en par e mesmo lle daría a súa representación durante vintecinco anos.

Naceu en Ciempozuelos (Madrid) o 7 de agosto de 1849, fillo de José Benigno Moral e de Ramona de los Santos López, veciños de Ciempozuelos.

Ingresou no Exército no que chegou a capitán e, xa na Coruña, renunciou á milicia para dedicarse a política.

Emparentou na Coruña, por vía matrimonial, cunha coñecida e prestixiosa familia, a dos Sanjurjo. Unha das súas fillas, María del Moral Sanjurjo, casou co segundo marqués de Riestra, de Pontevedra.

Obtivo a representación do distrito da Coruña por vez primeira para a lexislatura de 1879 a 1881. Participou activamente no Congreso. O 19 de febreiro de 1880 pronunciou un discurso denunciando a mala situación económica de Galicia. Manifestouse varias veces tamén sobre a situación dos militares, presupostos militares, etc.

Foi deputado novamente na lexislatura de 1881 a 1884. Neste período foi elixido terceiro secretario das Cortes e formou parte das comisións de Forzas navais, Cruz de San Fernando, nestas dúas como secretario, Mensaxe de contestación á Coroa, Haberes dos oficiais retirados do exército, Créditos, estrada de San Clodio a Avión, etc.

Na lexislatura de 1884 a 1886 non representou á Coruña senón ó distrito de Xetafe (Madrid). Novamente resultou elixido pola Coruña en 1886, pero cesou por renuncia o 25 de xaneiro de 1887. Na lexislatura de 1888 a 1889 foi senador pola provincia da Coruña para logo retornar ó Congreso durante as lexislaturas de 1891 a 1893, 1896 a 1898, 1898 a 1899 e 1899 a 1901. En 1901 foi novamente elixido senador pola provincia da Coruña. Logo estivo no Congreso entre 1903 e 1905. Finalmente foi senador pola provincia da Coruña entre 1905 e 1907, ano en que rematou a súa brillante carreira.

Consta que tiña unha regular fortuna en valores do Banco de España e en propiedades, como unha casa na rúa Campomanes de Madrid.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito da Coruña
Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito da Coruña
Lexislatura 1886-1887	Deputado polo distrito da Coruña
Lexislatura 1888-1889	Senador pola provincia da Coruña
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito da Coruña
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito da Coruña
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito da Coruña
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito da Coruña
Lexislatura 1901-1902	Senador pola provincia da Coruña
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito da Coruña
Lexislatura 1905-1907	Senador pola provincia da Coruña

#### MORAL SANJURJO, José del

Fillo do deputado e senador Antonio del Moral López, naceu na Coruña no ano 1881.

Estudou Dereito, abriu bufete de avogado e en canto cumpriu a idade regulamentaria, xa foi situado no distrito da Coruña. Pero este era un distrito moi disputado e no que querían esta-los grandes patróns da política. Non era o que precisaba un mozo sen experiencia política. A familia e o Partido Conservador buscáronlle un destino axeitado e



pouco disputado como era Corcubión, que representou en sucesivas lexislaturas de 1910 ata 1923.

Pepito del Moral, como lle chamaban algúns cronistas parlamentarios era "elegante, xuvenil, encantador, simpático príncipe del viejo régimen político", frases que parecen esconder unha alta dose de ironía, porque aquel mozo era visto como "un producto de papá". López Soler en 1907 explicou á súa maneira a súa saída pola Coruña no ano 1907:

"En la elección imparcial  
candidato liberal,  
se coló como una cuña,  
Sanjurjo por La Coruña,  
Moraleja de Moral".

Cos anos foi madurando. Na lexislatura de 1914 foi secretario segundo das Cortes e en 1919 foi designado director xeral da Débeda e Clases Pasivas. Tamén creceu a súa economía. Entre outras propiedades tiña un balneario ou casa de baños, en Carballo.

A súa xuventude permitiulle volver estar presente na Segunda República. Foi elixido deputado pola provincia da Coruña en 1933 por Renovación Española, o partido de Calvo Sotelo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito da Coruña
Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Corcubión
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Corcubión
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Corcubión
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Corcubión
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Corcubión
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Corcubión
Lexislatura 1933-1936	Deputado pola provincia da Coruña

#### ■ MORAS, Juan Ambrosio de las

Alto funcionario de Administración de Facenda, estivo destinado na provincia de Ourense durante o período esparterista (1840-1844) e posteriormente, no Bienio Progresista, estivo destinado na Coruña como director ou xefe da Comisión de Bens Nacionais e membro da Xunta Provincial de Bens Nacionais.

A súa presenza en Ourense nos anos do progresismo esparterista explica a súa elección por esta provincia en tres lexislaturas seguidas, desde 1841 a 1844.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1841-1843	Deputado pola provincia de Ourense
Lexislatura 1843 (1ª)	Deputado pola provincia de Ourense
Lexislatura 1843 (2ª)	Deputado pola provincia de Ourense



**MORENO, Manuel María**

Natural de Mérida e afincado en Madrid, entrou como oficial do Ministerio de Gracia e Xustiza.

Antes de ser deputado por Galicia xa tiña unha experiencia política importante, porque representou a Badaxoz entre 1844 e 1846, A Gata (Cáceres) entre 1849 e 1850, a Mérida entre 1851 e 1852 e posiblemente outros distritos, o que non é fácil determinar pola súa manía de presentarse a varios ó mesmo tempo e, unha vez que saía deputado por algúns deles, non renunciaba e optaba por un, senón que procuraba mante-los dous distritos. Por iso non é posible atribuírle o distrito que realmente representou.

Sánchez Silva di del, no ano 1850 "tiene muy mal genio, quizás este consistirá en que S. S. tiene a su cargo el negociado de escribanos", e que cobraba 36.000 reais de soldo.

Presentouse en Padrón para a lexislatura de 1857 a 1858, unha vez que este distrito quedou vacante pola morte de Víctor Méndez, o que provocou a oposición e mesmo o rexeitamento de certos sectores de Padrón, ó non querer ser representados por un *cunero*. Sen embargo o Goberno logrou que resultase vencedor. Retornou a Padrón a partir de 1863.

Foi traballador en comisións, pero normalmente non participaba nos debates. En 1865, cando se discutiu nas Cortes o recoñecemento do Reino de Italia, situouse no bando liderado por Nocedal, o bando neocatólico, que se opoñía a tal recoñecemento.

Ostentaba a Gran Cruz da Real Orden Americana de Isabel II e a Gran Cruz de Carlos III.


**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Lexislatura 1867-1868	Deputado pola sección de Santiago	A Coruña

**MORENO BARCIA, Segundo**

Naceu en Ribadeo o 21 de outubro de 1841. Estudiu na Escola de Náutica e Comercio e, posteriormente, foi profesor e director da Escola de Náutica e Comercio de Ribadeo e, logo, profesor e director da Escola Superior de Comercio da Coruña. Era catedrático de Economía Política.

Sempre militou no Partido Republicano e impregnou toda a súa actividade tanto periodística como profesional do celo en favor da causa republicana.



En Ribadeo dirixiu o xornal *la Cuenca del Eo* e colaborou en *El Ciudadano*, tamén de Ribadeo.

No ano 1868 formou parte da Xunta Revolucionaria constituída en Ribadeo. Foi nomeado neste ano gobernador interino da provincia da Coruña e fracasou no seu intento de saír elixido deputado nas eleccións de 1869. Conseguiu, por fin, nas eleccións de 1873. Tivo unha discreta actuación pronunciando discursos sobre a lei de redención foral e a construción do ferrocarril de Galicia.

Na Restauración, Moreno Barcia seguiu á fronte dun dos grupos republicanos, o federal. O seu labor resultou constante e converteuse nun dos referentes de republicanismismo galego. Foi un dos redactores do texto do proxecto de Constitución para o Estado Galaico, aprobado polos republicanos en 1887.

Formou parte da masonería, co grado 33 da Gran Loxa Rexional Galaica.

De carácter un pouco retraído, non chegou a gozar na cidade da Coruña da popularidade doutros republicanos, como o médico Rodríguez ou Pérez Costales.

O pontevedrés Andrés Muruais, co seu estilo irónico dedicoulle a seguinte cuarteta:

"Segundo, joven profundo  
de la región española  
es, en efecto el segundo,  
empezando por la cola".

Morreu na Coruña o 27 de abril de 1909 e foi enterrado no cemiterio civil.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1873-1874	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña
-----------------------	------------------------------------	----------

### **MORENO LORENZO, Joaquín**

Licenciado en Dereito, ingresou na Armada na que chegou a ser auditor. En 1896 publicou *La Jurisdicción de Marina*, que é unha compilación de toda a lexislación referente ó ramo da xurisdicción, con comentarios interesantes. A obra foi declarada de utilidade e necesaria para o foro da Mariña e para os buques da Armada, así como nos centros e escolas da mesma. O Goberno concedeuulle por este motivo a cruz de terceira clase do Mérito Naval, con pensión.

Foi elixido deputado polo distrito de Ferrol en 1916, pero non chegou a tomar posesión da acta porque morreu o 11 de xaneiro de 1917.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
	(Non tomou posesión)	

**MORENO MOSCOSO DE ALTAMIRA, Alfredo (Conde de Fontao)**

Só representou a Galicia nunha lexislatura e a penas destacou na política galega.

Era fillo do coronel José Moreno Sopranisy Daoiz e de Sofía Moscoso de Altamira Taboada, filla do ex-ministro e primeiro conde de Fontao Moscoso de Altamira.

O noso protagonista era dono do pazo de Casal (Santa Marta de Babío, Bergondo, A Coruña). Casou con Antonia Osorio Chacón. Tiveron dous fillos, Alfredo Moreno Osorio, a quen Alfonso XIII lle concedeu o título de conde de Santa Marta de Babío, polo que foi conde de Fontao e conde de Santa Marta de Babío, e José Moreno Osorio.

Como dixemos só foi deputado nunha ocasión, na lexislatura de 1896 a 1898 e pola cidade da Coruña, formando parte do Partido Conservador.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Coruña
-----------------------	----------------------------------

**MORENO TILVE, Juan**

Efémero foi o paso de Moreno Tilve pola alta política. Natural de Santiago, estudiou Dereito e exerceu a avogacía.

Fundou en 1920 o xornal santiagués *El Compostelano*, que durou ata 1946 en que foi adquirido pola Editorial Compostela e continuado polo xornal vespertino *La Noche*.

No número 1, *El Compostelano* fixaba os seus criterios que podemos aplicar ó seu fundador: "El acatamiento incondicional a la autoridad de la Iglesia Católica, la aplicación de los principios cristianos a la vida social y el mantenimiento del orden basado en el principio de autoridad constituyen para nosotros los tres puntos fundamentales en religión, sociología y política...". Moi preocupado polos asuntos municipais publicou dous folletos, *Moción sobre un proyecto de empréstito municipal (Santiago 1911)* e *El empréstito municipal de Santiago, (Santiago 1920)*.

Foi elixido deputado por Compostela en 1920, pero non tomou posesión ata 1921.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
-----------------------	------------------------------------	----------

**MORIANO DE ARCO, Manuel María**

Deputado que representou a Galicia só durante tres meses.

Era deputado por Corcubión Nido Segalerva, para a lexislatura de 1884 a 1886,

pero presentou a dimisión o 27 de decembro de 1884. Descoñecemos por qué razón se atrasou tanto a elección do seu sucesor no distrito.

Moriano de Arco non tomou posesión da acta ata o 2 de xaneiro de 1886 e o 8 de marzo de 1886, clausuráronse as Cortes, polo que o novo deputado a penas tivo tempo de tomar posesión.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Coreubión	A Coruña
	(So foi deputado tres meses en 1886)	



### MOSCOSO DE ALTAMIRA, José María (Conde de Fontao)

Ilustre personalidade que simboliza o modo de facer política nunha época tan difícil, que un paso mal dado podía significar ou ben o ostracismo ou ben a morte. Moscoso soubo compatibiliza-lo seu liberalismo cunha obstinada vocación de supervivencia que lle permitiu pasar practicamente indemne nos períodos absolutistas. Soubo tamén conciliar os innegables servicios prestados ó Estado, no momento en que este estaba a construírse, co propio e familiar beneficio, xa que nacendo fidalgo de regular fortuna, acabou sendo

conde e vizconde e cunha fortuna tan consolidada que puido investir preto dun millón e medio de reais en bens desamortizados.

Nas Cortes, algún dos seus inimigos, converteuno en símbolo dun modo de facer política que adxectivaron como *gallega*. De aí que o ácido Martínez Villergas referíndose a el, escribise: "Los de Madrid dicen de los gallegos que es un animal tan serio como el asno, que se parece bastante al hombre, que tiene partidas de mulo y cuyas patadas no tienen cura".

Naceu en Mondoñedo onde residiu ata o ano 1814 en que marchou a Ferrol. Era fillo de José María de Moscoso y Miranda e de María del Carmen Quiroga e Quindós, da casa de Quindós e de Andrade de San Sadumiño (A Coruña).

Na Guerra de Independencia, representou a nobreza e a cidade de Mondoñedo na Xunta de Galicia. No ano 1812 foi nomeado comandante da Milicia Honrada de Mondoñedo e alcalde da mesma cidade.

En 1814 trasladouse a vivir a Ferrol e en 1817 casou con María Antonia Taboada Núñez Moscoso Bueno, da casa de Bendoiro, matrimonio de curta duración xa que a súa dona morreu no ano 1824.

Estando en Ferrol cando tiveron lugar os acontecementos de febreiro de 1820 e a cidade da Coruña se pronunciou contra o réxime absolutista, secundou o alzamento de Riego en Cabezas de San Juan.



Moscoso formou parte da Xunta constituída na cidade de Ferrol e foi un dos organizadores da Sociedade Patriótica creada alí. Tamén foi alcalde desta cidade onde deu probas evidentes do seu liberalismo. Ese é o motivo polo que foi elixido no ano 1820 para representar a Galicia nas Cortes.

O 28 de febreiro de 1822 foi nomeado ministro de Gobernación do gabinete presidido por Martínez de la Rosa e que se mantivo no goberno ata o 5 de agosto do mesmo ano.

Rematado o Trienio abríronse os procesos e expedientes contra os políticos liberais. A meirande parte dos afectados optaron por exiliarse pero Moscoso quedou en Galicia, concretamente en Lugo, onde tiña familia. Foi arrestado nesta cidade en outubro de 1823 e permaneceu nesta condición oito meses, mentres se substanciou o proceso aberto contra el por conspiración para derroca-lo absolutismo en 1820, caso que parece ser que se sobreseu.

Eguía, capitán xeral de Galicia, vendo o resultado do proceso, obrigouno a permanecer en Lugo afastado da súa familia, que residía en Ferrol.

No ano 1832 foi destituído Eguía e designado no seu lugar, Pablo Morillo, conde de Cartaxena, que contará con Moscoso como un instrumento para destruí-lo absolutismo nos concellos. Así, no ano 1833, foi nomeado subdelegado de Fomento (é dicir gobernador) na provincia de Lugo, para que organizase o goberno político. Un ano despois foi trasladado a Madrid para exercer de presidente da sección de Fomento do Consello Real. Recuperaba Moscoso o protagonismo político.

En Madrid, o noso biografado, xunto con Javier de Burgos e outros, formou parte da elite política que deseñou un novo modelo de estado para España, liberal, pero afastado dos radicalismos do primeiro liberalismo, un modelo que situaba na Monarquía o eixe vertebrador e que atraía tanto á burguesía coma á aristocracia na defensa do novo sistema.

Moscoso substituíu a Javier de Burgos no Ministerio de Fomento para proseguir a obra de cambio e consolidación do sistema político. Cando presentou a dimisión do ministerio o 17 de febreiro de 1835, a Casa Real non só lle concedeu a Orde de Carlos III senón ademais a chave de xentilhome do Pazo Real, paso previo para a concesión do condado de Fontao e o vizcondado de Moscoso de Altamira, concedido no ano 1840.

O curriculum político de Moscoso é moi denso, de aí que sexa preferible cinguírmonos ó seu labor político.

Coñecemos-lo seu perfil como deputado, que foi elixido no ano 1820, por dous cronistas da época de sensibilidades ben distintas. O primeiro, un escritor galego anónimo, ofrécenos unha particular visión das súas calidades de tipo persoal e indumentario: "Es el primero y principal de los tres grandes petimetres de las Cortes, que gastan chalecos dobles, de colores bonitos y pintaditos, a manera de pajaritos. Buen talle, buena presencia, bello peinado. De carácter amable y de voz meliflua se distingue muy notablemente por un grande anillo de oro con una gran piedra fina ovalada con que

recoje las puntas de la corbata".

Tras esta descripción da indumentaria e do porte de Moscoso, o autor reconece que "no es lerdo en puntos de política y al momento se distingue su buena lectura [...] es uno de los hidalgos que hacen más honor a España tanto por su instrucción, como por su despejo y adhesión al sistema del orden". Finalmente di que "habla bien, con tino y con decoro, pero sin calor ni espíritu vital".

O segundo testemuño é dun anónimo francés, tamén contemporáneo: "Es un gentilhomme gallego, rico, que goza de gran instrucción y es francamente patriota. Tiene útiles conocimientos de política y administración. Habla bien... pero es de estilo frío y jamás pierde el control. Es el elegante del Congreso".

Nas Cortes de 1820, nas que foi vicepresidente e logo presidente, tivo unha actuación moi intensa sendo, sen dúbida ningunha, o deputado galego máis representativo. Formou parte das comisións de Facenda, Sociedades patrióticas, Redacción do Diario das Cortes, Estado da nación, Resposta ó discurso do Rei, Código rural, etc. Participou nas discusións máis importantes e sempre que estivesen en xogo os intereses de Galicia. Na sesión do 11 de xullo de 1820 amosouse ofendido pola mesquindade dalgúns deputados que se negaban a recompensar dalgunha maneira o exército de Riego. Declarou que se os deputados estaban daquela nas Cortes, era gracias ó Exército e que fora el o que os levara "del estado de esclavos al de ciudadanos libres" (sesión do 16 de xullo de 1820). Cando se debateu o asunto da supresión dos señoríos, o 31 de marzo de 1821, pronunciou un discurso moi preciso no que distinguiu o señorío xurisdiccional, que para el era unha aberración, do señorío territorial. Participou tamén na cuestión da división provincial de Galicia, apostando pola capitalidade da Coruña e de Pontevedra en lugar de Vigo (do 2 ó 14 de outubro de 1821).

Defendeu a prohibición da importación de liños de Rusia en beneficio da produción galega; "Galicia es todo un telar", dixo o 10 de novembro de 1821. Propuxo tamén que se elaborase un novo censo, xa que estimaba que Galicia estaba sendo infrarrepresentada dado que a súa poboación aumentara en 60.000 habitantes máis.

Na sesión do 4 de setembro de 1820, Moscoso enfrontouse como deputado, e sobre todo como ministro, ós descamisados, é dicir, ós representantes do liberalismo radical.

Na segunda fase da súa vida política, é dicir, a partir de 1833, dedicouse intensamente a defende-lo novo modelo de Estado e a Monarquía: como deputado no período de 1834 a 1836, e en 1837, como presidente do Senado e como ministro. No ano 1845 foi nomeado senador vitalicio. Debeu morrer en 1854.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1820-1821	Deputado polo Reino de Galicia
Lexislatura 1834-1836	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1837-1838	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1837-1838	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1840-1841	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1844-1845	Senador pola provincia da Coruña

## MOSCOYO DE ALTAMIRA, Juan José

Era fillo de José María de Moscoso e de María del Carmen Quiroga Quindós, por conseguinte irmán de José María Moscoso de Altamira.

Aínda que seus pais eran importantes fidalgos da antiga provincia de Mondoñedo, foi na época isabelina cando a familia adquiriu poder político, títulos e poder social.

O noso protagonista camiñou na política baixo a sombra do seu poderoso irmán, que o colocou no Ministerio de Facenda. Posteriormente foi secretario da Audiencia de Madrid.

### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1835-1840 Deputado pola provincia de Lugo

## MOSQUERA, Roque María

Natural de Vilariño (Ourense), foi elixido no ano 1813 pola provincia de Ourense para representala en Cádiz. Chegou a esta cidade en xaneiro de 1814 e presentou as súas credenciais, que foron aceptadas o 17 de xaneiro, e xurou como deputado o 30 do mesmo mes.

A chegada de Francia de Fernando VII e a suspensión das sesións explican a súa practicamente nula actividade nas Cortes. Si actuou, en troques, como representante do absolutismo ourensán, xa que o seu nome aparece firmando o *Manifiesto de los Persas*, documento indigno dun deputado da nación que solicitaba do Rei a supresión da Constitución, das Cortes e de toda a lexislación das mesmas.

Cando no Trienio constitucional se alzaron varias partidas realistas para devolverlle a Fernando VII o seu poder absoluto, o seu nome aparece entre os realistas que dirixiron e apoiaron aquel movemento. De feito consta que foi un dos delegados do realismo ourensán que pasou a Portugal para axudar a organiza-lo movemento.

### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1813 -1814 Deputado pola provincia de Ourense

## MOSQUERA FERNÁNDEZ, Augusto

Curta foi a vida deste deputado. Naceu na vila do Carballiño o 18 de xullo de 1862. Herdou de seu pai, o deputado e ex-ministro Tomás María Mosquera, a paixón pola política e polo dereito.

Licenciouse en Dereito e pasou a formar parte do acreditado bufete de seu pai.

Deu os seus primeiros pasos no periodismo, especializándose na poesía satírica. Tamén foi atraído pola dramaturxia. No xornal *El Heraldo Gallego* publicou composicións que revelan o seu carácter festivo e satírico, como *El Conde Fullero*, *La calabaza*,

etc. En teatro logrou ve-la estrea da súa obra *Antes del baile* no Teatro Español de Madrid, e parece ser que tiña rematadas outras obras e mesmo aceptadas para ser representadas.

Nada máis cumpri-la idade regulamentaria de vintecinco anos, seu pai logrou presentalo polo distrito do Carballiño, tan vinculado á familia e que xa seu pai representara.

Obtivo o distrito pero a penas puido participar porque consta que renunciou o 21 de febreiro de 1886, sen dúbida por grave enfermidade, xa que morreu en Madrid o 21 de febreiro de 1888. Foi substituído no distrito por Francisco Mosquera García, que pensamos era o seu tío.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1886-1889	Deputado polo Carballiño Ourense (Cesou o 21 de febreiro de 1886)
-----------------------	--



#### MOSQUERA GARCÍA, Tomás

Naceu en Castelo de Cea (Ourense) o 11 de novembro de 1823. Estudiu Filosofía no Seminario de Ourense. Posteriormente trasladouse á Universidade de Santiago onde estudiou Dereito, que rematou en 1843 con só vinte anos.

Formouse durante algúns anos no bufete de seu tío Manuel María Diéguez. Entre 1843 e 1846 desempeñou o seu labor político como membro da corporación municipal da Cea, como concelleiro e mesmo como alcalde, aínda que por pouco tempo.

En 1846 participou no levantamento dese ano.

En 1847 traballou como avogado no Carballiño e ó ano seguinte marchou para a cidade da Coruña, onde exerceu a avogacía ata 1850, ano en que decidiu fixa-la súa residencia en Madrid e abrir un bufete especializado en negocios mercantís e contencioso-administrativos.

Desde 1850 tentou conseguir un escano no Congreso. Aínda que fracasou tanto nese ano coma no 1854, puido obtelo ó fin en 1869.

Non consta que participase activamente na conspiración que culminou no levantamento de setembro de 1868, pero si se beneficiou dela.

Nas eleccións de 1869 obtivo a representación polo distrito de Ourense, nunha candidatura democrata-monárquica. No Congreso a súa actuación foi escasa quizais porque, ó nomealo o ministro Montero Ríos director xeral do Rexistro da Propiedade e do Notariado en xaneiro de 1870, non puido dedicarlle moito tempo ó traballo de deputado. Formou parte das comisións de Crédito, Ferrocarril de Galicia e Asturias, Cables



telegráficos submarinos, clases traballadoras, Rexistro civil e Organización dos tribunais.

Estivo presente no Parlamento polo distrito do Carballiño ata 1874.

Cando presidiu o Goberno Ruiz Zorrilla, o noso biografado foi designado ministro de Ultramar, cargo que exerceu desde o 24 de xullo de 1871 ata o 5 de outubro do mesmo ano. Foi novamente ministro de Ultramar entre 1872 e o 11 de febreiro de 1873 con Ruiz Zorrilla de presidente. Posteriormente sendo Serrano o presidente, estivo á fronte do Ministerio de Fomento entre o 3 de xaneiro e o 13 de maio de 1874.

Os cronistas madrileños, como sucedeu en tódalas ocasións en que políticos de provincias eran nomeados ministros non estando ben considerados pola elite da opinión madrileña, preguntábanse quén era aquel Mosquera tantas veces ministro e ó que supoñían pouco capaz ou sinxelamente incapaz para tal posto. Así se refería a el, por exemplo, Segovia na súa obra *Figuras y Figurones* sen outro criterio que o feito de non coñecelo. Mosquera foi un prestixioso xurista, como o demostra a súa colaboración nas revistas máis importantes sobre o tema. En calquera caso bastaría con repasa-la nómina de ministros incapaces, pero moi coñecidos en Madrid, para desacreditar tal sistema de valoracións.

Na Restauración só participou algúns anos no Senado representando en 1881 a provincia de Ourense. Desde 1883 foi senador vitalicio e formou parte do Consello de Estado desde 1888.

Morreu en Madrid o 3 de maio de 1890.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1869-1871	Deputado pola provincia de Ourense
Lexislatura 1871-1873	Deputado polo distrito do Carballiño
Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito do Carballiño
Lexislatura 1881-1882	Senador pola provincia de Ourense

### MOSQUERA Y LIRA, Benito María

Pertencía a unha familia fidalga da antiga provincia de Tui, da que era rexedor cando tiveron lugar os acontecementos da Guerra de Independencia. Un irmán seu, Antonio Mosquera y Lira, foi un dos caudillos da alarma de Achas (A Cañiza, Pontevedra).

Resultou elixido no ano 1810 non pola provincia de Tui senón pola cidade de Tui, para estar presente nas Cortes de Cádiz, o cal precisa unha explicación: Galicia no ano 1810 enviou representantes por cada unha das sete antigas provincias e ademais enviou dous representantes, un pola Xunta Suprema de Galicia e outro pola representación das sete cidades de Galicia, que tradicionalmente e de xeito rotatorio enviaban un deputado ás Cortes. Naquela ocasión o Goberno decidiu que as cidades exercesen este privilexio e correspondíalle a Tui face-lo nomeamento. Iso explica que Mosquera

non representase a provincia senón a cidade.

O 20 de setembro de 1810 son aprobados os seus poderes. Participou nas sesións escasamente, porque a maior parte do tempo debeu estar en Galicia. O 14 de outubro de 1810, cando se discutiu o artigo 1 da Lei de prensa, Mosquera opúxose, o que revela o seu ideario absolutista.

Como dixemos non estivo presente nas Cortes durante moito tempo e por iso non puido firma-la derradeira acta desta lexislatura.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1810-1813      Deputado de Galicia nas Cortes

### MOURE, Juan José

Natural de San Félix de Brues (Orcellón, Ourense), este militar foi un dos máis firmes defensores do liberalismo ourensán e perseguidor de realistas e carlistas.

Nas eleccións de 1821 resultou elixido deputado suplente pola provincia de Ourense e estivo presente na última etapa das Cortes substituindo a Joaquín Patiño. No momento de ser elixido deputado era tenente coronel.

Foi un dos que votaron a exoneración do Rei no ano 1823 polo que, restaurado o absolutismo, foi procesado en ausencia, porque se exiliou en Inglaterra, e condenado a morte por traidor a Fernando VII.

Non puido retornar a España coa amnistía de 1832, porque nesta se exceptuaban expresamente aqueles deputados que votaran en favor da exoneración do Rei.

Retornou no ano 1833 e reingresou no Exército como coronel.

No ano 1838 foi nomeado comandante xeral da provincia de Ourense e posteriormente comandante xeral da provincia de Álava. Tanto en Ourense coma en Vitoria loitou de forma infatigable contra as faccións carlistas.

Representou a Galicia en cinco lexislaturas. Na primeira, de 1822 a 1823, case non interveu, seguramente por estar ocupado na persecución das partidas realistas. Incorporouse ás Cortes no ano 1823, cando estas estaban xa en Andalucía, e foi alí onde se colocou no bando máis radical e disposto a exonerar-lo Rei.

Retornou ó Congreso nas eleccións de 1836, nas que a penas actuou por estar, seguramente, destinado a perseguir ós carlistas. Si participou máis asiduamente no Congreso en 1837 e 1838. Interveu en varios debates con lucidez e coherencia. Opúxose á política funcional que se establecía neses anos, por entender que se estaba impondo en España a *empleomanía*: "Media España", di no Congreso na sesión do 30 de xaneiro de 1838, "es de empleados. Así es que a muchos el patriotismo que los distingue es para llegar a los altos destinos y para darlos después a sus sostenedores". Manifestouse independente de tódolos partidos políticos, só quería ser patrio-

ta, e mesmo non dubida en declararse "por anarquista si este nombre se da al que quiere hacer desaparecer todo lo que es dañoso a su patria". (Sesión 30 de xaneiro de 1838).

Participou por última vez no Congreso na lexislatura primeira de 1843. É moi posible que a depuración que os moderados fixeron nas filas do Exército a partir do ano 1844, tamén lle afectase a Moure.

En Inglaterra non estivo só. O seu fillo, Carlos Moure, comandante de nacionais do partido de Brues e perseguidor dos realistas na provincia de Ourense, foi detido no ano 1824 pero logrou fuxir e marchar ó estranxeiro.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1822-1823	Deputado por Galicia
Lexislatura 1836 (1ª)	Deputado pola provincia de Ourense
Lexislatura 1836-1837	Deputado pola provincia de Ourense
Lexislatura 1837-1838	Deputado pola provincia de Ourense
Lexislatura 1843 (1ª)	Deputado pola provincia de Ourense

**MUCHADA, Pedro Juan**

Cremos que era natural de Cádiz. Era fillo de Juan Pedro Muchada Legarda, senador vitalicio nos anos sesenta. Estudiu Dereito, traballou como avogado e pertenceu ó Partido Conservador.



Representou en dúas ocasións a Galicia. A primeira foi no ano 1878, en que foi elixido en elección parcial polo distrito de Lalín, para substituír a Ricardo Alzugaray Yanguas (véx.), que optou polo distrito de Alcoi.

A pesar do escaso tempo que Muchada estivo no Parlamento, nesta lexislatura colaborou nas comisións da Bolsa de Madrid, ferrocarril de Lleida e Beneficencia e Créditos. Non falou nunca no Congreso.

Reelixido para a lexislatura de 1879 a 1881, participou novamente en forma importante no traballo das comisións, formando parte das de División de distritos electorais, Ferrocarril, Mixta do ferrocarril Ourense-Vigo e Resposta ó discurso da Coroa. Tampouco nesta lexislatura falou nunca e só presentou ante o Congreso unha petición, pero sobre un asunto alleo ós intereses de Galicia.

Tamén foi deputado por Cádiz na lexislatura de 1884 a 1885.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito de Lalín (só desde 1878)	Pontevedra
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra

**MUÑIZ, Plácido**

A elección de Plácido Muñiz no ano 1843, que representaba a provincia da Coruña, Aten o valor dunha especie de recoñecemento polo traballo realizado durante máis de 30 anos en favor da cidade da Coruña e do liberalismo. Por iso só estivo nas Cortes nunha lexislatura.

Foi comerciante acreditado, pero como case tódolos comerciantes da cidade da Coruña compatibilizou os seus negocios coas responsabilidades políticas.

En 1820 foi un dos máis activos liberais da cidade. Formou parte da Sociedade Patriótica, da que foi o seu primeiro secretario, formou tamén parte da corporación municipal, como síndico segundo, na primeira corporación liberal e tamén foi membro da primeira Deputación de Galicia, que tiña a súa sede na Coruña.

Como membro do concello foi autor, xunto con Manuel González Dios, dunha proclama dirixida ó pobo corufés na que se poñía de manifesto o seu incontestable liberalismo.

É posible que a partir de 1823 sufrise a persecución realista como moitos outros burgueses da cidade.

En 1838 aparece como secretario da Deputación Provincial da Coruña. Cando en 1841 foi reconstituída a Sociedade Económica desta cidade, Plácido Muñiz aparece como secretario da Comisión de Instrucción Pública.

É posible que cos anos o seu liberalismo se fose moderando, o que explicaría a aparición do seu nome nas candidaturas moderadas de 1843, polas que resultou elixido deputado.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1843-1844

Deputado pola provincia da Coruña

**MUÑOZ MALDONADO, José****(Conde de Fabraquer e Vizconde de San Javier)**

Naceu este ilustre escritor e político en Alacant o 6 de febreiro de 1807. Compatibilizou moi ben o seu labor de funcionario, que iniciou no ano 1828 en que ingresou no Ministerio de Gracia e Xustiza, cunha intensa dedicación literaria e histórica.

En 1833 publicou a súa obra *Historia política y militar de la Guerra de la Independencia de España contra Napoleón Bonaparte, desde 1808 a 1814*, unha das obras que lle máis prestixio deu, pero non a primeira porque xa en 1826 publicara *Elementos de la historia del Derecho Romano*.

Ata a súa morte, no ano 1875, Muñoz Maldonado publicou máis de dúascentas



obras, tanto eruditas coma de creación. Así mesmo dirixiu e colaborou en diversos xornais. Estivo durante vinte anos á fronte de *El Museo de las familias* (1843-1865), ademais do *Semanario Pintoresco* en 1856 e da revista *El Mentor de la Infancia*, que apareceu en 1843.

Desde o punto de vista funcional, cremos que o posto máis relevante que alcanzou foi o de togado do Tribunal Supremo da Guerra e da Mariña. O título de conde de Fabraquer foi creado para el no ano 1848.

Desde o punto de vista político militou sempre no Partido Moderado, e representou desde 1837 ata 1840 a provincia de Guadalaxara. Entre 1844 e 1846 representou novamente a provincia de Guadalaxara; de 1846 a 1851 foi deputado do distrito de Sigüenza (Guadalaxara) e tamén entre 1853 e 1854.

Foi na lexislatura de 1867 a 1868 cando representou como deputado a provincia de Lugo. Resultou tan irrelevante a súa presenza nas Cortes nesta ocasión, que non formou parte de ningunha comisión nin pronunciou discurso ningún, reducindo o seu papel a presentar nunha ocasión (sesión do 17 de maio de 1867), unha solicitude dos fabricantes de papel na que lle pedían algúns privilexios ó Goberno.

Sánchez Silva fai del un retrato demoledor: di, en 1850, que "siente un gozo tan inefable cuando habla el Presidente del Consejo de Ministros (Narváez) que sólo puede significarlo dejando correr alguna lágrima por sus robustos molletes, y lo quiere tanto que sería con gusto su compañero encargándose de la cartera de Gracia y Justicia. En cada rumor de crisis cree su señoría llegado el momento de conseguir deseo tan cándido... Tiene mucha cara, especialmente encima de los ojos, y todo él es extraordinariamente abultado. La toga no le sienta mal, pero le sentaría mejor un hábito de fraile, pues sobre estar su señoría cortado como de molde para ello, tiene tal propensión a las cosas de iglesia, que ha tomado la investidura de secretario de Cruzada con la limosna de 60.000 reales al año".

Morreu en Madrid en 1875. Era coronel retirado do Exército.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1867-1868      Deputado pola sección de Lugo

### MURO, José Fermín

Natural da Coruña, avogado, maxistrado e eminente xuriconsulto. Era un dos cincuenta maiores contribuíntes da provincia da Coruña por contribución territorial.

No ano 1837, cando foi elixido deputado, era decano do Colexio de Avogados da Coruña e Fiscal de Imprenta.

Posteriormente ingresou na carreira xudicial. En 1863 era presidente de Sala da Real Audiencia de Galicia e neste ano foi trasladado, con igual cargo, á Audiencia de

Cáceres. En 1872 era maxistrado do Tribunal Supremo e en 1877 maxistrado da Sala primeira deste tribunal.

Experto en temas xurídicos, colaborou no *Boletín Judicial de Galicia*, no que destacou polos artigos publicados *Observaciones sobre la ley hipotecaria en relación a la propiedad de Galicia (1864)*.

No Congreso participou moi activamente nos debates sempre que se trataron cuestións xurídicas da súa especialidade, e destacámo-la súa participación no debate sobre a Administración de xustiza nas sesións do 20 de xaneiro de 1838 ó 12 de marzo de 1838.

Foi elixido en 1837 e novamente en 1840, pero non consta que tomara posesión nesta segunda lexislatura.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1838      Deputado pola provincia de Coruña

---

### MURO, José Santiago

Comerciante da cidade da Coruña. Liberal radical, a súa fortuna resultou moi danada polo seu compromiso político.

Foi un dos máis entusiastas activistas en febreiro de 1820, cando se verificou o levantamento da cidade coruñesa en favor do liberalismo. Formou parte da Sociedade Patriótica, motor do proceso de liberalización. Exerceu de secretario desta institución.

Foi elixido nas eleccións de 1822. Non tivo nas Cortes unha participación importante, pero desde o primeiro momento deixou claro o seu compromiso total co liberalismo radical. Non é de estrañar, por conseguinte, que os redactores de *El Zurriago*, xornal moi radical, fixeran del unha descrición moi positiva: "Gallego, que no teniendo nada de orador lo tiene todo de hombre de bien. Comerciante, descamisado hasta las entrañas". O título de *descamisado* en boca dos redactores de *El Zurriago* significaba radicalismo e mesmo militancia na sociedade dos *anilleros*, naquel momento en franca hostilidade cos masóns, acusados de moderados e temperados.

Asistiu á célebre sesión do 11 de xuño de 1823 e votou en favor da exoneración de Fernando VII. Isto provocou que fora procesado, condenado a morte e secuestrados tódolos seus bens. Non se puido executa-la sentenza porque fuxiu a Inglaterra.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1822-1823      Deputado por Galicia

---

**MURUA LÓPEZ, Benito (Bispo de Lugo)**

Naceu en Algete (Madrid) o 21 de marzo de 1846, de humilde familia campesiña. Formouse no Seminario de Santander. Ordenouse de presbítero no ano 1869 e obtivo a licenciatura en Teoloxía e Canons na Universidade Pontificia de Toledo. Despois de exercer de párroco e profesor do Seminario en Santander foi chamado a Cádiz polo bispo Calvo Valero (1885-1892) e exerceu de profesor e de vicario nesta diócese.



O seu valedor, Calvo Valero, logrou que fora designado para bispo de Lugo no ano 1894. Permaneceu na diócese de Lugo desde 1894 ata 1909 en que foi promovido ó arcebispado de Burgos.

Morreu o 28 de outubro de 1912.

Bispo apostólico e moi activo, logrou instalar na diócese lucense tres congregacións relixiosas: os mercedarios (Sarria), os pasionistas (Melide) e as salesas (Lugo). Colaborou activamente na celebración do Congreso Eucarístico Nacional celebrado en Lugo (1896).

Representou no Senado á provincia eclesiástica de Santiago en 1898-1899 e entre 1905 e 1907.

Xa como arcebispo de Burgos tamén representou a súa provincia eclesiástica no Senado.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1898-1899	Senador pola provincia eclesiástica de Santiago
Lexislatura 1905-1907	Senador pola provincia eclesiástica de Santiago

# — N —

---

## NAVARRO RODRIGO, Antonio

Tivo a fortuna de atopar na pluma de Aureliano Linares Rivas un biógrafo ocasional. Por el sabemos que naceu "en humilde cuna" (lamentablemente non nos indica onde) e que se presentou en Madrid "sin una peseta, sin una carrera, sin una recomendación seria, sin un amigo ni un deudo que lo apoyara". Por iso houbo de comezar desde os postos máis baixos na Administración do Estado, de modesto escribente, así como na redacción dalgúns xornais, ata que no xornal *La Época* atopou a infraestrutura axeitada para darse a coñecer entre os preeminentes políticos moderados.

Pasou a formar parte da Unión Liberal de O'Donnell, saída aberta a moitos mozos moderados e a progresistas temperados, e coa Unión Liberal empezou a ter responsabilidades de goberno: foi gobernador civil, ministro plenipotenciario e subsecretario da Presidencia do Consello de Ministros.

Desfeita a Unión Liberal, pasou a formar parte do Partido Constitucional.

Por vez primeira, representou o distrito de Cervera de Pisuerga, (Palencia), nas lexislaturas de 1872 (tanto na primeira coma na segunda). Retirouse logo da alta política para retornar na lexislatura de 1876 como representante do distrito de Bande. En realidade, quen obtivera o escano nesta ocasión fora Saturnino Álvarez Bugallal, pero, ó optar polo distrito de Ourense, deixou libre o de Bande para o noso biografado, razón pola cal non tomou posesión ata o 18 de maio de 1876.

Nas Cortes formou parte das comisións encargadas dos presupostos e da Guerra de Cuba, sen intervir a penas nos debates parlamentarios. Na sesión do 23 de maio de 1876 fixo a súa profesión de fe política, ó manifestarse constitucional e partidario da constitución de 1869.

Non tiña facultades oratorias pero expresábase con dureza nos debates.

### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1878	Deputado polo distrito de Bande	Ourense
-----------------------	---------------------------------	---------

---

## NEIRA FLÓREZ-GARCÍA, Gerardo

Pertencía a alta fidalguía galega e estaba emparentado coa alta burguesía compostelá.

Era fillo de Ramón Neira de la Torre, dono dos pazos de Remesil (Dombodán, Arzúa, A Coruña), e dos de San Cristovo, Faro, Touro e Brandeso, todos na comarca de



Arzúa, e de María de las Nieves Flórez de Andrés García, que pertencía á alta burguesía compostelá.

O noso biografado casou con Eugenia Gasset y Artime, irmá de Eduardo Gasset Artime (véx.), o fundador de *El Imparcial*, ex-deputado e ex-ministro.

A súa filla, María Neira Gasset, contraeu matrimonio co seu curmán, Eduardo Gasset Chinchilla (véx.) e deles naceron Eduardo Gasset Neira (véx.) e Ramón Gasset Neira. Este último, que era o primoxénito, casou con María de los Ángeles Govantes Marco e herdou o pazo de Brandeso.

Gerardo Neira Flórez-García só foi deputado nunha lexislatura, a de 1876 a 1879, polo distrito de Ordes. Integrouse no Partido Conservador e apoiou tódalas propostas feitas por Batanero e outros deputados en favor da unidade católica, as relacións entre a Igrexa e o Estado, etc. Non falou nunca nas Cortes e formou parte dalgunhas comisións que non tiñan excesivo traballo ou eran simplemente honoríficas, como a comisión de Etiqueta ou a de Suplicatorios, da que foi secretario.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1879

Deputado polo distrito de Ordes

A Coruña

### NEIRA GAYOSO, Dositeo

**A**índa que viviu moitos anos en Lugo, naceu en Ribas de Rosende (Sober, provincia de Lugo), posiblemente no ano 1841.

Foi licenciado en Dereito e pertenceu ó corpo diplomático, circunstancia que lle permitiu coñecer moitos países europeos.

Tiña importantes rendas nos concellos de Antas, Baleira, Castro de Rei, Castroverde, Cospeito, A Fonsagrada, Meira, Lugo, Monforte, Pantón, Pol e Sober. Era tamén propietario dunha casa de baños e augas minerais, que no ano 1907 tiña arrendada. Cando fixo o expediente económico requirido para ser senador, declarou que tiña 500.000 pesetas, depositadas en títulos de débeda.

No ano 1862 pasou a formar parte do corpo diplomático, estando destinado en Londres, Florencia, San Petesburgo, Berlín, etc. No ano 1871 era secretario da embaixada de España en Berlín. Despois, abandonou a carreira diplomática.

En 1477 casou con Purificación Pedrosa y Ulloa, irmá do Marqués de Villaverde de Limia.

Foi concelleiro do Concello de Lugo e senador polas provincias de Lugo e Ourense, antes de ser nomeado pola Coroa senador vitalicio. Politicamente pertencía ó Partido Liberal, pero seguía a fracción fusionista, liderada por Manuel Becerra, fronte á fracción



moretista, liderada por Benigno Quiroga López Ballesteros. A desunión interna do Partido Liberal provocaba que, ás veces, unha das fraccións solicitase o apoio do Partido Conservador, en particular do conde de Pallares, para desfacerse dun candidato incómodo, aínda que fose liberal. Os xornais máis próximos a Becerra e a Dositeo Neira, *El Regional* e *La Idea Moderna* denunciaron o escaso liberalismo de Benigno Quiroga, moi comprometido co conde de Pallares.

Iso é o que explica a súa derrota nas eleccións ó Senado de 1898 pola provincia de Lugo. Benigno Quiroga decidiu apoiar-lo candidato conservador Mariano Belmás, en lugar de apoiar a Dositeo Neira, temendo quizais que, unha vez morto Becerra, Neira puidese erixirse en líder do becerrismo lucense.

Tras rompe-la súas relacións con Benigno Quiroga, Dositeo Neira procurou a protección de Montero Ríos, que foi sen dúbida quen lle garantiu a presenza no Senado a partir de 1901.

Entrou no Senado no ano 1893 e formou parte de varias comisións importantes, como a de presupostos de Porto Rico, da que foi secretario; a comisión encargada de estudia-la concesión ó Concello de Lugo da igrexa de San Francisco ou a que levou a declaración como monumento nacional do convento de San Domingos de Pontevedra.

Nas lexislaturas nas que representou a Galicia sempre procurou ser membro daquelas comisións nas que se trataban asuntos culturais que afectaban a Galicia. Así, no ano 1902, formou parte da comisión encargada de estudia-la declaración da catedral de Mondoñedo como monumento nacional, e en 1911 presidiu a comisión que, coa mesma finalidade, tivo por obxecto as murallas de Lugo.

Na documentación conservada no arquivo do Senado aparece a solicitude que fixo o Dr. Luciano Barajas Gallego para que o Senado concedese o pertinente suplicatorio que permitise o procesamento de Dositeo Neira por inxurias. Todo se debía ás gravísimas acusacións que este fixera por escrito contra Barajas pola morte da súa sobriña, Antonia María Pedrosa, despois de tres operacións ás que fora sometida polo citado médico a causa dun problema de oído. Neira acusaba a Barajas polo seu atrevemento ó pretender aínda cobrar 15.000 pesetas trala operación. Descoñecemos se o Senado librou ou non o suplicatorio e cómo rematou o incidente.

Pronunciou algúns discursos importantes, como o que versou sobre o foro, no ano 1922. Tamén publicou un folleto titulado *Consideradas observaciones a las teorías jurídico-sociológicas que se desarrollan en el discurso pronunciado por el Sr. Presidente del Tribunal Supremo, el día 15 de septiembre de 1914, en el solemne acto de apertura de los tribunales de justicia* (Lugo, 1914).

Morreu en 1932.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1893-1896	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1901-1902	Senador pola provincia de Ourense
Lexislatura 1905-1907	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1910	Senador vitalicio

**NEIRA MONTENEGRO, Ramón**

Éra fillo de Juan de Neira Feijoo Gayoso, da casa de Olga (Caraño, Pol, Lugo), e de Manuela Montenegro Hanz, da casa de Caldaloba (Cospeito, Lugo). Era, pois, fidalgo polos dous costados. A unión da casa e das rendas de Caldaloba, da que súa nai era única herdeira, coas casas e as rendas de Olga, significou un extraordinario incremento da riqueza familiar.

Ramón estudou Dereito e estaba habilitado como avogado, pero estimamos que nunca exerceu.

Residía en Lugo e casou con Ramona Gayoso Ulloa, da casa de Ribas, coa que tivo, polo menos, dous fillos: Dositeo Neira Gayoso (véx.), que contraeu matrimonio con Purificación Pedrosa Ulloa, e María, que casou con Alejandro Pedrosa Ulloa.

A súa sólida situación económica queda patente polos fortes investimentos que fixo en bens desamortizados (Villares demostrou que Neira Montenegro investiu case 350.000 reais na adquisición de rendas do priorado de Montecudeiro e Rosende, e Veiga Alonso atopou outros importantes investimentos do noso biografado).

Construíu tamén *a cimentis* unha casa de baños minero-termais á saída de Lugo que debía de funcionar moi ben, porque no ano 1854 precisou ampla-lo espacio, parece ser que invadindo terreos do común, o que provocou a denuncia do alcalde, Buenaventura Miguel Plá, en 1855. Este sentiuse na obrigación de pór en coñecemento do público os supostos abusos de Neira Montenegro na apropiación de terras para o seu negocio.

Neira Montenegro tiña moi ben consolidada a súa situación en Lugo. Era un dos maiores contribuíntes da provincia, fora segundo alcalde da cidade e delegado do Goberno para a cría de cabalos da provincia e, ademais, tiña unha longa experiencia política como representante de Lugo en seis lexislaturas.

Aínda que en Lugo estaba considerado como liberal moderado, gozaba tamén de apoios entre os progresistas, o que podería explica-lo seu éxito electoral.

Representou a provincia de Lugo entre 1837 e 1841 en tres lexislaturas. A chegada do esparterismo ó poder significou a súa retirada momentánea da vangarda política, no ano 1843. Cando en 1858 se constituíu a Unión Liberal de O'Donnell, soubo intrigar habilmente en Madrid para facerse insubstituíble e taponar desta maneira a candidatura do conde de Pallares. Sen dúbida que en Madrid vendeu a imaxe dun Pallares ultramoderado, pouco sensible ós novos ventos de rexeneración política (que teoricamente propugnaba a Unión Liberal); o certo é que, cando tiveron lugar as eleccións, derrotou de forma absoluta a Pallares.

Como a política ten tantas mutacións, cando se produciron no ano 1863 as seguintes eleccións Neira foi derrotado polo conde de Campomanes, que estaba apoiado polo ministro de Gobernación, Rodríguez Vaamonde.

Retornou novamente ó Congreso na lexislatura de 1865.

Nas Cortes era pouco activo e non dado a entrar nos debates. Sen embargo, bastounos le-lo seu discurso do 29 de abril de 1859 para deducírmolo-la súa extraordinaria paixón política, polo que cabe lamentar que se prodigase tan poucas veces. Tomou aquel día a palabra para defende-los veciños de Lugo e das vilas próximas que dous días antes se enfrontaran cos recadadores de tributos, co resultado de cinco mortos e numerosos feridos. Neira falou con palabra acendida e emocionada e non dubidou en acusa-lo Goberno de aumenta-las cotas de facenda de 6.231.176 reais a 7.429.978 sen previo aviso e sen ningunha xustificación obxectiva, motivo polo que se producira a revolta popular.

Falou noutras ocasións e presentou proxectos, pensando sempre nos seus conciudadáns, como cando solicitou unha rebaixa dos impostos de 50 millóns o 20 de abril de 1859, petición que non atopou acollida no Congreso. Pero nunca se expresou coa mesma paixón patriótica ca na sesión xa citada.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1839	Deputado pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito da Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1858-1862	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Lexislatura 1865-1866	Deputado pola sección de Lugo	Lugo



#### NEIRA Y ARIAS DE LA TORRE, Juan Bautista

Naceu no Cereixal (Becerreá, Lugo) o 7 de xuño de 1839, xusto nos anos nos que o seu tío, José Arias de la Torre, avogado lucense, lideraba con Becerra os progresistas de Lugo, formando parte de tódalas xuntas revolucionarias constituídas nesta cidade. Por conseguinte esta familia atopábase moi vinculada á actividade política.

Estudou no seminario de Lugo e posteriormente en Madrid, na Escola de Camiños. Concluíu a carreira en 1865, data a partir da cal se iniciou como aspirante ó corpo de enxeñeiros, de acordo coas normas vixentes naquel momento; no mesmo ano pasou a ser enxeñeiro de segunda clase e en 1868 enxeñeiro de primeira clase.

En 1877 foi representante da Deputación de Lugo e da Sociedade Económica para a exposición e o certame literario que tiveron lugar en Lugo nese mesmo ano.

Nas eleccións de 1879 obtivo a representación de Becerreá. No Congreso formou parte das comisións sobre repoboación de montes e pronunciou un só discurso, na sesión do 24 de abril de 1880, na que se discutían os presupostos, para denuncia-la penosa situación económica do seu distrito. En 1887 foi suspendido como responsable das obras defectuosas da estrada de Almería, acusación da que foi absolto en



1895. Xubilouse en 1904.

Nas eleccións que tiveron lugar no ano 1884 resultou elixido polo distrito da Fonsagrada. Militou no Partido Conservador.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Becerrá	Lugo
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito da Fonsagrada	Lugo

### NIDO SEGALERVA, Juan del

Naceu en Andalucía e non tiña ningunha vinculación con Galicia, pero situouse no distrito de Corcubión, que representou en tres lexislaturas.

Participou no Congreso nas comisións de Incompatibilidades, de Peticións de Créditos e de Estradas.

Residía en Madrid e foi redactor dos xornais *La Verdad* e *El Siglo*, que chegou a dirixir.

Entre as súas actuacións nas Cortes (sempre escasas e sen fondura), queremos salienta-la que tivo lugar na sesión do 12 de decembro de 1881. O xornal *La Iberia* denunciou que os deputados galegos se reunían para tomar acordos e opoñerse nas Cortes ó Goberno. Nido respondeu a esta acusación recoñecendo que os deputados galegos estaban organizados (era o seu presidente Romero Ortiz e o seu vicepresidente Becerra), pero que tan só se reunían para prepara-la defensa dos asuntos que afectaban a Galicia (ás veces agregábanse tamén os asturianos). Confesábase partidario do Goberno, pero como deputado galego non podía ser alleo ás necesidades de Galicia.

Traballaba na Administración do Estado.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Corcubión	A Coruña
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Corcubión	A Coruña
	(dimitiu o 27 de decembro de 1884 e foi substituído por Moriano)	
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Corcubión	A Coruña

### NOCEDAL RODRÍGUEZ DE

### LA FLOR, Cándido Manuel

Todo en Nocedal foi sempre complexo. Naceu en Galicia e representounos en tres lexislaturas, e aínda máis, soubo atrae-los deputados galegos, sobre todo os da provincia de Lugo, ó seu ideario neocatólico. Sen embargo, Galicia xamais reclamou ser patria deste ilustre político; nunca o consideramos "noso".

Desde que definitivamente se puxo á fronte do carlismo



na súa versión máis integrista, posición na que foi secundado polo seu fillo Nocedal Romea, pasou de ser un ilustre político a ser "o esperado", o gran profeta do carlismo ultramontano. Por conseguinte, del falábase con devoción nas sancristías de Galicia, ás veces nos púlpitos e sempre nas sobremesas abaciais da festa do patrón. Por iso Nocedal era unha contradicción total: coñecido polos curas, referencia case mítica dos nosos bispos, era un perfecto descoñecido nas cidades e nas vilas.

Como escribiría Fernández Chao, Nocedal foi un caso de regresión case biolóxica: empezou como progresista, pasou no ano 1844 a coalicionista, no 1846 a puritano, no 1851 a moderado, no 1855 a reaccionario, no 1868 a autoritario, no 1870 a carlista e logo a absolutista. É dicir, na súa vida recorreu o camiño contrario a tódolos demais. En 1885, ano da súa morte, estaba exactamente coma no ano 1800, no puro absolutismo. E isto non foi produto da súa incultura nin da falla de posibilidades para destacar.

En efecto, aínda que moitas veces estas regresións teñen máis que ver coa pianza que coa filosofía, non parece que este fose o caso de Nocedal, un político mimado desde mozo por tódolos partidos. Máis ben puido ter lugar aquí unha crise persoal (de tipo relixioso ou teolóxico), moi ben utilizada por un sector da sociedade, unha franxa afastada do liberalismo e sen ideas que, movida por un puro sentimentalismo visceral e un fedeísmo, síntomas da súa radical carencia de racionalidade política, agardaba alguén deste carácter, desta facundia e desta forza para entregárselle. E cando todo isto sucedeu, Nocedal xa non puido dar marcha atrás.

É curioso observar que Nocedal é un dos políticos máis coñecidos do século XIX, máis que moitos outros que foron os auténticos creadores ou constructores do Estado. Tamén isto se explica pola pervivencia do carlismo na historia española contemporánea, polo privilexio do que gozou de de que se estudiase nas escolas o seu pensamento e mesmo os seus líderes.

Naceu en 1821 na Coruña, cidade na que residiron durante algún tempo seu pai, José María Nocedal, ex-deputado en Cortes, e súa nai, Juana Rodríguez de la Flor.

Casou dúas veces, a primeira con Manuela Romea, da familia do grande actor teatral Romea, e posteriormente con Concepción Gómez.

Estudou Dereito en Alcalá, carreira que rematou en 1840. Nestes anos formou parte da Milicia Nacional e en canto tal, foi perseguidor das partidas carlistas. Esparterista leal, o xeneral nomeouno xuíz de Imprenta, cargo que exerceu en beneficio do seu amo de forma implacable durante tres eternos anos, xa que, como el mesmo recoñeceu ó remate do seu exercicio: "*El Cangrejo*' ha dejado de existir, agobiado de mis denuncias, '*El Huracán*' ha muerto como periódico y su director está preso, '*El Correo Nacional*' costeado y sostenido por los principales corifeos del bando moderado, no ha podido publicarse hoy día de la fecha...; '*El Heraldo*' sufrió 72 denuncias".

Este progresista Nocedal, servidor do seu amo Espartero, demostrou as súas virtudes, que logo serían utilizadas por Narváez, polo seu cuñado González Bravo e mesmo por Alfonso XII. Como escribía Manuel del Palacio:

"¡Gran orador en verdad!  
con su palabra de miel  
defiende a la sociedad  
¿Mas quien la defiende de él?"

Resultou elixido deputado por vez primeira, pola provincia de Madrid, para a lexislatura de 1844 a 1846; despois por Valdepeñas (Ciudad Real), para a de 1846 a 1850, e máis tarde por Villanueva de los Infantes (Ciudad Real) polo período de 1851 a 1852. Desde 1853 a 1858 representou varios distritos da provincia de Pontevedra; de 1863 a 1868 representou o distrito de Toledo, agás na lexislatura de 1865 a 1866, na que representou o distrito de Pamplona. Na lexislatura de 1871 representou a Pravia (Oviedo) e na de 1872, a Estella (Navarra).

Foi elixido por vez primeira en Galicia no ano 1853, nunhas eleccións parciais ó distrito de Cambados, en Pontevedra, motivadas pola renuncia que fixo do escano Pedro María Pardo. As Cortes a penas duraron un mes e por iso Nocedal non interveu para nada.

Nas eleccións de 1854 resultou novamente elixido pola provincia de Pontevedra. Foi nesta lexislatura cando, segundo afirman os seus biógrafos, Nocedal se deu a coñecer como orador en dous importantes discursos, un sobre a soberanía nacional e outro en defensa da unidade católica de España fronte ó proxecto de nova constitución.

Por terceira vez resultou elixido por Cambados na lexislatura de 1857 a 1858. A súa voz era ben coñecida nas Cortes: defendeu o dereito da Igrexa a administrar os seus bens, e por conseguinte condenaba a desamortización; defendeu a necesidade dunha lei do funcionariado e non deixou de recorrer á demagogia fácil consistente en combatala "empregomanía", que por outra banda el, cando estivo á fronte dos ministerios, exerceu con enorme largueza.

Foron as únicas veces que representou a Galicia.

Morreu en Madrid o 16 de xullo de 1885.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra

#### NOVOA, Ramón

Era tenente coronel na praza de Vigo cando en febreiro de 1820 se pronunciou a cidade da Coruña a favor do liberalismo. Novoa, xunto con Llorente e outros militares e burgueses, pronunciouse o 23 de febreiro.

Galicia premiouno elixíndoo como deputado nas Cortes de 1820.

Nas Cortes non tivo unha participación importante. Formou parte das comisións que trataban os asuntos da etiqueta e os que afectaban as Deputacións Provinciais. Só interveu en dúas ocasións: na sesión do 18 de setembro de 1820, para solicitar que a memoria de Acevedo, o xefe militar do levantamento da Coruña que morrera en acto de servizo, fose enaltecida nas Cortes da mesma maneira que Porlier. Aproveitou a ocasión para lembrar que Porlier fora valente pero imprudente. Acevedo actuara igual que Porlier, coa diferenza de que o levantamento deste fracasara, mentres que o de Acevedo triunfara a pesar de recorrer co seu exército o mesmo traxecto da Coruña a Santiago e de parar na mesma pousada de Ordes na que Porlier fora detido.

Volveu participar o 10 de novembro do mesmo ano defendendo, fronte ó asombro xeral, a tese de que Galicia era unha rexión máis industrial que agrícola e que, polo tanto, era preciso axuda-la industria galega. Vese que Novoa, que coñecía ben a cidade de Vigo e menos o resto do país, quería salienta-lo apoio que os industriais vigueses deran ó levantamento de 1820.

Parece ser que militaba na masonería e tiña fama nos círculos liberais de Madrid de ser un progresista radical. Por iso un cronista galego do momento escribe del: "Bello sujeto, buen militar e bo rapaz para defender la Constitución".

En 1823 debeu exiliarse a Inglaterra porque lle perdémo-lo rastro na documentación. Retornou en 1833.

Co esparterismo, Novoa recobrou certo protagonismo político. No ano 1840 formou parte da Xunta de Vixilancia e Defensa da cidade de Vigo e da Xunta da provincia de Pontevedra, que presidía o progresista José María Santos. Foi nomeado gobernador da provincia de Pontevedra e presidente da súa Deputación (1841). En 1842 foi alcalde de Pontevedra.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1820-1821      Deputado por Galicia

---

## NOVOA MASCAREÑAS, Natal

Representou a provincia de Ourense no Bienio Progresista. A única información que temos del é que, xunto co seu irmán Fidel, foron importantes investidores en bens desamortizados. Máis de 500.000 reais investiron na adquisición de rendas procedentes do mosteiro de Celanova.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1854-1856      Deputado pola provincia de Ourense

---



**NÚÑEZ DE PRADO, José**

Sen relación ningunha con Galicia, foi situado como senador pola provincia de Pontevedra pola lei do *encasillado*, da que dispoñía o Goberno en favor dos seus.

Naceu en Montilla (Córdoba) o 20 de decembro de 1824. Era fillo de Francisco Javier Núñez de Prado, natural de Arcos, e de María Remedios Fernández, de Antequera.

Estudou Dereito e gañou as oposicións a avogado do Estado. Cando foi elixido en 1884 senador pola provincia de Pontevedra, era conselleiro togado do Tribunal Supremo de Guerra e Mariña.

Con anterioridade a 1884, resultara elixido deputado polo distrito de Grazales (provincia de Cádiz), para a lexislatura de 1876 a 1878.

Como senador formou parte dalgunhas comisións, como a da xente do mar, da que foi secretario.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1884-1886      Senador pola provincia de Pontevedra

**NÚÑEZ FALCÓN Y FICHAGO, Joaquín**

Naceu este ilustre mariño en Vigo en 1768, fillo de José Manuel Núñez Falcón, da gran casa de Núñez (espléndida mansión que foi demolida no ano 1949, sita en Vigo), e de Isabel Fichago.

En 1785 ingresou no corpo de Gardamariñas e foi ascendendo paulatinamente. En 1821, cando foi elixido deputado en Cortes, era capitán de navío e en 1825 foi ascendido a brigadier.

Casou con María del Carmen Fernández, coa que tivo cinco fillos: José, Joaquín e Manuel, os tres militares, mortos no ano 1823 defendendo o sistema constitucional. Tiveron, así mesmo, dúas fillas: Tomasa, que casou con José Méndez Ponce de León, de Vilafranca do Bierzo, matrimonio do que naceu Casto Méndez Núñez; e Josefa, que casou co brigadier Sebastián Cuesta (véx.).

Nas eleccións de 1821 resultou elixido polo Reino de Galicia.

Como deputado a penas interveu e só o fixo en temas que dalgunha maneira estivesen relacionados coa Mariña.

Un cronista contemporáneo dinos del que era "un marino bilioso... y amigo del orden", o que revela que nada tiña que ver cos liberais radicais.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1822-1823      Deputado polo Reino de Galicia




---



---

**OBAYA LLOREDA, Julián**

**A**vogado de Santiago de Compostela, foi un personaxe que despois de colaborar activamente coa Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago así como en outras sociedades da cidade comeza a ter unha certa actividade política a partir de 1868.

Deuse a coñecer como un seguidor de Ruíz Zorrilla e mesmo fundou un periódico, de vida efémera, máis que para facer propaganda da súa opción política para darse a coñecer en Madrid.

Cando se prepararon as candidaturas para as eleccións do ano 1869, os distintos grupos que protagonizaran a chamada Revolución (republicanos, federalistas, progresistas, radicais de Ruíz Zorrilla ou tamén chamados "zorrillistas", etc.) loitaron duramente para lograr situarse nas candidaturas. Entre os que quedaron fóra estaban Manuel Murguía, tamén seguidor de Ruíz Zorrilla, e Julián Obaya. Murguía logrou, en troques, o posto de Arquivero de Simancas, pero Obaya non obtivo ningún beneficio.


O 6 de xuño de 1870 morreu inesperadamente o deputado pola sección de Santiago, José Joaquín Barreiro e o 20 do mesmo mes, o Congreso decreta que se celebren novas eleccións para cubri-la vacante. O Goberno tivo bo coidado de que o substituto do ultraconservador Barreiro fose un deputado afín ó movemento revolucionario, o que foi aproveitado por Obaya que resultou elixido.

O 31 de setembro de 1870 xa Obaya tomou posesión da acta. Sen embargo, nin formou parte de ningunha comisión nin participou en ningún debate.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1869-1871    Deputado pola sección de Santiago (Á partires de 1870)

---




---

**OCHOA, Eugenio de**

**A**índa que os deputados galegos eran moi remisos a aceptar entre as súas filas a candidatos "cuneros" e sen ningunha relación con Galicia, de vez en cando os Gobernos colocaban algún "descolocado" nun distrito galego que carecía de candidato enfeudado. Tal é o caso do escritor e grande intelectual Eugenio de Ochoa.

Nacera o noso biografado en Lezo (Guipúscoa) no ano 1815. Estudiu Humanidades no Colexio de Alberto Lista y Aragón, logo estudiou Filosofía no colexio de Santo Tomás e

no ano 1829 foi pensionado a París para asistir á Escola Central de Artes e Oficios, permanecendo en Francia ata 1834.

Xa de volta en Madrid, o Goberno nomeouno redactor de *La Gaceta de Madrid*, que dirixía Lista, o seu mestre. Ocupou este cargo ata 1836, ano no que, con motivo dos chamados *Sucesos de la Granja*, renunciou ó seu destino e retornou novamente a París, onde se dedicou á produción literaria e editorial. Foi en París onde publicou a colección: *Tesoros de los autores castellanos*.

Retornou a España xa nos anos corenta e foi elixido membro numerario da Real Academia Española, Bibliotecario segundo da Biblioteca Nacional, censor de teatro, e mesmo chegou a exercer por algún tempo de gobernador da provincia de Huesca (1845-1846), e oficial do Ministerio de Gobernación. Posteriormente muda o seu oficio para o Ministerio de Comercio e Industria onde dirixiu o *Boletín Oficial* do Ministerio.

Simultaneou estas dedicacións importantes coa colaboración nos xornais máis representativos do momento, como *El Herald*, *El Patriota*, *El Español*, traducindo a Victor Hugo, publicando obras de teatro, etc. Mesmo chegou a ser director xeral do Ministerio de Fomento en 1857, baixo o mandato de Moyano.

Morreu en Madrid en 1872.

Como deputado representando a Galicia só consta que asistía e votaba pero sen intervir.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Allariz	Ourense
-----------------------	-----------------------------------	---------

### OJEA OTERO, José

Naceu en Cortegada (Ourense), o 16 de agosto de 1845. Estudiu Farmacia na Universidade de Santiago. Desde que era estudante militou no partido republicano e participou en diversos pronunciamentos e movementos políticos en favor da instauración da República.

Representou o seu distrito na Deputación Provincial de Ourense e nas eleccións republicanas de 1873 resultou elixido polo distrito de Bande ó que representou no Congreso dos Deputados.

O seu exaltado republicanismo concitou contra el o odio dos conservadores da súa comarca. Ó cae-lo réxime republicano no ano 1874 foi perseguido e tivo que exiliarse a Portugal, onde permaneceu durante algún tempo.

No ano 1876 casou con Sofía Domínguez.

Desenganado da política, aínda que sen renunciar ás súas ideas, decidiu dedicarse exclusivamente ó exercicio da súa profesión de farmacéutico.

Foi entón cando comezou a publicar interesantes obras como: *El Mundo rural. Cuadros de costrumbres* (1890), na que fai un desapiadado retrato do caciquismo político en Galicia, *Céltigos* (1883), *Regalo de la vida* (1895), novela que lle publicou Curros Enríquez no semanario *La Tierra Gallega*, de a Habana.

Morreu en Cortegada en novembro de 1909.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1873-1874    Deputado polo distrito de Bande    Ourense



#### ORDÓÑEZ GARCÍA, Mariano

Naceu en Madrid o 29 de abril de 1873. Era fillo de Ezequiel Ordóñez e Xulia García Arana. Estudiu Dereito na Universidade de Madrid. Previamente iniciou estudos de Mariña no ano 1889, e decidiu renunciar á Armada no ano 1892.

Casou con Francisca Romero Zulueta, filla do gran político Romero Robledo.

No ano 1903, o seu pai pasou ó Senado de tal xeito que a el lle queda libre o distrito de Tui. Era un orador premioso, que, ás veces, se perdía nos exordios.

O feito de vivir en Madrid, por certo nunha magnífica casa na rúa de San Quintín, obrigoulle a contar no distrito cos poderosos intermediarios que se encargaran de asegurarlle o seu quiñón de votos. Un dos servidores de Ordóñez foi Venancio Lorenzo, moitos anos alcalde de Tui.

Para contrarrestar os ataques que *La Integridad* propinaba a Ordóñez, Venancio fundou *El Vencejo*, no ano 1905 e no 1907 *El Aloya*, no que Ordóñez, que era seguramente quen o pagaba, publicaba semanalmente unha crónica.

Cando morreu Venancio, substituíuno José Herraiz, incondicional do ordoñismo tudense, e tamén alcalde.

Cando Ordóñez casou, Herraiz regaloulle un xogo de té. Isto é o que explica que aparecera un xornal contra Ordóñez, titulado *La Tetera* (1913). Unha das acusacións que desde este xornal e desde outro, maurista, e tamén oposto a Ordóñez, *La Opinión* (1908) se lle facían a Ordóñez era o seu afastamento de Tui e o de non conseguir nada para o seu distrito. No xornal *La Tetera* líase a seguinte composición:

"Nuestro digno diputado  
no lleva por ahora traza  
de aprontar para la plaza



ni medio duro prestado;  
dice que está liquidado  
y...puede ser que lo esté  
¡Resalado!  
Adiós...y cuideo vosté".

Pertenceu sempre, coma o seu pai, ó partido conservador, partido que o recompensou xenerosamente. Entre 1904 e 1908 foi xuíz municipal de Madrid, no ano 1908 foi director xeral de Agricultura, en 1913 subsecretario de Facenda e, por fin, en 1921 substituíu a Gabino Bugallal como ministro de Gracia e Xustiza, nun goberno presidido por Dato. No mesmo ano pasou ó Ministerio de Facenda, co goberno de Allende Salazar e xa en 1922 foi novamente ministro de Gracia e Xustiza con Sánchez Guerra. Paradoxos da vida, cando era Ministro de Gracia e Xustiza tivo que sufrilo desgaste que lle proporcionou o enfrontamento de Sobredo, que se saldou con tres mortos, este enfrontamento produciuse o 28 de novembro de 1922 cando a garda civil disparou contra a poboación mobilizada para oporse ós embargos pola falta de pagamento das rendas. Sobrado, preto de Guillarei, pertencía ó distrito do Ministro. O gobernador que ordenou actuar con contundencia fora nomeado por Ordóñez. Os mortos eran os seus súbditos, de acordo coa concepción feudal que Ordóñez tiña do seu distrito. Coisas da vida. Se non fose por nós ninguén hoxe falaría de Ordóñez, pero os mortos de Sobredo son conmemorados tódolos anos e o seu nome figura para sempre nun monumento varrido pola barbarie franquista, pero novamente ergueito polo pobo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra

#### ORDÓÑEZ GONZÁLEZ, Ezequiel

Carecía o distrito de Tui dun deputado enfeudado, xa que se trataba dun distrito que caera parcialmente na órbita de Elduayen e dos Bugallal, que non concordaran en situar nel a un político de confianza e recursos. Durante o Sexenio controlou o distrito Severino Martínez Barcia (véx.), pero na Restauración impúxose un relevo do deputado.

Os Ordóñez, Ezequiel e Mariano, gozaron de todo o poder no distrito desde 1879 ata 1923.



Naceu Ezequiel Ordóñez en Tui no ano 1845. Estudiu Dereito e trasladouse pronto a Madrid onde colaborou en diversos xornais, entre eles, *El Boletín Diplomático*. Amigo persoal de Ramón de Campoamor, prologoulle a súa obra *El Drama Universal*.

Iniciou a súa vida política non en Tui, senón en Cuenca, por onde saíu elixido deputado na lexislatura de 1876. No Congreso foi nomeado segundo secretario no ano 1878.

Disposto a representar e controla-lo distrito de Tui, foi necesario monta-las as bases dun novo poder caciquil, o que non lle resultou fácil pola dura resistencia que lle opuxo o único grupo político organizado, o dos carlistas, que dispoñían dun xornal de moita influencia na comarca, *La Integridad*.

Pese a todo, Ordóñez logrou saír deputado nas eleccións de 1881 e nas seguintes.

Aumentaba o prestixio de Ordóñez cando no ano 1892 o seu futuro consogro Romero Robledo, ministro de Ultramar, o nomeou subsecretario do Ministerio. Ó mesmo tempo era designado en Madrid Conselleiro do Monte de Piedad e Caixa de Aforros.

Pero o apoio definitivo para elimina-los carlistas recibíuno Ordóñez do bispo Menéndez Conde (véx.) que chegou a Tui no ano 1890 co claro obxectivo de eliminar este grupo, por razóns estritamente de estratexia eclesiástica aínda que iso favorecese ás pretensións de Ordóñez.

Ezequiel considerouse persoalmente agredido polos carlistas cando no ano 1893 *La Integridad* de Tui trae a un candidato *cunero*, de Santander, Fernando Fernández de Velasco, para oporse a el. Entendeu que aquilo significaba un atentado contra a súa reputación e mobilizou tódalas súas forzas ata conseguir, por unha parte que se lle abrisen cinco expedientes a *La Integridad*, e por outra que o bispo Menéndez Conde disolvese o grupo, tres dos principais dirixentes marcharon da cidade, entre eles Lago González, para fora da diocese.

A partir deste momento podemos dicir que Ezequiel Ordóñez xa non tivo oposición en Tui, aínda que *La Integridad* o seguiu atacando, como o demostra o seguinte verso pedestre:

\*Foise e non torna;  
por outros sitios  
anda o tal debullando diñeiro  
como aquí debullamos o millo.  
En terra allea  
ten labradíos,  
pousas, casas e montes e todo  
o que teñen as veces os ricos;  
e non ten nada

non ten distrito!  
Tende conta gallegos con ises  
que vos veñen con cara d'amigos".

Nas Cortes non nos consta que falase nunca, sen embargo, tiña fama de ser un gran traballador en comisións. Foi secretario de moitas delas especialmente das relacionadas con ferrocarrís e estradas.

En 1880 e en 1882 foi secretario primeiro do Congreso.

Dende 1903 foi senador vitalicio.

Morreu en Madrid o 20 de outubro de 1918.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1886-1891	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1893-1895	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Tui	Pontevedra

#### ORENSE Y FIGUEROA, Rafael Antonio de

Entrou en Galicia polo distrito de Padrón, onde foi elixido nas eleccións de 1872 a 1873. No ano 1876 foi elixido novamente, sen embargo, non entra no Congreso ata 1878 por razóns de enfermidade. Participou na comisión de Etiqueta, pero non participou en ningún debate. Só presentou dúas exposicións.

Nas eleccións de 1881 resultou elixido polo distrito de Cambados e formou parte da comisión de Gracias e Pensións, da que foi Presidente.

Finalmente resultou elixido por terceira vez no ano 1886, pero consta que só estivo presente no ano 1886, e foi substituído por Álvaro López Mora.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872 (1*)	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Lexislatura 1886-1891	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña

**ORTEGA MUNILLA, José**

Naceu en Cárdenas (Cuba) o 26 de outubro de 1856, fillo de José Ortega Zapata, avogado e empregado na Administración de Xustiza da Illa, e de Pilar Munilla Urquiza. Ós poucos meses de nacer, a familia trasladouse a Madrid. Estudiu nos seminarios de Cuenca e Girona, pero a revolución de setembro de 1868, que pechou os seminarios, impediulle proseguir estes estudos. O paso polo seminario deixoulle un pouso de coñecemento e admiración polos estudos humanísticos.

Estudou Dereito na Universidade Central de Madrid e comezou a colaborar nalgúns xornais da capital. A súa extraordinaria capacidade para escribir e redactar (que explican o elevado número de obras publicadas) permitiulle compaxinar a súa contribución periodística coa terminación dos seus estudos. Escribiu en xornais como: *Los Debates*, *La Época*, *El Imparcial*, *La Ilustración Española*, etc.

No ano 1879 Eduardo Gasset Artime contratou para dirixir-lo suplemento literario do seu xornal *El Imparcial*. Dous anos despois Ortega casaba con Dolores Gasset, filla do propietario e director de *El Imparcial*. A voda significará a integración de Ortega no clan dos Gasset, tendo a fortuna de ser pai de catro fillos: Eduardo, José, Rafaela e Manuel. Eduardo destacou na política republicana pero de todos eles o mais destacado foi José Ortega y Gasset, sen dúbida un dos pensadores máis importantes de España no século XX.

Escritor infatigable, ademais de dirixir *El Imparcial*, colaborou en *ABC*, *Blanco y Negro*, *El Debate*, *Diario de la Marina* (A Habana), *La Esfera*, *La Ilustración Artística*, *Raza Española*, *La Vanguardia*, etc. Publicou tamén 13 novelas, unha obra de teatro (*Estrazilla*, 1918), tres libros de viaxes, cinco libros infantís. A colección dos seus artigos ocupa 14 tomos.

Foi recoñecida a súa obra pola Real Academia Española. Por iso no ano 1902 nomeouno para ocupa-lo escano que deixara Campoamor.

Ortega Munilla non foi un político no sentido tradicional da palabra. Participou na política por medio da prensa, no contexto dunha familia tan politizada coma a dos Gasset, pero el gozou dun distrito galego sen que fixera absolutamente nada para merecelo. Seu cuñado, Rafael Gasset decidiu situalo en Padrón e alí quedou. A falla de ambición política pode explicar que non aceptase ser ministro de Instrucción Pública, cargo que se lle ofreceu en dúas ocasións. Ademais gozaba da amizade persoal da raíña Rexente (se é que os Reis teñen amigos) da que era unha especie de conselleiro ou "confesor político" como escribe Ruth Schmidt. Militou inicialmente no liberalismo e finalmente no partido conservador.

Morreu o 30 de decembro de 1922



## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña

**ORTI BRULL, Vicente**

Era periodista e colaborou nos xornais *La Unión e Ilustración Española*. Foi tamén autor de varias obras históricas.

Representou o distrito de Quiroga só entre 1884 e 1886 e consta que morreu en Madrid o 1 de febreiro de 1897.

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
-----------------------	-----------------------------------	------

**ORTIZ DE CANTOS, José**

O distrito de Bande era un dos que controlaba a familia Bugallal. Como carecía dun deputado enfeudado, os Bugallal foron situando nel deputados polo xeral *cuneros*, alleos a Galicia, pero que encaixaban nos plans do encasillado do Goberno. Así sucedeu ata 1907 en que os Bugallal tomaron posesión deste distrito por medio de distintos membros da familia.



Nas eleccións de 1879 como carecían dun candidato galego, situaron en Bande un perfecto descoñecido en Galicia, Ortiz de Cantos, militante do partido conservador, que residía en Madrid, despois de pasar varios anos en Cuba, onde era propietario do xornal *El Diario Español*, un xornal de longa traxectoria xa que aparecera en 1852 e sobreviviu ata 1936.

Ortiz de Cantos estivo no Congreso só durante unha lexislatura na que xogou un papel moi secundario. Formou parte das comisións do ferrocarril de Badalona a Barcelona e da comisión da Deputación de Madrid. Non participou en ningún debate nin consta que presentara preguntas ou propostas. Quizais se debese a que tiña fama de mal orador.

Morreu o 11 de xuño de 1897.

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Bande	Ourense
-----------------------	---------------------------------	---------

**O'SHEA VERDES MONTENEGRO, Eduardo**

Naceu en Madrid o 9 de marzo de 1876, fillo de Guillermo O'Shea Hurtado de Corcuera, natural de Madrid e capitán de Artillería e de Carmen Verdes Montenegro, tamén natural de Madrid, pero oriúnda de Galicia.

Eran os O'Shea unha familia aristocrática procedente de Irlanda e os Verdes Montenegro eran fidalgos que procedían do pazo de Sistallo (Cospeito, Lugo). Os Verdes Montenegro residían en Madrid dende comezos do século XVIII, aínda que, ás veces, visitaban os seus pazos.

Casou o noso protagonista con María de la Paz Calderón.

Estudou Dereito e integrouse na Administración do Estado. No ano 1896 solicitaou praza de escribente no Senado.

Militou sempre no partido conservador, na facción *ciervista*.

Obtivo, por vez primeira, a representación polo distrito de Arzúa na lexislatura de 1919, aproveitando que o Tribunal Supremo anulara a acta daquel distrito favorable a Ramón Sanjurjo Neira. Por iso atrasou o seu ingreso no Congreso ata o 25 de xullo de 1919. Resultou novamente elixido na seguinte lexislatura. Foi subsecretario de Fomento sendo ministro Juan de la Cierva, no derradeiro goberno da Dictadura en 1931.

Reaparece na lexislatura de 1933 a 1935, saíndo deputado pola provincia da Coruña, como deputado independente da dereita. Pertenceu á comisión do Congreso que informou sobre o chamado "Escándalo Nombela".

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
Lexislatura 1919-1923	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
Lexislatura 1933-1935	Deputado pola provincia da Coruña	

**OSMA Y SCULL, Guillermo de**

O noso biografado foi un ilustre político, cunha sólida carreira diplomática e política. Era absolutamente alleo a Galicia, pero representouna durante case trinta anos. Evidentemente, esta representación tan longa vinculou dalgunha maneira a Osma con Galicia a través de Monforte, distrito no que se enfeudou.

Naceu no ano 1853, estudou Letras e Ciencias na Sorbona e graduouse en Dereito, en Oxford. Iso revela unha das características da súa personalidade: o cosmopolitismo, posteriormente ampliado pola súa pertenza ó corpo diplomático, o que lle permitiu vivir en varias partes do mundo. De feito estivo destinado en Londres (1885) e en Bruxelas (1892).

Algún dos seus biógrafos salientan a súa gran cultura: "De refinada e mundanal cultura, adquirida, luego de cimentar bien en los libros su educación literaria y científica..., en viajes por Europa y en el trato de la más alta sociedad". (Sánchez de los Santos).

Pertenceu sempre ó partido conservador, fracción de Maura. Foi subsecretario de Ultramar e de Facenda. Posteriormente foi ministro de Facenda de 1903 a 1904 nun goberno presidido por Maura. Posteriormente volveu ser ministro de Facenda, novamente con Maura, entre 1907 e 1909.

A súa participación nas Cortes foi intensa, especialmente sempre que se trataron temas de Facenda na que era considerado un experto.

Os seus gustos exquisitos en materia de arte, de arqueoloxía e numismática eran coñecidos no seu tempo. No ano 1916 fundou o Instituto de Valencia de Don Juan.

Formou parte como numerario da Real Academia de Ciencias Morais e Políticas e gozaba de moitas condecoracións españolas e estranxeiras como: Cabaleiro da Orden de Carlos III, Cruz de primeira clase do Mérito Naval, Banda del León e do Sol, de Persia, Cabaleiro da Lexión de Honor, de Leopoldo de Bélxica e do León Neerlandés.

Logrou enfeudarse, sen ningún obstáculo, no distrito de Monforte ó que representou desde 1891 ata 1919 en que foi nomeado senador vitalicio. Morreu o 7 de febreiro de 1922.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo

#### OSORIO ALBAREDO LÓPEZ DE LA PEÑA, Gonzalo María

Non resulta fácil segui-la liña xenealóxica dos Osorio debido á confusión coa que describen algúns xenealoxistas. De acordo con Yebra de Ares, Gonzalo, señor das casas de Albaredo, Cuiña, Camporredondo, casa da Pedra na Fonsagrada, Arnesto en Becerreá e as casas do Campo e Carracedo en Láncara, casou con Nicolasa Petronila Pardo de Aguiar, Armada, Bañales de Borbón (descendente de Enrique IV, rei de Francia), dona de Araza, Toldaos, Gundián, San Estevo de Neira, etc. Esta unión consolidou un enorme patrimonio, o que explica que Gonzalo fora un dos máximos contribuíntes á facenda na provincia de Lugo.

Como gran propietario estivo moi interesado nos proxectos de organización administrativa da provincia de Lugo e nos problemas que a construción do estado Liberal podían producir no seu territorio. Iso explica que, xunto con outros grandes propietarios, como o conde Campomanes (véx.), Antonio María Miranda (véx.), Benito Somoza Saavedra (véx.), José Ramón Becerra (véx.) ou Manuel María Vázquez Quiroga (véx.), procurase en todo o momento integrarse no reducido grupo de dirixentes que, conscientes do seu poder económico e social, sentaron as bases da división administrativa (aparición dos concellos e dos xulgados de primeira instancia) e do control electoral nos primeiros anos do liberalismo. Unha vez que entenderon que as cuestións estaban encamiñadas sen perda dos seus dereitos e preeminencias, retiráronse, polo xeral, da política activa, aínda que sempre se mantiveron atentos á evolución política.

Afeitos a outros tempos, non eran ambiciosos do poder político para ser exercido persoalmente por eles. Tan só pretendían que as cousas marcharan de acordo cos seus intereses de clase, pero se era posible sen a súa directa intervención.

Por esta razón Gonzalo Albaredo participou desde 1833 en varias comisións e representacións de maiores contribuíntes, para encamiña-lo proceso e cando as circunstancias o requirían non negaban o seu concurso persoal, mesmo para asumir un escano no Congreso, pero por principio non eran cobizosos para exercer-lo poder político de forma permanente.

Nas eleccións de 1837 resultou elixido como deputado suplente pola provincia de Lugo e aínda que houbo algunhas renuncias non amosou ningún interese en ser proposto como deputado titular.

Nas eleccións a senadores do ano 1843 saíu elixido pola provincia de Lugo, pero non chegou a tomar posesión no Senado.

Finalmente resultou elixido polo distrito da capital, Lugo, no ano 1850. Quizais se presentou, como ministerial, para impedir que resultase elixido Carlos Luis de Arce. Entre as grandes familias había, ás veces, esta especie de duelos incruentos. Como a lexislatura a penas durou seis meses, Gonzalo non tivo ocasión de manifestarse nas Cortes nin a favor nin en contra do Goberno.

Xa non volveu presentarse. Morreu no ano 1867. A súa dona xa morrera no ano 1838.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1843-1844	Senador pola provincia de Lugo (Non tomou posesión)
Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Lugo

### OSORIO DE ALBAREDO PARDO, Juan Diego

Non debe ser confundido o noso protagonista con Juan Diego Osorio que nos anos trinta do século XIX tivo unha importante participación na organización administrativa e electoral da provincia de Lugo e que tamén foi elixido deputado a Cortes por Lugo



nas primeiras eleccións de 1836, escano ó que renunciou, (ocupou o seu posto Apolinar Suárez de Deza) polo que este Osorio non aparece incluído nestas biografías.

O noso protagonista naceu no pazo de Aranza (Lugo) o 17 de agosto de 1829, e era fillo de Gonzalo María Osorio de Albaredo (véx.) e de Nicolasa Petronila Pardo de Aguiar.

A capacidade económica da familia permitiulle a Juan Diego estudar Xurisprudencia no Colexio para Nobres de Bolonia e doutorarse na Universidade de Bolonia.

Cando só tiña 25 anos, saíu elixido deputado pola provincia de Lugo nas eleccións progresistas de 1854 e, posteriormente, nas eleccións de 1857 saíu elixido polo distrito de Quiroga.

Casou ca súa parente María Amalia Pita da Veiga Becerra-Llamas, que nacera en Porto Rico e era filla de Agustín Pita da Veiga, coronel de Cabalería, destinado na Illa, e de María Josefa Becerra-Llamas.

Quere dicir, que Osorio de Albaredo non só dispoñía do enorme poder rendístico dos seus pais senón que politicamente, tiña o amparo do seu avó José Becerra Llamas, o patriarca do progresismo lucense, ademais do apoio que o seu parente, Juan Osorio Meria, lle podía proporcionar sendo como foi xefe do cuarto militar do Rei consorte, Francisco de Asís Borbón.

Coma o seu pai e moitos terratenentes lucenses abandonaron a loita política que deixaron en mans de xentes fieis ós intereses da súa clase. Non consta que Osorio de Albaredo se presentara a outras eleccións. Morreu en Lánchara o 28 de decembro de 1890.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Quiroga Lugo

## OSORIO DE MOSCOSO, Alfonso

### Marqués de Monasterio

Naceu en Madrid o 25 de maio de 1858. Tivo o privilexio de bautizarse na Real Cámara da raíña Isabel II, polo Patriarca das Indias, foron os seus padriños os Reis de España.

Era fillo de Fernando Osorio de Moscoso Fernández de Córdoba, duque de Medina de las Torres, marqués de Monasterio, Grande de España, e de Eulalia Osorio de Moscoso y Carvajal.



Para entender mellor por qué motivo o apadriñaron os Reis, compre ter en conta que un irmán do seu pai, José María de Moscoso e Carvajal, casara coa infanta Luisa Teresa de Borbón, filla do infante Francisco de Paula e neta, como Isabel II, de Carlos IV. Os montaraces Moscoso emparentaron coa casa dos Borbóns pero o seu final económico estaba próximo pois no ano 1872 tivo lugar a quebra dos condes de Altamira que malvenderon os seus bens en Galicia.

O noso biografado recibira dos pais rendas en Dos Hermanas (Sevilla) en concreto o cortijo de Coperó e a casa-pazo onde vivía, na rúa de Braganza de Madrid, así como outros pazos, como o de Vilaboa en Vilagarcía. Estudiu o bacharelato en Santiago. Na Universidade compostelá estudiu tres cursos de Dereito, que concluíu na Universidade Central onde se doutorou cun discurso titulado: *Influencia de la Iglesia en el Derecho Romano*.

Cando acadou o grao de doutor, a súa nai regaloulle o marquesado de Monasterio. A Casa Real nomeouno Xentilhome de Cámara en exercicio.

Mestrante de Sevilla, socio da Real Academia de Xurisprudencia. Á morte da súa nai en 1882, recibiu o ducado de Terranova.

Só representou a Galicia nunha lexislatura, a de 1891 a 1893, polo distrito de Caldas.

No ano 1893 foi designado senador por Dereito Propio.

Morreu en Vilagarcía o 24 de novembro de 1901, na herdade de Vilaboa, que pertencía á súa familia.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Caldas	Pontevedra
-----------------------	----------------------------------	------------



#### OTERO, Hipólito

**H**ipólito Otero, antepasado de Ramón Otero Pedrayo, naceu en Riobó (Pontevedra) o 13 de xuño de 1811. Estudiu Medicina na Universidade de Santiago.

Desde estudante militou no progresismo, e en Santiago, onde vivía en 1840, foi un referente do liberalismo máis radical. O 24 de xullo de 1840 constitúese unha Xunta progresista, liderada por el e por Rodríguez Terrazo, e da que forman parte estudantes como: Cociña, Romero Ortiz, Rúa Figueroa, etc. O 26 de setembro de 1840 os progresistas decidiron constituír unha Xunta Central de Galicia, formada por representantes das catro provincias. Pola provincia da Coruña estaban Vicente Alsina (véx.), Francisco González (véx.) e Hipólito Otero.

A medida que se consolida o réxime esparterista, o progresismo amosa a súa radical oposición ó sistema de goberno de Espartero, cualificado de dictador. Hipólito Otero e a maioría dos deputados galegos deciden en 1843 distribuí-lo territorio galego entre eles, encargándose cada un de organiza-la resistencia contra o Goberno. Constitúronse de novo Xuntas para organiza-a resistencia contra o Goberno. Hipólito Otero foi o presidente da Xunta de Santiago. Os progresistas decidiron constituír en Lugo unha Xunta Central de Galicia, da que foi secretario Otero. Posteriormente foi designado gobernador da provincia da Coruña.

Como pode observarse, Hipólito Otero está permanentemente na vangarda do progresismo de acción.

A partir de 1856, Otero, que residía nese momento na cidade da Coruña, abandonou o protagonismo político. Consta que investira elevadas sumas de diñeiro na adquisición de bens desamortizados, que formaba parte de comisións provinciais, como a de beneficencia da Coruña, pero vaise afastando cada vez máis da loita política, aínda que en 1863 se autoproclamase progresista nun xornal da Coruña.

A última noticia que temos de Otero procede dun padrón da Coruña. No ano 1871 residía na rúa Acevedo, nº 38, 1º, estaba viúvo e vivía coa súa filla Carolina Otero Garrido. Tiñan dúas criadas.

Foi representante de Galicia en catro lexislaturas e sempre pola provincia de Pontevedra e coincidindo con períodos de Goberno progresista.

No ano 1837, cando as Cortes aprobaron a constitución de 1837, consta que non estaba en Madrid, estaba lonxe, con licencia das Cortes, pero quixo firma-la Constitución, o que realiza por poder.

En ningunha das lexislaturas ás que asistiu como deputado tivo actuación nas Cortes. Era home de partido, de comisións, pero mudo. Na lexislatura 1841 a 1842 foi elixido un dos secretarios das Cortes.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1836-1837	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1841-1842	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1843 (1ª)	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Pontevedra

### OTERO, Manuel

**A**vogado en exercicio, probablemente era natural do actual municipio da Estrada, aínda que residía en Pontevedra.

Progresista, da tendencia esparterista, parece que estivo implicado en tódolos levantamentos progresistas dos anos corenta do século XIX.

Representou o distrito de Tabeirós en varias ocasións na Deputación Provincial.

Nas eleccións de 1841, controladas polos esparteristas no poder, resultou elixido deputado pola provincia de Pontevedra sen que se fixera nota-la súa presenza nas Cortes.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1841-1842    Deputado pola provincia de Pontevedra

### OTERO GARCÍA, Santiago

Militar do corpo de Infantería, ascendeu no ano 1856 a Brigadier, un ano despois era Gobernador Militar de Huelva e en 1863 ascendeu a mariscal de Campo, sendo esta a gradación máis alta que logrou.

En 1864 foi condecorado coa Orde de San Hermenexildo.

Foi un dos oficiais que no ano 1858 se integrou na Unión Liberal de O'Donnell e iso foi o que lle facilitou o camiño para chegar a ser deputado. Nas eleccións de 1858, controladas pola Unión Liberal, o distrito de Verín foi para Manuel María Yáñez Rivadeneira. Sen embargo, Yáñez renunciou ó distrito no ano 1861. Nunhas novas eleccións parciais, o Goberno (en realidade o ministro de Gobernación, Posada Herrera) decidiu situar a Otero García, que non tivo problemas para resultar elixido. Tomou posesión do escano o 6 de decembro de 1861.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1858-1863    Deputado polo distrito de Verín    Ourense  
(Toma posesión o 6 de decembro de 1861)

### OTERO PILLADO, Román

Foi elixido nas últimas eleccións de 1872 polo distrito de Becerreá, pero consta que presentou a dimisión de deputado o 11 de marzo de 1873.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1872-1873    Deputado polo distrito de Becerreá    Lugo

### OZORES DE PRADO, José María



Para moitos dos biografados nesta obra o feito de seren elixidos para representaren un distrito supón unha das súas meirandes glorias persoais. Dito doutra forma: se non foran deputados, posiblemente ninguén falaría deles nin buscaríamos na documentación o seguimento da súa biografía. Non é este o caso de Ozores Prado, polo menos para os coruñeses. O noso protagonista labrou a súa personalidade á marxe da súa militancia política e participación no Congreso e no Senado. En certa maneira a súa condición de deputado e senador era algo accesorio nel.



Naceu na Coruña o 14 de maio de 1877. Era fillo de Eduardo Ozores Valderrama e de Ramona de Prado y Ozores, marqueses de San Martín de Hombreiro. O título de marqués herdouno o irmán do noso biogafado, Jaime Ozores de Prado.

Cursou Dereito en Deusto e na Universidade de Santiago, onde obtivo a Licencia, posteriormente en Madrid, como era preceptivo, acadou o Doutoramento

Formouse como pasante no acreditado bufete de Maximiliano Linares Rivas e posteriormente abriu un bufete propio na cidade da Coruña.

Aínda que pertencía a unha familia moi distinguida, non por iso a súa situación económica era privilexiada. Tivo que traballar de avogado e mesmo impartir clases como profesor auxiliar no Instituto da súa cidade. A súa filantropía, común a toda a súa familia, levouno a dar clases gratuítas nas Escuelas Populares Gratuítas da Coruña, unha institución fondamente arraigada na cidade e da que o seu irmán, o marqués de Hombreiro foi presidente ata a súa morte en 1922.

Foi varias veces deputado provincial e tamén Presidente da Deputación. No ano 1914 obtivo a primeira representación a Cortes polo distrito da súa cidade, á que representou ata 1921 en que pasou ó Senado, sempre pola provincia da Coruña.

No ano 1912, cando morre o seu cuñado, Juan Fernández Latorre (véx.) pasou a presidi-lo consello de *La Voz de Galicia*, cargo que mantivo ata a súa morte no ano 1927.

En 1922 foi elixido presidente da Academia Provincial de Belas Artes, institución que dirixira seu irmán ata o momento da súa morte.

Foi elixido académico Numerario da Real Academia Galega, aínda que non chegou a le-lo discurso de ingreso.

Tamén foi presidente da Liga de Amigos da Coruña, institución que con enorme éxito colaborou no engrandecemento da cidade en tódalas ordes. Así como da Asociación da Prensa da Coruña.

Colaborou en cantas institucións benéficas se constituíron na cidade: Xunta de Protección da Infancia, Patronato das Escolas Gratuítas, Consello de Exploradores de España, Patronato Católico Obreiro, Sociedade do Apoio Mutuo, etc.

Cando morreu o 15 de febreiro de 1927, a cidade da Coruña sentiu a súa morte, porque con el íase unha das personalidades máis queridas e entrañables da cidade.

A súa economía nunca foi, xa o dixemos, privilexiada. Cando no ano 1921 tivo que face-lo expediente preceptivo para entrar no Senado consta que só tiña 75.000 pesetas, en débeda amortizable e outras 75.000 en obrigacións da Real Compañía Asturiana de Minas.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito da Coruña
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito da Coruña
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito da Coruña
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito da Coruña
Lexislatura 1921-1922	Deputado polo distrito da Coruña
Lexislatura 1923	Senador pola provincia da Coruña

**OZORES LOSADA, Javier (Conde de Priegue)**

A xenealoxía desta familia é moi reveladora das estratexias familiares de integración endogámica, xusto no momento en que o perigo de desintegración aristocrática pesaba sobre eles.

Juan Nepomuceno Ozores, conde de Priegue, que procede da casa dos Sotomaior e Sequeiros, tamén chamada de San Tomé, hoxe situada en Vigo, chegou á Coruña no ano 1832 para servi-los intereses do partido cristino-isabelino, representados en Galicia polo capitán xeneral conde de Cartagena, que se valeu do conde de Priegue e doutros para desarticula-lo absolutismo en Galicia. Por iso, primouno nomeándoo Procer do Reino entre 1834 e 1835. O conde de Priegue casa con Pastora Varela Santiso, dona das casas de Penela (Silvarredonda, Ponteceso) e de Anceis (Cambre, A Coruña).

O fillo Antonio Ozores Varela, conde de Priegue, casa con María del Pilar Losada Miranda, filla dos Condes de Maceda, Grande de España.

Fillo deste matrimonio foi F. Javier Ozores Losada, que casou con Jesusa Pedrosa Álvarez Becerra, dona das Torres de Celas (Culleredo, A Coruña) e da casa de Ponte, na cidade da Coruña.

Tantos matrimonios supuxeron un aumento considerable das rendas e propiedades, polo que foi un dos máximos contribuíntes da provincia da Coruña a Facenda.

Resultou elixido por vez primeira para o Congreso na lexislatura de 1867 a 1868, pola sección de Santiago. O 7 de xuño de 1867 solicitou do Congreso licencia para atender en Galicia asuntos familiares. Quizais iso explique que non formase parte de ningunha comisión, nin participara nunca nas sesións.

Pasado o vendaval revolucionario do Sexenio, retornou o conde de Priegue ó Congreso no ano 1879. Non falou nunca, e a penas participou en comisións. Dá a sensación de que o conde de Priegue non tomou grande interese na representación por Galicia.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1867-1868	Deputado pola sección de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña

**OZORES MOSQUERA, Jacobo****(Marqués de Aranda y de Guimarey, Sr. de Rubianes)**

Era sen dúbida un dos grandes aristócratas de España. Residía en Madrid pero dispoñía de inmensas propiedades na provincia de Pontevedra (Cuntis, Cotobade, Forcarei, Xeve, etc.) na provincia de Ourense (Allariz, Taboadela, etc.) e na provincia de Badaxoz, por herdanza da súa bisvoa Isabel Moscoso Chumacero.

Representou por vez primeira a Galicia na lexislatura de 1863 a 1864 polo distrito de Cambados. Proseguiu na lexislatura de 1864 a 1865 representando a sección de Pontevedra. No ano 1865 foi elixido senador por Pontevedra e no ano 1867 o rei nomeouno senador vitalicio tomando posesión o 11 de maio de 1867.

Foi bastante activo nas comisións. Na lexislatura de 1863 foi secretario das comisións de peticións e de ferrocarril de Santiago, e formou parte da comisión de retiros.

Retirouse da vida política durante o Sexenio, para regresar na lexislatura de 1876 na que resultou elixido senador pola provincia de Pontevedra, e no ano 1877 foi designado Senador vitalicio, cargo que ocupou ata a súa morte en 1901.

No Senado, e como senador vitalicio, foi case permanentemente secretario do Senado.

Na lexislatura de 1876 a 1877 en que representou a provincia de Pontevedra, demostrou, unha vez máis, o seu celo participando en diversas comisións: foi secretario da comisión de Gracias e Pensións, secretario da comisión da Biblioteca do Senado, da comisión de Fomento e da comisión de Ascensos na Armada.

Persoa de "fino trato y esmerada educación", militou sempre no partido conservador. Naceu en Santiago o 18 de outubro de 1830 e morreu o 20 de novembro de 1901.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Lexislatura 1867-1868	Senador pola provincia de Pontevedra (e despois vitalicio ata 1868)	
Lexislatura 1876-1877	Senador por Pontevedra Desde 1877, senador vitalicio	

### OZORES ROMERO, José Ramón

Señor de Rubianes, marqués de Aranda e de Guimarei, pertencía a alta aristocracia de España.

Representou nunha ocasión a provincia da Coruña no Senado, na lexislatura de 1838 a 1839 e posteriormente foi senador vitalicio nas lexislaturas de 1843 a 1844, de 1844 a 1845 e de 1845 a 1846.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1838-1839	Senador pola provincia da Coruña	
-----------------------	----------------------------------	--

### OZORES VALDERRAMA, Joaquín

Despois de confronta-la confusa información xenealóxica que nos ofrecen distintos autores todo parece indicar que o noso biografado era fillo de José Ozores Romero, señor de Rubianes, e de María Valderrama.

Estaba, por conseguinte, integrado nunha familia da alta aristocracia (os señores de Rubianes eran marqueses de Aranda e de Guimarei), nunha familia moi vencellada ó exército (o seu pai fora mariscal de Campo) e moi relacionada coa política liberal (o seu pai foi senador o mesmo que o seu irmán).

Tamén o noso biografado se integrou na milicia, chegando a mariscal de Campo en 1868, do Corpo de Enxeñeiros.

Compatibilizou a milicia cos servicios na Administración, no Ministerio de Guerra, onde xa estaba no ano 1857 como sétimo oficial do Ministerio e en 1864 era xa primeiro secretario.

Só foi deputado nunha ocasión: en 1853, polo distrito de Consolación. Nesta lexislatura foi nomeado segundo secretario das Cortes e en novembro do mesmo ano primeiro secretario. Quizais por iso, polo tempo destinado á secretaría, non consta que pertencera a ningunha comisión, nin que participase en ningún debate.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1853-1854. Deputado polo distrito de Consolación. Pontevedra.

## — P —



### PAIS LAPIDO, Pedro

Naceu este ilustre patricio na cidade de Santiago o 2 de setembro de 1841. Estudiu Dereito na universidade desta cidade e doutorouse, como era preceptivo facelo, na Universidade Central de Madrid cunha tese de doutoramento que chegou a publicar e que levaba por título: "*Razón filosófica de las circunstancias que eximen de la responsabilidad criminal*".

Foi profesor substituto e auxiliar de Dereito na universidade compostelá.

Fixo oposicións a letrado do corpo de Facenda, posto que chegou a ocupar. Cando se inaugurou a Escola de Artes e Oficios de Santiago, explicou gratuitamente Economía Política.



Foi director da Caixa de Aforros de Santiago e presidente do Comité Executivo da Exposición Rexional de Santiago do ano 1909, exposición que tivo un grande éxito en boa medida gracias á súa dirección. Os amigos e a cidade de Santiago honraron a súa memoria, erguendo un monumento dedicado a el na Ferradura.

Politicamente estivo sempre no movemento conservador. Non é certo, como din algunhas crónicas, que na súa xuventude militase no Partido Republicano. Nunha folha de propaganda titulada "Electores del distrito de Padrón" (22 de agosto de 1872), na que anunciaba que se retiraba da loita por un escano por este distrito, dicía claramente que o voto en favor dos conservadores era o único que podía "salvar las sociedades del cataclismo que la amenaza por efecto de absurdas predicaciones". Engadía que, de presentarse, o seu programa sería o seguinte: "Más administración y menos política".

Nas eleccións de 1884 apoiou en forma entusiasta o candidato conservador Marqués de Monasterio, que saíu derrotado por Botana. Finalmente arrimouse á sombra dos Gasset. De aí a súa presenza en Noia, que se acrecentou cando unha filla súa casou con José Varela de Limia, vizconde de San Alberto (título pontificio) e dono do pazo reconstruído de Pena Douro.

Obtivo a primeira representación por Noia para a lexislatura de 1886 a 1890, ó substituír a Luis Lamas Varela o 6 de febreiro de 1890.

Novamente representou a Noia na lexislatura de 1891 a 1893 e na de 1893 a 1896. Posteriormente tivo que deixarlle o distrito ós seus protectores, que situaron nel a Eduardo Gasset Chincilla.

Morreu en Barcelona o 8 de febreiro de 1917.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1886-1890	Deputado polo distrito de Noia (Xurou o cargo o 6 de febreiro de 1890)	A Coruña
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña

## PAN DE SORALUCE Y ESPAÑOL, José

Naceu na Coruña o 14 de maio de 1875. Estudiu Leis e no ano 1902 ingresou no corpo diplomático. Foi vicecónsul en París e posteriormente cónsul.

Con extraordinaria capacidade económica, formou parte de varias empresas e foi xerente da Sociedade Regular Colectiva de Mesa, Marchesi e Cía. da Coruña. Diversificou moi ben os seus investimentos entre a Sociedade Corporativa Eléctrica da Coruña, a Compañía Arrendataria de Tabacos, a Cooperativa Eléctrica Coruñesa, a Sociedade de Augas da Coruña, o Banco Hipotecario de Arxentina, Cédulas do Banco Hipotecario de España, o Banco de España na Coruña, débeda amortizable, etc. Era, xa que logo, un home de fortuna.

Non conta que fose tentado pola política ata o ano 1918, no que sorprendentemente se presentou polo distrito da Coruña e obtivo o escano. Foi a única vez que estivo no Congreso, ó que hai que engadi-la súa presenza no Senado na lexislatura de 1921.

Foi subsecretario de Economía Nacional no ano 1930, é dicir, pouco antes da Segunda República. Integrouse no franquismo e foi conselleiro do Ministerio de Industria e Comercio, xefe da Sección de Europa na Dirección de Industria e Comercio, e Xefe da Sección de Europa na Dirección Xeral de Política do Ministerio de Asuntos Exteriores, cargo que o obrigou a recorrer moitos países.

Morreu en Madrid o 19 de marzo de 1948.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1921-1922	Senador pola provincia da Coruña	



#### PARADELA SÁNCHEZ, Juan

É unha das personalidades que afloran no Sexenio, polo menos no que se refire á actividade política.

Naceu en Lugo no ano 1839, fillo de José Paradelo, que en 1848 ocupaba o posto número dezasete entre os contribuíntes da provincia de Lugo.

Estudou en Monforte o bacharelato e posteriormente Medicina e Cirurxía en Santiago. Rematou a licenciatura no ano 1863 e traballou como médico na cidade de Lugo. Foi membro da Xunta Provincial de Sanidade, da de Beneficencia e da de Agricultura e Comercio.

Ata 1868 non exerceu ningún posto político, pero consta que era persoa moi activa, dotada de enerxía e talento e de tendencia entre progresista e republicana.

Presentouse ás eleccións de 1869 pola sección de Lugo e obtivo o escano. No ano 1872 era alcalde primeiro da cidade de Lugo.

Como deputado a súa actuación foi nula. Non falou en ningunha ocasión e non chegou a formar parte de ningunha comisión. Unicamente consta que fixo algunhas exposicións ante as distintas comisións ou ante os ministerios.

Formou parte da maioría parlamentaria, é dicir, dos chamados demócratas monárquicos. Foi un dos deputados que apoiaron a candidatura de Espartero como Rei de España na proclama publicada en Madrid 30 de maio de 1870.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1869-1871	Deputado polo distrito de Lugo
-----------------------	--------------------------------

**PARAMES GARCÍA BARROS, José María**

Aparece este político cando estaba a punto de extinguirse o sistema político da Restauración. Representou o distrito de Muros en dúas lexislaturas.

Era avogado e estaba empregado no Ministerio de Fomento, aínda que con excedencia desde 1920.

Politicamente pertencía ó partido maurista.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1918-1920	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña

**PARDIÑAS Y VILLARDEFrancos, Ramón**

Fidalgo e militar por tódolos costados, naceu en Santiago no ano 1802. Súa nai era Ana María Taboada, filla do coronel Bernardo Taboada Núñez, e seu pai José Rafael Pardiñas Villardefrancos, señor da casa de Cereo Vello (Cereo, Carballo, A Coruña) e da casa de Corbelle (Santa María dos Anxos, Melide, A Coruña), oficial militar que morreu en Santiago en 1825 cando era tenente coronel do rexemento provincial de Compostela.



Ingresou Ramón Pardiñas no rexemento provincial de Santiago, onde obtivo o grao de subteniente en 1816. No Trienio Constitucional non dubidou en situarse co xeneral Morillo e, por conseguinte, contra os radicais Quiroga, Palarea, etc., o que significou que Pardiñas comezase a ser tido en consideración polos absolutistas. De aí que no ano 1826 pertencese ó corpo elitista da Garda Real e en 1828, con só 26 anos, ascendese a tenente coronel do rexemento provincial de Tui.

Á morte de Fernando VII, non dubidou sobre a posición que ía adoptar. Ofreceu a súa espada a dona Cristina e loitou contra os carlistas. No ano 1837 ascendeu a brigadier. As súas vitorias sobre Tallada (1837 e 1838) e sobre Basilio García de Béjar (1838) foron celebradas en toda España e mesmo no Congreso, o que lle proporcionou o ascenso a mariscal de campo en 1838.

Cando Pardiñas estaba na cima da celebridade tivo lugar o desastre de Maella (1 de outubro de 1838), no que o exército mandado por el sufriu unha grave derrota ante o exército do carlista Cabrera e no que morreu o propio Pardiñas. Parece ser que a morte do xefe afectou de tal maneira a súa división que practicamente desapareceu (máis de tres mil prisioneiros, mil cadáveres, etc., segundo os partes carlistas, sempre esaxerados nos seus cálculos). España enteira quedou conmovida pola morte do novo militar, un dos poucos xenerais isabelinos que morreu á fronte dos seus soldados. Rico y Amat di con acerto que era tanta a fama de Pardiñas en España que, de sobrevivir, sería un tremendo competidor tanto para Espartero como para Narváez, os que xa

superaba en popularidade.

Morreu sen sucesión, de xeito que o seu patrimonio e os seus títulos foron herdados pola súa irmá María Asunción, que casou con Agustín Sanjurjo Montenegro, señor das casas de Andeiro, Macenda, Cutián, Serantes e Carrabete. O seu fillo Ramón Agustín Montenegro Pardiñas Villardefrancos foi o primeiro marqués de Casa Pardiñas, título concedido no ano 1890.

O noso biografado dera mostras abondas do seu interese pola política. En 1834 fora elixido procurador pola provincia da Coruña. Foi elixido por segunda vez pola provincia de Pontevedra no ano 1837. A súa necesaria participación na guerra carlista impediulle ter unha presenza máis constante nos debates. Por exemplo, a comezos de 1838 estaba nas Cortes, pero o día 22 de xaneiro o ministro de Guerra púxoo ó mando dunha división para perseguir os carlistas. Pardiñas houbo de deixalas Cortes no mes de marzo. Agardábano a morte e máis gloria.

No xornal *El Alba* (núm. 2, 1938, pp. 2-3), o poeta e crítico galego Juan Bautista Alonso publicaba unha poesía "a la memoria del valiente general don Ramón Pardiñas", na que se lía:

"Tumba que engendra rosas liberales  
no es sepulcro de muerte por ventura,  
el genio de los genios inmortales  
allí al orbe una patria le asegura".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1834-1836	Deputado pola provincia da Coruña
Legislatura 1837-1838	Deputado pola provincia de Pontevedra



#### PARDO BAZÁN, José

Naceu o pai de Emilia Pardo Bazán na cidade da Coruña no ano 1827. Era fillo de Miguel Pardo Bazán (véx.) e de Joaquina Mosquera Ribera.

Fillo único, acumulou as rendas e títulos do pai e da nai, tales como os correspondentes a Torre de Cela, a Cañas (Abegondo), ó couto de Cobios, a Ciobre, Belote, Resancos, Torre de Miraflores, Torre Cores, ó couto de Vigo, ó palacio de Bentraces, Bestulfe, Pías, Cantuña, Tasende, Feixoeiras, etc.

Estudou na Universidade de Santiago e licenciouse en Leis no ano 1850.

Colaborou en diversos xornais e, xunto con Vázquez de Parga e outros membros daquela xeración universitaria, fundou en 1850 a *Revista de Galicia*, que levaba o subtítulo de "xornal de intereses materiais, morais e intelectuais" que pretendía ser unha



fiestra aberta á modernidade económica.

Preocupado fondamente polo tema da propiedade rural galega, publicou diversos traballos na devandita revista. Nun primeiro momento Pardo Bazán era favorable a unha solución social do problema foral; é dicir, nos artigos publicados no ano 1850 defendía a redención foral, que era a solución máis favorable para os foreiros. Sen embargo, cando tivo lugar en 1864 o Congreso Agrícola en Santiago, centrado fundamentalmente no futuro do sistema foral, xa mudara a opinión e apareceu como partidario dunha consolidación do dominio en mans dos propietarios do directo. Non sería temerario pensar que naquel momento, no que xa levaba persoalmente as rendas da súa economía familiar, se decatase dos prexuízos enormes que para tal economía significaría unha solución redencionista do foro.

Ata 1856 Pardo Bazán apareceu adscrito ó Partido Progresista. Como tal, foi elixido alcalde da cidade da Coruña en 1854. Neste mesmo ano foi elixido deputado pola provincia da Coruña.

Na sesión do 28 de marzo de 1856 cando se discutiu a aprobación dun imposto para cubri-lo déficit de 142 millóns, manifestouse así: "Si yo fuese representante de alguna de las provincias ricas con que cuenta España, si no lo fuera por una de las desdichadas provincias de Galicia, acaso suscribiría ese voto, si veía que el partido progresista estaba en ello interesado; pero no es posible que lo suscriba un diputado por Galicia, por ese país que está sufriendo el hambre, la peste y la emigración en masa de sus hijos, que se está convirtiendo en la Irlanda de España y que se convertirá en la Siberia dentro de pocos años si no se pone un remedio enérgico".

Coa caída do Bienio, Pardo Bazán decidiu reiterarse momentaneamente da vida política máis activa. Non quixo facerse unionista nin moderado. Agardou, e cando chegaron os acontecementos de 1868, a verdade é que tampouco colaborou en absoluto no derrocamento da monarquía.

No ano 1869 conseguiu un escano pola sección da Coruña. Nas Cortes non se someteu a ningunha disciplina, pero pode perfectamente advertirse o xiro que experimentou a súa ideoloxía. Pardo Bazán estaba moi preocupado polo proceso ó que a Revolución sometía a España e estaba convencido da necesidade de frear ese proceso.

Nas Cortes non formou parte de ningunha comisión e só falou un par de ocasións. A primeira foi para acusar a Romero Ortiz, ministro de Gracia e Xustiza, de utilizarlos xuíces como instrumentos para controlar as eleccións (sesión do 3 de abril de 1869). Tampouco tivo problema en asinar unha emenda que presentaran Manterola e outros deputados galegos, como Barreiro, considerados carlistas (co que a súa sinatura significaba de integrista nese momento), a prol de que se lles permitise ás ordes relixiosas abri-los noviciados e recibir hábitos. En defensa da súa emenda, no que constituíu a súa segunda intervención, na sesión do 15 de xuño de 1869, manifestou que o liberalismo non era oposto á unidade católica, de maneira que se podía ser liberal e non defende-la liberdade de cultos.

Non volveu falar nas Cortes. Como orador carecía de voz e de vehemencia pero era claro e profundo nas súas ideas.

Casara na Coruña no ano 1850 con Amalia de la Rúa-Figueroa e Somoza. Foi a súa filla Emilia Pardo Bazán.

As necesidades económicas do Vaticano e o cariz marcadamente conservador de Pardo Bazán explican a obtención do título de conde de Pardo Bazán, concedido polo Vaticano no ano 1871, recoñecido en 1872 por Arnadeo de Savoia e definitivamente aceptado pola monarquía española en 1908, gracias ás xestións da célebre escritora.

O noso protagonista morreu na Coruña no ano 1894.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Coruña	
Lexislatura 1869-1871	Deputado pola sección de Coruña	A Coruña



#### PARDO BAZÁN, Miguel

Naceu en Cambados o 5 de agosto de 1784 porque alí residía a súa nai, Luísa Bazán, filla do señor da Torre de Cores, que casou con Juan Pardo e Pardo de Cela.

Estudou na Universidade de Santiago, onde foi colexial de Fonseca. Formou parte do Batallón Literario durante a Guerra de Independencia e rematou a guerra como tenente coronel.

Casou no ano 1821 con Joaquina Mosquera y Ribera, da casa de Baldomir (Guisamo, Bergondo, A Coruña), filla de Gonzalo Mosquera, propietario dunha importante facenda na Coruña, que tivo durante os anos do primeiro liberalismo unha destacada actuación na historia de Galicia, xa que foi presidente da primeira Xunta de Censura creada en 1810. O matrimonio non tivo máis ca un fillo, José Pardo Bazán, do que falamos noutra ficha biográfica.

De afiliación claramente liberal, Miguel Pardo Bazán formou parte no Trienio da Deputación Provincial e da Sociedade Patriótica constituída na Coruña. Así mesmo, e con motivo do motín producido na cidade da Coruña no mes de novembro de 1821 polo cesamento de Mina como capitán xeneral de Galicia, tivo unha destacada actuación, pois foi un dos que asinaron unha denuncia contra o Goberno, acusándoo de limitar a liberdade de prensa, de confinarlo xeneral Riego e perseguilo Empecinado, de separar a Puente da xefatura política de Galicia para poñer no seu lugar a Latre, de deixar sen castigo o xeneral Elío e finalmente de ameazar a Mina.

Resultou elixido, por vez primeira, no ano 1834, pero pasou a maior parte do tempo fóra de Madrid. O xornal madrileño *El Mensajero de las Cortes* informaba o 1 de setembro de 1834 que Pardo Bazán tiña licencia das Cortes para estar na súa casa por mor

dunha enfermidade que lle afectaba dúas veces ó ano, pero un correspondente do xornal na Coruña dicía que "aparece en público a todas horas del día, sin que se note en su robustez y muy buena salud la más mínima alteración".

Cos anos o seu liberalismo non se foi moderando porque, mentres que os compañeiros traballaban nas Cortes, el na Coruña asinaba circulares e proclamas moi radicais, como a do 27 de abril de 1835, na que solicitaban da Raíña unha nova lei electoral, a supresión das ordes relixiosas e a nacionalización dos bens eclesiásticos, etc.

Resultou novamente elixido nas primeiras eleccións do ano 1836, pero non chegou a tomar posesión do escano.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1834-1836	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1836 (1ª)	Deputado pola provincia de Pontevedra

### PARDO BELMONTE, Pegerto

Procedía do pazo e torre de Balmonte (Castro de Rei, Lugo), aínda que viviu a maior parte da súa vida en Lugo. Estudiu Dereito, pero presumía de que nunca exercera como avogado. Importante propietario, titular no ano 1901 dun depósito de 187.500 pesetas en títulos da débeda, non precisou exercer-la súa profesión para vivir comodamente.



Obtivo a súa primeira representación no Congreso nas eleccións de 1881, en representación do distrito da Fonsagrada, distrito que quedara baleiro de enfeudamentos desde a morte de Augusto Ulloa (véx.). Representou este distrito en cinco lexislaturas, para pasar a representar ininterrompidamente no Senado a provincia de Lugo desde 1899 ata 1923.

Nas eleccións de 1891 Pardo resultou elixido pola Fonsagrada, pero por sentenza do Tribunal Supremo do 16 de marzo de 1892 foi anulada a acta, o que explica que nese ano saíse deputado Maximiliano Linares Rivas (véx.).

Foi un parlamentario activo, tanto no Congreso coma no Senado. Procuraba estar nas comisións que levaban asuntos de construción ou amaños de estradas. Así, na lexislatura de 1899 a 1900, foi secretario no Senado das comisións que trataron das estradas de Betanzos-Fontán-Hervés, Guitiriz-As Figueiras, Ponte Mixaboi-estación de Parga, Santiago-Ourense-Rodiño, Vilalva-Vilarfernando. Na lexislatura de 1905 a 1907 foi secretario dunha comisión encargada de procurar bronce para erguer unha estatua na Coruña a Aureliano Linares Rivas, formou parte da comisión que tratou da estrada Ribadeo-Viveiro e foi presidente da comisión sobre a permuta de edificios entre o Concello da Coruña e o Ministerio da Guerra. Na lexislatura de 1910 a 1911 foi membro da comisión que informou sobre a declaración das murallas de Lugo como monumento nacional, presidente das comisións que trataron das estradas Vilacastín-Vigo-

Cazurra e Vilacastín-Vigo-Fuente Seco-Zamora, secretario da comisión que estudiou a declaración como monumento nacional do ex mosteiro de Oseira e da que tratou da estrada A Fonsagrada-Vega de Ribadeo-Pontenova.

Por esta sinxela relación pode observarse a actividade de Pardo e a súa preocupación por favorecer os intereses de Galicia e máis especificamente da provincia de Lugo.

Os cronistas do momento salientan del o seu trato "caballeroso y afectivo".

Tamén no Congreso fixo oír a súa voz algunha vez para denuncia-lo atraso económico de Galicia e o elevado dos impostos. Nas sesións do 14 de decembro de 1881 e do 16 de xuño de 1882, lamentouse do imposto de consumos que gravaba arbitrariamente. Así, dixo que na Fonsagrada "no se consume trigo ni pescado de mar", a pesar do cal tiñan que pagar os impostos sobre estes produtos.

Aínda que foi membro do Partido Liberal, entendíase moi ben co conde de Pallares, líder dos conservadores lucenses.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1886-1890	Deputado polo distrito de Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1890-1893	Deputado polo distrito de Fonsagrada (Anulada a acta en 1892, deixou de ser deputado)	Lugo
Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito de Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1899-1900	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1901-1902	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1903-1904	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1905-1907	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1907-1908	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1910-1911	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1914-1915	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1916-1917	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1918-1919	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1919-1920	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1921-1922	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1923	Senador pola provincia de Lugo	

#### PARDO MONTENEGRO, Eduardo

Era fillo de Ramón Pardo Montenegro; en 1874 herdou o pai a casa pazo de Terrafeita (Santa María de Trasparga, Lugo), xunto con outros dereitos e propiedades.

Presentouse ás eleccións de 1881 por Ribadeo, no bando dos liberais. Obtivo o escano co apoio de Cándido Martínez, deputado enfeudado en Mondoñedo. Nas Cortes presentou unha proposición de lei, firmada tamén por Cándido Martínez, para que o porto de Ribadeo fose declarado de segunda categoría. Esta proposta chegou a ser aprobada no ano 1882, o que motivou festexos en Ribadeo, que moi pronto serían apagados pola morte inesperada de Pardo Montenegro no mesmo ano 1882. A súa morte



produciu consternación en Ribadeo e levou aparelada a declaración de loito oficial.

Mentres estivo nas Cortes, Pardo Montenegro foi un deputado activo. Formou parte da comisión que trataba a mensaxe á Coroa, da comisión que levaba os portos de segunda clase, así como da que estudiou o ferrocarril Santiago-Ponferrada.

Morreu o 20 de maio de 1882, como queda dito, e foi substituído nunhas eleccións parciais por Ángel Monares.

A pesar do escaso tempo durante o cal puido exercer-la representación do distrito de Ribadeo, deixou un grato recordo na memoria desta vila.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
	(Só ata maio de 1882)	

### PARDO MONTENEGRO, José María

Naceu en San Xurxo de Rioaveso (Vilalba) o 1 de marzo de 1824. Estudiu no seminario de Mondoñedo Humanidades e Filosofía, e abandonou o centro cando cursaba primeiro de Teoloxía. No ano 1843 marchou á Habana, onde ingresou na Administración como oficial de Aduanas. Posteriormente pasou como auxiliar ó Tribunal de Contas da Habana e foi ascendendo ata chegar a contador de primeira clase.



Retornou a España no ano 1864 por razóns de saúde, e en 1865 ingresou como funcionario no Ministerio de Gobernación.

Tanto na Habana como posteriormente en Madrid foi cursando a carreira de Dereito, que rematou na Universidade Central en 1868.

Cesou durante o Sexenio e retirouse a Galicia, onde permaneceu ata a Restauración.

No ano 1875 foi elixido deputado provincial na Deputación de Lugo e finalmente en 1879 resultou elixido deputado polo distrito de Lugo. Non volveu a saír deputado.

Non foi moi glorioso o seu paso polo Congreso. Nunca falou e só consta que presentou unha solicitude para a construción da ponte dos Peares.

Formou parte das comisións de resposta ó discurso da Coroa e da comisión para a construción do ferrocarril Betanzos-Ferrol.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Lugo
-----------------------	--------------------------------

**PARDO MONTENEGRO MENÉNDEZ, José María**

Son escasas as informacións persoais que temos deste deputado. Era fillo de José María Pardo Montenegro, oficial do Exército, que no ano 1863 era brigadier, e de Melchora Menéndez Valledor.

Estudou Leis na Universidade de Santiago e obtivo o doutoramento o 29 de setembro de 1822.

Ingresou na carreira xudicial e conseguiu moi cedo importantes ascensos. Consta que no ano 1838 era maxistrado na Audiencia da Coruña, en 1857 era xa maxistrado da Primeira Sala da Audiencia de Madrid. Tamén aparece como maxistrado honorario do Tribunal Supremo de Guerra e Mariña. No ano 1861 era presidente da Sala Primeira da Audiencia de Madrid.

Foi elixido, por vez primeira, deputado pola provincia de Lugo para a lexislatura de 1837 a 1838. Como deputado non pronunciou grandes discursos, nin apareceu nos debates importantes. Na lexislatura de 1844 a 1846 non aparece formando parte de ningunha comisión e só interveu nunha ocasión, na sesión do 27 de febreiro de 1846, para denunciar que o maior despoxo que fixera a Revolución (así cualificaban os ultraconservadores o precedente período liberal) foi a nacionalización dos bens das monxas, "vírgenes consagradas al Señor", e dos dereitos que os leigos tiñan sobre as rendas dos décimos.

Tampouco na lexislatura de 1850 falou nin consta que participase en ningunha comisión. Si participa nas lexislaturas de 1853 a 1857 e de 1863 a 1865.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1837-1839	Deputado pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Vilalba	Lugo
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Vilalba	Lugo
Lexislatura 1858-1863	Deputado polo distrito de Vilalba	Lugo
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Vilalba	Lugo

**PARDO OCAMPO, Roberto**

Representou a Celanova na lexislatura de 1920 a 1923. Novamente foi elixido en 1923, pero nesta ocasión foi anulada a acta.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense
-----------------------	------------------------------------	---------

**PARDO OSORIO, Joaquín**

Irmán de Ramón Pardo Osorio, era fillo de Mariano Pardo Ribadeneira, señor do pazo de Casaldereito (Cenlle, Ribadavia, Ourense), e de Joaquina Osorio Galos.

Optou pola carreira da milicia. Loitou xa na Guerra de Independencia, como cadete, contra os franceses, no posto de axudante de campo do xeneral Francisco Cabrera.

Só foi elixido deputado por Galicia nunha lexislatura, a de 1841 a 1842, sen que destacase no Congreso.


**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1841-1842	Deputado pola provincia de Ourense
-----------------------	------------------------------------

**PARDO OSORIO, Ramón**

Debeu nacer no pazo de Casaldereito (Cenlle, Ribadavia, Ourense), fillo de Mariano Pardo Ribadeneira e de Joaquina Osorio Galos.

Estudou Dereito e fixo a carreira xudicial. Consta que en 1836 traballaba como avogado na cidade da Coruña. Oidor da Audiencia de Galicia, no ano 1842 era maxistrado da Audiencia Territorial de Burgos e en 1860 era presidente da Sala da Audiencia de Zaragoza.



Progresista exaltado, sabemos que no ano 1856, sendo deputado no Congreso, pretendeu resistir con Bertemalí e Pereira, tamén deputados, contra as forzas militares que foran desaloxa-lo Congreso, mentres a milicia nacional seguía impedindo fóra que o Bienio rematase coa toma do Congreso.

Foi elixido deputado pola provincia de Ourense en dúas lexislaturas: a de 1836 a 1837, na que a penas participou, xa que durante bastante tempo estivo con licencia fóra do Parlamento, e no Bienio Progresista, período no que ocorreu algo semellante.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1836-1837	Deputado pola provincia de Ourense
Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Ourense

**PARDO PARDO, Isauro (Marqués de Leis)**

Morta Josefa Gago de Tabares Pimentel, casada con Antonio Montenegro de Puga (véx.), sen descendencia, o Marquesado de Leis pasou a Isauro Pardo, que naceu o 4 de xullo de 1873 en Anafeita (Friol, Lugo). Era fillo do avogado Francisco Pardo Rozas, propietario, natural de Oourol (Guntín, Lugo) e de Gertrudis Pardo Villar, natural de Negradas (Trasparga, Lugo).

Isauro casou o 30 de agosto de 1903 con María de la O Castro y Garcés, titular do Marquesado de Marcilla e natural de Madrid, pero veciña da cidade de Ourense. A súa dona era filla de Javier Castro Ponte, da Coruña, e de Rosa Garcés de Marcilla, natural de Valencia e veciña de Ourense.

Isauro dispoñía dunha importante fortuna situada en bens inmobles en Galicia, Madrid e Valencia, estes últimos achegados pola súa muller. Consta que unha granxa da súa propiedade estaba valorada no ano 1921 en 650.000 pesetas.

Tardou en implicarse na política. En 1915 era deputado provincial en Ourense, cidade na que residía.

Só foi senador nunha ocasión, na lexislatura de 1921 a 1922, en representación da provincia de Ourense. Foi secretario da Comisión de Gracias.

Notario de profesión, exerceu en Ourense.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1921-1922      Senador pola provincia de Ourense

### PARDO PATIÑO, Francisco

Estudou Filosofía, Leis e Canons en Santiago, como colexial de San Clemente. Concluídos os estudos, quedou vinculado en 1788 á Facultade de Leis como profesor substituto da cátedra, da que era titular Francisco del Valle Inclán. No ano 1789 foi nomeado polo Claustro profesor presidente da Academia de Dereito. Por R. Resolución do 20 de setembro de 1791 foi nomeado catedrático de Disciplina Eclesiástica e no ano 1804 ascendeu á cátedra de Concilios, a máis importante en prestixio e soldo da Facultade de Canons.

Home universitario, desempeñou diversos encargos feitos polo Claustro con satisfacción do mesmo. En 1803 era rexidor do concello de Santiago.

Os acontecementos provocados pola Guerra da Independencia afectaron tamén a súa vida. No ano 1810 foi designado vocal secretario da Xunta de Santiago e, ó pouco tempo, foi elixido para representa-la provincia de Santiago en Cádiz.

O 18 de setembro de 1810 presentou nas Cortes os seus poderes, que foron aprobados. Na votación do artigo 1º da Lei de Prensa, que tivo lugar o 19 de outubro de 1810, votou cos absolutistas, é dicir, opúxose ó proxecto de lei de liberdade. O 22 de novembro de 1810 formou parte da comisión encargada de redactar un novo plan provincial de estudos para as universidades.

Debia estar enfermo porque o 12 de xuño de 1811 obtivo licencia das Cortes para retornar a Galicia durante catro meses. O 3 de outubro de 1811, en vésperas de embarcarse novamente para Cádiz, solicitou do Claustro da universidade que designasen substituto para a súa cátedra, o que non foi preciso polo feito de que non tiña alumnos



matriculados, a causa dos acontecementos da guerra.

Malia a súa intención de retornar a Cádiz, a enfermidade impediulle de novo realiza-la viaxe, porque o 10 de febreiro de 1812 escribe ó Congreso desde Santiago comunicando que non pode reincorporarse. De feito, non aparece firmando a Constitución de 1812 nin a derradeira acta das Cortes.

As Cortes recibiron a noticia da súa morte, ocorrida en Santiago, no ano 1813.

Pouco antes de morrer, Pardo logrou que o Consello de Rexencia estendese no seu favor unha resolución pola que se obrigaba a universidade a manterlle o soldo íntegro, algo ó que en principio se negaba a universidade xa que, de acordo coas constitucións, os ausentes só percibían o 50% do soldo, de tal maneira que o resto se destinaba ó pago do profesor suplente. O Consello da Rexencia interpretou que as constitucións non podían prever unha situación como esta de ausencia para poder estar presente nas Cortes, polo que tiña dereito ó soldo íntegro.

Foi laborioso como deputado. Ideoloxicamente militou no absolutismo, pero a enfermidade que o minaba impediulle prestar mellores servizos.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1810-1813      Deputado pola provincia de Santiago

### PARDO VILARIÑO, Pedro María

Pardo Vilariño era no ano 1853 alcalde de Lalín. Apoiado polo seu cunhado José Ulloa Pimentel, gobernador de Pontevedra, e polo comisario de Montes Roffignac, presentouse como candidato a deputado polo distrito de Cambados nas eleccións de 1853. Sen embargo, e aínda que obtivo o escano, foi denunciado porque se presentara ás eleccións estando procesado polo fiscal García Centeno a causa dos fraudes que cometera nas anteriores eleccións realizadas no distrito de Prado.

A pesar de que normalmente estas denuncias eran rexeitadas nas Cortes, neste caso, na sesión do 30 de marzo de 1853, a Asemblea votou a favor da anulación das eleccións de Cambados. De pouco valeu que o defendese o deputado Pedro Sanjurjo, como membro da Comisión de Actas.

A declaración de nulidade da acta non serviu para que fose nomeado o seu contrincante, José Buceta Ramírez. As Cortes decidiron que tivesen lugar unhas novas eleccións, nas que resultou elixido Cándido Nocedal.

Por conseguinte, Pardo non chegou a ser deputado nas Cortes, aínda que seguiu exercendo moito poder no distrito de Prado, que chegou incluso a representar na Deputación Provincial en 1864.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1853-1854      Deputado polo distrito de Cambados      Pontevedra  
(Anulada a acta)

---

**PARGA PUGA, Antonio María de**

Naceu o 14 de xuño de 1780 no pazo de Santo Tomé de Vilacoba (Abegondo, Betanzos, A Coruña), fillo de Antonio de Parga e de Josefa Francisca Antonia de Puga, natural de Mondoñedo. Foi, por conseguinte, irmán de Jacobo María de Parga y Puga, conselleiro de Indias, conselleiro de Estado e do Consello de Facenda e presidente da Xunta de Fomento da Riqueza do Reino, figura recentemente estudada polo profesor Meixide Pardo. Tamén foi prócer do Reino e senador por designación real, non por elección, o que explica que non lle abramos ficha.

O noso protagonista ingresou no ano 1797 na Compañía de Gardamariñas de Ferrol, onde resultou "agraciado", é dicir, aprobado pero sen praza. A praza conseguíuna en 1799.

Despois de prestar varios servicios na Armada retirouse por razóns de saúde no ano 1807, xa como alférez de fragata.

Cando participaba na guerra contra os franceses, foi elixido deputado para as primeiras Cortes de España no ano 1810, en representación da provincia de Santiago.

O 18 de setembro de 1810 as Cortes aprobaron os seus poderes, o que significaba que podía incorporarse como deputado da nación.

Non consta que fose un deputado traballador nas Cortes. O 14 de outubro de 1810, cando se discutiu o proxecto de lei sobre a liberdade de prensa en España, discusión que marcou a fronteira entre os deputados liberais e os absolutistas, votou a favor da liberdade de prensa. Debeu retornar a Galicia por razóns de saúde. O 4 de xaneiro de 1813 deuse conta nas Cortes dunha carta súa escrita desde Galicia na que solicitaba prórroga da licencia para permanecer aquí por razóns de saúde.

Con anterioridade, por R. O. do 19 de febreiro de 1808, fora nomeado depositario de Rendas Reais da cidade de Betanzos. Debeu especializarse neste tipo de dedicación, porque o 30 de maio de 1813, de novo en Cádiz, foi nomeado tesoureiro do Exército da praza de Ceuta, cargo que ocupou ata 1815. Posteriormente foi nomeado tesoureiro do Exército do Reino de Galicia. Por este motivo residiu na Coruña ata 1825. Pouco antes de morrer foi nomeado interventor xeral do Reino de Galicia.

Morreu en Santiago o 25 de outubro de 1825.

Desde 1808 era membro da Orde Militar de Santiago e no ano 1816 recibiu a Real Orde de Carlos III.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

---

Lexislatura 1810-1813      Deputado pola provincia de Santiago nas Cortes de Cádiz.

---

**PARRA AGUILAR, Escolástico de la**

Sen relación ningunha con Galicia, representounos en dúas ocasións, tanto no Congreso coma no Senado.

Naceu en Orcera (Segura de la Sierra, provincia de Xaén) o 10 de febreiro de 1876. Era fillo de José de la Parra e de Vicenta de Aguilar, tamén de Orcera e ricos propietarios. Polo menos un irmán, Jenaro de la Parra Aguilar, foi tamén senador e deputado por Villacarrillo (Xaén).

Cando tivo que xustifica-la súa economía na secretaría do Senado, fixo constar que tiña unha propiedade herdada en Segura de la Sierra, "El Batán", de 250 fanegas, con casa-cortixo con 8.316 olivos.

Iniciou a súa vida política no partido da Unión Liberal. Foi gobernador civil de Xaén e posteriormente entrou como funcionario nun ministerio.

Obtivo a súa primeira representación polo distrito de Elche de la Sierra (Albacete) para a lexislatura de 1864. Representou despois o distrito de Villacarrillo, Xaén, en dúas ocasións, é dicir, nas dúas lexislaturas de 1872 e de 1872 a 1873.

Coa Restauración recuperou novamente un escano, nesta ocasión por Ponteareas (1876-1879). Concluída esta lexislatura, representou a Ourense no Senado e no ano 1881 foi nomeado senador vitalicio.

Deputado e senador moi laborioso, en representación de Ponteareas formou parte das Comisións de Foros, Contas e Protección Cívica. Cando se discutiron as actas, atacou duramente o deputado galego por Monforte, Rodríguez de Castro (véx.). Pronunciou interesantes discursos con ocasión do debate sobre a lei municipal (sesións do 10 e do 15 de novembro de 1876), discursos nos que demostrou a súa gran competencia. En troques, no Senado parece que tivo menos disposición para pronunciar discursos importantes, aínda que traballou en diferentes comisións. No ano 1876 foi nomeado conselleiro de Estado.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1876-1879	Deputado por Ponteareas Pontevedra
Lexislatura 1879-1880	Senador pola provincia de Ourense

**PASARÓN LASTRA, Manuel**

Naceu en Castropol (Asturias), fillo de Benito Pasarón Lastra, administrador de rendas de Ribadeo. Procedía dunha vella familia de escribáns de Castropol.

Eran seis irmáns, e todos destacaron en diferentes actividades: Ángel foi canonista; Ramón, sen dúbida o máis relevante da familia, foi xuíz, maxistrado, político, economista e intendente en Cuba; Antonio foi militar e rematou a súa carreira como mariscal de campo; Ubaldo foi tamén militar, pero sobre todo escritor, e deixou á súa morte,

acaecida cando tiña trinta e cinco anos, unha longa e importante obra; Dolores foi pianista e cantante.


Manuel Pasarón estudou Dereito en Santiago, por onde se graduou como licenciado. Traballou como avogado e posteriormente ingresou na carreira xudicial. No ano 1853 era xuíz de Ordes e ós poucos meses aparece como secretario da Audiencia da Coruña.

Só foi deputado nunha lexislatura, a do Bienio Progresista, e o mesmo có seu irmán Ramón, tamén representou a provincia de Lugo. Nas Cortes non destacou.

Colaborou esporadicamente na prensa con artigos de tipo económico e social. En *La Iberia*, xornal progresista, publicou algúns artigos sobre as clases pasivas (5 de xuño de 1865)

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1854-1856 Deputado pola provincia de Lugo



#### PASARÓN LASTRA, Ramón

**N**aceu en Castropol (Asturias) no ano 1808. Era fillo de Benito Pasarón Lastra, administrador de rendas de Ribadeo (en 1824).

Estudou Leis en Santiago, por onde se graduou como licenciado en 1830.

O seu liberalismo causoulle algúns problemas cos realistas, que o denunciaron.

Dedicado á carreira xudicial, foi xuíz de Viveiro en 1838 e no ano 1841 xuíz de primeira instancia en Ferrol. Foi proposto varias veces como deputado pola provincia de Guadalaxara, en agradecemento á súa política de persecución das partidas carlistas. No ano 1842 era xa maxistrado da Audiencia de Valladolid e en 1843 ministro da Audiencia de Pamplona.

Sendo deputado no Bienio Progresista, foi nomeado intendente xeral de Cuba, polo que renunciou ó escano. Á súa volta publicou en Madrid a obra *La Isla de Cuba considerada economicamente* (Madrid, 1858).

Politicamente sempre estivo cos progresistas. No ano 1853 formou parte do Comité Progresista Nacional, polo que asinou varios manifestos.

Colaborou asiduamente na prensa, mostrando bos coñecementos en materia económica e bancaria. En 1853 a grave crise económica que experimentou Galicia xerou un fenómeno singular: a toma de conciencia da intelectualidade galega respecto do país. Esta toma de conciencia manifestouse de diversas maneiras: así, organizáronse



colectas, como fixo Trelles Noguerol, denunciáronse as causas do atraso galego (Castro Bolaño) e proxectouse cara ó futuro a renovación tecnolóxica do agro galego. Ramón Pasarón Lastra (a súa obra non debe confundirse coa dos outros irmáns tamén escritores) publicou dous traballos: *Informe sobre el estado en que halló a los colonos pobres de Galicia el hambre que los affligió durante el año 1853* (Madrid, 1853) e *Proyecto de Bancos Agrícolas para las provincias de Galicia y Asturias* (1853).

Representou a Galicia en tres lexislaturas, sen que destacase como deputado. Elixido no ano 1854 pola provincia de Lugo, gracias ós votos de Ribadeo, tivo que renunciar ó escano o 14 de maio de 1855, cando foi nomeado intendente de Cuba.

Foi vicepresidente do Congreso nunha ocasión.

Xa afastado de Galicia pola súa profesión de maxistrado, representou o distrito de Pastrana en Guadalaxara nas lexislaturas de 1871 a 1872 e na de 1873.

Morreu en Madrid no ano 1878.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Lugo	

### PATÍÑO, Joaquín María

Foi un intelectual que viviu intensamente a transición do Antigo Réxime á sociedade liberal. Na medida das súas posibilidades axudou a consolidar a nova cultura liberal e, como pioneiro, recibiu por iso aplausos e condenas. Quizais o seu nome quedará para a posteridade só pola exemplaridade do seu compromiso liberal, xa que a súa obra intelectual foi máis ben escasa.

Naceu na vila da Pobra do Deán (A Coruña) no ano 1775, no seo dunha familia na que a clerecía era o instrumento máis común de ascenso social. Un tío seu era cónego do Cabido de Santiago.

Estudou Filosofía e Teoloxía na universidade compostelá e, rematados os estudos co doutoramento nas dúas facultades, permaneceu na universidade prestando servizos como profesor e iniciando a carreira universitaria con suplencias, cátedras de substitución, etc.

Aínda despois de ordenado sacerdote, seguiu vestindo coma un leigo, sempre de levita, frac ou capotón, sen levar exteriormente ningún signo ou distintivo clerical. Parece ser incluso que non celebraba misa.

Colaborou coa Sociedade Económica de Amigos do País. Foi nomeado bibliotecario da Universidade de Santiago, o que lle proporcionou moitas horas libres e a posibilidade de presta-los salóns da biblioteca ós seus amigos para realizaren alí reunións.

Eran eses amigos os profesores máis inquedos, lúcidos e vangardistas da nosa universidade.

Antes de 1808 o rector xa advertira á Inquisición e ó Goberno destas reunións, para el máis que sospeitosas, nas que, segundo el, se adoptaban medidas para o goberno da universidade. É dicir, o rector viu neles un grupo de presión que pretendía influír na marcha da universidade.

A partir de 1808 a situación cambiou radicalmente, xa que o grupo se manifestou plenamente como unha poderosa base ideolóxica. Eran todos liberais que levaban tempo meditando sobre os destinos políticos de España e de Galicia. O que sucede é que a presenza dos franceses dividiu o grupo. Uns fixéronse afrancesados (Bazán de Mendoza, González Varela, Fraguío, Vega, etc.) e outros antiafrancesados e nidiamente liberais (Patiño, Camiña, Rodríguez, etc.).

Patiño colaborou na prensa a prol do liberalismo e prestou grandes servizos á cultura e á universidade. Así, cando se suprimiu a Inquisición, catalogou os miles de libros gardados na súa sede e conseguiu levalos á universidade, aínda que posteriormente o Consello de Rexencia os devolveu ó arcebispo, facilitando desta forma a súa destrución posterior.

Naqueles anos a Universidade de Santiago, tachada de afrancesada, estivo a piques de ser suprimida pola Rexencia, o que provocou a intervención de Patiño, que se desprazou a Cádiz e premeu os liberais para que non sucedese tal barbaridade.

Pero todo isto tivo o seu prezo. No ano 1814 foi suspendido e abríuselle un proceso. Acumuláronse acusacións contra el polos principios que ensinaba nas súas clases, por frases despectivas que anunciaban o seu republicanismo, como cando comentou que o mellor rei non era máis ca un pícaro, pola secularización da súa conducta, pola súa pertenza ó club *La Esperanza* da Coruña, etc.

Nos primeiros momentos da persecución ós liberais en 1814, Patiño fuxiu de Santiago e refuxiouse na aldea de Cardama (Oroso, A Coruña), onde o tiña escondido o cura Mariano Espiñeira. Logo escondeuse na parroquia de Bastabales, na que o tivo o crego Vázquez Aguiar ata que cesou o clima de persecución.

Os liberais premiárono co nomeamento de deputado en Cortes tralas segundas eleccións do Trienio. Como deputado non consta que tivese ningunha actuación. O 2 de marzo de 1822 escribe que aínda non puidera tomar posesión polo mal estado da súa saúde. Apareceu por fin no mes de maio de 1822 e non formou parte de ningunha comisión nin falou xamais en público. Por iso un cronista contemporáneo di que este "bibliotecario gallego, que debe saber mucho" parece que está sempre pensando nos libros que deixou en Santiago porque non se lle coñece o ton de voz: "Amigo del orden, porque sin él no hay cosa buena ...", é dicir, estaba situado entre os liberais non radicais.

Debeu volver sufrir represións políticas a partir de 1823, se ben non temos constancia deste feito.

Cando se instalou definitivamente o liberalismo en España, Patiño, aínda que enfermo, prestou os últimos servizos á causa. Foi elixido senador pola provincia de Pontevedra para as lexislaturas de 1838 a 1839 e a de 1839. Así mesmo foi nomeado bibliotecario maior da Biblioteca Nacional en Madrid, cidade onde morreu no ano 1848.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1822-1823	Deputado polo Reino de Galicia
Lexislatura 1838-1839	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1839 - 1840	Senador pola provincia de Pontevedra

### PATIÑO, Juan José (Duque de Patiño)

Militou sempre no progresismo máis radical, a pesar do título de Duque e da súa riqueza procedente de rendas na provincia de Pontevedra.

Formou parte da primeira corporación que constituíu a Deputación de Pontevedra no ano 1836, en representación do distrito de Cambados. Novamente resultou elixido para representar a Cambados na Deputación en 1841, aínda que tivo que dimitir porque lograra un escano como deputado en Cortes pola provincia de Pontevedra.

No levantamento de 1846 tivo unha activa participación e foi un dos responsables da intendencia, xunto con García Barros. Concluído o levantamento, foi sometido a proceso e os seus bens embargados mentres non se depurasen as responsabilidades. Por iso, tras ser elixido en 1847 como representante de Cambados na Deputación Provincial, tivo que ser anulada a elección.

No Bienio Progresista novamente Patiño aparece como representante de Cambados na Deputación, e unha vez máis houbo de dimitir porque resultara elixido tamén deputado en Cortes. Aínda no ano 1856 volveu ser elixido para representar a Cambados na Deputación Provincial.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1843 (1ª)	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1858-1862	Deputado polo distrito de Cambados Pontevedra

### PAYÁN, Antonio Agustín

Avogado da cidade da Coruña e decano do Colexio de Avogados de 1792 a 1793, en 1809 e en 1816.

Nada había de relevante na súa personalidade. Non destacara politicamente ata 1810. Era un probo avogado da cidade da Coruña, casado con Andrea Carrillo, coa que vivía na rúa da Sinagoga, e que tiña tres fillas, unha criada e un criado.

Sen embargo, nas eleccións de 1810 resultou elixido deputado pola provincia da Coruña.

Nas Cortes de Cádiz tivo unha moi escasa actuación, xa que pasou a maior parte do tempo en Galicia, coidando da súa facenda. Concedéuselle a primeira licenzia para vir a Galicia o 26 de novembro de 1810, por cuestións de saúde. O 15 de abril de 1811 seguía en Galicia e solicitou que o Congreso aceptase a súa dimisión como deputado. As Cortes, sensibles ante a súa situación, concedéronlle outros catro meses de licenzia porque non querían renunciar a un "sujeto de luces e patriotismo" (sesión do 15 de abril de 1811). No mes de decembro de 1812 consta que estaba novamente en Cádiz, pero o 4 de maio do mesmo ano obtivo unha nova licenzia para vir a Galicia por motivos de saúde.

Á vista de tantas licenzias cabería pensar que a súa saúde estaba moi quebrantada. Sen embargo, pola información que temos, o deputado Payán non só non estaba enfermo, senón que atendía moi directamente a súa facenda, os cobramentos e investimentos que durante eses anos fixo nas parroquias de Morás, Almeiras, Lendo, Orro, etc.

Vivió ata o ano 1841, no que supoñemos que debeu morrer porque a partir dese momento desaparece a súa sinatura dos libros de contabilidade das rendas.

Politicamente parece que foi un deputado liberal pero moi moderado. Non falou nunca nas Cortes.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1810-1813    Deputado pola provincia da Coruña



#### PAZ NOVOA, José Manuel

Naceu este ilustre intelectual en Ourense o 4 de maio de 1839. Rematou o bacharel no ano 1855 e obtivo o grao de licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago en 1861. No curso seguinte obtivo o grao de doutor en Leis pola Universidade de Madrid, cun traballo que publicou: *La familia como institución jurídica* (Madrid, 1862).

En Santiago formou parte dunha das xeracións intelectuais máis importantes de Galicia, a que deu paso ó Rexurdimento galego.

Gañou as oposicións á cátedra de Economía Política, que exerceu na Escola de Comercio de Ribadeo; logo, o 11 de outubro de 1866 tomou posesión da cátedra no instituto de Bilbao e mais tarde no de Ourense, cátedra que mantivo ata 1887, en que pasou a Escola Superior de Comercio da Coruña.

Din os seus biógrafos que no ano 1874 lle ofreceron a cátedra de Ampliación de Derecho Civil y Códigos Españoles na Universidade de Santiago, pero que renunciou a ela. Trátase dunha información que non puidemos comprobar.

Desde a súa estancia na universidade compostelá, Paz Novoa integrouse no repu-



blicanismo, ó que foi fiel ata a súa morte.

No ano 1868 formou parte da Xunta Revolucionaria constituída en Ourense. Foi transitoriamente nomeado gobernador civil daquela provincia. Volveu ser gobernador, esta vez de Pontevedra, en 1893.

Nas eleccións de 1873 obtivo a representación por Trives. No Congreso presentou e defendeu a aprobación da lei de redención foral, o que se conseguiu en agosto do mesmo ano. Foi, sen dúbida, o gran defensor da redención foral. Xa participara en 1864 no Congreso Agrícola de Santiago, en apoio da tese de Pelayo Cuesta e Montero Ríos, favorables á redención. Daquela a proposta resultara vencida. Agora reformulou a cuestión, pero xa no foro no que se podería resolver: no Congreso da nación. Con este motivo publicou un interesante folleto, *Los foros en Galicia: Apuntes sobre la actual organización de la propiedad en estas cuatro provincias y necesidad de su reforma* (Ourense, 1872) no que interpretaba que os foros impedían o desenvolvemento da agricultura galega, polo que defendía a súa definitiva abolición mediante a redención, é dicir, mediante o pago ós propietarios do directo dos seus dereitos. Como se sabe, e gracias as xestións dos deputados galegos, liderados por Paz Novoa, a reforma converteuse en lei (20 de agosto de 1873), que estivo en vigor ata o golpe de Estado do xeneral Pavía. Unha das primeiras medidas adoptadas polo Goberno constituído a raíz do golpe foi a suspensión desta lei.

Non volveu resultar elixido deputado por Galicia.

Paz Novoa foi un grande animador da cultura galega. Colaborou activamente en xornais ourensáns como *El Orensano*, *Nueva Galicia*, *El Eco del Liceo*, *El Heraldo Gallego*, *La Tertulia* e *El Derecho*. El mesmo fundou e dirixiu *El Correo de Galicia* (1873-1874). Considerado como un dos máis destacados intelectuais galegos, non faltaba a súa colaboración nos actos culturais.

Politicamente militou sempre no republicanismo. Sen embargo, cumpre facer unha precisión: inicialmente foi federal, pero cando comezou a Restauración pasou ó posibilismo de Castelar, o seu amigo, o que o afastou bastante dos correlixionarios galegos máis inclinados ó federalismo.

Morreu en Ourense o 26 de setembro de 1895.

Non debemos esquecer que foi o avogado que defendeu a Curros Enríquez no xulgado de primeira instancia de Ourense, cando o poeta foi denunciado polos seus poemas *Mirando ao chau*, *A Igrexa tría* e *Peregrinos a Roma*. A luminosa defensa de Paz Novoa non fixo cambia-la sentenza en certa maneira xa preparada contra a súa obra. "Gallego ejemplar", "el alma más pura, el corazón más leal, el entendimiento más claro que entonces brillaba" foron algúns dos xuízos que del fixo Murguía, un intelectual tan medido nos eloxios.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1873-1874

Deputado polo distrito de Trives

Ourense

**PAZ Y MEMBIELA, Ángel**

**R**esultou elixido deputado por Celanova en cinco lexislaturas. Na primeira (de 1846 a 1850) quen resultara elixido fora Saturnino Calderón Collantes (véx.), pero tivo que renunciar ó escano por ser elixido tamén senador. Paz y Membiela tomou posesión dese escano o 7 de xaneiro de 1848. Non formou parte de comisión ningunha nin falou en toda a lexislatura.

Só na lexislatura de 1853 tivo algunha participación a través da Comisión das Compañías do Ferrocarril á que pertencía, pero tampouco tivo ningunha intervención no Congreso.

Todo fai pensar que os Paz y Membiela eran protexidos do poderoso Saturnino Calderón Collantes.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Celanova (Desde 1848)	Ourense
Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense
Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Celanova	Ourense

**PAZ Y MEMBIELA, Pablo**

**S**ó representou a Galicia nunha lexislatura, a de 1846 a 1850. Nada máis que falou nunha ocasión e sen interese ningún.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
-----------------------	-----------------------------------	------

**PEDRALBES Y VENDRELL, José Francisco**

**N**aceu en Barcelona o 23 de febreiro de 1776. Pertencía á familia nobre dos Vendrell, que en realidade era o seu primeiro apelido. Non sabemos por qué o alterou o noso biografado.

Estudou Medicina na Universidade de Cervera, tralo que exerceu durante algún tempo como médico do Exército.

No ano 1804 obtivo por oposición unha cátedra no Colexio de Cirurxía de Santiago. Residiu nesta cidade, onde exerceu a medicina durante toda a súa vida, pero mantivo relacións moi vivas coa Real Academia de Medicina de Barcelona á que deixou a súa biblioteca despois da súa morte. En Santiago foi médico do Cabido.

Escribiu varias obras, como *La vida del Universo* (1804), *Discurso inaugural*, *Análisis de la razón humana* (1810) e *Discurso acerca de la perfección vital del hombre sobre todos los seres de la naturaleza* (1812).

Máis que polo seu liberalismo, foi elixido concelleiro de Santiago durante o Trienio e posteriormente deputado en Cortes pola súa entrega á sociedade e a súa intachable conducta.

Formou parte das Comisións de Instrucción Pública, de Saúde Pública e de Sanidade. As contadas veces que falou no Congreso foi como consecuencia da súa participación nalgunha destas comisións. Así, na sesión do 16 de maio de 1822 asegurou que os pobres non debían ter acceso ós estudos superiores porque a súa primeira obriga era sobrevivir, e os estudos requirían outro ánimo. Xa se comprende cá era a fondura do seu liberalismo.

Alcalá Galiano cóntanos nas súas memorias que Pedralbes, "un diputado de Galicia... hombre muy grave y también muy cándido y algo pedante", formou parte da comisión, nomeada polas Cortes, para dictaminar se Fernando VII, que se negaba a trasladarse de Madrid a Sevilla ante a invasión dos Cen Mil Fillos de S. Luis, aducindo enfermidade, realmente estaba ou non impedido para acompañar ás Cortes que se retiraban de Madrid. A comisión foi "preparada" para que resolvera que o Rei non estaba incapacitado. Pero Pedralbes, sempre para singularizarse, deu un informe que provocou as risas do Congreso. Dixo que había que recomendarlle ó Rei, "dieta, templanza y castidad", sen respostar a cuestión de se podía ou non trasladarse. Quizais por eso Fernando VII non tomou represalias en 1823 contra este deputado singular.

Morreu en Santiago o 21 de decembro de 1850.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1822-1823    Deputado polo Reino de Galicia

---

### **PEDROSA MOSCOSO, Ramón**

---

Licenciado en Dereito, exerceu de avogado e posteriormente ingresou na carreira xudicial. No ano 1841 estaba destinado como xuíz de primeira instancia en Valls (Cataluña).

Representou a Galicia só nunha legislatura, a de 1836 a 1837. Só falou no Congreso en dúas ocasións, nunha delas sobre a cuestión tan debatida da supresión dos décimos.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1836-1837    Deputado pola provincia de Lugo

---

**PEDROSA ULLOA, Antonio****(Marqués de Villaverde de Limia de Bóveda, Lugo)**

A herdeira do pazo italianizante (construído no século XVIII polo arquitecto Lis Monteagudo), era Ascensión Ulloa y Sotelo de Novoa, que casou con Ramón Pedrosa Porras, señor da casa de Leiro. Foi así como os Pedrosa entraron na casa de Bóveda e participaron do Marquesado de Villaverde de Limia, título concedido no ano 1809 a Benito Sotelo de Novoa, rexedor perpetuo de Ourense.

O matrimonio tivo varios fillos e fillas: Pura Pedrosa Ulloa, que casou con Dositeo Neira Gayoso (véx.); Alejandro, que casou cunha irmá de Dositeo Neira, María Neira Gayoso; Jacobo, que casou con Carmen Miranda; José, que contraeu matrimonio con Teresa Pardo, e o primoxénito e herdeiro do título, o noso Antonio Pedrosa Ulloa.

Casou Antonio con Ascensión González Neira Somoza, da casa da Edra (Laiosa, Lugo), coa que tivo polo menos oito fillos. A aventura política de Antonio como deputado foi moi curta. Só resultou elixido no ano 1872 para unha lexislatura que durou dous meses, polo que probablemente nin sequera chegou a tomar posesión.

Era o marqués de Villaverde un carlista convencido pero tamén visceral. A razón de presentarse nas eleccións de 1872 procedeu do pacto antinatural que os carlistas fixeran cos republicanos federalistas en Galicia. Se estes optaban por unha república federal, os carlistas aspiraban a destronar a Amadeo de Savoia para colocar no seu lugar o seu Rei, Carlos VII. Por iso dicíamos que o pacto era antinatural.

Presentouse Pedrosa polo distrito de Lugo e obtivo a acta de deputado. Descoñecemos se chegou a tomar posesión do escano.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Legislatura 1872 (abril-xuño)	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo

**PELLETÁN, Eduardo**

O 10 de xaneiro de 1878 morreu Joaquín Martínez Montenegro, deputado desde 1876 polo distrito da Caniza, en Pontevedra. As Cortes tomaron o acordo, o 18 de febreiro de 1878, de proceder a unha nova elección parcial. Esta tivo lugar o 21 de febreiro de 1878 e logrou o escano Eduardo Pelletán. Pelletán non formou parte de ningunha comisión nin consta que asistise ás sesións. Por iso normalmente non se fai memoria deste deputado, que realmente o foi tan só porque chegou a tomar posesión do cargo.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Legislatura 1876-1878	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
	[Só a partir do 21 de febreiro de 1878]	



**PELLÓN RODRÍGUEZ, Julián**

**N**aceu en Larouco (Valdeorras), en 1816.

Estudou bacharelato en Santiago e posteriormente Enxeñería en Madrid, carreira que rematou no ano 1842.

Colaborou en diversos xornais e revistas como *El Minero Español*, *El Genio Industrial*, *La Discusión*, etc. e participou activamente nos movementos progresistas de 1848 e 1854.

O feito máis destacable da súa vida, polo que se refire á súa transcendencia social, tivo lugar no ano 1858, cando o Goberno de O'Donnell decidiu colonizar e repoboa-la illa de Fernando Poo en África Occidental. Pellón decidiu entón acompañar-las familias colonizadoras como empregado ou funcionario do Estado. Nomeado comisario de Fomento na illa, durante cinco anos dedicouse a realizar un mapa da mesma, o único que a finais do século había en Europa.

Este traballo abriu-lle varias portas nas academias europeas, especialmente en París e Londres, e sobre todo, converteuno no único ou polo menos no máis importante experto daquela en temas africanos. Por iso no ano 1868 estaba no Ministerio de Ultramar á fronte do Negociado de Fernando Poo. Non é de estrañar que, dada a rendibilidade que obtivo dos anos pasados en Fernando Poo, algúns críticos da súa obra dixeran que o seu único mérito foi pasar unha tempada en Guinea, moi ben subvencionado, e que logo se dedicou a vivir sempre diso.

En 1868 descubriu unha faceta política que ata ese momento non amosara, aínda que algúns biógrafos declaran que xa estivera no primeiro plano político nos anos simbólicos de 1848 e 1854. A realidade é que non aparece nunca vinculado nin ós sucesos de 1848 nin ós de 1854.

No ano 1869 resultou elixido deputado pola sección de Xinzo (Ourense). Participou activamente no Congreso como membro das Comisións de Peticións, Etiqueta, Pensións, Minas (da que foi secretario), Constitución para Porto Rico, Bens do Patrimonio, etc.

As súas actuacións máis salientables ocorreron na sesión do 25 de maio de 1869, onde defendeu que as Illas Filipinas, e non só Cuba e Porto Rico, debían ter representación en Cortes, e fixo unha descrición das ditas illas que revela un coñecemento directo das mesmas. Non en balde fora ministro do Tribunal de Contas de Filipinas.

Na sesión do 29 ó 31 de maio de 1868 fixo unha magnífica exposición de tipo económico e político a prol dos desestancamentos do tabaco e do sal. Argumentou que se os españois fixeran unha revolución política, era lóxico que experimentasen os primeiros beneficios dese cambio de situación. E está claro que os beneficios económicos son os que primeiro capta a poboación.

Deputado moi preocupado pola consolidación da revolución, desenvolveu unha



intensa actividade no Congreso. Por suposto, falou varias veces dos seus traballos en Fernando Poo (como na sesión do 9 de agosto de 1869) e, cando estaba máis acendido falando dos seus sacrificios, veu outro deputado chamado Soler a desinfla-la súa perorata ó dicirlle que polos mesmos anos que Pellón estivera en Fernando Poo, el tamén os pasara alí, coa diferenza de que Pellón cobraba do Goberno e el estaba deportado por motivos políticos.

Nas eleccións de 1871 venceu en Valdeorras a Urbano Feijoo Sotomayor, que estaba apoiado por Manuel Quiroga Vázquez. Este denunciou no Congreso os amaños feitos por Pellón para vencer a Feijoo.

Morreu en París o 11 de abril de 1878, onde se atopaba de viaxe.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1869-1871	Deputado pola sección de Xinzo	Ourense
Legislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Valdeorras	Ourense

### PEÑAFIEL, Estanislao

Sabemos que procedía de Valdeorras e residía na cidade da Coruña, dedicado ós negocios, cando tivo lugar o pronunciamento de febreiro de 1820. A Xunta Superior de Goberno constituída, que constaba de nove membros, estaba composta por cinco militares, un aristócrata, un membro da Real Audiencia e dous comerciantes. Un deles era Estanislao Peñafiel, o que indica que era ben coñecido polos liberais e que tivo que participar activamente na conxura.

Sen embargo, non era moi coñecido polo seu liberalismo, o que explica que no xornal da Coruña *Diario Constitucional* alguén, de forma anónima, dubidase da súa ideoloxía política.

Foi elixido deputado en Cortes nas eleccións de 1820. No Congreso foi moi activo. Formou parte das comisións que se encargaron da moeda falsa, do tribunal establecido para xulgar-los deputados e da liberdade de imprenta, así como das Comisións de Facenda, de División Provincial, do Código Penal, de Camiños e Canais e da Creación da Orde da Constitución.

Na sesión do 10 de outubro de 1821 defendeu a capitalidade da Coruña como sede provincial, en lugar de Santiago, por se-la cidade máis populosa. Na sesión do 14 de outubro de 1820 defendeu a capitalidade en Vigo en lugar da de Pontevedra, e na do 15 de outubro do mesmo ano sostivo que, se a nova provincia do Bierzo incorporaba o territorio de Valdeorras, a capital debería estar en Ponferrada e non en Vilafranca.

Como pode observarse, non só traballou intensamente nas comisións senón que ademais interveu con frecuencia en asuntos de presupostos ou en temas relacionados coa moeda francesa, o Código Penal, a liberdade de imprenta, etc.

Sabemos que pertenceu á masonería. Ben fose por isto, ou ben polla súa militan-

cia liberal, Peñafiel foi perseguido a partir de 1823 e necesariamente tivo que exiliarse en Holanda. Debeu retornar en 1832, pero a partir deste momento carecemos de datos sobre o noso protagonista.

Un observador das Cortes de 1820 fixo del o seguinte comentario: "Pulcro, fino, muy atento y ajustadito en todas sus cosas: liberal sensato, juicioso galleguiño, pero gangua un poquiño".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1820-1821      Deputado por Galicia

### PERALTA Y PÉREZ DE SALCEDO, Joaquín

Naceu na cidade da Coruña no ano 1823, formouse en Madrid e en Francia (na Academia de Pau) onde cursou, ademais de francés, xeografía, historia e debuxo. Toda esta información permitiulle entrar como alumno na Escola de Estado Maior, onde rematou os cursos de tenente en 1847.



Foi entón destinado á Capitanía Xeneral de Galicia e foi logo profesor da Escola de Estado Maior. Ascendeu no ano 1854 a comandante, en 1856 a tenente coronel e traballou na Secretaría de Guerra. Participou en 1858 na Guerra de África, ó remate da cal ascendeu a brigadier. Ó mesmo tempo foi nomeado oficial terceiro do Ministerio da Guerra.

Polo ano 1860 decidiu solicitar licencia para dedicarse a traballos civís. Marchou a Italia como administrador superior dos ferrocarrís italianos, é dicir, como delegado do marqués de Salamanca, que facía aquelas obras.

Retornou en 1863 e reincorporouse ó servicio activo. Foi daquela destinado como gobernador civil á provincia de Sevilla.

No mes de maio de 1868 deixou novamente o servicio militar e foi nomeado xefe de explotación da liña férrea entre Sevilla-Jaén e Cádiz. Desempeñaba este traballo cando tivo lugar o levantamento de 1868, ó que se incorporou de inmediato, se é que non participou na súa preparación, como afirman algúns dos seus biógrafos.

Ascendeu a mariscal de campo, encargouse do Goberno Militar de Cádiz e posteriormente do de Madrid. No ano 1872 foi nomeado director xeral do Estado Maior, un dos cargos máis delicados da estrutura militar.

O seu papel como deputado foi bastante máis mediocre cá súa contribución ó ferrocarril ou a milicia.

Gañou un escano nas eleccións de 1858 polo distrito de Pontedeume, signo inequívoco de que pertencía á Unión Liberal e ó grupo de mozos tecnócratas que seleccio-

nara Posada Herrera por encargo de O'Donnell. Sen embargo, a coincidencia coa Guerra de África fixo imposible a súa participación. Por iso presentou a renuncia ó escano no ano 1860; ocuparía o seu lugar Saavedra Meneses, un deputado de perfil tecnocrático e militar moi parecido ó seu.

Novamente resultou elixido pola sección da Coruña nas eleccións de 1865. Estas Cortes só duraron sete meses e tampouco consta que tivese unha participación importante.

Lonxe de Galicia por mor do seu traballo, representou o distrito de Castuera (Badaxoz) entre os anos 1869 e 1871 e posteriormente a provincia de Cuenca, como senador, entre 1872 e 1873.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1859-1860	Deputado por Pontevedra	A Coruña
Lexislatura 1865-1866	Deputado pola sección da Coruña	A Coruña



#### PEREIRA DE CASTRO, Juan Manuel

**D**on Xoan Manuel Pereira foi sen dúbida un fidalgo abondoso, enlabiador, conspirador, republicano, deputado, home valente e de recursos, viaxeiro, embaixador de España no Extremo Oriente". Así comezaba Vicente Risco o comentario que lle dedicou á novela de Otero Pedrayo *O señorito de Reboraina*, da que Juan Manuel era o gran protagonista.

Poucas veces a vida desmesurada e apaixonante dun deputado tivo a fortuna de atopala pluma dun novelista, como lle ocorreu a Juan Manuel Pereira con Otero Pedrayo.

A novela non é gótica nin bizantina, como desacertadamente algúns dixeron. É a recreación fundamentalmente histórica da vida dun home que non cabía no século que lle tocou vivir. A reedición desta novela, feita polo profesor José Manuel Salgado, recupera o noso protagonista nunha espléndida introducción.

Naceu no ano 1823 no pazo de Reboreda (Redondela). Seu pai, Ignacio Manuel Pereira, era líder naquel momento do realismo galego. Un realismo que non era senón o absolutismo convertido en obxectivo de restauración política mediante a forza armada. Ignacio Pereira levantara partidas realistas en media Galicia, penetrara en Portugal na procura de apoios, establecera contactos coa chamada Rexencia de Urgell e, despois da morte do barón de Sancti Johanni, era sen dúbida o líder do absolutismo galego. Mentres o pai loitaba nas serras de Galicia, a nai educaba o rapaz.

Como sucedeu tantas veces en Galicia (casos de Faraldo ou de Curros, por exemplo), o fillo desandou os pasos de seu pai. O mozo Juan Manuel xa era desde moi novo (con dezaocho anos) obxecto de persecución por parte do gobernador de Ourense, José Becerra, a causa das súas ideas revolucionarias. Pereira contaba, polo seu pai,



co apoio de boa parte do clero. Por iso nos comezos non deixou moi claro cáles eran os seus obxectivos políticos, atraendo desta forma o entusiasmo de distintas persoas e de procedencias diversas. Esta indiferenciación ideolóxica durou ata 1848, cando foi detido e acusado de dirixir un pronunciamento contra o Goberno. Naquela ocasión logrou escapar levando consigo todo o corpo de gardas que o custodiaba. Non cabe dúbida de que era un gran seductor e moi xeneroso. As onzas de ouro que repartía sen taxa chegaban a onde non chegaba a súa seducción.

Resultou elixido deputado por vez primeira para a lexislatura de 1846 a 1850. Daquela Florencio Rodríguez Vaamonde saíra elixido deputado por dous distritos, Ribadavia e Pontearreas. Renunciou ó segundo, o que permitiu que, nunhas novas eleccións, resultase elixido Pereira, quen tomou posesión o 28 de febreiro de 1848.

Como deputado, participou en Madrid nos acontecementos revolucionarios que tiveron lugar nas rúas da capital, en defensa da república. Ante o fracaso, Pereira -posiblemente en conxencia con outros republicanos- asumiu o compromiso de levantar Galicia en contra do Goberno. Para iso saíu de Madrid acompañado dun carlista moi coñecido en Galicia, Manuel Fraga, e dun republicano, Juan Bautista Alonso, e xuntos recorreron parte das provincias de Ourense e Lugo, visitando os párrocos e outras persoas para aseguraren o levantamento. Pasou logo a Portugal, onde redactou unha proclama, e cando chegou a Vigo para espalla-la proclama, foi detido.

Salvou a súa condición de deputado porque, aínda que por setenta e sete votos contra corenta, as Cortes, na sesión do 10 de febreiro de 1849, deron licencia para o seu procesamento, Pereira escapou unha vez máis e, ante o asombro de todos, apareceu nas Cortes o 12 de decembro de 1849.

Permaneceu nas Cortes e mesmo interveu varias veces en defensa do clero, solicitando que o Goberno pagase puntualmente os soldos dos clérigos, a pesar de que sabía que non poucos deles estaban en contra das súas ideas (sesión do 21 de xaneiro de 1850).

Rematada a lexislatura, Pereira desapareceu. Posiblemente pasou ó estranxeiro, onde permanecería ata 1854, momento no que reapareceu para ser nomeado gobernador da provincia de Pontevedra e presidente da súa Deputación. Este cargo debeu ocupar interinamente durante só uns meses, xa que foi denunciado polos veciños de Vigo a causa das súas arbitrariedades e foi destituído. As supostas arbitrariedades tiñan que ver coa disputa entre Vigo e Pontevedra arredor da capitalidade provincial, cuestión na que Pereira se mostraba moito máis favorable á candidatura de Pontevedra.

Perdeu Pereira o goberno da provincia pero saíu elixido deputado en Cortes pola provincia de Pontevedra.

Nas Cortes tivo lugar a sesión do 28 de novembro de 1854, na que se someteu a votación a continuación da dinastía de Isabel II. Votación moi estraña e que só se pode explicar polo desexo de Espartero de marxina-lo reducido grupo de opositores. Naquela votación cento noventa e catro deputados votaron a favor de Isabel II e tan só

dezanove en contra. Pereira estaba entre estes dezanove. En realidade, neste momento, máis que apostar pola República, Pereira fixoo a prol dun cambio de dinastía en España, en concreto a favor da Casa de Braganza portuguesa.

A partir de 1856 perdémo-la pista de Pereira, que reaparece nos turbios anos de 1866-1867, formando parte da conspiración contra Isabel II. En 1867 estaba en Inglaterra con Prim, en 1868 foi detido e ingresado no cárcere de San Antón (A Coruña), onde pasou catro meses e dous días. O 29 de outubro de 1868, informados os cidadáns coruñeses do levantamento da Escuadra, manifestáronse e liberaron os presos do cárcere. Constituiron unha Xunta Revolucionaria presidida por Pereira que só durou un día, porque ó seguinte xa se constituíu outra máis moderada.

Pereira marchou a Madrid a participar da gloria da victoria. Sen dúbida foi Prim, presidente do Consello de Ministros, quen decidiu mandalo como embaixador e ministro plenipotenciario ante o imperio da China e os reinos de Amnán e Siam. Desde 1860 en que fora nomeado embaixador Sinibal de Mas, España non tiña representación na China. A elección de Pereira tivo que causar máis dun comentario xocoso en Madrid porque era exactamente o posto que lle ía ó noso biografado. De aí que pensemos que debeu de ser cousa do humor peculiar de Prim.

Pereira, que embarcou en Marsella o 3 de setembro de 1871, fíxose acompañar de Domingo Roturier, un suposto fotógrafo que levou consigo para inmortaliza-la súa viaxe. Alí estivo ata finais de 1872, pois consta a súa presenza na Corte de Madrid o 16 de xaneiro de 1873. Anos despois describiu a súa viaxe nunha obra moi buscada, *Los países del Extremo Oriente* (Madrid, 1883). Mentres estivo de embaixador foi elixido senador pola provincia de Ourense (1872-1873) pero con anterioridade xa fora elixido senador pola provincia de Pontevedra entre 1871 e 1872, sen que por suposto chegase a exercer.

A caída de Amadeo de Savoia, a morte do seu amigo Prim, a intensidade da vivencia no Oriente, de onde parece que trouxo unha segunda compañeira e quizais o peso de tantas aventuras ou o decaemento da fortuna levárono a retirarse a vivir entre Redondela e Ourense.

Recibía con emoción as visitas de Castelar, vibraba ante o entusiasmo republicano (iso si, radicalmente unitario e nunca federal), amaba por igual a súa Narcisa Blanco, ourensá coa que casara había moitos anos, e a chinesa que trouxera do Oriente, e mesmo algunha outra dona do Berbés vigués. Así foi consumindo a vida ata que lle chegou a morte o 15 de abril de 1896.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Pontearaos	Pontevedra
Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1871-1872	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1872-1873	Senador pola provincia de Ourense	

**PÉREZ, Xosé María**

**D**ebía ser natural de Granada, provincia á que representou no Senado en 1837.

Posteriormente representou a Xaén en 1840, a Lugo en 1843 e desde 1845 foi senador vitalicio.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1843-1844    Senador pola provincia de Lugo

**PÉREZ BATALLÓN, Casiano**

**N**aceu en Sarria o 12 de agosto de 1839, no seo dunha familia acomodada. Tal e como mostraron as investigacións de Villares Paz, seu pai investira entre 1837 e 1849 333.000 reais en bens desamortizados do priorado de Barbadela e do mosteiro de Samos.

Estudou no colexio de Monforte e posteriormente Leis na Universidade de Santiago. Graduouse como doutor en Madrid no ano 1864.



Como moitos licenciados novos da época soñaba con ingresar na Administración, o que logrou en 1866 como oficial da clase primeira. No 1867 obtivo a primeira representación no Congreso pola sección de Lugo, pero gracias ós votos logrados na comarca de Sarria.

Como deputado na lexislatura de 1867 a 1868 tivo unha actuación mediocre. Non falou nunca e participou en poucas comisións. Unha das comisións nas que participou foi a de Arquivos e Bibliotecas.

Os sucesos de 1868 obrigárono a abandonar Madrid e volveu a Sarriá, onde abriu un despacho de avogado.

Casou con Josefa López Méndez.


Durante o Sexenio xa empezou a colaborar activamente cos monárquicos, e consta que no ano 1871 era membro do Partido Conservador da provincia de Lugo, partido que presidía o conde de Pallares, do que foi un fiel seguidor.

Coa Restauración retornou ó Congreso, ó ser elixido polo distrito de Lugo para a lexislatura de 1879 a 1881. Tivo algunhas dificultades para que a Comisión de Actas aprobase a súa, por unha denuncia de Manuel Darriba. Tampouco nesta lexislatura falou nunca e só formou parte da Comisión de Peticións e da que estudou o establecemento dos xulgados de sección en vez dos xulgados municipais.

Novamente foi deputado por Lugo na lexislatura de 1884 a 1886 e posteriormente foi senador pola provincia de Lugo desde 1886 ata 1893.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1867-1868	Deputado pola sección de Lugo	Lugo
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Lexislatura 1886-1889	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1891-1893	Senador pola provincia de Lugo	



#### ===== PÉREZ COSTALES, Ramón

Pérez Costales foi un deses persoeiros que se instaloron na paisaxe da cidade herculina de fins do século pasado, e sen os cales esta cidade non se pode entender, como Federico Tapia, o médico Rodríguez, e tantos outros. Republicano, masón, anticlerical, non había enterro civil ou acto público patriótico que non contase coa súa presenza e o seu elocuente discurso. Na súa casa en Palavea (tiña o despacho no centro da Coruña) recibiu a cantos grandes ou pequenos políticos pasaron pola cidade, se participaban do seu credo político.

Naceu no ano 1832 en Oviedo, onde fixo os estudos medios e comezou a carreira de Medicina, que concluíu en Santiago porque o seu pai, por motivos profesionais, fora trasladado á Coruña. Licenciouse en Medicina en 1854.

Foi médico forense de Talavera de la Reina (Toledo) e despois gañou as oposicións ó corpo de Sanidade Militar, tralo cal foi destinado á Coruña. Publicou dúas memorias, *Memoria sobre hospitales militares e Reglamentos de exenciones físicas*, que lle ocasionaron problemas no Exército, polo que decidiu abandona-la sanidade militar e dedicarse á medicina pública.

Militou no Partido Republicano Federal de Pi i Margall, e realizou unha intensa propaganda. No ano 1866 formou parte da xunta conspiradora contra Isabel II e escapou a Portugal, onde residiu ata 1868.

A chamada Revolución de 1868 abriulle as portas da fama e da gloria. Publicou diversos folletos propagandísticos a favor da República, como *"La verdad a las aldeas"* (1869). Obtivo a representación en Cortes pola Coruña para a lexislatura de 1872 e por Carral para o período entre 1872 e 1873.

Previamente, o 19 de agosto de 1872, con motivo da visita do rei Amadeo á cidade da Coruña, publicara unha carta na que, entre outras cousas, lle dicía: "Estais, rey Amadeo, en país enemigo, completamente enemigo, pero enemigo leal".

Con ocasión desta viaxe (era alcalde da cidade o seu correlixionario e amigo Federico Tapia) publicou outra vitriólica carta titulada "Un Gobernador y un alcalde por



dos cuartos", motivada polo recibimento cívico que o alcalde lle deu ó Rei. Desde aquel momento, entre Pérez Costales e Federico Tapia interpúxose un muro de incompreensión que só rematou coa morte do segundo.

Durante a Primeira República, Pi i Margall nomeouno ministro de Fomento, pero exerceu o cargo durante un período moi curto, desde o 11 de xuño ó 18 de xullo de 1873, de maneira que non puido acometer ningunha das moitas reformas que tiña *in mente*.

Como deputado, só temos que dicir que volveu tolo o presidente das Cortes polas habituais interrupcións que facía ós discursos que non lle eran agradables e polos comentarios irónicos e xocosos que facía durante as sesións. Destacou moito máis por estas actuacións que por unha positiva contribución ó Congreso.

Non estaba dotado nin para o ministerio nin para o parlamento. O seu parlamento era a rúa, os salóns das academias e das sociedades coruñesas, nas que nunca faltaba a súa palabra crítica. A súa utopía republicana acompañouno toda a vida, unha vida entregada filantropicamente ós máis necesitados. Nunca cobraba unha consulta da xente humilde, a paga de ex ministro entregouna integramente para construír un grupo de escolas gratuitas e foi presidente da Cociña Económica Coruñesa, unha entidade exemplar que aínda sobrevive.

Emilia Pardo Bazán reflectiu a súa figura no personaxe do Dr. Moragás da obra *La Piedra Angular*, un humanista e melancólico doutor, de volta de moitas cousas, pero que mantiña viva a súa utopía revolucionaria. O pincel do mozo Picasso tamén o retratou nun cadriño ó pe da cama dun moribundo.

Pérez Costales casara con Delfina Bresson. Morreu na súa Coruña o 18 de xaneiro de 1911. A cidade chorouno como algo íntimo.

Como médico, máis alá da ciencia, era fondamente humano e filantrópico. Foi presidente do Colexio Médico da Coruña e da Academia de Medicina e director do Boletín Oficial do Colexio Médico. Traduciu a obra de Depaul, *De la auscultación aplicada al arte de la obstetricia* e, ademais das publicacións de propaganda, fixo dúas obriñas de versos, *El Señor Juan* (1883) e *Perucho* (1887).

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1872 (2ª)	Deputado polo distrito de Coruña	A Coruña
Legislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Carbal	A Coruña

### **PÉREZ COSTAS, Antonio**

**H**ai deputados que foron como estrelas fugaces no firmamento político de Galicia. Isto é o que sucedeu con Antonio Pérez Costa, do que sabemos que era natural de Vigo, onde residía a súa familia, e que era párroco de Taboadelo (Pontecaldelas, provincia de Pontevedra) cando no ano 1820 resultou elixido deputado en Cortes polo Reino de Galicia.

Nin antes de ser elixido deputado nin despois de que rematou a súa representación, Pérez Costa tivo ningunha presenza nin na política nin nas letras galegas, o que non significa que o seu papel nas Cortes non fose importante.

Nas Cortes do Trienio formou parte das Comisións de Etiqueta e Sociedades Patrióticas. Sen chegar a ser un orador habitual, participou nos debates con importantes ideas. En diversas sesións (así, na do 25 de agosto de 1820 e na do 5 de setembro de 1820) defendeu a necesidade de que o Consello de Estado funcionase plenamente e non estivese constituído por interinos como ocorría naquel momento. Na sesión do 14 de setembro de 1820 opúxose á redución do décimo porque isto significaría o empobrecemento do clero parroquial. Propuxo fórmulas alternativas como a redución das prebendas canónicas (dezasete para as dioceses metropolitanas e catorce para as sufragáneas), de maneira que o aforro producido por esta redución se dedicase a crear un fondo co que atende-las necesidades do clero parroquial; así se lle garantirían 20.000 reais anuais máis un suplemento de 2 reais por habitante. Esta proposta non foi tomada en consideración.

Tamén presentou fórmulas e propostas sobre a redución de señoríos. Optaba pola permanencia só daqueles que tivesen unha renda non inferior a 10.000 ducados nin superior a 50.000.

Cando se discutiu a división provincial de Galicia defendeu outra división alternativa: dividir Galicia en seis provincias, dándolle desta maneira unha capitalidade a Santiago e a outra a Pontevedra.

Aínda que os informes reservados que tiña Fernando VII (atopados no Arquivo de Palacio) indicaban que este clérigo formaba parte da masonería, na que utilizaba o nome de Antonio Pío, non dispoñemos de ningún outro elemento que corrobore esta circunstancia.

Un cronista e asistente diario ás Cortes, e ademais galego, di del que era "bon crego", pero non daqueles "tostados" que queimaban os homes "como carne de castrón"; é dicir, que estamos ante un clérigo liberal e alleo ós contubernios clericais coa Inquisición.

Non nos consta, pero sen dúbida foi perseguido a partir do ano 1824, aínda que, ben mirado, Pérez Costas non se beneficiara da súa condición de deputado para ascender na escala clerical e por iso dificilmente puideron tomar represalias (só as espirituais) contra un home que nin se beneficiou nin perdeu a súa condición de honrado párroco de aldea.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1820-1821

Deputado polo Reino de Galicia

**PÉREZ DE GUZMÁN Y BOZA, Manuel****(Marqués de Jerez de los Caballeros)**

Naceu en Jerez de los Caballeros o 17 de abril de 1852. Era fillo de José Pérez de Guzmán el Bueno Maraver y Liaño, xentilhome do Rei, natural de Madrid e veciño de Jerez, e de María de las Mercedes Boza, natural e veciña de Jerez. O seu avó, Francisco Pérez de Guzmán el Bueno, fora vocal da Xunta Central durante a Guerra de Independencia, e o seu padrino e tío era o deputado Manuel Pérez de Guzmán.



Iniciou a súa actividade parlamentaria na lexislatura de 1893 a 1895, para a que resultou elixido deputado polo distrito de Badaxoz. Novamente saíu elixido por Badaxoz nas lexislaturas de 1896 a 1898, de 1898 a 1899 e de 1899 a 1900. O 31 de marzo de 1900 foi anulada a súa acta e Baselga y Chaves foi proclamado deputado no seu lugar.

Para a lexislatura de 1899 resultou elixido senador pola provincia de Ourense. Posteriormente foi deputado polo distrito de Almendralejo (Badaxoz) entre 1903 e 1905 e novamente entre 1905 e 1907.

Era avogado e tiña importantes propiedades en Sevilla. Como representante de Galicia non tivo participación ningunha no Senado en favor da provincia que representaba.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1899-1900

Senador pola provincia de Ourense

**PÉREZ GARCÍA, Casimiro**

O 9 de abril de 1894 morreu Benigno Álvarez Bugallal, deputado por Chantada e a familia decidiu que o substituíra Casimiro Pérez García, avogado, do Partido Conservador.

Tomou posesión, logo dunhas eleccións parciais, o 14 de maio de 1894, pero só ocupou o posto ata o 1 de xullo de 1895, data na que dimitiu.

Representou o mesmo distrito noutras dúas ocasións, de 1898 a 1899 e de 1905 a 1907.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1893-1896

Deputado polo distrito de Chantada Lugo  
(só entre o 14 de maio de 1894 e o 1 de xullo de 1895)

Lexislatura 1898-1899

Deputado polo distrito de Chantada Lugo

Lexislatura 1905-1907

Deputado polo distrito de Chantada Lugo

**PÉREZ HERNÁNDEZ, Enrique**

Só foi deputado polo distrito de Vilalba durante un ano e cinco meses. Non era galego e iso explica a escaseza de noticias sobre este deputado.

No ano 1877 Manuel Vázquez de Parga, conde de Pallares e deputado polo distrito de Vilalba, foi nomeado senador vitalicio pola Coroa. Varias persoas disputaban a vacante por el deixada nese momento, pero todos eran conscientes de que sería o propio conde o que propuxese o seu sucesor. "Los amigos de este distrito (escríbenlle a Pallares tres personalidades do distrito) al quedarse sin tan digno e irremplazable representante en el Congreso, esperan que V. se tomará la iniciativa para proponer aquí o allá el que haya de reemplazarlo". Esta carta revela a seguridade de que o sucesor sería alguén proposto polo conde.

Foi persoalmente Cánovas del Castillo quen mostrou interese en que fose Pérez Hernández o que o suplise, advertindo ó conde de que interesaba que Pérez Hernández entrase no Congreso para satisfacer a A. Pidal, o que significaba que o candidato nin sequera pertencía ó Partido Conservador de Cánovas, senón ó grupo ultramontano que Pidal lideraba nas Cortes.

Cando o conde propuxo o seu nome, os poderosos señores da comarca rexeitárono porque "nada hará por nosotros", engadindo que, se tiñan que votalo, "a quien se elegía era a V. y no a Pérez Hernández".

Así foi como nunhas eleccións parciais resultou elixido o noso protagonista, que tomou posesión o 10 de xullo de 1877. Cesou no posto o 30 de decembro de 1878.

Como era da agardar, os vilalbeses "tragan sólo a Pérez Hernández, sin masticarlo", segundo se le nunha carta ó conde de Pallares.

Por iso cando se convocaron novas eleccións no ano 1879 e o distrito de Vilalba quedaba integrado no macrodistrito de Lugo (que comprendía os tres antigos distritos de Lugo, Sarria e Vilalba, polo que se lle concedían tres deputados), Pallares rexeitou tódalas presións de Cánovas e explicoulle ó xefe do partido que Pérez "no cayó en gracia" no distrito de Vilalba, de maneira que era imposible seguir apoiándoo.

Só sabemos del que era "castellano", que foi director xeral de Obras Públicas, director da revista ultramontana *La Cruzada*, de Madrid, e que logrou saír elixido deputado por Illescas (Toledo) na lexislatura de 1884 a 1885.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1876-1878	Deputado polo distrito de Vilalba	Lugo
	(só desde 1877)	



## PÉREZ LÓPEZ, Nicasio

Estamos ante un ilustre home de empresa e da política que aínda non atopou a biografía que se merece. Viviu para Ferrol, aínda que nacera na Coruña, e poucas persoas fixeron tanto como Nicasio Pérez pola modernización desta cidade.

Como acabamos de dicir, naceu na Coruña en 1832, pero en 1850 xa se atopa establecido en Ferrol, dedicado ós negocios. Fundou unha consignataria de barcos de pasaxe e de carga entre Ferrol e A Coruña, que funcionou ininterrompidamente dende 1850 ata 1914.



Cónsul en Ferrol de vintenove países, foi o decano do corpo consular desta praza. Tamén foi alcalde de Ferrol en dúas ocasións, a primeira de 1885 a 1886 e a segunda en 1889.

Pertenceu á Liga Marítima, da que foi presidente, foi membro fundador e presidente da Cámara de Comercio de Ferrol (de 1900 a 1903 e de 1903 a 1905), membro fundador da Escola de Artes e Oficios (1881) e presidente da mesma (1885), así como socio fundador da Cruz Vermella da provincia da Coruña.

Traballou incansablemente por lograr unha liña férrea entre Ferrol e Xixón, dous grandes portos afectados pola incomunicación que podían se-los impulsores da modernización económica das súas respectivas comarcas. Co seu esforzo e o seu capital fixo posible, segundo parece, a electrificación da cidade de Ferrol no ano 1890.

Fundou con Demetrio Pla o xornal *La Monarquía*, que apareceu o 1 de decembro de 1886.

Casou con Josefina Moreno Lourenzo, filla do ex garda de Corps Antonio Moreno de Tora, e de Vicenta Lourenzo Arroyo.

Foi, sen dúbida un dos máis activos e intelixentes comerciantes de Galicia, ademais dun adañeirado burgués capaz de crear riqueza.

Era lóxico que unha biografía como a de Nicasio Pérez topase coa política nun momento dado. Entrou no Congreso por vez primeira no ano 1876. Nas eleccións resultara elixido polo distrito de Ferrol Santiago Durán y Lira, que foi nomeado ministro de Mariña; pero o seu delicado estado de saúde obrigouno a dimitir como ministro e deputado. Substituíuno Nicasio Pérez, que tomou posesión o 18 de maio de 1876. Nesta lexislatura formou parte da Comisión de Reforma do Código de Comercio e da Comisión de Etiqueta.

Volveu ser elixido por Ferrol no ano 1879. Non falou nunca nin formou parte de ningunha comisión durante esa lexislatura, o que nos fai pensar que, ocupado noutros negocios, posiblemente estivo ausente moito tempo do Congreso.

Novamente foi elixido nas eleccións de 1881. Nesta lexislatura si formou parte dalgunha comisión. Aínda que non participou nas sesións con grandes discursos, sabemos que fixo importantes xestións para impedir que a Escola de Gardamariñas fose

trasladada a Cádiz ou a Cartaxena (sesión do 7 de decembro de 1881). Deu a coñecer a súa intención de dimitir se o ministro de Mariña intentaba tal traslado.

Volveu resultar elixido deputado en 1886. Finalmente foi senador pola provincia da Coruña entre 1891 e 1893.

Estaba en posesión da Gran Cruz de Isabel a Católica, e previamente xa fora nomeado Cabaleiro da Real Orde de Isabel a Católica.

Nicasio Pérez López era un home activo e emprendedor, pouco dado ós discursos. Por iso debeu de sentirse un pouco desprazado nun Congreso no que a boa oratoria era un certificado de acreditación parlamentaria. De aí tal vez a súa escasa participación nas actividades parlamentarias.

A súa gran fortuna, feita en diversas empresas, pasou a ser administrada polo seu fillo Nicasio Pérez Moreno, presidente da Patronal de Ferrol, que foi asasinado por un anarquista en 1921 no que constituíu un típico crime ritual, xa que os móbiles do mesmo non parece que fosen outros que a guerra aberta polo anarquismo contra o capitalismo, guerra que escolleu como vítima o presidente da Patronal.

Nun xornal de Ferrol apareceu a seguinte composición referida ó noso biografado e que na súa sinxeleza expresa o que posiblemente sentían non poucos ferroláns do momento:

"Hizo aquí en algún tiempo un gran papel,  
fue alcalde, diputado y senador,  
y en política siempre adicto fiel  
al grupo liberal conservador.  
De sus prestigios públicos es él  
tan leal y tan firme guardador,  
que en esta, casi suya, capital  
no tiene un enemigo ni un rival.  
Donde está el común bien, él está allí,  
en donde un acto noble, allí él está,  
que es su doctrina proceder así,  
por más que retirado vive ya;  
y se le busca y se le quiere aquí,  
pues de civismo tales pruebas da  
que en su escudo estas líneas todos leen:  
'Quien no hizo nunca mal y siempre bien' "

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
Lexislatura 1886-1891	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
Lexislatura 1891-1893	Senador pola provincia da Coruña	

## PÉREZ PÉREZ, Vicente

Durante moitos anos foi o líder indiscutible do monterismo ourensán, especialmente desde que o liberal Merelles Caula se achegou ós conservadores precisamente para crear un espacio político propio, xa que Pérez lle fora comendo pouco a pouco o seu espacio.

Os ourensáns viviron con intensidade a guerra aberta entre os xornais *El Eco de Orense*, que nacera monterista pero achegárase ó Partido Conservador con Lamas Carvajal, e *El Miño*, fundado no ano 1898 por Vicente Pérez, monterista. A sección "agujetas" de Álvarez de Novoa era como unha metralladora á que respondía tamén con galanura *El Eco*.



Nacera Vicente Pérez en Ourense no ano 1849. Procedía dunha familia opulenta. O seu avó, Pérez Bobo, fora un poderoso comerciante que deixou gran fortuna. O noso protagonista non se dedicou ós negocios deixando nas mans do seu parente, o banqueiro J. Fuentes Pérez,, a administración da súa importante fortuna. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago, exerceu de avogado.

Obtivo a súa primeira representación no Parlamento, polo distrito de Ourense, nas eleccións de 1872. Non reapareceu ata a Restauración, período no que obtivo a representación por Ourense para a lexislatura de 1881, representación que mantivo, con curtas ausencias, ata 1920. A súa riqueza e vida noctámbula eran proverbiales no Madrid da Restauración así como o seu desapego das letras e da cultura.

Foi director xeral de Prisións en 1905, con Montero Ríos como presidente do Consello de Ministros. Reformou o corpo de prisións e creou a Escola de Criminoloxía.

Foi tamén director xeral de Rexistros e no ano 1910 ministro do Tribunal de Contas.

Militou sempre no monterismo ata a morte de Montero Ríos, e logo pasou á fracción albista, na que militaba en 1918.

Foi fillo predilecto da cidade de Ourense, membro da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago e membro de honor da Sociedade de Amigos do País de Ourense. Tiña a Gran Cruz de Isabel a Católica, a Gran Cruz do Cristo de Portugal, a Cruz da Lexión de Honor e a Cruz de Alfonso XIII.

No Congreso falou moi poucas veces, aínda que era membro activo das comisións. A súa forza estaba, sen embargo, nas bases de Ourense, que durante corenta anos controlou case sen oposición.

Co seu xornal *El Miño* tivo duras batallas contra algúns clérigos e bispos e contra os conservadores. Con todo, non debemos situar esta loita no contexto da modernidade senón no afán de controla-la súa parcela de poder local.

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
Lexislatura 1886-1891	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
Lexislatura 1893-1895	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
Lexislatura 1901-1904	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense

## PÉREZ PORTO, José

Naceu este gran xuriconsulto galego na cidade da Coruña o 31 de agosto de 1853. Licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago, no ano 1874. Aínda que se integrou na carreira xudicial, na que ascendeu ata o posto de maxistrado de Audiencia, decidiu opoñer a notaría, tralo cal exerceu como notario durante moitos anos na cidade da Coruña.

Simultaneou a súa profesión de notario coa de avogado e foi decano dos dous colexios, do notarial e do de avogados.

Publicou diversos traballos xurídicos, entre os cales os máis notables son *El derecho foral de Galicia* (A Coruña, 1915) e *Proyecto de Apéndice al Código Civil aprobado por la Comisión Especial del Derecho Foral de Galicia* (A Coruña, 1915).

A súa obra sobre o dereito foral galego, do que Pérez Porto foi un extraordinario coñecedor e un fervente defensor, está baseada sobre testemuños reais, vivos, que pacientemente foi recollendo de diversas sentencias dadas polos tribunais de Galicia ó longo dos tempos. Por iso a súa obra resulta orixinal. Non se trataba de articular un discurso sobre a posibilidade do dereito foral galego, senón de recoller da realidade xurídica vivida en Galicia aqueles testemuños que manifestaban a pervivencia da compañía galega, do sistema foral, das comunidades de augas, dos dereitos das viúvas, etc.

Representou a Galicia en dúas ocasións, sempre o distrito de Chantada (Lugo): na lexislatura de 1903 a 1905 e na de 1914 a 1915. Sen embargo, parece que non chegou a tomar posesión nesta segunda lexislatura. Inicialmente, en 1914, resultara elixido por Chantada Javier García de Leániz, pero este dimitiu. Nunhas eleccións parciais realizadas o 14 de xuño de 1914 resultou entón elixido Pérez Porto. Sen embargo, o Tribunal Supremo resolveu por decisión do 30 de outubro de 1914 anular esta acta electoral obrigando a unha nova convocatoria. Realizouse esta o 26 de decembro de 1915 e resultou elixido de novo Pérez Porto, pero xa non chegou a presenta-las credenciais no Congreso.



Morreu na Coruña o 2 de maio de 1930.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo
Lexislatura 1914-1915	Deputado polo distrito de Chantada (Non chegou a tomar posesión)	Lugo

### PEROJO Y FIGUERAS, José del

Sen relación ningunha con Galicia, representounos nunha ocasión.

Naceu en Santiago de Cuba no ano 1853. Foi deputado pola Habana entre 1893 e 1895 e por Santiago de Cuba entre 1898 e 1899; posteriormente representou ás Palmas de Gran Canaria nas lexislaturas de 1905 a 1907 e de 1907 a 1908.

Morreu en pleno Parlamento o 17 de outubro de 1908.

Polas escasas noticias que temos del, sabemos que traballou de periodista en varios medios.

Foi elixido deputado polo distrito de Caldas de Reis nas eleccións do 4 de abril de 1886. Tomou posesión no Congreso o 20 de novembro dese ano e dimitiu o 17 de abril de 1889 ó ser nomeado gobernador civil de Manila. O seu substituto en Caldas foi Mateo Sagasta (véx.)

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1886-1889	Deputado polo distrito de Caldas	Pontevedra
-----------------------	----------------------------------	------------

### PIDAL Y BERNALDO DE QUIROS, José

(Marqués de Villaviciosa de Asturias)

Malia ser un deputado ocasional por Galicia, sen relación ningunha coa nosa terra, José Pidal non deixa de reunir unha serie de aspectos novos e curiosos, pouco frecuentes nas biografías dos deputados.

Naceu en Sumio (Xixón, Asturias) o 2 de novembro de 1869. Era fillo do gran político Alejandro Pidal y Mon e de Ignacia Bernaldo de Quirós. Tiña, por conseguinte, un berce ben definido politicamente e sen problemas económicos.

Licenciouse en Dereito e casou con Jacqueline Guilhon, filla do xerente da fábrica de fundición de Xixón. Foi madriña da voda a Raíña Rexente María Cristina quen, como regalo, concedeulle o Marquesado de Villaviciosa de Asturias, que todos entenderon como un regalo ó pai, xa que o fillo nada fixera aínda para merecelo.

Ademais da súa dedicación deportiva, á que logo nos referiremos, Pidal introduciuse, con variable acerto, en estudos económicos, pedagóxicos e mesmo filosóficos.

Traduciu a obra de Goschen, *Teoría de los cambios extranjeros*, que sería a súa ache-ga máis importante á economía. Publicou tamén unha obra titulada *Espiritualismo lógico*, unha especie de ensaio filosófico. A súa preocupación pedagóxica (ensino sen libros de texto, coñecemento da natureza, ximnasia, etc.) aparece reflectida na súa obra *Instrucción Pública*, na que recolleu artigos que publicara en xornais como *El Liberal*, *La Época*, *El Imparcial*, etc.

Sen embargo, a súa fama non procede nin destas obras nin da súa participación no Congreso ou no Senado, senón das excelentes aptitudes que demostrou para algúns deportes, especialmente para a caza e o alpinismo.

Parece que foi unha das grandes escopetas nacionais e mesmo europeas, xa que conseguiu en cinco ocasións o campionato de España de tiro, gañou en París o gran premio Centenario no concurso da Grande Exposición Universal de 1900, e incluso gañou en Londres dúas copas internacionais no mesmo día. Nos anais da caza de España figura o seu nome, ademais, por cobrar cinco osos maiores en Asturias e Aragón, algo que daquela parece que merecía moita gloria.

Como alpinista escalou os grandes picos de Suíza e din que foi o primeiro en coroa-lo Naranjo de Bulnes, considerado entón inaccesible.

Dado o seu entusiasmo pola natureza viva e morta, a Coroa encomendoulle a formación dos coutos reais de Serra de Gredos e dos Picos de Europa.

Á parte das obras xa citadas, publicou *El Naranjo de Bulnes. Peña Santa* (1919), *Política al alcance de todos* (1919) e *Liberalismo dictatorial y despotismo ilustrado* (1923).

Non todos sentían entusiasmo polos seus escritos. Unha poesía referíase a el nestes termos:

"Señor Don Pedro Pidal  
Marqués de Villaviciosa,  
juego un duro contra un real  
si hay quien entienda esa prosa  
de esquimal".

Como deputado e senador dise que a súa oratoria era moi persoal, intencionada, pintoresca, fácil e "verbosa", con ocorrencias que entretíñan a Cámara cando estaba algo adormecida.

Foi deputado por Mondoñedo entre 1900 e 1901, polo distrito de Belmonte (Asturias) entre 1906 e 1907, polo distrito de Luarca (Asturias) na lexislatura de 1907 a 1909 e desde 1914 senador vitalicio.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1899-1901    Deputado polo distrito de Mondoñedo    Lugo  
(Tomou posesión en 1900)

**PIELTAIN Y JOVE HUERGO, Cándido**

Naceu en Xixón no ano 1822. Moi novo ingresou no Exército en Infantería e xa de subtenente loitou contra as tropas carlistas na campaña de Cataluña.

En 1859 participou na Guerra de África. Estivo na batalla de Castillejos, foi ferido e amosou un valor que lle valeu o ascenso de coronel a xeneral de brigada.

Admirador e seguidor do xeneral Prim, a partir de 1865 foi condenado ó ostracismo, sen destino ningún.



Participou en forma destacada no levantamento de 1868. Ascendeu a xeneral de división. No ano 1870 foi nomeado subsecretario do Ministerio da Guerra e en 1871 ascendeu a tenente xeneral. Foi nomeado ministro de Guerra, segundo din algúns cronistas, dato que non podemos verificar. É posible que fose ministro interino.

Foi capitán xeneral de Valencia, Aragón e Galicia.

No ano 1873 foi destinado como capitán xeneral de Cuba, pero só permaneceu no mando desde abril a outubro dese ano. A súa experiencia foi plasmada no libro *La Isla de Cuba desde mediados de abril a fines de octubre de 1873* (Madrid, 1879).

Casou con Antonia Bartolí.

Foi elixido deputado en Cortes por Madrid na lexislatura de 1871 a 1872 e posteriormente representou a provincia da Coruña en tres ocasións.

Participou con certa asiduidade nas comisións do Senado, especialmente na lexislatura de 1881 a 1882. Foi membro das Comisións de Estado Maior e de Organización do Exército e presidiu unha comisión sobre recrutamento e quintas no Exército.

Foi sempre do Partido Liberal.

Morreu en Madrid no ano 1888.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1872-1873	Senador pola provincia da Coruña
Lexislatura 1881-1882	Senador pola provincia da Coruña
Lexislatura 1886-1888	Senador pola provincia da Coruña

**PIÑEIRO AGUILAR, Tomás (Marqués de Bendaña)**

Persoeiro que, a non ser polo apelido e polo título aristocrático de Bendaña, de evidente orixe galega, polo demais en nada estivo vinculado a Galicia.

Naceu en Madrid o 23 de febreiro de 1835, fillo de Buenaventura Piñeiro Manuel Villena, de Madrid, e de María Antonia Aguilar Narváez, natural de Cádiz. O seu avó

paterno era Antonio Piñeiro de las Casas, marqués de Bendaña, que nacera en Santiago. O avó materno era Antonio Aguilar Narváez Fernández de Córdoba, marqués de la Vega de Armijo.

No ano 1877 herdou o título de marqués de Bendaña coa Grandeza de España de primeira clase. Tiña importantes propiedades en Haro (Logroño), que presentou para demostra-la súa renda cando chegou o momento de entrar no Senado; valorou entón as terras de Haro en 673.932 pesetas.

Ingresou na carreira diplomática e representou a provincia de Pontevedra no Senado na lexislatura de 1881 a 1882. Traballou activamente nas comisións do Senado. Formou parte da que tratou as estacións telegráficas dos ferrocarrís, da comisión que estudiou a declaración dos portos de Ribadeo, Ribadesella e Torrevieja como de segunda orde da comisión que tratou a lei provincial e da que levou a prórroga dos tratados con Suecia, Noruega, Alemaña e Suíza (de todas elas foi secretario), das comisións que estudiaron as estradas da Fonsagrada a Ribadeo e de Viana á Rúa, así como o ferrocarril de Ferrol a Betanzos, etc.

Volveu representar a Galicia na lexislatura de 1886 a 1891 polo distrito de Redondela. Cesou, sen embargo, o 7 de xaneiro de 1889 ó ser nomeado ministro plenipotenciario de Constantinopla, polo que foi substituído por Flórez de Losada (véx.).

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1881-1882	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1886-1889	Deputado polo distrito de Redondela	Pontevedra

### PIÑEIRO CÁRDENAS, Pedro Telmo

Militar e fillo de militar, tivo unha curta vida política porque morreu axiña loitando contra os carlistas no norte de España.

Pedro Telmo naceu en Tui, fillo de Pedro Piñeiro de Lara, coronel e comandante xeneral de Tui, e de Catalina de Cárdenas Montenegro, que procedía de Ourense. Casou con Agustina de Lara Villamarín.

Como queda dito, fixo a carreira militar.

Nas primeiras eleccións de 1836 foi elixido deputado pola provincia de Pontevedra. Non falou nunca no Congreso nin tampouco consta que desenvolvese unha grande actividade. A realidade é que esta lexislatura só durou dous meses e, por conseguinte, tampouco tiveron os deputados moita ocasión para se manifestaren.

Concluída a lexislatura, retornou ó seu rexemento. Morreu no ano 1837 en Vitoria.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1836 (1ª)	Deputado pola provincia de Pontevedra	
-----------------------	---------------------------------------	--



## PIÑEIRO DE LAS CASAS, Santiago

Naceu en Santiago no ano 1788. Era fillo de Gregorio María Piñeiro Maldonado, marqués de Bendaña e de Andrea de las Casas, filla dos marqueses de Santa Marta. O matrimonio tivo dez fillos, sendo Santiago Piñeiro, o cuarto. Ingresou no ano 1802 no Colexio de Artilería de Segovia. Participou como oficial na Guerra de Independencia; foi profesor de matemáticas no colexio de Segovia (1815-1819).

No Trienio foi decidido partidario do liberalismo e, por iso, tivo que exiliarse en 1823 sendo tenente coronel. Foi amnistiado no ano 1833. Reincorporado ó exército, participou na Guerra Carlista, defendendo o liberalismo. Foi ascendendo e no ano 1843 era brigadier e en 1859 mariscal de Campo. Un estudioso da historia militar danos del o seguinte xuízo: "Persona muy ilustrada y anticuario acreditado, poseyendo varios idiomas, era socio de mérito de la Arqueología Matritense y Central de España... e individuo de las Sociedades Económicas de Cantabria, Burgos, Oviedo, Aragón y Matritense. Era Caballero de S. Juan de Jerusalén y Gran Cruz de S. Hermenegildo".

### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1843-1844 Senador polo provincia da Coruña

## PITA LAMAS, Leandro

Naceu en 1819 no pazo de Souto (Santiago de Mera, Ortigueira) fillo do señor do pazo, José Pita Alfeirán, cabaleiro da Real Mestranza de Ronda, e de Melchora Lamas y Menéndez.

Casou con Gertrudis Sánchez Boado, coa que tivo a Leandro Pita Sánchez Boado, excelente literato, gran promotor da agricultura da comarca de Ortigueira e pai de Leandro Pita Romero, deputado, embaixador e ministro na Segunda República.



A pesar do manifesto ascendente que Pita Lamas tiña na comarca, non resultou fácil obte-la representación do seu distrito porque nel quería enfeudarse Juan José Viñas, que gozaba de firmes apoios no ministerio.

Obtivo a súa primeira representación para a lexislatura de 1850, que só durou seis meses. Novamente resultou elixido no Bienio Progresista (1854-1856). Retirouse logo da alta política, dedicándose á política municipal (chegou a ser alcalde da súa vila) e provincial (foi conselleiro da Deputación). Tamén se dedicou a administrar a súa importante riqueza rústica, que o situaba entre os vinteún máximos contribuíntes da provincia.

Morreu no ano 1873 e, pouco antes de falecer, aínda logrou unha terceira representación nas primeiras eleccións de 1872.

En ningunha das ocasións nas que representou a Galicia nas Cortes brillou como deputado.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Ortigueira	A Coruña
Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1872 (1 <sup>a</sup> )	Deputado polo distrito de Ortigueira	A Coruña

### PITA PIZARRO, Pío

Naceu en Benavente o 5 de maio de 1792 e chegou a Santiago para estudar Leis na Universidade. Moi novo, sendo estudante, ingresou no ano 1808 no Batallón Literario para loitar contra os franceses. Foi ascendendo no escalafón militar e, segundo parece, alcanzou o grao de coronel. Rematou Dereito en Santiago e deixou a milicia para dedicarse á administración e á facenda, que eran as súas grandes vocacións.

En 1833 publicou a súa obra *Lecciones generales de comercio*, en 1838 *Del crédito y los empréstitos públicos* e, en anos posteriores, foron aparecendo outros tomos como *Examen histórico-crítico de la Hacienda y Deuda del Estado* (1840) ou *Conocimiento histórico y estadístico de la Hacienda Pública de España* (1843).

Ademais de contar cunha sólida formación teórica, Pita Pizarro tivo ocasión e oportunidade de poñer en práctica estes coñecementos. Foi gobernador civil de Logroño, Pontevedra e Madrid.

Foi ministro, polo menos, en catro ocasións: con Calatrava na Presidencia do Consello de Ministros, foi ministro de Gobernación por poucos meses (1837); baixo a presidencia de Bardají foi tamén durante algúns meses ministro de Facenda (1837); co duque de Frías foi así mesmo ministro de Facenda (1838) e finalmente baixo a presidencia de Evaristo Pérez de Castro, foi de novo ministro de Facenda (1838-1839).

Iniciou a súa vida parlamentaria como deputado na lexislatura de 1836, pola provincia de Zamora. Posteriormente representou como senador a provincia de Pontevedra entre 1837 e 1838. No ano 1839 representou no Congreso a provincia de Pontevedra, o mesmo que nas dúas lexislaturas de 1843. Por último, tamén resultou elixido deputado por Pontevedra para a lexislatura de 1844 a 1845.

Comentan os seus biógrafos que, cando rematou a Guerra do Norte, rexeitou o Marquesado de Vergara que lle ofreceu a Raíña Rexente por indicación de Espartero.

Morreu en San Sebastián o 3 de setembro de 1845.

A intelixencia, pero tamén a capacidade de intriga de Pita Pizarro, foron moi comentadas polos críticos contemporáneos. Por exemplo, J. Castro na súa obra *Los Ministros de España* di: "Este señor tenía muchos puntos de contacto con la ardilla. Su nombre y sus apellidos dan una idea de él... Pío Pita Pizarro. Se necesita valor para llamarse así. Fue sin embargo gran intrigante y aunque hizo poco o nada en las secretarías de Hacienda y de Gobernación, hizo mucho por su porvenir y el de sus parientes".

O xogo dos seus apelidos foi un dos motivos máis frecuentes utilizados polos poe-

tas satíricas. Por exemplo, esta composición do poeta Jacinto Salas e Quiroga:

"Sublime señor don Pío  
de quien yo nunca me río,  
temeroso de un navío  
que me arrastre a Santa Cruz.  
Por cuya gracia infinita  
en esta tierra maldita  
tan sólo al nombre de Pita  
surge un tesoro de luz . . .  
Enjuga este llano mío  
Don Pío,  
calma el furor que me agita,  
Don Pío Pita,  
pues a tu piedad me agarro,  
Don Pío Pita Pizarro".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1838	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1843 (1ª)	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1843 (2ª)	Deputado pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1844-1845	Deputado pola provincia de Pontevedra

### PLA, Buenaventura Miguel

Membro activo e importante do progresismo lucense. Formou parte da milicia nacional, brazo armado do progresismo, e foi elixido comandante no ano 1835. Foi así mesmo alcalde de Lugo en 1836. No ano 1841 era membro da Deputación Provincial de Lugo.

En 1843 foi elixido deputado en Cortes pola provincia de Lugo. Oposto ó goberno dictatorial de Espartero, volveu a Galicia co encargo de movilizala poboación e contactar cos cuarteis para levantarse contra Espartero.

Foi servidor do progresismo, pero tamén resultou moi beneficiado por el. Xunto co seu parente Antonio Magin Pla, foi comisionado de arbitrios provinciais, contratista en toda a provincia da conducción do sal e do tabaco e contratista de víveres. Isto explica que puidese investir case 300.000 reais na adquisición de bens desamortizados, e tamén que fose un dos maiores contribuíntes da provincia de Lugo.

Volveu ser alcalde de Lugo no Bienio Progresista.

Estaba casado con Isabel Huidobro, filla dun alto empregado da Administración de Facenda e industrial.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1843 (1ª)	Deputado pola provincia de Lugo
-----------------------	---------------------------------

**PLA Y CANCELA, Benito**

Naceu en Ferrol o 31 de decembro de 1812, fillo de Benito Pla e de María Teresa Cancela. Procedía, por parte do pai, de Cataluña e, por parte de nai, da antiga provincia de Santiago.

Estudou na Universidade de Santiago, onde se licenciou en Leis. Casou con Josefa Huidobro del Riego, de Santa María del Sar (Santiago). O matrimonio tivo dous fillos.

No ano 1843, cando a penas era coñecido como avogado na Coruña, foi elixido deputado pola provincia de Lugo, cargo do que tomou posesión o 18 de novembro de 1843. O 3 de decembro do mesmo ano falou no Congreso por vez primeira. As Cortes pecharon o 27 de decembro, pero antes de que fosen suspendidas falou, tal e como lembraría anos despois, nunha sesión na que se trataba un tema gravísimo: a exoneración de Olózaga. O propio Pla y Cancela recoñecería que en 1843 era xa moderado.

Tardou vinte anos en retornar ás Cortes, período durante o cal traballou con éxito na avogacía, chegando a ser un dos máis acreditados avogados da Coruña. Foi Decano do Colexio de Avogados desta cidade entre 1859 e 1863. Fundou e dirixiu a revista *Boletín Judicial de Galicia*, publicou luminosos artigos sobre *Exame de las leyes de abolición de señoríos* (1857), motivado polo preito entre o duque de Alba e os veciños de Iñás, os que defendeu.

Volveu ó Parlamento no ano 1863 en representación do distrito da Coruña, cando tiña ben gañado o seu prestixio no foro. Formou parte das Comisións de Actas, de Lei Hipotecaria, de Reducción de Foros e do Ferrocarril Ponferrada-A Coruña. Como deputado non refugou xamais o corpo a corpo cos demais. Así, no debate sobre o plan de ferrocarril de Galicia tivo na sesión do 20 de maio de 1864 un duro enfrontamento con Claudio Moyano, que representaba os intereses de Zamora e, por conseguinte, optaba por unha liña ferroviaria distinta. O 19 de decembro de 1863 tivo outra dura discusión con Cándido Nocedal quen, moi pagado de si mesmo, dicía de Pla que nin sabía quen era, ó que este lle respostou que xa se viran no ano 1843 e que nin entón nin vinte anos despois podía estar de acordo con Nocedal. Pla y Cancela aludiu ás mutacións políticas de Nocedal, fronte á súa constancia a carón do Partido Moderado. Nocedal replioulle en ton ferinte: "Si cada vez que me ha nombrado hubiera dicho una idea luminosa, no hubiera habido un discurso más honroso (porque dicía que o citara polo seu nome cento vinteoito veces). Me lamento de no haberle reconocido, porque ahora su cabeza está llena de canas. Sus ideas por eso son anticuadas".

Por terceira vez estivo nas Cortes do 1867 ó 1868, para as que fora elixido pola Coruña e por Lugo, se ben optara pola Coruña. Formou parte das Comisións de Actas (da que foi presidente), Ferrocarril (tamén presidente), Orzamentos, Exército e Débeda Amortizable (así mesmo presidente). Foi tamén vicepresidente das Cortes. Como membro das comisións desenvolveu unha intensa actividade. Advírtese nel o temor á revolución e por iso apoiou en forma vehemente o Goberno e a Monarquía.



Co Sexenio retirouse da alta política e dedicouse exclusivamente ó foro. Morreu o 3 de xullo de 1874 en pleno exercicio da avogacía, porque morreu nos estrados, na Sala do Criminal da Audiencia Real da Coruña, mentres defendía un cliente.

Os gobernos moderados fixérono obxecto dalgúns nomeamentos, pero sen excederse: foi asesor do Ministerio de Facenda (1876), director xeral da Débeda e conselleiro de Estado.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1843	Deputado pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1867-1868	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña

### PLA Y PEÑALVER, Fernando

#### (Marqués de Amboage)

Naceu en Madrid o 30 de maio de 1883. Era fillo dos ilustres filántropos Ramón Pedro Francisco Pla y Monje e de Faustina Peñalver Fausto. O seu pai fora emigrante en América, onde lograra unha gran fortuna. Por testamento do 13 de xullo de 1891, e en memoria do seu fillo primoxénito Ramón, falecido con anterioridade, creara a fundación de Amboaxe cun capital de 7.237.257 pesetas. Parte desta cantidade estaba destinada a redimir das armas os mozos de Ferrol, da Coruña ou da provincia coruñesa; outra parte dedicábase a protexe-los mozos, para evitar que emigrasen. Ramón Pla morreu en Madrid en 1892.




O seu fillo Fernando, o noso protagonista, era persoa dunha grande cultura. Nunca quixo participar activamente na vida política, pero, por fin, aceptou ser proposto como candidato polo distrito do Ferrol en 1914. As eleccións foron anuladas polo Tribunal Supremo e foi preciso realizar unhas novas eleccións parciais o 14 de xuño de 1914, e nesta ocasión xa foi válida a súa elección.

Fernando continuou administrando a fundación creada polo seu pai e gozou dun merecido prestixio e recoñecemento en toda España. Pensamos que nunca mais volveu presentarse a unhas eleccións.

O título de marqués de Amboaxe era pontificio e non foi recoñecido polo Goberno español ata 1894.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
-----------------------	----------------------------------	----------



## PORTELA VALLADARES, Manuel (Conde de Briás)

Un dos políticos galegos máis destacados pero tamén máis controvertidos. No libro de Olmet *Su Señoría*, atopámo-los seguintes comentarios: "Portela será ministro (o xuízo está escrito en 1911), tal vez primeiro ministro. Es un águila que vuela recta y segura"; Portela "se ha puesto el corazón en el cerebro". No mesmo libro, en letra apresurada pero intelixible, alguén anotou baixo estes xuízos o seguinte: "Gran canalla, cerdo masón, miserable, traidor a la patria". Portela provocou sempre estes odios e entusiasmos. Parece

ser que foi o seu destino.

Naceu na cidade de Pontevedra o 31 de xaneiro de 1867 no seo dunha familia máis ben humilde. Eran os seus pais Juan Portela Dios e Teresa Valladares Rial. Tivo cinco irmáns e o pai morreu cando Manuel só tiña dez anos. Isto cambiou radicalmente a súa vida porque foi recollido pola súa tía, Juana Portela Dios, casada co impresor José Vilas, que gozaba dunha situación económica bastante boa, e que proxectou sobre o sobriño todo o cariño e a atención.

Por iso puido estudar no elitista colexio dos xesuítas de Camposacos (A Guarda, Tui), posteriormente fixo Dereito en Santiago, onde se graduou no ano 1889.

Do pai debeu recibir certas calidades intelectuais e, sobre todo, de activismo social porque resulta sorprendente que outro fillo que aquel tivera, fóra do matrimonio, Enrique Heraclio Botana, fose o gran líder dos socialistas galegos e tamén deputado (véx.). O noso Portela e Heraclio foron, por conseguinte, medio irmáns.

O segundo matrimonio da súa tía, Juana Portela, con Ramón Mucientes, ben asentado economicamente en Pontevedra, abriulle aínda máis as portas ó noso protagonista e aseguroulle unha herdanza bastante importante que lle permitiu vivir en Pontevedra ata 1899 sen agobios económicos e mesmo cun nivel de vida elevado. En Pontevedra foi xuíz municipal e en 1898 e decano do Colexio de Avogados.

Cando estaba para cumprir trinta e dous anos decidiu pasar páxina na súa vida. Gañou unhas oposicións a rexistrador da propiedade e isto permitiulle instalarse en 1899 en Madrid, novo teatro das súas actividades intelectuais e políticas.

Entrou no mundo da política da man de Montero Ríos, que lle procurou un distrito cómodo: A Fonsagrada (Lugo). Sen embargo, pouco a pouco Portela foi contraendo compromisos políticos con Basilio Álvarez e os fundadores de *Acción Gallega*, e esta nova militancia foino afastando do seu protector Montero. Seguindo coa liña marcada por Montero Ríos ó Partido Liberal, no que militaba, Portela, como moitos outros mozos inquedaos, apostaron por Canalejas, que traía ó partido un aire distinto e novos compromisos sociais.

Isto significou o distanciamento de Montero Ríos e da súa poderosa familia.

Nun momento de situación crítica en Cataluña en 1910 (ó remate da Semana Tráxica), Canalejas enviouno alí de gobernador con amplos poderes. Foi un acerto, porque Portela puido mediar entre as dúas forzas antagónicas (nacionalismo e lerrouxismo) polos vínculos persoais que tiña cos líderes das dúas forzas: casou no ano 1913 con Clotilde Puig y Mir, que ademais de darlle o título de conde de Brías, proporcionoulle unha importante fortuna. En 1912 foi premiado co nomeamento de fiscal do Tribunal Supremo.

A morte de Canalejas deixouno un pouco desamparado, polo que entre 1914 e 1924 dedicouse preferentemente ós seus negocios.

No ano 1923, arrimado novamente ó Partido Liberal, que agora lideraba García Prieto, foi enviado por segunda vez a Barcelona como alto gobernador.

En 1924 fundou en Vigo *El Pueblo Gallego*, un gran periódico democrático que fixo campaña a favor dunha nova situación política para España. Nesta xornal colaboraban os republicanos e nacionalistas e só por iso Portela xa merece un recoñecemento na historia de Galicia.

Na Segunda República logrou acta de deputado nas eleccións de 1921, pero fracasou nas de 1933. Finalmente fundou o Partido do Centro, coa pretensión de crear unha forza disuasoria entre os dous bloques irreconciliables da dereita e o Fronte Popular. O seu ben intencionado intento resultou o seu derradeiro fracaso político.

Durante a Guerra Civil logrou refuxiarse en Francia coa súa muller. Separouse dela e, logo dalgúns titubeos, mantívose fiel á República e colaborou coas forzas republicanas do exilio. Morreu en Bandol (Francia) o 29 de abril de 1936.

No ano 1922 foi ministro de Traballo, baixo a presidencia de García Prieto, desde o 1 ó 13 de setembro. En 1935 volveu ser ministro de Gobernación con Lerroux desde o 3 de abril ó 6 de maio, e novamente desde o 6 de maio ó 25 de setembro do mesmo ano. Tamén foi ministro con Chapaprieta do 25 de setembro ó 29 de outubro de 1935. Finalmente foi primeiro ministro en dúas ocasións: do 14 de decembro de 1935 ó 30 de decembro de 1935 e do 30 de decembro de 1935 ó 19 de febreiro de 1936.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1906-1907	Deputado polo distrito de Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1931-1933	Deputado pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1936	Deputado pola provincia de Pontevedra	

**POSADA GARCÍA BARROS, Manuel**

Naceu en Vigo no ano 1868. Estudiu Dereito na Universidade de Santiago e abriu un bufete de avogado naquela cidade.

Formou parte das institucións máis prestixiosas de Vigo, como a Cámara de Comercio, da que foi vicepresidente, o Círculo Mercantil, do que foi presidente, a Tertulia Recreativa e o Ximnasio.

Por iso resulta lóxico que en marzo de 1903 fose elixido alcalde da cidade. Pouco tempo estivo no cargo porque unha circunstancia non prevista puxo en contra súa a opinión do pobo vigués. Nas festas da cidade anunciárase a participación do aviador Guarnier, que por diversas razóns non puido actuar, e este feito obrigouno a presentala dimisión. Foi substituído o 1 de xaneiro de 1904 por Joaquín Pérez Boulosa. O noso biografado deu a coñecer todo o acontecido nunha folia que repartiu pola cidade, titulada "La verdad a mi pueblo".

Presidente do Partido Liberal da cidade de Vigo, fundou no ano 1912 o xornal *Heraldo de Vigo*, que dirixiu J. Fernández Herba e que contaba entre os seus colaboradores con Valentín Paz Andrade. O xornal deixou de publicarse no ano 1914.

Sen dúbida, para consolida-la súa posición social en Vigo, Posada presentouse ás eleccións a deputados en Cortes por un dos distritos monteristas: o de Muros. Resultou elixido para as lexislaturas de 1916 e 1918.

Na lexislatura de 1923 conseguiu un escano por Illescas (provincia de Toledo).

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña

**POSE, Manuel**

Periodista residente en Madrid que, xunto con Jorge Pérez Lasso de la Vega, fundou no ano 1836 a revista *La España Marítima* (1836-1840). Co mesmo colaborador publicou a obra *Los marinos displicentes*. É autor dunha correspondencia crítica epistolar (Madrid, 1841). No ano 1842 fundou novamente con Lasso de la Vega e con Ruíz de Albornoz, *El Fanal*, que levaba como subtítulo *Crónica comercial, marítima, industrial y literaria*.

Parece ser que a intención de Pose e dos seus colaboradores era poñer de relevo a importancia da Armada e crear unha opinión favorable a unha dotación económica axeitada a tal importancia.

Sorprende nun periodista que amosase tan pouco entusiasmo pola política activa, que se presentase e obtivese a representación polo distrito do Cee no ano 1850.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Cee	A Coruña
-----------------------	-------------------------------	----------



**POSE VARELA, Luis**

Naceu en Santiago, onde estudou Artes na universidade. Graduouse como doutor en 1807. Estudou dous cursos (1820-1821 e 1821-1822) no Colexio Imperial da Compañía de Xesús en Madrid. No curso 1822-1823 estudou Astronomía no Museo das Ciencias de Madrid.

Retornou a Santiago no ano 1824 e foi nomeado substituto de Física Experimental e Química. Cursando tamén Leis.

O seu carácter habilidoso e dúctil permitiulle pasa-la resaca absolutista que seguiu ó ano 1824 sen demasiados problemas, xa que resulta inconcibible que, estando en Madrid no Trienio e cursando Ciencias, non se contaxiase do liberalismo.

No ano 1830, en plena marea do absolutismo, logrou a cátedra de Física na Universidade de Santiago.

A partir de 1834, e coincidindo coa recuperación da liberdade política, agromou novamente o seu liberalismo. De feito obtivo a representación pola provincia da Coruña en catro lexislaturas.

No Congreso non tivo unha actuación destacada, pero aproveitou a súa estancia en Madrid para pór de manifesto a súa habilidade e o seu tacto na xestión, de maneira que unha R. O. comunicada ó Claustro de Santiago o 12 de decembro de 1839 o nomeou rector desta universidade.

Como rector pasou unha etapa difícil pola necesidade de adecua-los novos plans de estudos de Leis e Medicina, e experimentou a sacudida do pronunciamento de 1840, que se concretou nunha Xunta Revolucionaria autoconsiderada soberana, a cal asumiu a universidade como unha das súas competencias. Esta Xunta destituíu varios catedráticos e adoptou outras medidas sorprendentes, que Pose foi capaz de sortear coa súa recoñecida habilidade.

Cesou como rector en xuño de 1843 e morreu en Santiago o 16 de febreiro de 1856.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1836-1837	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1837-1838	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1841-1842	Deputado pola provincia da Coruña

**PRADA DE MONASTERIO, Antonio**

Progresista radical, próximo a Espartero, desempeñou un certo papel no progresismo galego dos anos corenta do século XIX. De feito, aparece representando a Valdeorras na Xunta de Ourense do ano 1840, o que nos fai supoñer que debía de ser deste distrito.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1841-1842	Deputado pola provincia de Ourense
Lexislatura 1843 (1ª)	Deputado pola provincia de Ourense

---

**PRADO NEIRA, José (Marqués de San Martín de Hombreiro)**

Naceu este ilustre personaxe en Lugo no ano 1774. Era fillo de Benito de Prado e Lemos, rexedor de Lugo e alférez maior, cabaleiro da Real Mestranza de Ronda, e de María Josefa de Neira Lemos Ulloa e Becerra de Montenegro.

Participou na Guerra da Independencia, durante a cal formou parte da Xunta de Lugo e foi xefe de alarmas da provincia.

A morte do pai, herdou a rexedoría da cidade de Lugo e o cargo honorífico de alférez maior. Cando no ano 1813 foron suspendidos os señoríos, o concello optou por nomear un corrixidor para a cidade. A isto opúxose o bispo de Lugo, que acababa de perde-lo señorío xurisdiccional sobre a mesma, acusando especificamente a dous rexedores, a Prado de Neira, "joven díscolo y litigioso", e o seu curmán, Antonio Gil Santiso, "tonto libertino", de seren os promotores da idea do corrixidor.

Casou con Ramona Ozores Valderrama, da casa dos señores de Rubianes.

No ano 1817 Fernando VII concedeu-lle o título de marqués de Hombreiro. Era un dos máis grandes rendeiros da provincia, con rendas en Hombreiro, Parada, Sanfiz, etc.

En 1833 foi designado deputado xeral do Reino de Galicia na Corte, nomeamento que facía a Xunta do Reino rotatoriamente entre os deputados das sete cidades. Cando lle correspondeu á cidade de Lugo foi nomeado Prado Neira. No momento en que foron designados os novos subdelegados de Fomento nas catro provincias (os actuais gobernadores civís), en 1834, o Goberno interpretou que o cargo de deputado xeral do Reino de Galicia estaba suficientemente cuberto polos novos delegados, polo que foi suprimido por R. D. do 9 de xuño de 1834.

Prado Neira loitou ante tódalas instancias para defende-la necesidade da Deputación na Corte, utilizando non só argumentos de conveniencia política senón tamén argumentos históricos. Nunca saberemos se o entusiasmo posto polo marqués de Hombreiro na defensa deste cargo era só por razóns patrióticas (xa que tiña razón en que os subdelegados de Fomento non representarían a Galicia senón o Goberno en Galicia) ou polos 120.000 reais de nómina anual que percibía dun imposto que tiñan que pagar tódolos galegos.

Prado Neira foi recompensado coa súa elección como Prócer do Reino en 1834 e posteriormente foi elixido pola provincia de Lugo senador para a lexislatura de 1837.

Morreu en Madrid o 26 de novembro de 1838.

---

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1837-1838      Senador pola provincia de Lugo

---

**PRADO PALACIO, José del**  
**(Marqués del Rincón de San Ildefonso)**



A única vinculación que lle coñecemos con Galicia, á parte de representa-lo distrito de Lugo durante pouco máis de un ano, foi o tempo que estivo en Ribadavia como director enolóxico.

Naceu en Xaén o 3 de xaneiro de 1865, no seo dunha familia opulenta e aristocrática. Estudiou Enxeñería Agrónoma, exerceu durante algúns anos e pediu logo excedencia para dedicarse á política.

Foi director xeral de Agricultura, alcalde de Madrid dúas veces, secretario e vicepresidente do Congreso, subsecretario de Gobernación e ministro de Instrucción Pública no goberno presidido por Sánchez de Toca, desde o 19 de xullo ó 12 de decembro de 1919.

Militou sempre no Partido Conservador.

Iniciou a súa carreira política como representante da provincia de Xaén nas lexislaturas de 1899 a 1901, de 1901 a 1903, de 1903 a 1905, de 1905 a 1907, de 1907 a 1910 e de 1910 a 1914. Finalmente foi representante do distrito de Lugo na lexislatura de 1914; sen embargo, dimitiu do seu escano o 28 de xaneiro de 1915 ó ser nomeado polo Rei senador vitalicio.

Morreu o 27 de febreiro de 1926.

Escribiu obras como *El socialismo agrario en Andalucía*, *El porvenir de una región*, *Hagamos patria*.

Era un rico propietario da provincia de Xaén, con terras en Villanueva de la Reina, Andújar, Mancha Real e Espeluz, e dúas grandes devesas, "Llano de las Huelgas" e "Mopedo y Matanza", situadas preto de Baeza (Xaén).

Como deputado galego, e tendo en conta o pouco tempo durante o que exerceu, traballou en bastantes comisións, como a de persoal para a Armada ou as que analizaron a corrección da lei orgánica do corpo diplomático e consular e a lei para a reserva. Como pode verse, ningunha trataba asuntos que afectasen a Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1914-1916

Deputado por Lugo

(Cesou o 28 de xaneiro de 1915 e foi substituído por Leonardo Rodríguez)



### PRIETO MERA, Francisco

Prieto Mera foi como a sombra de Rafael Gasset Chinchilla, que o promoveu na política e o situou economicamente. Por isto, e para suceder a Gasset, foi deputado por Galicia.

Naceu en Málaga no ano 1852. Estudou Dereito na Universidade de Granada. Tivo bufete en Málaga durante algúns anos, foi concelleiro e alcalde de Málaga e deputado provincial.

Cando parecía que a súa vida se atopaba estabilizada, en Málaga marchou para Madrid. Entrou como avogado no bufete de Rafael Gasset Chinchilla e a partir deste momento foi como a súa sombra. Foi tamén accionista, xunto cos Gasset, da Sociedade Editorial de España, na que consta que tiña 250 accións.

Gasset Chinchilla representou o distrito de Noia desde 1896, pero retirouse en 1910 para deixarlle o distrito a Prieto Mera. Como na lexislatura de 1914 precisaban o distrito para outro gassetista, que era Chapaprieta, Rafael Gasset cedulle a Prieto Mera o posto de senador pola Coruña que gañara. De aí que este non tomase posesión ata o 31 de agosto de 1914.

Como senador en representación da provincia non formou parte de ningunha comisión que afectase a Galicia directamente. Foi membro da Comisión de Fomento Turístico e da de Construcción de Hoteles.

Morreu en Madrid o 17 de febreiro de 1916.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1914-1916	Senador pola provincia da Coruña	



### PRÍNCIPE BÁRCENA, Augusto

Naceu en Vigo o 22 de xaneiro de 1863. Era fillo de León Príncipe, natural de Valladolid, pero que veu a Galicia como director dos Baños de Caldelas e aquí casou con Sebastiana Bárcena, dunha poderosa familia viguesa. O seu avó paterno, Carlos Príncipe, era de Valladolid e estaba casado con Pilar Franco de Benavente. Estes eran os pais non só de dona Sebastiana, senón tamén de Manuel Bárcena Franco (véx.), rico propietario, alcalde e mecenas de Vigo, senador varias veces pola provincia de Pontevedra.

En Vigo tamén vivía Augusto Bárcena, tío e padriño de Príncipe, que exercía de cónsul de Suecia e Noruega.



O noso biografado estudou na Academia Militar de Segovia, onde remata en 1882, e foi ascendendo ata coronel de Artillería, momento no que pediu a excedencia para dedicarse á vida política.

Casou o 5 de outubro de 1900 con Ana Requena Gavilá, natural de Xativa, e a súa dona achegou importantes efectivos económicos. Sabemos que vivían en Madrid, na rúa de Vergara 5, casa que era da súa esposa. Así mesmo tiñan unha casa en Valencia, unha importante propiedade en Rafelgurafat e terras a arrozais en Benegida (Alberique, Valencia), todo procedente da súa muller.

Do Partido Conservador, debía estar na órbita dos Bugallal. No ano 1914 os Bugallal fixéranlle un pulso en Ourense a Vicente Pérez, que perdeu as eleccións a favor de Isidoro Bugallal. Pero este morreu o 22 de abril de 1914 e os Bugallal houberon de buscar rapidamente un candidato conservador. Isto explica que Príncipe saíse elixido nunhas eleccións parciais. Tomou posesión o 20 de xuño de 1914.

Como deputado non destacou. Formou parte dalgunhas comisións sen transcendencia, como a de mensaxe á Coroa, etc.

Volveu representar novamente a Galicia en tres lexislaturas seguidas, pero no Senado: de 1917 a 1918, de 1918 a 1919 e de 1919 a 1920, as tres pola provincia de Ourense. Tampouco no Senado destacou pola súa actividade, aínda que foi membro dalgunhas comisións nas que se trataron preferentemente temas militares.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
Lexislatura 1917-1918	Senador pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1918-1919	Senador pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1919-1920	Senador pola provincia de Ourense	

### PUGA BLANCO, Luciano María

Ilustre personalidade da vida política galega esquecida sistematicamente nos repertorios biográficos (escasos e malos, agás o de Couceiro Freijomil) e só parcialmente recollida, a pé de páxina, nas historias da literatura galega polo feito de defender a Curros Enríquez ante a Audiencia da Coruña. Afortunadamente hai pouco Manuel Blanco Rey dedicoulle un interesante artigo en *Anuario Brigantino*, que é o máis completo do que hoxe dispoñemos sobre Puga Blanco.



Non naceu, como sempre se dixo, en Santiago, senón en San Andrés de Proente (A Marca, Celanova, Ourense) o 30 de decembro de 1842. Era fillo de Manuel María Puga Feijó, e de Carmen Blanco Castro y Marquina. Vivían preto de Celanova porque o seu pai era capitán do resguardo desta vila. Manuel María Puga, carlista, fora coronel do Exército de don Carlos. En virtude do pacto de Vergara integrouse no Exército

Regular, pero co grao de capitán, que lle foi recoñecido.

Estudou no instituto de Ourense e concluíu o bacharel no de Santiago en 1858. Estudou logo Leis na universidade compostelá, onde se licenciou en Dereito Civil e Canónico. Posteriormente conseguiu o doutoramento pola Universidade Central no ano 1867.

Desde 1868 a 1871 foi profesor auxiliar da Universidade de Dereito. O 10 de febreiro de 1868 contraeu matrimonio con Juana Parga Torreiro, de Santiago, irmá do profesor e logo catedrático e rector da universidade Salvador Parga Torreiro.

Luciano Puga puido proxecta-la súa actividade cara á política e mesmo puido renunciar á universidade porque a fortuna petou á súa porta. O 9 de abril de 1860 morreu en Santiago Jacoba Cisneros Puga, condesa de Gimonde, sen descendencia directa, e acordou deixa-las súas propiedades á familia dos Puga, é dicir, a Luciano e probablemente ós seus irmáns. Isto explica que Luciano se vise repentinamente asistido por un apoio económico inesperado, do que formaban parte, por exemplo, o pazo de Anzobre (preto da Coruña), a magnífica casa da praza de Azcárraga, na Coruña, e a chamada Hortá do Xeneral, que foi mercada pola Deputación para situar nela unha granxa agrícola e que parece ser que foi taxada en 530.000 pesetas do ano 1889.

Esta situación económica permitiulle a Puga Blanco orientar con tranquilidade e sen apuros o seu futuro, un futuro que entendeu que non tiña máis que un camiño: o da política, camiño que en ocasións compatibilizou cun bufete bastante acreditado na Coruña, aínda que esta sempre foi para el unha actividade subalterna.

Puga Blanco, por formación e mesmo por sentimento familiar, iniciouse na política no carlismo. Concelleiro do Concello de Santiago no ano 1869, en 1870 era xa alcalde titular, cargo que exerceu desde o 23 de febreiro de 1870 ata o 7 de febreiro de 1871.

Resultou elixido deputado en Cortes nas eleccións de 1871, polo distrito de Santiago. Na sesión do 18 de xullo de 1871 interveu defendendo a súa acta e, de paso, deixando constancia da súa inequívoca militancia carlista. O 13 de novembro de 1871 ratificou a súa militancia cunhas palabras que causaron algunha sensación: "El mero acto de enviarme aquí a representarle (refírese ós electores do seu distrito compostelán) han manifestado el vivísimo deseo que lo anima de ver cuanto antes en Italia a don Amadeo de Saboya".

Cando o carlismo deixou de ser un proxecto posible, Luciano Puga pasou a servir outro amo: a monarquía de Alfonso XII. Son cousas da política. Seguidor fiel de Cánovas, e máis aínda de Romero Robledo, non tivo problemas para estar presente no Parlamento (Congreso ou Senado) ininterrompidamente desde 1884 ata 1894, e gozar doutras prebendas políticas para as que, sen dúbida, estaba capacitado. Así, no ano 1891 foi nomeado gobernador do Banco Español de Cuba, posto que debeu a Romero Robledo, que tiña fortísimos intereses naquela illa politicamente tan revolta.

As investigacións de Bahamonde Magro e Cayuela Fernández sobre ás elites cubanas poñen de manifesto as conivencias económicas e políticas do Partido Conservador,

e moi especialmente de Romero Robledo, coa elite cubana, o que explica en boa medida non só os nomeamentos como este, en Cuba, senón tamén a imposibilidade de poñer final a unha guerra que non era patriótica senón de intereses. Puga Blanco non serviu a España, aínda que así o crese, senón a oligarquía da metrópole e da illa, oligarquía que tiña ben situadas as súas bazas nos gobernos de Madrid.

Cando retornou de Cuba, onde deixaba enterrada a súa primeira muller, e xa moi enferma á súa filla Mariquiña (a quen Curros dedicou a fermosa balada musicalizada por Baldomir), que morreu tres anos despois, foi premiado co posto de fiscal do Tribunal Supremo.

Resultou elixido deputado na lexislaturas de 1884 polo distrito de Coruña, e na de 1886 por Ordes e A Coruña. Optou entón, no ano 1887, pola Coruña e liberou o distrito de Ordes, que pasou a ocupa-lo deputado Gutiérrez de la Vega.

No Congreso tivo unha participación activa e sempre intelixente. Denunciou os abusos cometidos polo gobernador civil da Coruña, e polo fiscal e os xuíces da Coruña e Ferrol, o que provocou que os afectados solicitasen das Cortes un suplicatorio para procesalo, suplicatorio que, por suposto, o Congreso denegou con data do 7 de xuño de 1888.

No ano 1891 a Real Sociedade Económica Matritense de Amigos do País elixiuno senador, en representación desta institución, e novamente no ano 1893 resultou elixido senador pola provincia de Matanzas en Cuba.

En 1881 Luciano Puga defendeu o poeta Curros Enríquez na Audiencia da Coruña e conseguiu a súa absolución. Confundidos polo discurso que alí pronunciou, tan favorable á liberdade de opinión, sempre pensamos que Luciano Puga abandonara as súas teses ultramontanas e mesmo chegamos a pensar que militaba no progresismo. A lectura do traballo de Blanco Rey indícanos que a evolución ideolóxica non foi tan pronunciada. Luciano Puga non expresou no seu discurso o que realmente pensaba, senón o que conviña alegar para defende-lo seu amigo Curros (amizade que viña de vello, porque os pais dun e doutro, os dous carlistas, e os dous de Celanova, tiveran tempo sobrado de anoar unha boa amizade, logo proseguida polos fillos), o que demostrou a súa profesionalidade.

Polo dito, xa se comprende que a Luciano Puga non só temos que rememoralo pola defensa de Curros. A súa biografía ten de seu a suficiente categoría como para merecer un tratamento moito máis detido có que lle podemos dedicar aquí.

Sabemos que casou por segunda vez con Antonia Abril Solís e morreu o 24 de setembro de 1899.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1886-1889	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña

---

---

**PUGA GÓMEZ, Pedro Ventura de**

Naceu en Bobadela (Celanova, Ourense) no ano 1775, segundo Paz Leirós (que corrixe a data que todos daban de 1772), e morreu en Ourense ós noventa e un anos en 1866.

Era fillo de Ramón de Puga e de Manuela Gómez Suárez, da casa de Entrambos Ríos e Pardavedra.

Viviou varios anos no pazo de Fontefiz (na Peroxa, Ourense). Estudiu Leis en Santiago, carreira que rematou en Salamanca.

Casou no ano 1801 con María Antonia de Puga, da casa de Santa María de Augas Santas. Só tivo dúas fillas: unha que morreu nena, e a outra, Manuela de Puga, que casou con José María Montenegro, marqués de Leis.

Foi rexedor perpetuo do Concello de Ourense. En 1809 foi membro da Xunta Superior do Reino de Galicia, e posteriormente encargado de recrutar soldados para o Exército na provincia de Ourense, ata Sanabria. No Trienio formou parte da Deputación Provincial de Galicia e logo da Deputación Provincial de Ourense.

Espirito máis ilustrado que liberal, non regateou esforzos para alenta-la constitución de asociacións e institucións. Formou parte no ano 1835 da reconstituída Sociedade Económica de Amigos do País de Ourense, da que foi vicepresidente, e no 1842 foi membro da Comisión de Instrucción Provincial. Sempre estivo disposto a redactar luminosos informes sobre temas administrativos e económicos. E todo o fixo sen ningún interese persoal, porque como lle comunicaba no ano 1828 ó conde de San Román: "Mi objeto no es otro que ver echados los cimientos de la prosperidad de mi rey y de mi patria; quisiera que se ignorase hasta el autor de los informes para no suscitar envidias a un hombre que nada desea y que vive contento de su suerte".

Aínda que dispoñía dunha enorme renda patrimonial e malia que profesou un rancio catolicismo, non tivo excesivos escrúpulos en investir en bens desamortizados. Comezou a investir no Trienio con cerca de 64.000 reais, proseguíu investindo entre 1840 e 1841 uns 100.000 reais e novamente investiu no ano 1859 19.000 reais para merca-lo igrexario de Barra.

Acumulou rendas e títulos de moitas casas galegas: Fontefiz, Entrambos Ríos, Astariz, Soutomel, Argariz, Milmanda, Renda, Lamalonga, Nande, Carracedo, couto de Puga, Nocado de Ribeira, etc.

Non era dado ós honores e por iso refugou a militancia política. Só aceptou a representación da provincia de Ourense na lexislatura de 1834 a 1835.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

---

Lexislatura 1834-1835    Deputado pola provincia de Ourense

---



**PUMAREJO, José** 

---

Son escasas e fragmentarias as noticias que temos deste deputado. Era oficial da Mariña e residía en Ferrol cando tivo lugar, no ano 1815, o pronunciamento de Portier na Coruña. Pumarejo, liberal, xunto con outros moitos oficiais, estaba comprometido co levantamento. Por iso foi procesado e condenado a catro anos de cárcere e privado de emprego.

Foi elixido para a lexislatura de 1821 a 1822.

Un comentarista das Cortes dí del o seguinte: "El espartano de nuestro tiempo. Hombre que vino a pie desde La Coruña, cediendo a un establecimiento piadoso lo que se le dio para el viaje". Non podemos certificar a veracidade desta información, pero todo fai pensar que a ninguén se lle ocorrería inventar algo desta índole.

Nas Cortes formou parte das Comisións de Mariña e de Tribunal de Cortes. Falou en poucas ocasións. Na sesión do 6 de marzo de 1822 denunciou a lamentable situación na que se atopaba a Mariña de Guerra española.

Na famosa sesión do 11 de xuño de 1823, cando as Cortes decidiron exonerar temporalmente a Fernando VII e constituír un Consello de Rexencia, Pumarejo foi un dos deputados que votou a favor da exoneración. Por iso, e restaurado o absolutismo, foi procesado e declarado traidor á patria e condenado a morte.

Exiliouse entón e residiu en Inglaterra ata 1833, en que gracias a unha amnistía, puido retornar a España. A partir deste momento perdémo-lo rastro deste deputado liberal e radical.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1821-1823    Deputado por Galicia

---

---

**— Q —**

---

**QUINDÓS Y TEJADA, José Mariano ( Marqués de San Sadurniño)** 

---

Enorme era a fortuna vinculada ós títulos da familia. O seu avó, o quinto marqués de San Sadurniño, José María Quindós Quiroga era, ademais de mestrante de Ronda, rexedor perpetuo de Ourense e alguacil maior tamén de Ourense, señor dos seguintes pazos e fortalezas: de Quindón, A Mezquita, Troncoso, Cerdriño, Somozas, San Sadurniño, Baltar, San Clemente, Piños, Mugardos, Cabanas, San Victorio, Ferreira, Trasancos, etc.

Era fillo de sexto marqués de Sandurniño, José María Quindós, e de María Segunda Tejada y Eulate. Naceu en Ferrol o 29 de xaneiro de 1822. Herdou o título en 1836.

Casou o noso protagonista con Fernanda Villarroel, vizcondesa da Fronteira.

Tiveron dous fillos, Fernando que morreu solteiro, e María da Natividade, duquesa da Conquista, título que herdou por vía materna, e marquesa de Palacios e de San Sadurniño, que casou con Luís Arias Dávila, conde de Cumbres Altas e fillo do conde de Puñonrostro.

O noso protagonista, que viviu en Madrid a maior parte da súa vida, foi varias veces concelleiro do consistorio da capital e alcalde. Só representou a Galicia nunha ocasión e por moi pouco tempo. Obtivo a representación por Ferrol para a lexislatura de 1851 a 1852, Antonio Doral, quen dimitiu e, en eleccións parciais, foi elixido Quindós y Tejada. Tomou posesión nas Cortes o 4 de xaneiro de 1852, que se suspenderon ós poucos días. Non tivo oportunidade, por conseguinte, de estrearse como deputado.

Foi designado senador vitalicio na lexislatura de 1861 a 1862.

Cando a Raíña foi expulsada, o marqués de San Sadurniño retirouse da política activa, pero formou parte da conspiración afonsina para restaurar a monarquía. No ano 1870 foi un dos asinantes do manifesto enviado ás Cortes contra a pretensión de nomear un rei estranxeiro, don Amadeo, o que significou o primeiro pronunciamento proafonsino. No ano 1871 acudiu a París a unha reunión que celebraron os partidarios de don Alfonso. Consta que nesta viaxe, a raíña Isabel II quixo consulta-lo seu parecer sobre a súa renuncia ó trono de España para facilita-la restauración monárquica no seu fillo.

Xa na Restauración volveu ser senador desde 1877 ata 1900 con carácter vitalicio. Foi titor dos fillos do infante don Sebastián e xefe da Casa da S.A.R. a infanta Cristina, tía de Afonso XII. Morreu en Madrid o 18 de abril de 1900.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1851-1852

Deputado distrito de Ferrol

A Coruña

#### QUIROGA DE PUGA, Salvador María

Da Casa Grande de Pobra de San Xulián (Lugo) procede este fidalgo galego. Era fillo de Bernardo María Quiroga Somoza y Arias e de Benita de Puga Arrojo, de Ourense, da casa dos condes de Torre Penela, e do pazo de Santa Mariña (Antas de Ulla).

Casou Salvador María con Teresa López-Ballesteros Santamarina, filla do ex-ministro Luís Ballesteros e de Josefa Pérez Santamarina.

Interesa salientar estes vínculos familiares porque deste tronco procederán varias series de deputados galegos.

Fillo de Salvador María e de Teresa, foi Benigno Quiroga López-Ballesteros, deputado e ministro, que estudiaremos no seu lugar.

Despois de ve-la traxectoria xenealóxica en canto nos ilustra sobre as descendencias de deputados, pouco temos que engadir sobre a ficha biográfica do noso protagonista.

Sabemos que era licenciado en Leis e que ingresou na carreira xudicial como maxistrado da Audiencia de Albacete. Foi elixido polo distrito de Sarria para a lexislatura de 1846, que lamentablemente non puido concluír porque morreu o 29 de xaneiro de 1848. Substituíno no distrito Juan Manuel Somoza.

Foi a única vez en que foi elixido e practicamente estivo ausente das Cortes porque exercía como maxistrado da Audiencia de Albacete, que foi onde morreu. Por iso non formou parte de ningunha comisión nin falou nunca.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1846-1848    Deputado polo distrito de Sarria    Lugo

### QUIROGA ESPÍN, Joaquín

Fillo de Benigno Quiroga López Ballesteros (véx.) e de Julia Espín, iniciou a súa carreira política no ano 1907, xustamente cando seu pai cumpría a súa derradeira lexislatura. Por algún tempo, pai e fillo, coincidiron no Parlamento e cando don Benigno morreu no ano 1908, seguramente quedou compracido porque o seu fillo xa ocupaba unha das prazas de secretario no Congreso.

Naceu en Madrid, posiblemente no ano 1880, pero a tradición da familia vencellábao a Lugo e máis en concreto a Quiroga, berce dos seus antepasados.

Licenciouse en Dereito, recibiu unha formación moi esmerada e axiña se dedicou á política.

Obtivo a súa primeira representación, polo distrito de Quiroga, para a lexislatura de 1907 a 1910, cedéndolle para iso o distrito ó seu tío Vicente Quiroga Vázquez, que o representaba dende facía vinte e cinco anos. Lembremos que seus pais cederan o distrito de Lugo para outro parente, Luis López Ballesteros.

A partir da lexislatura de 1914 recuperou o distrito de Lugo, que tantos anos representara seu pai. Parece ser que foi José Benito Pardo, árbitro dos intereses políticos de toda a provincia, quen sentenciou que un dos tres distritos de Lugo tiña que ser para o fillo de Benigno Quiroga.

Na lexislatura de 1914 foi secretario primeiro do Congreso. Antes, en 1912, fora



nomeado subsecretario de Gracia e Xustiza. Novamente no ano 1919 volveu ser subsecretario do mesmo ministerio. No ano 1920 aparece como xefe do negociado de terceira clase do Ministerio de Fomento, excedente, o que revela que dende mozo entrou na Administración do Estado.

Formou parte sempre do Partido Liberal, foi da esquerda dinástica e finalmente militou na fracción albista.

Alfonso XIII concedeulle o título de conde de Quiroga-Ballesteros en marzo de 1931.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Lugo	
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Lugo	
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Lugo	
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Lugo	

### QUIROGA GÓMEZ DE ORBÁN, Juan María

Procedía do pazo-torre de Basille (Santiago de Pousada, Baralla, Lugo), do que era herdeira a súa nai Jacinta Gómez de las Riberas, que casou con José María Quiroga Taboada Parado, señor da Casa de Orbán ou dos Sangro, na cidade de Lugo.

Vázquez Seijas di do noso protagonista que era "personaje arquetípico dentro del señorío gallego" e que tamén era titular doutras casas "con rango de verdadero señorío, en Quiroga, Cancelada, Neira de Rey, de la casa llamada Pacio, en Puente de Neira, del coto de las Barbeitas, en Cervantes, y de los bienes de Orbán en Fingoy".

Casou coa parente María Sangro Taboada, do pazo de Orbán da cidade de Lugo. Unha filla do matrimonio, María Jacoba Quiroga Sangro casou con Ánxel Fole de Navia e García, que procedía do pazo de Fole, en Romeán, Lugo, tronco do que procede o ilustre escritor Ánxel Fole.

Quiroga Gómez foi tentado pola política nunha etapa verdadeiramente complexa, a do Sexenio Revolucionario. Non foi deputado, como se ten escrito, na lexislatura de 1869, senón nas lexislaturas de 1872 e 1873. Na primeira nada puido que facer porque se celebraron as eleccións entre o 24 e o 26 de agosto de 1872, a apertura tivo lugar o 15 de setembro dese ano, e foi clausurada o 11 de febreiro de 1873 cando aínda a maior parte dos deputados non chegaran a Madrid.

Clausuradas as Cortes, foron de novo convocados os deputados para o 10 de febreiro de 1873, pero estas Cortes só duraron ata o 22 de marzo de 1873 porque, ó presenta-la dimisión Amadeo de Saboia, constituíuse unha Asemblea Nacional, formada polo Parlamento e o Senado que deu paso á Primeira República.



De maneira que podemos dicir que o noso protagonista foi un deputado sen exercicio.

Morreu no ano 1880 na casa-pazo dos Sangro de Lugo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1872-1873      Deputado polo distrito de Lugo

### QUIROGA HERMIDA, Antonio

O xeneral Quiroga naceu no pazo de San Tirso de Mabegondo (Betanzos) no ano 1784. Era fillo segundón de José Ramón Quiroga e de Vicenta Hermida y Losada. O primoxénito, irmán de don Antonio, foi Francisco Quiroga Hermida.

Ingresou na Armada como gardamariña en Ferrol pero no ano 1808, con motivo da Guerra de Independencia, pasou ó Exército de Terra.

Debeu tardar Quiroga en sensibilizarse co ideal liberal porque consta que cando se verificou o levantamento de Porlier, o capitán xeral de Galicia elixiuno para que fose a comunicarlle ó Rei o fracaso de Porlier, o que parece significar que daquela Quiroga aínda non era liberal.

Parece ser que en Madrid gozou entre 1816 e 1817 do apoio da viúva dun vicerrei do Perú, que foi quen máis influíu para que o ascendesen a coronel.

Foi en 1820 cando Quiroga adquiriu unha resonancia popular enorme ó apoiar desde o primeiro momento o levantamento de Riego, de tal maneira que os nomes de Riego e Quiroga quedaron para sempre xuntos na historia.

No ano 1820 foi elixido deputado polo Reino de Galicia. Entrou nas Cortes rodeado da admiración de todos. Un cronista contemporáneo así o reconece "Campeón de la libertad [...] bella persona, estilo marcial, voz clara y sonora y noble sencillez. Siempre que le ha ocurrido hablar de cosas relativas a su profesión nos ha pronunciado trozos elegantes con ideas sublimes y lenguaje castizo [...] Es el segundo gran petimetre de la Corte".

Nas Cortes de 1820 foi elixido vicepresidente e tomou parte nas comisións da Milicia Nacional, Guerra, Estado, etc. Nas Cortes actuou como unha especie de titor da Revolución liberal e da dignidade do Exército. Participou bastante nos debates aínda que non pronunciou grandes discursos. Pero foi moi consciente do respecto co que se escoitaba o que el dicía. Manifestouse abertamente anticlerical, coma cando na sesión do 15 de marzo de 1821, lle recomendou ó Goberno que expulsase de España o bispo de Tarazona, que se negaba a xura-la Constitución. Dixo que a moitos por bastante menos xa os aforcaría. Pidiu que se lle retivesen de inmediato as temporalidades ou



dereitos económicos. Tamén na sesión do 6 de maio de 1821 cando se discutiu nas Cortes sobre o asasinato do crego Vinuesa, lamentou que ninguén falase dos dous oficiais mortos naquela ocasión.

Cando se discutiu o polémico asunto da división provincial de Galicia, Quiroga co seu peso decidiu que a capitalidade da provincia radicase na cidade da Coruña, ademais doutras razóns "por razones políticas que son bien conocidas a todos los gallegos y a la nación" (sesión do 10-X-1821), é dicir, porque a cidade da Coruña liderou o levantamento liberal de 1820.

Non tivo o mesmo éxito cando defendeu a capitalidade para Pontevedra en lugar de Vigo, cidade da que fixo un retrato pouco axustado á realidade. Na sesión do 14 de outubro de 1821 opúxose ós que defendían a Vigo como futura capital. Recoñeceu que tiña un gran porto, pero non tiña peiraos e os desembarcos había que facelos ó lombo. Dixo con sarcasmo que el, no ano 1809, tomara parte con Morillo na rendición dos franceses e "en aquella gran batalla solo pereció un hombre", e sen embargo déronlle o título de cidade.

Parece ser que formou parte da masonería. No ano 1823 permaneceu fiel ó Goberno de Cádiz e defendeu a cidade da Coruña contra os exércitos franceses. Emigrou a Inglaterra. En Londres inventou unha especie de pasta dentífrica que se vendía ben e que o axudou a sobrevivir algún tempo. Posteriormente dedicouse ós negocios comerciais con América. Retornou a España en 1834.

Foi novamente elixido pola provincia da Coruña nas eleccións de 1836 e para a lexislatura de 1837 a 1838, foi elixido senador pola mesma provincia. Morreu dun ataque de apoplexia en Santiago o 26 de marzo de 1841.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1820-1821	Deputado polo Reino de Galicia
Lexislatura 1836 (1ª)	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1837-1838	Senador da provincia da Coruña



#### QUIROGA LÓPEZ BALLESTEROS, Benigno

Personalidade política que representou o distrito de Lugo durante vintecinco anos e que pertenceu a unha saga política que se remontaba ó avó Luis López Ballesteros, ministro de Fernando VII, e proseguía nos tios e primos que levaban o apelido dos López Ballesteros, e por parte paterna, se iniciou con seu pai, Salvador Quiroga de Puga, e proseguiu co seu fillo Quiroga Espín.

Era, como dixemos, fillo de Salvador María Quiroga de Puga, da Casa Grande da Pobra de San Xulián, e de Teresa

López-Ballesteros Santamarina, da Casa da Golpilleira (Vilagarcía), filla do ex-ministro Luis López Ballesteros e de Josefa Pérez Santamarina, que procedía da poderosa casa comercial dos Pérez Santamarina de Santiago.

O noso protagonista naceu en Santiago en 1848.

Estudou na Escola de Montes e licenciouse de Enxeñeiro de Montes. Foi profesor da mesma escola, na que chegou a exercer-lo cargo de director. Posteriormente estudou a carreira de Dereito e obtivo o título de avogado.

Entrou axiña na Administración do Estado, porque consta que no ano 1877 era xefe de Administración de terceira clase.

Casou con Xulia Espín Pérez Colibrandt, muller de "rara beleza", cantante de ópera, e que foi a musa de Bécquer.

Nun magnífico libro sobre o conde de Pallares, o profesor Veiga Alonso mostra as estratexias electorais e políticas da provincia de Lugo durante a Restauración, o que nos permite seguir paso a paso a ascensión política do noso biografado.

En 1881 decidiu da-lo salto a alta política optando por Lugo a un escano no Congreso. Teñamos en conta que desde 1879, a lei electoral concedíalle á circunscrición electoral de Lugo tres deputados, xuntando nun os distritos de Lugo, Vilalba e Sarria.

Sabedor de que non era suficiente o peso da familia, con ser moi importante, para asegurarlle o escano, Quiroga López, que militaba no Partido Liberal, aproximouse a Vázquez de Parga, conde de Pallares e líder do Partido Conservador na cidade de Lugo, establecendo un pacto mutuo de apoios, de forma que cando gobernasen os liberais, os conservadores manterían sempre un dos tres deputados e cando gobernasen os conservadores, os liberais (é dicir, el mesmo) obterían un escano.

Este pacto, funcionou perfectamente polo menos ata 1900, o que explica a súa permanencia sen interrupción no Congreso e representando a Lugo desde 1881 ata 1907.

Para manter este pacto, Quiroga, que era liberal pero da fracción de Moret, non poucas veces interveu a favor dos candidatos conservadores e en contra dos candidatos liberais, sempre e cando estes non fosen da fracción moretista senón da fracción becerrista ou seguidora de Manuel Becerra.

Foi así como, contando co seu propio valemto en Madrid e mailo apoio incondicional do conde de Pallares e da súa fracción, se erixiu no líder indiscutible do liberalismo na cidade de Lugo e noutros distritos del dependentes.

O xornal liberal de Lugo *El Regional*, denunciou o 7 de febreiro de 1891 a situación

de contubernio entre o conde de Pallares e Benigno Quiroga: "Tanto como el triunfo de Cos Gayón (candidato conservador) importaba al Conde de Pallares el del candidato liberal que el recomendaba (Quiroga), porque es tal la política de altura que ese señor hace, que al par de sostener, por prestigio propio, al Ministro de Hacienda (Cos-Gayón), le interesaba por conveniencia personal auxiliar decididamente a Benigno Quiroga. De este modo se asegura el presente y se precave el por venir, porque el señor Quiroga será mandando el partido liberal, el más firme apoyo del pallarismo." (Refírese á corrente do conde de Pallares).

No ano 1881 e baixo o goberno dos liberais, obtivo a súa primeira representación en Cortes por Lugo e, de acordo co pacto establecido, os liberais obtiveron dous deputados e os conservadores un. Así funcionou o pacto coma una máquina perfecta ata 1910. Benigno sempre resultou elixido naqueles anos e os conservadores sempre tiveron polo menos, un deputado por Lugo, Cos Gayón e cando este morreu, Nicolás Vázquez de Parga, fillo do conde de Pallares.

O contubernio entre os *pallaristas* e os *quiroyistas* foi denunciado por M. Becerra, Neira Gayoso, Cándido Martínez e outros importantes políticos liberais da provincia de Lugo, pero a pesar das críticas funcionou perfectamente, o que revela a solidez tanto dos conservadores de Pallares coma a dos liberais de Quiroga, na cidade de Lugo e o seu territorio inmediato.

Benigno Quiroga, ademais, empezou a ter peso en Madrid, na cúpula do seu partido. Iso significaba un poder de intermediación entre as distintas fraccións liberais da provincia e, sobre todo, a posibilidade de conseguir beneficios puntuais non só para os liberais senón tamén para os conservadores pallaristas.

En 1893 foi nomeado director xeral de Obras Públicas. En 1897 subsecretario de Ultramar, en 1901 subsecretario de Gobernación e, finalmente, sendo Moret o seu padriño, presidente do Consello de Ministros, foi designado ministro de Gobernación aínda que por pouco tempo, xa que só exerceu entre o 30 de novembro e o 4 de decembro de 1906.

Resultou elixido por primeira vez en 1881 e proseguiu na lexislatura de 1884 a 1886, que non puido cumprir porque consta que renunciou o 26 de novembro de 1885. Tamén obtivo a representación para a seguinte lexislatura, a de 1886 a 1891, pero renunciou o 25 de xuño de 1887 ó marchar con destino a Filipinas, co cargo de director da Administración e Fomento das Illas. En Filipinas a súa actuación causou certa polémica porque as súas ideas librecambistas en materia económica, non se conciliaban coa administración tradicional da Illas.

A partir deste momento resultou elixido sempre por Lugo. Para a lexislatura de 1907 a 1910 decidiu non presentarse por Lugo e cederlle o escano ó seu parente Luis López Ballesteros (véx.). Mentres el, presentouse por Daimiel (Ciudad Real) e obtivo a representación.



Non puido, sen embargo, concluí-la lexislatura porque morreu o 9 de marzo de 1908. Con el morría un xeito de facer política.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Lugo
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Lugo
Lexislatura 1886-1887	Deputado polo distrito de Lugo
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Lugo
Lexislatura 1893-1895	Deputado polo distrito de Lugo
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Lugo
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Lugo
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Lugo
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Lugo
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Lugo
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Lugo

### QUIROGA PÉREZ, Eduardo

Foi elixido por vez primeira nas segundas eleccións de 1872. Nesta ocasión foi tan breve a lexislatura que só tivo tempo de tomar posesión e xa se clausurou.

Retornou ó Congreso en 1881, outra vez polo distrito do Carballiño. Pero igual ca en 1872, pasou polo Congreso coma un espírito xa que nin falou nin formou parte de ningunha comisión.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872 (2ª)	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense

### QUIROGA URÍA, Juan Bernardo

Naceu na Casa Grande de Lamela (San Salvador de Hospital, Quiroga, Lugo). Era fillo de Joaquín de Quiroga Losada Sotomarior, señor de Lamela e de Hivedo, e de Gertrudis Uría Queipo de Llano.

Estudou Dereito, pero non consta que o exercese.

Casou con Manuela de Prado Neira, irmá do marqués de Hombreiro. A súa filla Ramona Quiroga Prado casou con Manuel María Vázquez de Quiroga, da Casa Forte de Lusio e desde 1852, conde de Torres Novas.

A Guerra da Independencia alterou radicalmente a paz secular dos Quiroga, como turbou a paz da maior parte dos fidalgos galegos.

Tanto Juan Bernardo coma o seu irmán, o famoso Cura de Casoi, constituíron partidas ou guerrillas para loitar contra os franceses. O seu nome, especialmente o do cura de Casoi, foi coñecido en toda España polas súas arriscadas operacións militares.

Formou parte, unha vez que foron expulsados os franceses, da Xunta Superior de Galicia, como representante da provincia de Lugo. Por iso non resultou nada estraño que no ano 1810, fose elixido como un dos deputados da provincia de Lugo nas Cortes de Cádiz.

O 17 de setembro de 1810 tomou posesión do seu escano. A súa actuación nas Cortes foi constante, pero nunca pronunciou un discurso importante. Foi unha persoa máis de consenso e de traballo en comisións ca de enunciados teóricos. Temos anotadas oito intervencións nas sesións, pero ningunha delas merece mención.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1810-1813      Deputado pola provincia de Lugo

### QUIROGA VÁZQUEZ, Manuel

Representante de dúas poderosas casas fidalgas galegas das provincias de Lugo e Ourense, a de Viloiira (Valdeorras) da que procedían os Quiroga, e a Casa Grande de Lamela (Lugo), da que procedía pola súa nai Manuela Vázquez Queipo.

Naceu en Lamela no ano 1845. Era fillo de José Quiroga Valdés, señor de Monte Furado e da casa de Viloiira (Barco de Valdeorras) e de Manuela Vázquez Queipo, sobriña de Manuel e de Vicente Vázquez Queipo e condesa de San Martín de Quiroga.

Era licenciado en Dereito e casou, en primeiras nupcias, con Elena María Velarde Guisasola e en segundas, con Elena Osorio Sánchez Arjona.

Moi cedo, xusto en canto cumpriu a idade regulamentaria, saíu deputado polo distrito de Valdeorras, para a legislatura de 1869, aínda que non tomou posesión ata o 3 de abril de 1870. Nesta legislatura non pronunciou discurso ningún, presentou unha exposición solicitando a rebaixa dos impostos de consumos e formou parte de dúas comisións. Nesa época xa formaba parte do Partido Alfonsino, que se estaba a constituír.

Seguiu nas Cortes nas legislaturas de 1871 e 1872. Retirouse pero logo retornou coa Restauración e conseguiu a representación por Quiroga para a legislatura de 1876. Tampouco nese período falou nunca no Congreso, aínda que formou parte das comisións de Actas e de Peticións.

A partir de 1879 logrou a representación polo distrito de Valdeorras, que mantivo, non de forma continuada, ata 1903. O seu papel seguiu sendo pouco lucido, aínda que foi dos deputados que traballaron en comisións. Na legislatura de 1881 a 1884 nin falou nin pertenceu a comisión ningunha. A súa ausencia do Congreso impediulle escoita-lo comentario que fixo o deputado Sotomayor na sesión do 24 de xuño de 1882, referíndose a Valdeorras. Dixo que se comentaba a seguinte expresión: "Si Vd. no vota a Quiroga, se ahoga"

No ano 1895 foi nomeado director xeral de Agricultura, ministro plenipotenciario en China e Siam, que non chegou a exercer.

Morreu en Viloria en 1906, xa retirado da política porque nin era deputado nin senador.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA


Lexislatura 1869-1871	Deputado pola sección de Lugo	
Lexislatura 1871-1872	Deputado pola sección de Lugo	
Lexislatura 1872 (1ª)	Deputado pola sección de Lugo	
Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Valdeorras	Ourense
Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Valdeorras	Ourense
Lexislatura 1884-1885	Senador pola provincia de Lugo (non tomou posesión)	
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Valdeorras	Ourense
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Valdeorras	Ourense
Lexislatura 1903-1904	Senador pola provincia de Ourense	

**QUIROGA VÁZQUEZ, Vicente**

Naceu en Quiroga (Lugo) en 1848.

Irmán de D. Manuel Quiroga Vázquez (vex.) e fillo, por conseguinte, de José Quiroga Valdés e de Manuela Vázquez Queipo, co que se acumulou todo o poder das casas grandes de Viloria e de Lamela, a primeira en Valdeorras e a segunda en Quiroga.

Casou coa súa curmán Carmen Vázquez Queipo, consanguinidade moi frecuente nas familias fidalgas galegas.



Comenta Sánchez de los Santos, ó face-la súa biografía, que "quizás no haya en toda España otro caso en que esté tan ligado el apellido al distrito y el distrito al apellido". Certamente os Vázquez Quiroga primeiro, e posteriormente os Quiroga Vázquez, foron proseguídos por Quiroga Espín.

Vicente Quiroga non tivo grandes ambicións políticas. O seu era controla-lo distrito e lograr co seu traballo no Congreso ou no Senado beneficios puntuais para a súa provincia. Por iso non nos conta que exercera posto ningún nos sucesivos gobernos de España. Pertencía ó Partido Liberal. Na provincia de Lugo era indiscutible o seu poder no distrito de Quiroga. O conde de Pallares, líder do conservadorismo restauracionista en Lugo, tivo sempre a este deputado en alta estima e logrou do seu partido que nas eleccións convocadas polos conservadores sempre se lle respectara o distrito, o que explica o enfeudamento de Quiroga Vázquez no mesmo.

"Es hombre muy culto, que tiene almacenados millares de impresiones y recuerdos de todas clases y de una memoria tan feliz que sabe evocar el cuadro que vivió con verdadero color. Por todo esto su conversación es amenísima", escribe un dos seus biógrafos.

Morreu en Lamela (Quiroga) o 14 de decembro de 1913.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1872 (2 <sup>a</sup> )	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1886-1890	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1893-1895	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1896-1898	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1910-1911	Senador pola provincia de Lugo	

**QUIROGA VELARDE, José**

Poucas noticias temos deste deputado, que pertencía á familia dos Quiroga.

Naceu en 1875 no pazo ou Casa Grande de Viloiira (Valdeorras) e era fillo de Manuel Vázquez Quiroga (véc.) e da súa primeira muller Elena Velarde Guisasola, filla dos condes de Navas. Estudiu Dereito, aínda que non consta que exercera como avogado porque entrou cedo na nómina estatal como funcionario da Administración.

Casou en Santander con Isabel de Abarca. Pai, por conseguinte, entre outros, de Elena Quiroga Abarca.

Pretendeu, nas eleccións de 1901, obte-la representación polo distrito de Valdeorras. Contaba co aval non só da súa familia senón tamén co apoio de Romero Robledo, do que era entón fiel seguidor o mozo Quiroga. Sen embargo foi derrotado por Aurelio Enríquez. Debeulle custar reponerse deste fracaso porque non volveu intentalo ata as eleccións de 1907.

Nese ano logra a representación polo distrito. En 1908 foi nomeado gobernador civil de Ávila e, despois, presentou a renuncia á súa acta, polo que en realidade só estivo algúns meses de deputado.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Valdeorras	Ourense
	(no ano 1908 presenta á renuncia)	

**QUIROGA Y FRÍAS, Gregorio**

Fidalgo por tódolos costados, procedía, por unha parte dos Quiroga da Casa do Piñeiro (San Esteban de Folgosa, Lugo), e por outra, dos Ozores das Torres de San Valentín de Oza, da Casa de Sisamo, da fortaleza e Casa de Sofán (provincia da Coruña). Era fillo de José María Quiroga y Ozores, señor do Piñeiro, e de Micaela Frías



de Altamirano.

Temos escasas noticias do noso biografado, aínda que abundan as da súa morte. Debeu nacer no ano 1804. En 1814, ingresou como cadete no Exército.

Foi ascendendo na carreira militar ata o grado de brigadier.

Saíu elixido, por vez primeira, pola provincia de Lugo para a lexislatura de 1837 a 1838 e novamente para a de 1840. Como deputado aínda que consta que asistiu desde o primeiro día, foi unha absoluta nulidade xa que non falou nunca nin consta que participase nas comisións. É posible que a súa condición de militar e a guerra aberta en España o mantivese ocupado fóra das Cortes.

No ano 1840 tivo lugar un acontecemento que alterou definitivamente a súa sorte. O ascenso de Espartero á Rexencia de España e a conseguinte expulsión da raíña rexente Cristina, provocou na sociedade española e tamén no Exército unha fonda división. Razóns xurídicas, políticas e sentimentais foron utilizadas pola prensa e polos partidos opostos a Espartero para negar valor a tal decisión.

Desde o exilio dona Cristina e o seu marido iniciaron a conspiración que tivo moi diversas e mesmo distintas expresións. Aínda que se lle atribuíu ó Partido Moderado a conspiración, a realidade foi que, coma sempre, a trama se apoiaba nun número amplo de inimigos de Espartero e de distinta color política: Políticos e escritores como Istúriz, Andrés Borrego, Donoso Cortés, Egaña ou Alcalá Galiano, e militares como O'Donnell, Diego de León, Narváez, Concha, Pavia, Borso di Carminati, Quiroga y Frías e Pezuela. A conspiración era coñecida de todos mesmo por Espartero, que non quixo darlle importancia.

O plan consistía en pronunciarse o Exército en distintas cidades, constituír en Álava unha especie de Xunta Suprema que presidiría Montes de Oca (para iso contábase co apoio dos carlistas) e secuestrar no pazo de Oriente en Madrid a Raíña e a súa irmá, levándoas a Álava onde as agardaría súa nai, procedente da Francia.

O plan fracasou totalmente. Sen embargo, o xeneral Diego de León xunto co noso biografado Quiroga y Frías, Concha e outros, pretendeu secuestrar, ou dito por eles, *liberar* a Raíña e a Infanta, o que foi imposible pola oposición do corpo de alabardeiros do pazo real e pola conducta observada naquel intre polo persoal do palacio, empezando pola aia da Raíña, Juana de Vega.

O levantamento, que se verifica o 7 de outubro de 1841, fracasou. Quiroga y Frías foi detido en Aravaca o día 8. O tribunal, formado polos oficiais de alta graduación Dionisio Capuz, Pedro Méndez-Vigo, e outros, condenouno a morte, que se executou o 4 de novembro de 1841. Tiña trinta e sete anos.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1838	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1840	Deputado pola provincia de Lugo

## — R —

**RAMOS CERVIÑO, Fernando**


Cántos esforzos fixemos para conseguir información deste deputado resultaron inútiles. Sabemos que era avogado e que probablemente nacera en Ourense. Pertencía ó partido liberal, facción de Romanones e sucedeu a Vicente Pérez y Pérez, monterista, que liderara o liberalismo da capital durante moitos anos.

Foi elixido na lexislatura de 1919 a 1920.

Reapareceu na Segunda República, na que obtivo a representación polo partido de Lerroux, o Partido Radical, pola provincia de Ourense. Nas eleccións da Fronte Popular resultou elixido polo Centro de Portela Valladares, pero foi anulada a acta sendo nomeado, no seu lugar, Pazos Cid.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
Lexislatura 1933-1935	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1936	Deputado pola provincia de Ourense	

**RAMOS CHAS, Juan María**

Naceu en Betanzos o 16 de febreiro de 1802. Era fillo do avogado e correxidor de Betanzos Blas María Ramos e de Gabriela de Chas e Pombo. Estudiu Artes e Leis na universidade de Santiago de Compostela, obtendo o doutorado en Leis o 3 de setembro de 1826.

Dedicado á carreira xudicial, foi xuíz de Carballo, Pontedeume e Betanzos. Nesta cidade exerceu tamén de Subdelegado de Rendas Nacionais no ano 1838.

Casou en Betanzos o 30 de outubro de 1834 con Dolores Quiroga Pardo, filla de Xosé Quiroga e Vicente Pardo y Lemos da Casa Grande de S. Tirso de Mabegondo. Do matrimonio naceron dous fillos: Marcial e Xoaquina.

Integrouse na política da man do ilustre progresista Xosé Arias Uría (véx.).

Foi alcalde de Betanzos entre 1845 e 1847 e entre 1850-1851.

Deputado provincial da Coruña, foi elixido por primeira vez para o Congreso no ano 1851-1852 e novamente en 1853.

Como deputado non ten a penas significación. Na lexislatura de 1853 aparece, polo menos votando, na primeira parte da mesma, pero na segunda xa desaparece o que nos fai presumir que estaba dedicado polo Goberno en algunha xestión administrativa.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña
Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña

## REBELLÓN PARDO, Benigno

Avogado da Coruña con bufete aberto nesta cidade entre 1852 e 1868.

Non consta que antes de 1856 manifestase ningún tipo de vocación política. Sen embargo, cando cae o réxime do Bienio progresista e Narváez, accede, cos moderados, ó poder en outubro de 1856 e esperta nel a vocación política. De feito, o novo gobernador nomeado por Narváez aproveita a dimisión de Fermín Bescansa como membro da Deputación Provincial, para promover a Rebellón, que ocupará aquela vacante.

En 1857 xa é membro do Consello Provincial dependente do Ministerio de Gobernación.

Sempre os moderados, promóvenlo a deputado a Cortes no ano 1867, pola sección da Coruña. No Congreso non consta que formase parte de ningunha comisión. Tivo unha participación importante no debate sobre o presuposto, na sesión do 4 de xuño de 1867 cando se discutía con certa viveza como supera-lo déficit presupostado de 200 millóns de reais. En medio das distintas propostas presentadas chamou a atención e causou certa expectación a súa afirmación de que o déficit era facilmente subsanable. Como pode supoñerse, a Cámara prestou unha grande atención ó seu discurso. A súa fórmula consistía no seguinte: atrasar nun ano o pago das débedas que reportaban intereses, calculando xustamente o atraso ata cubri-los 200 millóns. A Cámara quedou decepcionada de tal proposta. Ergueuse outro deputado da Coruña, Pla y Cancela, tamén avogado da cidade, dicindo que aquela solución non tiña sentido porque significaba lesiona-los dereitos de terceiras persoas. Por iso a súa proposta non foi tomada en consideración. Quizais por esta derrota decidiu non volver intervir.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1867-1868	Deputado pola sección da Coruña	A Coruña
-----------------------	---------------------------------	----------

**REBELLÓN ZUBIRI, Ramón**

**N**aceu en Ourense o 7 de outubro de 1855. Era fillo de Modesto Rebellón, médico moi popular de Viveiro e de Isabel Zubiri.

Estudou Dereito na Universidade de Santiago. Rematada a carreira instalouse como avogado en Viveiro. Casou con Dolores Basanta Polo de la Sierra, filla de Bartolomé Basanta Miranda (véx.) e de Juana Polo de la Sierra. O seu sogro mercara en 1881 o Pazo da Trave (Santa María de Galdo, Viveiro). A muller de Rebellón herdou o pazo en 1885. O matrimonio tivo nove fillas. A gran fortuna do seu sogro pasou á súa muller que era filla única. Iso explica a fortuna que se lle atribúe a Rebellón que foi home de negocios e de banca.

Durante a Restauración afiliouse ó partido conservador e foi o seu líder indiscutible en Viveiro e a súa comarca. Colaborou activamente co conde de Pallares e foi un dos seus principais asesores.

Representou a Viveiro en catro lexislaturas. Moi atento ó desenvolvemento da súa vila, logrou, coa súa mediación ante os gobernos conservadores, varios beneficios para Viveiro, como o decreto polo que á vila de Viveiro se lle recoñecía o título de cidade.

Condecorado coa Gran Cruz de Isabel a Católica e coa Orden do Santo Sepulcro, abandonou a comezos de século a representación da súa cidade e partido retirándose pouco a pouco da vida política.

Lois Tobío fai un retrato moi axustado de Rebellón a quen coñeceu. "Era dunha extremada elegancia ao que axudaba a súa figura lanzal e un andar ergueito e pousado. Nas procesións e enterros era, o que máis lucía, vestido de levita ou xaqué, cruzado o peito coa banda da Gran Cruz de Isabel La Católica... era, xa que logo, un bon vivant, que houbera estado máis axeitado en París do que en Viveiro, pero a quen as circunstancias obrigaban a vivir en compañía dunha muller insignificante e rosmona, dunha beata, que lle lembraba a cotío os medos do alén".

Morreu o 14 de novembro de 1931 e foi enterrado na capela do pazo da Trave.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo

**REMISA, Gaspar de (Marqués de Remisa)****■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1843-1844	Senador pola provincia de Ourense
Lexislatura 1845-1846	Senador vitalicio



## RETORTILLO DE LEÓN, Agustín

### (Marqués de la Vega de Retortillo)

Foi deputado polo Carballiño nunha lexislatura, pero non tivo vinculación ningunha con Galicia.

Naceu en Madrid o 10 de setembro de 1866. Era fillo do avogado e importante home de negocios, José Luis Retortillo Imbrechts, natural de Cádiz, e de Teresa de León Cattenunberg, filla do mariscal de campo, Rafael de León, de Córdoba e de Marina Cattenunberg. Apadriñouno o seu tío José María Situatedas, Conde de Torres.



Estudou Dereito na Universidade de Madrid e licenciouse de avogado.

Tiña unha moi consolidada situación económica. No ano 1901 no expediente feito no Senado consta que na casa de comercio Giner y Martija tiña 544.257 pesetas situadas ó 8 %. Posuía ademais en Madrid un garaxe e casas por valor de 400.000 pesetas.

Tiña así mesmo un bufete aberto en Madrid, bastante acreditado.

Nas eleccións de 1896, resultou elixido polo Carballiño (Ourense) Francisco Xabier Ugarte e Pagei. Pero ó renunciar este ó escano, resultou elixido Retortillo de León nunhas eleccións parciais.

Posteriormente foi deputado por Illescas (Toledo) entre 1901 e 1903 e senador por Huesca (1905-1907), por Badaxoz (1910-1911) e por Madrid (1916-1917).

No ano 1917 o Rei concedeulle o título de marqués de la Vega de Retortillo.

Foi concelleiro e tenente alcalde de Madrid.

Publicou diversos traballos sobre asuntos mercantís e sobre o Código de Comercio.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1896-1898	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
-----------------------	--------------------------------------	---------

## REY, Ángel

Debía ser natural de Santiago. Resultou elixido en dúas ocasións pero dubidamos que chegase a tomar posesión en ningunha das dúas lexislaturas. Na primeira, en 1840, as Cortes só estiveron abertas do 18 de febreiro de 1840 ó 25 de xullo de 1840 e a maior parte dos deputados de Galicia chegaron moi tarde ou xa non chegaron a tomar posesión. Na segunda (1843), as Cortes abriron o 15 de outubro de 1843 e pecharon o 27 de decembro de 1843, e neste caso estamos seguros que Ángel Rey non chegou a tomar posesión da acta.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1840-1841	Deputado pola provincia de Coruña (non consta que tomara posesión)
Legislatura 1843 (2ª)	Deputado pola provincia de Coruña (non tomou posesión)

**REY GOSENDE, Manuel****■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Legislatura 1873-1874	Deputado por Padrón	A Coruña
-----------------------	---------------------	----------

**REY LEMOS, Plácido Ángel (Bispo de Lugo)**

Naceu na cidade de Lugo, nunha familia de pequenos comerciantes, o 30 de outubro de 1867. Estudiu o bacharelato no Instituto de Lugo, logo fixo a carreira eclesiástica no seminario desta cidade, ordenándose de presbítero o 5 de abril de 1890. Profesou como franciscano en Santiago no ano 1896.

Axiña amosou unhas condicións especiais para a predicación e iniciou unha intensa campaña de publicacións pastorais, folhas divulgativas, etc.

Requirido pola súa orde para dar clases de Ciencias e Matemáticas no Colexio Internacional Franciscano de Roma en 1906 (moi cedo demostrou que tiña unha especial motivación para os estudos científicos) foi de seguida moi valorado pola Curia Romana que o nomeou consultor de tres grandes Congregacións: A Consistorial, a de Sacramentos e finalmente a de Misións ou Propaganda Fidei.

Na Orde Franciscana foi tamén asumindo diversas responsabilidades de goberno, sendo nomeado Procurador Xeral da mesma.

A ninguén sorprende que no ano 1917 fora elixido bispo administrador da diocese de Jaén e que en 1920 fora nomeado bispo de Lugo.

Foi retirado da diocese no ano 1927, en forma un tanto extrana, recibindo do Pontífice, como proba do agradecemento da Igrexa, o título de arcebispo, pero sen diocese algunha. Retirouse ó convento de Zarauz onde morreu o 12 de febreiro de 1941.

Publicou moitas obras, sendo quizais a máis valorada a titulada *La vida orgánica en sí misma y en sus manifestaciones*, Santiago 1901 e Madrid 1902.

No ano 1919 representou no Senado á provincia de Granada, pola súa condición de bispo de Jaén e no ano 1921-1922 á provincia eclesiástica de Santiago.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Legislatura 1921-1922	Senador pola provincia eclesiástica de Santiago
-----------------------	---

**REY PÉREZ, Vicente**

Natural da cidade de Santiago. Foi vicerrector do Colexio de San Xerome. Rematou o doutorado en Dereito no ano 1807. Ó mesmo tempo era bacharel en Artes.

No ano 1811 é proposto como substituto da cátedra de Gramática na sección de maiores. Desde este momento e durante varios anos seguiu como profesor de Latinidade ata que no ano 1818 foi nomeado catedrático de Retórica da Universidade de Santiago.

Sen que se manifestase exteriormente como un liberal ata o punto de que na Universidade de Santiago, durante a etapa absolutista, goza da confianza do equipo rectoral e mesmo é nomeado fabriqueiro ou contador da Universidade, no Trienio foi elixido como deputado a Cortes en 1821, síntoma evidente da súa profesión liberal, aínda que bastante oculta.

Máis aínda, de acordo coa documentación secreta do Arquivo de Fernando VII consta que era masón.

Como deputado, a súa actuación foi case nula. Formou parte da comisión de Corrección de Estilo, pero non falou nunca; por iso un cronista contemporáneo di del "Catedrático de Retórica en la Universidad de Santiago. Poco puede decirse de este caballero, a excepción de que es amigo del orden".

Cando retornou á súa universidade no ano 1823 atopouse coa sorpresa de que fora suspendido na súa condición de profesor por exercer de deputado.

Logrou, sen embargo, ser rehabilitado. No ano 1825 pronunciou o discurso inaugural do curso que se iniciaba, "*Oratio coram clarissimis et ornatissimis viris, Rectori ac Doctoribus, in apertione Gimnasii Compostellani recitata, die 18 Octobris anni Domini 1825 a D. Vicentio Rey, Litterarum Humanarum Professore*" (1825).

Volveu pronuncia-lo discurso inaugural novamente nos anos 1828 e 1832.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1821-1822 Deputado polo Reino de Galicia

**REZA MARQUINA, Elías**

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1886-1890 Deputado polo distrito de Celanova Ourense

**RIBERA ABRALDES, Cesáreo**

Progresista primeiro e posteriormente republicano foi un dos activistas políticos máis consecuentes na vila e comarca de Ribadavia.

Perseguidor tenaz dos políticos escasamente éticos, puxo sempre a súa pluma e a súa facenda ó servizo do pobo. Coñecemos moitas proclamas e manifestos que levan a súa sinatura, nas que se denunciaba a conducta dalgúns políticos que se achegaban a Ribadavia só para recolle-los votos.

Resultou elixido en 1873, nas eleccións convocadas polo Goberno republicano, polo distrito de Ribadavia.

Publicou no ano 1883, con Víctor María Vázquez, unha moi interesante *Guía de Galicia*, na que o lector, ademais de gozar dunha prosa limpa, atopará algúns latiguiños que aluden ás súas conviccións republicanas.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1873-1874    Deputado polo distrito de Ribadavia    Ourense

### RIBERA PARDO, Pedro

Fidalgo por tódolos costados. Era fillo de Diego Bernardo de Ribera Pardo, señor das casas de Baldomir (Guisamo, A Coruña), Corcoesto, Torre da Palma e outras, rexedor Perpetuo do Concello de Betanzos e tamén fiscal. Súa nai era Teresa Vicenta Pardo Osorio Lema, parente do seu marido, que procedía da casa de Cañás e dos Lema do pazo de Ardabón.

Pedro, fillo segundón, orientou a súa vida cara a milicia clerical. No ano 1810 era párroco de Pontedeume.

Foi elixido para formar parte da Xunta de Galicia, exercendo como secretario da mesma.

Nas eleccións de 1810 foi elixido deputado representando a antiga provincia de Betanzos.

Nas Cortes mostrase moderadamente liberal. Na sesión do 14 de outubro de 1810 apoia a lei de prensa. A penas ten actuacións nas Cortes. Consta que en xaneiro do ano 1813 estaba en Galicia por razóns de saúde e desde Galicia denuncia a forma en como se celebraron as eleccións de 1813. Na sesión do 27 de xullo de 1813 recoñece que asistiu ás eleccións cando estaba en Galicia e asegura que foron manipuladas e que debían ser anuladas, como parcialmente acordaron as Cortes.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1810-1813    Deputado pola provincia de Betanzos



### RIESTRA CALDERÓN, Raimundo (Marqués de Riestra)

Os Riestra exerceron sempre unha especie de tutela sobre toda a provincia de Pontevedra, pero reservaron para a familia dous distritos: A Estrada e Redondela. Cando non había un membro da familia que puidese representar algún destes distritos, situaban persoas da súa proximidade, de forma que mantiveron sempre o seu control.

Raimundo era fillo de José Riestra López, primeiro marqués de Riestra, e de María Calderón Ozores, filla do conde



de San Juan, unha dama que deixou na cidade de Pontevedra unha auréola de popularidade.

Naceu Raimundo no ano 1882. Estudiu Dereito, aínda que non exerceu como avogado. Dedicouse, co seu pai, ós negocios e finanzas. Militou no Partido Liberal.

Casou en primeiras nupcias con Isidora Peinador Estévez, tamén dunha opulenta familia viguesa e por segunda vez con María del Moral Sanjurjo, irmá do deputado José del Moral e filla do tamén deputado Antonio del Moral (véx.).

Con Raimundo consúmase o distanciamento da familia Riestra coa cidade de Pontevedra, distanciamento non efectivo senón de residencia, xa que Raimundo viviu permanentemente en Madrid a causa dos seus negocios.

Máis economista e financeiro que político, dedicoulle pouco tempo ó Congreso.

Representou por vez primeira o distrito da Estrada na lexislatura de 1907. Resultara elixido Antonio Aguilar y Correa, marqués da Vega de Armijo, situado na Estrada con licencia dos Riestra, que morreu no ano 1908 e iso explica que a familia recuperara A Estrada para un membro da familia. Foi elixido Raimundo por eleccións parciais celebradas o 2 de agosto de 1908. Na lexislatura de 1916-1918 pasou ó distrito de Redondela para deixa-lo distrito da Estrada ó seu irmán, Vicente, que iniciaba a súa carreira política.

Non cobizou cargos políticos. Só aceptou no ano 1918 ser nomeado subsecretario da Presidencia do Consello de Ministros. Herdou o título de marqués de Riestra á morte do seu pai no ano 1923.

Raimundo debeu morrer no ano 1968.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito da Estrada	Pontevedra
Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito da Estrada	Pontevedra
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito da Estrada	Pontevedra
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Redondela	Pontevedra
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Redondela	Pontevedra
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Redondela	Pontevedra

#### RIESTRA CALDERÓN, Vicente

Fillo de José Riestra López e de María Calderón Ozores, educouse en España e no estranxeiro e rematou a carreira de enxeñeiro industrial.

Concluídos os seus estudos, a familia encargouse de reservarlle o distrito da Estrada, xa convertido nunha especie de leira familiar. Representou este distrito desde 1916 ata 1923.



Como toda a súa familia, militou no partido liberal.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito da Estrada	Pontevedra
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito da Estrada	Pontevedra
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito da Estrada	Pontevedra
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito da Estrada	Pontevedra
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito da Estrada	Pontevedra



### RIESTRA LÓPEZ, José

(Marqués de Riestra)

Naceu en Pontevedra o 8 de setembro 1852. Era fillo de Francisco Riestra (véx.), o primeiro deputado co apelido Riestra, natural de Oviedo, e de Micaela López, de Madrid, pero veciños de Pontevedra.

Prosegue a saga dos Riestra, controlando boa parte da provincia de Pontevedra. Sempre militou no partido liberal. Casou con María Calderón Ozores, filla do conde San Juan (véx.) e neta do señor de Rubianes, no ano 1882.

Era persoa de gran fortuna, moi diversificada en canto ós negocios xa que consta que tiña almacéns de madeira, fábricas de vapor de serrar, fábrica de electricidade (foi o que logrou que a cidade de Pontevedra fora a primeira en Galicia en ser electrificada), fábrica de tellas e ladrillos, fornos para a cocción de barro, tiña banca propia, era habilitado do clero para a diocese de Tui, etc.

Dise que foi un dos políticos e financeiros galegos que máis traballaron para que Alfonso XIII residira na illa de Cortegada, para a que adiantou un millón de pesetas. O proxecto de Cortegada tiña unha intención dobre: potenciar turisticamente toda a comarca e, converterse, polo menos durante o verán, nunha especie de corte real. Contaban co espírito deportivo do rei, pero non coñecían á raíña, Victoria Eugenia que, en canto viu aquilo (unha illa deserta, xa que os veciños foran desaloxados e trasladados a Carril) sen ningunha construción, convenceu ó Rei de que era moito mellor apostar polo Norte, por Santander.

Interesáballe a política en canto chave para o control dos seus negocios e do seu poder social, pero o traballo político en comisións, asistencia a sesións do Congreso ou do Senado, non o entusiasmaban.

Por iso case nunca falou. Formou parte dalgunhas comisións aínda que non consta que fose un traballador dilixente. De tódolos xeitos, e para te-lo seu currículo electoral ben asegurado, procurou formar parte daquelas comisións nas que se debatesen asuntos de interese para a súa provincia: comisión creada para dar licencia ó Concello de Pontevedra para a adquisición dunha casa hospicio (1891), Declaración de monumento nacional das ruínas do ex-convento de san Domingos de Pontevedra (1894),

Ferrocarril Pontevedra-Carril (1896), Reconstrucción da ponte de Ponte Vea sobre o Ulla (1898), Declaración de interese xeral da ponte de Redondela (1899), estradas de Pontevedra a Camposancos e de Gondomar ó Rosal (1900). Desde 1893 ostentou o título de marqués de Riestra.

Morreu no ano 1923.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de A Estrada	Pontevedra
Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de A Estrada	Pontevedra
Lexislatura 1886-1890	Deputado polo distrito de A Estrada	Pontevedra
Lexislatura 1891-1893	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1893-1894	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1896-1898	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1898-1899	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1899-1900	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1900	Senador vitalicio	

### RIESTRA VILLAURE, Francisco María

Os Riestra chegaron a Galicia procedentes de Asturias. O pai do noso protagonista foi administrador dos bens de Pedro Fernández Villaverde (véx), quen protexeu nos primeiros anos a carreira política de Francisco.

Aínda que era licenciado en Leis e foi funcionario da Administración, Riestra de seguida vai destacar polo extraordinario talento económico e a capacidade industrial.

Casado con Micaela López, a medida que foi aumentando a súa fortuna converteuse nun referente cidadán da Pontevedra do século XIX.

No ano 1852 aparecía entre os nove maiores contribuíntes da cidade de Pontevedra.

Estreouse politicamente no ano 1854 como deputado provincial representando a capital na Deputación, resultou elixido outra vez nos anos 1856 e 1862.

Cando no ano 1858 se creou a Unión Liberal, Riestra interpretou que neste partido, que pretendía supera-las tensións entre moderados e progresistas, podía ter un posto. Por iso se presentou e obtivo a acta de deputado na lexislatura de 1858-1863.

Na lexislatura de 1863-1864 volve saír elixido. Formou parte no Congreso das Comisións do ferrocarril de Santiago, da do tratado comercial con Inglaterra e da do ferrocarril de Ponferrada-A Coruña, pero non interveu nunca en toda a lexislatura.

Foi outra vez elixido no ano 1865 e nas eleccións do Sexenio. Estudiasdas as Actas, na lexislatura de 1869-1871, vemos que non só non falou nunca senón que ademais non parece intervir en ningunha comisión. Consta que, polo menos, en dúas ocasións solicitou licencia para ausentarse de Madrid por razóns de saúde.

A partir de 1872 xa non se presentou ó Congreso senón ó Senado, onde obtivo a

representación provincial nas lexislatura de 1872 (2ª) e 1876-1877. A partir de 1877 obtivo o nomeamento de senador vitalicio, que mantivo ata 1884.

Cando se celebraron as votacións no Congreso para elixir Rei de España, na sesión do 18 de novembro de 1870, foi o único que votou a favor de Luisa Fernanda de Borbón, irmá de Isabel e muller do duque de Montpensier.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1858-1862	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Lexislatura 1865-1866	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Lexislatura 1872 (2ª)	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1876-1877	Senador pola provincia de Pontevedra	

## RÍO, Nicolás del

A sinatura de Nicolás del Río ten peso na cidade da Coruña, polo menos desde 1856 cando Zalvidea, Díez Tabanera e o propio Del Río se asociaron coa Viúva de Santos e Hijo para montar unha empresa na cidade da Coruña.

Nos anos finais do século XIX foi un dos máis importantes consignatarios do porto coruñés, xunto cos Barrié, Nicandro Fariña, Eusebio da Garda, etc.

No ano 1890, Faginas, na súa útil Guía da Coruña enumera as casas de cambio que había nesta cidade e unha delas era a de Nicolás María del Río.

O que resulta máis estraño é que un burgués tan recoñecido coma el decidira entrar na política activa.

Xa no ano 1868 formou parte dunha Xunta, constituída o 28 de setembro, con motivo dos acontecementos deste mes e ano. Non parece ser que a súa presenza revele necesariamente compromisos cos chamados revolucionarios. Era unha Xunta na que se mesturaban auténticos revolucionarios coas chamadas "xentes de ode" traídas para dar apoio e lustre ós revolucionarios. Por iso non nos consta que durante o Sexenio manifestara ningunha intención de presentarse ás eleccións.

Foi elixido na lexislatura de 1879-1881. Non foi fácil obte-la acta polo distrito de Ordes, porque foron denunciadas, como era habitual, as mañas e artimañas empregadas para obte-la representación. Xa no Congreso só formou parte de comisións secundarias, como as de protocolo e etiqueta. Non falou nunca nin consta que a súa presenza nas Cortes fora moi regular.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
-----------------------	---------------------------------	----------



**RIVA, Nicolás de la**

Nacera no seo dunha opulenta familia de comerciantes, que, procedentes de Ortigosa de Cameros se instalaran na cidade de Santiago a finais do século XVIII.

Estudou na Universidade de Santiago, onde se graduou como doutor en Leis o 16 de xuño de 1826.

No ano 1830 sabemos que aínda residía na cidade de Santiago, porque nese mesmo ano publicou nesta cidade *Silva al fausto enlace del Sr. D. Fernando VII con la Serenísima Sra. D<sup>a</sup>. María Cristina de Borbón. Dedicada al M. I. Ayuntamiento de esta M. N. Y M. L. ciudad, su atento y apasionado servidor*.

Trasladouse a vivir á cidade da Coruña, onde abriu un bufete de avogado. Foi decano do dolexio de Avogados desta cidade nos anos 1845, 1853 e 1854. Foi nomeado fiscal de rendas, cargo que xa tiña no ano 1837.

Liberal, pero moderado, debeu gozar de prestixio na Coruña porque foi elixido primeiro alcalde no ano 1835.

Resultou elixido deputado por vez primeira na lexislatura de 1837-1838. Interveu con moita frecuencia nos debates sobre leis e regulamentos. As súas matizacións xurídicas eran escoitadas con respecto, porque lle atribuían experiencia e coñecementos xurídicos non comúns. Poden verse algunhas das súas intervencións nas sesións do 2 de marzo de 1838 ou do 5 de marzo de 1838. Poderá observarse que Nicolás de la Riva tiña un ton de voz moi baixo, o que preocupaba bastante ós taquígrafos, que continuamente fan referencia a esta dificultade.

Resultou elixido novamente nas eleccións de 1840, as moderadas. Tamén nesta lexislatura interveu con frecuencia. É interesante advertir que, a pesar do seu moderantismo, falou en contra do proxecto da Lei de Concellos que, como se sabe, foi unha das causas da caída do réxime moderado e do golpe de Estado de 1840 de Espartero.

Foi un dos escasos políticos que a mediados do século XIX presenta unha especie de programa electoral. No xornal coruñés *El Diario* (20 de maio de 1840) escribiu que non se considera progresista nin moderado e que só era fiel á constitución de 1837. Pensaba retornar á súa cidade da Coruña "tan libre, tan independente, tan honrado, como cuando salí de mi casa".

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

---

Lexislatura 1837-1839	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia da Coruña

---



### RIVADENEIRA VILLAGUISADA, José Antonio (Bispo de Valladolid)

Naceu na casa de Loureiro, da parroquia de San Miguel de Buciños (Lugo) o 9 de abril de 1774, de familia fidalga.

Estudou Artes na Universidade de Santiago e posteriormente cursou tres anos de Leis e cinco de Canons na mesma Universidade. Unha vez que obtivo o bacharel en Leis e Canons, trasladouse á universidade de Osma na que se licenciou e doutorou en Leis e Canons. Xa co título de

Avogado dos Reais Consellos, foi profesor de Canons na Universidade de Santiago.

Parecía que ía a proseguir na Universidade cando o bispo de Lugo, Caunedo, chamou para ser o seu familiar ou secretario, provisor do bispado e mesmo Gobernador interino.

Xa ordenado de sacerdote e despois de obter o beneficio de San Salvador de Maceira (no bispado de Tui), obtivo a canonxía de Doutor no cabido de Lugo, e Gobernador da diocese na vacante do bispo Caunedo.

No ano 1815, Fernando VII premiouno cunha canonxía no Cabido de Santiago. Foi elixido Rector da Universidade desta cidade.

Nomeado Auditor da sagrada Rota Romana (1826-1829), foi presentado por Fernando VII no ano 1830 para o bispado de Valladolid.

Estivo considerado un prelado prudente e moi entendido en Dereito Canónico.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1840-1841      Senador pola provincia de Lugo

### RIVERO ZAPICO, José Vicente

Naceu no ano 1812 en Villaviciosa (Asturias). Estudou parte da carreira universitaria na Universidade de Santiago e rematouna na Universidade de Oviedo.

Unha vez licenciado en Dereito dedicouse durante algún tempo ó exercicio libre da profesión. Posteriormente opositou e obtivo praza de auditor da Armada, o que o vencella aínda máis a Galicia porque exerceu parte da súa vida en Ferrol.

Militou sempre no partido liberal progresista e no ano 1858 ingresou na Unión Liberal, na fracción máis progresista desta.

Retirouse como auditor no ano 1866, despois de 36 anos de servicios á Armada en distintos postos. O seu último destino foi a Comandancia de Cartaxena.

Representou a Galicia desde 1858, case sen interrupción, ata 1872.

Saiu elixido por vez primeira nas eleccións do ano 1858, as eleccións da Unión Liberal, polo distrito de Ortigueira. Foi elixido novamente nas seguintes eleccións, celebradas no ano 1863, tamén por Ortigueira. Descoñecemos se se presentou ás eleccións de 1864 pero a realidade é que non saíu deputado.

Volve novamente ó Congreso nas eleccións de 1865, pola sección da Coruña. Non se presentou ás seguintes eleccións por estar xa comprometido coa conspiración que derribou a monarquía no ano 1868.

Foi de novo elixido deputado nas eleccións do ano 1869. Finalmente, na lexislatura de 1871-1872 pasou a senador pola provincia da Coruña.

A súa constancia na representación de Galicia non foi necesariamente síntoma de que fora reputado como gran deputado. Houbo lexislaturas, como a de 1863, na que non formou parte de ningunha comisión, nin falou xamais. Unicamente asistiu e votou.

Na lexislatura de 1869, na que tódolos progresistas de España faloron sen límites e fixeron historia dos seus anteriores padecementos, Rivero tampouco abriu a boca. Nesta ocasión formou parte dalgunha comisión como a de Orde pública, Banco de Valladolid e Cádiz, Material inútil dos arsenais. O seu papel reduciuse a votar e a transmitirle ó Goberno algunhas súplicas dos seus representados. Na famosa sesión do 18 de novembro de 1870 na que se elixe rei a Amadeo de Saboya, Rivero non lle votou a Amadeo senón ó duque de Montpensier.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1858-1863	Deputado polo distrito Ortigueira	A Coruña
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Ortigueira	A Coruña
Lexislatura 1865-1866	Deputado pola sección da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1869-1871	Deputado pola sección da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1871-1872	Senador pola provincia da Coruña	

## ROBLES, Roberto

Formou parte do progresismo lucense dos anos corenta do século XIX. A diferenza dos Becerra, Arias de la Torre, Batalla, Pozzi, etc. Robles era unha persoa con capacidade de mando militar e atopábase máis a gusto mandando as milicias nacionais, que eran o brazo armado do progresismo.

A primeira noticia que temos de Robles é de 1837, que mandaba, como capitán, os nacionais mobilizados de Lugo.

No ano 1840, os progresistas lucenses elevan un Manifesto ó Goberno denunciando o proxecto de leis de concellos. Robles aparece como membro da Comisión encargada da súa redacción. Consta o seu nome e o seu destino: capitán da Compañía de Nacionais Francos de Pobra do Brollón.

No ano 1841, xa cos progresistas no poder, foi membro da Deputación Provincial de Lugo.

Tivo unha activa e intensa participación no levantamento de Galicia, no ano 1846. Unha vez pronunciado o exército nesta cidade e constituída a Xunta que preside o fillo de Becerra, formouse un Batallón de Voluntarios Patriotas de Lugo, Primeiro de Galicia, e Robles foi nomeado xefe supremo do batallón, con mando de Comandante graduado.

Os méritos contraídos por Robles na defensa do progresismo explican que fose elixido nas eleccións segundas de 1843. Lamentablemente esta lexislatura só durou dous meses, polo que dubidamos que chegase a tomar posesión. Foi investidor en bens desamortizados por unha contía de 100.000 reais.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislature 1843-1844    Deputado pola provincia de Lugo



### **ROCA DE TOGORES, Mariano** **(Marqués de Molíns e vizconde de Rocamora.** **Grande de España de 1ª clase)**

Só faremos un breve resumo da densa biografía literaria e política de Roca de Togores, porque non tivo ningunha vinculación con Galicia, agás as dúas representacións do distrito de Ferrol, pura anécdota na súa prolongada e exitosa biografía.

Era fillo de condes, o seu pai, un adifeirado propietario de Albacete, Alicante e Murcia, era conde de Pino Hermoso.

Estudou en Madrid no acreditado colexio que dirixía Alberto Lista e posteriormente ingresou na Mariña.

Comezou moi pronto a publicar en revistas literarias e desde 1837, as súas obras dramáticas empezaron a ser representadas nos teatros de Madrid ou nos salóns da aristocracia española, como sucede coa súa comedia *Un matrimonio*, representada por vez primeira no teatro privado dos duques de Alba, en 1846.

Foi moi célebre o faladoiro que celebraba na súa casa, tódolos sábados, e ó que asistiron o duque de Rivas, Tamayo, Ventura de la Vega, etc.

O seu éxito literario era paralelo ó seu éxito político. Sempre no Partido Moderado, foi varias veces ministro de Fomento, e de Mariña. Como deputado e senador representou a distintos distritos e provincias. Pertenceu á Real Academia Española. Foi presidente do Ateneo Científico e Literario. Podemos dicir, en síntese, que estamos ante unha das máis importantes personalidades da vida política e literaria de España.



Non todos, sen embargo, coincidían nesta apreciación. Se foi unha das personalidades máis celebradas de España, foino tamén das máis vituperadas, como político e como escritor.

Na súa obra *Calabazas y cabezas* (1880), Granés estampa o seguinte xuízo:

"Molíns es un caballero,  
como hombre poco simpático,  
como literato huero,  
nulo como diplomático  
y como ministro, cero".

Manuel del Palacio e L. Rivera na súa obra *Cabeza y calabazas* (1879) escriben o seguinte:

"Es un poeta académico  
y, aunque goza de gran fama,  
yo se que los que le elogian  
suelen comer en su casa".

O xornal *El Látigo*, naturalmente nas antípodas ideolóxicas e políticas de Roca, escribe, o 17 de novembro de 1854: "El Marqués de Molíns es nada, como lo acredita el haberle nombrado dos veces Ministro de Marina de una nación que no tiene Marina". Cando foi ministro, os demais ministros "lo han considerado como un mueble de puro bulto que no tiene más objeto que hacer bulla", e engade "toma pretexto de cualquier cosa para hincharse como un globo aerostático". E noutro xornal progresista *El Mundo Nuevo* (sen número nin data pero do ano 1885), dise "Bienaventurado Roca de Togores, que si no hizo barcos, supo darse honores".

Finalmente Ribotna na súa obra *La Revolución del juicio en Madrid* (1854), escribe o seguinte: "Roca de Togores, alias de Roca Mora, notable por su insignificancia, frívolo, vano, superficial, que en su afán de parecer hábil se hace intringantuero, que convirtiendo su vanidad en talento sería un Metternich y que no parecía tan malo como sus compañeros [refírese ó Gobierno de Sartorius], porque había recibido mejor educación y era un poco más decente".

Como representante do distrito de Ferrol en dúas ocasións, temos que dicir que a súa actividade foi practicamente nula. Nas segundas eleccións, as de 1853 saíu por Elxe e Villososa (Alacant) e por Ferrol, pero tamén saíu elixido senador e por se fose pouco foi designado ministro. Comprenderase que con tantas ocupacións tivese que dimitir do escano, pero fíxoo moi tarde para que non se puidese xa elixir a outro. Morreu en Lekeitio o 4 de setembro de 1889.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
Legislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña

---

## ROCA DE TOGORES AGUIRRE DE SOLARTE, Fernando (Marqués de Rocamora)

A súa representación en dúas ocasións polo distrito de Pontecaldelas exemplifica á perfección o modelo de enfeudamento do distrito na familia dos Fernández Villaverde (véx.).

Raimundo Fernández Villaverde representou a Pontecaldelas, case sen interrupción dende 1876 ata 1905. Morre neste ano e o seu fillo Fernández Villaverde Roca de Togores non ten aínda a idade regulamentaria para poder ser deputado. O seu pai casara con Ángela Roca de Togores.

Nesta situación e para non perde-lo control do distrito, a familia, coa aprobación dos Bugallal e demais patróns dos cacicados galegos, decidiron situar no distrito un Roca de Togores, tío do fillo de Fernández Villaverde mentres esperaban que este tivese a idade para poder optar a Pontecaldelas. Así foi. Roca de Togores ostentou a representatividade de Pontecaldelas entre 1905 e 1910. A partir deste ano xa se incorporou Fernández Villaverde Roca de Togores, fillo de Raimundo e sobriño de Fernando Roca de Togores.

Temos, pois, que considerar este deputado como un "cunero" sen outros obxectivos máis que o de mante-lo distrito dentro dos intereses familiares.

Naceu en Madrid o 4 de marzo de 1859. Era fillo do Excmo. Sr. Mariano Roca de Togores (véx.) ex-deputado por Galicia, marqués de Molíns, e un literato importante no seu momento. Era a súa nai María del Carmen Aguirre Solarte, natural de Julhain (Inglaterra).

Pertencía o corpo diplomático.

O noso persoeiro gozaba dunha situación económica ben fundamentada con propiedades en Murcia, en Albacete e casas en Madrid.

Carecía de distrito propio, o que explica que representara varios distritos en diversas provincias.

Na lexislatura de 1886 saíu elixido polo distrito de Sahagún (León). Posteriormente, en 1899 foi elixido deputado por Albacete e na lexislatura de 1903-1904 foi senador por Alacant.

Finalmente prestouse a cubri-la vacante de Fernández Villaverde e saíu elixido por Pontecaldelas.

No ano 1890 recibiu o marquesado de Rocamora.

Casou con María del Carmen Caballero Saavedra, filla do marqués de Torneros e da marquesa de Villar e irmán do duque de Rivas.

### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra

**RODA, Ignacio Ramón de**

Naceu en Ontiñera (Aragón) no ano 1752. Era sobriño do ministro de Carlos III, Roda, quen o protexeu.

Estudou na Universidade de Huesca e posteriormente foi colexial do Colexio de Santa Cruz de Valladolid, do que chegou a ser rector. Licenciouse e graduouse como doutor pola Universidade de Ávila. O seu tío logroulle unha prebenda de racioneiro na catedral de Santiago. Máis adiante, e parece ser que co apoio dos irmáns Acuña e Malvar, obtivo un canonicato de oficio: a penitenciaria.

Coa Guerra da Independencia, Roda como outros moitos clérigos desenvolveu unha intensa actividade a prol do alistamento para loitar contra as tropas francesas. Así mesmo cando se constituíu a Deputación provincial única de Galicia, Roda foi elixido un dos membros dela. Anteriormente, no ano 1808, xa formara parte da Xunta do Reino de Galicia. Por iso os franceses o prenderon cando ocuparon Galicia, pechárono no castelo de San Antón e posteriormente metérono nun barco ou pontón na ría da Coruña.

Nas eleccións celebradas en Galicia para as segundas Cortes de Cádiz, celebradas en xaneiro de 1813, Roda foi un dos deputados elixidos na provincia de Santiago.

Tardou bastante en chegar a Cádiz. O 4 de novembro de 1813 comunica que está de camiño. O 17 de xaneiro de 1814 foi aceptado como deputado pola provincia de Santiago malia as denuncias que se presentaron contra as eleccións galegas, acusadas de estar amañadas e manipuladas polos absolutistas. O 1 de marzo de 1814 foi nomeado para formar parte da Comisión de Instrucción Pública. Nunca falou nin actuou nas Cortes.

Roda foi un dos deputados que máis traballou para redacta-lo manifesto chamado dos Persas, que el asinou, como case tódolos deputados galegos. Absolutista visceral, Roda formou parte da Comisión do Cabido de Santiago que visitou a Fernando VII para manifestarlle a súa fidelidade e pregarlle a restauración da Inquisición.

Fernando VII premiou a Roda presentándoo para o bispado de León no ano 1814. Xa non volveu a Galicia. Permaneceu en Madrid ata recibirla bula pontificia co seu nomeamento, tomou posesión do bispado a comezos de 1815.

O clérigo Juan Antonio Posse, diocesano seu porque era párroco na diocese de León, traza nas súas *Memorias*, recuperadas por Richard Herr, un esbozo brutal e tremendo do bispo Roda. Non esquezamos que Posse sufriu a persecución do bispo e, por conseguinte, a súa testemuña non é obxectiva.

Di, por exemplo, que o bispado foi comprado con taleigas de ouro máis a súa condición de "perjuro y traidor", que foron os méritos que Macanaz tivo en conta para ascendelo ó episcopado.

O bispo levou como secretario a un tal Juan Narciso Torres que "manifestaba toda la rusticidad de su nacimiento grosero en su cara y costumbres", engadindo era un fiel

ministro de la avaricia y ambición de S. Ilustrísima... Intratables y oscuros nunca salían de Palacio sino juntos y en coche a paseo. No trataban con nadie y nadie trataba con ellos".

Cando foi restaurada a Constitución, Roda foi perseguido: foi desterrado a Valencia de Don Juan, despois a Tordesillas e finalmente a Rueda, onde morreu ó pouco tempo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1813-1814    Deputado pola provincia de Santiago



### **RODIL GAYOSO, José Ramón** **(Marqués de Rodil e Vizconde de Trobo)**

Naceu en Santa María de Trobo (provincia de Lugo) o 5 de febreiro de 1789 nunha familia de posición económica media. Seus pais foron Esteban Rodil Méndez e María Gayoso Pampillo.

Estudou Latín e Filosofía en Mondoñedo e posteriormente pasou a Santiago a estudar na Universidade, onde estaba cando se constituíu, no ano 1808, o Batallón Literario do que formou parte. Deixou os estudos e dedicouse ó exército.

Durante a Guerra de Independencia estivo nas campañas de Biscaia, Extremadura e Andalucía e cando acabou a guerra era capitán. No ano 1817 foi destinado ó exército de América, con destino a Perú.

A defensa que fixo da praza do Callao doulle gloria. O asedio desta praza iniciouse o 1 de outubro de 1824 e Rodil non a entregou ata o 22 de xaneiro de 1826, foi o último reducto no que ondeou a bandeira española, xa que todo o territorio fora xa entregado. Esta defensa provocou que a fama e sona de Rodil circulase por toda América, por España e parte de Europa.

Cando chegou a España, Fernando VII cubriuno de honores, concedeulle a Gran Cruz de Isabel a Católica, nomeouno xefe de brigada da Garda Real das Milicias Provinciais. Rodil ascendera xa a Mariscal de Campo.

No ano 1829 foi nomeado inspector xeral do novo corpo de Carabineiros de Costa e Fronteiras que axudara a crear. En 1830 capitán xeral de Aragón, no 1832, capitán xeral de Extremadura.

Fiel a Isabel, á morte de Fernando VII foi un dos capitáns xerais comprometidos co liberalismo e, por conseguinte, hostil ó carlismo. Recibiu o marquesado e o viscondado o 17 de xullo de 1834.

No ano 1834, como capitán xeneral de Extremadura, pretendeu desenvolver unha estratexia que consistía en penetrar en Portugal e coller por sorpresa a Carlos V, que



residía en Vila Real. A operación resultou un fracaso. No mesmo ano, o Goberno decide nomealo comandante xeral do Exército do Norte, ó pensar que a súa presenza e capacidade militar serían abondas para derrota-los carlistas. Tampouco tivo éxito e Piralá recoñece que o seu mando foi un desastre para os liberais na guerra do Norte.

Estes fracasos non rebaixaron a súa sona e prestixio en España. No ano 1835 foi nomeado ministro da Guerra por Mendizábal, cargo que ocupou por espacio duns meses. Calatrava vólveo nomear ministro da Guerra no ano 1836.

O 17 de xuño de 1842 foi encargado de formar Goberno. Témolo, por conseguinte, como presidente do Consello de Ministros (ó mesmo tempo mantíña a carteira de Guerra) ata o 9 de maio de 1843.

A súa vida azarosa (abríuselle un longo proceso pola súa aparente pasividade na persecución do exército do xeneral carlista, Gómez), o autoexilio en Francia no ano 1840, o mando de tan distintos corpos do exército e a súa fidelidade a Espartero (que en 1843 o levou a ser comprendido nun consello de guerra e penalizado, pero amnistiado), explican que a súa dedicación directamente política no Congreso fose ben limitada.

Morreu en Madrid o 19 de febreiro de 1853.

Como deputado temos que dicir que a primeira representación a tivo por Ávila no período entre 1834-1836 como senador ou prócer.

Representou a provincia de Lugo nas lexislaturas de 1839 e 1841-1842. Posteriormente volveu ser senador nas lexislaturas 1842-1843, por Ávila e en 1849-1850 vitalicio. Morreu solteiro e nomeou herdeiro ó seu mordomo e axuda de cámara Francisco Alejo Gómez que, a súa morte, retornou os bens de Galicia á familia.

Como deputado galego non consta que falase nunca nin que participase nas Cortes.

---

Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1841-1842	Deputado pola provincia de Lugo

---

## **RODRIGÁÑEZ SAGASTA, Hipólito**

---

**P**edro Mateo Sagasta logrou representa-lo distrito de Caldas desde 1869 a 1872. A medida que o seu irmán, Práxedes Mateo Sagasta se foi consolidando como un político de futuro, a familia Sagasta comprendeu que era moi importante ter un distrito propio no que enfeudarse. Non o conseguiu Pedro Mateo, pero si o seu fillo Bernardo Mateo Sagasta, que representou este distrito ininterrompidamente desde 1893 a 1923, trinta anos e 15 lexislaturas.

Pero mentres que Bernardo Mateo, que nacera en 1866, medraba, se formaba e

conseguía a idade necesaria para optar ó distrito, a familia Sagasta procurou situar en Caldas algúns membros da familia. Isto é o que explica a presenza de Rodríguez Sagasta, que resulta elixido en 1881. Máis adiante, entre 1887 e 1891, mentres o fillo non alcanza a idade regulamentaria, volve novamente saír elixido Pedro Mateo Sagasta. É dicir, que os Sagasta procuraron deixar varios sinais para que todos entenderan que aquel distrito lles pertencía.

Rodríguez Sagasta non falou nunca no Congreso, aínda que participou en varias comisións: Lei arancelaria, Mausoleo do Príncipe de Vergara, Estrada de Archidona a Campillo e algunha outra.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Caldes	Pontevedra
-----------------------	----------------------------------	------------

### RODRÍGUEZ, Manuel Anselmo

Farmacéutico de Lugo, deuse a coñecer entre os profesionais da Farmacia pola tradución e publicación que fixo no ano 1826 da obra de M. A. Richard, profesor da Facultade de Medicina de París, *Formulario Portátil. Tercera edición con gran número de recetas nuevas... Traducido del francés con algunas adiciones por D. Manuel Anselmo Rodríguez, Licenciado en Farmacia*, obra da que só neste ano de 1826 apareceron dúas edicións en Lugo.

Vinculouse desde moi pronto ó progresismo, e foi un dos destacados progresistas lucenses. En 1836 foi concelleiro do concello de Lugo, en 1838 segundo alcalde e en 1839 primeiro alcalde da cidade.

Anselmo Rodríguez, que estaba casado con Catalina Cortés, foi tamén un importante investidor en bens desamortizados.

Foi membro da Real Academia Médico Farmacéutica de Galicia e Asturias, e gozaba de gran prestixio profesional.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1841-1842	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1843 (1ª)	Deputado pola provincia de Lugo

### RODRÍGUEZ, Patricio

No ano 1837 era avogado de Pontedeume. En 1840 foi designado maxistrado. Liberal progresista, tivo dous fillos, Gaspar e Daniel que proseguiron á súa estela.

A última noticia que temos del é de 1872 en que exercía de maxistrado da

Audiencia de Valladolid.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1843 (2ª)      Deputado pola provincia de A Coruña

### RODRÍGUEZ ARIAS, Francisco

Sabemos que pertencía ó partido moderado e era alcalde de Vigo no ano 1846 cando ten lugar o levantamento de Galicia.

Foi deposto o 10 de abril de 1846 pola Xunta presidida por Buch. Concluído o levantamento foi restituído na alcaldía.

Resultou elixido deputado nas eleccións de 1846, representando ó distrito de Vigo, sen embargo, non tomou posesión ata o 24 de xaneiro de 1848. Non consta que participara nas sesións porque non aparece o seu nome nas votacións.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1846-1850      Deputado por Vigo      Pontevedra

### RODRÍGUEZ CÓNSUL, Enrique

Presentouse ás eleccións de 1853 polo distrito de Prado (Pontevedra), pero aínda que foi proclamado deputado e mesmo se presentou nas Cortes, regalándolle ós membros do Congreso unha obra súa sobre o desestanco do sal e do tabaco, en realidade non chegou a tomar posesión da súa acta, porque a Comisión de actas declarou na sesión do 28 de marzo de 1853 que as eleccións de Prado debían ser anuladas pola serie de delitos e irregularidades cometidas.

Presentado o recurso a esta decisión, a Comisión, en sesión do 28 de novembro de 1853 declara, novamente, a nulidade destas eleccións. Presidía a comisión o deputado galego, Ferreira Caamaño. Por iso non chegou a tomar posesión.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1853-1854      Deputado polo distrito de Prado      Pontevedra (anulada a acta)

### RODRÍGUEZ DE ANSA, Mariano

Pertencía a Administración do Estado en Madrid cando o Ministerio decidiu sacalo polo distrito de Ribadavia, o que logrou facilmente. En canto obtivo o escano, o Goberno nomeouno secretario da Dirección Xeral de Loterías do Estado, nomeamento que tivo lugar o 15 de xullo de 1853. Este cargo, sen embargo, obrigaba a Rodríguez

de Ansa a volver someterse a elección porque, de acordo coa lexislación vixente, todo cargo recibido durante o mandato como deputado requiría ou a renuncia ó escano, ou repetir de novo as eleccións. Por iso Rodríguez de Ansa decide dimitir, non do escano, senón da secretaría da Dirección Xeral de Loterías, o que realiza o 30 de setembro de 1853. O Goberno, en troques, dálle unha praza de negociado de segunda clase na xunta de clases pasivas, que non requiría reelección.

Como deputado formou parte só de dúas comisións, da de Reforma da administración de portos e da de Etiqueta.

Non consta que participase en ningún debate, nin que falase algunha vez.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Ribadavia	Ourense
-----------------------	-------------------------------------	---------

### — RODRÍGUEZ DE CAMPOMANES, Rodrigo (Conde de Campomanes)

Rodríguez de Campomanes estivo casado en primeiras nupcias con Rosa de Armesto Cortés de la Rocha Queipo de Llano e en segundas con María de los Dolores Barrera Díaz de Freixo. Era conde de Campomanes, vizconde de Orderías e señor de Veiga de Forcas, San Paio de Narta de Codesoso, de Cirio, de Baleira, de Feimil, de Canedo e de Arganza.

A súa gran fortuna en rendas convertíao, polos menos no ano 1834, no primeiro contribuínte da cidade de Lugo.

Formou parte do exército e cremos que chegou ó grao de coronel.

Non debía ser moi entusiasta da vida política. Presentouse ás eleccións para o Senado no ano 1837, pola provincia de Lugo e foi elixido, pero renunciou polo que nin chegou a tomar posesión. Tamén se presentou nunha soa ocasión ás eleccións para o Congreso, na lexislatura de 1840, pola provincia de Lugo pola que resultou elixido.

Sen embargo, tardou en incorporarse ó Congreso, nunca falou e a penas fomos capaces de contarlle doce asistencias. Oficialmente constaba que pertencía a algunha comisión, pero dubidamos de que exercese ningún traballo. Tamén hai licencias de enfermidade que posiblemente foron a causa principal da súa escasa asistencia.

Debeu morrer pouco despois da súa estada nas Cortes porque no ano 1844 consta que a condesa de Campomanes, María Dolores Barrera era a titora de seu fillo Manuel Rodríguez Campomanes.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1838	Senador pola provincia de Lugo (dimitir)
Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia de Lugo



**RODRÍGUEZ DE CAMPOMANES ARMESTO, Manuel****(Conde de Campomanes)**

Era fillo de Rodrigo Rodríguez de Campomanes (véx.) e de Rosa de Armesto Cortés de la Rocha Queipo de Llano.

Casou con Josefina Cano y Palacios. Pasou parte da súa vida entre Madrid e París onde faleceu o 24 de febreiro de 1875. Recibiu o condado de Campomanes no ano 1847.

Entra por vez primeira no Congreso na lexislatura de 1863. Parece ser que o ministro de Gobernación, Florencio Rodríguez Baamonde, quere impedi-la saída polo distrito de Lugo a Neira Montenegro, para que non se enfeude neste importante distrito. Para iso promoveu ó conde de Campomanes, un candidato de evidente peso na provincia e na cidade. O conde non tivo problemas para saír pola cidade nas eleccións de 1863, 1864 e 1866.

Como deputado o conde foi moi activo no traballo en comisións, aínda que non era dado a pronunciar discursos. Formou parte da comisión Hipotecaria (secretario), de Peticións (secretario), de Ferrocarrís (secretario). Tamén foi secretario do Congreso na lexislatura de 1863.

Aínda que non falou, sen embargo presentou solicitudes, como a que fixeron os párrocos de Lugo sobre os atrasos na percepción dos seus soldos (sesión do 30 de abril de 1864) ou presentou emendas a algunhas leis.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Lexislatura 1865-1866	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo

**RODRÍGUEZ DE CASTRO, Manuel**

Un dos efectos producidos polas revolucións é a aparición de novas camadas de políticos que sen tal feito seguramente nunca saírían á luz. Tal é o caso do noso biografado, do que a penas temos ningunha noticia.

Resultou elixido, por primeira vez, deputado por Monforte nas eleccións de 1871-1872 e novamente nas dúas eleccións que se realizaron no ano 1872. Reaparece novamente coa Restauración.

Na primeiras eleccións da Restauración, as de 1876, no distrito de Monforte apareceron tres candidatos: Andrés Andrade, F. Rodríguez Casanova e Manuel Rodríguez de Castro. A cuestión era gana-la confianza do Goberno para que un dos candidatos fose candidato ministerial. Para isto era necesario contar coa maioría dos apoios dos señores locais do distrito. Parecía ser que Andrade era o proposto polo Goberno, pero finalmente os amaños de Romero Robledo en Madrid determinaron que tivera esta condición Rodríguez de Castro. Sen embargo, o gobernador Medina, que coñecía moi ben

a situación e que entendía que aquel era un terreo minado, decidiu ser neutral, absterse, e "dejarles que se maten" como con frase moi gráfica lle escribe ó marqués de Campomanes (8 de xaneiro de 1876).

Andrade decide retirarse aconsellando ós seus partidarios que apoiaran a Rodríguez Casanova. Rodríguez de Castro, fortalecido coa súa condición de ministerial, non dubidou en empregar os medios máis abxectos para obter a victoria: mandou encarcerar a moitos dos partidarios de Casanova, incluídos Casanova e Andrade, levou consigo a garda civil cando percorreu o distrito para forzar a decisión dos opostos á súa candidatura, etc.

Cando na sesión de Cortes dos días 20 de maio de 1876 e 27 de maio de 1876 se discutiron as actas deste distrito, o deputado galego por Pontearreas, Escolástico de la Parra, denunciou aquela elección nos seguintes termos: "La elección de Monforte es la síntesis, es la condensación de todos los abusos, de todos los amañes, de todas las coacciones, de todas las violencias e ilegalidades electorales que puede conceder una imaginación gallega, que es de las más ricas y más fecundas en inventar recursos y ardidés en materia electoral".

A pesar destas denuncias, puntualmente demostradas, e das 14 causas criminais presentadas por Rodríguez Casanova contra Rodríguez de Castro, a Comisión de Actas declarou, o 29 de maio de 1876, que a acta era válida e, por conseguinte, tomou posesión da mesma.

No Congreso non interveu en ningún momento e o seu traballo en comisións foi máis ben escaso, xa que consta que unicamente formou parte das comisións de Peticións.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
Lexislatura 1872 (1ª)	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo



#### RODRÍGUEZ DE VIGURI SEOANE, Luis

Naceu este ilustre político en Santiago o 16 de outubro de 1881.

Estudou Dereito na Universidade compostelá e posteriormente pasou á Universidade de Madrid para doutorarse en 1901. Exerceu algún tempo como profesor na Universidade de Madrid. No ano 1907 ingresou, mediante oposición, no corpo diplomático e nos servizos xurídico-militares. Pediu a excedencia en ambos corpos, cando xa era cónsul de primeira e comandante auditor xurídico militar.

Foi subsecretario do Ministerio de Abastecementos e cando se suprimiu este posto

pasou a comisario xeral de Abastecementos (1919-1920). Foi subsecretario da Presidencia do Consello de Ministros (1921), director xeral de Correos e Telégrafos, subsecretario de Fomento.

Foi nomeado ministro de Fomento en substitución de Manuel Argüellés, nun goberno presidido por Sánchez Guerra. Dise, porque non puidemos comprobalo, que o seu ministerio foi tan efémero que entre os escasos decretos que publicou estivo o da constitución na Universidade de Santiago das Facultades de Ciencias e da de Letras. Só por iso Rodríguez de Viguri merecería o recoñecemento da universidade compostelá e de Galicia enteira, por cumprimentar unha necesidade reclamada dende había moito tempo. Na Facultade de Xeografía e Historia unha praca de mármore lembra aquel acontecemento con gratitude para Rodríguez de Viguri, efémero ministro no ano 1922.

Tamén foi Ministro de Economía no ano 1930, segundo afirman algúns autores, no Goberno de Dámaso Berenguer, cando rematou a dictadura de Primo de Rivera.

Militou sempre no partido conservador, durante a Restauración e xa na República presentouse polo Partido Agrario.

Resultou elixido por vez primeira deputado por Lugo na lexislatura de 1918-1919 e seguiu representando esta cidade ata 1923. No Congreso destacou pola súa laboriosidade e pola súa elocuencia.

Volveu ser deputado durante a Segunda República, no ano 1933 como independente e en 1936, como agrario.

Dirixiu durante anos o *Boletín de Justicia Militar* e publicou a súa tese de doutoramento, *La comerciabilidad de los inmuebles* (1901). Pero a obra máis importante ou polo menos, a máis popular foi o escrito de defensa do xeneral Navarro polos sucesos de Monte Arruit, *La retirada de Annual y el asedio de Monte Arruit. Escrito en defensa del General don Felipe Navarro y Ceballos-Escalera, Barón de Casa Davalillo, leído ante el Consejo Supremo de Guerra y Marina, en Sala de Justicia, Madrid 1924.*

Morreu en Madrid o 12 de outubro de 1945.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Lexislatura 1933-1936	Deputado pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1936	Deputado pola provincia de Lugo	

#### RODRÍGUEZ DEL CASAL, José

No ano 1811 era párroco de Santiago de Lampón (Boiro, provincia da Coruña), porque este ano publicou un Sermón patriótico, pronunciado no ano 1811 na parroquia de Santiago, da Pobra do Caramiñal, titulado *Sermón que para alentar el patriotis-*

*mo e imprimir valor a nuestras tropas y alarmas, con motivo de la bendición de la bandera de la alarma de aquel partido, (Santiago 1811)*

Na eleccións para a lexislatura de 1820, resultou elixido deputado suplente, o que é indicio do seu liberalismo porque nesta lexislatura só saíron elixidos deputados liberais.

Sen embargo, en 1820 morreu o deputado Ruiz Prado, polo que foi chamado Rodríguez del Casal para substituílo.

O 2 de maro de 1821 tomou posesión Rodríguez del Casal do seu escano.

Na sesión do 13 de outubro de 1821 defendeu no Congreso un modelo de división provincial na que contemplaba a Galicia Occidental con tres provincias, que serían: A Coruña, Santiago e Tui, e a Galicia Oriental con dúas: Lugo e Ourense. Esta proposta non tivo éxito.

Ós poucos días, Rodríguez del Casal morreu repentinamente en Madrid, o 26 de outubro de 1821.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1820-1821      Deputado por Galicia

### RODRÍGUEZ DEL MONTE, Luis

Naceu este ilustre mariño e gran patriota no pazo de Serantes (Ferrol) no ano 1765. Pertencía á fidalguía polos dous costados, xa que descendía dos Rodríguez del Monte, do pazo de Cascallal e dos Pita da Veiga, fundadores do pazo de Serantes.

Foi fillo de Pedro Rodríguez del Monte, que nacera en San Salvador de Xoibán, e que exercía de avogado Real e de fiscal do Departamento Marítimo de Ferrol, e de María Juana de Prado Pita da Veiga, que nacera no pazo de Serantes.

Ingresou na Armada no ano 1779 e foi ascendendo pouco a pouco na escala.

No ano 1808 era capitán de Fragata e foi elixido vocal da Xunta Superior do Reino de Galicia. O seu patriotismo levouno a acepta-la difícil encomenda de desprazarse a Londres para conseguir axuda militar para loitar contra os franceses, o que executou no ano 1810. Neste mesmo ano foi elixido deputado pola provincia de Betanzos nas primeiras Cortes españolas.

O 24 de outubro de 1810 foi elixido presidente das Cortes.

Tomou parte moi activa nas comisións, sendo sempre a súa conducta irreprochable. Ideoloxicamente situouse cos liberais pero desde posicións moderadas.

O entusiasmo patriótico e a urxencia por darlle unha estrutura política a España levouno a denunciar non poucas veces a falta de patriotismo dos deputados que se ausentaban das Cortes sen motivo razoable. Na sesión do 2 de xaneiro de 1813 denun-



ciou a ausencia inustificada dalgúns deputados galegos. Aqueixado dunha grave enfermidade que o levaría á morte, o 6 de marzo de 1812 presentou escusas ante o Congreso por non poder asistir con regularidade. Sen embargo, érguese da cama para asina-la Constitución de 1812, que, segundo propia confesión, foi unha das súas grandes satisfaccións na vida.

O 27 de febreiro de 1813 deuse conta nas Cortes da súa morte.

O 29 de outubro de 1813, xa noutra lexislatura, presentouse nas Cortes a solicitude da súa viúva, Rita Castro Montenegro, na que pedía unha pensión.

Rodríguez del Monte foi un exemplar deputado galego.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1810-1813    Deputado pola provincia de Betanzos

### **RODRÍGUEZ DEL VALLE, Julián José**

**S**ó foi deputado nunha lexislatura malia a súa incansable actividade política dentro do progresismo galego.

Naceu en Aldixe no ano 1787 (provincia de Lugo), estudiou tres cursos de Filosofía no Seminario de Mondoñedo, que incorporou na Universidade de Santiago, onde despois de completa-lo currículo recibiu o grao de bacharel en Filosofía o 8 de outubro de 1823.

Despois iniciou os estudos de Medicina en Santiago, e obtivo o título de licenciado e doutor no ano 1830. Nese mesmo ano recibe a habilitación para exercer como médico.

Sen embargo, seguiu estudiando con afán, marchou para Madrid onde iniciou os estudos de Teoloxía (na Universidade de Alcalá) ata conseguí-lo bacharelato nesta facultade no ano 1832, ano no que ten que volver a Galicia por mor da morte de seu pai.

En Santiago seguiu estudiando Dereito, e obtivo a licenciatura e o doutorado no ano 1837, e no ano 1838 foi habilitado para exercer-la profesión.

Por conseguinte, foi graduado en tódalas facultades existentes en Santiago, en Medicina e Dereito co doutorado, en Filosofía e Teoloxía co bacharelato, en Canons coa licenciatura.

Malia tanta preparación (sempre avalada coas cualificacións máis altas) e mesmo ampliados os seus estudos en Madrid cun curso de Botánica no Xardín Real, outro de Lingua Grega no Imperial Colexio de San Isidro, outro de Química no Conservatorio das Artes, máis estudos de inglés, lingua alemá, etc., Rodríguez del Valle debía ser un espírito pouco asentado, máis dado a estudar cousas que a profundar nalgunhas. Porque de todo ese gran saber a penas sacou proveito nalgunhas substitucións de cátedras, e na concesión, no ano 1846, do recoñecemento de ser licenciado en letras, o que o facultaba para dar clases en Filosofía no instituto-universidade, de acordo co plan Pidal.

Rodríguez del Valle dedicouse á Administración, exerceu de secretario de varios xefes políticos e el mesmo foi nomeado xefe político ou gobernador das provincias de Pontevedra, Palencia e Lugo, dedicación que no ano 1846 xa o consolidara coa categoría de segundo xefe da Administración civil.

Intellectualmente só coñecemos a traducción que fixo da obra de Hutin, *Manual de Filosofía Humana* (1831).

Politicamente comezou sendo liberal e pouco a pouco foi radicalizándose. Formou parte das Xuntas Revolucionarias constituídas en Galicia no ano 1843. Foi importante investidor en bens desamortizados.

O seu progresismo foi decantándose cara a un anticlericalismo, que se pon de relevo na sinatura de manifestos contra o clero, ou mesmo no seu testamento. Déixalle todo á súa dona (non tiña fillos) coa condición de que se o sobrevivía non podía deixarlle nada da súa riqueza á Igrexa.

Estivo casado cunha filla do marqués de Santa Cruz de Rivadulla, Juan Ignacio Armada Mondragón.

Como deputado a súa actuación foi nula.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1837-1839      Deputado pola provincia de Lugo



#### RODRÍGUEZ DÍAZ, Leonardo

Estamos ante un político distinto. Intelixente, ben formado e con ambicións intelectuais e políticas, captou perfectamente os signos do tempo e o novo rumbo que debía tomar a política española. A súa perspicacia permitíalle interpretar na xusta medida os fenómenos sociais, aínda que o sistema restauracionista lle impedise ascender politicamente se antes non depoñía algunha das súas inquietudes sociais.

Era un hábil periodista, como o demostrou nas páxinas do xornal *El Noroeste* da Coruña. Na súa mocidade demostrou a suficiente independencia intelectual ó traducir a obra de Guyau, *Esbozo de una moral sin obligación ni sanción*, traducción que algúns eclesiásticos ilustrados miraron con desagrado.

Participou como reporteiro ou cronista de guerra nalgúns fases da Primeira Guerra Mundial, enviando crónicas a *El Mundo*.

Politicamente situouse con Canalejas, foco de atracción de moitos mozos ambiciosos e inqedos. A morte do seu líder obrigouno a buscar nova protección. Pasouse a González Besada e, desta maneira, pasou ó partido conservador, aínda que mantivo

intactas as súas inqedanzas.

Os nacionalistas comprenderon que estaban ante un político distinto e cunha evidente proxección de futuro. Incapaces de integralo (parece ser que se interesou vivamente polo movemento das Irmandades da Fala) iniciaron unha campaña contra el, ó que cualificaban de *Leopardo Rodríguez* nas páxinas de *A Nosa Terra*.

Nacera en Lleida no ano 1877, era fillo de pais galegos. Veu moi novo para Galicia, concluíu o Bacharelato que empezara en Barcelona, e estudou Dereito na Universidade de Santiago.

Exerceu con éxito a avogacía na Coruña, foi por cinco anos fiscal da Real Audiencia da Coruña. Colaborou en diversos xornais. Dirixiu *La Revista Económica* (Madrid). Publicou obras como *Entre campos de batalla*, Tomo I (Madrid, 1915). Ademais da traducción xa citada de Guyau, que fixo con Arturo Casares Quiroga, traduciu tamén a Sebastián Roch.

Obtivo no ano 1915 o escano polo distrito de Lugo ó dimitir Prado Palacio.

A partir de 1916 obtivo a representación por Chantada. Rodríguez pretendía asentarse neste distrito e para iso rodeouse dunha serie de mozos entusiastas, moi próximos ó rexionalismo, que fundaron un xornal *El Regionalista*, controlado por Costa Figueiras, home da súa confianza no distrito. A súa repentina morte, en Madrid o 27 de setembro 1922, frustrou unha traxectoria moi interesante.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo (tomou posesión en 1915)
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo

## RODRÍGUEZ GAYOSO, Joaquín

O distrito de Valdeorras non foi durante a Restauración un distrito enfeudado. Houbo algúns deputados, como Manuel Quiroga Vázquez, ou Aurelio Enríquez, que tiveron unha presenza máis prolongada no distrito, pero sen chegar a enfeudalo, como sucedeu noutros distritos.

Por iso en Valdeorras aparecen varios deputados sen a penas raigame na comarca e ós que resulta difícil estudar pola súa efémera presenza no mesmo.

Rodríguez Gayoso obtivo a representación nas primeiras eleccións da Restauración. Nas Cortes só pertenceu ás comisións de peticións e de estrada Ourense-Vigo. Non participou en ningún debate e só presentou no Congreso algunhas representacións da provincia de Ourense.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito de Valdeorras	Ourense
-----------------------	--------------------------------------	---------

---

**RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, José**

Naceu o chamado *Matemático de Bermés* na parroquia de Bermés (Lalín, Pontevedra) no ano 1770. Era fillo de campesiños. Seus pais chamábanse Ambrosio Rodríguez e Francisca González. A familia de seu pai procedía de Bermés e a da súa nai de Lalín. Foi sen dúbida o seu tío materno, Francisco González, cura de San Pedro de Donas e de Santa Marina de Sueira quen descubriu que dentro daquel rapaz había un xenio. Por iso o levou con el e lle ensinou o primeiro curso de Filosofía (1785-1786). Ó ano seguinte, a familia decidiu levalo ó Seminario de Monforte, onde cursou un segundo ano de Filosofía, que posteriormente incorporou á Universidade de Santiago. No ano 1790 obtivo o bacharelato en Filosofía e comezou a estudar Teoloxía. No ano 1795 é bacharel en Teoloxía.

Rodríguez foi alumno de Luís Marcelino Pereira, profesor de matemáticas. E non é que Pereira fose un gran matemático (aínda que si foi un importante cultivador do dereito), pero foi nesa clase onde se manifestou o entusiasmo de Rodríguez polas matemáticas.

Procurouse desde moi pronto mestres á marxe da universidade, e estudou os libros dos grandes matemáticos. No ano 1798, a Universidade Compostelá estaba plenamente convencida de que aquel mozo de só 28 anos merecía, aínda carecendo de titulación suficiente, ser nomeado profesor substituto de matemáticas. Tan convencida estaba a Institución que ante a denuncia que presentou ante o Consello Real o profesor preterido, Dr. Cristóbal Pecul, o claustro respondeu que o bacharel Rodríguez "... es uno de aquellos genios que de raro en raro forma la Providencia para los conocimientos sublimes", espléndido informe dun Claustro que foi capaz de voar sobre os regulamentos que, ás veces, premian a mediocridade e castigan o xenio.

No ano 1800 gañou Rodríguez a cátedra de Matemáticas.

Non correspondeu Rodríguez ó amor dunha Universidade que se lle entregou. Home inqueda, intelectual ansioso de máis coñecementos pero tamén doutras glorias e prestixios, estivo ausente da súa cátedra desde 1803 ata 1812 e tamén desde 1815 ata 1819, en que renuncia ó ser nomeado director do Observatorio Nacional. Viaxou a Francia, Inglaterra e Alemaña, traballou con grandes matemáticos de Europa, deuse a coñecer e foi moi respectado por todos eles, pero a penas ensinou na súa Universidade. É certo que mantivo sempre unha relación moi especial coa Universidade de Santiago, á que doou a súa colección cristalográfica, pero a Universidade non puido nada máis que beneficiarse da súa gloria pero non do seu ensino e maxisterio.

Era natural que Rodríguez, mesmo por impulso da súa ciencia, fose liberal. Era o seu un liberalismo *sui generis* porque a penas se manifestou politicamente, pero pensaba en liberal nas cousas grandes.

Por iso os liberais galegos o elixiron deputado para as Cortes de 1820.

Como deputado formou parte de varias comisións: de Mariña, de Pesos e medidas,



Fomento de minería, Etiqueta, etc., pero non consta que fose un deputado exemplarmente traballador. Só falou nunha ocasión no Congreso, o 9 de xuño de 1821 na que defendeu a necesidade de crear unha Universidade Central en Madrid, con sabios mestres de ciencias, astronomía, botánica, etc. que fose o centro máis importante da investigación española, conselleiro do Goberno e fomentador da industria.

Un cronista contemporáneo captou moi ben a maxinación anímica de Rodríguez, de todo o que significaba o trasfego político e das Cortes: "Astrónomo y mineralogista aplicadísimo. Pero como los negocios que se tratan en las Cortes ni son celestes o aéreos ni tampoco pertenecen al núcleo, meollo o estructura interna de la tierra, sino que atañen, tocan y pertenecen a la corteza y superficie, suele encontrarse nuestro hombre como el pez en la arena y se pasea, gira, se menea, marmea (sic) y anda haciendo sus calendarios y juicios del año mientras los demás disponen de las cosas terrenas". O texto fai referencia a unha das fontes de financiamento das súas investigacións, a elaboración dos calendarios anuais, os dereitos dos cales tiña o Observatorio Nacional e el, como director administraba estes dereitos que vendía ós editores para publica-los calendarios de Galicia, Asturias, León, Castela, etc.

Rematado o Trienio, Rodríguez foi perseguido polas súas ideas liberais. Xa afectado pola enfermidade que o mataría, refuxiouse en Santiago na casa do seu gran amigo e conselleiro, o boticario, Julián Suárez Freire, casa na que morreu o 30 de setembro de 1824. Foi enterrado na igrexa de San Agustín de Santiago. Suárez Freire e varios amigos pagaron a sepultura e as honras e redactaron un epitafio en latín no que se reflectía a súa gloria.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1820-1821    Deputado polo Reino de Galicia

---

### **RODRÍGUEZ GUERRA, Miguel**

---

Naceu o 18 de agosto de 1808 na parroquia de San Cristovo de Mouricios (Asma, Chantada, Lugo) de familia campesiña. Eran seus pais José Rodríguez Guerra e Josefa Rodríguez Lugo. Non consta en absoluto, como di algún dos seus biógrafos, que seu pai fose alcalde de Asma.

Iniciou os estudos no seminario de Monforte no ano 1822, onde cursou dous anos de Filosofía que logo incorporou á Universidade de Santiago. Estudiu Leis, que probablemente rematou no ano 1832.

Durante dez ou doce anos dedicouse á profesión de avogado en Chantada, ata que decide interesarse pola política, camiño daquela moi axeitado para adquirir prestixio e solvencia económica.

Aquí entramos nun dos períodos máis críticos e discutidos da biografía deste per-

soeiro. Que Rodríguez Guerra non foi liberal nos anos mozos pode deducirse dos informes recibidos no rectorado de Santiago, nos que as autoridades din "no haber sido inclinado jamás al revolucionario sistema constitucional sino siempre a la religión y al Rey", polo que non tivo ningunha dificultade en ser purificado e poder proseguir os seus estudos.

Máis aínda, algúns informes secretos que tivémos-la ocasión de ollar indícanos-la súa inclinación a prol do carlismo. Parece ser que era amigo persoal do famoso *El Ebanista*, capitán dunha partida carlista, que estudiamos no noso libro sobre *El Carlismo Gallego*. Tamén se dicía que a repentina fortuna económica de Rodríguez Guerra (que lle permitiu investir entre 1837 e 1849 a suma de 489.000 reais en bens desamortizados), que non tiña posible explicación dada a súa orixe e os seus minguados recursos como avogado, procedía dos fondos da partida carlista de *El Ebanista*, que este lle deixara en depósito a Rodríguez Guerra cando no ano 1840 se refuxiou en Portugal e que quedaría no seu poder cando no ano 1847 morre *El Ebanista* nunha emboscada, supostamente preparada a traición polo noso biografado, segundo comentaban os contemporáneos.

Está claro que parte destas noticias non deben ter máis fundamento que a envexa. Aínda que algo de certo debe te-la acusación, polo menos polo que respecta a súa fortuna, que certamente ninguén pode explicar.

Se participou ou non no carlismo ou se xogou a dúas bandas é algo que non podemos dilucidar.

Colaborou nos anos corenta co liberalismo. No ano 1843 foi vocal da Xunta da provincia de Lugo. Isto e a súa pertenza á milicia nacional debeu elimina-los últimos obstáculos e desde entón vemos como se integrou na administración do Estado, primeiro como secretario do gobernador civil de Lugo, e despois como gobernador de Lugo, Ourense, Palencia, Badaxoz, Huesca e Burgos.

O seu moderantismo e o papel xogado no ano 1846 cando tivo lugar o levantamento deste ano, momento no que exercía de gobernador interino por ausencia do titular Ferreira Caamaño que estaba nas Cortes, as persecucións que entón sufriu, xa que foi detido e levado a Santiago, foron premiadas despois polos gobernos moderados que contaron con el, como dixemos, para garanti-la orde en diversas provincias.

Representou o distrito de Chantada en moitas lexislaturas. Foi elixido, por vez primeira, sen embargo, polo distrito da Fonsagrada na lexislatura de 1846. Pero foi denunciada esta elección por incumpri-la normativa que lles impedía ós xefes políticos presentarse polo distrito que eles gobernaban, e Rodríguez Guerra era nese ano gobernador interino. A denuncia prosperou e foi anulada a elección, nunha nova elección substituíuno o escritor García Tassara.

En Chantada entrou na lexislatura de 1851. Foi sempre un deputado mudo. Ademais exercía como gobernador, e isto obrigábao a estar ausente das Cortes na maior parte das lexislaturas. Desapareceu da política no Sexenio e retornou na

Restauración, como un dos fieis seguidores do Conde de Pallares que conseguiu facelo presidente da Deputación de Lugo en 1878, 1880 e 1882.

Co Sexenio desapareceu da alta política, para volver aparecer, por moi pouco tempo, no ano 1884 en que foi elixido Senador pola provincia de Lugo.

Morreu o 23 de agosto de 1889, e foi enterrado na súa parroquia natal.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1845-1850	Deputado polo distrito da Fonsagrada	Lugo (anulada)
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo
Lexislatura 1858-1862	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo
Lexislatura 1865-1866	Deputado pola sección de Lugo	Lugo
Lexislatura 1884-1885	Senador pola provincia de Lugo	

**RODRÍGUEZ MORALES CHACÓN, José**

**(Marqués de Santa María)**

Aínda que representou en varias lexislaturas no Senado a provincia de Pontevedra non tiña con Galicia ningunha relación por nacemento ou veciñanza.

Naceu en Motril (Granada) o 10 de agosto de 1849. Estudiu Dereito na Universidade de Valladolid. Casou con Isabel de las Moras Ruiz Huidobro, de Valladolid. Tiña unha fábrica de fariña en Terra de Campos.



Exerceu a avogacía que compatibilizou coa súa pertenza ó corpo xurídico militar no que chegou a ser auditor xeral do Exército e fiscal do Consello Supremo de Guerra.

Militou sempre no liberalismo, baixo a sombra protectora de Montero Ríos pero tamén de Gamazo. O seu liberalismo era templado e moderado.

Colaborou activamente na prensa, especialmente no xornal *El Español*, do que foi socio accionista.

Como experto en temas xurídicos militares, publicou *Manuel Práctico de los Tribunales Militares*.

No ano 1883 recibiu o título de marqués de Santa María.

Iniciou a súa presenza no Congreso na lexislatura de 1898-1899 representando o distrito de Sequeros (Salamanca). Posteriormente foi senador por Valladolid nas lexislaturas de 1902-1903 e 1903-1904. Na lexislatura de 1905-1907, sen dúbida, por influ-

xo do seu amigo Montero Ríos, obtivo a representación no Senado pola provincia de Pontevedra, á que representou ata 1923, agás a lexislatura 1907-1910, en que representa a provincia de Lugo no Senado. Morreu en Reinosa (Santander) o 30 de outubro de 1931.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1905-1907	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1907-1910	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1910-1914	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1914-1916	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1916-1917	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1918-1919	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1919-1920	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1920-1923	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1923	Senador pola provincia de Pontevedra



#### RODRÍGUEZ PÉREZ, Antonio

**A**vogado de prestixio en Madrid, entrou pronto na órbita Ados Gasset que lle procuraron o distrito de Padrón, que tiña enfeudado a familia e que exerceron directamente (Ortega Munilla, Gasset Chinchilla) ou por persoas interpostas pero da súa absoluta fidelidade.

Resultou elixido por primeira vez na lexislatura de 1918-1919. Na seguinte lexislatura, a de 1919-1920, seguramente para garantir que Rodríguez Pérez puidera gañar o escano, decidiu presentarse polo distrito Rafael Gasset Chinchilla, tantas veces ministro, facéndoo ó mesmo tempo por Cidade Real, distrito que viña representando desde 1910. Elixido Gasset, optou por Cidade Real, deixándolle Padrón a Rodríguez Pérez, que nunhas eleccións parciais non ten problema para resultar elixido, e tomou posesión o 26-IX-1919.

Supervivente do naufraxio da dictadura de Primo de Rivera, Rodríguez Pérez reapareceu na Segunda República da man de Casares Quiroga.

Parece ser que Casares Quiroga recuperou este político a través dos contactos que tivo con Manuel Vitorro, xefe do liberalismo gassetista da provincia. Casares estaba moi preocupado por frear na provincia da Coruña a posible aparición dunha fronte de dereitas, como máis tarde sucederá coa aparición de CEDA. Por iso nas primeiras eleccións, as de 1931, procurou recorrer ós líderes da política restauracionista, como M. Vitorro, para atraer a determinados elementos, non tanto porque estes engrosaran a súa nómina como para evitar que se pasasen ó grupo antirrepublicano.

Rodríguez Pérez foi un destes incorporados. Resultou elixido deputado pola Federación Republicana Galega no ano 1931. Unha vez elixido, Rodríguez Pérez pres-



tou importantes servicios á República e ó seu partido. Formou parte da comisión de redacción da Constitución de 1931. Sen dúbida a máis importante. Encargouse da defensa do tenente coronel Mangada cando foi procesado polos sucesos de Carabanchel en agosto de 1932.

Uniu a Rodríguez Pérez unha fonda amizade con Azaña, con Sánchez Román, e, por suposto, con Casares.

Era radicalmente antisocialista e antiautonomista.

Resultou elixido novamente nas segundas eleccións da República, as de 1933-1936, olo Partido Republicano Gallego.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Legislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Legislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Legislatura 1923	Deputado polo distrito de Padrón	A Coruña
Legislatura 1931-1933	Deputado pola provincia da Coruña	
Legislatura 1933-1936	Deputado pola provincia da Coruña	

## RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Daniel

Irmán de Gaspar Rodríguez Rodríguez (véx.) só foi deputado nunha legislatura e tan só durante ano e medio.

Naceu en Redes (Ferrol, A Coruña). O seu pai, Patricio Rodríguez, avogado, xa fora deputado. Naceu nunha familia moi politizada e claramente progresista.

Aparece implicado, co seu irmán Gaspar, na conspiración do ano 1866 e por iso tivo que exiliarse, no exilio coñeceu a Prim e a outros dirixentes expatriados.

Retornou no ano 1868.

Estudou dereito e opositou ó corpo xudicial.

Pouco entusiasta da representación política, agardou ata 1881 para presentarse ás eleccións. Saíu elixido polo distrito de Pontedeume.

No Congreso formou parte de varias comisións. Non era amigo de pronunciar discursos, pero era agudo cando lle facía algunha pregunta ós ministros. Na sesión do 7 de decembro de 1881 encárouse co ministro de Mariña ó preguntarlle por qué motivo os exames para ingresar na Escola de Mariña de Ferrol se facían en Madrid para tres cuartos dos candidatos e só un cuarto no Ferrol. Respondeulle o Ministro que era para evitar gastos ás familias. O temor de Rodríguez era que iso non significase levar de Ferrol a Escola.

Na sesión do 25 de maio de 1881 defende o xurado. Decía que o xuíz se debe ó poder que o nomea, por iso é preciso o xurado, moito máis imparcial.

Renunciou ó escano o 20 de xullo 1883 ó ser nomeado maxistrado da Audiencia de Madrid. Substituíuno o seu irmán Gaspar.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1881-1883      Deputado polo distrito de Pontevedra      A Coruña



#### RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Gaspar

Naceu en Redes (Ferrol) no ano 1835. Era fillo de Patricio Rodríguez, avogado e ex-deputado (véx) e de Ángela Rodríguez.

Estudou latinidade en Pontevedra e posteriormente Medicina na Universidade de Santiago, carreira que rematou no ano 1858.

Desde 1859 exerce como médico en Ferrol.

En 1863 empezou a interesarse pola política. No ano 1866 participou na conspiración para derrocar a Isabel II. O fracaso do golpe de Estado obrigouno a exiliarse, xunto co seu irmán Daniel, a Inglaterra e posteriormente a París.

Contactou no exilio con Prim e Olózaga.

Retornou a Ferrol en xaneiro de 1868 e cando se constituíu a Xunta Revolucionaria de 1868, foi nomeado vicepresidente.

Resultou elixido nas eleccións de 1869. No Congreso tivo unha discreta actuación. Na sesión do 14 de febreiro 1870 pronunciou un importante discurso no que reclamaba maior presuposto para a Armada. Respondeulle o ministro de Mariña, Topete, dicindo que "Gaspar no es marino pero nació en un departamento de Marina y ha respirado la vida del marino".

Formou parte das comisións de Pensións, Material inútil da Armada, Peticións, etc. Continuou no Congreso ata 1873. Ocasionalmente retornou en 1884 para substituír a seu irmán Daniel Rodríguez Rodríguez.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1869-1871	Deputado pola sección da Coruña	
Lexislatura 1871-1872	Deputado por Ortigueira	A Coruña
Lexislatura 1872	Deputado por Ortigueira	A Coruña
Lexislatura 1881	Deputado por Pontevedra	A Coruña
	(tomou posesión o 12 de xaneiro de 1884)	

**RODRÍGUEZ RUBÍ, Tomás**

O ilustre escritor Rodríguez Rubí que coa súa obra dramática monopolizou con Hartzbusch e Zorrilla os teatros de España durante boa parte do século XIX, non tivo ningunha relación con Galicia. Representou nunha ocasión o distrito de Mondoñedo o que explica que lle dediquemos unha ficha biográfica moi sucinta.



Naceu en Málaga o 21 de decembro de 1817. Protexido polo conde de Montijo chegou á Corte ós 13 anos e logo comezou a destacar como fácil versificador. Sen embargo, será ó teatro a súa grande especialidade. Desde 1840 en que inicia as representacións teatrais da súa obra ata 1858 publicou 59 dramas, algúns deles de enorme éxito.

Foi a partir da representación no ano 1845 do seu drama *Isabel la Católica* cando a súa fama e a súa cotización ascenderon vertixinosamente. As tres obras representadas no ano 1846, *La Conquista de Granada*, *La Corte de Carlos II* e *Alberoni*, consagrárono. O drama *Borrascas del corazón* (1847) tivo un éxito asombroso.

Pouco a pouco o seu posicionamento político faise máis moderado. No ano 1848 cesan as súas colaboracións no xornal progresista *El clamor público*. A Coroa prémiao asistindo ás representacións das súas obras e invitándoo a ler previamente as obras no pazo Real. Rodríguez Rubí foi nomeado no ano 1859 director do Teatro Nacional. No ano 1852 Isabel II dálle unha pensión vitalicia de 32.000 reais e solicítalle que prepare e publique unha historia xeral da monarquía española.

No ano 1858 foi nomeado director xeral de Beneficiencia e Sanidad do Ministerio de Gobernación. En 1860 foi elixido numerario da Real Academia Española da Lingua.

Contrae matrimonio no ano 1865.

Pouco a pouco Rodríguez Rubí foi endurecendo o seu posicionamento político aproximándose ós neocatólicos, representados por Nocedal, o que explica que saíse deputado no ano 1864 por Mondoñedo, onde os carlistas apoiaron a súa candidatura.

No ano 1867 opúxose, con Nocedal, ó recoñecemento da República Italiana. Nun dos gobernos efémeros que preceden á chamada revolución de 1868 foi nomeado ministro de Ultramar (1868).

Rodríguez Rubí, tan afecto a Isabel II, acompañaraa cando foi expulsada de España. Traballou intensamente na conspiración para restaura-la monarquía afonsina.

Na Restauración foi nomeado vocal do Consello de Administración do Monte de Piedad e Caixa de Aforros de Madrid, deputado por varias provincias, membro do Consello de Estado, senador, etc.

Morreu o 5 de agosto de 1890.

Representou, como dixemos, a Galicia só na lexislatura de 1864. Como deputado non tivo ningunha actuación que salientar.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1864-1865 Deputado polo distrito de Mondoñedo Lugo



#### RODRÍGUEZ SEOANE, Luis

Foi un personaxe que tivo moito peso na cultura de Galicia non tanto pola súa creatividade como polos apoios prestados a moitos intelectuais.

Podemos dicir que todo o que logrou na vida, os éxitos sociais e políticos, foron colleita do seu esforzo e constancia, ademais da súa especial habilidade para intuí-la dirección dos ventos da política, e saber poñerse a recado.

Naceu en Pontevedra o 5 de abril de 1836 nunha familia moi humilde, constituída por Luís Rodríguez Guerra e Ánxela Seoane Luaces. Parece ser que foi o sacrificio e a obstinación da nai os que fixeron posible que tanto Luís, como o seu irmán, José (un completísimo intelectual que morreu no ano 1860 cando estudiaba en Madrid, na Escola de Diplomática e Anticuariado) cursaran o bacharelato e posteriormente pasaran á Universidade.

Estudou Medicina en Santiago, onde obtivo a licenciatura no ano 1858.

En Santiago relacionouse moi pronto coa xeración que lideraba Aguirre, na que estaban Murguía, Rosalía de Castro, Álvarez Bugallal, Pondal, etc., e que protagonizou o Banquete de Conxo.

Traballou como médico en Pontevedra, como profesor auxiliar no Instituto desta cidade, e, sobre todo, como periodista e como fundador e director de varios xornais. Fundou en 1858 *El País*, colaborou en *El Siglo Médico* de Madrid, na *Perseverancia* de Pontevedra, *El Faro de Vigo*, etc. Nos xornais nos que colaborou entra frecuentemente en polémica con outros xornais sobre temas como o librecambismo ou a emigración.

Politicamente milita no progresismo. Con Benito Arnado e Baeza reorganizou o partido na provincia de Pontevedra e foi nomeado secretario do Comité Provincial do mesmo. No ano 1864 asiste como representante de Pontevedra ó Comité Nacional de Madrid. Dáse a coñecer e todos valoran o seu mesurado xuízo, xunto cunha instintiva rebeldía que poucas veces aflora.

Os sucesos revolucionarios de 1868 levárono a formar parte da Xunta constituída na cidade de Pontevedra. Iso foi o que o levou a conseguir no ano 1869 a acta de deputado pola sección de Pontevedra.

No Congreso non se luciu. Falou en poucas ocasións e sempre á estela do pensa-



mento de Montero Ríos. Sen embargo, amosouse como un activo traballador en comisións, nas que formou parte como secretario, na de Cemiterios, tamén como secretario na de Débeda flotante estatal e como vocal, na de Responsabilidades ministeriais, Clases pasivas, etc.

Na discusión entre o cardeal de Santiago, García Cuesta, contra Montero Ríos e Aguirre pola liberdade de cultos, Rodríguez Seoane apoia a Montero.

Valoraban en Madrid a este deputado e por iso no ano 1871 foi nomeado gobernador de Cáceres e no mesmo ano director xeral de Aduanas. Conseguiu obte-lo escano polo distrito de Pontecaldelas, que retivo nas eleccións de 1872.

Foi neste momento cando se desmarcou do rumbo que tomaron os acontecementos. No ano 1873 decide non presentarse, para que non o confundisen cos republicanos e ese xesto parece ser que foi definitivo para que no ano 1874 llo agradeceran nomeándoo catedrático de Terapéutica na Universidade de Santiago, nunha operación medio sixilada na que as oposicións se fixeron case con nocturnidade.

Xa en Santiago foi titular da cátedra (parece ser que as familias médicas universitarias nunca o aceptaron plenamente) e decano da súa facultade no ano 1896.

Temperados os seus impulsos xuvenís, retornou ó Congreso na Lexislatura de 1881-1884 polo distrito da Cañiza. Aínda que tamén foi senador nas lexislaturas de 1886 e 1899.

Tan lonxe quedaba a súa ferverza progresista que separado definitivamente de Montero Ríos, pacía no presebe conservador de Silveira.

Autor prolífico, á parte das súas publicacións médicas, publicou varias composicións poéticas en galego e castelán.

Foi un animador da vida intelectual de Santiago, presidiu ou formou parte da Sociedade Económica, do Ateneo León XIII e doutras institucións culturais.

Morreu en Santiago o 12 de agosto de 1902.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1869-1871	Deputado pola sección de Pontevedra	Pontevedra
Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
Lexislatura 1872 (1ª)	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de A Cañiza	Pontevedra
Lexislatura 1886-1887	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1899-1900	Senador pola provincia de A Coruña	

#### **RODRÍGUEZ VAAMONDE, Agustín**

**N**aceu en Pontearreas. Estudiu tres anos de Filosofía no convento de San Antonio de Tui (1786-1788). Estudia Leis e Cánones na Universidade de Santiago. Avogado real e rexedor perpetuo da cidade de Tui, estaba casado nesta cidade con Juana Roca

Portela. Tiveron, polo menos, cinco fillos, entre os que destacan Teófilo e Florencio.

No ano 1808 tivo unha importante actuación organizativa na loita contra os franceses. Todo iso explica que fose elixido pola provincia de Tui no ano 1810 para representala nas Cortes de Cádiz.

A súa actividade nas Cortes foi tan intensa que podemos asegurar que foi o deputado galego máis traballador, aínda que non gustaba de pronunciar longos discursos, quizais porque como reconecía un cronista "fala a trompicóns como falamos os galegos".

Formou parte das comisións de Organización de provincias, comisións de guerra, etc.

Ideoloxicamente, Rodríguez Vaamonde era liberal pero moi moderado. As actuacións máis destacadas nas Cortes sempre tiveron que ver cos intereses ou a defensa de Galicia. Así o 1 de marzo de 1812 solicitou a suspensión dunha onerosa contribución, porque entendía que Galicia xa non podía pagar máis. El foi quen solicitou constituir en Cádiz un batallón formado por residentes galegos (sesión do 18 de xullo de 1812). Foi quen na sesión do 13 de febreiro de 1813 presentou en representación da cidade de Vigo o cambio do símbolo representativo da cidade. Antes era unha cuncha, pero isto simbolizaba unha especie de vasalaxe con respecto a Santiago e por iso se muda o símbolo e pasa a ser un ramo de oliveira. Na sesión do 14 de febreiro de 1813 denunciou o xefe político de Galicia, marqués de Camposagrado, por entender que se excedía nas súas funcións contra os veciños de Domaio e de Moaña, polo que o marqués foi destituído.

Foi tamén un dos deputados que máis ferventemente denunciou a manipulación electoral das eleccións de 1813.

Por algún tempo foi secretario das Cortes.

Rodríguez Vaamonde volveu a ser elixido deputado por Galicia nas eleccións de 1820. Púxose de manifesto, unha vez máis, a súa incansable actividade parlamentaria.

Formou parte de varias comisións, da de poderes, da do tribunal para xulgar aos deputados, da de inscrición no Congreso dunha lápida dedicada ó xeneral Porlier, da de persecución de malféitores, da de infraccións á Constitución, da do tribunal de Cortes, e da de división provincial.

Nas Cortes (18 de agosto de 1820) opúxose rotundamente e pide a supresión dos privilexios concedidos á Compañía de Filipinas para a importación de algodón. Apóiao Flórez Estrada e outros deputados. Por iso un cronista contemporáneo comentaba que era "grande enemigo dos monigodios de Filipinas e dos outros mercachifles".

Na sesión do 12 de outubro de 1820 denunciou que lle constaba que moitos regulares estaban vendendo subrepticamente obxectos preciosos e animais e que logo repartían entre eles os beneficios.

Na sesión do 10 de outubro de 1821, defendeu como capitais provinciais: A Coruña, Ourense, Lugo e Pontevedra ou Tui, aínda que preferiría unha quinta provincia para Santiago.

Presentou proxectos sobre unha normativa legal para a navegación entre España e Portugal.

Rodríguez Vaamonde destacou en medio da mediocridade da representación galega nas Cortes de Cádiz e nas Cortes do Trienio.

Sufriu represalias na etapa absolutista. Restauradas as liberdades ocupou en 1833 unha praza de maxistrado na Real Audiencia de Galicia con sede na Coruña, da que chegou a ser decano e tamén rexente interino. Nesta cidade morreu e foi enterrado en San Amaro.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1810-1813	Deputado pola provincia de Tui
Legislatura 1820-1821	Deputado polo Reino de Galicia

### RODRÍGUEZ VAAMONDE, Florencio

**N**aceu en Tui o 22 de febreiro de 1807, fillo de Agustín Rodríguez Vaamonde (véc.) e de Juana Roca Portela.

Estudou Dereito na Universidade de Santiago, estudos que inicia no ano 1820 despois de incorporar dous anos de Filosofía cursada no convento de San Antonio de Tui.

Despois de estudar dous anos de Leis trasládase á Universidade de Valladolid retornando novamente a Santiago para concluír Canons (ano 1828).



Para poder facer fronte ós pagamentos da licenza universitaria, Florencio xustificou, por medio de varios certificados, que seu pai era avogado pero debido a "conflictos y trabajos" estaba nunha moi mala situación económica ata o punto de que Florencio, di o correxidor de Tui, pode chamarse "pobre desgraciado". Todo isto revela a situación a que debeu chega-la familia pola represión política contra seu pai, por ser liberal e deputado no Trienio.

Casou con María del Carmen Domínguez Fontenla, de Tui.

Iniciou a carreira xudicial como fiscal do xulgado de Tui (1837-1838). No ano 1839 obtén a primeira representación a deputado a Cortes pola provincia de Pontevedra, que lle vai servir para abrirse un espazo na alta política en Madrid. Militando no partido moderado non vai a ter problema para saír elixido deputado nas seguintes eleccións ata 1847 en que decidiu pasarse ó Senado.

Foi designado ministro de Gracia e Xustiza entre o 28 de marzo de 1847 e o 31 de agosto de 1847, e xogou un papel importante na solución do grave problema eclesiástico co Vaticano, xa que facilitou a elección e consagración de bispos para as mitras vacantes.

Xa situado na alta política do Estado foi conselleiro de Estado pola sección de Gracia e Xustiza, polo menos desde 1857. No ano 1863 volve ser designado ministro de Gobernación, baixo a presidencia do marqués de Miraflores, cargo que exerceu desde o 2 de marzo de 1863 ata o 17 de xaneiro de 1864.

Pertenceu á Real Academia de Ciencias Morais e Políticas, da que foi presidente e representou moitos anos como senador (desde 1877 ata 1886).

Como deputado tivo nos inicios da súa vida parlamentaria unha actividade verdadeiramente admirable, que logo foi perdendo cos anos e coas ocupacións.

Na lexislatura de 1840 defende o clero e denuncia as limitacións orzamentarias que o teñen nunha situación de miseria (sesión 10 de maio de 1840). Naquela lexislatura asume a tese do partido moderado a prol da nova lei de concellos de carácter tan centralista, que ocasionaría o levantamento dese ano.

Na lexislatura entre 1844-1846 formou parte das comisións de Arranxo de concellos, Represión de vagos e maleantes, Reforma da constitución (formou parte da comisión que preparou a nova constitución de 1845) Presupostos (foi secretario) e Casos de reelección.

Nesta lexislatura tivo unha destacada actuación defendendo o novo proxecto de elección, é dicir, o sistema electoral por distritos. Dixo que a lei electoral de 1837, copiada da francesa, "falsea" as eleccións que son "una superchería" e encobren "detestables imposturas". Optou pola elección por distritos porque permite unha máis vital relación entre os electores e o deputado (sesión do 6 de febreiro de 1846). Tamén foi notable a súa intervención na sesión do 4 de febreiro de 1845 sobre a escravitude. Dixo que elimina-la escravitude significa arruina-las nosas colonias porque os "negros libres" non suplen os traballos dos escravos porque "son gente de poucas necesidades, son ademais indolentes, no se dedican al trabajo", por conseguinte se queremos mante-las colonias cómpre mante-la escravitude.

Nas eleccións de 1846 saíu por Pontearas e por Ribadavia, e decide optar por Ribadavia. Iso explica que por Pontearas, nunhas segundas eleccións parciais, fose elixido Juan Manuel Pereira. Nestas lexislaturas non participou practicamente porque o 30 de marzo de 1846 foi designado ministro e o 18 de novembro de 1847 a raíña noméao senador. A súa vacante no escano de Ribadavia foi ocupada por Agustín Alfaro.

A partir deste momento non volveu ser deputado por Galicia, e pasou ó Senado. Tampouco representou a Galicia no Senado máis ca na lexislatura 1876-1877 xa que nas demais lexislaturas ou representaba unha circunscrición non galega ou o foi por designación real.



Foi axuizado por un cronista contemporáneo como "uno de los hombres más notables que ha producido Galicia en este siglo. Excelente letrado, buen economista y uno de los pocos políticos de verdadera ciencia, no ha logrado dirigir los negocios a su gusto por ser sobrado débil", engadindo "es un orador muy apreciable".

Os lectores das actas de Cortes agradecemoslle algunhas das súas importantes intervencións polémicas nas que sempre se pon de manifesto a sutileza, a ironía ou simplemente a bravura na resposta. Así na sesión do 26 de novembro de 1863, estando nas Cortes como ministro foi increpado duramente por Posada Herrera. Respondeu que cando comezou a súa vida parlamentaria tivo diante a aqueles grandes parlamentarios progresistas, homes de carácter forte, vivo, ardente e apaixonado e xamais tivo ningún roce con eles. E agora vén Posada a increpalo (establecendo intencionadamente unha comparación entre Posada e aqueles grandes deputados). Pois ben, para el, Posada é un político sen conviccións, é un escéptico.

Morreu cheo de honores e riqueza en Madrid no ano 1886.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1843-1844	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1844-1846	Deputado por Ribadavia	Ourense
Lexislatura 1876-1877	Senador pola provincia da Coruña	

### RODRÍGUEZ VAAMONDE, Teófilo (Marqués de Vaamonde)

Naceu en Ribadavia e era fillo de Agustín Rodríguez Vaamonde, maxistrado e deputado a Cortes en Cádiz e no Trienio, e de Juana Portela, e irmán de Florencio Rodríguez Vaamonde (véx.).

Carecía das dotes e condicións de Florencio Rodríguez Vaamonde por iso a penas destacou parlamentaria e politicamente.

Enfeudouse no distrito de Ribadavia que representou ininterrompidamente desde 1857 a 1864. Neste ano logrou ser nomeado senador vitalicio.

En 1864 conseguiu o título pontificio de marqués de Vaamonde que descoñecemos se chegou ou non a ser confirmado en España. O Vaticano fundamentou a concesión nas campañas que realizou Teófilo no Parlamento en favor da Igrexa. Á súa morte deixou unha gran fortuna.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Ribadavia	Ourense
Lexislatura 1859-1863	Deputado polo distrito de Ribadavia	Ourense
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Ribadavia	Ourense
Lexislatura 1864	Deputado polo distrito de Ribadavia (cesa ó ser nomeado Senador)	Ourense
Lexislatura 1864-1865	Senador vitalicio	

**ROJAS LÓPEZ, Mariano****■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1873-1874    Deputado polo distrito de Arzúa    A Coruña

**ROJO ARIAS, Ignacio**

Son escasas as noticias que temos deste deputado que representou nunha lexislatura a Celanova, pero que non consta que tivera ningunha relación con Galicia.

Naceu na vila de Morata o 1 de febreiro de 1831, fillo de Fructuoso Rojo e de Joaquina Arias, os dous naturais de Morata, igual que os avós do noso biografado.

Inicia a súa vida parlamentaria representando o distrito de Cidade Real na lexislatura de 1869-1871. En 1871 obtén a representación por Celanova (Ourense). Na lexislatura de 1872-1873 foi elixido senador pola provincia de Valladolid. Desapareceu da vida parlamentaria para reaparecer no ano 1883 como senador xa vitalicio.

Na curta representación de Celanova consta que formou parte de diversas comisións: de Estilo, de Indultos, Quintas, etc. Foi un deputado moi laborioso. Pronunciou no Congreso centos de discursos sobre temas tan variados como: a residencia do Patriarca das Indias, os ferrocarrís, a venda de bens da Coroa, os aranceis, etc. De confianza total para Prim, este nomeouno en 1870 gobernador civil de Madrid. Baixo o seu mandato tivo lugar o atentado contra Prim. Naquela ocasión púxose de manifesto a absoluta incapacidade do Gobernador para dar cos asasinados, a pesar de que a opinión pública sinalaba a determinadas persoas como responsables. Máis aínda, consta polo proceso que o Gobernador fora advertido, con tempo suficiente, de que se estaba a prepara-lo atentado, e incluso se denunciaban algunhas das persoas implicadas. Tampouco o Gobernador fixo nada para deter ou vixia-los denunciados.

A morte de Prim empanou a súa folia de servicios non porque ninguén dubidara da súa integridade moral, senón pola súa incapacidade para controlar á policía.

Un cronista, Cañamaque, dicía del que era un bo xurisculto, pero como político carecía de olfacto, trabucábase moito e por iso, moitas veces salienta que falaba de todo e tiña a manía de falar con guantes.

Morreu en Irún o 12 de xaneiro de 1893

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1871-1872    Deputado polo distrito de Celanova    Ourense

**ROJO DEL CAÑIZAL, José**

Naceu en Cantoral (Palencia) o 30 de outubro de 1783, fillo de Toribio Rojo de los Ríos e de Gertrudis del Cañizal, veciños de Cantoral.

Xa tiña en Galicia tres tíos: dous (Tomás e José) dedicados ó comercio e Manuel, párroco de Pastoriza (A Coruña). Rojo del Cañizal debeu chegar a principios do século XIX, porque o 21 de novembro de 1804 casa coa súa curmá Josefa Rojo de Bouza, filla do tío José que o acollera cando chegou á Coruña.

O matrimonio tivo tres fillos: José, que foi alcalde de Arteixo entre 1869 e 1871 (pensemos que a familia Rojo se vinculou á Arteixo ó herda-lo tío crego e mercar casa e terras en Pastoriza), María e Josefa Antonia, que casará con Vázquez Bugueiro (véx.), tendo un fillo Vázquez Rojo, neto de Rojo del Cañizal e tamén deputado (véx.).

Rojo participou activamente no levantamento ou pronunciamento do xeneral Porlier. Non só o acolle na súa casa de Pastoriza onde se prepara o plan, senón que está presente no levantamento, adiantando importantes sumas de diñeiro, que no Trienio intentou recuperar do Goberno Español.

O fracaso do pronunciamento obrígao a exiliarse a Inglaterra. O seu exilio estivo en certa maneira mitigado pola presenza en Londres, desde xa facía algúns anos, do seu curmán Juan de Dios Rojo de Bouza. Sabemos que en Inglaterra seguiu exercendo o comercio e que participou en importantes transaccións de barcos.

Regresou á Coruña no ano 1820. E para resarcilo dalgunha maneira, porque non recuperara o capital "que había adelantado para la realización de los planes" (pronunciamento de Porlier) foi nomeado intendente de Facenda. Ocupaba este oficio cando foi elixido deputado na segunda lexislatura do Trienio.

Nas Cortes exerceu un papel mediocre. Formou parte das comisión de Comercio e Tribunal de Cortes. Só interveu unha vez (na sesión do 11 de marzo de 1822) apoiando a solicitude do ex - gobernador de Galicia. Puente, para que as Cortes o resarciran dos gastos ocasionados polo exilio.

Á caída do Trienio, foi novamente detido. Nesta ocasión foi encarcerado durante 9 anos en Cádiz ata a amnistía de 1832.

Mentres estaba no cárcere morreu a súa dona, no ano 1829.

Cando foi amnistiado casou de novo coa catalana Antonia Zain. Os gobernos liberais, especialmente nas etapas de goberno progresista nomeárono intendente de Lugo (1838) e de Pontevedra (1841).

Morreu na Coruña o 28 de decembro de 1858.

Un cronista das Cortes do Trienio xulgouno así "Liberal antiguo, buen gallego, buen

patriota y buen diputado". Que sirva este xuízo como unha especie de epitafio. Parte das informacións biográficas foron facilitadas polo licenciado en Historia Manuel Blanco Rey.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1821-1823      Deputado polo Reino de Galicia



#### ROLLAND PARET, Guillermo Benito

Naceu en Madrid o 24 de marzo de 1852 nunha familia de comerciantes e banqueiros. Seu pai, Guillermo Rolland, natural de Guezen (Francia), foi comerciante e banqueiro e súa nai María Paret era de Valencia, aínda que oriúnda de Lion (Francia).

Estudou Dereito na Universidade de Madrid, onde se licenciou en Dereito Civil, Canónico e Administrativo e, aínda que non exerceu a profesión de avogado, estaba reputado como un consumado xurisconsulto, os seus informes e xuízos sobre a materia eran escoitados con autoridade.

Xa convertido en xefe de banca e dos importantísimos negocios familiares estaba reputado como un dos máis ricos de España. Foi conselleiro do Banco de España, censor do Banco Hipotecario, vicepresidente do Consello de Administración da Caixa de Aforros de Madrid, vocal da Xunta Consultiva de Débeda e presidente da Sección de Comercio da Económica Matritense.

Formou parte da plana maior do partido conservador, pero non aceptou nunca ningún nomeamento en política, quizais para non interferir na marcha dos seus negocios.

Foi elixido deputado, por Madrid na legislatura de 1896-1898. Sen saber moi ben cómo nin por qué, foi Senador da provincia de Pontevedra nas legislaturas de 1899-1900 e 1901-1902. Por Real Decreto do 8 de maio de 1903 foi nomeado senador vitalicio.

Foi membro numerario da Real Academia de Xurisprudencia.

Como senador por Galicia formou parte das comisións de: Reforma das carreiras diplomáticas, Reemprazo do exército (secretario), Presupostos xerais, Establecemento do descanso dominical, Declaración de monumento nacional da catedral de Mondoñedo, Reforma arancelaria, etc. Era un notable experto en temas de facenda.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1899-1900	Senador pola provincia de Pontevedra
Legislatura 1901-1902	Senador pola provincia de Pontevedra
Legislatura 1903	Senador vitalicio



**ROMERO BLANCO, Francisco**

Naceu en Tállara (Noia, A Coruña) o 21 de outubro de 1838 nunha familia humilde de campesiños. Estudiu no Seminario de Santiago e posteriormente estudiou Medicina na Universidade compostelá.



Nunha facultade na que case todo estaba repartido endogamicamente e na que o aval de proceder dunha familia humilde e campesiña non era suficiente para acadar unha cátedra, tivo moitas dificultades, que foi capaz de superar, para obter por oposición unha cátedra de Anatomía. No ano 1871 ganaba as oposicións, gracias a un tribunal inflexible que non se deixou dominar pola presión exterior, incluída a dun sector do alumnado.

Foi rector da Universidade de Santiago en tres ocasións.

Integrouse na vida cultural de Galicia, colaborou en diversos xornais, publicou composicións poéticas en galego e algúns contos tamén nesta lingua.

Co pseudónimo de *Franrobla* publicou varios opúsculos polémicos sobre a cuestión do evolucionismo. Sendo como era un intelectual conservador tivo, sen embargo, que saír ó paso, en nome da ciencia, dos escritos furibundos contra todo tipo de evolucionismo dun clérigo, Novoa López. O que descoñecía o señor Novoa era que Romero Blanco consultaba previamente os seus escritos co arcebispo cardeal de Santiago, Payá y Rico.

Os expertos comentan que, como médico, "los azares de la vida le impidieron seguir consagrándose a los fundamentales estudios que eran su vocación predilecta, pero los trabajos hechos en aquellos días... dan buena muestra de lo que pudieran ser si fueran continuados" (Barcia Caballero), é dicir, que non deixou unha obra de acordo co que del se agardaba.

Politicamente situouse fronte a Montero Ríos e ó monterismo que dominaban na Universidade e en Santiago. Esa oposición non se facía sen riscos. Non lle impediu ser rector da Universidade pero si chegar ó Senado.

Nas eleccións ó Senado pola Universidade de Santiago dende facía varias lexislaturas dominaba o catedrático Maximino Teixeira, un dos homes fortes de Montero Ríos en Santiago. Na lexislatura de 1896-1898 houbo unha conxunción de forzas de todo o antimonterismo e resultou elixido Romero Blanco por 30 votos contra 29 de Teixeira. Este anunciou que presentaría unha denuncia que non sabemos se o fixo ou non. Sen embargo Romero Blanco non chegou a ser admitido no Senado. Cores Trasmonte ó estudia-lo caso di que en Madrid esqueceron a súa acta e cando quixo reclamar xa estaba disolto o Parlamento.

Difícilmente podía suceder isto. O que si parece que sucedeu foi que, feita a comprobación dos seus ingresos, non podía acredita-las 7.500 pesetas de renda que se lle

esixían, só podía acreditar 6.620 pesetas. Por iso quedou fóra do Senado. Non é difícil pensar que a man longa de Montero Ríos chegara ata a "covachuela" na que alguén facía os números.

En calquera caso, quedoulle a honra a Romero Blanco de non ser aceptado no Senado por pobre. E iso é xa un honor.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1896-1898      Senador pola Universidade de Santiago  
 (Non puido tomar posesión)



**ROMERO ORTIZ, Antonio**

Este home de Estado foi dúas veces ministro, gobernador do Banco de España, líder no ano 1876 da minoría constitucional, "de rostro pálido, un poco sombreado por melancólico tinte, huella profunda de intensos padecimientos físicos", que a penas era capaz de debuxar un sorriso, de carácter aparentemente apático, aínda era capaz na súa vellez de transformarse "con elocuencia arrebatadora cuando exhorta a las masas populares en pro de las libertades públicas y de los derechos del pueblo". Aparecía entón o Romero Ortiz do que nin el mesmo xa se acordaba, aquel rapaz de a penas

vinte anos que desde Santiago enviaba crónicas acendidas ó xornal *El Huracán* de Madrid ou cando ós 18 anos fundou con X. Rúa Figueroa aquel xornaliño *Santiago y a ellos* (1842), que a autoridade mandou pechar ó chegar ó terceiro número.

O tempo foi modulando aquel carácter radical e republicano, os anos e as persecucións foron alisando aquela personalidade de extremos, pero xamais se apagou de todo na súa alma aquela luz subversiva que levaba dentro.

O 31 de decembro de 1858, nunha sesión das Cortes, Sagasta, fiel ó progresismo político, denunciou ós que "sin conciencia, sin fe, sin convicción... están dispuestos a aceptar todo lo que pueda contribuir a su medro personal o a saciar su ciega y desatentada ambición y que con justo motivo pudiéramos y debiéramos llamar impuros". E dicindo estas graves palabras miraba para os que acababan de abandonar as filas do progresismo para pasar á Unión Liberal, que lles permitía tocar e gozar xa do poder.

Saltou no seu asento Romero Ortiz, un dos acusados e con palabras arrebatadas respondeulle a Sagasta: "Cuando el Sr. Sagasta haya visitado los presidios como yo los he visitado, cuando el Sr. Sagasta tenga sobre sí dos sentencias de muerte, como yo las he tenido, cuando el Sr. Sagasta haya emigrado de su patria tanto tiempo como yo, entonces tendrá derecho a poner en duda mi consecuencia política. Entre tanto, no, porque nadie en los bancos de la extrema izquierda, ha prestado más servicios que yo a la causa liberal" (3 de xaneiro de 1859).

E todos en certa maneira tiñan razón. Porque houbo varios Romero Ortiz como

houbo varios Sagasta, como hai varios políticos en todo político de casta.

Hai un primeiro Romero Ortiz politicamente republicano (cando ser republicano era opositor ó illamento e mesmo ó cárcere) e socialmente anárquico, que concitaba o entusiasmo e a admiración dos universitarios composteláns daquela xeración extraordinaria de 1846. Cando escribía en *El Huracán*, cando fundou *Santiago y a ellos* (1842) ou colaboraba en *El Porvenir* de Santiago (1845), a revista fundada e dirixida por Antolín Faraldo ou cando arengou nunha aula ós universitarios para que se alistasen (4 de abril de 1846) nas filas do exército de Solís. Foi entón cando tivo que fuxir a Portugal, ser recluído na illa de Peniche e comer o pan duro do exilio.

Condenado a morte, encerrado en San Antón (A Coruña), desterrado a Filipinas por Narváez, unha man xenerosa e feminina logrou abrandar-la obstinación do Espadón de Loja que pretendía acabar con el.

Xa en Madrid, no ano 1850, seguiu escribindo en *La Nación* e noutros xornais radicais. Este foi o primeiro Romero Ortiz.

No ano 1854, por fin tocou o poder. A chamada revolución progresista faino secretario do gobernador civil de Madrid, logo xa pasa a gobernador de Oviedo, Alacant e de Toledo. Simultaneamente os progresistas galegos o fan deputado pola provincia da Coruña. A caída do réxime, en 1856, significou para Romero Ortiz un segundo exilio outra vez en Portugal.

Lonxe da patria debeu pensar que xa prestara suficientes servicios á causa da liberdade. Xa tivera poder, xa puidera decatarse de que o poder era un instrumento de cambio e que os cambios han de vir necesariamente a través do poder. A utopía da resistencia pola resistencia parecíalle a negación de toda posibilidade de cambio social. Por iso cando retornou a España non dubidou en acudir á chamada de O'Donnell e Posada Herrera e intégrase na Unión Liberal.

Neste momento comezaron os ascensos: ademais de ser deputado, sempre por Noia, foi nomeado xefe da sección de Estadística. No ano 1862 foi designado director xeral de Hipotecas, no 1864, director xeral de Rexistros e no 1868, subsecretario de Gracia e Xustiza. Só faltaba o ministerio, ó que chegou no 1869, foi ministro de Gracia e Xustiza, que exerceu ata o 18-VI-1869.

Foi neste intre cando con pulso firme podou a exuberancia do poder dos eclesiásticos, que de seguida empezaron a chamarlle Lutero Ortiz, privilexio que compartirá co seu paisano, tamén chamado polo clero Montero Ortiz.

Volverá ser Ministro de Ultramar do 13 de maio de 1874 ata o 31 de decembro de 1874.

No ano 1881 aceptou, sen ningún entusiasmo, ser nomeado gobernador do Banco de España, cargo que preferiu a ser ministro dun goberno presidido por Sagasta. Agora xa os dous estaban no mesmo barco, pero o pasado non se esquecía.

Os anos fórono distanciando da preocupación política. Gozaba moito máis co seu

extraordinario Museo, que Galicia lamentablemente perdeu por incuria, xa que dispuxo que aquí quedara, e na Coruña estivo non poucos anos antes que levaran (os restos), penso que para Toledo. Unha biblioteca moi selecta e un Museo no que se podían ver a caixa de rapé de Napoleón, o vaso que utilizou o chamado emperador Maximiliano de México antes de ser fusilado, o mapa de operacións do Mariscal Moltke, os uniformes de Mina e Cabrera, a espada de Castaños en Bailén e as espadas do Empecinado, de Zumalacárregui e Zurbano, ou as bandas de Prim e de Concha.

Representou a Galicia en 10 lexislaturas, case sempre por Noia. No Congreso non poucas veces saía para fóra o tribuno das barricadas "fogado, vehemente que hiere sin piedad a hombres, creencias, instituciones y cuanto, en una palabra, se opone a la marcha de sus primitivos ideales".

Quizais foi nas Cortes de 1869 onde a súa elocuencia e dialéctica foron máis felices. Discursos sobre o matrimonio civil (sesión do 15 de marzo de 1869), sobre o proxecto constitucional (sesión do 19 de abril de 1869), a favor da liberdade relixiosa (27 de abril de 1869), separación da Igrexa e o Estado (sesión 4 maio de 1869).

Os políticos deberían rele-lo seu discurso do 29 de abril de 1859, no que se proxeaba a idea dunha Unión Ibérica non fundamentada en xogos florais nin en utopías, senón en fases moi racionalizadas, como que os españois en Portugal puidesen percibir pensións e xubilacións (para o que se requiría un tratado) e os portugueses en España, como que os médicos e arquitectos portugueses puidesen exercer en España "sin más requisitos que la presentación de los documentos en una Universidad Española para su revalidación" e viceversa, que os estudantes dunha e outra nación puidesen cursar indistintamente os estudos nas universidades dos dous Estados, que se puidesen presentar indistintamente ás cátedras universitarias, etc.

Morreu este gran home de Estado en Madrid o 18 de xaneiro de 1884. Nacera en Santiago o 24 de marzo de 1822. Foi un gran loitador pola liberdade en España e en Galicia, e non debería perderse a súa memoria.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1858-1862	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1865-1866	Deputado pola sección de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1869-1871	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1873-1874	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña
Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Noia	A Coruña

#### ROS DE MEDRANO, Manuel (Bispo de Tortosa)

Naceu en Ourense, na parroquia da Trindade, e foi bautizado o 12 de setembro de 1756. Era fillo de Juan Bernabé Ros de Medrano Méndez de Puga e de Manuela



Ferrari Sánchez Gayoso. Por vía paterna a familia procedía do Carballiño e por vía materna (que era filla de Juan Antonio Ferrari, de Módena) de Ourense.

Estudou Filosofía e Teoloxía no convento de San Francisco de Ourense, pero non se ordenou de presbítero. Pasou a estudar Dereito Civil e Canónico na Universidade de Santiago. Despois marchou para Madrid, onde exerceu de avogado.

En Madrid publicou, en 1828, co pseudónimo de "un presbítero secular", unha obra apoloxética dos dereitos da Igrexa, *Historia y Origen de las rentas de la Iglesia de España*. É un traballo sólido, marcadamente antiregalista e moi apoloxético da Igrexa.

Por invitación do bispo de Santander, Menéndez de Lurca, que coñecía moi ben a súa capacidade e ideoloxía, marchou para Santander como fiscal da curia. Foi entón cando decidiu ordenarse de presbítero. De Santander pasou a ocupar unha canonxía na colexiata de Padrón, pasou logo a Ourense onde obtivo a canonxía de doutoral no ano 1802. De Ourense pasou a Santiago no ano 1806 tamén como doutoral.

No ano 1808 participa na Xunta constituída en Santiago contra os franceses e o 28 de febreiro de 1810 foi elixido deputado en Cádiz pola provincia de Santiago.

Ros de Medrano vincúlase, desde o primeiro momento, ó grupo servil das Cortes: opúxose á liberdade de prensa (sesión do 19 de outubro de 1810), ó proxecto de lei de señoríos (15 de xuño de 1811); apoiou a suspensión das Cortes Extraordinarias para que a nova Constitución fose aprobada na nova lexislatura (sesión do 31 de outubro de 1811), coa finalidade de que a nova lexislatura, se tiña maioría servil, reformase o texto constitucional antes da súa aprobación; defendeu a Inquisición, o voto de Santiago, e ó arcebispo de Santiago acusado de seguir empregando o título de Señor de Santiago cando xa se extinguiran os señoríos (sesión do 12 de outubro de 1811).

O 25 de novembro de 1811 presentou unha proposición que causou estupor nas filas liberais: declarou que as Cortes non podían promulgar ningunha lei sen a sanción real e que, na ausencia do Rei, debería se-lo Consello de Estado quén deba sancionalas. Esta proposición anulaba por completo a soberanía nacional das Cortes, eixo ideolóxico do liberalismo.

Participou no gran debate sobre o *Diccionario de Gallardo* e no xornal, *Procurador General de la Nación y del Rey*, publica os nomes dos deputados que nas Cortes se manifestaran en favor e en contra. Deste xornal enviou a Galicia exemplares coa intención de que quedase clara a súa conducta neste asunto. Os liberais entenderon isto como unha especie de *casus belli* e non pararon ata condenar a Ros a ser privado de voz durante seis meses.

A razón de que Ros enviase estes exemplares a Galicia foi para apaga-la oposición, que se creara contra el no seo do clero por unha intervención que molestara moito ós servís galegos: o apoio que Ros dera nas Cortes ó procesamento do bispo de Ourense, Quevedo, por negarse a xura-la Constitución. Creo que neste tema, Ros non se deixou levar polo seu absolutismo senón máis ben pola hostilidade persoal que tiña con Quevedo, desde a súa estancia en Ourense.

A partir desta actitude, Ros tivo que esaxera-lo seu absolutismo e non perdeu ocasión para demostra-lo afastado que estaba das teses liberais.

Cando retornou Fernando VII, agradeceulle os servicios prestados propoñéndoo como bispo de Tortosa, dignidade da que toma posesión o 13 de maio de 1815. Parece ser que foi bispo caritativo. De feito morreu o 21 de agosto de 1821 pola febre amarela que atacou á súa diocese e na que tivo unha conducta exemplar, axudando ós enfermos ata morrer contagiado.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1810-1813      Deputado pola provincia de Santiago



#### ROSALES MARTEL, Martín (Duque de Almodóvar de la Torre)

Este ilustre aristócrata, que naceu en Madrid e tivo o seu feudo político no distrito de Lucena (Córdoba), só representou a Galicia nunha ocasión. Por iso temos del escasa información.

Naceu en Madrid o 19 de xullo de 1872. Era fillo do marqués de Albornoces e da duquesa de Almodóvar, con Grandeza de España.

Estudou Dereito na Universidade de Madrid.

Formou sempre parte do partido liberal na súa fracción demócrata e logo na chamada prietista.

Foi secretario do Congreso en 1902, subsecretario de Instrucción Pública no ano 1905, director xeral de Agricultura, director xeral de Correos e Telégrafos, gobernador de Cádiz e de Madrid no ano 1906, alcalde de Madrid só durante once meses e fiscal do Tribunal Supremo en 1913.

Representou algún tempo o distrito da Estrada para substituí-lo marqués da Vega de Armijo, o que nos fai pensar que foi este, que tanta raigame tiña na provincia de Córdoba, quen o promoveu, como posteriormente seguiu promovéndoo e situándoo en Lucena (Córdoba), enfeudándose neste distrito que representou dende 1901 ata 1923.

Un autor, López Soler, dedicoulle a seguinte copla precisamente referíndose a Lucena:

"Es Lucena tu deleite  
porque en Lucena reluces.  
En Lucena hay mucho aceite  
pero, en cambio, pocas luces"

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1898-1899      Deputado polo distrito da Estrada      Pontevedra

**ROVIRA PITA, Prudencio**

Naceu en Pontevedra o 21 de setembro de 1870. Era fillo de Esteban Rovira Valdés e de Jesusa Pita Cobián.

Estudou no Real Colexio de Alfonso XII, no Escorial e posteriormente na Universidade de Madrid.

Entrou como funcionario dun ministerio e, ó mesmo tempo, e xa dende 1889 iniciou as súas actividades periodísticas nos xornais: *El Correo*, *La Correspondencia de España*, *El Español*, todos de Madrid. Tamén colaborou en xornais como: *Diario de Barcelona*, *Nuestro Tiempo*, *Diario Español de Buenos Aires*, etc. Cando xa parecía que tiña consolidada a súa carreira periodística, en 1904, decidiu abandonalo periodismo como dedicación principal para desempeñala secretaría política e persoal do gran político Antonio Maura.

Baixo a sombra protectora de Maura iniciou a súa actividade política. Debeu ser en 1904, cando Maura presidía o Consello de Ministros, cando un coplista lle dedicou a seguinte cuarteta:

"Prudencio, te reverencio  
por tu pluma inteligente,  
pero ¡Deja al Presidente  
Prudencio!"

Representou a Ribadeo na lexislatura de 1907 e posteriormente representou o distrito de Pobra de Trives nas lexislaturas de 1919-1920 e 1920-1923.

Publicou diversas obras: *El Campesino gallego* (1904), con prólogo de Montero Ríos, *Tierra balear* (1913), que é unha recompilación de crónicas enviadas ó xornal *El Diario Español* de Buenos Aires (lembramos que Maura nacera en Mallorca), *Hirmandade, poemía de revolta* (1918), no que Rovira reconstrúe un episodio medieval de loita entre señores e campesiños.

Rovira foi o fiel custodio do arquivo de Maura, do que fixo un adianto no seu libro *Cartas son cartas. Varias fichas del Archivo de Maura* (1949).

Morreu célibe.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Pobra de Trives	Ourense
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Pobra de Trives	Ourense



## RÚA FIGUEROA, José

Naceu en Santiago o 20 de maio de 1820. Estudiou Medicina na universidade compostelá, carreira que rematou no ano 1843.

Pertencía a aquela espléndida xeración (con Faraldo, Romero Ortiz, Neira Mosquera, etc.) que aínda militando no progresismo máis radical atoparon Galicia ou mellor dito redescubrirona estética e culturalmente. A defensa dunha Galicia de seu e propia converteuse nun dos obxectivos culturais e políticos da súa vida.

No ano 1842, xunto con Romero Ortiz, fundou o xornal, *Santiago y a ellos*, que de seguida foi suspendido pola autoridade. Tamén con Faraldo e Romero Ortiz funda no ano 1845 a revista *El Porvenir*, órgano oficioso da xeración de 1846.

Participa no levantamento de 1846 e fracasado este, despois de sufrir-la represión decide marchar para Madrid.

En Santiago compuxo a peza teatral, *Fernán Pérez Churruchao y el Arzobispo D. Suero*, que quixo representar na cidade, pero foi prohibida a representación. Con Romero Ortiz compuxo outras pezas.

En Madrid participou intensamente nos acontecementos de 1848 na fronteira máis radical do progresismo. Colaborou no xornal *La Nación*, na *Revista Española de Ambos Mundos*, e dirixiu por algún tempo *La Gaceta de Madrid*.

Formou parte do comité executivo do partido progresista (1853).

Participou activamente no levantamento de 1854, que deu paso ó Bienio Progresista. Nese momento era o director de *La Nación* e puxo o xornal ó servizo da causa progresista. Cando teñen lugar os acontecementos do 17 de xullo de 1854 en Madrid, formaba parte, con Salmerón e Corradi, da comisión que vai visitar de noite á Raíña para comunicarlle os acordos das forzas progresistas.

Nestes días de efervescencia popular, Rúa Figueroa tamén formou parte da Xunta Revolucionaria constituída en Madrid, presidida por Evaristo San Miguel e da que tamén formaban parte Fernández de los Ríos, o marqués da Vega de Armijo, Chao e outros.

Non debe, por conseguinte, estrañar que Rúa Figueroa fose presentado como candidato nas eleccións de 1854 pola provincia da Coruña, elección que gañou.

Pouco tempo puido ocupa-lo escano porque morreu o 22 de maio de 1855, poucos meses antes doutro gran progresista e amigo, Xosé María Suances.

### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1854-1856      Deputado pola provincia de Coruña



**RUBÍN DE CELIS OROÑA, Leoncio**

**A**cusación de felonía e traizón cubriu a súa memoria histórica, pero non por iso deixou de ter un posto importante na política do século XIX.

Naceu en Pontecaldelas (Pontevedra) e pertencía a unha familia fidalga da comarca. Casou no ano 1844 con Carolina Llano de Larrea, natural de Palma de Mallorca.

Dedicado á milicia foi ascendendo. En 1846, ano das súas desventuras, era xa brigadier.

Participou nos preparativos do levantamento de 1846. De feito, asiste á xuntanza secreta celebrada na capela de Santa Margarida, en Mourente, Pontevedra, en marzo de 1846 entre o Infante Enrique e varios líderes progresistas da cidade de Pontevedra. Nesta xuntanza decidese accelera-lo golpe de Estado que se iniciará o 2 de abril dese mesmo ano en Lugo.

Realizado o levantamento o 9 de abril pronúnciase o exército de Vigo e Rubín, como oficial de máis alta graduación, tomou o mando da tropa. Desde Vigo o exército e os paisanos progresistas foron sometendo os concellos de Bouzas, Lavadores, Redondela, etc.

O 15 de abril de 1846 a Xunta Superior do Goberno de Galicia, que presidía Rodríguez Terrazo e da que Antolín Faraldo era o secretario, acordou que tanto Solís como Rubín ascenderan a mariscais de Campo e cada un deles mandara un corpo de exército, o do Norte, Solís e o do Sur, Rubín.

A realidade foi que tanto Solís como Rubín foron incapaces de penetrar nas praza de Ferrol e da Coruña (Solís), nin na de Ourense (Rubín) nin, por iso, dominaron toda Galicia, permitindo que as forzas favorables ó Goberno controlasen ós poucos días a situación.

Sempre que unha revolta fracasa búscanse motivacións exculpatorias para o xefe (neste caso Solís) culpabilizando os outros mandos. A chamada batalla de Cacheiras (23 de abril de 1846) mal planificada e peor dirixida por Solís obrigouno a retirarse a Santiago, perseguido polas tropas gobernamentais que mandaba o xeneral La Concha. Foi entón cando se inventou a traizón de Rubín, xa que era agardado para apoiar a Solís e non apareceu.

Rubín que se decatou axiña de que aquela aventura fracasara decidiu dirixi-lo seu corpo de exército desde Ribadavia ata a Cañiza, alí agarda-los acontecementos e en canto tivo coñecemento do desastre de Cacheiras dirixiuse cara a Portugal. Nun momento da marcha, Rubín e algúns oficiais do seu Estado Maior aproveitaron que a tropa descansaba para fuxiren a Portugal.

As primeiras crónicas deste acontecemento acusan a Rubín de traizón e mesmo de covardía. Máis aínda, algúns autores adiantan a sospeita de se Rubín non estaría en

tratos co xeneral Concha.

Sofís e outros once oficiais foron executados en Paleu. Rubín escondeuse en Portugal e ó pouco tempo retornou a España amnistiado. Foi tan xenerosa a amnistía que puido mante-lo grao de brigadier no exército.

Este feito pesará toda a vida coma unha lousa sobre Rubín, pero non foi obstáculo para os futuros ascensos, xa que no ano 1865 chegara xa a tenente xeneral do Exército. As sospeitas de conivencia atoparon nesta fulgurante carreira bastante apoio.

Nas Cortes de 1854, Rubín foi denunciado polo deputado republicano Ruiz Pons, que non entende cómo é posible que Rubín poida estar en liberdade mentres os seus compañeiros de pronunciamento foron fusilados.

O xornal radical *El látigo* (23 de xaneiro de 1855) faise eco desta denuncia e dedícalle a Rubín a seguinte estrofa:

"De cómo sin ser Marmont  
ni disparar un fusil,  
ni haber visto a Waterloo  
vender se puede el país"

Rubín non tivo obstáculos para integrarse non só no exército senón tamén na estima do partido moderado, que o acolleu. No ano 1856 foi nomeado comandante xeneral da provincia de Almería e gobernador civil da mesma provincia. Ó mesmo tempo foi ascendido a mariscal de Campo.

En 1861 era segundo cabo de Castilla la Vieja, é dicir, o inmediato ó capitán xeneral. En 1856 xa recibira a Orde de Isabel a Católica e en 1860 a Orde de Carlos III. Finalmente, como xa dixemos, en 1865 ascendeu a tenente xeneral de Cabalería.

Foi deputado en catro lexislaturas. Na de 1858 (revelador de que militaba na Unión Liberal) obtivo a representación por Pontecaldelas. Tarda en incorporarse ás Cortes debido a unha enfermidade. Cando se discute a súa acta, Riestra fai unha briosa defensa de Rubín.

Foi elixido novamente en 1863 pero non consta que asistise e renunciou a acta. Resultou elixido novamente en 1865. Finalmente tamén resultou elixido en 1869. Formou parte das comisións de Forzas permanentes do exército, de Abono ós militares exiliados (secretario), pero non interveu en ningún debate nin falou nunca.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1858-1863	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Pontecaldelas	Pontevedra
Lexislatura 1865-1866	Deputado pola sección de Vigo	Pontevedra
Lexislatura 1869-1871	Deputado pola sección de Vigo	Pontevedra

**RUBIN HOMET, Antero**

Ilustre militar que iniciou a carreira de soldado raso e chegou a tenente xeneral do Exército español.

Naceu en Redondela o 7 de decembro de 1853. Rexistrouse como voluntario no ano 1868. Cando era cabo foi enviado co seu corpo do Exército a Cuba en marzo de 1869, de onde retornou con varias condecoracións. Realizou algúns estudos e no ano 1873 xa era tenente. Participou nas batidas que en Galicia e no Norte se fan contra os carlistas, e acadou o grao de capitán.



No ano 1895 saíu para Cuba sempre co seu rexemento de Murcia, con residencia en Pontevedra, e remata a guerra ferido e enfermo, pero xa coa graduación de Xeneral de Brigada e no ano 1908 ascende a Xeneral de División.

Foi gobernador militar de Oviedo e en 1914 foi nomeado conselleiro de Guerra.

No ano 1921 foi capitán xeneral de Galicia.

Representou a Galicia só nunha lexislatura, na de 1914-1916 polo distrito de Quiroga. Posteriormente foi senador por Zamora, na lexislatura de 1921-1922.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1914-1916    Deputado polo distrito de Quiroga    Lugo

**RUIZ DE GRIJALBA LÓPEZ ARCÓN, Gustavo**  
**(Marqués de Grijalba)**

Naceu en Vilagarcía (Pontevedra) e esa debeu se-la única relación que tivo con Galicia.

Estudou Dereito na Universidade de Madrid e ampliou estudos en Inglaterra.

Cando militaba no partido conservador obtivo, na lexislatura de 1884-1886, a primeira representación ó Congreso polo distrito de Almazán (Soria). Posteriormente enféudase na provincia de Girona, no distrito de Valdemuns (lexislaturas de 1891-1893, 1893-1895, 1899-1901) e no distrito de Santa Coloma de Farnés (Lexislatura 1903-1905).

Na lexislatura de 1907-1910 representa á provincia de Pontevedra no Senado.

No ano 1909 obtivo o título de Marqués de Grijalba.

Tiña unha posición económica ben consolidada. Ademais dos terreos edificables que posuía en Madrid, era accionista da sociedade mineira Venus Amante, da socie-



dade La Vascongada (da que era conselleiro), obrigacións do ferrocarril Villena-Alcoi, da Compañía de Tranvía de Madrid-Arganda, e depósitos no Banco Asturiano de Industria e Comercio e no Banco Español de Crédito. Foi presidente e vocal dos consellos de administración das sociedades citadas.

Foi así mesmo concelleiro e tenente alcalde de Madrid, inspector xeral de Belas Artes e subsecretario de Gracia e Xustiza.

No Senado temos que facer constar que foi un senador moi laborioso. Foi secretario dunhas quince comisións, o que revela a capacidade de traballo que se lle recoñecía ó poñer nas súas mans tantas e tan importantes comisións, como as de Contrato de traballo, Contratos de aprendizaxe, Regulamento da emigración, Estrada de Pontevedra-Caldas, Estrada-Avión, Carballiño-Ourense, etc.

Despois de exercer nunha lexislatura como senador por Pontevedra seguiu no Senado representando a provincia de Almería dende 1914 a 1922. Na derradeira lexislatura do Senado, a de 1923, representou a provincia de Albacete.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1907-1910      Senador pola provincia de Pontevedra



#### RUÍZ DE PADRÓN, José Antonio

Naceu este ilustre clérigo en San Sebastián de la Gomera (Canarias) o 9 de novembro de 1757. Era fillo de Gaspar Ruíz, rexedor perpetuo da Gomera e de Gerónima de Armas. Por iso o seu verdadeiro nome era Ruíz de Armas que el voluntariamente mudou.

Recibiu o hábito da Orde Franciscana e foi Lector de Teoloxía no convento franciscano de La Laguna (Tenerife).

Como varios dos seus familiares pertenceu ó Santo Oficio, do que foi cualificador, notario e comisario. Bastantes anos despois e unha vez que se converteu nun dos opositores máis firmes do Santo Oficio tentou xustificala súa pertenza ó mesmo. Dinos que solicitou entrar na Inquisición "para conocerla y derrotarla como obra de tiniebla", expresión que moi ben pode ser unha tardía exculpación.

Estivo na Habana, en Estados Unidos de América onde coñeceu a Washington e a outros pais da patria americana, despois pasou a Italia e retornou a España.

No ano 1800 logrou licencia para secularizarse, é dicir abandona-lo hábito franciscano e a xurisdicción relixiosa para converterse en clérigo secular. É posible que esta decisión viñera motivada polas críticas que non ocultaba desde que retornara a España contra a Inquisición e contra determinados usos e costumes das ordes relixiosas.



Logrou ser nomeado párroco de Quintanilla de Somoza (Astorga), e posteriormente de Vilamartín de Valdeorras, diocese de Astorga, pero provincia de Ourense.

Representou a Canarias nas Cortes de Cádiz e foi aquí onde brillou a grande altura pola coraxe con que solicitou cambios radicais na Igrexa, especialmente a abolición do Santo Oficio, aínda que mantendo integramente o depósito da fe.

A súa actitude nas Cortes de Cádiz deuno a coñecer en toda España. Os absolutistas xuráronlle odio e os liberais enaltecérono.

En 1814, en plena marea absolutista, foi detido, procesado e os seus bens secuestrados, ata logra-la súa liberación.

Foi novamente elixido deputado no Trienio, en representación de Galicia. Sen a fogosidade amosada na súa primeira lexislatura, mantivo os seus principios. Discutindo o tema dos dezmos, demostrou os seus profundos coñecementos: soubo distinguir axeitadamente a cuestión teolóxica da canónica. A percepción dos dezmos, dixo nas Cortes, non ten fundamento ningún no dereito divino. É só unha lei canónica que, por conseguinte pode manterse ou suprimirse. Sen embargo e tendo en conta a situación económica crítica do clero galego (o que el mellor coñecía) defendía a permanencia do dezmo ou dun imposto similar para que a situación do clero parroquial non fose tan desesperada.

A pesar das distincións que facía nas súas obras e da absoluta ortodoxia das súas formulacións, os discursos pronunciados nas Cortes foron prohibidos pola Inquisición en 1815.

Ruiz de Padrón pagou moi caro o seu liberalismo. Non só foi procesado e perseguido, non só foron condenadas as súas obras, tamén mereceron o desprezo dos intelectuais integristas. Xa Menéndez Pelayo se referiu a el en termos pouco respectuosos, pero correspondeu a Pinta Llorente (un clérigo irritable e antidemocrático) o privilexio de acumular dicitérios sobre a súa memoria. Chamoulle "clérigo mendaz y progresista... difamador contumaz sin contenido alguno positivo", engadindo "ejemplo típico y representativo de lo antiespañol... Despreciable farsante. La historia le sanciona inapelablemente como un lacayo del progresismo de barriada". En troques basta lembra-lo que de Ruiz de Padrón escribiu Otero Pedrayo: "Le basta a su limpia, fría y clara memoria haber sostenido la causa de la verdad".

Morreu Ruiz de Padrón en Vilamartín de Valdeorras o 8 de setembro de 1823.

A súa memoria permanece non só na Gomera, en Valdeorras e en Galicia senón tamén na historia do pensamento español.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1820-1822    Deputado do Reino de Galicia

**RUIZ HIGUERO, Manuel**

**R**epresentou na lexislatura de 1871-1872 o distrito de Gaución, provincia de Málaga.

O distrito de Redondela carecía dun deputado enfeudado e, por conseguinte, estaba a disposición do Goberno, que nas distintas eleccións foi situando nel a deputados sen ningunha raigame.

Correspondeulle nesta ocasión a Ruiz Higuero ser proposto aínda que era absolutamente descoñecido en Redondela e en Galicia.

No Congreso a penas participou. Formou parte das comisións de Portos de segunda clase e da do Ferrocarril Zaragoza-Cariñena, e non consta que presentase ningunha proposta ou petición en favor do distrito que representaba.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Redondela	Pontevedra
-----------------------	-------------------------------------	------------

**RUIZ PONS, Eduardo**

**N**aceu no ano 1819 na cidade da Coruña, pero a súa familia procedía de Padrón. Era fillo do oficial de Artillería, Ángel Ruiz Hermida, de Iria (Padrón) e de Dolores Pons Sequeiros.

Naceu no seo dunha familia marcada política e ideoloxicamente polo liberalismo radical. O seu pai perdeu no ano 1823 as dúas mans ó rebentarlle un canón, na defensa da cidade da Coruña contra as tropas do duque de Angulema. O seu pai, despois deste accidente, retirouse a Padrón.

Estudou Dereito na Universidade de Santiago que rematou o ano 1844. Formou, por conseguinte, parte da xeración cultural e política de Antolín Faraldo, Rúa Figueroa, Neira de Mosquera, Romero Ortiz e outros.

Participou no levantamento do ano 1846 en Galicia. Amnistiado, marchou para Madrid, onde exerceu a avogacía, colaborou en diversos xornais e ganou a oposición a catedrático de instituto, que exerceu en Oviedo, Pontevedra e Zaragoza.

Ruiz Pons vai perdendo fe no partido progresista e vai radicalizando tanto a súa ideoloxía, foi un dos primeiros republicanos e por conseguinte dos primeiros organizadores do republicanismo español.

Pouco antes de 1854, as autoridades, que sabían do seu compromiso cos conspiradores, detivérono e expulsárono de España. Estivo durante algúns meses en Francia e retornou para colaborar politicamente co Goberno que saíra do levantamento de 1854.

Foi entón cando saíu proposto e elixido deputado a Cortes pola provincia da

Coruña.

No ano 1861, Orense que dirixía o periódico *La Discusión* pretendeu publicar un manifesto e un programa do partido democrático (antecedente do partido republicano). A censura impediullo. Entón Ruiz Pons que estaba de catedrático do Instituto de Zaragoza, publicouno coas súas iniciais E.R.P. e repartiuno no Casino de Zaragoza e no Círculo de Recreo de Padrón. No escrito aludía ós "corrompidos Borbones e ós falsos apóstoles del Crucificado".

Non lle resultou difícil á policía dar co autor da publicación e co impresor (Ariño, de Zaragoza, aínda que o escrito levaba un pé de imprenta camuflado "Imp. Dufour, París"). Xulgado en primeira e segunda instancia e defendido por Gil Berges e Nicolás María Rivero, autor e editor foron declarados inocentes. Pero o tribunal de imprenta levou o caso ó Tribunal Supremo que condenou a Ruiz Pons a 12 anos de cárcere e ó impresor a 6.

Advertido previamente da sentenza, Ruiz Pons escapa a Francia e de Francia pasou a Portugal, onde morreu, na cidade do Porto, no ano 1865.

Anos despois da súa morte, en 1869 os republicanos levaron ó Congreso a causa de Ruiz Pons co intento de rehabilitar *post mortem* a súa memoria.

Un sobriño, Ernesto Fernández Ruiz, publicou no ano 1871 un tomo de *Poesías, cartas, discursos y documentos de su malogrado tío D. Eduardo Ruiz Pons*, Santiago 1871.

Como deputado pouco temos que dicir xa que foi elixido nunha soa ocasión, no ano 1854, e non era Ruiz Pons político de Congreso senón de rúa e barricadas. Homes así atópanse estraños nun corpo selecto coma o Congreso.

O seu parente, e tamén de Rosalía de Castro, Pepe Hermida Castro, dedicoulle ó pai e ó fillo a seguinte composición:

"Angel Ruiz Hermida  
era de aquella raza  
de los titanes  
que al pueblo devolvieron  
sus libertades.  
Eduardo Ruiz Pons  
La democracia hispana  
tuvo su Cristo  
que el hado en esta tierra  
surgiera quiso.  
¡Que el redentor hispano  
surgir debiera  
allí donde circula  
la sangre griega!".

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1854-1856

Deputado pola provincia de Coruña

**RUÍZ PRADO, Pedro**

A única información que temos dínos que foi ministro da Audiencia de Valencia cando foi elixido deputado a Cortes por Galicia en 1820.

Chegou ás Cortes xa moi enfermo, porque o 5 de novembro de 1820 solicitou licencia para restablece-la súa saúde en Valencia. Xa non retornou ás Cortes. Posiblemente morreu a comezos do ano 1821. Foi substituído polo clérigo Rodríguez del Casal (véx.) que tamén morreu ó pouco tempo.

Aínda que estivo tan poucos meses nas Cortes deixou acreditada a súa actividade. Formou parte da Comisión de Causas contra os deputados e da Comisión de Código Civil.


Na sesión do 23 de setembro de 1820 defendeu a necesidade de construír escolas náuticas. Así mesmo solicitou que os escolapios fosen liberados da lei de peche dos conventos, tendo en conta a utilidade pública dos seus colexios e do seu ensino. A súa solicitude non foi tomada en consideración.

Na sesión do 26 de setembro de 1820 defendeu a supresión en Galicia da "graciosa", ou dereito a recupera-los bens vendidos antes dos 30 anos transcorridos e cando estaban afectados por algunha condición determinada.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Legislatura 1820-1821      Deputado por Galicia

— S —

**SAAVEDRA MENESES, Frutos**

Naceu en Ferrol o 25 de outubro de 1823. Era fillo de Antonio Saavedra, facendado de Pontedeume e cabaleiro mestrante de Sevilla, e de María de la Candelaria Meneses. O seu avó por vía paterna, José Saavedra Parga, fora vocal da Xunta Superior do Reino de Galicia durante a Guerra de Independencia.

Ingresou como cadete de artillería na Academia de Segovia en 1838. Experimentou os habituais destinos dos



militares e os conseguíntes ascensos ata que en 1845, foi comisionado polo Goberno a visitar diversos países europeos para estudar os avances na confección de armas, o que produciu o libro, escrito en colaboración co coronel Elorza, *Memoria sobre la fabricación en distintos países de las armas de fuego portátiles* (1846).

A partir deste momento Saavedra vai dedicarse preferentemente ós estudos sobre fabricación de armas e aparatos xeodésicos. No ano 1848, xa comandante, empeza a exercer de profesor na Academia de Segovia.

Segue publicando diversas obras, como *Descripción de algunos instrumentos de Geodesia y Topografía* (1853) e *Progreso de la Geodesia* (1862), o que explica que fora nomeado membro de diversas corporacións estranxeiras e mesmo da Real Academia de Ciencias (1862). En 1864 publicou unha obra que serviu moitos anos de libro de texto nas academias militares, *Estudio de fortificación* (1864).

As investigacións non lle impediron exercer como militar no campo de batalla, como sucedeu na Guerra de África, na que participou e onde gañou diversas condecoracións.

No ano 1867 foi elixido numerario da Real Academia Española.

Morreu en Madrid o 23 de outubro de 1868, cando tiña abertas as portas da fama e da gloria científica.

Politicamente pertenceu inicialmente á Unión Liberal e iso é o que explica a súa elección como deputado por Pontedeume, nas eleccións que controlou Posada Herrera para consolidar a Unión Liberal. En realidade quen foi elixido en 1858 foi Joaquín de Peralta Pérez, un personaxe que ofrecía un perfil moi parecido a Saavedra Meneses, militar e intelectual. O que sucedeu foi que Peralta dimitiu, e Saavedra foi elixido no ano 1860 para substituílo ata rematar a lexislatura.

Foi reelixido sucesivamente para as lexislaturas de 1863, 1864 e 1865. Os gobernos non o aproveitaron suficientemente, xa que o cargo máis importante que desempeñou, foi o de director xeral de Obras Públicas (1864).

Non foi un gran deputado. Tiña bastantes dificultades para expresarse. Nunha discusión que tivo con Pla y Cancela polas actas de Lleida, notáronse as súas limitacións dialécticas, polo cal tivo que saír na súa axuda Aparisi para refutar a Pla. Naquela ocasión (sesión do 12 de decembro de 1863) Pla, con exceso de ironía, díxolle que era tan "diestro con la palabra como con la espada". Quizais por iso Castelar que lle tiña en gran aprecio, a pesar da distancia política entre ambos, dixo del que era: "fiel reflejo de aquellos caballeros de los siglos XVI y XVII que así manejaban la pluma como la espada".

Traballou sen embargo con eficiencia nas comisións, especialmente nas de Ferrocarril, Desestancamento da pólvora, Descuberto do Tesouro, etc.

Tamén o distrito que representaba foi beneficiario da súa mediación xa que, gracias a el, se construíron os peiraos de Mugardos e Ares, se abriron varias estradas comar-

cais. Tamén axudou para a construción do ferrocarril entre Betanzos e Ferrol.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1858-1863	Deputado polo distrito de Pontedeume (só desde 1860)	A Coruña
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña
Lexislatura 1865-1866	Deputado pola sección da Coruña	

### SAAVEDRA PANDO, Ignacio

Fillo de José Bartolomé Saavedra e Pardo, señor das casas de Perrelos, Liñares, Terredez, Miraz, Donalbay, etc., e de Juana Paula de Pando e Otamendi. Cómpre ter moito siso para non trabuca-los nomes, pola fácil confusión entre os apelidos Pardo e Pando, confusión na que incorren moitos autores e mesmo algúns documentos oficiais.

O primoxénito do matrimonio, José Manuel Saavedra Pando quedou na casa herdando os títulos e vínculos. Ignacio debeu se-lo segundo, e aínda houbo, que saibamos dous máis, Ramón (véx.) e Juan Manuel.

Ignacio Saavedra dedicouse á carreira militar. En 1831 era xa tenente coronel de Milicias Provinciais.

Obtivo a representación pola provincia de Lugo para a lexislatura do ano 1840. Incorporouse ó Parlamento na sesión do 2 de abril de 1840 e o vintecinco xa solicitou tres meses de licencia, que lle concederon. Non formou parte de ningunha comisión nin falou nunca. Como deputado foi, por conseguinte, absolutamente nulo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia de Lugo
-----------------------	---------------------------------

### SAAVEDRA PANDO, Ramón

Fidalgo por tódolos costados, naceu na cidade de Lugo o 11 de xaneiro de 1811. Era fillo de José Bartolomé Saavedra y Pardo, señor da casa de Perrelos (Taboada, Lugo), de Miraz, Donalbay, Torredez e outras na provincia de Lugo, e a de Liñares (Santiago, A Coruña), e de Juana Paula de Pando e Otamendi.

Aínda que tiñan casa e vivían na cidade de Lugo, parte da vida facíaa nalgúns dos pazos, especialmente no de Perrelos (Taboada, Lugo).

Ramón Saavedra era fillo segundón xa que o vinculeiro era o seu irmán José Manuel.

Era habitual que os fillos segundóns se dedicasen ó exército, a igrexa, a unha profesión liberal ou administrativa. Isto foi o que sucedeu con Ramón, que iniciou os seus primeiros estudos de Filosofía no Seminario de Lugo (1825), que logo incorporou á Universidade de Valladolid onde comezou a estudar Dereito. O peche da universidade

obrigouno a retornar á súa casa, pero, e de acordo coa lexislación vixente, podía facer estudos privados baixo a dirección dun titulado, e logo examinarse na universidade cando esta se reabrise. Ramón Saavedra estudou, baixo a dirección do cóengo doutoral de Lugo José Varela, o equivalente a cuarto de Leis e primeiro de Canons nos anos 1831 e 1832, como acreditou o cóengo.

Debeu remata-la licenciatura en Leis en 1836.

Durante bastantes anos dedicouse en Madrid ó exercicio libre da profesión, dado que no ano 1848 recoñece nun documento que era avogado dos tribunais nacionais e residía en Madrid.

Posteriormente, ingresou na carreira xudicial. En 1851 era maxistrado da Audiencia de Pamplona e en 1857 xa está de maxistrado na Audiencia da Coruña.

Só foi deputado nunha ocasión como representante de Galicia. Nas eleccións de 1844 obtivo representación pola provincia de Lugo. Formou parte do sector máis duro do Partido Moderado. Varios deputados, entre eles Saco, Saavedra Pando e Taboada de Losada, protagonizaron nas Cortes unha especie de motín no Parlamento, abandonándoo e mesmo ameazando con dimitir a consecuencia do proxecto que presenta o Goberno moderado sobre culto e clero. Resulta que o Goberno pretendía garantirle ó clero un soldo fixo, pero non pensaba devolverlle os bens nacionalizados e aínda non privatizados. Agustín Saco e Taboada lideraban un sector ultracatólico (algúns contemporáneos aluden á súa excesiva afinidade co sector carlista), que non estaba disposto a admiti-la non devolución daqueles bens. Non só se retiraron con estrondo do Parlamento senón que ademais, algúns deles presentaron a renuncia ó escano. Estre estes tales estaba Saavedra Pando, que dimitiu o 28 de decembro de 1844. No breve período en que exerceu de deputado formou parte da comisión de Resposta ó discurso da Coroa.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1844-1845    Deputado pola provincia de Lugo (dimitiu)

### **SACO QUIROGA, Agustín (Marqués de Vilaverde de Limia)**

Señor do pazo de Ver (Bóveda, Lugo) e do pazo de Mundín (Sambreixo, Monterroso, Lugo), casou en primeiras nupcias con Josefa Ulloa de las Riberas. Morta a súa dona, contraeu segundo matrimonio con Casilda Sotelo de Novoa, segunda marquesa de Vilaverde de Limia, título que recibira no ano 1809 o seu pai e rexedor de Ourense, Benito Sotelo de Novoa. Casilda Sotelo era xa viúva de Antonio Joaquín Ulloa de las Riberas, irmán da primeira muller de Saco. Desta maneira, e por pouco tempo, uníronse os poderosos "estados" de Bóveda, Ver, Mundín, etc.

Saco, que como recoñeceu no seu testamento (14 de outubro de 1891) non estudiara na universidade, foi un político moi próximo ó carlismo, partido no que militou claramente a partir de 1868 cando foi desterrada dona Isabel. Liberado xa do xuramento

prestado a Isabel II, Agustín Saco integrouse na forza política á que estaba sentimentalmente inclinado desde sempre.

Obtivo a primeira representación para a lexislatura de 1844, pola provincia de Lugo. En realidade, quen resultara elixido fora Pedro José Pidal, pero este optou polo distrito de Oviedo, o que abriu as portas para unha segunda elección da que saíra gañador Saco. Sen embargo, pouco tempo estivo no Parlamento, xa que o 28 de decembro de 1844 presentou a renuncia, xunto con outros dezaioito deputados. A razón foi a seguinte: o 4 de decembro de 1844 o ministro de Facenda A. Mon presentou o proxecto sobre culto e clero, dotación das ordes relixiosas e conversión da débeda pública. Na sesión do 16 presentáronse os dictames e proposicións. Viluma e a súa fracción (na que se atopaba Saco) presentaron tamén unha proposición que foi considerada reaccionaria e que significaba un novo proxecto de lei. Na discusión, Mon, moi excitado, cualificou de "ratera" a actuación da minoría de Viluma, que pretendía altera-lo proxecto inicial mediante hábiles propostas. Viluma protestou pola expresión e solicitou do Congreso que se manifestase en canto ós insultos. O Congreso fíxoo, absolvendo o ministro por cento dez votos contra vinte cinco. Foi entón cando Viluma e a súa fracción decidiron retirarse do Congreso, renunciar ás súas actas e publicar un manifesto (4 de xaneiro de 1845) no que declaraban que non foran ó Congreso para adquirir empregos ou condecoracións, senón para logra-la devolución ó clero dos bens aínda non vendidos, resarci-la Igrexa polos danos ocasionados pola desamortización, etc.

Saco xa non volveu ó Congreso en toda a lexislatura, pero ante toda a nación quedou claro cáal era o seu perfil ideolóxico e político.

Na lexislatura de 1846 obtivo a representación por Monforte. Nas sesións iniciais Manuel Yáñez Rivadeneira presentou varias alegacións contra a elección de Saco por entender que fora fraudulenta. Na discusión, algún deputado non dubidou en cualificar a Saco como un absolutista.

Cando Nocedal empezou a organiza-lo seu grupo, logo coñecido como neocatólico, Saco foi un dos primeiros que se apuntaron. No ano 1865 Saco colaborou no xornal de Nocedal *La Constancia*, órgano dos neocatólicos.

Non debe estrañar por iso que no ano 1868 se pasase ó carlismo, seguindo a estela de Nocedal, líder do carlismo político a partir desa data. Presentouse en 1865 ás eleccións por Lugo capital, pero foi derrotado. Xa nestas eleccións se presentara como neocatólico, partido que estaba aliado cos carlistas.

Para a lexislatura de 1871 obtivo a representación por Chantada, tras presentarse xa abertamente como carlista. Para a lexislatura de 1872 presentouse por Monforte e saíu derrotado.

No Congreso ninguén puido coñece-la súa voz, porque non tivo ningunha intervención. Tampouco era un gran traballador de comisións, e desde logo nunca se lle confiou a defensa de ningún dictame.

Quizais isto se debese á desconfianza que tanto el coma o seu grupo despertaban



en tódolos gobernos. Saco e a minoría na que estaba integrado, en realidade non estaban no Congreso para colaborar cos gobernos, nin para presentar unha alternativa posible. Estaban só para defende-lo seu proxecto social e político, que consistía, valla a redundancia, na defensa da Igrexa e dun modelo de sociedade afortunadamente xa superado. Constituían a reliquia dun pasado que todos, menos eles, querían esquecer.

Con esta actitude xa se comprende que os distritos representados por Saco nunca recibisen o apoio dos diferentes gobernos, que posiblemente entenderon que apostar por el non era rendible. De aí tamén que Saco colleitase tantos fracasos nas súas pretensións políticas.

A partir de 1873 desapareceu da escena pública. Morreu no ano 1893.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1844-1846	Deputado pola provincia de Lugo (Renuncia)	
Legislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
Legislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Legislatura 1867-1868	Deputado pola sección de Lugo	Lugo
Legislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Charada	Lugo

### SÁENZ MARTÍNEZ, Santiago

Comerciante de Ourense. Na Guerra de Independencia formou parte da Xunta de Defensa de Galicia. Importante investidor en bens desamortizados nos distritos de Cenlle e Cea (Ourense), foi presentado polos moderados nas eleccións de 1836, nas que resultou elixido pola provincia ourensá. Novamente gañou escano nas segundas eleccións de 1836.

Na primeira lexislatura, a de 1836, non participou en ningún debate nin en ningunha comisión. Por iso un cronista contemporáneo escribiu del: "Se ha hecho la cuenta de que en pleito claro no es menester abogado y que en boca cerrada no entran moscas, por eso vota como le parece y no se mete en más".

Pasou gran parte da segunda lexislatura en Ourense. O 23 de febreiro de 1837 comunicou, desde esta cidade, ás Cortes que a súa idade e as enfermidades que tiña lle impedían estar presente. Non obstante, debeu mellorar, porque en xuño de 1837, cando se firmou a Constitución, estivo presente no Congreso.

Morreu o 2 de febreiro de 1858 ós oitenta e oito anos. A prensa dixo del que era "hombre íntegro y de incansable laboriosidad".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1836 (1ª)	Deputado pola provincia de Ourense
Legislatura 1836-1837	Deputado pola provincia de Ourense



### SAGASTA ECHEVARRÍA, Bernardo Mateo

Naceu en Pontevedra o 21 de setembro de 1866. Era fillo de Pedro Mateo Sagasta Escolar (vél.) e de Joana Echeverría, e sobriño de Práxedes Sagasta.

Estudou o bacharelato en Pontevedra, licenciouse en Dereito pola universidade de Santiago e obtivo o título de inxeñeiro agrónomo na Escola do Escorial. Foi director xeral do Instituto Xeográfico e Estadístico e dúas veces subsecretario do ministerio de Facenda. Dirixiu con Sergio Novales a revista *Progreso Agrícola y Pecuario*, sen dúbida, a de maior prestixio en España. Tamén foi director xeral de Correos, etc.

Os seus biógrafos din que gracias á súa mediación e a do seu pai, construíuse a igrexa de Santo Tomás de Caldas, ampliouse á ponte sobre o Umia e abríronse carreteras en Cuntis e Caldas.

Politicamente militou sempre no Partido Liberal e posteriormente nas fraccións demócrata e prietista.

Aínda que os seus biógrafos coinciden en que a súa capacidade intelectual e formación explican a súa carreira, é indubidable que a sombra benéfica do seu apelido o acompañou sempre.

Enfeudouse no distrito de Caldas, ó que representou sen interrupción ningunha dende 1893 ata 1923, é dicir, trinta anos.

Foi numerario da Real Academia de Ciencias Exactas.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito de Caldas	Pontevedra
Lexislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Caldas	Pontevedra
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Caldas	Pontevedra
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Caldas	Pontevedra
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Caldas	Pontevedra
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Caldas	Pontevedra
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Caldas	Pontevedra
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Caldas	Pontevedra
Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Caldas	Pontevedra
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Caldas	Pontevedra
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Caldas	Pontevedra
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Caldas	Pontevedra
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Caldas	Pontevedra
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Caldas	Pontevedra
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Caldas	Pontevedra

## SAGASTA ESCOLAR, Pedro Mateo

Irmán de Práxedes Sagasta, o fundador e líder do Partido Liberal, tivo moita menos resonancia ca este na vida política do país.

Naceu en Torrecilla de Cameros (Logroño) o 22 de febreiro de 1830, cinco anos despois do seu irmán Práxedes. Era fillo de Claudio Sagasta, un vello loitador da liberdade no Trienio e posteriormente perseguido. A súa nai era Esperanza Escolar.



Estudou Enxeñería coma Práxedes e Murcia foi o seu primeiro destino, posteriormente Tarragona e finalmente Cáceres. Estando traballando en Cáceres en 1853, o gobernador civil, como era habitual, encomendoulle que lle axudase nas eleccións dese ano, como funcionario que era do Estado. Negouse e foi trasladado a Huesca. Posteriormente pasou a Palencia para face-la clasificación dos montes, onde estivo cinco anos. En Palencia mobilizou o Partido Progresista, no que xa militaba, e o Goberno trasladouno a Pontevedra.

En Pontevedra seguiu traballando cos progresistas e atopou un contexto moito máis favorable.

Foi elixido deputado nas eleccións de 1869 e posteriormente nas de 1871, polo distrito de Caldas. Non consta que se presentara nas seguintes eleccións e reapareceu en plena Restauración, no ano 1899, para substituír a Perojo Figueras.

Como deputado foi bastante mediocre. Cubría algunhas comisións e nunca falou no Congreso.

O seu fillo, Sagasta Echevarría, colleu o relevo enfeudándose no distrito de Caldas, que seu pai xa representara ocasionalmente.

### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1869-1871	Deputado polo distrito de Pontevedra	
Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Caldas de Reis	Pontevedra
Lexislatura 1886-1891	Deputado polo distrito de Caldas de Reis	Pontevedra (Substitúe a Perojo Figueras no ano 1899)

## SAGRA PERIS, Ramón de la

Ramón de la Sagra foi un sabio dificilmente catalogable que dedicou algúns anos á vida política parlamentaria, non sabemos se porque realmente cría na política como motor do cambio social ou se, máis ben, procuraba na política apoios e recoñecemento para a súa obra científica.

Naceu na cidade da Coruña o 8 de abril de 1798, fillo de Lorenzo Martínez Sagra, empregado público, e de Antonia Rodríguez Peris, que era natural de San Agustín (A Florida,



Estados Unidos de América).

Estudou as primeiras letras no colexio de San Agustín, da Coruña, ensinanza que rematou en 1812. Neste ano matriculouse na Escola de Náutica do Real Consulado da Coruña, onde estudou entre 1812 e 1815.

Pasou logo á Universidade de Santiago, cidade onde estaba destinado seu pai. Fixo algúns cursos nesa universidade e no Real Colexio de Farmacia.

O absolutismo imperante, que restrinxía a vida intelectual dos universitarios, foi combatido en Santiago por un grupo de estudantes que constituíron unha especie de círculo, presidida polo fillo do marqués de Santa Cruz de Ribadulla, e do que formaron parte, entre outros, Casiano del Prado, Ferro Montaos e Ramón de la Sagra. Descubertos pola Inquisición, disolveuse o grupo, e Casiano del Prado e Ferro Montaos foron encarcerados. De la Sagra logrou, sen dúbida por mediación do seu pai, saír indemne.

Consta que no ano 1820 estaba en Madrid, onde fundou un xornal, titulado *El Conservador*, no que tamén escribía e que, segundo parece, era máis revolucionario que conservador.

En 1821 deu un xiro á súa vida cando decidiu acompañalo seu tío materno, Agustín Rodríguez Fernández, á Habana para fundar unha fábrica azucreira. De la Sagra sempre tivo a ilusión de producir azucre e sempre fracasou, tanto nesta primeira experiencia coma nos outros dous intentos que máis adiante faría na cidade de Málaga.

Retornou a España no mesmo ano 1821 e casou no 1822 con Manuela Turnes del Río Maldonado (irmá do poeta Vicente Turnes), que o acompañou sempre ata a súa morte, acaecida en París o 14 de xuño de 1867.

En 1824 volveu á Habana, pero xa co nomeamento de director do Xardín Botánico da Habana e de catedrático de Botánica da Escola Agrícola, dous soldos acumulables que lle permitiron durante anos dedicarse ás investigacións científicas.

Ata 1831 dedicouse a estudar a fauna e flora de Cuba, pero nese ano viaxou ós Estados Unidos, visitou escolas, cárceres, fábricas, campos agrícolas e contactou con outros intelectuais que o introduciron no pensamento do socialista utópico Saint Simon. O resultado foi dar unha viraxe á súa vida, o que o levou a prescindir parcialmente dos estudos científicos da natureza para concentrarse nos estudos da problemática social que producía a penetración do capitalismo.

De aí que decidise ir a Francia, o centro da investigación social de Europa. Nomeado membro correspondente da Academia de Ciencias Sociais e Políticas de París, privilexio que ningún outro español tiña, participou activamente con informes e dictames que pola súa carga utópica non sempre foron ben acollidos naquela institución.

En Madrid, a onde chega en 1837 para exercer de deputado pola Coruña, fundou



varias sociedades filantrópicas.

Para ampliar a súa experiencia científica viaxa a Bélxica, Holanda, Alemaña e novamente a Francia, e mantivo unha activa correspondencia cos científicos da socioloxía que nese intre comezaban a agromar en Europa. Estando en Francia, viviu a revolución de 1848. A súa amizade con Proudhon posiblemente explica a súa expulsión dese país.

La Sagra era un sabio que poñía o seu gran talento en función do seu temperamento, e este era bastante inestable. Da utopía presocialista pasou moi pronto ó conservadorismo máis rancio, polo que moitos admiradores da súa obra acabaron abandonándoo.

A súa obra, recentemente catalogada con gran precisión polo profesor Puy, é inmensa. Iníciase coa *Memoria de las observaciones meteorológicas y físicas hechas en la navegación de La Coruña a La Habana* (A Habana, 1823) e continúa cos trece tomos da *Historia física, política y natural de la Isla de Cuba* (1845-1850). Estudiu o problema dos cárceres en varios países, catalogou ós escritores economistas de España, publicou en francés en castelán o seu polémico libro sobre os *Aforismos*, etc.

Obtivo a primeira representación por Galicia para a lexislatura de 1837 tras presentarse nunha candidatura do Partido Moderado, o que revela a relatividade dos seus compromisos políticos. Poñía por enriba de todo a eficacia do traballo político sen importarlle demasiado as siglas do partido.

Participou en tódolos debates nos que se trataba de Cuba, Porto Rico ou a cuestión social. Expuxo entón as súas ideas, normalmente non compartidas polo Congreso, cunha viveza que revelan un temperamento altivo, moi seguro das súas ideas e pouco hábil para a negociación. Dá a sensación de que o que pretendía non era tanto a posibilidade de construír algo positivo como a de deixar constancia do seu saber. Por iso non tivo parte en ningún grupo político, non adoutrinou a ninguén para que o apoiase, non pretendía construír. Expoñía as súas ideas, rebatía as contrarias e mantiñase á marxe dos resultados. É coma se falase para a historia.

Na sesión do 1 de marzo de 1838, presentou unha solicitude para que o Congreso lle concedese catro meses para ir a Francia coa finalidade de proseguir os seus estudos. O deputado Benavides recordoulle que era un empregado do Estado, que percibía un soldo do mesmo e que a súa obrigaición era permanecer no Congreso. De la Sagra foi defendido por Fontán, que se sentía moi honrado porque o tivera de discípulo en Santiago, e polo galego Vázquez Queipo, que dixo da súa obra que "será un monumento que eternice su gloria y la de su nación". Pero puido observar que non todos participaban de tal entusiasmo, e aínda que obtivo a licencia, no salón escoitáronse comentarios que non lle eran moi favorables como deputado.

Na lexislatura de 1840 mostrouse coma un afervoadado progresista, denunciando a pretensión do Goberno de centralizala a administración municipal: "El Gobierno que usa la metralla contra los pueblos no entiende que defienda la libertad. La metralla se queda para los enemigos", dixo o 26 de abril de 1840. Non é de estrañar que varios deputados (Benavides, Oliván) lle preguntasen de qué parte estaba, se era moderado

(de feito, saíra nas súas listas) ou radical progresista. Non entenderon que De la Sagra nunca se someteu á disciplina dun partido.

Quizais por pronunciamentos coma este, os moderados destituírono en 1845 dos cargos que tiña e polos que cobraba na Habana, pero que non exercía porque había anos que non pasaba por Cuba.

A súa economía sempre foi tamén un pesadelo para el. Destituído unhas veces, restituído outras, fracasados os seus negocios, no ano 1858 vivía en Parías gracias ó Goberno de Uruguay, que o nomeara o seu cónsul xeral.

Os derradeiros anos da súa vida mostran unha certa debilidade ideolóxica. Reconvertido a un catolicismo rancio e hiperpracticante (diciase del que en canto vía a un sacerdote xa lle pedía confesión), morreu en Neuchatel (Suiza) no ano 1871.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1839	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Lugo

## SÁINZ DE VICUÑA, Manuel

O monterismo, como familia política, xa dixemos que foi reproducido polo seu xenro García Prieto quen creou, así mesmo, unha nova célula de poder político que só a Dictadura de Primo de Rivera puido parar, ó suprimi-las eleccións.

García Prieto, aparte de cuñados e sobriños, tiña dous xenros, Carlos Albert e Sáinz de Vicuña, tamén deputados.

Manuel Sáinz de Vicuña ó casar pois, cunha filla de García Prieto, herdou por vía de consorte, o título de marqués de Alhucemas.

Era arquitecto e na vida política non chegou a destacar, quizais porque non houbo tempo para promovelos.

Na lexislatura de 1916 a familia sitúao no distrito de Ponferrada (León) e na de 1918 no distrito "familiar" de Santiago. Posteriormente colócano no distrito de Lalín.

Era conselleiro de administración do Banco Español de Crédito

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra

## SÁINZ GARCÍA, Ramón

Sen relación ningunha con Galicia, á que representou no Senado en dúas lexislaturas.

Naceu en Madrid o 16 de xullo de 1852. Era fillo de Evaristo Sáinz Ezquerro, natural de Fresnedo (Santander) e de Dionisia García Velasco, tamén de Santander. Seus pais eran ricos comerciantes.

Acreditouse economicamente en Madrid e cando entrou na política, era o banqueiro da firma *Casa Sainz e Irmáns*, o que significaba o mellor pasaporte para navegar libremente polo mar da política.

Militou sempre no Partido Conservador e non aceptou cargo político ningún no Goberno, sen dúbida para non entorpece-la súa dedicación financeira.

Foi deputado por Madrid nas lexislaturas de 1898 a 1899, de 1899 a 1901 e de 1901 a 1903.

Logo pasou ó Senado onde representou a provincia da Coruña en dúas lexislaturas. Finalmente representou a provincia de Ávila, tamén no Senado entre 1910 e 1911.



### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1903-1905	Senador pola provincia da Coruña
Lexislatura 1905-1907	Senador pola provincia da Coruña

## SALAMANCA MAYOL, José de (Marqués de Salamanca)

Foi o financeiro máis famoso de España no século XIX, deputado por varios distritos e provincias, aínda que tan só nunha ocasión por Galicia.

Naceu en Málaga no ano 1811. Estudiu Dereito na Universidade de Granada e casou en 1835 con Petronila Livermore, filla dun curtidor inglés afincado en Málaga.

Tivo parte no pronunciamento liberal de Torrijos do ano 1831. Dous anos despois Cea Bermúdez nomeouno alcalde de Monóvar (Alicante) e en 1835 de Vera (Almería).

No ano 1836 foi deputado en Cortes e xa en Madrid, iníciase no mundo dos negocios, asociándose co banqueiro Buschenthal e xa revelando unha asombrosa disposición para os negocios e a especulación en bolsa. No ano 1841 foi enviado polo Goberno Español a Holanda a negociar unha conversión de cupóns que foi o inicio dunha renda consolidada ó 3%. Máis adiante logra os arrendamentos das salinas do



Estado que lle proporcionaron a el grandes beneficios pero tamén ó Estado.

A medida que crecía o seu poder económico, Salamanca convértese no gran protector dos dirixentes políticos (Prim requiriu do seu apoio económico) e mesmo da propia Facenda, á que tivo que adiantar elevadas sumas en situacións extremas para o Estado.

A súa inimizade persoal con Narváez (Salamanca subvencionou varios golpes de Estado para acabar co xeneral) determinou que militara no partido dos puritanos de Pacheco e Pastor Díaz. Foi nomeado ministro de Facenda en 1847, nos gobernos de Pacheco e García Goyena.

España quedoulle pequena e orientou as súas inversións e negocios especulativos cara a Portugal, Francia, os Estados Pontificios, Alemania e mesmo cara ós Estados Unidos de América, lugares onde construíu estradas e liñas ferroviarias.

A súa inmensa fortuna, sen embargo, experimentou diversas quebras das que se recuperou varias veces, pero non ó final. A construción do barrio que leva o seu nome en Madrid parece ser que resultou unha operación frustrada.

Parece ser que rematou arruinado, morrendo en Madrid no seu pazo de Vista Alegre o 21 de xaneiro de 1883.

Foi deputado ou senador por Málaga, Albacete, Alicante, León, Madrid, etc.

Representou na lexislatura de 1853 ó distrito de Ortigueira. As súas múltiples ocupacións impedíronlle ter unha presenza efectiva nesta lexislatura na que a penas aparece no Congreso. Por suposto que non se preocupou o máis mínimo do seu distrito.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1853-1854    Deputado polo distrito de Ortigueira    A Coruña



#### SALGADO LÓPEZ, Antonio

Procedía dunha prominente familia chantadina, fidalga e rendeira, que acrecentou o seu xa considerable patrimonio coa adquisición de bens desamortizados. O profesor Villares documenta a adquisición por parte da familia dos bens do priorado de Vilar de Donas, operación na que investiron 199.000 reais.

Naceu en Monterroso no ano 1849. Era fillo de Manuel Salgado de la Peña e de Jacoba López de Quiroga, dona do Pazo da Laxe en Monterroso.

Estudou Dereito, aínda que non nos consta que exercese de avogado.



Casou con Petra Muro Carvajal, dunha familia de Rianxo.

Só representou a Chantada en dúas lexislaturas, as de 1876 a 1879 e 1879 a 1881.

Como deputado foi unha absoluta nulidade xa que nin formou parte de comisión ningunha nin falou no Congreso. É moi posible que, por algunha razón, estivese ausente do mesmo a maior parte do tempo.

Militou no Partido Conservador. Antes de ser deputado a Cortes representara a Chantada na Deputación Provincial de Lugo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo

### SALTO Y HUELVES, Martín (Marqués de Huelves)

Sen ningunha relación coñecida con Galicia, representou a provincia de Ourense no Senado durante unha lexislatura.

Naceu o 30 de xaneiro de 1849 en Huelves (Cuenca). Era fillo de Ramón Salto, de Tarancón (Cuenca), e de Eusebia Huelves de Rozalén del Monte, tamén de Tarancón, veciños os dous de Huelves.

Estudou Dereito. Casou en primeiras nupcias con Ignacia Bermuy Valdés e en segundas, con Carolina Cortés.

Representou durante tres lexislaturas a Porto Rico. Na lexislatura de 1876 representou o distrito de Aguililla, nas de 1879 o distrito de Vega Baja e na de 1884 o distrito de Río Piedras, os tres, como dixemos en Porto Rico.

Como deputado por Río Piedras, non completou a lexislatura de 1884 porque renunciou en 1885, para ser elixido senador pola provincia de Ourense.

Foi un político moi activo e traballador. Figura como secretario de máis de quince comisións na lexislatura de 1885, o que revela a súa capacidade de traballo nun estamento non caracterizado precisamente pola actividade.

Morreu en Madrid o 20 de xaneiro de 1891.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1884-1886	Senador pola provincia de Ourense (Toma posesión en 1885 despois de renunciar ó distrito de Río Piedras, Porto Rico)
-----------------------	---



### SÁNCHEZ ANIDO, José (Vizconde de San Antonio)

Procedía da fidalguía galega. Pertencía á casa de Santalla (Curtis), da que tamén procedeu no seu día o cóengo Sánchez, fundador da Biblioteca do Consulado da Coruña. Era fillo de Juan Antonio Sánchez e de Isabel Anido.

Estudou Dereito e residiu moitos anos en Madrid. Consta que foi redactor de xornais como *La Democracia*. Foi concelleiro e tenente alcalde do concello de Madrid.

Casou coa filla do tenente xeneral Cándido Pieltain (véx.), Antonia Pieltain Bartolí, vizcondesa de San Antonio, título pontificio.

Militou no Partido Liberal, na facción prietista.

Era sensible ás necesidades que as grandes urbes xeraban. O desarraigo social, o paro, a prostitución e a pobreza procurou racionalizalas dándolles un tratamento que hoxe poderíamos cualificar de sociolóxico. Os valores da filantropía e un talante asistencial presidíu algunhas das súas obras, como *Reforma de la beneficencia domiciliaria*, Madrid 1905, ou *Educación Campesina*, Madrid 1922.

Representou en catro lexislaturas a Galicia, primeiro a Ortigueira e finalmente a Betanzos.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Ortigueira	A Coruña
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña



### SÁNCHEZ BREGUA, José

Está é a breve historia dun fillo do pobo que, pola súa intelixencia, valentía e esforzo, chegou a acadar los máis altos postos na milicia.

Naceu na Coruña o 15 de setembro de 1818 nunha familia pobre. Empezou traballando como mestre en Oleiros, lugar que quedou xa para sempre como referente vital para Sánchez Bregua. Alí coñeceu a Moncha Agra, a súa noiva e logo dona, que parece ser que foi quen o motivou para que deixase a escola e ingresase no Exército. Fíxoo no ano 1836, de soldado raso. Cando rematou a Guerra carlista en 1839, xa ascendera a sarxento. Estivo cinco anos en Filipinas e en 1854 ascendeu a capitán. Participou na guerra de África e ó remate, en 1860, foi ascendido a brigadier. Foi entón cando deciden casar e Moncha Agra, que o agardara durante tantos anos, converteuse na súa esposa.

Desde 1858 O'Donnell, o seu protector, nomeouno oficial da secretaría do Ministerio da Guerra. No ano 1868 foi nomeado xefe do Estado Maior de Andalucía co encargo de sufocar varios focos de rebelión, o que lle possibilitou o ascenso a Mariscal de Campo.

En 1870 foi designado capitán xeral de Galicia, cargo que chegou a ocupar en cinco ocasións: 1870 a 1873, 1875, 1879, 1881 a 1884 e 1886 a 1890.

No ano 1873, xa tenente xeneral, foi nomeado xeneral en xefe do Exército do Norte en guerra contra os carlistas e neste mesmo ano ministro da Guerra, na derradeira fase da I República e baixo a presidencia de Castelar.

Foi, ademais, subsecretario de Guerra, xefe do Estado Maior de dous exércitos en campaña, ministro de Mariña interino en 1873, conselleiro de Estado, etc.

Xa retirado, reaccionou con valentía cando o Goberno pretendeu trasladala sede da Capitanía Xeral de Galicia para Castela.

Gozaba Sánchez Bregua dunha enorme popularidade na Coruña e en toda Galicia porque, pese a tan importantes postos conseguidos co seu esforzo, seguía mantendo humildade, falando en galego cos paisanos de Oleiros, facendo favores e prestando servicios á xente. Se algunha vez deixara de ser do pobo, agora, retirado volvía ós seus.

Por iso cando morreu o 19 de xuño de 1897, na Coruña, e o seu cadaleito foi trasladado ata o camposanto de Oleiros, por vontade expresa súa. A cidade acompañouno pechando o comercio nun día de loito oficial.

Aquel Pepiño de Oleiros, volvía á terra cos *entorchados* de xeneral, con centos de condecoracións gañadas nas batallas pero sobre todo, volvía co afecto dos coruñeses.

Cunha biografía así, tan chea e repleta, xa se comprende que a actividade parlamentaria fose para el algo secundario. Estamos case seguros que foi forzado polos amigos.

Foi deputado por vez primeira na lexislatura de 1869 a 1871, representando a Huesca e substituíndo a Emilio Jimeno Martín.

Logo foi senador por Lugo e A Coruña e no ano 1881, foi designado senador vitalicio.

Como senador, representante de Galicia, desenvolveu certa actividade nas comisións. Foi secretario da comisión de Ascensos no exército, membro da do Exército permanente, presidente da de Dereitos pasivos para os militares, presidente da de Estradas de Mondoñedo-Ribadeo-Valadouro-Foz, e de Mondariz a Ponteareas, etc.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1877-1879	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1879-1880	Senador pola provincia da Coruña
Lexislatura 1881	Senador vitalicio



### SÁNCHEZ BUSTILLO, Cayetano

Foi un gran facendista de orixe asturiana, escasamente dotado para falar en público e que representou a Galicia en dúas lexislaturas.

Sabemos que naceu en Llanes (Asturias). Estudiu Dereito e exerceu algún tempo de avogado.

Iniciou a súa carreira política como funcionario do Ministerio de Facenda, recorrendo logo ó habitual traxecto do funcionariado.

Foi subsecretario do Ministerio de Facenda, gobernador do Banco de España, presidente da Unión Tabacalera, subgobernador do Banco Hipotecario, alcalde de Madrid, só un mes, e ministro de Ultramar en 1881, substituíndo a Elduayen. Foi tamén conselleiro de Estado en 1905.

Iniciou a súa andaina parlamentaria como deputado representando os distritos de Caldas, de 1876 a 1879, e da Caniza entre 1879 e 1881. Posteriormente foi deputado por Villanueva de los Infantes (Ciudad Real) entre 1884 e 1886, senador pola provincia de Oviedo en 1886 e de 1891 a 1893, e finalmente, foi nomeado senador vitalicio no ano 1896.

Representando a Galicia foi un deputado que só falou na súa etapa de Ministro de Ultramar e para responder a cuestións do seu ministerio. Traballou algo en comisións formando parte da da Concesión de grandezas de España, Beneméritos da Patria, da que foi secretario, Pagos de censos, Abolición da escravitude en Cuba e foi presidente da de Presupostos en Cuba.

Morreu en Madrid o 19 de setembro de 1908.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1879

Deputado polo distrito de Caldas

Pontevedra

Lexislatura 1879-1881

Deputado polo distrito da Caniza

Pontevedra

### SÁNCHEZ DE MOLINA BLANCO, José

A súa relación con Galicia procede do feito de estar destinado en Ponteareas (Pontevedra) como rexistrador da propiedade. En 1877 xa abandonara Galicia e traballaba de rexistrador en Villajoyosa (Alacant). Outro irmán seu, Manuel Sánchez de Molina, era tamén rexistrador da propiedade en Siles, provincia de Xaén.

Representou a Galicia só nunha lexislatura, a de 1867 a 1868.

Formou parte da Comisión de Actas e non participou en ningún debate.



Polo xornal *La Época* (4 de febreiro de 1871), sabemos que publicaba en cadernos a obra *Derecho Civil Español*, en forma de Código. No mesmo xornal anunciábase o 28 de febreiro de 1871 a aparición do terceiro dos cadernos.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1867-1868    Deputado pola sección de Santiago    A Coruña

### SÁNCHEZ FREIRE, Benito

Fillo de Benito Sánchez Barallobre e de Ventura Freire, señores do pazo de Golmar (San Andrés de Roade, Sobrado).

Casou con Elisa Varela Langa, herdeira do pazo de Furelos (San Xoán de Furelos, Melide).

Mentres don Benito, como primoxénito, foi o vinculeiro das dúas casas de Golmar e Furelos, o seu irmán Timoteo Sánchez Freire, segundón, estudará na Universidade Medicina. Foi catedrático de Cirurxía e un dos cirurxáns máis reputados de Galicia no seu tempo.

Estudiando á familia Sánchez decátase, de seguida, o historiador de que hai valores e actitudes que se transmiten duns a outros como formando parte da súa xenética.

Xa Pedro Antonio Sánchez Vaamonde, ascendente desta familia, e un dos ilustrados máis notables de Galicia doou a súa magnífica Biblioteca ó Real Consulado da Coruña. Agora, a finais do século XIX, Timoteo Sánchez Freire, o catedrático da Universidade e unha irmá que vivía con el, doan os seus bens, (por careceren de fillos) ó Manicomio de Conxo (do que Timoteo foi director) e a obras benéficas.

Dous fillos do noso protagonista, Ricardo Sánchez Varela, sacerdote, testou a favor do Asilo de Anciáns de Pontedeume, do que fora capelán e a súa irmá Purificación deixou tamén un importante legado á Biblioteca do Consulado en memoria de ser fundada polo seu tío bisavó Pedro Antonio Sánchez.

Ademais destas virtudes de xenerosidade social propias da familia Sánchez, permaneceu na familia a fidelidade á causa, é dicir, ó carlismo. No século XIX, como xa temos demostrado nun dos nosos libros, a comarca do triángulo Sobrado, Melide, Arzúa, foi un dos focos máis vivos e operantes do carlismo galego, precisamente porque a súa clase dirixente, os fidalgos, eran carlistas e apoiaron a causa coas súas facendas e mesmo coa vida.

A familia dos Sánchez, e parece ser que a dos Varela era profundamente carlista. Isto explica que Benito Sánchez Freire decidira presentar por unha vez a súa candidatura polo partido carlista, obtendo o escano polo distrito de Arzúa.

Comprende axiña que o seu sacrificio (porque no seu caso foi un sacrificio pre-

sentarse) resultaba inútil, de maneira que nin participou activamente naquelas Cortes nin seguramente pensou en volver presentarse. Os seus estaban xa preparando outra estratexia, a da loita armada, que se inicia ó día seguinte de recibir de Carlos VII o mandato: "Ordeno y mando que el 21 del corriente (el de abril de 1872) se haga el alzamiento en toda España a grito de ¡Abajo el extranjero! ¡Viva Carlos VII!"

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1871-1872

Deputado polo distrito de Arzúa

A Coruña



#### SÁNCHEZ GUARDAMINO, Manuel

Naceu en Lugo o 13 de xaneiro de 1830, fillo de Cipriano Sánchez Guardamino e de María Dolores Sánchez. O seu pai procedía do Val de Carranza (Biscaia) e viñera a Lugo por motivos empresariais. A súa nai procedía da mesma cidade de Lugo.

Estudou o bacharelato en Lugo e no ano 1845 iniciou os estudos de Dereito, ou Xurisprudencia, como entón se chamaba, na Universidade de Santiago. Unha vez aprobado o primeiro curso, trasladou a matrícula á Universidade de Madrid, onde estudou tres cursos mais. No sexto curso retornou á Universidade de Santiago, onde concluíu Dereito en 1852.

Durante a súa estancia en Madrid pertenceu á *Tertulia Progresista* e no ano 1849, sendo estudante, foi membro da sociedade *La Joven España* á que pertencían Martos, Manuel Becerra e outros destacados militantes do progresismo radical, que empezaba a orientarse cara ó republicanismo.

Concluídos os estudos, volveu a Lugo e traballou nos negocios do pai. Este era no ano 1848 e máximo contribuínte da provincia de Lugo, seguido polos condes de Fontao, Campomanes e o marqués de Castelar. Seu pai, ademais de recadador de rendas provinciais, era comerciante maiorista. Politicamente o pai debía militar no liberalismo progresista, se algo lle quedaba do fervor progresista dos anos mozos, porque no Trienio fora concelleiro de Concello de Lugo.

Só representou a Galicia nunha lexislatura, a de 1869 a 1871. A súa fama de progresista seguramente explica que fose presentado por esta provincia unha vez que triunfou o levantamento de 1868.

No Congreso a súa participación foi nula. Formou parte de dúas comisións, unha delas a de Presupostos, pero non falou nunca. Só presentou algunhas peticións ou exposicións da provincia. Firmou a proclama do 30 de maio de 1870, apoiando que Espartero fora coroado Rei de España.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1869-1871

Deputado pola provincia de Lugo

**SÁNCHEZ SÁNCHEZ, Pedro**

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1873-1874    Deputado polo distrito de Monforte    Lugo

**SÁNCHEZ BASADRE, Eliseo**

Foi elixido deputado polo distrito da Coruña nas primeiras eleccións da Restauración en 1876. Sen embargo, tivo que dimitir de seguida porque foi ascendido a capitán de navío de primeira clase e a xefe da Sección Marítimo-Industrial do Ministerio de Guerra. Ante a necesidade de ter que someterse a unhas novas eleccións decidiu dimitir. O seu posto foi ocupado por Aquilino Herce.

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1879    Deputado polo distrito da Coruña (Dimitiu o 5 de abril de 1876)

**SANGRO Y RUEDA, Melchor (Conde de Almina)**

Naceu na cidade da Coruña o 6 de maio de 1841. Era fillo de Francisco Sangro y Páramo e de Manuela Rueda Esteban, de Madrid. Procedía, por conseguinte, dunha familia fidalga que posuía os pazos de Calobre (Miño, A Coruña), do Piñeiro (Caamouco, Ares, A Coruña) e de Vilasuso (Sumio, Carral, A Coruña).

Casou Melchor con María Antonia Ros de Olano, que achegou ó matrimonio o título de condesa da Almina e máis tarde o de marquesa de Guad-el-Jelú coa grandeza de España, herdo de seu pai o xeneral Ros de Olano.



O fillo deste matrimonio, Pedro Sangro y Ros de Olano, foi ministro e ilustre sociólogo.

Melchor Sangro estudou Dereito nas universidades de Santiago e Central de Madrid e licenciouse en 1865. Foi avogado do Colexio de Madrid.

Debeu participar na conxura antidinástica porque consta que no ano 1866 estaba desterrado e que retornou en 1868.

Durante o chamado período revolucionario exerceu como ministro plenipotenciario en Suíza e previamente estivo como encargado de Negocios en Austria, Italia e Prusia. En 1872 estaba en Madrid como segundo introductor de Embaixadores. Foi secretario do Senado en 1894 e conselleiro de Estado na sección de Ultramar en 1894.

Así mesmo, foi nomeado en dúas ocasións subsecretario do Ministerio de Estado. Formou parte do Partido Progresista e desde a Restauración, no Partido Constitucional e Liberal.

Na Restauración deixou a representación no Congreso e pasou ó Senado, representando a provincia de Pontevedra desde 1877 a 1879 e posteriormente, xa como senador vitalicio, de 1879 a 1880 e de 1881 a 1882. Morreu en Madrid o 30 de xaneiro de 1909.

Como deputado temos que dicir que practicamente nin participou en comisión nin falou, ocupado posiblemente en encargos e representacións diplomáticas polo Goberno. Como senador, na lexislatura de 1877 a 1879, foi presidente e secretario de varias comisións, como as dos ferrocarrís Ourense-Tui; Ourense-Vigo; Redondela-Pontevedra; Ferrol-Betanzos.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1866-1867	Deputado pola sección de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1872 (1ª)	Deputado polo distrito de Carrai	A Coruña
Lexislatura 1872 (3ª)	Deputado polo distrito de Corcubión	A Coruña
Lexislatura 1877-1878	Senador pola provincia de Pontevedra	

## SANJURJO, Joaquín

Non chegou realmente a ser deputado, por iso só ofrecemos algúns datos.

No ano 1838 exercía de xuíz de Vilalba (Lugo) e no 1840 aparece como gobernador de Lugo, destituído o 1 de setembro de 1840 ó triunfa-lo golpe de estado espartarista.

Presentouse no ano 1853 ás eleccións por Ribadeo contra Pasaron y Lastra. A Xunta Electoral proclamouno deputado, pero a Comisión de Actas, presidida por Ferreira Caamaño e argumentando graves irregularidades, declarou nula a súa acta na sesión do 13 de marzo de 1853. Sanjurjo que xa estaba no Congreso, aínda que non prestara xuramento, volveu presenta-la acta o 2 de decembro de 1853, sobre a que se discutiu o 5 de decembro de 1853. Participou no debate o propio Sanjurjo, que recoñeceu que era a primeira vez que falaba no Congreso. A acta foi declarada nula por sesenta e tres votos contra dezanove. Por iso non chegou a tomar posesión.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
	(Declarada nula, non tomou posesión de escano)	



**SANJURJO NEIRA Y PARDIÑAS, Ramón****(Marqués de Casa Pardiñas)**

Cando Modesto Sánchez de los Santos tivo que elabora-la biografía deste deputado para o seu magnífico libro *Las Cortes Españolas*: las de 1910, debeu atoparse nun tronso parecido ó noso, ante a vacuidade da vida deste deputado. Por iso Modesto Sánchez de los Santos escribiu del cousas tan peculiares como as seguintes: "Aunque es Licenciado en Derecho, no ejerce la carrera, como no sea gratuitamente y en provecho de sus electores. Aparte las que le proporcione la administración de sus rentas, la ocupación que más tiempo le lleva es la de atender a las necesidades del distrito que representa en Cortes". Difícilmente se pode expresar mellor a inutilidade dunha vida, ben afianzada economicamente, e na que a representación política só era un motivo para pasa-lo tempo.

Naceu en 1866 en Santiago, cidade na que seu pai, Ramón Sanjurjo Pardiñas (véx.), fora alcalde. Era pois, fillo de Ramón Sanjurjo e de Sofía Neira Flórez, que lle proporcionaron un enorme caudal de rendas e mesmo un título nobiliario, o de marqués de Casa Pardiñas.

Era propietario dos pazos, terras e rendas anexas de Carrabete (Serantes, Laxe, A Coruña), de Cereo Vello (Cereoí, Coristanco, A Coruña), de Corbelle (Santa María dos Ánxeles, Melide, A Coruña) e do pazo de Macenda (San Pedro de Crendes, Abegondo, A Coruña).

Aínda que as rendas se foron minorando, é indubidable que a súa propiedade rústica era considerable. Dela viviu sempre.

Tardou en entrar na política e, en certa maneira, nunca exerceu coma un político tradicional. Máis dedicado a gozar da vida e á administración dos seus bens cá loita política, cumpriu sinxelamente coas tarefas de representación, en certa maneira obrigado.

Conseguiu a súa primeira acta en 1901 por Corcubión, que xa seu pai representara. Foi deputado dese distrito ata 1907 e a partir dese ano, por Arzúa, ata 1919.

A súa participación no Congreso foi escasa e pouco relevante.

Foi gobernador civil en varias ocasións e alcalde de Santiago.

Herdou o título de marqués de Casa Pardiñas e morreu sen sucesión.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Legislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Corcubión	A Coruña
Legislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Corcubión	A Coruña
Legislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Corcubión	A Coruña
Legislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
Legislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña
Legislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Arzúa	A Coruña



## SANJURJO PARDIÑAS VILLARDEFrancOS, Ramón (Marqués de Casa Pardiñas)

Naceu en Crendes (Betanzos) o 22 de setembro de 1834. Era fillo do tenente coronel Agustín Sanjurjo Montenegro, señor das casas de Macenda (Crendes, Betanzos), Cutián, Serantes, etc., e de María Ascensión Pardiñas de Villardefrancos, irmá e herdeira do xeneral Pardiñas Villardefrancos (véx.), un dos heroes liberais. Deuse a circunstancia pouco frecuente de cambiar de nome na confirmación. O seu nome de bautizo foi Vicente Agustín pero cando se confirmou, o 19 de maio de 1844, "se le mudó el nombre de Vicente en Ramón", cambio que, posiblemente fixo en memoria do seu tío Ramón Pardiñas, morto na guerra, e do que o noso protagonista foi herdeiro.

Estudou Leis, que rematou en Santiago en 1856. Foi deputado provincial da provincia da Coruña e, entre outros pazos e bens, herdou da nai o pazo de Corbelle (Melide).

Casou con Sofía Neira Flórez, filla de Ramón Neira de La Torre, representante da fidalguía galega como señor que era dos Pazos de Vista Alegre do Ulla, Brandeso, O Pino, Saa, Ribadeza e Remesil, e da compostelá María Flórez y de Andrés García, da alta burguesía.

No ano 1890 a Monarquía concedeulle o título de marqués de Casa Pardiñas, tanto polos méritos contraídos por Ramón Pardiñas, o xeneral liberal que morreu en campaña contra as tropas de Cabrera, como polos propios méritos dos Sanjurjo Pardiñas.

Politicamente a penas destacou. Foi deputado a Cortes, por vez primeira, na lexislatura de 1865 a 1866 e posteriormente, noutras dúas ocasións, polo distrito de Corcubión. Coa chegada da Primeira República, retirouse da política activa ata 1876 en que, novamente, obtivo a representación por Corcubión.

Como deputado a súa actuación foi escasa xa que nin se pronunciou nos temas importantes nin nos menores. Non consta que presentara peticións e solicitudes do seu distrito, que polo xeral era o que facían os deputados mudos, nin formou parte de comisións, polo menos en dúas das lexislaturas nas que estivo presente. Máis aínda, na última lexislatura, a de 1876 a 1878, consta que non asistiu ás sesións, polo menos durante 1878.

### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1865-1866	Sección Pontevedra	Pontevedra
Lexislatura 1871-1872	Distrito de Corcubión	A Coruña
Lexislatura 1872-1873	Distrito de Corcubión	A Coruña
Lexislatura 1876-1878	Distrito de Corcubión	A Coruña

**SANJURJO PÉREZ, Manuel**

Na documentación universitaria aparece que era natural de Tui e que despois de estudar no seminario de Ourense tres cursos (desde 1827 a 1830), ingresou na Universidade de Santiago para estudar Medicina. No ano 1834 graduouse de bacharel en Medicina, pero non consta que continuase os estudos nesta universidade.

Cando estudiaba na Universidade de Santiago xa era veciño da cidade da Coruña porque os certificados de boa conducta relixiosa e política que se precisaban para matricularse aparecen firmados polo párroco de San Nicolás e polo gobernador desa cidade.

Só foi deputado en dúas lexislaturas.

No ano 1853, co apoio do seu irmán Pedro Sanjurjo Pérez (véx.), presentouse polo distrito de Ordes (A Coruña), tendo como contrincantes a Fernando Calderón Collantes e a Antonio Romero Ortiz. Gañou a acta Sanjurjo Pérez e os amaños electorais foron denunciados na discusión de actas nas Cortes (sesión do 17 de marzo de 1853) por Madoz. Denunciou este a participación como intermediario electoral de Andrés Ramos, excarlita e entón ó servizo dos Sanjurjo Pérez. Denunciou así mesmo que no día das eleccións, Manuel Sanjurjo se atopaba no andar superior da casa na que os electores tiñan que deposita-lo voto, e desde alí controlaba a situación, indicando quen debía votar ou non. Denunciou tamén o feito escandaloso que de que o seu irmán Pedro Sanjurjo Pérez formase parte da Comisión de Actas, que non atopou nada reprochable na acta de Manuel. Concluía Madoz que "el agua ministerial lo va lavando todo".

Non falou nunca no Parlamento. Na lexislatura de 1853 foi membro da Comisión de Presupostos, e na de 1867 foino das de Presupostos, Goberno Interior e Reforma da Lei de Minas.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Ponteareas	Pontevedra
Lexislatura 1867-1868	Deputado pola sección de Coruña	A Coruña

**SANJURJO PÉREZ, Pedro (Conde de Torre Penela)**

Naceu, segundo parece, en Ourense o 14 de febreiro de 1812.

Estudou Dereito. Dedicado á carreira xudicial, consta que no ano 1836 era xuíz de Lugo. Unha alocución sobre as eleccións que se ían celebrar nese ano móstrao como interesado pola política, á que se dedicará desde 1839, pero sen renunciar á carreira xudicial.

Os importantes investimentos que fixo en rendas desamortizadas explican a súa conexión con Valdeorras. Aquí comprou terras do priorado de Santurxo e casa e terras

en Arnado. De aí tamén o seu matrimonio con Clotilde Flórez Quiroga, de Valdeorras, coa que tivo tres fillos.

Tiña así mesmo importantes propiedades na comarca de Carballo (era o primeiro contribuínte deste concello) e na cidade da Coruña.

Do Partido Moderado, sufriu as destitucións cando os progresistas estaban no poder e, polo contrario, beneficiouse de importantes ascensos durante os gobernos moderados. Así sabemos que no ano 1841 debía estar cesante porque traballaba como avogado libre na cidade da Coruña. Sen embargo, no ano 1849 era oidor da Real Audiencia da Habana e en 1869 consta que era maxistrado decano da Audiencia de Manila.

Durante a guerra carlista, Sanjurjo Pérez prestou importantes servizos á causa de Isabel II. O capitán xeneral Jerónimo Valdés utilizou os seus servizos de xuíz na voluminosa causa aberta contra os dirixentes da facción de Ramos. Detido o fillo do líder Andrés Ramos, veciño de Aiazo (Ordes), Sanjurjo Pérez interveu prometéndolle o indulto se declaraba e puntualizaba cáles eran os membros da facción e onde se atopaban. Andrés Ramos confesou con todo detalle e iso salvoulle a vida, pero a partida foi desmantelada ó pouco tempo.

Este Andrés Ramos, reintegrado na vida social, será posteriormente utilizado por Pedro Sanjurjo para lograr que o seu irmán Manuel Sanjurjo Pérez (véx.) obtivese a acta de deputado por Ordes no ano 1853.

Representou a Galicia en nove lexislaturas, sempre pola provincia de Ourense.

No Congreso foi un deputado discreto, con escasas participacións nos debates. Militou sempre cos moderados ata 1857, data na que parece integrado no grupo neocatólico de Nocedal.

Na lexislatura de 1853 (sesión do 17 de marzo de 1853) tivo que defenderse das duras acusacións que lle fixo Madoz pola súa actuación para que seu irmán Manuel saíse deputado por Ordes.

Na discusión, en maio de 1857, do proxecto de lei Moyano sobre a reforma educativa, votou en contra, situándose ó lado dos neocatólicos de Nocedal, que interpretaban que a lei era moi desfavorable ós intereses e dereitos da Igrexa.

Morreu na Coruña no ano 1879.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Bande	Ourense
Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Bande	Ourense
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Barco	Ourense
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Barco	Ourense
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Barco	Ourense



**SANTANA LÓPEZ, Enrique**

Sen vinculación ningunha con Galicia representou nunha lexislatura o distrito de Valdeorras porque así o dispuxo Manuel Quiroga Vázquez, o líder conservador.

Naceu en Zamora no ano 1839. Estudiu Dereito na Universidade de Valladolid, onde obtivo o grado de licenciado en 1866.

Ingresou como funcionario no Ministerio de Gracia e Xustiza. Como tal funcionario gozou dun gran prestixio "por su rectitud e intelixencia" di un dos cronistas da súa biografía.

Só foi deputado en dúas ocasións, no ano 1881 representou o distrito de Salas de los Infantes (Burgos) e na lexislatura de 1886 a 1890 para Valdeorras.

As eleccións celebradas no distrito de Valdeorras foron bastante escandalosas. Empeñárase Manuel Quiroga Vázquez (véx), que deixaba o distrito de Valdeorras para pasar ó Senado, en taponalo liberal Alfonso Flórez de Losada Quiroga e para iso, importou para o distrito este candidato *cunero*, que ninguén coñecía. Foron denunciadas as fraudes: a intervención do gobernador, da garda civil e ata do clero, todos eles incondicionais de Quiroga Vázquez. Nas denuncias aparecidas na prensa con motivo desta elección, dise que "en la sección de Pradolongo no se ha permitido votar a los electores de la candidatura del Sr. Flórez... En la Vega se presentó el señor juez de instrucción, con fuerza de la guardia civil apoyando la candidatura del Sr. Santana". Noutro xornal dise que "el cura párroco de Petín, que por lo visto se consagra más a las cuestiones políticas que a las espirituales, se niega a echar la absolución a los feligreses que se acercan al tribunal de la penitencia después de haberse aproximado a las urnas para votar la candidatura de nuestro querido amigo D. Alfonso Flórez". Cómpre ter en conta que os dous xornais dos que tomamos estas denuncias, *El Correo Gallego* e *Gaceta de Galicia*, eran contrarios a Santana. Con tantos apoios e amaños Santana foi o elixido.

Como deputado nada temos qué salientar.

Morreu solteiro.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1886-1890    Deputado polo distrito de Valdeorras    Ourense

**SANTIAGO MORENO, Leonardo de**

Non naceu en Galicia pero si o fixeran os seus antepasados. Estudiu Dereito e ingresou na milicia. No ano 1857 era coronel de Estado Maior, destinado na cidade da Coruña como xefe de Estado Maior da Capitania Xeral de Galicia.

Representou por vez primeira a Galicia na lexislatura de 1846 a 1850, polo distrito de Betanzos. En realidade o primeiro elixido fora Saturnino Calderón y Collantes, que tamén saíra elixido por Celanova e optara por este último distrito. Isto propiciou a elección de Facundo Infante, ex-ministro e militar, que accedeu ó distrito en 1847. Nomeado

o 14 de abril de 1848 tenente xeneral con mando en praza, dimitiu en 1849. Nunha terceira elección foi elixido Santiago Moreno, que tomou posesión da acta o 21 de decembro de 1849. Se temos en conta que a lexislatura quedou suspendida o 18 de febreiro de 1850, xa se comprende que o noso protagonista case non tivo tempo de participar. De feito, non formou parte de ningunha comisión nin interveu nunca.

Resultou novamente elixido en 1850.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Betanzos (Só desde o 21 de decembro de 1849)	A Coruña
Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña



#### ===== SANTOS Y FERNÁNDEZ LAZA, José de

**N**aceu en Valladolid o 3 de febreiro de 1855. Estudiu Dereito na Universidade da súa cidade de orixe e o doutorado en Madrid.

Iniciouse politicamente baixo a protección de Germán Gamazo e militou no Partido Liberal.

Cando só tiña vintetrés anos, os seus protectores lograron que o nomeasen secretario do Goberno Civil de Tarragona.

Cando morreu Gamazo non tivo dúbida ningunha en pasarse a Maura.

Foi conselleiro do Banco de España, conselleiro da empresa do Canal de Isabel II, e da Comisión Permanente de pesos e medidas. Era persoa economicamente ben situada.

Coñécese del unha obra, *Comentario a la ley de reclutamiento y reemplazo del ejército de 1878*.

Iniciouse no Congreso como deputado dun distrito de Porto Rico na lexislatura de 1893 a 1895. No ano 1903 foi senador pola provincia de Palencia. A partir de 1907 representou no Senado as provincias de Ourense e Pontevedra.

Foi bastante activo no Senado. Na lexislatura de 1907 foi secretario da comisión da estrada Pontevedra-O Grove e da de Saneamento da cidade de Vitoria. Na de 1914 foi secretario da comisión da Reforma da lei do xurado e da Reforma do Código Penal.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1907-1910	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1910-1914	Senador pola provincia de Ourense
Lexislatura 1914-1915	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1916-1917	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1918-1919	Senador pola provincia de Pontevedra
Lexislatura 1919-1920	Senador pola provincia de Pontevedra

**SANZ DE SOTO, Laureano**

Naceu en Tui o 4 de xullo de 1793. Era fillo de José Sanz Hermosilla, que era comandante de Inválidos e xuíz ordinario de Tui, e de María de Soto y Cardigondi, da Coruña.



Ingresou no Exército, no que foi ascendendo ata chegar a tenente xeneral. Ademais de diversos cargos, como secretario do Ministerio de Estado e director xeral dos Corpos de Estado Maior, foi ministro de Guerra nun goberno presidido por Istúriz, entre o 5 de abril de 1846 e o 28 de xaneiro de 1847. Tivo, por conseguinte, que facer fronte ó levantamento de Galicia do ano 1846 e inicia-la represión e depuración contra os sublevados.

É coma se o destino o quixese colocar sempre ante a subversión galega. Debemos ter en conta que, sendo capitán xeneral de Galicia, no ano 1839 tocoulle vivi-lo derradeiro episodio da Guerra Carlista. Concluída a guerra en España o 29 de agosto de 1839 co chamado Abrazo de Vergara, os xefes militares galegos resistíronse a aceptar un armisticio. En comunicacións secretas entre Sanz e Martínez Villaverde (presidente da Xunta Carlista de Galicia), o capitán xeneral envioulle as bases do armisticio: conclusión inmediata da guerra, sometemento dos carlistas a Isabel II, seguridade para tódolos guerrilleiros, sobreesemento de tódalas causas abertas e posibilidade de que a oficialidade carlista fose incorporada ó Exército nacional.

Martínez Villaverde respostou a Sanz o 28 de outubro de 1839 que os xefes militares se negaban a someterse e que mesmo a súa vida estaba en perigo se mantiña contactos con Sanz.

No ano 1840, sendo aínda capitán xeneral, tivo lugar o pronunciamento progresista contra o Goberno. Sanz recorreu á represión e tivo que habilitar conventos e mosteiros para os presos. Sen embargo, vendo que o levantamento fora seguido nos cuarteis, viuse na obriga de dimitir o 16 de setembro de 1840 e fuxir para non ser detido polos rebeldes, que o acusaban de exercer unha excesiva represión.

En 1846 tivo que enfrontarse de novo cunha sublevación en Galicia, sublevación que fracasou, polo que foi moi felicitado e valorado.

Representou a Galicia no Senado só na lexislatura de 1844 a 1845. Sen embargo, e pola súa condición de ministro de Guerra, tivo no ano 1846 unha intensa participación no Congreso, demostrando un dominio dos asuntos militares e da situación política.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1843-1844	Senador pola provincia de Ourense
Lexislatura 1845-1846	Senador vitalicio



### SANZ FORÉS, Francisco (Bispo de Oviedo)

Naceu en Gandía (Valencia) no ano 1828. Estudiu a carreira sacerdotal no seminario de Valencia. Graduouse como doutor en Teoloxía e en Canons.

Catedrático de Canons no seminario, foi vicario xeral da diocese de Tortosa. Foi bispo de Oviedo e no 1881 foi nomeado arcebispo de Valladolid. Posteriormente, en 1889, pasou á arquidiocese de Sevilla como arcebispo e por último foi cardeal en 1893.

Morreu no ano 1895.

Elixido representante da provincia eclesiástica de Santiago, metrópole á que pertencía Oviedo, para a lexislatura de 1876 a 1879, consta, sen embargo, no Arquivo do Senado, que non chegou a tomar posesión.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1879	Representa á provincia eclesiástica de Santiago (Non tomou posesión)
-----------------------	---

### SANZ POSE, Salustiano (Marqués de San Juan de Puerto Rico)

Naceu en Alcalá no ano 1822. Fixo a carreira militar no corpo de enxeñeiros. No ano 1867 e nas Cortes confesou que levaba 23 anos de servicio no primeiro Rexemento de Enxeñeiros, alcanzando o grado de coronel.

Integrouse na vida política, alcanzando o posto de director xeral de Telégrafos en 1867.

Resultou elixido pola provincia de Pontevedra nas eleccións de 1864 e 1867.

Como deputado formou parte da comisión de Actas e da sección quinta. Só falou nunha ocasión, na sesión do 30 de abril de 1867, cando se discutiu a Lei de recrutamentos.

Foi senador vitalicio na lexislatura de 1881 a 1882. Consta tamén que representou a Porto Rico, durante a Restauración, antes da perda da Illa.

Morreu en Madrid en 1898.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Pontevedra
Lexislatura 1867-1868	Deputado pola sección de Pontevedra



**SANZ RIOBÓ, Francisco**

Naceu na Coruña o 8 de decembro de 1836. Parece ser que era de familia máis ben humilde porque só puido realiza-los estudos primarios, non podendo estudar na Universidade por falta de recursos.

Afortunadamente para el, decidiuse a entrar na vida comercial e cando só tiña vinte anos, estaba á fronte dunha importante casa de banca da cidade da Coruña.

Militou no progresismo esparterista e participou en varias revoltas populares co progresismo coruñés.

Arredor de 1858 decidiu deixa-la banca e cos aforros que tiña, uns 50.000 reais, marchou a Lugo para facerse contratista de obras públicas.

Nesta cidade seguiu enfrontándose ó Partido Moderado, xa desde as filas da Unión Liberal.

A súa posición económica, cada vez máis importante, non apagou a súa instintiva rebeldía política. Participou de forma moi activa e perigosa para a súa seguridade na conxura contra a Monarquía e que rematou en setembro de 1868. El era intermediario da correspondencia enviada desde o estranxeiro ás células da conspiración. Estivo por iso en permanente contacto con Augusto Ulloa (véx.) e o Xeneral Zavala, dous líderes da conxura.

Formou parte da Xunta Revolucionaria creada en Lugo. Triunfante o alzamento, Sanz resultou elixido deputado provincial en Lugo e no ano 1872, resultou elixido polo distrito de Viveiro.

Xa nas Cortes, Sanz Riobó pasou a apoiar a solución monárquica representada por Amadeo de Savoia e sostivo duras batallas dialécticas contra os republicanos, precisamente para defende-la súa acta de deputado.

Amadeo de Savoia agraciouno coa Gran Cruz de Isabel a Católica e previamente, xa recibira a Encomenda de Carlos III.

Desde 1872 residiu en Madrid, onde se dedicou ós negocios de obras públicas e da banca e foi nomeado presidente da Asociación Xeral de Contratistas de España.

Foi deputado de novo por Viveiro en dúas lexislaturas máis.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1872	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
Lexislatura 1881-1883	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
Lexislatura 1886-1890	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo

---

---

**SARAVIA ABREU, Fernando**

Militar do corpo de Artilería, xa participou na Guerra de Independencia. Casou no ano 1826 con María Luisa Pardo Osorio, de Camporredondo (Pontevedra), cando xa era coronel de Artilería.

Participou en febreiro de 1820 no levantamento contra o réxime absolutista. Por iso foi nomeado alcalde de Pontevedra e comandante militar da praza.

Retirado do Exército como coronel e instalado en Pontevedra, foi un importante ren-deiro e prestamista especulador, que percibía rendas en Pontevedra, Caldas, Cambados e Cangas.

Foi elixido deputado en 1821. Nas Cortes do Trienio a súa participación foi escasa. O 9 de marzo de 1822 cedeu a favor do Estado un crédito por valor de 2.620 reais. Na sesión do 15 de marzo de 1822 opúxose, con Núñez Falcón, a que se gratificase a José María Puente pola xefatura política que tivera en Galicia. Non volveu a pronunciarse nunca máis.

Un comentarista das sesións escribiu del "artillero con camisa y algo más que no se dice". O da "camisa" é unha clara alusión ós seus comportamentos conservadores dentro do progresismo político no que estaba situado.

Na célebre sesión do 11 de xuño de 1823, cando se someteu a discusión nas Cortes a exoneración de Fernando VII, de acordo coa proposta de Alcalá Galiano, foi un dos deputados que se opuxo.

Reintegrouse á vida civil de Pontevedra pero non por iso renunciou ás actividades políticas. Consta que foi deputado provincial en 1836 e novamente en 1847. Así mesmo foi concelleiro da corporación de Pontevedra, polo menos nos anos 1840, 1841 e 1843. Neste ano formou parte da Xunta constituída nesa cidade.

---

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Legislatura 1821-1823    Deputado por Galicia

---

---

---

**SEDANO CRUZAT, Carlos (Conde de Casa Sedano)**

Naceu na Habana, educouse en Estados Unidos e en México, e destacou en Cuba como periodista e intelectual.

Chegou a España en 1871 e dedicou o seu talento e a súa importante fortuna ó periodismo. No ano 1874 dirixiu o xornal de Madrid *La Política*, xornal que logo cambiou de cabeceira e pasou a chamarse *El Estandarte* e do que foi director ata 1896.

Iniciou a súa presenza nas Cortes na legislatura de 1872 en que representou o distrito de San Germán, da illa de Porto Rico. Retirado da política durante a Primeira República, retornou na Restauración. Representou o distrito de Orgiva (Granada) nas

lexislaturas de 1876, 1879 e 1884, aínda que para esta última, tamén resultara elixido senador pola provincia de Ourense.

Finalmente foi deputado polo distrito de Bande na lexislatura de 1891 a 1893.

Morreu o 31 de marzo de 1896.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Bande	Ourense
-----------------------	---------------------------------	---------

### SEIJAS LOZANO, Manuel

A pesar do seu primeiro apelido non tiña ningunha relación con Galicia. Naceu en Almuñécar, provincia de Granada, o 27 de decembro de 1800, de familia con prestixio na comarca pero de escasos recursos. Estudiu Filosofía no colexio de Santiago de Granada e posteriormente estudiou Leis licenciándose no ano 1823.



Desde 1824 traballou como avogado na cidade de Granada. No ano 1834 entra, por fin, na Administración como fiscal da Audiencia de Albacete, de alí foi trasladado á Audiencia de Valencia e máis tarde á de Granada.

No ano 1834 iniciou a súa actividade política como liberal moderado, tendencia á que foi fiel toda a vida. Obtivo nas eleccións de 1837 a primeira representación en Cortes pola provincia de Granada. Ó remate desta lexislatura foi designado membro da Comisión para elaborala formación dos Códigos de Procedementos. Destacou neste labor e o Goberno premiouno nomeándoo maxistrado de Madrid en 1838. Como as Cortes acordaron que por ese ascenso tiña que someterse á reelección, Seijas tomouno tan a peito que decidiu retirarse das Cortes, o que explica que ata 1844 non volveu ó Congreso.

Retirado da política activa, foi nomeado presidente da Academia de Xurisprudencia e Lexislación. No Ateneo de Madrid deuse a coñecer nas clases que impartiu na cátedra de Filosofía de Dereito.

En 1840, oposto radicalmente a Espartero e favorable á Raíña Rexente dona Cristina, tomou o acordo de dimitir da súa praza de maxistrado sen ter en conta a falla de recursos e os seis fillos que dependían del. Sen embargo esta renuncia seriálle moi rendible anos despois. Traballou de avogado.

Fracasou perdendo as eleccións de 1843, pero no ano 1844 obtivo a representación por Granada nas Cortes.

Resultou elixido deputado na lexislatura de 1846 polo distrito do Carballiño. Representando este distrito foi nomeado ministro de Gobernación o 28 de xaneiro de 1847, baixo a Presidencia do duque de Sotomaior. Con Narváez de presidente, foi

nomeando ministro de Fomento en 1849, logo de Facenda, substituíndo a Bravo Murillo, de Gracia e Xustiza entre o 12 de outubro de 1856 e o 15 de outubro de 1857 e, finalmente, de Ultramar, entre o 16 de setembro de 1864 e o 21 de xuño de 1865.

Ovilo y Otero, nun xuízo excesivamente xeneroso, di del o seguinte: "Como orador el Sr. Seijas es siempre elevado y grave. Rara vez o casi nunca, emplea el estilo festivo, cualidad muy común en los hijos de Andalucía. Es lúcido en la exposición, profundo en los conceptos, constante en la doctrina, dulce en las formas, correcto en el decir, lógico en el método, siempre fácil, generalmente brillante y muchas veces elocuente". Engade que ás veces é difuso e dogmático.

Outros cronistas, referíndose ás súas condicións oratorias, din que é un dos chamados "melares" pola cadencia harmónica coa que fala, pero faio nun ton monótono que o que o escoitase sen velo pensaría que estaba lendo.

Cando era nomeado ministro tiña a manía, que tamén destacan algúns cronistas, de promulgar decretos sobre todo tipo de materias, esquecendo que a multitude de decretos fan que non se cumpra ningún. Outro cronista contemporáneo escribe: "Es presumido, se bambolea un poquito andando, se riza el cabello y los días en que se viste de pontifical con el uniforme de ministro, estaría envidiable, a no ser porque es muy grande su casaca y descomunal su sombrero".

Como deputado por Galicia no período de 1846 a 1850, foi vicepresidente do Congreso e presidente accidental do mesmo, pero durante esta lexislatura foi nomeado ministro polo que a súa actuación máis importante nas Cortes non foi como deputado senón como ministro. Foi novamente deputado polo Carballiño na lexislatura de 1857 a 1858 e na de 1863, pero nesta ocasión tamén foi designado senador e decidiu optar polo Senado, substituíndoo no distrito do Carballiño Justo Pelayo Cuesta.

Morreu este ilustre xurisculto, o 10 de decembro de 1868, ós poucos días de proclamarse a Revolución.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1863	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense (renuncia)

### SEIJO FREIJOSO, Patricio

Naceu en San Pedro de Moreiras (Mondoñedo) e era fillo de Francisco Seijo e de Josefa Freijoso, fidalgos notorios.

Estudou e obtivo o título de farmacéutico, que exerceu na cidade de Mondoñedo. Casou con Isabel Cornide, señora do Coto Redondo de Graña de Vilaronte.

Patricio Seijo era de conviccións liberais que o levaron no ano 1835 a formar parte da Milicia Urbana, na que foi elixido capitán, actuando contra as faccións carlistas. Posteriormente formou parte da Milicia Nacional de Mondoñedo.



Os coñecementos farmacéuticos e químicos, levárono a interesarse de seguida polos avances da química aplicada á industria. En Madrid, onde residía desde 1843, relacionouse con varios capitalistas, especialmente con Xosé de Salamanca, a quen chegou a convencer para fundar no ano 1847 a sociedade *La Industriosa*. Nesta sociedade que presidía Salamanca, e da que eran socios Nicomedes Pastor Díaz, Nocedal e outros, Seijo era o director da compañía, creada cun capital de 24 millóns de reais a 2.000 reais por acción. A sede estaba en Madrid. A industria tiña como obxectivo a fabricación e venda de produtos químicos con aplicación ás artes, como xelatina, fósforos, materias colorantes, etc.

Seijo foi tamén un importante inversor en bens desamortizados. Na provincia de Ourense investiu, de acordo cos cálculos elaborados polo profesor Villares Paz, preto de 700.000 reais en bens procedentes de Bande, Rocas e Celanova.

Foi deputado por vez primeira na lexislatura de 1846, representando o distrito de Mondoñedo. Foi un fiel asistente ó Congreso, xa que consta que vota, pero no participou en ningunha comisión nin falou nunca. Volveu ser deputado na lexislatura de 1850.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Mondoñedo
Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Mondoñedo

### **SELVA, Narciso Buenaventura**

Natural de Villena (Alacant) e sen relación ningunha con Galicia. Fillo do avogado Pedro Selva, que exercía en Madrid e tiña fama de bo criminalista.

Don Narciso estudou en Madrid e Toledo, obtendo a licenciatura en Leis no ano 1829. Abriu bufete en Madrid, sendo membro da Academia de Xurisprudencia e Lexislación.

Quizais foi máis coñecido como creador literario e autor de novelas como *El Conde Fernán González*. Tivo tamén unha importante presenza nas revistas de xurisprudencia como *El Mensajero de los Tribunales*, aparecida entre 1848 e 1849, ou *Themis* de 1857 a 1858. Tamén traduciu *El Espíritu de las Leyes* de Montesquieu, con notas e comentarios.

Representou a Galicia só nunha ocasión. Nas eleccións de 1867 resultou elixido pola sección de Lugo Juan Sixto Pérez, quen tamén saíu por Alacant. Sixto Pérez optou polo escano de Alacant e iso é o que explica que se fixeran novas eleccións en Lugo, resultando elixido o candidato ministerial Selva.

Formou parte das comisións contra a Vagancia, Organización xudicial e ferrocarril de Landete a Valencia. Como membro dalgunha comisión tivo que falar varias veces para defende-los proxectos sobre organización xudicial e sobre a lei de vagos.

Na sesión do 1 de abril de 1868 sobre presupostos, participou cun amplo e ben for-

mado discurso. Solicitou que se restablecesen os partidos xudiciais suprimidos de Pontedeume, Allariz e Ribadeo. Na sesión do 24 de marzo de 1868, respondendo a un deputado chamado Nogués, dixo, facendo un xogo de palabras: "El Sr. Nogués quería decir y no ha dicho y sin embargo ha dicho sin querer decir, que debían conservarse los tribunales de comercio, pero yo diré al Sr. Nogués, sin querer y no diciendo y diciendo sin querer decir, que ésta es una cosa pasada...".

Morreu en Madrid o 25 de setembro de 1871.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1867-1869      Deputado pola sección de Lugo

### SENRA BERNÁRDEZ, Alfonso

Alfonso Senra naceu en Vigo. Foi avogado e periodista e sendo aínda mozo, dirixiu na súa cidade o xornal *El Tuno* (1893), semanario literario-escolar. A súa precoz vocación periodística marcaría a súa dedicación posterior. En Madrid foi redactor do *Diario Universal*. Compatibilizou moi intelixentemente a súa formación xurídica co periodismo. Nos xornais colaboraba xeralmente nas páxinas dedicadas a comentalas sentencias e os procesos máis importantes. Normalmente ocultaba o seu nome co pseudónimo *El Alguacil Valenzuela*.

No ano 1903, e mediante oposicións, gañou unha praza de funcionario en Facenda. Seguiu colaborando na prensa. Consta, por exemplo, que foi redactor do xornal de Madrid *La Nación*.

En Vigo publicou no ano 1901 unha obra titulada *Estudios de Derecho Político*.

Entrou no Congreso na lexislatura de 1916, representando o distrito de Ordes, o que seguiu representando ininterrompidamente ata 1923, cando a Dictadura de Primo de Rivera pecha o Congreso.

Aparece afiliado ó Partido Liberal, na fracción gassetista. Na lexislatura de 1923 el mesmo proclámase liberal agrario.

Cos anos debeu ir desviando a súa militancia cara a o integrismo político. Hai un dato que neste senso parece revelador: No ano 1933 publicou unha obra titulada *Un proceso histórico: Del 10 de agosto a la Sala Sexta del Supremo*. O dato revelador é que aparece prologada por Antonio Goicoechea e epilogada por Manuel Delgado Barreto, dous representantes do integrismo profascista español daquela época.

O posto máis alto que acadou na súa vida política foi o de subsecretario do Ministerio de Fomento.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
Legislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
Legislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
Legislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
Legislatura 1923	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña

**SEOANE, Antonio**

A apaixonante vida a do tenente xeneral Antonio Seoane, que só coñecemos fragmentariamente.

Sabemos que residiu varios anos en Santiago de Compostela cun tío seu, que cando morreu deixoulle en heranza tres casas. Sabemos que tamén foi sobriño de Frei Bernardo Seoane Saavedra, monxe de San Martín Pinario, abade deste mosteiro entre 1772 e 1777 e que cando morreu no ano 1801 deixou traducidas algunhas obras que o Santo Oficio tentou localizar aínda que inútilmente. Parece ser que o seu sobriño, o noso Antonio Seoane, encargouse de ocultalas.



Liberal radical, no Trienio foi o fiscal encargado de investiga-la conducta dos Guardias de Corps que se pronunciaron contra o Goberno. Foi tamén xefe político de Bilbao e comandante militar daquela praza. Cando España foi invadida polos Cen Mil Fillos de San Luís, Seoane con varios oficiais e líderes civís embárcase en Santander e chega á Coruña onde resiste ata a capitulación da cidade. Logrou fuxir a París e a Inglaterra.

Sen embargo, volvemos a topalo en América en 1824. Despois da derrota de Ayacucho (á que non asistiu Espartero como comunmente se dixo), vemos cómo Seoane, Facundo Infante e Antonio González (futuro primeiro ministro de España) colaboran con Sucre e mesmo logran, pola mediación dunha dama íntima de Bolívar, salvarlle a vida a Espartero, que fora detido despois da batalla de Ayacucho. Iso soldou para sempre as vidas de Espartero, Iriarte, Seoane e Facundo Infante, xa chamados para sempre os "ayacuchos".

Seoane, despois de pasar anos en América do Sur, estivo en Inglaterra colaborando cos exiliados na conspiración contra Fernando VII.

Retornou a España no ano 1834 e foi durante algúns meses ministro de Guerra con Istúriz, en 1836.

No ano 1841 foi ascendido a tenente xeneral.

Fiel seguidor, como dixemos, de Espartero, foi un dos que se responsabilizaron do bombardeo de Barcelona no ano 1842. A partir deste momento Seoane xa quedou estigmatizado para boa parte da prensa e dos historiadores liberais.

En 1834, nada máis chegar a España procedente do exilio, foi elixido procurador en Cortes pola provincia de Sevilla, pero renunciou ó escano por estar ocupado en responsabilidades militares.

Foi elixido deputado pola provincia de Lugo nas primeiras eleccións de 1836; pola brevidade desta lexislatura, cabe pensar que só tomou posesión pero non participou en nada. Na lexislatura de 1837 a 1838 foi deputado pola provincia de Sevilla.

Foi novamente elixido pola provincia de Lugo para a lexislatura de 1839 a 1840. Posteriormente foi senador por Badaxoz, na lexislatura de 1841 a 1842, e senador por Murcia na de 1843 a 1844.

Nunha crónica escrita no ano 1836 faise del unha descrición positiva: "Así como hay lunares que hacen gracia a los demás, hay cojeras que honran y la de este bravo militar es tan gloriosamente adquirida en Navarra que debía ir contoneando para que todo el mundo vea a cuanto precio ha comprado sus laureles. Fue inspector de la Guardia Nacional y lo dejó de ser voluntariamente. Ha sido Ministro de la Guerra y lo ha rehusado también, lo que prueba que no es de los que echan el bofe para mandar y hacer papel". Sen embargo engade que "no le hemos visto la gracia como diputado".

Máis duros foron con Seoane outros críticos. Martínez Villergas, na súa obra *Los políticos en camisa*, di del que foi sempre un xeneral de parlamento "que toma las legislaturas por campaña, y el salón de Cortes por campos de batalla, la tribuna se le figura una ciudadela y los discursos son descargas", e que tiña "elocuencia de cuerpo de guardia". El e Linaje foron acusados de desorientar politicamente a Espartero, levándoo case á dictadura.

Seoane tiña propiedades na provincia de Lugo que lle xestionaban administradores pouco escrupulosos, como podemos coñecer polo seu epistolario, parcialmente conservado. Era persoa xenerosa. Estaba solteiro e parece ser que a súa agresividade (agás no caso de Barcelona) era máis oratoria que real. Os seus críticos comentaban algunhas das súas célebres frases, como cando na sesión do 18 de agosto de 1837 (era entón deputado por Sevilla), dixo referíndose a unha insubordinación da Garda Real que, se el estivese ó seu mando, arrincaríalle-las casacas polas costas e pasearí-aos con grillóns nos pes polas rúas de Madrid. Sen embargo, non consta que, cando estivo ó mando dos exércitos, exercese tales ameazas.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1836 (1 <sup>ª</sup> )	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia de Lugo



#### SEOANE VARELA, Pedro

Representa un tipo de político bastante frecuente en Galicia nos séculos XIX e XX, hoxe xa definitivamente liquidado. Era o señor de pazo, importante rendeiro que facía da política non só unha profesión para seguir exercendo as funcións de protección e exemplaridade -funcións que a fidalguía desde sempre se autoatribuíu- sobre os paisanos, senón tamén para integrarse na Corte, e alí gozar dos ocios exquisitos que aquel Madrid proporcionaba.

Os que o vían no Congreso ou nos corredores do mesmo, falando amigablemente cos deputados de tódolos partidos, enfundado nun



impecable traxe, con aqueles chalecos cortados tan extraordinariamente que causaban sensación, vían nel o señor galego, o señor do pazo, depositario de mil sangues cruzados que produciran o milagre da bonhomía, da pulcritude e da modernidade sen afectación ningunha. Aquel deputado, sen embargo, convertía as súas palabras en flaxelos e os seus ollos azuis alumeaban a rabia a penas contida cando subía ó estrado para defende-los dereitos do pobo galego, da xente galega, especialmente dos máis pobres. Sentíase entón como o sacerdote da plebe galega, como unha especie de profeta redentor. Logo volvía ó seu ser natural, amable, cordial, amigo de todos. Cumpriña as obrigacións da súa clase.

Seoane, que nacera no pazo da familia preto de Arzúa, estudiou Dereito na Universidade de Santiago pero non exerceu a profesión de avogado. Militou no rexionalismo, como vocal do Comité Rexionalista de Santiago, que presidía Murguía (1890).

Foi atraído por Aureliano Linares Rivas e con el seguiu. Cando Linares Rivas fundou na Coruña o xornal *La Mañana*, Seoane Varela colaborou nel e no ano 1895 foi o seu director. Cando morreu Linares Rivas no ano 1903, Seoane aproximouse a González Besada, seguindo a súa estela. Para iso non tivo que mudar de partido. Permaneceu no Partido Conservador.

A protección de Besada non lle proporcionou importantes beneficios na carreira política. Seguramente tampouco os buscaba, pero polo menos aseguroulle o aproveitamento sen contratempos do distrito de Cambados ó que representou en sete lexislaturas seguidas.

Quizais a esa falta de apoios importantes se refira a seguinte cuarteta que atopamos:

"Aunque por ti Besada  
tanto se afane,  
apenas si te llamas  
Pedro Seoane"

De todas formas tampouco Seoane careceu de oportunidades. Foi director xeral de Propiedades do Estado e fiscal do Tribunal de Contas. Pero nós cremos que estes encargos puntuais non constituíron para Seoane máis ca preocupacións, porque realmente el refugaba de certos compromisos que puidesen turba-lo seu señorial estilo de vida.

Antón de Olmet retrátalo así: "Si viviera en su pazo gallego, las puertas de tal mansión hidalga no se cerrarían nunca. Habría un refectorio vetusto donde se derrocharían pantagruélicos yantares. El hidalgo, atezado por el sol, viejo y bello como un castaño secular, tendría muy lindas mozas a su servicio... Pero el hidalgo vive lejos de su estudio pétreo. Vive en Madrid. Y viviendo en la Corte tienen dentro de su corazón y dentro de su alma, fragancias campesinas de gran señor aldeano".

No Congreso participou poucas veces, pero sempre para defende-los intereses de Galicia, como os portos de interese xeral do Grove e de Vilanova da Arousa, ou as

estradas, tan necesarias para o desenvolvemento de Galicia. Pero a súa actuación máis afervoadada tivo lugar no ano 1910, cando se ergueu para denuncia-lo trust das compañías navais españolas, fortemente subvencionadas polo Goberno, e das estranxeiras para fixa-los prezos dos billetes dos emigrantes á América. Denunciou con aquela voz "entonada expresiva y metódica" que todos lle recoñecían, pero airada tamén, que os nosos emigrantes pagaban embarcándose en Vigo ou na Coruña, moito máis cós emigrantes que embarcaban en Liverpool. As mercadorías embarcadas nos portos galegos pagaban tres veces máis cas embarcadas en Marsella.

Seoane Varela foi, pois, un señor da política.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1896-1898	Deputado polo distrito da Fonsagrada	Lugo
Legislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Legislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Legislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Legislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Legislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Legislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Cambados	Pontevedra
Legislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña

### ===== SERRANO ALCÁZAR, Rafael

Naceu en Murcia no ano 1845. Casou con Andrea Alfaro Saavedra que achegou ó matrimonio unha gran fortuna en bens inmobiliarios.

Estudou Dereito e tivo en Madrid un acreditado bufete.

Colaborou nos máis importantes xornais do momento como *La Ilustración Española*, *La Patria* e outros.

Membro do Partido Conservador, foi durante anos o líder indiscutible deste partido na provincia de Albacete.

Seguidor fiel de Romero Robledo, cando este foi nomeado Ministro de Gobernación no ano 1875, con Cánovas del Castillo como presidente do Consello de Ministros, foi nomeado subsecretario de Gobernación. Cando caeu Romero Robledo e foi substituído polo conde de Toreno, Serrano dimitiu.

No ano 1884 foi nomeado conselleiro de Estado e ministro do Tribunal do Contencioso Administrativo.

Entrou no Congreso no ano 1876 representando o distrito de Redondela. Realizou nesta lexislatura un importante labor en comisións. Foi secretario da comisión sobre a Carreira administrativa e tamén da de Imprenta. Ademais foi vocal das comisións de Etiqueta, Tesouro público, Lei de recrutamento e Procedementos civís e criminais.

Nunca máis volveu representar a Galicia. Na lexislatura de 1879 representou o distrito de Albacete, na de 1884 o de Lorca (Murcia), na de 1886 a Hellín (Albacete), na de

1891 representou de novo o distrito de Albacete, en 1893 a Hellín, na de 1896 a Almansa (Albacete) e nas de 1898 a 1899 e 1899 a 1900 representou a Hellín. O 7 de decembro de 1900 dimitiu para ocupa-lo posto de conselleiro de Estado.

Morreu o 3 de outubro de 1901.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1879 Deputado polo distrito de Redondela Pontevedra

### SILVELA DE LE VIELLEUZE, Francisco

Gran Silvela, líder do Partido Conservador á morte de Cánovas, un dos políticos máis austeros, honestos e lúcidos da Restauración Española, foi deputado por un distrito de Galicia nunha lexislatura.

Naceu en Madrid o 15 de decembro de 1845. Era fillo do gran xurisculto e administrativista Francisco Agustín Silvela Blanco e de Luisa de le Vielleuze.

Estudou Dereito en Madrid e licenciouse nas ramas de Dereito Civil e Administrativo no ano 1862. Entrou a formar parte do corpo do Consello de Estado, empezando como auxiliar.

Militou na Unión Liberal e coa Restauración pasou a formar parte do Partido Conservador, do que chegou a se-lo líder dunha facción, a dos chamados silvelistas, que no ano 1892 protagonizaron unha escisión do partido liderado por Cánovas, disidencia que ós dous anos soldou novamente co tronco do Partido Conservador.

Foi deputado por vez primeira na lexislatura de 1869 representando a provincia de Ávila, que se converteu no seu feudo. A excepción do período entre 1872 e 1876, Silvela estivo presente practicamente en tódalas lexislaturas. En 1871 representou o distrito de Piedrahita (Ávila) e tamén entre 1876 e 1892 e de 1896 a 1905. Unicamente hai unha paréntese, entre 1893 e 1896, que é cando representou o distrito da Caniza (Pontevedra). Téñase en conta que a representación pola Caniza coincidiu xustamente co período da disidencia de Cánovas o que fai pensar que, carecendo de apoios, tivo que procurarse un distrito noutro lugar. En realidade tampouco foi el quen saíu inicialmente pola Caniza, senón Alejandro Mon, pero este renunciou ó escano sen expresar motivo ningún, o que parece indicar que renunciou por darlle a oportunidade a Silvela. Este presentouse nunha elección parcial no ano 1894 e obtivo a representación por este distrito.

Paralelamente á representación política, Silvela ocupou diversos postos de alta responsabilidade política. Foi subsecretario de Gobernación no ano 1875, ministro de Gobernación do 8 de marzo de 1879 ó 9 de decembro de 1879 con Martínez Campos de presidente do Goberno, ministro de Gracia e Xustiza entre o 18 de xaneiro de 1884 e o 27 de novembro de 1885 con Cánovas á fronte, e tamén con Cánovas, de novo



ministro de Gobernación, do 5 de xullo de 1890 ó 23 de novembro de 1891.

Foi presidente do Consello de Ministros desde o 4 de marzo de 1899 ó 18 de abril de 1900, do 18 de abril de 1900 ata o 23 de outubro de 1900 e, finalmente, do 6 de decembro de 1902 ó 20 de xullo de 1903.

Logo retirouse da política activa, deixando o Partido Conservador nas mans de Maura, incorporado recentemente, e de Fernández Villaverde.

Casou con Amalia Loring Heredia, dunha poderosa familia burguesa de Málaga.

Ademais da súa traxectoria política, Silvela foi un gran intelectual. Colaborou nos xornais *La Época*, *La Voz del Siglo*, *La Revista de España*, *El Imparcial*, *El Tiempo*, onde publicou o 16 de agosto de 1898 un dos grandes artigos do periodismo español de tódolos tempos "España sin pulso".

Era un político temido polos seus inimigos e mesmo polos amigos. Uns e outros acumábanos *El caballero de la daga florentina*, pola mordacidade dos seus discursos. Tiña unha intelixencia sutil e aceirada, como a súa palabra. Formou parte das Reais Academias de Ciencias, de Xurisprudencia, de Historia, de San Fernando e da Lingua. O seu polémico discurso de ingreso nesta última Academia foi *El mal gusto literario en el siglo XVIII*. Pertenceu así mesmo ó Ateneo de Madrid.

Morreu en Madrid o 29 de maio de 1905.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1893-1896	Deputado polo distrito da Caniza	Pontevedra
(Tomou posesión no ano 1894)		



#### SOLDEVILA RUIZ, Fernando

Naceu en Escalona de Alberche (Toledo) o 30 de maio de 1854. Quedou orfo ós trece anos. Estudou Maxisterio e tivo que traballar de periodista, a súa gran vocación, en diversos xornais para sobrevivir. Colaborou nos xornais *El Día*, *El Imparcial*, *La Niñez* (1879), *Gran Vía* (1893), *Madrid Cómico*, *Revista Política Ibero-Americana*, *La Correspondencia de España* e outros. Ás veces firmaba co pseudónimo de Fernán Sol.

Militante do republicanismo radical cando era mozo, tivo serios problemas por algúns artigos publicados que o obrigaron a autoexiliarse a Francia por algún tempo. Posteriormente, xa na Restauración, integrouse no Partido Liberal, seguindo a estela de Manuel Becerra, que foi o seu gran protector.

Autor moi prolífico, publicou varios libros como *Leyendas asimétricas*, *Historia de otras edades*, *Compendio de Historia de la Literatura Española*, ou obras de teatro como *El Cura Loco*, *Juez y Reo*, etc.



Considerado un dos mestres do xornalismo español, foi presidente da Asociación da Prensa de España.

Politicamente só exerceu postos secundarios. Foi gobernador civil de Xirona, Granada e A Coruña.

Obtivo a súa primeira representación en Cortes polo distrito de Becerreá para a lexislatura de 1893 a 1894, por cesión que deste distrito lle fixo Becerra Bermúdez, que fora elixido e que renunciou. Na lexislatura de 1910 a 1914 volveu saír elixido pola Fonsagrada.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1893- 1896	Deputado polo distrito de Becerreá (Tomou posesión en 1894)	Lugo
Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Fonsagrada	Lugo

### SOLER, Juan Félix

Cando resultou elixido deputado no ano 1843 era comandante do Rexemento de Mondoñedo, con destino na cidade de Ferrol. Con motivo da súa elección, o rexemento deulle unha serenata o día antes de saír para Madrid e tomar posesión da acta.

Sen embargo, non nos consta que tomase posesión porque as Cortes se abriron o 15 de outubro de 1843 e só duraron ata o 27 de decembro dese ano. Sabemos que moitos deputados non chegaron a tempo de tomar posesión.

En calquera caso, a súa actuación foi nula nas Cortes.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1843 (2 <sup>a</sup> )	Deputado pola provincia de Coruña
------------------------------------	-----------------------------------

### SOLÍS FERNÁNDEZ, Juan José

#### (Bispo de Mondoñedo)

Naceu na parroquia de San Juan la Real, de Oviedo, no ano 1849. Estudiu no seminario de Oviedo e ordenouse como presbítero en 1872. Neste mesmo ano obtivo o grao de licenciado en Teoloxía no Seminario Central de Toledo e en xaneiro de 1873 o grao de doutor.

No seminario de Oviedo, foi profesor de Filosofía ata 1879 e de Teoloxía desde este ano ata 1883. Despois de presentarse ás oposicións a cóengo con nulos resultados, atopou o apoio do bispo de Orihuela, Victoriano Guisasola, tamén asturiano. Comezou entón a súa carreira eclesiástica. Foi nomeado vicario xeral e provisor de Orihuela e en



1886 cóengo da mesma diocese.

Cando Guisasola foi designado arcebispo de Santiago, trouxo con el a Solís, a quen fixo vicario xeral e provisor desta arquidiocese. Á morte de Guisasola, parecía que se lle ían pecha-los camiños da carreira eclesiástica, pero non foi así. O seu sucesor, o cardeal Martín de Herrera, seguiu confiando nel e nomeouno provisor e vicario xeral de Santiago e, por fin, no ano 1907, foi consagrado bispo de Mondoñedo. Morreu en Mondoñedo o 24 de febreiro de 1931.

De acordo co sistema rotatorio elixido polos bispos da metrópole compostelá para estaren presentes no Senado, correspondeulle a Solís representa-la provincia eclesiástica de Santiago en dúas ocasións, nas lexislaturas de 1914 a 1915 e na de 1923.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1914-1915	Senador pola provincia eclesiástica de Santiago
Lexislatura 1923	Senador pola provincia eclesiástica de Santiago

### SOMOZA, Domingo

Os que propuxeron o nome de Domingo Somoza para as eleccións de deputado en Cortes do ano 1821 estaban ben seguros do liberalismo deste candidato que, sen dúbida, era un descoñecido para o reducido grupo dos electores, xa que Domingo Somoza era naquel momento cóengo e provisor do bispado de Oviedo.

De acordo coas escasas referencias biográficas que chegaron a nós, procedía do pazo de Laiosa (O Incio, Lugo), da poderosa casa dos Somoza.

Nas Cortes manifestouse como un liberal radical e del saíron expresións moi duras contra os clérigos, clase da que, por outro lado, formaba parte. Foi membro da comisión encargada de emitir xuízo sobre unha pastoral do bispo de Ceuta, frei Rafael de Vélez, que foi estimada contraria ó espírito constitucional. Na sesión do 10 de abril de 1822 apoiou o dictame da comisión que prohibía ós bispos conferir ordes sagradas, por estimar Somoza que cos enciaustrados había clero suficiente en España. Na sesión do 28 de abril de 1822 negou que as prestacións económicas esixidas pola Curia Romana pola extensión de licencias, privilexios, etc. tivese algún fundamento teolóxico ou canónico. Tratábase, para Somoza, dunha cuestión estritamente económica, polo que só habería que satisfacer en proporción ó traballo realizado, e só en función dese servizo.

Cando as Cortes decidiron exonerar-lo Rei, o seu voto foi a favor da exoneración. Por este motivo a Rexencia creada por Angulema, que actuaba como un goberno paralelo, acordou declarar traidores os deputados que votasen pola exoneración do Rei. Máis aínda, serían condenados á pena de morte, por garrote. Nesta situación estaban os seguintes deputados galegos: Somoza, Moure, Pumarejo, Llorente e Muro. Somoza logrou exiliarse e a partir deste momento non dispoñemos de máis noticias súas.

Un dos asistentes ás sesións do Congreso di del o seguinte: "Vaya un gallito, baji-

to, gordito y templadito. Dice sendas verdades contra los de su ropa y es enemigo acérrimo de cuantos tratan de coartar las libertades públicas. Si llegase el día de determinar que el clero saliese de su celibatismo y se declarase la votación nominal, podríamos apostar un duro contra un cuarto a que oíamos al momento: Somoza, s. s. s. sí".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1821-1823    Deputado por Galicia

---

### SOMOZA, José Antonio

---

Formou parte da xeración dos corenta en Lugo, que, non sen dificultades, lograron que o liberalismo penetrase no tecido da administración lucense, nun intelixente esforzo de estaren presentes nun proceso de liberalización que se ía facer con eles ou sen eles. Formaba parte, pois, daquela intelixente fidalguía que se decatou de que a supervivencia da súa clase requiría apoia-lo réxime isabelino, rachando definitivamente co pasado, é dicir, co carlismo.

Liberalismo que non quere dicir necesariamente progresismo. Con moita habilidade, esta fidalguía lucense liberal (os Becerra, os Somoza, os Vázquez Quiroga, os Quiroga, os Arias de la Torre) foi modulando o seu discurso político en razón das conxunturas. Foron progresistas, por exemplo, en 1840, cando era preciso defender un maior poder para os concellos (que eles controlaban por persoas interpostas), ou cando houbo que apoiar un proceso desamortizador que a todos beneficiou, pero foron moderados cando os pronunciamentos podían pór en perigo a paz social.

Á medida que o liberalismo se foi consolidando, a cohesión social deste grupo de fidalgos entrou en crise: uns apostaron, como os Becerra, polo progresismo; outros, en troques, fixéronse moderados. Pero uns e outros deixaran suficientemente instalado en Lugo o réxime liberal.

O noso protagonista reflicte perfectamente estas modulacións do discurso da fidalguía: radical no ano 1840, cando firma acendidas proclamas contra a rexente María Cristina, que pretendía centraliza-lo réxime municipal, ou cando defende os mesmos principios na Deputación Provincial de Lugo, ou cando a Xunta Gobernativa de 1840, que se fixera cargo do poder político, o nomea gobernador interino de Lugo, pero xa claramente moderado no ano 1846, cando teñen lugar os acontecementos do pronunciamento de Solís en Lugo. A xunta constituída a raíz do golpe de Estado e presidida polo sector progresista, non dubidou en depurar, entre outros, a José Antonio Somoza, Castro Bolaño, etc. É dicir, a vella cohesión política da fidalguía estaba xa rachada.

Só foi deputado nunha legislatura, a de 1850, e a súa presenza nas Cortes non se fixo notar en nada.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1850-1851    Deputado polo distrito de Sarria    Lugo

---

---

**SOMOZA CAMBERO, Manuel**

Sabemos por unha referencia de E. Vera González que o noso protagonista era "hombre de gran ilustración y fortuna". Por iso intentamos situalo dentro das familias fidalgas dos Somoza de Lugo, aínda que inutilmente. Nin Vázquez Seijas, nin Yebra de Ares, por referirmos ós xenealoxistas lucenses máis acreditados, falan dos Cambero como apelido do século XIX. Por iso, carecendo de noticias sobre a súa familia, unicamente faremos alusión ó político, que si aparece ben deseñado por diferentes autores.

A primeira noticia que temos de Somoza Cambero é de 1845. En canto se aprobou a constitución dese ano, unha xunta progresista, formada no ano 1843 secretamente, iniciou unha estratexia de conspiración para derrocar ó réxime moderado. Para iso procurábase estreitar lazos entre os progresistas e os "ayacuchos" (logo da ruptura de 1843) dos cales os seus líderes estaban no exilio, para preparar un golpe de Estado. Somoza Cambero, Ricardo Muñiz, o maragato Alonso Cordero, Manuel González e outros foron encargados de contactar cos cuarteis, especialmente coa oficialidade máis progresista. O levantamento de Solís en Galicia no ano 1846 foi o reflexo dunha conspiración moi estendida por toda España.

Somoza, que debía residir o máis do tempo en Madrid, participa nos acontecementos violentos de Madrid de 1848. Fracasado este levantamento Somoza Cambero, xunto con Arias Uría, Romero Ortiz, Fernández Poyán e outros, asumiu a responsabilidade de provocar en Galicia un alzamento contra o goberno moderado.

Cando estaban cos preparativos, aparece Juan Manuel Pereira (véx.), disposto a apoialos e a levantar Galicia. Para iso veu desde Madrid acompañado por un dirixente carlista (para conectar cos párrocos) e con outro republicano. Imprime unha proclama en Portugal na que invitaba á insurrección xeral, proclama que non chegou a ser repartida porque a policía, que lle seguía os pasos, o detivo e queimou as 10.000 proclamas. O golpe foi abortado. Somoza, Romero Ortiz e outros foron encarcerados en San Antón (A Coruña), menos Pereira quen, estando detido, subornou toda a garda con onzas de ouro e puido así fuxir.

Como consecuencia desta conspiración foi fusilado na Coruña o sarxento Higinio Higuera. Somoza Cambero foi trasladado ó cárcere do Saladero en Madrid, de onde saíu gracias a unha amnistía.

Reapareceu na conspiración de 1854, formando parte da Xunta secreta formada por militares e civís, e encargada de levar adiante o levantamento deste ano, que deu paso ó goberno progresista. Cando aínda a situación non estaba moi clara, O'Donnell encargoulle a redacción dunha proclama, que foi recollida na obra de Pi i Arsuaga, no tomo IV da súa gran Historia do século XIX. Non debeu quedar O'Donnell moi satisfeito desta proclama porque lle pediu outra a Cánovas, coñecida na historia como o Manifesto de Manzanares.

Elixido deputado pola provincia de Lugo, cómpre dicir que non era home de estar nas Cortes discutindo os artigos dos regulamentos. El precisaba acción, e por iso foi nomeado gobernador da provincia de Pontevedra. Cando estaba nesta cidade, e tendo noticia da caída do réxime progresista, pretendeu iniciar en Galicia unha contraofensi-



va. Constituíu en Pontevedra unha Xunta, na que estaban os deputados José Benito Amado, Baeza, o xuíz Manuel Otero, o secretario do Goberno Civil, Atanasio Fontanao e o xefe da Garda Civil, Manuel Nogueira. Publicou unha proclama invitando á resistencia, pero de seguida foi desarticulada esta resistencia e detidos tódolos membros da mesma. Foron procesados, pero ós poucos meses aparecen amnistiados.

Segundo os datos que manexamos, parece que chegou a militar no Partido Democrático, antecedente do Partido Republicano, pero a partir de aquí perdémo-lo seu rastro.

Vera González, na súa obra sobre Pi y Margall, escribe de Somoza Cambero o seguinte: "Abogado. Hombre de gran ilustración y fortuna, de convicciones democráticas y de entereza a toda prueba, se negó a denunciar a sus compañeros aunque le ofrecían Ros de Olano y Calonge perdonarle la vida si lo hacía así. Condenado a cadena perpetua y ceñido el grillete fue conducido a Madrid a marchas forzadas y como intentaba fugarse en Guadarrama, le derribaron a pedradas y le golpearon con saña salvaje... Hubo que conducirlo al Saladero (ó cárcere) en una camilla. Los malos tratamientos de que fue víctima Somoza le habían puesto en tan deplorable situación que, próximo ya a marchar en la cuerda de deportados a Filipinas, se le relevó de esta pena".

Sen dúbida, estamos ante un político moi radical que vivía na conspiración permanentemente, nunca satisfeito co conseguido, un verdadeiro incómodo social. Non obstante, debeu temperar cos anos porque en 1866 aceptou a Orde de Isabel a Católica e en 1870 a Gran Cruz de Carlos III. En 1869 era gobernador de Cádiz e foi duramente atacado por Orense (sesión do 17 de febreiro de 1869) nas Cortes polas manipulacións electorais para impedi-la victoria dos candidatos republicanos. Somoza "era gran revolucionario, amigo de Alsina... cuando estaba abajo".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1854-1856 Deputado pola provincia de Lugo

### SOMOZA DE LA PEÑA, Manuel

Non chegou a ser realmente deputado galego porque tras ser elixido no ano 1881 polo distrito de Chantada, ós poucos días de abrirse as Cortes, chegou un oficio do ministerio de Gracia e Xustiza, o 27 de decembro de 1881, para proceder contra el polos abusos cometidos no concello de Orihuela, con motivo dunhas eleccións sendo Gobernador de Alacant.

As Cortes constituíron un tribunal especial, presidido polo deputado galego Cándido Martínez, que concluíu non haber lugar a proceso porque as denuncias foran presentadas por "las pasiones políticas". Sen embargo Somoza de la Peña dimitiu, xa que o 21 de decembro de 1883 estaba no seu lugar o deputado Aguado Mora. Posiblemente a dimisión veu determinada polo feito de que o 21 de febreiro de 1883, fora designado gobernador civil de Burgos.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1881-1884 Deputado por Chantada Lugo (Non chegou a exercer-lo cargo)

**SOMOZA DEL RÍO, Juan Manuel**

Os Somoza, de Sarria, a través de diversos membros da familia, controlaron o distrito de Sarria desde 1840 ata 1868. Con posterioridade, a familia retirouse da loita política, aínda que mantivo unha presenza importante de carácter máis social que político. Cando no ano 1878 o distrito de Sarria se incorporou ó macro distrito de Lugo, os Somoza perderon boa parte da súa influencia.

Juan Manuel Somoza era fillo de Antonio Somoza, de Río (Láncara, Sarria, Lugo), que desde 1836 fora arrendatario das rendas monásticas do Estado, unha vez realizada a desamortización. Foi tamén investidor en bens desamortizados; o profesor Villares calcula que desde 1839 a 1849 investiu 159.000 reais.

Juan Manuel Somoza converteuse pronto no primeiro contribuínte do concello de Sarria, especialmente ó investir 549.000 reais en bens que pertenceran ó mosteiro de Samos.

A familia entendeu que era preciso estar presente no Congreso, igual que facían outras prominentes familias lucenses. Isto explica que en 1843 Juan Manuel Somoza se presentase e lograse o escano pola provincia de Lugo, aínda que gracias ós votos de Sarria. Nas eleccións de 1846 obtivo a representación por Sarria o maxistrado Salvador María Quiroga, que morreu en 1847, en plena lexislatura. Realizáronse novas eleccións e resultou elixido Juan Manuel Somoza, que tomou posesión do escano o 28 de decembro de 1848. A súa serodia chegada ó Congreso pode explicar que non pertencese a ningunha comisión nin falara nunca.

Novamente resultou elixido en 1851, 1853 e 1857. En tódalas lexislaturas o seu papel foi moi mediocre, tanto no traballo en comisións coma na participación nos debates. Probablemente non interveu nunca tampouco nestas lexislaturas.

De acordo con Sánchez Silva, que fixo unha crónica dos parlamentarios, Juan Manuel Somoza votaba en forma bastante independente e era un dos deputados que non mantiña servilmente o seu voto ó servizo do Goberno, porque como di o propio Sánchez Silva, Somoza ante todo era galego e o primeiro para el eran os intereses de Galicia. De aí que o seu voto variase en función destes intereses.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1843 (2ª)	Deputado pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Sarria	Lugo (Só desde 1848)
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Sarria	Lugo
Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Sarria	Lugo
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Sarria	Lugo

**SOMOZA SAAVEDRA, Benito**

Da casa de Laiosa ou da Edra (O Incio, Lugo), o noso protagonista era irmán de Ramón Somoza Saavedra (véx.).

Vivía en Sarria, onde consta como un dos maiores contribuíntes.

En representación de Sarria estivo varias veces na Deputación Provincial de Lugo. Tamén foi concelleiro do axuntamento de Sarria.

Representou ó distrito de Sarria no Congreso en tres lexislaturas. En ningunha delas destacou nin polo seu traballo en comisións nin pola súa participación nos debates. Era, como se dicía nas crónicas do momento, "un mudito".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1854-1856	Deputado polo distrito de Sarria	Lugo
Lexislatura 1859-1861	Deputado polo distrito de Sarria	Lugo
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Sarria	Lugo

### SOMOZA SAAVEDRA, Ramón

Fillo segundón da poderosa casa da Edra ou Laiosa (Laiosa, Incio, Lugo), naceu no ano 1819.

Ingresa na Academia de Enxeñeiros de Guadalaxara en 1836, da que saíu en 1841 co grao de tenente.

Estivo varios anos destinado en Filipinas, onde foi alcalde de Ilocos Norte e logo gobernador militar e político da illa de Cebú.

O seu profundo sentimento católico levouno a exercer-lo apostado en canta ocasión puido. Durante a estancia en Filipinas, no exercicio dalgún dos cargos citados, procurou instruí-la poboación no catolicismo e levantou varias escolas do seu propio peculio. Cando estivo en Manila, estableceu as Conferencias de San Vicente de Paúl.

Estaba condecorado coa Cruz do Mérito Militar e coa de San Fernando, así como coa Cruz de San Hermenexildo e coa Encomenda de Carlos III.

Politicamente militou sempre no moderantismo e posteriormente pasou ó grupo neocatólico que lideraba Nocedal. Cando no ano 1867 este fundou o xornal *La Constancia*, dirixido por Gabino Tejado, apareceu entre os redactores do mesmo. En 1868, sentíndose liberado do xuramento prestado a Isabel II, pasou a militar no carlismo e foi deputado polo seu partido na lexislatura de 1871.

Aínda moi novo, resultou elixido deputado por vez primeira, no ano 1841, pola provincia de Lugo e foino novamente nas dúas lexislaturas de 1843. Chegou a ser secretario do Congreso. Gañou de novo un escano no Bienio progresista, pero esta vez pola provincia de Pontevedra.

Ó seu retorno de Filipinas en 1864, novamente resultou elixido deputado pola provincia de Lugo.

Non falou nunca no Congreso; tan só presentou algunhas solicitudes que lle enviaban desde Galicia.

Na lexislatura de 1871 obtivo a representación por Sarria e no ano 1872 presentouse como candidato dunha "Coalición Nacional" constituída polos carlistas, os republicanos, os alfonsistas e os radicais, é dicir, tódolos contrarios a Amadeo de Savoia. O 6 de abril de 1872 firmou unha proclama desa coalición dirixida ós electores da provincia de Lugo. Nese mesmo ano presentouse ás eleccións, xa por última vez, polo distrito de Chantada pero foi derrotado.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1841-1842	Deputado pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1843 (1ª)	Deputado pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1841 (2ª)	Deputado pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1867-1868	Deputado pola sección de Lugo	Lugo
Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Sarria	Lugo

### SORS MARTÍNEZ, Enríque

**A**vogado da Coruña, debeu participar no ano 1868 nos preparativos do levantamento de setembro dese ano, porque unha vez victorioso o levantamento, foi elixido en 1868 alcalde terceiro do Concello da Coruña. Nunha información manuscrita que temos engádesse que o seu pai era xastre de orixe francés.

Pasaron bastantes anos sen que Sors manifestase ambicións políticas. Sen embargo, o 14 de agosto de 1889 renunciou ó seu escano polo distrito de Pontedeume Román Folla, e Sors viu a oportunidade de substituílo aínda que só fose por algúns meses. Despois dunhas eleccións parciais tomou posesión da acta de Pontedeume o 18 de abril de 1890 para unha lexislatura que só durou ata o 29 de decembro dese ano.

Retornou ó Parlamento en 1893, representando á Coruña polo Partido Liberal no que militaba.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1886-1890	Deputado polo distrito de Pontedeume A Coruña (Só en 1890)	
Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña

### SOTO BARRO, Teolindo

**A**vogado e notario de Lugo, e posteriormente de Madrid, era persoa estimada como rica. De feito, no ano 1905, cando tivo que face-lo expediente para xustificar a renda esixida para ser senador, bastoulle con probar que tiña no Banco de España 500.000 pesetas a un xuro do 5%.

Mentres permaneceu en Lugo, Soto Barro, que era liberal da fracción becerrista, tivo moitos problemas para consolida-la súa vocación política porque Benigno Quiroga, o árbitro provincial do Partido Liberal, non o consideraba fiel á súa persoa, sabedor como era da súa aproximación a Becerra e a Dositeo Neira.



Logrou saír deputado na lexislatura de 1886 pola circunscrición de Lugo, pero cando pretendeu presentarse nas eleccións de 1891. Benigno Quiroga pechoulle o camiño, pactando cos conservadores de Vázquez de Parga o apoio mutuo, de forma que, como as eleccións estaban convocadas polos conservadores, estes terían dous deputados por Lugo e os liberais un, a favor de Quiroga.

Soto presentouse pero resultou derrotado. Os xornais liberais *El Regional* e *La Idea Moderna*, de Lugo, cualificaron a Soto como auténtico liberal, mentres que Benigno Quiroga aparece como un "liberal no claro ni puro, sino ambiguo, dudoso y mistificado... que se entiendo con los conservadores y los apoya".

Nas eleccións de 1893, convocadas polos liberais, obtivo novamente o escano polo distrito de Lugo. Sen embargo, Soto Barro comprendeu que, morto Becerra, o seu apoio en Madrid, a súa permanencia política en Lugo era practicamente imposible. Por iso, despois de sufrir varias decepcións, retirouse da loita política e foi vivir a Madrid, onde traballou como notario.

No ano 1905 obtivo o escano de senador pola provincia de Pontevedra.

Morreu en Ortigueira en setembro de 1929. O seu fillo Soto Reguera (véx.) xa colleira o relevo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1886-1890	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Lexislatura 1893-1895	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Lexislatura 1905-1907	Senador pola provincia de Pontevedra	

### SOTO REGUERA, José

**N**aceu en Lugo o 11 de agosto de 1881. Era fillo do notario Teolindo Soto Barro (véx.).

Tivo unha educación esmerada. Estudiu o bacharelato no Real colexio de Alfonso XII do Escorial. Posteriormente cursou Dereito e Filosofía e Letras na Universidade Libre do Escorial. No ano 1902 deuse de alta no Colexio de Avogados de Madrid, iniciando así unha actividade profesional na que destacou.

Militou sempre no Partido Liberal, na facción liberal albista.

Foi deputado por vez primeira na lexislatura de 1910 a 1914, representando un dos distritos de Lugo, pero a partir de 1914 enfeudouse no de Viveiro, que representou ata 1923. Nas eleccións de 1914 resultara elixido Príncipe Bárcena, pero a elección foi declarada nula e procedeuse a unha segunda elección na que saíu Soto Reguera, tendo en conta que Príncipe Bárcena xa saíra por Ourense tamén.



No ano 1918 foi nomeado director xeral da Administración, que foi o único cargo que lle coñecemos en política.

No Congreso tivo unha intensa actuación en comisións. Defendeu a construción da estrada de Lugo a Portomarín e do porto de San Cibrao, a autorización dos mercados dominicais de Lugo, Viveiro e Cervo, apoiou a agrupación cubana *Vivero y su comarca*, que tiña como fin a construción de escolas e bibliotecas populares para o distrito de Viveiro, e apoiou tamén a construción do ferrocarril da Costa e do tranvía eléctrico de Lugo a Mondoñedo e a Ribadeo.

Foi membro do Ateneo de Madrid e presidente honorario da Cámara de Comercio de Lugo e presidente da Casa de Galicia en Madrid, e impartiu clases como profesor na Academia de Xurisprudencia e Lexislación,

Na súa profesión, especialmente no ramo do dereito criminal, defendeu con éxito casos de resonancia en todo o Estado. Na Segunda República achegouse ás posicións máis ultraconservadoras pero non logrou saír deputado en ningunha das lexislaturas.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Lugo	
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Viveiro	Lugo



#### SOTO RODRÍGUEZ, Nicolás

Estamos ante un dos casos máis singulares na representación parlamentaria galega do século XIX. Naceu Nicolás en Cobelas (Ourense) o 10 de setembro de 1836, fillo de Lorenzo Soto e Bernarda Rodríguez. Ós dous anos morreulle o pai quedando a familia nunha situación económica moi delicada.

Iniciou os estudos de bacharelato no Instituto de Ourense, que non puido rematar. Por necesidade, decidiu ingresar como voluntario no Exército cando tiña dezaioito anos.

Foi ascendendo pouco a pouco e a base de moitos anos de servizo. No ano 1855 era cabo e en 1859 sarxento. Participou na Guerra de África, que rematou con varias condecoracións e co grao de subtenente.

En África coñeceu a Prim e de súpeto converteuse no oficial máis fiel do xeneral.

No ano 1861 casa con Juliana Ruiz.

Xa ascendido a Tenente, foi por algún tempo destinado a Ávila.

Residiu en Madrid e desde 1865 participou na conspiración para derroca-la Monarquía. Foi unha das caixas de correos que utilizaron os exiliados para comunicarse con España cos oficiais comprometidos e cos líderes confabulados. Especialmente foi Prim quen utilizou os seus servicios para contactar coas distintas forzas militares. Participou nos sucesos do 22 de xuño de 1866. Organizou a Xunta de Auxilios en favor dos desherdados e das viúvas dos que morreron naqueles sucesos. Seguido polos servicios secretos, foron detidos o 15 de maio de 1868 el e a muller, ó atoparlle diversa documentación conspiratoria.

Por iso cando o levantamento de 1868 deu paso ó novo Réxime, desde Madrid premeron para que saíse deputado a Cortes Soto Rodríguez, posiblemente descoñecido en Ourense despois de tantos anos de ausencia.

Elixido para a lexislatura de 1869 pola sección de Ourense, formou parte das comisións de Goberno Interior e Pensións e Empréstitos á Deputación de Madrid. Non falou nunca e só presentou algunhas exposicións ó Goberno.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1869-1871    Deputado pola provincia de Ourense

### SOUTO SÁNCHEZ, Paulino

Representa unha casta de políticos, avogados e moi sólidos profesionais, moi característica de Galicia, que merecían creto nunha comarca pola súa capacidade e honradez e que un día, convidados quizais por un político necesitado de cadros, probaban e logo quedaban durante algún tempo atraídos polo que significaba o contacto co poder.

Souto Sánchez, que naceu en Betanzos, respondía só parcialmente a este modelo, porque antes de dedicarse a alta política xa exercera en varias ocasións como deputado provincial e mesmo de gobernador civil da Coruña.

Estudou Dereito na Universidade de Santiago e abriu bufete na cidade da Coruña onde estaba moi acreditado.

Xa dixemos que exerceu de gobernador civil antes de 1868. Durante o período revolucionario retirouse totalmente da política, retornando na Restauración.

Antes de 1868 pertencía ó Partido Moderado e posteriormente seguiu a Cánovas.

Representou a Betanzos en catro lexislaturas, comezando no ano 1876 e rematando en 1893.



Formou parte de varias comisións, pero non lle gustaba pronunciar discursos. Algunha que outra vez, e como membro dunha comisión, tivo que participar nalgún debate, coma na sesión do 20 de maio de 1881, cando tivo que enfrontarse nada menos que a Castelar, que poñía en dúbida a obxectividade da Comisión de actas, da que el formaba parte.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña
Lexislatura 1884-1886	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña
Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña

### SPOTTORNO BIENERT, Juan

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
-----------------------	----------------------------------	----------

### STUART FITZ JAMES, Santiago Luis Rafael (Duque de Alba)

Sete veces grande de España, duque de Alba, de Liria, de Olivares, XVII conde de Andrade, XVIII conde de Lemos e outros marquesados e condados de España, definen a ascendencia aristocrática do noso persoeiro.

Era fillo de Carlos Stuart Fitz James e de Rosalía de Ventimiglia. Casou con Francisca de Sales Portocarrero, filla dos condes de Montijo e irmá de Eugenia de Montijo, esposa do rei francés Napoleón III.

As importantes posesións que en Galicia tiña a Casa de Alba, especialmente o castelo de Andrade (Nogueirosa, Pontedeume, A Coruña) explican que, ás veces, algún dos membros da Casa de Alba optara polo distrito de Pontedeume. No Parlamento non formou parte das comisións nin falou nunca.

En 1850 Sánchez Silva escribiu del: "Es joven, alegre, sociable y afectuoso. Viste como un duque, pero nos desagrada la exageración con que adopta las modas francesas".

Representou a Galicia en dúas lexislaturas, en 1846 e 1850. Posteriormente foi senador pola provincia de Madrid, na lexislatura de 1858 a 1860, o mesmo ca na lexislatura de 1876, e finalmente, foi nomeado senador por dereito propio en 1877.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña
Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Pontedeume	A Coruña



**STUART FITZ JAMES FALCÓ, Jacobo****(Duque de Alba)**

Naceu en Madrid o 17 de outubro de 1778. Estudiu no Beaumont College (Inglaterra) e na Universidade de Madrid, onde se licenciou en Dereito. Reunía na súa persoa seis ducados, trece marquesados, quince condados, un vizcondado, un título de conde-duque e catorce grandezas de España. Era, ademais, condestable e concelleiro maior de Navarra e cabaleiro de Toisón de Ouro. Era así mesmo Académico da Historia, da Lingua, de Belas Artes e foi presidente do Padroado do Museo do Prado, do Real Automóvil Club de España, da Sociedade de Amigos da Arte, etc.



Xa se comprenderá que tantos títulos, especialmente de índole intelectual, pouco tiñan que ver co seu persoal curriculum. Eran as grandezas que sempre seguen a este-la dos duques de Alba.

Sen embargo, no caso que nos ocupa, este duque de Alba era, sen dúbida, unha personalidade relevante tanto no campo da política coma no da diplomacia e mesmo no mundo intelectual. Publicou obras como *Correspondencia de Gutiérrez Gómez de Fuensalida*, *Noticia histórica y genealógica de los estados de Montijo y Teba*, *Contribución al estudio de la persona del III Duque de Alba*, etc.

Foi ministro de Instrucción Pública baixo a presidencia de Berenguer, senador por dereito propio e embaixador de España en Londres. Morreu en Lausanne en 1953.

Representou o distrito de Lalín no ano 1903. Como deputado nada temos que salientar del.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Legislatura 1893-1895

Deputado polo distrito de Lalín

Pontevedra

**SUANCES, José María**

Importante propietario de Padrón e avogado. Desde moi novo foi membro do Partido Progresista, o que explica que representase a Galicia naquelas eleccións con predominio governamental progresista.

Elixido deputado no ano 1843, foi un dos maiores activistas contra o réxime de Espartero. Abandonou Madrid e retornou a Galicia para conspirar nos cuarteis co obxectivo de provocar un alzamento antiesparterista.

En 1843 el, Alsina, Arias Uría, Vázquez Bugueiro e outros, todos progresistas, publicaron un manifesto no que defendían a descentralización administrativa dos concellos, a constitución de 1837, a reforma do sistema tributario e a responsabilidade ministerial. Este manifesto antecedeu o levantamento de Galicia contra Espartero.

Chegado o momento do pronunciamento, os progresistas galegos crearon unha Xunta de Galicia, con capital en Lugo, mentres non se constituía un novo goberno progresista e antiesparterista. Suances foi elixido presidente desta Xunta, o que revela a alta consideración que se lle tiña en tódolos ambientes progresistas de Galicia.

Foi deputado da provincia da Coruña (pero cos votos conseguidos en Padrón, onde residía) en cinco lexislaturas. No Congreso a súa actuación foi pouco meritória.

Morreu en Madrid o 12 de decembro de 1855 cando era deputado nas Cortes. Á súa morte houbo un considerable escándalo porque alguén da familia permitiu que un sacerdote lle arrincase un escrito no que Suances renunciaba ó seu voto (dado noutro tempo) en favor da desamortización e da supresión dos décimos. O sacerdote, unha vez lograda a firma, deu a coñece-lo documento. Isto provocou durísimas críticas no Parlamento e na prensa pola desconsideración do clérigo. O deputado Juan Bautista Alonso, en plenas Cortes, denunciou o comportamento daquel clérigo e da propia Igrexa por aproveita-la enfermidade e o desfalecemento físico e moral dun moribundo para lograr un arrepentimento.

Como deputado participou bastante nos debates.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1836-1837	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1841-1842	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1843 (1ª)	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia da Coruña

### ==== SUÁREZ DE DEZA Y CAAMAÑO, Apolinar

Fillo de Francisco Javier Suárez de Deza, señor de Láncara (Lugo) e de Mariñán (A Coruña) ademais doutras casas patruciais e pazos, e de Antonia Caamaño Pardo, irmá do conde de Maceda e filla dos señores de Romelle, Leboráns, Goiáns e Quindimil.

Herdou don Apolinar unha inmensa fortuna en bens e rendas da terra, que aínda se acrecentou ó casar con Raimunda Josefa de Tineo y Vigo, que achegou ó matrimonio importantes rendas en Asturias.

Vivía por tempadas en distintos pazos da súa propiedade, aínda que o pazo de Mariñán en Bergondo, hoxe propiedade da Deputación da Coruña, era o lugar habitual de residencia. Tiña casas en Láncara, Nocado, Vilafranca do Bierzo, etc.

Don Apolinar non tivo descendentes varóns pero a través dos enlaces matrimoniais das súas fillas, converteuse nun personaxe político de grande influencia no Estado. Xenros seus foron o marqués de Algara de Gres Manuel Calderón, Ildefonso Flórez del Páramo, Francisco Bermúdez de Castro, todos eles deputados ou senadores e persoeiros de grande influencia.

Foi gran inversor en bens desamortizados tanto en Galicia coma en Asturias.

A defensa do seu patrimonio foi un dos obxectivos preferentes da súa vida. Previndo a supresión dos señoríos xurisdiccionais chegou a un acordo cos veciños da Mezquita de Ourense, que lle pagaban importantes cantidades de centeo e máis de 1.500 reais ó ano para que, a cambio dunha rebaixa nestes impostos, aceptasen recoñecer que estas cantidades non eran impostos senón rendas e, por conseguinte, que el era o propietario desas terras.

Os veciños acordaron no ano 1860 solicitar da xustiza a nulidade daquel acordo. A sentenza de 9 de xaneiro de 1861 do xulgado de Viana foi, como é natural, favorable a Apolinar. Pero apelada á Audiencia da Coruña, esta sentenciou o 9 de xullo de 1861 que era nulo o pacto e que don Apolinar tiña que devolver todo o percibido desde 1851.

Ocupado nos seus asuntos económicos non amosou Apolinar Suárez gran entusiasmo pola política parlamentaria. Só foi deputado nunha ocasión, na lexislatura de 1836, pola provincia de Lugo. Ademais foi tan curta aquela, que moitos dos elixidos nin sequera chegaron a estar presentes no Congreso.

Suárez de Deza non consta que interviñese nesta lexislatura.

Foi tamén senador en dúas ocasións, entre 1843 e 1844 pola provincia de León e entre 1845 e 1846 como vitalicio.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1836 (1ª) Deputado pola provincia de Lugo

### SUÁREZ DE PUGA, José Ventura

Natural de Sobrado de Trives. Era irmán de Tomás Suárez de Puga (véx.) e só representou a Galicia nunha lexislatura.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1853-1854 Deputado polo distrito de Trives Ourense

### SUÁREZ DE PUGA, Tomás

Asombroso caso de supervivencia política xa que representou sempre a provincia de Ourense durante dez lexislaturas e durante case vinte anos de deputado. E iso, ademais, sen contar, aparentemente polo menos, con recursos económicos importantes ou co apoio dun prestixio familiar poderoso.

Naceu en Sobrado de Trives nunha familia fidalga. Estudiu Filosofía no Seminario de Astorga e posteriormente Leis na Universidade de Valladolid. Ó remata-la carreira e contra a decisión da súa nai, que era viúva, decidiu solicita-lo ingreso na Garda de Corps, que ó serlle aceptado, levouno a orienta-la súa vida cara o campo militar.

Cando no ano 1833 foi depurada a Garda de Corps, decidiu ingresar no Exército regular, sendo destinado ó Norte para que asistise como auditor de Guerra nos procesos abertos con ocasión da Guerra Carlista do Norte.

Cando se extinguiu definitivamente a Garda de Corps, pasou a un corpo especial de Montesa e Coraceiros, que dispuñan dun uniforme moi aparatoso e ó que se refire sen dúbida un cronista da Corte e das Cortes, Sánchez Silva, do que di que era "buen mozo" e que a primeira vez que entrou no Congreso presentouse cun elegante traxe militar.

Sendo tenente coronel, decidiu deixa-lo Exército e pasar á reserva.

Foi na lexislatura do ano 1839 cando conseguiu a primeira representación a Cortes, pola provincia e Ourense. En 1840 volveu ser elixido e retomou no ano 1844, sempre por Ourense, e desde 1846, é dicir cando aparecen os distritos, representou a Pobra de Trives desde 1846 ata 1853. Posteriormente representou tamén os distritos do Barco, de Bande e a sección de Xinzo.

Como deputado tivo unha actuación bastante mediocre. Consta, eso si, que asistía e mesmo formaba parte dalgunhas comisións, como a de Recrutamento do exército en 1844, ou da Etiqueta, pero nos vinte anos que estivo nas Cortes xamais se pronunciou sobre cousa ningunha.

Na lexislatura de 1853 foi duramente atacado polos progresistas, especialmente por Madoz, que denunciou as irregularidades cometidas no proceso electoral.

O único nomeamento do que temos constancia no seu favor foi no ano 1849 cando a Raíña o designou tesoureiro da Casa da Moeda.

Tamén houbo lexislaturas, como na de 1867 a 1868, nas que nin falou nin formou parte de ningunha comisión.

Foi sempre do Partido Moderado. Os cronistas xulgábano como un tribuno que non falaba pero que era sólido na súa doutrina e que mantiña un compromiso aceptable co seu país.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1839-1840	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1844-1845	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1846-1850	Deputado por Trives	Ourense
Lexislatura 1850-1851	Deputado por Trives	Ourense
Lexislatura 1851-1852	Deputado por Trives	Ourense
Lexislatura 1853-1854	Deputado polo Barco de Valdeorras	Ourense
Lexislatura 1857-1858	Deputado por Trives	Ourense
Lexislatura 1864-1865	Deputado por Bande	Ourense
	(substitúe a Torres Valderrama)	
Lexislatura 1867-1868	Deputado pola sección de Xinzo	Ourense



**SUÁREZ DE RIOBOO, José María**

Son escasas as noticias que temos deste párroco de aldea que representou a Galicia nas Cortes de Cádiz.

Sabemos que naceu en San Estevo de Goiáns (Bergantiños, A Coruña) e que estudou Filosofía e Teoloxía na Universidade de Santiago. No ano 1773 obtivo o grao de bacharel en Filosofía. A última noticia que temos dos seus estudos é do ano 1778, en que facía quinto de Teoloxía.

É posible que, como sucedía con bastante frecuencia, non rematase a licencia en Teoloxía, xa que no arquivo universitario non atopamos referencia a que obtivese ese título. E iso sucedía porque durante os estudos obtiña un beneficio eclesiástico que motivaba que abandonase a universidade.

No ano 1810, cando foi elixido deputado ás Cortes pola provincia de Santiago, estaba de párroco de Berdeogas (Vimianzo, A Coruña). Asistiu o 24 de setembro de 1810 á primeira sesión das Cortes, pero ata o 23 de novembro dese ano, cando solicitou e conseguiu licencia para ir a Galicia por asuntos persoais, non consta que participase para nada nas Cortes, xa que nin sequera aparece votando o 19 de outubro de 1810 sobre o proxecto de liberdade de imprenta.

Xa en Galicia volveu solicitar prórroga en maio de 1811, para permanecer en Berdeogas por motivos de saúde. Non retornou ás Cortes nin xurou a Constitución, porque o 18 de marzo de 1812 consta entre os vinte lexitimamente ausentes. É curioso que dos vinte ausentes, sete fosen deputados galegos.

Por conseguinte, foi un deputado honorífico porque non consta que permanecese máis dun mes nas Cortes.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Legislatura 1810-1813    Deputado pola provincia de Santiago

**SUÁREZ GARCÍA, Francisco**

Tivo Suárez García a sorte de que, ós dous meses da súa morte, o amigo e correligionario Santiago de la Iglesia publicara a súa biografía (*Necrológia del ilustre propagandista republicano D. Francisco Suárez García*, Ferrol 1900), o que permitiu manter viva a súa memoria, polo menos entre os galegos cultos. Recentemente Esperanza Piñeiro de San Miguel publicou outra biografía, ampliando en varios puntos a súa contribución política. Non estamos, por conseguinte, ante un deputado esquecido.



Naceu na cidade de Ferrol o 31 de marzo de 1827. Procedía da clase media. Seu pai, Antonio Suárez era procurador dos tribunais e a súa nai era María García.

Preparouse, como case tódolos mozos do seu tempo, na cidade de Ferrol para ingresar na Armada. Estudiu na Escola de Pilotos da Armada. Concluídos os estudos e navegando na fragata *La Perla*, decidiu no ano 1848 quedarse en Uruguai, disposto a iniciar en América unha nova etapa da súa vida. Os vinteún anos parecía que o mundo lle quedaba pequeno.

Traballou na importante Casa Gradín que tiña diversos negocios, entre outros, o da exportación de guano a Europa. A agricultura europea, que iniciaba a súa modernización, atopou no guano un dos abonos máis eficaces para aumenta-la produción.

En 1854 deu un xiro total a súa vida. En Arxentina e aproveitando a guerra civil intestina que sufría o país, elixiu a un dos bandos en litixio ofrecéndolle os seus servicios. O xeneral Pujol, seguidor do presidente Urquiza, capitán xeral e gobernador de Corrientes, e a quen se achega Suárez ofrecéndolle ou dedicándolle un tomo de poesías sacras, acólleo baixo o seu amparo e dálle traballo na Comisión de Colonización, oficina encargada de situa-los miles de europeos que chegaban á rexión. Alí encargábase tamén do departamento de instrucción pública e mesmo publicou algunha obra, como *Puntuación e Ortografía*, dedicada ás escolas.

Iniciou a súa colaboración na prensa no *Diario de Paraná*, *Diario de Corrientes* e en *El Comercio de Corrientes*, colaboración que simultaneou cos traballos nas oficinas do Estado. É unha mágoa que non teñamos ou dispoñamos dos textos escritos por Suárez García de 1856 a 1858, porque nos permitiría medir ata qué punto se pode mante-la integridade ética servindo a caudillos como Pujol e Urquiza.

Suárez investiu os seus aforros na adquisición de terras en Paraná, na seguridade de que o seu valor se incrementase e lle permitirse retornar un día a Ferrol cun capital para reinicia-la vida en Galicia. En abril de 1859 os seus protectores Pujol, de quen era secretario, e Urquiza noméano secretario da Embaixada de Arxentina en París. Embarcouse para España e cando chegou a Ferrol, como tránsito para París, atopouse coa novidade da caída de Urquiza e a conseguinte suspensión do seu nomeamento. Seica tampouco puido atopar comprador para as súa terras, polo que retornou tan pobre coma cando saíu.

Cos seus irmáns, Genaro e Juan, montou un colexio de Estudos Primarios que lle garantise a sustentación económica e mesmo lle permitise dedicarse ás dúas profesións para el máis queridas, o xornalismo e a imprenta.

No ano 1867 mercoulle a Cástor Míguez, impresor da Coruña, a súa imprenta e trasladouna a Ferrol. Imprimiu nos seus talleres os xornais *La Aurora*, *El Eco Ferrolano* e *El Tribuno*. Fundou e dirixiu *La Democracia*. Estando como deputado en Madrid seguiu imprimindo, pois tiña unha imprenta na rúa Muñoz Torrero, que pechou en 1875 ó retornar a Ferrol.

Tamén escribiu algunhas novelas de escaso mérito literario pero que son reveladoras da súa paixón democrática, como *Los Guaraníes* (1861), *Los Demócratas* o *El Ángel de la libertad* e outras.

Completamente envorcado no proselitismo republicano, Suárez García foi o líder indiscutible do republicanismo federal ferrolán, mentres que Gaspar Rodríguez (véx.), representaba o republicanismo radical de Ruiz Zorrilla. No ano 1869, no Sexenio Revolucionario, foi alcalde de Ferrol e en 1872 foi o presidente da Xunta Revolucionaria creada con motivo da sublevación de Ferrol dese ano. Fracasado o golpe, Suárez logrou fuxir e refuxiarse en Madrid, ata que a amnistía lle permitiu retornar.

Foi elixido deputado a Cortes polo distrito de Ferrol nas eleccións de 1873. Participou na Comisión da Mariña da que foi elixido presidente.

Tanto na comisión como na presentación de propostas ou preguntas ós Ministros, demostrou a súa integridade revolucionaria. Pero foi na sesión do 29 de agosto de 1873, para defender unha proposición asinada por el, onde se puxeron de manifesto non só as súas conviccións, senón tamén o alento tribunicio de Suárez García, cunha elocuencia popular e de barricada e con parágrafos de fonda densidade humana e revolucionaria.

Rematado o período da lexislatura retornou a Ferrol mantendo durante a Restauración unha secreta actividade subversiva en favor da República.

Sen embargo, a súa rexa militancia non o invitou ó sectarismo. Colaborou en tódalas actividades cívicas, consecuentes coa súa ideoloxía e favorables ó interese de Ferrol. Participou na fundación do Ateneo Artístico (1879), formou parte da Comisión das Reformas Sociais, tamén pertenceu á Xunta encargada de dirixir a Escola de Artes e Oficios de Ferrol, e foi concelleiro en varias lexislaturas, sempre representando os republicanos.

Morreu o 15 de marzo de 1900.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1873-1874

Deputado polo distrito de Ferrol

A Coruña

### SUÁREZ INCLÁN, Félix

Ilustre político asturiano, nacido no seo dunha familia cunha ampla traxectoria política, que só representou a Galicia nunha lexislatura no Senado. Era fillo de Estanislao Suárez Inclán, rexistrador da propiedade e de Cándida González Villar y Jove.

Naceu en Xixón o 23 de xuño de 1854. Estudiu Dereito na Universidade de Madrid. Opositou a rexistrador da propiedade e en 1881, exercía ese labor en Ponteareas. En 1886, estando destinado en Reus, pediu a excedencia para dedicarse integramente á política.



Pertenceu sempre ó Partido Liberal de Sagasta-Moret-Romanones, non seguindo

por conseguinte, a estela dos monteristas.

Reorganizou en Asturias o Partido Liberal do que foi o seu presidente.

Foi gobernador civil de Barcelona no ano 1909, vicepresidente do Congreso, fiscal do Tribunal do Contencioso Administrativo, conselleiro de Estado e, ministro de Agricultura e Obras Públicas no ano 1902. Algúns biógrafos de Suárez Inclán refírense a que foi ministro noutras tres ou catro ocasións, dato que non puidemos confirmar.

Representou sempre a Asturias desde 1887, ano en que foi elixido polo distrito de Luarca, ata 1923, con só dúas excepcións, en 1895 en que representou o distrito de Matanzas (Cuba) e na lexislatura de 1922 a 1923, en que foi senador pola provincia de Ourense. Representou a Cangas de Tineo en 1893 e a partir de 1898, en tódalas lexislaturas ata 1922.

Morreu solteiro en Madrid no ano 1939.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1922-1923    Senador pola provincia de Ourense



#### ==== SUÁREZ INCLÁN, Heliodoro

**N**aceu en Madrid o 3 de xullo de 1871. Era fillo de Estanislao Suárez Inclán, rexistrador da propiedade e propietario importante en Ávila, e de Cándida González Villar Jove, natural de Luarca (Asturias). Era pois, irmán de Félix Suárez Inclán (véx).

Estudou Dereito na Universidade de Madrid, profesión que exerceu nesta cidade.

Foi concelleiro e tenente de alcalde de Madrid de 1901 a 1904, gobernador de Tarragona e representou varios distritos tanto no Congreso coma no Senado. En 1901 saíu elixido deputado polo distrito de Guadix (Granada), para a lexislatura de 1907, por Pravia (Asturias), na de 1910 senador por Ourense e finalmente, na lexislatura de 1923, foi deputado polo distrito de Baza (Granada).

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1910-1914    Senador pola provincia de Lugo



## — T —

**TABOADA DE LA RIVA, Marcial**

Naceu en Ourense o 15 de marzo de 1837. Estudiu as primeiras letras no Carballiño (Ourense), parte de Medicina na Universidade de Santiago e rematou a carreira, incluído o doutoramento, na Universidade Central no ano 1857.



Ingresou no corpo da Sanidade da Armada, pero renunciou ó cargo para dedicarse desde 1859 a dirixir establecementos de augas termais e casas de baños e a especializarse na hidroloxía, rama na que estaba reputado como un grande especialista. Dirixiu os establecementos de Arenosilla, Marchena, Panticosa e outros. Durante trinta anos exerceu o cargo de inspector xeral de Sanidade. Foi secretario e logo presidente da comisión que publicaba o *Anuario Oficial de las Aguas Minerales de España*, publicou así mesmo o primeiro *Anuario Hidrológico de España*, e foi o autor do Regulamento de baños de 1874.

Publicou celebrados traballos, como *La Invasión Colérica. El Histerismo, Tratado de Hidrología*.

Foi presidente da Sociedad Española de Hidrología, vicepresidente do Consejo de Sanidad, vicepresidente do Consejo Superior de Protección a la Infancia, membro da Real Academia de Medicina, membro da Sociedade de Ciencias Médicas de Lisboa, da Sociedade Francesa de Hixiene, etc.

Estamos indubidablemente ante un dos máximos expertos en España da hidroloxía médica.

Tentado pola política, militou no Partido Liberal. Iniciou a súa presenza no Congreso na lexislatura de 1893-1896, como deputado polo Carballiño. Logo foi senador pola provincia de Ourense na seguinte lexislatura, retornou ó distrito do Carballiño en 1898, na lexislatura de 1901 foi senador por Lugo. Tamén foi senador pola Real Academia de Medicina na lexislatura de 1903-1904 e finalmente senador vitalicio a partir de 1905. Morreu en Pinto (Madrid) o 23 de abril de 1913.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1893-1896	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1896-1898	Senador pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1898-1899	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1901-1902	Senador pola provincia de Lugo	

---

**TABOADA DE LOSADA, Francisco**

Procedía da máis elevada fidalguía lucense. Era fillo de Luís Vicente Taboada de Temes, señor das casas torres de Cartelos (Carballedo, Lugo), Traspensas e das casas de Trasar, Súa, Cudeiro e do coto de Vilameá. Súa nai era Francisca Javiera Losada Quiroga de Garza y Sarmiento, señora de Tor, da Torre de Candaira e de Navia, coto de Freixomil e casa torre do Hospital e coto de Santa Tegra. O matrimonio de seus pais acrecentou os títulos e riquezas xa ben coñecidas da poderosa casa de Tor, na que habitualmente residían.

O noso protagonista era un dos fillos segundóns, porque o herdeiro do vínculo foi o seu irmán Ramón Taboada de Losada que aínda incrementou o patrimonio ó casar con Pastora Rodríguez Varela de Temes, do pazo de Sabadelle (Chantada).

Durante a primeira Guerra Carlista, serviu a Carlos como comandante de Cabalería. Tralo abrazo de Vergara, Taboada foi un dos carlistas dispostos a participar na vida política, pero sen ceder excesivamente nas súas concepcións básicas, especialmente en materia de relixión e temas eclesiásticos.

Decidiu presentarse ás eleccións de 1844 pola provincia de Lugo. Resultou elixido, pero a súa presenza nas Cortes foi efémera. Teñamos en conta que as Cortes se abriron o 10 de outubro de 1844. En decembro do mesmo ano, é dicir, ós dous meses escasos, un grupo de deputados do sector moderado decidiu abandonalos escanos en protesta polo proxecto de lei que os moderados presentaron ás Cortes sobre dotación do culto e clero. Entendían estes deputados (había varios galegos) que o proxecto nin garantía unha dotación xusta en favor do clero nin lle devolvía os bens nacionalizados aínda non postos á venda. Varios autores interpretan esta disidencia do sector máis duro do moderantismo como a primeira fase do futuro sector neocatólico. Taboada foi un dos deputados que se retiraron do Parlamento, como protesta.

Desencantado, Taboada non volveu presentarse a novas eleccións. Retirouse da política activa e mantivo a súa fidelidade ó carlismo.

Non tivo fillos, polo que os seus títulos e bens pasaron ós seus irmáns Juan e Ramón.

Por conseguinte, ingresou nas Cortes en outubro de 1844 e renunciou ó seu escano na sesión do 28 de decembro de 1844, sen formar parte mentres de ningunha comisión nin falar nunca.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1844	Deputado pola provincia de Lugo (Renunciou)
------------------	---

---

**TABOADA MONDRAGÓN, José**

Pertencía á familia da casa de Liñares (Lalín, Pontevedra) que estaba emparentada cos condes de Taboada de Santiago.

Fixo a carreira militar e, no ano 1820, cando foi elixido deputado por Galicia era

tenente coronel. Era, así mesmo, alto funcionario do Ministerio de Gobernación.

Tomou posesión da súa acta na sesión do 25 de febreiro de 1822.

Formou parte dalgũa comisión, como a das Milicias Nacionais, pero normalmente non pedía a palabra para expoñer as súas ideas.

Nun xuízo contemporáneo, feito por un asistente a aquelas Cortes dise del que era seguidor da política ministerial, votando sempre co Goberno: "Covachuelista. Defensor *usque ad mortem* del Ministerio... Económico en el uso de la palabra"

Sabemos que formaba parte da masonería.

Na votación do 11 de xuño de 1823 votou en contra da exoneración do rei Fernando VII. Quizais por iso non consta que fora perseguido na chamada Década Ominosa.

Novamente foi elixido senador pola provincia de Pontevedra na lexislatura de 1837-1838, pero non chegou a tomar posesión porque presentou a súa renuncia.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1822-1823	Deputado por Galicia
-----------------------	----------------------

### TABOADA TUNDIDOR, Antonio

Natural de Ourense, avogado, pertencía a unha familia de ilustres xuristas e políticos. Do Partido Conservador, na facción bugallista, logrou ser elixido deputado polo distrito de Ourense cando o sistema restauracionista estaba xa agonizando.

Durante a Segunda República foi novamente tentado pola política. Presentouse nas primeiras eleccións nunha candidatura de dereitas que lideraba Calvo Sotelo e que tiña na provincia de Ourense grandes apoios. A ausencia do líder, exiliado en Francia, e a falta dunha publicidade e organización do partido explican que os resultados fosen pouco satisfactorios. Sen embargo, Calvo Sotelo xuntou 27.000 votos e conseguiu escano, que logo non se puido materializar. Taboada Tundidor obtivo 20.000 votos e non resultou elixido.

Presentouse nas seguintes eleccións, as de 1933 e 1936, co Partido Agrarista, e obtivo nos dous casos escano.

Nas eleccións da Fronte Popular e aínda que ía baixo as siglas do Partido Agrario, en realidade ía coligado co Partido Centrista de Portela Valladares.

Sabemos que foi subsecretario de Xustiza.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
Lexislatura 1923	Deputado polo distrito de Ourense	Ourense
Lexislatura 1933-1936	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1936	Deputado pola provincia de Ourense	Ourense

**TACÓN CALDERÓN, Miguel****(Duque de la Unión de Cuba e Marqués de Bayano)**

Era fillo de Bernardo Luís Tacón Hewes e de Matilde Calderón Vasco. Naceu en Madrid no ano 1871.

Ingresou no corpo de Cabalería ó que debeu renunciar, porque no Anuario Militar de España de 1901 xa non consta en activo.

Casou no ano 1903 con María del Rosario Rodríguez de Rivas y de la Gándara, natural de Biarritz.

Gran propietario en Toledo, foi conselleiro da Compañía Transatlántica, e gozou da amizade persoal do rei Alfonso XIII, quen o nomeou o seu cabalerizo maior.

Foi membro do Corpo Colexiado dos Caballeros Hijosdalgo de Madrid, mestrante de Ronda, xentilhome de S.M., etc.

Representou a Viveiro na lexislatura de 1910-1914 e foi senador de Valladolid na lexislatura de 1916-1917.

Morreu en Salamanca o 6 de xaneiro de 1937.

Non tivo ningunha relación con Galicia.

---

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1910-1914    Deputado polo distrito de Viveiro    Lugo

---

**TACÓN Y HEWES, Bernardo Luis****(Duque de la Unión de Cuba)**

Naceu en Londres o 2 de xullo de 1844. Era fillo do xeneral Miguel Tacón e de Francisca Hewes.

Casou con Matilde Calderón Vasco, en primeiras nupcias, o 8 de xaneiro de 1871 e, en segundas nupcias, con María Carlota Berenguer y Martínez de Espinosa.

Gozaba dunha sólida posición económica. Era titular no ano 1884 dun depósito bancario de 187.000 pesetas. situadas a un 4% anual, ademais de posuir unha casa de campo en Zarauz e un gran hotel con 16.529 metros cadrados valorado en 350.000 pesetas.

Foi senador por Burgos na lexislatura de 1884-1885, por Ourense entre 1891 e 1893 e, finalmente, por Toledo entre 1896 e 1898.

Morreu o 15 de febreiro de 1914 en Madrid.

---

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1891-1893    Senador pola provincia de Ourense

---



**TAMES HEVIA, Francisco**

Parece ser que naceu este ilustre xurisconsulto no ano 1795. Estudiu Dereito. Entrou na carreira xudicial. No ano 1838 era maxistrado da Audiencia da Coruña.

Resultou elixido, por vez primeira, na lexislatura de 1837 pola provincia de Oviedo, aínda que non nos consta que tomase posesión. Novamente por Oviedo resultou elixido na lexislatura de 1840. Na de 1844-1846 foi elixido deputado suplente outra vez pola provincia de Oviedo.

Representou a Galicia por vez primeira na lexislatura de 1846-1849, elixido polo distrito de Consolación (Pontevedra). Como no ano 1849 foi nomeado fiscal do Tribunal Maior de Contas viuse obrigado a presentarse á reelección. Sen embargo, a Comisión de Actas estimou varias irregularidades polo que se mandou repetir a elección (sesión do 17 de novembro de 1849) porque o resultado obtido contra Manuel Gómez Díaz era dun só voto. Finalmente foi reelixido. As Cortes aprobaron a súa acta na sesión do 8 de xaneiro de 1850 e tomou posesión (por segunda vez na lexislatura) o 9 de xaneiro de 1850.

Alto oficial do Goberno, foi membro no ano 1856 do Consello de Instrucción Pública, tamén desde este mesmo ano foi nomeado protector da Fundación Figueroa, foi conselleiro de Estado pola sección de Facenda, e xa desde 1851 era membro do Tribunal de Contas do Estado.

Cubriu, por conseguinte, un completo currículo como alto funcionario do Estado.

Como deputado nunca demostrou excesivo entusiasmo por participar nos debates máis importantes, pero a súa voz era escoitada por tratarse dunha personalidade do Dereito e da Administración.

Sánchez Silva refírese a el como deputado na lexislatura de 1850 e afirma que era bo orador forense, pero pouco elocuente. Di que escribía os discursos e os memorizaba porque estaba prescrito que no Congreso non se podían ler os discursos.

Engade Sánchez Silva que era apoderado ou administrador do duque de Montpensier, o que lle permitía gañar, só por este concepto, de 50.000 a 60.000 reais anuais.

Na lexislatura de 1858-1860 foi nomeado senador vitalicio.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Consolación	Pontevedra
Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Consolación	Pontevedra

**TEIJEIRO FERNÁNDEZ, Maximino**

Naceu este ilustre catedrático da Universidade de Santiago en Monforte o 30 de setembro de 1827.

Estudou Medicina na Universidade de Santiago, e doutorouse na Universidade Central no ano 1861, cunha tese que levaba o seguinte título: *¿El ojo de la vista considerado físicamente es cromático?* (Madrid, 1861).

Profesor axudante de Anatomía en Santiago, gañou a cátedra de Anatomía Xeral e Descritiva da Universidade de Valladolid, e logrou posteriormente o seu traslado a Santiago, Universidade na que permaneceu ata a súa morte.

Publicou a tradución da obra de Malgaigne, *Medicina Operatoria*, tamén traduciu a *Anatomía Quirúrgica* de Petrequin, e publicou *La fiebre Tifoidea* (1878), *Breves reflexiones sobre la sífilis* (1880), *La Terapéutica que se impone* (1899), *Breves reflexiones sobre el cólera* (1885).

Era un intelectual integrado na sociedade compostelá e galega: foi membro da Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, que presidiu entre 1870 e 1871; formou parte de varias corporacións científicas de Galicia, de Valladolid e Madrid. Viviu o espírito da Institución Libre de Enseñanza á que se incorporou.

Foi rector da Universidade de Santiago, por vez primeira, entre 1893 e 1896 e, por segunda vez, entre 1898 e 1900.

Politicamente militou sempre no Partido Liberal, na fracción *monterista*. Foi, sen dúbida, o líder do *monterismo* universitario e loitou en favor do control universitario polo seu sector. Iso produciu a creación dun bloque *antimonterista* na Universidade no que se integraron os rexionalistas (Cabeza de León, Brañas) dispostos a frear a dominación universitaria por parte de Montero Ríos.

Isto explica que as eleccións a senador pola Universidade de Santiago fosen tan rifadas. Conseguiu ser elixido senador pola Universidade por vez primeira na lexislatura de 1887, posteriormente representouna noutras tres lexislaturas.

O apoio de Montero Ríos permitiulle facer obras e introducir novos estudos na Universidade: Os estudos de Veterinaria, a construción da Facultade de Veterinaria, o segundo piso do edificio central da Universidade, etc.

Teijeiro, que non carecía de grandes valores, tiña, como tódolos homes non comúns, graves defectos. Un deles era medir as persoas pola súa militancia política. Ou eran de Montero ou non eran ninguén. E iso supúxolle conflitos. Ós rexionalistas nunca os entendeu e na medida das súas posibilidades non favoreceu as súas carreiras. Brañas nada lle debe, como tampouco Cabeza de León. A Murguía, director da


Biblioteca Universitaria, non parou ata trasladalo a Xirona. Era, por conseguinte, un secretario. Morreu en Santiago o 5 de xuño de 1900.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1886-1891	Senador pola Universidade de Santiago (Tomou posesión en 1887)
Legislatura 1891-1893	Senador pola Universidade de Santiago
Legislatura 1893-1896	Senador pola Universidade de Santiago
Legislatura 1898-1899	Senador pola Universidade de Santiago

### TEJADO, Gabino

Naceu en Badaxoz no ano 1819, e era fillo dun ilustre profesor de medicina da Universidade de Salamanca. Estudiu Humanidades en Cáceres, onde foi discípulo de Donoso Cortés. Estudiu Leis nas universidades de Salamanca, Sevilla e rematou na Universidade Central no ano 1841.



Estableceuse como avogado en Badaxoz. Politicamente seguiu a seu avó Martín Gabino Rodríguez, líder do esparterismo estremeño. Formou parte do concello establecido no ano 1841 e foi un personaxe significativo na cidade pola paixón liberal e a persecución dos realistas. Sen embargo, ó pouco tempo mudaron as circunstancias e avó e neto convertéronse en antiesparteristas, fundaron o xornal *La Coalición*, seguido por *El Grito de Setiembre* no que escribía Tejado, con éxito, xa que aparecía citado con frecuencia nos xornais da Corte.

A caída de Espartero no ano 1843, a quen avó e neto tanto axudaron, levou a Tejado a Madrid onde comezou a ser coñecido. En Madrid, aproveitando a etapa moderada da política gobernamental, afiliouse ó moderantismo. A súa evolución non se detivo. En 1856 pasou ó bando de Nocedal (hai quen asegura que para beneficiarse dunha praza no Ministerio de Gobernación que dirixía Nocedal) e cando este se integrou no carlismo, Tejado seguiuino. En non moitos anos pasou de cantalo Trágala nas rúas de Badaxoz a entoalos salmos da confraría carlista. E iso como é natural foi obxecto de irónicos comentarios na prensa madrileña.

Colaborou na prensa católica: *El Padre Cobos*, *La Constancia*, *Altar y Trono*; no ano 1860 fundou *El Pensamiento Español*, colaborou en *El Siglo Futuro*, órgano oficioso do carlismo. Tamén dedicou parte do seu esforzo á creación literaria, novelística e dramática, con desigual éxito, aínda que a prensa católica o valoraba cualificándoo de *El Luis Veuillot español*. No carlismo formou parte do Consello de don Carlos.

A Galicia só a representou nunha ocasión, na lexislatura de 1867-1868. Presentouse por Mondoñedo, onde o carlismo tiña unha presenza moi importante, e resultou elixido.

Nesas Cortes de 1867 formou parte da comisión de Suplemento de Créditos pero

só falou nunha ocasión, na sesión do 8 de xuño de 1867 en que defendeu a descentralización do Estado como fórmula para evita-lo déficit económico, o que motivou non poucas risas no Congreso.

Tejado seguiu presentando importantes servicios ó carlismo, co que se converteu nun referente teórico, con Balmes, Donoso, Nocedal e Aparisi Guijarro, do pensamento integrista español.

Tiña fieis seguidores pero tamén atentos e puntuais críticos. Un deles foi Martínez Villergas quen, con motivo de estrear Tejado unha obra teatral, *La Niña de Gómez Arias*, que era un arranxo doutra obra de Calderón de la Barca, publicou unha *letrilla* na que, entre outras cousas, dicía:

"D. Gabino, D. Gabino  
si tuviera usted talento  
como tiene atrevimiento  
sería usted peregrino,  
pero es usted un jumento,  
D. Gabino.  
Sus fines de usted son buenos,  
nadie niega que lo son,  
pero es necia pretensión  
atreverse, nada menos,  
con D. Pedro Calderón..."

Morreu en Madrid o 9 de outubro de 1891.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1867-1868 Deputado polo distrito de Mondoñedo Lugo

#### TEMES, Juan Andrés

Pertencía á poderosa familia dos Temes, que tiñan a súa casa forte en Cartelos (Carballedo, Chantada, Lugo), e que tamén eran donos dos señoríos de Traspensas, Saa, dos cotos redondos de Tesar de Carballo e Vilameá.

Fillo segundón, orientouse cara á Igrexa e á ciencia.

Cando foi elixido por Galicia para representala no ano 1820 consta que era catedrático xubilado de Cánones na Universidade de Valladolid.

Formou parte das Comisións de Contestación ó Discurso da Coroa, de Facenda, de Política, Tribunal de Contas e Etiqueta.

Non falou nunca nas Cortes, nin presentou propostas. Sen embargo tiñase del un alto concepto como se pon de manifesto neste xuízo formulado por un asistente diario



ás sesións e que, polo xeral, era hipercrítico nos seus xuízos: "Varón docto, sensato, anciano y taciturno".

Non debeu asistir á segunda parte do Congreso (1821) porque non atopamos xa o seu nome nas actas de sesións.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1820-1821 Deputado por Galicia

### TENREIRO MONTENEGRO, Joaquín (Conde de Vigo e Vizconde de Bañobre)

Fillo de Juan Gabriel Tenreiro Montenegro, oidor das Audiencias de Mallorca e Barcelona, rexente da Audiencia de Oviedo, e do Consello de S.M., e de Apolinaria de la Hoz Alas Villegas Carrión y Valdés.

Os destinos do pai explican que non naceuse en Galicia e que a penas tivese relación co noso país antes de 1808. Salientamos que non naceu en Galicia porque iso produciu- lle graves e serios problemas, como veremos.



Joaquín era home do Antigo Réxime, por algo era o herdeiro dos pobos e xurisdiccións de Parga (San Bréxome), Santa Leocadia, Anxeriz, Seixón, Santa María do Vilar, Saa, Betote, San Martín do Pino, Calobre, Andel, Regueira e Vilachá, ademais de señor de Bañobre (Santa María de Castro, Pontedeume). Esa fidelidade ó Antigo Réxime é o que explica a súa militancia política de signo realista.

No ano 1808 decidiu vir para Galicia e colaborar na loita contra os franceses. Era pouco coñecido nesta terra, pero a súa bravura, capacidade organizativa e prestixio social explican que desde o primeiro momento gozase dun recoñecemento moi superior, posiblemente, ó mérito das súas accións. Pertenceu á Xunta de Lobeira, posteriormente púxose baixo o mando do marqués de la Romana, e foi un importante intermediario cos portugueses, xa que logrou que o xeneral Freyre de Andrade e oficiais como Almeyda comprendesen a importancia que para eles tiña defender Galicia, porta para o paso dos franceses cara a Portugal.

Tenreiro foi ademais un magnífico publicitario da súa obra. Os partes que enviaba ás autoridades militares e á Xunta Suprema enaltecían sen vergonza as súas vitorias e sacrificios. Mais aínda, conseguiu que algúns dos caudillos populares, como o Abade de Valladares, estivesen absolutamente convencidos de que sen Tenreiro Galicia non se vería libre dos franceses. Pero moitos outros caudillos ou xefes de guerrillas mirábane con preocupación, porque sabían da súa autopromoción e publicidade. Entre os seus ben coñecidos adversarios estaban Morillo, Cachamuiña e Colombo.

No seu afán de dar publicidade á súa xenerosidade e heroísmo, coñecemos polo

menos cinco publicacións, algunha portuguesa, indubidablemente pagadas por el, coa intención de enaltece-lo seu patriotismo.

Por iso, cando os franceses foron expulsados de Galicia, causou asombro que Tenreiro fose o gran beneficiado e recompensado, nada menos que co título de conde de Vigo e vizconde de Bañobre, e co grao de coronel do Exército. Cando tivemos na man o expediente feito para recompensalo comprendemos a serie de manipulacións e ocultacións que houbo que facer para impresiona-la autoridade encargada de tal resolución. O xeneral Morillo, ó ter coñecemento do título de conde, denunciou e mesmo chegou a paralizar algúns anos a concesión do condado, pero o asunto resolveuse satisfactoriamente concedéndolle a Morillo outro título...

Non lle resultou, por conseguinte, difícil a Tenreiro naquelas circunstancias obte-lo nomeamento para deputado a Cortes.

Desde o primeiro momento Tenreiro manifestou a súa ideoloxía absolutista. Na sesión do 14 de outubro de 1810 defendeu que se detivese o proxecto de liberdade de prensa ata que chegasen máis deputados. Na sesión do 18 de outubro de 1810 chegou ás Cortes un tema delicado: se o deputado Cano, que representaba a Valencia, podía seguir nas Cortes, xa que nacera en Mallorca. Inxenuamente Tenreiro argüüu que iso non debía ser óbice, porque el era deputado por Galicia sen nacer nela. Os liberais viron o ceo aberto. Abriuse un expediente que acabou coa súa expulsión das Cortes, o 31 de decembro de 1810, por non cumprí-la norma de que todo deputado tiña que nacer no distrito representado.

Os liberais quedaron satisfeitos, porque como escribiu logo un dos seus líderes, o conde de Toreno, Tenreiro era un enredador disposto a frea-lo proceso de liberalización.

Reformada a norma, si puido estar como deputado nas seguintes Cortes, as de 1814, nas que só tomou posesión pero a penas actuou. Tivo sona o seu discurso na sesión do 8 de marzo de 1814, no que defendeu ó deputado Reina, increpado por defender apaixonadamente a Fernando VII.

Resulta raro que, dada a súa ideoloxía, non asinase a Representación dos Persas a Fernando VII.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1810	Deputado pola provincia de Santiago (Anulada)
Lexislatura 1813-1814	Deputado pola provincia de Santiago

### ==== TORRADO OZORES, Adolfo

Representante da vella fidalguía galega e da aristocracia emerxente, naceu no ano 1842. Era fillo de Ramón Torrado Bandín, dono do pazo de Asadelos (Asados, Rianxo, A Coruña) e de María del Carmen Ozores Varela, filla dos condes de Priegue, Juan Nepomuceno Ozores e Pastora Varela Freire, e neta dos señores da Penela.

Pertencían á familia os pazos de Asadelos (Asados, Rianxo, A Coruña), o de Drozo

(Anceis, Cambre, A Coruña) e o de Santa Cruz da Granxa (Herbón, Padrón, A Coruña).

Aínda que a familia tiña unha gran riqueza patrimonial, todo parece indicar que, desde había algún tempo, a súa situación económica non era moi boa, o que explica, como escribe C. Martínez Barbeito, as vendas que tiveron que facer de varias casas na cidade da Coruña.

O noso personaxe casou con Emilia Atocha Mira, filla do prominente burgués da Coruña Manuel Atocha e de Mercedes Mira Ares de Ulloa, da casa de Macieras (Elviña, A Coruña).

O fillo deste matrimonio, Pedro Torrado Atocha, xeneral de Artilería, casou con María Manuela Varela de la Cerda, da casa de Buzaca (Morañas, Pontevedra).

Formou parte do Partido Liberal, pero nunca destacou moito na vida política.

En tres ocasións representou a Galicia Adolfo Torrado. Na lexislatura de 1876-1879, en que representaba a Carral (A Coruña). A súa participación no Congreso podemos considerala como nula xa que nin asistía, nin falaba, nin formaba parte de comisión ningunha. A súa presenza foi sempre testemuñal.

Representou a Santiago na lexislatura de 1881-1884. Nesta ocasión si participou nalgunha comisión, como a do Ferrocarril Valladolid-Ávila, pero nin falaba nin sometía os ministros a ningún tipo de interpelación.

Resultou elixido por terceira vez no ano 1886, polo distrito de Corcubión, pero foron anuladas as actas por decisión do 20 de decembro de 1886, e substituíuno nunhas novas eleccións X. Burell (véx.).

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito de Carral	A Coruña
Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Santiago	A Coruña
Lexislatura 1886-1890	Deputado polo distrito de Corcubión	A Coruña
	(Anulada a acta, retirouse)	

### TORRE Y CASTRO, Casimiro

Naceu, segundo parece, no ano 1840 na parroquia de Santo Isidro de Montes (Cerdedo, A Coruña), fillo de Manuel Francisco Torre Bouzas, secretario do concello de Campo Lameiro e de María Ignacia de Castro Fernández.

Estudou Medicina na Universidade de Santiago, onde se licenciou no ano 1862. Era un alumno moi destacado e aínda cursou en Madrid o doutoramento.

Nada máis remata-lo citado doutoramento o 10 de marzo de 1865, cando debía ter só vintecinco anos, gañou



por oposición a cátedra de Medicina Legal e Toxicoloxía na Universidade de Santiago, onde sucedeu a Jesús Varela Recamán, fillo do sabio Varela de Montes.

Por Orde do 10 de novembro de 1870 foi designado rector da Universidade de Santiago.

A carreira de Torre Castro era realmente meteórica. Con só trinta anos era xa rector da Universidade.

Na lexislatura de 1872-1873 foi elixido senador pola provincia de Pontevedra.

Xustamente cando empezaba a gozar da súa privilexiada situación, morreu en Santiago o 6 de xuño de 1874 con só con 34 anos de idade.

Casou con Ignacia Sánchez Somoza, e ó morrer deixou dous fillos moi pequenos: Lino e Casimiro, que foron criados pola nai coa protección do irmán do pai Lino Torre de Castro, cónego da catedral de Santiago.

Os dous fillos foron tamén catedráticos da Universidade e un deles, Lino, foi tamén rector no ano 1920.

Politicamente a penas tivo tempo para manifestar a súa capacidade.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1871-1872      Senador pola provincia de Pontevedra



#### TORRE Y SÁNCHEZ SOMOZA, Lino

Naceu o 30 de marzo de 1866. Era fillo de Casimiro Torre e de Ignacia Sánchez Somoza. Estudiu Dereito na Universidade de Santiago, carreira que concluíu na Universidade Central, onde tamén fixo o doutoramento. Graduouse tamén como avogado.

Exerceu durante algún tempo como xuíz de primeira instancia. Posteriormente entrou na Universidade como profesor. Gañou as oposicións á cátedra de Dereito Mercantil da Universidade de Salamanca e logrou o traslado á Universidade de Santiago, como catedrático da mesma

materia.

Foi alcalde de Santiago e rector da Universidade compostelá entre 1920 e 1921.

Militou sempre no Partido Liberal monterista e foi deputado por Betanzos.

Publicou *En el juzgado de primera instancia de Santiago, Cuestión jurídica* (1901) e *La cláusula "salvo ingreso en caja" en cuenta corriente* (1916).

Morreu en Santiago o 7 de maio de 1921.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1910-1914      Deputado polo distrito de Betanzos      A Coruña



**TORRES TABOADA, Eduardo**

Procedía dos Torres, comerciantes, que se instalaron na Coruña a comezos do século XIX e que procedían de Ortigosa de Cameros. A súa consolidación económica produciu o milagre de converterlos seus antepasados en fidalgos, algo que sucedeu con moitos dos comerciantes foráneos chegados a Galicia desde mediados do século XVIII e que, unha vez lograda a fortuna, procuraron cédulas de fidalguía para poder casar coa fidalguía galega.



Polos Taboadas procedía da casa de Liñares, das terras de Deza (Pontevedra). O seu pai casou cunha Taboada, desta maneira burguesía e fidalguía vinculaban os seus destinos.

Cunha importante fortuna, os Torres Taboada (coñecemos a dous distinguidos membros desta familia, Álvaro e Eduardo) procuraron por tódolos medios aproximarse na súa vida e nos seus gustos á aristocracia. Álvaro, un espírito refinado, gran coñecedor da arte e da estética, ergueu en Vilaboa (A Coruña) un pazo-castelo, con ameas, que aínda hoxe conserva a súa prestancia. Véndoo pode un pensar que está ante un monumento de moitos séculos. Pero, en realidade, foi construído a finais do XIX.

Eduardo procurou o mesmo pero por outras vías: pola vía matrimonial e pola vía da adquisición dun pazo que pertencera ós condes de Priegue.

Casou con Asunción Sanjurjo Flórez, filla dos condes de Torre Penela, título que herdou a súa dona, pero cando xa non podía beneficiar a Eduardo porque xa morrera.

Mercoulle a Santiago Ozores Pedrosa, conde de Priegue, que pasaba por unha situación económica case ruínosa, o pazo de Ayán (Sigrás, A Coruña). Pero o seu fillo Pedro de Torres Sanjurjo casou con Elena Ozores, a filla do conde de Priegue que vendera o pazo. É dicir, que todo volvía case ó mesmo.

Eduardo, a diferenza do seu irmán Álvaro que era un dandi coruñés que marcou época pola súa estética (parece ser que foi un dos asesores da condesa de Pardo Bazán para a construción das Torres de Meirás), dedicouse á política, sempre no Partido Conservador.

Estudou Dereito pero non nos consta que o exercese.


Representou a Galicia en oito lexislaturas, tanto de deputado como de senador. Non foi un orador importante, pero traballou en comisións.

López Soler, sempre cáustico, dedicoulle unha poesía da que entresacamos o pensamento final:

"Pellejín en el Congreso  
trajo a Torres Taboada  
con ayuda del puchero".

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Muros	A Coruña
Lexislatura 1899-1901	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1910-1914	Deputado pola provincia da Coruña	
Lexislatura 1914-1915	Deputado pola provincia da Coruña	



## — TORRES VALDERRAMA, Agustín de

Representa este deputado a capacidade que un bo burócrata pode adquirir a base de anos e de servizos prestados a diversos amos políticos ata lograr el tamén un posto na xerarquía do poder.

Natural de Málaga, licenciado en Dereito pola Universidades de Granada, empezou a súa carreira administrativa como oficial segundo na secretaría dun goberno civil de segunda categoría. A base de anos e de experiencia Torres foi ascendendo sempre no delicado posto de secretario do gobernador. Desta maneira estivo de secretario do gobernador de Ourense, e do gobernador, xa de primeira clase, da Coruña (ano 1847). Xa nos anos 50 consta como gobernador de Ourense, de Toledo (1857), logo de Sevilla e Barcelona.

Neste posto tan importante puido coñecer os mecanismos para constituír el mesmo un espazo de poder. Os anos transcorridos en Ourense permitíronlle crear unhas redes de fidelidade persoal grande. Estas redes servíronlle para situar na provincia novos deputados e mesmo estirpes, como a dos Bugallal, que logo lle serviron a el para facelo mesmo.

Obtivo a primeira representación por Bande (Ourense) no ano 1863, logo no 1864 e finalmente en 1867, pola sección de Xinzo. Paralelamente o Partido Moderado, ó que el serviu sempre con lealdade, encomendoulle algunhas responsabilidades administrativas, como a Intendencia Xeral de Facenda en Filipinas (1865), a Dirección Xeral de Correos (1867-1868).

No ano 1868 decidiu retirarse totalmente da política, e así permaneceu ata a Restauración. Alfonso XII designouno conselleiro de Estado, pola sección de Ultramar. Así mesmo foi elixido senador por Ourense antes de ser declarado senador vitalicio.

Como deputado caracterizouse polo traballo nas comisións de Goberno Interior, de Reemprazos, do Papel Estranxeiro (1867-1868) ou de Pensións (1863), pero habitualmente non pronunciaba discursos. Como membro dalgunha destas comisións tiña, ás veces, que defende-los proxectos. Cando lle correspondía facelo amosaba amplos coñecementos e convicción na argumentación, aínda que non fose un grande orador.

Así, por exemplo, nas sesións do 29 e 30 de abril de 1867 e do 1 de maio do mesmo ano defendeu con vigor e cunha non común erudición estatística os proxectos de lei sobre reemprazos. Mostrou unha mente práctica, pouco discursiva, e por iso facilmente asimilable polos deputados, que manifestaba a clarividencia do seu discurso.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Bande	Ourense
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Bande	Ourense
Lexislatura 1867-1868	Deputado pola sección de Xinzo	Ourense
Lexislatura 1876-1877	Senador pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1878-1879	Senador pola provincia de Ourense	

### TORRES VALDERRAMA, José

Naceu en Málaga, estudou Dereito na Universidade de Granada e o mesmo có seu irmán, Agustín de Torres Valderrama (véx.) foi un destacado home da Administración.

Exerceu como secretario do gobernador de Granada, e posteriormente foi nomeado gobernador de Granada, de Badaxoz, e secretario do Goberno de Madrid.

Abríuselle un expediente, sendo gobernador de Badaxoz en abril de 1868, por unha denuncia sobre a non xustificación dun gasto de 11.000 pesetas. O tribunal sentenciou que era inocente e o xuízo non debía danar a súa conduta exemplar.

Retirouse da Administración desde 1868 ata 1875, ano en que retornou para ser nomeado oficial primeiro do Ministerio de Gobernación. Logo ascendeu a xefe superior da Administración.

Un biógrafo contemporáneo di del que era persoa "de fino trato y formas distinguidas".

O evidente influxo que o seu irmán Agustín Torres Valderrama tiña na provincia de Ourense, explica que resultase elixido en dúas lexislaturas polo distrito de Xinzo de Limia.

Aínda que non era orador e, por iso, non destacou polos seus discursos, si consta que era un gran traballador en comisións. Formou parte da de Ferrocarrís do Noroeste, foi secretario da comisión de Peticións, membro, así mesmo, da comisión do Ferrocarril Ourense-Vigo, da comisión de Etiqueta, etc.



#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1876-1879	Deputado polo distrito de Xinzo	Ourense
Lexislatura 1879-1881	Deputado polo distrito de Xinzo	Ourense

**TOUBES SALGADO, Julián**

Natural de Osmo (Ourense) estudou na Universidade de Santiago desde 1816. No ano 1818 era bacharel en Filosofía. Comezou Leis no 1818 e no 1822 obtivo o grao de bacharel en Leis, título que tivo que revalidar no ano 1824 acreditando que no Trienio non pertencera á Milicia Nacional nin dera mostras de ser seguidor do liberalismo.

Interrompeu logo os estudos e cando intentou concluílos pechouse a Universidade. Isto fixo que Toubes estudiasse por libre, entre 1830 e 1832, primeiro e segundo de Recopilación e dous cursos de Práctica Forense, cursos que fixo baixo a dirección de José Santaella y Barros, bacharel en Leis e avogado da Real Audiencia con estudio aberto en Xínzo de Limia.

Acreditou Toubes estes estudos e o 26 de xuño de 1832 obtivo o título de licenciado en Leis.

Cando recibiu o citado título xa era correxedor e capitán de guerra da vila de Xínzo de Limia. Cóstanos que no ano 1832 e exercendo como correxedor fixo diversos intentos para conseguir financiamento para desecar parte da lagoa de Antela.

No ano 1843 ingresou na carreira xudicial como xuíz de primeira instancia en Celanova. En 1850 aparece xa como maxistrado da sala primeira da Audiencia Territorial da Coruña. En 1849 foi maxistrado da Audiencia de Albacete e en 1857 da de Oviedo. No ano 1864 consta como maxistrado xubilado.

Como deputado tivo unha actuación moi mediocre. Representou o distrito de Verín de 1846 a 1850 e de 1857 a 1858. Só participou nalgunha comisión como a de Estradas, pero nunca falou. Unicamente votaba. Na lexislatura de 1857-1858 foi substituído en xaneiro deste último ano (1858) por Manuel Yáñez Rivadeneira.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Verín	Ourense

**— TRAVESEDO Y FERNÁNDEZ CASARIEGO, Leopoldo (Duque de Nájera)**

Naceu en Madrid o 8 de febreiro de 1861. Era fillo de Juan Travesedo Canet e de Carlota Fernández de Casariego, marquesa de Casariego e vizcondesa de Tapia.

O seu avó fora banqueiro e gran propietario. Foi o primeiro marqués de Casariego.

Casou o 2 de xuño de 1886 con María Pilar García Sancho Zavala, filla de Ventura García Sancho e M<sup>a</sup> del Pilar Zavala Guzmán, filla do marqués de Sierra Bullones. Os pais da súa dona eran marqueses de Aguilar de Campoo e de Torreblanca.

Estaba, por conseguinte, integrado nunha constelación aristocrática que se acrecentou cando no ano 1915 herdou o título de duque de Nájera.



Cando casou seus pais puxéronlle no banco un depósito de 500.000 pesetas para que lle producise o suficiente para a vida. A súa muller contribuíu, ademais, con legados por valor de 75.000 pesetas.

Foi conselleiro do Monte de Piedade e Caixa de Aforros de Madrid.

Representou a Galicia en dúas ocasións. Na lexislatura de 1903 e na de 1907 polo Carballiño. En 1904 substituíu a Ugarte Pagés quen, despois de obte-la acta, renunciou a ela. Nunha segunda elección parcial Travesedo sucedeuno. Na lexislatura de 1914-1915 representou no Senado a provincia de León.


#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1903-1905	Deputado polo distrito do Carballiño (Tomou posesión en 1904)	Ourense
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito do Carballiño (Tomou posesión no ano 1908)	Ourense

### TRELLES NOGUEROL, Luis de

Unha importante e cada día máis renovada bibliografía sobre Luis de Trelles facilita extraordinariamente o labor de historiador. É posible que os traballos e investigacións deste ilustre político e polígrafo non fosen aínda capaces de superar un tratamento excesivamente apoloxético del, pero é indubidable que os trazos vitais da súa personalidade están xa claramente deseñados.

Naceu o 20 de agosto de 1819 en Viveiro (Lugo), fillo do avogado Ramón Vicente Trelles y Cora e de María Josefa Noguero. Polos dous costados procedía da fidalguía galega, aínda que un pouco remota.



Estudou tres anos no Colexio de Latinidade de Viveiro e no ano 1830, cando contaba con once anos, ingresou no Seminario de Mondoñedo onde estudou ata 1833. Neste ano iniciou a carreira de Leis na Universidade de Santiago que rematou en 1839.

Entre 1840 e 1842 traballou como avogado en Viveiro e a partir de 1842 na Coruña, onde permanecería dez anos. Simultaneou o exercicio da avogacía con nomeamentos como o de asesor de Rendas da Coruña, auditor interino de Guerra, fiscal substituído de Guerra, profesor do Corpo de Notarios, etc.

Non é certo que formase parte da xeración universitaria de Cociña, Faraldo nin Romero Ortiz. Esta xeración iniciouse xustamente no ano 1840, cando Trelles rematou a carreira e abriu o bufete en Viveiro.

En 1852 decidiu trasladarse a Madrid na procura de novos horizontes profesionais e políticos. E foi xustamente no ano 1853 cando o Ministerio moderado o presentou como candidato ministerial polo distrito de Viveiro, marxinando a Antonio María Coira

que xa representaba este distrito como deputado tamén moderado.

Resultou vencedor, pero non é correcto o que afirman algúns biógrafos de que loitaran polo escano Cociña e Trelles, os dous íntimos amigos. quen se enfrontou a Trelles foi Coira, que presentou o 3 de marzo de 1853 unha denuncia apoiada por oitenta e dous electores contra a elección de Trelles.

As Cortes ratificaron a elección de Trelles. Sen embargo en agosto do mesmo ano, este, inexplicablemente renunciou ó escano. Realizadas novas eleccións, resultou elixido Cociña. Os dous amigos colaboraron con Tiburcio Faraldo no xornal *El Oriente*, que era progresista.

Trelles retirouse da vida política activa e pouco a pouco experimentou unha profunda conversión ideolóxica e relixiosa que o levou primeiro a entrar no grupo neocatólico, posteriormente a integrarse no carlismo, e finalmente a iniciar unha vida de intenso apostolado católico.

Casou ós corenta e tres anos con Adelaida Cuadrado y Retanes, viúva, con quen tivo só unha filla.

Gran xurista, valente xornalista, obtivo o escano no ano 1871 polo distrito de Vilademuls (Xirona) pola minoría carlista. Tivo unha lucida actuación nas Cortes contra a Constitución de 1869, en defensa dos dereitos da Igrexa.

Iniciada a terceira guerra carlista, Trelles dedicouse a unha función caritativa e ó mesmo tempo política, constituíndo unha comisión para o troco de prisioneiros dun e doutro bando, pioneiro, como di o profesor Puy Muñoz, do dereito humanitario internacional.

Rematada a guerra, na última etapa da súa vida Trelles colaborou activamente con diversas forzas do apostolado católico, e destacou especialmente pola fundación da Adoración Nocturna de España. Nin nesta apostólica misión se viu libre das envexas e miserias humanas. Morreu en Zamora o 24 de xuño de 1891, a onde se desprazara para atender a publicación da revista católica *La Lámpara*. As primeiras palabras laudatorias para este ilustre apóstolo do catolicismo foron precisamente daqueles que, como o futuro bispo Caparros, naquel momento o estaban acusando de "senil", "dictador", etc.

Só representou a Galicia algúns meses do ano 1853, pero Galicia estivo durante moitos anos presente na súa obra. Mentres estivo de avogado na Coruña defendeu dúcias de casos de galegos humildes. Cando a fame asolaba a Galicia entre 1853-1854, Trelles e Cociña desobedecendo a censura estatal denunciaron a situación desta terra. Publicou luminosos traballos sobre o foro galego, institución xurídica que representaba para el o paso da historia e que, por conseguinte, tiña crédito suficiente para subsistir. Nada opinamos da última fase da súa vida política, pero si do seu xeneroso esforzo para facer que a guerra fose máis humana xa que non podía impedila.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA


Legislatura 1853-1854

Deputado polo distrito de Viveiro

Lugo

**TRONCOSO PEQUEÑO, Cleto**

**P**equeno de apelido pero grandioso, verdadeiro gigante de condición, corazón noble, intelixencia despejadísima, liberal en ideas y liberal en sus actos". Así o axuiza Del Castillo.



Naceu en Santiago o 16 de decembro de 1849. Estudiu na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago, onde se licenciou no ano 1871 e se doutorou no 1872.

En 1876 accedeu á cátedra de Dereito Romano da Universidade de Oviedo, pero trasladouse nese mesmo curso a Santiago, e foi nomeado catedrático de Ampliación de Dereito Civil e Códigos Españoles.

Foi enteiraamente un home universitario: no ano 1882 foi nomeado secretario da Universidade e o 16 de xuño de 1906 rector, cargo que exerceu ininterrompidamente ata decembro de 1919, ano en que se xubilou.

Tamén foi alcalde de Santiago. Cando morreu (Santiago, 13 de marzo de 1922) deixou a súa biblioteca para a Universidade compostelá.

Non deixou moita obra escrita. Ademais do *Programa de Dereito Civil español, común e foral* (1892) publicou o discurso inaugural do curso 1890-1891.

Como profesor tiña fama de transmitir moi ben os coñecementos, pero debía ser persoa máis de administración ca de investigación.

Foi tamén presidente da Asociación de Amigos del País de Santiago e formou parte da comisión encargada de redactar-lo dereito foral galego.

Só foi senador nunha lexislatura, na de 1910-1914 por Pontevedra, porque aínda que tamén resultou elixido na lexislatura de 1905, non consta que tomase posesión.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1910-1914      Senador pola provincia de Pontevedra

**TUTOR RODRÍGUEZ, Manuel**

**N**aceu en Ourense o 2 de abril de 1808. Era fillo de Juan Bautista Tutor, notario maior do bispado de Ourense, e de Teresa Rodríguez de Prado. O seu pai estaba moi integrado no mundo da clerecía, non só pola súa profesión senón tamén polas súas amizades, xa que consta que o seu fillo foi apadriñado no bautismo por Jacinto Taboada, chantre da catedral ourensá. A familia do pai procedía de Saldaña (Sigüenza) e a da nai de Pereiro de Aguiar.

Estudou o noso protagonista catro cursos de Humanidades no seminario de

Ourense, cursos que incorporou na Universidade de Santiago no ano 1825 para matricularse en Dereito.

Obtivo o grao de licenciado en Dereito o 8 de xuño de 1833 e catro días despois o de doutor en Dereito.

Dedicouse á carreira xudicial.

Foi importante investidor en bens desamortizados pertencentes ós mosteiros de Celanova e Rocas.

Só representou a Galicia en dúas lexislaturas. Na primeira, a de 1844-1846, non consta que formase parte de ningunha comisión nin que tomase a palabra nunca, pero sabemos que estaba nas Cortes porque está o seu nome nas votacións.

Na lexislatura de 1846-1850 representou o distrito de Bande. Formou parte da comisión de Reección de Deputados, pero tampouco falou nunca nin presentou solicitude ningunha.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Bande	Ourense

## — U —

### UGARTE PAGES, Francisco J.



Ilustre político español pero sen vinculación ningunha con Galicia, á que representou en catro ocasións.

Naceu en Barcelona o 24 de febreiro de 1852. Estudiu Dereito e ó rematar, con só 25 anos, opositou e conseguiu unha praza no Corpo Xurídico Militar.

Traballou intensamente na prensa. Fundou con Rivas Moreno e Rui Gómez, en 1876, *El Comercio Español*; colaborou nos xornais *El Tiempo*, periódico conservador, *La Ilustración Española*, *La Familia*, *Época*; foi correspondente no xornal *Diario de Barcelona* e noutros. Publicou libros xurídicos, como *Manual de formularios para la práctica del Código de Justicia Militar*, *Código Penal del Ejército* (2 tomos). Publicou así mesmo comedias, como *Una sesión borrascosa*, *El cercado ajeno*, *Tía y sobrino*, *El difunto*, e obras como *Miscelánea de Literatura, política, derecho, crítica y bibliografía*.



Militou no Partido Conservador. Foi director xeral de Correos e Telégrafos, de Administración, de Gracia e Xustiza, e tamén de Ultramar. Así mesmo, foi auditor xeral do Exército, tenente fiscal do Supremo Consello de Guerra e Mariña, fiscal do Tribunal Supremo. En 1918 ingresou na Real Academia Española.

Tamén foi ministro de Gobernación, con Marcelo Azcárraga de presidente, entre o 23 de outubro de 1900 e o 6 de marzo de 1901, ministro de Gracia e Xustiza, con Fernández Villaverde, do 27 de xaneiro de 1905 ó 23 de xuño do mesmo ano e ministro de Fomento, con Dato, desde o 27 de outubro de 1913 ata o 9 de decembro de 1915. Desde 1903 foi senador vitalicio.

Morreu en Madrid o 27 de xuño de 1919.

Obtivo o primeiro escano no ano 1891, en que representou ó Carballiño; na lexislatura de 1896 a 1898 representou o distrito de Santiago de Cuba; novamente resultou elixido no ano 1901 polo Carballiño e tamén no 1903, aínda que dimitiu porque nese mesmo ano foi nomeado senador vitalicio.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1891-1893	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1899-1900	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1901-1903	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1903	Deputado polo distrito do Carballiño (Cesou no mesmo ano 1903)	Ourense

### UGARTE SÁINZ, Luis

Naceu o 30 de xuño de 1873 e cremos que era fillo de Francisco Ugarte Pagés (véx.). No ano 1889 ingresou no Exército. En 1900 era primeiro tenente enxeñeiro da Comandancia de Santa Cruz de Tenerife. Cando chegou a capitán pediu a excedencia para dedicarse á política.

Resultou elixido deputado polo Carballiño, feudo de Ugarte Pagés, na lexislatura de 1905-1907 e novamente na de 1907-1910, pero dimitiu en 1907 porque foi designado gobernador de León.

Escasa proxección política tivo Ugarte Sáinz, en certa maneira preanunciada polo corrosivo López Soler, quen lle dedicou a seguinte composición:

"Has de penar mis apuros  
 y no has de llegar a darte  
 a conocer, Luis Ugarte  
 ¿Quiere Ugarte cien duros?"

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito do Carballiño	Ourense
Lexislatura 1907-1910	Deputado polo distrito do Carballiño (Renunciou en 1907)	Ourense

**UHAGON BEDIA, Pedro Pascual**

Naceu en Bilbao. Era fillo de Pedro Pascual Uhagón Arechaga e de Isabel de Bedía y Goossens. Como pode observarse non tiña relación ningunha con Galicia. Antano un tío seu, irmán da nai, fora gobernador na Coruña e, por certo, autor da primeira Historia da cidade da Coruña.

A familia Uhagón estaba moi politizada: seu pai foi dúas veces deputado por Bilbao. O seu cuñado, Francisco Ojesto, casado coa súa irmá María da Paz, foi deputado a Cortes por Salamanca e tamén gobernador.

Sabemos que o noso biografado formou compañía empresarial con seu pai en Bilbao.

Descoñecemos as razóns que expliquen a súa presenza como deputado por Ordes nunha lexislatura. Posiblemente foi resultado do *encasillado*. O Goberno non tiña, seguramente, onde situalo e Ordes era un distrito non enfeudado.

Non hai nada que salientar da súa actuación mentres representaba este distrito.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1864-1866	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
-----------------------	---------------------------------	----------

**UHAGON HURTADO DE CORCUERA, Manuel María**

Natural de Bilbao, veciño da cidade de Pontevedra, representou a Galicia só nunha lexislatura (1876-1879) no Senado.

Sabemos que durante as guerras carlistas foi subtenente da Milicia Nacional de Bilbao e, non sabemos por qué, recalou en Pontevedra onde consta como un dos primeiros contribuíntes da cidade. No ano 1875 foi presidente da Deputación de Pontevedra.

Representou varios distritos de Barcelona no Congreso. Na lexislatura de 1858 representou o distrito de Felanitx (Balears), na de 1863 e na de 1864 representou o distrito de Igualada (Barcelona), na lexislatura de 1865 o de Manresa (Barcelona) e no ano 1872 foi elixido senador pola provincia de Barcelona.

Foi varias veces deputado provincial en Pontevedra e foi elixido senador na lexislatura de 1877-1879.

Militou na Restauración no Partido Conservador e foi conselleiro de Estado en 1872.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1877-1879	Senador pola provincia de Pontevedra
-----------------------	--------------------------------------

**ULLOA CASTAÑÓN, Augusto**

Naceu en Santiago o 28 de abril de 1822. Era fillo do maxistrado Jacobo Ramón Ulloa, que procedía da casa de Penarrubia (Lugo), aínda que o morgado o levaba un primo seu, e de Castora García Castañón, de Astorga.

Realizou os estudos en diversas localidades que foron residencia de seu pai: en Béjar, onde o pai foi alcalde maior, logo en Xerez onde exerceu de xuíz de primeira instancia, e posteriormente en Sevilla, Madrid e Santiago.



Licenciouse en Leis no ano 1845 pola Universidade de Santiago e matriculouse na Universidade de Madrid para obte-lo doutoramento.

Casou con Rosario Gálvez Cañero, filla do facendado de Pontexenil (Córdoba) Pedro Gálvez.

Coma tódolos mozos procedentes de provincias, iniciouse no xornalismo político. Ulloa, que era progresista bastante radical, colaborou nos xornais *El Tribuno*, *El Clamor Público*, *El Voto Nacional* (do que foi director). Pasou dificultades, pola súa campaña de prensa, nos períodos de predominio moderado. Máis aínda, Sartorius, ministro de Gobernación e presidente do Consello de Ministros, decretou o seu desterro da Corte a comezos do ano 1854. Optou por ir a Lugo e alí deuse a coñecer entre os progresistas lucenses. O líder José Ramón Becerra quedou impresionado por Ulloa e xa o propuxo para deputado cando os progresistas deron o golpe de estado e abriron o período do Bienio Liberal.

Xa no Congreso, a súa excesiva temperanza en temas ideolóxicos, como o dereito de veto da Coroa (que el apoiou), fixo que os progresistas empezasen a velo como un pouco cambiante nas súas opinións. Cando en 1855 o Goberno decidiu nomealo comisionado para que estudiase e dese un informe sobre a situación de Galicia (a fame e a peste de 1853-1854) algúns deputados progresistas máis radicais, como Ruiz Pons ou Juan Bautista Alonso, protestaron polo seu nomeamento, en parte por non comunicárlle previamente ós demais deputados galegos pero tamén porque xa non confiaban en Ulloa que, seguramente, maquillaría a realidade a gusto do Goberno (sesión do 12 de xullo de 1855).

A súa carreira política iniciouse no Bienio: ademais da Comisión a Galicia, foi designado para a Xunta Consultiva de Aranceis (1855), gobernador de Xirona (que non chegou a exercer) e director xeral de Política do Ministerio de Estado, e, ós poucos días, ascendeu a subsecretario de Estado (6 de marzo de 1856).

A caída do progresismo significou para Ulloa unha reconversión ideolóxica e política. Participou na constitución da Unión Liberal, proxecto que tiña como obxectivo consolidar unha solución centrista para a política do Estado, distante tanto do esaxerado moderantismo coma do radicalismo progresista.

Cando a Unión Liberal chegou ó poder, con O'Donnell como líder indiscutido, Ulloa foi escalando novos postos de responsabilidade política.

Entre 1858 e 1863 foi nomeado director xeral de Ultramar, carteira que exercía persoalmente O'Donnell. Por iso secundou moi positivamente as ansias de O'Donnell por abrirse camiño tanto en Asia como en América e mesmo en África (Fernando Poo). En 1863, sendo deputado pola Fonsagrada, foi nomeado por vez primeira ministro de Mariña, cando presidía o Goberno O'Donnell. No ano seguinte, 1864, foi designado ministro de Fomento no Goberno de A. Mon. Recoñecido o Reino de Italia, Ulloa foi nomeado embaixador extraordinario para representar a España.

O moderantismo que Ulloa e parte dos membros da Unión Liberal foran asumindo, rachou cando no ano 1866 un sector importante do partido decidiu apostar pola revolución. Ulloa participou intensamente nos preparativos do levantamento de 1868, pero unha vez conseguida a victoria, actuou dentro das Cortes e nos gobernos para frear os revolucionarios. Unha vez máis apostou polo centrismo como fórmula de estabilidade política. Ese posicionamento foille moi rendible: foi ministro en 1871 de Gracia e Xustiza con Serrano, ministro de Estado no ano 1872, tamén con Serrano, e novamente no 1874 con Zavala e tamén en 1874 con Sagasta.

Como político, Ulloa era un anglofilo total. "Un político a la inglesa", como dixo F. Cañameque. "Esta disculpable tenacidad de querer que se hiciera todo con arreglo al patrón inglés, si en algún caso pudo ser útil y provechoso, en ciertas ocasiones produjo disidencias y disgustos en el seno del partido constitucional, cuya jefatura compartía con Sagasta". Esa propensión a procurar saídas medias, froito da experiencia e da historia, é o que explica as mutacións experimentadas por el ó longo da súa vida e que poucas veces foron comprendidas. Así, por exemplo, o deputado Calvo Asensio díxolle (na sesión do 23 de decembro de 1858): "He visto al Sr. Ulloa, y lo digo con dolor, al antiguo progresista, al antiguo periodista, ensañarse de un modo que no esperaba de él contra la prensa periódica. Es costumbre antigua en todos los que se ven en el poder o cerca de él, revolverse con la imprenta que tanto les ha servido, que les ha dado a conocer, que los ha elevado".

Todos recoñecían que tiña unha figura maxestosa e fermosa, unha "blancura anacarada, cutis finísimo tras del cual parecía transparentarse la circulación de la sangre: facciones correctas, expresión inteligente y noble en su mirada". O biógrafo Becerra Armesto conclúe: "Parece que la naturaleza no había querido rehusarle nada". A. Linares Rivas dicía del que tiña afeccións aristocráticas e xestos sibaríticos, pero que tiña tamén unha susceptibilidade "que raya en los límites de lo pueril algunas veces", quizais porque aceptaba compracido o afago e o botafumeiro.

Como deputado foi sempre activo, traballador, eficiente e seguro. Cando falaba, a súa oratoria non era vibrante, pero si sólida, non era vehemente pero si fundamentalmente racional. Quizais lle faltou algunha elocuencia para pasar á historia do parlamentarismo español como un dos grandes parlamentarios.

Participou sempre nas comisións máis delicadas e que implicaban un traballo per-



manente. Na lexislatura de 1858 formaba parte das seguintes: a dos Empregados Cesantes, da Lei sobre a Débeda, de Instrucción Pública, Lei de Imprenta (secretario), Lei das Forzas Navais, Comercio e Navegación. Na lexislatura de 1869-1871: comisión de Constitución, Presupostos, Xulgados, Ferrocarril Compostelán (presidente).

Morreu o 10 de abril de 1879, cando a Restauración tanto esperaba do seu saber político.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1858-1863	Deputado polo distrito de Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1865-1866	Deputado pola sección da Coruña	A Coruña
Lexislatura 1869-1871	Deputado pola sección de Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1871-1873	Deputado polo distrito de Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1876-1878	Deputado polo distrito de Fonsagrada	Lugo

### ULLOA DE LAS RIBERAS, Jacobo

Naceu en Penarrubia (Neira de Xusá, Baralla, Lugo). Era fillo de Ramón Ulloa Santiso Valcárcel e de María del Carmen de las Riberas Novoa y Lema. Polos dous costados pertencía a fidalguía. Ademais da casa de Penarrubia, a familia foi propietaria durante moito tempo do pazo ou Casa Grande Da Horta (Agüeira, Becerreá), hoxe reconstruída porque ardeu en 1895. Os que viaxan pola Nacional VI pódena localizar facilmente, porque indo para Madrid, á dereita, atópase no alto coa súa cor vermella e a galería branca, poucos quilómetros antes de chegar a Becerreá. Durante moito tempo esta casa chamouse a casa dos Ulloas, como asegura Vázquez Seixas.

O noso biografado estudou Dereito e aprobou as oposicións ós Corpos Xurídicos do Exército. No ano 1859 era ministro togado do Tribunal Supremo de Guerra e Mariña e no 1876 era maxistrado do Tribunal Supremo.

Representou a provincia de Lugo no Senado e, desde 1877, foi senador vitalicio.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1871-1872	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1872 (2ª)	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1876-1877	Senador pola provincia de Lugo

### ULLOA PIMENTEL, José

Naceu en Santa María de don Ramiro, Lalín, Pontevedra. Estudiu Leis na Universidade de Santiago, carreira que debeu rematar no ano 1829.

Sendo estudante formou parte da Milicia Nacional de Lalín e defendeu o sistema

constitucional fronte ós realistas de Cotobade.

O primeiro destino que lle coñecemos é do ano 1838 como fiscal do Xulgado de Lalín. En 1843 aparece xa como xuíz de primeira instancia de Vigo. En 1844 obtivo a representación en Cortes pola provincia de Pontevedra. En realidade Ulloa xa saíra elixido deputado suplente na lexislatura de 1843 e o mesmo sucedeu na de 1844, pero Alejandro Mon saíra por Pontevedra e por Oviedo e optou polo escano de Oviedo, o que determinou que Ulloa pasase a ser deputado pola provincia de Pontevedra. Xurou o 28 de novembro de 1844.

Non volveu ser deputado por Galicia, e nesta lexislatura, aínda que prestou xuramento, non formou parte de ningunha comisión nin falou nunca.

En 1850 era xuíz de primeira instancia en Pontevedra. Nesta cidade foi, así mesmo, gobernador e presidente da Deputación Provincial (cargo anexo ó de gobernador) durante varios anos.

Nas eleccións celebradas no ano 1853 e sendo el gobernador da provincia de Pontevedra, cometeu tales abusos que varias actas da provincia foron anuladas polas Cortes e o gobernador foi fortemente apercibido.

Tiña sona en Pontevedra de prestamista e participaba en sociedades (non sabemos ata qué punto legais) montadas para liberar do servizo militar os que entraban en quintas. Sen embargo non podemos explicar máis estes puntos nin ser máis precisos por falta de información. Morreu en Santiago o 21 de febreiro de 1876.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1844-1846    Deputado pola provincia de Pontevedra

### ULLOA REY, Benito

Naceu en Santiago de Esposende no pazo de Quintás (Ribadavia, Ourense) o 9 de marzo de 1820. Era fillo de Rafael Ulloa, de Esposende, e de Rita Rey, veciña de Esposende pero natural de Ourense.

Estudou tres cursos de Humanidades no Seminario de Ourense, cursos que posteriormente incorporou no ano 1837 na Universidade de Santiago.

Iniciou Leis en 1837 e rematou a carreira no 1844. Xa licenciado, arrimouse á sombra moderada e conservadora do ministro Rodríguez Vaamonde, deputado por Ribadavia, quen o colocou no ano 1847 de fiscal do Xulgado de Ribadavia. Xa apoiado polos moderados, Ulloa, para servir fielmente ós seus intereses, parece ser que empezou a perseguir, como fiscal, os progresistas da comarca, tal e como denunciou Dámaso Rivera no ano 1855. Por certo que nesa denuncia chamáballe a Ulloa *El Manco*, o que parece revelar un defecto físico do noso biografado.

Proseguíu a carreira xudicial: no ano 1857 era tenente fiscal da Audiencia da Coruña

onde continuaba no 1864, pero xa como fiscal titular. En 1872 consta como fiscal do Tribunal Supremo, onde seguía como tal no ano 1883.

Despois de 1868 pasou ó Partido Constitucional.

Como deputado só estivo nunha lexislatura no Congreso e en tres no Senado. Resultou elixido na lexislatura de 1851-1852 por Ribadavia e nada hai que salientar da súa actuación.

Casou con Justina de la Riba y Cabello, que procedía da burguesía compostelá.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Ribadavia	Ourense
Lexislatura 1872 (2ª)	Senador pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1879	Senador pola provincia de Lugo	

**URRUTIA CABALLERO, José**

Naceu en Ponteareas o 25 de novembro de 1816, fillo de José María Urrutia e de Ángela Alonso Caballero, que era irmá do párroco de Ponteareas, José Alonso Caballero (párroco de San Lourenzo de Arnoso), quen o bautizou. Procedía por parte do pai de Carril e por parte da nai de Ponteareas.

Seu pai debeuse dedicar posiblemente ó comercio. No ano 1825, cando o noso protagonista empezou a estudar, consta que a súa familia vivía na cidade da Coruña. Por iso o fillo estudiou no colexio dos agostiños desta cidade.

Debeu licenciarse en Dereito en 1830.

Sabemos que posteriormente viviu en Pontevedra, de onde foi concelleiro no ano 1850, alcalde primeiro no 1852, e novamente concelleiro en 1854, aínda que por pouco tempo.

Así mesmo no ano 1867 consta como deputado provincial da Deputación de Pontevedra.

Resultou elixido deputado pola provincia en dúas ocasións, na lexislatura de 1851-1852 e 1853-1854, e nas dúas polo distrito de Ponteareas, onde nacera. Importante investidor en bens desamortizados.

Nas Cortes non consta que participase nas comisións nin que falase nunca.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Ponteareas	Pontevedra
Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Ponteareas	Pontevedra



### URRUTIA ERRASTI, Vicente

Poucos deputados dos que representaron a Galicia fixeron tan pouco como fixo el para ser deputado por Lugo. Na lexislatura de 1914-1916 (a única en que representou este distrito) resultou elixido Augusto González Besada, o gran político galego (véx.). Pero optou polo distrito de Alcoi. Convocouse unha nova elección parcial e resultou elixido José del Prado Palacio. Pero non chegou a tomar posesión do cargo porque foi designado senador vitalicio. Por terceira vez foi necesario facer unha votación parcial o 28 de marzo de 1915 e foi nese momento cando resultou elixido Urrutia, absolutamente descoñecido aquí.

Naceu en Valmaseda (Biscaia) o 29 de xullo de 1877. Estudiu o Bacharelato en Bilbao e Dereito na Universidade Libre de Deusto.

Pertencía a unha familia poderosa economicamente, o que lle permitiu ampliar estudos e viaxar polo estranxeiro.

Sánchez de los Santos ó face-la súa curta biografía afirma del: "tiene gran posición social y es muy estimado por sus cualidades de caballerosidad y modestia", expresións que revelan a carencia de datos sobre o deputado. Engade unha profecía: "Viene por primera vez a las Cortes, pero como es celosísimo defensor de cuantos intereses se le confían, es seguro que la representación que ahora ha obtenido le será reiterada en elecciones sucesivas". Equivocouse na súa boa intención, porque Urrutia non volveu ser elixido nin por Lugo nin por ningunha outra circunscrición.

Foi do Partido Conservador.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
	(Tomou posesión do cargo en 1915)	



### URZÁIZ Y CUESTA, Ángel

Era vigués por tódolos costados e por decisión propia, aínda que naceu en Puerto de Santa María (Cádiz) no ano 1856. Era fillo de Antonio Urzáiz Castro, brigadier, e de María Dolores Cuesta Núñez, filla de Sebastián Cuesta (véx.) e irmán de Justo Pelayo Cuesta (véx.). Naceu nunha familia en que a política ocupaba un lugar importante, xa que ademais dos citados, era curmán de Casto Méndez Núñez (tamén elixido deputado pero que non puido aceptalo cargo) e concuñado do tamén deputado Antonio Loriga (véx.).



Gerardo González Martín dedicoulle a este político moitas páxinas e moi ben escritas, que seguiremos de preto.

Estudou Dereito na Universidade de Madrid, carreira que debeu rematar no ano 1877. Como tantos mozos con ambicións, simultaneou o exercicio da avogacía co periodismo, mentres agardaba o momento axeitado para entrar na Administración ou na alta política. Por iso colaborou no oral *Los Debates*, de Madrid, periódico liberal, e cando pechou este xornal, por suspensión gubernativa, comezou a escribir nun novo xornal, *El Correo* (Madrid, 1880-1914), que desde 1905 pasou a ser propiedade dunha sociedade da que Urzáiz era o presidente do Consello de Administración.

Como periodista tiña unha prosa concisa e clara, "sin perifollos retóricos ni castellano muerto", pero tiña, ademais, imaxinación periodística e empresarial. El foi quen se decatou da importancia do deporte, especialmente do fútbol, como fenómeno de masas, e por iso nos seus xornais, especialmente en *La Voz de Vigo*, que fundou en 1908 e que durou un ano, introduciu o tema do deporte. Tamén se decatou da importancia periodística da economía e mesmo dos fríos datos bancarios, polo que lles prestou atención no seu xornal *El Correo*.

Cando só contaba con vinte e cinco anos, a idade mínima para poder ser deputado, prestouse a colaborar nunha operación que parecía suicida: desbancar a Elduayen do seu distrito de Vigo. Este montara unha sólida infraestrutura política no citado distrito, que semellaba imposible de desmontar. É certo que Elduayen, desde 1876, estaba máis dedicado á alta política estatal ca á política miúda e cotiá do distrito. Máis aínda, tiñan preparado para el un posto de senador vitalicio que, a Coroa, tan agradecida con el, lle ofrecera. Sen embargo Elduayen xa fixera os seus cálculos. Precisaba presentarse, por última vez, nas eleccións de 1881 para prepara-lo distrito para o seu futuro xenro o marqués de Mochales, que casou coa súa filla en 1882.

A dedicación á alta política non lle permitiu percibi-lo descontento que había en Vigo, nalgúns sectores da cidade, polo atraso nas obras do peirao, descontento que os liberais amplificaban nos seus xornais.

Por outra parte, a consolidación da alternancia no poder facía pensar a non poucos que, se seguían fieis a Elduayen, do Partido Conservador, a cidade nada recibiría do Partido Liberal cando este chegase ó poder, e, precisamente as eleccións de 1881, fixéronse xa baixo o poder deste último partido.

Por unha casualidade o 21 de agosto de 1881, o día das eleccións, visitaban a cidade de Vigo Alfonso XII e a súa dona María Cristina. Alfonso XII soubo, por conseguinte, da derrota sufrida por Elduayen, e posiblemente escoitou por primeira vez o nome de Ángel Urzáiz, que resultara gañador no distrito.

Non se entregaron tan facilmente os conservadores, especialmente Elduayen que, seguramente, non esqueceu nunca unha derrota tan inesperada. Por iso nas lexislaturas de 1884 e 1886 impuxeron como deputado o marqués de Mochales, xenro de

Elduayen, pero a partir de 1893 o distrito xa foi para Urzáiz, que o retivo e se enfeudou nel, durante trinta anos.

Casado con Adela Cadaval, foi vivir (cando residía en Galicia, e non en Madrid) ó pazo de Cadaval (San Fiz de Nigrán).

Desde o punto de vista político, Urzáiz foi protagonista de tantas mutacións e desplantes, que axiña empezou a ser cualificado de *el solitario*. No ano 1889, e sendo ministro de Gobernación o seu amigo Albareda, este nomeouno subsecretario de Gobernación, e Becerra mandouno á illa de Cuba como intendente xeral de Facenda para pór orde nunha economía practicamente privatizada pola oligarquía antillana. Pouco durou no cargo porque os afectados pediron a súa inmediata substitución.

Chegou á Península con fama de honrado, incorruptible e de entendido en cuestións de facenda e economía, polo que Sagasta o nomeou ministro de Facenda o 6 de marzo de 1901. En xaneiro de 1902 presentou un proxecto nas Cortes en que lle retiraba ó Banco de España o control da circulación de billetes para restrinxi-lo tráfico de moeda. Foi tan dura a oposición que tivo que dimitir.

En toda España o seu nome foi coroado co cualificativo de incorruptible, que parecía se-la súa máxima aspiración e enchíao de satisfacción.

No ano 1905 Montero Ríos nomeouno novamente ministro de Facenda, pero só durou quince días no cargo porque se negou a que os créditos concedidos para Andalucía fosen distribuídos de maneira partidista e caciquil.

Iso provocou que temporalmente se retirase do Partido Liberal e se achegase a Maura. Este nomeouno conselleiro de Estado no ano 1907, pero tivo que presenta-la dimisión o 15 de febreiro de 1908, cando se opuxo totalmente á concesión dunha pensión de 250.000 pesetas, en favor do infante Alfonso de Borbón, fillo de Carlos, duque de Madrid.

A partir dese momento Maura converteuse no inimigo a bater. En febreiro de 1909 atacouno porque o Goberno, para protexe-la produción nacional de folla de lata (tan necesaria para as fábricas de conserva galegas), impedía a importación, o que encarecía enormemente a produción española, e, máis especificamente, a galega.

En marzo de 1911 enfrontouse duramente ó ministro de Facenda, o galego Eduardo Cobián, por un proxecto de amortización da débeda exterior que privilexiaba a varias persoas "regalándoles 72 millones".

Canalejas intentou que fose ministro de Facenda. Negouse Urzáiz e non desaproveitou a primeira ocasión para ataca-los proxectos deste. Ofendido Canalejas, respondeulle que non quixera ser ministro porque pretendía ser algo máis (primeiro ministro), ó que contestou Urzáiz: "En efecto, ministro no quiero, presidente no puedo y Urzáiz me quedo".

O "Solitario de Zurbano" (a rúa madrileña onde vivía) caeu na tentación de crear un novo partido no ano 1913, o Partido Nacional, logo Partido Nacional Laborista, do cal a bandeira era a honradez: "ni conservadores, ni liberales, ni socialistas ni individualistas; todos para todos, sin más objeto que el engrandecimiento de la patria querida ni otra enseña de combate que el cumplimiento de nuestro deber". Por iso o caricaturista Sileno o retratou nas páxinas da magnífica revista *Gedeón*, colocando na viñeta un goberno cos títulos de cada ministerio e cunha única imaxe en todos eles: Urzáiz.

A estas alturas o noso biografado perdera un pouco o sentido da política. A bandeira da honradez e da incorruptibilidade sen outros proxectos non servía para nada. Ninguén era ministro por ser honrado. Os pobos preferían sempre a políticos un pouco golfos, pero que tivesen proxectos, a un incorruptible que non fixese cousa ningunha.

Ocupado nestas campañas de hixiene moral en España, foi desatendendo o seu distrito de Vigo.

Aínda no ano 1915 se deixou engaiolar por Romanones e ocupou novamente a carteira de Facenda. Nesta ocasión a penas estivo un ano no posto. O 18 de decembro de 1915, o director do Tesouro púxolle a sinatura á autorización para devolverlle ós herdeiros da firma Garvey cinco millóns de pesetas, que foran cobrados por Facenda sen ter esta dereito, segundo a sentenza do Tribunal Supremo. Negouse Urzáiz a asinar porque sospeitaba que o ex ministro Bugallal exercera certa influencia e presión sobre o Tribunal Supremo, xa que o avogado dos Garvey fora González Besada, amigo de Bugallal. Non lle quedou máis remedio que dimitir.

Unha copia recollía os comentarios que corrían por Madrid:

"Iban Besada y Garvey  
derechitos al cajón,  
y Urzaiz les hizo la ley  
poniéndoles un tapón"

Con este cesamento Urzáiz desaparecía da alta política. Quedáballe o seu distrito no que corrían ventos de revolta contra el.

Os poderosos grupos económicos de Vigo pensaron que Urzáiz xa non era o político que podía defende-los seus intereses. O empresario conserveiro X. R. Curbera Fernández presentouse contra el nas eleccións de 1918. Urzáiz resistiu e venceu, pero decatouse de que os seus días parecían contados. Nas eleccións de 1919 tivo que escoitar durísimas críticas como a procedente de Bernardo Bernárdez, autor dun estraño libro en dous tomos, *Tratado de Viguismo*, que o acusou de perde-las ocasións para engrandecer Vigo. Por iso cando en 1922 aceptou ser senador vitalicio, todos respiraron.

Morreu en Madrid no ano 1926.

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Legislatura 1886-1891	Deputado polo distrito de Lalín (Só ata 1889)	Pontevedra
Legislatura 1893-1896	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Legislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Legislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Legislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Legislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Legislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Legislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Legislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Legislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Legislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Legislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Legislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Legislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra
Legislatura 1920-1922	Deputado polo distrito de Vigo	Pontevedra

---

**USERA BUGALLAL, Luis**

Cando describimo-la familia Bugallal xa advertíamos que a saga política familiar, cegotada a liña de consanguinidade, pasou á liña de afinidade. O importante era manter candidatos suficientes para o ampliado poder político.

Usera Bugallal non pertencía á liña directa pero si á "familia" no mais amplo sentido da palabra. Era fillo do maxistrado Víctor Usera Rodríguez e de Luisa Bugallal Araújo. Casou coa súa curmá Matilde Bugallal, condesa de Bugallal.

Natural de Ponteareas, estudou Dereito, exerceu algún tempo de avogado e o favor familiar fixo que ascendese con moita rapidez.

No ano 1918 morreu Cobián Roffignac que estaba enfeudado, con licencia dos Bugallal, no distrito de Xinzo de Limia, e recuperárono para situar nel a Usera Bugallal.

Paralelamente procuráronlle un posto no eido da xustiza. No ano 1919 consta que era secretario da Audiencia Provincial. Solicitou a excedencia para ser nomeado en 1921 subsecretario de Gracia e Xustiza. Non é necesario lembrar que o ministro era o seu parente Gabino Bugallal.

No ano 1923 recuperou a secretaría da Audiencia Provincial.

Lamentablemente para Usera, a carreira cortóuselle no ano 1923 coa chegada da Dictadura.

## ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Xinzo	Ourense
Legislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Xinzo	Ourense
Legislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Xinzo	Ourense
Legislatura 1923	Deputado polo distrito de Xinzo	Ourense



**USERA RODRÍGUEZ, Pedro María**

Membro da "familia" dos Bugallal, non por consanguinidade senón por afinidade. Os Usera estaban emparentados cos Bugallal. Todos eran de Ponteareas.

Estudou Dereito e dedicouse á profesión xudicial.

No ano 1914 era maxistrado do Tribunal Supremo.

Só representou nunha ocasión a Galicia, como senador.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Legislatura 1921-1922	Senador pola provincia de Ourense
-----------------------	-----------------------------------

**USTÁRIZ, Francisco**

Representou a Galicia a penas un mes e medio no Congreso. Na legislatura de 1863-1864 resultou elixido polo distrito de Cee Ferreira Caamaño. Este foi nomeado senador vitalicio e deixou libre o escano. Ustáriz saíu elixido nunhas eleccións parciais e tomou posesión no Congreso o 7 de maio de 1864. As Cortes foron suspendidas o 23 de xuño de 1864, por conseguinte, estivo mes e medio no posto.

Non formou parte de ningunha comisión, nin participou en ningún debate.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Legislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Cee	A Coruña
	(Tomou posesión do cargo en 1864)	

**V****VALCÁRCEL SAAVEDRA, Manuel**

Debia ser de Loentia, Castro de Rei (Lugo) e casou con M<sup>ra</sup>. Antonia Ribera. A súa filla, Manuela Valcárcel casou con Juan Quiroga, de Casa de Pacios, Vilavella (Lugo). Era avogado da Real Audiencia. A Guerra de Independencia alterou radicalmente a súa vida. Deixou os procesos e os preitos e prestou a súa colaboración eficaz na Xunta de Defensa e Subsidios da cidade e provincia de Lugo.

Foi elixido no ano 1810 para representa-la súa provincia nas Cortes de Cádiz.

Formou parte das comisións de Poderes, Premios e doutras de menor importancia. As actas das Cortes recollen o seu nome en moitos dos debates. Non foi un deputado punteiro en canto a discursos senón moi práctico e eficaz. As súas intervencións foron sempre curtas, non se perdía en longos discursos.

Estivo moito máis próximo ós liberais cós absolutistas, aínda que mantivo unha independencia moi estudiada. Votou a favor da lei de liberdade de prensa (en contra de moitos deputados galegos) na sesión do 14 de outubro de 1810. O 22 de xullo de 1811 presentou unha proposición para crear unha policía contra os afrancesados. Na sesión do 23 de xuño de 1813, defendeu a validez das eleccións celebradas en Galicia, aínda que recoñeceu que puido haber algunha leve infracción.

Durante moitos meses do ano 1812 estivo en Galicia, seguramente por razóns dalgunha enfermidade e por iso non puido asina-la constitución. Incorporouse no mes de febreiro de 1813.

Foi un laborioso deputado.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1810-1813 Deputado pola provincia de Lugo



#### — VALCÁRCEL Y USSEL DE GUIMBRADA, Carlos

Naceu en Mula (Murcia) no ano 1819. Ingresou na Armada e pouco a pouco foi ascendendo. Loitou contra os carlistas e pola acción do bloqueo de Valparaíso e Callao, gañou a Cruz de San Fernando. Polo seu comportamento na batalla do Pacífico ascendeu a Brigadier. No ano 1869 xa era Contraalmirante. Foi capitán xeneral das Capitanías de Cartaxena e de Ferrol, vicepresidente do Almirantado. No ano 1874, vocal da Xunta Suprema Consultiva de Mariña e no 1877, do Consello Supremo da Armada.

Almirante da Armada, foi nomeado ministro de Mariña no Goberno de Posada Herrera entre o 13 de outubro de 1883 ó 18 de xaneiro de 1884.

Foi elixido senador por Murcia na lexislatura de 1881-1882 e senador pola Coruña na lexislatura de 1886. No ano 1893 foi nomeado Senador vitalicio.

Morreu este ilustre mariño español en Madrid o 23 de abril de 1903.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1886-1891 Senador pola provincia de Coruña

**VALDERRAMA MARTÍNEZ, Fernando de**

Elixido polo distrito de Lalín en 1881, unicamente colaborou nalgunha comisión, como a de Cuarteis da Garda Civil, da que foi secretario, pero non falou en toda a lexislatura.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Lalín	Pontevedra
-----------------------	---------------------------------	------------

**VALDÉS Y MON, Francisco (Barón de Covaga)**

Asturiano por tódolos costados, naceu arredor do ano 1830, en Barcelona, porque o seu pai, militar, estaba destinado nesta cidade.

Estudou, segundo afirman algúns biógrafos, nas universidades de Oviedo e Barcelona e posteriormente ingresou na milicia onde acadou o grao de xeneral.

No ano 1858 ingresou no partido da Unión Liberal e debeu se-la protección de O' Donnell e de Posada Herrera o que explica que se presentase en catro lexislaturas pola provincia de Pontevedra.

Obtivo o escano polo distrito da Consolación (Lalín, Pontevedra) nas lexislatura de 1858-1862, 1863-1864 e 1864-1865, e pola sección de Pontevedra na lexislatura de 1865.

No Congreso non destacou. Interveu en varias comisións, como as de Etiqueta, Ferrocarril, etc., pero non consta que falase nunca nin participase, por conseguinte, en ningún dos importantes debates políticos.

Co tempo foise moderando cada vez máis. Durante o Sexenio só participou nunha lexislatura, a de 1871-1872 (ó Senado por Oviedo), despois retirouse da política activa, para dedicarse a loitar pola restauración da monarquía borbónica. Teñamos en conta que era Xentilhome da Casa Real de Isabel II e que fora condecorado pola Monarquía coa Cruz de Isabel La Católica. É dicir, seguía sendo fiel á dinastía borbónica.

Por iso na Restauración se incorporou de novo á vida política, aínda que non en Galicia. Foi Senador pola provincia de Oviedo desde 1876 ata 1880 e posteriormente foi Senador pola Universidade de Oviedo en 1886 e 1891-1893.

No ano 1878 foi nomeado director xeral de Obras Públicas, no ano 1888 ministro do Tribunal de Contas e xa en 1893 conselleiro de Estado polas seccións de Facenda e Ultramar.

Ademais das condecoracións xa citadas foi desde 1857 membro da Mestranza de Sevilla.

A baronía de Covaga foi creada no ano 1865 e el herdouna no ano 1871.

Foi un dos membros fundadores do Centro Asturiano en Madrid e o seu presidente en 1883-1884 e 1889 e 1890.

Politicamente militou no partido conservador durante a Restauración, pero non por iso votou o artigo 11 da Constitución de 1876, ó que se opuxo por interpretar que a tolerancia relixiosa consagrada neste artigo era un atentado á unión católica que el defendía.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1858-1862	Deputado polo distrito de A Consolación	Pontevedra
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de A Consolación	Pontevedra
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de A Consolación	Pontevedra
Lexislatura 1865-1866	Deputado polo distrito de A Consolación	Pontevedra



#### VALERO DE TORNOS, Juan

Sen ningunha relación con Galicia este ilustre periodista e activo editor resultou elixido unha vez por Ourense. O que explica que lle dediquemos unha referencia moi sinxela.

Naceu en Madrid o 12 de marzo de 1842. Era fillo do xornalista Juan Valero y Soto. Licenciouse en Leis. Foi un incansable publicista e colaborou en *La Minerva*, *El Ateneo de la Juventud*, *La Mosquita*, *El Faro Nacional*, *El Museo Universal*, *El Imparcial*, a partir de 1882, *La Época*, *El Heraldo de Madrid*, *La Correspondencia de España*, *El Independiente*.

Fiel seguidor de Isabel II, no ano 1868 tivo que emigrar a Francia, onde fundou *El Telégrafo Autógrafo*, que durou tres anos. Retornou a España no ano 1873 onde dirixiu *El Porvenir*, *El Diario del Pueblo* e o xornal satírico *La Suavidad*. Entre 1873 e 1886 fundou e dirixiu a revista científica *La Raza Latina* o xornal *La Ley* e *El Noticiero de España*.

Á parte desta enorme actividade periodística, fundou e dirixiu revistas e enciclopedias especializadas en Dereito. No ano 1867 *La Gaceta de los Tribunales*, órgano oficial do Colexio de Avogados de Madrid; no ano 1866 anúnciase unha Enciclopedia de Dereito dirixida por el. No ano 1877 aparece a obra *Leyes y Códigos de España, comentados desde el Fuero Viejo a nuestro días*, etc.

Como deputado foi elixido na lexislatura de 1867-1868 pola provincia de Ourense. Formou parte de varias comisións, como a de Canalización do Ebro, actuou como secretario da comisión permanente de Actas, etc. Unicamente falou en dúas ocasións como membro de comisión.

Morreu en Madrid o 20 de abril de 1905.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1867-1868	Deputado pola sección de Ourense
-----------------------	----------------------------------



**VALLADARES GÓMEZ, José Dionisio**

Formou parte do reducido grupo de liberais que asumiron a responsabilidade de facer posible unha sociedade liberal en Galicia. E isto pensaban que podía facerse de dúas maneiras, en primeiro lugar, defendendo coas armas na man o liberalismo fronte ó carlismo e, en segundo lugar, colaborando eficazmente na administración liberal. Eran homes pouco teóricos e cunha bagaxe ideolóxica moi elemental, pero sumamente prácticos. Traballaban na seguridade de que o que eles facían non podía ser feito por outros.

Naceu en Santa María de Graba (Silleda, Pontevedra) o 23 de xuño de 1787. Cursou algúns anos no Seminario de Lugo, estudos que incorporou na Universidade de Santiago. Logo iniciou o estudio de Leis. No ano 1805 obtén o bacharelato en Leis. Pillouno a Guerra de Independencia cando estaba rematando os estudos de Dereito.

Formou parte do Batallón Literario e participou en innumerables accións de guerra. Cando se licenciou no ano 1815, traía con el nove cruces militares e o grao de capitán de Infantería.

Aínda que no exército tiña o futuro garantido (e diante tiña o exemplo doutros compañeiros que reengancharan no exército, como García Camba ou Rodill) decidiu reorganiza-la súa vida no ámbito civil. O 21 de abril de 1815 obtivo o título de avogado (mediante as compensacións acordadas no momento de constituírse o Batallón Literario, de anos de servicio por cursos académicos) e no ano 1817 casou con María de la Concepción Núñez Morciego, natural de Medina do Campo.

Púxose a traballar de avogado en Vilancosta (Berres).

No Trienio, en marzo de 1820, foi nomeado xuíz de primeira instancia do partido do Barco de Valdeorras pola Xunta de Galicia, nomeamento que foi feito xa en propiedade no ano 1822. Ó mesmo tempo, no Trienio, foi comisionado pola Deputación Provincial de Galicia para face-lo arranxo territorial dos partidos xudiciais. Tamén foi elixido Comandante da Milicia Nacional de Valdeorras.

A restauración do absolutismo supuxo que cesase como xuíz, que fose declarado impurificado pola súa participación na milicia e, por conseguinte, inhábil durante moitos anos para exercer un oficio do Estado. Aproveitou esta situación para colaborar activamente, no ano 1829, con Domingo Fontán nos traballos da *Carta Geográfica de Galicia*.

Amnistiado no ano 1832, incorpórase de seguida á administración liberal na que os seus coñecementos e capacidade eran sobradamente valorados. No ano 1835 foi nomeado secretario do Gobernador de Pontevedra e no ano 1836, presidente interino da súa Deputación Provincial. En 1837 foi nomeado Intendente en comisión da provincia de Pontevedra e en 1839 foi novamente designado gobernador e presidente da Deputación de Pontevedra.

Resulta moi difícil facer un seguimento dos cargos que exerceu. Sabemos que foi

tamén intendente das provincias de Lugo e de Zamora, gobernador de Ourense no ano 1849 cargo do que foi cesado no ano 1850.

Cando non exercía un cargo administrativo, representaba o seu partido na Deputación Provincial de Pontevedra, como sucedeu no ano 1841.

Tivo sete fillos, tres deles pasaron á nosa historia literaria: Marcial Valladares Núñez, autor da primeira novela galega, *Majina* e do *Diccionario Gallego-Castellano* (1884); Avelina Valladares, autora de moitas composicións poéticas en galego e en castelán; e Sergio Valladares, que colaborou na prensa e publicou composicións poéticas. É dicir, que José Dionisio foi capaz de crear un fogar de fonda densidade galega.

Morreu o 23 de marzo de 1864.

Só representou a Galicia nunha lexislatura, na de 1837 a 1839 pola provincia de Ourense, provincia á que estaba moi vinculado pola súa estancia no Barco e posteriormente por exercer de gobernador. No ano 1843 foi elixido senador pola provincia de Pontevedra pero renunciou ó cargo.

Pouco temos que salientar da súa participación como deputado. Non era político de gabinete senón de campo e posiblemente lle parecían perdas de tempo non poucas das cuestións alí discutidas e propostas.

A única actuación que lle coñecemos e que temos que estimar *pro domu sua* foi a proposta que fixo para que os xuíces suspendidos ou cesados despois do Trienio foran repostos.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1838      Deputado pola provincia de Ourense

### VARELA CADAVAL, José (Conde de Ramiranes)

A primeira información que temos de Varela Cadaval procede do Arquivo Universitario de Santiago e indícanos que era natural de Tui, que no ano 1832 cando inicia os estudos nesta Universidade, xa era orfo de pai e nai, e que vivía baixo a protección do cóengo lectoral e arcediano de Miñor, Juan García Benito, veciño de Tui.

Estudou Filosofía en Santiago e Leis, polo menos ata o grao de Bacharel (1839), momento a partir do cal desaparece toda información. É moi posible que rematara a carreira de Leis noutra Universidade.

Foi membro da Sociedade Económica de Santiago. Representou a Galicia só nunha lexislatura, na de 1867-1868 pola sección de Pontevedra.

Nas Cortes non consta que formara parte de ningunha comisión nin pronunciou ningún discurso. Só consta que presentou no ano 1867 unha solicitude dos veciños de Tabeirós para que non se lles suprimise o xulgado de primeira instancia.

No ano 1876 foi creado para el o título de conde de Ramiranes.

Casou con María Socorro Bermúdez Acevedo Pardiñas Villardefrancos, da casa de Nantón (Cabana) na provincia da Coruña, casa de Mandiá e de Soelle, que era señora tamén de Ramiranes.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1867-1868      Deputado pola sección de Pontevedra

### VARELA DE LIMIA, Manuel

Naceu en Malpica (Carballo, A Coruña) o 17 de agosto de 1796, fillo de Ramón Varela de Limia e de María Bermúdez de Castro, señores da casa de Pernes, Leiloio, Ponteceso (A Coruña). Non foi Manuel o sucesor do vínculo senón o seu irmán, José Varela de Limia.

Ingresou no Colexio Militar de Santiago no ano 1811. Xa como subtenente pasou a estudar na Academia de Enxeñeiros Militares de Alcalá de Henares, onde estivo entre 1814 e 1816.

Entre 1816 e 1819 colaborou na Dirección Xeral de enxeñeiros de Cataluña e en 1820 formou parte do exército expedicionario con destino a América e que se pronunciou en Cabezas de San Juan o 1 de xaneiro de 1820. Liberal acreditado, ascendeu a capitán de enxeñeiros en 1823. A reacción absolutista en seguida o suspendeu. Sen embargo, o Goberno precisaba dos seus servicios para a restauración e construción de cuarteis en San Fernando e San Carlos, polo que no ano 1826 foi purificado. Ata 1833, sen embargo, só lle encomendaron ocupacións técnicas e non foi ascendido.

A partir de 1833, Varela de Limia queda vinculado á secretaría de Estado e Despacho da Guerra, pasando en poucos anos de oitavo oficial a oficial de primeira clase e ascendendo a brigadier no ano 1839. Formou parte o noso biografado dunha elite intelectual militar que colaboraba con diversos artigos en revistas especializadas, pero que colaboraba así mesmo co progreso civil. A el débese en boa parte a xeneralización do telégrafo en España, cando no ano 1844 foi nomeado director xeral de Camiños, Portos e Faros, o equivalente a Obras Públicas.


Morreu en Madrid o 9 de novembro de 1853.

Nunca foi deputado. Foi senador en dúas ocasións, sen que teñamos nada que salientar da súa participación como senador.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1843-1844      Senador pola provincia de Lugo

Legislatura 1844-1845      Senador pola provincia de Lugo

**VARELA DE MONTES, José**

O catedrático, ilustre médico e gran intelectual Varela de Montes tamén representou a Galicia no Parlamento, nunha lexislatura.

Naceu en Santiago no ano 1796, era fillo de Francisco Antonio Varela, farmacéutico.

Iniciou os estudos na Universidade de Santiago no ano 1811. En 1817 obtivo o título de Bacharel en Medicina. Desprazouse entón a Madrid onde cursou dous anos de Medicina Práctica no Real Establecemento de Medicina Práctica.

Retorna logo a Santiago onde obtivo o título de Licenciado en Medicina en 1827.

Neste mesmo ano incorporouse á Universidade de Santiago. Sen embargo, con anterioridade, no ano 1825 consta que foi médico titular do mosteiro de Sobrado e tamén por algún tempo médico de Corcubión.

Na Universidade percorreu todo o *curriculum*, catedrático de Fisioloxía e Hixiene (1827), catedrático de Medicina Clínica (1843), director do Colexio de Prácticas Médicas (1844), catedrático de ascenso (de acordo coa nova nomenclatura) (1848) e catedrático de termo (1853).

No ano 1850 foi nomeado decano da Facultade de Medicina.

Foi tamén secretario e logo director da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, socio da Academia de Ciencias de Madrid e doutras sociedades estranxeiras (de Austria, Holanda, etc.).

Na Galicia intelectual de mediados do século XIX, Varela de Montes foi sen dúbida un referente, aínda que quizais excesivamente valorado dado o valor obxectivo da súa investigación.

Varela de Montes era ideolóxica e politicamente conservador, posición lexítima, pero que non era ben aceptada pola xuventude universitaria compostelá progresista. Dado o carácter simbólico e representativo de Varela de Montes, a intelectualidade máis radical non transixía coa posición ideolóxica e política de Varela. Por iso, e a pesar de ser un dos grandes e escasos mestres da Universidade de Santiago, foi depurado no ano 1843 pola Xunta constituída con ocasión do golpe de Estado contra Espartero. Volveu ser depurado ou cesado novamente pola Xunta constituída no ano 1846. Nas dúas ocasións foron depuracións transitorias, por poucos días, pero que revelan o distanciamento entre Varela e as novas xeracións universitarias.

No ano 1844 resultou elixido deputado pola provincia da Coruña. Varela, persoa afeita á adulación e ó recoñecemento, entrou nun espazo no que os únicos valores aceptados eran o peso político e a capacidade de manobra ou a elocuencia. Varela carecía destas circunstancias: era novo na política e no Parlamento ó que chegaba ós 48 anos, carecía de apoios estables tanto no Goberno como na provincia que repre-



sentaba e, ademais, carecía de dotes oratorias. Luis Rodríguez Seoane, discípulo e admirador de Varela de Montes explicaba así o seu fracaso no Parlamento "Sin un órgano vigoroso de que pueda salir gárrula y resonante la palabra... sin cierta habilidad y tacto para tomarse el mejor papel de los que suelen repartirse entre bastidores, aprovechando la oportunidad para exhibirse, sin un natural o adquirido desenfado para imponerse en casos dados a tantos monopolizadores de la palabra que con un *chicheo* o una sonrisa gustan de parar los pies de todo aquel que principia, fácil es que los éxitos parlamentarios no se determinen y realicen". En realidade Varela non fracasou, sinxelamente non brillou. Pero para unha gloria consolidada en provincias e unha personalidade de habituada a cobrar en cada actuación un alto salario de vaidade, o non brillar é fracasar.

Victoria Armesto publicou hai anos nun xornal galego un interesante artigo titulado "Las risas en el Congreso", no que esbozaba a non gloriosa experiencia de Varela de Montes no Parlamento. En realidade Varela só falou en catro ocasións e presentou dúas peticións. Falou o 5 de decembro de 1844 para opoñerse á reforma do Regulamento das Cortes, no punto onde se indicaba que tódalas emendas deberían vir apoiadas pola sinatura de sete deputados. Varela, con toda inxenuidade, lamentaba que se necesitasen sete sinaturas, porque aqueles, coma el, que non fosen moi coñecidos atoparían dificultades para conseguilas. Iniciaba a súa vida parlamentaria recoñecendo a súa insignificancia xa que recoñecer non poder atopar seis amigos era unha imprudencia case temeraria. Volveu falar na sesión do 17 de decembro de 1844 para que o Goberno presentase axiña a documentación sobre o proxecto da dotación de culto e clero. Na argumentación empregada opúxose como é natural ós progresistas, pero tamén ós moderados que estaban no poder, e eran os seus, porque estimou que o proxecto non resolvería o problema da dotación xusta do clero. Volveu falar o 10 de abril de 1845 e fixo unha defensa da necesidade de infraestructuras viarias en Galicia. Nada tiña de raro dicir, como dixo, "Galicia reclama con justicia caminos. Las cuatro provincias están aisladas..." e nese intre escoitáronse risas no Parlamento. Molesto Varela dixo que o que dicía non era "asunto de risa". A cousa non pasou a máis, pero Varela quedou moi ferido e na segunda parte da lexislatura non volveu intervir nin pertenceu a ningunha comisión.

Como é de supoñer, os seus inimigos fixeron chegar a Santiago, posiblemente moi esaxeradas, as risas que provocou Varela no Congreso. Nunca máis o médico compostelán se presentou a unhas eleccións.

Morreu en Santiago o 30 de marzo de 1868.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1844-1846      Deputado pola provincia da Coruña

### VARELA SARMIENTO, Lorenzo

Dono e habitante do pazo da Buzaca (San Lourenzo de Moraña, Caldas, Pontevedra), representa un tipo de político galego bastante frecuente: un cacique local, que controla perfectamente os mecanismos electorais do seu territorio, postos ó

servicio do deputado que a el lle interesa, pero sen ambición ningunha por participar no gran poder do Estado. El fixo a moitos deputados, pero sempre se resistiu a ser elixido.

En troques, Lorenzo Varela procura estar sempre presente na Deputación Provincial de Pontevedra, representando o distrito de Caldas, porque na Deputación podía conseguir beneficios para o seu territorio e dispor dos instrumentos precisos para poder exercer mellor o seu cacicado.

Por este motivo está presente como deputado provincial en 1838, en 1843, 1850, 1852, 1854, 1856, 1858 e 1860. O seu papel foi proseguido na Deputación en 1862 por Benito Varela, ó que supoñemos fillo do noso protagonista.

Sen embargo, por algunha razón especial saíu elixido polo distrito de Caldas en 1846. Non consta que tomara posesión, porque lendo as actas non atopamos o seu nome nin en comisións, nin nos debates nin aparece votando. Por conseguinte, seguiu sendo fiel ós seus proxectos ou manías de non intervir na alta política do Estado.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Caldas	Pontevedra
	(non consta que tomara posesión)	

### VÁZQUEZ BUGUEIRO, José

Fillo de campesiños, naceu en Meá (Pontedeume, A Coruña) o 31 de marzo de 1809. Eran seus pais José Vázquez Novas e María Bugueiro. Os Vázquez procedían de Franza e os Bugueiro de Mugar dos, é dicir, todos da comarca.

Debeu estudar as primeiras letras en Pontedeume e ingresou na Universidade de Santiago no ano 1828. En 1835 obtivo o Bacharelato en Leis e descoñecemos onde e cando se licenciou en Dereito.

Rematada a carreira instálase en Pontedeume como avogado. En 1835, primeiro rexidor do concello de Pontedeume e subtenente da Milicia Urbana da vila. Consta só como bacharel. No ano 1838 era primeiro alcalde e deputado provincial.

Coincidiu parte da súa estancia en Pontedeume coa do intendente Rojo del Cañizal, da Coruña. Un veterano liberal que participara no levantamento do Portier, estivera exiliado en Inglaterra, fora deputado nas Cortes do Trienio, estivera encarcerado e, sobre todo, mantivera a fe na revolución liberal aínda pendente. Rojo del Cañizal e Vázquez Bugueiro constituíron en Pontedeume un grupo progresista do que os dous eran os líderes. No ano 1840 publicou Rojo, el e outros, un Manifesto no que amosaban a súa adhesión ó levantamento que se fixo en Galicia contra o Goberno e apoiando a Espartero. Esta íntima relación selouse aínda moito máis cando Vázquez Bugueiro casou con Josefa Rojo del Cañizal, filla de José Rojo del Cañizal.

No ano 1839 celebráronse eleccións e Vázquez Bugueiro resultou elixido como

suplente. Por fin conseguiu a primeira representación nas eleccións de 1843. O Goberno de Espartero, claramente orientado cara á dictadura, provocou a ruptura no partido progresista entre os esparteristas ou *ayacuchos* e os antiesparteristas. Vázquez Bugueiro, a pesar da vella militancia esparterista, pasouse ó outro bando. Desde o primeiro momento formou parte do bando antiesparterista con Domingo Alfonso, Alsina, Suances, Arias Uría, etc., e cando se pecharon as Cortes retornaron a Galicia dispostos a derrocar por tódolos medios a Espartero, como así sucedeu.

Nas Cortes de 1843, dada a breve duración das mesmas (mes e medio) non tivo tempo a manifestarse de ningunha forma.

En 1840 entrou na carreira xudicial como xuíz de Carballo. Cesado ou suspendido nas etapas de predominio moderado, regresaba cando retornaban os progresistas. Así vemos como no ano 1854 estivo como maxistrado na Audiencia de Cáceres e máis tarde pasa á Audiencia de Oviedo. No ano 1861 era maxistrado supernumerario desta Audiencia.

Foi tamén deputado no Bienio.

Nun informe secreto enviado polo cónsul francés da Coruña ó seu Goberno (1839) refírese a el dicindo que politicamente é apoiado polos exaltados e é "persona sin formas ni educación".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1843 (1ª)	Deputado pola provincia da Coruña
Legislatura 1854-1856	Deputado pola provincia da Coruña

### VÁZQUEZ CURIEL, Valentín

Naceu na parroquia de San Xoán de Arroxó (Neira de Xusá, Lugo) en abril de 1818, era fillo de Francisco Vázquez e de Vicenta Curiel. Estudiu dous cursos de Filosofía no Seminario de Lugo e entrou na Universidade de Santiago para estudar Leis no ano 1836. Bacharel en Leis no ano 1842, conclúe os estudos de Dereito na Universidade de Madrid, que debeu rematar en 1843.

Situouse como avogado nas Nogais, provincia de Lugo, concello do que foi elixido alcalde.



Militou no partido moderado, pero na fracción que podemos considerar máis próxima ós progresistas. En 1847 foi designado alcalde correxidor de Astorga e no ano 1848 pasou de auxiliar ó Consello Real.

Aínda que nas eleccións de 1851 obtivo a representación como suplente, Vázquez Curiel non estivo nas Cortes a pesar de que o titular tampouco estivera.

Resultou elixido na legislatura de 1853 por Quiroga. Nas Cortes só formou parte da

comisión de Procedementos Cívís, que presidía Madoz e da que el foi secretario. Pero non falou nunca.

Na lexislatura de 1857 obtén a representación pola Fonsagrada. Nestas eleccións non era o candidato ministerial e loitou contra M. Sánchez Ocaña, que estaba apoiado polo ministro de Facenda, García Barzanallana. Obtivo a representación pola Fonsagrada e por outro distrito. Con toda a intención e para prexudicar ós que foran os seus inimigos nas eleccións estivo 10 meses sen optar por ningún dos dous escanos, é dicir, todo o tempo que durou a lexislatura. As Cortes, en maio de 1858, decidiron obrigalo a elixir un dos distritos e el agardou a que se suspenderan as Cortes sen face-la elección.

No ano 1861, Vázquez Curiel era oficial primeiro da Dirección Xeral de Ultramar, que dirixía o seu paisano Ulloa. Militaba desde 1858 na Unión Liberal e no sector máis progresista da mesma. Por iso foi cesado en 1866 cando as autoridades do Goberno descubriron que formaba parte da conspiración para derrocar a Isabel II. Retornou a Galicia e traballou nas bases para crear un estado de opinión favorable á revolución. Por iso no ano 1868 apareceu como vicepresidente da Xunta Revolucionaria, constituída en Becerreá.

O que explica que fora elixido nas eleccións do ano 1869. Consta que solicitou varias licencias por motivos de saúde. Na elección do 18 novembro de 1870 vota ó Duque de Montpensier en lugar de votar a D. Amadeo.

Pasou logo ó Senado, xa que representou á provincia de Lugo entre 1871 e 1873.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito da Fonsagrada	Lugo
Lexislatura 1859-1871	Deputado pola sección de Lugo	Lugo
Lexislatura 1871-1872	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1872-1873	Senador pola provincia de Lugo	

### VÁZQUEZ DE PARGA, Antonio

Era fidalgo por tódolos costados. Era fillo de Ramón Vázquez de Pargo, señor da Casa de Penas Corbeiras (Vilalba, Lugo) e de María Pascuala Varela Bueno y Quindós, filla dun escribán da audiencia do bispo de Lugo. Ramón pasou a vivir á cidade de Lugo onde se integrou na sociedade lugués formando parte da súa elite.

O seu fillo, Antonio, estudou Leis, avogado dos Reais Concellos, foi nomeado subdelegado de Rendas de Lugo no ano 1804. Así mesmo era rexedor vitalicio do concello lugués. Tamén sabemos que se dedicou con proveito, en compañía do comerciante coruñés Anxo García Fernández, ó tráfico de mercadorías procedentes do estranxeiro.

A Guerra de Independencia foi para Antonio, como para moitos fidalgos, a ocasión propicia para darse a coñecer. Formou parte da Xunta constituída na cidade de Lugo,



Xunta delegada da Superior constituída na Coruña. Ó examina-las actas puidemos comprobar que foi sen dúbida o persoeiro máis significado.

En 1809 exercía de xuíz de seguridade en Becerreá, cargo desde que perseguía a tódolos tachados de afrancesados. Polos casos que coñecemos, tiña gran facilidade para asinar condenas a morte contra os colaboracionistas cos franceses. Ben é verdade que ningún dos condenados fora aprehendido aínda.

Foi elixido para representa-la provincia de Lugo nas Cortes de Cádiz. O 18 de setembro de 1810 foron aprobados os seus poderes nas Cortes. Formou parte da comisión encargada de elabora-lo Regulamento das Cortes (6 de outubro de 1810). Na famosa votación do 14 de outubro de 1810, sobre o proxecto de liberdade de imprenta, opta pola posición absolutista. Pasou máis tarde a formar parte das comisións de Poderes e de Agricultura.

Vázquez de Parga estivo en tódalas discusións de carácter ideolóxico cos absolutistas: na censura contra Bartolomé Gallardo, na defensa da Inquisición, apoiando que os prelados regulares teñan voz e voto nas xuntas electorais, etc.

Nas Cortes foi un deputado moi traballador nas comisións, pero non xogou un papel importante nos grandes debates. Hai que recoñecer tamén que o feito de vincularse ó absolutismo lle restou popularidade.

No ano 1823, cando a provincia foi invadida polas tropas realistas do Duque de Angulema e polas partidas realistas, formou parte dunha comisión designada por Morillo, capitán xeneral de Galicia, para buscar unha solución naquel intre. Isto significa que Vázquez de Parga neste momento xa non militaba no absolutismo.

Casara no ano 1818 con Manuela Somoza Pallares. O matrimonio posiblemente favoreceu que Antonio fose o administrador dos bens do parente da súa muller, Manuel José Pallares Correa Gaioso, conde de Pallares desde 1816, así como tamén facilitaría que á morte de Manuel José, posto que carecía doutros herdeiros máis inmediatos, o condado pasase a Manuel Vázquez de Parga, fillo de Antonio.

Morreu Antonio o 4 de febreiro de 1832 deixando tres fillos: dúas mulleres e un home, Manuel Vázquez de Parga, conde de Pallares.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1810-1813    Deputado pola provincia de Lugo

### VÁZQUEZ DE PARGA, Frey Gerardo (Bispo de Salamanca)

En principio a coincidencia de apelidos non nos permite asegurar que frei Gerardo Vázquez de Parga formara parte da familia de Antonio Vázquez de Parga (véx.) nin, por conseguinte, do seu fillo Manuel Vázquez de Parga, conde de Pallares.

O noso protagonista naceu en San Vitorio de Riva en 1747 (Lugo). Ingresou na Orde

do Císter, estudou e graduouse na Universidade de Salamanca, foi catedrático de Teoloxía na súa Orde e foi ascendendo nela ata chegar a ser nomeado xeneral do Císter.

Nomeado bispo de Salamanca en 1809, foi elixido no ano 1813 para representa-la provincia de Lugo.

Tomou posesión do seu escano o 30 de xaneiro de 1814, polo que o bispo de Salamanca case non tivo ocasión de participar.

Asinou no ano 1814 o chamado *Manifiesto de los Pesas* co que queda garantida a súa militancia no absolutismo.

Morreu no ano 1821.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1813-1814    Deputado pola provincia de Lugo

### VÁZQUEZ DE PARGA, Germán

Naceu en Lugo. Era fillo de Manuel Vázquez de Parga, conde de Pallares e de María de la Paz de la Riva Estévez. Naceu nunha familia moi politizada, xa que os avós, paterno e materno, foran deputados, o mesmo que o seu pai e o seu irmán Nicolás.

Casou con Carolina Campuzano, de Santander.

Ingresou no exército, que debeu abandonar, porque no Anuario do ano 1900 xa non consta como oficial de infantaría que foi a rama na que ingresou.

O seu pai procuroulle no ano 1891 a representación política polo distrito de Lugo, que foi a única representación que tivo no Parlamento.

Foi tamén presidente da Deputación lucense nos anos 1904 e 1906. Consta igualmente que foi gobernador da provincia de Zamora.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1891-1893    Deputado polo distrito de Lugo    Lugo

### VÁZQUEZ DE PARGA, José

Nada ten que ver este Vázquez de Parga cos que co mesmo apelido (Antonio, Manuel, etc.) representaron varias veces a provincia de Lugo.

É posible que este José Vázquez de Parga sexa o mesmo que aparece estudiando Leis na Universidade de Santiago a finais do século XVIII. Se así fose, este Vázquez de Parga naceu en Marrubio (Montederramo, Ourense) e cursou tres anos de Filosofía no convento de Santo Domingo da Vila de Monforte. No ano 1792 incorporou á Universidade de Santiago estes estudos e iniciou a carreira de Dereito.

Lamentablemente o arquivo universitario non recolle máis información.

Só representou a Galicia nunha lexislatura, a de 1836-1837. Cando foi elixido vivía na vila de Carballo (A Coruña), na que exercía como xuíz de primeira instancia. Con anterioridade, en 1834, fora alcalde desta mesma vila.

No Congreso participou con bastante frecuencia. Era moi meticuloso en tódalas cuestións xurídicas, como decretos, regulamentos, etc. Sempre que interveu foi respectado.

Tomou parte na comisión de Lexislación, da que foi secretario.


Na sesión do 27 de febreiro de 1837 asinou, con outros varios deputados, unha proposición de lei na que se pedía a abolición total da escravitude en España, illas adxacentes e África. Curiosamente para nada se referían a América, xa que sen dúbida temían que se incluían a América, a proposta sería rexeitada sen máis.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1836-1837      Deputado pola provincia de Lugo

### VÁZQUEZ DE PARGA, SOMOZA Y PALLARES, Manuel (Conde de Pallares)

Resulta sorprendente que quen parecía reunir tódalas condicións para ser un gran líder da política nacional, como o conde de Pallares, só conseguira ser un xefe local da política conservadora da provincia de Lugo. Vázquez de Parga parecía telo todo: un título aristocrático, riqueza, gran cultura, vocación, experiencia política, boa presenza e, aínda que non era un Castelar da oratoria, cumpría dignamente o seu papel. Que o tabaco e o ron foran estragando cos anos a súa voz, tampouco parece fose un impedimento definitivo, cando un Sagasta, por exemplo, era incapaz de pronunciar un discurso de ton elevado respectando a sintaxe castelá.



¿Por qué, entón, no pasou de ser un líder local na vida política? Quizais por falla de ambición, é dicir, a ambición desmedida que parece se-lo motor da actividade do home político, quizais por imperativo dunha ética persoal que non lle permitía erguerse sobre os cadáveres dos demais, fatídico camiño que de feito percorren cantos se converten en líderes nacionais.

Naceu o 13 de xuño de 1828 no pazo de Penas Corbeiras (Sancobade, Vilaíba, Lugo), fillo de Antonio Vázquez de Parga (véx.) e de Manuela Somozza Pallares.

O condado de Pallares fóralle concedido o 10 de febreiro de 1816 a José Manuel Pallares Correa, casado con María Nicolasa Varela Suárez. Deste matrimonio non que-

dou sucesión. Pasou o título a Manuela Ignacia Pallares Correa, irmá de José Manuel, casada con Manuel Taboada, señor do pazo de Laia (Palas de Rei, Lugo), matrimonio que tampouco tivo sucesión. Por iso o título pasou a Manuel Vázquez de Parga, sobriño da condesa, por parte da súa nai, que o herda no ano 1857.

Estudou Humanidades no Seminario de Lugo, e posteriormente na Universidade de Salamanca ata 6º curso de Leis. O 29 de xaneiro de 1849, en pleno curso, decidiu trasladala súa matrícula á Universidade de Santiago. Conclúe este curso en Santiago e matricúlase de 7º curso, tamén nesta Universidade, aínda que non pode examinarse porque "fue borrado por los profesores por haber cumplido el número de faltas que permite el reglamento". Debeulle afectar algunha enfermidade porque era bo alumno e, ademais, consta que a súa nai vivía con el en Santiago (Rúa do Vilar, 60) polo que, en principio, debemos pensar que estaba controlado.

No curso 1850-1851 decidiu matricularse na Universidade Central, en Madrid, onde se graduou de licenciado en Dereito ou Leis.

Desde o primeiro momento Vázquez de Parga amosou gran sensibilidade para a literatura, colaborando no xornal de Salamanca, *El Correo Salmantino*, con composicións poéticas. Unha destas composicións "Las flores del corazón" será recollida no *Álbum de la Caridad*.

O ano que pasou en Santiago levouno a fundar, con X. Pardo Bazán, a *Revista de Galicia* que era un proxecto cultural renovador e intelectual para Galicia e que revela a preocupación modernizadora pero fundamentalmente galega dos fundadores. A revista non puido resistir a morte de Martínez Servida e X. Gil, dous dos máis entusiastas redactores, e a marcha para Madrid de Vázquez de Parga.

Casou o ano 1851 con María de la Paz de la Riva Estévez, filla do avogado, ex-alcalde da Coruña e ex-deputado Nicolás de la Riva e de Antonia Estévez, veciños da Coruña aínda que oriúndos de Santiago.

Sen medir ben as súas posibilidades decidiu presentarse a deputado polo distrito de Lugo no ano 1853, pero foi derrotado por Carlos Luis de Arce.

Claramente inclinado a favor do partido moderado, logrou, co apoio ministerial, obter escano polo distrito de Lugo na lexislatura de 1857. Non debeu gustar nada no Goberno que no parlamento se aliara con Nocedal e o reducido grupo dos neocatólicos para votar en contra da Lei Moyano no ano 1857. Nesta lexislatura na que foi elixido un dos vicepresidentes do congreso, formou parte dalgunha comisión menor e non pronunciou ningún discurso dos que marcan un pouco as ambicións políticas dos xoves deputados.

No ano 1858 constitúese a Unión Liberal que pilla a Vázquez de Parga fóra do sitio que lle posibilitaría retornar ó Congreso.

A partir deste momento, o conde de Pallares que está proxectándose socialmente a través do xornal *El Correo de Lugo*, que fundou no ano 1860 e a través dunha enor-



me campaña a favor do ferrocarril galego, como demostrou o profesor Veiga Alonso (gran especialista do conde de Pallares e da súa época), empeza a preparar con maior dilixencia e empeño o seu retorno ó Congreso. Retorno que logrou na lexislatura de 1863-1864 polo distrito de Mondoñedo despois de vencer no seu propio terreo ó poderoso Xosé M. Pardo Montenegro.

Cando parecía que empezaba a contar como un dos líderes do moderantismo lucense tivo lugar un acontecemento na súa vida que o levou a un temporal illamento. No ano 1864 a súa dona, que estaba embarazada, solicita a separación matrimonial e reclama a integridade do seu dote, o que implicaba a intervención dos bens do Conde. Isto levouno a retirarse da vida política e a refuxiarse no pazo, dedicándose algún tempo á avogacía.

Os acontecementos de 1868 volveron espertar no Conde as ilusións políticas.

Unha das características da fidalguía lucense durante todo o século XIX foi a de controlar directamente ou por persoas interpostas o poder político lucense, de forma que nos concellos, na Deputación Provincial e no Congreso e no Senado, os seus intereses estiveron sempre ben representados.

A Revolución de 1868 fixo mobiliza-la fidalguía lucense. Desde 1871 configúrase ó redor do Conde un grupo claramente motivado na restauración do poder borbónico, non en Isabel II senón no seu fillo Alfonso XII.

No ano 1872, o Conde funda e dirixe o xornal *El Eco de Galicia*, que se define restauracionista borbónico. Neste mesmo ano constitúese en Lugo o Círculo conservador Alfonsino baixo a súa presidencia.

O Conde tece con coidado unha arañeira formada por varios notables estratexicamente emprazados (Miguel Rodríguez Guerra, Juan María Pardo Montenegro, os irmáns Rebellón, Juan Bautista Neira, Antonio Guitián, Pérez Batallón) que lle garanten o control electoral e político de varios distritos. Non significa isto o control de todo o conservadorismo lucense, porque hai outros pequenos líderes (como Gabino Álvarez Bugallal ou Constantino Velarde Pla) conservadores que non se someten á disciplina do Conde. O Conde liderou a chamada facción "pallarista" que xogou un papel decisivo na Restauración en Lugo. O feito de que o Conde controlase a capital, Lugo, dá-lle á súa facción a posibilidade de domina-la Deputación, centro neuráxico do caciquismo lucense.

Pactou co líder da facción quiroguista, que representaba o liberalismo, e desta maneira ámbolos dous puideron controla-los distritos que caían baixo a súa "protección", de forma que as quendas se conciliaran cos intereses dos dous dirixentes políticos.

Cando desde 1879 o distrito de Lugo puido ter tres representantes, os dous líderes garantiron que nas eleccións sempre houbera un representante da oposición. Foi así como o Conde asegurou a presenza no Congreso dun dos seus fillos ou dun sobriño.

Desde 1877 o conde pasa ó Senado, deixando libre o seu escano. Pero previamente elixiu a persoa que tiña que substituílo: Cos-Gayón, asegurándolle que, aínda que era un "cunero", podería enfeudarse en Lugo sempre que o seu importante valemto beneficiara a súa facción.

Ata a súa morte, o Conde levou o temón da política conservadora na provincia de Lugo e tanto os do seu partido, como os liberais, tiñan que contar con el e coa súa mediación para resolver problemas no reparto do poder provincial. A medida que as forzas lle ían fallando foi confiando a súa autoridade nos fillos, Xermán e Nicolás, pero sobre todo no seu sobriño Pastor y Maseda.

Non necesitou ter postos importantes no Goberno para exercer unha constante protección dos distritos controlados por el. Tivo a habilidade de utiliza-lo poder dos amigos, conservadores ou liberais, para obter determinados favores que el sabía repartir en nome propio, garantindo a dependencia das bases con respecto á súa persoa.

Cargos estatais, que saibamos, só tivo os seguintes: inspector xeral de Instrucción Pública (1875), director xeral de Propiedades e Dereitos do Estado (1880), membro do Consello de Estado (1893-1904) e membro do Tribunal Contencioso-Administrativo (1897).

Desde 1853 foi Cabaleiro da Mestranza de Ronda, foi xentilhome de cámara de Isabel II, Alfonso XII e Alfonso XIII, posuía a Cruz de Carlos III e a de Isabel a Católica.

Morreu en Madrid o 11 de novembro de 1908.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Mondoñedo	Lugo
Lexislatura 1871-1872	Deputado polo distrito de Vilalba	Lugo
Lexislatura 1872	Senador pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1876-1877	Deputado polo distrito de Vilalba	Lugo
	Senador vitalicio desde 1877 ata a súa morte.	



#### — VÁZQUEZ DE PARGA Y DE LA RIVA, Nicolás

Naceu en Lugo. Era fillo de Manuel Vázquez de Parga, conde de Pallares (véx.) e de María de la Paz de la Riva Estévez. Procedía polos dous lados de personaxes políticos: os dous avós foran deputados (Antonio Vázquez de Parga (véx.) e Nicolás de la Riva (véx.), o mesmo có seu pai.

Estudou Dereito e o seu pai logo logrou facelo funcionario de facenda. Casou con María Valenzuela.

Os dous fillos do conde de Pallares, Nicolás e Germán, foron deputados pero non destacaron. Por iso o seu pai, o gran líder do conservadorismo lucense, preferiu ó sobriño, Pastor Maseda Vázquez de

Parga, como testamenteiro do seu poder e colaborador estreito das súas estratexias.

O Conde, sen embargo, aínda coñecendo as limitacións dos seus fillos, procuroulles un acomodo. A Nicolás sacouno deputado en tódalas eleccións a partir de 1896. Para iso ten que facer encaixes sorprendentes e mesmo pactar con Benigno Quiroga López Ballesteros, líder do liberalismo lucense. O pacto consistía no seguinte: cando gobernasen os conservadores, dous dos tres escanos de Lugo eran para estes, mentres que o terceiro era para Benigno Quiroga. Cando, pola contra, gobernasen os liberais, dous escanos eran para estes e un para os conservadores. Este tiñao destinado o Conde de Pallares para Cos-Gayón, pero ó morrer este a vacante cubríraa sempre o seu fillo Nicolás.

No ano 1896 son os conservadores os que gobernan, por conseguinte os dous escanos corresponden a Cos-Gayón e a Nicolás o seu fillo. No ano 1898 o turnismo impón que agora sexan os liberais os que teñan dous escanos. Só queda un libre, que ten que ser para Cos-Gayón, pero o Conde sitúa a Nicolás en Becerreá.

Nas eleccións de 1899, que corresponden ós conservadores, Nicolás foi elixido deputado por Lugo, sen problemas. No ano 1901 a quenda impón que sexan os liberais os que teñan dous escanos e un os conservadores. A morte de Cos-Gayón libera un posto que retén xa para sempre Nicolás.

O único posto que exerceu na alta política foi o de director xeral da Administración (foi nomeado en 1905).

Como deputado nunca destacou e unicamente votaba. A iso se debe referir López Soler cando escribe:

"Ya que no discursos, dí,  
Nicolás Vázquez de Parga:  
¿Traes repleta una carga  
de No y Sí?"

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Legislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Becerreá	Lugo
Legislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Legislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Legislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Legislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Legislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo
Legislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Lugo	Lugo

#### VÁZQUEZ DE PUGA TORRES, Joaquín

Naceu en Cequeliños (Tui, Pontevedra) o 30 de setembro de 1820. Era fillo de Pedro Rodríguez de Puga, Cabaleiro Mestrante de Ronda e de Joaquina Torres Araújo e Saavedra. Como era bastante habitual naquel tempo alterou os apelidos, colleu os do

seu avó paterno ( Felipe Vázquez de Puga).

Sabemos que estudiou algúns cursos no Seminario da cidade de Ourense, que incorporou en 1832 na Universidade de Santiago para concluir Artes. Posteriormente debeu estudar Leis, pero no arquivo universitario non quedou constancia.

Foi elixido deputado por vez primeira no ano 1865 pola sección de Vigo e provincia de Pontevedra.

Foi elixido novamente na lexislatura de 1869. Nestas Cortes, o seu papel foi moi secundario. Só participou nunha comisión, a de peticións, e non falou nunca. Foi un dos 19 deputados que votaron en branco na elección do Rei para España (Sesión do 18 de novembro de 1870).

Volveu ser elixido, pero xa para o Senado nas segundas eleccións de 1872. Finalmente resultou elixido polo distrito de Verín na lexislatura de 1876-1877, á que xa non asistiu, probablemente por atoparse enfermo. A noticia da súa morte chegou ó Congreso o 2 de decembro de 1878.

Debia residir en Vigo porque temos unha información dun xornal, do 4 de abril de 1877 na que consta que a súa dona (non aparece o nome) participou nunha reunión artística cantando unha aria, acompañada ó violoncello e ó piano.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1865-1867	Deputado pola sección de Vigo	Pontevedra
Lexislatura 1869-1871	Deputado pola sección de Vigo	Pontevedra
Lexislatura 1872-1873	Senador pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1876-1877	Deputado polo distrito de Verín	Ourense

### VÁZQUEZ GÓMEZ, Ricardo Decoroso

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872-1873	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1873-1874	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo

### VÁZQUEZ LÓPEZ-AMOR, Antonio

Protexido do Marqués de la Vega de Armijo, que pretendía situar en Galicia a varios deputados fieis á súa familia política, logrou ser elixido en 1881 no distrito de Betanzos. Sen embargo, Raimundo Fernández Villaverde denunciou a acta e puxo todo o seu peso político, que era moito, para que esta fose declarada nula, como así sucedeu. Nunha resolución das Cortes do 14 de outubro de 1881 a acta foi declarada grave e anuladas as eleccións.,

Foi necesario realizar unha nova elección parcial que volveu gañar Vázquez López-



Amor, tomando posesión da súa acta o 9 de maio de 1883.

Volveu resultar novamente elixido en 1886.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Betanzos (non toma posesión ata 1883)	A Coruña
Lexislatura 1886-1891	Deputado polo distrito de Betanzos	A Coruña

### VÁZQUEZ MOREIRO, Xosé

Foi Secretario da Xunta Agronómica da provincia de Lugo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1873	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
------------------	-----------------------------------	------

### VÁZQUEZ MOSCOSO, Vicente

Naceu en Viveiro e era fillo de Fernando Vázquez Piñeiro, da Real Mestranza de Ronda e Cabaleiro da Orde de Santiago, e de María Josefa Moscoso. Familia fidalga, con casa brasonada no corazón de Viveiro.

O seu pai tivera un papel moi importante na Guerra de Independencia.

O noso protagonista elixiu a carreira das armas, no ramo de Artillería. No ano 1840 era coronel, en 1856, subinspector de Artillería no distrito militar da Coruña. Donapetry, a quen seguimos, asegura que chegou a ascender a Tenente Xeral do exército.

Representou a Galicia en cinco lexislaturas.

Nas Cortes falaba o preciso, colaboraba, pero non pronunciou longos discursos.

Un cronista contemporáneo danos del a seguinte fisionomía nas Cortes:

"Artillero de mal color y de peores pulgas. Está cansado de pependencias y de teorías y no quiere libertad de imprenta ni más derechos que los que el Gobierno nos conceda con orden y paz. Si una mañana al despertarse encontrara que S.M. era Presidente de la república, vaya en buena hora, pero armar camorras por formas de gobierno y gastar una blanca ni tomar un disgusto por el sistema, se puede pelar el bollo por el coscorrón".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1834-1836	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1836-1837	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1837-1838	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1841-1842	Deputado pola provincia de Lugo



### VÁZQUEZ QUEIPO, Antonio

Naceu en Cuba o 8 de outubro de 1840, era fillo do célebre matemático Vicente Vázquez Queipo (véx). Ós seis anos veu a España cos seus pais, os cales lle propiciaron unha esmerada educación.

Estudou no colexio dos xesuítas de Tolosa (Francia), posteriormente na Universidade de Salamanca e licenciouse en Dereito e Administración, na Universidade de Madrid.

Ós 21 anos xa entrou na administración do Estado, como oficial da Dirección de Contribucións do Ministerio de Facenda. Un ano despois pasaba a auxiliar da primeira secretaría do Presidente do Consello de Ministros no longo goberno da Unión Liberal.

Entre 1864 e 1866 estivo destinado na Habana, como axente fiscal da Audiencia Pretorial de Cuba. No ano 1866 pasa a ser letrado consultor do Tribunal de Comercio da Habana. Cesou en 1870 ó desaparece-la praza.

Dedicouse algúns anos á avogacía en Cuba, formou parte do concello da capital cubana.

Desde 1876 forma parte do Consello do Banco Español da Habana e véu a España para resolver problemas relacionados co Banco. Posteriormente tamén foi delegado polo mesmo Banco para que en París resolvese certos asuntos de alto interese financeiro.

Elixido deputado polo distrito de Quiroga na lexislatura de 1879-1881, retornou a España para ocupa-lo seu escano.

No Congreso destacou de inmediato pola súa oratoria apaixonada, fácil e convincente.

Nas sesións do 15 e do 16 de xaneiro de 1880 participou activamente na discusión sobre a supresión da escravitude en Cuba. Para el, o proxecto de lei presentado é moi moderado e gradual. Cre que o proxecto só debería ter dous artigos: 1) Abolición da escravitude. 2) Que os antigos escravos, a partir da lei, sexan cidadáns libres.

Entende que a abolición "es una necesidad imperiosa" por razóns humanitarias e mesmo prácticas. "Soy abolicionista por principios, jamás he tenido un esclavo".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1879-1881 Deputado polo distrito de Quiroga Lugo

### VÁZQUEZ QUEIPO DE LLANO, Manuel María (Conde de Torre Novais de Quiroga)

Fillo de Antonio María Vázquez de Quiroga e de María Ignacia Queipo de Llano, señores de Lusío (San Cristovo do Real, Samos, Lugo). Era irmán de Vicente

Vázquez Queipo através do cal se poden atopar varios datos referidos á súa xenealoxía.

Manuel María era o herdeiro do título familiar, o vinculeiro, e en calidade de tal preocupouse pola vida e fortuna do seu irmán Vicente. Quizais a familia Vázquez Quiroga – Vázquez Queipo é a que mellor representa a fortaleza da familia fidalga galega, non disposta a renunciar ó poder, sacrificada ata onde sexa preciso para erguer e magnificar os membros da familia. Os Vázquez Queipo e Vázquez Quiroga controlaron durante moito tempo, case cen anos, o distrito de Quiroga, desde 1810 (Quiroga Uría) ata 1914 (Quiroga Espín).

Manuel naceu o 19 de maio de 1800 no pazo de Lusío. Casou en dúas ocasións, a primeira delas no ano 1825 coa súa curmá Ramona de Quiroga y Prado, da poderosa casa de Lamela, filla do ex-deputado en Cádiz, Juan Bernardo Quiroga e Uría e de Manuela Prado Neira. Deste matrimonio tivo dous fillos: Vicente María Pantaleón, que será o sucederá e tamén será deputado, e María Manuela.

Casou por segunda vez no ano 1840 con outra curmá, María do Carme Pardo Balmonte, coa que tivo 5 fillos: María do Carme, María Ignacia, Francisco Javier (no que recaerán tódolos títulos e pazos), Antonio e Álvaro.

Manuel tiña dous irmáns, Vicente, o científico, ó que apoiou e coidou e José María, do que temos menos noticias porque estivo de maxistrado moitos anos en Porto Rico.

Da correspondencia dos Vázquez Queipo (que nos proporcionou a licenciada en historia María Luísa Losada San Martín) obtemos datos moi precisos sobre a necesidade de entrar na política parlamentaria para acadar máis poder para a familia. Fidalgos intelixentes logo captaron a mutación que o liberalismo introducía no reparto do novo poder e eles, como unha piña, sen perde-la *mística* familiar tan tradicional nesa poderosa casa, entraron na política, non por servicio, senón por poder.

Recoñece Manuel nunha carta a un amigo no ano 1834 cando o propoñen como posible deputado nas Cortes do Estatuto. Di que non lle interesa e incluso que pode negarse facendo constar que a súa renda (xa que aínda lle vive o pai) non chega ó marcado pola lei (12.000 reais). Pero recoñece que "uno de Lamela o de ésta nos conviène ir" (refírese á casa dos Quiroga Uría e á súa casa do Lusío).

"A mi me era fácil excusarme por falta de renta, pero entonces nombraría a padre, que podría excusarse [tiña máis de 70 anos] mas como tenemos familia en estado de pretender, nos contestaría, si lo hiciésemos, que el que no quiere sufrir lo incómodo, tampoco tiene derecho a lo cómodo".

Está claro, por conseguinte, que Manuel María analiza a presenza nas Cortes desde unha estratexia familiar, de futuros logros para os seus irmáns, especialmente para o xenio da familia, Vicente.

Asiste ás Cortes do Estatuto (1834-1836). Non participou demasiado, pero fíxose notar pola pulcritude e elegancia da súa compostura, por ser parente de Toreno, que

aínda pesaba moito nas Cortes, e por referirse a algúns problemas da economía galega, como o estanco do sal.

Resulta novamente elixido na lexislatura de 1837-1838, sempre pola provincia de Lugo. Nesta lexislatura coincide co seu irmán Vicente que representa a provincia da Coruña. A súa achega foi moi escasa porque só falou nunha ocasión, nunha cuestión sen importancia.

Tamén foi elixido na lexislatura de 1844. Nesta lexislatura tivo unha longa actuación na sesión do 12 de marzo de 1845 sobre os dezmos nas terras aforadas, o que revela un fondo coñecemento da situación agraria galega. Recoñece Manuel que non gusta de falar no Congreso, "soy poco amigo de hablar".

A derradeira actuación nas Cortes foi como Senador, nomeado vitalicio na lexislatura de 1847-1848.

No ano 1853 a Coroa dálle o título de Conde de Torres Novaes de Quiroga.

Morreu Manuel o 13 de xuño de 1859 en San Martiño de Quiroga.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1834-1836	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1837-1838	Deputado pola provincia de Lugo
Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia de Lugo

### VÁZQUEZ QUEIPO DE LLANO, Vicente

Vicente Vázquez Queipo de Llano foi unha das glorias científicas de Galicia, aínda que tamén tivo que paga-lo salario da dependencia política e do compromiso partidista para poder sobrevivir con dignidade.

Naceu na casa de Lusío (San Cristovo do Real, Samos, Lugo) o 17 de febreiro de 1804, no seo dunha das familias máis poderosas de Galicia. Era fillo de Antonio María Vázquez de Quiroga e Arias, señor de Lusío, e de María Ignacia Queipo de Llano e Bernaldo de Quirós, asturiana e filla do conde de Toreno. A súa familia, á parte do poder económico e das relacións sociais que mantiña (a relación con Toreno era só unha porta aberta ó poder, pero había outras) tiña conciencia da necesidade de reproducirse por medio de tódolos membros capaces da familia. Basta le-las cartas do seu irmán, Manuel María, para comprender ata que punto a familia funciona como unha estrutura social disposta a situar a cada membro da mesma no espacio social, económico e político, previamente deseñados.

Xa desde neno foi enviado ó colexio a Monforte para realiza-los primeiros estudos. Os seus profesores chamábanlle *O Ruso* pola súa capacidade de sufrimento (era o máis pequeno e por conseguinte o máis débil) e de silencio. Posteriormente estudou Artes na Universidade de Valladolid, onde se especializou no estudo das matemáticas co profesor, Juan Duro, co que practicamente convivía. Logo estudou Leis, e obtivo, no



ano 1824, o bacharelato en Leis e Filosofía. En 1827 acadou a licencia e o doutoramento en Leis. Aínda que a súa extraordinaria capacidade intelectual lle permitía destacar na ciencia do dereito, as súas inquedanzas e a súa paixón científica eran para as matemáticas, a física e as ciencias anexas.

Foi varios cursos substituto da cátedra de Matemáticas Sublimes e en 1826 obtén por oposición a cátedra de Física Experimental e Química.

En 1830 prodúcese un corte na súa vida. A Escola Central de Artes e Manufacturas, creada no ano 1829 en París, envíalle ó Goberno unha invitación para que varios mozos pasen como bolseiros a París. Vicente foi un dos cinco bolseiros, entre outras razóns polos medios dos que se valeu a familia para que fose aceptado: Manuel Fernández Varela, comisario da Cruzada e gran protector dos galegos destacados e Jacobo María de Parga. Os dous premeron a outro ilustre galego Luís López Ballesteros, ministro de Facenda.

En París, Vicente destacou non só pola súa capacidade de aplicación, senón tamén polo descubrimento dun aparato que servía para medir as distancias inaccesibles na medición dunha base sen necesidade da trigonometría. Sabemos que a familia, en canto tivo noticia do descubrimento, lle garantiu o capital necesario (30.000 reais) para que puidese patentalo. Parece ser que con posterioridade foi Daussy quen se aproveitou do descubrimento.

Volveu a España e a familia non tiña ningunha présa en rendibilizalos desembolsos feitos. Quería que o seu membro destacase no mundo da ciencia aínda que, iso si, cun soldo importante. A universidade era entón pouca cousa, desde o punto de vista económico, para as ilusións da familia.

Volveu a París novamente para ampliar estudos e sobre todo para informar ó Goberno sobre os adiantos industriais de Europa. Retornou no ano 1835 e pasou xa a ser nomeado oficial primeiro do Ministerio de Fomento na sección de Instrucción Pública. Era un salto moi importante polo que a familia quedou satisfeita. O ministro que o nomeou foi o galego Moscoso de Altamira, amigo da familia.

Dimitiu en 1836 ante a revolta dos Sarxentos. Non por ter que xura-la Constitución de 1812, imposta por unha "sarxentada", senón polo modo ilexítimo co que se establecía. Por terceira vez viaxou a Europa.

Lendo o seu epistolario decatámonos do mundo utópico no que vivía Vicente: dedicarse á ciencia aplicada industrialmente e, ó mesmo tempo, conseguir unha importante fortuna. Como o país non daba para iso, tivo que ir limitando as súas aspiracións: no ano 1837 logrou que o nomeasen fiscal da Audiencia da Habana (nada máis afastado da súa utopía científica), o que lle garantía un soldo moi elevado. Os seus cálculos eran aforrar anualmente uns 6.000 pesos. Xa na Habana pensou que era mellor facer un importante investimento nunha estancia, que foi para el un desastre económico. No ano 1846, cando retornou a España, en vez de ter uns aforros considerables tiña unha débeda de 70.000 pesos.

No ano 1847 foi nomeado subsecretario do Ministerio de Gobernación, e no 1857, vocal da Xunta Consultiva da Moeda. Foi tamén director Xeral do ministerio de Ultramar, ministro Honorario do Tribunal Supremo de Guerra e Maríña, comisario Rexio do Observatorio Astronómico de Madrid e membro da Real Academia de Historia e de Ciencias.

Cando comprendeu que a súa obra científica tiña que ser froito do seu exclusivo esforzo, á marxe das empresas, empezou a publicar diversos traballos que lle outorgaron prestixio internacional. Á parte da *Tablas de Logaritmos*, que foi declarada como texto polo Consello de Instrucción Pública, o que garantiu a aparición de dúcias de edicións, publicou en París en 1859 a súa magna obra, en 3 volumes: *Essai sur les systemes metriques*; en 1861, *La cuestión del oro*; en 1866, *La crisis monetaria española*; en 1867, *La Cuádruple conversión monetaria*; etc.

Politicamente, Vázquez Queipo é un liberal independente, aínda que notamos que se atopa máis satisfeito cando o goberno, e por conseguinte o Congreso, ten maioría moderada. Co tempo foi derivando ata concepcións ultraconservadoras en materia de relixión. No ano 1875 publica: *La unidad católica bajo el punto de vista político-económico-social*, obra na que fai unha defensa moi visceral da unidade católica. Un parente próximo describiu como pasou os derradeiros anos da súa vida: misa diaria, rezo de dous ou tres rosarios cada día, e moi esmoleiro coas congregacións relixiosas.

Morreu en Madrid no ano 1893.

Foi deputado por vez primeira na lexislatura de 1837, representando a provincia de Pontevedra (nesa lexislatura o seu irmán Manuel representaba a Lugo e á familia debeulle parecer excesivo ter dous deputados pola provincia).

Participou bastante na lexislatura, aínda que case sempre en cuestións puntuais e non moi importantes. Matizou, ás veces, cuestións xurídicas, coma na sesión do 8 de febreiro de 1838 cando se discute o proxecto de reforma da xustiza. Na sesión do 12 de xaneiro de 1838 defende con paixón a lóxica solicitude de catro relixiosos ordenados como maiores pero ós que non se lles deixaba ordenarse como presbíteros, de tal maneira que nin podían ser sacerdotes, nin podían casarse.

En 1845 estivo na Habana e desde alí debeulle escribir á familia para que o apoiasen para saír deputado e desta maneira reincorporarse a España. O 27 de maio de 1845 a provincia elixiuno deputado para substituír unha vacante (probablemente a de Saco). O que explica a súa chegada a Madrid. Tomou posesión o 14 de setembro de 1846, un mes antes de que as Cortes fosen suspendidas, polo que nin falou nin tivo tempo para entrar en ningunha comisión.

Elixido novamente, esta vez por Quiroga, no ano 1846 formou parte das comisións de Presupostos e Minas. Interveu con frecuencia e sempre de forma moi precisa, especialmente cando os temas se refiren a Cuba ou o presuposto (na sesión do 17 de abril de 1847 dixo que podía ser considerado polo coñecemento que tiña da Illa e polo caríño que lle profesaba, "diputado de Cuba"). Dimite do seu cargo de deputado o 18 de decembro de 1848.

Tamén foi elixido na lexislatura de 1851, pero nesta ocasión por pouco tempo xa que ese mesmo ano foi elixido senador vitalicio.

Tivo que loitar con dous contratemplos moi serios: a enfermidade dos ollos, que o preocupou desde moi neno e á que os mellores especialistas de Europa non puideron poñer remedio, e a xordeira, que o obrigaba no Parlamento a levar unha trompeta de prata.

Coma tódolos políticos tivo apoloxetas e detractores. Algúns acusárono de deixarse levar máis polo interese que pola verdade, e de bandearse de acordo cos ventos. Un, pouco amigo del, dedicoulle o seguinte poema:

"Creyó que el ministerio iba de tumbo  
pero viendo su cálculo burlado  
la brújula perdió y anda sin rumbo,  
como bajel que está desarbolado.  
Si en la trompeta incómodo te zumbo  
sabrás que me complace tu mal grado,  
pues siempre han sido así mis intenciones  
con todos los que son camaleones".

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1838	Deputado pola provincia de Pontevedra	
Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1846-1850	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo

### VÁZQUEZ QUIROGA QUEIPO DE LLANO, Vicente María Pantaleón

(Conde de Torre Novaes de Quiroga)

Naceu en San Martiño de Quiroga (Lugo) o 27 de xullo de 1827, era fillo de Manuel María Vázquez Queipo, señor de Lusio, e de Ramona de Quiroga e Prado, da casa de Lamela.

Estudou as primeiras letras no colexio dos Escolapios de San Antonio Abade, de Madrid. Posteriormente ingresou na Universidade de Valladolid onde estudou Artes, obtivo o bacharelato no ano 1846. Logo principiou Dereito, no ano 1850 obtivo o bacharelato e pasou á Universidade de Santiago onde estudou os dous últimos anos de Dereito, no ano 1853 licenciouse por esta Universidade.

Desde 1853, ano no que o seu pai obtivo o condado de Torre Novaes, pasou a ser vizconde de Espasante, título que antes tiña o seu pai e que agora lle cedeu. Desde 1859, trala morte do seu pai, pasou a ser conde de Torre Novaes.

O matrimonio con María da Concepción de Osorio Galos García Pan (sobriña dos

burgueses Ambrosio e Manuel García Pan) pode explica-la súa maior vinculación coa cidade de Santiago de Compostela. Non consta que a súa muller achegase ó matrimonio unha gran riqueza, como supón algún biógrafo, porque a riqueza pertencía ós dous tíos e estes legaron a súa fortuna a obras asistenciais e relixiosas.

Foi persoa moi significada na Compostela do momento, formou parte da Xunta de Caridade, constituída no ano 1853 para facer fronte á fame dese ano, foi membro da Xunta que no ano 1858 organizou a Exposición Agrícola, Artística e Industrial, deputado provincial e tamén concelleiro e alcalde da cidade de Santiago.

Estreouse como deputado na lexislatura de 1858 polo distrito de Quiroga. Gobernaba a Unión Liberal e Posada Herrera, ministro de Gobernación e muñidor electoral, presentoulle a O'Donnell un cadro de persoal de deputados novos "que subía a oficiar e los altares de la patria [y] que infundían confianza y evocaban imáxenes de bienestar futuro" (Pérez Galdós). Entre os deputados mozos estaba Vázquez Quiroga, xunto ós Álvarez Bugallal, Eduardo Gasset, Saavedra Meneses, Nicanor Alvarado, etc., que iniciaban a súa carreira política.

Ata a súa morte, no ano 1867, Vázquez Quiroga foi deputado por Quiroga e logo (ó desaparece-lo sistema por distritos) pola sección de Lugo.

No Congreso, especialmente na lexislatura de 1859-1863, loitou duras e bravas batallas polo ferrocarril galego e máis especificamente polo ferrocarril compostelán (Santiago-Carril), compañía da que foi presidente cando se constituíu no ano 1865.

Nas posteriores lexislaturas, seguiu colaborando nas distintas comisións, pero a súa participación foi menor ou case nula.

Morreu, como dixemos, o 22 de abril de 1867 sen descendentes directos, polo que o título condal pasou ó seu medio irmán, Francisco Javier Vázquez Quiroga Pardo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1858-1863	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Quiroga	Lugo
Lexislatura 1865-1867	Deputado pola sección de Lugo	Lugo



#### VÁZQUEZ ROJO, Constantino

Gracias ás investigacións de Manuel Blanco Rey podemos facer unha breve aproximación biográfica deste efémero deputado.

Naceu en Pontedeume o 31 de agosto de 1832. Era fillo de José Vázquez Bugueiro (véc.) e de Josefa Rojo del Cañizal. Naceu e creceu, por conseguinte, no seo dunha familia marcada pola política liberal, na que participaron o seu pai e o seu avó materno, o comerciante



Rojo del Cañizal (véx.).

Estudou en Pontedeume as primeiras letras e posteriormente matriculouse en Leis na Universidade de Santiago, carreira que concluíu na Universidade Central de Madrid, no ano 1856.

Desde 1857 traballa de avogado.

En 1858 ingresou no Corpo Xurídico Militar, o seu primeiro destino foi o de fiscal do xulgado de Guerra na Capitanía Xeral de Galicia.

No ano 1874 foi promovido ó emprego de Auditor de Guerra do distrito militar da Coruña e no ano 1881 concédeselle o retiro.

Casou no ano 1858 con María del Rosario Leis Gil Taboada que achegou ó matrimonio, con outras rendas, o pazo de Moruxo (Bergondo, A Coruña) que o propio Vázquez Rojo restaurou.

Compatibilizou a súa profesión militar, a súa fonda relixiosidade e mesmo unha concepción moderada da vida e da política coa súa pertenza ó progresismo, ás veces radical. Progresismo que, sen dúbida, era máis unha especie de devoción á memoria do seu pai e do seu avó que unha persoal profesión política.

No ano 1863 formaba parte da Deputación da Coruña e en 1865 foi nomeado polo Goberno gobernador interino.

Debeu participar coa Unión Liberal e os progresistas nos preparativos para o levantamento de 1868 contra Isabel II, posto que apareceu formando parte da Xunta Revolucionaria na Coruña.

Foi nomeado Gobernador da Coruña por R. D. do 18 de xuño de 1872.

Nas terceiras eleccións celebradas neste ano de 1872, foi elixido deputado polo distrito de Cambados. No Congreso debemos reputar, por habilísimo, o seu discurso pronunciado na sesión do 30 de novembro de 1872 no que, fomentando a descentralización, que debe ser unha das máximas do novo réxime revolucionario, suxeriu que a descentralización implicaba cultura cidadá e a necesidade de asumir as responsabilidades, mesmo con respecto ó clero. Posiblemente poucos entenderon no Congreso a onde apuntaba: xa que na Constitución se aprobara a liberdade de cultos pero coa obrigación "de manter el culto y los ministros de la religión católica", están invitando a que os concellos e Deputacións se responsabilizaran desta obriga. Así pretendía concillalo seu probado progresismo coas súas crenzas e respecto máximo ós ministros da relixión católica.

Morreu o 27 de decembro de 1885; foi enterrado en Moruxo (Bergondo).

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1872-1873    Deputado polo distrito de Cambados    Pontevedra

---

**VEGA RÍO, Rosendo José de**

Natural de Mondoñedo. Estudiu Leis e Canons na Universidade de Santiago entre 1788 e 1793. Foi durante algún tempo profesor substituto na Universidade.

Ainda que sempre foi conservador, tiña a suficiente sensibilidade para capta-las vantaxes que introducía o liberalismo. Tamén é posible que durante algún tempo se sentira atraído polo modelo afrancesado, aínda que non nos consta que militara nin fixera profesión de tal. Sen embargo, a súa casa foi atacada en Mondoñedo por unha turba, liderada por alguén que era inimigo seu, baixo a acusación de afrancesamento, que as autoridades xudiciais de Coruña non puideron probar.

Foi nomeado cóengo doctoral do cabido de Mondoñedo no ano 1816. En 1819 foi suspendido a divinis polo seu prelado Bartomomé Cienfuegos non porque cometera algún delito grave, só porque desobedecendo un edicto do prelado fora visto paseando fora da cidade sen hábito clerical, cousa bastante frecuente entón. Tal esaxerada medida revela o talante do bispo. A represión absolutista de 1823 tamén lle afectou. Por mandato do Goberno foi desterrado ó convento de Herbón (Padrón, A Coruña) aínda que por pouco tempo.

Coa chegada do novo réxime liberal, Vega Río fixo vale-los seus méritos. Non andaba o réxime moi sobrado de clérigos colaboracionistas e por iso foi beneficiado co cargo de xuíz do Tribunal do Escusado, do Consello do Rei e membro da Dirección de Estudos.

Nas eleccións do Estatuto, en 1834, resultou elixido procurador ou deputado pola provincia de Lugo.

Nas Cortes manifestouse moitas veces, nas que demostrou ter unha magnífica formación económica e xuízos ben asentados. Era oposto a liberdade de prensa e prefería, como tódolos conservadores a orde á liberdade.

Un cronista bastante mal intencionado (o futuro ministro Fermín Caballero) deunos del unha crónica pouco favorable: "¡Qué vulecitos tan lindos! ¡Qué color tan rosado! ¡Qué gordo cerviguillo y que torrente de voz trajo este buen canónico! Sentóse al principio en la izquierda (por sentarse y no más), pero se mudó muy luego junto al banco de la Corona para preguntar lo que votaría. Sobre su doctoral de Mondoñedo y su tribunal del excusado, se hizo de la dirección de estudios y administrador de las chicas de Loreto, desde cuyo punto no gozó hora de salud y perdió las carnes y la color.

Sabe muy bien y lo ha dicho en lleno parlamento que los clérigos lechuguinos y holgazanes son prolíficos, y aunque le suena mal lo de pacto social, ha demostrado buenos conocimientos profanos de estadística, economía y econosuya. Cuando se le calienta la lengua no hay campanilla ni presidente que apague su voz estentórea y cuando se expresa festivo da buenos ratos de risa a los oyentes".

Vega Río, concluída a súa estancia en Madrid retornou á diocese de Mondoñedo. No ano 1840, en canto o Cabido ten noticia da morte do bispo López Borricón, nomeou a Rosendo Vega Río, e a Vázquez Buceta, cóngos, gobernadores eclesiásticos. Este nomeamento non foi aceptado polo goberno en 1841 e os dous decidiron dimitir do seu cargo. Vega Río, aínda que liberal, resultaba sospeitoso para o goberno radical de Espartero.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1834-1836      Deputado pola provincia de Lugo

### VELARDE MENÉNDEZ, Cosme

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1872      Senador pola provincia da Coruña

### VELARDE PLA, Constantino

Só foi deputado nunha lexislatura, pero a súa elección revela en forma moi clara as tensións e divisións do conservadorismo lucense.

Como se sabe, Silvela protagonizou unha disidencia no partido conservador ou, se se quere mellor, creou un grupo político na órbita do partido conservador pero sen dependencia orgánica de Cánovas. Este procurou por tódolos medios impedir nas provincias a promoción dos candidatos silvelistas. Na provincia de Lugo só había dous políticos importantes da facción de Silvela: Velarde Pla e Luaces. Por medio do conde de Pallares e de Cos-Gayón, Cánovas logrou impedir que ningún destes candidatos tivera ningunha oportunidade, se fose preciso apoiaría un candidato liberal. Esta foi a razón pola que nin Velarde nin Luaces non tiveron ningunha oportunidade.

A situación, sen embargo, experimentou un cambio radical cando Cánovas é asasinado e o Rei lle encargou, en 1899, a Silvela formar Goberno.

As eleccións de 1899 celebráronse baixo o Goberno de Silvela e por iso os seus dous homes fieis na provincia de Lugo serán recompensados cun distrito cada un: Velarde en Chantada e Luaces na Fonsagrada.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1899-1901

Deputado polo distrito de Chantada

Lugo

**VICENTI REY, Alfredo**

Naceu en Santiago o 29 de novembro de 1854.

Iniciou os estudos de Medicina pero non chegou a concluílos. Tiráballe moito máis o periodismo e a vida política. Na súa mocidade e sendo estudante militou no republicanismo, protagonizou, cos seus camaradas, diversas actividades que o levaron ó cárcere, nalgunha ocasión.

Empezou a colaborar no xornal *El Diario de Santiago*, fundado no ano 1873 e que era propiedade de Bibiano Fernández. En 1878 chegou a ser director deste xornal e posiblemente colaborou tamén en *La Reforma*, xornal quincenal, tamén de Bibiano Fernández.

Eran dous xornais progresistas e anticlericais. No ano 1878, o cardeal Payá y Rico publicou un decreto no que condenaba as dúas publicacións. O efecto foi fulminante na levítica Compostelá, porque caeron de tal maneira as vendas que Bibiano decidiu pecha-los dous xornais e crear outro, máis conservador, *La Gaceta de Galicia*.

O peche do xornal determinou que Vicenti Rey marchase para Madrid. Empezou a colaborar no xornal *El Globo*, por mediación de Castelar, que valoraba as calidades periodísticas de Vicenti.

No ano 1896 pasou a ser redactor de *El Liberal*, no que permaneceu ata 1907 en que pasou a dirixi-la recentemente fundada *Sociedad Editorial de España*.

Foi reformulando o seu primitivo republicanismo e orientándose progresivamente cara a un vago rexionalismo e un agrarismo pouco revolucionario.

De Vicenti temos que valorar sobre todo a súa áxil pluma, a súa vehemencia contida e unha vella querencia polo laicismo e pola liberdade en xeral. Dominado por tantos anos de autocensura xornalística, ás veces, agroman na súa pluma os impulsos que deron sentido á súa primeiriza militancia.

Publicou *Recuerdos 1868-1875* (Ourense 1876), en verso, *Diosas menores*, *Orillas del Ulla*, *Las dos aceras del Estrecho de Gibraltar*, *Los Rothschild antes de Jesucristo*, *La Provincia de Pontevedra*, etc.

Representou na lexislatura de 1911-1914 o distrito de Santa Cruz de Tenerife e na seguinte o distrito de Ordes. Como deputado temos que recoñecer que o seu labor foi escaso.

Morreu en Madrid no ano 1916.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Ordes	A Coruña
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Arzúa (substitúe a Bello Trompeta)	A Coruña



**VIEITEZ TAPIA, Ignacio**

Foi considerado polos escasos biógrafos que tivo como un dos maxistrados máis acreditados, como un xurisculto, aínda que non consta que publicara obra ningunha. Gozaba de enorme prestixio en España pola súa integridade e sabedoría xurídica.



Naceu no pazo de Sela (Arbo, Pontevedra) o 28 de agosto de 1817, era fillo de José Miguel Vieitez de Puga, señor do pazo de Sela e do morgado da Almuíña (Darbo), xuíz real da xurisdicción de Arbo, e de Antonia González Tapia, Durán de Castro, da casa de Tapia. Ignacio era o maior de seis irmáns.

Estudou Leis na Universidade de Santiago, onde se graduou de Bacharel no ano 1838 e de Licenciado no ano 1841. Neste mesmo ano foi habilitado pola Audiencia da Coruña para exercer de avogado.

Ata 1847 exerceu de avogado en Selas (por algún tempo foi promotor fiscal do xulgado de Ribadurnia) e neste mesmo ano logrou unha praza de oficial do Ministerio de Gracia e Xustiza.

Xa en Madrid, atopou os apoios necesarios para ingresar na carreira xudicial: no ano 1851 foi nomeado maxistrado da Audiencia de Zaragoza, en 1852, presidente de Sala da Audiencia de Canarias e posteriormente exerceu como presidente de Sala nas audiencias de Valladolid, A Coruña, Oviedo e Burgos.

Cos ollos postos en Madrid, logrou no ano 1864 ser designado maxistrado da Audiencia de Madrid. Tres anos despois, en 1867, obtivo a presidencia de Sala da Audiencia de Madrid. Posteriormente foi designado maxistrado do Tribunal Supremo, ascendendo a presidente da Sala Segunda do mesmo.

Casou con Luísa Penedo Fernández e tiveron dous fillos, Ignacio Vieitez Penedo e José Vieitez Penedo, igualmente dedicados á carreira xudicial.

Por vez primeira, e cando aínda era avogado en Sela, foi elixido deputado provincial do distrito, na provincia de Pontevedra.

No ano 1850 foi elixido deputado polo distrito de Ponteareas (Pontevedra) co partido moderado. Non consta que se presentara a outras eleccións ata 1876, coa Restauración, en que resultou elixido senador pola provincia de Ourense e novamente foi elixido senador na lexislatura de 1879 pola provincia de Pontevedra.

Nin como deputado nin como senador tivo unha destacada actuación. No ano 1880 formou parte da Comisión de reforma da lei penal de Antillas.

Morreu en Madrid o 25 de febreiro de 1882. Tiña o título de Cabaleiro da Gran Cruz da Orde de Isabel la Católica.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Ponteareas	Pontevedra
Lexislatura 1876-1878	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1879-1881	Deputado pola provincia de Pontevedra	



### VILLAAMIL FERNÁNDEZ CUETO, Fernando

Naceu este ilustre mariño en Castropol, no ano 1845. Ingresou na Armada o ano 1861, foi superando, paso a paso e ano a ano, o longo curriculum de formación teórica e práctica a que se sometían tódolos oficiais da Armada.

Pola súa capacidade e pola magnífica folia de servicios foi encargado de inspecciona-la construción, en Inglaterra, do primeiro destructor da Mariña Española, chamado *Destructor*. Foi o primeiro comandante deste buque cando entrou en servicio, no ano 1886.

Posteriormente encomendóuselle o mando do buque escola, a corveta *Nautilus*, coa que deu a volta ó mundo entre 1892 e 1894. O diario que levou a bordo converteuse nun libro que publicou.

Foi elixido deputado polo distrito de Ferrol cando a Guerra de Cuba estaba no seu epicentro, por iso non participou, practicamente, nas discusións do Parlamento.

Xa durante a guerra dos anos setenta loitara en Cuba baixo o mando de Martínez Campos. Agora foi destinado novamente a Cuba. No ano 1898 tomou o mando da escuadrilla de destructores e torpedeiros que o Goberno enviou a Cuba.

Tomou parte, baixo o mando do almirante Cervera, na batalla de Santiago de Cuba, onde morreu o 3 de xullo de 1898, a bordo do destructor *Furor*, que mandaba.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Ferrol	A Coruña
-----------------------	----------------------------------	----------

### VILLANORVO LÓPEZ, Vicente ato

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1881-1884	Deputado polo distrito de Ortigueira	A Coruña
Legislatura 1886-1891	Deputado polo distrito de Ortigueira	A Coruña



### VILLAR AMIGO, Anselmo

Naceu en Vilar (Malpica, A Coruña) en 1850. Emigrou en 1862 a Bos Aires. Traballou como empregado da firma "Señores Hueyo" de importación e exportación, empresa que pasou a chamarse "Hueyo y Villar". Realizou unha intensa actividade empresarial e filantrópica. Foi Presidente da Sociedade Española de Socorro do Hospital Español, do Banco Español del Río de la Plata, da Cámara de Comercio e Bolsa, membro do Consello da Cámara Sindical, fundador da Cruz Roja de Argentina, etc.

Participou na vida política arxentina co xeneral Mitre. Amigo persoal de Montero Ríos aceptou a acta de Corcubiión en 1905. Malpica, onde nacera, foi obxecto preferente da súa filantropía.

Morreu en Bos Aires o 10 de maio de 1918.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Corcubiión (só desde 1907)	A Coruña
Lexislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Muros (desde 1911)	A Coruña

### VILLAR ULLOA, Ramón

Só representou a Galicia nunha lexislatura. Naceu en Santa María de Ramiro (Lalín, Pontevedra) o 5 de maio de 1828. Era fillo natural de Manuela de Ulloa Pimentel (filla de Xoaquín Ulloa e de Juana Nepomuceno Pimentel) da mesma parroquia. Foi recoñecido por subsecuente matrimonio entre Antonio Villar e Manuela de Ulloa. Antonio confésase pai do rapaz.

Morreu o seu pai no ano 1845, e foi nomeado titor seu, o seu tío por vía materna, José Ulloa Pimentel.

Ingresou na Universidade de Santiago no ano 1842, onde cursa os tres anos de Filosofía, obtivo o grao de Bacharel en 1845. Entre 1846 e 1854 cursou Xurisprudencia na mesma Universidade, onde obtivo o grao de bacharel en Leis en 1850 e, no ano 1854, o grao de Licenciado en Leis.

Foi elixido pola provincia e distrito de Pontevedra na lexislatura de 1867, pero non falou nunca nin tomou parte en ningunha comisión.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1867-1868	Deputado pola sección de Pontevedra	Pontevedra
-----------------------	-------------------------------------	------------

### VILLARONTE TRAPASCO, Juan

Juan Villaronte Trapasco estudiaba Leis na Universidade de Santiago en 1808, cando a Guerra de Independencia sacudiu a súa vida, así coma a de tantos outros. El e mais un amigo seu, Víctor María de Silva, tamén estudante de Leis, foron os iniciadores e impulsores da constitución do Batallón Literario de Santiago, unha das páxinas máis gloriosa desta Universidade.

Naceu en Ribadeo no ano 1786, era fillo de Juan Villaronte e de Josefa Trapasco. Estudiu Leis na Universidade de Valladolid, onde se graduou de Bacharel en Leis no ano 1806. Este mesmo ano incorporou os estudos realizados na Universidade de

Santiago, na que os pensaba concluír. A Guerra da Independencia trastocou os plans da súa vida.

Cando formaba parte do Batallón Literario, caeu prisioneiro das tropas francesas, en 1809 en Vilafranca do Bierzo. Logrou escapar do cárcere e incorporouse novamente ó exército español, participando na batalla de San Paio, que significou o remate da dominación francesa en Galicia.

Disolto o Batallón Literario foi nomeado profesor do Colexio de Cadetes constituído en Santiago, no colexio de Fonseca.

Concluída a guerra, permaneceu no exército. No ano 1822 foi habilitado pola Audiencia da Coruña para exercer de avogado.

No ano 1834 era xa tenente Coronel e neste mesmo ano foi nomeado oficial primeiro da Contaduría da Real Casa.

Politicamente moi conservador optou non polo carlismo senón por Isabel. Debía gozar da confianza da Raíña Rexente María Cristina que o elixiu para formar parte da súa "camarilla". A "camarilla" de María Cristina era un grupo de presión moi importante, posto que en non poucas ocasións decidía quen tiña que facerse cargo do Goberno de España.

No ano 1837 foi nomeado contador da fábrica de Madrid e Mordomo de Semana da Raíña. No ano seguinte, segue como Mordomo do pazo Real, ademais pasou a dirixila Contaduría de Valores e foi agraciado co título de Intendente Honorario. Dous anos despois, en 1840, a Rexente María Cristina elevouno a contador da Casa Real e do Patrimonio Real, o que revela a confianza que tiña na súa persoa.

Cando María Cristina foi expulsada de España no ano 1840, Espartero ocupaba a Rexencia, foi nomeado titor de Isabel II, Agustín Argüelles. Este reorganizou toda a Casa Real colocando persoas da súa confianza. Villaronte foi destituído e substituído por Juan Muguirre Iribarren (1841). Pero cando Espartero cesou na Rexencia e Argüelles foi substituído polo xeneral Castaños como titor da Raíña, Villaronte foi recuperado por mandato da Raíña e seguiu no cargo de contador. Tamén foi nomeado xentilhome de Cámara en exercicio.

Durante o período de exilio de María Cristina en Francia, o seu novo marido o Duque de Riansares, Francisco Muñoz, coordinou a conspiración para a caída dos progresistas. Villaronte foi unha das pezas utilizadas por Riansares. Este enviaba importantes cantidades para axiliza-lo levantamento contra Espartero, a través de Donoso Cortés, tamén en Francia. Villaronte era a persoa encargada de distribuír en España estes fondos, que serviron para comprar fidelidades, fundar xornais, como *El Sol*, no que colaboraba o galego Pastor Díaz, e garanti-la expulsión de Espartero do poder.

Desde 1844, cando se impon o moderantismo en España e retorna María Cristina, Villaronte seguiu sendo unha peza importantísima do partido moderado, aínda que sen aparecer nin manifestarse politicamente, porque o seu papel era outro.



Aceptou ser senador pola provincia de Toledo entre 1844-1846, pero non consta que participara activamente no Senado.

Durante o período moderado, representou en tres lexislaturas a Galicia polo distrito de Vilalba, entre 1850 e 1853. No Congreso mantivo sempre unha conducta política bastante ambigua, porque nunca falou e nas votacións, unhas veces apoia ó Goberno e outras vota en contra. En 1853 foi presidente do Congreso por idade, na sesión na que foi elixido Martínez de la Rosa como Presidente efectivo (Sesión do 1 de marzo de 1853).

Foi tamén membro da Secretaría da Inspección Xeral de Carabineiros. O seu catolicismo fervente non foi obstáculo para investir cuantiosas cantidades na adquisición de bens desamortizados. Sen embargo, e sempre salvando as formas, fixo o posible para que o seu nome non aparecese nas listas, actuando a través do avogado lucense Tomás Fernández que foi o seu testafirro.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Vilalba	Lugo
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Vilalba	Lugo
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Vilalba	Lugo



#### VINCENTI REGUERA, Eduardo

As tres fillas de Montero Ríos, seguramente *motu proprio*, casaron con tres homes importantes. María Victoria casou con García Prieto, o xenro máis laureado e honrado; Uxía casou, primeiro, con Benito Calderón Ozores, fillo do conde de San Xoán, e logo con Eduardo Martínez del Campo, dunha rica familia de Burgos, deputado e senador, ministro de Gracia e Xustiza, e presidente do Tribunal Supremo. A terceira filla, Dolores, casou co noso biografado.

Aparentemente era o menos favorecido da fortuna e foi o que menos prosperou, pero seguramente Montero Ríos viu nel aquelas calidades que tanto respectaba: un home feito a si mesmo, que comezara de empregado de telégrafos e que logo tivo unha brillantísima carreira política. Pero, sobre todo, Eduardo Vincenti foi unha persoa moi atenta ós problemas da vida, adiantábase a eles e dende o Congreso, no que estivo tantos anos, atendeu a esas realidades e problemas.

Naceu na Coruña o 13 de outubro de 1857. Ós quince anos era xa do corpo de telégrafos, onde comezou nos postos máis humildes. Deixou o traballo para estudar Dereito.

Pasou a vivir a Pontevedra como correspondente do xornal *El Liberal*, de Madrid. Nunha manifestación popular, na que se pedía a rebaixa do importe de consumos, pronunciou un improvisado discurso que entusiasmou e o deu a coñecer na cidade.

Logo casou con Lola Montero Villegas e xa empezou a caminar politicamente baixo a sombra protectora do seu sogro.

El iniciou un novo sistema de propaganda política: a comunicación directa cos cidadáns. Para iso tiña dous secretarios: Roque Izaguirre e Pepe Cea. Dedicaba varias horas ó día a responder persoalmente ós que lle escribían. No verán tiña un despacho na planta baixa do pazo de Lourizán para recibila súa xente. A súa casa de Madrid era coma un consulado para os asuntos e persoas de Pontevedra. A criada, Modesta, por suposto de Pontevedra, tiña permiso para introducir a calquera persoa no seu despacho se era de Pontevedra.

En troques, a cidade e a comarca pontevedresas, fóronlle sempre fieis. Ningún político foi capaz de vencelo no seu feudo, nin sequera Emiliano Iglesias cando estaba na súa plenitude e Vicenti estaba xa enfermo e vello.

Iniciouse no Congreso na lexislatura de 1886 e dende este ano xa se enfeudou no distrito de Pontevedra (non esquezamos que tanto o seu sogro como Riestra, outro protector dos seus protectores controlaban perfectamente o distrito) ata 1923.

Dixemos que unha das características de Vincenti foi a de adiantarse ós problemas e, sobre todo, a de procurarlles solución. Iso explica a súa extraordinaria actividade no Congreso.

Preocupouse pola reforma penitenciaria, preocupación que deu orixe a un libro, *Reforma penitenciaria en España*; preocupouse polas escolas, especialmente pola estabilidade e o soldo dos mestres e pola súa preparación (de aquí o seu interese e traballo para fundar escolas normais en Cuba e Porto Rico). Resultado desta preocupación escolar foi a súa obra: *Política Pedagógica. Treinta anos de vida parlamentaria y extraparlamentaria*. Preocupouse do ensino de Belas Artes e das ensinanzas técnicas que se reflicte nos seus libros: *Del Consejo de Instrucción Pública I e Estudios sobre enseñanza técnica, comercial e industrial, II*. Ocupoulle moito tempo o tema da emigración que deu orixe ó moi práctico libro: *Estudios sobre la emigración*, unha especie de *vademecum* para os que queiran orientar ós emigrantes, xa que parte do suposto de que a emigración é un dereito e é, no fondo, beneficiosa. Preocupoulle vivamente a cuestión social e a vida dos traballadores e por iso publicou: *Reformas más convenientes para el mejoramiento de la clase obrera, La Cuestión Social, La educación popular*. Preocupáronlle os problemas da agricultura galega o que deu orixe as obras: *La propiedad foral en Galicia, La ley de redención de censos e El problema agrario en Galicia* entre outras.

Estes exemplos poñen de manifesto a súa extraordinaria preocupación social e a seguridade coa que podía falar no Congreso de todos estes temas.

Participou activamente nos gobernos liberais: foi director Xeral de Instrucción e Fomento do Ministerio de Ultramar, director Xeral de Instrucción Pública, conselleiro de Estado, alcalde de Madrid en dúas ocasións o que, como é habitual, escribiu dous libros: *La caridad en Madrid, El Libro de los Alcaldes*, presidente do Consello de Estado de Instrucción Pública, tamén dirixiu o *Boletín de la Liga Protectora de la Educación Nacional*.

Non foi un orador brillante pero si vehemente e documentado e salpicaba con chistes os seus discursos.

Morreu en Madrid o 4 de abril de 1924. Finou pobre e houbo que facer unha colleita para paga-lo seu traslado a Pontevedra.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Legislatura 1886-1891	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Legislatura 1891-1893	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Legislatura 1893-1896	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Legislatura 1896-1898	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Legislatura 1898-1899	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Legislatura 1899-1901	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Legislatura 1901-1903	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Legislatura 1903-1905	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Legislatura 1905-1907	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Legislatura 1907-1910	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Legislatura 1910-1914	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Legislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Legislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Legislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Legislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Legislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra
Legislatura 1923	Deputado polo distrito de Pontevedra	Pontevedra

#### VIÑAS VALDUVIESO, Juan José

Estamos ante un dos casos máis insólitos na representación galega do século pasado: foi en sete ocasións representante de Galicia, o que supón máis de quince anos no Parlamento; rector da Universidade de Santiago durante vintetrés anos; alcalde de Santiago e rector durante algún tempo da Universidade de Salamanca. Todo isto sen que os ocasionais biógrafos de tan selecta personalidade logren explicármolas razóns de tanto éxito.



Viñas, que, como é lóxico, foi catedrático, nin destacou nin publicou ningunha cousa da súa especialidade. Nos 15 anos de presenza nas Cortes a penas falou en media ducia de ocasións e xamais pronunciou un deses discursos que marcan a liña política dun líder.

Quizais o seu carácter compoñedor, que evitaba crearse inimidades, a súa absoluta docilidade co Goberno do momento e, incluso a aparencia de falta de capacidade de liderado deberon se-las súas armas.

Naceu en Santiago o 26 de marzo de 1811 no seo dunha familia cunha posición económica media, seu pai foi José Viñas e súa nai Manuela Balduvieso.

No ano 1822 ingresou na universidade e en 1824 obtivo o bacharelato en Artes; en

1825 iniciou os estudos en Leis, e en 1827 obtivo o bacharelato en Leis, en 1830 a licencia en Leis e o doutorado ós 19 anos. No ano 1832 obtivo o bacharelato en Canons.

Traballou como avogado en Santiago desde 1833 e no ano 1835, co apoio do ministro galego Moscoso de Altamira, entra como oficial cuarto do Consello Real, ascendendo nun ano de oficial cuarto a segundo. Cesa no ano 1836 ó desaparecer este oficio a consecuencia dos chamados 'Sucesos de la Granja' e permanece por pouco tempo de avogado en Madrid. Volve novamente ó Goberno no ano 1837 como oficial da secretaría da Xunta de dezmos, da que cesa no ano 1840 cando a Xunta Revolucionaria depura o persoal desta e doutras oficinas.

Cesa no traballo pero entra por vez primeira no Congreso representando a provincia da Coruña.

O goberno necesitaba persoas de confianza para poñer en marcha a universidade liberal, os novos plans de reforma que en provincias ás veces nin se entendían. Por iso o ministro Fermín Caballero o nomeou, por R.O. do 30 de setembro de 1843, rector da Universidade de Santiago. Advírtanse dúas circunstancias: en primeiro lugar, a designación do Goberno fíxose sen ningunha consulta previa á Universidade de Santiago, por conseguinte foi un nomeamento en favor dun técnico da confianza do Goberno. En segundo lugar cómpre salientar que o nomeou un "goberno progresista", o que amosa a ductilidade política de Viñas Valduvieso, desde sempre considerado un moderado.

Neste momento Viñas Valduvieso estaba na Corte como deputado e aínda que a súa presenza non se facía notar pouco nin moito no Congreso, entendeu por razóns persoais que lle resultaría difícil entrar en Santiago a estas alturas, debido a que xa o curso estaba iniciado. Por iso solicitou do Goberno que lle permitise atrasala súa incorporación como rector, pero que lle dese licencia para designar un vicerrector con plenas facultades. O Goberno que respondeu á súa petición foi o de González Bravo, nos antípodas ideolóxicos do anterior, e foi Patricio de la Escosura, como subsecretario, quen aceptou as súas condicións.

Toma posesión do cargo de rector o 23 de abril de 1844, cargo que desempeñou ata o 14 de outubro de 1845 en que cesou.

Simultaneamente o Goberno nomeouno en 1843 catedrático de Xurisprudencia ata 1845, en que foi trasladado, tamén por decisión do Goberno, á cátedra de Economía Política e Dereito Político.

Novamente nas Cortes, na lexislatura 1844-1846, Viñas Valduvieso foi nomeado por segunda vez rector da Universidade de Santiago por Javier de Burgos, ministro de Narváez, o 2 de abril de 1846. O Goberno sabía que se preparaba en Galicia un levantamento contra Narváez e que a Universidade era un dos centros operativos da conspiración e mobilización. De aquí esta urxente acción, destituindo a Rufo Rodríguez Valdespino, catedrático e cóengo, que naquelas circunstancias tan difíciles soubo mante-la dignidade universitaria a salvo fronte as presións do Capitán Xeneral,



Gobernador e Goberno. Pertencía Rodríguez Valdespino á clase de rectores defensores da autonomía universitaria e da autonomía do Antigo Réxime.

Viñas Valduvieso xa non puido chegar a Santiago porque o mesmo día en que recibiu o nomeamento estalou o levantamento en Galicia. Non puido tomar posesión do rectorado ata o 15 de maio de 1846, cando foron fusilados os patriotas en Carral, e o capitán xeneral Villalonga impuxera o terror.

Viñas tivo que enfrontarse co grave problema das suspensións académicas de alumnos matriculados pero que colaboraran no levantamento, e foino solucionando co seu cauteloso proceder, contentando no posible a uns e a outros pero sempre ó Goberno, que non esqueceu os seus servizos.

Xa non deixou Viñas o rectorado de Santiago ata 1855. Novamente no ano 1856 (cando pasa a marea progresista do Bienio) retorna ó rectorado ata 1865. Accedeu por cuarta vez ó Rectorado no ano 1866, cando os nuboeiros da conspiración contra o trono se debuxaban no horizonte. Viñas como rector tivo que contempla-la caída da monarquía borbónica e ó pouco tempo a súa propia destitución por decisión da Xunta Revolucionaria de Santiago, decisión confirmada posteriormente polo Goberno.

Morreu o 14 de setembro de 1881, pero aínda antes, a súa universidade, é dicir, o profesorado elixiuno en dúas ocasións para que a representase no Senado. A primeira vez, no ano 1877 e a segunda, no ano 1879. Na primeira ocasión, practicamente, non tivo rival, si en cambio na segunda, na que tivo que enfrontarse con Montero Ríos e Parga Torreiro, ó primeiro deles venceuno, segundo cremos, por un voto. Foi elixido por parte dos catedráticos mentres que o estudiantado e o resto do profesorado se manifestaba, no momento das eleccións, fóra da universidade protestando polo nomeamento de Viñas. Sen embargo, nas actas do Senado non consta que chegase a tomar posesión.

Como deputado temos moi pouco que dicir de Viñas Valduvieso. El mesmo recoñeceu na sesión do 27 de febreiro de 1846 que ía falar "faltando a mi costumbre y aún a mi propósito de no tomar parte en esta clase de debates".

Formou parte de varias comisións pero tampouco parece que o seu traballo fose moi intenso. Na lexislatura de 1840 só interveu nunha ocasión para defender un presuosto de culto e clero máis digno. Na lexislatura de 1844-1846 só falou na sesión xa citada do 27 de febreiro de 1846 na que defendeu o proxecto da comisión sobre indemnización de legos implicados na nacionalización dos bens eclesiásticos.

Na lexislatura de 1846-1850 (en realidade o ano 1849 está ausente das Cortes) non fala ningunha vez. O mesmo sucede na lexislatura de 1851. Tampouco nos consta que falase como senador.

Viñas defendeu a integridade da Universidade compostelá e iso si que é un valor que còmpre salientar. Durante os seus mandatos pasaron varios ministros, e algúns deles (afortunadamente de curto mandato ministerial) tiñan ganas de poda-la

Universidade compostelá, en concreto a Facultade de Medicina. Os apoios cos que contou en Madrid axudaronlle a manter intacta a Universidade e a facer menos angustioso o tránsito daquela universidade forte, rica e prestixiada do Antigo Réxime á universidade provinciana e ás veces localista do século XIX.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1843-1844	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia da Coruña
Lexislatura 1846-1849	Deputado polo distrito de Ortigueira A Coruña
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Ortigueira A Coruña
Lexislatura 1877-1878	Senador pola Universidade de Santiago (non consta que tomase posesión)

### VIÑAS VITORIA, Felipe

**N**aceu este ilustre xuíz e maxistrado na cidade de Ferrol o 23 de novembro de 1818.

Ingresou na carreira xudicial e durante 24 anos exerceu de xuíz nas catro provincias galegas. Posteriormente pasou á maxistratura e foi presidente das Audiencias de Albacete, Cáceres e Oviedo.

No ano 1876 foi nomeado maxistrado do Tribunal Supremo, cargo que desempeñaba cando, no ano 1879, foi elixido, por vez primeira, senador pola provincia de Lugo.

No ano 1881 foi elixido senador pola provincia de Teruel e tamén novamente pola provincia de Lugo.

Exercía como senador cando lle sobreveu a morte en Madrid, o 31 de marzo de 1885. Neste mesmo ano foi substituído no Senado por Enrique Cisneros.

Pertencía ó partido conservador.

Como Senador formou parte da comisión que emitiu o dictame para a adxudicación do ferrocarril do Noroeste.

Tiña a condecoración da Gran Cruz de Isabel la Católica.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1879-1881	Senador pola provincia de Lugo
Lexislatura 1884-1885	Senador pola provincia de Lugo

### VIOR TRAVIESO, Fermín

**N**aceu en Castropol (Asturias) o 9 de febreiro de 1847.

Estudou Dereito e exerceu de avogado, antes de dedicarse á Administración.

Iniciouse como oficial do Goberno Civil de Oviedo, tamén foi oficial do Goberno Civil de Oviedo e posteriormente foi oficial do Goberno Civil de Madrid. Así como tamén desempeñou o cargo de xefe do negociado do Ministerio de Gobernación.

Sabemos que era liberal e representou só nunha ocasión a Galicia no parlamento, polo distrito de Ribadeo.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1886-1890	Deputado polo distrito de Ribadeo	Lugo
-----------------------	-----------------------------------	------

### VIVAR GARZINO, Antonio

Antonio Vivar naceu en Málaga.

Ingresou na Armada na que foi ascendendo ata alcanza-lo grado de brigadier de Infantería de Mariña no ano 1881.

Representou en tres lexislaturas ó distrito de Ponce, en Porto Rico, nas lexislaturas de 1876, 1879 e 1881.

Foi elixido senador pola provincia da Coruña na lexislatura de 1886-1891 pero non tomou posesión ata 1889.

Na lexislatura de 1893-1896 substituíu en 1895 ó senador Laureano Delgado Alférez, na provincia de Pontevedra.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1886-1891	Senador pola provincia da Coruña
Lexislatura 1886-1891	Senador pola provincia de Pontevedra

### VIZCAINO MARTÍNEZ, Joaquín

(Marqués viúvo de Ponteijos)

Joaquín Vizcaíno Martínez foi un dos máis ilustres e populares alcaldes que tivo Madrid. Naceu na Coruña o 21 de agosto de 1790. Era fillo do fiscal da Audiencia de Galicia, Vicente Vizcaíno Pérez e de María Antonia Martínez Valdemoro.

No ano 1807 entrou no restrinxido corpo da *Garda de Corps*. Participou na Guerra de Independencia, onde acadou o grao de Capitán. No ano 1817 casou con Mariana de Ponteijos y Sandoval, condesa de Ventosa e marquesa de Ponteijos, que morreu ó pouco tempo. O seu viúvo mantivo o título e por el (Marqués de Ponteijos) foi máis coñecido que polo seu propio nome.



Posuidor dunha importante fortuna, coñeceu e visitou as principais capitais europeas, tomando bos apuntamentos nas súas visitas, que logo aplicaría ó seu proxecto de Madrid.

No Trienio formou parte da milicia nacional e contaxiouse do espírito liberal, o que explica que se exiliase no ano 1823.

Posiblemente formou parte da masonería, axudoulles no exilio a moitos liberais necesitados, participou na conspiración para derrocar a Fernando VII. Pero tamén, co Conde de Toreno, non desperdiçou as delicias que París, onde residía, ofrecía como o testemuñan as crónicas do momento.

Retornou a España coa amnistía do ano 1832. E en 1834 foi nomeado Alcalde-Correxedor de Madrid. Despregou unha moi intensa e racional actividade. Mandou elaborar un plano da cidade, reorganizou as rúas, rotulándoas, fundou o Asilo de San Bernardino con cabida para máis de 1.000 persoas, mellorou o alumado público, empedrou as principais rúas, reformou o servizo de incendios, concluíu o Paseo da Castellana, creou mercados, axudou a funda-lo Monte de Piedade e Caixa de Aforros da que foi o primeiro director, etc.

A provincia da Coruña elixiuno por dúas veces Senador. Como tal non se caracterizou por unha actividade intensa. Xa daquela os senadores entendían que o seu era un cargo honorífico.

Morreu no pazo do seu fillastro, o marqués de Miraflores, en setembro de 1840.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1837-1838	Senador pola provincia da Coruña
Lexislatura 1838-1839	Senador pola provincia da Coruña



## W

**WAIS SAN MARTÍN, Julio**

Naceu na Coruña o 28 de agosto de 1878. Estudiu Dereito na Universidade de Santiago, desprazándose a Madrid, como era preceptivo, para graduarse de Doutor, que obtivo no ano 1900.

Estableceuse como avogado na cidade da Coruña.

Afiliado ó partido conservador logra no ano 1907 ser nomeado deputado provincial da provincia da Coruña representando ó distrito de Betanzos-Pontevedra.



No ano 1908 representou ás Cámaras de comercio de Galicia na Asemblea celebrada en Santander.

Contando con 33 anos decidiu marchar a Madrid, entrando como primeiro pasante do bufete do político González Besada que, a partir deste momento, encárgase da súa promoción política.

No ano 1913 morre o deputado de Pontevedra Sr. Lombardero Franco (véx.) e González Besada o propón para substituílo. Nunhas eleccións parciais celebradas o 1 de decembro de 1913 resultou elixido deputado por este distrito que xa representou ininterrompidamente ata 1923.

Cando González Besada morre no ano 1919, Wais tiña xa personalidade propia dentro do partido conservador. Sen embargo arribose á fracción de Dato.

No ano 1917 foi nomeado Director Xeral de Rexistros e Notariado e no ano 1920, Subsecretario do Ministerio de Gobernación.

No ano 1921, no Goberno de Allende Salazar, foi nomeado Ministro de Gracia e Xustiza, substituíndo a Vicente de Piniés e ocupando o cargo só durante un mes.

Foi un dos poucos políticos reciclados pola Dictadura, xa que consta que foi nomeado Ministro de Economía con Berenguer, cargo que ocupou desde o 28 de xaneiro de 1930 ó 14 de febreiro de 1931.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1912-1914	Deputado polo distrito de Pontevedra A Coruña (Foi deputado só desde 1913)
Lexislatura 1914-1916	Deputado polo distrito de Pontevedra A Coruña
Lexislatura 1916-1918	Deputado polo distrito de Pontevedra A Coruña
Lexislatura 1918-1919	Deputado polo distrito de Pontevedra A Coruña
Lexislatura 1919-1920	Deputado polo distrito de Pontevedra A Coruña
Lexislatura 1920-1923	Deputado polo distrito de Pontevedra A Coruña

## — Y —

**OS YÁÑEZ RIVADENEIRA**

En Monforte, un personaxe ambicioso e teimoso, Manuel Antero Yáñez Rivadeneira, estaba a comezos do século XIX tentando construír un poder para a súa familia, un poder económico e social; e cando Galicia se abrise co resto do Estado á modernidade política tentaría igualmente que fose un poder político. Os vimbios que utilizou Manuel Antero eran escasos: seu pai, Pedro Yáñez Gayoso, deixoulle algunhas posesións e a rexedoría perpetua de Monforte. Súa nai, Rosa Rivadeneira y Quiroga, deixoulle o honor de pertencer á fidalguía, e polos Quirogas a posibilidade de aproximarse ós Vázquez Quiroga, os señores de Lusío.

Sucedeu ó pai como rexedor de Monforte, ata a desaparición das rexedorías, e desde 1808 foi administrador de rendas do distrito de Monforte de Lemos, cargo ó que chegou mediante a estrataxema de servir dous anos como meritório, o titular era moi vello e achacoso, e trala súa morte solicitaría a praza á Xunta do Reino de Galicia, nese momento a máxima autoridade. Desa maneira ninguén puido disputarlle a praza.

Xa como administrador exerceu a súa función patrioticamente, é dicir, non permitiu que os franceses ocupasen as partidas que tiña recolleitas e entregoullas ó marqués de la Romana. Este gran servicio (practicamente o único) era o que ía esgrimir logo para reclama-la atención do Goberno en favor da súa persoa.

Non xurou a Constitución, ou polo menos é o que afirmou no ano 1831, apoiou as partidas realistas, fixo que as contribucións beneficiasen non ó Goberno Constitucional senón ás partidas realistas, o que non deixaba de ser unha conducta irregular; pero todas estas cousas expúxoas no ano 1831 agardando que o Monarca premiase esa deslealdade constitucional.

Todo iso non lle impediría beneficiarse logo das posibilidades que lle ofrecese o novo estado liberal: situación dos fillos, adquisición de bens desamortizados, etc.

Manuel Antero aproximouse ós Vázquez Queipo – Vázquez Quiroga de Lusío e apañáronse mutuamente algúns fillos, co que se establecía unha moi detallada correspondencia na que se pode ir vendo a estratexia empregada por Manuel Antero. No testamento que redactou no ano 1832 deixaba claro o que pretendía:

"Siendo como es mi voluntad el que todos mis cinco hijos sigan la carrera literaria y cultiven en ella el talento y disposición natural más que regulares de que están dotados, realizando el esplendor y rango de la familia, siendo útiles al Estado con su ilustración".

Dos cinco só coñecemos tres, que certamente logrou situar no centro da política galega, aínda que ningún deles chegou a exercer un protagonismo demasiado importante.

Estas circunstancias foron as que nos levaron a facer un tratamento conxunto dos tres deputados galegos, fillos de Manuel Antero Yáñez Rivadeneira e de Rosenda Guitián Ogando.

Os datos que ofrecemos foron, en boa parte, facilitados pola licenciada en Historia, María Luisa Losada San Martín.

### YÁÑEZ RIVADENEIRA, Ignacio Timoteo

Naceu en Monforte no ano 1810. Estudiu na Universidade de Salamanca onde se licenciou e doutorou en Leis. Desde o primeiro momento foi protexido pola familia Vázquez Queipo, que lle conseguiu que o Goberno o nomease gobernador de Santander, como veremos.



Nos anos 1838 e 1839 consta como deputado provincial de Lugo e en 1840 obtivo a primeira representación en Cortes por esta provincia. En 1844 foi alcalde constitucional de Monforte, e no 1845 vicepresidente do Consello Provincial de Lugo, e substituíu o gobernador cando este estaba ausente.

Por recomendación de Vicente Vázquez Queipo, conseguiu no ano 1847 ser nomeado gobernador de Santander, en 1850 resultou elixido deputado por Chantada (Lugo) e tamén foi designado gobernador da provincia de Ourense. Desde 1851 Yáñez Rivadeneira controlou o distrito de Monforte, que practicamente mantivo desde 1850 ata 1867.

A pesar da súa continua presenza no Congreso, non conseguiu postos importantes no Goberno nin na Administración.

Vivía en Madrid, pero tamén pasaba tempadas en Monforte. A última noticia que temos del procede de Monforte e é do ano 1878.

Como deputado caracterizábase por falar pouco, pero cando o facía amosaba un dominio evidente da temática que tocaba. Son de salienta-las súas actuacións na sesión do 8 de xullo de 1840 en que defendía que a cidade de Lugo tiña dereito a recuperala devolución dos adiantos feitos e non gastados con ocasión do ataque do xeneral Gómez (1836). Nesta ocasión opúxose a Mendizábal.

Outro discurso importante foi o pronunciado o 19 de abril de 1864 cando presentou unha emenda contra o proxecto de lei electoral e con ese motivo expuxo as súas ideas sobre as eleccións.

O 20 de maio de 1864 fixo unha brava defensa do ferrocarril galego. Opúxose ós argumentos de Madoz, quen defendía unha vía por Zamora, o que segundo entendían

os deputados galegos, atrasaba *sine die* a construción do ferrocarril. Aínda que conservador, convivía cos progresistas, o que explica que saíse elixido tanto en 1854 coma en 1869.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1840-1841	Deputado pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Chantada	Lugo
Lexislatura 1853-1854	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
Lexislatura 1864-1865	Deputado polo distrito de Monforte	Lugo
Lexislatura 1865-1866	Deputado pola sección de Lugo	Lugo
Lexislatura 1869-1871	Deputado pola sección de Lugo	Lugo

### YÁÑEZ RIVADENEIRA, Manuel María

Naceu o 16 de decembro de 1812 en Monforte, onde estudou dous cursos de Filosofía que posteriormente incorporou na Universidade de Valladolid. No ano 1834 obtivo o bacharelato en Leis en Valladolid, que logo incorporou en Santiago. En 1837 licenciouse e doutorouse en Leis na Universidade de Santiago.

Tampouco nos consta que obtivese importantes postos na Administración do Estado (só en 1851, xefe de sección da Dirección Xeral do Contencioso no Ministerio de Facenda), pero si unha presenza constante nas Cortes.

Obtivo a primeira representación no Congreso no ano 1844 pola provincia de Lugo. En toda a lexislatura a penas falou, e formou parte das comisións de Presupostos e Diezmos. A única vez que pronunciou un discurso foi na sesión do 3 de xuño de 1844 en que defendía un presuposto mellor para o clero, o que o ministro Mon recoñeceu pero engadiu que carecía de medios.

Na lexislatura de 1858-1863 falaba con frecuencia, xa que formaba parte de varias comisións (Actas, Presupostos, Permanente de Cortes, etc.) e tiña que falar en nome delas.

Na sesión do 14 de xaneiro de 1859 non dubidou, ó ser membro da comisión de Actas, en defende-la elección de Álvarez Bugallal, que lle abriría as portas da alta política ó político de Pontearreas.

#### ■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1844-1846	Deputado pola provincia de Lugo	
Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito do Barco de Valdeorras	Ourense
Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1857-1858	Deputado polo distrito de Verín	Ourense
Lexislatura 1858-1863	Deputado polo distrito de Verín	Ourense



**YÁÑEZ RIVADENEIRA, Matias Clemente**

Naceu o 24 de novembro de 1814 en Monforte. Estudiu varios cursos de Filosofía no colexio da súa vila. Logo pasou a estudar e rematar Filosofía na Universidade de Valladolid para finalmente incorpora-los estudos á Universidade de Santiago. Pero aínda marchou a Salamanca onde cursou quinto e sexto de Leis, para acabar en Santiago no ano 1838, data e lugar en que se licenciou e doutorou nesa carreira.

Traballou algún tempo de avogado en Monforte e, coma os seus irmáns, atopou no Congreso un posto que mantivo durante moitos anos.

Nin falou nin destacou polo seu traballo nas comisións.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Lexislatura 1850-1851	Deputado polo distrito de Allariz	Ourense
Lexislatura 1851-1852	Deputado polo distrito de Allariz	Ourense
Lexislatura 1854-1856	Deputado pola provincia de Ourense	
Lexislatura 1858-1859	Deputado polo distrito de Allariz	Ourense
Lexislatura 1863-1864	Deputado polo distrito de Allariz	Ourense

**— Z —****ZABALA Y CAMPS, Alfredo de**

Sabemos que era galego e que debeu nacer no ano 1859.

Estudou Dereito na Universidade de Santiago.

Concluídos os estudos en Santiago, trasladouse a Madrid. Gañou as oposicións a letrado do Consello de Estado. Pero a obra que posiblemente lle reportou máis publicidade foi a dirección e redacción dos anuarios da administración española, seguindo as pautas de Martínez Alcubilla. Obra de indubidable mérito, "vademecum" insubstituíble para a Administración do Estado.



Ingresou no corpo xudicial e, no ano 1910, xa era maxistrado do Tribunal Supremo. Non pouco lle debeu Zabala ó patrocinio de Eduardo Cobián Roffinac, quen en 1910,

sendo ministro de Facenda, o nomeou subsecretario deste ministerio.

Só representou a Galicia na lexislatura de 1910-1914, no distrito do Carballiño.

---

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Lexislatura 1910-1914    Deputado polo distrito do Carballiño    Ourense

---

---

---

**ZAERA HERRERO, Mariano**

Chegou a Galicia no ano 1849. Dedicado ós negocios, amasou unha fortuna. Era persoa arriscada nas empresas, e afirma un cronista contemporáneo que en tres ocasións logrou facerse rico e nas tres perdeu a fortuna, sen embargo, parece ser que ó final logrou recuperarse.

Republicano, era seguidor e amigo de Becerra, Castelar e de Salmerón, a quen tivo na súa casa e facenda en 1875 cando foi desterrado de Madrid nese mesmo ano.

Resultou elixido deputado por Lugo nas eleccións da República.

---

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA


Lexislatura 1873-1874    Deputado polo distrito de Lugo    Lugo

---


*Rematouse de imprimir este libro  
o 15 de setembro do ano 2.003,  
no 152 aniversario do nacemento de  
Manuel Curros Enríquez na vila de Celanova*


















# PARLAMENTARIOS DE GALICIA

I



Parlamento de Galicia  
Real Academia Galega